ACTAS DO CONGRESO INTERNACIONAL
"O EXILIO GALEGO"
(Do24 ao 29 de setembro de 2001)

INDICE

PRÓLOGO

Ramón Villares Paz: *Memoria recobrada do exilio* p. 8-15

HISTORIA DO EXILIO: VISIÓN XERAL E CONTEXTO HISTÓRICO. REFLEXIÓNS METODOLÓXICAS E CONCEPTUAIS

Xosé M. Núñez Seixas: *Itinerarios exiliados: sobre a especificidade do exilio galego de 1936* p. 17-69
Dora Schwarzstein: *Migración, refugio y exilio: categorías, prácticas y representaciones* p. 70-92
Alicia Alted Vigil: *En torno a la identidad del exilio republicano de 1939 y de sus culturas* p. 93-106

COMUNICACIÓNS
Gabriel Álvarez Silvar: *O exilio nas correntes migratorias* p. 107-121

POLÍTICA DO EXILIO

Víctor M. Santidrián Arias: *Política do exilio* p.123-159
Eliseo Fernández Fernández e Dionisio Pereira González: *Os libertarios galegos e o seu exilio* p.160-201
Charo Alonso García: *Política y propaganda del gobierno de la República española en el exilio, 1945-1962.* p. 202-234
Enrique Líster: *Lister combatiente contra el fascismo en la URSS, Polonia y Yugoslavia.* p. 235-264

COMUNICACIÓNS
Carlos Andrés González Paz: *Os heroes da cadeira: unha resposta interior ó exilio* p.265-288

CASTELAO NO EXILIO

Henrique Monteagudo Romero: *Castelao: esquema biográfico e esbozo de interpretación.* p. 290-326
Bieito Alonso Fernández – *Castelao: un político nacionalista no exilio* p. 327-335
Carlos Casares Mouriño: *A actividade política de Castelao no exilio* p. 336-342
Xoán C. Garrido Couceiro: *A actividade política de Castelao no exilio: Castelao Ministro* p. 343-350

OS DESTINOS DO EXILIO

Pilar Cagiao Vila*: Outra vez América, terra de acollida* p. 352-376
Xosé Neira Vilas: *O exilio galego na Arxentina* p. 377-390

Carlos Zubillaga Barrera: *O exilio galego en Montevideo, ¿subsidiario ou autónomo?* p. 391-418
Alex Cornejo Serrano: *El exilio galleguista de Ramón Suárez Picallo en Chile, 1940-1956* p. 419-447
Matilde Albert Robatto: *El exilio gallego en Puerto Rico* p. 448-483
Jorge Domingo Cuadriello: *Escritores gallegos exiliados en Cuba* p. 484-496
Enriqueta Tuñón Pablos: *El exilio gallego de 1939 en México* p. 497-516
Victor Fuentes: *Constantes gallegas y del exilio norteamericano en la obra de Ernesto Guerra da Cal, Emilio González López, Eugenio Granell, Ramón Martínez López y José Rubia Barcia* p. 517-540
Isabel Gómez Rivas: *O exilio galego en Europa: a delegación do Consello de Galiza en París* p. 541-587

COMUNICACIÓNS
Rosa López González: *Galegos nos campos de concentración* p. 588-599
Nancy Pérez Rey: *Panorama do exilio republicano galego en Nova York* p. 600-614
Xosé Ramón Campos Álvarez: *O papel dos exiliados na evolución do asociacionismo galego en Venezuela (19640-1960)* p. 615-636
Silvia Facal Santiago: *La otra Galicia peregrina en Uruguay* p. 637-655
Silvia Facal Santiago, Rosa López González e Nancy Pérez Rey: *Os nenos da guerra en Moscova* p. 656-669

LITERATURA DO EXILIO

Xesús Alonso Montero: *Luís Seoane non ten quen lle escriba.* p. 671-685
Xosé M. Dobarro: *Xerardo Díaz en Montevideo* p. 686-707
Gregorio Ferreiro Fente: *A mirada de Ulises. Xosé Otero Espasandín: literatura e exilio.* p. 708-725
Miro Villar González: *Antón Zapata García e os exiliados galegos* p. 726-762
Xoán González Millán: *Exilio, literatura e nación* p. 763-788

COMUNICACIÓNS
Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda: *Manuel Azaña e Eduardo Blanco-Amor: epistolario inédito (1935-1944)* p. 789-812
Ana Mª. Galego Gen e Ignacio Mascuñán Freijanes: *Luis Seoane: "*Et in Arcadia ille" p. 813-826
Bill Sheeran e Ana Santorum Ardone: *Teatro, historia e simbolismo tres escenarios para o tema do exilio en "O irlandés astrólogo" de Luís Seoane* p. 827-863
Xosé Anxo García López: *Primeiras experiencias literarias de Lorenzo Varela no exilio e dúas elexías descoñecidas* p. 864-885
Carmen Luna Sellés: *Romances e cantigas para nenos no exilio galego* p. 886-897
Carlos Manuel Callón Torres: *A literaturización da história desde o exílio. O caso dos* "Catro poemas pra catro gravados" p. 898-921
Esperanza Mariño Dávila: *"*Da saudade, amore, arte e misticismo*" (1956): un galano á mocidade galeguista da América* p. 922-947
Inmaculada Otero Varela: *Otero Espasandín en* "El Correo Literario" *de Bos Aires* p. 948-969
Mª. Teresa González de Garay: "La novela del Tupinamba"*, de Eugenio F. Granell y la parodia literaria* p. 970-999
Marivel Freire Freire: *Manuel Celso Garrido: achegamento á súa vida e obra* p. 1000-1036

Ricardo Mora de Frutos: *As infancias na novela de Eduardo Blanco Amor: aspectos dunha perversión* p. 1037-1056
Xaime Varela Sieiro: *Alejandro del Valle, un poeta galego no París do 68* p. 1057-1069
Dania Vázquez Matos: *Da diáspora republicana española: a estadía de José Rubia Barcia en Cuba* p. 1070-1087

XORNALISMO, COMUNICACIÓN E AUDIOVISUAL NO EXILIO

Marcos Valcárcel: *O discurso político na prensa galeguista do exilio* p. 1089-1117
Luís Álvarez Pousa: *As orixes ideolóxicas, intelectuais e artísticas do científico e cineasta Carlos Velo* p. 1118-1136
Margarita Ledo Andión: *As quintas feiras, no Norte día a día .....* p. 1137-1143
Miguel Anxo Fernández: *Carlos Velo, o exilio do cine galego* p. 1144-1149

COMUNICACIÓNS

Marta Pérez e Xosé López: *O xornalismo de Eduardo Blanco Amor en* "La Nación"*: emigrante e exiliado* p. 1150-1165
Xavier Lama e Rosa González Bello: *A liña editorializante da revista* "Galicia emigrante" *(1954-59)* p. 1166-1198
Mónica Rebolo Vázquez: *A voz dos galegos nas ondas uruguaias, "Sempre en Galiza"* p. 1199-1207
Jesús J. Blanco Rosas: *A audición e a revista* "Galicia Emigrante" *de Luís Seoane no panorama comunicativo do exilio* p. 1208-1233

ARTES PLÁSTICAS, ARQUITECTURA E EXILIO

Iago Seara Morales: *Caridad Mateo* p. 1235-1252
Antón Patiño: *Exilio interior* p. 1253-1259
Xosé Antonio Coira Nieto: *Cine galego e exilio* p. 1260-1265
Xosé Díaz Arias de Castro: *Seoane, cartelista do exilio* p. 1266-1273

COMUNICACIÓNS

Laureana Robés: *Maxia e cor no exilio granelliano* p. 1274-1282

MÚSICA

Luís Costa-Vázquez Mariño: *Memoria do son e imaxes de Galicia no exilio galego* p. 1284-1311
Norberto Pablo Cirio: *La persistencia de la memoria: la Guerra Civil y el exilio a través de la música en los gallegos de Argentina* p. 1312-1334
Rosa Fernández García: *Jesús Bal y Gay: visión del exilio a través de sus cartas* p. 1335-1344

ARTES ESCÉNICAS

Luis Pérez Rodríguez: *A escena galega no exterior: o teatro do exilio e da emigración no Río da Prata* p. 1346-1372

Inmaculada López Silva: *Ramón de Valenzuela e o teatro: exilio escénico en Bos Aires* p. 1373-1405
Euloxio Ruibal: *Notas sobre a obra dramática e a obra plástica de Díaz Pardo. Achegamento comparatista* p. 1406-1417
M.ª Victoria Villaverde: *O teatro do exilio e da emigración* p. 1418-1422

O ENSINO NO EXILIO

Antón Costa Rico: *Profesores galegos exiliados: a luz do porvir que se mantivo acesa* p. 1424-1454
Manuel Bermejo, Francisco Díaz-Fierros e Ricardo Gurriarán: *Repercusións da Guerra Civil no profesorado das Facultades de Mediciña, Farmacia e Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela* p. 1455-1485
Luis Martínez-Risco Daviña: *Manuel Martínez-Risco: de Ourense a París* p. 1486-1499
Ricardo Gurriarán: G*alegos, ciencia e investigación no contexto da sublevación do 36: os exilios. O caso da empresa Zeltia* p. 1500-1535
Alfonso Mato: *Exilio e represión no Seminario de Estudos Galegos* p. 1536-1551
Luis Martul Tobío: *O Instituto Hispano-mexicano "Ruiz de Alarcón": unha experiencia docente no exilio* p. 1552-1560

COMUNICACIÓNS

María Luisa Pazos Pazos: *El Colegio Madrid: dos gallegos y su integración entre los exiliados de México, Concepción Álvarez y Celestino López* p. 1561-1568
Xosé A. Liñares Giraut: *Na memoria do profesor Ramón Martínez López* p. 1569-1581
Daniel M. Vázquez Vila: *Exilio, negación o repudio. Dos casos de sociedades agrarias y de instrucción en Terra Chá* p. 1582-1588

A MEMORIA DO EXILIO

Xosé Luis Axeitos Agrelo: *Os epistolarios do exilio: un mapa de cicatrices* p. 1590-1635
Teresa Férriz Roure: *Las miradas del retorno* p. 1636-1650
Charo Portela Yáñez: *Historias do retorno nos epistolarios do arquivo Paz-Andrade* p. 1651-1662
Ana Pelegrín: *Creadores gallegos en el exilio: una educación sentimental de jóvenes lectores* p. 1663-1684
José Ramón López García: *El método para un corazón universal, la obra crítica de Lorenzo Varela (1935-1947)* p. 1685-1723
Manuel Aznar Soler: *Materiales para la memoria de un mito: María Casares y el exilio republicano español de 1939* p. 1724-1764
Manuel Torrente: *Mauthausen: regreso o campo da morte (1989)* p. 1765-1770

COMUNICACIÓNS

Rosa Espiñeira Pan e Paula Fernández Bañuelos: *O exilio en Maruja Seoane, Maruja Seoane no exilio* p. 1771-1788
Kathleen March: *Anacos d'a vida d'unha muller galega: silencio e historia. As memorias de M.ª de los Angeles Tobío* p. 1789-1797
Valentín García: *Alfredo García Caramés: Lister e a súa peripecia dende Cabanelas* p. 1798-1812
Antía Cal: *Mercedes Núñez Targa: unha amiga entrañable* p. 1813-1816

Beatriz Ruiz Fernández: *La construcción social del exilio .... y la emigración. Historia de Carmen* p. 1817-1838
Eduardo Rey Tristán: *Exilios de ida e volta* p. 1839-1849
Emilia García López e Herminia Pernas Oroza: *Un exilio diferente: Piedad Domínguez Díaz e outras historias* p. 1850-1868
Emilio Grandío Seoane: *Entre a ilusión e a desesperanza: Salvador Etcheverría Brañas (1937-1957)* p. 1869-1892
Beatriz Graña Pérez: *Mª. Elvira Fernández López – Maruxa Seoane. Unha luz na sombra* p. 1893-1912
Manuel Iglesias Rodríguez: *José Fondevila "O comunista de Bermés": un sindicalista dezao no exilio* p. 1913-1932
María González García: *Represión e exilio: a historia dalgúns republicanos monfortinos* p. 1933-1943
Afonso Pena Barreiro: *Un galego na corte do presidente Trujillo* p. 1944-1961
Yolanda Vidal Felipe: *Los olvidados: Francisco Marcos Raña* p. 1962-1974
Elixio Villaverde: *De Francia a México: a incerta travesía existencial dos refuxiados republicanos galegos* p. 1975-2012

CLAUSURA

Nicolás Sánchez-Albornoz: *El exilio que no cesa* p. 2014-2023
Isaac Díaz Pardo: *O exilio galego* p. 2024-2025
Elixio Rodríguez: *As voces do exilio* p. 2026
Raimundo García Domínguez "Borobó": *O exemplo de José Gaos* p. 2027-2040

PRÓLOGO

MEMORIA RECOBRADA DO EXILIO

Ramón Villares Paz
Consello da Cultura Galega

> "Ahora que conoces España (…), puedes darte cuenta de la enorme distorsión que significó en nuestras vidas el violento cambio de rumbo que sufrimos. Fue como quedar para siempre con parte de las raíces al aire"
> C. Muñoz, *Epistolario*, 2005, p. 159

"Con las raíces al aire". Esto é o que confesa Carmen Muñoz, muller de Rafael Dieste, ao seu alumno mexicano Federico de Lachica, en carta escrita en Bós Aires polo outono de 1958. O seu correspondente visitara daquela unha España á que o matrimonio Dieste quería voltar, pero que aínda no o lograra. Desafía as súas lembranzas dos lugares e das xentes que botaba de menos, en Rianxo e en Plasencia, por mor do "cambio de rumbo" que supuxera nas súas vidas deixar España en 1939, para ir a Francia, logo a Bós Aires, México e Cambrigde, pero sempre sen o acougo que ofrece a Terra natal. Estar "desenraizada" é a diagnose con que, case vinte anos despois de coller camiño do exilio, Carmen Muñoz define a situación dela, da súa familia e de tantos milleiros de exiliados que deberon abandonar España como vencidos da guerra civil: medio millón de persoas, as máis delas saídas a pé pola fronteira catalana en xaneiro e febreiro de 1939. Outros saíron en barcos mercantes e mesmo de pesca, en diversas e azarosas travesías. A vida de todos estes exiliados foi peregrina, entre Europa e América, con problemas acrecentados pola segunda guerra mundial e a caída de Francia na órbita alemá no verán de 1940. Aínda que a acollida que os exiliados tiveron nos diversos países aos que se dirixiron

foi desigual, en xeral nunca foi hostil e mesmo foi humanitaria e decidida en casos como o de México do presidente Cárdenas.

É claro que morar fóra de España era unha situación que se quería fose algo eventual. A memoria da Terra abandonada nunca se mellou; as ansias de retornar tantas veces adiadas, nunca deixaron de ecoar nos brindes anuais que, en cada Nadal, pronunciaban os grupos de exiliados de Bós Aires ou de México, de Toulouse ou mesmo de Moscova. Voltar era o mandato, unha reacción instintiva propia do salmón que sabe que debe remontar as augas do río natal, para poder recompoñer unha vida. Morar no exilio era algo temporeiro, na espera de aterrar de novo as raíces. En suma, estaban movidos polo desexo de atopar un acougo para unha adversidade nen querida nen procurada, de cerrar as cicatrices dunha guerra tan cruenta por civil, de atopar cobillo para unhas raíces que estaban ao aire.

A existencia do exilio era coñecida no franquismo, pero evitada a súa solución como un tributo a pagar polos vencidos. Houbo algúns retornos, pero fixéronse aos poucos, nun pinga-pinga. Exemplos de exiliados galegos retornados son os de Dieste, os Seoane ou os Tobío, pero a súa chegada nos anos sesenta foi silandeira ou intermitente. A caída do franquismo abriu novas expectativas para resolver a xeito aquela anormalidade, facendo patente a obriga de efectuar unha reparación moral e política daquela adversidade. Pero a transición democrática española, por venturosa que se queira definir, tivo algúns puntos de sombra. O tratamento da cuestión do exilio foi un deles, como o foi a necesaria memoria das vícitmas do franquismo, lagoa que mesmo ten recoñecido, tempo andado, o propio dirixente socialista Felipe González en diálogo recente con Juan L. Cebrián.

Non se trata de facer axustes de contas, senón de proclamar algunha das limitacións da transición, non tanto porque houbese un pacto de esquecemento, como por non ter defendido a liberdade de recordar, de ter memoria dun pasado sobre o que se estaba a construir a propia lexitimidade moral da democracia. Os herdeiros políticos e doctrinais da tradición republicana e socialista ficaron seducidos pola socialdemocracia e polas ansias "modernizadoras" da década dos oitenta e dos primeiros noventa. Por razóns

políticas e mesmo xeracionais que comezaron a actuar a principios do século XXI, a memoria da guerra civil, do exilio e das víctimas do franquismo colleu novos folgos. Podemos decir que, nestes momentos, vivimos tempos de retorno da memoria, de combate do esquecemento sobre o pasado histórico da España da II República, da guerra civil e do franquismo. É capaz de ser unha moda pasaxeira ou, máis ben, un inventario do que nos pasa, pero en todo caso é a corrección dunha anomalía. E, por riba de todo, é unha aposta pola mellora da calidade moral do actual sistema político democrático.

Neste contexto é no que cómpre inserir toda reflexión sobre o exilio galego, malia que tivo riscos específicos debidos á rapidez con que trunfou a sublevación militar en terras galegas e ás dificultades obxectivas da fronteira portuguesa para servir de portelo para a fuxida. Pero as razóns que moveron a tantos galegos e galegas a fuxiren de Galicia (xa en tempos de guerra) ou a anoaren a súa sorte vital á dos exércitos da República ten moito de común co exilio español. Os motivos para o exilio son esencialmente políticos e os destinos emprendidos son en moitos casos ben semellantes. De Francia a México, de Cuba ou EE.UU. aos países do cono sur americanos (Chile, Uruguai e, nomeadamente, Arxentina), os exiliados galegos están presentes con identidade étnica ben afirmada ou trufados cos milleiros de exiliados españois en todos estes lugares. Non é do caso facer un elenco de figuras e de situacións persoais, das que moito se conta nestas páxinas, nen tampouco das razóns que alá os levaron. Estar coas "raíces ao aire" foi unha situación partillada por uns e por outros. O que, sen embargo, merece algunha reflexión é avaliar o papel cultural e político do exilio galego e, sobre todo, preguntarse cal foi a súa presencia nos tempos da transición democrática e de construcción do réxime da autonomía.

O significado do exilio galego ten varios planos que cómpre disterar. Un deles é o cultural e outro, o propiamente político. Resulta difícil sobrevalorar a importancia cultural do exilio galego, sobre todo o que se mesturou coas colectividades emigrantes de Bós Aires ou Montevideo, de La Habana ou de México, D.F. O máis graúdo da cultura galega realizado nos anos corenta e mesmo nos cincuenta está protagonizado por figuras do exilio. Creación

literaria, xornalismo político, revistas culturais, editoras emblemáticas e mesmo audicións radiais forman parte deste fardel cultural agavillado por escritores, pintores, profesores e xornalistas. Grandes autores da cultura galega contemporánea, como Blanco-Amor ou Rafael Dieste escribiron boa parte da súa obra nas súas moradas do exilio. Pero tamén pintores como Laxeiro, músicos como Bal y Gay ou investigadores como Martínez López, Rubia Barcia ou Guera da Cal botaron moitos anos fóra de Galicia sen deixar de traballaren sobre asuntos e temas galaicos. Unha figura reúne en sí mesma toda esta fartura de "fardel do exiliado": a de Luís Seoane, quen bota os mellores anos da súa fecunda vida, desde 1936, na cidade de Bós Aires, pero sen renunciar nunca ao retorno nen a necesidade de transmitir ás novas xeracións galegas unha herdanza de compromiso e de universalidade. ¿Cómo explicar tanto traballo desenvolto polos exiliados se non está movido pola idea da *devolución* da súa obra á Terra de orixe? pola vontade de cerrar as feridas abertas, pola necesidade de atopar a lentura que agochase as súas raíces.

Con todas as limitacións que se queira, é claro que as achegas culturais feitas polos exiliados galegos (entre os que se atopan tamén algúns "emigrados" propiamente ditos, como Neira Vilas) teñen sido incorporadas debidamente ao conxunto da tradición cultural galega do século XX. Non acontece o mesmo co labor feito polo exilio político, o vencellado coa tradición galeguista e republicana, que tivo noutro nome a súa figura esencial: Alfonso R. Castelao. A súa contribución á organización política dos exiliados rioplatenses é ben coñecida, así como os seus esforzos en recuperar relacións co galeguismo do interior e en lograr unha alianza "galeuzcana" cos gobernos no exilio de vascos e cataláns. A fundación do Consello de Galiza, en 1944, a participación nas cortes republicanas de México en 1945 e a entrada no goberno Giral, establecido en París, desde mediados de 1946, son algúns dos grandes fitos da súa executoria política como dirixente do galeguismo do exilio. O relevante desta obra política, reforzada coa publicación en 1944 da primeira edición do *Sempre en Galiza*, non está tanto nos resultados concretos alcanzados, que foron relativamente escasos, canto na tentativa de fixar unha continuidade entre a época da II República, a experiencia da guerra civil e a preparación dun

retorno perante a previsible creba da dictadura de Franco en 1945/1946, no contexto do final da segunda guerra mundial e do trunfo das democracias occidentais sobre os reximes feixistas.

O programa político dos exiliados galegos, que tiña por norte unha república de base federal e iberista, axeitada para unha "Hespanha" de nova planta, ficuou choído á altura de 1948, cando se produce a viraxe dos socialismo "prietista" a favor dunha acpetación implícita da monarquía, como alternativa política para un cenario posterior á dictadura franquista. Unha frase repetida varias veces no epistolario do rianxeiro é ben ilustrativa: Prieto coloca a "España por riba da República". O que é tanto como decir que importaba máis preparar a saída da dictadura franquista do que se enzarzar na definición do réxime que debía sustituir ao franquismo, sobre todo se a discusión se centraba no incómodo asunto, para moitos exiliados, de preparar unha solución republicana e federal para aquela "Hespaña" soñada, entre outros, polo noso Castelao.

A evolución política do exilio galego ficou afectada pola morte de Castelao en 1950, pero de ningún modo paralizada. Moitos dos líderes galeguistas que estaban no exilio, desde Bós Aires e México ata París, seguiron a militar na oposición exterior ao franquismo. Antón Alonso Rios na Arxentina ou César Alvajar en París mantiveron vivo o Consello de Galiza e as relacións, nunca fluidas, cos galeguistas do interior, non chegaron á ruptura ata 1958. Revistas como *Vieiros* en México ou a audición radial *Sempre en Galiza* de Montevideo son exemplos desta actividade. En todo caso, a obra política e cultural do exilio non deixou de influir no interior de Galicia, a través da publicación de libros, apoio a iniciativas culturais e mesmo con contactos persoais importantes. Empresas como a publicación da magna *Historia de Galiza* dirixida por Otero Pedrayo, organizada no Plata por Tobío e imprentada a expensas de mecenas como Manuel Puente, son mostras desta fecunda relación. Como o son as frecuentes viaxes de persoeiros da cultura galega ás "xornadas patrióticas" organizadas polo Centro Galego de Bós Aires cada 25 de xullo, desde a primeira viaxe de Otero Pedrayo en 1947, que o de Trasalba contaría no seu libro *Por os vieiros da saudade*.

Agora ben, fica nun lusco-fusco o asunto fundamental, tan evocado nos epistolarios dos exiliados. Como se podería "devolver" a Galicia o caudal de activiades e, sobre todo, de lexitimidade gardada e acrecentada polos exiliados. Luís Seoane repite con frecuencia, na súa correspondencia con Isaac Díaz-Pardo, que nada do que está a facer en Bós Aires tería sentido se non repercute na súa Terra de orixe. Un froito evidente desta posición son moitas das iniciativas agrupadas darredor do que hoxe é o grupo Sargadelos, pensado en grande medida no exilio como expresión de compromiso cunha cultura e como vieiro de comunicación cara a universalidade. O grupo Sargadelos, persoalizado nas figuras de Seoane e Díaz-Pardo, é un exemplo feliz deste xuntoiro de tradición republicacna, experiencia do exilio e de retorno á Terra. Resultado concebido, alén do seu componente empresarial e cultural, como un "deber de memoria" tanto no plano simbólico como no fomento de relacións constantes coas xentes do exilio e de socialización en Galicia da súa obra, en exposicións, libros, congresos, recuperación de legados ou constitución de fundacións.

Aínda que con algunhas limitacións, parece claro que as cicatrices do exilio fóronse cerrando pouco a pouco no seo da cultura galega. A propia escolla de moitos dos seus persoeiros como figuras a homenaxear no Día das Letras Galegas é un dos mellores indicadores deste retorno a Galicia de obras e de figuras, como Blanco-Amor, Dieste, Seoane ou Lorenzo Varela, que botaran tantos anos alén nos. Non está todo feito, pero os pasos dados son importantes. A propia realización deste congreso dedicado ao exilio galego, baixo o amparo institucional do Consello da Cultura Galega, é a mellor mostra desta política de integración do legado do exilio. Como o será, en dirección análoga, a celebración no verán de 2006 dun congreso sobre "Éxodos e retornos", pensado como homenaxe ao primeiro congreso da emigración galega, celebrado en Bós Aires en 1956. Non hai, pois, unha memoria "incómoda" do exilio no plano estrictamente cultural, aínda que poida estar "incompleta". O déficit máis claro está no ámbito político, pero esta é unha historia que arrinca case dos tempos da propia guerra e que se forxou nos disensos entre Castelao e os galeguistas do interior na década dos corenta. O que aconteceu posteriormente, sobre todo na conxuntura da transición

democrática e da construcción do réxime autonómico, é inseparable daquela escisión materializada nos anos seguintes ao remate da segunda guerra mundial.

Unha reflexión final é necesaria, mesmo en termos comparativos. Dada por correcta a diagnose de que na transición democrática española houbo unha débil atención ao mundo do exilio, ¿podería afirmarse algo análogo para o caso galego?. En termos políticos, a resposta é claramente afirmativa, aínda que cun matiz de relevancia. A analoxía está na ruptura que os grandes actores políticos da transición fixeron co exilio (máis que coa propia tradición da "tecnocracia" franquista), tanto no conxunto da política española como no caso concreto de Galicia. Ningún dos partidos e mesmo persoeiros que actuaron na política galega do postfranquismo tiña asumida nen tradición, nen herdanza relacionada co exilio e, por extensión, coa propia época da II República. No caso do nacionalismo e do galeguismo cultural, por razóns algo diferentes, esta ruptura coa tradición republicana fixérase explícita nos anos cincuenta e sesenta. O matiz está na ollada comparativa: frente á vantaxe de enlazar a tradición democrática coas institucións republicanas feita no caso de Cataluña e de Euskadi, no caso de Galicia ficaron baldeiros os esforzos de Castelao por darlle unha dimensión institucional á tradición galeguista dos tempos da II República. O Consello de Galiza, que representaba aquela tentativa de fixación dunha apariencia de goberno galego no exilio, estivo ausente en todo o proceso de construcción da preautonomía e, desde logo, na instauración da propia autonomía.

Auga pasada non move muíño. Lembrar agora este asunto non significa caer nas doadas redes da malenconía ou da historia "contrafactual". Significa, pola contra, coñecer algo mellor os límites morais e políticos con que se ergueu a autonomía galega e achegar unha ollada diferente ao momento fundacional dos tempos que vivimos. Por esta razón foi tan oportuno este congreso sobre o exilio galego, organizado polos profesores Pilar Cagiao e X.M. Núñez Seixas. A letura dos variados e amplos contributos escritos por autores de aquén e alén mar é a mellor demostración de que o congreso ten alomenos servido para decatarnos non só da grandeza do exilio galego, senón tamén de que a historia

está chea de encrucilladas, nas que non sempre está prefixado o camiño escollido. E, por riba de todo, significa que comprender o exilio pasa por recobrar a súa memoria, que tamén é un modo de achegar terra ás raíces que a guerra deixara ao aire.

HISTORIA DO EXILIO:
VISIÓN XERAL E CONTEXTO HISTÓRICO.
REFLEXIÓNS METODOLÓXICAS E CONCEPTUAIS

ITINERARIOS EXILIADOS: SOBRE A ESPECIFICIDADE DO EXILIO GALEGO DE 1936

Xosé M. Núñez Seixas
Arquivo da Emigración Galega
Universidade de Santiago de Compostela

No decurso dos dez últimos días de xullo de 1936, Galicia caeu baixo a bota do terror, converténdose nun dos territorios da República onde a represión franquista amosaría a súa face máis cruel e asañada dende o comezo mesmo do conflicto.[1] Nun recanto da Península Ibérica, lindante co Atlántico por Oeste e Norte, co Portugal salazarista e partidario dos sublevados polo Sur, e só por un período de tempo breve con territorio en mans leais polo Leste —as zonas de Asturias aínda en poder do bando republicano, denantes do avanzo franquista polo Oeste daquela rexión—, os partidarios galegos da Fronte Popular, fosen republicanos, anarquistas, comunistas, socialistas, nacionalistas, agraristas de esquerda ou, simplemente, persoas das que o só delicto fora estar afiliados a partidos e sindicatos, víronse submetidos a unha cacería sen cuartel durante os primeiros meses da guerra.

Galicia non era zona leal para os franquistas, e en ningún caso se trataba dunha retagarda segura: non se produciu unha mobilización popular masiva de apoio ós sublevados, coma foi o caso de Navarra ou de zonas de Alava.[2] Todo o contrario: os sublevados tiñan razóns para considerar que Galicia era, en boa medida, un territorio hostil. Non en van, en tres provincias gañara a Fronte Popular as eleccións de febreiro de 1936;[3] os sindicatos anarquistas tiñan arredor de corenta mil militantes, sobre todo nas zonas costeiras occidentais do país, e en provincias como

[1] Sobre a guerra civil e Galicia aínda estamos orfos de estudios definitivos. Vid., porén, Fernández Santander, C. (2000): *El Alzamiento de 1936 en Galicia*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, (ed. revisada); Wouters, M. (ed.)(1993): *1936. Os primeiros días*, Vigo, Eds. Xerais, e o monográfico *O 36 na Galiza*, Extra A Nosa Terra, A Nosa História n. 1, 1987.

[2] Cf. Ugarte, J. (1998): *La nueva Covadonga insurgente. Orígenes sociales y culturales de la sublevación de 1936 en Navarra y el País Vasco*, Madrid, Biblioteca Nueva.

a de Ourense o sindicalismo agrario de orientación comunista estaba a facer importantes avances nos meses anteriores á Guerra Civil; o Partido Galeguista (PG) experimentou un espectacular incremento de afiliación, tendencialmente interclasista, e de expansión social dende 1935; e partidos como Izquierda Republicana (IR), herdando as estructuras de poder local tecidas anteriormente pola Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA) de Santiago Casares Quiroga, gozaban dunha notábel implantación no medio rural galego.[4] Non se pode negar a existencia dunha activa dereita católica accidentalista, o influxo do partido calvosotelista Renovación Española en Ourense —gracias ó mantemento dunha notábel rede clientelar—, ou mesmo duns núcleos falanxistas moi minoritarios pero crecentemente activos.[5] E sería un longo debate o preguntármonos ata qué punto, parafraseando a Eugen Weber, a política chegara ós campesiños máis alá dun verniz superficial que atinxiría sobre todo a elites dirixentes, o que tamén explicaría a reciclaxe experimentada por antigos concelleiros radicais e republicanos, e mesmo algún de esquerdas, xa detentadores do poder local durante a Restauración ou a dictadura primorriverista, e promovidos a cargos políticos locais de FET-JONS durante o primeiro franquismo.[6] Pero a extensión dos movementos sociais de esquerda, do republicanismo e do galeguismo foi abondo para que unha parte importante da poboación galega se convertese nun albo preferente da represión. Esta, con desigual

[3] Mesmo se os resultados electorais durante a II República son discutíbeis en canto á súa representatividade real en moitas zonas rurais do país: cf. Grandío Seoane, E. (1999): *Caciquismo e eleccións na Galiza da II República*, Vigo, A Nosa Terra.

[4] Cf. Pereira, D. (1994): *A CNT na Galicia, 1922-1936,* Santiago de Compostela, Laiovento; id. (coord.) (1992): *Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galiza de anteguerra*, Vigo, A Nosa Terra; Beramendi, J. G. e Núñez Seixas, X. M. (1992): *O nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra, 1996 (2ª), 143-63; Cabo Villaverde, M. (1998): *O Agrarismo*, Vigo, A Nosa Terra; Valcárcel, M. (1993): «Ourense, 1931-1936: Estructura económica e comportamentos políticos», Tese de doutoramento, USC; varias das contribucións recollidas en Fernández Prieto, L. et al. (coord.) (1997): *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*, Santiago de Compostela, USC/Parlamento de Galicia; así como Cabo Villaverde, M. e Soutelo Vázquez, R. (2000): «As liñas tortas da República: unha visión de conxunto sobre o poder local na provincia de Ourense, 1931-1936», *Grial*, 148, 619-45. Para un resumo actualizado do estado da cuestión sobre a II República en Galicia, vid. Velasco Souto, C. (2000): *Galiza na II República*, Vigo, A Nosa Terra.

[5] Cf. Grandío Seoane, E. (1998): *Los orígenes de la derecha gallega: la CEDA en Galicia (1931-1936)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro; Núñez Seixas, X. M. e Grandío Seoane, E. (1997): «Clientelismo político y derecha autoritaria en la Galicia de la II República: Una aproximación a través de la correspondencia política de Calvo Sotelo», *Spagna Contemporanea*, 12 , 67-88; Núñez Seixas, X. M. (1993): «El fascismo en Galicia. El caso de Ourense (1931-1936)», *Historia y Fuente Oral*, 10, 143-74.

[6] Vid. para o caso de Lugo Souto Blanco, Mª X. (1999): *Los apoyos al régimen franquista en la provincia de Lugo (1936-1940). La corrupción y la lucha por el poder*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

intensidade segundo as zonas, foi en conxunto unha das máis atroces que asolaron a retagarda franquista.[7]

Con todo, tamén houbo galegos que escaparon a este destino, que fuxiron antes ou despois. Seguiron para iso unha serie de itinerarios prototípicos, de traxectorias vitais e de experiencias políticas e profesionais. Por suposto, é totalmente imposíbel reproducir nun relatorio de índole xeral todos e cada un dos matices, todos e cada un dos múltiplos periplos biográficos, e atender a todos e cada un dos camiños, encrucilladas e vieiros. Pois o exilio é, tamén, un mundo de traxectorias guiadas pola lóxica borrosa, polo azar e polo destino.

As páxinas que seguen pretenden unicamente ser un ensaio de sistematización e unha proposta de tipificación, forzosamente provisional por mor da aínda relativa pouquidade dos estudios sobre o exilio galego. Mais que tamén tentará, fronte á obsesión positivista pola acumulación de datos tan típica das primeiras fases da pescuda ou doutras disciplinas alleas á Historia, reflexionar un chisco sobre algunhas das características comúns desas traxectorias vitais. E, finalmente, tentarase respostar a unha pregunta: ¿De que falamos cando nos referimos ó exilio galego? ¿Cales son as súas peculiaridades dentro do conxunto do exilio republicano español xenérico, e cales os seus trazos distintivos? Pois, neste caso coma outros, a elección da escala non só ha vir predeterminada polas demarcacións territoriais de natureza político-administrativa ou etnocultural. No estudio do exilio, do mesmo xeito que se ten sinalado a respecto das migracións en xeral, tamén cómpre preguntarse sobre o por qué se estudian fenómenos globais nun ámbito territorial máis reducido.[8]

1. EXILIADOS, EMIGRANTES, REFUXIADOS, PRÓFUGOS

[7] Sobre a represión, e amais de varias monografías descritivas de ámbito local, cf. Souto Blanco, Mª X. (1998): *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro; igualmente, Fernández Prieto, L (1993): «Represión franquista y desarticulación social en Galicia: La destrucción de la organización societaria campesina, 1936-1942», *Historia Social*, 15, 49-63.

[8] Cf. Devoto, F. (1997): «As migracións internacionais e a cuestión da escala», *Estudios Migratorios*, 3, 9-34. As monografías *rexionais* sobre os diversos exilios españois inzaron nos últimos anos, sendo unha nómina abondo extensa como para excusar a súa citación. Vid. por exemplo Girona, A. e Mancebo, F., eds. (1995): *El exilio valenciano en América: obra y memoria*, València, Universitat de València; ou o, na nosa opinión, moi notábel estudio de Soldevilla Oria, C. (1998): *La Cantabria del exilio: una emigración olvidada*, Santander, Univ. de Cantabria.

De entrada, plantexemos unha serie de interrogantes teórico-metodolóxicos. O primeiro e máis obvio e recuncar nunha cuestión pouco debatida: ¿Que é un exiliado? ¿Cal é a diferencia entre un refuxiado, un exiliado político e un emigrante con motivacións políticas?

No caso galego (e español), as diversas definicións tamén se enfrontan a problemas de encaixe. O exilio de 1936 non é o único exilio existente na historia peninsular, nin moito menos na historia galega. Exiliados liberais houbo en 1814, no 1823, os exiliados carlistas de 1839 e de 1876 que se refuxiaron en Francia, Portugal, Grande Bretaña ou América; ou os exiliados progresistas de 1866.[9] En contía moito menor, tamén houbo algúns exiliados anarquistas durante a España da Restauración, tanto en Europa coma na América, e igualmente se rexistraron exilios durante a Dictadura de Primo de Rivera. Exiliados republicanos, moitos deles republicanos federais, houbo tamén entre 1874 e 1892 na América. Este foi un exilio selectivo, de novos profesionais, con formación e inquedanzas político-intelectuais, que descontentes co advento do Réxime da Restauración e degoxando facer carreira en novas Repúblicas idealizadas na distancia, xogaron igualmente un papel sobranceiro na política e vida cultural do país receptor e como líderes étnicos das comunidades de inmigrantes galegos, canda os favorecidos polo ascenso económico e profesional.[10] Igualmente, algo semellante a un exilio foi a vivencia que transmitiron personaxes que foron desterrados das súas localidades por sentencias xudiciais, ou que foran submetidos a diversas presións político-administrativas, por mor de comprometérense na axitación política anticaciquil do primeiro tercio do século XX. O refuxio buscado foi, máis dunha vez, América. Ou, máis concretamente, as colectividades de emigrantes galegos, comezando polos da súa localidade de orixe, na América. O caso do baionés José Mª Barreiro no 1917, emigrado ó Uruguai despois de sufrir a persecución caciquil local e novo líder da colectividade

[9] Vid. Rivadulla, D., Navarro, J. R. e Berruezo, Mª T. (1992): *El exilio español en América en el siglo XIX*, Madrid, Fundación Mapfre; para o caso hispano-francés, González Calleja, E., (1997), «La frontera como protagonista histórico. Observaciones sobre la emigración y la resistencia políticas en la primera etapa de la Restauración (1875-1900)», *Exils et Migrations Ibériques au XXe siècle*, 3/4, 14-36. Unha síntese en Soldevilla Oria, C. (2001): *El exilio español (1808-1975)*, Madrid, Arco, 17-37.

[10] Velaí os nomes de Waldo Álvarez Insua, Curros Enríquez, Cisneros Luces, Barreiro de Vázquez Varela, Conde Salgado, Castro López, Cao Luaces, Manuel Barros e tantos outros.

valmiñorana, e galega en xeral, montevideana, exemplifica ben este fenómeno.[11] Ora ben, a estes casos, como ben ten definido Àngel Duarte, acáelles mellor outro termo, utilizado por eles mesmos: o de expatriados, que era como se adoitaban identificar.[12]

Igualmente, ¿que dicir dos prófugos do servicio militar, das odiadas quintas, que encheron en proporción apreciábel —aínda que a súa relevancia como factor de expulsión ou empurre deberá ser avaliada con máis precisión no futuro— as listas de ausentes dos concellos galegos durante o primeiro tercio do século XX? ¿Tratábase dun exilio, ou dunha emigración? Finalmente, ¿que diferencia hai entre un refuxiado e un exiliado?

A resposta non pode ser outra que aplicar o criterio da existencia, ou non, de liberdade de elección por parte do emigrante/exiliado para ficar ou para partir, e para decidir en qué condicións e ónde ha partir, cómo e cándo. Certamente, en boa parte da publicística xerada polas elites emigrantes galegas e españolas dende 1880, así como en máis dunha autobiografía ou relato de vida, a noción de exilio contémplase como sinónimo de emigración provocada pola fame, pola escaseza ou pola frustración relativa. Moitos emigrantes aplicáronse, e aplícanse, a etiqueta vital de exiliados en senso xenérico, ó rememoraren a súa experiencia vivida. Pero á hora de buscarmos unha definición cientificamente operativa, cabe discernir entre os exiliados do 36 e os casos anteriores, e mesmo algúns posteriores.

De entrada, os expatriados republicanos de 1874, do mesmo xeito que os activistas anticaciquís refuxiados en Bos Aires ou Montevideo nas dúas primeiras décadas do século, dispuñan de opcións alternativas á emigración. Sempre dentro dun modelo de racionalidade limitada, é claro, en contextos de información imperfecta e de cálculo borroso e non sempre nidio de posibilidades futuras, como acontece con toda decisión migratoria, e tendo en conta os recursos (individuais ou familiares) e mais a información dispoñíbeis. Ademais, permanecer no país neses casos anteriores a 1936 non sempre significaba un risco real e inmediato de sufrir represalias que implicasen morte, persecución física, perda de propiedades e

[11] Vid. a descrición de Zubillaga, C. (1999): «Controversia ideológica y crisis de representatividad en el asociacionismo inmigrante gallego en Uruguay, 1916-1918», *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, Montevideo, Universidad de la República, 173-205.
[12] Duarte, A. (1998): *La República del emigrante. La cultura política de los españoles en Argentina, 1875-1910*, Lleida, Milenio.

emprego. Igualmente, nos casos dos prófugos do servicio militar, ou dos descontentes en xeral co réxime imperante, a saída cara a América tamén adoitaba ser unha opción posíbel, pero non perentoria. Emigraban os que podían, os que dispuñan de recursos e información, mentres noutras zonas de Galicia os prófugos tampouco non emigraban, ou non o facían na mesma medida. É debatíbel, por tanto, que un prófugo sexa tipoloxicamente equiparábel a un exiliado. O prófugo pode ser alguén que non contemple na oposición ó servicio militar un móbil político-ideolóxico definido —pacifismo, refugo do exército ou da patria española, etcétera—, senón alguén que sinxelamente ve nel un atranco para as súas expectativas vitais e laborais invididuais, imposto por un Estado afastado e alleo, pero sen por iso desenvolver unha actividade político-intelectual pública digna de mención. De feito, este tipo de expatriación por oposición ó servicio militar tamén se rexistrará no caso dalgúns exiliados da guerra civil, como así o reflectiron nas súas memorias.[13]

O exiliado, porén, non pode voltar, e nun comezo non ten máis remedio que saír. A permanencia implica un risco inminente para a súa integridade física, e mais para a da súa familia. E a razón dese risco é fundamentalmente a súa actividade pública directa ou indirectamente comprometida, no eido político, sindical, cultural ou profesional, con principios diametralmente opostos ó do réxime ou bando imperante no seu lugar de orixe. As condicións en que se produce a saída do país de orixe, claramente restrictivas no que fai ás posibilidades de escolla de opcións, así como as posibilidades de regreso ó mesmo, individualizan claramente ó exiliado do emigrante,

[13] Como se pode apreciar nas memorias de Juan Aguiño, mariñeiro de O Grove que xunta varios compañeiros se evadiu en barco dende Viveiro ata a Bretaña en agosto de 1937, non sempre se trataba tanto de opórense activamente ó Novo Estado franquista ou ós principios político-ideolóxicos nel imperantes, malia tampouco non simpatizaren con el, como de evitaren seren incluídos nunha mobilización xeral no exército, fose este cal fose, e veren requisado o seu barco para a Armada franquista. Vid. De Luis Martín, F. e Arias González, J. (2000): *De O Grove a Cuba (1937-1964). Memorias de Juan Aguiño: pescador y exiliado*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro. Con todo, a interpretación do motivo derradeiro da fuxida destes mariñeiros é discutíbel: Aguiño recoñece no seu texto non simpatizar co réxime franquista, malia a seguir admitir non ter problemas e non militar na oposición, e así mesmo afastarse do comunismo —o que podía ser motivado pola súas negativas experiencias vitais posteriores na Cuba castrista. Os editores apontan (25-26) que o medo á mobilización da súa quinta no exército franquista, e ó requisamento do seu barco, actuase de detonante da vontade de fuxir. Pola súa banda, o fuxido Antón Alonso Ríos encontrouse na Serra do Penedo a un mozo galego que fuxira a Portugal ó ser chamada a súa quinta a filas, e vivía nunha aldea como traballador no campo. Cf. Alonso Ríos, A. (1978): *O siñor Afranio. Ou como me rispei das gadoupas da morte (memorias dun fuxido)*, Vigo, Castrelos, p. 190.

como ben sinala Dreyfus-Armand.[14] Os exiliados poden, iso si, construír un proxecto de mobilidade afeito ás circunstancias despois da saída. Pero mesmo neste caso, será un proxecto que podemos definir de abrupto. Non por iso van ser menos exiliados, independentemente de que moitos exiliados prefiran, nos países de destino, non acollérense a estatutos xurídicos de refuxiado político, senón fundírense no conxunto dos inmigrantes económicos e procuraren unha inserción laboral satisfactoria na sociedade receptora. De ter que acollerse á categoría de refuxiado político, daquela as oportunidades de mobilidade e inserción sociolaboral do exiliado serán moito máis dependentes das políticas públicas dos Estados receptores, e en concreto da súa disposición a admitiren a entrada de refuxiados e mais a outorgárenlles ese status. Aí entran en xogo consideracións diplomáticas —as relacións entre o Estado receptor e o Estado de orixe dos exiliados (o réxime franquista, neste caso)—, pero tamén as dinámicas de funcionamento da administración, consular e ministerial, dos países de acollida. Estas últimas podían permitir ós exiliados, como de feito aconteceu nalgúns casos atopar fendas polas que conseguir un permiso de residencia, a pesares das disposicións oficiais, gracias á mobilización de apoios de persoas influentes, práctica de subornos, e un longo etcétera que entra naquela coñecida dicotomía que MacDonald categorizara como "funcións manifestas da burocracia" fronte a "latexantes funcións das redes informais"[15].

A maiores diso, adóitase sinalar que o exiliado tende a amosar un compromiso político activo e continuado, dirixido cara ó país de orixe. Porén, este trazo da súa axencia social tamén podía ser típico dos expatriados, ou sinxelamente de moitos emigrantes económicos que se socializaban politicamente e desenvolvían unha actitude comprometida na emigración, tanto no contacto coa sociedade receptora como coa colectividade de connaturais emigrados, como ben amosa o caso galego

[14] Dreyfus-Armand, G. (2000): *El exilio de los republicanos españoles en Francia. De la Guerra Civil a la muerte de Franco*, Barcelona, Crítica, p. 13.

[15] Vid. por exemplo a análise da política inmigratoria arxentina que fai Biernat, C. (1999), «Migrantes, refugiados y fugitivos: las ambiguas políticas migratorias del primer peronismo (1946-1955)», *Exils et Migrations Ibériques au XXe siècle*, 7, 95-119; igualmente, Quijada Mauriño, M. (1989), «Política inmigratoria del primer peronismo. Las negociaciones con España», *Revista Europea de Estudios Latinoamericanos y del Caribe*, 47, 43-64, e MacDonald, J. S. (1970), «Italian Migration to Australia. Manifest Functions of Bureaucracy versus Latent Functions of Informal Networks», *Journal of Social History*, 3:3, 249-75.

en América.[16] Igualmente, tamén é certo que o exiliado adoita desenvolver un sentimento de identidade (individual e colectiva) enfortecido por elos de solidariedade afectiva e política, e por formas de sociabilidade específicas, cultivadas de xeito comunitario ou familiar. En moitas ocasións, e dependendo das actitudes dos emigrantes "económicos", do seu grao de mobilización sociopolítica e artellamento institucional previo, e mais das diferencias de perfil social e cultural entre exiliados e emigrantes, eses modelos de sociabilidade específicos podían chegar a tracexar auténticas fronteiras entre as colectividades de emigrantes e os exiliados da mesma nacionalidade ou grupo étnico de adscrición.[17]

Como veremos, na nosa opinión isto non foi así en todos os países. Unha parte dos emigrantes económicos que adquiriran ou madureceran o seu compromiso sociopolítico concordante en maior ou menor medida cos exiliados, compartiron con estes espacios e círculos de sociabilidade pública e privada, organizacións e angueiras públicas de caste política ou cultural. É máis, varios daqueles emigrantes comprometidos poderían ter sido exiliados tecnicamente no caso de estaren en Galicia ou en España en xullo de 1936, e de feito podían experimentar problemas coas autoridades franquistas á hora de voltar a Galicia, aínda que fose en viaxe de paso e portando un pasaporte norteamericano, uruguaio ou arxentino. Nembargantes, a efectos terminolóxicos, e en mor da precisión conceptual, non os consideraremos exiliados. Con todo, máis dun emigrante comprometido chegou a considerarse a si mesmo exiliado, xogando con esa identificación.

Do mesmo xeito, a noción de refuxiado en xeral, non a de refuxiado político — máis ben identificada coa de exiliado, sobre todo dende o século XX— é aplicábel a aqueles movementos de poboación que inclúen persoas non necesariamente opositoras activas ó réxime ou contexto sociopolítico do país de orixe e do que se foxe, senón que sobre todo escapan das consecuencias destructivas dos conflictos bélicos, non tendo grande problema en retornar ó seus fogares unha vez que

[16] Neste senso, non cremos que a fronteira sexa tan estricta: os prófugos emigrados na América eran os primeiros interesados, por exemplo, en que a República triunfase na España no 1931, pois a posíbel Lei de Amnistía que esta promulgaría lles permitiría voltar con liberdade.

[17] Teno amosado así M. Kenny para o caso dos republicanos españois exilados en Mexico: vid. Kenny, M. (1962): «Twentieth-Century Spanish Expatriates in Mexico: an Urban Sub-Culture», *Anthropological Quarterly,* 35, 169-80; vid. tamén Schwarzstein, D. (2001): *Entre Franco y Perón. Memoria e identidad del exilio republicano español en la Argentina*, Barcelona, Crítica, 197-219.

rematou a guerra, ou cando menos a incerteza e o medo á salvagarda da integridade física.[18] No caso do exilio republicano español, este fenómeno acompañou ó do exilio, e contribuíu a encher os campos de refuxiados do Sur da Francia na primavera de 1939. Porén, a maioría deses refuxiados retornaron á España franquista en poucos meses.

Unha categoría diferente, en fin, e que non adoita incluírse, é a das familias directas dos exiliados, quen usualmente os acompañan, malia non necesariamente (aínda que nas condicións da brutal represión franquista dos primeiros intres todo era de temer) estaren expostos á perda da súa integridade física no caso de ficaren no país de orixe. Os cónxuxes e fillos dos exiliados constitúen, pois, unha categoría particular dentro dos exiliados. Pero tamén se poden asimilar a eles.

Unha derradeira cuestión consiste en establecer ata qué punto poden ser considerados como exiliados os expatriados que, baixo aparencia de emigrantes e ó abeiro da legalidade vixente, abandonaron o país durante ou despois da Guerra Civil, e nomeadamente logo da restauración da vixencia da Lei e Regulamento de emigración de 1924 o 29 de marzo de 1946.[19] Problema que se vencella con outro máis xeral: as pexas teóricas que supón arredar nidiamente a emigración económica da emigración política. Moitas veces, ambos os dous tipos de motivacións se perciben de xeito entremesturado, non necesariamente en termos excluíntes, senón complementarios; e a memoria dos propios emigrantes tende tamén a superpor ambas as dúas facianas da súa propia partida.[20] É máis, aqueles exiliados con máis comprensión pola situación dos emigrantes galegos que atoparon nos seus países de acollida, como podía ser Castelao, pero tamén o comunista Luis Soto, tenderon a asimilar a emigración económica da anteguerra cunha forma de protesta política. Pois aquela tamén sería, en palabras de Soto, "unha emigración política de milleiros de persoas aferrolladas polos poderes estatais, sen protección, sen escola,

[18] Vid. Groppo, B. (1999): «La notion de réfugié au XXe Siècle», *Exils et Migrations Ibériques au XXe siècle*, 7 165-78.

[19] Vid. un achegamento a esta etapa, aínda orfa de estudios monográficos, en Mª T. García Domínguez, «A emigración galega cara a América durante a segunda metade do século XX», en Cagiao Vila, P. (comp.) (1999): *Galegos en América e* americanos *en Galicia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 61-93.

[20] Vid. Temime, E. (1994): «Émigration "politique" et émigration "économique"», en VV.AA., *L'émigration politique en Europe aux XIXe et XXe siècles*, Roma, École Française de Rome, 57-72.

perseguidos polo caciquismo rural, aterrorizados pola Igrexa"[21]. Así e todo, pódense establecer algunhas matizacións e tipoloxías, con propósitos analíticos.

En primeiro lugar, poderiamos disterar as emigracións formalmente legais e en teoría non políticas, pero que obedecían claramente a movementos de reagrupamento familiar provocados polo exilio dalgún(s) dos membros do grupo doméstico, materializados cando a saída foi posíbel legalmente, os parentes podían ser reclamados e as autoridades franquistas non impediron a súa realización.

En segundo lugar, o que poderiamos denominar descontente esluído, difuso, coa situación sociopolítica imperante, mais que non sempre se había traducir nun posicionamento consciente e comprometido de oposición frontal ó réxime existente; ou que ás veces tiña un alcance meramente local, expresándose por exemplo no malestar fronte á miseria dos campesiños, os racionamentos e as requisas de gando e productos agrícolas das Xuntas de Abastos, ou o mal recordo dun cacique local. Todo iso non empecía a máis dun emigrante socializado no primeiro franquismo confesar que, en parte por falla de información, non estaba desconforme co réxime e con Franco.[22]

En terceiro lugar, falariamos da situación de oposición consciente, ás veces activa na medida das posibilidades existentes —que podía ir dende as xuntanzas esporádicas nun muíño con outros veciños para escoitaren a Radio Pirenaica ou a BBC, o que xa era considerado acto de conspiración polo réxime franquista, ata a colaboración eventual coa guerrilla ou as forzas organizadas da oposición, a lectura e distribución de órganos de prensa clandestinos, etc.—, incentivada pola socialización nun medio social ou familiar antifranquista e/ou pola experiencia da represión directa ou indirectamente (na persoa dalgún familiar, de coñecidos e amigos achegados, por exemplo). Esa represión seguía a manifestarse en formas menos violentas dende comezos da década dos corenta. Pero tamén impuñan unha serie de limitacións ás oportunidades individuais en España: restriccións e falla de igualdade de oportunidades no mercado de traballo por causa dos antecedentes políticos ou

[21] Vid L. Soto Fernández, L. (1983): *Castelao, a UPG e outras memorias*, Vigo, Eds. Xerais, p. 237.
[22] Vid. por exemplo Varela, L. (1996): *De Galicia a Buenos Aires. —Así es el cuento— Recuerdos desde el Bar La Cancha*, Bos Aires, Volpe Ed.. Ou, envolto en mestas brétemas de saudade e morriña, o poemario do emigrante residente en Mar del Plata Calvo Bustelo, G. (1988?), *Emigrantes*, Bos Aires, s. ed., s.d..

penais, eivas na mobilidade xeográfica dentro do territorio español, represalias indirectas e presión psicolóxica, desconfianza e medo recorrente a ser detido de novo, etcétera. Nesta categoría entraría, poñamos por caso, o galeguista de esquerda silledao Ramón de Valenzuela (1914-1980), quen abandona o país como emigrante ós efectos legais após 1946, pero que non deixa de ser un exiliado, pois sufrira exilio, cadea e traballos forzados, saíra en réxime de prisión atenuada, seguía a ter contactos coa oposición antifranquista, e sufriu eivas para ser viaxante de comercio por mor do seu pasado.[23] Ou, con matices, o canteiro e mariñeiro socialista de Vilaxoán Rogelio Diz Rubianes, apreixado durante a guerra e ceibado en 1940. As pexas de tipo laboral que lle causaba o non ter un certificado de boa conducta libre de antecedentes penais por motivos políticos, e o estigma que supuña ser un sospeitoso de oposición ó réxime, pesaron na súa decisión de embarcarse cara a México nun buque mercante, gracias ás influencias dun enxeñeiro franquista, pero que o apreciaba persoalmente. Alí ficaría cabo dun seu irmán, que pola súa vez reemigrara dende Arxentina ó país azteca. A súa evocación é ben expresiva:

> Para mí, después de estar en la cárcel, España representó una prisión mayor: para trasladarme de un lugar a otro siempre debí pedir permiso, al igual que en el penal cuando iba de una brigada a otra [...]; quienes nos reprimían se habían rebelado contra lo ganado en las urnas, contra un gobierno electo por una mayoría y que ellos aplastaron con la fuerza y luego nos reprimieron dejando en muchos de nosotros secuelas psicológicas que después hoy aún, de tantos años, seguimos padeciendo. Durante muchos años desperté asustado y empapado en sudor; cuando iba a algún restaurante guardaba, sin darme cuenta, el azúcar o el pan en mis bolsillos y mi miedo a la gente uniformada me hacía pasar malos ratos hasta en momentos de diversión, pues hasta los acomodadores de cine o los porteros de hotel me causaban pánico.[24]

Algo semellante aconteceulle a Xerardo Díaz Fernández (1907-?), militante de IR e oficial de xulgado no Porto do Son, quen pasou cinco anos na cadea. Logo de saír do cárcere, e malia estudiar para procurador en tribunais, o Ministerio non lle

[23] Cf de Valenzuela, R. (1997): *Era tempo de apandar,* Vigo, A Nosa Terra, 128-36 e ss.
[24] Díaz Rubianes, R. (s.d. [2001]): *Memorias, pensamientos y versos*, s.l. [Mexico], s. ed., p. 61.

asinou o título, e non puido exercer a súa profesión por causa dos seus antecedentes políticos. Por esa razón decidiu emigrar a Montevideo, onde tiña algúns coñecidos lonxanos.[25]

A diferencia a respecto de 1936-39 estaría, porén, no feito de, mesmo nestes casos, os exiliados disporen no intre da marcha dunha certa marxe de elección, por moi restrinxida e limitada que fose. E así mesmo porque, neste caso, a posibilidade de emigrar adoitaba ter como precondición a dispoñibilidade de certos recursos e de información, a través das redes relacionais e de parentela nas que os individuos se inserían. Con todo, non sempre podían voltar. Aínda que as dificultades adoitaron diminuír ó longo dos anos cincuenta, o propio Diz Rubianes case houbo enfrontarse a un xuízo por ter saído ilegalmente do país ó seu primeiro retorno a Galicia —do que se salvou gracias á procura dunha recomendación. O socialista da Pobra do Caramiñal Pastor Núñez Cariño (1911-2000), fuxido a través de Portugal, logo exiliado nos campos de Túnez, país onde ficou a traballar na industria conserveira, voltou no 1958 e tivo que marchar de novo ó pouco tempo, polo temor ás denuncias dun veciño. E o cenetista compostelán Celestino García, exiliado en Chile, encontrouse con tal grao de ameazas ó seu retorno nos comezos dos cincuenta que se viu obrigado a saír de novo.[26] A casuística individual semella é moi variada, e depende do capital relacional co que os exiliados retornados podían mobilizar no seu favor, tanto para conquerir os papeis precisos para marchar (fose nos consulados americanos, fose perante as autoridades franquistas), como para vivir sen seren importunados ó voltaren.[27]

Igualmente, iso non excluirá o feito de que ó longo dos anos corenta, como nas décadas posteriores, houbese casos de exilio provocados pola ameaza inminente de represión directa e inmediata por parte do réxime franquista, por mor de actividades político-sindicais descubertas, delacións, continuidade das sospeitas e da

[25] Díaz Fernández, X. (1991): *Desde la diáspora*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.
[26] Villaverde, E. (1995): *Heroes e mártires. A Segunda República e a Guerra Civil no Barbanza,* Santiago de Compostela: Tórculo, 100-110. Os datos prosopográficos manexados neste relatorio, de non se citar fonte de procedencia, tíranse do *Diccionario biobliográfico do exilio galego. Unha primeira achega*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2001.
[27] Por exemplo, Isabel Ríos Lazcano (*Testimonio*, 234-57), malia os antecedentes penais e acharse en liberdade vixiada, conseguiu os papeis precisos para partir gracias ó capital relacional que puido mobilizar a través de familiares e do seu propio pai, o que lle permitiu poder embarcar como

presión das autoridades despois da saída do cárcere ou de ter sufrido represión, ou feitos puntuais.

2. CARA A UNHA TIPIFICACIÓN DOS EXILIOS GALEGOS.

A efectos tipolóxicos, podemos establecer, a grandes trazos, varias fases cronolóxicas no exilio galego dende xullo de 1936, e ó longo do período franquista:

a) Xullo-agosto de 1936.

b) Setembro 1936-abril 1939.

c) O período posterior ó remate da Guerra Civil, subdividíbel á súa vez en:

c.1. Década dos corenta: exilio por "pingueo" de fuxidos e guerrilleiros a través de Portugal, atravesando a Península ata a fronteira francesa ou por vía marítima.

c.2. Década dos cincuenta: fase de menor saída de exiliados. Cabería falar máis ben de predominio da emigración legal con motivacións sociopolíticas.

c.3. Década dos sesenta e ata 1972. Primeiras saídas de militantes sindicais e da esquerda, de organizacións reconstituídas e que atinxen a unha xeración máis nova, que non fixo a guerra civil.

c.4. 1972-75, fase de exilio temporal de activistas sindicais e políticos posterior ás folgas de Vigo e Ferrol de marzo de 1972, así como ó incremento da axitación política antifranquista.

Dentro de cada unha desas fases, e superpóndose a elas, cabería falar de diversos itinerarios-tipo. Obviamente, a diversidade das prosopografías exiliadas é enorme. Así e todo, e mesmo a risco de simplificar, podemos establecer a seguinte tipificación para o período da guerra civil e anos corenta:

1. O fuxido dos primeiros meses. Trátase do exiliado que se converte en fuxido nos primeiros días do golpe de Estado en Galicia, despois da caída dos últimos focos de resistencia en Tui ou A Gudiña. Politicamente comprometido, este exiliado acudiu de contado á zona republicana, por vía marítima, a través de Portugal ou polo monte, e alí incorporouse ás forzas leais. Posteriormente, seguiu o destino-tipo dos

---

emigrante, despois dunha súa irmá emigrada en Bos Aires lle remitir o diñeiro para a pasaxe e os papeis precisos por parte arxentina, en xullo de 1947.

exiliados xenéricos españois logo da caída de Cataluña en xaneiro de 1939 (fuxida a Francia, internamento en campos de concentración, etc.).

2. O fuxido. Politicamente comprometido coa Fronte Popular, converteuse en fuxido e non puido escapar de contado á zona republicana ou a América. Xa que logo, refuxiouse no monte e tentou pasar á zona leal ou a Portugal, agachouse en casas de amigos ou coñecidos, disfrazouse —caso exemplar da andaina de Antón Alonso Ríos, travestido de esmolante, pero tamén de Luis Soto, disfrazado de crego—, e andando o tempo conseguiu escapar de Galicia ó longo da Guerra Civil ou na inmediata posguerra. As opcións, igual que no caso anterior, foron aquí basicamente tres:

2.1. A fuxida por mar, dispoñíbel sobre todo para mariñeiros e xente que morase en vilas costeiras, protagonista de varias fugas en bous e barcos, nomeadamente nos primeiros días da sublevación e denantes de os rebeldes ocuparen toda Galicia, que recalaron en Asturias, na Inglaterra ou en Francia, aproveitando tanto as relacións existentes entre portos pesqueiros da cornixa cantábrica e da costa atlántica francesa como a relativa debilidade durante o primeiro ano e medio da guerra civil da flota franquista. Mesmo, levados pola desesperación, rexistrouse algún tento de fuxida por mar cara a Portugal, aínda que neste país o ser apreixado supuña o ser devolto a Galicia.[28]

Foron importantes estas evasións por mar en zonas nas que, doutra banda, a implantación anarcosindicalista era notábel, pois arredor dun 30% dos mariñeiros estaban afiliados á CRG-CNT. Na Coruña, de feito, varios mariñeiros libertarios artellaron un Comité Clandestino que organizou varias fugas a Asturias e Bretaña ata agosto de 1938. Tamén houbo fugas por barco dende Noia, Muros e Pobra do Caramiñal, e outras posteriores dende Malpica, que algún autor calibra en preto de corenta en todo o litoral galaico.[29] Pero en xeral produciuse un "pingueo" nos primeiros meses da guerra, o que tamén explica a abundancia relativa de exiliados

[28] Pódense ver os informes da Policía Fiscal e da Guarda de Fronteiras portuguesa sobre detencións de barcos de pesca tripulados por refuxiados galegos (por exemplo, o 22 de agosto de 1936 na Viana do Castelo, e o 15 de setembro na Vila Praia de Áncora), en Arquivo Nacional da Torre do Tombo (Lisboa), Arquivo Oliveira Salazar (AOS), CO/NE-9A, pasta 1**,** *Informaçôes dos comandos das unidades da Guarda Fiscal (1935-1937)*.

procedentes da Costa da Morte e do Barbanza, amais de Ferrolterra. Boa parte daqueles evadidos cara a Asturias, xunto con mineiros lugueses na conca mineira asturiana e no Norte de León, xornaleiros agrícolas ourensáns, pescadores ós que a sublevación sorprendeu en portos do Cantábrico, oficios itinerantes e evadidos polo monte cara a Asturias, confluíron na fundación do Batallón 219 "Galicia" do Exército Popular (setembro 1937) e mais na Agrupación Confederal Galaica en Asturias (decembro 1937).[30]

2.2. A fuxida cara a Portugal por vía terrestre. Aí os exiliados tiñan pola súa vez que burlar a vixilancia tanto da policía política (PVDE) como da Garda de Fronteiras do réxime salazarista. Estes corpos tiñan orde de deter a todos os españois "revolucionários" indocumentados e entregalos á PVDE para proceder á súa expulsión. En troco, os carabineiros e a Garda Civil adoitaban facer entrega de esquerdistas lusos radicados en Galicia e expulsos por indesexábeis.[31]

A fuxida por Portugal era unha opción teoricamente máis dispoñíbel para os fuxidos que podían acceder a eses contactos, é dicir, ós naturais da raia ou aqueles que contaban con coñecidos en bisbarras do Sur de Galicia.[32] Con todo, foron sobexas igualmente as acollidas espontáneas de fuxidos por parte dos labregos miñotos e transmontanos, que os agachaban na súa casa en troco de os galegos traballaren para eles no campo. Os refuxiados galegos en Portugal puideron apoiarse ademais nas redes preexistentes de contactos transfronteirizos por elos de parentela, sociabilidade e reproducción social, cimentados ademais na emigración estacional —coma os existentes, por exemplo, no Couto Misto, entre a aldea de Castro Leboreiro e a zona de Bande, ou entre Monção e Salvaterra de Miño—, na alta cantidade de

[29] Cf. García Durán, J. (2001): *Pola liberdade. A loita antifranquista de Luís Costa*, ed. de D. Pereira, Vigo, A Nosa Terra, p. 24; Pereira, D. (2002): «Da represión á resistencia: A Coruña 1936-1939», *Guía dos Libros Novos*, 39 , 7-8.

[30] Pereira, D.,: «Os libertários galaicos na resisténcia antifranquista: Asturias 1936-37», en *O 36 na Galiza*, 69-71; Alvarez, S. (1989): *Las milicias populares gallegas. Un símbolo de la Galicia antifranquista*, Sada, Eds. do Castro, 1989, 101-07.

[31] A xulgar polos informes da Garda de Fronteiras e da PVDE (AOS/CO/NE-9A, pasta 1 e AOS/ Ministerio do Interior, Gabinete do Ministro, Maço 481), as zonas de vixilancia e tráfego máis intenso de refuxia**d**os foron a área que vai de Melgaço a Castro Leboreiro e mais a fronteira na zona situada entre Vilarelho da Raia e Moimenta.

[32] Cf., por exemplo, a odisea de Ramón Martínez López, pasado a Monção por un partidario dos sublevados natural de Salvaterra de Miño no seu coche, gracias á mediación do avogado Valentín Paz Andrade. Vid. Calvo, T. (1998): *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 123-24**.**

galegos residentes en Portugal, nos contactos propiamente políticos dos exiliados con opositores antisalazaristas (dende republicanos da Aliança Democrâtica Portuguesa ata os comunistas, os mellor organizados)[33], na presencia de mestas redes de contrabandistas e colaboradores a ambos os dous lados da raia —do mesmo xeito que se formaron grupos de guerrilleiros arraianos—,[34] ou na existencia na banda portuguesa da fronteira de persoas dedicadas a fornecer papeis e agachadoiro ós refuxiados en troco de diñeiro.

Todas estas redes adoitaban cruzarse e seren usadas alternativa ou complementariamente por cada refuxiado na medida das súas posibilidades. Amósao así, sen máis, a andaina de Antón Alonso Ríos, entrado pola zona da Serra da Peneda como fuxido en Portugal en xullo de 1938, agachado sucesivamente por pastores que mediaban cun comerciante de Melgaço que tiraba proveito da evasión de refuxiados, por coñecidos del en Arcos de Valdevez, por un comerciante de café republicano antisalazarista no Porto, e por un vello amigo seu de Tomiño emigrado en Lisboa. Finalmente, e despois de desbaratarse o plano de embarcar cara a Francia como polisón nun barco mercante, puido arranxar a obtención de papeis nos consulados arxentino e francés e embarcar a Casablanca, e de alí a Bos Aires, gracias a ter recibido dun amigo silledao da Arxentina documentos que lle permitiron suplantar a personalidade dun seu curmán morto no país austral.[35] Alonso Ríos non debeu ser o único que recorreu a esta estrataxema. O director da PVDE informaba en outubro de 1937 ó xefe do gabinete do Ministro luso do Interior que

---

[33] Por exemplo, son os seus camaradas do PCP os que conseguen a evasión cara a Bordeos a bordo dun cargueiro noruegués do membro do PCE Xosé Fernández Vázquez, *O Noé* ou *Sotomayor* (1904-1986), fuxido dende o Barbanza a Portugal a pé con tres compañeiros. Na posguerra, semellan ser os comunistas os que seguen a estar mellor organizados nas estratexias de evasión vía Portugal, contando con enlaces que serven de contacto cos grupos antisalazaristas, tal o Simón Fernández que no 1942 coordenaba a axuda ós fuxidos cos comunistas portugueses. Cf. X. Pérez Besada: «Unha vida para a revolución», en Soutomaior, J. (1999): *Eu roubei o Santa María*, Vigo, Galaxia, 7-17, e Martínez, J. L. (1999): *Queridos gallegos*, Montevideo, Doble Clic, p. 91.

[34] Vid. a este respeito os traballos de Godinho, P. (1993): «O grupo do Juan e a importância da rede social», *A Trabe de Ouro*, 16, 571-83 e idem (1995): «O contrabando como estratégia integrada nas aldeias da raia trasmontana», *A Trabe de Ouro*, 22, 43-56; igualmente, Fernandes Alves, J. (1987): *O Barroso e a Guerra Civil de Espanha,* Montealegre, Câmara Municipal, e C. Reigosa (1996): «Maquis na raia galaico-portuguesa», *A Trabe de Ouro*, 16, 611-23. Para este derradeiro autor, o meirande grao de connivencia entre contrabandistas e fuxidos galegos (e españois) deuse na zona de Montealegre/Chaves, así como nos montes da raia lindantes cos concellos de A Mezquita e A Gudiña. Serían sobre todo fuxidos ourensáns das serras do Xurés, San Mamede, Corzos e O Eixo, «homes en xeral orixinarios dos arredores do Limia, Trives, O Bolo, Verín e a ampla bisbarra de Valdeorras» (p. 615).

> bastantes foragidos espanhóis que se encontram clandestinamente em Portugal, principalmente nas montanhas de Castro Leboreiro, tem obtido da Argentina certidôes de nascimento de outros individuos, com que, possivelmente, procurarâo documentarse em Portugal.[36]

Dende Portugal, o itinerario máis usual, sobre todo despois da caída da Estremadura en mans dos franquistas, foi o embarque clandestino cara a América ou cara a Francia, para dende alí reintegrárense á zona republicana. O destino dependía en grande medida de qué embaixada ou consulado tiña a ben atender os refuxiados. Andando o tempo, tamén funcionaron en Lisboa organizacións de axuda ós refuxiados que serviron de intermediarios cos propios servicios consulares estranxeiros, coma os cuáqueros norteamericanos do Unitarian Service Committee que acolleron a Xosé Velo Mosquera no 1948.[37] Probablemente os mesmos que tamén auxiliaron no 1949 a emigrar a Montevideo, onde adoitaban dirixirse os emigrantes da súa parroquia natal, a Rogelio Pereiras Estévez, antigo concelleiro do PCE na Arnoia, encarcerado durante a guerra e colaborador da guerrilla, quen fuxira a través da raia.[38]

2.3. O alistamento no exército franquista como voluntarios, co fin de protexeren a súa vida da represión inmediata, coa esperanza de pasárense ó bando republicano á que se dese a oportunidade. Unha parte dos que optaron ou se viron

---

[35] Alonso Ríos: *O siñor Afranio....*, op. cit., 187-99.

[36] Carta do Director da PVDE ó Chefe do Gabinete do Ministro do Interior, Lisboa, 4.10.1937 (AOS/Ministerio do Interior, Gabinete do Ministro, Maço 486). Para un tratamento polo miúdo da persecución ós refuxiados galegos en Portugal pola Policía salazarista, vid. Grandío Seoane. E. (2001): «A raia que deixou de selo. A fronteira galego-portuguesa en xullo de 1936», en Balboa, X., e Pernas Oroza, H. (comps.): *Entre nós. Estudios de arte, xeografía e historia en homenaxe ó profesor Xosé Manuel Pose Antelo*, Santiago de Compostela, USC, 999-1022.

[37] O papel dos cuáqueros como organización de axuda ós refuxiados españois no Sur de Francia logo de 1945, así como escolmadores de man de obra cualificada entre os refuxiados españois en Francia, con destino a América, é igualmente subliñado por Dreyfus-Armand*: El exilio...*, op. cit., 180-82, e Schwarzstein, *Entre Franco y Perón....*, op. cit., 38.

[38] De feito, Velo Mosquera, igual que Mariano Otero Castelao, beneficiáronse da axuda en Lisboa dunha organización cuáquera e mais da cobertura dun amigo celanovés da infancia que emigrara a este país e tiña un bar. Pola súa banda, Rogelio Pereiras andou varias semanas agachado no lado portugués da raia, traballando en casas campesiñas, pero púidose aproveitar da relativa falla de celo da policía portuguesa, polo que, axudado por un doutor antisalazarista, conqueriu chegar a Lisboa, onde aquel o puxera en contacto cunha rede que axudaba ós evadidos da España franquista. Cf. Piñeiro, A. (2000): *Pepe Velo. Pensador, soñador e mestre revolucionario*, Vigo, Edicións Xerais, 62-66, e Martínez, J.L. (1999): *Queridos gallegos.....*, op. cit., 174-76.

impelidos a escolleren este vieiro de fuxida conqueriron o seu obxectivo, pasándose na fronte ós republicanos.[39] Outros, porén, non conqueriron pasarse e tiveron que facer a guerra baixo unha bandeira que detestaban.

3. O exiliado por azar xeográfico, aínda que non por iso menos exiliado político, que no intre da sublevación se encontrou en zona leal e incorporouse ó esforzo de guerra republicano, tivese consciencia política antifascista previa ou non. Mesmo neste derradeiro caso, moitos adquirírona ó longo da contenda. Era a que Víctor Martínez-Mas chamaba en xuño de 1937 a "quinta provincia".[40] O feito de que exilio e emigración estean fondamente ensarillados no caso galego maniféstase de entrada na orixe xeográfica dos exiliados. Pois, aínda que esta dependese grandemente de factores meramente aleatorios, tamén tiña moito que ver con que boa parte dos galegos que se atopaban fóra do territorio galaico o 18 de xullo de 1936 eran emigrantes intrapeninsulares, estacionais ou permanentes, seguindo en moitos casos tradicións asentadas décadas atrás. A eles sumábanse os numerosos galegos que traballaban nos diversos corpos da Administración, nas súas forzas de orde pública, na Armada e Exército.

Entrarían aquí políticos que naquela altura estaban circunstancialmente en Madrid (coma Castelao ou Suárez Picallo), ou que ocupaban responsabilidades en organizacións españolas; sindicalistas, intelectuais ou profesionais; cargos galegos na Administración ou no Goberno republicano, así como os estudiantes galegos na Universidade madrileña. Tamén se incluían nesta categoría os que se achaban en zona leal por razóns laborais, de xeito temporal ou esporádico, como podían ser os afiadores e canteiros de diversas bisbarras (Terra de Montes, Nogueira de Ramuín). Un exemplo paradigmático foron os segadores galegos que se atopaban en Castela para a ceifa do trigo,[41] dispersos en varias poboacións da provincia de Madrid sen posibilidade de voltar a Galicia, e que se alistaron en boa proporción —en parte,

[39] O periódico *Nueva Galicia* reproduce varias entrevistas con soldados que se pasaran do bando franquista ó leal: vid. *Nueva Galicia*, I:2, 23.5.1937, p. 7; I:4, 6.6.1937, p. 2; I:5, 13.6.1937, p. 2; I:7, 27.6.1937, p. 2; I:9, 11.7.1937, p. 2; I:11, 1.8.1937, p. 2; I:16, 8.9.1937, p.2, etcétera, varios dos cales aparecerán máis tarde nos campos de Francia. Vid. tamén a experiencia de Ramón de Valenzuela no seu *Non agardei por ninguén* [1957], Madrid, Akal, 1976.

[40] V. Martínez-Mas, «La quinta provincia», *Nueva Galicia*, I:4, 6.6.1937, p. 7.

[41] Sobre as migracións dos segadores a Castela, vid. un achegamento en Fernández Santiago, M. X. «Da Terra Chá a Castela. As migracións estacionais dos segadores galegos no século XX», *Estudios Migratorios*, 1, 170-203.

recrutados por Santiago Álvarez nas vilas dos arredores de Madrid— nas Milicias Gallegas, integradas ó pouco tempo de entraren en combate no Exército Popular da República.[42] Segundo o testemuño contemporáneo de Suárez Picallo, en agosto de 1936 habería uns mil milicianos galegos nesa unidade, e ó mes seguinte o seu número ascendería a 1.200.[43] Igualmente, había numerosos galegos esparexidos en diversas unidades militares, así como os había en abundancia destinados en corpos como a Garda de Asalto (uns 400, segundo o testemuño de Suárez Picallo en decembro de 1936), ou a mariñeiría de guerra fondeada en portos republicanos, coma Cartagena —onde chegou a existir un Lar Gallego durante o conflicto, amais da forza da Agrupación de Gallegos Libertarios entre eses mariñeiros.[44] Na fronte de Aragón, afirmaba o deputado sadense no decembro de 1936, habería galegos «en todas partes»[45]. Tamén foron outro exemplo paradigmático os mariñeiros que traballaban en pesqueiros ou na mariña mercante, que estaban fóra de Galicia ó estalar a sublevación e permaneceron leais á República. Igualmente, entrarían neste apartado os galegos que estaban a cumprir o seu servicio militar no exército republicano e ós que a sublevación colleu en destinos situados en zona leal.

Unha categoría ulterior dentro deste apartado estaría constituída polos galegos residentes fóra de Galicia como emigrantes permanentes xa con anterioridade a xullo de 1936, esparexidos por diferentes zonas de España. Nomeadamente, os puntos de meirande concentración de inmigración económica galega eran Madrid (por exemplo, boa parte dos panadeiros e carniceiros da capital española, orixinarios de zonas coma Monterroso ou Castroverde), o País Vasco (nomeadamente, as zonas industriais e mineiras do mesmo, así como os pescadores

[42] No periódico *Nueva Galicia* pódense ver algunha entrevista con segadores ourensáns e lugueses ós que a sublevación surprendeu en Castela, e que se incorporaron ás forzas republicanas: vid., por exemplo, *Nueva Galicia*, I:2, 23.5.1937, p. 2; J. Gómez Gayoso, «Segadores», *Nueva Galicia*, I:6, 20.6.1937, p.1.

[43] Carta de Ramón Suárez Picallo a E. Blanco Amor, Madrid, 17.8.1936 (Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense, Fondo Blanco Amor [BDPO-FBA]). Cf. igualmente, González López, E. (1990): *Memorias de un diputado republicano en la Guerra Civil española*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, e Álvarez, S.: *Las milicias.....*, op. cit.

[44] Vid. por exemplo a reportaxe de J. Carracedo, «En el frente Sur. Galicia en los mares. "¿Cando entraremos aló?», *Nueva Galicia*, I:3, 30.5.1937, p. 7; no setembro de 1937, só na estación de submarinos de Cartaxena se rexistran 92 doantes para *Nueva Galicia*; do destructor *Lepanto* contribúen 35 tripulantes galegos á mesma subscrición; e dos cruceiros *Méndez Núñez* e *Cervantes*, un total de 43 e 28 respectivamente (*Nueva Galicia*, I:19, 26.9.1937, p. 2; I:20, 3.10.1937, p. 2; I: 24, 31.10.1937, p. 2).

de Trintxerpe), e mais a conca mineira asturiana, amais de enclaves menores dos que a variedade é enorme. Neste caso, os galegos rara vez terán unha presencia colectiva, pero si unha salientada actuación individual, fose como dirixentes e líderes (por exemplo, o líder sindical ugetista e antigo deputado socialista por Madrid Manuel Cordero), fose como combatentes do exército da República ou colaboradores a todos os niveis do esforzo de guerra.[46]

Finalmente, algúns galegos comprometidos coa República non só estaban fóra de Galicia, senón tamén fóra de España. Pero non como emigrantes, senón ocupando cargos diplomáticos ou doutra caste ó servicio da República, razón pola que poden ser considerados exiliados: caso de Lois Tobío ou de Vicente Gómez Paratcha, entre outros.

Os republicanos galegos que fixeron a guerra, en parte ou na súa totalidade, no bando leal, como combatentes ou como colaboradores do esforzo bélico, e que sobreviviron ó conflicto, víronse abocados a seguiren un destino semellante ó do resto dos republicanos españois. Isto incluíu pasar a fronteira nos primeiros meses de 1939, sufrir o internamento en campos de refuxiados, e dende alí procurar un traballo en Francia ou un embarque a América, sobre todo para México, Santo Domingo ou Cuba, tamén para Chile ou Arxentina, dentro dos continxentes evacuados polo Servicio de Evacuación de de los Republicanos Españoles (SERE), constituído polo Goberno de Negrín, e a rival Junta de Auxilio de los Republicanos Españoles (JARE), creada en xullo de 1939 por Indalecio Prieto. Historia xa abondo coñecida como para estendérmonos de vagar nestas liñas.

¿Cantos dos exiliados galegos nos campos franceses acabaron en América? En función dos criterios preferenciais de escolma política que aplicaron ambos os dous organismos, os exiliados pertencentes a organizacións partidarias e sindicais foron privilexiados. Por iso, foron constantes as tirapuxas ata o derradeiro intre entre os representantes dos diversos partidos por colocaren máis correlixionarios que o cupo teórico dispoñíbel, polo que os candidatos a seren embarcados habían mobilizar todos os recursos e influencias ó seu alcance. E, polo que sabemos, o mesmo

[45] Carta de Ramón Suárez Picallo a E. Blanco Amor, Barcelona, 25.12.1936 (BDPO-FBA).
[46] Cf. a invocación de Castelao á contribución dos galegos en diversas frontes da España republicana en *Sempre en Galiza*, libro I, XVIII, en *Castelao. Obras*, Vol. 2, Vigo, Galaxia, 2000, p. 135.

aconteceu cos barcos fretados en boa parte con fondos dos emigrantes galegos: por exemplo os embarcados no Ipanema en xuño de 1939.[47] México aceptou uns 7.500 refuxiados en 1939-40, e un total de 20.000 incluíndo anos posteriores, malia as cifras variaren moito segundo as diversas estimacións.[48] Deles, e sobre unha mostra que inclúe os 4.660 refuxiados arribados entre xuño e xullo de 1939 nos barcos Ipanema, Sinaia e Mexique, Dolores Pla atopa que un 3,2% (147) eran galegos, con predominio dos coruñeses (2%), ourensáns (0,9%), pontevedreses (0,8%) e lugueses (0,5%). O número total dos exiliados galegos en México é, coma o dos españois, difícil de establecer: a estimación coetánea de J. Barreiro Barciela cifrábaos en algo máis de 300 na altura de xullo de 1941, e deles temos identificado con nome e apelidos un mínimo de 211.[49] O Santo Domingo do dictador Rafael Leónidas Trujillo aceptou —como é sabido, non por simpatías políticas cara á República española, senón como parte dun ambicioso proxecto de colonización interior e branqueamento da raza— 3.100 refuxiados españois, dos que polo menos 23 (0,76%) eran galegos. Chile entre 2.200 e 2.500, dos que como mínimo 45 (1,8-2%) eran galaicos. E Arxentina, uns 2.500, dos que polo menos 138 (5,52%) eran galegos.[50]

Cómpre ter en conta que a marxe de erro por defecto das porcentaxes de participación de exiliados galegos é considerábel. A causa é a alta proporción (máis

[47] O galeguista Elixio Rodríguez reflicte nas súas memorias o seu encontro en París, sen papeis e desesperado, cos enviados do FPAG a Francia para elaborar a lista de pasaxeiros entre os galegos refuxiados. Arelando ter un posto na lista, nun comezo os delegados déronlle unha seca negativa, ata comprobaren, logo de verificar o seu nome, que era o primeiro no listado elaborado en Nova York, por ser o secretario xeral da Solidaridade Galega Antifeixista constituída en Barcelona en 1938 e por gozar do aval de Castelao e Luís Soto. Así e todo, ó se presentar uns días despois diante do cónsul de México, ó que acompañaban dous membros do PCE, viu o seu nome riscado da lista por ser considerado "casadista" cun pretexto, de xeito que así podería embarcar no seu lugar un militante comunista. Elixio Rodríguez tivo daquela que apelar á influencia do celanovense Antonio Cardero, ex-gobernador civil republicano de Córdoba tamén embarcado no *Ipanema*, para arranxar o asunto. De feito, uns cen refuxiados concentrados no Hotel de Emigrantes de Bordeos para partiren no *Ipanema* tiveron que ficar en Francia, ó se superar o cupo de pasaxeiros, o que causou grande desacougo entre os que non puideron embarcar, moitos dos cales foron despois a Chile no *Winnipeg*. Cf. Rodríguez, E. (1994): *Matádeo mañá*, Vigo, Eds. Xerais, p. 277 e 283-84, e Valenzuela, R.: *Era tempo...*, op. cit., 96-97.

[48] Vid. Lida, C. E. (1997): *Inmigración y exilio. Reflexiones sobre el caso español*, Mexico, Siglo XXI/El Colegio de Mexico, 56-57.

[49] Vid. Pla Brugat, D. (1994): «Características del exilio en México en 1939», en C. E. Lida (comp.), *Una inmigración privilegiada. Comerciantes, empresarios y profesionales españoles en México en los siglos XIX y XX*, Madrid, Alianza, 218-31. A avaliación dos máis de 300 refuxiados galegos en México en Barreiro [Barciela], J. (1941): «La unidad factor principal para la Reconquista de España y para la Liberación de Galicia», *Boletín Galego de Información*, Nª extraordinario, xullo 1941, p. 6.

do 70%) do total coñecido de exiliados galegos ata o de agora, dos que sabemos con certeza que estaban internados en campos de concentración franceses, gracias ás listaxes publicadas contemporaneamente no periódico galaico-porteño *Galicia* da Federación de Sociedades Gallegas (FSG) ou reproducidas no seu día por Santiago Álvarez, mais dos que o destino posterior nos é aínda descoñecido. Pois non todos foron a América. Aqueles que non voltaron a España ou a Galicia, e que non puideron ser evacuados, tiveron que sobrevivir baixo a ocupación alemana, á parte dos enrolados na Lexión Estranxeira ou en diversos corpos armados, ou baixo o réxime colaboracionista da Francia de Vichy nas condicións sinaladas para o resto dos españois: ingreso en compañías de traballadores estranxeiros, en zona ocupada ou libre; traballo fóra dos campos en diversas ocupacións, conseguindo varios casar con mulleres francesas, atopar un traballo estábel ou aforrar abondo para embarcaren como pasaxeiros cara a outros destinos;[51] ou colaboración coa Resistencia francesa. Algúns tamén foron parar ós campos de internamento de Túnez e da Alxeria francesa, coma outros combatentes republicanos españois. Os menos afortunados fixeron parte dos arredor de 10.000 republicanos españois deportados ós campos de concentración nazis, en especial ó de Mauthausen, onde finaron polo menos 5.000. Entre eles había como mínimo uns 110 galegos (2,2%).[52] Outros, coma o comunista da Pobra do Caramiñal José Fernández Vázquez "O Noé", foron deportados a campos de exterminio, logo de seren apreixados pola Gestapo como colaboradores dos maquis.

Despois da liberación de Francia polas tropas aliadas, unha boa parte deses exiliados reemigrou cara a Latinoamérica. Outros, sen podermos establecer porcentaxes fiábeis polo de agora, reintegráronse ás actividades guerrilleiras no interior de España e Galicia, seguindo diversos destinos vitais. Outros máis ficaron en diversos puntos da Francia, preferentemente, coma a maioría dos españois, nos

[50] As cifras totais están tiradas de Dreyfus-Armand: *El exilio...*, op. cit., 79, e Schwarzstein, D.: *Entre Franco y Perón....*, op. cit., 83-84. As de galegos están tiradas do *Dicionario biobibliográfico...*, op. cit.

[51] R. de Valenzuela en *Era tempo...*, op. cit. (p. 97 e 114) narra como varios dos seus compañeiros galegos de exilio foron establecéndose en Francia: un de Rianxo namorárase dunha negociante de sedas, e posteriormente viaxou a Nova York en primeira clase; outro meteuse de xardiñeiro; outro máis quedou como campesiño nunha granxa en Bidart (Iparralde); outro máis, ourensán, púxose a traballar cun afiador de Nogueira de Ramuín casado cunha francesa dende había tempo...

[52] Dreyfus-Armand: *El exilio.....*, op. cit., 103-77; L. Vázquez Fernández, «Máis de 100 galegos foron morrer a Mauthausen (Austria)», *Grial*, 75 (1982), 107-14.

departamentos da metade Sur do país; pero tamén en París e noutras zonas. Outros, en fin, tal vez os menos significados en actividades políticas, voltaron a Galicia ou a España, ó longo da segunda metade dos anos corenta e nos anos cincuenta. Unha pequena porcentaxe, que incluía sobre todo militantes e cadros militares afiliados ó PCE, tiveron como destino final do seu exilio a URSS.[53] A eses exiliados comunistas, dos que algúns tamén chegaran con posterioridade, uníronse dous colectivos máis: o dos mariñeiros destinados en barcos fondeados na Unión Soviétiva, coma o Cabo San Agustín, parte da tripulación do cal era galega, e dos que non poucos acabaron en Gulags estalinistas; e mais unha pequena porcentaxe de nenos da guerra de orixe galega.

Cómpre incluírmos tamén outras dúas categorías de exiliados posteriores a 1939:

4. O fuxido ou guerrilleiro da posguerra, identificábel en boa medida co que Nicolás Sánchez-Albornoz ten denominado o "segundo exilio"[54]. Inclúense aquí aqueles exiliados que se evadiran do cárcere ou se converteron en fuxidos despois de abril de 1939, para escapar de denuncias ou persecucións, e posteriormente conqueriron embarcar cara a América (directamente ou vía Portugal) ou cara a Francia ou pasar por terra ata cruzar os Pireneos.[55] E, así mesmo, aqueles que se incorporaran á loita guerrilleira, incluíndo os militantes chegados adoito dende Francia para incorporárense ás agrupacións guerrilleiras a partires de 1944 e que entraron e saíron de Galicia máis dunha vez. Varios destes guerrilleiros acabaron refuxiándose, nomeadamente, en Francia. Pero tamén, en menor medida, nalgúns países americanos dende fins da década, cadrando coa diminución da actividade do maquis antifranquista.

5. O legalmente emigrante a partires de marzo de 1946, pero que, ou ben se insería nun proceso de reagrupamento familiar con exiliados das fornadas anteriores

[53] Amais dos casos máis coñecidos, coma o paradigmático de Enrique Líster, podemos citar outros: por exemplo, o albanel lugués Valentín Fernández González (1912-?), militante comunista dende 1936, comandante da Brigada 100 da 11ª división durante a Guerra Civil, despois obreiro cualificado en varias zonas da URSS e torneiro en Moscova, amais de voluntario no Exército Vermello durante a II Guerra Mundial.

[54] Sánchez Albornoz, N. (1991) «Los dos exilios», en *Cincuenta años de exilio español en Puerto Rico y el Caribe, 1939-1989*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 163-68.

xa residentes no estranxeiro,[56] ou que obedece á situación de oposición consciente, polos motivos xa sinalados.[57] A dispoñibilidade de recursos e información, e nomeadamente de puntos de apoio nos países de destino, era neste caso un factor igualmente importante á hora de posibilitar a saída e as súas condicións. Pois aquí existía unha meirande marxe de elección, limitada pero certa.

3. DAS PECULIARIDADES DO EXILIO GALEGO DENTRO DO EXILIO REPUBLICANO ESPAÑOL.

Ata aquí temos escolmado algúns perfís prosopográficos que, de xeito xeral, permiten falar dunha serie de itinerarios tipo, que conformarían os tipos ideais (no senso weberiano) de exiliado galego. Con todo, abordarmos o estudio do exilio galego implica tamén preguntármonos sobre a súa peculiaridade dentro do conxunto máis amplo dentro do que se inclúe, que non pode ser outro que o exilio republicano ou antifranquista español.

De feito, para a historiografía do exilio republicano español os exilios vasco ou catalán son subconxuntos específicos claramente identificábeis, mentres o exilio galego sinxelamente non existe. Este esquecemento vén de lonxe, dende as primeiras obras que trataron da evolución do exilio político (onde, poñamos por caso, xamais se menciona ó galeguista Alfonso R. Castelao como integrante do Goberno Giral en 1946).[58] Tal vez ecoa nese esquecemento aquel prexuízo estendido no seu

[55] Por exemplo, Benigno Rey Belbís, mariñeiro de Bergondo que foi enlace da guerrilla antifranquista en Ferrolterra, ata que, axexado pola policía e logo de sufrir varias detencións, agachouse no 1949, fuxindo no 1950 a pé ata Francia.

[56] A título de hipótese, poderiamos sinalar tamén que os refuxiados galegos, a diferencia do conxunto dos españois, presentan unha menor tendencia a viaxaren acompañados do grupo familiar. A razón sería ben sinxela: moitos deles foran fuxidos en orixe, ou se atopaban fóra de Galicia en 1936 por razóns laborais transitorias, polo que a maioría (mariñeiros, segadores, etc.) deixara as súas familias en Galicia.

[57] Caso, por exemplo, de Isabel Ríos Lazcano (1907-1997), militante comunista casada co médico M. Calvelo López, afusilado en decembro de 1936. Logo de pasar sete anos nos cárceres franquistas, foi ceibada en marzo de 1943, pero seguiu a sufrir o axexo policial. Volta a Galicia, colaborou activamente coa guerrilla, pero a intensidade do acoso levouna a emigrar no 1947 cara á Arxentina, onde se incorporou ó PCE e á FSG. Vid. Ríos, I. (1986): *Testimonio de la guerra civil*, Sada, Ediciós do Castro. Tamén sería o caso do dezao Jesús Iglesias González, traballador nas obras do ferrocarril e detido en 1936. Pasou catro anos no cárcere, pero as presións continuaron logo de saír do mesmo. No 1947, canso do bouro, emigrou á Arxentina. Ou o de Eladio Marcos Rodríguez, natural de Sober (1908), mestre progresista represaliado na guerra, ó que lle pecharon a escola que rexentaba no 1948 por causas políticas, razón que motiva a partida coa súa familia para Bos Aires en xaneiro de 1949.

[58] Por exemplo, en Del Valle, J. Mª (1967): *Las instituciones de la República en el exilio*, París, Ruedo Ibérico.

día entre os medios republicanos e nos exiliados, polo cal o xentilicio "gallego" se identificaba con franquista, e máis concretamente cos combatentes franquistas mobilizados á forza no exército insurxente.[59] Doutra banda, nalgúns países de América Latina tamén se estendeu a identificación apriorística entre galego, neste caso inmigrante, e franquista, como foi o caso entre os núcleos antifranquistas da colectividade inmigrante española de Sâo Paulo.[60]

A procedencia xeográfica dos exiliados republicanos españois, de certo, reproduce de entrada un mero factor aleatorio. En virtude diso, as zonas que caeron en mans dos franquistas nos primeiros meses da guerra están claramente subrepresentadas, fronte á maior abundancia de cataláns, vascos, asturianos, castelán-manchegos, levantinos e aragoneses.[61] Os cómputos do número total de republicanos españois internados nos campos franceses son moi dispares, e ó longo de 1939 a súa contía diminuíu, como consecuencia do retorno de moitos refuxiados, a procura de traballo fóra dos campos ou a reemigración. Segundo G. Dreyfus-Armand, de 173.000 refuxiados en xuño pasaríase a 53.000 en novembro, e a 30.000 no abril de 1940. Iso quere dicir que os galegos, mesmo supondo que o seu número está infravalorado —ata o de agora levamos identificados uns 1.320—, non supuñan máis dun 6% (como máximo) do conxunto de refuxiados republicanos contra finais de 1939.[62]

Pero, ademais, naquel esquecemento dos exiliados galaicos tamén incide outro factor: a relativa invisibilidade do exilio republicano galego, que foi máis pronunciada sobre todo nos núcleos de asentamento de exiliados que máis atraeron ata o de agora a atención dos pescudadores, isto é: México e Francia. Esa relativa invisibilidade é consecuencia da maior escaseza, fronte a exiliados vascos e cataláns, de axencia colectiva diferencial de moitos inmigrantes galegos, expresa de xeito manifesto na fundación de asociacións propias, de institucións específicas e representativas, de cabeceiras de prensa independentes, e de ámbitos e círculos de

[59] Vid. varias denuncias dese prexuízo en «Cosas Pasadas: "Gallego si no lo haces"», *Nueva Galicia*, I:15, 29.8.1937, p. 2, ou no artigo de protesta atribuíbel a César Alvajar «A cada día su afán. ¡Maldito gallego!», *La Nouvelle Espagne*, n. 37, 17.10.1946, p. 4.
[60] Martínez Gallego, A. (1995): *Espanhóis*, São Paulo, Centro de Estudos Migratórios.
[61] Cf. os datos sobre un continxente de 2.500 refuxiados españois chegados á Arxentina que ofrece (baseándose en datos de J. Rubio) Schwarzstein, D.: *Entre Franco y Perón...*, op. cit., 83-84.
[62] Dreyfus-Armand: *El exilio...*, op. cit., p. 72.

sociabilidade formais nos que se artéllase un espacio público disterado dos republicanos galegos exiliados. En definitiva, adoito estaba ausente unha Öffentlichkeit visíbel, na que o exilio político galego aparecese como un ámbito con personalidade de seu, tanto do punto de vista etnocultural como político, e no que os integrantes posuísen consciencia de pertenceren a un grupo específico e diferenciado (aínda que non necesariamente estanco) a respecto do resto do exilio republicano español. Pois se a visibilidade, patente en primeiro lugar no seu liderado étnico, adoita ser condición indispensábel para o estudio dunha colectividade inmigrante, outrosí se podería afirmar das colectividades de exiliados.

Boa parte dos exiliados galegos non se integraron especificamente en círculos de sociabilidade formal, en organizacións ou en agrupacións de ámbito territorial especificamente galego, e non acataron outra autoridade suprema que non fose a das súas organizacións políticas ou a do Goberno da República, cara ás que mantiveron a súa fidelidade. Pola contra, só unha relativa minoría dos exiliados galegos fixeron tal. Entre eles contáronse, sobre todo, os exiliados galeguistas, quen, como é sabido, artellaron institucións e organizacións de seu, e tentaron construír un ámbito institucional equiparábel ó Goberno vasco ou á Generalitat do exilio (o Consello de Galiza no 1944), dándolle continuidade posterior ata 1975. Pero tamén cómpre contar aquí a boa parte dos exiliados comunistas, integrados en estructuras como a Alianza Nazonal Galega constituída en México (1941), ou o Bloque Repubricán Nazonal Galego constituído en Toulouse en decembro de 1945 (como continuación do Frente Libertador Gallego constituído en outubro de 1944),[63] organizacións ás que se adheriron tamén algúns exiliados socialistas, de Izquierda Republicana e Unión Republicana. Algúns exiliados socialistas que constituíron en México a Agrupación de Socialistas Gallegos comandada por Edmundo Lorenzo ou Marcial Fernández; e os cenetistas reconstituíron no exilio a Agrupación de Libertarios Gallegos, primeiro, e a Regional Galaica, despois. Con todo, podemos afirmar que só os galeguistas, e mais unha minoría de republicanos de esquerda e comunistas que se achegaron ás teses nacionalistas e acabaron por as faceren súas,

[63] Un informe do Consulado Xeral de España en París, datado no 1948 (reproducido en Soldevilla, *La Cantabria*, p. 237) estimaba en 300 os membros activos do BRNG residentes naquela altura en Francia.

mantiveron despois de finais da década dos corenta o interese en artellar un ámbito institucional, político e de sociabilidade exclusiva ou preferentemente galaico. O Río da Prata foi o seu asento principal.

Igualmente, tamén é certo que moitos exiliados galegos se integraron, a título individual, en institucións recreativas ou étnico-mutualistas constituídas por emigrantes galegos, e compartiron con estes ámbitos de sociabilidade, tanto en Nova York (Casa de Galicia de Unidad Gallega) coma en Venezuela, Cuba, Uruguai, Arxentina, Brasil ou, quizabes o país onde isto menos se produciu, en México, como veremos de contado.

A fronteira, xa que logo, entre o que podemos denominar exilio galego e o que poderíamos definir como participación galega no exilio republicano español non é sempre nidia. Para algúns, tratábase de ámbitos arredados, e mantiñan que era comínente, como pensaba Castelao, que se mantivesen afastados, aínda que só fose para evitar que as entidades de emigrantes se contaminasen «xa non pol-o hespañolismo unitarista, senón pol-o divisionismo partidista» levado polos refuxiados republicanos.[64] Para outros, un estaba integrado de xeito orgánico no outro, malia manter algunhas especificidades organizativas. E para outros máis -talvez a maioría-, non había diferencia ningunha: o sobranceiro era a identidade de clase, a identidade republicana ou, en definitiva, a identidade española democrática.

Con todo, o exilio galego, malia non manter sempre e en todos os puntos de destino unha especificidade singular dentro do exilio republicano español, si presenta, na nosa opinión, algúns trazos distintivos, motivados tanto polas peculiaridades da saída do país como polas oportunidades dispoñíbeis fóra de Galicia. Propomos tomar en consideración os seguintes factores de especificidade:

3.1. En primeiro lugar, un trazo distintivo da guerra civil en Galicia, como é sabido, foi a práctica ausencia de fronte de combate. En Galicia a penas houbo combatentes republicanos, milicianos fronte ós facciosos. A maiores, a situación xeográfica de Galicia motivaba que o país se convertese nunha ratoeira, probablemente na máis atroz —amais das illas Canarias— da península. O exilio galego foi, por iso, en boa parte un exilio que non sempre compartiu a experiencia

[64] Carta ós galeguistas do interior, 31.3.1946, en *Castelao. Obras. Vol. 6. Epistolario*, Vigo: Galaxia, 2000, 593-614.

miliciana, o combate na guerra. Tratouse tamén dun exilio que procurou a vía directa (Portugal-América, ou mesmo nalgún caso Galicia-América),[65] unha fuxida directa dende a retagarda franquista á terra prometida.

3.2. En parte por esa circunstancia, os exiliados galegos amosan unha menor tendencia a ficaren na Europa, nomeadamente na Francia. A mostra manexada por Javier Rubio, obtida a partires do lugar de nacemento dun milleiro de refuxiados españois residentes nos departamentos de Aveyron, Hérault e Gard dende 1944 é ben significativa: os galegos están practicamente ausentes, como tamén o estaban noutros departamentos.[66] Pola contra, os galegos mostraron unha moito meirande predisposición a radicárense na América. Non só como resultado da xenerosa política de acollida do Goberno Cárdenas e doutros, das evacuacións xestionadas polo SERE e mais pola JARE, que en efecto deron cun apreciábel número de galegos en México, Santo Domingo (por un tempo), Cuba e Chile. Se, como ten afirmado Dreyfus-Armand, Francia era o país de acollida natural dos exiliados políticos españois dende o século XVIII, por razóns de proximidade xeográfica,[67] para os galegos isto non tiña por que ser así, por varios motivos.

En primeiro lugar, por razóns históricas que redimensionaban as distancias. Francia podía ficar máis lonxe para un labrego ou mariñeiro galego (ou doutras zonas da Península) que Bos Aires, A Habana, Montevideo ou Nova York, lugares ós que as correntes migratorias se dirixiran con preferencia dende o século XIX. As redes microsociais preexistentes xeradas pola tradición migratoria do país posibilitaron a moitos exiliados galegos o disporen de coñecidos, familiares ou amigos en diversos

[65] No decembro de 1937, de feito, os exilados galegos residentes na Habana xa eran abondos para constituíren (talvez con outros españois) un Grupo de Exiliados Antifascistas, que pedía ser repatriado á zona leal ou, se o seu concurso non era xulgado indispensábel, poder entrar en Mexico, para o que pedían ó Goberno da República que encetase xestións con este país. Algúns exilados chegados directamente a Cuba, coma o carpinteiro da Pobra do Caramiñal Manuel Hermo Martínez (1883-?), acharon asilo político en Mexico a través do denominado *Comité Técnico de Ayuda a los Republicanos Españoles* (CTARE), dependente do SERE e no que traballará, entre outros, Carlos Velo Cobelas. Vid. *Nueva Galicia*, II:35, 16.1.1938, 1-2, e Villaverde, E.: *Heroes....*, op. cit., 30. Na Habana atopábase tamén, por exemplo, o mestre e xornalista republicano de Culleredo Jesús Mejuto Vázquez, onde conseguira embarcar dende A Coruña en setembro de 1936.

[66] Rubio, J. (1977): *La emigración de la Guerra Civil de 1936-1939: Historia del éxodo que se produce con el fin de la II República Española*, Madrid, Ed. San Martín, vol. I, p. 268; Dreyfus-Armand: *El exilio....*, op. cit., 186-91.

[67] Dreyfus-Armand: *El exilio.....*, op. cit., 12.

puntos de América, que polo xeral cadraban coas zonas ás que se dirixiran as cadeas migratorias das súas respectivas freguesías ou concellos.

Eso posibilitaba unha relativa dispoñibilidade de información e de recursos, que podían ser fornecidos, nalgúns casos, polos parentes ou conveciños radicados na América. Como ten sinalado Fernando Devoto, emigrantes e exiliados, malia disterárense claramente no que fai ás condicións de saída, han percorrer en varios treitos un itinerario semellante: coñeceren as oportunidades, conquerir auxilio para acadaren o seu destino por vías legais ou ilegais, con algún tipo de documentación. Nese punto, tanto un emigrante como un exiliado na Arxentina peronista, por exemplo, precisaban dispor dunha carta de chamada ou dun contrato de traballo ficticio conquerido a través dos parentes, antigos conveciños ou amigos residentes no país.[68] Xerardo Díaz Fernández resumía palmariamente no seu diario de a bordo no 1951, rumo ó Uruguai:

> [Os republicanos galegos] teníamos que dar vueltas y más vueltas, tener quien nos llamara y esperar a que nos dejaran salir y, sobre todo, que nos dejaran entrar en el país donde deseábamos ir [...] hay que gastar mucho dinero, dar miles de vueltas, decir mentiras y esperar a que, quizás, si tienes suerte, le digan que sí.[69]

En varios casos, ademais, os exiliados xa eran persoas cunha ampla experiencia vital de mobilidade xeográfica, pois eles mesmos foran emigrantes denantes da Guerra Civil, e adoito debían a esa primeira socialización laboral e política en América o seu compromiso político-ideolóxico posterior. Foron os casos en Cuba dos comunistas Severino Chacón, Enrique Veira Catrufo, Gumersindo Montero, Beremundo Rodríguez (Alejandro del Valle) ou do máis emblemático, Enrique Líster.[70] No Uruguai, foi tamén o caso do médico lalinense José Mª Fernández Colmeiro. Por esa razón, algúns deles tamén tenderon a voltar a América. Outros máis eran fillos de familias que migraran, e varios deles naceran alén mar (caso de

[68] Devoto, F. (1999): «Ideas, políticas y prácticas migratorias argentinas en una perspectiva de largo plazo (1852-1960)», *Exils et Migrations Ibériques au XXe siècle*, 7, páxs. 29-60.
[69] Díaz Fernández: *Desde la diáspora.....*, op. cit., 20.
[70] Vid. ó respecto a propia evocación de Enrique Líster, residente en Cuba entre 1919 e 1928 cabo do seu pai e dous irmáns, onde traballa de dependente e canteiro e afíliase ó Sindicato de Obras e mais ó

Luís Seoane, de Lorenzo Varela, do agrarista de Fornelos da Ribeira Román Rodríguez, de Ramón Mosteiro, do "portorricano" Rubén Gotay, do xornalista e escritor Angel Lázaro Machado, etcétera), conservando en máis dun caso a cidadanía dos países onde naceran. Iso facilitaba os trámites da súa volta e, mesmo, serviu para lles salvar a vida. Algúns fillos de emigrantes galegos en América, de feito, voltaron para alistárense voluntarios no exército popular da República, e unha vez en Francia, retornaron ós seus países de orixe, coma o anarquista Jerónimo Rodríguez.

Outros casos tamén se explican por esa sorte de vencellos. Podemos aventurar, por exemplo, que Xoán Malvárez Baamonde, sindicalista de Muros que fuxiu nun bou a Bilbao e posteriormente foi refuxiado nun campo francés, se dirixiu no seu exilio a Estados Unidos seguindo probablemente un destino migratorio tradicional do seu concello de orixe. Pola súa banda, Adolfo Méndez Montero, natural de Carracedo (A Peroxa) e fuxido a Portugal no 1937, refúxiase máis tarde en Chile, seguindo o trazo da cadea migratoria xa existente na súa freguesía que a conectaba con aquel país, onde xa residían os seus irmáns Francisco e Elías. E un dos líderes iniciais da comunidade galega de Venezuela, Manuel Gallego González, comisario da Defensa Antiaérea do Ebro que dende Francia foi evacuado polo SERE cara a Santo Domingo en xaneiro de 1940, acabou reemigrando dende este país a Venezuela. ¿Por que? Sinxelamente, porque un tío seu reemigrara pola súa vez dende Cuba a Venezuela no 1930.[71] Boa mostra de como exilio e emigración económica, polo menos no caso galego, chegaron a complementárense é o curioso caso de varios mariñeiros de Malpica que fuxiran contra 1938, conseguiran chegar á zona republicana, posteriormente foron internados en campos de concentración de Francia. Mentres algún deles foi deportado a Mauthausen, outros varios foron embarcados no Winnipeg no agosto de 1939 e desembarcaron en Valparaíso, establecéndose no Norte de Chile. Daquela, Benigno Lago Estévez, antigo emigrante exitoso natural de Corcubión que fixera fortuna en Río Gallegos (Arxentina) e que nos anos trinta se radicara en Perú para dedicarse á pesca e á industria conserveira,

Partido Comunista Cubano no 1927, en Líster, E. (1977): *Memorias de un luchador. I. Los primeros combates*, Madrid, G. del Toro Editor, 15-28.

[71] Vid. Rodríguez Lago, X. R. (1982): «De Galicia ós Andes. Aproximación ó fenómeno da emigración galega a Chile», en Cagiao Vila (comp.), *Galegos en América*, p. 311-35; Contiñas, R (1980): *Gallegos en Venezuela*, Caracas: Ed. Logos, p. 109.

soubo da existencia dese núcleo de conterráneos con experiencia nas artes de pesca. A seguir, foinos buscar para empregalos nas súas fábricas peruanas. Inaugurouse así unha cadea migratoria pola feliz conxunción entre exiliados e "pioneiro", enfortecida dende 1947 con novos aportes chegados de Malpica e Corcubión.[72]

Os vencellos familiares con América, practicamente omnipresentes en calquera exiliado galego, e máis se era de orixe labrega e natural dunha bisbarra con tradición migratoria, podían xogar tamén un papel indirecto: servir de garantía perante as autoridades consulares ou de inmigración cando estas puñan pexas ós chegados. Por exemplo, o líder comunista Santiago Álvarez, ó chegar a Cuba reexiliado dende Santo Domingo no novembro de 1939, fixo valer diante do inspector de Emigración o ter un tío na provincia de Camagüey (do que ouvira falar na familia) que respondería por el, o que lle facilitou a entrada. Porén, Álvarez non coñecería persoalmente os seus parentes na illa ata uns días despois.[73]

Obviamente, non todos puideron apelar a estes contactos, por falla de oportunidades, tempo ou puro azar. O exiliado galego que fixo a guerra na zona leal como combatente republicano, que atravesou os Pireneos e ingresou nos campos de internamento franceses, que non puido embarcarse cara a América e tivo que pasar polos corpos de traballadores estranxeiros na Francia (ocupada ou colaboracionista) ou na Alemaña, ou polas condicións de sobrevivencia controlada na Francia de Vichy; ou que participou na Resistencia francesa, amosou en xeral unha meirande tendencia a ficar en Europa, nomeadamente en Francia. Pódese afirmar o mesmo de moitos dos exiliados dos anos corenta pertencentes ó PCE, á CNT ou á guerrilla antifranquista, quen puideron achar acubillo nas redes de acollida organizadas por esas organizacións en solo francés. Con todo, tamén neste derradeiro caso se rexistran varios exemplos de reemigración posterior cara a Latinoamérica, quizabes seguindo o trazo dalgunha rede microsocial, ou forzados polas circunstancias macropolíticas e a maior ou menor tolerancia dos réximes políticos dos países de acollida cara á presencia e angueiras dos exiliados. Así, un destino relativamente usual de varios mariñeiros galegos, "nenos da guerra" —fóra dos nenos do Morelia

[72] Vid. García Domínguez, Mª T. (1998): «Aproximación ó estudio da emigración galega da "Costa da Morte" cara a Perú na segunda metade do século XX (1940-1970)», *Estudios Migratorios*, 5 , páxs.177-97.
[73] Álvarez, S. (1988): *Memorias III*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, páxs. 201, 239-41.

que recalaron en México, e entre os que tamén houbo algúns galegos— e militantes comunistas exiliados na URSS foi Cuba —ademais das varias decenas de españois que, nos anos sesenta, foron enviados á illa como contribución á construcción do socialismo naquel país—, igual que o foi de varios fuxidos e guerrilleiros galegos que nos anos corenta ou primeiros cincuenta se exiliaron en Francia, para despois reemigraren a América seguindo cadeas migratorias das súas zonas de orixe;[74] ou ben (após 1959) por simpatía ideolóxica coa revolución cubana. Outros deron en ir á Arxentina, ou a México.

Con todo, as marxes de elección individual, xa de seu limitadas no caso do exilio, restrinxíanse aínda máis no caso dos exiliados suxeitos a ferreñas disciplinas partidarias. Isto foi particularmente notábel no caso dos afiliados ó PCE con responsabilidades organizativas dentro do mesmo, que decidía os destinos dos exiliados dende Francia nas diversas expedicións. E posteriormente decidía sobre as misións concretas a dar ós seus militantes. As variacións nos destinos migratorios de moitos exiliados comunistas dependeron das instruccións recibidas con vistas á estratexia de loita antifranquista do partido. Iso fixo a algúns pasar, coma o mariñeiro mugardés Manuel Fernández Soto "Soutiño", do campo de Bizerta (Túnez) directamente á URSS, dende alí á Arxentina, e novamente a Galicia no 1945, onde contribúe á reorganización do PCE e da guerrilla.[75] Esta andaina tamén foi característica dalgúns militantes anarcosindicalistas.[76]

De todos os xeitos, cómpre non esquecer que as novas oportunidades que se podían abrir nos novos destinos ou nos destinos intermedios, o azar, as novas redes

[74] Por exemplo, o caso de Luis Villar Pérez (1907-?), militante socialista de Cartelle que foi alcalde de A Merca. Foi preso no cárcere de Celanova, salvándose milagreiramente de ser paseado, fuxiu por dúas veces a Portugal, co propósito de emigrar á Arxentina, onde moraba o seu sogro, sen conquerir arranxar os papeis. Finalmente, pasou a Francia, dende onde se embarcou cara á Arxentina, e rematou no Uruguai, onde tamén tiña parentes e traballou de carpinteiro. Vid. Del Caño, X. M. (1983): *Lembranzas dun home*, Santiago de Compostela, Edicións do Cerne, 63-79, e entrevista do autor con Luis Villar Pérez, Espinoso (Cartelle), 3.9.1989, en Arquivo Historga, USC.

[75] Tamén Santiago Álvarez retornou a España no 1945, seguindo ordes do PCE, canda Sebastián Zapirain, sendo detido e encarcerado. Houbo varios exemplos posteriores, coma Amador Martínez Fernández *Ramón* (1914), exiliado na Francia, combatente no maquis francés, guía de pasos fronteirizos entre Francia e España nos anos cincuenta, e enviado a Galicia para reorganizar o PCE nos anos sesenta, onde ficou ata 1965.

[76] Por exemplo, o mugardés Antonio González Pérez, cenetista exiliado en Francia, quen volta ó interior coa misión de reorganizar a FAI, sendo detido en xaneiro de 1948 e condenado a 18 anos de cadea, xunta o naronés Rogelio Leal López. Sobre os libertarios, vid. en xeral o relatorio de D. Pereira e E. Fernández Fernández neste mesmo volume.

de amizade e colaboura forxadas durante os primeiros intres do periplo exiliado, facían igualmente que as redes microsociais preexistentes, e xa que logo os posíbeis itinerarios, non fosen necesariamente determinantes, senón só condicionantes. Coma na emigración, os individuos escollían dentro dun abano limitado e mudábel de oportunidades. Por poñer un caso, o fisterrán Antonio García Canosa, pasado á zona leal e despois refuxiado en Francia, é reclamado por varios irmáns residentes nos EE.UU., pero remata por establecerse en Chile. E o ex-alcalde republicano de Noia e gobernador civil de Ciudad Real Germán Vidal Barreiro non desembarca en Bos Aires canda o seu correlixionario e paisano Severino Iglesias Siso por unha confusión nos seus documentos de identificación, tendo que ir parar a Chile, onde acabou por residir ata a súa morte. O galeguista Elixio Rodríguez confesa nas súas memorias terse embarcado no Ipanema cara a México sen gana, só alentado polo tamén exiliado Severino Pellit a abandona-lo seu plano inicial de secundar uns aviadores vascos dispostos a enrolárense no exército nacionalista chinés de Chiang-Kai-Sek.[77] Tampouco non faltou algún exiliado que se encontrou con desfavorábeis condicións sociopolíticas no país de destino, rebelouse contra delas activamente e rematou sendo exiliado por partida dupla, véndose obrigado a unha reexpatriación forzada.[78]

3.3. Paralelamente ó xa sinalado, cómpre subliñar a excepcional importancia que no caso galego adquiren as colectividades organizadas e concienciadas de emigrantes en América, como fornecedores de recursos, canalizadores de información e pólos de atracción á hora de os exiliados escolleren, ou buscaren, un destino migratorio, complementándose co papel das redes microsociais de carácter privado. Exerceron ese papel de fornecedores de recursos mediante a constitución de organismos específicos para o envío de fondos ós refuxiados galegos nos campos de concentración de Francia, como a Central Gallega de Ayuda al Frente Popular Español, e máis tarde da Central Gallega de Ayuda a los Refugiados constituída a finais de 1938 no seo da FSG de Bos Aires. A eles sumáronse varios comités de axuda constituídos na colectividade de inmigrantes galegos da capital arxentina

[77] Rodríguez, E: *Matádeo mañá...*, op. cit., 278-79.
[78] Foi o caso, por exemplo, do carpinteiro anarquista boirense Joaquín Sánchez Patiño, fuxido e preso na Guerra Civil, embarcado ó Uruguai clandestinamente, onde se establece, reclama á súa familia e se implica no movemento *montonero*, razón pola que tivo que exilarse de novo ós EE.UU.

dende o comezo do conflicto bélico, ás veces a escala municipal ou comarcal —que en ocasións fixeron subscricións para enviar fondos a algún conterráneo do que se coñecía a súa situación nos campos de refuxiados franceses[79]—, e mais a actividade frenética da propia FSG como dinamizadora dos organismos arxentinos de axuda á República española. A Central Gallega, amais de xestionar varios permisos de residencia e financiar pasaxes, conqueriu tamén que o Goberno chileno autorizase a entrada de varios grupos de exiliados dende Santo Domingo a Chile; e atendeu os pasaxeiros galegos do buque Massilia, chegados a Bos Aires en novembro de 1939 con destino inicial a Chile, pero que puideron ficar no país gracias á campaña de prensa do xornal pro-republicano *Crítica*.[80] En Montevideo, amais de a Casa de Galicia figurar entre as entidades que deron nacemento ó Comité Nacional de Ayuda a la República Española, constituíuse a Organización Republicana Gallega de Ayuda al Pueblo Español.[81] Tamén foi salientábel a actividade desenvolvida no mesmo senso polo Frente Popular Antifascista Gallego (FPAG) de Nova York fundado en decembro de 1937 como sección das Sociedades Hispanas Confederadas, que chegou a contar con varias filiais no Estado de Nova York, en Filadelfia e Boston, e contribuíu grandemente a fornecer fondos para a evacuación a América de refuxiados galegos e españois nos campos de internamento franceses. De feito, dos cartos recadados e enviados ó SERE polo FPAG non todo se destinou a repatriar a exiliados galegos cara a México e República Dominicana, como en principio era o propósito de Castelao e outros dirixentes da Fronte, quen aducían que, se a maioría dos españois residentes en EE.UU. que fixeran doazóns para a causa republicana eran galegos, de xustiza era que unha boa parte deses recursos se destinasen a axudar ós refuxiados galegos en Francia.[82]

---

[79] Vid. unha descrición en Montenegro, S. (1997): «Republicanos, gallegos y socialistas en la Argentina: la organización de los Comités de Ayuda a la República durante la guerra civil española», en VV.AA., *Historia Nova IV*, Santiago de Compostela, AGH, 267-80.

[80] Núñez Seixas, X. M. (1992): *O galeguismo en América, 1879-1936*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 301-05.

[81] Vid. as memorias de Antón Crestar, reproducidas en Sixirei, C. (1988): *A Emigración*, Vigo, Galaxia, 183-226; algúns datos tamén en Rodríguez Lago, J. R. (1998): «A comunidade española no Uruguai e a causa da II República», *Estudios Migratorios*, 5, 53-90.

[82] Cf. cartas de Castelao, José Asensio e Ramón Mosteiro a Diego Martínez Barrio, s. l. (Nova York), s. d. (ca. abril 1939), e mais a Augusto Barcia, Bibiano F. Ossorio-Tafall e Casares Quiroga, s. l. (Nova York), s. d. (ca. abril de 1939), en *Epistolario*, 291-93. O antigo secretario da Xunta Xeral Executiva do PG en Barcelona durante a guerra, o viveirense Xoán Xosé Pla, laiábase en setembro de 1939 das desviacións de fondos recadados polos galegos de Nova York e Bos Aires e entregados ó SERE, de

Certamente, a existencia desas macroorganizacións foi fundamental para que determinadas personalidades políticas do exilio galego se radicasen en América, coma o mesmo Castelao, Bibiano Fernández Ossorio-Tafall ou Basilio Álvarez, Marcial Fernández ou Suárez Picallo. Mais, igualmente, as sociedades de instrucción galegas, nomeadamente as da Arxentina, xogaron un sobranceiro papel como pólos de atracción e fornecedores de recursos a escala máis reducida, recadados mediante subscricións e festivais.[83] A fin de contas, se entre os seus fins se contara tradicionalmente a repatriación con pasaxe subsidiada dos asociados en situación indixente, ¿por qué non ían poder facer o propio á inversa, levando a Bos Aires a exiliados da súa localidade? Así aconteceu en varios casos. Por exemplo, Manuel Mariño Méndez, alcalde socialista de Salvaterra de Miño en 1931-34 e 1936 e antigo delegado en Galicia da sociedade bonaerense Unión Progresista de Salvaterra de Miño, foi acollido polos seus conterráneos logo da súa fuxida a Portugal e embarque clandestino cara a Bos Aires; a sociedade Parroquias Unidas de Cotobade arroupou o seu conterráneo Aquilino Couto, fuxido a través de Portugal no 1936. E o propio fixo a fondamente esquerdista e republicana Unión del Partido Judicial de Órdenes de Bos Aires (constituída no 1938, resultado da fusión de varias entidades da bisbarra) con Manuel García Gerpe, avogado republicano e alcalde de Ordes, quen foi reclamado dende a República Dominicana.

Este factor, a dispoñibilidade de pólos de atracción en América producto da emigración anterior a 1936, e a abundancia relativa de redes microsociais (formais —cristalizadas dalgún xeito institucional, como unha asociación— ou informais) que ligaban as parroquias de acá e acolá,[84] tamén tiña outra consecuencia. O exilio galego á Arxentina e Uruguai tivo, en comparanza co conxunto do exilio republicano

xeito que «Os de New York [o FPAG] tiñan diñeiro para máis de 1000 pasaxes e non poideron embarcar máis que uns 200. Ao SERE sobranlle cartos», en beneficio de corruptelas e de beneficiarios que non serían galegos. Vid. carta de X.X. Pla ó "Irmán presidente do Grupo Galeguista de Bos Aires", Melun, 2.8.1939, en Fundación Penzol-Fondo Castelao (FP-FC).

[83] Por poñer un exemplo, o *Centro del Ayuntamiento de Gomesende* en Bos Aires recadou cartos en agosto de 1941 para axudar a Antonio Pereira Álvarez, refuxiado nun campo de concentración da Francia. Igualmente, a sociedade *Pro-Escuela en Bandeira* de Bos Aires recadou cartos para pagar a pasaxe a Chile no *Winnipeg* dende Francia de Ramón de Valenzuela, quen non tería partido para continuar a loita. Cf. *Galicia*, Bos Aires, XIX: 738, 2.8.1941, p. 10, e F. Valenzuela Villaverde, «Limiar», en Valenzuela, R.: *Era tempo.....*, op. cit, 11.

[84] Durán, J. A. (1982): «La parroquia de acá y de acolá en la Galicia tradicional», en *Indianos. Monografías de Los Cuadernos del Norte*, páxs. 63-68.

español —e deixando á parte o particular caso vasco, favorecido pola actividade do Comité Pro-Inmigración Vasca e os Decretos do presidente Ortiz en 1939, permitindo a entrada de case 1.500 exiliados vascos na Arxentina—, un perfil social relativamente menos elitista en relación coa colectividade de inmigrantes "económicos" xa establecida que o sinalado para o conxunto dos exiliados españois na Arxentina, e para América en xeral coa relativa excepción de Chile.[85]

Só estamos en condicións de formular esta afirmación como hipótese, pois os datos que podemos ofrecer en conxunto son aínda incompletos. Igual que no caso global español, tiveron certamente máis facilidades para ir a América aqueles que eran considerados man de obra atractiva, pola súa cualificación, para os países receptores (profesionais, profesores universitarios, etc.). Mais, con todo, unha primeira lectura suxire que a porcentaxe de labregos e mariñeiros, e de obreiros cualificados e non cualificados, entre os exiliados galegos na Arxentina é maior que no caso de México. O que os achegaría máis (sen por iso desaparecer a distancia) ó perfil social medio dos inmigrantes galegos na República Austral. No caso dos exiliados galegos a México sobexan nunha meirande porcentaxe, sobre todo, os profesionais liberais (médicos, avogados, farmacéuticos, etc.), peritos mercantís, mestres e profesores, amais de cadros políticos, e só en menor medida aparecen representados mariñeiros, labregos e obreiros manuais non cualificados. Pola contra, o perfil social orixinario dos inmigrantes galegos en México denantes de 1936 era clásico: campesiños e xornaleiros, dos que a inserción socioprofesional naquel país se realizara sobre todo nos ramos do comercio polo miúdo, chegando a ter unha salientábel importancia económica, malia a súa escasa contía numérica.[86]

Igual que no resto do exilio republicano español, en comparanza coa Arxentina apréciase claramente unha estructura ocupacional máis modesta no caso dos exiliados evacuados por medio do SERE e da JARE de xeito organizado a México, Cuba e Santo Domingo, onde tamén primou o feito de estar enrolado en organizacións políticas. Dende eses destinos, e nomeadamente dende Santo Domingo, os exiliados dirixíronse na súa maioría a outros lugares, no caso

[85] Schwarzstein, D.: *Entre Franco y Perón.....*, op. cit., 42-43.
[86] Cf. Villaverde García, E. (1998): «La emigración gallega a México, 1878-1936», Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela.

dominicano pola mudanza de actitude da política da Dictadura de Trujillo cara ós refuxiados republicanos españois, que levou ós máis connotados politicamente a procurar que se lles transladase a outro país. Foi o caso de Suárez Picallo, por exemplo, quen recalou en Chile gracias ó apoio do embaixador chileno naquela illa.[87] O "pingueo" de exiliados antifranquistas posterior a 1939-40 tendeu a dirixirse con máis claridade cara á Arxentina, seguindo a tendencia tamén observábel no exilio republicano español en xeral.[88] É certo tamén contribuíu a manter ese pingueo, sobre todo a partires de 1946, a existencia de axudas institucionais por parte de organizacións internacionais. Velaí o caso do Comité Intergobernamental dos Refuxiados, creado en Londres no 1938 e transformado na Organización Internacional para os Refuxiados [OIR] no 1946, do que dependía en Francia a Oficina Central para os Refuxiados Españois constituída en xuño de 1945. Tamén xogou un papel a asistencia prestada por algunhas organizacións cristiás de carácter humanitario coma os cuáqueros ou o American Christian Committee.

As oportunidades de cadaquén nos países receptores dependeron de múltiplos factores, pero no esencial foron semellantes ós de calquera inmigrante: unha ecuación entre os seus coñecementos, bagaxe formativa e cualificación profesional, e mais os seus coñecidos, as redes sociais en que apoiárense. En xeral, e coma no caso dos emigrantes, pódese afirmar que a inserción sociolaboral foi máis favorábel para aqueles de meirande formación e sen seren demasiado avanzados en idade para o mercado laboral, e que dispuxesen de redes de apoio (familiares, comunitarias e de paisanaxe, profesionais ou políticas) nos países receptores. Os intelectuais, profesores e universitarios acharon na súa maioría un acubillo

[87] A anguria perante a ameaza de entrega ás autoridades franquistas por parte do Goberno de Trujillo está presente en varias das cartas enviadas por Suárez Picallo a Eduardo Blanco Amor dende Ciudad Trujillo, despois dun intre inicial (outono de 1939) no que amosaba confianza en abrirse paso no país (carta do 19.10.1939); en febreiro de 1940 (carta do 27.2.1940), a certeza de que o réxime de Trujillo buscaba un acordo comercial coa España franquista, e de que ésta lle pedía como xesto de boa vontade a extradición de 123 refuxiados, entre eles o de Sada, espertou os seus temores; finalmente, en setembro de 1940 (carta do 4.9.1940), a bordo do barco "Cristóbal", Suárez Picallo amósase aliviado de ter saído do «infierno que es Santo Domingo», onde ficaban 1.700 españois, gracias ó ministro de Chile na illa, que lle facilitou un pasaporte semi-oficial e os visados de tránsito por Haití e Panamá «vedados, a todo viajero europeo, sobre todo si es refugiado». O seu propósito era ir a Bos Aires, o que non conqueriría ata varios anos máis tarde, pois, ó dicir de Castelao, no 1945 «non foi posible arranxarlle os papeis necesarios» dende a capital arxentina (as cartas de Suárez Picallo en BDPO-FBA; carta de Castelao ós irmáns do interior, Bos Aires, 5.7.1945, en *Epistolario*, p. 540).

[88] Schwarzstein, D.: *Entre Franco y Perón....*, op. cit., 93-94.

relativamente favorábel e dispuxeron de oportunidades para exercitaren en novos contextos a súa profesión. Pero os perfís prosopográficos dispoñíbeis tamén semellan indicar que, sobre todo na Arxentina, Uruguai e México, exiliados cunha formación como obreiros cualificados, empregados, artesáns ou mesmo de orixe labrega puideron labrarse un futuro como pequenos comerciantes, industriais, artesáns e empregados. A eso, sobre todo no caso mexicano, terían contribuído non pouco as axudas e empréstemos da JARE para estableceren pequenos comercios ou industrias, así como os fondos investidos polo propio SERE para fundar empresas nas que traballaron tamén numerosos exiliados. O pequeno comercio era unha opción máis atractiva, con todo, para os expatriados españois, sobre todo para os de certa cualificación, pois os soldos industriais en México eran baixos en comparanza con España.[89]

A variedade das traxectorias, en todo caso, semella ser tan ampla coma no caso da emigración. A gama abranguería dende o exiliado socialista vigués Marín, carniceiro de profesión, que en Cuba instalou unha fábrica de embutidos derivados do porco, tendo como distribuidor na Habana a outro exiliado socialista,[90] ata o éxito comercial do galeguista Elixio Rodríguez e varios dos seus compañeiros no México dos anos corenta e cincuenta. Pasando por biografías menos afortunadas do punto de vista da súa mobilidade social, como as dos poucos que ficaron en Santo Domingo, a de Ramón de Valenzuela ou a de Xerardo Díaz Fernández, mestre e oficial de xulgado, amais de procurador, que dende a súa chegada no 1951 a Montevideo, con 44 anos cumpridos e con redes febles nas que apoiarse, tivo que traballar de dependente de comercio, sereno e porteiro, ata xubilarse como contábel.

Cumprirá, con todo, profundizar neste derradeiro aspecto, tendo en consideración aspectos que sobardan o ámbito galego e español, e que se vencellan claramente cos círculos e redes sociais dos países receptores. Por exemplo, ¿Cál foi o papel da masonería, moi influente nos círculos republicanos de inmigrantes galegos, á hora de procurar traballo ós novos chegados? ¿Ata qué punto foi unha vantaxe, á hora de acceder a mellores recursos ou información nos países receptores, o

[89] Vid. as observacións do anarcosindicalista catalán García Oliver, J. (1978): *El eco de los pasos*, París/Barcelona, Ruedo Ibérico/Ibérica de Ediciones, páxs. 555-59.
[90] Alvarez, S.: *Memorias III....*, op. cit., 241

pertencer a organizacións incardinadas nun discurso e nunha praxe internacionalista, coma os partidos comunistas, socialistas ou anarquistas?

Outra cuestión xorde ó observarmo-las dinámicas de inserción sociolaboral. Aquela vencéllase cun clásico debate nos estudios migratorios: ¿Que foi máis importante á hora de conquerir unha axeitada inserción sociolaboral: os elos fortes, como podían ser no caso dos exilados os familiares, ou os elos febles (amizades, conterráneos, correlixionarios do mesmo partido ou facción)?[91] A análise prosopográfica semella suxerir, a respecto deste debate, que no exilio os elos fortes adquiren nun primeiro intre unha grande relevancia, máis que os febles, á hora de conquerir a entrada no país por mor das específicas e restrictivas circunstancias en que se produce a saída de Galicia e mais o ingreso no país de destino. Mais, posteriormente, son os elos febles (veciñanza, amizades, correlixionarios) os que facilitan a inserción sociolaboral dos exiliados, que en moitos casos se ve facilitada pola acollida da vella colonia de conterráneos, que lles abre os seus nichos de actividade.[92] Neste caso, confirmaríase a primacía dos elos febles á hora de facilitar a inserción sociolaboral nos novos destinos, traducidos, por exemplo, na frecuente colaboración entre os propios exiliados en empresas comerciais, industriais e (por suposto) intelectuais ou editoriais. Quizabes por esa razón os exiliados non adoitan actuar como pioneiros de novas cadeas migratorias logo de 1946, alén de reclamaren ós seus familiares máis directos. Un caso particular era o dos exiliados militantes dun partido (nomeadamente, o PCE) do que a apelación internacionalista mobilizaba redes de solidariedade eficaces noutros países, integradas por correlixionarios doutra nacionalidade. Aí o partido era máis importante cá familia.

Con todo, un debate adicional que se podería plantexar é ata qué punto a definición de elos fortes e febles que se manexa nos estudios migratorios é trasplantábel ó exilio. As experiencias compartidas da fuxida de Galicia, do combate

[91] Cf. Granovetter, M. (1974): *Getting a Job*, Cambridge, Ma., Harvard UP; Grieco, M. (1987): *Keeping it in the Family. Social Networks and Employment Change*, Nova York: Tavistock; Ramella, F. (1995): «Por un uso fuerte del concepto de red en los estudios migratorios», en Mª Bjerg e H. Otero (comps.), *Inmigración y redes sociales en la Argentina moderna*, Tandil: IEHS/CEMLA, páxs. 9-21.

[92] Amósase así claramente para o caso dos exilados cántabros en Mexico, quen se integran preferentemente en sectores coma o pequeno comercio ou *abarrotes*, vendedores de casas comerciais, e como obreiros especializados. Consuelo Soldevilla (*La Cantabria*, 174-80) calcula que un 19,67% dos exilados cántabros se integran en casas comerciais de familiares previamente establecidos.

contra do inimigo común, da saída do país, do campo de internamento, da deportación ou da viaxe, podían transformar elos teoricamente febles (camaradería, afinidade política) en fortes, ou, se se quere, confirmar a primacía que os elos construídos poden adquirir sobre os orgánicos. Xa que logo, a meirande importancia que cobran eses novos vencellos e relacións de amizade podían moi ben facer aparecer os elos familiares e/ou con conterráneos ou antigos conveciños na América como unha realidade ben máis lonxana.

3.4. Unha peculiaridade adicional foi que, a diferencia dos círculos de exiliados cataláns e vascos, o exilio galego tivo unha problemática existencia institucional autónoma. Porén, isto non quere dicir que fose inexistente. De feito, poderiámolo ubicar nun punto intermedio nunha hipotética clasificación de especificidade e dinámica autónoma que fose dun punto cero (exilio español xenérico) a un punto dez (exilio nacionalista vasco ou catalanista). A ubicación dese punto variará, con todo, segundo o país e a época que esteamos a tratar. En xeral, podemos afirmar que acadou o seu máximo no exilio galego no Río da Prata, mercé á forza do tecido societario autónomo dos inmigrantes galaicos xa establecidos e gracias á influencia relativa nel dos galeguistas. Estes estaban interesados, coma os comunistas galegos, en preservar esa especificidade mediante o mantemento de institucións propias, que aspiraban a unha integración suprapartidaria e patriótica da colectividade inmigrada (coma o Consello de Galiza, a Irmandade Galega, ou a Comisión Intersocietaria para a Conmemoración das Datas Patrióticas Galegas); así como mediante o desenvolvemento dunha cultura política específica, cimentada nunha liturxia conmemorativa e simbólica propia (os banquetes e homenaxes co gallo do 25 de xullo, do 28 de xuño ou dos Mártires de Carral, e, após 1950, o culto á lembranza de Castelao) e mais nun tecido editorial, xornalístico, radiofónico e publicístico de seu. Todo iso forxaba unha esfera pública autónoma. O exilio galeguista de Montevideo permanecerá vencellado a esta dinámica, aínda que con algúns trazos distintivos. Esta especificidade mantense, ó noso xuízo, ó longo dos anos corenta e cincuenta, para comezar o seu devalo ó longo da década dos sesenta e practicamente desaparecer na década dos setenta. Nun nivel de difusión social moito menor, e con protagonismo constante, pero esporádico, ó longo dos anos corenta, cincuenta e primeiros sesenta, situarase igualmente o exilio mexicano, contando neste caso como

protagonistas ós comunistas e de xeito máis feble ós galeguistas. Pola contra, en núcleos como Chile, Brasil ou Cuba a esfera pública específica do exilio galego tendeu a esmorecer xa dende finais da década dos corenta, igual que nos EE.UU. ou en Francia.

3.5. Unha peculiaridade non exclusiva dos galegos, pero que si os distera claramente dentro do colectivo español xenérico —agás, quizabes, o caso de Chile— é o feito de os exiliados incidiren claramente nas dinámicas comunitarias e organizativas das colectividades de emigrantes galegos nos diversos puntos de América. Fenómeno que podía ter lugar no nivel da convivencia nos segmentos do mercado laboral, e igualmente na integración dos exiliados ou non nas estructuras societarias e mutualistas constituídas polos emigrantes, as cales, cómpre lembrar, non representaban á totalidade da colonia emigrante, senón a unha parte relativamente minoritaria.

Produciuse, en todo caso, unha interacción entre exiliados e emigrantes organizados que tivo varias faces e, igualmente, adoptou diversos modelos segundo os diferentes países. Iso era dependente de a) o grao de artellamento societario dos inmigrantes galegos no intre de os exiliados chegaren; b) a orientación sociopolítica predominante desas institucións societarias e mais das súas elites, e c) as estratexias dirixidas cara ó liderado da comunidade inmigrante por parte dos exiliados, nomeadamente dos seus grupos e faccións político-ideolóxicas máis representativas. Un fenómeno que non era novo: os comezos do asociacionismo galego inmigrante na Arxentina, Uruguai e Cuba estiveron estreitamente ligados á axencia como líderes étnicos de expatriados republicano-federais, complementariamente con outros actores. Agora, porén, a situación era algo máis complexa. Existían, dunha banda, elites societarias autóctonas. E, doutra banda, cos exiliados entrarán en liza novos protagonistas político-ideolóxicos, nomeadamente os comunistas. Cómpre ter en conta, ademais, que os exiliados optaron na maioría dos casos por tentaren influír ou integrárense en asociacións de inmigrantes das que a natureza era, polo xeral, mutualista-asistencial, recreativa e cultural. Con iso, víanse tamén obrigados a modularen a súa mensaxe en termos comunitarios e interclasistas, para manteren a afiliación ás entidades e o vencello territorial como elo cohesionador. Iso impuña serias eivas á conversión das entidades de emigrantes en simples plataformas de

propaganda e conscienciación política, como de feito xa acontecera con anterioridade a 1936.

Emporiso, é evidente que non todos os exiliados amosaron interese, dende finais da década dos corenta, en seguiren activamente vencellados ás actividades dos grupos políticos exiliados: unha boa porcentaxe daqueles dedicouse a reconstruír a súa vida, a tentar reagruparse coa súa familia ou a forxar unha nova. A dispersión territorial progresiva, despois dos primeiros intres do exilio, tamén contribuíu a iso. E, igualmente, é claro que non todos os exilados quixeron buscar o contacto coas colectividades de inmigrantes galegos ou españois. Polo que as observacións seguintes vanse referir, preferentemente, ás dinámicas de interacción entre os sectores organizados (e, xa que logo, visíbeis) da emigración, o que podemos denominar as colectividades emigrantes, e mais os sectores igualmente visíbeis e máis ou menos coordenados, de xeito formal ou informal (a través do mantemento de elos de amizade, ritos de sociabilidade, etc.) dos exiliados. Énos imposíbel, polo de agora, esculcarmos polo miúdo se houbo diferencias ostensíbeis entre as dinámicas de integración na colectividade de conterráneos inmigrados das diversas camadas cronolóxicas de exiliados (os fuxidos, os de 1939-40, os arribados no decurso do pingueo dos anos corenta e cincuenta, ou os exiliados chegados como emigrantes), aspecto no que cumprirá afondar no futuro.

En función da combinación dos factores aludidos, podemos identificar, a grandes trazos, os catro modelos de interacción entre colectividades inmigrantes e colectivos exiliados que a seguir expomos:

3.5.1. Nalgúns países, a penas existía comunidade organizada de galegos inmigrantes. Eís o caso de Venezuela na segunda metade da década dos corenta, onde foron chegando exiliados republicanos, quer directamente, ou reemigrados dende Cuba e Santo Domingo. As primeiras asociacións especificamente galegas que se crean xorden da iniciativa de exiliados políticos chegados dende Francia-Santo Domingo ou Portugal, esporeados polo exemplo dos galeguistas do Río da Prata. Foi, por exemplo, o caso do Lar Gallego (1945), institución recreativa e mutualista que

chegou a contar cun milleiro de socios.[93] Eses exiliados non son demasiados en número, e non abondan para, de seu, constituíren o elemento fundamental da nova comunidade de residentes no país, coma si foi o dos vascos.[94] Pola contra, as desavinzas entre dirixentes exiliados pro-cenetistas e galeguistas (Silvio Santiago) e comunistas (Manuel Gallego) levan á escisión que dá lugar ó Centro Gallego (1948), institución que tamén ofreceu servicios mutualistas, e da que de novo xurdirá unha escisión no 1956, a Casa de Galicia. Finalmente, no 1960 unificáronse as tres entidades na Hermandad Gallega, institución recreativo-asistencial e cultural da que só ficou fóra a profranquista Amigos de Santiago. Dentro daquela, porén, seguiron a convivir sectores opostos e partidarios do réxime franquista, agrupados en dúas listas opositoras ou planchas, que seguen a alternarse na actualidade con matices político-partidarios adaptados ás circunstancias de hoxe. Como exporemos máis abaixo, a perda de protagonismo dos sectores exiliados no liderado da colectividade tivo moito que ver coa arribada a partires de finais dos anos corenta dunha nova vaga de inmigrantes procedentes de Galicia, socializados nos anos de medo e fame do primeiro franquismo e entre os que non eran sobexos os desafectos ó réxime, que tenderon a substituír no liderado das asociacións ás xeracións fundadoras de exiliados. Por expresalo graficamente, neste tipo sociolóxico de inmigrante debeu pensar o poeta Celso Emilio Ferreiro, presente en Caracas entre 1966 e 1973, cando retratou os ananos da emigración.[95]

En Francia, país onde permanecerá un número importante de exiliados galegos que non puideron saír cara a América en 1939-40, onde se refuxiarán numerosos fuxidos dos anos corenta e cincuenta, e onde a colectividade galega inmigrada con anterioridade á Guerra Civil era moi escasa e sen artellamento

[93] Sobre a comunidade galega de Venezuela non contamos aínda con estudos satisfactorios. Vid. emporiso Campos Álvarez, X. R. (1996): «Los orígenes del asociacionismo gallego en Venezuela (1945-1960)», *Minius*, VIII (2000), 223-39, e Contiñas: *Gallegos*...., op. cit. Vid. tamén Noya Gil, J. (1980): *Fuxidos*, Vigo, Galaxia**.** Claro que o panorama sobre o exilio español en Venezuela tampouco non é máis alentador: cf. unicamente Grases, P. (1995): *Venezolanos del exilio español*, Caracas: ICI; Sanz, I. (1995): *El exilio español en Venezuela*, Caracas, Eds. Casa de España/El Centauro, 2 vols., e. Martín Frenchilla, J. J (1998): «Sin solución de continuidad: exiliados e inmigrantes españoles en la construcción de Caracas: 1936-1958», *Exils et Migrations Ibériques au XXe siècle*, 5, páxs 207-48.

[94] Cf. San Sebastián, K. e. Ajuria, P (1992): *El exilio vasco en Venezuela*, Vitoria, Gobierno Vasco.

[95] Cf. Silveira, A. [C. E. Ferreiro] (1968): *Cantigas de escarnio e maldicir*, Caracas, Nós. Para o contexto da estadía de Ferreiro en Venezuela, vid Alonso Montero,. X. (1995): *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, páxs. 157-69.

societario digno de mención, os exiliados tenden a integrárense nos círculos de sociabilidade e institucións propias dos exiliados republicanos españois, ou nas institucións españolas en xeral. Non obstante, nas primeiras asociacións galegas que nacen en París na década dos cincuenta, como na Casa de Galicia posterior, os exiliados republicanos e, nomeadamente, comunistas xogarán un papel sobranceiro.[96] A diferente inserción sociopolítica dos galegos na emigración europea da década de 1960, con meirande presencia de obreiros fabrís non cualificados ou semicualificados, explica tamén que boa parte dos emigrantes económicos, que entran en contacto co sindicalismo nos países de acollida, sintonice cos exiliados que militan nestas institucións.

3.5.2. Noutros países, o artellamento societario dos inmigrantes era moi tupido. Existía así un mesto tecido de organizacións mutualistas, político-culturais e recreativas nas que os simpatizantes coa causa republicana xogaban un claro papel director. Así acontecía no Uruguai, nos EE.UU. ou, probabelmente o exemplo máis claro, na Arxentina, que veu ser o auténtico centro político do exilio galego, por mor da meirande entidade social e contía da súa colectividade galega inmigrada. Nestes centros, nomeadamente na Arxentina, existían unhas elites dirixentes de extracción social diversa, certo capital cultural e relacional e orientación política comprometida, o que posibilitou a súa fusión e colaboración «chea de fogaxe e de rexa postura enxebre»[97]. Pero esa colaboura tamén é extensíbel ás elites societarias de orientación esquerdista (socialista, comunista ou sinxelamente republicana) agrupadas en numerosas asociacións microterritoriais (sobre 300) e na FSG constituída no 1921. De feito, os exiliados nunca foron abondos para constituíren o groso da afiliación deses centros, como si aconteceu cos exiliados vascos que pasaron en masa a faceren parte do centro Laurak-Bat, do que boa parte dos socios pro-franquistas se deran de baixa.[98]

No caso da Arxentina, de feito, a chegada dos exiliados repercutiu no proceso de reorganización e reartellamento societario da colectividade inmigrante que xa

[96] Cf. o traballo inédito de González Parente, Mª L. (2001): «La emigración gallega a Francia», USC.
[97] Cupeiro, B.: *A Galiza....*, op. cit., 137.
[98] Cf. Cava Mesa, B. et al.(1992): *La sociedad Laurak Bat de Buenos Aires*, Vitoria: Gobierno Vasco.

comezara con anterioridade á Guerra Civil. Este fora consecuencia da constatación da progresiva inviabilidade económica de entidades de ámbito inferior ó comarcal, sobre todo por mor das baixas do número de socios após 1929 —consecuencia da diminución do fluxo migratorio, así como da crise económica dende ese ano—, e mais da nidia conformación de bandos político-ideolóxicos organizados no seo das elites da colectividade, acentuada pola intensa mobilización inducida polo movemento de solidariedade coa República española. A grandes trazos, podemos sinalar que:

a) os exiliados de tendencia esquerdista tenderon a converxer cara á FSG, reunificada no 1937 logo da súa escisión entre galeguistas e socialistas no 1929, e dentro daquela gañaron peso as novas posturas pro-comunistas, diminuíndo en troques o influxo directo dos galeguistas; e

b) os exiliados de tendencia galeguista, e algúns dos de tendencia republicana, apoiaron o proceso de constitución dos Centros Provinciais a partires da fusión de sociedades microterritoriais, comezando polo Centro Ourensán (1941), continuando polo Centro Pontevedrés (1942), o Centro Lucense (1942) e mais o Centro Coruñés (1950), considerados pasos intermedios para a constitución dunha grande entidade galega que estendese a súa actividade ós eidos político e cultural, deixando o ámbito do mutualismo para o Centro Galego. Con todo, as entidades locais non desapareceron, e esa estratexia enemistou ós exiliados galeguistas cos dirixentes da FSG e, mesmo, con galeguistas porteños coma Blanco Amor.

A mi juicio los dos aspectos más interesantes y genuinos de las manifestaciones culturales de los españoles exiliados en suelo francés fueron las actividades desarrolladas en los campos de concentración ("cultura de los campos") y las que llevaron a cabo los libertarios. En Francia el anarquismo tenía poco arraigo si lo comparamos con el socialismo y el comunismo. A ello había que unir la imagen negativa que se tenía de los libertarios y que, en el caso español, se alimentó durante la guerra civil de una opinión pública y una prensa adversas. Esta circunstancia de rechazo unida a la propia del exilio acentuó el sentimiento de comunidad, de colectivo cerrado e independiente, que siempre ha latido dentro del movimiento libertario. Durante la guerra y después en el exilio se produjeron en su seno y en un nivel político una serie de escisiones y rupturas, que no afectaron a esa devoción hacia la cultura sentida por los anarquistas de toda época y lugar; una cultura concebida como lazo de unión entre ellos, y como medio de reafirmación de ideales y fidelidades, de confraternización y solidaridad.

[187] DREYFUS-ARMAND, G. (1999): *L'exil des républicains espagnols en France. De la Guerre Civile à la mort de Franco,* París, Albin Michel, pág. 272 y ss.

La tradición cultural anarquista asumió desde sus orígenes la herencia del pensamiento ilustrado que consideraba la educación como la verdadera garantía del bienestar social. La pasión por los libros, por aprender, había producido un doble fenómeno que encerraba en sí una paradoja, pues por una parte tendieron a adoptar e imitar manifestaciones de la cultura burguesa de los siglos XVIII y XIX, a la vez que escritores y artistas "proletarios" expresaban en sus obras los deseos de revolución social y emancipación de la clase a la que pertenecían.

La cultura anarquista presentó siempre un carácter popular y autodidacta, en donde la imagen y la oralidad tenían una gran fuerza como instrumentos educativos. A través de postales, sellos, carteles o de los famosos calendarios de SIA (Solidaridad Internacional Antifascista), editados desde 1949 hasta hoy, se transmitía todo un mundo de ideas y valores. Así, los grandes principios del Conocimiento, la Verdad, la Razón, la Justicia...; las efigies de apóstoles como Bakunin, Eliseo Reclus, Francisco Ferrer o los principios de idealismo y libertad de las representaciones de Don Quijote arremetiendo contra los molinos de viento o Hércules rompiendo las cadenas. Esta importancia dada a la imagen como medio simple y directo de formación, se proyectó también en los numerosos concursos de dibujos, caricaturas o carteles que se convocaban o en las Exposiciones de Arte Español en el exilio que se organizaron, la primera en febrero de 1947.

El aspecto de la oralidad se reflejó en el valor dado a la palabra que se escuchaba en meetings, charlas, conferencias... impartidas en los ateneos u otros centros asociativos, pero también al aire libre en las "jiras". Además estaban las publicaciones periódicas que revistieron una importancia excepcional, al igual que los folletos y libros que se editaban en las imprentas y editoriales creadas por los propios anarquistas. Otra manifestación cultural muy querida siempre en el mundo libertario ha sido el teatro. En París y otros lugares del Mediodía de Francia surgieron cuadros artísticos con actores amateurs que representaban obras del llamado teatro social y revolucionario, junto con espectáculos de variedades que entusiasmaban al público. Estas representaciones presentaban un carácter social, a la vez que se concebían

como actividades formativas y lúdicas que congregaban y unían a las familias libertarias[188].

Ya desde finales de los años cincuenta las manifestaciones culturales colectivas de los exiliados empezaron a decaer al compás de los cambios que se producían en el seno de las sociedades en las que vivían, las relaciones más fluidas con el país de origen con viajes frecuentes de ida y vuelta y en algunos casos retornos definitivos, y la avanzada edad de la primera generación. El problema, si es que puede considerarse como tal, se trasladaba ahora a los hijos. Estos habían sido educados en instituciones de los países de acogida (salvo en el caso de los hijos de exiliados en México educados en colegios que éstos últimos crearon "ad hoc"). Por otra parte, no sentían como propias las actividades de sus padres en las que había un compromiso político como punto de partida ligado a un acontecimiento que ellos no habían vivido de forma directa. Era la historia de sus padres, no la de ellos, aunque esa historia hubiera marcado sus vidas, sobre todo al trasmitirles una doble identidad. Muchos habían partido al exilio siendo niños, no eligieron ni fueron conscientes del porqué de esa partida. Su país fue en gran medida aquél que les acogió, pero, sin embargo, su tierra natal permaneció anclada en su interior mientras iban creciendo. En la actualidad, la mayoría de los hijos de los republicanos que no retornaron en los primeros momentos, tienen su vida y se sienten ciudadanos del país que acogió a sus padres, no se les puede aplicar las categorías de emigrado o exiliado, pero paradójicamente son un poco ambas cosas y también saben de añoranzas y nostalgias, porque esta es la herencia de todo exiliado y emigrado a sus descendientes.

[188] Pueden verse: DOMERGUE, L. y LAFFRANQUE, M.: "Les Espagnols exilés à Toulouse et la culture: l'exemple des libertaires", en DOMERGUE, L. (ed.) (1999): *L'exil Republicain espagnol à Toulouse, 1939-1999,* Toulouse, PUM, pág. 191-206 y ALTED, A. (1998): "El teatro en los medios libertarios del exilio en Francia, 1945-1960, en AZNAR SOLER, M. (ed.): *El exilio literario español de 1939*, Barcelona, Associació d'Idees-GEXEL, vol. 2, pág. 449-464.

COMUNICACIÓNS

O EXILIO NAS CORRENTES MIGRATORIAS

Gabriel Álvarez Silvar

O obxectivo destas páxinas é o de aproximarse á relación entre dous tipos de migracións: a iniciada por motivacións políticas e a producida por razóns económicas. A distinción entre unha e outra é artificiosa desde o punto de vista demográfico, pois en última instancia tódalas migracións son políticas, pois políticas son, por exemplo, as decisións de regular fluxos de poboación entre fronteiras. Soamente debe tomarse esta distinción coma un simple criterio operativo ou clasificatorio: unha débese á persecución política e outra ás necesidades de traballo.

Acostúmase a asocia-los movementos migratorios ós vencellados a necesidades de traballo, deixando de lado ós iniciados por outros motivos, como é o caso dos refuxiados e dos exiliados. Mais cómpre citar o estudio pioneiro, dirixido polo antropólogo Michel Kenny (1979), sobre ós refuxiados españois en México tralo conflicto do 36; baseado en testemuñas orais, comproba que a vida dos exiliados era moi similar á dos emigrantes tradicionais. Os desprazamentos de poboación por persecución política ou relixiosa son menosprezados dende o punto de vista analítico. Por un lado débese á difícil avaliación do volume migratorio: en circunstancias bélicas o control de saídas ou entradas de poboación non é precisamente a atención prioritaria dos gobernos. Por outra, as cifras tenden a distorsionarse por motivos propagandísticos sexa dun bando ou doutro. Sinalemos que na actualidade unha boa parte das migracións débense a conflictos bélicos ou a motivos de persecución política, relixiosa ou étnica. Hai soamente cinco anos, en 1996, vintesete millóns de persoas no mundo estaban baixo o amparo do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados.

O exilio iniciado coa Guerra Civil española non sería máis que o preludio dos desprazamentos producidos pola Segunda Guerra Mundial. De feito, o movemento de fronteiras causado por esta contenda levaría a un inxente transvase de refuxiados no mundo. Desprazamentos que anteceden ás migracións económicas dos anos sesenta e setenta. Caudet cifra os refuxiados permanentes despois do fin da Guerra Civil nunhas 200.000 persoas (1997, 86)[189]. Mais as súas repercusións faríanse notar décadas máis tarde.

1. ÁMBITO DO ESTUDIO

A información manexada neste texto é biográfica. Forma parte dunha investigación máis ampla baseada en relatos de vida feitos a antigos emigrantes residentes en Galicia, para a que collera testemuñas orais sen distinguir as causas do desprazamento. Un obxectivo inicial fora o de coñece-las causas da emigración e as argumentacións que os seus protagonistas facían sobre o tema. Partía da hipótese de que a principal razón para saír dos antigos residentes no estranxeiro fora, sobre todo, económica. Pero interesábame coñecer a percepción daqueles que partiran por outras razóns. Atopei así o caso dun emigrante que marchara por mor da mediación dun irmán seu exiliado en Australia, Juan García Durán. O refuxio e a necesidade económica encárnanse nas vidas destes irmáns, que centran o tema da nosa comunicación. Pero as repercusións da Guerra Civil non só se sentiron nunha primeira vaga migratoria, senón que chegaron alén no tempo. É o caso dos que marcharan por razóns políticas como Luís González Blasco e Suso Vaamonde. Ámbolos dous naceran despois da Guerra Civil e partiran en diferentes épocas: o primeiro no franquismo e o segundo durante a transición política.

Dunha banda, cómpre destaca-lo papel do exilio galego na aparición de correntes migratorias cara a novos destinos fóra dos tradicionais. Así, nos anos trinta e na posguerra mundial, os habituais países receptores da emigración galega (Arxentina, Cuba, Uruguai) pecharan as súas fronteiras á inmigración en masa, e nas dúas décadas seguintes permitían entrar soamente a quen tivese

[189] Tamén pode verse unha evaluación da enxurrada con resultados similares en Soldevilla (2001, 63-70).

unha carta de chamada ou ben a persoal cualificado. Por isto, a Guerra Civil levará ós exiliados a diferentes lugares do mundo. Só nos anos cincuenta unha porta se abría en Venezuela, en pleno crecemento pola explotación do seu petróleo, país ao que irían miles de galegos antes de que aparecese a alternativa dos países europeos[190]. Estes serían o punto de referencia dos seus familiares e veciños e coñecidos, que verán neles unha saída á fame e a miseria económica de posguerra, establecéndose cadeas migratorias.

Por outra banda, abórdase a relación entre exiliados e emigrantes económicos. Os motivos da emigración -políticos dunha banda e económicos pola outra-, perfilan a cualificación dos trasterrados e explican o seu grao de activismo nas sociedades receptoras. O caso de Luís González Blasco "Foz", fuxido a Francia nos anos sesenta, amosará as similitudes entre o emigrante económico e o político ou refuxiado. Diferencias que se completarán coa testemuña do cantante Suso Vaamonde, quen marchara a Venezuela xa restaurada a democracia. Estes dous non cabería consideralos como exiliados propiamente ditos, senón como refuxiado o primeiro e fuxido o segundo. Sinalemos que a saída de Vaamonde, segundo el mesmo, fora motivada pola desconfianza do funcionamento das recentemente estreadas institucións democráticas trala súa condena por "injurias a la patria" nun recital en Pontevedra[191].

2. DO EXILIO Á EMIGRACIÓN: APARICIÓN DUNHA CADEA MIGRATORIA

Iniciamos a análise da relación entre exilio e emigración facendo unha breve síntese biográfica[192] de Luis Costa García -Juan García Durán na clandestinidade- (Vilaxoán de Arousa en 1915-Alicante, 1986). Dirixente da CNT, é detido ao estralar a Guerra Civil e condenado a morte, pena que lle conmutarán. En 1943 sae baixo liberdade vixiada da cadea e se establece na

[190] Máis detalles poden consultarse en ÁLVAREZ, 2001b.

[191] Suso Vaamonde fora condenado a seis anos e un día de cadea por unha canción interpretada nun recital en Pontevedra en 1979, sentencia que recurrira ó Tribunal Supremo (ÁLVAREZ, 2001ª, 429).

[192][192] Pódese obter máis información en COSTA ALCALDE (2001, 7-15), HARMUT (1982, 94-102) e tamén no artigo de FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, M. (1979, 174-176).

Coruña. Participa na reorganización da Confederación Regional Galaica, á que representa como delegado no Pleno Nacional da CNT en Madrid en 1944. Ó decatarse a policía da súa actividade, refuxiase e acocha nesta cidade en 1945. Alá consegue un emprego e substitúe interinamente a Manuel Fernández, perseguido pola policía, nos cargos de secretario do Comité Nacional da CNT e no Consejo Nacional de Alianza de Fuerzas Democráticas, que representaba a tódolos partidos de oposición, deica comezos de 1946. Pasa a Francia como delegado destas dúas entidades para entrevistarse con Giral, presidente do goberno republicano no exilio, e analizalas posibilidades de derrocar a Franco. Regresa a España e informa das entrevistas mantidas con Giral, Prieto, Leiva e La Pasionaria. A raíz do Pleno Nacional convocado en Madrid para informar da precariedade do Goberno Giral, prodúcense unha serie de detencións, entre elas a de Juan García Durán (pseudónimo que adoptara na clandestinidade). Intenta fuxir pero é ferido, polo que ingresa nun hospital no que intentará outra vez a escapada. Envíanno ó cárcere de Alcalá de Henares onde o condenan a morte, pena que lle conmutan por segunda vez. Pasa ó penal de Ocaña e logo ó de Dueso; a fins de 1948 trasládano ó Hospital Penitenciario de Madrid para opera-lo, de onde se fuga. Marcha a Francia e refúxiase en 1950 en Australia. Alá casa coa cónsul francesa e trasládanse a Estados Unidos e Uruguai -onde promovería a creación da cátedra de Lingua Galega na Universidade de Montevideo- para voltar ó primeiro país. Establecerase en Houston, onde se converte en asesor da Library of Congress de Washington, posto que mantén ata a xubilación en 1979, data na que regresa a España, residindo ate o seu pasamento en Alacante en 1986. Antes doutorárase na Universidade da Sorbona en 1975, mostra da súa inquedanza cultural.

Di Alejandro Portes que a saída de individuos illados é algo excepcional nas migracións internacionais (1995, 23). É dicir, a xente non marcha ó chou, senón que sae en grupos ou ben seguindo a outros da mesma orixe. No caso que nos ocupa, un primeiro trazo rechamante na traxectoria de García Durán é o destino unha vez fuxido en Francia. O peche de fronteiras nalgúns destinos tradicionais da emigración galega (como Arxentina ou Cuba), fai que se probe fortuna en novos países; Menéndez (1993) cita o caso de pescadores malpicáns

en Perú. Noutros casos, a intervención de organismos internacionais facilitarán esta ubicación. Así, Costa García, ou García Durán, marchará cara a Australia gracias á International Refugees Organization. Este organismo creárase en 1947 e existiu ate 1952 para a protección internacional dos refuxiados, como institución especializada, non permanente, dentro do sistema das Nacións Unidas. En 1949 a AseBruxelasmblea Xeral das Nacións Unidas establecera o Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados. En 1951 a raíz da Conferencia de Bruselas créase o Comité Intergubernamental para as Migracións Europeas (CIME), que anos máis tarde daría paso á Organización Internacional para as Migracións. ACNUR e CIME asumirán as tarefas da I.R.O., encargado o primeiro da protección e asistencia ó refuxiado e o segundo do traslado e asistencia ó inmigrante.[193] De feito, o CIME nos anos cincuenta trasladou uns 406.000 refuxiados, desprazados e emigrantes económicos desde Europa ós países transoceánicos. A I.R.O. non só tivo un papel crucial no destino de García Durán (2001, 253), senón que tamén foi decisiva para o mariñeiro de O Grove Juan Aguiño, caso recentemente estudiado, a quen lle facilitou o traslado dende Francia cara a Guatemala en 1948[194].

Ó falaren de migracións adóitase pensar en individuos solitarios, tal como aparecen nos rexistros estatísticos. Mais o proceso migratorio afecta non soamente ó que marcha, senón que implica ó seu grupo familiar e o seu entorno social próximo. Dentro destes grupos tómase a decisión de emigrar, pois son os que aportan os recursos materiais (billetes da pasaxe, diñeiro) e sociais (facilitan a inserción do inmigrante na súa chegada por medio do contacto con outros familiares ou paisanos chegados con anterioridade). A chamada dun pioneiro no país de destino creará unha cadea migratoria. Se no iniciador -García Durán- salva-la vida e acada-la liberdade fora o motivo da súa saída, a necesidade de procurar un sustento será o que empuxe ó seu irmán e a outros paisanos e veciños a segui-los seus pasos. Imos velo proceso nas propias verbas do informante, José, irmán de Juan García Durán:

[193] Véxase MÁRMORA (1997, 263-264).
[194] Vide LUIS MARTÍN e ARIAS MARTÍNEZ, 2000.

> ... el non sei como fixo, escapa da cárcel e logra marcharse para Francia. E de ahí vai a eso da liberación que, a fulanos como os rusos ou os españois, por política había esa cousa en defensa dos exiliados: "¿ti pra onde queres ir? Eu pra Portugal, eu pra..." E meu irmán colleu para Australia. Así foi por qué eu fun para Australia. Ti fíjate as voltas que hai neso. ¡Pero si hai unha chea deles en Australia de aquí por meu irmán!

Pero antes de seguir co desenrolo da cadea migratoria, botemos unha ollada á situación antes de partires cara Australia, onde estará de 1953 a 1962. O noso informante era carpinteiro, oficio de tradición familiar, que desenvolvía como asalariado nunha conserveira.

> Bueno, eu era carpinteiro. Traballei, si queres, eu marchei da fábrica Pompeán, [estuve] catro anos alí traballando. É decir, que eu marchei no 53, menos catro, empecei no 49. Bueno, eu botei catro anos alí traballando -bueno, traballaba co meu pai-, meu pai quedou sin chollo e eu tuven a suerte de coller ese chollo na fábrica Pompeán. E alí botei catro anos traballando como carpinteiro nunha fábrica de conservas. Alí se traballaba o mexillón, e tamén tiña secadero de bacalao, tamén facían bacalao

José consigue marchar gracias a un contrato de traballo en Australia obtido polo seu irmán. Mais a tramitación dos permisos para emigrar en España non era doada, tendo en conta o parentesco do solicitante cun fuxido político. O forte control ideolóxico e, sobre todo, a represión, cinguíanse de xeito abafante sobre a familia do exiliado. Vexámolo en palabras do informante:

> Bueno, o meu irmán fora a esa compañía [australiana} e dixo: "eu quero un contrato de traballo para o meu irmán, que é carpinteiro". Entonces, meu irmán fixo o contrato. E o contrato non podía ser válido porque non podía decir que era español, porque non tiña pasaporte español. El tiña pasaporte español do goberno que había no exilio en Francia, ¿enténde-la cousa? Pero en Canberra había consulado español, consulado posto por Franco. Entonces, o pasaporte do meu irmán non servía para nada. Entonces, ¿qué fai? Fai un contrato de

> traballo... Esta é unha larga historia de contar, é moi larga, moi larga. ¿Qué pasa? Cando o meu irmán me di que eu teño a reclamación de Australia, entonces eu, claro, teño que arreglar os papeles. Ahí ven o lío, o lío ven ahí. Na miña familia tiñamos un informe moi abultado; é decir, que nós éramos roxos, éramos comunistas. Para marchar para Australia inda nos costou... ¡Moitísimo traballo! Bueno, alá veu o meu pai, alá foi e mais eu á Jefatura de Policía, e non había nada que darlles. Eu tiña 13 anos cando empezou o Movimiento.(...) Pero logo, cando marchei pa´ alá xa tiña mais edad, ¿non? Pero, fundábanse [para non dar o pasaporte] en que como a miña familia, o sea, o meu irmán Luis... Bueno, meu pai tamén estaba preso, era de esquerda, dun partido republicano. E, ¿en quén repercute?, repercute nos fillos, en min. Neste caso, en min. E non mo daban [o pasaporte], non mo daban. ¡Fíjate ti, fíjate ti esta xente! Pero, ¿qué pasa? O don Arturo era o jefe da policía aquí en Villagarcía naquel tempo, pero ese don Arturo era un republicano -porque meu pai era socio do Centro Republicano de Villagarcía-, e don Arturo tamén era do republicano, e seguía ejercendo de jefe de policía. E fun e, "porque a min non me dan o certificado de penales"; porque antes había primeiro certificado de penales, e se tiñas boa conducta dábanche o pasaporte. Se tiñas malos informes, xa non che daban o certificado de penales. Bueno, déronme o certificado de penales e solicito o pasaporte...

Unha vez xa en Oceanía, José fai a reclamación doutra irmá e doutros veciños. Comenza a cadea migratoria que, agás o iniciador, extenderíase a unhas seis persoas segundo se deduce do seguinte fragmento:

> Ou sexa, toda a xente daquí que está en Australia, empezou por el.
> H.- Empezou por el. E despois reclamou á miña irmá Concha que está en Australia. Pero como meu irmán non pode, como non ten pasaporte español, non pode ir xunto ó cónsul para facer os trámites e, ¿quén podía ir?: eu. E fun coa miña irmá Concha que está en Australia. Entonces Concha reclama a un que se chama Manuel, que nós chamábamos o "Sacristán" porque sempre andaba co misal (...). E ó home gustáballe ela; era para casarse un e mailo outro. (...) E quen lle pagou a pasaje a Manolo fun eu. (...) Entón, ¿qué fai miña irmá? Colle e reclama a Manolo. Pero a cadena ven do meu irmán Luis e

> min; eu a Concha; Concha ó Sacristán; o Sacristán chama a Chuchú; Chuchú chama ós irmáns... É decir, creouse unha cadena, pero todo ven de eiquí, ¿eh?

Mesmo no barco que o levara a Australia ían outros españois que marchaban en condicións similares á súa -reclamados por parentes exiliados- e na procura dun lugar con mellores posibilidades económicas:

> Marchei no 53 -non me acordo o mes-, e xa digo, fun para Sidney, que xa estaba o meu irmán esperando. E fomos... Éramos cinco ou seis españoles, tamén, os que íbamos pa´ alá. Eran tamén por estes exiliados que estaban alá e reclamaban: unho era o pai e dúas fillas, despois a Victoria que era de Gijón, e o Rogelio, que tamén era de Gijón, e era guardia municipal. Eses foron os que fumos no barco, no "Nova Caledonia"; era mixto e pasaje. Paramos en Tahití, noutras islas mais -non me acordo-. A última foi Nueva Caledonia, que está en barco a cinco días de Australia; é unha isla francesa. Que un dos que estaba, que viña con nós, un vasco, ese quedouse en Nueva Caledonia, que se ganaba ben. Eu seguín para Australia.

As necesidades de man de obra experimentada por Australia, país promotor dunha inmigración de colonización e asentamento dende 1945[195], tradúcese en facilidades para a integración dos recén chegados. Vexamos a fascinación que lle produce a José as facilidades para a integración:

> ¿Cándo chegou a súa irmá a Australia?
> Ela chegou no 54. Eu cheguei no 53. Eu fíxenlle a reclamación a Concha, e ela chegou no 1954. E inda hoxe está en Australia. Xa va pa´ largo, ifíjate ti os anos que leva!, xa está feita unha "cangaruna". Nós chamámoslle ós australianos os "canguros". Pero eles a nós non nos chamaban emigrantes, ¡eso é unha cousa maravillosa!: chamábannos "new australians", novos australianos. ¡Esa é unha cousa maravillosa!

[195] Véxase MÁRMORA (1997, 226). Sobre a migración colonizadora, véxase ÁLVAREZ (2001b).

A vida no país de destino vai estar dedicada por completo ó traballo e ó aforro. Traballarase onde máis se poda gañar, aforrar e remesa-lo diñeiro ó punto de partida. No seguinte fragmento pódese comprobar como a estancia estará condicionada a conqueri-lo máximo aforro posible. Diñeiro que se investirá nunha casa na aldea, e nun medio de traballo para a volta. Esta estratexia migratoria, que tería o seu exemplo máis requintado na corrente cara os países europeos, é a que noutro lugar chamara "emigración planificada" ou con "retorno previsto" (Álvarez, 2001a):

> Me encontrei co meu irmán, que estaba en Canberra, e fumos para Canberra, porque Canberra -naquel tempo-, pois era como unha aldea: alí non había nada. Era a capital federal. E alí había traballo así [fai coas mans un signo de abundancia], bueno, en todo Australia. Pero aquelo era así. E alí estuven tres anos, en Canberra. Logo vino miña irmán Concha, para Canberra. (...) Alí botei dous anos, en Sidney. Logo, despois, con un que traballaba na montaña, nas centrales eléctricas, porque en Australia hai poucos ríos -un deles é o River Murray e o outro é o Victoria-, e como ten poucas aguas, entonces facían aquí unha central eléctrica. E coas aguas que pasaban deste muro de contención ó outro, facían outro moi cerca, e aproveitaban as aguas de aquí, que se desperdiciaba aquí, e a collía a outra central, que era a T1, a T2, a T3... Eso era no río R... no Snow River. Bueno, alí estuve traballando -alí ganei moitos cartos-, ganei moitos cartos, que era unha compañía americana, e traballei nunha compañía francesa. E na americana estaban metidos os americanos -que parece que son un pouco imperialistas-, pero a pagar e a comer, aquelo era... ¡Eu creo que no hotel Palace non se comía tan ben como se comía na "American"! ¡Ai, se comía...! Bueno, e se ganaban moitos cartos. Pero despois, ¿eh?, facía os cartos, si; pero se traballaba ben, e ás veces os sábados e os domingos, ¿eh?, pero se ganaban moitos cartos, moitos cartos. Se traballaban moitos sábados e domingos. Alí non se traballaba mais que hasta o viernes: de lunes a viernes. Pero...
>
> Cun vasco chamado Zubieta traballei na compañía francesa, na central eléctrica "E.E.E.". Moi ben, ganábanse moitos cartos, comíase bastante ben, pero ó lado da americana, de comer nada, ¿eh? Bueno, alí traballei hasta que a central T1 acabou o traballo. Entón fun á T2, que era donde estaban os americanos, en

River Cap -a Capmara chámanlle a luz de Australia porque é o monte mais alto-, que era donde había os barracóns. E alí, ganei más cartos en tres anos, que en seis anos en Sidney e Canberra. Traballabas sábados, traballabas domingos... Pero, bueno, en fin, é así. (...)

Obsérvese que o aloxamento estaba subordinado ó aforro. Se ben nun primeiro momento debíase ás propias esixencias da empresa, nun instante posterior a provisionalidade do proxecto migratorio levará a maximiza-los ingresos para voltar co maior aforro posible.

¿Foi difícil ou fácil atopar casa por alá?

Fácil, fácil. Fácil porque, mira: cando cheguei a Canberra había unhas barracas moi grandes. Entonces, alí era donde estaban os emigrantes, a maior parte deles. Porque en Camberra, ademais non había casas, como che digo. Entonces nos cobijábamos en "Insider Hostel" o en "Capital Hill Hostel": xa os fixeran para os emigrantes que viñan de fóra. Alí era donde estaban os alemáns, portugueses, italianos, todos os emigrantes. Entón, o ibas a "Capital Hill" o a "Insider". Despois meu irmán fixo unha casa en Street número 1; entonces, antes de face-la casa, o primeiro que fixo foi un garaje. Entonces, nós, vivíamos no garaje; claro, porque aforrábamos as catro libras que custaba o "hostel" catro semanas. ¡A economía, sempre tirando a economía! E fumos vivir pa´ alí.

O prezo a pagar para aforrar o máximo e voltar canto antes é a separación da familia. A dona do informante, presente durante a entrevista, resentíase da ausencia do home durante case nove anos. En calquera caso, quedaba xustificada pois os beneficiarios serían os fillos, o que aseguraba a promoción social do grupo familiar:

Mandaba todo o diñeiro para aquí, ¿non?

Muller.- Sí, mandábamo a min, que a min non me levou pa´ alá: non me quixo alá. Non me quixo alá, prefería andar coas australianas.

Home.- Esta miña muller non comprende a cousa. Eu traballo aquí; para ir alá hai que levar moita maleta e moito tren, ¿eh? E en Barcelona, por ejemplo, ganábase dez, e eu aquí ganaba cinco; e si estaba eu solo, podía ter mais. Si,

> alá se ganaba máis, pero tiñas a muller, entón non te podes volver, ¿non? Eso é o que che quería decir. ¡Fixen ben ou mal, non sei!
> Muller.- Os fillos xa teñen máis salida aquí, é verdad. Pero bueno, están preparados, que é o fundamental para min [os tres fillos son universitarios}.

Concluíndo, esperamos que este exemplo sirva para amosar, na medida do posible, a estreita relación entre migración política -exilio- e emigración económica. A diferencia entre unha e outra non é máis que un criterio operativo en referencia á razón da saída dos protagonistas. Imos afondar un pouco máis neste senso.

3. EMIGRANTES: EXILIADOS POLÍTICOS E EXILIADOS ECONÓMICOS

Acostúmase a pensar que os exiliados tiñan un perfil integrado por persoas moi cualificadas na súa meirande parte. Efectivamente, a Guerra Civil levou fuxir a moitos intelectuais homenaxeados neste Congreso, ademais de figuras senlleiras como Dieste, Blanco Amor, Suárez Picallo ou Castelao. A Guerra conduciu á elite intelectual sobrevivente a buscar outros países onde vivir, cando non a calar. Quizais a partida destes levou asociar no imaxinario colectivo ó exilio á alta capacidade profesional dos seus integrantes e a darlle un certo aura de mito. Esa imaxe da cualificación refórzase, posiblemente, co activismo político ou social dos exiliados. Pode que non fose alleo a isto, seguindo a Soldevilla, a actitude dos "recién llegados -fala de tódolos exiliados españois- que desde el primer momento de su llegada a tierras americanas, dejaron bien claro que ésta era una emigración diferente (...), todos los testimonios escritos de los primeros años acentúan la valoración del exilio y el exiliado contraponiendo su "calidad" a la "no calidad" del emigrante que responde a una emigración económica" (2001, 72). Seguindo na mesma liña, Francisco Caudet (1997, 86) sinala que moitas monografías sobre o exilio salientaran a cualificación dos refuxiados, e tenta perfilar os riscos principais dos integrantes do exilio nos primeiros anos e amosa unhas características que desminten tal imaxe. Así, Caudet conclúe que "el exilio republicano estuvo mayoritariamente compuesto por una ciudadanía de obreros, campesinos y

cuadros medios de distintas profesiones" (1997, 482). Soldevilla reafirma o anterior no senso de que a meirande parte do exilio estaba integrado pola clase traballadora e, nas súas verbas, por "un sector terciario que incluye a los tres grupos socioprofesionales más específicos de las emigraciones políticas: funcionarios, militares e intelectuales" (2001, 67). Mais esa imaxe de alta cualificación e de activismo político e social dos exiliados, como xa dixemos, debeu callar fondo na poboación que non fuxiu, no imaxinario colectivo. Poderíase explicar, deste xeito, o desencanto que experimentara o poeta Celso Emilio Ferreiro cando marchara a Venezuela en 1966. Este fora a Caracas como director da revista "Irmandade Galega" e escolante dun centro de ensino que viña de crear a "Hermandad Gallega". Descontento co novo Comité Executivo desta entidade, reflectiu ese contraste entre a idea coa que chegara da "Galicia exterior" e a realidade da emigración económica que atopou no seu famoso libro "Viaxe ao País dos Ananos", e o prototipo de triunfador no poema "Paco Pixiñas"[196]. Pode que se marchase cara a Bos Aires, cidade receptora de boa parte da intelectualidade galega trala Guerra Civil, e non a Venezuela -destino da emigración económica nos anos cincuenta-, tales poemas non terían sido escritos.

En calquera caso, a solución da supervivencia dos intelectuais refuxiados non se diferenciaba moito da dos outros emigrantes económicos. Temos a testemuña directa de Luís G. Blasco "Foz"[197], membro fundador da U.P.G. quen marchara a París en 1968 onde estivo dez anos, para evita-la súa detención cando tiña que incorporarse a filas para face-lo servicio militar:

> Alí, inicialmente non houbo xente alí que me resolvese os asuntos, non houbo galegos que me resolvesen o problema. E as primeiras noites que dormín en París, dormín nun refuxio da Cruz Vermella, unha especie de asilo. Iba alí á Cruz Vermella e, unha vez xa que solicitei o refuxio ou asilo político... Había

[196] Máis detalles sobre o traslado e estancia de C.E. Ferreiro en Caracas pode atoparse en SOTO (1983, 278-282).

[197] Segundo Luís Soto (1983, 264), Luís González Blasco, "Foz", fundou a Unión do Pobo Galego en 1964 xunto a X.L. Méndez Ferrín, Reimundo Patiño, Luís Soto, C.E. Ferreiro, Bautista Álvarez, Mª Xosé Queizán e Manuel Caeiro; Rubiralta menciona tamén a Xosé A. Arjona, (1998, 98).

> algunhas organizacións francesas que axudaban á xente que estaba na miña situación, e gracias a elas fun encontrando algúns traballos, algunhas cousas. Traballos bastante ruíns, de limpezas, de cousas de todo tipo. Traballei tamén de vixiante nocturno nalgúns hoteis. Despois melloraron un pouco as cousas. Entón, dentro da emigración e do exilio español, pois traballei na editorial Ruedo Ibérico, donde estiven traballando bastantes anos... En fin, así un pouco ó que saía. E ó mesmo tempo tamén estaba estudando.

Por esta testemuña, o que semella diferenciar ó intelectual refuxiado do emigrante económico é a súa valoración do traballo. Pode verse que non menciona para nada o tema económico ou o diñeiro; critica a calidade dos empregos máis que a súa remuneración, cuestión relevante -ademais- para quen estaba a estudiar na Universidade. Outro elemento diferenciador era a actividade política e cultural que mantiña. Mais pola súa testemuña, a movilización dos emigrantes era difícil, e inda máis se a conciencia de clase é feble:

> ¿Había conciencia de grupo entre os traballadores galegos en París?
> Home, non sei. Os galegos sempre cando van por ahí -vamos, a miña experiencia-, tenden a asociarse e a unirse entre eles. Que teñan despois xa unha conciencia política, e mesmo cultural -así un pouco crítica- é máis difícil. De feito, eu, a xente que traballaba conmigo, facíamos ás veces festas nas que a xente se encontraba, donde había desde platos típicos como polbo o empanada, para que a xente o pasase ben, ate bailes. E despois facíamos tamén algunhas actividades de tipo cultural: algunhas veces organizáronse clases de galego, conferencias sobre a historia de Galiza, e mesmo recitais de canción galega, de xente que estaba daquela en Voces Ceibes. (...) A xente que estaba alí era unha minoría que estaba máis politizada, que se preocupaba de eso"[198].

[198] ÁLVAREZ (2001a, 419-420).

Cómpre destacar, sen embargo, que a colonia galega en París era pequena en comparación, por exemplo, con Xenevra[199]. Xa para concluírmos esta contribución, rematemos cunha testemuña de Suso Vaamonde, que estivera refuxiado tres anos (de 1981 a 1984) en Venezuela durante a transición política, na que reflexa o contraste desa idealizada Galicia da emigración coa realidade cotián dos traballadores no estranxeiro, centrados no emprego:

> ...Esa Galicia da diáspora nunca existíu. Hai un montón de emigrantes, e existen catro emigrantes intelectuales, como pasa aquí con catro que cantamos ou que escriben en galego e tal. Pero alá non deixa de ser unha gran taberna que, ademáis é lóxico así, ún vai traballar e se olvida de todo. (...) Eu organicei actos na Hermandad Galega -unha sociedad de quince mil personas- e chamaba a ex-directivos ás súas casas porque iba Freixanes ou Manuel María, ou iba calquera, e tiña que chamalos ás súas casas para que viñeran ás conferencias; nada, cincuenta, sesenta, setenta personas... E ibas ó salón de dominó e estaba a tope[200]

[199] O asociacionismo galego nos países europeos non é comparable ó dos americanos porque estamos a falar dunha migración industrial, caracterizada pola rotación da man de obra estranxeira e suxeita ós ciclos económicos, o que dificulta o seu asentamento e, xa que logo, as agrupacións formais de inmigrantes.

[200] ÁLVAREZ (2001a, 429) Inda que non se pode considerar como exilio, en senso estricto, incluímolo nesta comunicación por ser unha migración producida por desconfianza no sistema político que se estaba asentando. Correspondería, por tanto, ó que noutro lugar (Álvarez Silvar, 2001a) chamáramos migración *forzada*, aquela na que os factores de expulsión teñen moito peso para quen a emprende, como pode ser a inseguridade ou incertidume social, política ou económica.

BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ SILVAR, Gabriel (2001a): *La migración de retorno en Galicia, 1970-1995,* Madrid, Universidad Complutense de Madrid.

ÁLVAREZ SILVAR, Gabriel (2001b): *De volta ó lar. Relatos de vida sobre a emigración ,* A Coruña*,* Ed. do Castro.

CAUDET, Francisco (1997): *Hipótesis sobre el exilio republicano de 1939,* Madrid, Fundación Universitaria Española.

COSTA ALCALDE, Mª Xosé (2001): "Limiar" en GARCÍA DURÁN (2001, 7-15).

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, M. (1979): "García Durán, Juan", en *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo XV, Santiago de Compostela, pp.174-176 .

GARCÍA DURÁN, Juan (2001): *Pola liberdade. A loita antifranquista de Luís Costa*, Vigo, A Nosa Terra.

HEINE, Harmut (1982): *A guerrilla antifranquista en Galicia ,*Vigo*,* Edicións Xerais de Galicia.

KENNY, Michel (et al.) (1979): *Inmigrantes y refugiados españoles en México, siglo XX,* México D.F., Editorial. La Casa Chata.

LUIS MARTÍN, Francisco de e ARIAS MARTÍNEZ, Luis (2000): *De O Grove a Cuba (1937-1964). Memorias de Juan Aguiño: pescador y exiliado*, Sada-A Coruña, Ediciós. do Castro.

MÁRMORA, Lelio (1997): *Las políticas de migraciones internacionales ,* Buenos Aires Ed. OIM/AE.

MENÉNDEZ VILLALVA, Luis (1993): *Toda a terra é dos homes,* Vigo, Galaxia.

PORTES, Alejandro (ed.) (1992): *The Economic Sociology of Inmigration. Essays on Networks, Ethnicity, and Entrepreneurship,* New York, Russel Sage Foundation.

RUBIRALTA CASAS, Fermí (1998): *De Castelao a Mao. O novo nacionalismo radical galego (1959-1974): orixes, configuración e desenvolvemento inicial da U.P.G.,* Santiago de Compostela, Laiovento.

SOLDEVILLA ORIA, Consuelo (2001): *El exilio español (1808-1975),* Madrid, ed. Arco Libros.

SOTO, Luis (1983): *Castelao, a U.P.G. e outras memorias,* Vigo*,* Xerais.

POLÍTICA DO EXILIO

POLÍTICA DO EXILIO

Víctor M. Santidrián Arias
Fundación 10 de Marzo

1. PRESENTACIÓN

Como ocorre con frecuencia, o autor dunha ponencia congresual arrepíntese —demasiado tarde— do título co que inscribe o seu traballo. E nós non somos unha excepción. Se ben o noso estudio aparece co título de "A política do exilio", quizais debería chamarse "O exilio da política". Explicámonos.

Ó longo das páxinas que veñen a continuación non entraremos en precisións terminolóxicas, obxecto doutros traballos. Tampouco pretendemos afondar no problema da cuantificación do exilio galego aínda que hai que partir da idea de que se trata dun colectivo numericamente menos importante ca outros[201]. Se a esa reducida comunidade de exiliados —explicable polo desenvolvemento da Guerra Civil en Galicia— engadímo-las formas adquiridas polo sistema de partidos e a súa expresión institucional antes de 1936, entenderemos moitos dos trazos da política do exilio galego. Unha política, por outra banda, que non adquire unha faciana moi distinta a do exilio español, agás nalgunhas iniciativas particulares. Nese sentido, falar do "caso galego" no que ó exilio se refire, resulta difícil.

Aínda que existe camiño por percorrer, a distribución xeográfica do exilio galego está xa esbozada e nela afondan outros traballos. Como outros grupos españois, os exiliados galegos espallároнse por Arxentina, Cuba, Estados Unidos, Francia, México, Santo Domingo, URSS..., mesmo Australia. Así pois, tampouco non será este o enfoque que lle daremos á nosa ponencia, aínda que nela haberá necesariamente referencias xeográficas.

[201]Nese sentido parécenos de grande utilidade a obra *O exilio galego. Repertorio Biobibliográfco. Unha primeria achega*, Santiago de Compostela, Arquivo da Emigración Galega-Consello da Cultura Galega, 2001.

Nin sequera abordaremos polo miúdo o proceso de reconstrucción dos partidos exiliados, ardua tarefa xa iniciada. Tampouco afondaremos en aspectos como o número de militantes, as súas formas organizativas ou a producción editorial.

A división política dos exiliados galegos —e dos españois— tinxiu todo o seu labor, dende a reconstrucción dos seus propios partidos —frecuentemente escindidos— e das institucións republicanas, ata a participación galega nos organismos unitarios españois, a creación de organismos especificamente galegos ou a reivindicación do Estatuto de Autonomía. Todo, practicamente todo, foi obxecto de división. Non é de estrañar que un dos protagonistas destes procesos, Santiago Álvarez, considerase a tarefa de uni-los galegos do exilio como un "esfuerzo ideal" (Álvarez, 1984, 102). Un historiador resume coas seguintes palabras a idea que estamos argumentando:

> Cuando los comunistas decidieron hacer una apertura a la derecha incluyendo a Gil Robles en la Junta Suprema de Unión Nacional, los demás sectores condenaron esta postura y se pronunciaron por el restablecimiento de la legalidad republicana; al intentar los cenetistas del interior un entendimiento con los monárquicos desde el seno de la ANFD, la iniciativa fue combatida por socialistas y comunistas; y al pactar los socialistas con los monárquicos donjuanistas, lo hicieron con la oposición decidida de los demás sectores antifascistas. (Borrás, 1976, 46)

As consecuencias destas actitudes, en opinión do libertario Juan García Durán, foron evidentes: "Aos ollos das potencias estranxeiras, esta é a meirande proba de irresponsabilidade que se pode dar" (García Durán, 2001, 162). A incapacidade do exilio para se manter unido fixo estériles moitas das iniciativas antifranquistas, o que lle impediu manterse ligado ás forzas que se atopaban no interior. Deste xeito, non estamos unicamente ante unhas organizacións constituídas fóra do seu país porque a situación política lles obriga. Estamos ante uns grupos profundamente divididos, o que diminúe a efectividade política das súas accións no interior. Estamos ante o exilio da

política, se entendemos que o obxectivo desta debería se-la transformación da realidade, é dicir, a derrota do franquismo.

Vexamos cales son os grandes grupos políticos existentes. O labor realizado polo exilio republicano non foi tanto responsabilidade das súas organizacións, cativas no que a súa militancia se refire, senón de persoas concretas a través das institucións (Borrás, 1976, 74). Hai que ter en conta que moitos dos republicanos exiliados eran figuras de prestixio político e intelectual. O traballo do republicanismo xirará en torno a esas figuras, que non tiveron unha gran incidencia no antifranquismo interior (Pereira Martínez, 2001).

Pouco podemos dicir dos socialistas, do PSOE. A análise da situación española, o asentamento do franquismo, fixo que, dende moi cedo, a dirección española do Partido Socialista, profundamente dividida, renunciase a un antifranquismo militante no interior. Optou por outras vías que fixeron funciona-la súa organización ó ralentí. Atoparémo-los socialistas galegos nalgunha ocasión, case sempre nunha posición de total acordo coa Executiva do PSOE.

Aínda que os anarquistas reconstituíron unha organización especificamente galega, a Confederación Regional Galaica (CRG), os trazos do exilio libertario galego son compartidos cos do exilio español (militancia espallada xeograficamente, división política, etc.). En liñas xerais, os anarquistas mantiveron dúas posicións enfrontadas: os "colaboracionistas" (a CRG de México, dende 1942, e o interior), partidarios de traballar conxuntamente co resto das organizacións republicanas; e os "ortodoxos" (a CRG de Francia, que tampouco mantivo unha posición compacta), contrarios á colaboración.

O galeguismo mostrouse dividido entre interior e exilio, que tamén se escindiu en varias fraccións (Beramendi, 1995). O galeguismo da posguerra exiliado en América buscou "mediante os mecanismos propios do liderado étnico a penetración selectiva nas xuntas directivas das entidades máis representativas dos emigrados" (Beramendi, 1995, 181). O éxito desas iniciativas variou duns países a outros pero, en liñas xerais, o galeguismo político esmoreceu ó longo dos anos corenta para se transformar nunha liña de

carácter culturalista na década dos cincuenta. A reorganización nacionalista nos sesenta xa non foi obra do exilio senón dos núcleos do interior.

A organización do PCE presenta, sen embargo, unha certa singularidade fronte a outras forzas. O modelo comunista de partido, marcado polo stalinismo, xustifica o feito de que fose a única organización capaz de ser presentar monoliticamente. Certo é que se produciron disidencias e fraccións; pero, paradoxalmente, as expulsións mantiveron a cohesión interna. Non esquezamos que nas organizacións procedentes da Terceira Internacional, a purga fortalecía o partido. Outras características destes partidos —culto á personalidade e centralismo democrático— permitiron que a súa liña política, a pesar das múltiples viraxes realizadas, fose ferreamente marcada dende a dirección[202]. Deste xeito, e sobre todo co paso dos anos, o PCE presentarase como un partido moito máis unido có resto das forzas republicanas no exilio, o que lle permitirá converterse, xa nos sesenta, na organización con maior capacidade de influencia sobre o antifranquismo do interior[203].

Por todas estas razóns, o noso traballo poñerá o acento nos comunistas e, en menor medida, no galeguismo aínda que con referencias ás outras forzas políticas cando sexa posible. A nosa ponencia segue unha liña cronolóxica cun comezo ben determinado (a Guerra Civil), e unha fin máis difusa, as décadas

[202]Curiosamente, o do PCE-PSUC no exilio é un caso anómalo na historia dos partidos da Comintern porque os seus militantes, en lugar de se integrar nos partidos nacionais dos países de acollida, mantiveron a súa propia organización.

[203]Sen embargo, a historia do PCE durante o franquismo é, en boa maneira, a do binomio interior-exterior. Co paso do tempo, ese binomio dilúese mediante o establecemento de lazos entre a dirección e o interior; pódese dicir que o concepto de exilio se esvaece, no sentido de que a súa existencia se xustifica en función do que pasa no interior. Para comprender ese proceso, cómpre ter en conta dous feitos: o primeiro deles, o acceso dos "mozos", encabezados por Santiago Carrillo, ós postos de máxima responsabilidade dentro da organización comunista e, en segundo lugar, o relevo xeracional da militancia no interior. O grupo dos "mozos" enfrontarase ó que daquela tiña a dirección efectiva do Partido, os "vellos", encabezado por Vicente Uribe. A loita, que se saldou coa victoria dos primeiros, tomou como excusa o debate xerado pola admisión de España na ONU (decembro de 1955). En realidade, todos eles pertencían á mesma xeración política, a das xentes formadas baixo a influencia da Revolución de Outubro, a da xeración da República e da Fronte Popular. Eran xentes que "iban a vivir un siglo tan cruel como prodigioso y sus vidas fueron expropiadas por la Historia" (Vázquez Montalbán, 1996, 13). Xunto a eles convivirán aqueles comunistas formados na dictadura franquista, a xeración nova das persoas "que no participaron en la guerra, pero que luchan como pueden contra la dictadura, y que deben encontrar abiertas de par en par las puertas del Partido sin ninguna reserva" (Dolores Ibárruri, *III sesión plenaria del Comité Central del Partido Comunista de España 7, 8 y 9 de septiembre de 1957. Informe de Dolores Ibárruri*, páx. 70, Arquivo Histórico de CC.OO. de Galicia. Fundación 10 de Marzo. Enrique Veira).

dos sesenta-setenta. Podemos falar, xa que logo, dunha primeira etapa que comezaría en xullo de 1936 e se prolongaría durante os anos corenta. É o momento de maior actividade política de tódolos grupos exiliados que intentan reconstruí-las súas organizacións e propoñer vías de loita contra o franquismo. As liortas entre os grupos exiliados (e no interior dos propios partidos) así como a consolidación do réxime de Franco explican o progresivo esmorecemento político do exilio, que abre un longo período, a década dos cincuenta, de escasísima actividade. Finalmente, como noutros moitos aspectos da historia do antifranquismo, a década dos sesenta supón un relanzamento da actividade do exilio, agora limitado practicamente ós comunistas. Isto non quere dicir que desapareceran as outras forzas, senón que foron incapaces de abrir alternativas que repercutisen sobre o interior. A forza do antifranquismo estaba xa en Galicia e en España aínda que a súa dirección vivise no exterior. Algo tivo que ver neste proceso a renovación xeracional, pois a pervivencia política das organizacións dependeu da súa capacidade para conectar co que estaba pasando en Galicia-España, é dicir, coa capacidade para facer chega-las súas propostas ás novas xeracións, que eran as que vivían directamente baixo a dictadura.

2. AS ORIXES

Aínda que unha boa parte das persoas que conformaron o exilio galego estaban fóra da súa terra o 18 de xullo de 1936 (mozos realizando o servicio militar, políticos que estaban en Madrid, emigrados, etc.), o exilio propiamente dito non comezou ata a derrota da República a comezos de 1939. Comezámo-la nosa andaina cunha necesariamente breve referencia ós organismos encargados do apoio ós primeiros refuxiados.

Un desas institucións, o Servicio de Evacuación dos Refuxiados Españois (SERE), foi presidido por un galego, Osorio-Tafall; pero o seu cargo non respondía as súas orixes galaicas senón a súa traxectoria política durante a República e a Guerra Civil. Outro galego, o comunista valdeorrés Santiago Álvarez, foi delegado no SERE, pero como representante do seu partido, non como galego. Como membro dese organismo, Álvarez visitou numerosos

campos de concentración e viaxou a Gran Bretaña[204]. Por outra banda, o SERE —como o da outra gran organización de axuda ós derrotados, a Junta de Ayuda a los Refugiados Españoles (JARE)— estivo marcado polas diferencias políticas e polos criterios de apoio ós refuxiados, que non estiveron baseados na procedencia xeográfica, senón na súa militancia política, as súas responsabilidades durante a Guerra Civil, etc.

Unha pequena porcentaxe das persoas atendidas por esas organizacións foron evacuadas cara a América, onde as colectividades galegas viviron a Guerra Civil enfrontadas polo control das súas sociedades. Sobre esas comunidades de emigrados trataron os exiliados de exerce-la súa influencia, con éxito moi diferente. Así, por exemplo, o Centro Gallego de Bos Aires foi presidido dende 1938 por unha candidatura republicana. Nalgúns casos, o conflicto español facilitou a aproximación dos sectores prorrepublicanos, como ocurriu entre a protonacionalista Federación de Sociedades Gallegas Agrarias e a socialista Federación de Sociedades Gallegas de Bos Aires (Fernández Santiago, 2001, 184). A unificación facilitou a creación, a finais de 1939, da Central Gallega de Ayuda al Frente Popular e da Central Gallega de Ayuda a los Refugiados (Fernández Santiago, 2001, 190). Non obstante, en moi poucos meses comezaron a xurdir desavinzas. Na FSG apareceron catro tendencias, con períodos de alianza e enfrontamento entre elas: socialista, republicana, comunista e galeguista[205].

Cuba foi lugar de paso obrigado para moitos dos galegos que desexaban acada-lo continente americano. Durante a Guerra Civil, o centro galego —e o asturiano— tamén viviu a pugna entre os emigrantes profranquistas e os prorrepublicanos. Estes últimos foron capaces de crear organizacións de apoio á súa causa, promovendo numerosas campañas de solidariedade, a xira de Castelao, etc. Dende 1938, a Casa de la Cultura y Asistencia Social, na que a presencia comunista era grande, canalizou as axudas á causa republicana. En Cuba —e tamén en Santo Domingo—, os comunistas galegos e españois

[204]Sobre o SERE, *vid*. a opinión de Santiago Álvarez (Álvarez, 1992, 147 e ss.); tamén, Schwarzstein, 2001.
[205]Os galeguistas porteños, como veremos máis adiante, tamén estiveron profundamente divididos.

desenvolveron unha intensa actividade política, tanto de cara ó interior como na vida política do país que os acollía[206]. A hexemonía comunista explica a gran cantidade de actividades contra a represión franquista durante os primeiros anos da posguerra: as campañas a favor dos comunistas galegos Francisco Comesaña, José Gayoso e Antonio Seoane corroboran esa orientación. Pola contra, a presencia galeguista en Cuba foi case pantasmal (Beramendi, 1995)[207].

O impacto da Guerra Civil sobre as comunidades españolas nos Estados Unidos tamén foi grande. Alí, onde o colectivo galego era importante, creouse o 25 de xullo de 1936 o Comité Antifascista Español de los EEUU[208], que subsistiu á creación das Sociedades Hispanas Confederadas, actuando como órgano coordinador e editor do voceiro *Frente Popular*. Pola súa banda, as Sociedades Hispanas Confederadas de Ayuda a España foron legalizadas o 18 de maio de 1937 (González López, 2000, 84) e, meses despois, creouse a Fronte Popular Antifascista Galega. A actividade desta organización multipartidaria foi intensa: axudou ós xornais galegos editados en Barcelona e Valencia organizou as viaxes de propaganda de Castelao, Osorio-Tafall e Suárez Picallo polos EEUU, etc.[209] Sabemos que foi esta organización, segundo conta Santiago Álvarez, a que nada máis cruza-la fronteira francesa camiño do exilio visitou ó comunista valdeorrés. O seu obxectivo era —nas palabras de Álvarez— "auxiliar a los gallegos que, a su juicio, nos habíamos destacado más en la contienda, o que, por diversas razones, consideraban como personalidades políticas: Osorio-

[206]O volume III das *Memorias* de Santiago Álvarez describe con detalle a súa primeira estancia en Cuba (Álvarez, 1988). A presencia dos comunistas na República Dominicana está estudiada, aínda que con múltiples erros, en Vega, 1984. *Vid.*, do mesmo xeito, Rienffer, 1953.

[207]Foi neste país caribeño onde Santiago Álvarez discutiu con Pedro Checa, secretario de Organización do Comité Central do PCE, a posibilidade de que a militancia comunista ingresase no Partido Galeguista. "No se trataba, en absoluto —segundo as palabras de Santiago Álvarez— , de entrar en dicho partido para hacer en él una labor de submarino" (Álvarez, 1984, 81-83). O proxecto non foi levado á práctica.

[208]Un interesante estudio sobre o impacto da Guerra Civil española nos Estados Unidos, coa mobilización que provocou nas comunidades españolas alí residentes, é o de Marta Rey García (Rey, 1997). *Vid.*, tamén, González López, 2000 e as opinións de Santiago Álvarez no seu libro sobre Castelao e os comunistas (Álvarez, 1984, 83-86). Sobre o voceiro das Sociedades, *España Libre,* Ordaz, 1990.

[209]Resulta interesante contrasta-las opinións que sobre esta xira ofrecen González López e Soto (González López, 2000, 49 e ss.; Soto, 1983, 53 e ss.).

Tafall, Suárez Picallo, Marcial Fernández, Enrique Líster y yo" (Álvarez, 1992, 147 e ss.). Osorio-Tafall, Líster e Álvarez rexeitaron a proposición.

Finalmente, as disputas entre socialistas, anarquistas e comunistas despois da Guerra fixeron que a Fronte Popular Antifascista Galega fose a primeira organización en separarse das Sociedades Hispanas Confederadas (González López, 2000, 49, 59). Unha vez máis, a división.

3. A DÉCADA DAS ALIANZAS

As diverxencias, pois, comezaron moi cedo e continuaron nos primeiros anos da posguerra. O terreo das alianzas foi un campo abonado no que agromaron as loitas políticas. O exilio comunista en Francia, encabezado por Jesús Monzón, promoveu o "Congreso de Grenoble" do verán de 1942, no que se constituíu a Unión Nacional Española (UNE). A UNE buscaba crear unha "ampla fronte nacional" integrada "desde los comunistas, socialistas, sindicalistas y republicanos, hasta las más diversas fuerzas conservadoras"[210]. Probablemente para facilita-la aproximación das forzas da dereita o programa da UNE eliminaba toda referencia á República, ós trece puntos de Negrín, á Constitución de 1931, á autonomía para as nacionalidades, etc. Co obxectivo de realizar ese proceso de converxencia, Monzón entrou no país e reuniuse cun republicano, un socialista, un cenetista e un uxetista, cos que formou a Junta Suprema de Unión Nacional (JSUN), organismo do que foi elixido presidente[211].

A pretendida política unitaria do PCE, representada pola Unión Nacional Española (UNE), foi cuestionada por Castelao quen nunha carta do 28 de novembro de 1944, dirixida ó vasco José Antonio Aguirre, escribía que "los

[210] *Manifiesto del Comité Central del Partido Comunista de España. Septiembre de 1942*, Archivo Histórico del PCE. Microfilme XXI, 258. Tamén en "Llamamiento del CC del PCE", *Nuestra Bandera*, 5, setembro 1942.

[211] *Informe sobre Jesús Monzón (De Gimeno). 14 de septiembre de 1945*, Arquivo Histórico do PCE. Caso Monzón. Jacq. 80-81. Segundo algúns autores, a JSUN era unha resposta á Junta Española de Liberación (JEL), que fora creada o 20 de novembro de 1943 por Izquierda Republicana, PSOE, Unión Republicana, Esquerra Republicana de Cataluña. A marxinación do PCE da JEL foi o que levou ó Partido a promover outro organismo (Heine, 1983, 229).

comunistas solo trabajan para colocar ceros a su derecha, y todo lo manchan y ensucian desde que inventan consignas por no recibirlas de Moscú"[212].

Pola contra, en 1943, Ramón de Valenzuela estaba intentando reorganiza-lo PG na órbita da Unión Nacional, o que lle parecía obrigado, dado o peso que previsiblemente ía ter a Unión Soviética na Europa de despois da guerra [Casares, 1991]. E, parece ser, o PCE foi apoiado na UNE polo galeguista exiliado en Francia, Xoán Xosé Pla[213], persoa vetada por Castelao (Fernández del Riego, 1990, 176) porque o "consideraba demasido ligado ó Bloque Nazonal Galego, do que formaban parte os comunistas" (Casares, 1991, 101). Diso falaremos un pouco despois.

Tamén foi dunha gran importancia o núcleo comunista no país azteca ata o punto de que o Partido Comunista de España creou unha Comisión Galega. Témo-la impresión de que o activismo de Luís Soto, que nalgúns documentos aparece como secretario xeral deste grupo[214], foi determinante para o desenvolvemento da Comisión. Soto, ademais, mostrouse partidario dende moi cedo da transformación da Comisión Galega en Partido Comunista de Galicia[215] porque xa existían "elementos dentro y fuera de Galicia para cimentarlo y constituirlo"[216].

Pouco sabemos da vida desa Comisión Galega, que era considerada un acerto porque supuña a "justa comprensión del carácter específico de nuestro trabajo", e a base do futuro pero inmediato "Partido Comunista Gallego,

---

[212]As citas epistolares proceden de *Castelao. As cartas de América*, A Nosa Terra, Vigo, 1990. Están recollidas en Castelao, 1992.

[213]*Información de asuntos gallegos recibida por conducto de Pla*. Arquivo Histórico de CC.OO de Galicia. Fundación 10 de Marzo. Fondo Amador Martínez. Cartafol Movementos unitarios e galeguismo.

[214]Carta de Luís Soto, secretario xeral da Comisión Galega do PCE ó compañeiro presidente da Agrupación Socialista Galega de México. 25 de maio de 1944. Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Luís Soto. Caixa 14632. Sobre 67.

[215]*El movimiento nacionalista en Galicia*. Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Luís Soto. Caixa 14632. Sobre 66. Trátase dun documento sen asinar e sen datar que fai un percorrido pola historia do rexionalismo e do nacionalismo en Galicia. Cremos que non é moi aventurado supoñer que o autor foi Luís Soto.

[216]*El problema nacional de Galicia. México, 3 de agosto de 1940*. Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Luís Soto. Caixa 14633. Sobre 79. *Vid*. tamén un longo informe (Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Luís Soto. Caixa 14633. Sobre 83), sen asinar e sen datar, onde se afirmaba que "La dirección del Partido Comunista de España que ha creado la Comisión Gallega del PCE como base del Partido Comunista Gallego que será inmediatamente de que lleguemos a nuestro país (...)".

hermano del PC de España, PSU de Cataluña y PC de Euzkadi". Sen embargo, xa en 1944 a análise desta organización realizada polos mesmos comunistas galegos daba como resultado a constatación da súa debilidade. Era unha comisión formada por tan só trinta e tres persoas (Joaquín Barreiro, Hilario Caloto, Francisco Comesaña Rendo, José Díaz López e Luís Soto, entre outros), moitos dos cales ingresaran durante a Guerra, o que explicaba a súa falta de preparación. A escasa participación da militancia, inmersa nas súas obrigas laborais, era outras das súas eivas[217]. Os comunistas, non obstante, foron capaces de editar un boletín, *Loita*.

Unha boa parte do traballo deste grupo estivo encarreirada á formación de organismos unitarios do antifranquismo galego e a apoia-la presencia de ministros galegos no goberno republicano, tarefas ámbalas dúas relacionadas. A axuda material ó pobo galego tamén estivo entre os seus obxectivos[218].

No que se refire á formación de organismos unitarios, destacarémo-la constitución da Alianza Nazonal Galega (ANG) o día 6 de setembro de 1942 na cidade de México[219]. Alí estaban representadas as delegacións dos grupos uxetista, cenetista, republicano, socialista, comunista e galeguista. A ANG —que se proclamaba a representación auténtica da Galicia no exilio, vinculada ós pobos que loitaban contra o fascismo— emitiu un documento, as *Bases políticas*, que propuña a restauración da legalidade republicana e da Constitución de 1931 así como a posta en vigor do Estatuto da "Nazonalidade galega"[220]. Se temos en conta que nese momento xa existía a UNE, comprobaremos que o PCE estaba participando en dúas plataformas que defendían propostas non coincidentes, porque mentres unha, a de Unión Nacional, esquecía toda referencia á República e o estatuto de autonomía, a outra, a ANG, defendía a restauración republicana. Non cremos que este desacordo sexa froito de divisións internas; relacionámolo coa forma na que se

[217] *Algunas de las actividades desarrolladas por la Comisión Gallega del P.C. de España* [Maio-xuño 1944]. Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Luís Soto. Caixa 14632. Sobre 67.
[218] *Ibidem*.
[219] Dende mediados de 1941 e ata xullo de 1943, os nacionalistas de Irmandade Galega, grupo liderado por Rodolfo Prada, e os comunistas colaboraron ó redor da liña editorial de *Fouce*.

xestou a UNE na Francia ocupada e coas conseguintes dificultades de comunicación[221]. De feito, como veremos máis adiante, os comunistas intentarán que a ANG se integre nunha plataforma galega de apoio á UNE[222].

No mes de maio de 1944 constituíuse en México a Comisión Gallega de Ayuda a la Junta Suprema de Unión Nacional, á que, a dicir dos comunistas, estaban adheridas as más prestixiosas personalidades políticas e intelectuais de Galicia. Aínda que os cargos máis representativos estaban ocupados por xentes sen partido e republicanos, o feito de que a maior parte dos adheridos fosen do PCE restaba eficacia ó seu traballo, segundo a opinión dos mesmos comunistas[223]. Ademais, a proposta do PCE de que a ANG ingresase na Comisión Galega de Ayuda a la JSUN foi motivo de grandes tensións dentro da Alianza. Se antes da proposta o labor da ANG fora fructífero (actos a favor do pobo galego, participación na convención da Federación de Ayuda a los Refugiados de la República Española (FOARE)[224], creación dun órgano de expresión, *Galicia*, etc.), a partir dese momento abriuse unha nova etapa na que a coalición estivo a piques de se romper[225]. En principio, o PCE conseguiu que tódolos grupos republicanos do exilio mexicano votaran a favor de que a Alianza se adherise á JSUN. Segundo a documentación, acadaron o apoio dos galeguistas —polo menos dun sector— "que son hoy tan defensores como nosotros de la Junta Suprema"[226]. Sen embargo, a proposta foi rexeitada por

[220]O documento, asinado por A. Barreiro Curtada, como presidente e S. Pellit Varela como secretario, está custodiado no Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Luís Soto. Caixa 14622. Sobre 1.

[221]De tódolos xeitos, segundo algúns autores había daquela dúas UNE, unha dirixida polo PCE dende Toulouse, e outra, en París, que reclamaba unha declaración apoiada na Constitución de 1931 (Heine, 1983: 217-218).

[222]Baixo a unidade que aparentaba a ANG agachaba posturas persoais que poñían a algún dos asinantes en contradicción coas directrices dos seus respectivos partidos. Foi o caso, por exemplo, do diplomático Salvador Etchevarría Brañas, destacado membro de Unión Republicana na Coruña e membro do goberno no exilio dende 1955. Firme partidario da colaboración cos comunistas, foi un dos asinantes de ANG, o que lle valeu romper coa disciplina do seu partido (Gómez Rivas, 1995. *Vid*. tamén Etcheverría, 1989).

[223]*Algunas de las actividades desarrolladas por la Comisión Gallega del P.C. de España* [Maio-xuño 1944]. Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Luís Soto. Caixa 14632. Sobre 67.

[224]Sobre a FOARE, un organismo creado na Arxentina en 1937 cunha forte influencia comunista, pode ser consultado Schwarzstein, 2001.

[225]*Algunas de las actividades desarrolladas por la Comisión Gallega del P.C. de España* [Maio-xuño 1944]. Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Luís Soto. Caixa 14632. Sobre 67.

[226]Documento sen título. Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Luís Soto. Caixa 14633. Sobre 83.

socialistas —e anarquistas—, cos que ata entón as relacións foran moi cordiais[227]. Para intentar solventar este escollo, Luís Soto, en calidade de secretario xeral da Comisión Galega do PCE, remitiu unha carta a Edmundo Lorenzo, presidente da Agrupación Socialista Galega de México[228]. Nela, o comunista ourensán afirmaba que o traballo unitario de comunistas e socialistas en México tiña sido exemplar. Cumpría, xa que logo, estudia-los problemas aparecidos, por exemplo, na Alianza Nazonal Galega, para o que, entre outras cousas, Soto propuña crear un comité de enlace permanente entre o PSOE e o PCE galegos. A resposta de Edmundo Lorenzo non se fixo esperar[229]. Para o presidente da Agrupación de Socialistas Galegos en México a proposta merecía simpatía "pero su logro requiere inescusablemente una condición previa, impuesta por la Comisión ejecutiva del PSOE y que consiste en que las relaciones entre los organismos subalternos ha de ser el natural reflejo de las que existan entre las direcciones de los partidos Comunista y Socialista". Respecto á participación en organismos unitarios, as relacións entre socialistas e comunistas habían de se establecer en pé de igualdade co resto dos grupos. Finalmente, a ameaza socialista de rachar coa ANG no caso de que esta optase por se unir á Unión Nacional, obrigou o PCE a retira-la súa proposta.

Os momentos de desencontro entre as forzas exiliadas ían continuar. A constitución do Consello de Galiza en novembro de 1944 —"una de las condiciones exigidas por Aguirre [o presidente vasco no exilio] para sellar el pacto Galeuzka" [Estévez, 1992, 59]— foi un novo motivo de tensión, esta vez, sobre todo, entre comunistas e galeguistas. Xa o 18 de maio de 1944, a ANG lanzara un manifesto, asinado por Salvador Etcheverría como presidente e por Celestino López (IR), Juan García Gómez (PG), Carlos Tobío (PG), José Caridad Mateo (PG), Celso Vila (socialista), Joaquín Barreiro (comunista), Luis Soto (UGT), Alfredo Vilar (JSU), Juan Moré Esteiro (republicano). Nese documento, a ANG saía ó paso de "posiciones separatistas impolíticas e incongruentes"

[227] *Algunas de las actividades desarrolladas por la Comisión Gallega del P.C. de España* [Maio-xuño 1944]. Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Luís Soto. Caixa 14632. Sobre 67.
[228] Carta de Luís Soto, datada o 25 de maio de 1944. Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Luís Soto. Caixa 14632. Sobre 67.

defendidas por certos sectores do galeguismo sudamericano "porque se olvida de señalar la indispensable colaboración con los organismos democráticos españoles"[230]. Posteriormente, ANG fixo pública a súa oposición ó "pacto político de los señores Castelao, Pi Suñer y Aguirre, traducido en la realidad emigratoria de una Galeuzca resucitada" porque "Creemos equivocada, improcedente y anacrónica, cualquier forma de separatismo, planteado en el exilio, sin tener en cuenta la realidad viva y dramática de todo el pueblo español"[231]. Finalmente, cando se coñeceu o documento de creación do Consello de Galiza, a ANG non aceptou a representatividade dos seus catro asinantes (Antonio Alonso Ríos, Daniel R. Castelao, Ramón Suárez Picallo, Elpidio Villaverde)[232].

Tampouco os libertarios agrupados en torno á CRG de México aceptaron a constitución do Consello de Galiza. Alertaron ós seus compañeiros para que non se deixasen "sorprender por algunas organizaciones creadas en esta capital de tipo nacionalista, cuyos fines no hemos podido llegar a comprender, pero que, en el mejor de los casos, o se trata de engañosas sorpresas o de enfoques a un principio separatista que, de tomar cuerpo, perjudicarían enormemente al proletariado gallego, ya que en el fondo acabarían por separar a los obreros de Galicia del resto del proletariado español" (Citado en Pereira, 2001a).

Naquelas mesmas datas, concretamente en outubro de 1944, constituíuse en Madrid a Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas (ANFD), organización na que participaron republicanos, socialistas e cenetistas. Coa aparición desta Alianza, as feridas dentro do antifranquismo afondáronse. A declaración fundacional da AFND comprometía ó goberno provisional a adherir

---

[229]Carta de Edmundo Lorenzo. 10 de xuño de 1944. Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Luís Soto. Caixa 14632. Sobre 67.

[230]"Manifiesto de Alianza Nazonal Galega a los gallegos de todo el mundo", *España Popular*, 1 de xuño de 1944. O mesmo documento en Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Luís Soto. Caixa 14633. Sobre 79.

[231]"Alianza Nacional Gallega contra el separatismo", *España Popular*, 13 de outubro de 1944 e *En torno a unas declaraciones de Castelao. ¿Contra el pueblo? Por Lorenzo Varela*. Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Luís Soto. Caixa 14633. Sobre 79.

[232]Nas datas nas que se creou o Consello de Galiza, Santiago Álvarez estivo en Bos Aires, etapa intermedia antes de entrar clandestinamente na España de Franco. Conta que, daquela, non conseguiu entrevistarse con Castelao quen, segundo parece, xa se vira cos comunistas Fernando Claudín, Luis Cabo Giorla e Sebastián Zapirain [Álvarez, 1984, 146]. Segundo o relato de Álvarez, as relacións de Castelao cos comunistas non pasaban polos seus mellores

a España á Carta do Atlántico. Unha cláusula secreta consideraba caduca a Constitución de 1931 e apostaba pola apertura dun período constituínte[233]. Por outra banda, Partido Galeguista, CNT, PSOE, UGT e Federación Agraria constituíron en Santiago unha Xunta Galega da Alianza Democrática[234]. A sinatura desta alianza puña de manifesto, entre outras cuestións, as boas relacións existentes entre galeguistas e libertarios do interior, que ademais, apoiarían a entrada de Castelao no goberno Giral. Pola súa banda, os galeguistas afirmaban que "A CNT deixou de ser unha organización sindical apolítica, e converteuse de maneira resolta e definitiva nunha forza política. Ó fin, despois da esperanza da guerra, déronlle a razón a Pestaña: están totalmente dispostos a participaren nas responsabilidades do poder. Esto no orde xeral. En Galiza a CNT é hoxe unha forza política de carácter netamente galeguista, compartindo connosco a defensa dos principios fundamentais do noso ideario: autonomía galega, federalismo republicano, irmandade espiritual, etc. Apoian positivamente toda iniciativa de tendencia galeguista e declaran a cotío a súa veneración por Castelao a quen consideran o símbolo vivo de tódolos galegos"[235]. Coa creación da ANFD, por outra banda, parecía que os comunistas ían perde-la partida, polo que manobraron, temerosos de quedaren á marxe da actividade do resto dos partidos republicanos no exilio.

Se a política de alianzas foi, paradoxalmente, obxecto de división entre os exiliados, tamén o foi a formación dos gobernos no exilio. Na reunión de Cortes celebrada en México o 17 de agosto de 1945, Diego Martínez Barrio foi elixido presidente da República. Tentábase deste xeito dar continuidade ás institucións republicanas. O que ben podería ter sido un motivo de unidade entre as forzas políticas, provocou novas friccióǹs. Dous son os problemas que nos interesan.

---

momentos, quizais pola creación do Consello de Galiza, quizais pola loita que se estaba producindo polo control da Federación de Sociedades Galegas.

[233]Sobre a Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas pódese consultar Heine, 1983, Marco, 1982 e Tusell, 1977.

[234]*Informe do Comité Executivo do Partido Galeguista* [xaneiro de 1945]. Arquivo Histórico de CC.OO de Galicia. Fundación 10 de Marzo. Amador Martínez. Galeguistas. Véxase Fernández del Riego, 1990, 143 e ss.

[235]Citado en Martínez Pereira, 2001.

Como é ben sabido, o 18 de Xullo paralizou o trámite parlamentario do Estatuto de Autonomía. Este problema non foi retomado ata febreiro de 1938 cando co apoio de catalanistas, nacionalistas vascos e comunistas a cuestión foi tratada na reunión de Cortes de Monserrat. Alí foi "presentado a la Mesa [...] el Estatuto de la región gallega"[236]. Xa no exilio, na sesión de Cortes celebrada en México os días 7, 8, e 9 de novembro de 1945, a cámara aceptou a proposta de Castelao de que o Estatuto galego entrase en Comisión. Entre os que defenderon esta postura estaban os comunistas, que designaron como o seu representante a Leandro Carro. Sen embargo, o sector prietista do PSOE mostrou a súa oposición a este proceso[237]. Foi un acto cun valor simbólico pero que puxo de manifesto, unha vez máis, as diferencias do exilio.

A composición dos gobernos no exilio tamén evidenciou as divisións. O Presidente da República, Martínez Barrio, encargou a formación de goberno a José Giral, fronte ó candidato do PCE, Juan Negrín. En agosto de 1945 formouse o primeiro gabinete presidido por Giral, no que non estaban presentes nin comunistas nin galeguistas, entre outros. A pesar dos seus intentos, Giral non conseguiu que o PCE accedera ocupar ningunha carteira. Pero, interesado en evitar unha situación de illamento, os comunistas non practicaron unha política de oposición sistemática.

Ademais, en agosto de 1944 produciuse un acontecemento que deu un xiro á política comunista: o asalto armado no val de Arán. Sobrevalorando os éxitos guerrilleiros, preparouse esa acción, que foi un rotundo fracaso. Alguén tiña que cargar coa responsabilidade do acto e foi o xa citado Jesús Monzón e a política que representaba, a de Unión Nacional. A escusa empregada pola dirección comunista foi que a Junta Suprema actuara con "inusitada flexibilidad" con respecto á postura oficial do PCE nos derradeiros meses de 1944.

Poucos días despois do fracaso de invasión polo Val de Arán, celebrouse o Congreso da UNE en Toulouse (2 e o 5 de novembro de 1944). Comezaba o

[236] *Diario de Sesiones*, 66.
[237] *A Nosa Terra*, Bos Aires, febreiro de 1946. Sobre esta sesión, pódense consultar, por exemplo, "Reunión de las Cortes Republicanas", *España Popular*, 16, novembro de 1945; as crónicas de *A Nosa Terra*, Bos Aires, novembro-decembro de 1945; tamén a carta de Castelao a Manuel Portela Valladares, do 21 de febreiro de 1946 (Portela, 1988, 249).

seu proceso de declive. Santiago Carrillo, recentemente chegado a Francia, desenvolveu un papel fundamental. A principios de 1945, a dirección do PCE en Francia lanzou unha "Carta abierta de la Delegación del CC a los miembros del Partido, simpatizantes y a todos los antifranquistas en general" na que se pronunciaba por un goberno de unión nacional que restablecese a República e a legalidade constitucional[238]; é dicir, unha postura diamentralmente oposta ó que significara a UNE. A viraxe estaba relacionada co interese que tiña o PCE por se incorporar ó novo goberno republicano.

Foi no Pleno do PCE de finais de 1945 (Toulouse, 5-8 de decembro) cando se iniciou o cambio definitivo que levou á desaparición da Unión Nacional[239]. En relación coa formación do Goberno Giral e como mandato do I Pleno do Comité Central, Dolores Ibárruri enviou unha carta ós dirixentes dos partidos no exilio[240]. Propuña unha consulta popular, unha vez expulsados do poder Franco e a Falanxe. Esa consulta, na que o pobo decidiría a forma do estado, estaría organizada por un goberno de coalición nacional no que estarían presentes tódalas forzas republicanas e representantes de Cataluña, Euskadi e Galicia. Na organización desa consulta poderían funcionar gobernos autónomos en Cataluña e Euzkadi con iguais características có goberno nacional[241].

Mentres os comunistas reorientaban as súas posicións, tamén reconducían a súa política de alianzas. Deste xeito, disolveuse o Frente Libertador Gallego, creado segundo as pautas da Unión Nacional Española, para dar paso ó Bloque Repubricán Nazonal Galego (BRNG)[242], no que o comunista Enrique Líster, recentemente chegado a Francia tralo seu paso pola Academia Frunze e os Exércitos Vermello e Polaco xogaría un importante papel (Líster,

[238] *Amplio informe de Santiago Carrillo poniendo de manifiesto los aciertos y errores de la actividad del Partido en diversos sectores de lucha, principalmente en la guerrilla. 3 de Mayo 1952*, Arquivo Histórico do PCE.
[239] As intervencións no Pleno están recollidas en *Nuestra Bandera* (Toulouse), 6, abril-maio 1946.
[240] "Carta de Dolores Ibárruri", "Contestación de Castelao a *La Pasionaria*" e "Telegrama del Presidente Aguirre a Jesús Leizaola" en *A Nosa Terra*, Bos Aires, xaneiro de 1946.
[241] *España Popular*, 28 de decembro de 1945. Hai que ter en conta que o programa estratéxico do PCE incluía, entre outros aspectos, o recoñecemento dos dereitos nacionais de Cataluña, Euscadi e Galicia dentro dunha federación de pobos hispánicos.
[242] *Galicia. Monografía por Ramón Barros. Anexo al informe por Isidoro Acevedo 1946*. Arquivo Histórico do PCE. Manuscritos, teses e memorias, 64.

1983, 27 e ss.). O 12 de decembro de 1945, unha comisión convocara para os días 21 e 22 do mesmo mes unha conferencia de unidade galega co obxectivo de crear un "movimento unitario republicano, basado en la República constitucional de 1931 y Estatuto Gallego de 1936"[243]. Desa convocatoria nacería o Bloque Repubricán Nazonal Galego, organismo que se declaraba aberto a galegos e españois que tivesen intereses vinculados a Galicia sempre que fosen republicanos, antifascistas e autonomistas[244]. O BRNG manifestaba a necesidade de manter "una actitud de estudio de nuestras leyes fundamentales que deberán ser transformables a través de unas Cortes Constituyentes capaces de solucionar a fondo los problemas nacionales españoles y capaces de dar cabida a una solución federal"[245].

A dirección do Bloque Repubricán Nazonal Galego quedou encabezada por Manuel Portela Valladares[246], a quen se postulou para ocupar unha carteira no goberno Giral. Castelao amosou a súa sorpresa, nunha carta a Portela de 21 de febreiro de 1946, cando soubo da presencia deste no BRNG, un organismo que en América aparecía como antagonista do Consello de Galiza. Noutra carta ós galeguistas do interior afirmaba:

> O punto negro era Franza. Alá hai moi poucos galegos e os poucos que hai están apolillados pol-o comunismo español. Portela é a bandeira que atoparon e que enarbolan torpemente (...). A postura do noso don Manuel é totalmente bolchevique e pretende que ahí se ande a tiros pol-os montes e que haxa

[243] *Comisión de Organización de la Conferencia de Unidad Gallega. Toulouse, 12 de diciembre de 1945*. Arquivo Histórico de CC.OO de Galicia. Fundación 10 de Marzo. Fondo Amador Martínez. Cartafol "Movementos unitarios e galeguismo".
[244] *Proyecto de bases para la constitución del Bloque Republicano Autonomista Gallego*. Arquivo Histórico de CC.OO de Galicia. Fundación 10 de Marzo. Fondo Amador Martínez. Cartafol "Movementos unitarios e galeguismo".
[245] *Conclusiones*. Arquivo Histórico de CC.OO de Galicia. Fundación 10 de Marzo. Fondo Amador Martínez. Cartafol "Movementos unitarios e galeguismo".
[246] Acompañaban ó político republicano os seguintes conselleiros: César Alvijar (Unión Republicana), Manuel Martínez Risco (Izquierda Republicana), Santiago Casares Quiroga (Izquierda Republicana), Enrique Líster (PCE), Luís Vidal (UGT) e Luís Vázquez Rodríguez (PSOE). Como conselleiros secretarios figuraban José Antonio Paz, Juan José Pla (PG), Antonio Núñez Vázquez (IR) e José García López (UR). *Galicia. Monografía por Ramón Barros. Anexo al informe por Isidoro Acevedo 1946*. Arquivo Histórico do PCE. Manuscritos, teses e memorias, 64. *Vide*, tamén, "Un buen paso de unidad. Se crea en Francia el Bloque Republicano Nazonal Galego", *España Popular*, 18 de xaneiro de 1946; "Completa unidad de los republicanos gallegos en Francia", *España Popular*, 8 de marzo de 1946.

> fartura de mártires para soerguer a opinión internacional. (...) Alá en Toulouse creouse unha entidade chamada Bloque Nazonal Galego no que anda Líster e o galeguista Plá, que vós coñecedes. Os membros desta entidade caben nun ascensor.

Castelao e as forzas do interior consideraban necesaria a presencia dun ministro galego. Pero o seu candidato era outro. Ramón Piñeiro, quen dende finais de 1943 formaba parte do comité executivo galeguista no interior, puxérase en contacto con vascos e cataláns co obxectivo de coordina-las súas políticas (Casares, 1991, 55). Na Barcelona de principios de 1945 chegouse a un acordo que establecía un programa común baseado no restablecemento da legalidade republicana, a reinstauración das tres autonomías e un goberno de ampla coalición que convocase cortes constituíntes para o establecemento dun réxime federal (Fernández del Riego, 1990, 144-145). Por outra banda, o candidato da Xunta Galega da Alianza Democrática para formar parte dun goberno republicano no exilio sería Castelao. Designouse a Ramón Piñeiro, "un mozo galeguista de moito valer [...] representante de tódalas forzas orgaizadas no interior de Galiza", como interlocutor para realiza-los trámites[247]. Así pois, iniciáronse as conversas cos membros da ANFD e cos comunistas, que non formaban parte da Alianza, pois "Piñeiro pensaba que non debían quedar á marxe da negociación" (Casares, 1991, 60).

Un primeiro atranco era que o Bloque Repubricán postulaba a Portela Valladares como ministro, tamén candidato do vasco José Antonio de Aguirre. Piñeiro marchou a Francia en febreiro de 1946. Alí falou, entre outros, con Líster e co galeguista Xoán Xosé Pla, membros ámbolos dous do BRNG. Houbo acordo e, finalmente, Giral, co apoio dos ministros da CNT e cos de Cataluña e Euskadi, anunciou a entrada no gabinete de Castelao. Tamén o republicano Sánchez Guerra e un comunista, Santiago Carrillo, entraron no goberno[248].

[247]Carta de Castelao a Manuel Portela Valladares do 21 de febreiro de 1946, en Portela Valladares, 1988: 249. Véxase tamén Fernández del Riego, 1990, 158.

[248]"En este 7 de noviembre, unidad combativa en torno al gobierno republicano del Dr. Giral", *Mundo Obrero. Comité de Galicia del PCE*, 7 de novembro de 1946. A opinión de Castelo sobre o goberno Giral en Noia, 1992.

Previamente, o PCE disolvera a UNE e pedira o ingreso na ANFD[249]. Mentres tanto, os libertarios exiliados en México negáronse a recoñecer a Castelao como representante de Galiza no Goberno Giral, aínda que o aceptaron como ministro (Pereira, 2001a).

Pola súa banda, a Comisión Galega do PCE en México apoiaba a presencia de ministros galegos no goberno republicano. Así no Pleno de traballo de delegados do PCE en México que comezou o 30 de maio de 1946, Barreiro, o representante galego, saudaba a presencia de Castelao no gabinete da República pero afirmaba que "para que ese acto tenga la debida eficacia es necesaria la constitución de un Consejo General de Galicia en que se hallen representadas todas las fuerzas antifranquistas de aquella nacionalidad completando, de esta manera, la labor que realiza el Bloque, que con tanto acierto, preside en Francia el señor Portela Valladares"; porque tamén o BNRG postulaba a unidade das forzas galegas xunto do resto das forzas republicanas na loita contra Franco nun Consejo General de Galicia. Era esta unha plataforma unitaria pedida en múltiples escritos polos comunistas galegos, que coincidía coa proposta do PCE de crear un goberno de concentración nacional en España[250].

Para crea-lo Consejo General de Galicia, o PCE convocou para o 15 de xuño de 1946 no Fogar Galego unha xuntanza. Foron invitadas organizacións e

[249]"En este 7 de noviembre, unidad combativa en torno al gobierno republicano del Dr. Giral", *Mundo Obrero. Comité de Galicia del PCE.* 7 de novembro de 1946. *A los comités del PC de Galicia, al CN de Euzkadi. Carta de la Delegación del CC del PCE notificándoles la decisión de integrarse en el Alianza Democrática*. 5 de febreiro de 1945, Arquivo Histórico do PCE. Documentos. Cartafol 27. *El Partido Comunista entra a formar parte de la Alianza Democrática. Comunicado del CC del PCE. 10 de febreiro de 1946*, Arquivo Histórico do PCE. Documentos. Cartafol 27. "Comunicado del Comité Central sobre el ingreso del PCE en Alianza Democrática", *Nuestra Bandera* (Toulouse), 5, marzo de1946. *Vid.*, tamén, Partido Comunista de España. Comité de Galicia, *A los militantes del Partido en la Federación Guerrillera Galaico-Leonesa. 1 de octubre de 1946*, en Aguado, 1976 b: 400-408.

[250]*Progresa la unidad republicana gallega*. 7 de xuño de 1946. Arquivo Histórico de CC.OO de Galicia. Fundación 10 de Marzo. Fondo Amador Martínez. Cartafol Movementos unitarios e galeguismo. *Vid.*, tamén, Luís Soto, "A presenza n-o Goberno d-a República d-un representante de Galiza", *Galicia. Órgano de Alianza Nazonal-Galega*, 10, 1 de setembro de 1946: "La carta de los comunistas a todos los Partidos y Organizaciones republicanas en México", *España Popular*, 21 de xuño de 1946; "La unidad de los gallegos en marcha", *España Popular*, 30 de agosto de 1946; *Orientación. Boletín Interno del Comité de Galicia del P. Comunista*, 1 de xaneiro de 1947.

personalidades de tódalas tendencias[251]. A orde do día era a seguinte: "1. Examen político de los problemas actuales en relación con Galicia; 2. Unificación de los gallegos antifranquistas y formas orgánicas para su realización. 3. Conmemoración de la fecha del 28 de junio, día en que se plebiscitó el Estatuto Gallego"[252]. Na xuntanza estiveron presentes as mesmas forzas que subscribiran a mensaxe de adhesión ó Goberno Giral polo que, para dar máis tempo ó resto de organizacións, se celebrou unha nova reunión, esta vez o 28 de xuño, na que se aprobaron as seguintes bases políticas:

> 1. Colaborar y defender la creación, en el más breve plazo posible, de una organización unitaria de gallegos en México (...). 2. Que las bases para la constitución de esta entidad política sean las siguientes: a) Reconquista de la República b) Autonomía de Galicia. c) Ayudad a la lucha contra Franco dentro y fuera del país. 3. Pugnar, una vez constituído este organismo, por la unidad de los gallegos emigrados de todos los países del mundo, hasta el establecimiento de una entidad única (...) cuya dirección debe estructurarse en Francia[253].

Nomeouse unha comisión formada por Ramón Troncoso, J. García Becerra, Eligio Rodríguez, Luís Soto e Celso Vila para prepara-la formación do Consejo General de Galicia[254]. Sen embargo, as noticias sobre este proceso desaparecen aquí, o mesmo que ocorre coa Comisión Galega do PCE.

A vida do gabinete Giral foi efémera pois a crise do seu goberno estalou a principios de 1947[255]. O intento de unidade do exilio fracasara. Daba comezo o período de decadencia das institucións republicanas. O novo executivo contou coa presencia dun comunista pero sen ningún ministro galego. Castelao

[251]O Fogar Galego constituírase en México a comezos de 1942, baixo a presidencia de Manuel Benavides e coa participación de Luís Soto, José Caridad, Ramón Troncoso, etc. (Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Luís Soto. Caixa 14632. Sobre 67). Concebido polos comunistas como un elemento de unidade, perdeu interese para o PCE despois da creación da ANG.

[252]*España Popular*, 21 de xuño de 1946. *España Popular*, 7, 14 e 21 de xuño de 1946.

[253]Esta plataforma era semellante á elaborada polo Grupo Gallego da UGT de México, do que formaban parte, entre outros, Ramón Troncoso, Luís Soto, Banjamín Balboa e José Rebón. É dicir, a presencia comunista era moi importante. ("La unidad de los antifranquistas gallegos en México" e "El Grupo Gallego de la UGT de México celebra una importante asamblea", *España Popular*, 5 de xullo de 1946.

[254]"La unidad de los gallegos en marcha", *España Popular*, 30 de agosto de 1946.

abandonou París para marchar á Arxentina. Escribiulle unha carta a Diego Martínez Barrio na que denunciaba a actitude dos comunistas capitaneados por Líster, ó que acusaba de pretender utiliza-lo seu nome "como utilizan el de cualquier persona que les convenga"[256]. As discrepancias de Castelao cos comunistas superaban o estrictamente persoal. En efecto, de lle facer caso a unha epístola que, con data do 6 de outubro de 1947, o líder de Rianxo remitiulle a Manuel de Irujo, Castelao non mostraba unha excesiva admiración pola guerrilla, daquela case monopolizada polos comunistas[257]. Na carta dicía:

> En los montes gallegos andan muchos lobos organizados en manadas, y las gentes del llano los temen y suelen identificarlos con los políticos desterrados, incluso con los que dimos pruebas de sensatez. Yo pienso en esas manadas de lobos... pues si Franco no los extermina de raíz, será porque le conviene dejar latente esa muestra del peligro oriental[258].

Pola súa banda, Enrique Líster lamentaba que os galegos non estivesen directamente representados no goberno Llopis, insistindo en que "El pueblo gallego no es separatista; le une con los demás pueblos de España la voluntad de salir de la tragedia actual"[259]. Comezaba unha longa etapa de parálise do exilio e, en boa maneira, tamén do antifranquismo interior.

4. ANOS DE PARÁLISE

A forza galeguista que atopou Castelao a súa chegada a América estaba formada por uns 200 militantes, concentrados en Bos Aires e Montevideo, e algúns pequenos grupos espallados polo continente (Beramendi, 1995, 180). A

---

[255]Sobre a fin do goberno Giral, Noia, 1992.
[256]Carta datada o 24 de novembro de 1947. As citas epistolares proceden de *Castelao. As cartas de América*, A Nosa Terra, Vigo, 1990. Están recollidas en Castelao, 1992.
[257]Un dos principais responsables da guerrilla era, precisamente, Enrique Líster. De tódolos xeitos, Castelao non representaba xa o conxunto do Partido Galeguista. Así, hai autores que falan de contactos de galeguistas coas guerrillas comunistas, se ben a título individual (Beramendi, 1995, 174).
[258]A cita procede de *Castelao. As cartas de América*, A Nosa Terra, Vigo, 1990. Recollémola de Castelao, 1992, 43.
[259]Enrique Líster, *Galicia en la lucha contra el régimen de Franco y por la República*. Arquivo Histórico do PCE. Serie Dirixentes 23/3.3.2.

pesar de non ser unha comunidade moi grande e de estar politicamente dividida, o galeguismo —ou quizais algúns galeguistas— artellou algunhas institucións cada vez máis tinxidas de resistencia cultural e con escaso impacto sobre o interior. En Galicia comezaba a agroma-la semente do que sería o piñeirismo, que tamén primaba o labor cultural, o que non impediu a súa ruptura co exilio nunha xuntanza clandestina celebrada en 1958 (Beramendi, 1995).

En México, o recentemente nado Padroado da Cultura Galega sufriu os enfrontamentos entre o sector galeguista e as iniciativas de Luís Soto. As teses deste triunfaron cando Vázquez Humasqué e Carlos Velo, chegaron á dirección do organismo. A publicación de *Vieiros* en 1959, experiencia que si tivo unha boa acolllida en determinados núcleos en Galicia, supuxo a confirmación da liña de Soto no Padroado. Outra iniciativa que tivo unha certa transcendencia, o Congreso de la Emigración Gallega (1956), tampouco "resolvió ni podía resolver un problema tan difícil y complejo como el de la unidad de la colonia gallega en el continente americano" (Álvarez, 1984, 104).

Pola súa banda, a CRG de México, dividida entre colaboracionistas e ortodoxos dende o seu nacemento en 1942, desaparecera como organización en 1947. A partir de 1950, esmoreceron as organizacións libertarias galegas, daquela substituídas pola comunicación persoal e epistolar entre a militancia (Pereira, 2001).

O republicanismo non existía senón a través dalgúns personaxes que, como César Alvajar Diéguez, se integraron nos gobernos republicanos no exilio (Pereira Martínez, 2001). O 23 de febreiro de 1957, as forzas antifranquistas non comunistas (PSOE, Izquierda Republicana, Unión Republicana, Partido Republicano Federal, Esquerra Republicana de Catalunya, Partido Nacionalista Vasco, Acción Nacionalista Vasca, UGT, CNT e Solidaridad de Trabajadores Vascos) asinaron o chamado Pacto de París (Tusell, 1977, 364 e ss.). Estivo presente outro republicano galego, Salvador Etcheverría, pero non como galego senón como representante de Unión Republicana[260].

[260]Carta de César Alvajar a Suárez Picallo, datada o 25 de abril de 1957; citada en Pereira Martínez, 2001.

Cando en 1959 o republicanismo español intentou reagruparse en torno a Acción Republicana Democrática Española, Suárez Picallo foi invitado para formar parte da organización. Negouse a participar na constitución do novo partido co argumento de que os galegos tiñan unha política propia á marxe dos partidos españois (Pereira Martínez, 2001).

Algúns sectores do antifranquismo, descontentos coa política dos partidos tradicionais e animados polo exemplo da Revolución Cubana experimentaron unha alternativa, o Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL), experiencia que non tivo outra relación con Galicia máis que algúns dos seus promotores fosen galegos. Definíase como un grupo "intransixentemente republicano que cre no mel, non na colmea, é dicir, republicanos para unha República do pobo, dos pobos, das nacións ibéricas, de tódalas nacións ibéricas". O DRIL optou pola loita armada contra as dictaduras ibéricas e entrou en vía morta pouco despois de nacer[261]. Atoparemos outra vez estas siglas un pouco máis adiante.

Os comunistas tampouco vivían unha época de esplendor, tanto polas caídas producidas no interior como pola desorientación existente no grupo dirixente no exilio[262]. Os comunistas aproveitaron tódolos resquicios que permitía o réxime, como, por exemplo, a autorización de que moitos emigrados volvesen legalmente ó interior. De feito, coñecemos un documento, de xullo de 1955, no que se dá conta da decisión do Partido de que un grupo de militantes, despois dun indulto concedido polo goberno de Franco, regresara ó país[263]. Pero

[261]En febreiro de 1960, senllas bombas estouparon no concello de Madrid e na sede da Falanxe. No mes de xuño houbo varios atentados contra estacións de Renfe (Bilbao, Barcelona, Madrid) e de Iberia. Pero a acción máis coñecida do DRIL foi a "Operación Dulcinea", o secuestro do transatlántico portugués Santa María. Entre as varias obras que se poden citar sobre este grupo destaca *Yo robé el Santa María,* redactada por un dos seus protagonistas, Jorge de Sotomayor. Recentemente saíu do prelo a obra de Piñeiro, 2000.

[262]Enrique Líster foi nomeado membro do Consello Mundial da Paz, como representante do Consello Español da Paz (Líster, 1983: 213 e ss.). Outro comunista galego, Francisco Comesaña Rendo, tamén formou parte dese organismo (*Vid.*, por exemplo, *España y la paz*, 7, 15 de novembro de 1951). Pola súa banda, Xesús Alonso Montero estreaba militancia comunista asistindo ó Congreso Mundial da Paz celebrado na Moscova de xullo de 1962 (Entrevista a Xesús Alonso Montero realizada por Víctor M. Santidrián Arias o 27 de abril de 1994).

[263]*Informe sobre los viajes legales al país. Julio de 1955*, Arquivo Histórico do PCE. Activistas 92/11.

habería que esperar á década dos sesenta para que a reorganización do PCE dese algún froito.

5. NOVAS FORZAS

O VI Congreso do PCE, celebrado en Francia en decembro de 1959, foi de especial importancia na vida da organización comunista. Pensemos que, por unha parte, esa asemblea levou á secretaría xeral da organización a Santiago Carrillo e, por outra, deu carta congresual ós acordos tomados no Comité Central de 1956 sobre a chamada Política de Reconciliación Nacional. No que atinxe a Santiago Álvarez, que co paso dos anos se convertería en líder dos comunistas galegos, o VI Congreso supuxo a súa entrada no Comité Executivo do PCE.

No seu informe, o político valdeorrés fixo referencia ós galeguistas do interior, que coincidían, afirmaba Álvarez, co enunciado programático comunista sobre o problema nacional —o dereito de autodeterminación para os pobos de Cataluña, Euskadi e Galicia de forma que puidera ser exercido efectivamente[264]—. Para Álvarez, dado que en Galicia a forza de socialistas e cenetistas era pequena, a confluencia do Partido Galeguista e do PCE nas accións de masas antifranquistas era fundamental. Pero fronte á comprensión no interior, existían líderes galeguistas emigrados en Sudamérica que mantiñan posicións "seudoseparatistas". Na viaxe que o líder valdeorrés fixo por América Latina inmediatamente despois do Congreso entrou en contacto con eses e outros líderes. Cremos que paga a pena deternos nesa xira[265].

A viaxe, planificada inicialmente como unha visita á recentemente nada Cuba revolucionaria, transformouse nunha xira por toda América Latina: Arxentina, Brasil, Chile, México, Venezuela, etc. Nela, o líder comunista entrou

[264]No VI Congreso, Santiago Álvarez apuntou un aspecto fundamental da batalla ideolóxica á que o PCE debía facer fronte. Era a cuestión nacional, tarefa na que o Partido habería de popularizar-la súa tradicional posición de apoio ó dereito de autodeterminación ("Intervención de Santiago Álvarez", *Nuestra Bandera*, 25, marzo de 1960, páxs. 47-62).

[265] *Información sobre mi viaje por América Latina*, Arquivo Histórico do PCE. Emigración política 102/1. Este documento é a base sobre o que están inspiradas as páxinas 233-337 do volume V das *Memorias* (Santiago Álvarez, *Memorias V. La larga marcha de una lucha sin cuartel (1954-1972)*, Sada, Ediciós do Castro, 1994). Será publicado en *Estudios Migratorios*, 9, 2001 (no prelo).

en contacto cos partidos "irmáns" —os partidos comunistas dos países visitados—, as organizacións do seu Partido no exilio e o exilio republicano.

Os partidos comunistas desas latitudes vivían daquela inmersos no debate sobre o significado da Revolución Cubana e a utilización das armas como vía de acceso ó poder. Nese contexto hai que entende-las críticas ó efémero Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación, que foi un dos temas estrela nas conversas entre Álvarez e Fidel Castro. As accións armadas dese grupo —do que algún dos seus promotores era galego— foron aproveitadas pola prensa franquista para culpabiliza-lo PCE, que respondeu afirmando que os actos violentos "sólo prejuicio pueden ocasionar a la lucha del pueblo contra el franquismo"[266]. Ante a exposición de feitos realizada por Santiago Álvarez, parece que o líder cubano respondeu que "Dada las condiciones de España si ustedes utilizaran una táctica de lucha violenta se aislarían de las masas; nosotros comprendemos eso y les apoyamos"[267].

Unha das visitas de maior importancia para o tema que nos ocupa foi a realizada a México, país no que Santiago Álvarez estivo ó longo do mes de xuño de 1960. Reuniuse cos membros do seu Partido para falar do "caso Soto", militante que, a dicir de Santiago Álvarez, "tiene una actitud respecto al grupo gallego y realiza una labor no acorde con el P. en el Patronato [da Cultura Galega]"[268]. Parece ser que Álvarez mantivo conversas con Carlos Velo e co propio Luís Soto, das que, desgraciadamente non temos máis noticias. O resultado, de tódolos xeitos, non debeu pecha-lo enfrontamento de Soto coa súa organización porque os comunistas non o apoiaron como candidato á presidencia do Padroado (Gurriarán, 1999, 254 e ss.). Segundo a versión deste ourensán, o abandono definitivo da súa militancia comunista, nos anos sesenta, estivo relacionado precisamente coa actitude do PCE respecto ó Padroado da Cultura Galega (Soto, 1983). Soto sería, non o esquezamos, un dos promotores da Unión do Pobo Galego, organización á que nos referiremos máis adiante.

[266]"Comunicado del Comité Ejecutivo del Partido Comunista de España. 30 de junio de 1960", *Mundo Obrero*, 11, 1 de julio de 1960. *Vid.*, tamén, *Declaración del Partido Comunista sobre el decreto del 21 de septiembre. 24 de octubre de 1960*. AHCCOOG. Manuel Bravo).
[267] *Información sobre mi viaje por América Latina*, Arquivo Histórico do PCE. Emigración política 102/1.

Outra etapa da viaxe de interese para este traballo foi a estancia de Santiago Álvarez na Arxentina. O número de militantes comunistas na capital porteña ascendía a 150, dos que uns corenta eran galegos. Practicamente todos eles eran mozos procedentes da emigración económica. A consigna era, xa que logo, "reclutar nuevas decenas de jóvenes españoles, de los venidos recientemente de España, para el P."[269]. Por outra banda, "Dadas las condiciones de B. Aires, las numerosas entidades de la colonia existentes y que la misión del P. debe ser trabajar en su seno, la estructura orgánica del P. debe corresponder a esas necesidades; no por barriadas, sino por entidades, independientemente de trabajar en aquellos barrios donde existen españoles". Álvarez apuntaba a importancia das institucións da colonia galega; nunha delas, na Federación de Sociedades Gallegas, o predominio comunista estaba asegurado[270].

Na súa visita a Bos Aires, Santiago Álvarez entrevistouse, ademais, coa colonia de intelectuais galegos no exilio (Rafael Dieste, Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Baltar, Eduardo Blanco Amor, A. Vilanova, etc.) "entre los cuales tiene nuestro P. bastante simpatía"[271].

¿Como eran as relacións dos comunistas co resto das forzas políticas? Existía un sector do PSOE disposto a unha política unitaria que superase o anticomunismo da dirección. Pero maior importancia se concedía, unha vez máis, ás relacións cos galeguistas. Como é ben sabido, o galeguismo porteño estaba dividido en dous grupos. Por un lado estaban "los que han venido siendo los verdaderos dirigentes del Partido Galleguista"[272], Manuel Puente, X. B. Abraira e Rodolfo Prada. Estaban enfrontados ó outro sector que os acusaba de patrimonializa-lo galeguismo de Bos Aires, polo que os seus líderes, Antón Alonso Ríos e Ramón Suárez Picallo refundaron o Consello de Galiza que, daquela tan só contaba con entre 8 e 12 contribuíntes económicos (Beramendi, 1995, 180). Os comunistas presentáronse máis próximos ó primeiro grupo xa

[268]Ibidem.
[269]Ibidem.
[270]Ibidem.
[271]Ibidem.
[272]Ibidem.

pensaban que o Consello de Galiza era unha institución que non respondía ás necesidades do país e da que non consideraban representantes lexítimos nin a Suárez Picallo nin a Alonso Ríos. En opinión dos historiadores, a principios dos sesenta, a pesar do intento de renovación realizado por eses personaxes, "a influencia social e política do Consello entrara nunha irremisíbel decadencia" (Beramendi, 1995, 184)[273].

Santiago Álvarez mantivo conversas cos dous sectores. A primeira entrevista tivo lugar con Suárez Picallo, quen fora defensor de militantes anarquistas trala disolución do Consello de Aragón durante a Guerra Civil. Dende aquela, a postura de Suárez Picallo foi intensamente anticomunista (Beramendi, 1995, 175), polo que "la última vez que nos habíamos visto él y yo en el año 1939 nos habíamos peleado", dicía Álvarez. A pesar deses antecedentes, "Nos recibió bien". É máis, a Suárez Picallo pareceulle correcta a intervención sobre Galicia desenvolta polo valdeorrés no VI Congreso do PCE, a pesar de que "vosotros [en palabras de Picallo] tratáis, como es lógico, de arrimar el ascua a vuestra sardina [...] Celebro mucho —continuó diciendo— que el P.C. de España vea las cosas así respecto a Galicia"[274].

Á segunda conversa con este sector do galeguismo acudiron Picallo e Alonso Ríos. Segundo o relato de Álvarez, esta reunión foi moito máis tensa, debido ós ataques de Alonso Ríos á doutrina comunista. Paradoxalmente, tan só a intervención de Suárez Picallo permitiu que a sesión non se levantase. Finalmente, acabou como un intercambio de pareceres ante a reconstrucción do Consello de Galiza: "les dije que si seguían pensando que ellos, como diputados elegidos en 1936, hace 24 años, eran los depositarios de la última voluntad de Galicia, estaban muy equivocados y que nada de lo que se hiciese con carácter de exclusividad, al margen de lo nuevo, de la vida de Galicia, tendría apoyo ni

[273]Xa dende tempos de Castelao, o republicano César Alvajar recibiu a proposta de se converter en delegado do Consello de Galiza en Europa, ofrecemento que rexeitou ata finais dos anos cincuenta. Substituíuno no cargo o seu fillo, co que o Consello entrou a formar parte do Consejo Federal Español do Movemento Europeo. Foi tamén membro da Unión de Forzas Democráticas entre 1963-64. No mes de maio de 1969, o Consello de Galiza ingresou na Unión Federalista das Comunidades Étnicas Europeas, organización fundada en 1949 (Pereira Martínez, 2001).

[274]*Información sobre mi viaje por América Latina*, Arquivo Histórico do PCE. Emigración política 102/1.

valor, que, por otra parte, si ellos seguían haciendo de la resurrección de Galeuzka, como elemento antiespañol, una de las metas con eso no ayudarían a la unión de todas las fuerzas de la oposición antifranquista, unión que se precisa para acabar con Franco", apuntou Santiago Álvarez[275].

A reunión con Ponte, Abraira e Prada foi iniciativa dos galeguistas. "Me dijeron —escribía Santiago Álvarez— que ya conocían mi intervención en el VI Congreso y que les satisfacía que el P.C. tuviese la posición que en ella se señala. Don Manuel Puente llegó a decir: si las cosas se ven así por parte de ustedes, seguramente que en su día podremos poner en Galicia un gobierno autónomo de coalición de galleguistas y comunistas"[276].

En definitiva, as orientacións para o traballo dos comunistas galegos pasaban por prestar máis axuda ó interior, mobiliza-las entidades galegas contra a represión, potencia-lo periódico *Galicia* da Federación de Sociedades Gallegas (FSG), estimula-las viaxes a Galicia así como o retorno definitivo de comunistas galegos. Respecto ó proxecto de resucita-lo Consello de Galiza, os comunistas debían traballar na colonia galega para facela comprender que non respondía ós verdadeiros intereses da loita antifranquista. "No obstante, si a pesar nuestro el movimiento iniciado por Ríos y Picallo cuaja, nosotros —escribía Álvarez— no debemos quedarnos al margen del mismo, sino entrar en él, luchar desde todos los ángulos para transformarlo en un órgano unitario, sin discriminaciones"[277]. Recomendábase, finalmente, manter unhas boas relacións co grupo de Puente, Prada e Abraira.

Pero, a pesar da importancia desta viaxe, a forza do comunismo galego non estaba xa en América senón en Francia, onde vivía a dirección do PCE, e no interior. Os dous sectores traballaban cada vez máis unidos, alimentándose mutuamente. Así, mentres Santiago Álvarez realizaba a longa xira á que nos acabamos de referir, un comunista exiliado, Amador Martínez *Ramón*, regresaba a Galicia. A *Ramón*, que fixo o seu traballo clandestino en Galicia

[275]Ibidem.
[276]Ibidem.
[277]Ibidem.

entre 1960 e 1965, correspóndelle, sen dúbida ningunha, unha gran responsabilidade na reorganización do comunismo galego.

As frontes de traballo de Martínez foron moitas, pois ademais de reconstruí-la organización do PCE, encarreirou o seu labor cara o mundo obreiro, campesiño, intelectual, etc., segundo as decisións adoptadas nunha decisiva reunión realizada en París en outubro de 1962[278]. Algúns dos contactos realizados por Amador Martínez para a redacción dun escrito dirixido ó ministro de Agricultura[279] foron aproveitados na viaxe ó país que no verán de 1965 fixo o escritor Ramón de Valenzuela, daquela xa militante do Partido Comunista[280].

Se as viaxes ó interior de militantes exiliados era unha das vías de mante-la comunicación entre as dúas estructuras do PCE, as viaxes en sentido inverso tamén o foron. Nese marco hai que encadra-la visita de Xesús Alonso Montero á Arxentina, en xullo-agosto de 1969, invitado pola Federación de Sociedades Gallegas[281]. Hai que ter en conta, ademais, que as principais decisións se tomaban en discusións realizadas en Francia, polo que ó longo de toda a década dos sesenta foron constantes as viaxes do responsables do interior a París.

Pero volvamos agora a Amador Martínez. Tras cinco intensos anos de traballo clandestino, Martínez regresou á capital gala, onde se instalou definitivamente para comezar a traballar na Editorial Ebro, do PCE. Ademais, estivo relacionado coa elaboración da revista dos comunistas galegos, *Nova Galicia. Revista de cultura e política*. Con este título, recuperaban dúas cabeceiras da época da Guerra Civil: *Nova Galicia* e *Nueva Galicia*. O primeiro

[278] *Propuestas con carácter resolutivo concernientes a las cuestiones del trabajo en Galicia. 10 octubre de 1962*, Arquivo Histórico do PCE. Sección Galicia e León. Jacq. 22.
[279] *Petición en favor do campo gallego. Galicia, 1964*. AHCCOOG. Enrique Veira. Tamén *Resumen de conversaciones mantenidas con dirigentes galleguistas. 26 de setembro de 1964*, Arquivo Histórico do PCE. Sección Galicia e León. Jacq. 82.
[280] *Información de Valenzuela, antiguo dirigente galleguista, hoy militante do P. Ingresó en Bos aires, hace un par de años. Julio y agosto de 1965,* Arquivo Histórico do PCE. Sección Galicia e León. Jacq. 99. *Resumen de conversaciones mantenidas con dirigentes galleguistas. 26 de setembro de 1964*, Arquivo Histórico do PCE. Sección Galicia e León. Jacq. 82.
[281] Entrevista a Xesús Alonso Montero realizada por Víctor Manuel Santidrián Arias en Santiago de Compostela, 22 de marzo e 27 de abril de 1994. *Vid*. tamén, Xesús Alonso Montero, "O Centro de Betanzos en Bos aires e os mártires: cinco notas", *Betanzos honra a sus mártires*, Concello de Betanzos-Consello da Cultura Galega-Fundación 10 de Marzo, Santiago de Compostela, 2001.

número non veu a luz ata finais de 1966. Co obxectivo de ofrecer un producto con visos de legalidade, apareceu como director de *Nova Galicia* un antigo resistente e membro do Partido Comunista Francés chamado Isaac François. Sen embargo, a dirección efectiva recaeu sobre Santiago Álvarez, que era quen, ademais, tomaba a decisión final dos contidos da maior parte dos números[282]. En París fabricábanse as pranchas para, a continuación, imprimi-la revista. Mediante un proceso semellante, aínda que en lugares diferentes, era confeccionada outra revista do antifranquismo galego, *Terra e Tempo*.

Nesas xuntanzas entre o exilio e o interior foi onde se forxou a idea de crea-lo Partido Comunista de Galicia (PCG), un proceso que viña de lonxe. A intervención de Santiago Álvarez na XII sesión do VII Congreso, celebrada en Francia o 10 de agosto de 1965, estivo centrada fundamentalmente na necesidade de funda-lo Partido Comunista de Galicia e converteuse no mandato de creación do PCG[283]. Santiago Álvarez e mais Enrique Líster, entre outros, participaron nas reunións que puxeron os alicerces da nova organización. No congreso fundacional, realizado en París a finais de 1968, Álvarez foi elixido secretario xeral e Manuel Bravo, Enrique Líster e Amador Martínez, membros do primeiro Comité Central[284]. Todos eles era exiliados dende a Guerra Civil[285].

¿Que pasaba mentres con outras forzas políticas? Dende finais dos anos cincuenta algo bulía no exilio. Sen embargo, a maior parte das forzas políticas nacionalistas nadas nestes anos fixérono no interior, aínda que a participación dalgúns exiliados foi importante. É o caso do Partido Socialista Galego ou, sobre todo, da Unión do Pobo Galego. Se considerámo-lo Consello de Galiza como representante do galeguismo exiliado, dende principios dos sesenta diminúe a súa influencia sobre as forzas dos interior, especialmente dende que xorden

[282]Entrevista a Amador Martínez *Ramón* realizada por Víctor Manuel Santidrián Arias en París o 12 de setembro de 1997. A referencia de Carlos Núñez en Entrevista a Carlos Núñez, realizada por Víctor Manuel Santidrián Arias, Vigo, 4 de febreiro de 2000.
[283]*Resolución sobre el Partido Comunista de Galicia (VII Congreso do PCE, 6-10 de agosto de 1965)*, Arquivo Histórico do PCE. Documentos do VII Congreso, páx. 835.
[284]*Relación C.C.-P.C.G.*, Arquivo Histórico do PCE. Galicia e León. Jacq. 213.
[285]Pouco tempo despois tería lugar un acontecemento que rompeu a traxectoria de Enrique Líster. No verán de 1968, as tropas do Pacto de Varsovia invadiron Checoslovaquia. O debate aberto no PCE acabou coa condena da agresión soviética, o que provocou a expulsión dalgúns destacados militantes. O descontento que esta decisión provocou en Enrique Líster está nas orixes da súa expulsión, dous anos despois.

PSG e UPG (Núñez Seixas, 1992, 261). O papel político do galeguismo exiliado tocaba xa á súa fin. Certo é que o voceiro da UPG, *Terra e Tempo*, era confeccionado en México e en Venezuela, gracias ó labor de Luís Soto, Carlos Velo ou Celso Emilio Ferreiro. Pero a iniciativa política e o traballo antifranquista do nacionalismo galego estaban xa no interior. As outras forzas exiliadas tradicionais (socialistas, republicanos, libertarios) parecían ter pouco que ofrecer.

Cómpre tamén referirse a que o exilio político foi centro de recrutamento dos emigrantes. Resulta complicado cuantifica-la importancia deste fenómeno. Pola nosa banda, e no que ós comunistas se refire, temos constatado algúns casos nun número realmente irrelevante, aínda que as persoas ás que nos referimos ocuparon cargos de responsabilidade dentro da estructura comunista. Pensamos, en primeiro lugar, en David Álvarez Carballido, emigrante na Arxentina nos anos cincuenta que volveu a Galicia enviado pola súa organización para reconstruí-lo PCE en Lugo na década dos sesenta (Santamarina, 1999). Outro exemplo do que estamos dicindo é o de Santos Costa Barroso, traballador emigrado a Francia onde empezou a militar no PCE. A súa organización enviouno á Galicia, desempeñando un activo labor de axitación nas provincias de Ourense (foi un dos protagonistas dos sucesos de Castrelo de Miño en 1966) e Lugo[286].

A experiencia de Andrés Beade Dopico é lixeiramente distinta porque non regresou ó país durante a dictadura. Emigrante en Bos Aires nos anos 50, ingresou no PCE, desenvolvendo a súa militancia nas asociacións de galegos, concretamente no Centro Betanzos da capital porteña ou na secretaría da Asociación Intersocietaria Galega, por exemplo[287].

Francia era, ademais, o lugar no que fuxían as novas xeracións de comunistas, os ingresados na organización nos anos sesenta. A reactivación do PCE nesta época significou o camiño do exilio para moitos militantes, que

[286]Entrevista a Santos Costa Barroso realizada por Víctor Manuel Santidrián en Progalo (Lugo), os días 15, 16 e 20 de setembro de 1994.
[287]Entrevista a Andrés Beade Dopico realizada por Víctor Manuel Santidrián Arias en Betanzos, 28 de agosto de 2001.

preferían marchar a terras francesas, principalmente, antes que caer nas mans da policía franquista[288].

Pola súa banda, a organización exterior da UPG foi bastante activa dende finais dos anos sesenta. "En canto as súas finalidades específicas, saliéntase o traballo co obreiro emigrante, sobre todo no caso dos comités europeos; a axitación e máis a propaganda, creando plataformas legais e entrando en relación con organizacións políticas afíns e, por último, o intento dunha pequena publicación propia desta sección" (Rubiralta, 1998, 173 e ss). Francia, Suiza ou Venezuela foron algúns dos países onde traballaron os militantes da UPG exterior.

Aquí queremos dete-lo noso traballo. Fagamos, pois, unha rápida recapitulación. A idea básica que intentamos defender nestas páxinas foi a de que o exilio galego, como o español, esmoreceu politicamente co paso dos anos. Nese proceso foi determinante a división á que estiveron sometidas tódalas forzas políticas; división que se deu nun dobre sentido: por unha banda, a organización dos partidos viuse imposibilitada polas fraccións existentes no seu seno; por outro lado, a unidade do exilio foi practicamente imposible polas diferencias políticas existentes entre os partidos que o compuñan. Deste xeito, o obxectivo que teoricamente unía a tódalas organizacións, a derrota de Franco, converteuse nunha utopía. O partido que mellor conseguiu mante-la súa organización así como diluí-la distancia entre a súa estructura interior e o exilio, foi o comunista, converténdose nunha referencia para o antifranquismo, sobre todo nos anos sesenta.

[288]Algúns destes casos poden ser lidos en González Vidal, 1999.

BIBLIOGRAFÍA

Aguado Sánchez, Francisco (1976): *El maquis en sus documentos*, Madrid, San Martín.

Álvarez, Santiago (1984): *Castelao y nosotros los comunistas*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Álvarez, Santiago (1988): *Memorias III. La Segunda Guerra Mundial. La lucha continúa*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Álvarez, Santiago (1990): *Memorias IV. Más fuertes que la tortura y la pena de muerte (1945-1954)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Álvarez, Santiago (1992): *Osorio-Tafall. Su personalidad, su aportación a la historia*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Álvarez, Santiago (1994): *Memorias V. La larga marcha de una lucha sin cuartel (1954-1972)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Álvarez, Santiago (1997): *Memorias VI. Largos años de lucha por la libertad (1962-1983)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Beramendi, Justo G. e Xosé Manoel Núñez Seixas (1995): *O nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra.

Borrás, José (1976): *Políticas de los exiliados españoles*, París, Ruedo Ibérico.

Casares, Carlos (1991): *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*, Sada, Fundación Caixa Galicia.

Castelao, Daniel R. (1992): *Sempre en Galiza.* Edición crítica coordinada por Ramón Máiz, Parlamento de Galicia, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

Campos Álvarez, X. R. (2000): "Los orígenes del asociacionismo gallego en Venezuela (1945-1960)", *Minius*, VIII, páxs. 223-239.

Cores Trasmonte, Baldomero (1992): "Congress of Galician Emigration", en *Galicia&América. Five centuries of History*, Xunta de Galicia-Consello da Cultura Galega, páxs. 145-149.

Estévez, Xosé (1992): *Antología del Galeuzka en el exilio (1939-1960)*, San Sebastián, J. A. Ascunce.

Etcheverría, Salvador (1989): *Eclipse en España. Apuntes del diario íntimo de un diplomático de la República Española, 1936-19..?*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Fernández del Riego, Francisco (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Fernández Santiago, Marcelino X. (2001): "Asociacionismo gallego en Bos aires (1936-1960)", en Xosé Manoel Núñez Seixas (ed.), *La Galicia Austral. La inmigración gallega en la Argentina*, Bos aires, Biblos, páxs. 181-201.

Galicia&América. Five centuries of History (1992): Xunta de Galicia-Consello da Cultura Galega.

García Durán, Juan (2001): *Pola liberdade. A loita antifranquista de Luís Costa*, Vigo, A Nosa Terra.

Gómez Rivas, Isabel (1995): "Os apuntes inéditos redactados por Salvador Etchevarría Brañas para a continuación das súas memorias políticas", *Anuario Brigantino*, 18, páxs. 175-192.

Gómez Roda, J. Alberto (1999): "Actitudes y percepciones de la posguerra en Valencia. Informes de Falange, policiales, diplomáticos y del Partido Comunista", en I. Saz e A. Gómez Roda (eds.), *El franquismo en Valencia. Formas de vida, y actitudes sociales en la posguerra*, Valencia, Epistema, páxs. 77-116.

González López, Emilio (2000): *Castelao, propagandista da República en Norteamérica*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

González Vidal, Francisco (1999): *Paco Balón: Memorias de un comunista ferrolano*, Sada, Ediciós do Castro. Edición e notas a cargo de Víctor Manuel Santidrián Arias.

Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Heine, Harmut (1983): *La oposición política al franquismo*, Barcelona, Crítica.

Líster, Enrique (1983): *Así destruyó Carrillo el PCE*, Barcelona, Planeta.

Marco Nadal, Enrique (1982): *Todos contra Franco. La Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas 1944/1947*, Madrid, Queimada Ediciones.

Montenegro, S. (1997): "Republicanos, gallegos y socialistas en la Argentina: la organización de los Comités de Ayuda a la República durante la Guerra Civil española", en VVAA, *Historia Nova IV*, Santiago de Compostela, AGH, páxs. 267-280.

Morán, Gregorio (1986): *Miseria y grandeza del Partido Comunista de España (1939-1985)*, Barcelona, Planeta.

Naranjo Orovio, Consuelo (1988): *Cuba, otro escenario de lucha. La Guerra Civil y el exilio republicano español*, Madrid, CSIC.

Noia, Camino (1992): "Documento de Castelao sobre a caída do goberno Giral", *A Trabe de Ouro*, 12, páxs. 113-131.

Núñez Seixas, Xosé Manoel (1992): "Political initiatives in Galicia from America", en *Galicia&América. Five centuries of History*, Xunta de Galicia-Consello da Cultura Galega, páxs. 257-262.

Núñez Seixas, Xosé Manoel (ed.) (2001): *La Galicia Austral. La inmigración gallega en la Argentina*, Bos Aires, Biblos.

Ordaz, María Ángeles (1990): "El exilio español en Estado Unidos. Los intelectuales de *España libre*", en Javier Tusell, Alicia Alted y Abdón Mateos (coords.), *La oposición al régimen de Franco. Estado de la cuestión y metodología de la investigación. Actas del Congreso internacional celebrado en Madrid del 19 al 22 de octubre de 1988, Tomo I*, Madrid, UNED, páxs. 73-83.

Pereira González, Dionisio e Eliseo Rodríguez (2001): "Os libertarios galegos e o seu exilio", *Congreso Homenaxe O Exilio Galego, Pontevedra, 25-27 de xaneiro de 2001*. Inédito.

Pereira Martínez, Carlos (2001): "O republicanismo galego en Europa", *Congreso Homenaxe O Exilio Galego, Pontevedra, 25-27 de xaneiro de 2001*. Inédito.

Piñeiro, Antonio (2000): *Pepe Velo. Pensador, soñador e mestre revolucionario*, Vigo, Xerais.

Portela Valladares, Manuel (1988): *Dietario de dos guerras (1936-1950). Notas polémicas y correspondencia de un centrista español.* Edición de José Antonio Durán, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Prieto Valdés, Fernado e Alberto Romasanta Armesto (1991): "Oposición política al franquismo y exilio en Galicia", *Espacio, Tiempo y Forma*, 4, páxs. 117-137.

Rey García, Marta (1997): *Stars for America. La Guerra Civil española en los Estados Unidos*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Rienffer, Karl (1953): *Comunistas españoles en América*, Madrid, Editora Nacional.

Rodríguez Lago, J. R. (1998): "A comunidade española no Uruguai e a causa da II República", *Estudios Migratorios*, 5, páxs. 53-90.

Rubiralta Casas, Fermí (1998): *De Castelao a Mao. O novo nacionalismo radical galego (1959-1974): orixes, configuración e desenvolvemento inicial da U.P.G.*, Santiago de Compostela, Laiovento.

Santamarina, Antón (1999): "De como e porque o profesor se meteu en política. Anacos das memorias de David Álvarez Carballido", en Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (eds.) (1999), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Tomo I, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, páxs. 153-171.

Santidrián Arias, Víctor Manuel (1999): *Castelao, os galeguistas e os comunistas*, Santiago de Compostela, Fundación Castelao.

Santidrián Arias, Víctor Manuel (2001a): "O exilio dos galegos do PCE", *Congreso Homenaxe O Exilio Galego, Pontevedra, 25-27 de xaneiro de 2001*. Inédito.

Santidrián Arias, Víctor Manuel (2001b): *O Partido Comunista de España en Galicia (1920-1936)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela. Edición en CD-rom.

Schwarzstein, Dora (2001): *Entre Franco y Perón. Memoria e identidad del exilio republicano español en Argentina*, Barcelona, Crítica.

Soto, Luis (1985): *Castelao, a U.P.G. e outras memorias*, Vigo, Xerais.

Tusell, Xavier (1977): *La oposición democrática al franquismo (1939-1962)*, Barcelona, Planeta.

Vázquez Montalbán, Manuel (1996): "De Chamberí pero educada en alemán", en Irene Falcón, *Asalto a los cielos. Mi vida junto a Pasionaria*, Madrid, Temas de Hoy, páxs. 13-16.

Vega, Bernardo (1984): *La migración española de 1939 y los inicios del marxismo-leninsmo en la República Dominicana*, Santo Domingo, Fundación Cultural Dominicana.

OS LIBERTARIOS GALEGOS E O SEU EXILIO

Eliseo Fernández Fernández
Economista e historiador
Dionisio Pereira González
Diplomado en Biblioteconomía

1. OS PRINCIPIOS DO EXILIO GALEGO: XULLO DO 1936

O levantamento militar de 1936 veu rachar coa marcha ascendente dunha Confederación Regional Galaica (CRG) da CNT, que abranguía neses momentos a uns 33.000 afiliados, e que estaba a crecer de xeito significativo tanto en termos de afiliación como de implantación xeográfica. Cara o 26 de xullo de 1936 non existía xa na Galiza ningún foco de resistencia e na maior parte da nosa xeografía implantábase un réxime represivo que ademais de poñer fóra da lei a tódalas organizacións políticas e sindicais, comezou a tratar de eliminar fisicamente a boa parte da súa militancia.

Nestes primeiros tempos caeu baixo as balas dos pelotóns de fusilamento o máis destacado da militancia libertaria: José Villaverde, Manuel Montes, Jaime Baella, Sebastiana Vitales e Antonio Fournerakis, na Coruña, Mario Rico e Francisco Iturralde, en Ferrol, Gumersindo Rodríguez, en Tui, ou Marcial Villamor en Santiago, foron algunhas das víctimas da represión. Innumerables directivos de sindicatos ou militantes de base caeron tamén en toda a Galiza.

A resistencia nos primeiros días do levantamento serviu polo menos para que se conseguiran artellar algunhas saídas colectivas polo mar, nas que os militantes libertarios tiveron gran protagonismo: foi así en Cariño, onde 38 persoas, a maioría militantes do Sindicato de Industria Pesquera, fuxiron no vapor Arkale cara a Francia; e tamén na zona de Muros, na que foron incautados os bous Santa Eulalia e Santa Rosa, saíndo neles uns 70 antifascistas da comarca, entre eles 35 carabineiros e un importante grupo de

cenetistas da zona de Noia. Na Coruña as fuxidas tiveron lugar cando a resistencia popular fora xa derrotada, pero o labor do Comité Clandestino do Despertar Marítimo conseguiu preparar varias fugas máis entre 1936 e 1938: polo menos cinco delas tiveron éxito, e levaron a uns 85 militantes de esquerda á zona republicana, mentres que outras foron abortadas e os seus organizadores remataron engrosando a xa avultada lista de víctimas da represión. Noutros portos da costa galega tamén houbo fugas polo mar, como as tres que organizou o Sindicato de Pescadores de Malpica ou as que tiveron lugar en Ferrol e Ares, xa en 1939. Outro grupo importante de militantes galegos de organizacións de esquerdas que conseguiu pasarse á zona republicana fixoo naqueles barcos da escuadra que se mantiveron fieis ó goberno da república e que lograron fuxir dos portos que caeron nas mans dos militares rebeldes.

Ademais destas fugas colectivas, moitos militantes anarcosindicalistas optaron pola fuxida individual ou en pequenos grupos. Un deles foi o cenetista camariñán Jacinto Campaña, que tras permanecer agachado boa parte da guerra nos arredores do Cabo Vilán, conseguíu fuxir nun pequeno bote e chegar con el ata Asturias, con tan mala sorte que, cando chegou alí xa foran derrotadas as forzas da República e Campaña foi preso e posteriormente fusilado. Pero moitos outros cenetistas galegos alistados no exército nacional conseguiron pasarse ás zonas controladas pola República, como Asturias, Madrid, ou Aragón. A maioría deles engrosou o exército da República e formaron parte tamén das numerosas Agrupaciones de Gallegos Libertarios que se artellaron en Asturias, Girona, Barcelona, Valencia, Cartagena ou Madrid[289].

As sucesivas derrotas militares facían recuar ós libertarios galegos e aumentaban a lista de baixas: Euskadi, Asturias, Aragón, Catalunya, Centro, e Levante foron pouco a pouco vendo caer feridos, mortos ou prisioneiros ós militantes anarcosindicalistas galegos. A guerra significou unha nova sangría para a militancia libertaria: nos combates caeron dende militantes de base a cadros da sona dos coruñeses José Moreno Torres, Julián Carballo, Emilio

[289] A Agrupación de Gallegos Libertarios de Madrid declaraba ter avalado no Cuartel do Conde Duque a perto dun milleiro de evadidos galegos como antifascistas (*Galicia Libre*, 20/11/37)

Novás, ou do vivariense Manuel Rodríguez Lago; e a tuberculose levou á morte ó noiés Claro José Sendón cando se atopaba nunha xira de propaganda en prol da República entre a colonia española nos USA. Mentres, outros militantes destacados da CRG penaban naqueles mesmos tempos nas prisións ou campos de castigo na zona "nacional" ou permanecían agachados para tratar de fuxir da salvaxe represión que se desatara.

Pola forza tivo que xurdir así no exilio unha nova xeración de cadros no anarcosindicalismo galego. Algúns eran xa antes da guerra militantes de certo prestixio na CRG, como José Prego, Melquíades Lestón e Celestino García; outros fogueáranse nas Juventudes Libertarias antes da guerra ou nas Agrupaciones de Gallegos Libertarios na propia guerra civil. Rematada a guerra, algúns militantes do interior especialmente queimados na loita clandestina conseguiron marchar a outros países e reincorporarse ás organizacións do exilio; foron os casos de Juan García Durán, Jesús Veiga ou Fernando López Martiñán, ós que logo ímonos referir. Mais calquera parecido coa CRG dos tempos da II República era pura coincidencia.

2. OS ANARCOSINDICALISTAS GALEGOS NA II GUERRA MUNDIAL

Ó fin da Guerra Civil, as vías de escape naturais para os defensores da República foron o paso a Francia a través dos Pirineos, trala caída da fronte de Catalunya, e por mar dende o porto de Alacante cara África trala caída definitiva do resto das frontes. O recibimento ós exiliados por parte dos supostos aliados da causa republicana foi pouco amistosa, e, con excepción dalgúns persoeiros, a maioría de exiliados tiveron a desagradable sorpresa de seren internados en campos de concentración artellados improvisadamente primeiro en Francia e máis adiante en África.

Os exiliados que deixaban unha contenda civil atopábanse de súpeto envoltos nun conflicto de maior magnitude, como foi a II Guerra Mundial. Comezaba así unha traxedia de proporcións incalculables, en que cada unha das historias individuais dos exiliados e exiliadas foi unha auténtica odisea. Botando unha ollada ás biografías de exiliados (de calquera organización ou procedencia) vemos como con pequenas variacións repítense lugares comúns

como son os campos de concentración en Francia, a separación das familias, o ingreso en Compañías de Traballo, os intentos de fuga, a participación na resistencia ou nos exércitos aliados, os campos de exterminio en Alemania, a saída nas expedicións a América.

Como mostra da ingratitude do exilio podemos presentarvos un resumo da peripecia vital de dous exiliados galegos, os noieses Emerenciana Patiño e Manuel Figueroa, que fuxiron da Coruña en plena guerra a bordo dunha embarcación pesqueira coa que arribaron a Brest. Ó pouco tempo pasan a Barcelona, onde militaron na CNT ata a derrota do exército republicano. Ó pasa-la fronteira son separados e enviados a campos de concentración en Francia. Emerenciana sae do campo e establécese en Le Grand-Combe, mentres Manuel ingresa nunha compañía de traballo na liña Maginot; ó pouco tempo incorpórase a un grupo de resistencia no que actúa ata que é capturado e enviado a Estrasburgo, e posteriormente ós campos de exterminio de Mathaussen e Güssen. Figueroa foi liberado en maio de 1945, en lamentables condicións físicas e a partir desta data viviron e militaron en Le Grand-Combe e Montpellier; Manuel Figueroa morreu en 1978 e Emerenciana Patiño en 1989 (Cenit; Toulouse, 2/5/89).

Noutra das tráxicas historias destas datas varios militantes galegos da CNT foron tristes protagonistas. Trátase da odisea dun grupo de antifascistas republicanos, que se atopaban na U.R.S.S. en 1939; 25 deles eran pilotos de aviación que completaban a súa formación militar, e 32 eran mariñeiros do mercante "Cabo de San Agustín" (a maioría eran galegos e militantes da CNT) bloqueado antes do fin da guerra no porto crimeo de Feodosia (¡Karaganda! , 1948).

Ó remate da guerra as autoridades ofrecéronlle a estes mariños e aviadores voltar a España ou quedar na Unión Soviética, pero a maioría deles desexaba ir a outros países, tanto de Europa como de América; a ríxida interpretación das autoridades soviéticas foi que tiñan todo o dereito a voltar ó seu país, pero se non o querían facer, o mellor sitio do mundo para estar era o "paraíso do proletariado". Os que non quixeron voltar a España tiveron que quedar na Unión Soviética e foron sometidos a unha serie de privacións de

liberdade que concluíron co seu confinamento en 1941 na rexión siberiana de Yakutia, onde foron obrigados a traballar na construcción dunha liña férrea e posteriormente internados no campo de concentración de Karaganda.

Como resultas do seu internamento morreron, entre outros, os cenetistas galegos Ricardo Pérez Fernández e Francisco Ruiz García, da Pobra do Caramiñal e Viveiro, respectivamente. En 1948 comezou en Francia unha campaña para logra-la súa liberación e denuncia-las pésimas condicións de vida, emprendida pola Federación Española de Deportados e Internados Políticos e o Movimiento Libertario Español (MLE)[290], que topou co silencio das autoridades soviéticas e a descualificación dalgúns destacados dirixentes comunistas, como Mije, Marty e o galego Enrique Líster, os que declararon que "todo-los internados son un atallo de fascistas".

Por fin, en 1954, despois da morte de Stalin, algúns deles puideron saír da Unión Soviética, e ó cabo tivérono que facer para España, e aínda por riba, en compañía ben pouco grata: xunto ós repatriados da División Azul. E marcharon a sabendas de que algún deles (como José Pérez Pérez, da Pobra do Caramiñal, desertor durante a guerra do exército nacional), podería ter problemas coas autoridades franquistas (Vilanova, A., 1969).

Outro caso paradóxico foi o dun grupo de 200 exiliados republicanos de diversa filiación (entre os que estaba o tabaqueiro coruñés Antonio Casal), que en xullo do 1945 aínda permanecían internados polas autoridades británicas no campo de concentración de Kirkham. Ó parecer tratábase de exiliados que estiveran en compañías de traballo en Francia ou África e como tales eran considerados "sospeitosos" polas autoridades británicas. Para eles, que foron dos primeiros en sufrir as consecuencias do fascismo aínda lles quedaría a triste honra de figurar entre as últimas das súas víctimas…

Un bo feixe de cenetistas galegos continuarán loitando contra o fascismo na Resistencia francesa, aproveitando a experiencia militar que lles daba a súa

[290] Hai que aclarar que o Movimiento Libertario Español, como tal organización, quedou constituído a finais da guerra civil e principios do exilio, englobando a tres organizacións libertarias: a Confederación Nacional do Traballo, a Federación Anarquista Ibérica e as Xuventudes Libertarias. Nas páxinas seguintes referirémonos indistintamente a este conglomerado como CNT ou MLE.

participación na Guerra Civil. Manuel Figueroa fora un deles, pero tamén salientarán no combate guerrilleiro Luis Chamorro[291], Luis Buján[292], Antonio Casanova[293] e un Moisés Lago[294] que nestes anos abandonaba a C.N.T. para achegarse ao Partido Comunista.

3. A RECONSTITUCIÓN DO MOVEMENTO LIBERTARIO NO EXILIO E A SÚA PROBLEMÁTICA INTERNA

Nestes axitados anos do comezo da IIª Guerra Mundial a solidariedade interna entre os exiliados era un factor importantísimo de supervivencia, pero as circunstancias impedían que esta unión cristalizase na definitiva reconstitución das organizacións políticas ou sindicais anteriores á Guerra Civil. Só a medida que se foron agrupando núcleos de emigrados en América (principalmente en Chile e México) e que parte de Europa e África quedaba liberada, foise producindo esa reconstrucción dun xeito máis ou menos estable.

Era unha reorganización que estaba orixinada pola necesidade primaria de apoio mutuo nas difíciles circunstancias que atravesaban os exiliados, pero sobre todo polo desexo de continuar coa loita ata a derrota do franquismo, pois naqueles momentos víase como algo factible derrocar ó dictador. A sensación nos ambientes dos exiliados republicanos era a de que a derrota de Hitler conlevaría cando menos o retorno da República, para a que había que prepararse

Para a comprensión do que foi o exilio libertario galego convén explicar un pouco polo miúdo as particularidades da reconstitución do Movemento Libertario trala Guerra Civil, despois de tres anos de loita militar pero tamén de

[291] Dos cenetistas galegos exiliados, Chamorro era un dos máis veteranos, xa que dende os anos 20 militaba no Ramo do Transporte da Coruña; por algún tempo militou na FORA arxentina para, na II República voltar a integrarse na CNT e implicarse moi activamente nas actividades da FAI. Na Guerra Civil, foi un dos organizadores da Agrupación Confederal Galaica de Cartagena.

[292] De Riveira, atopábase en 1936 en Asturias; na guerra combatiu no frente do Norte ata a súa caída e posteriormente no frente de Aragón.

[293] Emigrante na Arxentina, Casanova veu loitar na guerra co nome suposto de Manuel Freire. No exilio dirixiu o xornal *Solidaridad Obrera* de París e posteriormente voltou á Arxentina, onde morreu en 1966.

[294] Cociñeiro de Soutomaior (Pontevedra), que actuara dende 1929 a 1936 no Sindicato de Camareros de Ferrol. Agachado dende 1936 ata 1939, fuxiu xunto a un nutrido grupo de cenetistas e socialistas secuestrando un bou no porto de Ares.

forte convulsión ideolóxica. Nese período de tempo producírase unha auténtica proba para as ideas anarcosindicalistas: mentres por unha parte reafirmábanse os seus principios anarquistas na colectivización da industria e da agricultura, pola outra a CNT asumía funcións de carácter estatal que chegaron ata a participación nos gobernos republicanos.

Estas contradicción permaneceron agachadas durante a Guerra Civil e a II Guerra Mundial, pero foron saíndo á luz a medida que a situación da CNT comezaba a regularizarse despois de case unha década de loita e penurias. A polémica entre reformistas e ortodoxos, que xa viña de vello, foi levando á organización anarcosindicalista a unha dinámica de enfrontamento interno que culminou coa división a finais de 1945, pouco despois do Congreso de Federacións Locais en Francia celebrado en París no que se conseguira manter unha fráxil unidade.

O debate situábase principalmente en torno á cuestión de se a CNT debía de pechar o seu ciclo de participación gobernamental ou tiña que seguir colaborando nos gobernos patrocinados polos organismos unitarios do exilio. A situación era máis complicada aínda pola difícil recomposición dunha CNT con carácter internacional (artellada a base de Subdelegacións en cada un dos países de acollida), pero que en boa medida mantiña unha estructura paralela a base de rexionais de orixe.

O detonante da escisión foi a decisión da organización do interior de participar no Goberno formado por Giral. O MLE en Francia condenou tal participación como contraria ós principios anarcosindicalistas e del separáronse aqueles militantes que apoiaban ó interior. A organización confederal quedou dividida en cáseque todo o mundo. O sector maioritario foi o contrario á participación gobernamental. Pola súa banda, o sector "colaboracionista" contaba con menos efectivos, pero tiña a cáseque completa adhesión da organización anarcosindicalista no interior, o que de feito facía que moralmente se acadara un certo equilibrio de forzas.

En países como Inglaterra, os poucos militantes da fracción "reformista" quedaron practicamente illados do resto da organización. En Francia a situación era tamén favorable ós partidarios do peche da colaboración gobernamental,

aínda que as dúas faccións mantiveron unha importante estructura organizativa e mesmo publicaron os seus voceiros. O caso inverso ó de Inglaterra dábase en España, cunha organización moi estructurada ata a década dos 50, que participaba completamente da política de colaboración gobernamental, mentres os contrarios a ela só mantiñan a súa influencia a través dos escasos grupos existentes da FAI e as Juventudes Libertarias, e sobre todo naquelas zonas cércanas a Francia nas que a labor do exilio facíase mais presente.

O panorama no resto do antifascismo hispánico tampouco estaba demasiado claro. Prácticamente tódalas formacións políticas e sindicais tiñan graves problemas internos: na UGT había unha escisión entre os partidarios de achegarse ou non ó PCE; tamén no PSOE había fortes diferencias entre os partidarios de Negrín e Indalecio Prieto; no PCE, xurdiran diverxencias entre a corrente maioritaria no exilio, que seguía as liñas trazadas en Moscova, e unha corrente crítica no interior, que se expresou nos episodios de Quiñones, primeiro e Monzón, despois; os grupos republicanos, pola súa parte, estaban fortemente atomizados, agrupándose en torno a algúns dos seus persoeiros máis destacados. Esta situación complicaba as alianzas entre as diferentes tendencias do exilio. Nun primeiro momento os comunistas artellaron a Unión Nacional Española (UNE), na que ao principio participaron algúns cenetistas; pero, coa creación da Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas (ANFD) os que tomaron a iniciativa foron cenetistas e socialistas, que especialmente no interior chegaron a ter unha importante presencia e mesmo participaron en movementos reivindicativos de xeito unitario. Co tempo o Partido Comunista disolvería a UNE e daría a consigna de integración na ANFD.

Pola outra banda, a política de alianzas complicábase aínda máis no exterior polo importante peso das diversas forzas republicanas e nacionalistas, e mesmo de sectores da dereita que non atoparan acollida no novo estado creado por Franco, á cabeza dos cales figuraban os monárquicos. O intento de unificar esforzos entre os diversos sectores do exilio resultaba así unha misión practicamente imposible, tendo en conta a incompatibilidade entre algúns deles e as correspondentes divisións dentro de cada unha das tendencias.

As consecuencias da escisión para o MLE foron importantes, xa que a organización clandestina non contaba co suficiente apoio do exilio, mentres que o sector maioritario deste, que si podía proporcionar esa axuda, nada máis que mantiña relacións no interior cos minoritarios núcleos "anticolaboracionistas". Esta situación mantívose ata 1961, data en que se fixo a reunificación, pero daquela a organización do interior practicamente non existía e a posibilidade dun cambio impulsado polo conxunto de forzas antifascistas era impensable, vista a estabilidade e os apoios internacionais conqueridos polo réxime franquista.

4. A "CONFEDERACIÓN REGIONAL GALAICA" EN FRANCIA

Os núcleos da CNT en Francia comezan a existir dende a caída de Catalunya e o internamento nos primeiros campos de concentración, en 1939, pero aínda que se artellan comisións de relacións de carácter "rexional" e ata "nacional", estas estaban marcadas pola precariedade dunha situación extremadamente complexa para os exiliados republicanos. De feito nos anos 1943 e 1944 chegaron a funcionar dúas comisións relacionadoras nacionais, unha en Beziers e outra no departamento de Cantal. De xeito clandestino celébrase en decembro de 1943 un pleno nacional de rexionais en Marsella, que tivo continuación no pleno de rexionais de marzo de 1944 en Murat. É a partir deste segundo pleno cando queda reconstituído en Francia o MLE-CNT (Borras, J., 1976).

Nos primeiros meses de 1945 os libertarios galegos de Francia comezan tamén a dalos primeiros pasos para a constitución dunha organización especificamente galega: será da man de Miguel Vázquez Valiño[295], afincando en Montendre, quen se encarga de difundi-la constitución da Agrupación de Gallegos Libertarios, en nome do seu Comité de Relacións, facéndoo tanto en Francia como noutros países, como por exemplo Inglaterra. Esta denominación entronca directamente coa "Federación de Agrupaciones de Gallegos Libertarios" (FAGL) existente en territorio leal no período da Guerra Civil, e na

[295] Membro do SOV de Noia, militante de Izquierda Republicana e concelleiro por este partido nos tempos da Frente Popular.

que Vázquez Valiño xogara un importante papel, primeiro en Asturias e máis tarde en Girona.

O traballo de Miguel Vázquez Valiño como reorganizador da CNT en clave galega, deixábase notar xa dende a súa estancia no Campo de Concentración de Brams en 1942. No éxito da súa actividade tivo moito que ver a boa relación que mantiña co ex alcalde republicano de Noia, Severino Iglesias Siso, provisto de pasaporte especial e ben relacionado no SERE (Servicio de Evacuación de Refugiados Españoles), que trataba de facilita-lo embarque cara a América ós exiliados galegos dos campos de concentración (Agrafoxo, X., 1995).

Tempos andados, a Agrupación de Gallegos Libertarios cambiará o seu nome polo tradicional de "Confederación Regional Galaica", figurando xa nela José Sánchez Triñanes[296], radicado en La Rochelle, quen por aqueles tempos tamén traballaba na recollida de fondos para a Delegación de Armamentos en Francia da Agrupación de Milicias Gallegas; esta Agrupación ben podería ser unha secuela da Agrupación Militar da República que se constituíra o 10 de setembro de 1944 e na que, a pesar dos seus mandos e do seu carácter estrictamente militar, figuraban moitos libertarios. Outros destacados membros da Rexional Galaica foron Eduardo Rey, procedente da Comarcal Campesina de San Pedro de Nós, José Cancelas, do Sindicato de Pescadores de Moaña, Luis Beceiro, das JJ.LL. de Ferrol e José Gómez, da Agrupación Confederal Galaica de Asturias.

Algúns sinalados cadros cenetistas dos tempos de preguerra estiveron tamén en Francia neste período, pero non se lles coñece actividade orgánica nin na CRG nin no conxunto do M.L.E. Foi o caso dos destacados membros do Sindicato de Camareros de Ferrol, Moisés Lago e Luis Abella, do directivo do SIP de Vigo e Bouzas, Manuel Guisande, ou do mestre e membro do S.U. de T. de Verín, Luis Bazal. Algo máis tarde chegaría tamén, despois de manter unha importante actividade guerrilleira nos Ancares o "Abelardo" (Abelardo Gutiérrez Alba, xastre de Cervantes), en tránsito cara a Venezuela.

[296] Militante do Ramo do Auga da Coruña e fundador do Centro de Estudios Sociales Resplandor más allá de la Aurora de Suevos.

Teoricamente, a existencia das rexións de orixe no Movemento Libertario tiña sentido dentro da perspectiva dunha próxima volta a España, na que estas rexionais encauzarían o renacemento da CNT e a reorganización dos seus sindicatos. Tamén entendíanse como vehículo da axuda ó interior e canle para a recollida de novas sobre a situación en cada zona. A Rexional Galaica tivo un importante papel en canto á reivindicación da resistencia no interior, chamando a atención sobre a presencia de militantes libertarios na resistencia antifascista, denunciando a represión e os represores e combatendo o intento comunista de monopolizar tódolos actos guerrilleiros que se producían na Galiza.

Vazquez Valiño e José Sánchez desenvolven tamén unha importante actividade na fracción "ortodoxa" do MLE, moi especialmente o noiés, que en agosto de 1946 pasou a formar parte do Comité Nacional do MLE en Francia, co cargo de secretario de organización; no II Congreso de Federacións Locais do MLE-CNT en Francia de outubro de 1947 sería ratificado neste posto (Téllez, A., 1974); pola súa parte, José Sánchez representará neste Congreso á Federación Local de La Rochelle. Outros militantes galegos que actuaron neste congreso foron Antonio Martínez pola local de Montendres e Cleto Conde pola de Grenade.

Nun principio a tarefa que se impuxo a CRG foi a de servir de nexo de unión entre os exiliados anarcosindicalistas galegos, pero a medida que se foron consolidando a súa estructura e os seus contactos, a súa actuación comezou a ter maior calado. Entre as frontes que abriu a Rexional Galaica estaban o da relación coa organización do interior e a da difusión de propaganda nos seus países de acollida (moi especialmente entre os compatriotas emigrados).

A relación coa puxante organización do interior non era de franca colaboración, tanto polas dificultades da relación clandestina como pola diferente adscrición na loita de tendencias dentro da CNT: reformista no interior, ortodoxa no exilio. O xorne "colaboracionista" da CRG do interior tiña, ademais, a connotación especial das relacións co Partido Galeguista[297] e da

[297] Integrado na ANFD mercé á boa sintonía de Juan García Durán e o antigo militante do Partido Sindicalista Manuel Fernández, membros do comité da CRG, con Ramón Piñeiro e os

asunción do Estatuto de 1936 por parte daquela nun Pleno celebrado a fins de 1944. O clima de confianza chegou a ser tal e a integración da CRG do interior na acción política antifranquista tan notoria, que nun informe do PG enviado ao Consello de Galiza en Marzo de 1945 afirmábase que "A CNT deixou de ser unha organización sindical apolítica, e convirteuse de maneira resolta e definitiva nunha forza política. Ao fin, dispois da esperenza da guerra, déronlle a razón a Pestaña: están totalmente dispostos a participaren nas responsabilidades do poder. Esto no orde xeral. En Galiza a CNT é hoxe unha forza política de caraiter netamente galeguista, compartindo connosco a defensa dos principios fundamentais do noso ideario: autonomía galega, federalismo republicán, irmandade espiritual, etc. Apoian positivamente toda iniciativa de tendenza galeguista e decraran a cotío a súa veneración por Castelao a quen consideran o símbolo vivo de todol-os galegos" (Antuña Souto, C.A., 2000). Neste clima, a CRG apoiou a entrada de Castelao como ministro sen carteira no Goberno Giral en representación do nacionalismo galego; como é sabido a integración de Castelao foi efectiva logo da presencia de Ramón Piñeiro e García Durán en París a comezos de 1946[298]. Non hai que dicir que a CRG de Toulouse, afastada da colaboración gobernamental e posiblemente menos entusiasta verbo da autonomía galega[299], non sustentou a presencia de Castelao no Goberno republicano no exilio. As diferencias eran importantes, pois, entre a CRG do interior e a de Toulouse, máis aínda así existiron canles de comunicación baseadas na amizade persoal entre militantes e na traxectoria

monfortinos Cesáreo e Camilo Saco. Juan García Durán, que en realidade chamábase Luís Costa García, comezara a súa andaina no movemento libertario militando nas JJLL de Vilagarcía e, posteriormente, no Sindicato de Carpinteiros. Logo, pouco antes da guerra, debeu transladarse á Coruña cunha nova identidade, xa que estaba perseguido pola súa participación nun conflicto laboral na localidade arousá. Na capital herculina, foi condenado a morte en 1937 por ter intervido no artellamento de varias fugas por mar.

[298] No mes de Abril do ano devandito, Juan García Durán, Ramón Piñeiro, os irmáns Saco, Manolo Fernández e outros persoeiros da ANFD, foron detidos en Madrid no transcurso dunha xuntanza da Alianza; condenado por segunda vez a morte e outravolta conmutada a pena, García Durán acertou a fuxir da enfermería de Ieserías e pasar a Francia. Un ano despois, co título de carpinteiro no peto, reaparecerá en Australia

[299] Non atopamos ningunha referencia explícita da CRG instalada en Francia sobre o Estatuto galego; non obstante, no Congreso de Federacións Locais do Movemento Libertario celebrado en París no mes de Maio de 1945, a Ponencia verbo da posición sobre as "Autonomías regionales" recoñecía os xa existentes e, segundo a visión federalista propia da CNT, tíñase a intención de "hacerlos extensivos a cuantas Regiones lo soliciten".

compartida nos tempos anteriores á Guerra Civil. É o caso do moañés Jesús Veiga, refuxiado en Francia logo de zafar da caída masiva de 1947 na Galiza, que dende o país galo continúa a manter contactos co pontevedrés Desiderio Comesaña, responsable da CNT na ANFD da capital pontevedresa entre 1945 e 1947 despois de pasar nove anos na cadea.

As diferencias entre o interior e o exilio expresábanse tamén no eido organizativo: mentres os cenetistas do interior trataban de reartella-la organización sindical e participaban nos organismos unitarios de loita (principalmente a ANFD), os do exilio amosábanse máis partidarios da loita guerrilleira e da reorganización da FAI e da FIJL. A organización ortodoxa, pola súa parte, facía fincapé na necesidade de "recuperar" para os principios anarcosindicalistas á organización do interior. Considerábase que os compañeiros do interior estaban manipulados por un pequeno grupo de traidores que desviaban a organización e bastaba con que militantes conscientes tomaran contacto con eles e redirixiran os esforzos da CNT na boa senda. E para levar a cabo esta "recuperación", fíxose un chamamento polas canles orgánicas no senso de recabala participación de militantes dispostos a voltar ó interior e reconstruí-la CNT. Entre os militantes do exilio que responderon a este chamamento atopamos tres galegos: Antonio González, Rogelio Leal e Joaquina Dorado.

O máis destacado dos cadros enviados ó interior resultou ser Rogelio Leal López, de Piñeiros-Narón, que entre 1933 e 1936 foi un sinalado militante da FAI galega e do Sindicato de Industria Naval de Ferrol. Despois de estar agachado tres anos na zona de Ferrol, escapara en 1939 xunto a un grupo de antifascistas da comarca, secuestrando un bou no porto de Ares; no exilio vencellouse de novo ás actividades da CNT e, cando voltou a Narón en 1947, a pesar de facelo legalmente, levaba a misión de reorganizar na comarca a FAI e as FIJL.

Nas súas actividades clandestinas, Leal estaba en permanente contacto cos madrileños Angel Urzaiz, Rafael Cayuela e Juan Gómez Casas (responsables da FAI e da FIJL no interior) e co mugardés Antonio González Pérez, que exercía dende San Sebastián a misión de guía de homes e materiais entre

Tolouse e Irún. Antonio González incorporárase tamén ó interior dende o exilio e asinaráselle nun principio a misión de facer un seguimento a Franco nas súas vacacións no norte, con vistas a un posible atentado. Como outros grupos anarquistas estaban traballando no mesmo sentido, pedíronlle ó Comité Peninsular da FAI que González abandonara a vixilancia para non poñer en perigo as súas actividades.

A creación dun Comité Nacional do Movimiento Libertario no interior, oposto ó xa existente da CNT "colaboracionista", veuse frustrado pola caída de xaneiro do 48, na que foron detidos a maioría dos seus responsables. Leal caeu en Piñeiros o 3 de xaneiro e Antonio González en San Sebastián o 30 do mesmo mes. Acusados de rebelión militar e de participación na reorganización da FIJL, CNT e FAI, foron condenados a 18 anos de cárcere (Causa 170/48).

En Catalunya tivo unha actuación semellante a coruñesa Joaquina Dorado, que voltara en 1946 dende Francia para incorporarse á loita clandestina. Actuou xunto a militantes das FIJL ata a súa caída en febreiro de 1948 (*Cultura Proletaria*, 6/12/52, 20/3/53 e 1/7/53). Cando saíu da cadea estaba fortemente debilitada pola folga de fame que mantivera e tivo que ser hospitalizada. Unha vez recuperada fixou a súa residencia en Francia.

Mesmo os máis destacados responsables da Rexional Galaica fixeron plans para atentar contra Franco nalgunha das súas visitas á Coruña. Neste operativo ían participar Miguel Vázquez Valiño, José Sánchez Triñanes, acompañados por outro cenetista galego, Antonio Martínez, e outros dous militantes da CNT no exilio: Rafael Muertes (de Barcelona) e José Vergara. Finalmente nunca se levaría adiante o proxecto (Vergara, J., La Rochelle, 1998)

En xullo de 1948 viu a luz o primeiro número de *Solidaridad. Boletín Interior de la Confederación Regional Galaica*, unha publicación que intentaba recupera-lo contacto entre a militancia galega da C.N.T. Ó seu fronte, a Comisión de Relacións da "galaica", con Miguel Vázquez Valiño establecido xa en Tolouse. O seu primeiro número saíu en xullo do 1948, e o derradeiro que temos atopado, o número oito, en febreiro do 1950.

Algúns dos artigos que máis se repiten en *Solidaridad* son aqueles dedicados a resalta-la contribución galega á loita contra o fascismo, tanto nos

primeiros días do levantamento militar, como na Guerra Civil e na guerrilla. Esta reivindicación do papel de Galiza foi unha constante tanto da Rexional Galaica como dos moitos militantes anarcosindicalistas galegos que quedaron espallados polo mundo unha vez rematada a contenda, teima que se plasmou nos diferentes voceiros da C.N.T. en Francia, como *Solidaridad Obrera*, *Espoir* ou *C.N.T.* A pesar do seu carácter francamente anticolaboracionista, en *Solidaridad* a penas se publicaron artigos afondando na polémica que motivara a escisión do MLE, quizais por unha postura contemporizadora diante do destacado papel que xogou a Rexional Galaica do interior na orientación da fracción "reformista". O Comité da CRG interior puxera ben ás claras a súa posición diante das diverxencias internas, no manifesto publicado en *España Libre* de París (o voceiro da fracción reformista), o 29 de marzo de 1947; algunha das conclusións do devandito escrito eran ben claras: a liberación debería ser obra dos esforzos concentrados de tódolos que tivesen como primordial finalidade o derrocamento do réxime franquista; así mesmo, enfocábase a solución ás diverxencias internas polo vieiro da aceptación por parte de toda a militancia dos acordos e decisións da CNT do interior.

Solidaridad recolleu nos seus derradeiros números unha gran actividade de solidariedade cos presos, para os que se facían colectas entre a militancia galega exiliada. Mesmo fálase da existencia dun servicio de apoio xurídico no interior e da posibilidade de facerlle chegar cartos ós compañeiros e familiares presos por medio da Rexional Galaica. Con carácter orgánico axudábase economicamente ós militantes enviados nalgunha misión dende o exilio (a Rogelio Leal e Antonio González, por exemplo), pero o obxectivo da Rexional Galaica era o de mandar cartos a tódolos cenetistas galegos nas prisións de Franco. En varios números publícase tamén información sobre falanxistas, gardas civís e represores en xeral que tomaron o camiño da emigración a Uruguai ou Arxentina, para coñecemento dos antifascistas galegos da outra beira do Atlántico. Ademais dos que confeccionaban *Solidaridad*, outros cenetistas galegos tamén difundiron denuncias sobre represores que actuaban na Galiza no resto da prensa confederal exiliada.

En comparación coa prensa anarcosindicalista galega dos tempos anteriores á Guerra Civil, *Solidaridad* amosou un nivel de compromiso cos problemas de Galiza moito maior. Así como nos xornais anarcosindicalistas galegos de anteguerra abondaban os artigos teóricos e as novas do movemento obreiro mundial, o voceiro da CRG no exilio dedicou boa parte do seu espacio á información sobre Galiza: artigos que reivindican o pasado da CNT na Galiza e a resistencia ó levantamento militar (na serie de artigos "Aportación galaica a la revolución española"); que informan dos procesos contra militantes cenetistas caídos en 1947 ou da actividade guerrilleira. Pero tamén se incluíron traballos orixinais nos que se procuraba atopar propostas libertarias para problemáticas específicas da Galiza, como a serie de artigos asinados por "Un-das-Burgas" co título "El problema agrario en Galicia". O outro gran bloque temático do boletín interior da CRG foi o da información do que estaba a pasar naqueles tempos no país, incidindo sobre todo nas dificultades polas que atravesaba o réxime franquista e nas desfeitas que a dictadura estaba a causar na Galiza.

Esta maior preocupación pola problemática específica da Galiza é explicable pola condición de *Solidaridad* como Boletín Interior da CRG e tamén pola situación dos militantes galegos afastados da súa terra e das súas familias, pero tamén reflicte un auténtico cambio na mentalidade dos anarcosindicalistas galegos no exilio, necesitados agora de recorrer ós referentes emocionais e culturais para cohesiona-lo colectivo galaico nun entorno social alleo. Este cambio xa se albiscaba en *Galicia Libre*, o xornal editado en Madrid como voceiro da Agrupación de Gallegos Libertarios de Madrid entre 1937 e 1938, no que o incremento da temática galega era xa evidente. Aínda así, o uso da lingua galega segue a ser episódico e só aparece nalgunha poesía (hai varias de Rosalía de Castro e algunhas de colaboradores de *Solidaridad*) e nun único artigo escrito integramente en galego e asinado por "Xan d'Aldea", un dos máis asiduos colaboradores do xornal.

Varios artigos publicados en *Solidaridad* están enviados dende o interior (en Ferrol ou A Coruña), e polo tipo de informacións que se recollen no voceiro, de seguro que moitas delas proviñan dos seus corresponsais clandestinos. A comunicación que se establecía por medio de *Solidaridad* era nas dúas

direccións, xa que o boletín da CRG distribuíase despois na Galiza; ademais mandábase a varios países de Latinoamérica, Norte de África e, moi especialmente, ós anarcosindicalistas galegos exiliados en Francia. Así, o boletín interno da CRG converteuse na canle pola que a militancia anarcosindicalista galega comunicábase entre si e, deste xeito, servía tamén para senta-los alicerces da Confederación Rexional Galaica no exilio.

Para a comunicación entre os confederais galegos, ademais da estructura orgánica da CRG, eran básicas as relacións persoais entre os propios cadros, que se agrupaban pola súa orixe ou polas coincidencias na traxectoria militante e formaban pequenos grupos de afinidade que artellaban unha verdadeira rede de relacións entre eles. Así vemos como en torno a Jesús Veiga e José Cancelas agrupábanse algúns militantes de Vigo e do Morrazo, ou como a través de Rogelio Leal se relacionan os da zona de Ferrol. Polas mesmas redes circulaba a información que entraba e saía do interior e que en moitas ocasións reflectíase ben nas páxinas de *Solidaridad*, ben no resto da prensa confederal do exilio. Un colectivo singularmente implicado nesta malla de vencellos, foi o dos mariños mercantes, que transmitían información entre os exiliados nos diversos países, incluíndo en ocasións ós do interior; mesmo os que non tiñan ningunha adscrición política, eran bos receptores da propaganda antifranquista (Veiga, J.; *Memorias*).

Ao calor da CRG do exilio creouse tamén a Editorial Galicia Libre, que en 1949 sacou á rúa o libro do publicista ácrata galego-arxentino Campio Carpio *Curros Enríquez: Poeta épico de la España heróica*, prologado por Miguel Vázquez Valiño. A publicación foi custeada polos galegos residentes en Francia e estaba concibida como un instrumento para axudar ós compañeiros do interior. A súa distribución foi moi importante entre a colonia galega en América, destacando os 300 exemplares do mesmo que foron enviados ó Brasil.

En febreiro de 1950, coincidindo coa partida de Vázquez Valiño e dun grupo de anarcosindicalistas galegos cara a Porto Alegre, no Brasil, respostando a un ofrecemento do goberno brasileiro para repoboar o estado de Río Grande do Sul, limítrofe con Uruguai e Arxentina (Agrafoxo, X.,1995), deixamos de ter novas tanto de *Solidaridad* como da propia Rexional Galaica. Esta abrupta

marcha e desartellamento chama aínda máis a atención, cando no número tres do Boletín da CRG figuraba un artigo no que se criticaba que militantes galegos optaran polo traslado a América, cando a fronte de loita estaba en Europa. Algún tempo despois, outro dos animadores da Rexional, José Sánchez, voltaba ó interior coa súa compañeira Carmiña.

A desfeita da CRG non respondía unicamente á desaparición dos seus máis importantes valedores en Francia, senón que era reflexo dunha auténtica crise que vivía o conxunto do exilio. A causa primordial foi a decepción causada pola cativa belixerancia dos triunfadores da II Guerra Mundial contra o réxime de Franco, que, ós poucos, ía acadando unha maior aceptación diplomática a nivel internacional[300]. Pola outra banda, as diversas tendencias do exilio foron incapaces tanto de artellárense internamente, como de presentar unha fronte común diante do réxime franquista; a existencia dun goberno no exilio ou dunha conxunción política ou sindical representativa da totalidade do antifascismo hispánico, era absolutamente necesaria para acada-lo apoio das novas potencias internacionais xurdidas da guerra, que, de seu, eran pouco proclives a rematar coa dictadura de Franco. Así as cousas, os antifascistas hispanos non foron máis que outro peón sacrificado no taboleiro da "guerra fría".

Para o exilio galego foi o momento no que se abriu a perspectiva das saídas individuais, principalmente en dous sentidos: aproveitando a relativa facilidade dunha marcha a Latinoamérica (posibilidades de acollida pola colonia galega e inexistencia de problemas co idioma), ou voltando a unha Galiza na que, polo menos, o agarimo do fogar e da familia podían compensar a falta de liberdades. Algúns outros que non puideron ou non quixeron optar por estas dúas saídas, ficaron en Francia; mais para todos eles a posibilidade dunha volta a Galiza sen Franco, xa era tan só unha lonxana esperanza.

[300] Así, por exemplo, vemos como no número 6 de *Solidaridad* recólllese a nova da chegada da flota ianqui ó porto de Ferrol, engalanado ó estilo de "Bienvenido Mister Marshall"; días antes se fixera a limpeza total das súas rúas, incluíndo unha boa cantidade de mendigos que foron trasladados forzosamente ata a aldea de Cobas e a moitas persoas con antecedentes esquerdistas que, temporalmente, voltaron a poboa-los cárceres de Franco.

5. OUTRAS ACTIVIDADES DOS ANARCOSINDICALISTAS GALEGOS EN FRANCIA

Na fracción reformista, e precisamente ó posto máis comprometido, chega dende a organización clandestina do interior o practicante santiagués José Penido[301], que ocupará en marzo de 1946 o cargo de Delegado do Comité Nacional da CNT do interior no estranxeiro. Dende este posto, como portavoz oficial da CNT "colaboracionista", Penido vai desenvolver unha frenética actividade epistolar, tratando de proxecta-la ANFD no estranxeiro e de conquerir apoios para a organización clandestina do interior e a súa liña "política", para o que procurará establecer contacto cos núcleos organizados da CNT espallados por todo o mundo.

Os chamamentos de Penido reflicten a súa indignación pola actitude da organización "ortodoxa" en Francia, por cualificar de traidores ós loitadores do interior e por negarlles axuda económica tanto para a continuación da loita clandestina como para o auxilio ós militantes presos. Fronte ás acusacións de reformismo e de abandono de principios, Penido reivindica ós loitadores do interior como os mellores intérpretes do ideal anarquista, pero o seu apaixonamento atópase de fronte co daqueles outros que consideraban que non podían aceptar ordes da organización do interior, e menos aínda cando pensaban que atacaban ós principios básicos do anarcosindicalismo. No verán de 1946, os xornais *Acción* e *Solidaridad Obrera* de México reflicten un durísimo intercambio de cartas e comunicados entre José Penido e a Subdelegación da CNT en México; Penido reclama que se recoñeza como única CNT á existente no interior e que, en consecuencia, os compañeiros de México deixen de lado as súas diferencias e lle presten todo o seu apoio. A Subdelegación da CNT en México, pola súa banda, critica fortemente a Penido por entender que pretende

[301] Penido, practicante compostelán, fora organizador do Batallón Galicia en Asturias e con posterioridade exerceu de Comandante dunha brigada galega na Fronte de Madrid. Detido coa caída de Levante, é internado no campo de Albatera e destinado na enfermería; dende ela, colaborará no artellamento da primeira organización da CNT na clandestinidade, dirixindo ós militantes que saían do cárcere á incipiente organización clandestina. Trasladado a Asturias, colaborará tamén na constitución dos núcleos cenetistas de Xixón e La Felguera, representando á Regional de Asturias no Comité Nacional da CNT interior en diversas ocasións.

impoñe-las súas opinións á militancia cenetista de México e que actúa de xeito autoritario e polo tanto contrario ós principios anarcosindicalistas.

Pero ós desgustos derivados dunha escisión interna no Movemento Libertario, foron uníndose ás sucesivas desilusións que a situación política internacional ofrecía ós partidarios da restauración republicana. Unha das primeiras víctimas foi o propio goberno Giral, que privado do apoio das potencias vencedoras da guerra (partidarias da implementación dun goberno de concentración que incluíse ós monárquicos críticos co réxime e a realización posterior dun plebiscito sobre o tipo de réxime: monárquico constitucional ou republicano) e fortemente criticado pola súa insistencia en manter unha mastodóntica estructura, incluíndo un pseudoparlamento de 150 deputados, ía perder deputados o apoio dos seus valedores e desaparecería a principios de 1947. No sector "reformista" do MLE estaban a producirse diverxencias importantes, plantexándose dende a creación dun Partido Libertario ata a negociación cos monárquicos. O propio José Penido figuraría no grupo dos chamados "anarcomonárquicos", que decepcionados diante da situación internacional chegaron a confiar na volta a España por medio da restauración dunha monarquía constitucional. Esta opción quedaría finalmente desbotada tanto pola condena da organización anarcosindicalista como pola pirueta do pretendente borbónico que, ó final, voltou a negociar con Franco (Lorenzo, Cesar M., 1972).

Outro galego que destacou na fracción "colaboracionista" foi o coruñés Nicolás Mallo[302], que dende o seu exilio en México, desprazouse a fins de 1945 a París como colaborador de confianza dos ministros nomeados pola CNT do Interior no Goberno Giral, José Leiva e Horacio Martínez Prieto, encargándose neses tempos dunha pintoresca "Dirección de Montes y Bosques". Despois da caída de Giral e o seu goberno, Nicolás Mallo voltará ó interior e participará na loita clandestina ata a súa detención en marzo de 1947, cando ía a Galiza e

[302] Nicolás Mallo era antes da guerra un militante pouco coñecido da CNT coruñesa que conseguíu escapara a Asturias en plena Guerra Civil. Nos anos 60, despois de saír da cadea, foi un dos patrocinadores do achegamento entre destacados militantes da CNT e xerarcas do sindicato vertical no episodio que se coñeceu como o do "Cincopuntismo".

Asturias levando a documentación correspondente a unha Plenaria da CNT (Engeli, B., 1989).

Nunha posición intermedia diante do problema escisionista atopábanse os membros da Federación da Industria Ferroviaria, que contaban cunha Comisión de Relacións na que se mesturaban membros das dúas correntes enfrontadas. Entre eles estaba o ourensán Juan Vázquez[303], que desempeñou cargos nesta Comisión de Relacións entre 1958 e 1966.

Un militante coruñés con delongada traxectoria na C.N.T., Benigno Cabanas[304], trataría de reartellar en 1957 a Rexional Galaica, enviando á prensa anarcosindicalista do exilio varios chamamentos ós militantes galegos invitándolles a participar na reorganización da "Galaica". Cabanas morrería pouco tempo despois, sen que teñamos constancia de que a súa iniciativa acadara o éxito pretendido.

Dentro dos intentos do exilio de reorganizar a C.N.T. no interior atopamos nos anos 50 e 60 a figura dun cacereño de Albalá, quen despois de estar condenado a morte na Guerra Civil e militar na organización clandestina na Rioxa, foi traballar a Vigo na Factoría de Enrique Lorenzo: chamábase Víctor Francisco Cáceres[305] e foi un dos iniciadores do reartellamento da C.N.T. na comarca viguesa. En permanente contacto co exilio, Victor Francisco foi quen de organiza-los traballadores dos seus estaleiros e mesmo colaborar na organización dun grupo denominado Fronte Democrático Juvenil, no que destacaría o mozo vigués Jaime Garrido Vila. En 1960 foi detido xunto a outros catro militantes por organización, propaganda e relación co exilio, pero ó non poder ser probados os cargos de organización, tres deles saíron en poucos días, mentres os outros dous pasaron case que dous meses detidos. A pesar da represión e das críticas dalgúns vellos membros da C.N.T., eles teimaron no seu labor e, pouco tempo despois, participaron na colocación de cartelóns contra o

[303] A súa militancia libertaria viña da súa estancia en Barcelona nos tempos da II República; ademais de militar na Federación de Industria Ferroviaria, ocupou tamén cargos na Liga Nacional de Mutilados de Francia.

[304] Militante do Sindicato da Construcción da Coruña, permanecera agochado no tempo da guerra e despois pasou a Francia. Militou ata a súa morte, en 1959, na F.L. de Agen.

réxime nas principais rúas de Vigo (Entrevista con Jaime Garrido, Vigo, 6/1/2000).

Con motivo das folgas de Asturias e Bilbao en maio do 62, Víctor Francisco e o grupo xuvenil composto entre outros, polos vigueses Jaime Garrido Vila, Augusto Docampo Soto e Manuel Rodríguez González, elaboran pasquíns convocando á folga que reparten nas factorías "Reyman", "Barrera", "Santo Domingo", "Refrey" e "Álvarez". Para esto contaban cunha máquina de escribir que compraran con cartos que enviara a organización do exterior. En 1962 foi a súa caída definitiva, sendo xulgados pola reorganización das Xuventudes Libertarias, colocación de carteis e distribución de propaganda, contacto co exilio e coa organización de Valladolid, captación de soldados no Rexemento de Infantería "Murcia" e intento de reorganización libertaria en Santiago e Lobios (Ourense). As condenas foron de 11 anos para Victor Francisco, 9 para Jaime Garrido, 5 para Augusto Docampo e 4 para Manuel Rodríguez (Causa 1.164/62).

Victor Francisco saíu do cárcere e como queira que non o quixeron readmitir no seu traballo, estivo unha tempada na empresa constructora "Misas y Costas", da que se despediu pola falta de medidas de seguridade na construcción de vivendas en Coia. Pola presión da policía marchou a Francia, conseguindo traballo de albanel en Tolouse, onde permanecería ata agosto de 1976, en que voltou a Vigo en misión orgánica, con tal mala sorte que morreu ós nove días da súa volta. Do seu traballo militante aínda quedou en Vigo unha semente que agromaría no ano 72 a xeito dunha Rexional Galaica que, a cargo de Jaime Garrido, estivo implicada na folga da Citröen e nos movementos daquelas datas, prolongándose ata despois da morte de Franco. Da súa compenetración con Galiza, quedaron como mostra unha interesante serie de artigos que publicou na prensa do exilio co título de "Pulso de Galicia", asinándoos co alcume de "Ramón de la Sagra" (Espoir, Toulouse, 1/1/67 a 25/6/67).

[305] Víctor Francisco nacera en Albalá (Cáceres) en 1912. Ó comenzar a guerra estaba en Melilla onde foi condenado á pena de morte, logo conmutada. Traballaba como contable en Vulcano dende 1949.

6. POLO NORTE DE ÁFRICA

O exilio norteafricano é, sen dúbida, o menos coñecido dos que sufriron os partidarios da República. Pouco se ten falado da gran cantidade de exiliados que foron a parar a África. A primeira remesa chegara coa evacuación da fronte de Levante, levada a cabo pola Armada Republicana e por algúns barcos ingleses. Outro continxente foi o motivado polo traslado que as autoridades francesas fixeron dun bo número de exiliados dos campos de concentración franceses. Houbo sen embargo algún caso extraordinario, como o protagonizado polos pescadores de Cariño, José Yáñez e San Roque, que arribaron nun bote a unha praia de Arxel, logo de vogar durante dez días dende o porto de Alacante (Pita Armada, J., 1995).

Moitos dos galegos que compoñían o exilio norteafricano, como o cariñense Vicente Pita Armada ou o coruñés Eduardo Herrera[306], ámbolos dous vencellados noutrora á "Agrupación de Gallegos Libertarios" de Cartaxena, eran tripulantes dos buques da Armada republicana que escaparon dos portos de Levante e quedaron concentrados maiormente no porto tunecino de Bizerta; outros eran simples militantes que chegaron nestes embarques ou en lastimoso peregrinar dende os campos franceses. Foi así como un importante número de galegos quedaron internados nos campos alxerianos de Camp Suzzoni, Camp Morand, Djelfa, Maknassy e Meridja, entre outros. De alí algúns foron incorporados ás fatídicas "Compañías de Traballadores Estranxeiros". Da dureza das condicións de vida nestas compañías pode dar idea o feito de que o cenetista camariñán José Conde tratara de escapar delas alomenos en tres ocasións.

A medida que as tropas inglesas van liberando o norte de África a situación dos exiliados foi mellorando. Moitos galegos incorporáronse á mariña inglesa aproveitando a súa experiencia na armada republicana. Outros comezan a artellar os importantes núcleos da CNT en África do Norte, de entre os que destacará o de Casablanca. Xa rematada a guerra, o exilio anarcosindicalista participa completamente da vida orgánica do MLE, posicionándose na súa

meirande parte coa fracción ortodoxa, aínda que dende unha posición menos belixerante que a da organización francesa.

Os militantes galegos que quedan en África colaboran intensamente neste rexurdir confederal e tamén nas actividades da Rexional Galaica que operaba en Francia. Así, podemos ver en 1950 a un importante grupo de galegos participando activamente nas campañas de recollida de cartos para os presos galegos, cunha colecta feita por Luis Chamorro en Casablanca. Tamén sabemos da participación dalgúns deles na Asociación Cultural Armonía, de Casablanca, como foi o caso da coruñesa Elena Parga.

Outros chegarían ó exilio norteafricano logo de sufriren nas cadeas de Franco, como Melquíades Lestón[307], que despois de estar detido en San Miguel de los Reyes viría morrer en Túnez. Tamén o ourensán David González Alba, quen estivo detido no Campo dos Almendros de Alacante, do que logrou saír cara a Francia; despois dun tempo na Lexión Estranxeira, foi desmobilizado no Marrocos Francés para morrer en Casablanca.

Este exilio norteafricano remataría nos anos 60, cos movementos de independencia dos pobos africanos, que fixo que a maioría dos galegos buscara terras mais tranquilas nas que repousar. Moitos deles, como Antonio Vidal ou Eduardo Herrera (que ostentaría cargos de responsabilidade na Federación Local de Orleáns), irían a parar a Francia; outros, como Luis Chamorro e José Conde, terminarían en Bélxica. E algúns, non obstante, morrerían alí, como o vigués Angel Covelo no ano 1964 (Espoir, Toulouse, 6/6/65)

7. NA GRAN BRETAÑA

A maioría dos galegos que estiveron exiliados na Gran Bretaña proviñan, como xa dixemos, do norte de África; ó libera-los ingleses as zonas onde vivían, moitos deles foron incorporándose ó seu exército. Como un bo feixe dos que se enrolaban nos exércitos aliados eran mariñeiros da flota republicana, na que

[306] Orixinario da Coruña e secretario da Agrupación Confederal Galaica de Cartagena.
[307] Membro da Protección Obrera de Porto do Son e activo propagandista da Federación Regional de Industria Pesquera, tomou parte tamén na directiva da Agrupación de Gallegos Libertarios de Valencia.

había tantos galegos, non foi raro atopalos posteriormente afiliados ao MLE en Inglaterra.

Un dos militantes galegos que máis destacaron pola súa actuación na Guerra Civil, o axente de seguros coruñés Manuel Salgado Moreira, chegou a Inglaterra nunha pequena expedición de militantes da Rexional Centro da CNT que escapou en avión cara a Inglaterra. Salgado fora en Madrid militante da CNT e da FAI, sobresaíndo especialmente nos derradeiros intres da guerra, como un dos participantes no golpe do Xeneral Casado que pretendía rematar co predominio comunista no exército e no goberno republicano.

Salgado era un militante xa veterano, que non gustaba dos métodos violentos, polo que en tempo da guerra gañou certa fama de "brando", cando estaba á fronte dos "Servicios Especiais", antes de caeren baixo control comunista e converterse no Servicio de Investigación Militar (SIM). Xa no exilio, e diante do problema da escisión no Movemento Libertario, Salgado situouse a carón do Comité Nacional do Interior, na posición colaboracionista certamente minoritaria no exilio británico. En xulio do 1946 vemos como o compostelán Penido dirixíase á militancia cenetista en Inglaterra, facendo un chamamento pola unidade e sinalando a Manuel Salgado como representante da fracción colaboracionista e Delegado do Comité Nacional de España nese país.

O exilio británico foi bastante minoritario dentro do conxunto da diáspora, polo que non atopamos novas de que os militantes galegos da C.N.T. seguiran vivindo alí por moito tempo. A maioría seguramente emprenderan outros camiños, a lugares onde houbera máis compañeiros da Confederación ou o exilio fora máis doado; foi o caso do devandito Antonio Casal, que falecerá en Merignac, Francia, en 1950 (*Solidaridad Obrera*, Paris, 21/10/50) . Só Manuel Salgado Moreira seguiu vivindo en Inglaterra ata a súa morte en maio do 1967.

8. SEGUINDO O RONSEL DE JUAN GARCÍA DURÁN

Como xa temos visto, a maioría dos militantes galegos da CNT afincáronse nun primeiro intre a carón dos grandes grupos de exiliados republicanos, emprazados en Francia, ou no Norte de África. A medida que ían

desaparecendo as posibilidades dunha restauración da República en España, moitos homes e mulleres emprenderon novos camiños, como a xa citada Elena Parga e o seu home Juan Beneito que marcharon nada máis e nada menos que a Melbourne; por esas terras austrais andaba tamén Fernando López Mantiñán, un dos militantes que participou na reorganización da CNT na Coruña nos anos 40 e debeu fuxir cando as masivas detencións da primavera de 1947 (Pereira, D., 1998). En Canberra, e cando Mantiñán xa abandonara á altura de 1950 as ringleiras cenetistas, vai tomar contacto con el Juan García Durán que, ós poucos, casou coa cónsul francesa na cidade logo de nacionalizarse australiano co nome de John García. En Australia, andando o ano 1954, escribirá García Durán o seu libro *Por la libertad. Como se lucha en España*, onde relata as súas experiencias de loita clandestina na Galiza e no Estado español; o libro, que contén unha apaixonada defensa da lingua e personalidade de Galiza, foi editado pola CNT en México no ano 1956. García Durán, que conservou sempre a nacionalidade australiana e pasou de traballar como carpinteiro a ser axudante de biblioteca no Arquivo Nacional, marchou a fins da década dos 50 a Detroit (EEUU) aproveitando o traslado da súa muller. En Australia, non obstante, debeu quedar algunha semente, posto que, no ano 1984, temos detectado en Sidney a edición dun folleto titulado *El arte reivindicativo de Castelao* da autoría de Campio Carpio, nunha colección denominada "La Semilla".

Pouco sabemos da presencia de refuxiados libertarios nos EEUU e non deberon ser moitos, ben coñecida a dureza das autoridades de inmigración do país acrecentada, se cabe, pola "guerra fría". A penas temos novas da residencia nos USA do pescador de Moaña Cándido Costa Coloret, cadro do "Sindicato de Industria Pesquera" local, e do antigo colaborador do periódico anarquista coruñés *Brazo y Cerebro* David Alonso, quen, logo de saír de Francia en 1950, continuaba a manter correspondencia cun vello ácrata individualista nado en Mondariz e afincado no Uruguai dende había moitos anos: José Tato Lorenzo. Nos EEUU, os exiliados (tanto os que chegaban con posibilidades para radicarse alí, como os que arribaban en tránsito para Latinoamérica) contaban coa grande axuda das "Sociedades Hispanas Confederadas"que, con domicilio

en Nova Iorque, constituíranse para unifica-los colectivos (moitos deles con referencia territorial na Galiza) que amosaran a súa solidariedade coa República nos anos da Guerra Civil e que, na posguerra, continuaban a enviar axudas ós exiliados en Francia e outros países americanos. Un dos seus fundadores fora, precisamente, un estibador do porto coruñés, anarquista e militante da CNT, que emigrara a EEUU pouco antes da Dictadura de Primo de Rivera: Jesús Arenas. Fora das Sociedades Hispanas, funcionaban tamén algúns colectivos alentados polos comunistas e anarquistas. Entre estes últimos destacaba o grupo libertario editor do semanario *Cultura Proletaria*, que contaba con numerosa presencia de galegos emigrados antes da guerra, algún dos cales, caso do vigués Eduardo Iglesias, continuou a manter contacto coa militancia da súa localidade natal por medio de repetidas viaxes a Galiza. En calquera caso, os vencellos do grupo de *Cultura Proletaria* co exilio galego en Latinoamérica ficaba ben patente nas páxinas do periódico, onde se anunciaba alá polo ano de 1942 o fondo bibliográfico da Colección "Camiño de Santiago", pertencente á Editorial Nova que en Bos Aires alentaban Luís Seoane, Arturo Cuadrado e Lorenzo Varela.

Pois ben, á súa chegada ós EEUU, García Durán vai colaborar arreo en *España Libre*, voceiro das "Confederadas" e, ó abeiro das sociedades e grupos libertarios espallados polo territorio estadounidense, impartirá numerosas charlas e conferencias sobre a situación española nas que a mensaxe era dun nidio colaboracionismo entre tódalas forzas antifranquistas; dende os monárquicos e falanxistas arrepentidos ata a CNT. Mesmo á altura de 1960, García Durán, vencellado ó grupo "Libertad" de Detroit, defendeu o posicionamento de reformula-la extinguida ANFD coas novas capas que, como os estudiantes, comezaban a bulir no interior do Estado español na procura dunha nova orde democrática que pouco ou nada tería que ver coa liquidada etapa republicana e que, ó tempo, afastaría o perigo totalitario do comunismo stalinista (*CNT*, México, Febreiro-Marzo 1960). Tanto no interior como no exilio, o aliñamento de García Durán coa tendencia moderada e reformista foi, pois, total.

Andando 1964, un novo destino da súa muller leva a García Durán a Montevideo, onde rematará os estudios universitarios que comezara en Detroit, acadando un par de anos máis tarde o título de Bibliotecario. En Uruguai recalaran tamén algúns galegos vencellados ó movemento libertario: o ferrolán Cipriano Casteleiro, que fora un dos fuxidos de Ares no pesqueiro Ramón a pouco de finaliza-la Guerra Civil e que viviu a contenda mundial en Francia; Roberto Cotelo, antigo emigrante no país americano moi coñecido no obreirismo riopratense, retornado logo á Península para loitar no bando republicano, onde desempeñou cargos de responsabilidade na CNT; Ramón Folgueiras, antigo membro do coruñés Centro de Estudios Sociales *Germinal* e que en 1950 aínda mantiña contacto coa CRG de Toulouse…Uruguai foi tamén en 1938 o destino dun rapaz chamado Leopoldo Novoa, fillo do cónsul uruguaio en Vigo, e que, moi cedo, integrouse nos medios ácratas do país sudamericano: viña fuxindo do servicio militar no exército franquista e, co tempo, converteríase en pintor de sona afastado xa da militancia libertaria, aínda que non das simpatías polo ideario anarquista. Montevideo foi, así mesmo, residencia definitiva para Miguel Vázquez Valiño a partir de 1956, unha vez rematada a súa estancia no Brasil; neste país semella que Valiño abandonou a CNT, e quizais por eso sinalóuselle en medios libertarios como colaborador do cónsul franquista tanto na escisión da Sociedad Española de Socorros Mutuos de Porto Alegre, de tendencia republicana, como na posterior creación do Centro Español controlado, seica, polos partidarios do réxime de Franco (Téllez, A., 1974). Ata Uruguai, onde Vázquez Valiño funda o Centro Coruñés de Montevideo en 1957 e dirixe o seu boletín *Finisterre* ata 1962, vai chega-lo sambenito de colaborador cos franquistas; pola nosa banda, debemos sinala-las múltiples actividades de Valiño na colonia galaica no Uruguai, onde chegou a ser moi coñecido ata a súa morte, acontecida en 1990: membro da Irmandade Galeguista, do Patronato de Cultura Galega e da Comisión de Instrucción e Cultura da Casa de Galicia; colaborador na prensa da Irmandade Galega, da Casa de Galicia e fundador do "Suplemento Gallego" do Diario Español; colaborador das emisións radiofónicas do Patronato,… O recentemente finado

Fernando Pereira, que tivo trato con el, asegurounos que o seu talante foi sempre galeguista e antifascista, e así debémolo reseñar.

Coincidindo coa súa estancia en Montevideo, García Durán vai entrar en relación coa colectividade galaica a través do curso de literatura e idioma galego que impartirá na Facultade de Humanidades, protagonizando, seica, as primeiras intervencións na nosa lingua naquela Universidade. Deste xeito, a Casa de Galicia nomeouno membro do xuri que fallou en 1966 o premio de literatura galega instituído por aquela colectividade; o gañador foi Carlos Zubillaga co traballo *Castelao no Arte Galego*. Con idéntico pulo co amosado recentemente rematada a Guerra Civil, cando a amizade cos irmáns Saco e con Ramón Piñeiro influíron na súa nidia defensa do Estatuto e da personalidade galega diferenciada, García Durán fixo no limiar do libro de Zubillaga unha rexa defensa da dignidade dos galego falantes e unha non menos contundente crítica dirixida ós que tiñan vergoña da súa orixe e da súa fala. E remataba declarando a súa admiración e respecto por Castelao do que, parafraseando a Curros, dicía: "Cando ti volvas a Rianxo 'como detrás de Cristo, virán as xentes todas' ". Por aqueles días, enceta tamén García Durán o ambicioso proxecto de levar a cabo unha enciclopedia da guerra civil española, agardando contar cunha chea de colaboradores de todo o espectro político ciscados polo mundo adiante: do neofranquista Prados Arrarte, ata Diego Abad de Santillán, pasando por Salvador de Madariaga. Non esquecía tampouco a parte galega, que estaría representada por Emilio González López e, ¡cómo non!, por Ramón Piñeiro; de feito, chegouse a montar en Montevideo un grupo de apoio especificamente galego, do que tan só sabemos que formaba parte o devandito Roberto Cotelo. Ó cabo, o proxecto frustrouse debido á dificultade para conciliar tantas e tan diversas vontades. Logo, a partir de 1968, retorna ós EEUU, a Houston-Texas máis concretamente, onde recibirá nese mesmo ano a visita de Ramón Piñeiro. No derradeiro traxecto da súa vida, García Durán vaise afastar cada máis do movemento libertario ó que botaba en cara o seu illamento e a súa falla de eficacia e realismo[308], centrándose máis que nada no seu labor intelectual para

[308] Correspondencia mantida con Federico Arcos, (21/9/1971).

o que se doutorou en Historia pola Universidade da Sorbona cunha tese sobre a Guerra Civil.

9. OUTROS EXILIOS

Sorprende que países con abondosa colonia galega como Cuba, Arxentina e, daquela en menor medida, Venezuela, teñan atraído nun principio a tan poucos exiliados libertarios; quizais a explicación estea na desfavorable conxuntura política que ámbolos países atravesaban no comezo da década dos 40 e o feito de que boa parte da militancia libertaria decidiu recalar nun primeiro intre en Francia coa esperanza de influír na desexada caída de Franco. En Cuba pouco podemos reseñar; a penas o transcorrer fuxidío camiño de Venezuela de Silvio Santiago, cenetista e simpatizante do Partido Sindicalista na Coruña republicana e aínda sen callar como escritor naquel ano de 1937. Tamén pasou unha breve tempada en tránsito entre a República Dominicana e México, Nicolás Mallo; o coruñés desembarcara na República Dominicana a fins de 1939 xunto co anarquista ourensán José Ledo, pero as duras condicións do país gobernado con man de ferro polo dictador Trujillo, "donde daban ganas de volverse a los campos de concentración de Francia para terminar el expiatorio"[309], induciron a ambos a abandonalo canto antes: Ledo desembarcou en Veracruz (México) no verán de 1942, mentres que o Centro Asturiano de Cuba reclamou a Mallo e alí residiu un tempo antes de dirixirse, así mesmo, cara un México acolledor e aínda influído polas simpatías republicanas e democráticas de Lázaro Cárdenas. Non foron os únicos en abandona-la illa escravizada por Trujillo; tamén o enxeñeiro vigués Ricardo Mella Serrano, fillo do pensador ácrata, enfilou o rumbo de Venezuela logo de ter dirixido en Santo Domingo a revista *Nuevo Rumbo*, editada por españois desterrados.

Como se dixo con anterioridade, Silvio Santiago recalou en Caracas onde vai traballar en múltiples oficios; no ano 1946 aínda seguía vencellado á Subdelegación da CNT en Venezuela, posicionándose daquela a prol da CNT do interior e das teses "colaboracionistas". No mesmo ano é cofundador, xunto cunha maioría de exiliados entre os que se atopaba o galeguista próximo ao

PCE Xosé Velo, do Lar Gallego, a primeira institución galega creada en Caracas antes da enxurrada migratoria da década seguinte. Os enfrontamentos internos cos comunistas desembocaron na expulsión de Silvio do colectivo "por motivos políticos" (Piñeiro, A., 2000), creando entón o Centro Gallego no albor da década dos 50. Dende entón, Silvio Santiago vaise vencellar cada máis á colonia galega sendo un dos alicerces da Irmandade Galega en Venezuela, lonxe xa da militancia libertaria. Logo dunha activa e controvertida actuación nas colectividades galegas[310], partidario do culturalismo apolítico dos "galaxios" que tanto criticará en diante Celso Emilio Ferreiro, Silvio Santiago retornou en 1959 a Galiza co gallo da publicación na Editorial viguesa da súa celebrada novela *Vilardevós*. A cabalo entre Venezuela e Galiza, e disfrutando dunha saneada situación económica, Silvio continuou a manter relacións de amizade e colaboración cos veteranos cenetistas coruñeses ata a súa morte, acontecida en 1974.

Sen que poidamos determinar o posterior grao de compromiso ben coa organización cenetista en Venezuela, ben coa Federación Obrera Regional Venezolana adherida á AIT e creada por exiliados "gallegos" (quer dicir, procedentes de calquera zona do Estado español) unha vez finiquitada en 1958 a dictadura de Pérez Jiménez, detectamos unha notable corrente migratoria de exiliados galegos residentes en Francia con dirección de Venezuela a fins dos anos 40, provocada sen dúbida pola consolidación do réxime trala IIª Guerra Mundial e o conseguinte desánimo dos antifranquistas (*Solidaridad*, Toulouse, decembro 1948). Daquela, chegarán ó país algúns guerrilleiros confederais de sona, como o lucense de Cervantes Abelardo Gutiérrez Alba, alicerce da IIIª Agrupación da Federación de Guerrillas de Galicia- León, ou o veciño de Riós (Ourense) Eduardo Pérez Tameirón, afouto combatente nas terras da "raia seca".

Canto á República Arxentina, ese foi o destino inicial dalgúns militantes ácratas galegos dos que, sen embargo, non nos consta que participaran nas

[309] Ledo, José: "Un documento para la historia de la CNT", *Le Combat Syndicaliste*, (10/1/74).
[310] Tamén aquí, como no caso de Vázquez Valiño, hai acusacións de colaborar coa embaixada franquista que mesmo transcenden ó voceiro das Confederadas de Nova Iorque, *España Libre*, andando o ano 1956.

actividades da Subdelegación da CNT artellada na Arxentina: foron os casos do gravador betanceiro Manuel Crestar, directivo da Agrupación de Gallegos Libertarios de Valencia durante a Guerra, ou do metalúrxico coruñés e membro das JJLL José Soto Lorenzo, fuxido da capital galega mercé ós seus contactos na masonería. Máis tarde, a cabalo das décadas dos 40 e 50, rexístrase a chegada dalgúns militantes procedentes de Francia, desenganados dunha rápida caída da Dictadura: eis o caso do antigo compoñente da CRG de Toulouse, José Gómez que, sen embargo, continuou dende Arxentina a colaborar co mantemento do voceiro *Solidaridad*, ou o do ferrolán Juan Leal, afincado en Tandil. Nese mesmo período, fuxindo das cadeas franquistas e do ambiente abafante da vida cotiá, chegan outros procedentes da Galiza: velaí o mariñeiro cambadés Ramón Galiñanes, outrora "inquilino" da Illa de San Simón e o ourensán Eduardo Peleteiro, máis tarde adherido á Federación Libertaria Argentina . Mesmo houbo quen viña rebotado doutros países americanos, como o músico de Nigrán, Inocencio Alonso, antigo compoñente da Columna Durruti e residente 11 anos en Chile. Un caso especial foron aqueles galegos afincados na Arxentina antes da Guerra Civil e que desenvolveron no país americano o seu compromiso coas loitas sociais e a ideoloxía anarquista, o que lles levou a retornar á Península durante a contenda para participar no bando leal á República. Foron unha manchea, bastantes deles con postos relevantes na FORA arxentina, e que voltaron ó seu país de acollida logo de pasar, algúns, polo exilio francés: o betanceiro Antonio Casanova, ó que xa nos temos referido; Jerónimo Rodríguez, dirixente da Unión de Chauffeurs de Bos Aires, Serafín Fernández, Enrique López, etc. … E, ó cabo, non podemos deixar de citar ó vigués Campio Carpio que, malia non ser un exiliado propiamente dito, si colaborou arreo cos seus escritos tanto en *Galicia Libre*, voceiro da Federación de Gallegos Libertarios durante a Guerra Civil, como na traxectoria da CRG francesa mantendo, ademais, correspondencia con diversos militantes libertarios galegos no exilio. De calquera maneira, non é dado falar dunha presencia organizada dos galegos libertarios exiliados na Arxentina, senón tan só dalgunhas individualidades que continuaron mantendo contacto coa Subdelegación da CNT, ou que, no caso dos repatriados galego-arxentinos,

tentarían reincorporarse ás actividades gremiais nun intre manifestamente desfavorable no que Perón impediu o desenvolvemento normal de calquera proposta sindical que non fose a CGT xusticialista (Penelas, C., 1996).

9.1 Chile e Perú

Líster, en aquel entonces, hablaba un ruso prácticamente perfecto, con un marcado acento gallego, por supuesto, como hablaban el ruso, con un acento específico, la mayoria de los representantes de las 110 etnias y pueblos que poblaban la Unión Soviética. No perdamos de vista que Líster había pasado, anteriormente, tres años en la URSS, uno de los cuales (durante la construcción del Metro de Moscú, en 1934), había convivido exclusivamente con rusos. Durante la guerra de España, como lo atestiguan Malinovski[419], Rodimtsev[420], Batov[421] e, inclusive Hemingway[422], Líster no necesitaba la colaboración de ningún intérprete para entenderse con los consejeros soviéticos. Los dos años de estudio en la Academia Frunze tampoco transcurrieron en balde en lo que concierne la práctica del idioma de Pushkin. No hablar polaco, no representaba ningún obstáculo, dadas las similitudes entre las dos lenguas eslavas. Además, la mayoría de los oficiales polacos hablaban el ruso[423]. Generales como Swierczewski (Walter), Berling y otros organizadores del nuevo ejército, hablaban el ruso sin ningún problema[424]. Señalemos, que en las filas de ese Ejército fueron incorporados representantes de otras nacionalidades, antifascistas residentes en la URSS. Ello explica, que una de las primeras medidas decretadas por el Gobierno Provisional Polaco del Presidente

[419] MALINOVSKI, R. (1967): "Torbellinos de ira en España", *Bajo la bandera de la España republicana. Recuerdan los voluntarios soviéticos soviéticos, participantes en la guerra nacional-revolucionaria en España*, Ed. Progreso, Moscú, pp. 257-318. (los libros en ruso).
[420] RODIMTSEV, A. I. (1967): "En la dirección de Guadalajara", *ibid*, pp. 7-62.
[421] BATOV, P.I. (1967): "En las filas de los voluntarios de la libertad", *ibid.,* pp.217-256.
[422] E. Hemingway, op. cit, p.
[423] No perdamos de vista un factor geográfico sumamente importante: el Ejército Polaco comenzó su campaña militar en territorio ucraniano, y el idioma ucraniano se asemeja al polaco como el gallego al portugués.
[424] Como hemos señalado anteriormente, Walter recibirá, en 1939, en la Academia Frunze, el título de Doctor en Ciencias Militares.

Boleslaw Beirut, consistiera en conceder la nacionalidad polaca a todos los extranjeros integrados en las filas del Ejército Polaco y a sus familias[425].

La contribución de Modesto y Líster a la creación y mando del Ejército Popular Polaco fue altamente valorado por el Gobierno de ese país –que, dicho sea de paso, fue uno de los pocos en reconocer al Gobierno Republicano en el exilio, siendo embajador el famoso arquitecto Manuel Sanchez Arcas-. Por eso, el 18 de julio de 1946, los dos generales españoles recibirán, de manos del Presidente Bierut, la más alta condecoración polaca, la Cruz de Grünwald, en presencia del vice-ministro de la Defensa, Karol Swierczewski (Walter), el cual, caía muerto un año más tarde, en un enfrentamiento con un destacamento de nacionalistas ucranianos del general Bendera, que operaba en la frontera polaco-slovaca, en los Cárpatos.

1. YUGOSLAVIA

Escribe Líster en uno de sus trabajos, que:

> A mediados de octubre de 1944, estando en el Frente Uncraniano, al mando de la 2 División del Ejército Polaco, me llamó Dimítrov a Moscú. En una larga conversación me explicó las opiniones y planes de Stalin en relación con el problema español. [426]

Según Líster, Stalin consideraba que era necesario desbaratar los planes de los anglo-americanos, orientados a dejar a Franco en el poder después de la derrota del fascismo. Para ello era necesario formar un Gobierno o Comité de Liberación que aglutinara todas las fuerzas políticas republicanas. El candidato para dirigir esa coalición política podía ser, según Stalin, Juan Negrin. La creación de esa coalición debía ser respaldada por un movimiento popular y cuya expresión más eficaz podía ser, en la situación de España, la lucha

[425] El decreto adoptado tambien por el Sovie Supremo de la URSS el 22 de junio de 1944, estipulaba el derecho de los ciudadanos incorporados a las filas del Ejército Polaco en territorio soviético a optar por la ciudadania polaca, así como todas las personas que prestan ayuda en la liberación de Polonia. El decreto concierne así mismo a los miembros de las familias de los interesados*. Boletín Oficial del Sóviet Supremo de la* URSS, 22 de Junio de 1944. Con lo cual, en tanto que hijo del general soviético *Lisitsin* (Líster) incorporado al Ejército Polaco, obtuve, a los tres años de edad, mi segunda nacionalidad, de las seis que he poseido hasta la fecha.

guerrillera. Una de las medidas prácticas para llevar a cabo tal tarea, consistía en que los tres generales españoles se trasladasen lo más pronto posible a Francia, no solamente por tratarse de un país fronterizo con España, sino también por existir allí un potente movimiento guerrillero español.

El traslado hacia Francia de los tres generales podía efectuarse, dadas las condiciones de guerra reinantes en Europa a finales de 1944, únicamente por el norte de Italia, pasando por Yugoslavia.

Las visisitudes de la guerra obligaron a los tres generales a permanecer varios meses en Yugoslavia, donde continuaban los combates contra las tropas hitlerianas. Los españoles serán acogidos por los yugoslavios de forma excepcional, integrándolos, con sus grados de generales en las filas del Ejército de Liberación Nacional y rodeándolos de todo tipo de atenciones. Decenas de oficiales (y muchos altos mandos) de ese Ejército popular eran ex-combatientes de las Brigadas Internacionales. Fue en España donde adquirieron la experiencia en la lucha anti-fascista. Muchos de ellos habían combatido bajo las órdenes de Líster, el cual aprovechó la ocasión para estudiar de cerca la rica experiencia de los yugoslavos en materia de guerra de guerrillas. Lo mismo que España había servido a los Yugoslavos de escuela para los combates que libraron durante los cuatro años de guerra de liberación nacional, Yugoslavia podía representar para los españoles una inestimable fuente de conocimientos táctico-estratégicos y organizativos para la guerra de guerrillas que el PCE proyectaba desarrollar en España. La especificidad del movimiento guerrillero yugoslavo consistía en que no era un complemento a la acción de un Ejército regular, sino que representaba la forma de lucha armada escogida por los comunistas yugoslavos y desarrollada durante todo el curso de la Segunda Guerra Mundial. Tito y sus hombres habían supeditado a ese tipo de acción todas las demás actividades de sus organizaciones. Es verdad que existía una diferencia sustancial entre el caso yugoslavo y el español: en el primer caso se trataba de una lucha contra un invasor, en el segundo, contra un enemigo político interno. Independientemente de esas diferencias, Líster consideró necesario estudiar de cerca la experiencia yugoslava y, además, solicitó la

[426]LISTER, E. (1983): *Así destruyó Carrillo.... ,* op. cit.*,* p. 28.

posibilidad de utilizar el territorio yugoslavo no sólo para el paso de los componentes del "Batallón Español" procedente de la URSS, sino también para adquirir experiencia, completar sus conocimientos en un tipo de lucha guerrillera totalmente distinta a la que libraron en territorio soviético contra los alemanes.

Otro problema que resolvió Líster fue el traslado a Yugoslavia de ex-alumnos españoles de la Frunze, con el fin de integrarlos, como consejeros, en el seno del Ejército de Liberación Nacional. Ello explica que José Vela, Santiago Aguado, Muños, Antonio Ortíz, Tagüeña, Vitorero y otros, se trasladaran a Yugoslavia, donde trabajaron como consejeros militares hasta el fatal año de 1948, cuando se produjo la brutal ruptura entre el movimiento comunista internacional y los dirigentes yugoslavos, y la posterior campaña de calumnias y ataques contra los yugoslavos.

Recordemos que poco antes de producirse esa ruptura, la dirección del PCE había decidido, en febrero de 1948, solicitar ante los yugoslavos ayuda logístico-militar para impulsar la lucha guerrillera en España, en la región de Levante, concretamente. Con ese fin se desplazaron a Belgrado Líster y Carrillo, que fueron recibidos y tratados con la hospitalidad y el sentido de camaradería que siempre caracterizaron a nuestros amigos yugoslavos. Sobre este encuentro, también se han escrito bastantes fantasias. Así, por ejemplo, Carrillo, con el único propósito de intentar disminuir, mediante todos los medios posibles, el prestigio de Líster, dio, en 1976, una versión falsa sobre la reunión:

> En 1948 fui incluso a Yugoslavia a ver a Tito para pedirle que organizara lanzamientos en paracaidas sobre Levante. Esto era un mes antes de su ruptura con la Kominter [sic]. [427]

Y en 1993, obligado por la publicación de informaciones más completas[428], Carrillo modificó un tanto su versión:

---

[427] CARRILLO, S. (1975): *Mañana, España...,* op. cit.*,* p. 123. Señalemos, que la Komintern, fue disuelta en 1943, reemplazada, en 1947, por el Cominform.

[428] Líster había publicado *Así destruyó Carrillo el PCE* en 1983 y, en 1986, Gregorio Morán publicaba su *Miseria y grandeza del Partido Comunista de España* (Ed. Planeta), donde pone en evidencia que Carrillo no viajó solo a Belgrado, sino acompañado por Líster*,* p. 136. Hay que

> [...] a principios de febrero viajé a Belgrado con una delegación en la que figuraba entre otros Líster[429]

Los documentos que he podido reunir, gracias a los amigos yugoslavos del Instituto de Historia de Belgrado y del Centro Estatal de Archivos, muestran que el 13 de febrero de 1948 fueron recibidos por Tito, Mílovan Djílas, Edvard Kardélj y Aleksandar Ránkovic dos miembros del Buro Político del PCE, Santiago Carrillo y Enrique Líster. Lo mismo Carrillo que Morán dan a entender que se trató de un viaje relámpago[430], cuando en realidad los dos emisarios del PCE permanecieron en Belgrado hasta el 25 de febrero. Líster tuvo tres reuniones con los oficiales y especialistas del Estado Mayor del Ejército Yugoslavo, quienes le explicaron que, técnicamente, era imposible realizar parachutajes de material militar sobre el Levante español, debido ello a la falta de autonomía de vuelo de los aviones y por la vigilancia de las costas del Mediterráneo por las tropas de los países occidentales. Tampoco hay que perder de vista el aspecto político: dos meses más tarde se producía la ruptura entre Stalin y Tito. Los dos españoles, que estaban a ayunas sobre el conflicto en curso, se contentaron con las explicaciones "técnicas" y agradecieron a los yugoslavos la ayuda financiera (30.000 $) que les entregaron.

En el verano de 1948 se hará oficial la brutal ruptura entre el Kominform y el Partido Comunista Yugoslavo, seguida de una feroz campaña de calumnias y acusaciones infundadas contra Tito y sus hombres. Desgraciadamente, los dirigentes del PCE participaron activamente en esa vergonzosa campaña contra los dirigentes de un país[431] cuyos hijos habían vertido generosamente su sangre en los campos de batalla de la Guerra Civil española, que habían prestado, como antifascistas consecuentes, toda clase de ayuda a sus camaradas

---

señalar, no obstante, que Morán repite, en parte, la versión de Carrillo, motivado ello por el patológico odio que siente por Líster. El repetir mentiras y bulos, es uno de los rasgos característicos de la prosa de Morán.

[429] CARRILLO, S. (1993): *Memorias*, Ed. Planeta, Barcelona, p. 41.

[430] MORÁN, G. (1986): *Miseria y grandeza.....,* op. cit*.,* p. 136.

[431] Si se compara la campaña anti-titista de los años 40 con la desencadenada por los occidentales durante todo el proceso de destabilización de Yugoslavia y del periodo que

españoles. Se distinguirá en esa vergonzosa práctica Santiago Carrillo[432] y, desgraciadamente, también Antonio Cordón, el cual, dicho sea de paso, había disfrutado, durante casi un año, de la condición de huésped personal de Tito, viviendo en su palacio, compartiendo, cotidianamente, la mesa del Mariscal, acompañándolo en, prácticamente, todos sus desplazamientos.

Líster se negó a unir su voz al coro beático e inquisitorial. ¿Cuál fué el motivo? ¿Tener fuertes dudas y considerar que todas esas acusaciones de "traidores", "renegados", "agentes del imperialismo" etc. eran puros inventos? Eso lo sabía más de uno. Ahora, lo que no sabía hacer todo el mundo, era comportarse con dignidad, ese sentido de la dignidad que fue, sin duda de ninguna clase, "el principal rasgo característico de Líster", como diría el responsable de las relaciones entre el PC Francés y el PCE, André Flori, en su artículo necrológico sobre Líster.

En el verano de 1955 se produjo la espectacular reconciliación soviético-yugoslava y, como resultado directo, con el conjunto del movimiento comunista internacional.

En el otoño de 1956 se celebraron en Belgrado actos oficiales de conmemoración del 20 aniversario del comienzo de la Guerra de España y de la creación de las Brigadas Internacionales. Fueron invitados, entre otros españoles, Juan Negrín y Álvarez del Vayo, así como Juan Modesto y Líster. La dirección del PCE tuvo la sensatez de no incluir en la delegación a Antonio Cordón[433].

Posteriormente, Líster visitará Yugoslavia varias veces, en tanto que figura oficial o a título personal, recibido cada vez con los honores y

---

precedió la reciente agresión de la OTAN contra ese país, la similitud entre ambas resulta asombrosa.

[432] CARRILLO, S. (1948): "A la luz del Comunicado de Bucarest. Las tendencias liquidacionistas en nuestro Partido, durante el período de Unión Nacional en Francia", *Nuestra Bandera,* n° 28, junio-julio de 1948. En este artículo, S. Carrillo realizó una verdadera proeza, al "descubrir" que el dirigente comunista español Monzón había sido un "titista" durante el período de Unión Nacional en Francia, en los años 1944 –1945, es decir, antes de la aparición del "titismo" en 1948.

[433] Cordón seguirá, el resto de su vida, "cobrando los derechos de autor " por sus artículos anti-yugoslavos. Así, en una carta dirigida a D. Ibárruri, Líster escribía que "[...] los húngaros han a entender de que la ida de Cordón a Budapest para lo de las Brigadas no era oportuna, dado que ello podría ser motivo de descontento por parte de los yugoslavos". Carta de E. Lister e D. Ibárruri del 11 de octubre de 1956 Archivo personal de E.Líster.

consideración que se merece un compañero de armas, un amigo. Esto lo pude comprobar personalmente en 1967, cuando pasé, junto con Líster, unas inolvidables vacaciones en la villa de Tito, en Split. Gracias a mis conocimientos de la lengua de los eslavos del sur, pude comprobar, escuchando los comentarios de nuestros anfitriones, la simpatía que sentían por un hombre que siempre supo mantenerse fiel a los lazos de amistad y camaradería.

2. LAS GUERRILLAS

El nombre de Líster está inseparablemente ligado a la Guerra Civil española. Forma parte de la larga lista de los combatientes que libraron esa primera batalla abierta contra el fascismo internacional, prolongada, como hemos visto, en la URSS, en las filas del Ejército Popular Polaco, en tanto que general yugoslavo.

Vendrá luego la dirección (desde Francia) de la lucha guerrillera en España, al servicio de la cual pondrá Líster todas sus energías, su experiencia, convencido de que había que prestarle a esa forma de lucha toda la atención y todos los medios del PCE.

La no aceptación de la doctrina de Líster fue una de las principales causas subjetivas del fracaso de esa experiencia. El viaje a Yugoslavia, al que nos hemos referido más arriba, se inscribía de lleno en la lucha que Líster mantuvo dentro de la dirección del PCE por prestar a la lucha guerrillera toda la atención que merecía y para no concebirla como una mera maniobra de intoxicación y especulación política[434]. Todos los ejemplos de la Historia evidencian que cuando una formación se lanza a la lucha armada, todos los medios de los que dispone esa organización deben estar supeditados a ella. De lo contrario, el combate está condenado de antemano al más rotundo fracaso.

[434]LISTER, E. (1983): *Así destruyó Carrillo....,* op. cit., pp.43-57, y "De la experiencia de la lucha guerrillera en Espaéna (1939-1951)", Suplemento al n° 586 de *España Republicana*, México, 1961.

3. LISTER Y EL CHE (A MODO DE EPILOGO)

En 1949 fue creado el Consejo Mundial de la Paz, en cuya Presidencia permaneció Líster durante 25 años[435]. Ese combate por la paz, durante el cual visitará una treintena de países, le llevará, en 1961, a Cuba, donde encontrará a uno de los más destacados revolucionarios del siglo XX, Ernesto Che Guevara. Este ya había entrado epistolarmente en contacto con Líster: a través de uno de los ex-alumnos de la Frunze, Ramón Soliva (alias, Comandante Roberto, consejero militar de Raúl Castro entre 1960 y 1966), el Che le hizo llegar un ejemplar de *La guerra de guerrillas* con la dedicatoria:

> A Enrique Líster, de un pequeño alumno que a distancia trata de estudiar la experiencia española para no tener el triste fin de la República, con ánimo de conocerlo en Madrid. Ché. Habana, sep. 9/60.

No será en Madrid, sino en La Habana, donde los dos hombres se verán por primera vez, y donde nacerá una sincera y sólida amistad, determinada por esa profunda convicción mutua de que un luchador, un revolucionario ignora las fronteras geográficas, considerando como un deber responder "¡Presente!" ahí donde, por caprichos del destino, le toca a uno vivir.

Ser combatiente internacionalista no significaba para Líster la pérdida de un solo átomo ni de su españolidad, ni de sus orígenes gallegos, ni el orgullo de haber ejercido uno de los oficios más extendidos entre los pueblos celtas, el oficio de cantero. Ser hijo de la tierra gallega, haber nacido a dos pasos de la mundialmente famosa ciudad de Santiago de Compostela, tener como paisanos a Rosalía de Castro, Castelao y otros, fueron para Líster notivo de orgullo, signos de identidad.

Hemingway hace alusión en *Por quién doblan las campanas* a los orígenes gallegos de Líster. A la pregunta de Hemingway "dicen que usted no es español", Líster, medio en guasa, medio en serio, contestó. "Efectivamente, soy gallego"

[435] En representación de España figuraron en la Presidencia el arquitecto Manuel Sanchez Arcas y Pablo Picaso.

Fueron múltiples, de 1961 a 1967, los encuentros y conversaciones entre el Che y Líster, el cual en sus memorias relata que en una ocasión, en Argel, en enero de 1965, durante la entrevista que tuvo con el Che, éste le

> […] explicó que estaba haciendo un recorrido por los países africanos. […] Riéndose me dijo que yo iba detrás de él con la paloma de la paz deshaciendo lo que él hacía. La carcajada fue general al contestarle que lo que yo hacía era desbrozarle el camino y adormecer a los enemigos, con lo cual su tarea de guerrillero estaba facilitada. [436]

En octubre de 1967 las agencias de prensa anunciaron la muerte del Che. Escribe Líster:

> Mi primera reacción fue no creer una palabra de ese comunicado de prensa. [437]

Será Ramón Soliva, de paso por París, quién comunicará a Líster, en mi presencia, la declaración hecha por Fidel Castro el 15 de octubre, anunciando la muerte del Che.

Lister envió, inmediatamente, un mensaje al Gobierno Cubano, en el que declaraba que:

> La muerte del Che es para mí, lo mismo que para millones de revolucionarios del mundo entero, una dolorosa sorpresa […].
> […] sentí por el Che una profunda simpatía y admiración. Hablamos juntos en actos públicos y tuvimos largas conversaciones, en que contrastamos nuestras opiniones sobre diferentes cuestiones, y aunque no siempre llegásemos a un total acuerdo sobre las cosas, sí lo estábamos en lo fundamental […].
> […] la amistad comenzada en la Habana se fue haciendo cada vez más sólida; por eso su muerte es para mí triplemente dolorosa, por ser la

[436] LISTER, E. (1983): *Así destruyó Carrillo....,* op. cit.*,* p.138*.*
[437] *Ibid*, p.139.

> muerte de un compañero de combate, por la misma causa y contra el mismo enemigo, la muerte de un revolucionario y un amigo. [438]

Si podemos considerar una casualidad, un capricho de la Historia el que los destinos de esos dos hombres se hayan cruzado en mayo de 1961 en La Habana, no debemos, en manera alguna, considerar como una casualidad el surgimiento, desde el primer día, de una sólida amistad entre el veterano e infatigable luchador de origen gallego y el joven, pero ya experimentado, revolucionario argentino, que no había dudado en empuñar las armas contra el invasor yanqui en Guatemala en 1954, unirse a Fidel Castro en 1959, contribuir a la victoria de la revolución cubana.

Lo que unía al Che y a Líster, independientemente de la diferencia de edad, era, como he dicho más arriba, esa profunda convicción de que un luchador, un revolucionario ignora las fronteras geográficas, por lo cual considera un deber responder "¡Presente!" ahí donde el destino le ha obligado a vivir.

No debe de extrañarnos, por lo tanto, que en el acto celebrado en el Centro Cultural Gallego de la Habana, en su vibrante intervención, al referirse a la política de reconciliación nacional, y de las perspectivas de restablecer la democracia en España por la vía pacífica preconizada en aquél entonces por el PCE*,* el Che declarase:

> Todos nuestros deseos, los míos propios, los del pueblo entero de Cuba, son que sea así.[…] Pero si no fuera así […] podríamos decirle al compañero Líster, al gran luchador de aquella época, parafraseando los versos de Antonio Machado:
>
> ¡Si mi pistola valiera para algo,
> en tu columna contento lucharía![439]

[438] *1907- 1982: Una Historia,.....,* op.cit., pp. 83-84.
[439] *El Mundo,* La Habana, sábado 3 de juniode 1961.

COMUNICACIÓNS

OS HEROES DA CADEIRA[440]: UNHA RESPOSTA INTERIOR Ó EXILIO

Carlos Andrés González Paz

1. TODO Ó SERVICIO DA LIBERDADE.

Cando os nosos ollos de investigadores, historiadores ou simples seareiros diríxense ó pasado e tentamos evocar algunha etapa da nosa recente historia contemporánea, aquela á que consideramos como o noso precedente que nos condiciona neste presente, é o momento destinado a valorar se realmente o pasado condiciona o desenvolvemento dos acontecementos do futuro, é dicir, se forma parte do noso patrimonio colectivo, desa memoria convertida en bits de información almacenada no disco duro da nosa mente. Parece que aínda hoxe resulta politicamente incorrecto lembrar determinados momentos desa historia que se ben non negra de todo si o suficientemente gris para que poda ser perdoada pero nunca esquecida porque como di a máxima "quen esquece o pasado está condenado a repetilo". A análise da Guerra Civil e da posterior Dictadura franquista e en particular sobre algunha das súas fases máis duras e ingratas que se corresponden cos primeiros anos realízase ás veces dende a protección que supoñen os valores e perspectivas do tempo presente e a realidade obxectiva do tempo analizado é tanto só descoñecida cando non desvirtuada. Se xunto ó rigor preciso no manexo dos datos históricos aproximámonos con vontade decidida de comprender, isto é, de tratar de situarnos, de imbuírnos, no contexto dese momento concreto á nosa percepción será máis fiel respecto do acontecido; e aínda mellor se, dando un paso máis,

[440] Monte situado na confluencia dos concellos lucenses de Barreiros, Trabada e Lourenzá onde se celebraba cada 25 de marzo a festa e feira de San Marcos e onde se situaba, nesta época, unha ermida barroca de factura popular e hoxe en estado ruinoso. Con este título queremos facer referencia ó Grupo do Gardarríos, un grupo de escapados, non alineados, que tiña a súa base neste lugar.

somos conscientes de que ningunha situación histórica é allea ás vivencias dos homes e mulleres que a protagonizan.

Ducias de sesudos e voluminosos traballos sobre a Guerra Civil e movemento guerrilleiro antifranquista en Galicia e centos de informes e reseñas informativas de arquivos públicos e privados parecen esvaecerse cando un recolle as testemuñas daqueles que viviron ese duro período histórico ben como protagonistas, ben como actores secundarios pero nunca de reparto. Unha tradición que se mestura coa propia historia persoal deste que esta comunicación asina e que dende rapaz aprendera a lembrar con cariño e respecto a aquel grupo de homes que cincuenta anos atrás loitaran nas nosas serras e montes como amantes incondicionais e ardentes da liberdade. Homes como Germán Méndez García[441], fuxido do grupo do Gardarríos; Andrés González Rodríguez, o Asturiano[442]; Ramón Rodríguez Varela, o Curuxas[443] e José Vázquez Otero[444] foron os que non se resignaron e fuxiron ó monte porque a existencia se lles facía precaria ou literalmente inaguantable pero que rexeitaron a idea do exilio americano ou da incorporación á resistencia francesa. Para estes homes, familia e causa directa destas palabras, decidíronse pola loita activa contra o franquismo non sabendo se continuaban a Guerra Civil, se representaban en territorio galaico o escenario europeo ou se, simplemente, comezaran unha terceira guerra pola súa conta porque sabían as outras perdidas. Centos de homes e mulleres, ata cinco mil segundo algúns recontos, abandonaron identidades, fogares e submisións para enfrontarse, non sempre apoiados polo pobo pero si polas máis profundas ansias e convicción

[441] Nado na parroquia de San Martiño de Figueiras (Mondoñedo-Lugo) e avó de quen esto escribe por parte materna. Baixou do monte no ano 1951 coa promesa dunha semiamnistía pero foi apresado, xulgado por varios crimes e condenado a trinta anos de prisión a cumprir no Penal do Dueso en Cantabria.

[442] Nado na parroquia de San Breixo (Palas de Reis.Lugo) e avó de quen esto escribe por parte paterna. Emigrado a Asturias (de aí o seu alias) para traballar nas minas de carbón, participou na Revolución do 1934 e acusado de ter participado no fusilamento dos denominados Mártires do Turón, agachouse nas Terras do Ouro (Alfoz-Lugo). Chegou a ser membro do Comité Comarcal de Lugo no verán de 1945.

[443] Nado no concello de Toques (A Coruña) pero residente no concello de Palas de Reis (Lugo). Quizás este sexa un dos guerrilleiros máis coñecidos xunto co Foucellas, Marrofer,.... Irmán do bisavó do que esto escribe.

[444] Nado na parroquia de San Breixo (Palas de Reis-Lugo) e cuñado do avó de quen esto escribe.

democráticas, á campaña de terror e represión comezada por aqueles que procedían dunha cuartelada.

Estiveron no monte mantendo esperanzas durante anos; poñendo a súa vida en risco permanentemente; defendendo, sempre ó seu xeito e baixo a súa interpretación, a legalidade republicana aplastada e propagando a loita desigual contra os responsables da represión. Foron perseguidos sen tregua nin cuartel polo exército, pola Garda Civil e polas contrapartidas paramilitares de adeptos ó réxime e, cando conseguían fuxir, facíano a través das sombras e buscando os refuxios nos montes, nos piñeirais e nas covas que poboan a nosa xeografía. Acosados baixo o risco de delacións, torturas e fusilamentos non foron, para o Réxime, máis que un grupo de bandoleiros a man armada dos que ás veces se falaba nos xornais locais anunciando algún dos seus golpes económicos ou, máis a miúdo, alagando ás tropas gobernamentais por telos eliminados. Nunca ninguén ó longo da década dos corenta e de comezos dos cincuenta dixo nada sobre os centenares de víctimas das detencións, das palizas e dos paseos ó amencer diante das tapias dos cemiterios; todos calaban acatando o silencio e a censura imposta polo franquismo e que só no exterior era rota interesada e propagandisticamente.

Nestes anos imos dos partes oficiais de "bandidos e bandoleiros" abatidos polas supostas forzas da orde ós enxalzamentos dos discursos da Pasionaria que dende o exilio voluntario outórgalle o título inmortal de combatentes da liberdade namentres que as disensións internas do Partido Comunista e a súa loita polo control do movemento causa un importante número de baixas nos grupos guerrilleiros, nos grupos de "fuxidos ou escapados", de "roxos" ou "masóns", de… Todos estes nomes responden a unha mesma realidade anteriormente descrita, todos eles defendían un conxunto máis ou menos difuso de ideais con medios que podían e empregando a determinación coa que se vían obrigados a conducirse naquela situación bélica non declarada constituíndose en grupos máis ou menos organizados ó modo guerrilleiro. Tiña as súas duras regras, o suficientemente

duras como para levar adiante a primeira das súas premisas que era a de manterse vivos que, co paso dos anos, constituíase nun duro exercicio diario.

Por desgracia hoxe non podemos busca-las súas respostas, non podemos preguntárlle-lo por qué e o cómo pero debemos recoñecer que sen un temple especial é imposible entede-los anos de privacións, de constante alerta e de penalidades físicas, soportando climatoloxías adversas e pendentes de evitar erros de consecuencias, case sempre, fatídicas. Rodeados do medo e dunha interesada colaboración, convertéronse nos abandonados poboadores dos montes e fragas galegas. Aquela asfixia pola súa supervivencia tamén produciu internamente non poucos dramas que son patrimonio dos resistentes, a condición humana todo o impregna e as debilidades e fraquezas non podían estar ausentes, pero virtudes como a solidariedade e a lealdade nunca foron estrañas naqueles grupos de militantes anónimos e, moitas veces ignorados, que poboaron durante décadas os nosos montes desafiando unha orde ilegalmente imposta. Estudia-los materiais políticos e coidar nos "grupos dependentes" da formación ideolóxica, militar e cultural, realizar recuperacións, formar enlaces e guías de pasos, constituír e manter puntos de apoio, desenvolver accións contra a engrenaxe franquista, cómo e onde empraza-los campamentos, a disposición a observar durante as marchas, actividades propagandísticas, captar a novos guerrilleiros, estas e moitas outras tarefas desenvolvían a cotío aqueles mestres da sorpresa e da iniciativa. Como xa sinalamos pouco a pouco foise rebaixando o seu nivel de actuación subrepticiamente e eran obxecto dos constantes vaivéns que afectaban ás liñas programáticas de actuación e á política de alianzas que definían os órganos de dirección instalados no estranxeiro.

Dende o 1948 o PCE, principal impulsor da guerrilla organizada en Galicia, comeza a tomar novos enfoques, cambios estratéxicos e tácticos, novas directivas políticas que crean nos "homes do monte" a conciencia de que as condicións que posibilitaran esta forma de loita pola supervivencia e polo restablecemento da legalidade democrática xa non existían pero que debían mante-la loita, a resistencia; decisión que se traduciu na perda de moitas vidas e en biografías truncadas por anos de presidio.

Da noite á mañá foron convertidos en peóns dun taboleiro de xadrez do que xa non eran donos, eran monicreques que loitaban en montes e piñeirais que servían de apoio armado á loita política que se decantaba por outros métodos e outros ámbitos de igual mérito e dificultade se non supuxeran o enterramento histórico de tantos e tantos homes e mulleres que acabaron prematuramente os seus días. Estes militantes, encadrados politicamente ou non, maioritariamente negáronse a abandonar acaso porque a súa vida só tiña sentido naqueles lugares despois de tantos anos e, aínda que soe cru, moitos non sabían ou non tiñan a onde ir. Búsqueda da fronteira de xeito organizado ou desesperado; evacuacións en bous cara a costa francesa dende a costa atlántica e, sobre todo, cantábrica; a entrega baixo as estatais e falsa promesas de amnistías ou a morte foron as saídas dos homes do monte dos que "o Piloto" foi o derradeiro representante asasinado no 1965 e nas proximidades do encoro de Belesar.

Batidos, encarcerados, mortos moitos deles dende o presente vemos a esas xentes que tiveron unha vida marcada para sempre pola súa cooperación e participación nesa etapa da loita antifranquista. Foron negados coma combatentes políticos polas autoridades fascistas e inxustamente valorados polas organizacións das que chegaron a depender política e ideoloxicamente. Con esta comunicación simplemente pretendemos proclamar con toda claridade que eles foron os primeiros -dende o comezo da contenda civil- na loita polas liberdades, que foron verdadeiros militantes dunha utopía que aínda hoxe fai que o xénero humano avance. Todos eles foron os/as loitadores/as dende a primeira hora polo restablecemento da democracia (fora na guerrilla organizada, fora na simple clandestinidade) que agora forman parte da nosa memoria histórica e democrática deste país que ben lles debe algo máis que estas simples palabras.

2. ALZAMENTO MILITAR DO 18 DE XULLO DE 1936

O que nun principio se pensou que sería só unha rápida acción militar perfectamente organizada, destinada a destituír un réxime caduco que levaba a este país por sendeiros erradose a empezar unha " cruzada redentora";

rematou sendo o principio de tres anos de Guerra Civil fratricida e de máis de corenta de represión, falta de liberdades e desunión dunha España dividida entre vencedores e vencidos.

Oficialmente sempre se negou o feito de que a orixe do goberno franquista debeuse a un pronunciamento militar senón que foi froito dun "Movimiento" de profundo carácter nacional. O seu xefe debeu selo xeneral Sanjurjo, "heroe do Rif", xefe da Garda Civil ata 1931 cando non puido asegura-la seguridade do rei e instaurouse a República. Xa no 1932 tentara organizar un golpe de forza que foi controlado en Sevilla e Madrid. Exiliado en Lisboa foi reclamado polos sublevados para poñerse á cabeza do "Movimiento" pero cando se dirixía a Madrid o seu avión estrelouse sen saber ben as causas do accidente. Desaparecido Sanjurjo, toman forza os nomes do xeneral Mola, ex-xefe dos servicios de policía durante a Monarquía, o xeneral Franco e o tamén xeneral Manuel Goded que toman posicións nas prazas de Pamplona, Marrocos, Canarias, Valencia e Barcelona. O Movimiento parte de Marrocos o 17 de xullo antes do previsto pois témese algún tipo de resistencia civil. Despois de varios meses de planeamentos na escuridade das sombras dos cuarteis, ás cinco da tarde do 18 de xullo de 1936 érguense en armas en Melilla os Tenentes Coroneis Seguí, Gazapo e Bertomeu; en Ceuta, Yagüe en Tetuán, Sáez de Buruaga e Ascanio para protexe-lo estado republicano do cancro que o estaba a devorar por dentro. Ó día seguinte radiase a seguinte mensaxe: " ¡ Españoles !: a cuantos sentís el Santo Amor a España, a los que en las filas del Ejército y Armada habéis hecho profesión de fe en el servicio de la Patria, a los que jurásteis defenderla de sus enemigos hasta perder la vida, la nación os llama en su defensa!". Así empezaba o 18 de xullo de 1936 o alzamento militar que duraría tres longos anos ata que o asinante deste chamamento ós patriotas e ás forzas armadas, o ferrolán Francisco Franco Baamonde, non se converta no "caudillo" de España.

Ó día seguinte pola mañá chega o xove xeneral Franco a Tetuán e toma o control do continxente alzado que controla xa Navarra, Álava, a práctica totalidade de Castela e León, Cáceres, Córdoba, Baleares e Canarias. Fronte a isto o goberno republicano non reacciona e non atende ó chamamento de

anarquistas e comunistas pedindo armas para loitar a prol da República nas rúas, nas barricadas. Un goberno como o republicano español terriblemente asustado pola victoria do Fronte Popular nas eleccións, non soubo decidir coa suficiente celeridade o que era mellor, se loitar contra os sublevados ou contra aqueles que gañaran nos comicios pero que seguramente farían varia-la súa concepción de estado e de goberno. A decisión final apoiou finalmente ós segundos pero tal decisión foi tardía e só quedou defendela polas armas na campo de batalla que foron regados pola sangue da máis sanguenta guerra fratricida coñecida neste século na vella Europa.

O día 20 de xullo as cousas aínda non están claras e en moitos puntos no se sabe aínda quen gañará, se os poderes constituídos ou os militares sublevados. Para ter certa idea sobre a paridade de forzas cabe citar un cadro publicado por Pierre Villar que establecía que os efectivos dispoñibles eran os seguintes: " Zona republicana: 46188 soldados, 108 unidades da Garda Civil, 54 rexementos de carabineiros e o 49.69% dos oficiais fronte á Zona nacionalista que presentaba as seguintes cifras: 44026 soldados, 109 unidades da Garda Civil, 55 rexementos de carabineiros e o 50.31% dos oficiais".

No que se refire a Galicia di Castelao en Sempre en Galiza que: " Perdeuse a nosa terra nos primeiros días do leventamento sen que os xerifaltes da República se decatasen do que perdíamos (valía máis Ferrol que toda Asturias)". A nosa actuación foi dubitativa con respecto a entrar en calquera dos dous campos pero, ó pouco tempo, aparece dominada polas militares nacionalistas. Os militares apostados en Galicia reúnense en xuntanzas conspirativas dende a primavera de 1936 pero descubertos os seus "cabecillas" son enviados lonxe do territorio galego, trasladándoos forzosamente a outros destinos peninsulares.

No relativo á provincia e cidade de Lugo temos constancia da reunión de falanxistas armados na zona de Caniceiros o día dezaseis de xullo. O día dezaoito foron acuarteladas as tropas e o gobernador civil, García Núñez, ordenou o corte de comunicacións coa Coruña para evita-la entrada de información a favor do levantamento que é xeneralizado nas sete principais cidades galegas. Ademais chamou a concentrarse na capital ós voluntarios

comunistas, frentepopulistas e anarquistas aínda que tarda en dala orde de armalos. Ata o día vinte non houbo máis novidade pero ese día o capitán Puga saca as tropas á rúa e declara o Estado de Guerra. Fronte a esto, e rodeado pola Garda Civil, o gobernador rendese persoalmente pero pide a cambio un salvoconducto global para os milicianos que serán tiroteados na zona do hospital ata que remataron rendéndose.

Na Mariña Lucense a secuencia desa triste película repetiuse. As vilas de Mondoñedo[445], Foz[446], Abadín ou Vilalba, e en concellos máis pequenos como Alfoz[447],… foron tomados polas respectivas comandancias da Garda Civil rural nos días 18-19-20 de xullo. En Viveiro[448] patrullas de milicianos armados protexeron a cidade pero chamados a defender Lugo e Asturias, abandonaron a cidade que foi tomada sen practicamente resistencia polo tenente da Garda Civil axudado por homes de dereitas armados. En Ribadeo[449] e na Pontenova[450] conseguiron resistir ata o día 23 e 24 respectivamente gracias ó apoio dos republicanos locais, dos carabineiros e dos mineiros asturianos chegados no seu auxilio. Por último cabe cita-lo caso de Vilanova de Lourenzá onde o seu alcalde, Rodríguez-López Somozas conseguiu deter moi temporalmente os

[445] Importante vila administrativa, xudicial e sé episcopal que foi controlada polos adeptos do Alzamento nos seus primeiros días. O máis significativo foi a ausencia de execucións oficiais e a detención e posterior xulgamento dos principais dirixentes locais (esquerdistas, frentepopulistas e extremistas, sobre todo) entre os que destacan, José Sánchez Gacio, que fora Gobernador Civil da Coruña e o alcalde frentepopulista José Ramos Villamarín Pallín.

[446] Destacada vila mariñeira tamén rapidamente controlada polos axentes da Garda Civil e onde só destaca a detención nestes primeiros días do seu alcalde, José Mel Pérez, de Izquierda Republicana.

[447]No concello de Alfoz (Lugo) son represaliados nesta época o alcalde de Izquierda Republicana, Eloy Castro Dorrego e o secretario do concello, Francisco García Martínez, e no 1937 foron conducidos á Coruña para ser xulgados en Consello de Guerra. O alcalde volveu a ser detido no ano 1944 por terlle axudado ó Grupo do Gardarríos.

[448] Nesta localidade foron xulgados e condenados a morte por un consello de guerra o alcalde, o tenente alcalde e dous concelleiros do equipo de goberno. Outros dous concelleiros socialistas foron torturados e paseados por grupos afíns ó novo Réxime.

[449] Varios defensores da cidade foron fusilados nada máis caer esta entre a que destaca un importante número de mariñeiros, algún membros das forzas de seguridade fieis á IIª República ou o xefe local de Correos.

[450] Neste concello tiña un importante peso específico o sindicalismo (UGT e CNT) debido á importancia da minería. Moitos mineiros foron activos defensores da vila de Ribadeo e algúns marcharon tamén cara á capital provincial para colaborar na súa defensa. Moitos deles foron represaliados.

grupos armados de dereitistas, falanxistas e requetés ó mando de Marcial Minguillón[451].

3. A RESISTENCIA ANTIFRANQUISTA ARMADA

Desde 1936 pasou a designarse con termos como fuxido, escapado ou roxo a toda aquela persoa que fuxira da represión franquista e que se agachara no monte xa dende o comezo da sublevación militar. Agochados coma feras nos seus tobos esperaban a rápida victoria das tropas republicanas para poder volver ás súas vidas correntes pero ante a duración dun conflicto que se alongaba decidiron tomar distintos camiños que foron moi ben definidos por Bernardo Máiz na súa obra Galicia na IIª República e baixo o Franquismo como:

> A. Pasarse ó bando nacional;
>
> B. Entobarse, é dicir, permanecer na clandestinidade pasiva absoluta ata o remate da represión.
>
> C. Permanecer no monte. Deste xeito deuse así a aparición de grupos que aínda non podemos chamar guerrilleiros pero que derivaron neles. É xente que fuxiu por mor de salva-la vida e aprendeu a ser resistentes politicamente formados por estar impedidos de reincorporarse á vida normal por obra dun Réxime prepotente e triunfador que había que combater. Deste xeito non serviron de moito as palabras do xeneral Franco radiadas o día 19 de abril de 1939 dende o goberno provisional de Burgos: " En el día de hoy, cautivo y desarmado, el Ejército rojo, han alcanzado las tropas nacionales sus últimos objectivos militares. La Guerra ha terminado." Para centos de galegos non supuxo máis que o principio dunha verdadeira epopeia que durou ata ben entrados os anos sesenta.

De xeito xenérico podemos falar con Bernardo Máiz de catro etapas na evolución do movemento " contra o Movimento" :

[451] Marcial Minguillón perigoso elemento falanxista, fora expedientado e arrestado por orde do Gobernador Civil de Lugo ó día seguinte do Alzamento para tentar evita-la súa participación directa. As medidas, como se pode observar, foron inútiles e a súa presencia nas terras de

1. Unha etapa que vai dende o 1936 ata o 1939 que se corresponde coa Guerra Civil. Trátase dun momento de formación dos primeiros grupos de escapados sobre a base de que as tropas republicanas logo tomarán o control da situación.
2. A segunda etapa vai dende o 1939 ata o 1943. Durante este tempo os guerrilleiros toman conciencia de que deben organizarse para resistir. O Partido Comunista toma o control político , ideolóxico e militar das distintas agrupacións.
3. A terceira etapa vai dende o 1944 ó 1949. Derrotadas as potencias do Eixo Berlín - Roma as agrupacións ven como as "potencias aliadas" abandonan a idea de derroca-lo réxime fascista español. Consolídase o control comunista co apoio estranxeiro do Bloque de Aceiro.
4. A derradeira etapa vai dende o 1949 ata o 1965. Esta etapa caracterízase pola disolución continua e progresiva dos grupos guerrilleiros. Desaparecen os últimos grandes dirixentes, o derradeiro deles será O Piloto, morto pola Garda Civil no 1965 preto do embalse de Belesar.

Por tratarse esta comunicación dun achegamento ó "Grupo do Gardarríos" que desenvolveu a súa actividade na metade setentrional da provincia lucense, pretendemos achegar neste apartado unha visión diacrónica e diatópica do desenvolvemento do movemento guerrilleiro neste territorio inscrito nas seguintes variables espaciais (ó norte a costa cantábrica, ó sur a Terra Chá lucense, ó leste a fronteira galaico asturiana ó longo do río Eo e ó oeste o límite entre as provincias lucense e coruñesa ó longo do percorrido do río Sor).

Como xa dixemos o móbil principal dos homes e mulleres que se botaron ó monte dende 1936 era fuxir da represión implacable que abarcaba dende os altos cargos das organizacións políticas e sociais como a aquel simple labrego que nas últimas eleccións municipais da II República votaran a favor da Fronte Popular. Unha vez sofocados os poucos focos de resistencia armada situables en localidades como Viveiro, Ribadeo ou A Pontenova, só unha minoría dos represariables tomaron a decisión de fuxir ó monte coa intención de continuar

---

Lourenzá foi constante ata ben entrada a década dos cincuenta, destacando a súa participación no asasinato de Luis Trigo Chao.

primeiro vivindo e, despois, resistindo. Moitos destes homes do monte, sobre todo, mozos novos e carentes de formación e filiación política fuxiron ó monte nos primeiros días da guerra coa idea de pasar alí un breve período de tempo, aquel que tardara o exército republicano en rematar co alzamento militar pero as novas do avance dos alzados e da represión de amigos, coñecidos e veciños comezaron a forxar nas súas conciencias a verdade desta cuartelada e a imposibilidade de tornar ós seus fogares. Estes primeiros momentos caracterizáronse por unha conducta correcta cara ó pobo, por segui-lo principio da autodefensa e do instinto de autoconservación dando pequenos golpes económicos para asegura-lo seu aprovisionamento e sempre dirixidos contra persoas afectas ó Réxime ou de pública solvencia e atentando contra os representantes da represión franquista.

Os grupos de escapados dos primeiros momentos limitáronse a adopta-las medidas de seguridade imprescindibles e coñecidos son varios casos de rapaces que traballaban de día nas súas casas e tan só ían ó monte a durmir aproveitando o perfecto coñecemento do terreo e da complicidade de familiares, amigos e veciños. Os montes, os vales, as fragas e piñeirais poboáronse de campamentos improvisados que servían de temporais refuxios para os aínda heteroxéneos grupos de fuxidos. O enxeño sobráballes a estes homes e mulleres pero o que faltaban eran as armas (dispoñían das armas particulares dalgúns dos escapados, sobre todo, antigos militares, carabineiros, gardamontes ou gardas da venatoria) e unha conciencia de activación das súas actividades que non deixaban de ser meras accións de autodefensa. Nos primeiros anos da contenda comezaron a formarse pequenos e heteroxéneos grupos de militantes. Así preto de Boimente (Viveiro) formouse un reducido grupo que xiraba ó redor dos "Curuxas", dous irmáns de orixe campesiña e orientación socialista. A mediados do ano 1938 o dono dunha das supostas casas seguras que non estaba conforme co pago que recibira por telos acollidos, delatounos e a Garda Civil de Viveiro atopounos nun piñeiral preto do eucaliptal de Chavín. O terreo, empinado e cuberto por abundante monte baixo, supoñía un atranco para os membros do Garda Civil polo que decidiron prenderlle lume para facelo saír como se de animais se tratasen. Os escapados

metéronse nun regato próximo e arrastrándose pola mestura de auga e fango conseguiron fuxir do cerco policial. Esta é unha das primeiras accións de "caza de fuxidos" documentada na Mariña Lucense. Outro grupo formouse na beira oeste do curso do río Sor, concretamente na zona do Barqueiro-Ortigueira, baixo a dirección de Manuel Freire García, "o Cagallo". Pero se hai un grupo que destaca tanto polo número de accións como pola cantidade de homes que o formaron ese foi o "Grupo de Neira".

José Neira Fernández, ferreiro, nado no lugar de Cuiña na beira oeste no río Sor, no concello de Cedeira, fuxiu ó monte ó pouco de se produci-lo alzamento por medo ás represalias por ter expresado publicamente, nalgunhas ocasións, algunhas das súas conviccióǹs que certamente se poderían tildar de comunistas. Pouco despois un grupo de rapaces uniuse a el e xa no 1940 constituían un grupo compacto que estendía o seu radio de acción ata Ferrol polo oeste e ata Xove (Lugo) polo leste apoiado por un nutrido número de enlaces e simpatizantes. No 1941 contaba cun grupo duns quince guerrilleiros entre os que aparecen José Antonio Franco Basanta, "o Caudillo"; Jesús Iglesias Escourido, "o Tizón"; Francisco Gómez Nuñez, "o Trotsky"; Vicente Lage Fernández, "o Chicharro" ou Plácido Rivera Cociña (todos eles nados na vila de Viveiro ou nos seus arredores, de profesión mariñeiros ou labregos e con vinculación ó movemento sindicalista ou socialista). Tamén había guerrilleiros chegados dende outros puntos (Ferrol, Ortigueira, Cedeira en Galicia e dous deles ex-mariñeiros do "Almirante Cervera" fuxidos pero entre eles destacará un home, Marcelino Rodríguez Fernández, "o Asturiano", un mestre comunista de orixe asturiano que conseguira fuxir da represión e se trasladara a Viveiro onde entrou en contacto cos representantes socialistas locais, entre eles, con Vicente Lage Fernández con quen fuxiu ó monte e co que se uniría ó Grupo de Neira. Este Asturiano sería máis tarde coñecido como "o Marrofer"; é dicir, ese Robin Hood ou Guillermo Tell dos montes galegos que roubaba ós ricos tratantes de gando para dárlle-los cartos a aqueles campesiños ou mariñeiros que eran castigados polos representantes do Réxime por apoiar ó grupo de mulleres e homes que estaban daquela no monte.

A actividade destes grupos durante a primeira metade do período de 1940-1950 estivo bastante limitada sobre todo pola súa propia organización e estructuración interna que era case inexistente. Quizais dous dos feitos máis significativos fora o fusilamento de Andrés Ares Díaz, párroco de San Pedro do Val de Xestoso (Monfero- Coruña) a finais de 1939 e dos falanxistas José Mosquera Carro e José Fortúnez Beceiro (Xubia-Coruña) a finais de 1942 e, xunto a todo esto, algúns golpes económicos con finalidades netamente de propia supervivencia por máis que o Réxime os presentara como golpes de bandas de mendigos armados que debían ser practicamente aniquilados, traballo este que reservaron a especialistas como Valdés ou Balcón, ámbolos dous membros da Brigadilla de Investigación da Garda Civil de Viveiro.

Co paso dos meses, concretamente no 1943, pareceu chegarse a un reparto tácito e falso do poder na dirección do Grupo de Neira, converténdose Neira, anarcosindicalista, no seu dirixente ata a súa suposta depuración por membros do Partido Comunista que eran afíns a Marrofer quen debido á súa formación intelectual converteuse no ideólogo e director do grupo. Por iniciativa súa reuníronse no límite entre as provincias de Lugo e A Coruña os grupos de fuxidos asentados na zona para discuti-la política e actividades a desenvolver que debería situarse na liña de actuación que o PC mantiña noutras comarcas galegas e estaba enfocada a impulsa-la intervención armada dos Aliados en territorio peninsular para consegui-lo derrocamento de Franco e do seu Réxime, feito que se demostrou inmediatamente inviable debido á propagación do principio de non intervención aliada no asunto español. O PC pretendía a militarización definitiva dos grupos de fuxidos e a súa conversión en verdadeiras guerrillas de loita e resistencia interna como o era a Resistencia francesa ou os partisanos eslavos. As actividades resumiríanse no ataque e na fuxida de elementos fundamentais do organigrama persoal e funcional do Réxime. Concretamente Marrofer, quen non atopou moito apoio, pretendía desenvolver un conxunto de ataques ós campamentos que as tropas franquistas tiñan situados na Mariña lucense e nas Mariñas coruñesas e ás principais vías de comunicación costeira, é dicir, a vía férrea e a estrada que

unía Ferrol con Oviedo para facilitar así a entrada por pola costa norte da Coruña e Lugo do exército aliado de intervención.

O desenvolvemento do movemento agora propiamente guerrilleiro, desenvolveuse parellamente ás disposicións que tomaba o cada vez máis influinte PC que foi controlando cada vez un número maior de grupos de resistentes a través de tácticas, ás veces, cuasi-mafiosas. Os aleccionados militantes do partido ían adquirindo pouco a pouco postos de responsabilidade dentro dos distintos grupos ata que o seu control efectivo e o sometemento ós dictames do partido convertíase en realidade. Os comunistas tiñan unha necesidade imperante que era a de impoñer unha férrea disciplina e organización ó, ata entón, mundo dos fuxidos. Deste xeito naceron as Agrupacións que derivaron da Federación de Guerrillas. Asentadas xa sobre o territorio a Primeira, Segunda e Terceira Agrupacións, a Federación estendeu a súa actuación polo norte da provincia lucense, relacionándose cos distintos grupos que aínda estaban asentados neste territorio no período 1944-1945. Neste momento xurde a cuarta Agrupación e o Exército Guerrilleiro de Galicia como materialización da influencia do Partido Comunista nesta parte de Galicia e baixo o mando do Marrofer. A partir do mes de febreiro de 1945 as actividades organizadas aumentaron: creación dunha imprenta clandestina en Ribadeo; o intento de toma do local da Falanxe española en Viveiro; o asalto dalgunhas minas e canteiras para a consecución de explosivos; confección de listas negras con nomes de membros e colaboradores co Réxime, colaboración cos pilotos aliados caídos en territorio francés que eran sacados de territorio español pola nosa costa en barcos de pesca cara a augas internacionais,…

Cada vez o desentendemento entre a Federación de Guerrillas onde tiñan representación socialistas, anarquistas, anarcosindicalistas, sindicalistas e republicanos e os grupos simpatizantes co Partido Comunista aumentaron ata desembocar nunha verdadeira escisión materializada nunha especie de farsa: a constitución da III Agrupación Guerrilleira que abarcaba a totalidade da provincia de Lugo e que se opoñía á III Agrupación organizada dende a Federación e que estaba en franco retroceso. O territorio anteriormente controlado polo Grupo de Neira pasaba a constituírse como parte da primeira

zona (Viveiro, Ourol, Muras e Xermade ademais das Serras do Xistral cara ás Pontes de García Rodríguez). Unha das primeiras accións do grupo mariñano foi o axustizamento o 14 de xaneiro de 1946 do "Trobo", membro dunha coñecida familia viveirense, falanxista (era coñecido como o da cocha da morte debido á súa activa participación nos actos de represalia durante a guerra e a posterior posguerra) e secretario do Sindicato Vertical local e, aproximadamente un ano despois, o axustizamento do xerente da fábrica celeirense (Viveiro-Lugo) de conservas Albo pola mesma causa que o anterior.

Este recruamento da actividade guerrilleira provocou o mesmo resultado nas forzas do Réxime e os membros das Brigadillas Político-Sociais axudados polas contrapartidas afectas ó goberno sementaron a morte entre os guerrilleiros e o terror entre enlaces, familiares e amigos. Entre outras consecuencias estivo o abandono da loita armada e exilio de moitos guerrilleiros e enlaces, sobre todo, aqueles menos influídos pola doutrina do PC, é dicir, socialistas e anarquistas que vías nas costas francesas a panacea da salvación. Entre outros casos destaca a saída de 22 guerrilleiros (moitos deles pertencentes ó antigo Grupo de Neira) e políticos nun bou de pesca a noite do 12 ó 13 de decembro de 1946 dende o porto de Celeiro (Viveiro-Lugo) cara ós portos de San Juan de Luz ou Baiona no País Vasco francés. Este sería o primeiro dunha serie de golpes que a III Agrupación recibiría. Poucos meses despois produciríase a escisión forzosa do grupo do "Trancas" que actuaba no territorio viveirense e que pasou a integrarse na IV Agrupación.

A situación do movemento guerrilleiro organizado no norte da provincia lucense estaba a sufrir tremendamente a indecisión política na que, dende 1948, pareceu cae-lo Partido Comunista. Actos como o axustizamento de Serafín Pumar Pita, párroco de Mogor (Ortigueira-Coruña) e coñecido colaboracionista coas forzas locais de represión, convertéronse en actividades inconexas e, cada vez, máis espaciadas ó longo do tempo. A esto había que suma-la presión das Brigadas da Garda Civil, das contrapartidas, a deserción dos vellos combatentes que perderan a fe na loita e tan só buscaban a forma de deixa-lo país e o aumento de apresamentos de enlaces e colaboradores que cercenaba a fonte de aprovisionamento e seguridade. Os homes e mulleres do

monte debían chora-la morte de cada vez máis compañeiros e a perda de cada vez máis enlaces ben porque eran detidos polas forzas de seguridade e represión, ben porque cada vez máis paisanos, desatendíanse do apoio proporcionado anteriormente. A base social do movemento guerrilleiro comeza a tambalearse e, perdida esta, o final estaba a un tiro de pedra.

O outono no ano 1948 foi desastroso para o que quedaba do antigo Grupo de Neira. O Trancas foi asasinado a mediados do mes de setembro no concello de Ourol (Lugo), practicamente no mesmo lugar que un mes máis tarde caían "Lúa" (Benedicto Escourido), "Hervellés" e "Temblás". Tamén no mes de outubro morrían baixo as balas dos axentes da Brigadilla Especial de Viveiro Francisco Insua e José Balea en Galdo, preto de Viveiro. A resposta a estes actos por parte dos poucos guerrilleiros que se mantiveron na zona foi caer no irraciocinio total exemplificado no seguinte caso: capturados dous colaboracionistas co movemento represor [o ecónomo de Bravos (Ourol-Lugo) e o párroco de Cabanas (Viveiro-Lugo)] e o carteiro de Merille (sen implicación política ningunha), decidiuse en votación o axustizamento do carteiro. A Lei do Talión converteuse na sen razón por unha e outra banda. Podemos concluír así que dende finais de 1949 só atopamos pequenos grupúsculos moi dispersos, desorganizados, cunha rede de enlaces tremendamente feble e que esixe unhas fortes contrapartidas económicas polos seus servicios e cun apoio popular que se irá extinguindo e podéndoo tildar de practicamente inexistente no ano 1951.

4. O GRUPO DO GARDARRÍOS: OS VERDADEIROS HEROES DA CADEIRA

A loita guerrilleira foi a única oposición ó réxime franquista que existiu en Galicia pero a súa fortuna foi moi distinta segundo falemos das distintas Agrupacións. A Iª Agrupación de ideoloxía socialista e dirixida por Marcelino Fernández Villanueva " o Gafas" foi esmorecendo xa que os guerrilleiros afíns ó PCE abandonárono pasando a integrarse noutras Agrupacións. Conseguiu fuxir dunha emboscada no 1946 e, gravemente enfermo da vista, conseguiu refuxiarse en Mondoñedo e, despois, en Vilanova de Lourenzá dende a que fuxiu cara a Francia acompañado por vintesete guerrilleiros máis. O antigo Grupo de Neira inserido na III Agrupación na costa de Lugo, pasou a

denominarse "Destacamento Benedicto Fuentes" e foi practicamente eliminado pola "Brigadilla de Viveiro" ó redor dos anos cincuenta como xa vimos. Pero quizais o grupo guerrilleiro máis coñecido da antiga provincia de Mondoñedo foi o do Gardarríos.

Luis Trigo Chao naceu en San Pantaleón de Cabanas, na parroquia de Riobarba no concello do Vicedo, o 24 de decembro de 1889[452]. Era fillo dun matrimonio de labregos cunha pequena extensión de terreo que el mesmo traballou os primeiros anos da súa xuventude pero as súas inquedanzas fixérono abandonar levándoo a emigrar a Cuba. Esta primeira aventura americana resultou un fracaso e voltou a Cabanas pero, debido á pobreza e escasez, tivo que volver a emigrar a América, neste caso a Buenos Aires para outra curta estadía. De volta a Galicia conseguiu un posto de Garda da venatoria ou Gardarríos no concello de Mondoñedo e limítrofes.

Nun primeiro momento optou por achegarse ó poder mindoniense representado polos sectores de dereitas e pola curia tal vez buscando o ascenso social e a riqueza que en Cabanas e en América lle fora negada. Con todo, xa no 1929 aparece como testemuña nun preito veciñal en Viloalle, concello de Mondoñedo (Lugo), en favor das expectativas veciñais e en contra dos poderes institucionais.

Coa chegada da IIª República, Luis Trigo Chao sitúase do bando progresista defendendo un ideario socialista que antes ocultara. Neste tempo creou Xoaquín Ares Díaz a "Agrupación Socialista de Mondoñedo", o grupo da "Unión Xeral de Traballadores do Campo" dependente do anterior e coa súa sé preto da Fontevella e do palacio episcopal, e a " Sociedade do Seguro do Gando" que loitou pola industrialización e modernización das infraestructuras do sector agropecuario mindoniense que se vería potenciado polo novo goberno de orientación progresista pero que, en certos sectores, defraudou as expectativas creadas, dilapidadas pola acción das forzas reaccionarias tan fortemente asentadas no Mondoñedo republicano.

[452] Outros autores como Hartmut Heine na obra que se indica na bibliografía establece como data de nacemento de Luis Trigo Chao no ano 1891 sen que nós atopáramos base que xustifique esta data nin na sección primeira do Rexistro Civil de O Vicedo (Lugo) nin no Rexistro parroquial de bautismos.

Cando se produciu o alzamento militar, Luis Trigo Chao presidía a agrupación socialista local mindoniense, tiña 46 anos e fixara a súa residencia no lugar de Viloalle, preto de Mondoñedo. Cando o vinte de xullo Mondoñedo cae en mans da Garda Civil rural, o " Gardarríos" decide fuxir, tirarse ó monte sen que ningún compañeiro de partido o seguise pois pensaban ou crían que o alzamento non podía ter éxito; mais a historia deulle a razón a Luis Trigo Chao. Aínda que sempre procurou manterse fora do organigrama das Agrupacións de base ideolóxica comunista , entrou en contacto cos grupos da costa luguesa: o "grupo de Neira" e o "grupo do Gafas" como representante dos fuxidos de ideoloxía socialradical. Abandonou a política das agrupacións e decidiu, xunto a un grupo de compañeiros manterse no monte para simplemente sobrevivir ata que fora reinstaurada a orde republicana. A súa actividade principal relacionouse principalmente cos delitos de tipo económico sen que quede constancia documental da existencia de procesos abertos por delitos de sangue contra ningún dos homes que formaba o seu grupo. Con todo relacionóuselle coa morte do dirixente falanxista lucense Xosé Viador Traseira[453] ocorrida no mes de xullo de 1940 nun camiño próximo á reserva natural da Fraga Vella entre os concellos lucenses de Alfoz e Mondoñedo. Nese lugar consérvase unha gran cruz cunha praca de bronce en memoria do Viador.

Ademais tamén se lle imputou a súa participación nun atentado contra a vida doutros dirixentes locais da Falanxe e/ou membros destacados da represión franquista neste territorio como foron o doutor Eladio Teixeiro e o seu irmán en Foz[454]; Ramón Val Veiga, veciño de Lagoa (Alfoz-Lugo), de profesión labrego e adepto ó novo Réxime que foi asasinado o un de marzo de 1940; o xefe local do Movemento do Valadouro; Eduardo Villar Otero[455], "o de Ruiz", fusilado o vinteún de xaneiro de 1940 en Lagoa preto da cantina que rexentaba

[453]Xefe provincial do Movemento, de milicias, inspector provincial de Feiras, comisionado provincial de agricultura e gandeiría, membro do consello provincial da O.J onde organizara varias centurias. Mandou as primeiras forzas da Falanxe de Lugo e Ourense que operaron en Asturias e foi o primeiro mando da Bandeira Lexionaria de Lugo.

[454] Atentados cometidos no mes de xuño de 1940.

[455] Erroneamente María Jesús Blanco Souto na obra referenciada bibliograficamente sitúa a súa morte como un acto da represión franquista. Deste asassinato foi acusado Germán Méndez García, do Gupo do Gardarríos pero desmostrouse que quen o asasinaran foran dous irmáns do mesmo grupo e coñecidos como os do maestro de Coubeira.

(neste asasinato non se atopan motivacións políticas senón o revanchismo persoal de dous dos membros do Grupo do Gardarríos) e Juan Iglesias Rubal, o Pinguelo, que foi fusilado o 18 de xullo do 1948 na porta da cantina que tiña na parroquia de San Acisclo (Foz-Lugo) acusado de ter cometidos terribles actos de represión na parte occidental asturiana a onde chegaba coa súa furgoneta Citroën que levaba na porta o anagrama da Falanxe . Aínda que o "Gardarríos" nunca negou a súa participación seguramente fixérao para desenvolver unha lenda de sanguinario ó seu arredor; cousa que conseguiu segundo testemuñan persoas que o coñeceron a través da súa lenda nos concellos de Abadín, Pastoriza, Riotorto, Ribadeo, Mondoñedo, Alfoz, Valadouro e Vilanova de Lourenzá, onde desenvolveu a súa "mendicidad a mano armada".

Dese grupo de concellos eran a maior parte dos dezasete membros do seu grupo. Durante moito tempo permaneceron no esquecemento pero chegou a hora de sacar os seus nomes á luz a xeito de honrosa dedicación cando todos están mortos e esquecidos na memoria colectiva. Algún deles foron Venancio Seoane "Pasoslargos", depurado en Valcarría; Germán Méndez García, morto de cancro namentres cumpría pena de cárcere no tristemente célebre Penal do Dueso; os dous irmáns Adolfo e Domingo coñecidos como os do maestro de Coubeira que morreron nunha acción da temida Brigadilla de Viveiro especializada na loita antiguerrilleira; Víctor Valiño,…Pero non todos eran guerrilleiros senón que tamén contaba cunha nutrida rede de enlaces e "casas seguras" onde podían descansar aínda que cando existía algún tipo de ameaza ou perigo agachábanse no monte coñecido como "A Cadeira" situado no concello de Lourenzá. Aínda hai xente que se lembra como o dono da antiga taberna de Marquide[456] lles levaba de vez en cando comida e bebida nun carro tirado por bois, eso sí, cobrando polos seus servicios algo que era tremendamente común e, incluso, nalgunha casa ameazáronos con avisa-la Garda Civil se no lles pagaban cantidades verdadeiramente desorbitadas por ocultalos. Co paso do tempo as cantidades por esconder a estes escapados foi aumentando ata converterse nun verdadeiro negocio para os veciños dalgunhas localidades. Moitos dos membros do Grupo do Gardarríos xustificaban na

necesidade de conseguir cartos para pagar esta falsa seguridade os seus golpes de natureza económica.

A verdade é que o "Gardarríos" sempre tivo un sexto sentido para detecta-la presencia da Benemérita. Así conta a viúva dun dos seus compañeiros como unha noite na que ían parar nunha casa supostamente segura, achegándose a ela decidiu marchar porque os cans ladraban de xeito distinto a como o facían normalmente. Ó día seguinte souberon que alí o estaba a esperar unha patrulla da Garda Civil. O final de Luis Trigo Chao é o propio de todo un loitador. A comezos do 1948 as autoridades do Réxime decidiron alterna-la solución militar, é dicir, a eliminación progresiva dos guerrilleiros a través dun incesante goteo de batidas e unha concentración de forzas represoras cada vez maior, coa solución policíaca, ou sexa, empregando tácticas moito máis sutís e, moitas veces, máis eficaces como as promesas de indulto e a chantaxe para consegui-lo mesmo obxectivo. A Garda Civil posuía por aquel entón un grupo especializado na loita antiguerrilleira, a Brigadilla Político-Social que tiña a súa sé en Viveiro e que estaba mandada polo sarxento madrileño Sebastián Fernández Rivas. Este verdadeiro personaxe comezou o seu labor no territorio ofrecéndolle ós familiares de varios guerrilleiros a amnistía para os homes e mulleres do monte se decidían abandona-la loita.Esta opción tivo pouco éxito no Grupo do Gardarríos.

Enterada a Garda Civil da existencia dunha casa segura na vila de Vilanova de Lourenzá (Lugo) e da data en que ía ser ocupada por Luis Trigo Chao, comunicoullo á Brigadilla de Viveiro que se dispuxo a intervir. Disfrazados de paisanos acudiron á casa dun enlace que o Gardarríos tiña no Cadramón, concello de Valadouro (Lugo) e convencéronо de que eran un grupo de escapados que querían unirse ó grupo de Trigo Chao. Este enlace, que aínda vive hoxe na vila de Ferreira do Valadouro (Lugo), levounos ata a casa dun novo enlace que tiña a súa residencia en Coubeira, concello de Mondoñedo (Lugo), que os acompañou ata Vilanova de Lourenzá e deixounos nunha casa

[456] A quen coñecía da época en que viviu en Viloalle, localidade limítrofe coa de Marquide.

da que hoxe só queda un fragmento de parede[457]. Luis Trigo Chao saíra aquela mañá de Santa Cruz de Ribadeo acompañado da súa amante, unha rapaza de dezaoito anos chamada Engracia Díaz Pérez e que case todo o mundo coñeceu como nativa da propia vila de Lourenzá. Esta rapaza era filla dun enlace que o Gardarríos tiña na parroquia de Suegos (Pol-Lugo). Unha noite de inverno o Gardarríos tivo que abandona-la súa casa porque se achegaba a Garda Civil para un rexistro. O pai, sabendo das dificultades que ía ter Luis Trigo Chao porque non coñecía ben o terreo, mandou con el á súa filla quen se uniría ó "Grupo do Gardarríos". Esta relación causou problemas no interior do Grupo pois Luis Trigo estaba casado e tiña xa unha filla en Mondoñedo. Cruzaron por unha zona montañosa cara a Lourenzá. Era a tardiña do día de San Xoán e ían selas once da noite cando entraron por un portalón traseiro que daba a unha pequena horta xunto a un alpendre. Aínda hoxe algún veciño lembra como escoitou algún tiro e unha explosión máis forte en plena escuridade pois a Garda Civil de Lourenzá cortara o subministro eléctrico.

Ó día seguinte os cadáveres acribillados a balazos do protagonista desta historia e da súa compañeira foron expostos ó público. Pouca xente acudiu a velos pero aqueles que foron lembran dous corpos cheos de buracos envoltos cunha manta e dos que só se podía vela cara. Poucas horas despois chegaba unha carreta cun cadaleito dobre feito ás presas con táboas de piñeiro onde meteron os seus corpos. Leváronos a enterrar a un pequeno cemiterio civil coñecido como o "cementerio dos roxos" nun tumba escavada na terra. Hoxe en día ese cemiterio desapareceu e alí está construído un local onde os operarios municipais gardan taboleiros e ferramentas varias… ! Triste final para dous heroes da democracia, da liberdade , de dous loitadores por un mundo mellori. Permítome dicir que todos temos unha conta pendente coa súa memoria. Ó día seguinte vintecatro colaboradores e enlaces foron detidos e encausados. Acababa de facer 58 anos cando as balas da G.Civil remataron coa súa resistencia pero déronlle o principio á súa lenda.

[457]No seu lugar foi construído un restaurante coñecido como "O Rego" e que está situado bastante preto do centro da vila.

Polo que respecta ó resto dos homes do seu Grupo permaneceron no monte ata o ano 1951. Pero sen un líder, sen comida e aterecidos de frío non puideron facer outra cousa que entregarse ás autoridades aproveitando a promesa dunha amnistía se se entregaban ás autoridades, amnistía que suporía que só sería xulgados por delitos menores, sobre todo de índole económico como o de mendicidade a man armada e nunca por delitos de sangue. A realidade foi moi distinta, foi un proceso sumarísimo no que os superviventes foron condenados a unha pena de trinta anos de cadea sen posibilidade ningunha de reducción. A maior parte deles morreron sen coñecer outra alternativa.

BIBLIOGRAFÍA

AA.VV. (1981): *Especial Galicia Mártir*, nº 16, A Nosa Terra, agosto

AA.VV. (1987): *O 36 na Galiza*, Vigo, A Nosa Terra, (2ª edición).

AA.VV. (1987): *Os anos despois (1936-1953)*, Vigo, A Nosa Terra.

Aguado Sánchez, F. (1975 e 1976): *El Maquis en España, El maquis en sus documentos*, Ed. San Martín.

Aguilar Fernández, P. (1996): *Memoria y olvido de la Guerra Civil Española*, Madrid, Alianza Ed.

Alted, A. e Abdon, M. (1990): "Problemas de método en el estudio de la oposición al franquismo. La utilización del testimonio oral", *Espacio, Tiempo y Forma*, nº. 3, p. 57-68.

Álvarez, S. (1989): *Las Milicias Populares Gallegas*, A Coruña, Ediciós do Castro.

Arrarás, J.(1984): *Historia de la Cruzada Española. El Alzamiento*, Tomo III, Madrid, Ed. Datafilms.

Barreiro Fernández, X.R. (1981): *Historia de Galicia, IV. Edade Contemporánea*, Vigo, Galaxia.

Carr, R. (1984): *España 1808-1975*, Barcelona, Ariel.

Castelao, D.R. (1974): *Sempre en Galiza*, Ed. Galiza.

Costa Clavell, X. (1977): *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo*, Madrid, Cambio 16.

Chao Espina, E. (1988): *Historia de Vivero*, A Coruña, Ediciós do Castro.

Chueca Rodríguez, R.L e Montero Gibert, J.R. (1992): "El fascismo en España: elementos para una interpretación", *Historia Contemporánea*, nº 8, p 215-247.

Díaz Fernández, X. (1982): *Os que non morreron,* A Coruña, Ediciós do Castro.

Díaz Fernández, X. (1985): *A Crueldade inútil*, A Coruña, Ediciós do Castro.

Fernández, B. A. (1997): *Historia de Galicia, Idade Contemporánea*, A Nosa Terra.

Fernández , C. (1988): *La Guerra Civil en Galicia*, A Coruña, Ed. Biblioteca Gallega.

Fernández, C. (1982): *El Alzamiento de 1936 en Galicia*, A Coruña, Ediciós do Castro.

Fontana, J. (ed.) (1986): *España bajo el franquismo*, Barcelona, Crítica.

Gutiérrez, E. (Marzo 1987): "A resitencia á sublevación en Ribadeo", *O 36 na Galiza*, Vigo, A Nosa Terra, p.28-30.

Heine, H. (1983): *La oposición política al franquismo*, Barcelona, Ed. Grijalbo.

Heine, H. (1980): *A Guerrilla Antifranquista en Galicia*, Vigo, Xerais.

Kaiser, C.: *La guerrilla antifranquista*, Ed. 99.

Máiz Suárez, R.: "Franquismo", *Gran Enciclopedia Gallega*.

Máiz Vázquez, B.: " Guerra Civil", *Gran Enciclopedia Gallega*.

Máiz Vázquez, B. (1988): *Galicia na IIª República e baixo o Franquismo*, Vigo, Xerais.

Montero, L. (1990): *Memorias de un don nadie*, A Coruña, Ediciós do Castro.

Nuevo, C. (1977): "Antes e despois da guerra en Viveiro", *O 36 na Galiza*, Vigo, A Nosa Terra, p. 31-35.

Ortiz Heras, M. (1996): *Violencia política en la IIª República y el primer franquismo,* Madrid, Ed. Siglo XXI.

Portela Valladares, M. (1988): *Dietario de dos guerras (1936-1950), notas, polémicas y correspondencia de un centrista español*, A Coruña, Edicios do Castro.

Reig Tapia, A. (1997): "Memoria viva y memoria olvidada de la Guerra Civil", *Sistema*, nº 136, p.27-41.

Reigosa González, C. (1989): *Fuxidos de sona*, Vigo, Eds. Xerais.

Salas Larrazábal, R. (1980): *Los datos exactos de la Guerra Civil*, Madrid, Ed. Rioduero.

Silva Ferreiro, M. (1938): *Galicia y el Movimiento Nacional*, Santiago, Imprenta del Seminario Conciliar.

Souto Blanco, M.J.(1998): *La Represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940),* A Coruña, Ediciós do Castro.

Tusell, J et ali (coords.) (1990): *La oposición al Régimen de Franco*, Madrid, Ed. UNED, 3 vols.

Vidal Sales, J. A. (1976): *Después del 39. La Guerrilla Antifranquista*, Ed. ATE.

Vilar, P. (1990): *La Guerra Civil Española*, Ed. Crítica.

Villares, R. (1992): *Historia de Galicia*, Vigo, Ed. Faro de Vigo, T.IV.

CASTELAO NO EXILIO

CASTELAO: ESQUEMA BIOGRÁFICO E ESBOZO DE INTERPRETACIÓN

Henrique Monteagudo Romero
Consello da Cultura Galega
Universidade de Santiago de Compostela

"Cada vida é unha novela que se perde"
Castelao, *Retrincos*.

Nun ensaio como o presente, forzosamente breve e composto sen vagar, non se pretende ofrecer un relato pormenorizado da traxectoria biográfica de Castelao, un precursor que non se caracteriza precisamente pola súa lonxitude (sesenta e catro anos de vida) mais si por unha intensidade e fecundidade abraiantes. Ende ben, esta pode ser unha boa ocasión para chama-la atención, máis unha vez, sobre a necesidade de abordarmos unha tarefa pendente que os estudiosos de Castelao achamos cada vez máis en falta: unha biografía completa, que atenda a cada unha das múltiples facetas do seu curriculum vitae con detemento, ben documentada, e que permita construír unha visión global do autor. As principais contribucións publicadas ata hoxe (Xosé Núñez Búa, Ramón Baltar Domínguez, Valentín Paz-Andrade e José Antonio Durán) son, de certo, imprescindibles, para achegármonos á vida de Castelao, pero a final resultan insatisfactorias, non por causa dalgunha eiva intrínseca, senón por outras razóns: ou non cobren a vida enteira do autor, ou fano pero de xeito resumido, ou ignoran todo un valume de documentación que só foi exhumado anos despois de seren publicadas.

En fin, sen máis prolegómenos e voltando ó dito antes, aquí só se aspira a ofrecer un esquema biográfico de Castelao, e a bosquexar algunhas liñas de interpretación. Nesa liña, comezaría por propor distinguir tres grandes etapas na súa vida:

(I) Etapa formativa e primeiros pasos, que iría desde o seu nacemento en 1886 ata 1916, ou sexa, ata os trinta anos.
(II) Etapa de madureza, ata 1936, é dicir, ata os seus cincuenta anos. Nela distinguimos dúas fases: a primeira ata 1927/1928, e a segunda deica 1936.
(III) Etapa de declive, que remata co seu prematuro finamento, en 1950, cando contaba sesenta e catro anos.

Apúrome a aclarar que esta é unha proposta deliberadamente esquemática, que os límites entre estas etapas son máis borrosos do que as cifras (inevitablemente puntuais) poden dar a entender, e que existen grandes liñas de continuidade entre unhas e outras etapas. Para definir estas etapas tiven en conta non só elementos particulares da biografía de Castelao, senón tamén momentos históricos que afectaron esta dun xeito moi especial. A atención ó segundo foi o que me inclinou a dar por rematada a primeira etapa xustamente no ano 1916 (ano de creación das Irmandades da Fala, ás que Castelao adherirá pouco despois do seu establecemento en Pontevedra como funcionario de Estatística), e non antes nin despois; e sobre todo, foi o que me aconsellou, con grandes dúbidas, marcar unha fronteira no ano 1936 entre un Castelao maduro e na plenitude (antes dese ano) e un Castelao aínda maduro pero xa non na plenitude, non por motivos persoais, senón por causa da sublevación de 1936, a Guerra Civil e a Dictadura subsecuentes, que fanaron a súa traxectoria no mellor momento da súa vida. Por parte, na etapa dita de plenitude, dous acontecementos persoais encadeados nos aconsellaron marcar unha cesura, nos anos 1927/28: o grave ataque de cegueira do verán do '27, e a morte do único fillo nos comezos do '28, que mergullou Castelao nun loito fondísimo do que só saíu gracias á viaxe á Bretaña na primavera-verán do mesmo ano. Antes de entrarmos un pouco máis en detalle en cada unha das etapas, demoremos un intre a caracterizalas.
(I) A etapa formativa: despois da infancia e a adolescencia, vividas en Rianxo, a Pampa e Santiago, veñen os estudios de Medicina en Compostela. Na mocidade e primeiros anos de adulto, Castelao debátese entre a súa vocación persoal (artística e pública) e as imposicións do seu pai. Contra o final da etapa, recentemente casado (coa estradense Virxinia Pereira, en 1912) e pai dun fillo

que sería único (Afonso Xesús, nado en 1914), Castelao está decidido a realizarse como artista.

(II) A etapa de plenitude. É o momento en que se producen os seus mellores froitos, na arte, na literatura, no pensamento e na acción cívica e política. Esta etapa foi tronzada en pleno florecemento, pola Guerra Civil e a Dictadura, que merou os mellores froitos do labor que realizaran el e a súa xeración (Seminario de Estudos Galegos, Editorial Nós, Partido Galeguista, Estatuto de Autonomía de Galicia) e lle impuxo o exilio. Dentro desta etapa distinguimos dúas fases: unha primeira máis artística (ata 1927/28), e unha segunda máis política (que coincide sobre todo co lustro republicano: 1931/36).

(III) A etapa do declinio. As circunstancias impoñen un relativo relegamento da súa vocación artística, a prol dunha actividade política cada vez máis intensa e comprometida, pero a contrafío dunhas circunstancias históricas completamente adversas (Guerra de España, derrota da República, Guerra mundial, afianzamento do Réxime franquista).

Claro está que, por riba das liñas de fractura, predominan as liñas de continuidade na súa vida. Así, aínda que é certo que o Castelao político só emerxe con forza a partir de 1930 (ó final da etapa de plenitude) e só se volve o aspecto predominante da súa actividade e personalidade despois de 1936 (na etapa de declinio), non se pode esquecer a importancia do seu compromiso político no Rianxo dos anos 1911-14 (nos anos finais da súa etapa formativa), ou a súa rápida adhesión ás Irmandades da Fala (1917, ós comezos da súa etapa de plenitude), nas que militou con decisión, como demostra a súa presencia como delegando da agrupación de Pontevedra nas Asembleas Nacionalistas de 1918 (a primeira), 1919 e 1922. En tornas, se é verdade que a súa dedicación á pintura foi intensa só durante a etapa que denominamos formativa (1909-1916) e despois decaeu moito, tamén o é que nos primeiros anos corenta retomou esta actividade. En fin, se a súa carreira literaria se desenvolve basicamente entre 1919 e 1941, e se concentra entre 1922 e 1934 (isto é, na etapa de plenitude), sabemos que se ensaiou como escritor en *El barbero* m*unicipal* antes de 1914, e que despois de 1941 escribiu pezas literarias tan importantes como *Alba de Groria* (1948).

Pero pasemos xa a considerar en particular cada unha das etapas.

1. A ETAPA FORMATIVA (1886-1916)

Como é sabido, Castelao naceu en Rianxo o 30 de xaneiro de 1886, fillo primoxénito do matrimonio formado por Mariano Rodríguez de Dios e Joaquina Castelano Genme. Ó pouco de nacer o rapaz, o seu pai emigra a Arxentina, de maneira que fillo e pai só se reencontrarán cando o primeiro conte dez anos. Castelao criouse, pois, coa súa nai e os seus avós maternos. A posición social do casal Rodríguez Castelao non é totalmente clara, pero parece seguro que Alfonso Daniel se criou nun medio social modesto, nunha posición intermedia entre o pobo miúdo de Rianxo (basicamente mariñeiro) e a pequena burguesía local (formada por profesionais liberais, funcionarios medios do Estado e algún comerciante). O cativo medrou mergullado nun ambiente popular, onde o idioma galego fluía con total espontaneidade e a cultura tradicional se actualizaba constantemente no vivir cotián. Resulta fundamental reter isto para entender a profunda empatía coa paisanaxe galega que reve a súa obra posterior, e o seu manexo seguro e desenfadado do idioma galego.

A piques de cumprir os dez anos, Daniel (así lle chamaban na casa) embarca coa súa nai para a Pampa, onde se xuntan con don Mariano, que montara unha "pulperitermoa" (un almacén de comestibles) no término de Bernasconi. Nos catro anos que dura a súa estadía na Arxentina, Castelao ve nacer as súas dúas irmás, Josefina (1897) e Teresa (1898). Parece claro que esta abrupta saída do seu medio 'natural' cara outro totalmente distinto debeu de aguzar no rapaz a consciencia da especifidade étnica do seu país de orixe –polo que, igual que a súa nai, nunca deixou de suspirar– e provocaron unha forte reacción de identificación con este. Asemade, as durísimas condicións da existencia nun ámbito tan extremo como o da Pampa de finais do século XIX (aínda a medio colonizar) impresionaron vivamente ó rapaz. Os relatos "O segredo" e "O inglés" (escritos respectivamente en 1909 e 1914), recollidos no libro *Retrincos* (1934) e os capítulos XXXV a XXXIX de *Os dous de sempre* deixan testemuña literaria do que levamos dito.

A familia Rodríguez Castelao voltou a Galicia no 1900, contando Daniel con catorce anos. Don Mariano mellorara notablemente a súa situación económica, e aspiraba a unha promoción social correlativa, de maneira que decidiu darlle carreira universitaria ó primoxénito, nun dos ramos máis prestixiosos: o de médico. Deica 1910, Castelao, instalado en Compostela, fai primeiro o bacharelato (conseguido en 1903) e remata a licenciatura en Medicina (1909). Pero a Minerva compostelá ofrécelle posibilidades máis atractivas ca uns estudios que el se vai convencendo que só cursa por compromiso, por compracer o seu pai. Enrólase na Tuna, onde destaca polas súas cualidades interpretativas (non só musicais, senón actorais), frecuenta a bohemia estudiantil, remexida por inquedanzas intelectuais, e adquire unha certa sona como caricaturista. Castelao vese como artista, téntalle a pintura, e decide que precisa ir a Madrid, para aprender e para darse a coñecer. Seu pai, na altura todo un personaxe na vila natal (alcalde de Rianxo desde 1907), págalle un ano de estadía na capital do Reino, supostamente para que curse o doutoramento.

Desde 1910 a 1915, Castelao esfórzase por compaxinar a súa vida profesional como médico coa realización da súa vocación artística. Instálase en Rianxo, onde abre consulta, e onde funda, cun grupo de conveciños e amigos, o semanario satírico *El barbero municipal*, de orientación maurista (esto é, conservador-rexeneracionista), pero ó mesmo tempo non deixa de participar en exposicións, de ilustrar ou colaborar graficamente en distintas publicacións tanto en Galicia coma en Madrid, e de pronunciar conferencias (neses anos vai tomando forma o seu primeiro ensaio, *Algo acerca de la caricatura*). Atopamos aquí, pois, in nuce (quer dicir, en xermolo), o trazo fundamental do Castelao adulto, o polifacetismo, aínda que de momento o Castelao mozo non se decantou nin no terreo profesional (só o fará cando abandone a Medicina), nin tampouco no ideolóxico (cando abrace decididamente o galeguismo). Pero, insisto, algúns trazos básicos da súa personalidade e as súas concepcións aparecen definidos: por acaso, a vocación pública (na que se alían a proxección da súa arte e a súa actitude de compromiso político), e a súa concepción verista e utilitaria dunha arte que se dirixe a grandes audiencias.

Como dixemos antes, neses anos Castelao dá tamén importante pasos na súa vida privada: casa con Virxinia Pereira (1912) e ten o seu primeiro e único fillo (1914). Meses despois do nacemento deste, prodúcese un acontecemento que o obrigará a tomar decisións que mudarán o seu rumbo: padece un desprendemento de retina que o deixa case cego, aínda que despois dunha operación recuperará parcialmente a vista. Isto por unha parte vaille impedir realizarse como pintor, e por outra convénceo definitivamente de que debe cumprir o seu vello desexo de abandonar a Medicina, e procurar un posto de funcionario do Estado, que lle garanta un soldo fixo e ó mesmo tempo lle permita desenvolver as actividades que lle interesan de verdade. A comezos de 1916, aproba oposicións ó Instituto Geográfico Estatístico, e toma pose dunha praza na Delegación de Pontevedra. Alí, ó pouco tempo, tamén se converte en profesor auxiliar de debuxo no Instituto de Ensino Medio. Esta cidade converterase no teatro da súa vida diaria nos seguintes vinte anos.

2. A ETAPA DE PLENITUDE (1917-1936). A FASE ARTÍSTICA (1917-1928)

Na etapa que denominamos de plenitude Castelao, unha vez espiritualmente decantado e persoalmente estabilizado, desenvolve as súas capacidades sen grandes cortapisas, ou, mellor, estas non impiden o completo despregarse daquelas. Nela, distinguimos dúas fases, marcadas polos acontecementos persoais de mediados de 1927 e comezos de 1928 (ataque de cegueira e falecemento do fillo). Na primeira fase, Castelao desenvolve a súa personalidade fundamentalmente no eido artístico. Nos anos anteriores a 1920, o noso autor orienta a súa vocación plástica claramente cara ó debuxo e á ilustración, revélase como narrador en idioma galego, e ademais consegue aliar ambas facetas ó inventar o xénero 'cousa'. Sen esquecer a súa atención cara ós problemas da arte, reflectida en palestras, artigos e epístolas. Por parte, como dixemos, adhire con decisión ás Irmandades da Fala e convértese nun dos apóstolos do nacente movemento galeguista.

A implicación de Castelao nas Irmandades atopa a súa primeira plasmación na súa colaboración gráfica no voceiro destas, *A Nosa Terra*, no que ademais se dará a coñecer como contista. De tódolos xeitos, o fito que marca a

primeira fase da etapa de plenitude é, sen dúbida, a Exposición *Nós* (corenta e nove estampas máis un autorretrato), inaugurada na Coruña en marzo de 1920 e paseada nos catro anos seguintes por boa parte das principais cidades galegas (Ourense, Vilagarcía, Monforte, Ferrol, Pontevedra, Vigo), Madrid e Barcelona, ata a súa clausura en Santiago (maio de 1924). *Nós*, que se publicaría como álbum en 1931, constituíu unha auténtica consagración pública de Castelao como o artista máis representativo do novo movemento galeguista. Por parte, nos mesmos anos en que a exposición circulaba por Galicia adiante, dáse a coñecer a revista *Nós* (1920-1923, reaparecería en 1925), editada en Ourense baixo a dirección de Vicente Risco, do que Castelao foi deseñador, principal ilustrador e director artístico. Esta revista constituiría un referente da maior importancia na construcción dunha cultura moderna en idioma galego.

En 1921, beneficiario dunha bolsa da Junta de Ampliación de Estudios, Castelao realiza unha viaxe de estudios polos Museos de París, Bélxica e Alemaña. Ó longo dos dez meses que dura o seu periplo, Castelao toma notas no seu *Diario*, que permanecería inédito ata 1977, pero do que dá a coñecer expertos na revista *Nós*, ademais dun ensaio sobre o cubismo. As visitas a museos e exposicións puxérano en contacto directo tanto coa grande pintura europea que podemos denominar 'clásica' (do renacemento ata o impresionismo) coma con outras tradicións pictóricas, de períodos recuados (Exipto antigo) ou de procedencias exóticas (China e o Xapón), pasando pola pintura medieval e pre-renacentista. E tamén lle permitiran apreciar de primeira man as correntes máis avanzadas daquela (o cubismo) e os arriscados experimentos das vangardas que comezaban a agromar (coma o dadaísmo).

O que nos revelan as notas do *Diario* e outros escritos da época (nomeadamente os artigos de *Nós* e cartas a Manoel-Antonio), é que Castelao afrontou o que viu durante a viaxe de 1921 cun criterio xa completamente formado e definido. Segundo ese criterio, por unha banda apreciou a arte chinesa e xaponesa (tan próxima á sensibilidade modernista na que se formou Castelao), e sobre todo os 'primitivos' flamengos (pre-renacentistas), que consideraba veciños da sensibilidade atlántica e nórdica que segundo el caracterizaba a etnia galega, e por outra banda enxeitou case completamente a

pintura 'clásica' europea (aínda que cunha actitude tantariñante fronte ó modernismo) e non comprendeu os movementos de ruptura de primeiros de século (con dúbidas perante o cubismo, e con estupor perante as vangardas).

Algúns estudiosos teñen relacionado as posicións estéticas de Castelao coas do 'realismo socialista', ou coas teorías soviéticas acerca da arte 'popular', realista tanto pola temática coma pola focaxe desta, dirixida ás grandes masas e producida con finalidades de axitación, denuncia e proselitismo. Isto resulta inverosímil, dada a formación do autor e as súas propias inclinacións ideolóxicas. Naqueles anos, Castelao non puido coñecer productos da 'arte socialista' nin entrar en contacto cos teorizadores desta arte, e López Cuevillas deixou dito que o nacionalismo galego naceu da reacción dos intelectuais modernistas ante o horror que lles causou a revolución soviética (aínda que isto non é exactamente o caso de Castelao). En realidade, Castelao na súa obra plástica (pensamos especialmente no debuxo e a ilustración, pois xa dixemos que a súa producción pictórica se estiña case totalmente nos anos vinte) foi bastante ecléctico, pois moveuse nun abano estilístico bastante amplo, que vai do modernismo ata o expresionismo, rompendo decididamente coa estética tardo-realista da pintura rexionalista. O seu populismo, e o seu sentido 'utilitario' da arte non proceden dunha inspiración revolucionaria de esquerdas, senón que o primeiro dimana do seu nacionalismo e o segundo é unha actitude bastante común na Europa intelectual do seu tempo (que por suposto non era toda, nin moito menos, vangardista).

Aínda que, por suposto, as colaboracións gráficas de Castelao en medios de impresa son anteriores, e nalgún caso moi importantes, son as aparicións cotidianas primeiro no diario *Galicia* (1922-24) e despois en *Faro de Vigo* (1926-1933) –que serían coñecidas baixo o título xenérico de *Cousas da vida*–, as que o converten no humorista gráfico máis celebrado do país, e nun personaxe autenticamente popular. Nestas *Cousas da vida,* Castelao soubo ofrecer un retrato, estilizado e case sempre tinxido de retranca, pero non por iso menos veraz, das preocupacións, puntos de vista e aspiracións do pobo galego, dun xeito inigualable.

Pero, a partir de 1919, como dicíamos antes, Castelao revélase como escritor. A primeira peza de certa importancia que produce é a noveliña *Un ollo de vidro* (1922), aparecida en Ferrol na colección Céltiga. Ata 1925, vai dando a coñecer en diversas publicacións (sobre todo en *A Nosa Terra*, *Nós*, e a revista *Céltiga*, editada en Buenos Aires) pequenos textos, de carácter descritivo ou narrativo, iluminados cunha ilustración, nos que vai conformando o xénero personalísismo das 'cousas'. En 1926 aparece o volume *Cousas. Primeiro libro*, editado por Lar, na Coruña, en que acolle dezaoito deses textos, precedidos dun limiar titulado "A carón da Natureza". De 1924 a 1927 publica outro mangado de 'cousas' no diario *Galicia*, a revista *Céltiga* e, sobre todo, no xornal *El Pueblo Gallego*, que en boa parte (un total de vinte e seis) serían axuntadas no libro *Segundo libro de cousas*, editado por Nós na Coruña en 1929. Se a isto engadimos que tres relatos que aparecerían no volume *Retrincos* (1934) apareceron antes de 1927, entre outras publicacións, en *Nós*, teremos que unha parte considerable da literatura de ficción que produciu Castelao foi dada a coñecer nos oito anos que van de 1919 a 1927.

Foron, pois, estes uns anos de grande actividade creativa, en que Castelao leva unha vida relativamente plácida en Pontevedra, rodeado dun acolledor círculo de entusiastas amigos cos que fai tertulia diaria no café, e cos que colabora en iniciativas como a fundación dunha Coral Polifónica (1925) ou dun Museo Provincial (1927). Ademais de persoas máis ou menos do seu tempo, como Xerardo Álvarez Limeses, Antón Iglesias Vilarelle, Cruz Gallástegui Unamuno, Perfecto Feixoo ou Antón Lousada Diéguez (quen, finado prematuramente en 1928, deixaría unha pegada imborrable en Castelao), Carlos Sobrino ou Valentín Paz Andrade, andando o tempo foron incorporándose a este círculo rapaces novos como Xosé Filgueira Valverde, Alexandro Bóveda ou Álvaro Xil.

Como dixemos antes, esta primeira fase da etapa de plenitude de Castelao tronzouse con dous acontecementos desgraciados, que ensombreceron a súa vida por moitos meses: primeiro, un novo ataque de cegueira, que o deixou case cego, e o obrigou a un tratamento durísimo (segunda metade de 1927), posteriormente, veu o golpe máis brutal: o

pasamento do seu único fillo, ós catorce anos, en xaneiro de 1928. En particular, o segundo acontecemento deixou Castelao aniquilado, ata o punto de suspender as súas colaboracións cos distintos medios de prensa e abandonar toda actividade pública. Os seus amigos, alarmados, atoparon o medio para arrincalo da desolación, conseguíndolle unha bolsa para realizar unha viaxe de estudios en Bretaña, que se prolongaría de maio a agosto de 1929. Deste xeito, os anos 1928 e 1929 poden considerarse unha especie de fronteira entre a primeira e a segunda fase da etapa de plenitude de Castelao.

3. A ETAPA DE PLENITUDE (1917-1936). A FASE POLÍTICA (1930-1936)

Cando a Dictadura de Primo de Rivera (1923-30) coutou a actuación política das Irmandades da Fala, o galeguismo atopara abeiro no Seminario de Estudos Galegos (creado en 1923), institución para-universitaria na que Castelao ingresara ó pouco da súa fundación (maio de 1924) e coa que colaboraría intensamente. Precisamente, a esta institución ofrece o froito máis valioso da súa viaxe a Bretaña: o estudio *As cruces de pedra na Bretaña* (1930), estudio artístico dunha importante manifestación da arte popular, profusamente ilustrado, onde o propio autor advirte que o seu verdadeiro obxectivo, longamente acariñado e para o que xa posúe moitas notas, é estudiar os cruceiros galegos.

Pero coa caída da Dictadura de Primo e a instauración da provisoria 'Dictablanda' (1930), que en abril de 1931 deixou paso á II República, a actividade cívica reanímase, e Castelao retoma con renovados pulos o seu compromiso político. Non é estraño, pois, que se pense nel como deputado cando distintos grupos galeguistas da provincia de Pontevedra decidan promover candidatos propios ás primeiras eleccións a Cortes da República, que tiñan entre outras a importante misión de elaborar unha constitución para o novo réxime. Castelao acepta o desafío e en xuño de 1931 resulta electo, nuns comicios que gaña en toda España a conxunción republicano-socialista, e en Galicia a esquerda republicana, a Organización Republicana Gallega Autónoma, nas listas da cal son tamén elixidos os galeguistas Antón Vilar Ponte e Ramón Suárez Picallo (pola provincia da Coruña). Por Ourense gaña unha acta Ramón

Otero Pedrayo. Inicialmente, Castelao e Otero Pedrayo intégranse no grupo parlamentario da O.R.G.A., a 'minoría gallega'. Loxicamente, o seu labor como deputado no primeiro bienio republicano (1931-33) obrigou Castelao a vivir entre Pontevedra e Madrid. Das súas intervencións parlamentarias, a máis importante foi, na nosa opinión, a que tivo lugar en setembro de 1931 co gallo do debate constitucional, arredor da cuestión das linguas oficiais, en que fronte á voz de Castelao se oíu nas Cortes a do intelectual máis prestixioso da España daquel tempo: Miguel de Unamuno.

A finais de 1931, os distintos grupos de galeguistas espallados polo país reúnense para fundar un partido político co que Castelao se identificará nos anos a seguir: o Partido Galeguista, no que tamén se integra o deputado O. Pedrayo. A tarefa máis importante do Partido foi impulsar a elaboración e aprobación dun Estatuto de Autonomía, tarefa na que o papel de A. Bóveda se revelará crucial, e que consumirá practicamente 1932 e os primeiros meses de 1933. O papel de Castelao nesta primeira etapa do proceso autonómico foi máis ben discreto, pois consistiu sobre todo en realizar xestións, exercer presións e forzar negociacións en Madrid. Alí tamén pretendeu, reiterada pero infructuosamente, arrincarlle ó Ministro de Instrucción Pública un decreto para legalizar o bilingüismo escolar, establecer cátedras de lingua e literatura galegas nas escolas normais (onde se formaban os mestres) e crear estudios de lingua, literatura e cultura galegas na Universidade de Santiago de Compostela.

Sexa como for, aínda que o tesón dos galeguistas e a colaboración doutras forzas políticas permitiu superar a primeira fase do proceso autonómico (elaboración do ante-proxecto de Estatuto e aprobación deste pola maioría dos concellos galegos), a falta de entusiasmo (ou convicción) de reputados líderes do republicanismo galego impediu que o proxecto de Estatuto fose sometido a referendo –paso previo á aprobación polas Cortes– antes de que estalase a crise de goberno do verán de 1933, que desembocou na convocatoria de eleccións xerais, que foron amplamente gañadas polas dereitas, e que deixaron o Partido Galeguista sen representación parlamentaria. A perda do escano permitiulle a Castelao dedicarlle un tempo ós seus labores creativos, e preparou para imprenta os libros *Retrincos* e *Os dous de sempre*, que apareceron na

editorial Nós en 1934. Estas obras, a primeira unha colección de relatos e a segunda unha novela, constitúen (especialmente a primeira) a culminación da súa obra como autor de ficción. O mesmo ano, aparece a edición conxunta dos dous libros de *Cousas*, que apareceran en 1926 e 1929. Tamén en 1934, Castelao converteuse en membro de número da Real Academia Galega, lendo o 25 de xullo o seu discurso de ingreso, *As cruces de pedra na Galiza*, que constitúe un adianto substancial da súa magna obra póstuma co mesmo título.

As eleccións xerais de 1933, en que o P.G., como dixemos, non atinxira representación parlamentar, mostraron a importancia dunha política de alianzas. Xa que logo, o Partido Galeguista debatíase nun dilema lacerante: entenderse cos partidos á súa esquerda (especialmente co herdeiro da O.R.G.A., o Partido Republicano Gallego, posteriormente integrado en Izquierda Republicana, onde se reuniu o republicanismo español de signo progresista), que se mostraban receptivos ante o proxecto autonomista, ou ficar fóra do xogo político, posto que das dereitas non se podía esperar nada. Un primeiro paso na dirección cara á esquerda dáse na IIIª Asemblea do Partido (xaneiro de 1934), na que Castelao é nomeado Secretario Político do mesmo, e Bóveda Secretario de Organización. Pero a propia evolución dos acontecementos inclinou a balanza cara á esquerda. Despois da sublevación de Asturias e da revolta da Generalitat de Cataluña (outubro), o goberno dereitista de Lerroux desata unha campaña represiva indiscriminada, que atinxe de cheo o Partido Galeguista. Como consecuencia, Castelao e Bóveda son condenados ó desterro, disfrazado de 'traslado administrativo' (entrambos eran funcionarios do estado) en Badaxoz e Cádiz respectivamente.

O seu destino en Badaxoz, desde novembro de 1934 a setembro de 1935, obrígao a fixar residencia nesta cidade. Alí escribe o seu primeiro ensaio político, dirixido ós militantes galeguistas e dado a lume en catorce entregas no voceiro do Partido, *A Nosa Terra*, baixo o título *Verbas de chumbo*. Nel, Castelao fai unha vibrante alegato en defensa da viraxe do P. G. cara á esquerda (mesmo chega a afirmar que se non fose galego, sería socialista), confirmada na IVª Asemblea do Partido (abril de 1935), alegato dirixido contra os críticos da ala dereita do galeguismo que están a abandonar o Partido (V.

Risco e X. Filgueira Valverde, entre outros). A pesar de atopárense no desterro, Castelao e Bóveda son confirmados nos seus cargos na dirección do Partido. Ó mesmo tempo que se intensifican os contactos entre o P.G. e Izquierda Republicana con vistas a elaborar un programa e listas electorais conxuntas, este último partido negocia coa esquerda obreira (Partido Socialista) un pacto para crear un Frente Popular. A crise do goberno de dereitas presidido por A. Lerrroux precipita os acontecementos, de maneira que o Partido Galeguista acaba integrándose no F. Popular, a troca de que este apoie o programa autonomista do primeiro.

Durante a súa estadía en Badaxoz, Castelao aproveita para desprazarse a Lisboa (febreiro de 1935) por mor de entrevistarse co escritor portugués Teixeira de Pascoaes (máximo representante do movemento "saudosista", e intensamente admirado polos galeguistas) e Porto (abril), onde participa nos actos dunha 'Semana Galega' nesta cidade. A mediados de xullo de 1935, Castelao vénse de vacacións a Galicia, e de feito xa non voltará a Extremadura, pois en Setembro élle levantado o desterro, gracias ás xestións dalgúns amigos galeguistas diante do Ministro de Gobernación, M. Portela Valladares, un galego vello amigo seu. Entremedias, Castelao é obxecto dunha resoante homenaxe en Madrid, promovida por algúns dos intelectuais e políticos máis relevantes da España do tempo (entre outros, o propio M. Azaña). Antes de reincorporarse ó seu destino en Pontevedra, Castelao emprende unha viaxe a Bélxica coa súa dona.

Os meses que veñen, ata as eleccións xerais de febreiro de 1936, e, despois, ata a celebración do referendo do Estatuto (xuño), son tempos dunha intensísima actividade política. Efectivamente, as negociacións entre Izquierda Republicana e o Partido Socialista callan na creación dun Frente Popular (decembro de 1935), que se abre a outras forzas políticas, e no que se integra o Partido Galeguista. Castelao preséntase como candidato ás Cortes pola provincia de Pontevedra, onde obtén un espléndido resultado electoral. Ó pouco, os galeguistas, coa colaboración dos outros partidos da Fronte, en especial I. R., poñen en marcha a campaña polo Estatuto, na que Castelao se emprega a fondo, ata conseguir un resultado claramente favorable. Sen

embargo, o panorama político polarízase radicalmente entre a dereita e a esquerda, e o clima político en España vaise enrarecendo cada vez máis, en medio dunha espiral de violencia incontrolable. Cando Castelao viaxa a Madrid como membro da comisión oficial que vai facer entrega solemne do proxecto de Estatuto de Galicia ós Presidentes da República e das Cortes, é consciente dos nuboeiros que espreitan no horizonte.

4. O DECLINIO (1936-1950): GUERRA E EXILIO

Os últimos catorce anos da vida de Castelao están marcados pola Guerra Civil e as súas consecuencias, para el concretamente, o exilio. O noso autor vese arrastrado por un torbeliño arrasador, percorre España, Europa e boa parte do mundo nos anos máis difíciles do século: auxe do fascismo en Europa, guerra de España, conquista de Europa pola Alemaña nacional-socialista, guerra mundial. Durante a guerra, Castelao residiu primeiro en Madrid, e despois en Valencia e Barcelona, ata abril de 1938, en que realiza primeiro unha viaxe á Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas, e despois se embarca para América. Ata mediados de 1940, Castelao percorre os Estados Unidos, viaxa por Cuba (novembro de 1938 a febreiro de 1939) e despois volta a Norteamérica, e a partir daquela data instálase en Buenos Aires deica súa morte, aínda que con frecuentes desprazamentos a Uruguai e pola Arxentina, un extenso periplo polas Américas (finais de 1945) e unha longa estadía en París (xullo de 1946-setembro de 1947). Son, pois, anos de moita actividade, unha actividade que xira case exclusivamente arredor da política.

Durante a Guerra, Castelao envórcase no apoio ó goberno republicano, colaborando na formación das Milicias Galegas en Madrid, e sobre todo no aspecto propagandístico: emisións radiofónicas, colaboracións en prensa, álbums de debuxos e viaxes para recadar fondos. Polo que atinxe ó primeiro, Castelao participa nas emisións radiadas desde Barcelona, dirixidas á fronte de batalla e ás retagardas. Polo que se refire á prensa, colabora con *Nova Galiza*, "Boletín quincenal dos Escritores Galegos Antifeixistas" (do que saen dezaoito números entre abril de 1937 e xullo de 1938), publicado na capital catalana e con *Nueva Galicia*, "Portavoz de los antifascistas gallegos" (que saen cincuenta

e catro números desde maio de 1937 a decembro de 1938), editado sucesivamente en Madrid e Barcelona, baixo o patrocinio do Partido Comunista. Canto ós álbums de estampas, Castelao publica durante o conflicto *Galicia mártir* (Madrid-Valencia, 1937), *Atila en Galicia* (Valencia, 1937) e *Milicianos* (Nova York, 1938), que obtiveron unha grande resonancia internacional.

A través de *Nova Galiza* e *Nueva Galicia*, Castelao dá a coñecer o seu segundo ensaio político, tamén titulado *Verbas de chumbo*, que aparece en trinta e dúas entregas consecutivas na segunda publicación, e que tentou editar como libro. Destinado ós galegos antifascistas, este novo ensaio ten como obxectivo a defensa do proxecto autonomista galego, fortemente cuestionado polas republicanos centralistas, especialmente nas condicións da Guerra. De feito, Castelao tivo que manobrar temerariamente nas Cortes republicanas, sorteando a oposición do sector máis españolista do republicanismo, durante a guerra e no exilio, para facer valer a legalidade do proxecto de Estatuto de Galicia.

Como adiantamos, en abril de 1938, Castelao realiza unha viaxe de propaganda, comisionado oficialmente polo goberno republicano, á daquela chamada U.R.S.S. (país que apoia decididamente a República Española), e a pouco de regresar (xullo), embarca nunha xira por América en misión de apoio á causa democrática española. Durante a guerra de España, Castelao aproxímase ós comunistas, achegamento que ten sido interpretado como unha marxistización da súa ideoloxía, aparente nalgunhas partes de *Verbas de chumbo* (nomeadamente, cando cita Stalin en apoio da súa categorización de Galicia como nación). É innegable que o enfrontamento civil supuxo unha radicalización das posturas á dereita e á esquerda do espectro político, e tamén o é que entre boa parte dos republicanos foi forte a corrente de simpatía cara á Unión Soviética, lóxica se se ten en conta que este país apoiou consecuentemente a República, fronte a cínica neutralidade de países democráticos como Francia e o Reino Unido, e á activa implicación do eixe nazi-fascista no apoio ó bando 'nacional'. Aínda máis, co gallo da súa visita a Moscú e Acerbaixán, Castelao escribiu frases de admiración para algúns aspectos do réxime soviético.

Pero non parece xustificado levar o devandito moi lonxe: o noso autor sentíase claramente 'en latitudes moi arredadas do comunismo', e manobrou tacticamente para conseguir o apoio do Partido Comunista cara ó seu proxecto autonomista (o cal el vía como especialmente importante, dado o peso cada vez máis importante deste Partido no campo republicano); mostrarse conteste con Stalin no punto concreto da definición das nacións non lle tivo que supor unha retorsión da súa ideoloxía (neste punto, parece que a doutrina estaliniana tampouco pode considerarse como especialmente marxista), e da Unión Soviética admirou precisamente os aspectos que lle parecían máis concomitantes coas posicións políticas dos galeguistas: a fórmula adoptada para resolver (aparentemente) o problema da diversidade nacional, mediante o recoñecemento constitucional do dereito de autodeterminación, o establecemento dun sistema federal (o preferido por Castelao para España) que garantía o autogoberno das nacionalidades, e a promoción das linguas e culturas específicas destas. Na nos opinión, nada do devandito, nin todo por xunto, supón unha marxistización de Castelao, ou unha aproximación ós comunistas alén do terreo conxuntural. Igualmente, tampouco a súa circia fidelidade ó goberno republicano implicou de ningunha maneira cesións, fóra das conveniencias tácticas, no seu ideario galeguista e no seu proxecto autonomista (e no medio prazo, federalista).

Ó mes escaso de voltar da U.R.S.S. vía Londres e París (xuño), Castelao é de novo encargado dunha viaxe de propaganda, desta vez polas Américas, e embarca rumbo a Nova York. Os últimos meses de 1938 e os primeiros de 1939 consúmeos nunha extenuante campaña de mitins en solidariedade primeiro coa República e despois, coa caída desta (abril de 1939), cos refuxiados que saen en masa de España. Ó longo destas xiras percorre boa parte dos Estados Unidos e Cuba. Na illa caribeña, estadía desde novembro de 1938 a febreiro de 1939, o que lle dá azo para pronunciar dúas conferencias na Universidade de La Habana ("Galicia y Valle-Inclán" e "Federalismo español") e parcitipar nas disputadas eleccións á directiva do Centro galego desta capital, en apoio, claro está, da candidatura democrática que se enfrontaba con outra pro-falanxista. De regreso de Cuba, Castelao instálase en Nova York (aínda que continúa a

viaxar polos Estados Unidos, por acaso, en setembro cruza o país ata California), nunhas condicións económicas e persoais penosas. Nos últimos meses de 1939, atopa vagar para revisar o manuscrito e redactar a versión definitiva dunha peza de teatro na que viña traballando intermitentemente case desde comezos da década: *Os vellos non deben de namorarse* (editada postumamente, en 1953). A finais dese mesmo ano, dá comezo a un segundo libro de *Verbas de chumbo*, do que falaremos máis adiante.

O noso autor non gustou dos Estados Unidos de América por diversas razóns,que van do particular ó ideolóxico. Por citar algunhas, non se manexaba co idioma inglés, o que lle causaba múltiples incomodidades e lle vedaba unha saída profesional tan digna coma a docencia. Por parte, non sintonizou cos círculos de exiliados españois nin de emigrantes galegos, pois entre os primeiros atopábanse vellas antipatías (como o embaixador Fernando de los Ríos) e logo chegaron personaxes corruptos, mentres que entre os segundos predominaban os procedentes da Galicia mariñeira, demasiado inclinados cara ó anarquismo, segundo a apreciación de Castelao. Finalmente, a civilización norteamericana representaba para el o triunfo do maquinismo, o cosmopolitismo, o materialismo e a vida urbana, todo o cal el enxeitaba profundamente. Así e todo, apreciaba o modelo de organización política, baseado no federalismo.

Sexa como for, Castelao desexaba ardentemente instalarse en Buenos Aires, onde tiña un círculo de fieis e vellos amigos, e onde se atopaba o núcleo máis importante da diáspora galega. Conseguido o permiso de residencia na Arxentina, Castelao singra de Nova York á capital rioplatense, e durante a viaxe pon o ramo dun libro de comezara a redactar en Norteamérica a comezos de ano, co que pretendía completar o volume *Verbas de chumbo* composto durante a guerra de España, e publicado por entregas en *Nueva Galicia* e *Nova Galiza*. Se comezou a obra coa pretensión de ollar cara ó futuro, finalmente venceuno a pulsión de ceibar a carraxe que durante a guerra tivera que ocultar e que o reconcomía por dentro contra os dirixentes galegos e españois do republicanismo, que non seu entender eran responsables da derrota da República, en boa parte polo seu incorrixible centralismo, que os fixera cegos ás

demandas dos galeguistas, e que os levara a renunciar a unha vella arela como a República federal. Desta maneira, o novo libro (que se publicaría como Libro II de *Sempre en Galiza*), malia as dúbidas confesadas polo autor respecto da conveniencia de publicalo, convértese nun memorial de agravios e unha dura censura contra os seus propios compañeiros de viaxe nos anos da República e da Guerra. Un texto sincero e apaixonado, que rebe a amargura da derrota, e no que se deixan caer verdades como puños, pero no que tamén se escoan, ó noso entender, ataques inxustos (ou, cando menos, críticas pouco matizadas) e valoracións de abondo discutibles. Todo o cal é moi comprensible se pensamos no contexto en que foi escrito.

En Buenos Aires, Castelao atopou o apoio e a colaboración de admiradores e correlixionarios, o que lle permitiu despregar unha actividade por momentos febril. Logo de varias tentativas fanadas de gañar a vida pola súa conta (abrindo un restaurante ou ilustrando libros), unha presada de amigos galeguistas consegue que Castelao acepte recibir unha modesta asignación económica, á que contribúe especialmente o adiñeirado galego emigrado Manuel Puente. Ededicarsesto permítelle deicarse de cheo á actividade política e ás tarefas de divulgación cultural e creación intelectual. En agosto de 1941, estrea nun céntrico teatro da capital arxentina a súa obra de teatro *Os vellos non deben de namorarse*, que en outubro do mesmo ano viaxa a Montevideo. Aínda que neses anos o noso autor non abandonou totalmente a producción pictórica, esta diminuíu notablemente. Canto á escrita, Castelao envorcouse na composición de artigos publicados nos diversos medios da emigración e o exilio (*A Nosa Terra,* que el mesmo fixo resucitar na Arxentina, *Pensamiento español, Alborada, Lugo, Opinión Gallega,* etc.) e na redacción de conferencias e discursos, nos que se prodigou extraordinariamente durante eses anos.

Boa parte dos devanditos textos se relacionan coa última grande obra de Castelao: *Sempre en Galiza*, aparecido en 1944. Como é sabido, este amplo volume contiña, na súa primeira edición, tres libros precedidos dun prólogo (o 'Adro'). O primeiro destes libros corresponde ó volume *Verbas de chumbo* escrito e publicado en 1937/38, o segundo coa continuación, redactada a comezos de 1940 en Nova York e rematado a bordo do navío que o conducía a

Buenos Aires. O terceiro e último escribiuno xa nesta última cidade, a golpe de artigo e de conferencia, entre 1942 e 1943. Trátase dun libro con maiores pretensións teóricas e eruditas, pero que foi rematado con certa precipitación, imposta polas circunstancias. Efectivamente, en 1943 a sorte da Segunda Guerra mundial, agora favorable ás potencias aliadas contra o Eixo, alimentou a ilusión dos republicanos españois, que pensaban que Franco correría a mesma sorte que Hitler, Mussolini e demais dictadores fascistas da Europa centro-oriental. Isto reanimou as actividades do exilio, e Castelao coidou oportuna a publicación do seu libro, *Sempre en Galiza*, ó que colocou como frontispicio a serie de artigos que escribira en 1935, durante o seu desterro en Badaxoz, e que foran publicados en *A Nosa Terra*. Desta maneira, quedou composta a obra que se considera, xustamente, o testamento político non só del, senón da súa xeración galeguista, e que exercería unha perdurable influencia en Galicia.

Canto ás actividades políticas, Castelao fora designado polos galeguistas sobreviventes e do exterior, nos momentos de desfeita da República, Xefe Supremo do Partido Galeguista, designación que el aceptou. Ende ben, unha vez en Arxentina, chegou á conclusión de que ese nomeamento carecía de efectividade, pois era moi complicado reconstruír o Partido, e en todo caso lle pareceu máis axeitado artellar un tipo de organismo máis flexible, que denominou Irmandades Galegas, cunha proxección non só política, senón tamén cultural, destinada á galeguización das amplas colectividades de emigrantes. Ó mesmo tempo, restableceu o pacto Galeusca, que axuntaba a nacionalistas galegos, vascos e cataláns, e mantivo relacións coas forzas republicanas, aínda que estas con altibaixos moi pronunciados. A partir de 1943, ano en que Castelao participa nun grandioso mitin en Montevideo con primeiras figuras da política republicana, coa reanimación das esperanzas da caída do réxime falanxista, Castelao considera prioritario constituír un Consello de Galiza, que funcionase como fideicomisario da vontade autonomista de Galicia e, analogamente ós gobernos catalán e vasco (elixidos conforme os respectivos Estatutos de Autonomía, antes da caída da República), como interlocutor ante as forzas e institucións políticas da República no exilio.

O Consello de Galiza foi formalmente constituído en novembro de 1944, composto só por catro deputados a Cortes, e elixiu Castelao como Presidente. Sen embargo, a medio prazo esta xogada táctica fracasou. En primeiro lugar, porque non conseguiu a adhesión de máis deputados galegos no exilio (incluso algúns, nomeadamente un grupo de socialistas refuxiados en México, o rexeitaron frontalmente), a pesar de que sobrevivían un bo número deles, en Francia, México, os Estados Unidos...; en segundo lugar, porque nunca foi recoñecido como tal polas institucións e forzas republicanas, e nin sequera foi apoiado, en momentos críticos, polo goberno vasco no exilio (o seu máis directo inspirador), e menos aínda polos catalanistas (que se atopaban moi divididos entre eles); en terceiro lugar, porque tampouco foi recoñecido como tal por parte dos galeguistas que se esforzaban clandestinamente por reconstruír o Partido na propia Galicia. Por parte, importantes sectores e persoeiros do exilio democrático galego mantiveron unha posición máis ben crítica respecto da liña política de Castelao, que en realidade só foi seguida por un círculo de incondicionais.

Aínda así, Castelao despregou unha intensa actuación en 1945, con resultados en xeral moi positivos. Por acaso, os actos organizados a mediados de ano en Montevideo arredor do aniversario do plebiscito autonómico (28 de xuño) e do Día de Galicia (25 de xullo) foron moi concorridos, e a exposición de estampas de Castelao (co álbum *Nós* e os tres álbums de guerra) obtivo un éxito resoante. Contra finais de ano, co gallo da convocatoria das Cortes da República en México, Castelao realizou un periplo continental, no que percorreu boa parte das Américas e que o levou ata Nova York. Nas sesións das Cortes tivo intervencións afortunadas, e conseguiu un éxito máis no seu pulso contra os centralistas (especialmente, a súa particular besta negra, o líder socialista Indalecio Prieto), ó lograr que se constituíse a Comisión de Estatutos por mor de estudiar o Estatuto galego. Desa xuntanza das Cortes saíu un pacto para a reconstrucción das institucións da República e a constitución dun Goberno de unidade, presidido por Francisco Giral.

No primeiro goberno de Giral, os galeguistas carecían de representación específica, pero cando a mediados de 1946 se acordou amplialo, para incluír

representantes de forzas que quedaran á marxe, e un representante especificamente galego, Castelao foi escollido para o posto. Nesa designación tiveron un papel decisivo os galeguistas do interior, que levaban anos tentando reorganizar clandestinamente o Partido, e que ultimamente se mostraran moi activos na coordinación das forzas da oposición en Galicia, e destas coas do resto de España. O contacto entre os galeguistas do interior e os do exilio retomárase en 1944, e no ano seguinte comezaba a facerse efectivo, a través de mensaxeiros que viaxaban entre Galicia e Arxentina levando agochados documentos e cartas comprometedoras. Como consecuencia da súa designación como Ministro, Castelao abandona Buenos Aires (xullo de 1946) para instalarse en París, onde residía o goberno. Antes de que remate o ano, o goberno de Giral consegue unha serie de éxitos diplomáticos, e a determinación das potencias vencedoras na Guerra Mundial coloca o réxime franquista nunha situación comprometida (retirada de embaixadores, condena da Asemblea Xeral da recentemente constituída Organización de Nacións Unidas, ruptura de relacións diplomáticas, etc.).

A pesar da presión internacional contra Franco, un sector da oposición democrática, encabezada polo líder socialista Indalecio Prieto, entende que as circunstancias interiores do país non posibilitarían a restauración do réxime republicano, nin os grandes países democráticos do occidente (Reino Unido e Estados Unidos) favorecerían tal opción, polo que busca unha alianza cos sectores monárquicos opostos a Franco, personificados no herdeiro da Coroa, Juan de Borbón. Castelao oponse rotundamente á manobra, que conduce á crise do goberno de Giral. A posición de Castelao condúceo ó illamento político, non só respecto a unha boa parte das forzas republicanas, senón tamén respecto dos nacionalistas vascos e cataláns, que consideran prudente xogar ó posibilismo coa opción de Prieto, e mesmo cos galeguistas do interior. Estes consideran que Castelao non debera actuar segundo o seu criterio persoal, senón de acordo con eles, mentres que aquel consideraba que el non estaba no goberno como representante de ningún grupo político, senón como persoeiro por riba dos partidos, e enrabexouse cos galeguistas, ós que acusou de falta de respecto cara á súa persoa. O desencontro entre Castelao e os galeguistas do

interior tivo como consecuencia un arrufiamento das relacións entre estes e o galeguismo organizado no exilio á sombra de Castelao, e a medio prazo conduciu á práctica disolución do Partido Galeguista.

O devandito episodio ten sido obxecto dunha intensa especulación, en que a falta de coñecemento directo dos feitos e dos documentos foi suplida por prexuízos e impertinentes intencións fiscalizadoras. Ás veces, pretendeu construírse un relato maniqueo, de bos e malos, en que adoito Castelao figuraba de estratega infalible e o que aparecía no papel de grande 'culpable' era Ramón Piñeiro, co que deste xeito se buscaba axustar contas políticas que nada tiñan que ver con aqueles tempos e aqueles feitos. En realidade, R. Piñeiro interveu na designación de Castelao como Ministro, para o que tivo que viaxar clandestinamente a París, pero no canto de agardar alí por el (tal como Castelao esperaba que fixese, pois pensaba apoiarse nel para as súas tarefas) regresou a Madrid, onde foi inmediatamente detido e encarcerado pola policía política do franquismo. A partir deste momento, as relacións de Castelao cos galeguistas tentaron canalizarse directamente a través do exiliado en Francia Xohán Plá, co que Castelao rachou axiña a relación, por falta de entendemento, e epistolarmente por medio de Fermín Penzol, substituto de Piñeiro na executiva do P. Galeguista. Canto á desaparición deste Partido do escenario político a partir de c. 1950, hai que dicir que os galeguistas do interior non tiveron máis responsabilidade ca os do exilio, incluído o mesmo Castelao, quen, acertado ou equivocado, estaba convencido que os antigos partidos da República non debían pervivir no exilio, e, polo menos a partir de 1942, non fixo o menor esforzo por revitalizar o Partido Galeguista.

O final do goberno Giral produciu unha fonda desilusión en Castelao, que ademais o pasou francamente mal en París (por riba, el e maila súa dona víronse aqueixados por problemas de saúde) e voltou para Arxentina reafirmado nun republicanismo intransixente (setembro de 1947). Unha vez alí, retoma as súas actividades, e reaparece para facer oír a súa voz en numerosas celebracións públicas. Especialmente grato lle foi reatopar o seu amigo e compañeiro Ramón Otero Pedraio, que viaxara a fins de 1947 á Arxentina convidado por distintas institucións galegas. O ano de 1948 é practicamente o

seu derradeiro ano de actividade, pois boa parte de 1949 estivo xa prostrado polo mal que o levaría á tumba. Nos seus últimos meses en activo, ten tempo para preparar o libriño que virá a lume co gallo do aniversario do referendo autonómico, o 28 de xuño, de 1948, que contén o texto do Estatuto Galego precedido dun breve estudio e acompañado dunhas notas: *O Estatuto Galego. Antecedentes e comentarios*. Reconciliado co Centro Galego, co que anos antes rachara relacións a causa dunha recepción ofrecida a autoridades franquistas, a súa última intervención pública de certa resonancia producirase na celebración do Día de Galicia durante un acto no Teatro Maravillas da capital arxentina, onde pronunciará unha das pezas oratorias máis brillantes que compuxo, o discurso coñecido baixo o título *Alba de Groria*.

Como dixemos, o derradeiro ano da súa vida pásao Castelao prostrado no leito, pois desde o mes de marzo a doenza agrávaselle e provócalle terribles sufrimentos. El e os seus íntimos apúranse en preparar para o prelo o volume *As cruces de pedra na Galiza*, unha magna obra en que investira esforzos durante anos, e que só virá a lume postumamente. Castelao expiraba o sete de xaneiro de 1950, pobre de propiedades, pero deixándolle unha herdanza artística, intelectual e política dunha valía sen comparanza ó país ó que entregara unha vida enteira de esplendoroso labor creativo, de entrega desinteresada, chea de sacrificio, e de amor inexorable.

5. ¿ARTISTA OU POLÍTICO? CASTELAO SEGUNDO EL MESMO E NOTAS DUN PESCUDADOR

A pregunta que encabeza este último treito do noso traballo, unha cuestión espiñenta e disputada desde hai xa tempo, continúa a ter respostas polémicas, ás veces tinxidas de acedume. Xa que dediquei bastante tempo a estudiar Castelao, o cal me permitiu familiarizarme abondo coa súa figura, nas súas diversas facetas e cun certo pormenor nalgúns aspectos relevantes, pode ser pertinente (ou mesmo obrigado) que non remate este percorrido pola biografía do rianxeiro sen achegar o meu punto de vista sobre este asunto crucial para interpretar globalmente a obra castelaiana. No posible, voume

apoiar no testemuño do propio autor (expresado sobre todo na súa correspondencia, pero tamén en discursos e diversos escritos), interpretado á cambiante luz das circunstancias. Limitareime a ofrecer unhas notas, que requiriría unha maior elaboración; arestora carezo do vagar imprescindible para tratar o tema en profundidade, pero espero poder abordalo no futuro. Enténdese, pois, as liñas que seguen como unha primeira aproximación, tentativa e exploratoria.

Neses anos críticos en que as persoas temos que decidir a orientación da nosa vida, que van da adolescencia á madurez, Castelao víase a si mesmo como un artista. Pero non lle foi doado seguir a chamada desta vocación, e isto basicamente por dúas razóns. Por unha banda, porque, aínda que nos seus primeiros pasos como pintor e debuxante obtivo boa acollida crítica e varios éxitos importantes, isto non abondou para asegurarlle unha mínima estabilidade profesional, ou sequera uns ingresos para ir tirando pasablemente. Por outra banda, o seu pai quería a toda custa que Castelao se establecese como médico, e non estaba disposto a apoialo economicamente na súa carreira artística. Xa que logo, Castelao tivo que impoñer a súa vocación fronte a unha teimuda resistencia paterna, o cal, calculo, debeu de axudarlle a forxarse un carácter, a clarexar os seus proxectos persoais e a aferrarse a eles contra as dificultades que puideran opórselle. Intimamente, a súa determinación está perfectamente clara, desde data moi temperá. Así, en 1910 escríbelle ó seu pai: "Yo soy artista antes que nada, lo llevo en la sangre y esta convicción es la que me proporcionó momentos de mayor dicha... Yo soy artista y sólo ambiciono vivir del arte, lo cotnrario sería mi desgracia. Yo le juro que seré el mejor caricaturista de España".

Como non conseguía vivir da súa arte, Castelao acabou facéndose médico, pero finalmente abandonou esta profesión (1914), e fíxose funcionario sinxelamente para ter garantido un xornal fixo que lle asegurase o futuro e lle permitise dedicarse ó que a el máis lle interesaba: a súa arte. Como artista, Castelao tamén tivo que decidirse entre a pintura e o debuxo. Coido evidente que Castelao escolleu o debuxo, pero ademais el mesmo o viu así. Por acaso, en carta a Francisco Lloréns, de data incerta (1918?), asegura: "no soy pintor y

si me equivocase en esto siempre resultaría verdad que a mi no me interesan mis pinturas. Lo que me gusta a mi es el dibujo". Aínda así, debeu de custarlle recoñecer que o seu non era a pintura. Así, en 1920, ó remate da súa conferencia "Humorismo. Debuxo humorístico. Caricatura", aínda afirma: "se teño vida morrerei sendo paisaxista". De tódolos xeitos, no balance da súa vida que dá a lume en 1945, recoñece implicitamente que como artista plástico se considerou a si mesmo, ante todo, un debuxante. Obviamente, os seus problemas de visión foron tamén decisivos á hora de deixar en segundo plano o seu labor pictórico.

Ende ben, e adiantándome un pouco ó que vén a seguir, é importante salientar algúns riscos que permitan entender o paso do Castelao-artista ó Castelao-político. O noso autor manifesta moi cedo unha decidida vocación pública, que se manifesta en dous sensos: un, como crítico de arte, manifestado a través de conferencias (e, digámolo xa, o seu carácter auto-reflexivo é un dos trazos que mellor o definen como intelectual e artista), e dous, como "intelectual", artista comprometido que intervén activamente na cousa pública, como queda moi claro xa desde os tempos do *Barbero Municipal*. E isto ten que ver con dous aspectos complementarios do seu pensamento: a súa concepción da arte, que segundo el debe explorar as realidades presentes e debe dirixirse non só á sensibilidade senón tamén ó intelecto do público; e as motivacións profundas que se atopan detrás do seu compromiso político. Desde antes de entrar en contacto co galeguismo organizado, a Castelao interésalle o carácter ideolóxico do arte, e as posibilidades que ofrece de intervención social. Isto cadra moi ben coa súa dedicación á caricatura e ó debuxo humorístico, entrambos xéneros por natureza críticos, e que gracias á súa difusión impresa (sobre todo nos diarios e revistas) chegan a públicos amplísimos. Canto á súa concepción da política, Castelao definiuse a si mesmo en numerosas ocasións como un político cuxas ideas estaban arraigadas en sentimentos, e consideraba que a súa tarefa era converter os sentimentos en ideais, e estes en realidades. Nun mitin pronunciado en Bilbao, en 1933, formula unha parte disto do seguinte xeito: "Yo no he cultivado más que mis propios sentimientos, y para

decidir y para discurrir jamás consulté con la lógica. Mis ideales están fuertemente enraizados en el sentimiento, en el instinto popular de mi tierra".

A revelación de Castelao como escritor ó longo da década dos vinte, non debeu de modificar substancialmente a súa autopercepción como artista fundamentalmente plásticos, entre outras razóns, pola importancia que a ilustración continúa a ter tanto en *Un ollo de vidro* coma nos dous libros de *Cousas* que aparecen antes de 1930. A finais da década, o verme da literatura ríllalle cada vez máis, como axiña imos ver. En todo caso, no primeiro discurso como deputado nas Cortes da República, Castelao preséntase a si mesmo deste xeito: "Yo no soy más que un artista que ha puesto su arte al servicio de una bella causa: la de despertar el alma de Galicia" (1931). Un ano máis tarde, confésalle por carta a Blanco Amor: "metinme en política e dende entón non tiven un intre libre para poñer man nos meus traballos. Alá en Pontevedra durme unha novela miña no trecho máis intresante para un artista, cando a febre de creación era máis lediciosa... En Pontevedra dormen tódalas miñas ilusións. ¿Comprendes a miña fonda dor de artista? Pois todo pasou por meterme eu en política. Agora xa non podo recuar. Eu son home pouco dado a promesas que non podo cumprir, tampouco son home que ando detrás dos éxitos. Máis me preocupa a groria, porque o meu orgulo de artista e de home é caseque infernal... E todo canto se refire ô arte quedou na miña vida anterior... Eu son un sacrificado, un desgraciado, un bó home qu'está facendo de político".

Está, pois, claro, que Castelao sentía que o seu mergullamento no torbeliño político o obrigaba a postergar indefinidamente (se cadra para sempre) a súa carreira vocación persoal, artística, incluída a súa actividade literaria, que, como se ve, agora percibe como importante. Castelao vese a si mesmo como metido na política un pouco a forza, pero como persoa consecuente, unha vez que adquiriu uns compromisos, considera que debe chegar ata o final. Ende ben, en 1932 non podía sospeitar que un ano máis tarde, o fracaso do Partido Galeguista nas eleccións xerais (convocadas anticipadamente por culpa dunha crise de goberno), que implicou a perda do seu escano de deputado, lle darína azo para voltar ó seu labor creativo.nunha misiva a A. Vilar Ponte, chega a dicir: "Agora estou traballando arreo e coido

que foi unha gran sorte que non saise diputado" (1934). Como antes deixamos sinalado, aproveita o respiro para ultimar e dar ó prelo en 1934 a novela *Os vellos non deben de namorarse* (que é da que fala supra na carta a Blanco Amor) e a colección de relatos *Retrincos*. Así, comunícalle a O. Pedrayo (1934): "non saio da casa e da oficiña. Traballo máis que nunca, pero traballo a gusto... Metéuseme na cachola facer teatro galego".

Efectivamente, a nova obsesión é o teatro: así, referíndose ós seus proxectos teatrais, coméntalle a E. Blanco Amor, "Ando tolo co-a idea e non-a deixo", e aínda un ano despois ó mesmo: "Agora soño co Teatro" (1935). Tamén acalenta o proxecto de rematar o seu libro das *Cruces de Pedra na Galiza*, para o que viña recollendo materiais desde había máis de dez anos, tendo ademais en conta que o discurso de ingreso na Real Academia Galega (en xullo de 1934) lle dera ocasión para pór un pouco de orde nos seus materiais sobre o asunto. Pero 1934 remata mal, pois como sabemos Castelao é forzado ó desterro en Badaxoz. (De feito, é probable que o desterro lle impedise levar a remate o traballo.) Probablemente, eses meses que van desde que Castelao deixa de ser deputado ata que é condenado ó desterro, sexan dos máis felices da súa vida, e desde logo constitúen un dos poucos momentos en que el pode facer compatible a arte e a política, sen sentirse agobiado por iso.

En teoría, a estadía en Estremadura podía ofrecerlle o vagar e o repouso para seguir co seu labor intelectual, pero Castelao séntese sen azos. "Coidei que podería traballar e viña disposto a esplotarme a min mesmo, pero non son capaz de facer nada... Paso a vida nos cafés, para non chorar", confésalle a O. Pedrayo a pouco de chegar alá. En dúas cartar un pouco posteriores, abonda na mesma idea: "Atópome seco de todo. Non teño ideas e parece qu'estou n'un pesadelo", "¿Qué podo facer? Durmir, durmir e durmir.. O desterro pesa moito, ¿sabes? A min pésame coma se fose un presidio". Emporiso, co paso dos meses, Castelao aclara ideas, e ponse a redactar o seu primeiro ensaio político de alcance: a primeira serie "Verbas de chumbo", que constitúen, alén dunha peza interesantísima para calibrar a súa evolución política, unha peza literaria engaiolante. Nunha carta a Rodrigues Lapa escrita polas datas en que está a compor as ditas "Verbas de chumbo", en diálogo crítico sobre *Os dous de*

sempre, Castelao dá por rematada a súa carreira plástica, e vese a si mesmo sobre todo como escritor, insistinto na obsesión polo teatro: "aínda non rematei a miña vida de artista... Como perdín a vista para pintar dou por rematada a miña vida de pintor e dibuxante para entregarme â literatura, utilizando os meus recursos de dibuxante como complementos necesarios, tal como nas cousas de Teatro que pretendo facer e que levarei a cabo cando me devolvan ô meui fogar".

Precisamente na primeira serie de *Verbas de chumbo* (posteriormente convertida en "Adro" de *Sempre en Galiza*) redactada na Estremadura, un dos temas fulcrais é o do compromiso dos intelectuais (capítulos I, II e VIII). Naturalmente, este asunto tiña que interesarlle a Castelao mesmo por razóns persoais, pois sentiría a necesidade de xustificarse ante si mesmo e tamén ante os demais, pero probablemente nese momento interésalle ademais criticar o sector dereitista do galeguismo, que, descontento perante a orientación cara á esquerda do Partido, distanciábase da actividade política. A verdade é que esa era a actitude de Risco e algúns dos seus seguidores; mais os galeguistas de dereita de Pontevedra axiña deixaron claro que seguirían facendo política, pero fóra do P.G., fundando 'Dereita Galeguista' de Pontevedra (e finalmente Risco e os galeguistas de dereita de Ourense seguiron os mesmos pasos pouco máis tarde). Esto tamén obrigou Castelao a mudar os argumentos (véxanse as entregas X e XI). ¿Como explica Castelao a necesidade do compromiso dos intelectuais?

Na entrega II das primeiras *Verbas de chumbo*, Castelao quéixase con lúcida ironía do apoliticismo cínico de moitos galegos ben situados que lle reprochaban que se *metera* en política, nunha actitude aparentemente pragmática pero no fondo suicida, e á derradeira puramente oportunista. Na entrega VIII denuncia a esterilidade dunha "fina caste de inteituaes", que temen converterse en "homes de acción, que loitasen pol-o engrandecemento da nosa Terra, sen medo ao fracaso, nin â censura, nin tansiquera âs pedradas. Porque hai que loitar e crear, e non imos perder a vida metidos nas tripas dos problemas. Que cando un home dispoña d-un órgao seipa tocalo, para dar saída âs arelas do esprito, ainda que se rompa o aparello e teñamos que

chamar por un amañador". É dicir, os intelectuais deben pór os seus coñecementos e ás súas capacidades ó servicio do país, implicándose na acción política, mesmo a risco de equivocarse. Ora, o que parece suxerir Castelao é que ese compromiso debe realizarse sen violentar as propias convicciónS. Tal como se expresa na entrega I, a Castelao indígnalle especialmente a posición dos intelectuais que nun momento foron "sementadores dunha teoría", e que, cando chega o momento da súa concreción histórica, recúan e "abandonan os seus postos de honor" (a referencia a Risco é transparente). O verdadeiro heroísmo, para Castelao consiste en "trocar os anceios en realidades, as ideias en feitos". E engade unhas palabras que, vistas na perspectiva histórica, resultan estarrencentes: "Cando un home sabe que a realización d-unha ideia vai producir a felicidade do seu povo e a salvación da súa patria, non debe recuar ante a posibilidade do trunfo, ainda que a violencia doorosa e sanguiñenta do parto lle produza arrepíos [...] Un home que teña fé no ideal que propaga non debe resiñarse a morrer sen velo realizado, a non ser que morra en loita pol-o seu ideal". No remate das *Verbas de chumbo* deixa estampada a seguinte sentencia: "a realidade actual da noxo, pero non podemos fuxir d-ela por escrupos inúteis, pois para modelar un povo de barro é forzoso luxar as mans".

Neste texto, Castelao manifesta unha posición moi tallante e esixente, ou se se prefire, radical ('de raíz', non necesariamente equivalente a 'extremista'), o cal corresponde perfectamente coa súa circunstancia persoal (o desterro) pero tamén co momento político español e europeo. Efectivamente, na Europa de entreguerras porduciuse unha polarización crecente da vida política, co auxe dos movementos extremistas de dereita e esquerda, especialmente co ascenso dos distintos fascismos; e, significativamente, os intelectuais xogaron un papel de grande importancia nese proceso. Estes ou se viron arrastrados por ese proceso histórico ou mesmo sentiron a urxencia, ás veces compulsiva, de pór o seu prestixio social (que nalgúns casos era extraordinario) ó servicio de causas políticas, e a tendencia dominante era a apoiar máis ben posicións revolucionarias (os fascismos tamén se presentaban como movementos revolucionarios) cá desacreditadas posturas moderadas. Voltando a Castelao,

veremos que aínda que as palabras que acabamos de citar responden, indubitablemente, a unhas convicciónS que non son puramente conxunturais, non nos deben tampouco facer pensar nun Castelao monolítico, pois axiña descubriremos as súas fendas interiores.

Deixando atrás o desterro, Castelao volta a Pontevedra aínda ten un pouco de lecer, nos últimos meses de 1935, para traballar en *Os vellos non deben de namorarse*. Pero axiña as circunstancias o obrigan outra volta á envorcarse na actividade política, pois o goberno de dereitas cae e son convocadas eleccións xerais, ás que el volve presentarse como candidato, agora nas listas do Frente Popular, pola Provincia de Pontevedra. O clamoroso triunfo (persoal e do conxunto do F. Popular, en Galicia e en España) nos comicios parlamentares do 1936, paradoxalmente, non satisfai intimamente o noso autor. En 1936, recén elixido deputado, pero coa alma toldada por negros presentimentos, confésalle a J. Sánchez Cantón: "Dendes que nascín fixen o que os demais quixeron i-endexamais logrei facer o que eu quería. Pois ben, para o que me resta de vida deixareime ir coa enxurrada que queira levarme". Esta sensación de persoa arrastrada por acontecementos, que se ve incapaz de controlalos ou mesmo de definir o seu lugar neles, escoa tamén nunha carta de xuño do mesmo ano, dirixida ó seu íntimo Otero Pedraio, que rebe inquedanza e amargura: "Esto vai mal. Cada dia pior. Non se sabe o que vai pasar. Eu teño medo. Todos son líos e a xentiña que agora manda non saben dar conta do recado. A min somentes me ten eiquí o compromiso que adequirín cos nosos. Non sei si a autonomía –se é que gañase o plebiscito– chegará a tempo e se con ela poderemos illarnos da miseria material e moral que vai inzar todo. ¡Quen me dera a miña casa de Pontevedra, a soñar e a traballar! ¡Quen me dera estar coma ti! ¡As miñas debilidades leváronme lonxe, e teño unhas ganas de voltar ao meu! A política dame noxo... Desafogo contigo e con ninguén máis. Sei que vóu pagar caras as miñas lixeirezas e dame medo pensalo, porque non son valente".

¡Que diferencia entre este Castelao intimamente esgazado da primeira metade de 1936 e aqueloutro Castelao publicamente contundente dos comezos de 1935! O intelectual esixente que encirra os outros intelectuais para

mergullárense na loita política para orientar o curso dos acontecementos, que proclama que "un home con verdadeira fe nos ideaes que predica... vai cara o trunfo cando se poida e como se poida" convértese agora nun artista que se sente frustrado, un político á forza, que pensa que este papel o levou ata onde el non quería chegar, e que se confesa incapaz de rexerse, asustado ante as consecuencias da súa toma de posición. Emporiso, se en 1936, Castelao se sentía outra vez moi incómodo co seu papel de líder político, as tráxicas consecuencias do golpe de estado de xullo, co asasinato dalgúns dos seus mellores amigos e colaboradores e de varios dos seus familiares máis queridos, e fin, coa vagada de crueldades que afogaron Galicia a sangue e lume, converten o compromiso político de Castelao xa non nunha cuestión de principios, senón nunha opción persoal. O noso autor séntese obrigado dun xeito ineludible e autoimponse como principal tarefa do que lle resta de vida loitar polos mesmos obxectivos que conduciron ó martirio xentes como Bóveda, Casal ou os Losada Castelao, os seus primos. (Por acaso, nun discurso de 1940, pronuncias estas palabras: "Así soño eu pol-os que mandan en min desde os reinos da morte".) En todo caso, as cartas que citamos antes alértannos contra lecturas simplificadoras do noso autor, que, coido que agora está claro, non era un home dunha soa peza (felizmente, para o meu gusto).

Despois da guerra, o exilio, e Castelao sente a necesidade de redefinir a súa imaxe pública. Unha das primeiras ocasións preséntaselle en 1940, no discurso de agradecemento pola acollida que lle dispensan en Bos Aires, onde sostén: "Agasallades en min a un artista civil que sempre puxo o seu arte ao servicio das causas populares... eu non son un político ao uso, aínda que andivera pol-as tripas da política, en misión de cibdadanía. Eu son un galego leal, un patriota que ama a súa Terra, que quer vivir para ela e que morrerá co seu nome nos beizos." Nos anos seguintes, efectivamente Castelao posterga o seu labor artístico e envóracase no labor político: despois duns tentos, sobre todo arredor da estrea de *Os vellos non deben de namorarse*, debuxa pouco e pinta case nada, pero ademais o que escribe xira teimosamente arredor de cuesitóns políticas, lémbrese que son os anos en que ultima *Sempre en Galiza*. Pero este labor político é *sui generis*, non só porque, obviamente, a Dictadura e

o exilio impoñan condicións moi especiais, senón porque o propio Castelao define uns obxectivos especiais para as súas angueiras políticas. Non lle interesa tanto reconstruír o Partido Galeguista como culturizar, e ó mesmo tempo ir politizando, as masas da emigración; pero, e este é un matiz importante, esta politización concíbese en senso "patriótico", sen vencellamentos partidarios. Isto conduce a Castelao a reflexionar sobre o vello dilema cultura/política, un dilema falso na maneira en que ás veces se presenta, e de xeito moi especial para un nacionalista, para quen "nacionalizar" o pobo implica un inescusable labor previo de endoculturalización, que permite erguer unha consciencia nacional que, co paso do tempo e en función das circunstancias, terá a súa conversión en termos políticos.

O lugar onde Castelao se explica a si mesmo con maior clareza e extensión é, na miña opinión, o discurso de agradecemento pola multitudinaria homenaxe que lle tributaron os galegos de Bos Aires co gallo da publicación de *Sempre en Galiza* (1944). Coido, pois, xustificado, citalo por extenso (e tamén traducilo do castelán, que o autor emprega forzado polas circunstancias):

> Levo catro anos convivindo convosco e sabedes que non gusto de hipocresías nin vaidades e que, xa que logo, podo permitirme o luxo de formular perante vós un xuízo sobre a miña propia obra e sobre min mesmo. Alá polo ano 18 dei a coñecer o meu álbum *Nós*, no que plasmaba as dores do pobo galego e as súas arelas de xustiza e liberdade, e ó veren que os meus debuxos abalaban o corazón das xentes máis e mellor que os versos e a prosa, daquela os caciques e os seus servidores acusáronme de literato (como quen di, un intruso) para desvalorizar a miña arte e por ende os meus sentimentos. E despois de trinta anos, trinta anos de meditación e de experiencia, atrevinme a publicar un libro no que trato de erguer a categoría de idea o que no álbum *Nós* era puro sentimento, e ó veren que as miñas razóns abalan a conciencia galega, daquela exáltase a miña personalidade artística, esaxerándoa, co piedoso fin de desvalorizar a miña ideoloxía política.
>
> Claro está que eu nunca fun un político profesional. A política non foi nunca a miña profesión; pero si a miña vocación, a vocación de toda a miña vida. Comparade o sentimento galego dos meus primeiros debuxos coa idea

> galeguista do meu recente libro, e veredes que son unha mesma cousa, e veredes que eu souben conservarme idéntico a min mesmo e que a miña vida moral e política é unha liña recta coma a franxa azul da nosa bandeira. Eu non cultivei xamais a arte pola arte. A arte para min non foi máis ca un elemento, un recurso, un medio de expresión, e co lapis ou a pluma só quixen ser un intérprete fiel do meu pobo, das súas dores e das súas esperanzas. Debuxei sempre en galego, escribín sempre en galego; e se tirades o que hai de galego e de humano na miña obra, non restaría nada dela.
>
> É verdade que eu gañei unha certa sona como artista, sen procuralo; per eso non quere dicir que eu sexa un grande técnico da arte ou que teña producido algunha obra maxistral, extraordinaria, desas que van parar ós panteóns da arte. Non. Das miñas mans saíron moitas obras, moitísimas; pero todas elas son de papel, pequenas, perecedeiras, insignificantes, dunha pobreza franciscana se queredes, pero teñen algo, teñen calor de vida e están cargadas de humanidade e ese é o seu único mérito, un mérito impalpable, que non é meu.
>
> O lapis e a pluma foron as miñas únicas ferramentas, un anaco de papel abóndame como material, e con tan pobres elementos eu puiden expresar a grandeza das miñas ideas e sentimentos. E digo grandeza porque non son ideas e sentimentos meus, egoístas, senón ideas e sentimentos dun pobo canso de sufrir. Traballei toda a miña vida pra converter o sentimento galego en idea e agora sigo a traballar para converter a idea en feito histórico, e todo poderá acontencer, todo, menos unha cousa: que eu atraizoe a razón da miña vida e a confianza que os meus irmáns depositan en min.

En todo caso, penso que existen argumentos para pensar que, á calor da reanimación da vida política despois da derrota das potencias nazi-fascistas, Castelao chegou a manifestar en voz alta unha ambición que tiña moi gardada para si, quizais desde moito tempo atrás: nun discurso pronunciado en 1946, ó despedirse dos seus seguidores antes de zarpar para París, afirma (segundo crónica publicada en *A Nosa Terra* que " o que el anceiaba vivamente, era chegar a ser Presidente de Galiza". E aínda así, persisten as dúbidas sobre o fondo da súa afirmación no discurso devandito, cando di que "a política foi a auténtica vocación da súa vida". Así, en epístola a Alfredo Somoza (1947),

asegura: "Eu sigo a liña recta que me tracei ao entrar na política que me trouxo ao desterro –non fun a ela por vocación, senón por obrigación, por patriotismo". Na miña opinión, esta confesión responde máis á verdade de Castelao cás súas protestas públicas anteriores. Dixen no remate da sección anterior deste traballo que o motor da vida de Castelao, tamén na política, foi o amor. Así mesmo o deixou el dito, nunha carta a Teixeira de Pascoaes: "O amor â miña Terra, nada máis que o amor, fíxome dibuxar, escrebir, falar... Todol-os galeguistas traballamos sen acougo, rebasando as nosas vocacións, con entusiasmo e con fé" (1934).

6. ALGÚNS FITOS DA SÚA CARREIRA

6.1 Os fitos da súa carreira artística

Exposición no II Salón de Humoristas de Madrid (1908), medalla de ouro na Iª Exposición Regional Gallega de Santiago co tríptico *Unha festa na aldea* (1909), ilustración da revista *Vida Gallega* (1909), Exposición individual no Salón Iturrioz e colectiva no Centro Gallego de Madrid (1912), terceira medalla na Exposición Nacional de Bellas Artes de Madrid polo tríptico *Cuento de ciegos* (1915), inaugúrase a Exposición Nós na Coruña (1920/1924), ilustración da revista *Nós* (1920/1924), ilustración de *Na noite estrelecida* de R. Cabanillas (1926), viñetas humorísticas nos diario *Galicia* (1922-1924) e *Faro de Vigo* (1926/1933), *As cruces de pedra na Bretaña* (1930), publicación do álbum *Nós* (1931), *Galicia mártir* (1937), *Atila en Galicia* (1937), *Milicianos* (1938), *As cruces de pedra na Galiza* (1950).

6.2 Os fitos da súa carreira literaria

Primeiras pezas n'*A Nosa Terra* (1919), *Un ollo de vidro* (1922), *Cousas. Primeiro Libro* (1926), *Cousas. Segundo Libro* (1929), *Retrincos* (1934), *Os dous de sempre* (1934), estrea d'*Os vellos non deben de namorarse* (1941).

6.3 Os fitos da súa carreira pública e intelectual

Conferencia *Algo acerca de la caricatura / Momento de arte* (1911/1917), conferencia *Arte e galeguismo* (1919), conferencia *Humorismo. Dibuxo*

humorístico. Caricatura (1920), viaxe de estudios por Europa e redacción do *Diario* (1921), artigos sobre cubismo e arte en *Nós* (1923) ingreso no Seminario de Estudos Galegos e conferencia *O novo esprito no arte* (1924), mítin e discurso *O galeguismo no arte* (1930), ingreso na Real Academia Galega co discurso *As cruces de pedra na Galiza* (1934), primeira serie *Verbas de chumbo* (1935), segunda serie *Verbas de chumbo* (1937/1938), *Sempre en Galiza* (escrito 1940-43, publicado en 1944).

6.4. Os fitos da súa carreira política

Socio das Irmandades da Fala e Delegado ás Asembleas Nacionalistas (1918/1922), elección a Deputado nas Cortes Constituíntes (1931/33 e 1936/), Secretario Político do Partido Galeguista (1934/36), desterro a Badaxoz (1934/1935), Xefe Supremo do Partido Galeguista (1939/), Presidente do Consello de Galiza (1944/), Ministro no Goberno da República no exilio (1946/47).

BIBLIOGRAFÍA MÍNIMA

1. *Biocronoloxía*

Seixas Seoane, M. A. (2000): "Cronoloxía", en *Castelao. Exposición 50 aniversario*, Fundación Caixa Galicia.

Seixas Seoane, M. A. (2000): *Para ler a Castelao*, 2 vols., Vigo, Galaxia, 2000; vol. 1.

2. *Achegas globais á súa biografía*

Monteagudo, H. (2000): *Alfonso Rodríguez Castelao,* Santiago, Xunta de Galicia. [Tentativa de achega global, pero resumida].

Núñez Búa, X. (1983): *Vida e paixón de Castelao*, Sada-A Coruña, Eds. do Castro, [1950]. [Primeira achega á biografía de Castelao, presentada de xeito sumario].

Paz-Andrade, V. (1982): *Castelao na luz e na sombra*, Sada-A Coruña. Eds. do Castro. [A biografía máis ampla ata a data].

3. *Achegas a períodos determinados*

Alonso, B. (2000): *O exilio de Castelao*, Vigo, Promocións Culturais Galegas.

Álvarez, S. (1984): *Castelao y nosotros los comunistas*, Sada- A Coruña, Eds. do Castro.

Baltar Domínguez, R. (1979): *Castelao ante la medicina, la enfermedad y la muerte*, Compostela, Bibliófilos Gallegos, [Importante para a etapa de formación].

Durán, J. A. (1979): *El primer Castelao. Biografía y Antología rotas*, Madrid, Siglo XXI, [1972]. [Importante para a etapa de formación].

Fernández del Riego, F. (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*, Sada- A Coruña, Eds. do Castro.

González López, E. (2000): *Castelao, propagandista da República en Norteamérica*, Sada- A Coruña, Eds. do Castro.

Neira Vilas, X. (1983): *Castelao en Cuba,* Sada- A Coruña, Eds. do Castro.

Soto, L. (1983): *Castelao, a UPG e outras historias*, Vigo, Eds. Xerais de Galicia.

4. Fontes bibliográficas e documentais publicadas de interese biográfico

(1984): *Española (1915-1939)*, Barcelona, Anthropos.

Acuña, X. E. (2000): *As imaxes de Castelao. Fotobiografía*, Vigo, Promocións Culturais Galegas.

Barcia Lago, M. (2000): *Castelao. Expediente de responsabilidades políticas*, Pontevedra, Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Provincia de Pontevedra.

Castelao, A. D. (2000): *Obras*, 6 vols, Vigo, Galaxia.

Castro, X. (2000) (ed.): *Castelao e os galeguistas do interior*, Vigo, Galaxia.

Cuquejo, M. (2000): "Bibliografía", en H. Monteagudo (2000): *Para ler a Castelao*, Vigo, Galaxia, vol. 1.

Núñez Seixas, X. M. (2000) (ed.): *Epistolario*, vol. 6 de Castelao, A. D. (2000): *Obras*, Vigo, Galaxia.

Rosales, M. (2000): "Entrevistas con Castelao (1912-1949)", en H. Monteagudo (2000): *Para ler a Castelao*, Vigo, Galaxia, vol. 1.

Sánchez Casado (2000): *Alfonso Rodríguez Castelao. 24 años en la Administración Pública*, en H. Monteagudo (coord.): *Para ler a Castelao*, 2 vols., Vigo, Galaxia.

CASTELAO: UN POLÍTICO NACIONALISTA NO EXILIO

Bieito Alonso Fernández

Se algo queda claro da actividade do nacionalismo galego no exilio foi o papel sobranceiro da figura de Castelao. Ao seu xeito, cun acusado alento persoal, exerceu a dirección política do movemento e deulle a cobertura ideolóxica necesaria para convertelo nun polo significativo do republicanismo. O seu prestixio e o seu carisma pero, así mesmo, a súa flexibilidade táctica[458], constituíron argumentos de grande calibre para un movemento que dispoñía de poucos cadros políticos e –algúns máis– esforzados militantes. Da súa responsabilidade persoal dependeron algunhas das iniciativas emblemáticas adoptadas no exilio, ás veces vencendo unha tímida oposición interna.

Cuestión de grande trascendencia foi, sen dúbida, a orientación americana do exilio. A diferencia do que ocorreu coas institucións republicanas, pero tamén coas bascas e catalanas, que foron modificando a súa localización territorial en función dos acontecementos internacionais que se producían, o galeguismo nunca interpretou a cuestión xeográfica como un problema conxuntural, derivado das circunstancias políticas dos Estados de acollida.

Os republicanos españois barallaron, como criterio fundamental, para o asentamento da súas institucións, a proximidade respecto do territorio español. Por tanto, a primeira e máis lóxica das opcións foi a francesa. Pero, o comezo da IIª Guerra mundial e a invasión nazi de parte do territorio francés provocaron unha desbandada institucional. Mentres que Negrín, na calidade de xefe de goberno, se instalou en Londres, a Deputación Permanente das Cortes ubicouse en México, canda boa parte dos dirixentes republicanos, nunha sorte de dirección bifronte. Dende entón, e de xeito progresivo, América pasou a ser o destino preferente para os refuxiados e, nese continente, desenvolveuse a

[458] Por máis que historiadores como Enric Ucelay aludan, nun exercicio reiterado de teimosía, ao seu "profundo idealismo y su poco saber político".

meirande parte do debate político do exilio. Só coa derrota definitiva do fascismo e coa liberación do territorio europeo, puideron voltar os restos do republicanismo ao vello continente. Instalado, de novo, en Francia pretendeu axir diante dos gobernos vencedores para obter o seu apoio e aproveitar as vantaxes operativas que ofrecía a proximidade xeográfica. Non por azar foi que, os Presidentes dos Gobernos de Euskadi e Cataluña, decidiron reinstalarse en 1946.

Este xogo de posicións, porén, tivo pouco que ver coa actitude do exilio galeguista. Influído directamente polo pensamento de Castelao, o asentamento territorial non era cuestión da maior ou menor distancia respecto da patria perdida senón da existencia dunha comunidade na que exercer o labor político. Perdida, temporalmente, a Galicia real, a verdadeira nación, o galeguismo debía marchar na procura da outra Galicia, na que se fundían a emigración e mais o desterro, a nación ideal. Nin o París ("nai de conspiradores") cosmopolita, nin o México ("o Madrid mexicano") ostentoso podían ser, por definición, a fonte renovada do republicanismo galego. Tería que ser Bos Aires, como fora Nova York para os irlandeses, a metrópole da Galicia desterrada, na que unha comunidade de máis de 300.000 compatriotas podería converterse no espello no que se mirase a Galicia futura. Esa obsesión de Castelao polo contacto coa emigración, con todo, non se pode aillar dos seus antecedentes ideolóxicos. É posible que o distanciamento dos núcleos de poder republicanos tivera consecuencias negativas, tales como a a perda influencia persoal e colectiva na dirección política do republicanismo. Que, a diferencia do que aconteceu cos bascos e cataláns, quedase eivado para intervir na reformulación do federalismo europeísta ou nos movementos tácticos que se produciron nos últimos anos do franquismo. Ou mesmo que se puidese establecer unha relación máis directa co galeguismo do interior, intervindo de xeito máis activo na súa reorganización ou freando a posterior autodisolución. Coa perspectiva que dá o tempo, é posible que tal "empecinamento" americano tivese consecuencias negativas para o nacionalismo do futuro. Pero, tal e como o entendía Castelao, non cabía outra posibilidade. Na súa opinión, a ansia de calquer movemento político debería ser "fundirse co povo, sentir as angurias da

súa resiñación, infundirlle conciencia da súa personalidade e capacidade, darlle vida e arelas para prosperar..."[459]. Este facer do pobo, das súas demandas, o centro da acción nacionalista tiña pouco que ver co "comercio" político que desenvolvían as institucións republicanas, coa esterilidade das súas diatribas e conflictos, privadas como estaban do contraste cos verdadeiros intereses populares. Alonxado, e crítico, coa función de intermediación que cumprían os partidos políticos no exilio (que definía como "ficcións" políticas), despectivo co ensimesmamento dos líderes republicanos, Castelao non vía outra posibilidade que a de gañar a confianza da base social que representaba a emigración para, ademais de afortalar o papel de Galicia, sementar un estilo político ben disterado.

A outra iniciativa que levou o seu selo persoal tiña relación con Galeuzca. Se no caso da "orientación" americana debeu existir unha práctica unanimidade no seo do galeguismo, distinta debeu ser a reacción sobre a aposta estratéxica pola alianza trinacional. Como en moitas ocasións, Castelao aludíu ás polémicas internas pasado o tempo e, preferentemente, na súa correspondencia. Efectivamente, foi Castelao a persoa que máis folgos botou na consolidación dese pacto pero, ese énfase, non era o froito momentáneo dunha ilusión senón a verificación dunha alternativa estratéxica.

Da secuencia que fai Xosé Estévez, podemos tirar a conclusión que os primeiros contactos entre galegos, bascos e cataláns producíronse en Barcelona, durante os anos da guerra, e que foi a capital catalana o cerne no que se articularon as posteriores relacións do exilio. Porén, nunha primeira fase, o que prevaleceu foi a conxunción basco - catalana, baseada nos contactos institucionais que mantiñan os presidentes Companys e Agirre. Esa cooperación estreitouse, aínda máis, no decurso da Guerra mundial e, logo da fundación do Consejo Nacional Vasco e do Consell Nacional Catalá, producíu unha declaración bilateral na que, entre outras consideracións, reivindicábase o dereito de autodeterminación para ambas nacións e un indefinido réxime democrático no Estado español.[460]

[459] Castelao: *Sempre en Galiza,* p. 30 - 31.
[460] X. Estévez: *Galeuzca...*, p. 102 - 103.

De xeito paralelo, Castelao viñera mantendo contactos esporádicos cos nacionalistas bascos dende 1938. A estabilización desas conversas non se produciría ata un ano despois do asentamento definitivo de Castelao en Bos Aires, é dicir a mediados do ano 1941. O propio Estévez dános conta do ritmo frenético, do "fervor" galeuzquiano, que alentou durante ese ano. Primeiro, a proposta de pacto, elaborada polo catalán Serra i Moret e, case de inmediato, a sinatura dun primeiro Pacto en Montevideo, impulsado polo catalán, Aldasoro e Castelao, no que se facía destaque da proclamación de soberanía de cada unha das respectivas nacións, dentro dun réxime republicano e democrático, á beira do compromiso común na loita contra o franquismo e na vinculación coas potencias democráticas, singularizadas na Gran Bretaña e nos Estados Unidos. Con todo, o que aínda tivo máis relevo foi o feito de que tal Pacto contará co aval, non só, das delegacións en Bos Aires, senón coa conformidade explícita dos Consellos Nacionais basco e catalán. Quedaba selada, así, a fronte trinacional de cara á intervención activa nunha previsible reestructuración peninsular, logo do remate do conflicto bélico que asolaba Europa. Non obstante, este empuxe inicial axiña decaeu. A reaparición pública do lehendakari Agirre, en outubro de 1941, e a conseguinte disolución do Consello basco, sumado á división aberta dentro do catalanismo - pola crítica de dirixentes significados á representatividade de Pi Sunyer - fixeron esvarar aquel primeiro intento , que viría rematar na desidia.

Dende entón, quen pulou decididamente, ata o punto de que Estévez vexa nel ao verdadeiro adaíl do "fervor galeuzcano", pola conversión de Galeuzca nun bloque político, foi Castelao. E canda el, o galeguismo político. Ora bén, ese fervor tiña moito máis de interese político, de solución estratéxica, que de pura especulación idealista. A partir do día despois do remate da guerra civil, Castelao foi consciente da situación de debilidade institucional na que quedaba o exilio galego - e, por suposto, o galeguista -, carente dun organismo unitario e dunha xeira de autogoberno. A apelación a unha política de unión nacional e a desvalorización do papel que podían xogar os partidos, foron os soportes nos que repousou o intento de dotar á Galicia republicana e galeguista dun peso político específico no seo do exilio. E, nese envite, boa parte da

lexitimidade tería que vir dos nacionalistas que a gañaran noutrora. Por todo iso, Castelao ollara con preocupación a progresiva coordenación que acadaron bascos e cataláns dende 1939 e que podería deixar aillados aos galeguistas, sen expectativas. De aí, a urxencia coa que procurou atallar a exclusión e o énfase que aplicou no impulso posterior do pacto. Tanto nas relacións cos seus socios - dos que reclamou unha leal implicación en Galeuzca - como na dirección política do nacionalismo galego - ao que lle esixíu exclusividade na alianza cos bascos e cataláns e fidelidade nos acordos asinados - a prevalencia de Galeuzca pasou a ser indiscutible.

Nin a reaparición de Agirre nin o cisma no catalanismo, pexaron o seu ánimo. Con Agirre, mantivo unha extensa correspondencia, por veces lindante nunha aparente sumisión, e un constante intercambio de pareceres sobre a conveniencia de reforzar o pacto. Pedíullo explicitamente ("... os galeguistas rogámosche que intensifiques a túa actuación sobre "Galeuzca", si esa forma de entendemento che parece axeitada")[461], ao tempo que, consciente da súa influencia na reorganización do republicanismo, lle outorgaba a plena representación dos intereses galegos en calquera xestión política. Ao principio de xeito case timorato - como se víu -, dada a distancia que apreciaba na entidade política dos respectivos nacionalismos (" Por esta carta poderás estimar o que nós representamos en potencia; pero coa nosa forza, pouca ou moita, queremos seguir ao teu lado e contribuir á túa empresa"), pero a cada pouco máis afirmado, pola constatación do que interpretaba como inequívoco progreso do galeguismo na obtención do respaldo da colectividade.

Por iso, Galeuzca non era, nin debía ser, unha manobra táctica. Tras dela albiscábase outra perspectiva, máis profunda, que tiña que ver coa futura reorganización do Estado español. Porque, para Castelao, Galeuzca viña a ser o garante da senda efectiva cara a unha República federal. Como lle contará ao seu curmán, Alfredo Somoza, en 1948, a causa de calquera nación, por separado, non trascendería, ante os ollos dos "donos do Estado hespañol" dunha sinxela cuestión local, mentres que a aparición dun bloque político alternativo, que actuase na vida política española, afortalaría a posibilidade de

conseguir unha saída federal pactada na que, os nacionalismos, representarían "a Hespaña periférica, tolerante, transixente, defensora da armonía peninsular ". Por iso, facíase necesario reforzar Galeuzca porque só da súa consistencia podería derivarse o recoñecemento do Estado plurinacional.

Foron, aqueles, tempos de unión ou, alomenos, de procura da unión. A victoria aliada era, a cada vez máis, un feito incontestable e todas e cada unha das faccións do republicanismo especularon, ao seu xeito, coas condicións da unidade. Especulaban os republicanos españois, necesitados dunha acción conxunta que soterrase a súa práctica cotíá de división e conflicto, por máis que estivese aberta a fenda que separaba a Negrín de Prieto, ao goberno legal, pero ficticio, do animador da Junta Española de Liberación (JEL), un organismo unitario antifranquista que alancaba por enriba da propia lexitimidade que decía defender. Pero, tamén, especulaban os exilados galegos. A convocatoria dun grande acto conxunto de todo o republicanismo, en Montevideo, no XII aniversario da proclamación da República, obrigou aos refuxiados galegos a cavilar na necesidade dunha voz común que fixese escoitar a posición da Galicia republicana. Porén, a orfandade institucional da nación galega requería do establecemento dun acordo básico sobre unha persoa representativa ademais da unificación dos argumentos. Finalmente, a presencia de Castelao, entre os oradores, desveou quen podía concitar unha adhesión prácticamente unánime entre a colectividade da rexión do Plata porque, a pesar das discrepancias, o seu compromiso ético era inatacable. Por outra banda, e por máis que dende *A Nosa Terra* (ANT) se fixese fincapé na idea de que Castelao quedara "investido da representación integral de todol-os auténticos representantes do pobo galego residentes n-istas repúblicas do Plata"[462], tal representatividade non ía moito máis alá do apoio que lle prestaban Elpidio Villaverde e Alonso Ríos, a Irmandade Galega e, malia que moito máis matizado, a FSG. Por iso, o seu, foi un discurso sen compromisos, nidiamente galeuzquiano, adicado a reivindicar a personalidade diferenciada de Galicia e dunha nova República na que, a aparición de Galeuzca, en palabras de Alonso Ríos, marcaría "o camiño para a

[461] Carta a Agirre, 1943.
[462] "O grandeiro aito de Montevideo fíxose baixo o sino federal ", *ANT*, 25.7.1943, nº 428, p. 6.

súa estructura federativa"[463]. Outra cousa sería que esa posición contase co respaldo explícito daqueles sectores non nacionalistas da colectividade.

Así e todo, para Castelao e os galeguistas, a asamblea de Montevideo aportou unha lectura moi positiva, sobre a posibilidade de unificar a Galicia republicana ao seu carón. O feito de que Castelao aparecese, aos ollos das institucións republicanas como o representante lexítimo das aspiracións galegas - e co apoio de bascos e cataláns - axudou a favorecer un clima de euforia nas expectativas que se reflectíu nunha actitude máis agresiva. Paradoxalmente, a lexitimación que tanto agardaba Castelao non parecía proceder da propia colectividade senón do "maquiavélico" republicanismo anque, agora, non era momento de escrúpulos e o que se facía urxente era aproveitar a posición para acometer a unificación da emigración arredor da súa figura, ao xeito dun presidente galego "in péctore"**.**

Malia aos desexos expresados polos galeguistas, semellaba que a hipotética unión da colectividade non deixaba de ser unha ansia vehemente e que o patriotismo non exercía como o cemento ideolóxico colectivo que Castelao reclamara nos discursos de 1940. Dende a conciencia desa debilidade, foi que o nacionalismo do exilio insistiu no protagonismo de Castelao, quizais sen a conciencia de que esa dependencia facilitaba a desafección de certos sectores do republicanismo galego. Por exemplo, en Bos Aires había, dende tempo atrás, retesías con algúns dirixentes históricos da FSG, polo temor destes últimos á "colonización" que seica exercían os nacionalistas na vida societaria.

Emporiso, non era en Bos Aires onde abrollaban as críticas máis contundentes, cara o galeguismo, senón en México. Nese mesmo mes de xullo no que a colectividade do Plata parecía pechar filas arredor de Castelao, a Alianza Nazonal Galega (ANG) publicou un manifesto no que facía un chamamento, a todas as sociedades galegas de América, para agruparse arredor dela na procura dun obxectivo común, a reconquista da República e das liberdades nacionais de Galicia, mais, iso sí, "condeando calisquer aititude

[463]A. Alonso Ríos: "¿Que papel desempeñou Galiza no mítin e na asambreia de Montevideo ", *ANT*, 25.7.1943, p. 3.

arredista trabucada e contraria ós intereses do país"[464]. Era evidente que a posición galeuzquiana defendida por Castelao, en Montevideo, estaba a provocar disidencias entre os galegos do exilio pero, aínda máis grave, eran as que se producían no interior do galeguismo. Porque, tamén dende México e no mesmo mes, Carlos Tobío, en calidade de representante do PG acometía con saña contra os seus propios correlixionarios, "os que sabendo que a aición política era a máis eficaz i a que o momento esixe..., desenrolárona illadamente, arredados dos mais partidos hespañoes, sin querer contaito algún con eles "[465] e de aí que, segundo el, o seu traballo no só fose estéril senón que era perxudicial para a acción conxunta do republicanismo. Polo que se vía, esta confluencia de críticas non era casual. Abondaba con ver as páxinas de *A Fouce* porteña, controlada entón polos comunistas galegos, para confirmar que a unidade da que se falaba dende as filas do PCE –e doutros grupos do exilio– era a sempiterna unidade española e que, polo mesmo, pouco fervor habían deitar na unión nacional galega, reclamada por Castelao. Por non falar de que, de xeito irónico, o propio Castelao pasou a converterse no foco da desunión.

Ollado dende posicións ideolóxicas estatalistas –tanto republicano-liberais como de esquerda–, Castelao podería ser o "símbolo" ideal para unificar un movemento galego unitario, sempre que non sobardase os lindeiros do antifascismo e do republicanismo e que modulase o seu nacionalismo cara a un autonomismo táctico e integrador. Tratábase, por tanto, de promocionar o Castelao artista "xenial", como un "mito" inocuo que puidese ser manipulado segundo a vontade do republicanismo institucional. Pero, Castelao, para aquela, xa tiña renegado irreversiblemente do status de símbolo.[466]

Ao que nunca estivera disposto a renunciar fora á súa característica ideolóxica fundamental: o nacionalismo. E iso, precisamente, ero o que non lle perdoaban. Iso, e que se definira como patriota, máis alá das continxencias partidarias, que apelase á unidade dos galegos antifascistas, de todas as ideoloxías e condicións sociais, para aplicar o principio da autoorganización

[464] *A Fouce*, nº 15, marzo 1944, p. 1
[465] Idem.
[466]Ramón Villares ten aludido, na súa intervención, ao distanciamento entre Castelao e os dirixentes republicanos a partir do ano 1945.

política, e que impulsara Galeuzca como instrumento para acadar a República federal. E non pode existir dúbida algunha de que, por esa coherencia ideolóxica e política, tivo que pagar unha grande peaxe persoal. Primeiro, na forma de ataques ás posicións políticas que defendía pero, co tempo, con alusións directas á súa responsabilidade na "desconfianza"(sic) cara a ANG e o conseguinte fracaso no proxecto de unidade que representaba. Curioso que, aqueles que reivindicaran no ano 1942 a bandeira da autoorganización, ao cabo de dous anos viñeran representar o papel de azoute de "separatistas", na mellor escola da españolidade furibunda que salfería as actuacións do denostado Indalecio Prieto.

Non obstante, un labor político-institucional tan intenso tiña, para Castelao, escaso valor por sí mesmo senón podía intepretarse como unha clave para o galeguismo do interior. Nese sentido, a súa preocupación por atopar un interlocutor válido (demanda expresada con reiteración dende a chegada a Bos Aires) semellou rematar con éxito cando soubo da reorganización do PG no ano 1943. Escéptico co xogo partidario entre os emigrados políticos amosaba, pola contra, un nidio entusiasmo sobre as posibilidades que abría cando se desenvolvía no propio país. Na intención de Castelao, habería que acordar un compromiso entre iguais no que a iniciativa política debería corresponderlle á xente do interior en tanto que a organización do exilio cinguiríase á procura dunha cobertura institucional, de apoio e de formación, dado a grande marxe de manobra coa que contaba.

O tempo, porén, foi esquivo con esa pretensión. É coñecida a distancia política que separou a Castelao dos seus seus correlixionarios do interior a respecto das grandes liñas de actuación: o Consello de Galiza, Galeusca, a relación coas forzas políticas de ámbito estatal ou a participación no goberno Giral. Pero, con seren relevantes as discrepancias, ningunha resultou tan dolorosa para el como a renuncia do interior ao activismo político. Quizais porque se algo houbo na súa vida de permanente e profundo foi a súa "afección" pola política.

A ACTIVIDADE POLÍTICA DE CASTELAO NO EXILIO

Carlos Casares Mouriño
Consello da Cultura Galega

Castelao non é un político illado no exilio. Para entender a súa figura non se pode desligar do ámbito xeral da política republicana no exilio, senón que é un político integrado nunha maneira de facer oposición, ou política, no exilio xunto coa dos demais republicanos. Neste contexto, en ningún momento hai unha ruptura co republicanismo, como se ten comentado, senón que existe o enfrontamento que hai circunstancialmente en distintos grupos –nacionalistas vascos, nacionalistas cataláns–, pero en ningún momento unha ruptura. Neste sentido hai que ter en conta que o último acto político de Castelao consiste en aceptar un ministerio dun goberno presidido por Giral que aspira á recuperación da legalidade republicana de 1931. Outra cousa é que Castelao nese ámbito de actuación vaia adaptando a súa conducta en función das circunstancias.

Nunha primeira etapa no exilio, Castelao non actúa só, senón que actúa sobre todo en relación con Aguirre, que é o primeiro en concebir a idea do pacto tripartito. Aguirre estaba nun primeiro momento desencantado das loitas republicanas, das divisións entre distintas familias socialistas –Prieto por un lado, Negrín por outro–, que veñen xa da Guerra Civil. Pero cando percibe que o franquismo vai desaparecer, cando Aguirre máis ou menos empeza a intuír que pode concluír e o que pode suceder no momento en que os alemáns perdan a Guerra Mundial, como se albisca xa desde o momento en que se produce o desembarco das tropas aliadas no Norte de África, convén, pensa el, ir preparando ese momento. Así, se os socialistas, republicanos e outras forzas políticas seguen coas súas pelexas, vascos, galegos e cataláns deben ir preparando o seu futuro.

Ese futuro empézano a discutir Castelao e Aguirre durante anos a través de correspondencia, lamentablemente non publicada, e que a min me

transmitiu ou me contou, por tela lido na sede do Partido Nacionalista Vasco en París no ano 1945, Ramón Piñeiro. Unha parte importante desa correspondencia estaba destinada a discutir como ía ser ese futuro. Segundo pensaba Aguirre, non podía ser a resurrección da legalidade republicana de 1931, senón unha república nova de tipo de federal. Neso concordaban tanto Aguirre como Castelao. Incluso discutiron longamente como se ía chamar ese novo país que xurdira despois desa derrota do franquismo. Aguirre era partidario de chamarlle "Iberia" e Castelao dixo que el non podía pasar máis alá de chamarlle "Hespaña", con h, recordando a etimoloxía da vella Hispania romana. De feito Castelao escribía Hespaña en boa parte da súa obra. Nas súas discusión sobre como vai ser esa nova realidade, Aguirre e Castelao chegan á conclusión de que vai ser unha república federal, formada por catro nacionalidades ou catro nacións, que son Euskadi, Catalunya, Galicia e Castela. Esta última engloba o resto de España sen descartar a posibilidade de que chegue a formar parte desa federación tamén Portugal.

O plan que manteñen Aguirre e Castelao leva a idea de darlle forma no famoso "pacto tripartito", que tería que ser firmado por galegos, vascos e cataláns. A primeira dificultade que encontrou ese pacto tripartito foi a división que había entre os cataláns: por un lado os partidarios de Pi i Sunyer, que estaba en Londres ó fronte do chamado Consell, e por outro lado Josep Irla e Josep Tarradellas, que estaban en Perpignan e que se declaraban herdeiros da Generalitat. Polo tanto, a división entre cataláns fixo xa difícil chegar a un acordo. Tanto Aguirre como Castelao inclináronse por firmar o pacto con Pi Sunyer e incluso hai un documento no que se lle dá forma ó famoso pacto tripartito no que se inclúe xa a antefirma de Pi Sunyer. Logo negouse a firmalo aducindo que se trataba dun plan irreal no que el non cría. Os plans de Aguirre sufriron este primeiro problema no momento en que os cataláns, sobre todo Pi Sunyer, se negaron a firmar o pacto tripartito.

Non se entende ben o papel que xoga Castelao a partir do momento en que fracasa a firma do pacto se non se explica cal é a nova acción política de Aguirre. Hai un momento en que Castelao percibe que Aguirre xa non está interesado no pacto. A partir dese momento escríbelle ás veces en ton de

queixa, outras veces dicíndolle que hai que retomar o tema de Galeuzca. Mentres, Aguirre está xa noutra operación política que consiste en aceptar o papel de mediador que lle asignan os norteamericanos. Neste punto convén recordar o disparate que se ten publicado ao respecto de que Aguirre foi detido en Madrid no ano 1947. Aguirre era profesor da Universidade de Columbia en New York e tiña unhas excelentes relacións co Departamento de Estado Norteamericano. Foi precisamente o Departamento de Estado o que recoñeceu a moi boa relación que tiña a nivel persoal e o prestixio que tiña entre as forzas republicanas no exilio, polo que lle encomendou a misión de viaxar a Europa. O Xeneral Eisenhower puxo á súa disposición medios, coches e incluso escolta para tomar contacto coas distintas forzas republicanas no exilio a fin de reconstruír as institucións, é dicir, as Cortes e un Goberno. Se isto era posible, ese Goberno sería aceptado como invitado na conferencia de San Francisco. Aguirre, no momento no que os americanos lle encomendan esta misión, esquece, naturalmente, o pacto anterior, ó que xa non lle ve absolutamente viabilidade política de ningún tipo. Quedábase en puro voluntarismo de Castelao e do propio Aguirre, se este insistira en seguir co pacto tripartito adiante.

Polo tanto, Aguirre está xa nunha nova operación política que o leva a asumir practicamente o liderado de todo o republicanismo coa única proposta política realista e viable que hai no momento. O Departamento de Estado quere, naquel momento, a restauración da República española. É dicir, para o instante en que rematen as hostilidades, pénsase na posibilidade de botar a Franco e substituílo polo goberno republicano, pola legalidade, entendida esta tal e como existía o 18 de xullo de 1936. Había que reconstruír esa legalidade e ese era o plan do Departamento de Estado. Pero todo fracasa inmediatamente por dúas razóns. Primeiro, porque xa na célebre conferencia de Churchill nos Estados Unidos –onde fala do Telón de aceiro– inaugúrase unha nova etapa política a nivel internacional que divide o mundo en dous bloques enfrontados. Por un lado o occidente capitalista e por outro lado os países da órbita soviética. España e Franco pasan a ser aliados dese bloque anticomunista e o plan norteamericano fracasa. En realidade é abandonado polos propios americanos, que pactan con Franco. Nese momento, ademais, hai un novo plan

do Foreign Office británico, que decide consultar coas organizacións clandestinas do interior porque estimaba que sendo as que estaban padecendo máis directamente a represión franquista serían tamén as máis interesadas en algún pacto que lle dera algunha saída á dictadura. Acordan coa C.N.T., a través dun enxeñeiro andaluz chamado Xoán Xosé Luque, a posibilidade de iniciar negociacións ou conversas de cara á restauración das liberdades democráticas en forma dunha monarquía parlamentaria na persoa de don Juan de Borbón. Ese é o momento en que as forzas do interior se reúnen e discuten se aceptan ou non aceptan as conversas propostas polo Foreign Office. A C.N.T., un grupo da C.N.T., partidario de acepta-las conversas, despraza a un galego a París –Juan García Durán– que vai a falar co goberno Giral, como logo iría Ramón Piñeiro. A C.N.T. desprazan a un delegado a París a falar co Goberno da mesma maneira que o resto das forzas políticas agrupadas na Alianza Nacional, que inclúe socialistas, republicanos, agrarios, comunistas, etc. Reúnense en Santiago de Compostela, no Preguntoiro, e acordan, primeiro, non tomar ningunha decisión sen consultar coas forzas do exilio, é dicir, cos representantes legais do republicanismo, naqueles momentos representados polo goberno de Giral en París, que se acababa de trasladar de México a París. E segundo, falar co goberno Giral, darlle conta da oferta dos británicos e preguntarlle que plans teñen e de que medios dispoñen para levar a cabo eses plans.

O comisionado para ir a París é Ramón Piñeiro, que leva ademais o encargo de tódalas forzas políticas clandestinas, incluído o Partido Comunista do interior –o partido do exterior tiña outros plans– e leva tamén a misión de, en vista de que era previsible un cambio, ou unha ampliación de goberno Giral para dar entrada nel ós comunistas –logo veríamos como Castelao entraría conxuntamente con Carrillo–, e conseguir que ese goberno Giral teña un representante galego. Os dous candidatos para representar a Galicia eran por un lado Portela Valladares, que contaba co apoio de Aguirre e dos cataláns, e por outro lado a proposta do interior que era Castelao.

Esta misión ten éxito e Castelao acaba entrando no goberno Giral, polo tanto, nunha institución republicana que persigue a restauración da legalidade

de 1936. É certo que Giral ante a perspectiva da negociación cos británicos para a restauración da monarquía di que este goberno republicano o único plan que ten é desembarcar en España no momento en que caia o franquismo. Pero sen plan ningún para derrotar ó franquismo; nese momento instituiríase ou formaríase un goberno provisional en Madrid que tería como misión preparar unhas eleccións e unha consulta posible respecto da forma que se lle quería dar á nova democracia, ou republicana ou monárquica.

Castelao entra no goberno Giral como ministro e mantense neste goberno ata o momento en que este cae, precisamente por esta cuestión. Ó goberno Giral derríbao en parte Prieto cando declara a súa vontade de acepta-la proposta británica como única proposta posible no horizonte. Esgotada a vía americana, a única posibilidade de loitar contra Franco co apoio de algunha potencia estranxeira era a proposta dos británicos. Os socialistas súmanse a isto pero tamén se suman os vascos e os cataláns. Os que non se suman son os republicanos, presididos por Giral, e Castelao, que fai causa común con Giral. No momento en que se derriba o goberno Giral, como Castelao estaba enfrontado ós vascos, ós cataláns, ós socialistas e ós republicanos, excepto ó grupo de Giral, Llopis non contou con el para o goberno seguinte. Isto resultaba un fracaso, é dicir, o lóxico sería que Castelao seguira representando ós galegos no goberno de Llopis se non tivera aceptado a proposta de manterse fiel ata a última hora ó goberno de Giral. Por iso a única maneira de entende-la traxectoria de Castelao é analizando os feitos e encadrándoo dentro da loita política das distintas familias republicanas das que el formaba parte. Outra cuestión é que durante ese tempo Castelao, sobre todo a través de Sempre en Galiza, a parte que escribe no exilio, efectivamente remodele o seu pensamento e o radicalice, pero iso é outra cuestión distinta que non ten nada que ver coa actuación política, que está dentro dun marco moi concreto.

No tocante á oposición dos partidos políticos ó ingreso de Castelao no goberno no exilio, non é certo o que se di dos partidos políticos do interior. Todos, absolutamente todos, incluído o Partido Comunista, o Partido Socialista, Izquierda Republicana e a C.N.T., apoiaron o ingreso de Castelao e promoveron o seu ingreso nese goberno; máis aínda, foi a xestión do interior, representada

por Ramón Piñeiro en nome de tódalas forzas políticas clandestinas, a que logrou vence-la resistencia de Aguirre, que era partidario de Portela Valladares, e á resistencia de Giral para que Castelao fose ministro. O de Izquierda Republicana non é unha oposición directa ó ingreso de Castelao nese goberno, é un problema persoal de Izquierda Republicana a través de don José Giral con Castelao. Castelao sempre lle atribuíu a Giral un problema do que este non foi responsable. Aquí habería que matizar tamén a relación del coas institucións republicanas, porque aquí si estamos falando de 1937; en 1937 Castelao estaba designado embaixador en Buenos Aires polo goberno de Largo Cavallero. Cando o goberno de Largo Cavallero cae e é substituído por Negrín, cambian os plans, non de José Giral, que é ministro de Estado, ministro de asuntos exteriores. Castelao sempre pensou que fora Giral quen o vetara como embaixador en Bos Aires. Non houbo veto de ninguén, simplemente houbo un cambio de circunstancias.

Deuse a circunstancia de que o embaixador español en Moscú, discípulo de Negrín, o doutor Padua, foi declarado persoa non grata polas autoridade soviéticas. Entón Negrín, ante unha circunstancia destas, un discípulo del, discípulo eminente, pensou que unha vez que o retiraran de Moscú como persoa non grata non o podían mandar ou á cátedra ou á súa casa, senón que lle había que dar algunha compensación política. Pensaron en darlle unha embaixada importante, e concretamente a de París, pero en París estaba outro aliado importante de Negrín, que era Osorio Gallardo. Se se mandaba a Padua a París había que buscarlle tamén acomodo a Osorio Gallardo, polo que decidiron mandalo a Bos Aires. A candidatura de Castelao caeu, non por culpa de don José Giral, senón por culpa do propio Negrín, que fixo esta combinación para colocar ó seu discípulo.

A partir deste momento a relación entre Giral e Castelao foi terrible, sobre todo por parte de Castelao, que todo o mundo sabe que era unha persoa moi sarcástica, e cun gran sentido do humor. Dedicouse durante toda a guerra a facer bromas bastante crueis sobre don José Giral. Loxicamente, cando don José Giral fai goberno non quere oír falar de Castelao, e se ó final Giral acepta a Castelao como ministro é pola insistencia de don Manuel de Irujo, que

convence a Aguirre que deixe caer a candidatura de Portela Valladares. A candidatura de Portela Valladares de Aguirre non se produce porque Aguirre tivera nada contra Castelao, senón porque nun goberno que só tiña o recoñecemento de México e de Polonia o lóxico é que había que buscar personalidades que tiveran peso político internacional. Castelao internacionalmente non era coñecido, pero Portela Valladares si porque fora presidente do Consello de Ministros. A inclinación de Aguirre por Portela era por razóns de tipo táctico. Foi don Manuel de Irujo, do PNV, ministro do goberno Giral, quen convenceu a Aguirre de que aceptara a candidatura de Castelao, e foi tamén don Manuel de Irujo o que venceu a resistencia psicolóxica e persoal do agravio que sentía Giral polas formas de Castelao. Ó final Castelao e Giral acabaron sendo aliados e íntimos amigos e incluso foi practicamente a única axuda que lle quedou a Giral no momento da caída do goberno provocada por Prieto.

A ACTIVIDADE POLÍTICA DE CASTELAO NO EXILIO: CASTELAO MINISTRO

Xoán C. Garrido Couceiro

Un dos sucesos máis significativos e ao mesmo tempo menos claro do exilio de Castelao é o seu paso polo Goberno Giral en calidade de ministro da República. Se atendemos ao testemuño de Ramón Piñeiro a presencia do dirixente nacionalista nese goberno debeuse á xestión realizada por el, comisionado pola Alianza Nacional de Forzas Democráticas (ANFD) de Galiza, que conseguiu vencer as reticencias do presidente no exilio para que aceptase a súa proposta.

A xénese do nomeamento de Castelao segundo Piñeiro é producto da dinámica galeguista do interior que conseguiu "que as demais forzas democráticas de Galicia transixisen en reclamar conxuntamente unha representación galega no goberno da República –semellante á vasca ou á catalana -, que delegasen nos galeguista o facer esa xestión e que aceptasen a Castelao como candidato común de tódolos demócratas galegos do interior para representar a Galicia no goberno"[467]. E fálanos dun veto de Giral "como represalia pola aceda hostilidade que dentro da minoría de Izquierda Republicana demostrara Castelao contra el cando, durante a guerra anulou Giral un proxecto de enviar a Castelao a Buenos Aires como representante diplomático da República"[468]. E tamén doutra alternativa na persoa de Portela apoiada polo presidente vasco e polo PCE.

Logo Piñeiro fai a seguinte acusación: "Quizais era fatal que fallasen [os plans dos galeguistas] por non ser Castelao un home especificamente político nin ter ao carón del un conselleiro que o fose. Fronte á transixencia de Giral levantándolle o veto, Castelao reaccionaou de modo máis moral que político e

[467] Piñeiro, R. (1991): "Documentos Políticos" en *Grial*, nº 111, xullo-setembro, p. 373
[468] Ibidem

convertiuse no máis incondicional giralista de todo o goberno. Por motivos humanos, dende logo, pero nada políticos, Castelao renunciou a ser o ministro das forzas democráticas e autonomistas do interior de Galicia para ser, simplemtne, un ministro de Giral"[469].

As diferencias de Castelao cos galeguistas do interior parece que son anteriores á súa actuación como ministro. De feito un dos obxectivos declarados da actuación de Piñeiro era traer a Castelao a París para apartalo das malas influencias do seu entorno de Bos Aires, ao que atribuían a súa desconexión da realidade[470].

Recuperar a Castelao e poñelo dentro da disciplina dun partido coa dirección no interior será motivo dunha tensión permanente que se reflectirá na correspondencia. Non parece pois que a opción de Castelao obedeza ao desexo explícito dos galeguistas do interior, e mesmo doutras forzas políticas, de contar cun representante que traslade a súa opinión ao seo do Goberno Giral, pois Castelao non resulta obviamente representativo desa opinión.

En calquera caso hai unha insistencia permanente en atribuírse o éxito da consecución do cargo ministerial para Castelao[471]. Pero o certo é que resulta dubidosa a exclusiva do interior neste labor por canto o proceso de constitución do goberno Giral que arrinca das cortes de México é sumamente complexo e obedece en grande parte a unha dinámica propia do exilio, tendo en conta a conxuntura internacional que se abría coa posguerra, máis que a un movemento endóxeno do interior.

---

[469] Ibidem

[470] "O propósito que os animaba era dobre, por un lado sacar a Castelao do illamento en que se atopaba en Bos Aires e achegalo ó escenario político parisino, e por outro conseguir a plena igualdade con vascos e cataláns e sentar ese precedente cara ó futuro". Casares, Carlos (1991): *Ramón Piñeiro, unha vida por Galicia*, Sada, Fundación Caixa Galicia, p. 60. Fernández del Riego dá tamén testemuña das queixas dos galeguistas do interior e tamén dos do Mar do Prata sobre o "secuesto" de Castelao polo Puente, Prada, Abraira, etc. Fernández del Riego, F. (1990): *O río do tempo*, Sada, Ed. do Castro, pp.155-163.

[471] "Conquerimos, despois de esforzadas, difíciles e tenaces xestións, que as demais forzas democráticas de Galicia transixisen en reclamar conxuntamente unha representación galega no goberno da República – semellante á vasca ou á catalana–. Que delegasen nos galeguistas o facer esa xestión e que aceptasen a Castelao como candidato común de tódolos democrátas galegos do interior para representar a Galicia no goberno. Este triunfo noso foi, entre cantos esforzos fixemos ó longo de moitos anos terroríficos, o que máis fondamente nos emocionou e nos compensou das nosas amarguras ...". Piñeiro, R.: "Documentos políticos...." art. cit., p. 373.

Nesa dinámica o fundamental era proceder no terreo da lexitimidade para o cal era preciso reactivar as estructuras vixentes ata o 18 de xullo de 1936, dándolle continuidade ás institucións que naquela altura tiñan un referendo democrático. Tendo en conta que xa no exterior eran moitos os que acreditaban na Constitución de 1931 (os nacionalistas entre eles[472]), no interior a idea de volver á República, tal como era, resultaba totalmente allea a súa concepción política.

Mais parece que a raíz dos requerimentos das potencias mundiais con motivo da Conferencia de San Francisco, todos aceptan formalmente intervir dentros das regras de xogo da II República como punto de partida para traballar polos distintos obxectivos políticos cara aos que cadaquén pretende facer evolucionar o réxime no Estado Español.

Neste sentido hai que comprender a participación de Castelao e os galeguistas nas Cortes de México co obxectivo de afortalar os "dereitos adquiridos" gañados co Estatuto de Autonomía, e homologarse definitivamente con vascos e cataláns de cara a consolidar a idea dun estado plurinacional.

Neste sentido hai que dicir que a actuación de Castelao nas Cortes de México vai encamiñada á consecución do dictamen da comisión de Estatutos e a tramitación parlamentearia do mesmo, mais que a consecución dun posto ministerial. Pero os atrancos cos que se atopou, entre eles os presentados por Prieto argumentando que non podía dictaminarse sobre unha documentación da que se carecía (outra volta á desaparición das Actas do Estatuto), fíxose insistir na súa estratexia de Galeuzca que contaba co visto bo do presidente vasco, e coa de conseguir representación para Galicia no goberno, que tamén era recomendación de Portela para salvar os obstáculos legais da tramitación do Estatuto. E neste sentido, xa dende que son convocadas as Cortes podemos detectar unha presión constante de Castelao sobre os seus correlixionarios de Galeuzca[473] e sobre todo unha vez que se deixa a Galiza fóra do goberno a

[472] "Non creo que haxa un político tan burro que intentara restablecer o orde republicán en Hespaña aténdose estrictamente aos preceptos da Constitución do 31; pero se alguén se atrevese a tanto eu non-o acompañaría". Castelao (2000), t. 6, p. 475.

[473] Telegramas a Aguirre ("Recabando puesto Galicia igual hízose en primer gobierno provisional República máxime ahora teniendo estatuto plebiscitado stop persona para cargo ofreceríamosla

insistencia sobre vascos e cataláns para conseguir a ampliación deste é constante[474].

En calquera caso o seu posicionamento de defensa do goberno Giral non é un pago a súa concesión do cargo ministerial como suxire Piñeiro senón que é previa e mesmo se mantén a pesar de ser excluída a representación galega. Baste remitirnos á carta a Dolores Ibárruri que daquela Castelao deu difusión pública e no que se enfrontaba á actitude do PCE de desmarcarse do goberno nos seguintes termos:

> Yo coincido con Aguirre en que dicho organismo representativo sólo puede ser el gobierno legítimo, y por esto, en lo fundamental, hago mías sus opiniones, con la advertencia de que yo no tengo la obligación de ser gubernamental, puesto que Galicia no está representada en el gobierno a pesar de que su derecho a vivir con autonomía ya lo tiene bien ganado. Hago hincapié en la legitimidad del gobierno Giral por no poner en entredicho la legitimidad de las Cortes que lo avalaron en México[475].

Pero se seguimos con detemento o pensamento de Castelao e o seu posicionamento ó respecto de Negrín (ata entón presidente lexítimo) e de Diego Martínez Barrio, a respecto da consideración que debe haber cara aos depositarios da última vontade expresada nas urnas, e mesmo a súa actitude a respecto dos gobernos autónomos de Cataluña e Euskadi e a creación pola súa parte do Consello de Galiza, verase que o seu pronunciamento non é conxuntural, oportunista e de conveniencia persoal.

En canto á insistencia de Piñeiro e o interior con erixirse en "conseguidores" do ministerio para Castelao, de cara a pedirlle obediencia a

---

oportunamente stop agradeceré informes abrazos Castelao"). E a Jauregui ("Diputados GALEUZCA enviado Jauregui adhesión promesa presidente stop entendemos deben estar representados gobierno Galicia Cataluña Euzkadi distintamente stop efectos tramitación crisis ...") (Castelao, D. (2000), t. 6, p. 549).

[474] Cartas a Aguirre (10/01/1946), Pi i Sunyer (16/01/1946), Josep Irla (17/01/1946), Josep Tarradellas (17/01/1946), ademais de traballar a Portela Valladares (11/01/1946 e 21/02/1946). Castelao (2000), t. 6.

[475] Castelao (2000), t. 6, p. 561. Outro lugar donde queda manifesta esta posición podemos atopala no artigo de *A Nosa Terra* (núm. 441, VIII, 1945) titulado "A nosa posición ante o goberno Giral".

cambio deste agasallo, é de sinalar que Castelao non recoñece a débeda, tal como lle fai saber aos galeguistas do interior: "creo que non son vostedes os únicos que se consideran donos do meu posto de ministro, pero ninguén se atrevería a decirmo con tan pouca finura. E a todo esto resulta que o día non veu porque cantaran os galos"[476].

Antes da reunión do Preguntoiro na que os membros da Alianza Nacional de Forzas Democráticas (ANFD) na Galiza comisionaran a Piñeiro para que os representase e chegaran ao acordo de solicitar o nomeamento de Castelao como Ministro, en México xa os membros de Galeuzca tiñan esta encomenda a través das canles do exterior. En calquera caso, Castelao sempre usou a forza moral que lle daba a devandita información que lle chegara ao interior, aínda que co tempo chegase a dubidar dos datos que lle enviaban e xa mastigados: "falando moi en serio direilles que eu o que necesito son informes moi detallados de todo canto ahí sucede ou se presume que sucede, o que vostedes fan e o que fan os demais, o pensamento de cada sector social, etc... eu necesito coñecer a verdade crua"[477].

A cuestión é que as relacións entre Galeuzca e a ANFD son complexas e habería que distinguir non só a actuación das distintas forzas catalanas, vascas e galegas, senón mesmo as relacións coas distintas forzas da ANFD, e mesmo tendo en conta que son organizacións totalmente executivas, isto é, non democráticas por esixencias da clandestinidade, tamén dependerá do talante e inclinacións das persoas que participen nesas relacións.

Hai pois que facer moitas matizacións pero polos informes que se presentan parece claro que existe unha boa relación entre os galeguistas e os membros da ANFD, e mais unha obsesión por entrar na ANFD como Galeuzca[478], e concretamente parece que os anarquistas son presentados a Castelao como galeguistas conversos:

[476] Castelao (2000), t. 6, p. 629.
[477] Castelao (2000), t. 6, p. 633.
[478] "[A ANFD] en principio conta, tamén, coas forzas "Galeuzca", que mui axiña ingresarán no bloque democrático". Informe do PG remitido a Castelao. Castro, Xavier (2000) *Castelao. Os galeguistas do interior*, Vigo, Galaxia, p.123.

> en Galiza a CNT é hoxe unha forza política de caraiter netamente galeguista, compartindo con nosco a defensa dos principios fundamentaes do noso ideario: autonomía galega, federalismo repubricano, irmandade espiritual, etc... apoian positivamente toda iniciativa de tendencia galeguista e declaran a cotío a súa veneración por Castelao, a quen consideran o símbolo vivo de todol-os galegos[479].

O que parece claro é que existe unha boa relación persoal entre membros de ambas organizacións (García Durán e irmáns Saco[480]) e que a rexional da CNT, a CRG pronunciouse a prol do Estatuto de Autonomía nun Pleno celebrado na Coruña a fins de 1944, no que se tomou o acordo de potenciar a ANFD en todas as localidades. Agora ben, se temos en conta as declaracións de quen fora secretario xeral da CRG e secretario político do Comité Nacional e secretario da ANFD, en calidade do cal viaxou a Francia a falar co goberno Giral. Referímonos a Juan García Durán que nos di a respecto dunha entrevista a Piñeiro aparecida no libro de Sergio Vilar[481]:

> La resistencia, u oposición al régimen, ha dejado tras sí —y añade cada día— sinó grandes acciones, sí suficiente documentación (La mejor colección que existía le ha sido robada a Juan Manuel Molina, en París, hace dos años) hechos, dirigentes, sindicatos y partidos clandestinos, presos, etc. para, con todo ello, poder iniciar un amplio estudio. Sobre este tema, Sergio Vilar ha publicado un libro basado en una serie de entrevistas recogidas en cinta magnetofónica, con cerca de un centenar de dirigentes.
>
> El método nos parece bueno, pero la selección de las personas está muy lejos de cubrir el complejo de la clandestinidad; sobre todo, por sólo citar un ejemplo, cuando trata a Galicia, donde los cuatro entrevistados son galleguistas.
>
> Mucha de la información no fue verificada. Por ejemplo, en su cronología (p. 34) da como feche de la "detención en Madrid de 14 personas acusadas de ser miembros de la A.N.F.D [Alianza Nacional de Fuerzas

[479] Ibidem. p. 125.
[480] García Durán, Juan (2001): *Pola liberdade*, Vigo, A Nosa Terra.
[481] Vilar, Sergio (1976): *La oposición a la dictadura*, Barcelona, Aymá, p. 337 e ss.

Democráticas] entre ellas al dirigente galleguista Ramón Piñeiro". Esta fecha es errónea. El hecho aconteció 13 meses antes. De esto estamos seguros por haber sido uno de ellos. También, y esto es mucho peor, hay casos en que el entrevistado no se atiene a la verdad. Por ejemplo (p. 381)

"Total que (Piñeiro habla) hicimos una coalición presidida por Pou i Pagès, que era muy amigo mío, en la cual estaba presente "Unió Democrática", "Esquerra", los vascos y nosotros; y luego los republicanos, socialistas, anarcosindicalistas. Esto fue la creación de la Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas, a la que más tarde se incorporó el PC renunciando a su plan de "Unión Nacional".

En lo que se refiere a ANFD esto no es verdad: ni Piñeiro (galleguista) ni los vascos, ni los catalanes tuvieron la más mínima intervención en la creación de ANFD. Más aún, cuando invitados por nosotros (Éramos por entonces secretario del comité nacional de ANFD) a formar parte de ella, siempre encontraron alguna razón para rehusar. ANFD fue creada por los socialistas, republicanos y libertarios (CNT). Las primeras gestiones fueron iniciadas por la CNT y la carta constitucional fue redactada por Luque, de la CNT, en 1944.

Sigue Piñeiro: "sobre todo no queríamos decidir nada contra lo que ellos (el Gobierno Giral) representaban, es decir, la legitimidad. Entonces decidimos ir al extranjero". Se refiere, en este caso, a los contactos con los monárquicos, por medio de la embajada inglesa, sostenidos con ANFD, y la decisión de ésta de aclarar la situación sobre las posibilidades del Gobierno Giral, antes de tomar una decisión de pacto Monárquicos-Alianza. De nuevo, ni Piñeiro tuvo el menor contacto con estas conversaciones, ni intervino en la decisión tomada por ANFD de consultar al gobierno, ni tuvo ningún contacto con éste, aunque haya hablado con algún ministro. Piñeiro fue a Paris, a invitación de los vascos, para informarles de lo que ocurría.

Nosotros fuimos el único representante que fue a París, en nombre de ANFD; es decir, los partidos socialista, comunista, republicano y CNT, asistiendo a varios consejos de ministros y sosteniendo conversaciones con Giral, de los Ríos, Torres Campañá e Irujo, separadamente. También con La Pasionaria.

Es curioso que el autor, para presentar la muy insignificante información que da sobre ANFD y la gestión ante el gobierno escoja la parte del libro

> dedicada a Galicia y, como informante un gallego que nada tuvo que ver en todo ello[482].

Esta longa cita abre interrogante moi serias sobre algúns aspectos por aclarar da actuación do interior en prol da consecución do ministerio para Castelao e parece que reforzan a tese de que a visión acerca do que representaba o Goberno Giral e o que representaba o propio Castelao divide ao galeguismo en dúas pólas con propostas ideolóxicas e actuacións prácticas totalmente contrapostas. Realmente podemos falar non de interior e exterior senón de dous PG con idearios e prácticas antagónicas e que co tempo terían consecuencias máis profundas na reorganización do galeguismo de posguerra.

[482] Universidade de Kansas [en liña], García Durán, Juan [citado o 20/12/2001]. "Sobre la guerra civil española su gran producción bibliográfica y sus pequeñas lagunas de investigación". ATTP: // www.ukans.edu/~iberia/ssphs/bol1no7.html.

OS DESTINOS DO EXILIO

OUTRA VEZ AMERICA, TERRA DE ACOLLIDA

Pilar Cagiao Vila
Arquivo da Emigración Galega
Universidade de Santiago

Para comprender o que América Latina significou como destino do exilio galego producido polo estalido da guerra civil española non podemos prescindir de dúas cuestións fundamentais. A primeira doas ten que ver coa existencia previa de numerosas e importantes colectividades galegas estabelecidas naquelas latitudes durante a etapa das migracións masivas (1870-1930), polo que o destino latinoamericano de tantos exiliados a partir de 1936 non foi unha novidade. A relación de Galicia e América no momento do estalido bélico era sumamente estreita polas vinculacións propiciadas polas redes microsociais que relacionaban ás dúas *parroquias* separadas polo Atlántico. América foi, unha vez máis, terra de acollida para quen nesta ocasión por motivos políticos tiveron que abandonar a propia, e o exilio, como a emigración que lle precedeu, estivo caracterizado por unha gran mobilidade dentro do continente. A segunda cuestión relaciónase co impacto que o conflicto bélico peninsular tivo sobre aquelas colectividades alén mar, que non permaneceron nin moito menos alleas á situación convertíndose en núcleos activos e partícipes dese proceso, e sobre as mesmas sociedades americanas, incluso daquelas donde a presenza española era menor.

OS PAÍSES AMERICANOS COMO DESTINO DO EXILIO.

Nos anos trinta a situación latinoamericana non era nin moito menos homoxénea. Os efectos da crise económica de 1929 sobre a particular evolución de cada país, conlevaron unha variedade de ensaios políticos, dende a reacción conservadora, alimentada pola crise económica, o nacionalismo radical e pola oleada de totalitarismo que entón invadía parte de Europa e que

atopou eco naquel continente, ata as solucións de esquerda (frentepopulismo) nas que a experiencia republicana española resultaba ser un bo espello no que mirarse, aínda polas divisións internas en certo modo similares ás existentes no seo da esquerda peninsular. Ambos os dous modoos inspiraron ademais, dende extremos opostos un dos fenómenos máis característicos da política latinoamericana que supuxo a emerxencia dos chamados *populismos*. É preciso ademais sinalar que a comprensión do panorama político latinoamericano da época se complica pola dificultade de trazar límites precisos entre as diferentes tendencias e os intereses puntais de cada unha doas na posición tomada ante o problema español.

A situación española anterior, durante e despois da guerra civil afectou dalgunha maneira ás sociedades americanas. O impacto foi maior, evidentemente, alí donde as colectividades españolas eran máis numerosas, pero, aínda donde non o eran, a similitude ideolóxica das políticas nacionais e os debates xurdidos no seo da sociedade civil con cada un dos bandos enfrontados son tamén elementos chaves a ter en conta para a comprensión das repercusións que o fenómeno do exilio produciu en América, dende México ata o sur do continente, incluíndo a zona do Caribe. Nos primeiros momentos, o grao de resposta dos países para a recepción de refuxiados, tras as presións de Francia e os contactos estabelecidos polo *Servicio de Evacuación dos Republicanos Españoles* (SERE) creado en marzo de 1939 en París polo goberno de Negrín, foi diferente. Agás no caso de México, a bastante distancia o de Chile e, por razóns ben diferentes dende o punto de vista ideolóxico, o da República Dominicana e doutros países que tamén aceptaron a chegada de refuxiados en condicións concretas (Venezuela, Colombia e Ecuador) ao resto, aínda alcanzando cantidades significativas, os exiliados poideron chegar sin que mediasen a penas iniciativas institucionais.

Nun percorrido norte-sur, que inclúe o paso polo Caribe, México é por posición xeográfica e por dereito propio, o primeiro país entre os destinos americanos do exilio. E o é, non só polo volume numérico de exiliados, maioritario para o conxunto do caso español, e polas cifras que manexamos ata

o momento tamén para o exilio gallego[483], senon tamén porque foi o primeiro e o máis activo no momento de adoptar unha política oficial respecto do tema dos refuxiados. Neste país, a chegada da Segunda República fora acollida con extraordinario entusiasmo por parte do goberno e o apoio á mesma xa fora unha realidade durante a contenda civil. A solidariedade de México explícase en parte por razóns de política interna coas que o reformismo cardenista quixo contrarrestar as posicións máis reaccionarias e segundo a interpretación dalgúns autores, o incentivo que a chegada dos republicáns españois supuxo para a esquerda radical mexicana foi buscado intencionadamente polo goberno para conseguir o seu apoio na gobernabilidade do país[484]. Pero, en calqueira caso, a posición institucional e persoal do presidente Cárdenas (1934-1940) non deixou lugar a dúbidas cando, además de defender á República ante a Sociedad de Naciones, lle manifestou o seu apoio co envio de armamento e xa en 1937 abríu as portas á chegada dos primeiros refuxiados, neste caso nenos[485]. Nese mesmo ano comprometeuse a garantir a axuda a outros posíbeis refuxiados, mentres que no seu seguinte mandato creou a *Casa de España* , convertida despois en *Colegio de México*, para que un nutrido grupo de intelectuais españois continuasen desenvolvendo alí a súa actividade. Máis adiante, en 1939, o goberno cardenista ampliou aínda máis o seu compromiso cos exiliados españois e dende a saída do *Flandre* do porto francés de Saint Nazaire en abril dese ano, con destino a Veracruz vía Nova York, foron chegando sucesivas expedicións en barcos fletados dende Francia, como as dos míticos *Sinaia*, *Ipanema* e *Méxique* e más adiante outros. Posteriormente o goberno mexicano continuou propiciando a chegada de españois dende Francia que poidesen acreditar parentes residentes no país asinando un acordo para facilitar as saídas segundo unha orde de prioridade ata que en 1942 a Legación de México en Francia foi tomada polo exército alemán[486]. O SERE, a súa filial

[483] No *Repertorio Bio-bibliográfico do exilio galego: unha primeira achega*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega-Arquivo da Emigración Galega, os rexistros de México alcanzan unha porcentaxe case do 43% dos exiliados galegos totais de toda América Latina.
[484] ANGELL, A. "La izquierda dende 1920" en L.BETHELL (ed.) *Historia de América Latina. Política e Sociedad dende 1930*. Barcelona: Crítica, 1997. T.12., p.88.
[485] PLA BRUGAT, D. *Los niños de Morelia*, México: INAH, 1989.
[486] SOLDEVILLA ORIA, C. o *exilio español (1808-1975)*, Madrid: Arco Libros, 2001., p. 57-58.

mexicana, o CTARE (*Comité Técnico de Ayuda a los Refugiados Españoles*) e máis adiante a JARE (*Junta de Ayuda a los Refugiados Españoles*), e non sempre coa harmonía que era desexábel, foron os organismos a través dos que se organizou a chegada masiva dos exiliados españois a México, que parecen haber sobrepasado as 20.000 persoas.

Nas actitudes xurdidas na sociedade mexicana ante a chegada do masivo exilio español, a historiadora Clara E. Lida, cuxa investigación dedicou particular atención a este tema, distingue distintas posicións que ao noso xuicio resultan sumamente clarificadoras: "simpatía dende os medios gubernamentais e intelectuais, ambivalencia dende os núcleos obreiros, reacción dende a dereita anticardenista, expectación dende as elites crioulas, etnofobia dende os sectores nacionalistas radicais e suspicacia por parte dos antigos residentes españois"[487]. A última apreciación lévanos ao caso galego. A colectividade galega estabelecida en México antes de 1936 arribou ao país en fases sucesivas que alcanzaron o seu pico máis alto nos anos vinte a través do tradicional sistema de cadeas migratorias iniciadas por eses *pioneiros na corrente do golfo* que reconstrúe o investigador galego E. Villaverde[488]. Esta inmigración, de número relativamente reducido, cun nivel de instrucción precario aínda que mellorado durante a súa estancia en México, de maioritaria dedicación a diferentes ramos do comercio e servizos, cunha feble estructura asociativa en comparación coa dos galegos doutros puntos de América, e de tendencia conservadora, ao producirse o conflicto español decantouse maioritariamente pola causa franquista. E aínda que non dispoñemos de investigacións que analizaran a súa relación co exilio, nin siquera co exilio galego, parece que os antigos residentes menospreciaban aos exiliados aos que denominaban pexorativamente *refugachos* [489]. Á lus dos datos existentes pode dicirse que entre os exiliados galegos en México houbo unha representación de moi alto nivel composta por científicos, músicos, escritores, xornalistas, mestres,

[487] CLIDA., *Inmigración e exilio. Reflexiones sobre o caso español*. México: Siglo XXI-COLMEX, 1997., p.121.
[488] *Pioneiros na corrente do golfo: a primeira emigración galega a México (1837-1936)*, Vigo: Xerais, 2000.

arquitectos, enxeñeiros, economistas, profesionais do dereito e artistas á que hai que sumar a presenza de políticos, sindicalistas, militares e, evidentemente menos coñecidos que os primeros, xentes de profesiónes e oficios variados, o que equivale a dicir, de novo empreñando as palabras coas que Clara E. Lida definíu o perfil profesional do exilio español: "de la *a* a la *z* , desde abogados y albañiles hasta zapateros y zootécnicos"[490]. Case idéntica extensión sobre o abecedario sería a que poderíamos realizar cos apelidos dos galegos identificados ata o momento, cuxa nómina total é imposibel reproducir eiquí. Dende o "a" de Syra Alonso ao "y grego" de Antonio Yáñez, pasando por máis de douscentos nomes, máis coñecidos uns que outros, pero todos vinculados pola súa condición de exiliados.

Nos países veciños da área centroamericana a situación foi en todos os sentidos diferente á de México. O triunfo de políticas autoritarias en países como Guatemala, Nicaragua, Honduras[491] ou o Salvador producíu a rotura de relacións coa República Española e certa identificación ideolóxica co movimento rebelde por considerar que o alzamento franquista representaba a volta á orde, teoricamente subvertido polo réximen republicano. O feito de que por outra banda non existiesen colectividades españolas numericamente significativas e o rápido trasvase de filas das autoridades diplomáticas españolas favoreceu a constitución de grupos de tendencia fascista alentados polas autoridades nacionais[492]. Todo isto dificultou a recepción de exiliados que si chegaron a estes países, o fixeron en tránsito cara outros destinos ou a través de

---

[489] E.VILLAVERDE., "Limiar", en Elixio Rodríguez Domínguez, *Matádeo mañá*, Vigo: Xerais, 1994.

[490] *Inmigración e exilio. Reflexiones sobre o caso español*. México: Siglo XXI-COLMEX, 1997., pp.111.

[491] En Honduras a posición do goberno de Tiburcio Carias Andino (1933-1948) cara a recepción de exiliados foi taxante segundo un comunicado reproducido na revista *Época* (20-1-1941) no que se dicía: "...no se permitirá la entrada al país de los refugiados españoles actualmente en Francia. Toda América debe cerrarles las puertas. En Francia sufren manos totalitarias, pero son comunistas, enemigos de la democracia. El Comité Pro-Refugiados no logrará ablandar los sentimientos introduciendo buenos centenares de comunistas". En G.Bauman, *Los voluntarios latinoamericanos en la Guerra Civil Española*, San José: Guayacán, 1997, p.193.

[492] Os gobernos de O Salvador, Guatemala e Nicaragua recoñeceron moi cedo ao Goberno de Burgos, a pesares de haber suscrito o Acuerdo de Washington de 1932 donde se pactaba o non recoñecemento de ningún goberno golpista donde aínda existise un goberno legal. Ademáis, a dictadura de Jorge Ubico (1931-1944) en Guatemala servíu de escenario para a organización da

operacións puntuais e minoritarias[493]. En Costa Rica a actividade en favor da República foi algo maior e estivo liderada por pequenos grupos de intelectuais, algúns órganos de prensa e grupos estudiantís da esquerda costarricense co apoio do Encargado de Negocios de España que se mantivo fiel á causa, así como da maior parte da colectividade española residente no país, por entonces de maioritaria procedencia catalana. Non obstante, o goberno de Rafael Calderón Guardia (1940-1944), simpatizante da causa franquista, desdeñou a oportunidade de aceptar intelectuais e profesores republicanos españois para cubrir as cátedras da Universidad de Costa Rica recén creada neses momentos[494] e aínda que sí sabemos que posteriormente chegaron algúns procedentes doutros países de América, non temos, noticia de exiliados galegos. No veciño Panamá, e tras o paso por outros países do Caribe, o exilio galego estivo representado polo mestre Ignacio Herrero Fointes, procedente de Cuba, quen en 1941 dirixía o boletín de *Acción Republicana* neste país; Ricardo Pérez Medín (Miño, 1908), último alcalde republicano do concello de Miño (A Coruña)[495] e a súa muller, Francisca López del Rio (Miño, 1913-Panamá, 1991), mestra nacional da Escuela Normal de A Coruña, ambos os dous procedentes da República Dominicana, adonde chegaran en 1940 xunto con outros galegos gracias ás xestións efectuadas polas Sociedades Hispanas Confederadas de Nova York[496]; Jesús Vázquez Gayoso (A Pontenova, 1912-México,1970) que

---

Falange Guatemalteca dende 1937. Pola súa banda, en Nicaragua a dictadura somocista instaurada en 1936 demostrou tamén as súas simpatías cara os grupos falanxistas.

[493] Nos anos 40 e co beneplácito de Anastasio Somoza, chegan a Nicaragua algúns mestres exiliados españois procedentes de Orán, Marruecos e a República Dominicana. Do mesmo modo, en Guatemala, recuperada a democracia durante a presidencia de Juan José Arévalo (1945-1951), momento no que se volve a recoñecer o goberno da República Española no exilio, cuxo representante é dende 1947 o galego Salvador Etcheverría Brañas (Ferrol,1894-París,1957), en colaboración coa Organización Internacional de Refugiados, ofértase a posibilidade de estabelecemento no país de pescadores, aproveitada por algúns exiliados. Foi o caso do galego Juan Aguiño (O Grove, 1900-1968) quen permaneceu en Guatemala entre 1949 e 1950. Temporalmente, procedente da República Dominicana e antes de dirixirse a Porto Rico, o pintor Eugenio Fernández Granell, residiu tamén neste país centroamericano.

[494] RIOS, A. "Evaluación de la emigración española a Costa Rica" en *Españoles en Costa Rica. La inmigración en masa*., San José: Centro Cultural Español, 1997.

[495] En 1946, poido reclamar dende Panamá ao seu irmán Manuel Pérez Medín, recluído nun campo de concentración de Túnez. Entrevista a Ricardo Pérez Medín, realizada por Pilar Cagiao Vila e Nancy Pérez Rey en Miño en xullo de 2003. Fondo HISTORGA (Historia Oral de Galicia), núm. 1340.

[496] A axuda solidaria que en todos os sentidos ofreceron dende 1939 as Sociedades Hispanas aos españois refuxiados en Santo Domingo intensificouse, tras o fracaso das colonias agrícolas,

residira sucesivamente en Cuba e México, e para o que Panamá non foi aínda o seu último destino como exiliado.

No Caribe insular, Cuba adoptou, ao estalar a guerra, unha política de teórica prescindencia oficial que en realidade se inclinou cara o bando rebelde[497], permitíndose dende 1937, a liberdade de acción dun representante do goberno de Burgos, tolerando a actividade da Falanxe e propoñendo unha mediación hispanoamericana no conflicto español sumamente sospeitosa para a oposición política cubana porque a interpretaba como un recoñecemento tácito ao réximen de Franco[498]. Sen embargo, o táctico achegamento de Fulgencio Batista ao Partido Comunista cubano dende finais de 1937 para conseguir o seu apoio, pasou en certa medida por unha serie de accións favorábeis á República Española. Aproveitando estas modificacións na política interna cubana, Félix Gordón Ordás, recén chegado a La Habana para ocupar a representación diplomática na Embaixada española, cuxa secretaría estaba nese momento a cargo do abogado e político galego Salvador Etcheverría Brañas, convírtese nun dinamizador infatigabel das actividades en favor do goberno legal de España. O extraordinario entusiasmo pola maioría da sociedade cubana[499] e de gran parte da colectividade española do país que dende o inicio da guerra víñase mobilizando a través de varias entidades e organizacións en favor da República, sumadas a outras xa existintes con anterioridad[500], cristalizaron na creación da

---

dende 1943 segundo podemos ver nas noticias aparecidas en *España Libre. Órgano de expresión das Sociedades Hispanas Confederadas dos Estados Unidos*, Nueva York, núm. 35-50.

[497] Como suliñou M.Quijada, a causa de tal prescindencia, o non recoñecemento de belixerancia dos bandos continxentes que non implicaba necesariamente neutralidade, tivo que ver coas presións efectuadas polas grandes potencias que nno tiñan interese na internacionalización do conflicto español. En "Actitudes ante la guerra civil española en las sociedades receptoras" en VV.AA, *Historia General da Emigración Española a Iberoamérica,* vol. 1. Madrid: Historia 16-CEDEAL, 1992.

[498] C.NARANJO, *Cuba, otro escenario de lucha. La guerra civil y el exilio republicano español*, Madrid, CSIC, 1988. p, 145.

[499] Ademais de doazóns en especie, colectas, mítines e actos de propaganda de diverso tipo, o pobo cubano foi o que maior número de representantes tivo de toda América Latina no exército republicano español. Segundo diversas estimacións o número total oscilou entre os 850 e 1200 combatentes. En: G.Bauman, *Opus cit.*, p.183 e ss.

[500] Antes de 1936 existían en Cuba tres asociacións republicanas creadas polos inmigrantes: *Círculo Español Socialista, Izquierda Republicana y Círculo Español Republicano* que ao longo de 1937 foron ilegalizados.

Casa da Cultura e la Asistencia Social, con filiais en todo o país[501], que dende 1938, xunto co Partido Comunista Cubano e as organizacións masónicas, constituíron a vía máis activa para canalizar a maior parte das axudas á República e en favor dos exiliados[502]. Na colectividade galega, a intensa campaña levada a cabo por Castelao durante a súa visita a Cuba, tivo efectos espectaculares na sensibilización a favor da República entre os últimos meses de 1938 e os primeiros de 1939. Acompañado polo exiliado coruñés Víctor Acuña, delegado da *Casa da Cultura* da Habana, Castelao percorreu practicamente toda a illa protagonizando numerosos actos nos que se recadaban fondos para a causa republicana[503]. O catro de decembro de 1938, coa asistencia de máis de trinta mil persoas, celebrouse un mítin no campo da cervexería *La Polar*, escenario típico das actividades festivas da colectividade galega dende principios de século, no que o rianxeiro foi o principal orador, aínda que tamén fixeron uso da palabra o embaixador de España, Félix Gordón Ordás, Luís Soto, quen viña acompañando a Castelao dende Nova York, e o pontevedrés Gerardo Alvarez Gallego. Este último, abogado e xornalista de profesión, militante do Partido Galleguista do que foi secretario, chegara como exiliado poucos meses antes. Na Habana, presidíu dende os días da súa fundación a agrupación de esquerdas do Centro Gallego, denominada *Hermandad Gallega* que se opoñía á coñecida como *Afirmación Gallega*, dominada pola dereita e liderada polo entonces presidente do Centro, Cayetano García Lago, representante ademais de Falanxe na illa. Ambos grupos mantiñan unha loita polo dominio da institución de claro matiz político. No acto da *Polar*, Castelao posicionouse claramente a favor da *Hermandad Gallega*, co que contribuíu indiscutiblemente a exacerbar as posicións enfrontadas no seno do Centro que por outro lado se atopaban ás portas dun proceso electoral interno para renovar a súa Asamblea de Apoderados. A *Hermandad Gallega* convertíuse na gran anfitriona dos días habaneros de Castelao e, segundo recolle Neira

[501] Nos primeiros anos publicou a revista *Nosotros. Por la Libertad do Pueblo Español*, dirixida ata 1943 polo infatigable exiliado galego, Gerardo Alvarez Gallego.

[502] NARANJO OROVIO, C., "La isla dividida: republicanos y falangistas en Cuba,1936-1939", *Actas do III Coloquio Internacional La literatura y la Cultura del Exilio Republicano Español de 1939*, La Habana: Ed. Unicornio, 2002, p. 20.

Vilas[504], despois do mítin da *Polar*, ofreceulle un banquete con máis de tres mil asistentes, entre os que se atopaban cubanos, españois de diversas procedencias e numerosos galegos, tanto inmigrantes como exiliados. A intensa actividade de Castelao en Cuba durante os días seguintes tivo un eco extraordinario a través da súa participación en actos organizados pola Gran Logia Masónica de la Isla de Cuba, a *Casa da Cultura*, e a Universidad da Habana, combinada coa campaña electoral do Centro Galego, cuxas eleccións tiveron lugar a comezos de 1939. Sen embargo, a pesar do seu intenso apoio e dos vintecatro apoderados obtidos na votación, a *Hermandad Gallega* non logrou a victoria. Foi esta agrupación, en colaboración coa *Unión Democrática Hijas de Galicia*, quen realizou a última homenaxe de despedida a Castelao cando, despois dunha segunda xira pola illa, puxo fin a súa estancia en Cuba en febreiro de 1939, a penas dous meses antes de que rematase a guerra. Cando se produce a victoria franquista e o *Centro Gallego* se decanta ao seu favor, unha gran parte das numerosas asociacións microterritoriais galegas distáncianse do mesmo e convírtense no exponente máis activo da colectividade na recepción e asistencia aos refuxiados republicanos arribados a Cuba[505].

Cuba foi para o exilio español en xeral, e para o galego en particular, un destino indirecto e en moitas ocasións un país de tránsito cara outros destinos, mentres que nas menos operou como destino directo en circunstancias particulares. No primeiro dos casos, como destino indirecto[506], recibiu exiliados

---

[503] NEIRA VILAS, X., *Castelao en Cuba***,** Sada**:** Ediciós do Castro, 1983, p.12.
[504] NEIRA VILAS, X., *Opus cit*, p.43.
[505] Á altura de 1945, algunhas das asociacións galegas de Cuba foron as anfitrionas na Habana dos catro deputados galegos residentes na Arxentina, quen se atopaban de regreso de México, adonde asistiran a unha asembleia das Cortes Republicanas.
[506] Este foi o caso por exemplo de Víctor Acuña, quen tras un primer exilio en París e Nueva York chegara ao país durante a guerra ou o do ensaísta e ex-xesuíta Pedro Antón García, quen dende Francia consegue chegar a Cuba en 1940, axudado pola Sociedad de Beneficencia Naturales de Galicia da Habana. Foi tamén destino indirecto, de exiliados que procedentes doutros países, permanecen en Cuba por un tempo máis ou menos longo regresando novamente a España para, segundo os casos, volver a exiliarse despois noutro lugar, como o político Santiago Álvarez Gómez, quen despois dun primer exilio en Francia se traslada a Cuba donde reside ata 1944. Regresado a España é detido e condenado a morte e finalmente encarcerado. A reclamación efectuada por parte da Embaixada de Cuba, permítelle exiliarse de novo, esta vez con destino a México para regresar definitivamente a España en 1976. Peor sorte correu outro activo militante comunista, Xosé Gómez Gayoso, quen, despois de vivir exiliado en

que xa pasaran por outros países e rematan asentándose en Cuba. Como país de tránsito, converteuse en receptor de moitos dos que, procedendo ou non doutros países, a través da Habana aspiraban a ir cara outros destinos[507]. Por outro lado, a circunstancia da dobre nacionalidade, española e cubana, adquirida por nacer en Cuba por razón dunha primeira emigración dos padres ou dos avós nas primeiras décadas do século, facilitou relativamente as cosas para os que elixiron este país como destino directo[508], modalidade que constitúe o terceiro dos casos. Noutro caso similar ao dos galegos nacidos en Cuba estiveron os exiliados que antes de selo tiveran unha experiencia previa como emigrantes económicos neste país. Algúns aproveitaron esta oportunidade antes de que rematase a guerra, como o xornalista e poeta Angel Lázaro Machado, quen emigrou a Cuba en dúas ocasións, 1914 e 1918, permanecendo ata 1923 na illa adonde regresou como exiliado en 1937[509]. O matrimonio formado por Donato Figueiral Quintas e Jesusa Prado, casados en Cuba en 1920, a quen a guerra sorprende en Ourense, sendo detida e

---

Francia, República Dominicana, Cuba e México, tamén regresou a España e foi executado en 1948.

[507] Entre outros, foi o caso do escritor Alfonso Gayoso Frías, quen tras un longo periplo por Marrocos e Estados Unidos, pasa por Cuba para dirixirse logo a Venezuela e estabelecerse definitivamente na Arxentina en 1941; o lingüísta Ignacio Herrero Fointes, que logo se traslada a Panamá; o militar Manuel López Iglesias, coronel do exército republicano, que dende Francia chegou a Cuba para pasar despois aos Estados Unidos e morrer en México; o profesor da Universidade de Santiago, Sebastián González García-Paz, quen posteriormente se estabelece en Porto Rico; o xornalista Ramón Fernadez Mato que chega a Cuba nos anos da guerra para trasladarse en 1941 á Arxentina. Procedentes da República Dominicana, país que constituira o primeiro destino, pasan por Cuba o pintor Angel Botello, que remata en Porto Rico, ou o sindicalista Tomás Mallo, quen se dirixe logo a México, país considerado por moitos como o mellor destino posíbel. Con destino a México pasaron por Cub, Manuel Hermo Martínez, Arturo Souto Feijoo, acompañado da súa familia, e os irmáns Lois e Carlos Tobío Fernández.

[508] Algúns deles aproveitaron esta circunstancia no propio momento da guerra, como Aurora Carreras, cubana filla de galegos. Outros fixérono máis tarde, como José Alemañy Menéndez, *Pepín*, nacido en Santiago de Cuba, pero de ascendencia ourensán e criado en Vigo que despois do seu exilio en Francia, o seu pasaporte cubano permitiulle asentarse en Camagüey e logo na Habana; José Amor e Vázquez, naceu tamén en Cuba, o que lle permitíu que este país foise o de seu primeiro exilio, aínda que rematará por trasladarse temporalmente a Venezuela e definitivamente aos EEUU. En 1944, Asunción Concheiro e o seu marido Francisco Comesaña Rendo, ambos os dous militantes comunistas, poideron chegar á illa gracias á nacionalidade cubana de Comesaña, que nacera en Cienfuegos, para trasladarse despois a México.

[509] Aínda que non era fillo de galegos, Lázaro Machado naceu en Galicia donde se instalaron os seus pais, un español que participara na guerra de 1895 e unha cubana. A salida cara Cuba dun dos seus irmáns foi o móbil da súa primeira emigración económica. En V.M.SUEIRO RODRIGUEZ, "Emigración y exilio en la obra literaria de Angel Lázaro", *Actas III Coloquio Internacional La literatura y la Cultura del Exilio Republicano Español de 1939*, La Habana: Ed. Unicornio, 2002, p. 98-122.

encarcerada a segunda en 1938. A cidadanía cubana de Jesusa permitiu ao cónsul cubano en Vigo, Luis Bas Molina, trasladala a Portugal donde embarcou coa súa filla Soledad Figueiral para A Habana adonde Donato conseguira fuxir antes. Tamén gracias á acción consular cubana, Anxo Carcaño e María Araújo, "María la Guerrillera" (Carril, 1904-A Habana, 1989), quen tamén emigraran a Cuba na súa xuventude e regresado a España en 1932, tras o triunfo da República, poideron marchar en 1944 ao exilio ao país que fora o destino da súa primeira emigración. Pola súa banda, José Arias que tamén emigrara de xoven a Cuba e regresara a España durante a guerra para incorporarse ás Brigadas Internacionais, despois de pasar parte do seu exilio en Francia e os Estados Unidos, consegue voltar a Cuba en data posterior a 1947. Posibelmente máis coñecidos son os casos de Ulpiano Piña, ou de Lino Novás Calvo, o autor de *Pedro Blanco*, quen tamén emigrara a Cuba na súa nenez[510]. Fora destes casos, que aproveitaron a circunstancia da dobre nacionalidade ou as facilidades reportadas por unha emigración previa, noutros Cuba tamén foi destino directo de exiliados galegos que carecían deste tipo de condicións expostas, aínda que dalgúns deles se pode aventurar, e doutros asegurar, que tiñan contactos na illa[511].

Nun artigo recente, A. Alted e R.Gónzalez Martell sinalaban as dificultades que para os intelectuais exiliados en Cuba significou o feito de que solamente existise unha Universidade, a da Habana, donde os límites impostos pola Constitución de 1940 vetaban en certa medida o exercicio da actividade docente. Sen embargo, varios deles poideron vincularse, ademais de diversos medios de comunicación (revistas ou xornais), a algunhas das entidades culturais existentes entonces como a *Institución Hispanocubana de Cultura* (1926) ou o *Lyceum* da Habana (1928)[512]. Ademais, o exilio intelectual español

[510] En 1931 foi enviado a España como corresponsal e ao estalar a Guerra Civil enrólase no exército republicano. Perdida a guerra retorna a Cuba donde permanece ata os anos sesenta, data na que se traslada aos EEUU.

[511] En plena guerra, e por tanto exiliados dos primeros días, chegaron a Cuba Donato Figueiral e Francisco Marín Sagredo, que na Habana foi secretario do *Grupo de Exiliados Antifascistas*, presidido por outro exiliado galego, Ramón Rodríguez Prieto. No mesmo caso estiveron Rogelio Mazaeda, Jesús Mejuto Vázquez, ou Gerardo Alvarez Gallego.

[512] ALTED VIGIL, A., e GONZALEZ MARTELL, R., "Científicos españoles exiliados en Cuba", *Revista de Indias*, Vol. LXII, nº 224, Madrid, 2002, pp.173-193.

xunto con algúns expoñentes importantes da intelectualidade cubana, como Raúl Roa ou Fernando Ortiz, constituíu o xerme de institucións como a Escuela Libre da Habana (1939), baseada no modo da Institución Libre de Enseñanza española, na que, entre outros moitos, tiveron especial protagonismo exiliados galegos como Pedro A. Riveiro, Luís Tobío Fernández, Juan López Dura e José Rubiá Barcia, verdadeiro impulsor desta entidade da que foi director entre 1940 e 1943. A sección de estudos xurídicos da Escuela Libre foi dirixida por outro exiliado galego, Jesús Vázquez Gayoso, por outro lado colaborador habitual dalgunhas das actividades da mencionada *Institución Hispanocubana de Cultura*. Posteriormente, outras institucións académicas creadas durante a década dos coarenta como o *Instituto Universitario de Investigaciones Científicas e de Ampliación de Estudios* (1943) e a Universidad de Oriente (1947) representaron unha posibilidade para o exercicio profesional dalgúns exiliados.

Polo que respecta á República Dominicana existen informacións contradictorias sobre a súa posición durante o conflicto español. Segundo algunhas fontes, parece que Franco solicitou a Trujillo a finais de 1937 a ruptura de relacións co goberno da República que nembargantes se mantiveron oficialmente ata o fin da guerra, o que non impediu que en 1938 constituísen no país unha sección dominicana da Falanxe española[513]. Por outra banda, á altura do estalido bélico español, a colonia española agrupaba aproximadamente a unhas 1.500 persoas radicadas en Santo Domingo, Santiago e San Pedro de Macorís, cuxa dedicación fundamental era o comercio minorista e de importación representando o grupo económico máis poderoso do país. En defensa dos seus intereses económicos a súa posición foi favorábel a Franco, lo que se puxo de manifesto en 1937 a través da institución social donde se nucleaban, la *Casa de España* que fora fundada en 1917. Os galegos da República Dominicana, de maioritaria procedencia gardesa e instalada en Santo Domingo e Santiago dos Caballeros, distinguíronse particularmente pola

[513] B.VEGA., *Nazismo, Fascismo y Falangismo en la República Dominicana*, Santo Domingo: Fundación Cultural Dominicana, 1985. ,p.355.

axuda económica destinada á colaboración co bando nacional[514]. Así, cunha colonia española maioritariamente franquista, sobre a que tamén hai que dicir que posteriormente no seu comportamento cos exiliados parece que a solidariedade étnica primou sobre os intereses políticos[515], e cun réxime de estilo autoritario totalmente oposto ás ideoloxías dos exiliados, non resulta a primeira vista fácil comprender cales foron as razóns que impulsaron ao dictador Rafael Leónidas Trujillo, quen seguía ocupando *de facto* a presidencia[516], a propiciar a entrada ao país de republicanos españois. Ben ao contrario, o dictador, que a posteriori se manifestará como un admirador acérrimo de Franco con quen despois da Segunda Guerra Mundial estabeleceu unha estreita cooperación, tivo outro tipo de motivos que lle levaron a aceptar a chegada masiva de refuxiados españois xunto con xudeus entre 1939 e 1940. O desexo por un lado de mellorar a imaxe dun réxime que dous anos antes fixera unha tremenda masacre que supuxo a morte de case 15.000 haitianos e que fixeron evidentes as veleidades racistas do mesmo; a necesidade, por tanto, de garantir un *blanqueamiento* da sociedade dominicana a través desta inmigración[517]; a obsesión de instalar colonias agrícolas para unha "dominicanización" da fronteira con Haití e o inicio dunha política exterior que contribuíse a paliar o illamento do país e dotalo de tintes democráticos, foron o telón de fondo da recepción de exiliados. A tal fin iniciáronse negociacións con Fernando de los Ríos, embaixador da República española en Washington, coas Sociedades Hispánicas Confederadas de Nueva York, co SERE e co embaixador dominicano en Madrid, Virgilio Trujillo, que culminaron coa chegada de diversas expedicións entre finais de 1939 e 1940. Sen embargo, o fin perseguido polo goberno dominicano de instalación de colonias agrícolas non deu o resultado esperado por falta de organización interna e inadecuación do

[514] VILLA ALVAREZ, J.M., *Los gallegos de Puerto Rico, 1821-1963: un proceso de formación de burguesía a ambos lados do Atlántico*. Tese Doutoral inédita, USC: 2001.
[515] VILLA ALVAREZ., *Opus cit.,* p.1679.
[516] Os titulares legais dende agosto de 1938 ata 1942 foron sucesivamente Jacinto B. Peynado e M. de J. de la Concha, testaferros políticos de Trujillo, quen ocuparon a presidencia da República Dominicana ante o veto imposto polos Estados Unidos a súa reelección en 1938 tra a matanza dos haitianos.
[517] CASSA, R., *Historia Social e Económica da República Dominicana*. Ita. Alfa y Omega, Santo Domingo, 1996. TII, p.254.

perfil dos exiliados entre os cales a penas existían agricultores. Por todo isto, a pesar das axudas puntuais dos antigos residentes, das recibidas a través dos españois radicados en Tampa, dalgunhas organizacións cuáqueras, e da JARE dende México, sempre insuficientes, en moitos casos a República Dominicana foi só un lugar de tránsito cara outros destinos como México, Cuba, Puerto Rico, Venezuela, Costa Rica ou Panamá. Segundo os datos de J. Rubio[518], o número de exiliados alcanzou a cifra de 3.132, superando temporalmente a cifra de antigos residentes, dos que finalmente só permaneceron na República Dominicana algo máis da terceira parte. A repercusión da chegada dos refuxiados españois na vida política dominicana foi decisiva. A historiografía dominicana máis rigurosa sinala a súa influencia no movimento obreiro e os primeiros núcleos marxistas que xurden no país a fins da década dos trinta, e que na seguinte comezan unha férrea oposición ao réxime *trujillista*[519]. Foi deste núcleo, integrado en boa medida por activistas do Partido Comunista español, do PSUC, e da Juventud Socialista Unificada, de donde xurdeu posteriormente o Partido Comunista dominicano[520]. A actividade dos exiliados comunistas na República Dominicana canalizábase a través do *Centro Español Democrático-Cultural e Recreativo*, que funcionou entre 1941 e 1944, donde tamén concurrían socialistas e anarquistas. Un dos seus principais obxectivos era o de conseguir que os compatriotas asociados na *Casa de España*, sobre todo os opositores a Franco e á Falanxe que tiña un notable predicamento entre os antigos residentes, abandonasen esa institución e se afiliasen ao *Centro*, así como atraer socios dominicanos. Houbo outras organizacións e diversas publicacións donde o control comunista era tamén maioritario[521] que

[518] *La emigración de la guerra civil española de 1936-1939*. Madrid, 1977.
[519] CASSA, R., *Historia Social y Económica de la República Dominicana*, Santo Domingo: Ita. Alfa y Omega, 1996. TII, p. 272.
[520] ANGELL, A., "La izquierda desde 1920" en L.BETHELL (ed.) *Historia de América Latina. Política y Sociedad desde 1930*. Barcelona, Crítica, 1997. T.12., p.89, tomando datos de R. ALEXANDER: *Communism in Latin América*, New Brunswick, 1957.
[521] *Club Juvenil Español*, *Liga de Mutilados de la Guerra de España*, *Comisión de Solidaridad con los Refugiados Españoles, Comisión de Refugiados Españoles Pro-Centenario* . Entre as publicacións: *Por la República, Juventud Española, Catalonia, Boletín de Información Sindical*, *Era* e *Rumbo*, aparecidas entre 1940 e 1944. En B. VEGA., *La migración española de 1939 y los inicios do marxismo-leninismo en la República Dominicana*. Santo Domingo: Fundación Cultural Dominicana, 1985.

foron tamén moi activas na axuda aos refuxiados e na propagación de ideas políticas que, polo seu signo, trematarón por ser obxecto de persecución do réxime chegando ao seu punto máis álxido entre 1944 e 1946, o que significou a expulsión do país de moitos dos participantes destas iniciativas. O aporte dos exiliados españois, ademais do eido político, deixou sentir os seus efectos de maneira profunda na vida cultural dominicana baixo o amparo de Julio Ortega Frier, rector da Universidad de Santo Domingo. A súa presenza na literatura e nas artes plásticas foi tan notabel que, en palabras de B. Vega, "fue como si un Renacimiento hubiera llegado a la Edad Media más penumbrosa"[522]. Varios dos galegos que contribuiron a ese aporte cultural[523] remataron sen embargo trasladándose ao veciño Porto Rico donde a súa actividade, máis prolongada no tempo, foi aínda máis destacada[524].

En Porto Rico, a poucos días da súa proclamación, o triunfo da República foi celebrado no gran Teatro Tapia de San Juan coa presenza de Pedro Albizu Campos, líder do Partido Nacionalista Puertorriqueño, do socialista e galego Santiago Iglesias Pantín, algúns membros da colonia española e numerosos portorriqueños. Pero cando estalou a guerra produciuse unha curiosa situación na representación diplomática española que decantou claramente as posicións a favor dun e outro bando. O cónsul español en San Juan declarouse franquista, recibindo o apoio dos membros economicamente máis poderosos da colonia española vinculados á *Casa de España*, entre os que se contaban moitos galegos ao non existir dende 1898 o asociacionismo étnico netamente galaico. En paralelo, nucleados en torno ao vice-cónsul español, Jacinto Ventosa, quen permaneceu leal á República, un nutrido grupo de intelectuais portorriqueños bautizado como *Pro Frente Popular Español*, comezou a levar a cabo unha activa campaña en solidariedade co goberno legal a través dos medios de comunicación coa intención de incidir na opinión pública portorriqueña que, a

[522] *Opus cit.*, p.44.
[523] Angel Botello Barros (Cangas do Morrazo, 1913-San Juan de Porto Rico, 1986); Eugenio Fernández Granell (A Coruña, 1912-Madrid, 2001); Bibiano Fernández-Osorio Tafall (Pontevedra, 1903-México, 1990); José María Mosqueira Manso (A Coruña, 1886-Caracas, 1968); Alberto Paz Mateos (Ponferrada, 1915-Caracas, 1962); Fracisco Vázquez Díaz, "Compostela" (Santiago de Compostela, 1898-San Juan de Porto Rico, 1988).
[524] Ver en esta misma obra a contribución de Matilde Albert Robatto.

causa da censura exercida polo gobernador de Porto Rico, Blanton Winship, quen non disimulaba a súa simpatía por Franco, recibía moi escasa información sobre o que acontecía en España[525]. Na Universidad de Puerto Rico tamén houbo un movimiento moi activo en defensa da República e de feito foi en función desta institución que se propiciou a chegada de exiliados a Porto Rico. Dende 1940, a acción de Jaime Benítez, entonces organizador do *Círculo de Conferencias do Ateneo de San Juan*, resultou decisiva para a chegada dos primeiros intelectuais republicanos. E cando en 1942, tras a reforma educativa promovida polo político Luís Muñoz Marín, foi nomeado rector da Universidad, incorporou á docencia universitaria a moitos deles[526]. A permanencia na illa deste grupo intelectual que continuou chegando ata a década dos cincoenta baixo a categoría de inmigrantes, coincide, segundo Alfredo Matilla Rivas "con una serie de transformaciones internas necesitadas de elementos *europeizantes* para contrarrestar el norteamericanismo imperante" [527].

Nos países do Caribe continental sudamericano, Colombia representou un exemplo peculiar no asunto do exilio español, porque si ben durante a presidencia do liberal radical Alfonso López Pumarejo (1934-38), fora un dos países que secundou a México ante a Sociedad de Naciones cando este apoiou á República, sen embargo foi cauteloso á hora de emprender outro tipo de accións solidarias. Presionado pola oposición conservadora e contrariado polo asalto que as milicias republicanas realizaron á súa embaixada en Madrid durante os primeiros meses de guerra[528], o goberno de Bogotá optou pola

[525] Do magnífico testimonio de Antonio Colorado. En *Cincuenta años del exilio español en Puerto Rico y el Caribe, 1939-1989. Memorias del Congreso Conmemorativo celebrado en San Juan de Puerto Rico*, Ediciós do Castro, 1991.

[526] O catedrático galego Sebastián González García-Paz (Pontevedra, 1908-1967), *Don Bachán*, como aínda se lle recorda en Río Piedras, foi ao longo de máis de vinte anos un dos intelectuais máis destacados da Universidade de Porto Rico.

[527] "El exilio español, la música y el teatro en Puerto Rico: artículos periodísticos de Alfredo Matilla Jimeno (1946-1961)" en *Cincuenta años del exilio español en Puerto Rico y el Caribe, 1939-1989. Memorias del Congreso Conmemorativo celebrado en San Juan de Puerto Rico*, Ediciós do Castro, 1991. Na mesma obra Iris Zavala, nun fermoso ensaio, exprésase nun senso similar sobre a proxección "hispanizante" no imaxinario cultural portorriqueño.

[528] Durante os momentos iniciais da guerra, o asunto relativo ao dereito de Asilo planteou algúns problemas entre os gobernos dos países latinoamericanos e o da República pola diferente concepción do término. Varias embaixadas americanas, incluso a de México, ofreceron asilo aos perseguidos polas milicias republicanas. Outro punto de fricción foi o relativo á

política de prescindencia. Nembargantes, o seu sucesor, o presidente Eduardo Santos (1938-1942), quen sentía unha particular admiración por Azaña, foi o impulsor directo da chegada dun bo continxente de exiliados, aínda que, aconsellado polo seu ministro de Relaciones Exteriores, López Mesa, baixo a estricta condición de ser contratados por empresas industriais ou de carácter cultural[529]. Foi así que se producíu a chegada de case douscentos refuxiados de alta calificación profesional, concentrada sobre todo en Bogotá, especialmente dos relacionados coa química e a mediciña[530]. Non parece entonces casual que os escasos exiliados vinculados con Galicia que chegaron a este país exercesen precisamente algunha destas profesións[531].

No caso de Venezuela, como sinala nun interesante traballo J. J. Martín Frechilla[532], exilio e inmigración económica estiveron estreitamente relacionados. A morte do dictador Juan Vicente Gómez (1908-1935) iniciou un periodo de cambios dirixidos á modernización do país sumamente necesitado de poboación. Se non se ten en conta este aspecto, non resulta de todo fácil comprender o marco no que se desenvolveu a chegada das sucesivas oleadas de exiliados por canto, no relativo ás relacións diplomáticas con España, donde poco máis tarde estala a Guerra Civil, ata 1949 Venezuela mantivo relacións oficiais e oficiosas tanto co goberno de Franco como co da República no exilio. O primeiros exiliados españois recibidos en Venezuela foron vascos[533] e paulatinamente se foron ampliando os ingresos dos que arribaban ao país por razóns políticas no medio dunha inmigración económica *in crescendo* durante os anos coarenta e cincoenta. A coincidencia do fin da guerra mundial en 1945 e o recoñecemento do Goberno da República Española no exilio por parte da

---

seguridade dos cidadáns latinoamericanos residentes en España, o que en ocasións retraxo o apoio dos seus gobernos.

[529] MARTÍNEZ GARROÑO, M.E., *Españoles en Colombia: Los médicos y odontólogos exiliados a consecuencia de la Guerra Civil*. Madrid: Españoles en el Mundo, 1992, p. 9.

[530] J.RUBIO: *La emigración de la guerra civil española de 1936-1939*. Madrid, 1977, p.197.

[531] Como no caso dos xudeus rusos, nacionalizados españois e residentes en A Coruña dende os anos vinte, Salvador Rozenthal e Elena Dainov, dentistas de profesión, ou o do químico Enrique Pereira Ibáñez

[532] "Sin solución de continuidad: exiliados e inmigrantes españoles en la construcción de Caracas: 1936-1958", *Exils et Migrations ibériques vers L´Amerique Latine*. (CERIC), nº 5, 1998. pp.207-248.

[533] J.J.Martín Frechilla, *opus cit.* p. 224 e ss.

Junta Revolucionaria de Gobierno nacida do golpe de estado producido en Venezuela no mesmo ano, cuxo Cónsul General e Encargado de Negocios era o exiliado galego Jesús Vázquez Gayoso, abriron novas posibilidades ao exilio de moitos españois que estaban en Europa e que padeceran prisión nos campos de concentración[534], a moitos outros aínda en España e a algúns instalados previamente noutros países de América. Algúns dos exiliados galegos chegados a Venezuela pasaran pola última circunstancia, como xa tivemos oportunidade de comentar ao referirnos aos países de tránsito[535]. Polo contrario, dirixíronse directamente a este destino, temperá, algúns profesionais como José García Torrado, profesor da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago ou os médicos Leoncio Jaso-Roldán, José Pardo Gayoso e J. Souto Candeira, mentres que outros fixérono en medio dos fluxos migratorios producidos dende Galicia cara Venezuela entre 1949 e 1957. Aínda que as relacións entre o exilio galego de Venezuela e a colectividade forxada arredor á inmigración económica son obxecto de análise en lugar[536], interesa sinalar que foi arredor ao *Lar Gallego* de Caracas, fundado en 1945, donde se concentraron máis as actividades dos exiliados, tanto dende o punto de vista cultural como político. Esta asociación estivo presidida dende 1956 por Xosé Velo Mosquera (Celanova, 1916-Sao Paulo, 1972) que chegara a Caracas dende Lisboa oito anos antes gracias a unha xestión persoal do presidente venezolano Rómulo Gallegos (1947-1948), quen a súa vez sufrira parte do seu exilio en Galicia. Pepe Velo, xunto con Xosé Fernández Vázquez, Soutomaior, (Pobra do Caramiñal, 1904-Caracas, 1986) e cos exilados portugueses da dictadura salazarista, Humberto Dogado, Enrique

[534] Dende Francia ou Portugal, entre outros: Abelardo Gutiérrez Alba; Mariano Otero Castealo; Manuel Rodríguez Pérez; Silvio Santiago; Jovita Pérez González; Teresa Cuenca de Tejero; Manuel Gallego González; Manuel Rodríguez Pérez.

[535] Dos que poidemos localizar a data da súa chegada a Venezuela: Severino Chacón Bergueiro e a súa filla Otilia Chacón, chegan en 1940 dende a República Dominicana; ao ano seguinte, e da mesma procedencia, José María Mosqueira Manso; Joaquín Insua dende México en 1942; Ramón Fernández Mato en 1943 dende Arxentina; Wenceslao Castro Otero chega en 1945 dende a República Dominicana; José Amor e Vázquez en 1946 dende Cuba; dende México, Fernando Cuenca en 1947 e Ramiro Illa Couto na década dos cincoenta; Lino Tomás Calvo na dos sesenta dende Cuba; en data imprecisa: Alberto Armesto García e Alberto Paz Mateos dende Estados Unidos; Alfredo Caamaño Pato e Xosé Seixo Alonso dende México; Isolino López García, Alfonso e Francisco Gayoso Frías dende Cuba; Ricardo Mella Serrano dende a República Dominicana e José Silva Martínez dende Colombia;

Galvao, integraron o Directorio Revolucionario Ibérico (DRIL) que en 1961 levou a cabo o secuestro do buque portugués *Santa María*, coa pretensión de poñer en xaque as dúas dictaduras peninsulares[537]. Fracasada a acción, Soutomaior e Velo recibiron asilo político en Brasil. Mentres que o primeiro poido regresar a Venezuela, Xosé Velo permaneceu, coa súa familia, en Sao Paulo ata a súa morte.

Brasil representou como destino do exilio unha opción puramente circunstancial. Á altura da Guerra Civil o asociacionismo inmigrante galego integrado polos chegados ao país dende fins do século XIX, concentrados basicamente en Salvador de Bahía, Sâo Paulo e Río de Janeiro, veuse afectado polas medidas restrictivas impostas polo goberno de Getulio Vargas (1930-1945), así como pola propia escisión da colectividade, provocada polo impacto da guerra, ata tal punto de significar para algunhas sociedades o fin da súa actividade[538]. Así, agás dos que durante a guerra conseguiron chegar a Brasil a través de Portugal ou dos que contaban con vínculos familiares n país, por causa da debilidade do asociacionismo, así como polo signo político do *Estado Novo*, refractario á chegada de republicanos, só a partir da década dos cincoenta se produciron arribos puntuais.

En Perú, transcurrido só un mes dende o alzamento de Franco, o goberno de Óscar R. Benavides (1933-39), propuxo aos países veciños un recoñecemento dos nacionais e aínda que finalmente optou pola política de prescindencia, oficiosamente dou o visto bo ao goberno de Burgos permitindo que o ministro plenipotenciario español, Luis Avilés e Tíscar, franquista de primeira hora, realizase o seu labor na sé da legación española en Lima, mentres que, polo contrario, o agregado cultural, o galego Vicente Gómez Paratcha que permaneceu fiel á República era expulsado do país, acusado de comunista. Este tipo de actitude oficial, xunto coa actividade da Igrexa e dunha

---

[536] CAMPOS ALVAREZ, X.R., "O papel dos exiliados na evolución do asociacionismo galego en Venezuela (1940-1960)".

[537] A peripecia do *Santa María* inspirou a novela de Miguel Bayón, *Santa Liberdade* (1999) e recentemente o excelente documental, de nome homónimo, de Margarita Ledo Andión (2004).

[538] DA SILVA SARMIENTO, E., *Unha historia descoñecida: os galegos no Río de Janeiro (1880-1939)*, investigación polo momento inédita que recentemente acaba de obter o Premio de Investigación *Vicente Risco*.

prensa nacional maioritariamente conservadora, que demostraron plena simpatía polo bando franquista, influíu sen dúbida no feito de que na reducida colonia española[539], fosen maiores os apoios a Franco que ao goberno legal español. As relacións coa República Española racháronse en 1938 e, aínda que existiron algúns órganos de prensa pro-republicanos, a división interna da esquerda peruana dificultou en gran medida a actividade ao seu favor[540]. O fin da guerra coincide co inicio da presidencia de Manuel Prado Ugarteche (1939-1945) durante a cal, animados por un impulso redemocratizador, algúns intelectuais peruanos propuxeron diferentes iniciativas para a recepción de exiliados. Sen embargo, segundo palabras dun dos promotores, o historiador Jorge Basadre: "El Perú no dio acogida a ninguno de los que formaron parte da *España Peregrina*, con lo que volvió la espalda a sabiendas a gente que supo enriquecer la vida cultural y hasta la economía de otros países americanos"[541]. Sen embargo sí se beneficiou da chegada de mariñeiros e pescadores, arribados a Chile en setembro de 1939 na expedición do *Winnipeg*, entre eles varios membros de familias do porto coruñés de Malpica (A Coruña) refuxiados no campo de Argelés sur Mer (Francia), e que arredor do 1944 remataron por estabelecerse en Chimbote e Mollendo contribuíndo notabelmente ao desenvolvimento da industria pesquera en Perú. o éxito das súas actividades xenerou posteriormente a continuidade dos fluxos migratorios dende a Costa da Morte ao país andino[542].

Aos malpicanos do *Winnipeg* trasladados a Perú, hai que engadir os que permaneceron en Chile, además de exiliados galegos doutras procedencias que

[539] Non contamos con datos para todo o país. Según fontes censais, en 1931, o número de españois en Lima e Callao ascendía a 1.565. En F.Durand., "Los primeros industriales e la inmigración extranjera en el Perú", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, nº 9, Buenos Aires: CEMLA, 1988, p.199-217

[540] Máis amplio no excelente artigo de E. González Calleja: "La derecha latinoamericana en busca de un modo fascista: la limitada influencia del Falangismo en el Perú (1936-1945)" en *Revista Complutense de Historia de América*, nº 20, Editorial Complutense, Madrid, 1994.

[541] BAUMAN, G. *Opus cit.*, p.106

[542] GARCÍA DOMÍNGUEZ, M. T., "Aproximación ao estudio da emigración galega da Costa da Morte cara Perú, na segunda metade do século XX, 1940-1970", *Estudios Migratorios*, 5, 1998, p. 177-197.

foron rescatados na súa maioría de diversos campos de refuxio en Francia o eventualmente en Túnez e que tamén formaron parte de dita expedición[543].

Sen embargo, como ben sinala E. Lemus, o caso de Chile como destino do exilio español non se circunscribe exclusivamente ao *Winnipeg*, nin a acción efectuada por Pablo Neruda dende Francia foi a única vía para o mesmo, aínda que sí o máis conocido non só pola súa magnitude senón tamén pola polémica suscitada no seu entorno. A intervención do *SERE*, a *FOARE* (Federación de Organismos de Ayuda a los Republicanos Españoles) e o *CChARE* (Comité Chileno de Ayuda a los Refugiados Españoles) foi determinante para canalizar a chegada e estancia durante os primeiros meses de moitos exiliados[544]. Non menos importante resultou no caso de bastantes galegos a acción desenvolvida pola Federación de Sociedades Gallegas de Arxentina tanto para algúns viaxeiros do *Winnipeg* a Valparaíso, como do *Massilia* vía Buenos Aires[545], como para os que empregaron outros medios de traslado a Chile.

Paradoxicamente, os exiliados chegados ao país durante o goberno do Frente Popular, simpatizante da República Española e presidido por Pedro Aguirre Cerda (1938-1941) que, presionado polos conservadores comprometeuse a impoñer certos límites á súa recepción que non sempre se cumpriron, foron mellor recibidos pola sociedade nacional que polos antigos residentes españois, maioritariamente alineados con posicións conservadoras,

---

[543] Jaime e Manuel Balado Gómez, José Domínguez Domínguez , José Eiras Vicente, José García García, Benjamín González Belmonte, Modesto Martínez Rodríguez, Cipriano Pérez Brañas, Alfonso Saavedra Rodríguez, refuxiados do campo de Barcarès; Aurelio Cabezón Freire, Vicente Criado Gaveiros, Arcadio Mesa Piñeiro, Joaquín Millares Pérez, José Novoa Porto, Jesús Outeiriño Santos, José Pose Soto, Fernando Rico López, Eduardo Torreiro Portela, do campo de Argelés sur Mer; Francisco Díaz Teresa do campo de Garnonne; Alfonso Peón González, Manuel Porrúa Díez, Manuel Saa Conde, Francisco Sanles González, do campo de Saint Cyprien; Fernando Santos Costa, do campo de Bèziers; José e Vicente Pita Armada, do campo de Zebbeus (Túnez). Sin que teñamos noticia exacta de si pasaron ou non por un campo de refuxiados pero tamén na expedición do *Winnipeg*: Manuel Docal Breijo, Enrique García Amor, Antonio García Canosa, Manuel Iglesias Núñez, Jesús Méndez Alonso, Francisco Pita Armada, Gumersindo Regueiro Pazos, Carlos Rico López, Gerardo Rico López, Manuel Tubío Romaní e Rogelio Veloso.

[544] LEMUS, E. "La investigación de los *refugiados españoles* en Chile: fuentes y hallazgos de un exilio de larga duración" *Exils et Migrations ibériques vers L´Amerique Latine*. (CERIC), nº 5, 1998. pp.273-293.

[545] Aínda que o destino maioritario dos españois do *Massilia* era Chile, moitos deles quedaron na Arxentina gracias ás xestións efectuadas por Natalio Botana ante o presidente Ortiz. En D. Schwarzstein, "Actores sociales e política inmigratoria en la Argentina. La llegada dos Republicanos Españoles", *Exils et Migrations ibériques...*, núm. 5,1998, p. 249-272.

agás os nucleados arrredor dos Centros Republicanos de Valparaíso e Santiago e os Centros Catalán e Vasco.

O exilio galego que tivo como destino o Río da Prata, en cuxo análise pormenorizado non vamos a entrar por canto outras contribucións lle dedicaron expresa atención nestas mesmas páxinas, que cuantitativamente alcanzou unha porcentaxe algo inferior ao coarenta por cento do destino latinoamericano, enfrentou respecto das colectividades de antigos residentes unha situación radicalmente oposta ao caso chileno. En Uruguai, a calurosa acollida por parte da colonia española, predominantemente galega e na súa maioría pro-republicana, e neste caso tamén por parte da sociedade uruguaia contrarrestaron ampliamente o efecto da ruptura oficial de relacións coa República Española efectuada polo presidente Gabriel Terra (1931-1938), quen gobernaba dictatorialmente o país dende 1933. O triunfo en España do Frente Popular en febreiro de 1936, que significou un espaldarazo para as iniciativas frentistas orientais, fora acollido con extraordinario entusiasmo polas forzas opositoras á dictadura *terrista*. A oposición democracia-fascismo dominaba o debate político na sociedade uruguaia e o estalido da guerra civil española agudizou aínda máis esta situación dando lugar a unha polarización sin precedentes. Tal e como suliñan J. Paris e E. Ruiz: "Se era antidictatorial, defensor ardiente de la España leal y antifascista, o se estaba con Terra, con el gobierno de Burgos, el oscurantismo y la reacción"[546]. O activismo da oposición política uruguaia e da colectividade española pro-republicana intensificouse cando en 1937 o goberno de Terra chegou a suxerir aos países veciños o recoñecemento de belixerancia do bando franquista. As críticas da oposición non se fixeron esperar: o Partido Colorado Batllista considerou a actitude do goberno como un atentado contra o dereito público e a tradición internacional de Uruguai, en total oposición cos sentimentos do pobo uruguaio, solicitando por iso a condena internacional[547]. A simpatía da opinión pública cara República fíxose máis evidente a partir do goberno de Alfredo Baldomir (1938-1942),

[546] O *Frente en los años 30*, Montevideo: Proyección, 1987., p.119.
[547] Arquivo do Ministerio de Asuntos Exteriores (AMAE) R. Leg.1011. Exp. 24. Informe enviado polo canciller encargado do Consulado, Jose Mora Guarnido, ao Ministerio de Estado en Valencia.

quen permitíu unha maior tolerancia co movimento de axuda a España e rematou reanudando as relacións diplomáticas, sobre todo tras as eleccións de 1942 que deron como resultado a volta á normalidade democrática baixo a presidencia de Juan José Amézaga (1943-1947). E iso, ademais do profundo sentimento democrático arraigado no país, non foi allea a fidelidade das autoridades da representación diplomática[548], así como a actividade desenvolvida por gran parte da numerosa colectividade española no país que experimentou na distancia os efectos da guerra civil diferida. Ao labor de proselitismo levada a cabo polo *Servicio Exterior de Falange,* como voceiro do emerxente estado franquista, contrapuxo o reagrupamento dos movimentos políticos da colectividade, constituíndose o *Comité Nacional de Ayuda a la República Española*, integrado tanto por españois como por uruguaios, así como o *Comité Central de Españoles*, presidido por Manuel Meilán Martínez, quen, como galego que era, ocupaba tamén a secretaría da *Organización Republicana Gallega de Ayuda al Pueblo Español*, derivada do anterior. Das conversacións sostidas co Sr. Meilan, a quen lembro con gran afecto, pódese deducir un elevado número (80%) de membros da colectividade afectos á República por esas datas[549]. A colectividade española tamén apoiou iniciativas uruguaias como a do *Comité Pro Casas para Niños de la España Leal*, presidido pola Dra. Paulina Luisa quen recibira un informe da Oficina Internacional de Ayuda a España en París suxirindo a evacuación de nenos a países que os poidesen acoller. Dito Comité realizou xestións co Ministro de México en Montevideo para que éste mediase co goberno uruguaio para recibir no país unha colonia de 120 nenos refuxiados[550]. Pouco máis tarde, o socialista uruguaio Emilio Frugoni propoñía ante a *Cámara de Representantes* un proxecto para a recepción de cinco mil refuxiados. Sen embargo, frustrados estes proxectos, a chegada de exiliados deberase máis a accións individuais

[548] Parella á representación diplomática republicana da Legación de Montevideo (José Mora Guarnido), comezou oficiar un secretario de embaixada franquista, sin rango diplomático por non posuír recoñecemento oficial.
[549] Entrevista a Manuel Meilán Martínez, realizada por Pilar Cagiao Vila en Montevideo en 1986. Fondo HISTORGA (Historia Oral de Galicia), núm. 942.
[550]AMAE. R. Leg. 1011, Exp. 19. Informe enviado polo canciller encargado do Consulado, Jose Mora Guarnido, ao Ministerio de Estado en Barcelona.

propiciadas polas relacións familiares, de paisanaxe e polo asociacionismo étnico, que a ningunha iniciativa colectiva e institucional.

Algo similar ocurrirá na Arxentina, donde as tépedas posicións gubernamentais, traducidas na política de prescindencia do goberno presidido por Agustín Pedro Justo (1932-1938) que non era incompatíbel con posturas de simpatía persoal cara o levantamento franquista, foron case inexistentes ante a eventual recepción de exiliados agás do caso vasco[551]. O contrapunto a estas actitudes manifestouse a través da solidariedade masiva que coa República mantivo a sociedade nacional, en boa medida dinamizada por un amplo sector da numerosísima colectividade española, a representación diplomática republicana en Bos Aires e os partidos nacionais de esquerda. E aínda que a colectividade española estivo dividida[552], a maior parte dos exiliados españois chegaron á Arxentina entre 1936 e 1950 a través de diversas estratexias nas que as relacións étnicas tiveron un papel primordial. Neste senso a chegada en diferentes etapas dos galegos, de extraordinaria importancia cualitativa e cuxo perfil foi exposto noutro lugar[553], contou cun terreo firmemente aboado por parte dos antigos residentes e moi particularmente durante o proceso de politización acontecido na colectividade ao longo dos anos anteriores[554].

Non cabe dúbida de que o persoeiro máis notábel do exilio galego na Arxentina, moi importante dende o punto de vista cualitativo, foi Alfonso D. Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950), quen xa vivira no país unha primeira experiencia como emigrante durante a súa nenez. A desaparición do rianxeiro representou unha pérda irreparábel para o exilio galego de Arxentina e de todo o Río da Prata. e é que realmente a proximidade e macrocefalia de Bos Aires, que tivo a súa traducción sobre moitos aspectos da inmigración galega na rexión conformando unha especie de escenario común donde a mobilidade foi moi intensa en todos os sentidos, planeou tamén sobre o exilio, tal e como

[551] SCHWARZSTEIN, D., *Entre Franco e Perón. Memoria e identidad del exilio republicano en la Argentina*, Barcelona: Crítica, 2001.
[552] QUIJADA, M., Aires de República, Aires de Cruzada: *La guerra civil española en Argentina*, Barcelona: Sendai, 1991.
[553] Ver X. Neira Vilas, " O exilio galego na Arxentina".
[554] NÚÑEZ SEIXAS, X.M., *O galeguismo en América, 1879-1936*, Sada: Ediciós do Castro, 1992, p. 139-255.

Carlos Zubillaga plantexa na súa contribución sobre o tema, defendendo, sen embargo a peculiaridade do caso uruguaio[555]. De feito, varios dos galegos identificados como exiliados en Uruguai, tiveron frecuentes relacións cos de Arxentina, cando non viviron a cabalo entre ambas as dúas beiras do Prata. Momentos especialmente importantes desta relación, extendida a toda a *Galicia Americana*, foron a fundación do Consello de Galiza en 1945 en Montevideo e o Primer Congreso de la Emigración Gallega celebrado en Buenos Aires e que cumpre xusto agora o seu cincoenta aniversario, acontecementos ambos, que non serían posíbeis sen o exilio galego de América.

[555] Ver: *El exilio gallego en Montevideo, ¿subsidiario o autónomo?*.

O EXILIO GALEGO NA ARXENTINA

Xosé Neira Vilas
Escritor
Sección de Cultura Galega no Exterior – CCG

Estimados amigas e amigos:

Coñecín exiliados galegos da Guerra Civil no Uruguai, Cuba, México e Arxentina. A estes últimos vou referirme, como está anunciado, principalmente os de Bos Aires que era onde residían e traballaban case todos. Vivín naquela entrañable cidade doce anos, e moitos exiliados foron amigos, mestres e compañeiros meus.

Amigos, porque tal foi a relación que tiven, que tivemos moitos mozos emigrados, con homes como Luís Seoane, Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo, Lorenzo Varela, Ramón de Valenzuela, Antonio Baltar, Rafael Dieste e outros. Mestres, porque con eles, co maxisterio dos mencionados e doutras figuras do exilio descubrimos Galicia, descubrimos o que significara a República e soubemos da crueldade da guerra que padeceu o noso pobo e os demais pobos do Estado entre 1936 e 1939. E compañeiros, porque traballamos ombro con ombro defendendo a causa galega, editando libros, organizando actos culturais e patrióticos e tecendo proxectos para o futuro do noso País oprimido.

Persoalmente podo afirmar que aqueles anos de Bos Aires foron decisivos na miña formación, como home dun tempo e dunha patria. Todo llo debo ou case todo, ós exiliados, ós que tiveron que fuxir debido ó noxo e o atafego que padecían aquí, e ademais, algo esencial: para salvar a vida.

Eles traballaron por Galicia en dúas direccións: espallando ideas, formando e informando ós mozos que na riada da "emigración económica" que se intensificou a partir do remate da Segunda Guerra Mundial, chegabamos a Bos Aires, ignorantes de todo, ou de case todo, o tempo que levaban a cabo un

activismo cultural que trascendía máis alá do noso medio, nunha cidade onde a arte e a literatura e a tecnoloxía estaban máis nas coordenadas europeas que no devir da América profunda e isolada.

Os homes e as mulleres do exilio foron factores de progreso científico, académico, literario, artístico en América e noutras partes do mundo, e quen perdeu o teren que desprazarse foi o país de procedencia.

Sempre nos referímos a nomes sobranceiros, a personalidades que destacaron excepcionalmente. E é xusto que os citemos unha e outra vez, pola súa achega decisiva, en máis dun sentido, non só para o momento histórico que lles cadrou de vivir na diáspora senón tamén con miras ó futuro. Moitas iniciativas levadas a cabo en Galicia nos últimos vintecinco anos, en medida non pequena están baseadas en ideas, en formulacións que nos chegaron da diáspora. Pero ademais desas figuras de maior destaque cómpre ter en conta ós exiliados escuros, ós que non publicaron ningún libro nin exerceron como profesores, nin escribiron nos xornais, porque eles seguiron as mesmas ideas de xustiza, de democracia, de reivindicación dos de abaixo, dos deixados, e a causa da reivindicación dunha España federal e dunha Galicia autogobernada. A reivindicación dos dereitos do pobo galego e do país galego. E ata onde sei, sempre actuaron nun plano solidario cos demais pobos e sen sectarismos de ningunha caste.

Convén precisar un concepto. No caso dos galegos, cando menos dos galegos de Bos Aires, podemos utilizar, como termo técnico, esta palabra para referirnos ós que tiveron que fuxir a partir do 1936, pero exiliados tamén eran os que emigraran antes, os que xa vivían alí cando estalou a guerra e se producíu o éxodo motivado pola contenda. Todos eramos exiliados. Exiliados eran Eduardo Blanco Amor, Emilio Pita, Rodolfo Prada, Avelino Díaz e tantos outros. E érano innominados taxistas, camareiros, ferroviarios, xastres, etc. Que concorrían ós actos patrióticos e asumían as ideas republicanas e galeguistas. Eran exiliados porque ese labor non podían facelo nesta banda do mar. Por manter tales principios, moitos retornados da emigración dende antes da guerra foron perseguidos, torturados e fusilados. Hai casos de emigrantes que voltaron e tiveron que coller de novo o camiño do mar como exiliados. Casos

ben a man: Castelao, Ramón Suárez Picallo e Antón Alonso Ríos, por exemplo. Ben anos despois da guerra seguía sendo perigoso voltar aquí a menos que o retornado enmudecese.

Xa existían, naturalmente, moitas asociacións antes do 1936 e incluso unha Federación de Sociedades Galegas, había prensa, actos culturais, publicáranse algúns libros, etc. Pero o trauma da guerra levou á reflexión a moitos directivos. Creáronse os centros provinciais e había como un novo entendemento, unha máis activa solidariedade. (A única sociedade dirixida por xentes que adherían ó franquismo era a Casa de Galicia, que tiña a sede na rúa San José; unha entidade minoritaria, importante noutrora, que fora decaendo).

Nesta reflexión, neste novo enfoque societario influíu, incuestionablemente, a presencia dos exiliados. E principalmente Castelao, respectado e admirado por todos, que co seu exemplo, coa súa vertical galeguidade, co seu maxisterio, nucleou vontades, recadou anceios, e a súa impronta marcou un xeito de ser e de actuar na defensa dos valores de Galicia.

Emigrantes e exiliados, en fin, exiliados todos, con discrepancias algunhas veces, e con enfoques do traballo non sempre ideáticos, loitaron polo prestixio do noso país, pola formación da nosa xuventude emigrada e ata onde era posible, pola democratización de Galicia.

Hai casos sobranceiros coma o de Luis Seoane que creou editoriais, ilustrou centos de libros, deixou pinturas murais en Bos Aires poboadas de temas galegos; escribiu poesía, teatro, guións para a radio e fundou *Galicia Emigrante*, a mellor revista da nosa diáspora. E con el Arturo Cuadrado, Lorenzo Varela, e outros mestres que xa mencionei. A acción destes homes era múltiple, e no seu afän informativo déronnos clases –naturalmente en galego– de Historia, Xeografía, Lingua e Literatura galegas. Na década dos cincuenta todo o que non se podía facer, na orde cultural e patriótica na Galicia territorial fíxose na Arxentina.

Castelao non quixo crear un Partido Galeguista no exilio e fundou a "Irmandade Galega" no seu lugar, que editaba o xornal *A Nosa Terra*, voceiro político e patriótico da colectividade. Bos Aires constituía, en palabras a "Galicia ideal".

Dende hai algúns anos vaise sabendo máis do que significou a emigración galega ós países de América, e canto lles debemos ós homes e ás mulleres do exilio, homes e mulleres que lles tronzaron a existencia, que lles marcaron os proxectos de vida e de traballo que tiñan aquí. Foi Bos Aires a cidade que máis exiliados acolleu, entre os que contan, por outra banda, personalidades claves da nosa cultura de todos os tempos.

É dicir, conceptualmente estamos todos máis ou menos acordes co que significou aquel éxodo. E só me quedaría dar uns nomes, uns poucos tan sequera, algúns ben coñecidos, repito, e outros non tanto.

Quero mencionar de primeiras algúns nomes sobranceiros, en xeral coñecidos por todos, o que require, con máis razón, que se mencionen. Por exemplo:

- Alfonso Rodríguez Castelao. Naceu en Rianxo no 1896. Emigrou neno á Arxentina. Retornou no 1900. Membro do Seminario de Estudos Galegos, Co-fundador do Partido Galeguista. Debuxante, pintor, escritor. Deputado na Segunda República. Presidente do Consello de Galiza, Ministro do Goberno da República. Autor de libros como *Sempre en Galiza, As cruces de pedra na Galiza, Os dous de sempre*, e dos albumes de guerra , *Galicia Mártir*, *Atila en Galicia*, *Milicianos*. Faleceu en Bos Aires no 1950.

- Luis Seoane. Membro do Partido galeguista. Debuxante, pintor, editor, xornalista, autor teatral, poeta.... Participou na vida cultural e política durante a República. Un dos animadores da vida cultural compostelá, con Maside, Cuadrado, Luis Manteiga, etc. Exiliado en Bos Aires dende 1939. Dirixiu a revista *Galicia* do Centro Galego, fundou a revista *Galicia Emigrante*. Autor dos poemarios *Fardel de exiliado*, *Na brétema*, *Santiago*, *As cicatrices*; e *O irlandés astrólogo*. Fundou editoriais galegas en Bos Aires, e editou e ilustrou centos de libros. Foi unha das figuras principias entre os exiliados que traballaron pola cultura galega.

- Rafael Dieste. Rianxeiro. Autor de *A fiestra valdeira* (teatro) e as narracións *Dos arquivos do trasno*. Escritor e xornalista. Participou nas Misións Pedagóxicas durante a República. No exilio arxentino publicou libros de poesía, ensaio, teatro, filosofía. En AGUEA deu clases de literatura galega.
- Lorenzo Varela. Xornalista e poeta. Foi membro das Mocedades Galeguistas e pertenceu logo ó Partido Obreiro de Unificación. Participou nas Misións Pedagóxicas. Tomou parte como voluntario na guerra civil, na defensa da República. Autor de *Lonxe*, *Torres de amor* e outros libros de poesía, así como de ensaios sobre artistas plásticos.
- Ramón de Valenzuela. Foi membro do Partido Galeguista, e colaborador do Seminario de Estudos Galegos. Estando no frente chamado "nacional" pasou á zona republicana. Despois da guerra estivo na cadea. En 1949 vaise coa súa familia á Arxentina. En Bos Aires tivo unha destacada actuación nos medios galeguistas. Ingresou no Partido Comunista. Colaborou na prensa. Deu clases de Xeografía de Galicia nos cursos de AGUEA. Publicou a novela *Non agardei por ninguén*. Colaborou na revista *Galicia Emigrante* e nalgúns xornais arxentinos. Tamén publicou o libro de relatos *O naranxo* e a novela *Era tempo de apandar*. Retornou a Galicia no ano sesenta.
- Ramón Suárez Picallo. Naceu en Sada. Emigrou mozo á Arxentina. En Bos Aires traballou e estudiou, foi dirixente sindical de prestixio. Asistiu a congresos internacionais obreiros en nome dos traballadores arxentinos. En 1931 é enviado a Galicia, xunto con Antón Alonso Ríos, pola Federación de Sociedades Galegas. Remata a carreira de avogado. Ingresa no Partido Galeguista, ó que chegaría a representar no Parlamento. Colleuno o estalido da guerra en Madrid. Pasou logo a Francia, Estados Unidos, Santo Domingo e Chile, ata que no 1956 radicouse definitivamente en Bos Aires, a cidade da súa xuventude. Orador singular e gran xornalista, tomou parte en diversos actos patrióticos. Dirixiu o xornal *Lugo* e tivo ó seu cargo a Cátedra de Cultura Galega que patrocinaba o Centro Lucense.
- Antón Alonso Ríos. Naceu nunha parroquia de Silleda. Emigrou novo á Arxentina. Colaborou na prensa da emigración. Foi o artífice da Federación de Sociedades Galegas. Fundou o xornal *El despertar gallego*. No 1931 cando

triunfa a República vén a Galicia xunto con Suárez Picallo. Preside a Federación Agraria da Provincia de Pontevedra. Participa na campaña polo Estatuto. Dirixiu as escolas creadas polos montes de Galicia e de Portugal. Finalmente logra marchar de novo a Bos Aires. Foi membro do Consello de Galiza, presidido por Castelao. Foi un activísimo militante da causa galega no exilio. Publicou *Co pensamento na Patria Galega, Amore, arte e misticismo*, *O señor Afranio* e *Nidia*. Faleceu na Arxentina.

- Arturo Cuadrado. Poeta e editor. Foi un animador cultural moi importante en Compostela durante a Segunda República. Fundou a revista *Resol* e colaborou en *Claridad*, *El Pueblo Gallego* e outras publicacións. Foi secretario de actas da Comisión do Estatuto do 36. Durante a guerra participou na redacción de *Nova Galicia*. Exiliouse na Arxentina. Foi cofundador de *Correo Literario*, e director de *Galicia* da Federación de Sociedades Galegas. Para a labor editorial de Emecé, Nova, Botella al mar e outras iniciativas semellantes, Luis Seoane tivo en Cuadrado un colaborador eficiente. Tamén colaborou na revista *Galicia Emigrante*.

- Xosé Otero Espasandín. Naceu en Cerdedo no 1900. Poeta e crítico. Nos primeiros anos do exilio viviu na Arxentina. Pasou logo a traballar como profesor nos Estados Unidos. Na Editorial Atlántida, de Bos Aires publicou unha chea de libros de divulgación científica. Tamén escribiu libros de contido histórico e mitolóxico. Moitos títulos siguen reeditándose, dado o rigor dos textos e o seu estilo didáctico e ameno. Colaborou en *Nós*, *A Nosa Terra* e *Grial*. Foi amigo de Dieste, Manuel Antonio e Amado Carballo.

- Antonio Casanova. Betanceiro. Emigrou a Bos Aires, onde traballou de panadeiro no barrio de Avellaneda. Foi dirixente do sindicato de obreiros panadeiros. Lidera un grupo libertario denominado "Ateneo Libre". Cando estala a guerra civil veu a combater a favor da República. Combateu en Cataluña. Terminada a guerra pasou a Francia. Durante a ocupación nazi foi perseguido. Puido voltar á Arxentina. Morreu en Bos Aires no 1966.

- Bieito Cupeiro. Naceu en Fene. Estudiou Maxisterio. Exerceu no seu concello. No 1936, con 22 anos emigra a Bos Aires. Milita na Irmandade Galega e no Consello de Galiza. Deixou publicado os libros *Xornes* e *A Galiza de alén mar*.
- Segundo Pampillón. Naceu en Mos. Alí funda o partido Acción Republicana no 1931. No 1936 é elixido alcalde, por Esquerda Republicana. Sufriu persecucións e cadea . Condenado a morte. Logra saír e vaise a Portugal e de alí á Arxentina. Chegou a Bos Aires en 1937. Foi un gran activista da cultura galega. Dirixiu unha audición radial galega e era asesor musical de *Galicia Emigrante*.
- Ignacio Quirós. Vigués. Arribou neno a Bos Aires, cos pais, no 1937. Chegou a ser un importante actor. Representou obras de Miller, Sartre, fixo o "Calígula" de Camus.
- Manuel Celso Garrido. Mestre ourensán. Detivérono en xullo do 1936. Estivo un tempo na cadea, e cando puido saír marchou a Bos Aires, onde colaborou no xornal *Galicia* da Federación de Sociedades Galegas. Era masón. Pasou logo a Chile, onde morreu anos despois.
- Basilio Alvarez. O célebre crego de Beiro, loitador anticaciquil e antiforal. Dirixira o xornal *La Zarpa*, en Ourense. Estivo un tempo na Arxentina. Rematou os seus días nun hospital de Tampa, Estados Unidos.
- Antonio Baltar. Médico. Profesor de Medicina. Activo galeguista. Foi animador en Bos Aires de diversas iniciativas culturais. Presidiu a AGUEA (Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas).
- Isaac Díaz Pardo. Pintor, ceramista, escritor. Estivo trece anos na Arxentina. Expuxo pinturas e cerámicas, publicou varios libros (as pezas teatrais, *Midas. O ángulo de pedra* e outros), puxo en marcha a fábrica de Cerámicas Celtia. Viviu trece anos no exilio, e fixo realidade en Galicia iniciativas compartidas con Seoane en canto ó Laboratorio de Formas de Galicia da que derivarían Sargadelos, Ediciós do Castro, o museo Carlos Maside, o Instituto Galego de Información, etc.
- Xosé Núñez Búa. Profesor e avogado. Conferenciante, orador, directivo de AGUEA. En Galicia fora membro do Seminario de Estudos Galegos.
- Xosé Otero Abeleda, LAXEIRO. Viviu 19 anos en Bos Aires. Pintor. Vencellado sempre ás actividades galegas da diaspóra.

- Ramón Rey Baltar. De Padrón. Médico e poeta. Autor do libro *A gaita a falare*, poemario no que denuncia os crimes do franquismo.
- Alfonso Díaz Trigo. Médico. Militante de FUE (Federación Universitaria Escolar). Ó comenzo da guerra civil incorpórase ó exército republicano. Estivo nun campo de concentración. Fuxiu á Arxentina. Membro do Consello de Galiza. Foi membro fundador do Centro Lucense de Bos Aires e director do seu xornal *Lugo*. Membro da Asociación Gallega Universitaria de Escritores e Artistas.
- Benito Domínguez. Ourensán, estivo durante varios anos na guerrilla galega. Exiliouse en Bos Aires. Foi Secretario Xeral da Federación de Sociedades Galegas. Foi membro das Misións Pedagóxicas e participou do Congreso de Escritores Antifascistas. Exiliado en Arxentina e México. Retornou nos anos 60 a Galiza.
- Manuel García Gerpe. Ordes 1908-Bos Aires 1947. Xurista e xornalista. Militou en Esquerda Republicana. Participa activamente da política universitaria. Durante a guerra civil forma parte do Corpo Xurídico Militar. Coa derrota das forzas republicanas foxe cara a Francia onde o levan a varios campos de concentración. Fuxindo dun deles e chegando a París. Exíliase á República Dominicana e despois a Bos Aires. Desenvolveu unha grande actividade xornalística. Realizou unha gran defensa dos exiliados. Participou da Federación de Sociedades Galegas. Foi presidente do Centro Republicano Federal Galego.
- Alfonso Gayoso Frías. A Valezá (Ourense) 1905- Bos Aires 1970. Escritor e mestre. Pertenceu ó Partido Galeguista. Exiliado en Arxentina. Fundador da revista *Eufonía*, promoveu o Fogar Galego para Anciáns e foi membro do Consello de Galiza e do Centro Ourensán. Escribiu na prensa escrita galega en Bos Aires. Autor dos libros *Galeguidade* e *Os fidalgos de Rante*.
- Florindo Gayoso. San Xiao de Ínsua Ourense- Bos Aires. Activista anarquista na Arxentina. Militante do sindicato de chóferes da FORA. Estivo condenado a morte e preso varios anos. Deportado no 1938 ó estado Español. Preso durante a dictadura franquista, marchando ó exilio novamente a Arxentina.
- Vicente Gómez Paratcha. Vilagarcía de Arousa 1893 - Arxentina 1961. Avogado e escritor. Tivo unha destacada actuación nas Irmandades da Fala. Participou en varios actos de propaganda galeguista e anticaciquil. Exiliouse en

Perú. Dirixiu a revista *Heraldo de Arousa* e colaborou en *El Tiempo* de Lima. Participou en diversos actos a prol de Galicia e a República. Formou parte da Agrupación de Intelectuais Demócratas Españois.

- Maruja Mallo. Viveiro 1911. Traductora e pintora. Trasládase a Madrid sendo moi nova onde estudia Belas Artes na Escolas de San Fernando, rematando a carreira no 1926. Feminista e republicana. Ó comenzo da guerra que a sorprende en Galicia, marcha a Portugal e trasládase posteriormente a América, onde se radica en Bos Aires. Alí desenvolve as súas actividades como pintora, escribe e ofrece numerosas conferencias. En 1965 regresa definitivamente a España fixando a súa estancia en Madrid onde continuou a seu labor artístico.

- Manuel Miñones Bernárdez. Corcubión-Bos Aires. Fixo a carreira de medicina en Santiago e Madrid exercendo o cargo de médico forense no seu pobo natal. Coa guerra civil e fusilamento do seu irmán decide exiliarse na Arxentina. En Bos Aires traballa en laboratorios farmacolóxicos e participa como directivo da Agrupación de Intelectuais Demócratas Españois.

- María Miramontes. A Coruña-Bos Aires. Exiliada en Arxentina. Viúva de Ánxel Casal.

- José Ramón Montiel. Carballiño-Enxeñeiro militar. Exiliado en Arxentina.

- Manuel Olveira. Naceu en Boiro. Pertenceu ó Partido Comunista en Galicia durante a Segunda República. Exiliouse na Arxentina. Foi membro da comisión directiva do FSG e presidente da Unión Fillos de Boiro.

- Eduardo Peleteiro. Ourensán viviu de pequeno a guerra civil e a persecución do seu pai anarquista. Chegou á Arxentina no 1948, militou nas xuventudes españolas sendo secretario do seu xornal Nueva Generación e no anarquismo arxentino. Militou na Federación Interlocal de Remedios de Escalada.

- Leandro Pita Romero. Ortigueira 1898-1985. Mestre e avogado. Embaixador no Vaticano e Xornalista. Foi Deputado nas Cortes Constituíntes da Segunda República, ministro de mariña no 1933, de Estado e Sen Carteira. Foi presidente da Federación Agraria de Ortigueira e a Asociación Provincial de Gandeiros de A Coruña e Vocal da Asociación Xeral de Gandeiros de España. Foi redactor de *El Liberal* e director de *El Orzán*. Exiliado en Arxentina. Alí exerce a súa profesión e tamén labores xornalísticas. Formou parte do Instituto Arxentino da Cultura

Hispánica, Institución Cultural Española de Bos Aires entre outras. Firmaba co seudónimo de Cortegal.

- Isabel Ríos. Curtis 1907-Madrid 1997. Pertenceu ó Partido Comunista no que militou activamente. En Agosto do 36 foron detidos ela e o seu compañeiro e posteriormente condenados á pena de morte. El foi executado mentras que a ela conmutáronlle a pena por reclusión perpetua. No 43 sae en liberdade, volvendo a colaborar co Partido Comunista e ca guerrilla. No 46, ó facérselle insostible a situación no noso País, parte para a Arxentina. Alí participou da Federación de Sociedades Galegas. Nos anos 60 fracciónase do P.C. e crea o primeiro núcleo da Unión do Pobo Galego en Bos Aires xunto con Manuel Mera, Francisco Lores Mascato e Manuel Viñas.

- Gumersindo Sánchez Guisande. Santiago 1892-Bos Aires 1976. Escritor e Médico. Decano da Facultade de Medicina de Zaragoza. Vicepresidente da Sociedade Luso Hispano Americana de Anatomía. Coa guerra civil foxe a Lisboa e posteriormente a Bos Aires. Foi membro da Irmandade Galega de Bos Aires. Integrou a asociación AGUEA. Formou parte da loxa masónica Antolín Faraldo integrada por exiliados galegos radicados en Bos Aires. Na Arxentina foi catedrático exercendo tamén a carreira de Medicina. Foi un dos médicos que interviñeron cirurxicamente a Castelao. No 1998 o Concello de Santiago de Compostela rendiulle unha homenaxe coa imposición dunha placa na casa onde viviu.

- María Victoria Valenzuela. Vilagarcía de Arousa 1922. Escritora. Filla do ex-alcalde de Vilagarcía Elpidio Villaverde. Exiliouse xunto a súa familia en Francia para radicarse definitivamente na Arxentina. Retornou temporalmente para casar con Ramón de Valenzuela trasladándose novamente a Bos Aires. Neste país escribiu un libro de memorias onde relata as súas vivencias. Participou activamente da Federación de Sociedades Galegas e do Ateneo de Cultura Galega Curros Enríquez. Nos anos 60 retornou definitivamente radicándose en Madrid.

- Amparo Alvajar. A Coruña 1915-Portugal 1999. Filla do destacado republicano coruñés César Alvajar. Funcionaria da O.I.T. Tivo destacada participación durante a Segunda República. Traballa ás ordes de Casares Quiroga en Madrid.

En Valencia casou co poeta Arturo Cuadrado sendo testemuña de casamento Alfonso Castelao. Cruzou os Pirineos co seu marido e filla que morre ó pouco tempo dunha pulmonía. Exiliada na Arxentina posteriormente trasladouse a México, e logo instálase en Xenebra e finalmente pasa a Portugal. Destacouse como dramaturga. Foi escritora e traductora.

- Cecilio Bedía Carballeira. Viveiro 1868-Bos Aires 1953. Militar. Coronel do Rexemento de Artillería Lixeira de Pontevedra, perseguido por non someterse na Dictadura de Primo de Rivera. Foi detido e condenado a cadea perpetua. Despois da caída da Dictadura de Primo de Rivera reintegrase ó servizo activo e ocupa o cargo de Gobernador militar de Logroño e Director Xeral da Garda Civil. Coa guerra civil incorporouse ó bando republicano. Exiliado na Arxentina. Adica a súa vida ó servizo da República.

- Faustino Blanco. Naceu na provincia de Ourense. Foi militante do Partido Comunista na Segunda República. Durante a guerra participou na guerrilla en Ourense. Exiliouse na Arxentina. Foi directivo da Federación de Sociedades Galegas e da Unión Ourensana. Foi integrante do elenco de Teatro Galego dirixido por Blanco Amor.

- Daniel Calzado. Tomiño 1891-Arxentina 1972. Emigra a Bos Aires. Antes da 2ª República volta ó seu pobo funda varias sociedades de agricultores. Forma parte da Federación Agraria Municipal de Tomiño e a Federación Xudicial Agraria de Tui. Durante a 2ª República foi alcalde de Tomiño. Coa derrota das forzas republicanas retorna ó exilio a Bos Aires. Funda as Irmandades Galegas da que foi presidente. Participou do Consello de Galiza. Formou parte da Agrupación "Celta" do Centro Galego.

- Pedro Campos Couseiro. Foi directivo da Federación de Sociedades Galegas na Arxentina. Foi enviado xunto a Ramón Suárez Picallo e Alonso Ríos despois da proclamación da II República co obxectivo de representar os emigrantes. Impulsa a declaración do Estado Galego proclamación esta que se fai en Santiago e Ourense. Antes da Guerra Civil retorna a Bos Aires.

- Manuel Colmeiro Guimarás. Silleda 1901- Vigo? Artista plástico. Emigrou á Arxentina. En 1928 regresa a Galiza. Realiza a súa obra a temática da cal é o

campo galego. En 1936 exiliase na Arxentina. Alí continúa o seu traballo. Expoñerá en lugares como Madrid, Lisboa, París ou Bos Aires.

- Alberto Vilanova Rodríguez. Nace en Ourense no 1910. Escritor e mestre de historia. Foi directivo das Juventudes Republicanas. Exiliouse na Arxentina na década dos 50. Foi profesor na Universidade de Bahía Blanca. Realizou unha intensa actividade de investigación da historia da emigración galega. Entre os libros escritos máis importantes está, Os galegos na Arxentina, Vida e Obra de Curros Enríquez....etc. Foi galardonado co Premio Nacional de Historia no 1936. Premiado polo Centro Galego de Bos Aires.

- Elpidio Villaverde Rey. Vilagarcía de Arousa 1887- Arxentina 1962. Membro das Irmandades da Fala . Foi Alcalde de Pontevedra pola ORGA. Deputado ás Cortes por Esquerda Republicana. Fuxiu a Francia a de alí a Bos Aires. En Arxentina formou parte da Irmandade Galega. Cofundador do Consello de Galiza. Participou das Cortes Republicanas no Exilio en México.

- José Pérez Monteiro.- Socialista, fuxiu para o Uruguai pola fronteira de Portugal clandestinamente. Era comerciante. Retornou varios anos despois unha vez pasados os riscos de pena de morte.

Eugenio Granell, además de su reconocida fama como pintor, también goza de un creciente prestigio como novelista y narrador de gran originalidad. Nuevamente, fue otro de los críticos gallegos del exilio uno de quienes primero advirtiera y destacara esto. En una reseña publicada en España libre, de Nueva York (el 20 de mayo de 1961), con el sugestivo título "Festín durante la peste", José Rubia Barcia celebra la recien publicada novela de Granell, La novela del indio tupinamba, situándola, junto a El verdugo inefable de Ramón J. Sender, como las dos únicas novelas publicada en el panorama de las letras hispanas en los últimos años que le han interesado profundamente, añadiendo:

> De una cosa estoy muy seguro, y es que no habrá español del "éxodo y del llanto" que al empezar a leerlo pueda dejarlo. Como no habrá español en la España de hoy, que si pudiera leerlo no se le removieran las entrañas. Pero no se limita sólo al mundo español, sino que abarca también el mundo hispanoamericano, en una visión totalizadora de nuestras miserias comunes (Prosas de Razón y Hiel, 97).

Agudamente, destaca Rubia Barcia una de las características de mucha de nuestra literatura del exilio, que tanto ha enriquecido a la literatura española, y en la que excede la narrativa de Eugenio Granell; el que abarque también al mundo hispanoamericano. En el caso de esta novela de Granell, junto a una tradición hispánica, que, como también señala Rubia Barcia, se remonta a la picaresca, a Quevedo y al Valle-Inclán de los Esperpentos, encontramos su afiliación al surrealismo internacional, su arraigo el realismo mágico americano y en un humor gallego, el cual González López destacara

como característica primordial de la cultura gallega,[810] y que a estos escritores, y de un modo muy especial a Eugenio Granell, les ayudó para superar el dolor y la amargura del exilio.[811]

La novela del indio tupinamba termina con la escena de "la ascensión del indio", toda una página de simbolismo aborigen americano infusa en otra de literatura española-gallega, representativa del mestizaje cultural logrado por alguno de nuestros escritores y artistas del exilio, entre los cuales sobresale Granell.

Rubia Barcia es poco conocido como literato, a pesar que desde muy joven ejerció como tal, aunque con grandes interrupciones, una vez reiniciada su carrera académica en los Estados Unidos. Xosé Manuel Maceira Fernández, en su libro sobre literatura gallega en el exilio, se ocupa, suscintamente de su poesía, recogida, también como en el caso de Da Cal, en un libro tardío, de 1981, titulado, *A aza enraízada. Cántigas de bendecir*, libro que se abre con un poema dedicado a Rosalía, "Lembraste ti miña nena".[812] Maciera Fernández atinadamente relaciona la poesía de Rubia Barcia con la de Guerra da Cal:[813] ambas, escritas en el exilio, evocan ritmos populares de la tradición galaica y rinden su homenaje a Rosalía, pero también se da, en ellas, una tensión vanguardista y unas imágenes irrracionales y oníricas que sitúa a los dos poetas en la línea de los vates de la generación del 27. El propio Jorge Guillén escribió un elogioso comentario sobre otro libro de Rubia Barcia, Umbral de sueños,

---

[810] Se extiende sobre ello en los apartados "Humor y Gracia" y "El humorismo contemporáneo" (*Galicia, su alma y su cultura*). En el segundo de estos capítulos traza una genealogía del humorismo gallego contemporáneo que parte de Luis Taboada par llegar a Wenceslao Fernández Flórez y a Julio Camba. A su modo, Granell extiende esta línea al exilio.

[811] Sobre Eugenio Granell, en el contexto de la narrativa gallega del exilio, me extiendo algo más en el ensayo, traducido al gallego, "Arredor da narrativa galega no exilio", (*Grial,* 145, 2000).

[812] En la dedicatoria de este libro de poesía bilingüe, el autor escribe: "Por noxo da tiranía que por tantos anos imperóu na miña terra, eu paséi cáseque toda a vida fora dela. Mais a miña terra, miña nai de pedra e iauga, vivéu sempre en mín e en mín falóu coa voz sen nome dos sues millores fillos. A ela e a eles estas cántigas firmadas en vinte faíscas do xenio popular". El libro aparece ilustrado primorosamente por su amigo, Miguel Marina, pintor vasco que murió en el exilio y que, como tantos otros exiliados, ha quedado en un total olvido. La mayor parte de su obra pictórica languidece en el garaje de la casa de su viuda en Santa Bárbara.

[813] Significativamente, ambos aparecen unidos, con su poesía en gallego, en el libro de Francisco Carenas, *Poetas españoles en U.S.A*. Sobre el libro de Rubia Barcia se recogen algunos agudos comentarios críticos en Palabras al viento (250-257).

destacando la originalidad de su pensamiento y la fuerza expresiva de sus imágenes.

Este libro, publicado por una editorial de Los Ángeles en 1961, fue reeditado por Anthropos en su colección "Memoria Rota. Exilios y Heterodoxias". Aparece encabezado por un soneto del propio Jorge Guillén, "Creando", que lleva el siguiente epígrafe, "Con J. Rubia Barcia, frente a Umbral de Sueños". Este soneto está dentro de una visión del mundo afín a la de "Clamor", a la cual es bastante afín la del libro de Barcia, como se patentiza en el último terceto del soneto dedicado al libro:

> Cúspides y derrumbes hacia olvido que avanza
> Pero siempre hay un hombre que vive porque sueña
> ¿Tanta muerte no pare sin cesar esperanza?

La esperanza, en medio de un mundo abocado a la destrucción apocalíptica (el mundo de después de Auschwitz sobre el que se cierne la destrucción nuclear), es algo que alienta en toda obra ensayística y creadora de Rubia Barcia, una obra con un denso sostén de pensamiento y aliento ético que en su parte de ficción (a pesar dehaber quedado truncada por la dedicación de su autor a la investigación académica y por escribir en un país del exilio, en donde la infraestructura editoriales-críticos- lectores, en español, era muy menor, casi inexistente) destaca por su originalidad y la profundidad de su entramado mítico-simbólico, vinculado al compromiso político-social. De ella nos queda unos cuantos hitos semiolvidados, en los cuales Rubia Barcia sobresale en el uso de todos los géneros literarios. Tenemos su auto sacramental, Tres en uno, representado y publicado en La Habana, en 1940, pero que, como él nos dice, lo había terminado a comienzos de 1929, y del cual hizo una lectura representada en una "torre" de Montjuich; el guión cinematográfico que escribió con Buñuel, en Los Ángeles, La novia de los ojos_deslumbrados, en 1945;[814] su obra entre narrativa y poesía en prosa, con pasajes de presentación

[814] Como homenaje a Rubia Barcia y a Buñuel, Antonio Simón produjo y dirigió una película sobre este guión. La película se mantiene fiel a las situaciones y diálogos del guión y tiene el acierto de ambientarla en Galicia; también mantiene la atmósfera "gótica" que tanto gustaba a Buñuel y que éste lleva a varias de sus películas posteriores al guión escrito con Barcia. Sin

dramática, Umbral de sueños y su libro de poesía A aza enraizada. Todo un conjunto creador que está en espera de un estudio crítico comprehensivo.

A falta de éste, en Palabras al viento se recogen una serie de artículos y comentarios sobre la obra creadora de Rubia Barcia, expresados en cartas personales al autor de importantes figuras del exilio o del hispanismo americano, dándonos, como resultado, un perfil crítico de esta obra.[815] Por mi parte, y ya para concluir este largo peregrinaje crítico por la obra de estos autores gallegos del exilio, haré una breve recensión crítica de Umbral de sueños. En este libro, el peregrinar del exilio se ha quintasenciado en un viaje, por las nubes, ya que el protagonista viaja en un vuelo de avión, onírico, alegórico y mitológico, donde se yuxtaponen el mito de la ascensión y el de la caída de Ícaro (doble figuración de ese vuelo de esperanza, desde el brocal sin fondo de nuestro estado civilizatorio, que podríamos ver cómo el tema central de la obra creadora de Rubia Barcia), con el contrapunto de un viaje por la literatura medieval y renacentista española: cada una de las diez secciones del libro va acompañada de unos versos de dicha literatura y también de un dibujo, puntillista y enigmático de Eugenio Granell. Como ya he escrito en otra ocasión (*Arredor da narrativa galega no exilio*), encontramos en este libro, de gran abstracción, las marcas de las distintas etapas del exilio. La primera sección va encabezada por unos versos de Juan de Padilla "El Cartujano" que nos remiten también a la España "del éxodo y del llanto": "Iberia quedaba cubierta de males,/vacía de pueblos, y llena de sangre;/huyendo moría la gente de hambre/no menos los ricos que los comunales".

---

embargo, hacia el fin de la película descarta el primer final, donde magistralmente se desdibujaban las fronteras entre la realidad y el sueño, algo tan propio del cine de Buñuel, y lo mezcla con el que se daba como segundo posible final, desvirtuando la película concebida por Buñuel con la ayuda de Rubia Barcia. También cambia el título a "La novia de medianoche". Al final de la película hay una conmovedora nota donde se lee que José Rubia Barcia murió en la madrugada del día siguiente al que se acabó el rodaje de la película, que él esperó con tanta ilusión.

[815] Raul Roa y Adolfo Sánchez Vázquez escribieron sobre Tres en uno, un auto sacramental secularizado con la problemática existencial e histórica de nuestro tiempo. "El auto sacramental de nuestro tiempo", es el título del artículo de Sánchez Vázquez (Palabras al viento 23). Granell, Américo Castro, Guillén, Altolaguirre, Buñuel, Enrique Lafoucarde, Bernardo Clariana, Agustí Bartra y Manuel Durán escribieron, en términos muy elogiosos, sobre Umbral de sueños

A manera de estribillo, varios de los versos de los distintos encabezados reiteran la condición del exiliado y de su destierro: "Dando voy pasos perdido/por tierra que todo es aire" (Lope de Vega), "Agora nos partimos/¡Dios sabe el ajuntar!" (*Cantar del Mio Cid*). Esta rica intertextualidad que da al peregrinaje aéreo de la modernidad un anclaje en la tradición literaria, hace eclosión en mitad del texto del último apartado, donde, con la velocidad supersónica con que se vuela, el brocal de un pozo de angustia, donde se oye el grito desnudo de Job: "Pereza el día en que yo nací y la noche en que fue dicho: Ha sido concebido un hijo del hombre" (137),[816] se transforma en un "muro cuadriculado, agotado y habitado por un inmenso cuadro en blanco y en negro y en gris: el "Guernica" de Picasso que se nos describe en dos páginas, acabando de este modo: "El renovado tic-tac del reloj de viajero acalló las voces del Guernica recordado -y también las voces mudas de Varsovia, de Lídice y de Hiroshima- forzandolo a la esclavitud de la hora que, después, de reintegrarlo, le hizo saber otra vez en tierra que toda era aire" (141), volviendo al primer epígrafe del verso de Lope, encerrando el viaje supersónico en la estructura circular del mito: el eterno retorno, con visos proféticos en que se anuncia la destrucción apocalíptica (propia de un arte en los tiempos del Holocausto) y también una nueva aurora, tema sobre el que se centraba su pieza teatral, Tres en uno. En la visión y revisión del "Guernica", el protagonista asciende por las tres vías de la experiencia mística, y tras llegar a la via unitiva del amor, concluye: "Tanto desconcierto y tanta ceguera tenían que ser anuncio de una nueva esperanza". Esta descripción del "Guernica" está hecha en una prosa poética digna de figurar en una Antología de la literatura del exilio. A este pasaje, se contrapone el de la descripción del mundo de los hombres-relojes, al que llega el peregrino en el pasaje VIII: toda una distopia a la que parece abocada la modernidad tecnológica (recuérdese que el autor lo escribe en Los Angeles), un mundo "soñado por los sin sueños". Se trata de uno de los parajes del apocalíptico imaginario de Umbral de sueños que alcanza un fuerte

[816] En carta a Rubia Barcia, recogida en Palabras al viento, Manuel Altolaguirre le escribe: "Una coincidencia: En mi película en filmación "El Cantar de los Cantares" (sobre la vida y obra de Fray Luis) llega también el grito desnudo de Job (144), un grito muy apropiado para la condición del exilio, podríamos añadir.

parentesco con los *Sueños* de Quevedo o el tríptico del "Jardin de las delicias" del Bosco.

El final de la evocación del "Guernica" me sirve a mí para terminar esta ponencia con su afirmación de la esperanza, algo que compartió Rubia Barcia con sus otros amigos exiliados gallegos evocados aquí. La portada del Homenaxe a Ramón Martínez López está ilustrada con un expresivo dibujo de Eugenio Granell, donde se lee: "El color de la esperanza grita la memoria de mi amigo Ramón Martínez López ".[817] Coinciden Rubia Barcia y Granell con el último Sartre (al que han sido afines por haber compartido, con un sentido del compromiso, los dramáticos avatares del siglo XX, con sus grandes ilusiones y sus grandes crímenes): al borde de la muerte, Jean-Paul Sartre concluye sus conversaciones de los años 80 con Benny Levy con una frase (afín a las expresadas por Rubia Barcia y Granell), en la que se reafirma en la esperanza como su concepción del porvenir. Muchas gracias por su atención.

[817] También Granell escribió todo un libro, en inglés, sobre el "Guernica", con una interpretación, en donde la esperanza es abnegada por la muerte y el duelo, que termina con estas palabras (y cito en inglés, como testimonio del cultivo de esta lengua por estos escritores gallegos en el exilio norteamericano): "*Guernica* is not a painting of hope, but of mourning. It records the death of a hopeful era and of its hopeful men. *Guernica* portraits the funeral of both: the libertarian fighters and the Idea for wich they fought –and perished.

OBRAS CITADAS

Carenas, Francisco (1972): *Poetas españoles en U.S.A.*, Madrid, Ediciones Rialp.

Fontela, José Luis y otros (1995): *Actas do congreso internacional de língua, cultura,Et literaturas lusófonas (Homenaxe ó professor Ernesto Guerra da Cal)*, Pontevedra-Braga, Hermandades do fala de Gailza e Portugal.

Fuentes, Víctor (2000): "Arredor da narrativa galega no exilio", *Grial,* 145, páxs. 71-87.

Granell, Eugenio (1959): *La novela del indio Tupinamba*, México, Costa-Amic.

Granell, Eugenio (1959): *Guerra da Cal, Ernesto, Lua de alén-mar 1939-1985*, Vigo, Galaxia.

Granell, Eugenio (1963): *Rio de sonho et tempo* (1958-1962), Vigo, Galaxia.

Granell, Eugenio (1981): *Picasso´s Guernica. The End of a Spanish Era,* Ann Arbor, UMI Research Press.

Granell, Eugenio (1989): *Lo que sucedió*, Barcelona, Anthropos.

Granell, Eugenio (1992): *Lua de alén-mar.Rio de sonho e tempo*, A Corunha, AGAl.

Guerra da Cal, Ernesto (1959): *Lua de alén-mar 1939-1985*, Vigo, Galaxia.

González López, Emilio (1944): *Emilia Pardo Bazán. Novelista de Galicia*, Nueva York, Hispanic Institute.

González López, Emilio (1954): *Galicia, su alma y su cultura*, Buenos Aires, Ediciones Galicia.

González López, Emilio (1974-1975): "La plural actividad literaria gallega en los paises de lengua inglesa", *Cuadernos de estudios gallegos*, 29, páxs. 177-195.

González López, Emilio (1990): *Memorias de un diputado republicano en la guerra civil española (1936-1939),* Sada - A Coruna, Ediciós do Castro.

Martínez López, Ramón (1978): "La literatura gallega en el exilio", *El exilio español de 1939.Cataluña,_Euzkadi, Galicia, VI*, Ed. José Luis Abellán, Madrid, Taurus.

Martínez López, Ramón (1987): *A literatura galega no exilio*, Vigo, Publicacións da Fundación Otero Pedrayo.

Maceira Fernández, Xosé Manuel (1995): *A literatura galega no exilio*, Vigo, Edicións do Cumio.

March, Kathleen N (1990): *Homenaxe a Ramón Martínez López*, Sada–A Coruna, Ediciós do Castro.

Ocampo Vigo, Eva y Esperanza Piñeiro de San Miguel (1975): *Xosé Rubia Barcia.Un intelectual ferrolán no exilio*, Ferrol, Liceo Rubia Barcia.

Paz-Andrade, Valentín (1982): *Castelao na luz e na sombra*, Sada-A Coruna, Ediciós do Castro.

Rodríguez Castelao, Alfonso (1977): *Sempre en Galiza* (versión en castellano), Madrid, Akal.

Rubia Barcia, José (1940): *Tres en uno*, La Habana, La verónica.

Rubia Barcia, José (1982): *A aza enraizada. Cántigas de bendecir*, A Coruna, Ediciós do Castro.

Rubia Barcia, José (1989): *Umbral de sueños*, Barcelona, Anthropos, (Primera edición, 1961).

Rubia Barcia, José (1989): *Memoria de España. I*, Valencia, Pre-Textos.

Rubia Barcia, José: "Galicia: Mater dolorosa", *Encruzilhadas/Crossroads 3*, Los Ángeles, Universidad de California, Department of Spanish and Portuguese, Ed. Claude L. Hulet, páxs. 58-63.

Rubia Barcia, José (1991): *Memoria de España. II*, Valencia, Pre-Textos.

Rubia Barcia, José (1992): *Con Luis Buñuel en Hollywood y después*, Sada – A Coruna, Ediciós do do Castro.

Rubia Barcia, José (1997): *Palabras al viento. Selección testimonial sobre la vida y obra fuera de un trasnterrado iberogalaico*, Sada- A Coruna, Ediciós do Castro.

Sartre, Jean-Paul y Benny Levy (1991): *L´espoir maintenant*, París, Verdier.

O EXILIO GALEGO EN EUROPA: A DELEGACIÓN DO CONSELLO DE GALIZA EN PARÍS

Isabel Gómez Rivas

1. A PRIMEIRA ESTACIÓN DO VÍA CRUCIS DO EXILIO: OS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN FRANCESES.

> Un día empezó a soplar un viento huracanado. ¡A las barracas! ¡Ahogaba la arena! Y en las barracas se hizo un calor de infierno. De repente una pestilencia insoportable nos echaba fuera. A la arena, a la arena porque allá dentro nos íbamos a asfixiar. El cielo todo estaba lleno de papeles que revoloteaban. Caían dondequiera los papeles. La pestilencia taladraba las narices. ¡Era nuestro culo! ¿Entiendes? Íbamos a zurrar a un lugar apartado y extenso, entre peñas. Y dejábamos allí los pedazos de papel. ¿Entiendes? Y el viento los había levantado y nos los devolvía. Llevábamos semanas y semanas esperando noticias por los llamados de auxilio, respuestas a la situación desesperada, y ahora llegaban, ciertamente, venían por el camino del cielo, eran nuestra propia mierda reseca, ése era nuestro futuro. ¿Entiendes?[818]

Con estas palabras, o cineasta galego Carlos Velo lembraba un dos episodios do seu paso por un dos campos de concentración do sur de Francia nos que foron internados milleiros de republicanos que cruzaron os Pirineos fuxindo do avance das tropas franquistas. Os campos de concentración franceses foron, en moitos casos, a primeira estación do vía crucis do exilio, por dicilo cunha linguaxe de connotacións xudeucristiáns tan do gusto dos

[818]Cit. por SALGADO, Fernando (1995): *Lorenzo Varela: crónica dunha vida atormentada,* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, páxs. 113-114.

desterrados de 1939. A peripecia da fuxida e o establecemento nun novo país, os primeiros momentos do exilio deixaron nos que os sufriron unha lembranza indeleble. Algúns expatriados –como Manuel García Gerpe*,* autor de *Alambradas. Mis nueve meses por los campos de concentración de Francia*[819] - sentiron a necesidade de deixar por escrito o testemuño das súas experiencias naquelas xornadas. Xunto ós relatos construídos con posterioridade, pódese rescata-la voz desesperada dos refuxiados galegos pedindo axuda no mesmo momento en que ficaban recluídos naqueles campos gracias ás cartas que fixeron chegar a *Galicia*, semanario da Federación de Sociedades Gallegas de Bos Aires. Dende Argelés Sur Mer, escribiron Manuel Moure Gómez, Briones e Hermida, membros do equipo de redacción da publicación de guerra *Nueva Galicia*: "Nuestra situación es de reclusión perfecta y falta absoluta de medios. Carecemos hasta de lo necesario para el franqueo, que nos permita comunicarnos con ustedes y con nuestros compañeros de otros campos, lo que nos daría ánimo. Nuestro deseo sería salir de aquí, poder emigrar". O escritor Augusto Mª Casas, ben coñecido en Bos Aires por ter prestado a súa colaboración a diversas publicacións editadas na capital arxentina como *Céltiga* e *El Despertar Gallego*, tamén internado nun campo de concentración francés dicía: "No creo que pueda resistir mucho tiempo; no estoy acostumbrado y me encuentro ya muy débil"[820].

Do campo de Beziers chegou unha carta, asinada por Manuel V. Valiño, Manuel F. Míguez y Manuel Melón, no nome dun numeroso grupo de galegos:

> En nombre de los 63 gallegos cuyos nombres figuran en la lista, en particular, y de todos los gallegos refugiados en Francia en general, nos dirigimos a vosotros en busca de apoyo solidario merced al cual podamos mejorar nuestra triste situación de seres sin patria y sin hogar a la que nos vemos sometidos por la catástrofe que acaba de consumarse en España. Daros cuenta de nuestra dolorosa situación después de defender la Patria mientras

[819]GARCÍA GERPE, Manuel (1941): *Alambradas. Mis nueve meses por los campos de concentración de Francia,* Buenos Aires, Celta.

[820] Ámbolos dous testemuños son reproducidos por Eduardo Blanco-Amor no artigo "Nuestros refugiados gallegos", *Galicia,* Buenos Aires, núm. 635, (12 de agosto de 1939), páx. 1.

> ello fue posible, venimos a parar a un campo de concentración francés, dentro del cual nos vemos tratados como prisioneros de guerra, no siéndonos permitido ni leer prensa ni recibir revistas del Frente Popular Francés que en diversas ocasiones ha manifestado deseos de ayudarnos. Ésta es la realidad que estamos viviendo millares de gallegos y de españoles por el solo delito de defender la libertad y la independencia de España.
>
> Hermanos Gallegos: De vosotros esperamos solidaridad y al mismo tiempo que hagáis extensiva esta llamada a todos los gallegos diseminados por el mundo. Hermanos de Galicia, salud.[821]

Decenas de comunicacións semellantes, chegaron á Rúa Chacabuco, sede da Federación de Sociedades Gallegas. Os seus nomes podémolos recuperar, en parte, de novo gracias ó semanario *Galicia* que publicou, entre os meses de xullo e agosto de 1939, unhas listas de refuxiados galegos nos dous grandes campos de concentración dos Pirineos orientais, Barcarès e Argelès, a máis de en Barmam, Le Vernet, Agde (Hérault), Montpellier, Septfonds Tarn-et-Garonne, Beziers, Bram (Aude) e no Centre d´Hebergement de Montolieu (Aude)[822]. En tipografía apertada, pódense contar uns setecentos nomes, xunto ó campo de concentración no que permanecían recluídos e maila súa orixe provincial e ata municipal. O feito de ofrecer estas precisións e a mesma publicación das cartas dos refuxiados nas que describían a penosa situación que estaban a vivir nos campos de concentración formaban parte dunha estratexia

[821] "A los gallegos de América", *Galicia,* núm. 619, (22 de abril de 1939), páx. 1. Xunto ás peticións de axuda, tamén foron recibidas cartas de agradecemento polo socorro recibido. Así, o 7 de setembro de 1940 recollíase nas páxinas de *Galicia* unha nota que, titulada "Párrafos de cartas de dolor y de confianza", incluía o seguinte extracto: "También os encarezco no olvidéis mi evacuación a ese rico país, yo luego sabré cumplir como un hombre; aquí el sustento es malo y poco, y dormir en el suelo, ou sea no chao e na palla; gracias a vuestros recursos, he podido comprar ropa y calzado; os doy las repetidas gracias, y ha sido mi primera gestión comunicárselo a mis cuatro hijos para que piensen en vuestra actuación con su padre".

[822] A lista de refuxiados procedentes da provincia de Pontevedra foi publicada por aquel semanario na súa edición do 8 de xullo de 1939 na páx. 6; os lucenses apareceron o 15 de xullo na páx. 7; os ourensáns, o 5 de agosto, páx. 5, mentres que os nomes dos refuxiados coruñeses –sen dúbida, os máis numerosos- tiveron que ser publicados en dous números, os correspondentes ó 12 de agosto, páx. 6, e ó 26 do mesmo mes, páx. 7.

informativa encamiñada a desadormecer a solidariedade das sociedades comarcais e municipais que integraban a Federación cos seus paisanos[823].

Malia as lóxicas deficiencias destes listados –a chegada, en aluvión, dos refuxiados impedía ás propias autoridades francesas o control e o censo exhaustivo dos internos-, e os erros e as ausencias –que con seguranza poderían detectarse nestas enumeracións-, a máis da falta de referencia algunha ós recluídos en Saint Cyprien –onde, por exemplo, estiveron dous nomes destacados da diáspora galega como Lorenzo Varela e Rafael Dieste-, constitúen un documento de grande valor, posto que, saibamos, son a única fonte que permite unha aproximación cuantitativa á dimensión da presencia galega nos campos franceses[824]. É certo que esa presencia representa unha gota na marea humana dos milleiros de refuxiados republicanos españois chegados ás "praias da morte"[825]. Segundo os datos manexados por Geneviève Dreyfus-Armand nun recente estudio, que cita fontes oficiais advertindo que, ás veces, resultan contradictorias para unha mesa data, os internados non serían máis de 173.000 mediado o mes de xuño de 1939, 84.688 hacia o 15 de agosto

[823] Que esa era a intención ó especifica-la orixe provincial e municipal dos refuxiados nos campos franceses e que esa táctica obtivo éxito en certos casos vese corroborada pola lectura, por exemplo, da acta da reunión do 10 de xullo de 1939 da Central Gallega: "Los gestos de las Sociedades de Boiro y de Quintela de Leirado, interesadas vivamente por sus hermanos, costeando de su peculio social los gastos necesarios para su rescate de los campos de concentración de Francia, han merecido de la mesa directiva de esta Central el más sincero beneplácito. Creemos que seguirán su ejemplo otras sociedades que tengan conterráneos en los campos de concentración, pues no debe ser demorado por más tiempo el rescate de nuestros hermanos que gimen en los campos de concentración".

[824] Debe sinalarse aquí que o comunista Santiago Álvarez ten dado á luz un documento, datado en xullo de 1939, que enumeraba aqueles que, sendo membros das Milicias Galegas, pasaron polo campo de concentración de Le Barcarès, coa especificación de se se atopan enfermos, feridos ou se morreran ou desapareceran, se regresaran a España ou tíñanse enrolado nos batallóns franceses de traballo. *Vid.* ÁLVAREZ, Santiago (1989): *Las milicias populares gallegas. Un símbolo de la Galicia antifranquista. Ensayo de síntesis histórica,* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, páxs. 127-148. O documento foi elaborado por dous oficiais das Milicias Galegas que, coa creación do Exército Popular Regular, pasaron a integrar o 4º Batallón da 1ª Brigada Mixta. Na mesma obra (páxs. 153-157), Santiago Álvarez inclúe un listado dos galegos, organizados segundo a súa orixe provincial, asasinados en Mauthausen.

[825] *Vid.* RUBIO, Javier (1977): *La emigración de la guerra civil de 1936-1939. Historia del éxodo que se produce con el fin de la II República española,* Madrid, Librería Editorial San Martín, vol. I, páxs. 266-275. A pesar de que o autor presta atención á procedencia rexional dos refuxiados nos campos de concentración franceses, entendemos que os galegos aparecen incluídos baixo o difuso rótulo de "outros".

do mesmo ano e uns 30.000 para abril de 1940[826]. Por varias razóns o número de galegos refuxiados en Francia nunca resistirá a comparación co éxodo dos republicanos doutras procedencias rexionais. En primeiro lugar, a sublevación das tropas franquistas triunfou de contado en Galicia, marcando o inicio da represión das forzas de significación republicana. Por outra parte, a fronteira con Francia quedaba lonxe, polo que a vía natural de fuxida non foron os Pirineos, senón a fronteira con Portugal. Ese foi o camiño do exilio tomado, por exemplo, por Antón Alonso Ríos, que relatou a súa peripecia en *O Siñor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte*[827], ou de Salvador Etcheverría Brañas, quen tamén lembrou a súa saída de Galicia no libro autobiográfico *Eclipse en España*[828].

En definitiva, aqueles listados falan dun traballo con vocación de exhaustividade que, lamentablemente, é anónimo e permiten rescata-los nomes dun exilio que sufriu tódalas calamidades que supuxo o desprazamento físico fóra das fronteiras do seu país, dun exilio, tantas veces, desprazado tamén da memoria, condenado ó esquecemento na medida en que non ía protagoniza-las grandes historias da Historia do exilio. "Desgraciadamente –ten lamentado Díaz Pardo–, los que no tuvieron esa condición de intelectuales, que fueron los más, son totalmente desconocidos. Un esfuerzo humano monumental perdido para siempre en el drama de la desmemorización"[829].

As dimensións do drama de que falan aqueles censos de refuxiados galegos motivou incluso a creación en 1939 dun comité en París que, en estreita colaboración coa Central Gallega de Ayuda al Frente Popular de Bos Aires, chegou a xestionar a liberación de grupos de internados nos campos de concentración franceses. Este comité estaba integrado por Florencio Delgado Gurriarán, Ramiro Isla Couto, Germán Vidal, Rafael Dieste, Lorenzo Varela,

---

826 DREYFUS-ARMAND, Geneviève (2000): *El exilio de los republicanos españoles en Francia. De la guerra civil a la muerte de Franco,* Barcelona, Crítica, páx. 72.

827 ALONSO RÍOS, Antón (1979): *O Siñor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte,* prólogo de Xosé Mª Álvarez Blázquez, Vigo, Castrelos.

828 ETCHEVERRÍA, Salvador (1989): *Eclipse en España. Apuntes del diario íntimo de un diplomático de la República Española, 1936-19..?,* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

829 DÍAZ PARDO, Isaac (1992): "Exiliados gallegos en América", en VVAA (1992): *Galicia & América. Cinco siglos de historia,* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia-Consello da Cultura Galega, páxs. 192-199.

Otero Espasandín, Juan Plá Fernández, Severino Iglesias, Juan López Durá, Manuel Moure Gómez, Carlos Tomé, Justo Couto, Isidro Puga Álvarez, Manuel López Mosquera, Manuel Díaz Cardama, Argentino Novo Romeo, Alfredo Caamaño Pato, José Sampedro Galdo, Manuel Cuenca Vázquez, José Maroño Riveira, Manuel Pérez Rañó, Emilio López Seoane, Amando López Rey, Arturo Souto, Jesús Silvela López, Luis Patiño Currás, Tomás Camino Noriega, Manuel Fernández Márquez, Emerencia Patiño, Carlos Valenzuela, Domingo Mateo e Suceso González.

As autoridades francesas víronse desbordadas pola chegada masiva dos refuxiados españois. O regreso de Édouard Daladier á presidencia do Consello de Ministros, en abril de 1938, marcou o inicio da adopción dunha serie de medidas lexislativas dirixidas a controla-la presencia estranxeira en Francia[830]. Se a situación dos republicanos dentro dos campos de concentración era dramática, a vida para calquera español en territorio francés tampouco era doada. En efecto, a máis de decretar o internamento administrativo de estranxeiros "indesexables", os exiliados republicanos que puideron evitar a reclusión nos campos de concentración sentiron os efectos da estreita vixilancia e mesmo persecución á que a policía francesa os someteu. Nunha carta, Emilio González López daba conta desa fustrigación a Luis Jiménez de Asúa nunha carta datada o 14 de marzo de 1939:

> No ha decrecido, sino que ha aumentado la actuación de la policía francesa sobre los refugiados políticos españoles. Muestra de ello es que ayer se presentó la policía en el local donde estaba instalado Méndez Aspe, detuvo a todas las personas que se encontraban en el local, entre ellas la secretaria particular de Méndez Aspe, y registró minuciosamente al propio ex-Ministro. El Juzgado clausuró esa oficina sellándola. En la puerta de ayuda a España la policía detiene a cuantos se aventuran a visitar este centro; en la puerta de todos los locales donde vienen actuando gentes republicanas ocurre lo mismo; al romper el día en muchos hoteles se presenta la policía y se lleva detenidos a todos los españoles: los que presentan alguna irregularidad en sus papeles se

[830] DREYFUS-ARMAND, G.*: El exilio de los republicanos españoles...,* op. cit*.,* páxs. 57-59.

> los llevan conducidos a un campo de recuperación instalado en Maras, cerca de Perpiñán; a los más afortunados les dan 48 horas para abandonar París. Muchas personas que vd. conoce sufrieron estos procedimientos (…). Tobío, Carretero, López Rey etc. fueron detenidos durante casi todo un día y puestos en libertad, dándoles un plazo breve y perentorio para abandonar París. (…) Yo personalmente continúo tolerado y con el temor de verme envuelto en una de estas recogidas policiacas que cuando menos proporcionan unas cuantas horas de detención. Tengo un vivo deseo de marcharme a América[831].

Lois Tobío e maila súa esposa tamén pasaron por París e non foron só espectadores da persecución da policía francesa, senón tamén protagonistas, como lembraba González López na carta citada e o propio Tobío nas súas memorias:

> Un día, pola mañán cedo, petaron na porta da nosa habitación do hotel cando aínda estabamos no leito e, ao que abrimos, entraron dous homes, dous policías que, sen quitar o chapeu, coma nas películas, pedíronnos a documentación. Eu presenteilles o meu pasaporte diplomático pero de súpeto decateime de que non compría amosar o de Melu porque fora expedido en Perpignan e eso viña demostrar que entrara en Francia sen pasaporte e aos que estaban nesta situación mandábanos aos campos de concentración. Díxenlles que a miña muller entrara canda min e que a deixaran pasar libremente na fronteira polo feito de eu levar pasaporte diplomático. Eles contestaron que non valía e que o asunto tiña que resolvelo o comisario. E aló,

[831] Nas datas á que corresponde esta carta, González López iniciara unha peregrinación polas representacións diplomáticas de varios países americanos en París na busca dun visado que lle permitira a saída de Francia. Máis que as súas memorias, moi concisas á hora de relatar aqueles episodios, unha serie de sete cartas que remitiu dende a capital francesa ó seu amigo o socialista Luis Jiménez de Asúa, entre os meses de marzo e maio de 1939, permiten coñecer a incerteza e inquedanzas daquelas semanas, as propias e as colectivas, as do resto da emigración republicana. Jiménez de Asúa fora profesor de Dereito Penal do coruñés e, posteriormente, o discípulo converteuse en axudante e auxiliar da cátedra que ocupaba o socialista. A relación entre ámbolos dous, que se remontaba á década dos vinte, foi estreitándose co paso do tempo ata converterse en amizade. Ademais, o socialista, presidente da delegación española na Liga das Nacións, reclamou a González López para que asumira a secretaría daquela representación. Así, non resulta estraño que naquelas cartas fixera partícipe ó seu vello profesor dos seus problemas e esperanzas en momentos tan críticos como aqueles. Estas cartas –datadas o 11, 14, 16, 22, 24 e 29 de marzo de 1939 e o 31 de maio do mesmo

> á comisaría, nos levaron nun coche celular cheo de putas, carteristas e outros delincuentes.

Unha vez na comisaría, foron postos en liberdade despois de que anunciaran a súa intención de saír sen tardanza hacia América, probablemente, hacia Nova Iorque "pois devecíamos por estar nun país en liberdade. El [o comisario], unha miga abufado, retrucou que, Francia tamén o era. 'Pas pour nous', contesteille. E con esto erguímonos e fúmonos"[832].

A difícil situación en que Francia colocaba ós republicanos españois facía desexable a saída do país e máis cando, co paso do tempo, perfilábase no horizonte inmediato o inicio da que sería a Segunda Guerra Mundial. E o destino soñado para a meirande parte deles estaba na outra beira do Atlántico, en América. Así quedaba reflectido nos testemuños antes traídos de Tobío e González López. Este último lembrou nas súas memorias o desexo daqueles intres: "Pensaba, como buen gallego, emigrar a América"[833]. As arelas dos galegos –que, como revela esta cita de González López, tiñan conciencia de segui-la rota ben coñecida pola emigración económica, eran compartidos por tódolos republicanos españois. Como escribiu Max Aub, describindo una tendencia xeral do exilio do 39, "el español se refugió en Francia, pero a América emigró"[834].

2. APUNTAMENTOS PARA UNHA XEOGRAFÍA DO EXILIO: PARÍS *VERSUS* BOS AIRES.

Francia foi a primeira estación do exilio, estación de paso obrigado imposto pola imperiosa necesidade de abandonar España. Pero, na meirande parte dos casos, Francia non foi elixida como lugar definitivo para reanuda-la vida fóra de España. O exilio de 1939 tivo tódalas características dunha

---

ano- atópanse no fondo Luis Jiménez de Asúa, depositado na Fundación Pablo Iglesias: ALJA-410-19.

[832] TOBÍO, Lois. (1994): *As décadas de T.L.,* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, páx. 446.

[833] GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio (1990): *Memorias de un diputado republicano en la guerra civil española (1936-1939),* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, páx. 321.

[834] AUB, Max (1998): *Diarios (1939-1972),* ed. de Manuel Aznar Soler, Barcelona, Alba Editorial, páx. 344.

verdadeira diáspora. "Labiríntica odisea" ou "o labirinto da diáspora" son as expresións empregadas por Francisco Caudet para referirse á dispersión xeográfica dos exiliados españois[835].

Debuxa-lo mapa do exilio non resulta un labor de ociosos. O exilio de cada destino tivo uns rasgos definitorios peculiares. Dicir exiliado en Bos Aires ou París, como dicir Nova Iorque ou México, remite, en xeral, a exilios cualitativamente distintos. A xeografía proporciona pistas sobre algo máis que a ubicación física do desterrado. De aceptarse xeneralización, poderíase afirmar que a elección do lugar onde reanuda-la súa vida e o seu traballo fóra do seu país feita polos exiliados estivo motivada ben por razóns personais ou profesionais –especialmente vencelladas coa docencia que, xunto ó xornalismo, foi un dos principais medios de vida das elites desterradas de 1939-, ben por motivos de índole política –consecuencia da búsqueda dunha proximidade física ós seus correlixionarios-. Os exiliados que poderían ser adscritos a este segundo grupo amosaron unha férrea vontade de reagruparse por afinidades fronte á tendencia á diáspora ou á dispersión que impuxo a fuxida de España. Pois ben, o primeiro caso sería o dos exiliados galegos que optaron por quedarse en Europa; o segundo, a dos que sentiron a necesidade de atopa-lo espacio máis axeitado para a continuación do seu labor político, de situarse nun lugar onde a identidade propia –política e cultural- non se sentira estraña e, xa que logo, en perigo de diluírse ou perderse na sociedade receptora, foi o caso dos instalados en Bos Aires.

Poucos, moi poucos, foron os desterrados galegos que elixiron o Vello Continente –e fundamentalmente Francia- como destino definitivo do seu exilio. Neste pequeno grupo, cómpre salienta-los nomes de Santiago Casares Quiroga ou Manuel Portela Valladares, César Alvajar, que compatibilizou as súas actividades docentes coas políticas e publicistas*;* ou Manuel Martínez Risco y Macías, profesor na Sorbona. Facer a historia deste exilio, tan heteroxéneo,

[835] CAUDET, Francisco (1997): *Hipótesis sobre el exilio republicano de 1939,* Madrid, Fundación Universitaria Española, páx. 83. O mesmo autor encárgase de lembrar que esas fórmulas retoman, deliberadamente, unha expresión á que recorreron Gerald Brenan e Max Aub para intitular o primeiro a súa obra sobre a historia socio-política española nos séculos XIX e XX –*El*

esixiría tanto como reconstruí-la biografía dos seus protagonistas fóra de España e, no caso dos que non se afastaron definitivamente dos círculos da política no exilio, inscribila na historia das formacións ás que estiveron vencellados.

En efecto, tanto Portela Valladares como Casares Quiroga, aínda que asumiran importantes responsabilidades durante a Segunda República, retiráronse case por completo da escena política unha vez no exilio. Se o pequeno número de exiliados que ficaron en Francia non basearon a súa elección en motivos políticos, senón máis ben persoais ou profesionais, non estraña que as iniciativas políticas conxuntas dos exiliados galegos en Francia non deixaran de ser, no mellor dos casos, anecdóticas. Quizais a única que mereza un pequeno apuntamento é unha que vencella ós nomes citados nas liñas anteriores: o Bloque Repubricán Nazonal Galego (B.R.N.G).

Esa organización, que naceu o 21 de decembro de 1945 nun acto celebrado no Cristal-Palace de Toulouse[836], foi presidida por Manuel Portela Valladares, mentres que o seu consello de dirección estivo integrado por Manuel Martínez Risco, Santiago Casares Quiroga e Antonio Núñez, os tres de Izquierda Republicana; por José García López e César Alvajar, procedentes de Unión Republicana; polos comunistas Enrique Líster e José A. Paz; por Luis Vázquez Rodríguez, do P.S.O.E.; Luis Vidal, da U.G.T., e por Juan José Plá, o único captado das filas do Partido Galeguista[837].

---

laberinto español-, e o segundo, o seu ciclo de novelas sobre a guerra civil –*El laberinto mágico-.*

[836] Non debe deixarse pasar por alto a coincidencia que supón que, pouco antes, a finais de outubro de 1944, se fundara na mesma localidade francesa o Bloque Nacional Vasco. *Vid.* HEINE, Hartmut (1983): *La oposición al franquismo de 1939 a 1952,* prólogo de Ángel Viñas, Barcelona, Crítica, páx. 348. Asemade, cómpre salientar outro paralelismo entre o B.R.N.G. e o Bloque Nacional Vasco: o seu nacemento prodúcese cando os cadros dirixentes do ámbolos dous nacionalismos no exilio estaban tentando levar a cabo un proceso unificador das súas forzas.

[837] Nun artigo aclaratorio das bases constitutivas do Bloque Repubricán Nazonal Galego advertíase sobre o carácter da adhesión dos seus membros no grupo: "La adhesión al B.R.N.G. no implica relajamiento de la disciplina política privativa de los adherentes. La Organización que se crea es un Movimiento y no un Partido, compatible con la afiliación y pertenencia a los partidos nacionales o gallegos. Los Miembros del Consejo representan dentro de él la voz de su Partido u Organización de procedencia o la suya particular, en caso de no estar en el Movimiento más que a título privado". Deixáronse sen cubrir e a disposición das organizacións respectivas dúas vacantes, unha, para o Movimiento Libertario Español-C.N.T., e outra máis, para o P.S.O.E

A presencia de dous ex presidentes de gobernos republicanos, aínda que só fora en calidade de abaixo asinantes[838], contribuía indubidablemente ó prestixio da organización que meteu moito ruído. En efecto, o Bloque Repubricán Nazonal Galego despregou dende o seu nacemento unha intensa actividade propagandística e, nese sentido, non foi adiada a creación dun medio de expresión propio: *Galiza. Órgano do Bloque Reprubricán Nazonal Galego*[839]*.* Ó excepcional eco que as súas propostas tiveron incluso ó outro lado do Atlántico, entre as comunidades galegas de América[840], debeu de axudar a importancia do perfil político de Portela Valladares e Casares Quiroga.

A lectura da nómina completa dos compoñentes do B.R.N.G. revela que a organización situábase na órbita do Partido Comunista. Así o evidencia a presencia de dous comunistas, pero tamén a adscrición de Luis Vázquez Rodríguez e Luis Vidal, representantes da corrente negrinista existente no seo

---

[838] Ese debeu selo caso de Casares Quiroga ou de Portela Valladares. Castelao tería obtido deste último o desmentido da súa adscrición ó Bloque: "Según ellos Portela era su presidente, pero el propio Portela –escribía o 24 de setembro de 1947 a Martínez Barrio- me aseguró que no era cierto y que no está dispuesto a dejarse mangonear por los comunistas". ANASAGASTI, Iñaki (1985): *Castelao y los vascos,* Bilbao, Idatz Ekintza, páx. 477. Portela tamén tería negado ante Augusto Barcia Trelles a súa participación no grupo, segundo José Antonio Durán quen anota que, non obstante, "participó en sus escasas actividades públicas, sin desautorizar de plano la mencionada utilización de su nombre y convocatorias", PORTELA VALLADARES, Manuel (1988): *Dietario de dos guerras (1936-1950). Notas, polémicas y correspondencia de un centrista español,* ed. de J.A. Durán, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, páx. 233.

[839] Xa no artigo quinto das súas bases constitutivas, formulábase o proxecto de dotarse de medios de expresión de seu: *"El B.R.N.G. contará con medios de propaganda propios para difundir su ideario tanto en Galicia como en el extranjero".* Bernardo Máiz Vázquez, en *Memoria-catálogo das publicacións galegas antifranquistas* (Sada-A Coruña, do Castro, 1989), da noticia desta publicación. Pola nosa parte, só temos localizado o seu número 5, correspondente ó mes de maio de 1947. A redacción e administración da publicación figuraba en 15, rue Montmartre, Paris 1er. Na portada, aparece un artigo de César Alvajar titulado "Ante una injusticia. Galicia reclama su representación en el gobierno de la República", outro de Antonio Núñez, "Hacia la unidad gallega republicana" e un terceiro de Enrique Líster, "El pueblo gallego lucha por la república", ademais incorporábase un texto de Castelao baixo o título "O noso republicanismo". En páxinas interiores podíanse ler textos de José Antonio Paz, "Los gallegos en la liberación de Francia"; de Ramón Cabanillas, "Da terra asoballada. ¡En pe!"; de García López, "Os galegos espallados pol-o mundo"; de Plá, "Presenza e loita da nazón galega", e de Ramiro López, "Por un consejo nacional gallego de la resistencia", entre outros. Na última páxina, das catro que constaba, *Galiza* reproducía o facsímile da portada do segundo número, datado o 31 de xaneiro de 1947, do xornal clandestino *El Guerrillero. Órgano del Ejército Guerrillero de Galicia* e algúns dos textos incluídos nel.

[840] A organización preocupouse por enviar a noticia da súa fundación a tódolas publicacións periódicas das comunidades galegas en América. *Galicia,* órgano da Federación de Sociedades Gallegas, foi unha das que se fixo eco, o 19 de xaneiro de 1946 e na súa portada, do acontecemento baixo o titular "Hacia la unidad. Se crea en Francia el 'Bloque Republicano

do Partido Socialista, a máis de políticos republicanos, como Casares Quiroga ou Martínez Risco, disidentes dos seus partidos e gañados polo doutor Negrín no exilio[841].

A orientación comunista do Bloque espertou serios receos en Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, o líder do galeguismo no exilio[842]. Pero, sen lugar a dúbidas, o aspecto do seu programa político que fixo que o B.R.N.G. gañara a animadversión de Castelao foi o seu proxecto de unificar tódolos movementos galegos de resistencia ó franquismo nun organismo único que, en tódolos documentos da entidade insístese en denominar "Consejo General de Galicia". Esa aspiración entraba, como non podía ser doutro xeito, en conflicto cos propósitos do xa constituído Consello de Galiza en Bos Aires como representación de tódalas forzas políticas que obtiveran representación parlamentaria en Galicia nas últimas eleccións celebradas antes do inicio da guerra civil. A proposta do Bloque viña a disputar ó Consello de Galiza a representitividade con que el desexaba verse investido. Nese sentido, resulta esclarecedor o artigo de Líster que, baixo o título "Para qué necesitamos un Consejo General de Galicia", obtivo unha ampla difusión na prensa galega de América. Neste comentábase, entre outros asuntos, a falta dunha representación galega no goberno republicano no exilio presidido por Rodolfo Llopis, trala saída de Castelao do gabinete de Giral, ausencia que se atribuía á carencia dun órgano unitario dos galegos antifranquistas da emigración, exilio e

---

Nazonal Galego'". O texto aparecía acompañado pola fotografías de Portela Valladares e dun busto de Enrique Líster.

[841] Sobre a participación de Casares Quiroga no B.R.N.G. e a sintonía que manifestou no exilio coas ideas políticas de Juan Negrín, véxase GÓMEZ RIVAS, Isabel (1998): "El exilio de Santiago Casares Quiroga", *Boletín de la Real Academia de la Historia,* Madrid, tomo CXCV, cuaderno III, páxs. 493-512. Tamén Martínez Risco pode ser considerado un deses exiliados gañados polo negrinismo no exilio. Formou parte de *España Combatiente*, unha alianza que naceu en 1947 como aglutinante dos negrinistas establecidos en América e Europa, chegando mesmo a formar parte da súa executiva.

[842] Castelao, nun escrito remitido ós galeguistas do interior e datado o 31 de marzo de 1946, informaba da existencia do grupo nestes termos: "Aínda non sei en que negocios anda Portela Valladares con Negrín; pero sí que sostén amistade con Prieto. A postura do noso don Manuel é totalmente bolchevique… e pretende que ahí se ande a tiros polos montes e que haxa fartura de mártires para soerguer a opinión internacional… Mete medo lér as súas cartas, se non soupésemos que todo é unha farsa. Alá en Toulouse creouse unha entidade chamada "Bloque Nazonal Galego", no que andan Líster e o galeguista Plá, que vós coñecedes", FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida,* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, páxs.169-170.

do interior. Calquera iniciado na política do exilio estaba en condicións de facer a lectura que se desprendía daqueles parágrafos nos que non figuraba referencia algunha ó Consello de Galiza:

> Lo que nos ha pasado hace unos meses, confirma una vez más lo que sostenemos. Galicia se quedó sin representación en el Gobierno. Todos los gallegos republicanos estamos de acuerdo en considerar que Galicia debe tener su representación en todo Gobierno republicano, no como un favor, sino como un derecho; pero la realidad es que nos ha faltado la fuerza organizada capaz de hacer valer ese derecho. No puede haber ninguna duda de que si en el momento de la crisis los gallegos hubiésemos tenido un organismo que hablara en nombre de todos los gallegos republicanos, hoy Galicia estaría representada en el Gobierno, con lo que hubieran salido ganando Galicia y el mismo Gobierno. [843]

O Bloque Repubricán Nazonal declarábase, pois, en competencia aberta co Consello. Esta circunstancia non podía pasar inadvertida a Castelao e máis despois de recibir unha carta instando a que o Consello de Galiza cedera a súa autonomía para incorporarse ó Bloque. Así, cando menos, sostiña nunha carta que enviou a Portela Valladares:

> Resulta que acabo de recibir un longo escrito de Toulouse acompañado dunha carta moi solemne, na que se nos escita a acabar con non sei qué disidencias que hai en América antre o Consello de Galiza, a Alianza Nazonal Galega de México e a Alianza do Uruguay para entrarmos todos no Bloque Republicán Galego que se formou en Toulouse baixo a presidencia de vostede e tendo varios vocales e antre eles a Casares Quiroga. (…) eu dígolle que os de Toulouse mandaron a noticia a todolos periódicos galegos de América en tal forma que aparece o Bloque de Toulouse como enfrentándose co Consello de Galiza i eso non está ben. As cousas galegas hai que levalas con máis tino.

[843] O texto foi publicado, entre outras publicacións, nas páxinas de *Galicia,* órgano da Federación de Sociedades Gallegas de Bos Aires, núm. 1016, 29 de xullo de 1947, páx. 6. O escrito de Líster aparece recollido por Iñaki Anasagasti (1985): *Castelao y los vascos.....,* op. cit*.,* páxs. 468-470.

> Dispostos estamos a entrar en concordia cos demáis galegos orgaizados, pero non deixaremos que se nos tome o pelo. [844]

A vida do Bloque Repubricán Nazonal Galego, que non deixou de causar certa confusión nos medios dos exiliados en Francia[845], non debeu de alongarse máis alá da década dos corenta. A desaparición dalgúns dos seus membros –co pasamento en 1950 de Casares Quiroga e o de Portela Valladares ó ano seguinte- e o fracaso da súa estratexia –evidenciada, se non antes, co novo rumbo que xa a principios dos 50 tomara a política no exilio- deberon de supoñer a morte natural da organización. Algúns dos seus membros aínda ían ser protagonistas doutras historias do exilio, como César Alvajar, nome que axiña vai ser recuperado aquí, mentres que doutros, como Juan José Plá, cómpre salientar a súa afección a crear ou integrarse en agrupacións fantasmais nas que, eso si, sempre aparecía no seu nome algunha alusión a Galicia. Plá foi membro e sempre presidente de organizacións de vida efémera e nula presencia na vida política do exilio, como o Frente Libertador Gallego[846],

[844] Carta datada en Bos Aires o 21 de febreiro de 1946. PORTELA VALLADARES, M. (1988): *Dietario de dos guerras....*, op. cit., páx. 250. Ademais, nunha carta do 24 de setembro de 1947 a Diego Martínez Barrio, Castelao afirmaba que non dubidaba que o Bloque faría todo o posible para usurpar a representación do Consello de Galiza: "En cuanto a la aparición de una entidad gallega de tipo nacionalista en Francia, le diré que se trata de un grupo capitaneado por Líster y que no tiene más valor que el que ahí se le dé. Ese grupo ya existía cuando yo fui ministro, y buen trabajo me costó desentenderme de sus maquiavelismos, pues sólo pretendían utilizar mi nombre como utilizan el de cualquier persona que les convenga. (…) No creo que Casares y Risco estén incorporados a ese nacionalismo gallego… y si lo están peor para ellos. Debo advertirle que no se habían adherido al Gobierno Giral, de lo cual tomé pie para no hacerles caso. No hay duda que ese pequeñísimo grupo de nombres conocidos intentará suplantar a toda otra representación gallega, y ello servirá para poner a prueba la sensatez de los republicanos. Si aceptan que Galicia se vea representada por los comunistas –afiliados o simpatizantes- no tardarían en pagar muy caro este nuevo error. No, mi querido Don Diego; eso no me preocupa". ANASAGASTI, I. (1985): *Castelao y los vascos....*, op. cit., páx. 477. Das tensas relacións entre Plá e Castelao, durante a etapa deste último como ministro do Goberno Giral, queda constancia nunha serie de cartas cruzadas entre ámbolos dous e conservadas na Fundación Penzol en Vigo.

[845] De feito, nun documento elaborado polo goberno republicano no exilio dos deputados electos en 1936, Castelao figura como membro do Bloque Nazonal Galego. Arquivo da Segunda República española no exilio-Fondo París (ARE-P: 667-1).

[846] Este é o nome da suposta organización presidida por Plá e que daba por disolta para integrarse no B.R.N.G. Poucas noticias temos deste grupo máis que entrou en contacto coa Alianza Nazonal Galega de México que, informada da existencia da Frente a través dunha nota aparecida nas páxinas de *La Reconquista de España,* publicación comunista editada en Francia, enviou unha carta na que se presentaba e manifestaba o seu interese por manter contactos regulares: "El trascendente paso unitario que habéis dado los gallegos en Francia es una enseñanza y un ejemplo para todos los emigrados de América. Nosotros lo estamos destacando en todo el continente para forjar un bloque potente y combativo del millón de gallegos que

Movimiento Republicano Antifascista de Liberación Hispana[847] e Acción Nacionalista Republicana Gallega[848].

Fóra da breve existencia do Bloque Repubricán Nazonal Galego, pouco se pode engadir sobre as iniciativas dos exiliados galegos en Francia. Ía ser outro, non Francia, o escenario principal do reagrupamento dos exiliados galegos e

---

viven en el Continente Americano. Pero lo más importante que habéis realizado es vuestra lucha en el maquis francés y vuestra tesonera batalla implacable por la reconquista de la República de Galicia y de España. Las hazañas de nuestro amigo Paz y todas vuestras actividades patrióticas están en el pensamiento y en el corazón de todos los gallegos antifranquistas de América. Desearíamos tener un contacto regular con vosotros para enviaros nuestra propaganda y la relación de nuestras actividades, pero principalmente para recibir vuestro consejo y estar al tanto de todo lo que realizáis para poder coordinar en el exterior del país un gran movimiento gallego de ayuda a la Galicia antifranquista, al Ejército guerrillero del Noroeste y a la Unión Nacional (…)". Arquivo Histórico Provincial de Ourense, fondo Lois Soto Fernández: caixa 14639-sobre 139.

[847] No arquivo da Segunda República española no exilio, fondo París (ARE-P: 421-8), consérvase documentación sobre este movemento constituído nos derradeiros meses do ano 1954. Plá figuraba como presidente, mentres que Antonio Remis e José Calmarza, ocupaban as dúas vicepresidencias. O resto do comité director estaba integrado por Rosendo Costa, secretario; Vicente Sempere, tesoureiro; Juan Casadó, vicesecretario, e Julio Pérez-Barba, David Villa García e Angelino Castañer, adxuntos. O domicilio social do grupo estaba en 28, Rue Serpente-París. Esta organización tería cursado ante as autoridades francesas a correspondente solicitude de autorización, pero foille denegada pola Prefecture de Police de la Bonne Nouvelle. Este é o motivo polo que os responsables deste movemento dirixíronse o 18 de xaneiro de 1955 ó presidente do Goberno da República no exilio, Félix Gordón Ordás. Pedíanlle axuda para obter a súa legalización. No arquivo citado consérvase a documentación que se adxuntaba: copia da nota da Prefacture de Police comunicando a denegación, dos estatutos do movimento, da composición do bureau, da lista de dirixentes e membros e copia do oficio entregado pola Prefecture de Police o 5 de agosto ó recibir a petición con tódolos documentos que tiña interesado. Do texto dos estatutos do Movimiento Republicano Antifascista de Liberación Hispana, cabe recuperar o artigo segundo que dicía: "Les buts de cette Association sont: Promuovoir le plus ample UNION entre les Républicaines démocrates espagnol; apporter une aide solidaire aux victimes du totalitarisme espagnol; aider à créer las conditions pour que l'Espagne obtienne un régimen REPUBLICAINE DEMOCRATIQUE; resserrer l'amitié espagnole et la démocratie Française; contribuer à la lutte générale de la démocratie Internationale pour le respect des droits de l'homme, la Liberté des peuples et la stabilisation de la Paix et de la Sécurité Internacionale". Ó movemento podíanse adherir partidos ou membros a título individual: "Les moyens financiers pour le développement du MOUVEMENT REPUBLICAIN ANTIFASCISTE DE LIBERATION HISPANIQUE sont: une cotisation de 3.000,-- FRS. Par an pour les Partis et Organisations adhérent collectivement et une cotisation de 300,-- FRS. Par an pour les adhérents individuels. Les cotisations pourront être versées par mensualités". Non temos noticia de que finalmente o grupo obtivera o oportuno permiso das autoridades francesas, pero parece pouco probable porque axiña o nome de Plá apareceu xa vencellado a outro grupo.

[848] O nome desta organización semella un calco de Acción Nacionalista Vasca e Acció Catalana Republicana. Nunha carta de 4 de xullo de 1956 de Félix Gordón Ordás, daquela presidente do Goberno da República no exilio, a Martínez Barrio, alúdese a Plá como máximo responsable de Acción Nacionalista Republicana Gallega. Segundo este documento, Plá tería presentado unha protesta por escrito por non ter sido convidado a unha xuntanza mantida por Gordón Ordás con representantes de organizacións políticas e sindicais no exilio. Gordón Ordás informaba a Martínez Barrio de que o motivo de que ese grupo non fora invitado debíase a que non figuraba rexistrado no Ministerio do Interior francés. Arquivo Histórico Nacional: fondo Diego Martínez Barrio, atado 5, carpeta 23.

galeguistas. Foi a cidade de Bos Aires a que se converteu na "metrópole da Galicia desterrada", na "capital da Galicia libre", por dicilo con expresións reiteradamente empregadas por Castelao, quen deixou claro que a elección deste destino "no la guió el azar"[849]. A razón fundamental que fixo da capital do Plata, ós ollos dese éxodo, un destino ideal foron os varios centos de miles de emigrantes galegos emigrados en Bos Aires, que contribuían a crear un clima que estes desterrados non podían atopar en ningures[850]. Ademais, a colectividade galega na capital arxentina estaba moi politizada, como se puxo de manifesto durante os tres anos que se prolongou a Guerra Civil durante os que amplos sectores identificados coa República non dubidaron en mobilizarse en apoio ó goberno da Frente Popular. Esta circunstancia convertía á emigración nun capital do que o exilio non quería prescindir, aínda máis, deu probas dun afouto empeño por terminalo de conquistar. Gañar á emigración para a causa da República e do galeguismo contribuía a acrecenta-lo peso do exilio nacionalista na diáspora ou, dito doutro xeito, a escasa importancia numérica dese éxodo quedaría suplida, de forma espectacular, de acadarse a adhesión da emigración. Ningún outro partido republicano contaba no exilio con semellante capital humano que constituíu unha variable específica do desterro do nacionalismo galego. Non en van, Castelao, tantas veces como lle foi posible, fixo declaración pública de que a súa autoridade descansaba na comunidade de emigrantes, chegando a establecer unha equivalencia entre emigración e galeguismo.

Os milleiros de galegos asentados en Bos Aires definían, pois, un panorama que os exiliados –outra cousa sería determinar se houbo un erro de cálculo ou de apreciación nas súas estimacións- consideraban prometedor para

[849] "Declaraciones de Castelao en París", *Opinión Gallega,* Bos Aires, núm. 48, (21 de septiembre de 1946), páx. 1.

[850] Ademais, Bos Aires era un escenario xa coñecido para algúns dos exiliados de 1939. Naquela cidade xa vivira, por exemplo, Antón Alonso Ríos. Os motivos da nova expatriación eran distintos ós de trinta anos atrás; o destino, o mesmo. Luís Seoane nacera en Bos Aires e Castelao, sendo neno, acompañara ós seus pais na súa emigración á Arxentina. Loxicamente, para Castelao non pasou inadvertido este regreso a unha terra xa coñecida e disto quedou constancia nas páxinas de *Sempre en Galiza* escritas a bordo do buque que o levaba a Bos Aires: "Fai coarenta e cinco anos era eu un emigrante, sen máis anceio que o de atopar a meu pai; agora son un refuxiado político, a quén lle negaron toda carta de cibdadanía". RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel (1980): *Sempre en Galiza,* 3ª ed., Madrid, Akal, páx. 250.

os que desexaban que o seu exilio non significara unha quebra absoluta do seu proxecto político ou do seu labor cultural. Castelao fixo notar, en canto chegou a Bos Aires, que a cidade permitía manter unha certa sensación de continuidade con respecto ó pasado inmediato: "Eiquí me criei i eiquí veño a envellecer, e nos dous estremos da miña vida síntome igoalmente ledo, porque a Patria Arxentina non é allea ao noso sentimento patriótico e n-ela non trocamos o noso xeito de vida"[851]. Os motivos que xustificaron a elección de Bos Aires atópanse aínda máis nidiamente formulados noutro texto de Castelao:

[851] "Aos galegos da Arxentina. Un saludo de Castelao a los gallegos de la Argentina por intermedio de nuestra revista", *Galicia*, revista do Centro Gallegos de Bos Aires, núm. 331, (agosto de 1940), páx. 10. O empeño que animou as empresas políticas e culturais do exilio nacía da arela de manter a identidad cultural propia, da que a personalidade lingüística constituía un piar básico. Vicente Lloréns, el mesmo un exiliado do 39, referiuse á importancia da lingua materna para os expatriados: "Para todo escritor expatriado, tanto discursivo como imaginativo, la lengua del lugar donde encuentra acogida tiene primordial importancia. En país de lengua ajena se siente cohibido y empequeñecido. Por bien que llegue a dominarla, la espontaneidad con que la emplea cualquier nacido en el lugar, por poco dotado que esté, le producirá una sensación de inferioridad, y no digamos en presencia de sus iguales en cultura, que pueden permitirse el juego, la sutileza, la originalidad de expresión de que él sólo es capaz en su propia lengua, no en la otra. Añádase a esto la impresión, falsa muchas veces pero que el tiempo puede hacer verdadera, de que en un medio extraño su misma lengua nativa se empobrece o deteriora. La comunidad de idioma, por el contrario, mantiene y fortalece su seguridad expresiva y abre al mismo tiempo posibilidades de que de otro modo no tendría: enseñanza, publicaciones, colaboraciones, convivencia profesional, etc". (LLORÉNS, Vicente, "Prólogo" a ABELLÁN, J.L. (1978): *Panorama de la Filosofía española actual. Una situación escandalosa,* Madrid, Espasa-Calpe, páxs. 20-21). Pois ben, en Bos Aires reproducíase, dalgún xeito, o medio lingüístico do que procedían os exiliados galegos. Tratábase dunha cidade de fala española que, en principio, non impoñía a violencia doutros destinos. Eduardo Haro Tecglen relatou unha anécdota, moito máis significativa do que podería parecer nun principio e que ten por protagonista a César Alvajar Diéguez, exiliado en Francia: "César Alvajar, que fue gobernador civil de la República, se comprometió ante si mismo a no hablar francés jamás y a no usar el teléfono ni la radio: dominaba ese idioma (en otros tiempos dio conferencias en la Sorbona), instaló el teléfono y se compró el mejor receptor del mercado, pero no los utilizaba, porque decía que la privación sólo es válida cuando se posee aquello a lo que se renuncia. Pero ésa es otra historia". (HARO TECGLEN, Eduardo (1996): *El niño republicano,* Madrid, Alfaguara, páx. 270). Resulta innecesario sinalar que era imposible manter tal negativa a empregar o francés –a docencia e o xornalismo, ocupacións de César Alvajar, e a vida cotiá encargaríanse de deixar as cousas no seu sitio- e ata estraña que a soa idea pasara polo seu maxín. Pero pouco importa que Alvajar nunca fixera o propósito que lle atribúe Haro Tecglen. Sexa verdade ou unha lenda máis das que circularon no exilio, a anécdota serve para ilustrar o grao de resistencia a aceptar unha lingua estraña como propia e aínda máis no caso de Alvajar que tiña un perfecto coñecemento do francés incluso antes do seu exilio. En definitiva, Bos Aires non esixía ós exiliados galegos pregarse a unha situación lingüística completamente distinta da que procedían. A ampla comunidade galega existente na cidade permitía non renunciar á lingua tanto na súa expresión escrita –empresas editoriais e publicísticas, sen esquecer as moi seguidas audicións radiofónicas- como oral. En efecto, tanta ou máis importancia que a posibilidade de escribir e ler en galego cabe pensar que tivo o feito de poder conservalo, en gran medida, como lingua de comunicación interpersoal. Doutro xeito non podería comprenderse o apuntamento que fixo Castelao nun dos seus cadernos: "Cando morreu un

> ¿Por qué los tres diputados galleguistas, en libertad, hemos prescindido de México, como punto de concentración española en el exilio, y nos hemos juntado en este extremo de América, tan lejos de los centros soberanos del mundo? Buenos Aires es para los gallegos emigrados algo así como una capital, metrópolis de la Galicia Desterrada. Los Gallegos suelen decir, por donaire, que Buenos Aires es la ciudad más grande de Galicia porque aquí residen unos trescientos mil gallegos y allá no tenemos ninguna población que pase de los cien mil. (…) Nuestro puesto está aquí, porque en ninguna otra parte, fuera de Galicia, nos sería dado desarrollar una acción tan consecuente ni tan eficazmente patriótica. Para cumplir nuestro destierro hemos venido a la ciudad en donde se concentra la inmensa mayoría de nuestros emigrados, cuya ciudad pasa a ser, por este hecho, la capital indiscutible de la Galicia libre.[852]

Tódalas vantaxes que ofrecía Bos Aires, non podían acochar que ese destino do exilio galego tamén presentaba, como contrapartida, os seus menos, inconvenientes derivados da súa posición xeográfica: o afastamento físico de España e Galicia, por unha parte, e, por outra, dos principais centros do exilio político dos republicanos españois, México e Francia. Así, cando Castelao foi reclamado por José Giral para incorporarse ó goberno da República no exilio que presidía na remodelación que acometeu en 1946, o político de Rianxo viuse obrigado a desprazarse a París[853], do mesmo xeito que viaxara a México en novembro de 1945 para a reunión das Cortes. A distancia imposta pola xeografía ía restar peso á presencia galega nos círculos do exilio e empecer unha maior fluidez nos contactos, do mesmo xeito que se resentiron as relacións coas forzas de oposición ó franquismo en Galicia.

---

galego en Nova York. Embalsamado e pintado. Un fillo, ao verme, esclamou con ledicia: 'Morreu papá'. (RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel (1993): *Cadernos. Escolma (1938-1948),* ed. De Iris Cochón, Francisco Dubert, Alfonso Mato e Henrique Monteagudo, Vigo, Galaxia-Fundación Penzol, páx. 27).

[852] Carta de Castelao a José Antonio Aguirre, 29 de novembro de 1943. *Castelao: As cartas de América. Documentación e fotografía,* A Nosa Cultura 12, Vigo, A Nosa Terra, páxs. 22 e 24.

[853] Sobre a participación de Castelao no Goberno presidido por José Giral, véxase GÓMEZ RIVAS, Isabel (1996): "Castelao, ministro do Goberno Giral: o galeguismo situado nunha 'simbólica Fisterra'", *Moenia. Revista lucense de Lingüística & Literatura,* vol. 2, páxs. 35-63.

En definitiva, o exilio en Bos Aires e París foron dous exilios cualitativa e cuantitativamente distintos, pero, co paso do tempo, o Consello de Galiza entendeu que precisaba unha ponte hacia a capital francesa para non quedar descolgado, definitivamente marxinado das decisións políticas que se adoptaban no exilio. Como escribiu Ramón Suárez Picallo: "Deica agora o noso movimiento estivo, certamente, un poco illado, limitado a Buenos Aires e Galicia. (…) ten que facer aito de presencia no resto do mundo, especialmente en Europa e no seu pulso vital, que aínda sigue sendo París, onde se decideu e se decidirán moitas cousas". A creación dunha delegación do Consello de Galiza na capital francesa converteuse na ponte buscada ata aquela cidade. A iniciativa, da que deu conta nunha serie de textos un dos seus protagonistas, Xavier Alvajar[854], é aínda pouco coñecida, a pesar de ser unha das máis importantes do exilio galego con escenario en Europa. Recollemos, pois, a invitación feita, hai xa máis dunha década, por Isaac Díaz Pardo para ensaiar unha aproximación a esa parte da historia do exilio:

> A actividade que desenvolve Xavier Alvajar en París, e que se recolle no arquivo, que afortunadamente salvouse, ten moito interés histórico pra saber o que está pasando nese instante na capital francesa até o mesmo intre da morte de Franco. No arquivo aparecen orixinais manuscritos de personaxes importantes, que se moven nese tempo conspirando contra o franquismo, como pode ser Batista i Roca e o mesmo Tarradellas, que non deixan de contar con Xavier Alvajar como representante dos galegos, sen perder a esperanza de atopar algun fío da legalidade galega pra a incorporar na voz dos pobos españois que buscan una saida. Cartas e mais cartas, e moi longas, unindo os documentos orixinais, van contando todo o que acontece en País en relación con España. (…) Algún día haberá que estudar toda esta documentación que fica dos Consellos de Galiza[855].

[854] ALVAJAR LÓPEZ, Xavier (1988): "Apuntes sobre la Delegación del Consejo de Galicia en Europa", *Anuario brigantino,* núm. 11, páxs. 125-136; núm. 12, 1989, páxs. 175-205; e núm. 13, 1990, páxs. 141-195.

[855] DÍAZ PARDO, Isaac (1987): "Algunhas notas para os finais do exilio galego", *Os anos despois (1936-1953), A Nosa História 2*, páx. 28. Temos que agradecer a Isaac Díaz Pardo a súa xenerosidade á hora de facilitar o acceso e estudio da documentación dese arquivo, que se conserva no Instituto Galego de Información en Santiago de Compostela.

3. A DELEGACIÓN DO CONSELLO DE GALIZA EN EUROPA.

Coa morte en 1950 de Castelao, o exilio galego perdía a voz que viñera representándoo ante as institucións republicanas no exilio e ó interlocutor do galeguismo ante os nacionalismos vasco e catalán nos episodios galeuzcanos da década dos 40. A data do seu pasamento constitúe un punto de inflexión na historia do exilio galego e, ademais, vén a coincidir cunha definitiva viraxe tamén da estratexia dos republicanos no exilio. Coa fin da Segunda Guerra Mundial e unha vez perdida toda a esperanza de que a victoria das potencias aliadas trouxera a España unha intervención contra o réxime de Franco, identificado ideoloxicamente coas derrotadas potencias do Eixo, os exiliados tiveron que enfronta-la idea de que o seu desterro ía delongarse no tempo.

O pasamento de Castelao, quen viñera dictando os principios e maila estratexia política do galeguismo no exilio, e a redefinición á que obrigaba ás forzas políticas no exilio o novo panorama internacional non podían deixar de atinxir ó Consello de Galiza[856] que, ademais, viu cortadas as nunca doadas relacións co galeguismo do interior, ruptura escenificada nunha reunión entre os galeguistas do interior e Perfecto López, en representación do grupo galeguista de Bos Aires, en 1958[857]. En torno ás mesmas datas, o Consello enfrontaba tamén diverxencias –que mal agochaban unha loita de poder– con respecto ó grupo, liderado por Manuel Puente, Rodolfo Prada e Xosé B. Abraira, reunido en torno á Irmandade Galega[858]. As novas circunstancias propiciaron

[856] A xuntanza do Consello de Galiza do día 1 de febreiro de 1950, a primeira trala morte de Castelao, dedicouse exclusivamente a analizar a situación na que quedaba a organización: "Comenzase considerando a dorosa situación en que se atopa o Consello coa falla de Castelao. Alonso Rios sinala que este é un momento crucial pra vida do Consello, e que si ben é certo que o non poder contar en cada caso coa axuda moral e o acertado xuicio das cousas, que sempre tiña o guieiro, asi como o seu inmenso prestixio persoal, non ten que minguar a nosa eficacia". Ademais, na primeira liña da declaración feita pública polo Consello de Galiza con tal ocasión podíase ler: "A morte de Castelao deixounos orfos, mais non desherdados". Consciente da perda, o Consello reafirmaba, non obstante, a súa vontade de continuar o seu labor. Arquivo do Consello de Galiza (ACG), carpeta 2.

[857] Para seguir as diverxencias entre os grupos galeguistas nas dúas ribeiras do Atlántico, resultan fundamentais os documentos políticos publicados no núm. 111, xullo-setembro 1991, tomo XXIX, da revista *Grial.*

[858] Para o enfrontamento entre ámbolos dous grupos, véxase CUPEIRO VÁZQUEZ, Bieito (1989): *A Galiza de alén mar,* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, páxs. 152-158. Cupeiro afirma

que o protagonismo do Consello de Galiza comezara a esmorecer. Así, en toda a década dos 50, practicamente só cabe destaca-la organización do Congreso da Emigración Galega en xullo de 1956, coincidindo co centenario do Banquete de Conxo, efeméride lembrada explicitamente xa na portada da publicación que, en 1959, recolleu a documentación e crónicas dun evento que reuniu, por primeira vez, a representantes da colectividade galega en Arxentina, Estados Unidos, Chile, Uruguay, México, Venezuela, Cuba e Brasil que puideron escoitar incluso a voz de Galicia, a través de comunicacións remitidas dende alí[859].

Só en 1960, o Consello de Galiza buscou unha saída á difícil situación que atravesaba. Buscando reafirma-la autoridade perdida, reconquista-lo protagonismo asumido en datas xa lonxanas e imprimir un novo impulso á organización, o Consello acometeu a súa remodelación que foi aprobada nunha xuntanza celebrada o 11 de xullo de 1960 no Centro Pontevedrés de Bos Aires. Mantíñanse como membros vitalicios os tres deputados galegos Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo e Elpidio Villaverde xa presentes dende a constitución do Consello e designábanse a outros nove conselleiros por un período de tres anos, renovables por terceiras partes cada ano que, no primeiro momento da reorganización, foron Martínez Lamela, Alberto Vilanova, Uxío García, Bieito Cupeiro, Santiago Suárez, M. Pazos, Daniel Calzado, Fiz Fernández e Antón Alonso Pérez. Co obxectivo de darlle "un amprio basamento popular que o faga máis efeitivo no seu traballo nobre"[860], dábase entrada tamén a destacados membros das organizacións tradicionais da emigración que pasaban a integra-las comisións de facenda, fiscal, cultura, de relacións, a máis dunha xunta consultiva[861]. Ademais, a partir da súa reorganización, o Consello de Galiza consideraba necesario facerse presente noutros puntos da xeografía

que chegouse a propoñe-la disolución do Consello para que a Irmandade Galega asumira a dirección do galeguismo.

[859] *Primeiro Congreso da Emigración Galega. Documentación. Crónicas. 1956. Buenos Aires,* Bos Aires, Editorial Nós, 1959.

[860] "Consello de Galiza. Bases para a súa reorgaización". ACG, carp. 3.

[861] Tódolos documentos sobre a reorganización salientan que a decisión respondía ó desexo de amplia-la base democrática do Consello. Estas declaracións non deben facer pasar inadvertido que coa retirada de Manuel Puente, principal financiador das súas actividades, o Consello debía de buscar tamén, deste xeito, novos apoios económicos. Na Biblioteca do Parlamento de Galicia, en Santiago de Compostela, pódese consultar o *Libro de Contas, 1945-1968* do Consello.

do exilio. Co tempo, pasaría a contar cunha delegación en Montevideo a cargo de Xesús Canabal e outra máis en México, presidida por Carlos Velo. Pero, sen dúbida, a máis activa desta rede de delegacións foi a creada en París pouco antes da remodelación do Consello e que a partir dela ía cobrar novos pulos.

Foi César Alvajar Diéguez o elixido como representante oficial do Consello de Galiza en París[862]. O seu nomeamento fíxose público o 28 de

[862] César Alvajar (A Coruña, 1892-París,1965) foi ben coñecido nos círculos periodísticos galegos do primeiro tercio do século XX. Fundou publicacións como *La República* e *La Ciudad* e colaborou nos xornais *Tierra Gallega* e *El Noroeste.* Especialmente longo e estreito foi o seu vencellamento a *La Voz de Galicia.* Compatibilizou a súa dedicación xornalística co seu traballo como funcionario municipal no concello de A Coruña, onde foi xefe do Negociado de Cultura Popular e da Sección de Propaganda e Turismo, ademais de encargarse da publicación do *Boletín Municipal.* No exilio non abandonou o xornalismo e os seus escritos, distribuídos pola Axencia Internacional de Prensa de París para a que traballaba, apareceron publicados en distintos países sudamericanos. Asemade, diversas revistas das comunidades galegas en América publicaron textos seus, fundamentalmente de asunto literario.
Foi presidente do Casino Republicano de A Coruña e, en 1935, era vocal da Liga de los Derechos del Hombre. Aínda que inicialmente estivo vencellado ó Partido Republicano Radical, chegando a concorrer ás eleccións das Constituíntes de 1931 como candidato por este partido, coa escición desta formación política, pasaría en outubro de 1934 a Unión Republicana. Tralo triunfo electoral do Frente Popular en 1936, foi nomeado Gobernador Civil de Soria, cargo que ocupaba cando se iniciou a guerra civil. Sobre os episidios inmediatos á sublevación, Domingo Quiroga Ríos, membro da mesma loxa –"Pensamiento y Acción núm. 11"- á que pertenceu Alvajar co simbólico Desmoulins, sinalou: "(…) tengo entendido que los del Frente Popular le propusieron matar a un teniente coronel, él se negó completamente a esto, diciendo que de muerte nada. Por lo visto, el militar se enteró del hecho, salvando la vida de Alvajar unos días después, al darle un coche con un médico y dos números para que lo escoltasen hasta cerca de Guadalajara, pasando así a la zona republicana", VALÍN FERNÁNDEZ, Alberto (1984): *La masonería y La Coruña. Introducción a la historia de la masonería gallega,* prólogo de José Antonio Ferrer Benimeli, Vigo, Edicións Xerais, páx. 320). Esta versión concorda co relato que se pode ler nun informe expedido pola Comisaría General Político-Social da Dirección General de Seguridad do Ministerio de la Gobernación, incluído na causa aberta contra Alvajar polo Tribunal Especial para la Represión da Masonería e o Comunismo: "Al tener noticias del levantamiento del Ejército en África y después de haber conferenciado con los dirigentes del Frente Popular y por orden del Ministro de la Gobernación, quiso armar al pueblo lo que no pudo conseguir por estar las armas en el Cuartel de la Guardia Civil y negarse a entregarlas el Sr. Teniente Coronel de la Guardia Civil de la citada Provincia. El 21-7-1936 en automóvil oficial salió escoltado por una pareja de la Guardia Civil, compuesta por un sargento y un guardia con dirección a Guadalajara y en el trayecto de Salina de Medinaceli a Esteras se encontraron con un automóvil en el que iba el Diputado del Frente Popular "Artigas Arpón", pasándose el informado al otro auto y despidiendo a la pareja, continuando ellos el viaje hasta Benamiras (Soria) en donde también despidieron el automóvil". O mesmo documento aínda engade unhas primeiras noticias do seu exilio en Francia: "Su nombre figura en relación de masones españoles que se encuentran en Francia fuera de los Campos de Concentración, confeccionada en 9-5-1939 por las Oficinas de Información en París de la 'Familia Masónica Española' como residente en Auterive, y según datos obrantes en Archivo Central de esta Dirección en mayo de 1940 se encontraba en Etablissements 'Laniel Ninoutiers, Departamento de Orne, solicitando en esa fecha pasaporte para Méjico, Chile o Argentina, ignorándose si le fue concedido". (Arquivo Histórico Nacional, Sección Guerra Civil-Salamanca. TRMC. Exp. 10.294). Das dificultades sufridas nos primeiros momentos do exilio por Alvajar e a súa familia da conta a axuda económica que recibiu dende Bos Aires. A Central Gallega acordou, nunha xuntanza celebrada o

febreiro de 1958[863]. Pode sorprende-lo perfil político -"ni nacionalista ni autonomista"- do home elixido para asumir tal representación. Pero tamén é certo que o seu republicanismo, de fondas conviccióǹs democráticas –tense contado que gozaba golpeando os selos coa efixie de Franco- e liberais, ían poñerse ó servicio do Consello de Galiza, como ten subliñado José Antonio Pérez Alvajar: "Escéptico sobre la suerte de un pueblo esclavizado por siglos al caciquismo, concibe su emancipación en el marco mismo en que se desarrolla su lucha política, es decir, en el ámbito nacional del liberalismo republicano, si esta posición se modificará después de la guerra civil, en el exilio, al servicio de la política institucional del Consejo de Galicia"[864]. Aínda que non procedía das filas do galeguismo, o certo é que Alvajar era unha figura ben coñecida e respectada en Bos Aires. Da súa época como ministro do Goberno Giral, Castelao lembraba a Alvajar "con quen pasei horas de pureza n-un meio que me afogaba"[865]. É máis, Castelao chegou a pensar, á altura de 1948, en Alvajar como o responsable dunha delegación do Consello de Galiza en París, proxecto que chegou a estudia-lo político de Rianxo para dotar de representación ó galeguismo no movemento federal europeo[866]. Con estes antecedentes, non

---

25 de agosto de 1941 "girar 600 francos a los refugiados en Francia: César Alvajar, Mª Teresa Alvajar, Amparo López y María A. López, gallegos todos ellos, que se encuentran en pésimas condiciones". (Informe da Central Gallega á Xunta Executiva da Federación de Sociedades Gallegas. Arquivo da Federación de Sociedades Gallegas. Arquivador 7, informes).
Durante a guerra, antes de saír de España en 1939, e segundo López de Zuazoalgar, Antonio (1987): (*Catálogo de periodistas españoles del siglo XX,* Madrid, Fundación Universidad-Empresa, vol I, páxs. 74-75), Alvajar tería sido redactor da sección de Información do Ministerio de Estado en Barcelona.

[863] Alvajar rexeitou as primeiras invitacións para encargarse da delegación do Consello, chegando a propoñer outros nomes, como o de Plácido Castro, candidato que debeu ser desbotado polo feito de vivir exiliado en Londres. Outro dos nomes barallados foi o de Salvador Etcheverría Brañas (O Ferrol, 1894-París, 1957), membro da mesma loxa coruñesa á que pertenceu Alvajar e compañeiros ámbolos dous de militancia en Unión Republicana. O nomeamente de Etcheverría tampouco se logrou por ser incompatible co seu cargo como Ministro de Información, Propaganda e Arquivos no goberno presidido por Félix Gordón Ordás. Para máis datos sobre o exilio de Salvador Etcheverría, véxase GÓMEZ RIVAS, Isabel (1995): "Os apuntes inéditos redactados por Salvador Etcheverría Brañas para a continuación das súas memorias políticas", en *Anuario Brigantino,* núm. 18, páxs. 175-192, a máis das súas memorias xa citadas.

[864] PÉREZ ALVAJAR, José Antonio (1995): "Presentación", en *Antología de artículos periodísticos de César Alvajar,* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, páxs. 54-55.

[865] Carta de Castelao a Alfredo Somoza. Cit. por SIXIREI, C. (1987): op. cit*.,* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, páx. 79.

[866] Aínda que Castelao non esquecía a participación de Alvajar no Bloque Repubricán Nazonal Galego –"César non se pudo librar d-esta nefasta influencia", escribiu o político de Rianxo

estraña que, dende 1951, haxa constancia de contactos entre Consello e César Alvajar, ó que se lle pediu algún que outro informe sobre o exilio en Francia. Ademais de ser un home de confianza do galeguismo en Bos Aires, os estreitos contactos que Alvajar viña mantendo coas institucións republicanas no exilio dende a súa saída de España facilitaban a misión que se lle ía encomendar dende a capital porteña. En efecto, fora director de *La Nouvelle Espagne,* publicación do goberno republicano no exilio, e tamén dirixiu, entre 1941 e ata a súa morte, *República,* órgano de Acción Republicana Democrática Española. Deste xeito, Alvajar era un home que non precisaba presentación nos círculos exiliados e, por outra banda, estaba ben informado sobre a evolución dos acontecementos. Por último e non menos importante, fronte ó extraordinario custo que suporía desprazar a París a unha persoa dende Bos Aires, Alvajar, cun medio de vida xa asegurado, resultaba unha solución máis económica posto que só ía recibir unha "asignación como complemento"[867]. César Alvajar ía contar, dende o primeiro momento, coa axuda do seu fillo, Francisco Xavier Alvajar López, quen, durante uns anos, foi secretario do Ministro de Información, Propaganda e Arquivos do Goberno republicano no exilio cando este estaba presidido por Gordón Ordás e, como o seu pai, ben coñecido nos círculos do exilio en Francia. Trala morte de César Alvajar en xuño de 1965,

aludindo a Líster–, tampouco botaba no esquecemento "o discurso de César no Sorbonne, falando en nome de Galiza [que] merece o noso sinceiro aplauso". Castelao proxectaba o posible nomeamento de Alvajar como delegado do Consello de Galiza en París no marco dunha estratexia máis ampla: "Pensamos dirixirnos ao goberno vasco e ao Presidente catalán (…) a fin de entendernos con eles para aituar conxuntamente, en nome dos tres povos, no movimento federalista europeo. Propoñeremos a constitución d-un soio Comité federalista ou a constitución de calisquere oturo órgao representativo dos paises autónomos de Hespaña, a fin de proclamar ante Europa os nosos ideaes federativos dentro do Estado (…). Si a nosa proposición fose aceptada, entón nomearíamos a César Alvajar como delegado do Consello de Galiza en París aos efeitos de integrar o Comité de órganos conxuntos". Carta de Castelao ó seu curmán Alfredo Somoza, (20 setembro de 1948). Cit. por SIXIREI, C., op. cit., páx. 103-104.

[867] Alvajar, que obtivera o título de oficial de Academia do Goberno francés en decembro de 1933, compatibilizaba a súa colaboración coas institucións republicanas no exilio coa actividade docente. Dirixiu durante catro anos en Montauban un colexio franco-español patrocinado polos cuáqueros americanos e impartiu un curso de verán, de lingua española, no Liceo Condorcet de París. Estes datos figuran nunha carta datada o 19 de setembro de 1949 de Fernando Varela, daquela vicepresidente do Consello de Ministros do Goberno da República no exilio, a Juan Sarrailh, rector da Universidade de París, na que se recomendaba ó galego para un posto de profesor de español nun liceo de París. ARE-P: páxs. 802-4.

Francisco Xavier continuou ó fronte da delegación do Consello de Galiza en París[868].

Formalizada a creación da delegación do Consello de Galiza en París, esta comezou de contado a establecer relacións coas forzas antifranquistas que operaban en Francia. Non se demorou un primeiro contacto coas institucións republicanas no exilio. Fronte as dificultades que a delegación do Consello de Galiza tería para ser recoñecida como a voz do galeguismo no exilio noutros ámbitos, o Goberno da República ía aplaudi-la posta en funcionamento deste órgano e non só polas excelentes relacións políticas e persoais que a familia Alvajar mantiña con Félix Gordón Ordás, quen presidía o Consello de Ministros dende agosto de 1951. En efecto, o Consello de Galiza dera probas e seguía dándoas dunha inquebrantable fidelidade ás institucións republicanas no exilio. Non podía ser doutro xeito sen menoscaba-la súa propia lexitimidade que, como explicitaba a súa acta fundacional, facíase descansar nos deputados galegos "como fideicomisarios da vontade legalizada do seu povo" nas últimas eleccións[869]. Esa foi a postura do Consello a pesar de que había xa tempo que estas perderan o protagonismo desempeñado nos primeiros anos no desterro e de que amplos sectores consideraban, como dixera en 1952 o socialista Luis Araquistáin nunha sonada polémica, que os republicanos estaban a pasea-lo cadáver da Segunda República, como Xoana a Tola fixera co corpo do seu marido Felipe o Fermoso[870].

O Goberno da República no exilio ía ter en conta á delegación do Consello de Galiza nos contados intres en que se impoñían as rutineiras consultas ás forzas políticas e que, a estas alturas, reducíanse practicamente ós cambios na titularidade da presidencia do Goberno. Protocolarias consultas que recibían protocolarias respostas como a que se remitiu César Alvajar o 16 de

[868] O 15 de xuño de 1965, Francisco Xavier Alvajar cumpría "o triste deber de anunciarlles a morte do meu pai" e poñía "a disposición d'ese Consello de Galiza o meu cargo de Delegado suplente e que o mesmo fago no que respeita as Irmandades Galegas". O 21 de xuño, chegoulle de Bos Aires o pésame do Consello de Galiza e a confirmación como delegado titular en París. ACG-carpeta 16.

[869] "Acta fundacional do Consello de Galiza", *A Nosa Terra,* núm. 433, decembro de 1944, páx.1.

maio de 1960 cando, trala dimisión de Gordón Ordás, o xeneral Emilio Herrera fíxose cargo da presidencia do Consello de Ministros. Xunto ó respaldo ó novo gabinete -"El Consejo de Galicia, residente en Buenos Aires, y la Irmandades Gallegas, órgano específicamente político de los gallegos y que abarca a todos los partidos de signo republicano, han sido y son en todo momento fieles a la causa de la libertad y la República, y conociendo, como conozco, su espíritu y sus entusiasmos en tal sentido, creo poder asegurarle que su asistencia en todo caso, y su colaboración activa, si fuere necesaria, no han de faltarle"-, incluíase un recordatorio das aspiracións autonomistas galegas –"los gallegos residentes en América, que constituyen allí colectividades de gran prestigio y de importancia numérica y económica, desean que se tengan en cuenta sus legítimas aspiraciones autonómicas, sancionadas en plebiscito, y se les conceda trato igual que a los otros países diferenciados. Ello será estímulo (…) para incorporar con mayor vehemencia a la lucha antifranquista a las colectividades gallegas de América y a los gallegos residentes en el interior"–[871].

O Goberno presidido por Herrera tivo unha curta vida, porque un acontecemento veu a desatar unha grave crise institucional: a morte do presidente da República, Diego Martínez Barrio, o primeiro de xaneiro de 1962. A vacante deixada polo seu pasamento presentaba un problema de non doada solución xurídica[872]. Xurdiron propostas e contrapropostas máis ou menos factibles, buscábanse antecedentes que permitiran crear a ficción de que a solución final tiña algún fundamento xurídico. Durante unhas semanas, o eco da crise chegou a Bos Aires e, na acta da xuntanza do Consello de Galiza do 26 de xaneiro tratouse do "estado precario en que se atopan as institucións do Goberno Republicano no exilio residente en Franza" e, en especial, da posibilidade de que a xefatura da República fora asumida por Dolores Ibárruri gracias a unha carambola. En efecto, segundo algúns sectores, Luis Jiménez de

[870] As cartas da polémica cruzadas por Luis Araquistáin e Félix Gordón Ordás pódense consultar nas memorias deste último. GORDÓN ORDÁS, Félix (1970): *Mi política fuera de España,* México, Talleres Gráficos Victoria, vol. IV (I), páxs. 149-157.

[871]ALVAJAR LÓPEZ, Xavier: "Apuntes sobre la Delegación del Consejo de Galicia ....." art. cit., páx. 196.

[872]CABEZA SÁNCHEZ-ALBORNOZ, Sonsoles (1997): *Historia política de la Segunda República en el exilio,* Madrid, Fundación Universitaria Española, páxs. 315-320.

Asúa, a quen lle correspondía en principio tal cargo, en calidade de vicepresidente das Cortes, quedaba invalidado ó ter presentado a súa renuncia en 1939. Así as cousas e vacantes a segunda e terceira vicepresidencia, a presidencia da República pasaría a mans dos comunistas, da "Pasionaria". O rumor preocupaba a algúns membros do Consello de Galiza, entre eles Alonso Ríos, que consideraba que tal posibilidade "sería unha arma de doble fio que pode sumar puntos a favor ou en contra da causa republicana xa que as potencias intresadas poden reaxer acusando de comunistas as institucións da Republica ou por medo o comunismo obrigar a ditas potencias a ituar en contra da ditadura". Naquela sesión, tamén se oíu a queixa de quen pensaba que "nas aituales circunstancias esta fallando a nosa representacion en Paris xa que a istas alturas teriamos xa que contar con un informe amplio de cómo se veñen desenrolando os feitos"[873]. E á espera dese informe, aprazábase a toma dunha decisión. Ese informe chegou o 2 de febreiro, cando xa parecía clara cal sería a saída a unha crise que ameazara durante semanas coa fin das institucións republicanas no exilio. César Alvajar daba conta a Ramón Suárez Picallo que o seu longo silencio debíase a unha bronquite, agravada pola saída para asistir ó enterramento de Martínez Barrio, e informaba:

> Se está en el arreglo de 'la legalidad republicana en el destierro'. Parece ser que Jiménez de Asúa (que no es gran amigo nuestro ni de las autonomías, como sabes), asumirá el arbitraje, en la sucesión de don Diego, como vicepresidente de la Cámara de los Diputados. Y parece –es casi seguro- que se encargará de formar un gobierno de coalición el Sr. Sánchez Albornoz, que por aquí anda, acaso con socialistas, uno por lo menos, catalanes, vasco ¿y gallegos? Habrá que presionar un poco y pensar en algún hombre joven y 'viable'.[874]

A información de Alvajar era correcta e confirmouse o nomeamento do socialista Luis Jiménez de Asúa como presidente da República e do historiador

[873] "Consello de Galiza. Actas, 1961-1969", acta núm. 4, (26 de xaneiro de 1962), páxs. 27-30. Este libro de actas consérvase na Biblioteca do Parlamento de Galicia, en Santiago de Compostela.

Claudio Sánchez Albornoz, como presidente do Consello de Ministros. O Consello de Galiza comunica a César Alvajar a súa posición ante estas designacións nunha carta de marzo de 1962:

> A prensa de Bós Aires, confirmando as súas noticias, deu amplia información cablegráfica encol do problema: con unha variante nova: que o novo Goberno deixaría de ser combatente político republicán, pra se trocar nun orgaismo simbólico (mentáronse nomes: Pablo Casals, Picasso e don Salvador de Madariaga, entre outros), o que está mui en concordancia coa siñificación, puramente intelectual e científica, de Jiménez de Asúa e de Sánchez Albornoz, ningún dos cuales é combatente político nin amigo de Galiza e do seu problema esencial: a autodetermiñación política do noso pobo.

Non andaban desencamiñadas as informacións que apuntaban ás intencións de Sánchez Albornoz –aínda que axiña frustradas- de formar un Goberno de ampla representación política e sindical, que incluíra tamén a figuras de notoriedade intelectual[875]. Pero a principal preocupación en Bos Aires radicaba na escasa sensibilidade que se lle atribuía a Giménez de Asúa ante as reclamacións autonomistas. Na memoria dos exiliados galegos, estaban moi presentes as acusacións vertidas por Castelao contra os socialistas en *Sempre en Galiza* e aínda resoaba o eco dunha polémica que enfrontara a Castelao e ó propio Jiménez de Asúa, cando en febreiro de 1946, nas páxinas da revista *Galeuzca,* o galeguista publicara o artigo "No hay modo de castellanizar a Galicia" en resposta a outro texto do socialista no que sostiña que "Castilla no ha cumplido su misión civilizadora, y es preciso que la cumpla". En calquera caso, o Consello de Galiza non lle ía nega-lo seu respaldo ó novo Goberno da República no exilio, pero se este era, a estas alturas, unha estructura simbólica de defensa do republicanismo, e como tal era apoiado, tamén se lle pedía, en correspondencia, o recoñecemento simbólico do dereito de Galicia á autonomía:

---

[874] ACG-carpeta 15. Carta de César Alvajar a Ramón Suárez Picallo, (2 de febreiro de 1962).
[875]CABEZA SÁNCHEZ-ALBORNOZ, Sonsoles (1993): *Semblanza histórico-política de Claudio Sánchez-Albornoz,* Madrid, Fundación Universitaria Española, páx. 125.

> Non embargantes, o Consello de Galiza –continuaba a carta remitida a César Alvajar en marzo de 1962- manterá o seu recoñecemento i-o seu apoio a calquera Goberno republicán español no desterro, coa única condición de que respete a posición dos gobernos anteriores –Gordón Ordás, Emilio Herrera- referente ó 'status' dos pobos de Euzkadi e Cataluña, e o 'semi-status' autonómico de Galiza[876].

Como escribiu o exiliado Manuel Cocho, referíndose ó estado en que o paso do tempo estaba deixando ó republicanismo no exilio: "Sólo han existido y existen la improvisación… la capacidad para la maniobra política y el favor como pago a la incondicionalidad"[877]. Nese xogo de simbolismos e reprocidades establecido, o exilio galego consideraba que un xeito de evidenciar respecto ás súas arelas federalistas era a incorporación dun dos seus homes ó Goberno da República no exilio, unha verdadeira obsesión trala saída de Castelao do gabinete presidido por José Giral. Así, a alusión de César Alvajar de que un galego puidera converterse en ministro de Sánchez Albornoz foi acollida como unha excelente noticia. En conversas con José Maldonado, quen pasaría a ser o seguinte Ministro de Xustiza, Alvajar propuxo a Emilio González López, exiliado en Nova Iorque:

> Había la duda de si estaba bien con el Consejo, etc. Yo –escribiu de novo o 5 de febreiro César Alvajar a Suárez Picallo– les dije que estaba a partir un piñón, magníficamente y dentro de la más perfecta ortodoxia, porque esa designación, si llegara a hacerse –y habrá que empujar–, no sólo es conveniente por las dotes del interesado, sino que no hay que olvidar su condición de discípulo dilecto de Asúa, y puede ser un medio, si llegara el caso, que no creo, de templar las asperezas antiautonomistas de éste.[878]

Non obstante, o Consello de Galiza previa que ese nomeamento non ía chegar a lograrse:

[876] ACG-carpeta 15. Carta asinada por Antón Alonso Ríos, Ramón Suaárez Picallo, Antón Alonso Pérez e Manuel Martínez Lamela a César Alvajar, datada no mes de marzo de 1962.
[877]TUSELL, Xavier (1977): *La oposición democrática al franquismo, 1939-1962,* Barcelona, Planeta, páx. 282.

> Tomamos –pódese ler na carta xa citada de marzo de 1962– boa nota da súa preocupación pol-a posibilidade de que no novo Goberno republicano no desterro, poida haber un ministro galego, como tal galego. Pareceríanos de pelras a idea de que Emilio González López ocupara ise posto, como vostede indica; pois, pol-a súa emoción galega, a súa laboura literaria i-a súa fidelidade á República, á Democracia i-ó esprito de Galiza, sería un candidato ideal; pero hai unha gran dificultade: Emilio González López é cibdadán dos Estados Unidos de Norteamérica e desempeña n-aquel país funciós pedagóxicas universitarias, circunstancias istas que lle prohiben aituar en calisquera cras de aitividades políticas de estados estranxeiros, a menos que se inscribira como representante eistranxeiro no ministerio de Estado de Washington. Por todo o cual, o Consello e Galiza xa pensóu dende o primeiro intre que o ministro galego, como tal, no Goberno da República, caso de concretarse ise nomeamento, sexa voste, César Alvajar Diéguez. O Consello de Galiza porpónno a vostede para ocupar ise cargo, ainda que isto siñifique de parte súa un gran sacrificio.

Ningún ministro en representación do nacionalismo galego, nin González López, nin Alvajar, nin ningún outro, ía incorporarse ó Goberno de Sánchez Albornoz. En calquera caso, o episodio resulta revelador do eido no que se desenvolvían as relacións entre o Consello de Galiza e o Goberno republicano e o calibre das súas preocupacións nun ano, por outra banda, tan significativo na historia do antifranquismo como foi 1962. Reducidas practicamente ámbalas dúas institucións a entidades de carácter simbólico, os seus movementos tamén se situaban nun plano simbólico no que calquera miudeza –en reaccións un tanto desquiciadas- era susceptible en converterse en grave afronta e requirir unha satisfacción. Así ocorrera a principios de 1959 coa publicación por parte do presidente do Consello de Ministros, Félix Gordón Ordás, dos documentos "Planes de acción y de gobierno" e "Memorándum del Gobierno Republicano en el Exilio sometido a la consideración y estudio de las agrupaciones políticas

[878]ACG-carpeta 15. Carta de César Alvajar a Ramón Suárez Picallo, (5 de febreiro de 1962).

clandestinas del interior"[879]. Segundo o entendían os nacionalismos catalán, vasco e galego, os textos rebaixaban os dereitos soberanos das rexións autónomas recoñecidos pola Segunda República. Ademais, non agochaban o seu malestar por non ter sido consultados sobre a publicación destes escritos que, pola contra, si falaban de contactos e dun certo entendemento coas forzas antifranquistas no interior de España. Inútil foi que Gordón Ordás convocara no mes de xuño a unha xuntanza ós agraviados -entre eles César Alvajar, en calidade de representante en Europa do Consello de Galiza- para intentar aclara-la situación. En bloque, cataláns, galegos e vascos declinaron a invitación. Especialmente virulenta foi a reacción do nacionalismo vasco, como proba a atención suscitada polo asunto nas páxinas de *Tierra Vasca,* editada en Bos Aires, que chegou a publicar un comunicado atribuído a Galeuzca –pero sen especificar as persoas ou formacións políticas que o asinaban– fixando a súa posición fronte o célebre "Memorando"[880]. A polémica non foi dada por pechada ata mediados do mes de agosto dese ano de 1959 e só despois da publicación dun novo documento, "Principios y estructura para una nueva etapa de Gobierno", co que os nacionalismos entendían que Gordón Ordás reparaba a aldraxe[881].

A polémica provocou, pois, a reacción dunha tímida reedición da estratexia galeuzcana que vivira os seus mellores anos na década dos corenta[882]. Galeuzca formaba unha parte importantísima da memoria dos nacionalistas, da historia dos seus primeiros anos do seu exilio. A partir

[879] Ámbolos dous textos apareceron publicados conxuntamente no opúsculo GORDÓN ORDÁS, Félix (1959): *Planes de acción y de gobierno",* México D.F.. Asemade, foron reproducidos por Gordón Ordás nas súas memorias: *Mi política fuera de España, op. cit.,* vol. IV(I), páxs. 117-130.

[880] "Sobre el 'Memorandum'. Comunicado de Galeuzca", *Tierra Vasca,* Buenos Aires, 15 de abril de 1959, páx. 3. Un mes antes, o 15 de marzo, a mesma publicación reproducía algúns parágrafos dos polémicos documentos xunto con algúns comentarios baixo o título "Proposiciones, Como siempre".

[881] As cartas cruzadas entre Gordón Ordás e os representantes dos nacionalismo catalán, vasco e galego no exilio durante os meses que se prolongou a polémica atópanse no Arquivo da Segunda República no exilio (ARE-P: 295-5). Ademais, no Arquivo Histórico Nacional-fondo Diego Martínez Barrio (atado 7-carpeta 29), consérvase unha carta de Manuel de Irujo ó presidente da República na que, por extenso, o representante vasco expresa as razóns do malestar dos nacionalismos.

[882] Para o estudio destas relacións resulta fundamental a obra ESTÉVEZ, Xosé (comp.), *Antología del Galeuzca en el exilio (1939-1960),* San Sebastián, J.A. Ascunce, 1992.

daquela, calquera acto que reunira unha representación tripartita era axiña cualificado de galeuzcano. Pois ben, en Francia, xa a principios da década dos 70, ía producirse un intento de ratificar un novo pacto galeuzcano. A proposta partiu do Consell Nacional Catalá e, no seu nome, Batista i Roca, levou o peso das conversas con Manuel de Irujo, polos vascos, e con Xavier Alvajar, polos galegos. Os tres políticos reuníronse na sede do Goberno Vasco en París no mes de febreiro de 1970 e este é un fragmento do informe remitido a Bos Aires por Xavier Alvajar sobre aquel encontro:

> Le pongo estas líneas para informarle sobre las conversaciones que en estos últimos días vengo celebrando con el señor Batista y Roca, del Consejo Nacional Catalán, y el señor Irujo, del Gobierno Vasco. (…) El miércoles por la tade, en las oficinas del Gobierno vasco, tuvimos una reunión y en ella tratamos de los que sigue:
>
> Batista y Roca quería hiciéramos una declaración firmada por representantes vascos, catalanes y gallegos, tomando, como les digo más arriba, posiciones ante la situación actual de la política y de la economía española, afirmando en esa declaración nuestra inquebrantable decisión de que nuestros pueblos sean libres y puedan elegir libremente la forma de gobierno que mejor les parezca, con plena libertad de federarse con los demás pueblos de la península ibérica si éstos así lo desean. También de afirmar nuestro europeísmo y nuestro respeto a la libertad de todos los pueblos y de todos los hombres.

Aínda que vascos e galegos non podían poñer peros ós principios que inspiraban a proposta de Batista i Roca, había unha pega non menor, que viña a ser unha nova demostración de que tan importante como o fondo, era a forma:

> Hice ver –continúa o informe de Xavier Alvajar- al señor Batista que nosotros, en tanto que Consejo de Galicia, no podíamos firmar ningún documento a escala de partidos u organizaciones políticas y que el Consejo representaba para nosotros, los gallegos, lo que para los vascos representa el Gobierno de Euzkadi y para los catalanes la Generalidad. Que si esa

> declaración la firmaban organizaciones políticas por parte de los gallegos pordrían firmarla las Irmandades, cosa que al señor Irujo le pareció sensata, empleando largo rato en corroborar y apoyar mi posición, llegando incluso a decir que ellos, los vascos, consideraban al Consejo de Galicia como a un Gobierno en exilio, y que si de hecho no lo éramos no había sido por nuestra culpa, sino por el poco interés que en estudiar y probar nuestro Estatuto habían puesto las Cortes de la República.
>
> Hicimos ver al señor Batista que nosotros y los vascos estábamos unidos y actuábamos desde hace mucho tiempo en organismos como el Consejo Federal y la Unión de Fuerzas Democráticas, mientras el Consejo Nacional Catalán no era ni un partido político ni podía pretender sustituir al Gobierno de la Generalidad que preside nuestro buen amigo don José Tarradellas. Sin descartar la idea de la publicación de un Manifiesto de toma de posición y afirmación de nuestros principios, sugerimos al señor Batista la publicación simultánea de sendos manifiestos o declaraciones, coincidentes en su contenido, pero que iban a ser firmados cada uno de ellos por los representantes políticos de cada país. Quedó el señor Batista en hacer un borrador y someterlo a nuestra aprobación o crítica.[883]

O 16 de marzo Alvajar sometía á consideración do Consello de Galiza a copia do documento que, efectivamente, propuxo Batista i Roca. O representante do Consello de Galiza en París insistía en dá-la súa opinión sobre o modo de conducirse neste asunto: "Sigo pensando que no hay que tomar demasiado en serio las proposiciones que nos haga el señor Batista. Como gobierno autónomo en el exilio el Consejo sólo debe tratar con la Generalidad de Cataluña y con el Gobierno de Euzkadi y como organización política las Irmandades con los partidos políticos y organizaciones sindicales existentes"[884].

O texto, cinco folios mecanografados, dando por sentado o inminente final "de la presente etapa del régimen franquista" e despois dunha longa exposición de motivos, viña a ratifica-lo Pacto de Galeuzca asinado en Santiago de Compostela o 25 de xullo de 1933 e tódalas declaracións tripartitas posteriores. "Especialmente renueva el compromiso de ayuda mutua en la

[883] ACG-carpeta 16. Carta de Xavier Alvajar a Valentín Fernández, (27 de febreiro de 1970).

práctica y en todas las ocasiones entre las Naciones contratantes en la prosecución de los comunes objetivos de libertad", podía lerse nun documento que pedía a confederación baixo un réxime republicano dos estados nacionais. Os últimos artigos da declaración reservábanse para que cataláns, vascos e galegos fixeran o seu propio engadido[885]. Era o xeito co que Batista i Roca tentaba soluciona-lo problema do distinto rango das entidades asinantes, como fixo saber a Alvajar: "No es necesario, naturalmente, que los textos de las Declaraciones de ratificación gallega y vasca sean idénticas con la Declaración catalana; lo único esencial es que las tres coincidan en declarar que todos ratificamos el Pacto de 1932"[886].

O proxecto do Consell Nacional Catalá, que parecía mirar máis cara ó pasado dos contactos galeuzcanos que cara ó futuro, enfrontouse, pois, co escaso entusiasmo de vascos e galegos. Alvajar pediu insistentemente ó Consello de Galiza unha decisión ante a iniciativa que obtivo a calada por resposta[887]. Deste xeito, a iniciativa foi esquecida polo Consello de Galiza. Aínda que un ano despois Batista i Roca seguía a insistir en asina-la alianza galeguzcana[888], a declaración non chegou a ser asinada.

---

[884] ACG-carpeta 16. Carta de Xavier Alvajar a Valentín Fernández, (16 de marzo de 1970).
[885] "Ratificación del Pacto de Galeuzca". ACG-carpeta 17.
[886] ACG-carpeta 17. Carta de Batista i Roca a Francisco X. Alvajar, (2 de xullo de 1970).
[887] "Me urge saber lo que han decidido ustedes en relación a lo que nos proponía el señor Batista i Roca. He de contestar a este amigo en uno u otro sentido", escribía Alvajar o (2 de maio de 1970) (ACG-carpeta16). E de novo o 19 de xuño reiteraba os seus puntos de vista sobre o asunto: "Sigo manteniendo relación con el señor Batista i Roca, Presidente del Consell Nacional Catalá. Hace solamente cuatro días nos reunimos en el Gobierno Vasco con el señor Irujo y el señor Batista volvió a la carga sobre la conveniencia de hacer revivir el pacto de Galeuzca para tratar de unificar alrededor de él a todas las fuerzas de oposición democrática de nuestros tres pueblos. Tanto el señor Irujo como yo mismo, sin recharzar de plano la idea, insistimos en que antes es preciso que los catalanes se pongan de acuerdo entre ellos mismos, pues es tal la proliferación de pequeños grupos de oposición, unos al margen de los otros y cada uno de ellos en contra de todos los demás, que nos es materialmente imposible, a vascos y gallegos, firmar declaración alguna o actuar de cualquier manera con uno de dichos grupos sin ganarnos la enemistas de todos los otros. Repetí, además, al señor Batista, que el Consejo de Galicia sólo firmaría declaración con el Gobierno vasco y con la Generalidad de Cataluña y que las Irmandades, suponía yo, estaban dirigidas por hombres con el suficiente sentido político para no embarcarse aisladamente con ningún grupo político catalán, por muy representativo que éste se creyese, y ello por las razones expuestas más arriba. El señor Irujo aprobó esta toma de posición mía que, según dijo, es la misma que sostiene el Partido Nacionalista Vasco". (ACG-carpeta 16).
[888] Nunha carta a Alvajar, datada o (3 agosto de 1971), dicía: "Como V. recordará se trataba de que cada parte publicaría su propia declaración coincidente en la fecha con las otras dos. Nosotros en principio habíamos pensado publicar la nuestra el día 11 de setiembre, no sólo por

Tanto os contactos da representación do Consello de Galiza en París coas institucións republicanas no exilio como cos nacionalistas cataláns e vascos, manifestan un certo ensimesmamento, un inmobilismo estratéxico, que pasaba por non revisa-los principios políticos fixados nos primeiros intres do exilio que permanecían inalterados de costas a unha realidade que pouco se asemellaba xa á da década dos corenta. Detéctase, en definitiva, unha vontade de reafirmación simbólica que parecía completamente desconectada da evolución dos acontecementos. Non obstante, o proxecto mesmo de creación da delegación do Consello de Galiza en París nacera da necesidade de seguir máis de preto o que acontecía en Europa. E o certo é que dende os seus mesmos inicios a delegación manifestou a súa preocupación por estar non só informados, senón tamén presentes, nos grandes movementos da oposición antifranquista en Europa que estaba a protagonizar importantes iniciativas conxuntas. Nese marco hai que inscribir o nacemento da Unión de Fuerzas Democráticas e do Consejo Español del Movimiento Europeo[889].

Estes movementos non pasaron inadvertidos a César Alvajar, quen entendía que o futuro dunha España en democracia pasaba por Europa: "La nueva Europa se está forjando en Europa misma, y no en Paisandú, ni en Caracas, ni siquiera en Washington, y hay que estar presentes en la forja"[890]. Aínda que dende finais dos anos 50, a delegación do Consello de Galiza en París viña xestionando o seu ingreso no Consejo Español del Movimiento Europeo, presidido por Salvador de Madariaga e no que Enrique Gironella asumiu as funcións de secretario, este non se acadou ata uns anos despois. No camiño, o Consello de Galiza perdeu a oportunidade de participar no célebre Congreso de Munich do ano 1962 acontecemento que, nos informes de César Alvajar daquelas datas, nin sequera merece unha mención, como tampouco pareceu darse por enterado o Consello en Bos Aires, á vista das actas das súas reunións que reflicten un significativo silencio sobre o asunto. Finalmente, o Consello de

el sentido histórico de esta fecha, la caída de Barcelona en 1714 en poder de Felipe V, sino porque el 11 de setiembre de 1923, se firmó ya en Barcelona el pacto de la Triple Alianza predecesor del de Galeuzca". (ACG-carpeta 17).

[889]TUSELL, X. (1977): *La oposición democrática al franquismo.....*, op. cit*.,* páxs. 378-388.

Galiza conseguiu vence-las resistencias para o seu recoñecemento e admisión e ía participar nas xuntanzas periódicas do Consejo Español del Movimiento Europeo en París, ademais das celebradas en Cannes, en outubro de 1965; en Bonn, en maio de 1972; e en Londres, en maio de 1973. A delegación do Consello de Galiza en París informou polo miúdo a Bos Aires de todos aqueles encontros, así como dos contactos do Consejo Español del Movimiento Europeo coa Asociación Española de Cooperación Europea (A.E.C.E.) creada en Madrid e presidida por Gil Robles ou das súas entrevistas persoais con figuras destacadas do exilio.

Pouco parecían interesar estas informacións en Bos Aires. Os documentos de Alvajar non suscitaban nas xuntanzas do Consello, segundo revelan as actas, a penas ningún comentario ou debate. Cando Xavier Alvajar solicitaba o parecer do Consello en torno a algunha cuestión importante sobre a que cumpría tomar posicións, as respostas que recibía era do estilo: "En canto as instruciós que Vde. nos recada, non poden sere concretas nin moito menos fixas, pois todo depende das circunstancias, do intre que se viva e tamén do lugar en que se aitúe. Tan soio lle decimos que se ateña, como sempre fixo, ó noso ideial patriótico, ós propósitos do Consello de Galiza i as nobres aspiraciós do pobo galego"[891]. No mellor dos casos, aconsellábaselle que, en caso de dúbida, seguira a estratexia adoptada polos gobernos catalán e vasco no exilio: "Vostede sempre debe guiarse –como fixo até o dagora con bó criterio- polos principios que xurden da esencia mesma do Consello, tendo en conta no posibel o temperamento seguido por baskos e catalans"[892]. Pouco importan os asuntos concretos que motivaron estas contestacións. O relevante é que o Consello deixaba calquera decisión en mans de Alvajar, limitándose, no mellor dos casos, a felicitalo polo seu labor e a subliña-lo interese dos informes recibidos.

O Consello de Galiza semellaba non darse conta de que viñan producíndose importantes movementos no epicentro da oposición democrática ó franquismo. O protagonismo que na loita contra a dictadura tivera outrora o

[890] Carta de César Alvajar a Antonio Alonso Pérez, datada o (8 de novembro de 1963). ACG-carpeta 15.
[891] ACG-carpeta 16. Carta de Antón Alonso Pérez a Xavier Alvajar, (19 de agosto de 1966).
[892] ACG-carpeta 16. Carta de Antón Alonso Pérez a Xavier Alvajar, (11 de novembro de 1966).

exilio, estaba sendo asumido polas forzas do interior e que, nese sentido, o Consejo Español del Movimiento Europeo, recoñecendo esa realidade que os feitos impoñían, estaba abríndose á incorporación de representantes que chegaban de España. Así, coa modificación dos seus estatutos, o Consejo Federal Español del Movimiento Europeo daba ós nacionalistas galegos dúas representacións. A reforma establecía que "las delegaciones de las grandes tendencias democráticas y de los Comités y grupos representativos de los pueblos que componen la comunidad española estarán compuestas en un 50%, por lo menos, por delegados residentes en España". Alvajar preguntaba, pois, ó Consello de Galiza "¿qué nome dou, que persona vaia a sere o delegado no interior? Esto corre prisa pois xa demos moitas probas de debilidade, o que trouxo como consecuencia que soio nos deran dous delegados, e non quixera ir a proisima reunión sin un nome que dar"[893]. A resposta reclamada non chegou a tempo e, en efecto, Alvajar tivo que acudir á seguinte sesión sen un nome. Así, naquela reunión deuse o paradoxo de que a admisión dun membro que representara ós galeguistas do interior non partiu de Xavier Alvajar:

> Da Asambleia que se celebrou onten (10.XIII.67) –informou Alvajar a Antón Alonso Pérez- o Consello Federal o que para nos ten unha maior importancia e o intento, por parte do señor Barrera (catalán que viña do interior) de facer nombrar o señor Ramón Piñeiro para un dos cargos do Comité Ejecutivo do Consello. O Sr. Barrera, apoiado por un vasco (tamén do interior) d'unha maneira discreta pero firme, tuvo que retirar a sua proposición canda eu falei para dicir que os nosos delegados no interior e os nosos candidatos (si algún día os houbera) pra os cargos do Comité Ejecutivo debían ser presentados única e exclusivamente por nos mesmos e que no momento oportuno daríamos a conocer o nome e a dirección do noso delegado no interior ó Segredario Xeral do Consello, señor Gironella.
>
> Nun aparte o fin da Asambleia, o señor Irujo, do Goberno Vasco, díxome que a nosa posición era moi débil, pois o que eu representaba (o Consello de

[893] ACG-carpeta 16. Carta de Xavier Alvajar a Antón Alonso Pérez, (23 de novembro de 1967). Como dicía Alvajar, a asignación ós nacionalistas galegos de dous representantes no Consejo Federal Español del Movimiento Europeo era unha derrota: cataláns e vascos obtiveran o dereito a catro delegados.

> Galiza) non tiña forza no interior e estaba casi disuelto, e que o que contaba hoxe era o que él chama 'grupo de Santiago'.[894]

A resposta de Bos Aires aínda se fixo esperar máis e, ó cabo, foi remitida o 19 de decembro:

> Encetamos por o felicitar con quentura pola súa posición de non permitir que ningures usurpen os dereitos que a vostede lle corresponden tocante a indicar quén deba representar ó interior de Galicia no Consello Federal; a súa posición foi moi diña e correitisma. A liña seguida lle facemos unha pregunta moi confidencial: ¿Considera vostede que podería sere de utilidade para a causa de Galicia que Ramón Piñeiro fose sinalada por iste Consello como delegado do interior, e presentado por vostede ó Consello Federal? ¿Ou pensa vostede que ise siñor non convén por algunha outra razón? Nós procederemos axiña nun xeito ou noutro previo aconsellamento con vostede. Eiquí xurde logo outra pregunta, tamén confidencial: ¿Si Piñeiro non é de comenencia, podería vostede nos indicar algún nome para ise cometido? Pregámoslle nos conteste o máis axiña posibel para nós proceder en consecoencia, pos nos decatamos da importancia dista costión.[895]

A que non foi demorada foi a resposta de Alvajar ás preguntas que o Consello de Galiza lle formulaba e que citamos por extenso dado o seu interese:

> Ante todo me apresuro a afirmarles que no tengo nada en contra del señor Piñeiro, al que ni siquiera tengo el gusto de conocer personalmente. Si en la última reunión del Consejo Federal intervine en la forma que ustedes conocen, fue, única y exclusivamente, para dejar bien sentado que el nombramiento de nuestros Delegados es cosa que sólo a nosotros incumbe.
>
> Paso ahora a la información 'confidencial'. En diversas ocasiones y a lo largo de estos últimos años –ya en vida de mi padre- el señor Irujo me habló del señor Piñeiro quien, al parecer, hace frecuentes viajes a París, indicándome la conveniencia de ponerme en contacto con él para tratar de

[894] ACG-carpeta 16-carta de Xavier Alvajar a Antón Alonso Pérez, (11 de decembro de 1967).

> realizar una unión conjunta. Le dije en todas las ocasiones al Sr. Irujo que me parecía más correcto que fuese el propio señor Piñeiro el que buscase contacto con nosotros, no por la importancia que pueda tener mi persona (ni la de mi padre, cuando aún vivía) sino por la representación que ostentábamos. Esto debió de parecerle al señor Piñeiro una humillación o algo por el estilo, porque nunca trató de vernos o de cambiar impresiones con nosotros. Más tarde -a finales del invierno pasado- al salir de una conferencia que daba en un centro de aquí el Señor Gorkin, los señores Pallach y Hurtado hablaron conmigo insistiendo en la necesidad de que todos los gallegos actuáramos de acuerdo y de que me pusiera en contacto con un joven economista, del grupo de Piñeiro, que en aquella época seguía un curso en París. También les dije que mi casa estaba abierta y que con mucho gusto recibiría a este compatriota. Tampoco trató de establecer contacto conmigo.

A continuación, Alvajar sinalaba os posibles inconvenientes políticos da designación de Ramón Piñeiro como representante do galeguismo no interior para concluír desaconsellando abertamente a súa designación:

> El nombramiento del Señor Piñeiro caería como una bomba en el seno del Consejo Federal y no dudo que nos cerraría un poco más las puertas de las reuniones políticas en que se estudian actualmente las bases de una Unión de Fuerzas Democráticas más amplia.
>
> Así las cosas, a ustedes les toca tomar la decisión que crean pertinente y, ni que decir tiene, que sea cual fuese la acepto y la apoyaré con todas mis fuerzas.
>
> No puedo darles nombres de personas del interior que pueden ser nombrados representantes nuestros cerca del Consejo Federal, por la sencilla razón de que casi todos los jóvenes que conozco están encuadrados en partidos y organizaciones políticas, aunque sueñen, como yo vengo haciéndolo, con integrarse en un fuerte Partido auténticamente nuestro. Se me ocurre, por ejemplo, un nombre que agradaría a todos, pero lo doy con toda clase de reservas porque ignoro si está dipuesto a actuar en política. Se

[895] ACG-carpeta 16-carta de Manuel Martínez Lamela a Xavier Alvajar, (19 de decembro de 1967).

> trata de Xaime Quintanilla hijo, que es médico en El Ferrol. ¿Tienen ustedes relación alguna con el seño Quintanilla? Creo que él u otra persona como él, sería la más adecuada para representarnos en el interior.[896]

Na primeira xuntanza do Consello de Galiza de 1968, os membros acordaron "escreberlle a Emilio Álvarez Blázquez informándoo deste asunto, e pedíndolle que tratase de falar con Piñeiro, facéndolle presente a atitude do delegado señor Alvajar non fora por eisistir algo de desbote á sua persoa no seio do Consello, máis ben o contrario; e anunciarlle a presenza na Terra, en data moi perta, do delegado deste Consello, Lois Fuentes, quen o imporía con amplitude acerca do mesmo asunto"[897]. Asemade, escribíuse a París: "Compartimos a súa inquedanza pola pronta solución de íste xá ausurdo problema que está resultando o nomeamento do delegado polo interior. O Consello de Galiza, aitualmente non ten dificultade nin falla de coincidencia e intendimento coas principaes individualidades do galeguismo na terra, pero xá e do seu coñecimento, non se conta con orgaízacións do conxunto, e ise é, sen dúbida, o verdadeiro motivo da desagradabel demora"[898].

Lois Fuentes viaxou, en efecto, a Galicia e como representante do Consello tentou buscar un home para que pasara a formar parte da representación galega no *Consejo Federal Español del Movimiento Europeo.* De volta a Bos Aires informou das súas xestións:

> Lois Fuentes (…) informa –di a acta da xuntanza do Consello de Galiza de 3 de setembro de 1968- de haber estado primeiramente con Emilio Álvarez Blázquez e Francisco Fernández del Riego, con quens falou do asunto de Ramón Piñeiro para tal cárrego, dicíndolle o derradeiro dos nomeados que non era comenente nomear a Piñeiro para tal cárrego, porque mandar dalí un

[896] ACG-carpeta 16-carta de Xavier Alvajar a Manuel Martínez Lamela, (27 de decembro de 1967).
[897] "Consello de Galiza. Actas, 1961-1969", acta núm. 57, (13 de marzo de 1968), páx. 200-201.
[898] ACG-carpeta 16. Carta de Manuel Martínez Lamela a Xavier Alvajar, (18 de marzo de 1968).

> home a París dese xeito, sería queimalo, e cô dito xa quedou desbotado seguir máis xestions respeito a ele.[899]

A finais de 1968, o Movimiento Europeo proxectaba celebrar unha reunión en Madrid e Alvajar volvía lembra-la necesidade de asistir xunto a un delegado do interior. Na súa opinión e en contra da expresada por Álvarez Blázquez e Fernández del Riego, esa implicación non supoñía ningún risco político para quen a asumira tal representación:

> Ahora bien, si vamos a Madrid es absolutamente necesario que vayan allí algunos destacados gallegos del interior y entre ellos el que ha de ser miembro del Consejo Federal representando al interior y que desde hace meses y meses les ruego nombren. Los demás grupos, socialistas, republicanos, vascos y catalanes tendrán su representante del interior y yo, por esta vez, no estoy dispuesto a ir a ninguna parte si no recibo antes y en tiempo oportuno el nombre y dirección de este amigo que no arriesga nada en absoluto, como lo demuestra el que existan en España y el Gobierno franquista conozca su existencia, representantes del Consejo Federal en nombre y representación de los distintos grupos que lo componen. Naturalmente que no vamos a pregonar a bombo y platillo el nombre de nuestro Delegado, pero lo exigen las otras organizaciones que desconfían de que tengamos en el interior a nadie con nosotros. (…)
>
> Es urgentísimo, pues, contesten a esta carta y me digan lo que piensan. Si son partidarios de la decisión que he tomado les aseguro que nos quedaremos solos y haremos el ridículo más grande. Lo más seguro es que el gobierno de Madrid no autorice la reunión, pero si lo hace debemos estar allí y que no ocurra como ocurrió en Munich al que no pudimos asistir por falta de instrucciones de ustedes y también por falta de medios.(…)
>
> Solicito de ustedes una relación de personas a las que el Movimiento Europeo pueda invitar a esta Conferencia, se celebre y esto en el más corto plazo posible. La conferencia debe tener lugar antes del 19 de marzo próximo. Cualquier retraso por parte de ustedes puede hacernos perder para sempre

[899] "Consello de Galiza. Actas, 1961-1969", acta da xuntanza celebrada o (3 de setembro de 1968), páx. 205.

> esta estupenda posición que hemos conquistado con tanto trabaljo y que mantenemos, hasta el momento, pese a lo poco atendidas que son mis solicitudes.[900]

O 27 de febreiro de 1970 Alvajar insistía incluso na necesidade de contar en diversas cidades españolas con representantes:

> Sigo sin recibir ni nome ni dirección del que va a ser nuestro Delegado en el interior. Esto me está poniendo en una situación violenta ante el resto de los membros del Consello Federal Español, a los que promete en más de una ocasión que 'para la próxima reunión' levaría ese dato. A este respecto creo que deben nomear vostedes a alguén de toda confianza en Madrid, edemas de la persoa que nomeen en Galicia. En Madrid es de onde están radicados todos los grupos de oposición y es necesario estar en contacto permanente con los representantes de dichos grupos. Si fora posible también uno en Barcelona, para ponerlo en contacto con los grupos catalanistas y otro en Bilbao, por ejemplo, para que trate directamente con los amigos vascos del interior. Los momentos que atravesamos son importantes para la causa de la democracia y sin representantes nuestros en esas ciudades quedaremos siempre al margen de todo lo que se acuerde.[901]

Estas e posteriores e insistentes peticións no mesmo sentido ían quedar sen resposta. Alvajar abría as súas cartas doéndose da falta de fluidez nos contactos con Bos Aires, que demoraba meses a contestación ós seus informes. Esa situación non ía máis que a agravarse de forma paulatina e forzar a Alvajar a poñe-lo seu cargo a disposición do Consello de Galiza.

---

[900] ACG-carpeta 16. Carta de Xavier Alvajar a Valentín Fernández, (12 de decembro de 1969).
[901] ACG-carpeta 16. Carta de Xavier Alvajar a Valentín Fernández, (27 de febreiro de 1970). Poucos días despois, Alvajar afirmaba que, ante a carencia dun representante do interior, a súa actuación no Consejo Federal Español e na Unión de Fuerzas Democráticas "se limita a asistir a las reuniores, pero procurando no hacerme notar demasiado". ACG-carpeta 16, carta de Xavier Alvajar a Valentín Fernández, (2 de maio de 1970).

> ¿Tienen ustedes amigos del interior dispuestos a participar en todos esto? –volvía a preguntarse Alvajar en maio de 1972–. Si los tienen, como espero, va siendo hora de que vayan informándoles o de que alguno de ellos se dé una vuelta por aquí (…). En el caso de que no tengamos gente dispuesta actuar así, lo mejor es abandonar todo, aunque esta posición del Consejo Federal Español, que tanto trabajo nos costó obtener, sea, en estos momentos la mejor plataforma para luchar contra Franco y para que el problema de Galicia sea conocido por todos los demócratas europeos. Mi puesto, como en otras veces les dije, está a la disposición de ese Consejo. Si ustedes creen que sigo siendo útil, mientras no lleguen esos refuerzos tan esperados, seguiré asistiendo a estas reuniones y representando al Consejo de Galicia. (…) Mi parecer es que debemos conservar esta posición a toda costa. Ustedes dirán, pero de ninguna manera puedo seguir prometiendo a los amigos del Consejo la asistencia de gallegos del interior si estos no van a venir nunca. Es una pena.[902]

Pouca marxe para a interpretación deixaban os silencios do Consello de Galiza. "Estar con los europeístas españoles y bajo el amparo de los demócratas de toda Europa es algo enorme en los momentos actuales; ustedes, desde Buenos Aires no pueden darse cuenta de lo que esto representa y de lo que el Consejo Federal Español es dentro de la oposición al franquismo. ¡Qué le vamos a hacer!", lamentábase Alvajar[903].

---

[902] ACG-carpeta 16. Carta de Xavier Alvajar a Valentín Fernández, (18 de maio de 1972). Alvajar amagara o mesmo xesto de abandonar a representación do Consello de Galiza en París con anterioridade e ía volvelo a facer no futuro.

[903] ACG-carpeta 16. Carta de Xavier Alvajar a Valentín Fernández, (8 de novembro de 1972). En carta datada o (18 de maio de 1973), o representante do Consello de Galiza en París expresaba a mesma idea: "Nadie hablaría de nosotros si no estuviésemos presentes y en la Europa que se está forjando nos ignorarían completamente si nuestra presencia no les recordara que, al igual que los vascos y catalanes nosotros somos un pueblo más, oprimido bajo una dictadura militar que aspira a liberarse y a formar parte, lo antes posible, de la comunidad europea de pueblos libres. Desde Buenos Aires es posible que no vean ustedes la importancia que esto puede tener en el futuro de nuestra patria". E aínda o (21 de outubro de 1973), insistía: "Como verán, a partir de ahora, la acción política del Consejo Federal pasa a ser función de los delegados residentes en la península ibérica. El interés de esta decisión no puede escapársele a ninguno de ustedes y el que nosotros estemos representados, y bien representados, en el Consejo Federal, sección interior, es de suma importancia para el provenir de nuestro movimiento. Hasta ahora y por razones que ustedes conocen tan bien como yo mismo, no teníamos derecho mas que a un representante en el exterior y otro en el interior. El del interior no había sido aún nombrado. Ahora y gracias a la labor ininterrumpida que esta delegación ha llevado a cabo

O certo é que o Consello de Galiza en Bos Aires era, dende había moito tempo, unha organización esgotada, sen capacidade de reacción ante os informes chegados de París que falaban, por unha banda, das roupaxes europeístas que a oposición democrática antifranquista e, pola outra, do imparable desprazamento do protagonismo na oposición ó franquismo dende o exilio ata o interior. O caso é que o Consello de Galiza non aproveitou as suxestións que lle chegaban de París de estreita-los contactos coas forzas políticas que ía ter un papel fundamental no deseño do futuro político de España. Son varias as causas que contribúen a explicar por qué eso foi así.

Coa morte de Elpidio Villaverde e a de Suárez Picallo, Alonso Ríos convertíase no único deputado fundacional do Consello de Galiza que, deste xeito, vía minguado o seu carácter representativo e simbólico dos principios que obrigaran ó exilio en 1939. Por outra parte, ós problemas económicos da organización a partir de mediados da década dos 60 remataron por ser asfixiantes. O seu representante en París tiña que adianta-los cartos para paga-los gastos derivados do seu traballo e incluso das súas viaxes ós países europeos nos que se celebraban as xuntanzas do Consejo Federal Español del Movimiento Europeo e os xiros dende Bos Aires adoitaban chegar con meses de atraso. En máis dunha ocasión, Alvajar tiña que recordarlles que estaba pendente o pago da cota anual que correspondía abonar como membro daquela entidade e da Union Fedéraliste des Communautés Ethniques Européennes á que tamén estaban adscritos[904]. Á incapacidade económica

dentro del Consejo Federal Español, éste ha acordado que figuremos en él en igualdad de condiciones con los otros grupos. Desde ahora nuestra representación ha de ser de dos delegados dentro y de otros dos fuera, como catalanes, vascos, liberales, etc. (…) Comprendo, hasta cierto punto, que desde América no alcancen la importancia que tiene para nosotros el estar dentro del Consejo Federal Español. Europa se hace aquí y los europeos están por entero con los componentes del Consejo Federal". A esta última petición, Valentín Fernández respondeu o (16 de novembro de 1973) deste xeito: "Después de sopesar debidamente el planteo que supone saber que en adelante la acción política del Consejo Federal pasará a ser responsabilidad de los hombres del interior, he considerado oportuno preguntarle si tiene Ud. nombres para sugerir para, en ese caso, confirmalos desde aquí el Consello de Galicia, personas a Ud. vinculadas. Pensamos que en París debe haber un gallego más que goce de su amistad para incorporarlo como representante de nuestra Patria en el exilio. Debe Ud. imaginarse que hombres radicados en América no pueden ser nombrados pues la carencia de medios haría imposible la presencia de ellos en las reuniones y obviamente sería como si no existiera".

[904]O 12 de decembro de 1969, Alvajar escribía a Bos Aires: "Recibo constantemente cartas e incluso un telegrama del señor Skadegard reclamando nuestra cuota. ¿Qué hay de eso? Y

habería que sumar unha incapacidade estratéxica. O absoluto inmobilismo nos principios políticos fixados nos primeiros anos de exilio ía incapacitar ó Consello para comprender que, dende a década dos 50, comezara a perfilarse o nacemento dunha nova oposición antifranquista, como viñan revelando sonoramente os acontecementos en España en datas tan significativas como 1956 e 1962. Ensimesmado na conmemoración de aniversarios republicanos, en homenaxes a Castelao ou María Casares, o Consello de Galiza parecía descoñecer ou esquecer os cambios rexistrados en España nas últimas décadas.

Por último, habería que engadir que as nunca restablecidas relacións co galeguismo do interior ían impedir, non só que o Consello de Galiza exercera algunha influencia, senón simplemente ter unha idea cabal do que estaba a acontecer en Galicia e dos movementos dos grupos de oposición á dictadura[905].

---

tampoco recibí ninguna asignación desde la que correspondía al mes de agosto". O 27 de febreiro de 1970, queixábase Alvajar deste xeito: "Sigo sin recibir giro alguno. ¿No creen que también en esto debían proceder regularmente? No se me ocultan las dificultades que puedan tener ahí, en Buenos Aires, pero pueden creer son mucho mayores las mías, sobre todo teniendo en cuenta que trabajo únicamente media jornada para poder estar en cualquier momento libre y no perder ninguna de las reuniones en las que nuestra presencia sea necesaria". En maio de 1973 o Consello de Galiza pagoulle os gastos da súa viaxe a Bonn, realizada un ano antes. O retraso foi xustificado así: "Queremos señalarle que en este país hay control pleno de divisas no pudiendo girarse más que por justificación de ayuda familiar y previa verificación del parentesco. Todo esto en cantidades limitadas". Estes motivos non convenceron a Alvajar quen, o 18 de maio, respondía: "Acabo de recibir su carta de fecha 10 del presente mes y no puedo menos que declararle mi asombro por los términos en que está redactada. En primer lugar, estimo que la mínima de las correcciones consiste en contestar las cartas que se reciben y dar, en lo posible, explicaciones cuando algo anormal ocurre. Me refiero, en este caso concreto, a esas disposiciones que no permiten efectuar giros desde Buenos Aires o desde la Argentina a otros países sin causa justificada. En casi toda Europa ocurre algo parecido, pero todos nos vamos arreglando para solucionar nuestros problemas. Quiero, ante todo, que quede constancia de que hace más de un año no he tenido noticias suyas".

[905] Nese sentido, cando Alvajar solicitou a Bos Aires un informe sobre a situación en Galicia en 1970 para presentalo no Congreso da Union Fedéraliste des Communautés Ethniques Européennes, o Consello limitouse a remitir só o texto que segue, dunha pobreza que resulta ben significativa: "1º Galicia soporta un gobierno de tipo centralista negador de todos los derechos que hacen a las posibilidades de autodeterminación del pueblo gallego, y sus funcionarios administrativos provienen de zonas del resto de España con carencia absoluta de idoneidad para resolver nuestros problemas, que, por sus características, son altamente diferenciales de los del resto de la península. 2º No se facilita el uso de nuestro idioma y se ponen todas trabas a aquellas entidades que procuran su conocimiento y difusión. Tampoco se permite en las escuelas su enseñanza a pesar de las recomendaciones que sobre este asunto hizo la Unesco. 3º Se sigue succionando el ahorro gallego que se destina a servir labores económicas de otras zonas españolas. Por tanto hay carencia de puestos de trabajo lo que obliga a una emigración masiva a los gallegos, dándose la paradoja de que las remesas de éstos a sus familiares para ayuda familiar representen uno de los renglones más importantes del ingreso de divisas para el gobierno español el que, sin embargo, no vuelca hacia Galicia

Precisamente o debate sobre cales debían se-las relacións co interior provocaron divisións no mesmo seo do Consello de Galiza no tramo final da súa historia. Segundo Xavier Alvajar, citando unha fonte que non identifica e estreitamente relacionada co Consello, existía un "completo divorcio de Valentín Fernández con los demás integrantes del Consello"[906]. Esas diferencias ían rematar coa saída de Valentín Fernández do Consello de Galiza:

> Hemos librado –confiaba Valentín Fernández a Alvajar en xuño de 1974– una batalla en el Consejo frente a la inoperancia extraordinaria de la mayor parte de sus miembros frente a la carencia de generosidad económica inclusive aquí vivían un poco con el criterio de que el Grupo de Galaxia podía ser el representante del galleguismo. ¡Cosa inaudita!.[907]

No mes de agosto, Valentín Fernández poñía nomes propios ós protagonistas do conflicto sobre o que aportaba claves menos crípticas:

> No se puede integrar un organismo como el Consello de Galiza para luego ponerse a servir a quienes pretenden negarlo, desconociéndolo totalmente en Galicia, o ante los organismos políticos españoles, menos aún, si desconocen su representatividad y todo cuanto se viene haciendo para que Galicia tenga una voz que hable por ella. Todos me dan la razón, pero mientras tanto el Secretario de Relaciones, señor Segundo Pampillón, conectado traidoramente con los núcleos de Galicia opositores a todo nuestro trabajo sigue en el Consello de Galiza, maquinando con Rodolfo Parada para

masa alguna de ellas para terminar con este viejo drama. 4º A pesar de las recomendaciones del II Concilio Vaticano, salvo una pequeña proporción de autoridades eclesiásticas se procura evitar el uso del idioma vernáculo en la Liturgia". Esto é todo o que o Consello de Galiza tiña que dicir sobre a situación en Galicia. ACG-carpeta 16. Carta de Valentín Fernández a Xavier Alvajar, (22 de abril de 1970).

[906] ALVAJAR LÓPEZ, Xavier, "Apuntes sobre la Delegación del Consejo de .....", art. cit., páx. 185. Segundo esa fonte, eso explicaría tamén a falta de atención ós informes remitidos dende París: "Todas las inquietudes suyas, transmitidas en sus cartas, no llegan al Consello, sino tan sólo a Valentín".

[907] ACG-carpeta 16. Carta de Valentín Fernández a Xavier Alvajar, (1 de xuño de 1974).

> destruir ese organismo al que ya oportunamente y por orden de los galáxicos se quiso hacer con él un 'entierro de primera'. Por eso me retiré.[908]

Hai constancia de que a delegación do Consello de Galiza en París funcionou cando menos ata marzo de 1975. Excepto nos seus anos iniciais, aquela representación foi tanto como quixo ou puido facer Xavier Alvajar. O Consello de Galiza non quixo ou non puido emprega-la súa delegación en París como un elemento dinamizador da súa política. En definitiva, a historia da delegación do Consello de Galiza en París, proxectado como unha ponte necesaria, imprescindible coas forzas oposición no exilio e no interior, foi a historia dun proxecto malogrado, do que puido ser e non foi.

[908]ALVAJAR LÓPEZ, Xavier, "Apuntes sobre la Delegación del Consejo de .....)", art. cit., páx. 193.

COMUNICACIÓNS

GALEGOS NOS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN

Rosa López González
Arquivo da Emigración Galega

1. INTRODUCCIÓN

Esta é unha primeira e breve achega ás experiencias vitais dos galegos que logo de sufrir os avatares da Guerra Civil Española tiveron que afrontar un longo camiño como exiliados. Un traxecto que comezou, na maioría dos casos, nos campos de refuxiados rematando, os máis afortunados, en diversos países americanos e europeos e, os menos afortunados, nos campos de concentración e exterminio nazi de onde moitos nunca saíron. Trataremos ademais de establecer unha aproximación ós lugares nos que foron confinados, condicións de vida e cales foron os organismos de axuda cos que contaron.

2. O ÉXODO DOS MÁIS DÉBILES E VENCIDOS DA GUERRA CIVIL.

Durante e trala Guerra Civil Española (1936-1939) foron varias as vagas de exiliados que buscaban refuxio no veciño país francés. Ó que acudían movidos, entre outras cousas pola proximidade xeográfica pensando sempre nun pronto retorno unha vez derrocado o réxime franquista.

A primeira riada de fuxidos tivo lugar durante o verán de 1936 unha vez que Guipúscoa caeu nas mans dos sublevados. Entre 15.000 e 20.000 persoas fuxen a Francia. Moitos saíron por mar desembarcando en San Juan de Luz e Bayonna outros cruzaron os Pirineos. Ó pouco tempo de chegar a Francia, uns 10.000 refuxiados voltaron á zona republicana por Cataluña.

Entre marzo e outubro de 1937, logo da victoria das tropas franquistas no Fronte Norte, efectuouse a segunda escapada. Das, aproximadamente

125.000 persoas que cruzan a fronteira, moitos retornaron de novo a España "estimulados"[909] polo goberno francés. Outros lograron quedar en Francia ou foron trasladados a outros países europeos e americanos embarcando a fins de outubro de 1937.

Trala batalla do Ebro e a caída da Fronte de Aragón e, entre de 1938, preto de 25.000 refuxiados saíron nunha nova vaga de España. Moitos deles voltaron para loitar en Cataluña. Algúns dos que non voltaron lograron, por distintos medios de evasión ou amparados pola representación diplomática dalgúns países refuxiarse en Francia, Portugal e Gran Bretaña.

A fuxida que nos deixou as imaxes máis impresionantes foi a que se levou a cabo logo de ocupa-lo exército de Franco Cataluña. Auténticas riadas humanas colapsaron as estradas que se dirixían cara a Francia. Era a primeira vez que na historia de España se producía un éxodo desas proporcións[910]. Máis de medio millón de persoas buscaron no país veciño a posibilidade de salva-la vida e unha segunda opción ante as cárceres franquistas. Agora non só fuxían os soldados vencidos senón tamén a poboación civil temerosa das posibles represalias dos ganadores.

> Nós levábamos armas con nós. Tratamos de camufla-las na roupa...pero non houbo maneira de pasa-las cacheáronnos a todos e todo o que tiñamos de algo de valor foi requisado

Co remate da guerra civil centos de exiliados optaron por escapar por mar cara os territorios franceses do Norte de África destacando Arxelia. Esta foi a evacuación da zona Sudoeste, último bastión da resistencia antrifranquista. Entre 10.000 e 20.000 refuxiados conseguiron embarcar nos portos de Valencia, Cartaxena, Almería e Alacante cara o norte do territorio africano

[909] Dende Francia trataron de buscar outras alternativas "desfacerse" do meirande número de exiliados que supuñan un alto custe para as arcas do goberno galo.
[910] LLORENS, V. (1976): *El exilio español de 1939*, Vol.I, Madrid, Taurus, p. 99

3. OS CAMPOS DE REFUXIADOS

Varios foron os lugares nos que se acolleu ós exiliados españois. Os fuxidos, non só tiveron que enfrontarse a vivir en condicións infrahumanas nos países de acollida senón que tamén tiveron que soportar separacións familiares xa que os homes foron agrupados, maioritariamente en campos de concentración e as mulleres e nenos en refuxios[911].

3.1. FRANCIA

3.1.1 O recebemento dos exiliados

Se o traxecto dende España ata Francia foi duro o peor aínda estaba por vir. Os refuxiados unha vez cruzados os Pirineos críanse a salvo e protexidos polo país veciño de quen esperaban recibir paz, asilo e axuda. Pero atopáronse cun goberno no que xa non quedaba ningunha simpatía pola República Española e que se amosaba impotente ante unha riada de exiliados que superaba o medio millón de persoas imposible de albergar nos campos que tiñan preparados para dar cabida tan só a unhas 5 ou 6.000 persoas.

Poucos foron os afortunados que foron acollidos en casas de familias francesas ou españois residentes en Francia. A meirande parte dos fuxidos foron internados en campos de concentración onde sobreviviron en condicións extremas baixo unha estricta vixiancia militar.

Ante esta avalancha de refuxiados o goberno francés tratou de establecer con Franco unha zona neutral entre Andorra e Port Bou para albergar ós refuxiados ata que puideran ser distribuídos por outros países. O xeneral non aceptou e Francia decicidiu reducir a presión na fronteira permitindo o paso ás mulleres, nenos e feridos e pechando o paso ós homes "válidos". A situación de tensión na fronteira era tal que o 5 de febreiro abriron de novo o paso ós soldados republicanos coa condición de que pasaran desarmados.

Os gastos que xeraban os refuxiados eran tan cuantiosos que Francia tratou de tódalas maneiras de desfacerse do maior número posible deles. Para esto buscaron países alternativos que os puideran acoller como exiliados e

desenvolveron campañas fomentando a repatriación[912]. Para os que non conqueriron persuadi-los de que abandonaran o territorio francés buscaron outras opcións mediante as cales puideron rendabiliza-la súa estancia. Unha das opcións era alistarse na Lexión. En torno a 5.000 homes que elexiron esta opción foron destinados ó norte de África. Nos Batallóns de Marcha[913] remataron uns 30.000 españois. Varias ducias de miles dos refuxiados máis novos foron encadrados nas Compañías de Traballadores Extranxeiros[914] nas que se encargaban da defensa e construcción de fábricas de armamento e de fortificacións no Atlántico e nas fronteiras con Alemaña e Italia. As Compañías e Batallóns de Traballo deixaron a comezos de 1940 os campos de refuxiados case baleiros.

3.1.2 OS CAMPOS[915]

Os primeiros campos foron creados na zona dos Pirineos Orientais,[916] nas praias do Mediterráneo máis próximas á fronteira en Cerdaña, Vallespir e no Rosellón. Coa idea de introducir neles ós exiliados segundo ían chegando. Logo son creados nos departamentos de Ariège, Pirineos Atlánticos, Aude, Tarne et Garonne e Hérautl. Os primeiros campos tiñan pésimas condicións xa que todos estaban construídos provisionalmente e estaban preparados para albergar a

---

[911] Estos últimos dispersos por toda a xeografía francesa.

[912] Con estas campañas lograron que uns 360.000 refuxiados retornaran paulatinamente a España durante todo 1939. A fins deste ano quedaban en Francia 140.000 refuxiados españoles dos que 40.000 eran mulleres e nenos e 100.000 excombatentes.

[913] Eran unidades militares compostas por españoles pero con mando francés e cunha organización interna igual que a do exército francés. O contrato de alistamento era mentras durase a guerra. Moitos dos que participaban nestas unidades vían nelas unha maneira de seguir loitando contra o fascismo.

[914] Compañías de Traballadores Extranxeiros. En diante CTE.

[915] Campo de Argelès sur Mer, Saint Cyprien, Bram en Aude: Creado para desconxestionar Argéles e Saint Cyprien.. Le Perthus, Rivesaltes, Prats de Molló, Arles-sur-Tech, Forte de Mont-Louis, Agde en Hérault: reservado especialmente ós catalanes. Tour de Carol. Amélie-les Bains. Arles sur Tech. Vernet-les Bains : Reservado a enfermos graves. Gurs: Un dos campos máis duros. Barcarés: Reservado ós refuxiados que se atopaban en tránsito cara a España. Mazère. Septfonds ou « O campo de Judas »: campo puramente militar, reservado para os técnicos e obreiros especializados. Les Haras: na cidade de Perpignan.
Campos disciplinarios: Rieucros: alberga ós reincidentes e ás mulleres consideradas peligrosas. Le Vernet d´Ariège en Ariège: Inaugurado polos anarquistas. Forte de Colliure: Primeiro calabozo no exilio.

[916] RAFANEAU-BOJ, Marie-Claude (1995): *Los campos de concentración de los refugiados españoles en Francia (1939-1945)*, Barcelona, Omega, p.129.

pouco máis de 5000 almas cando estaban chegando máis de medio millón. O panorama en todos eles era moi similar grandes areais cercados con arames de espiño onde a area das praias facía as veces de cama e o ceo raso de teito.

Os primeiros campos creados foron os de Argelés sur Mer e o de Saint Cyprien. Ambos eran unha simple zona de praia acotada con alames de espiño. Nas primeiras semanas acolleron, entre os dous case a 2/3 dos internados nunhas condicións totalmente precarias.

Estes campos axiña fixéronse insuficientes e paulatinamente foron abríndose outros[917]. Tralo caos sufrido nas primeiras semanas tratouse de poñer un pouco de organización nos mesmos. As autoridades iniciaron, coa axuda dos internos, a construcción de barracóns e aportaron os medios necesarios para unha hixiene mínima.

3.1.3 A vida cotiá nos campos de refuxiados

A vida nos campos traduciuse nun lento discorrer dos días entre aburrimentos, depresións, angustia, monotonía e a inquietude que os destruía física e moralmente. As condicións eran infrahumanas e nalgúns campos o chegar o único que atoparon foi a area da praia. Para poder resgardarse do frío tiveron que facer gabias no chan (o que logo chamaron "coelleiras" e taparse como mantas para facer así un improvisado refuxio.

> Nós lográramos pasar un colchón sobre o que dormíamos todos os que podíamos...as veces acababas riba da area...poñíamonos dacordo para dar a volta todos á vez...logo quitáronnos o colchón e durmíamos igual cos cans na area

A construcción dos barracóns foi lenta e as condicións hixiénico sanitarias foron deplorables. Estas condicións eran continuamente denunciadas

[917] Ibidem, p.143

na prensa[918]. Levaban semanas nos campos cando empezaron a levantarse as primeiras latrinas.

> Nos primeiros meses non había latrinas nin onde facer as túas necesidades...dábache vergonza...o que faciamos era meternos na auga da praia e alí faciamos o que tiñamos que facer. Tiñamos moitas diarreas e as veces ias correndo pola area e...non chegaban a tempo...e itodo polas pernas abaixo! aquelo era moi negro. Logo empezaron a facer barracóns...tiñamos algunas tablas e xa ibas facendo algo parecido a un caseto e cun burato no suelo xa facías un apaño"

Os concentrados nos campos de Argelés e Saint Cyprien morreron especialmente de disentería o non ter auga potable xa que extraían a auga con bombas de man na praia e con ela non só se aseaban senón que tamén cociñaban. A situación é dificilmente imaxinable pero moitos faleceron de disentería, tifo, pneumonía, tuberculose e de feridas sen curar.

A alimentación non foi unha excepción no cadro de calamidades e tralos primeiros días de fame comezaron a repartir exiguas racións de comida.

> Nós pasamos días sin comer un bocado, sen beber nada...por a auga do mar...logo empezaron a vir camións e desde eles tirábannos pedazos de pan...aquelo era tremendo...alí non había irmáns, nin amigos facías de todo por un pedazo de pan...Despois empezaron a organizar o reparto da comida doutra maneira...pero aínda así tocábache un pedazo de pan...ás veces unha latiña de sardiñas e un caldo que non sabiamos de que estaba feito...case era mellor non sabelo...

No momento no que os campos acadaron un maior grado de organización as horas de comida eran avisadas mediante altofalantes. O frío, o rexeitamento, as enfermidades e a fame xunto co rexeitamento á situación na

[918] Así podemos ler artigos como "Privaciones, represalias y malos tratos que sufren los refugiados" en *Cultura Proletaria* o 26 de agosto de 1939; "El fatal destino de los refugiados españoles" en *Cultura Proletaria* do 7 de outubro de 1939. Outros son máis directos na súa

que se atopaban foi rachando pouco a pouco a resistencia dos refuxiados. Trataban de pasa-lo tempo xogando ás cartas ou durmindo.

> Fixémonos cunha baralla de cartas e tratabamos de pasar o tempo así porque senón toleabas...todo o día dándolle voltas a cabeza pensando na situación na que te vías...que non tiñas nada nin eras dono de nada e que non podías facer nada para salir desa situación...Ás veces o mellor era dormir porque así paraba de traballarche a cabeza

Algúns trataron de escapar dos campos e foron abatidos polas balas dos vixilantes. Os que non morreron nos campos franceses correron distintas sortes. Unha parte deles retornou á España nacionalista, outra puido viaxar a outros países que lles ofreceron un asilo máis humanitario. Dos que quedaron en Francia algúns pasaron a integrar a resistencia francesa, as compañías de traballadores extranxeiros ou os batallóns de marcha. Os que sobreviviron para presenciar a liberación de Francia polas tropas alidadas puideron refacer a súa vida en territorio galo e, co paso dos anos pasaron de ser exiliados políticos a inmigrantes[919]. Os menos afortunados foron apresados polos nazis e deron cos seus osos nos campos de concentración de onde non sairían máis dun cento[920] de galegos que foron asasinados en Mauthausen e no Comando Gusen.

3.2. NORTE DE ÁFRICA

No norte de África desembarcaron aproximadamente unhas 20.000 persoas[921]. A Orán chegaron 7.000 republicanos militantes políticos ou sindicais e altos cargos da administración. Un total de 4.000 pasaxeiros da flota republicana foron enviados á cidade tunecina de Bizerta. Alí, o igual que na metrópole, a falla de preparación e as reticencias dos alxerianos a recibir ós

---

mensaxe pedindo "Terminemos con los crímenes de los campos de concentración" en *Cultura Proletaria* en abril de 1939.

[919] Schwarstein, Dora (2000): *Entre Franco y Perón. Memoria e identidad del exilio republicano español en Argentina*, Barcelona, Crítica, p. 12

[920] Ver listado en RAZOLA, Manuel e CAMPO, Mariano: *Triángulo Azúl. Los republicanos españoles en Mauthausen, 1940-1945*, Barcelona, Península.

[921] VILANOVA, Antonio (1969): *Los olvidados. Los exiliados españoles en la II Guerra Mundial*, París, Ruedo Ibérico, p. 25

"roxos españois" obrigaron ós embarcados a permanecer nunhas incribles condicións sanitarias durante un mes nos cargueiros. En torno a 3.000 combatentes foron obrigados a ingresar en campos de concentración situados cerca de Argel, en Boghari no campo de Morand e Boghar no campo de Suzzoni. As condicións nas que vivían os refuxiados en Arxelia eran austeras: un pan para 4 persoas, lentellas e nabos. A hostilidade e austeridade non remataba na comida xa que logo foron sometidos a traballos forzados para a construcción do ferrocarril transahariano e nas minas de carbón.

4. ORGANISMOS DE AXUDA ÓS REFUXIADOS

O éxodo masivo dos exiliados provocou na opinión pública internacional diversas reaccións a máis significativa foi a axuda inicial cara os nenos, ás víctimas máis inocentes da guerra. O primeiro organismo de axuda creouse en 1936 en Francia co nome "Comité de acogida a los niños de España" que funcionaba en colaboración co Delegación Española para a Infancia Evacuada. En decembro de 1936 varias asociacións cuáqueras de Estados Unidos, Gran Bretaña e Suíza constituíron unha "Comisión Internacional para a axuda dos refuxiados infantís en España".

En París creouse en agosto de 1936 o "Comité Internacional de Coordinación e Información para a axuda á España Republicana" tratando de promover campañas a favor da España Republicana e dos refuxiados ó remata-la contenda civil.

Durante a Guerra Civil, o goberno da República depositara en Francia diversos bens económicos e financeiros que logo foron utilizados por dous organismos creados por dirixentes republicanos españois: Primeiro actuou o "Servicio de Evacuación de Refuxiados Españois"[922] que funcionou en París integrado por persoas de varios partidos. A segunda organización foi a "Junta de Auxilio a los Republicanos Españoles"[923]. A principal función do SERE era axudar ós españois exiliados a saír cara a terceiros países. Dispoñían de varias

[922] En diante SERE, tamén chamado Servicio de Evacuación ou Emigración de Republicanos Españois
[923] En diante JARE

delegacións nas principias cidades departamentais onde había campos de concentración. Para organiza-las expedicións aplicaron criterios selectivos onde primaban os intereses políticos e profesionais. Os barcos con exiliados saíron de Burdeos e Marsella en Francia e de Casablanca no Norte de África con destino a México, Chile, Santo Domingo,Cuba, Venezuela, Colombia.

O diñeiro depositado en México foi posto á disposición da JARE. Os fondos desta organización ou diferencias internas[924] co SERE só puideron ser utilizados nunha mínima contía. A política de axuda da JARE iniciouse a comezos de 1940 e adicaronse tamén a dar subsidios, embarques e outras atencións ós exiliados. A delegación en México axudaba coa tramitación da documentación para os exiliados en Francia. Crearon empresas e fundaron o Colexio Madrid para os fillos do refuxiados en México.

Outras asociacións e organizacións que colaboraron na axuda ós refuxiados foron a "Federación de Organizaciones Argentinas pro Refugiados Españoles", "Solidaridad Internacional Antifascista" e o "Socorro Rojo Internacional".

5. AS SAÍDAS DOS CAMPOS DE REFUXIADOS

5.1 Campos de Exterminio nazi

Os 100.000 españois integrantes dos Batallóns e unidades militares francesas estiveron entre os primeiros contra os que loitaron os alemáns. As baixas calcúlanse en miles. O resto foron deportados ós campos da morte: Mauthausen, Buchenwald, Dacha e Auschwitz. En Mathausen e Gusen morreron máis dun centenar de galegos.

5.2 Un novo éxodo cara a América e outros países

Gracias, sobre todo, a actividade das organizacións SERE e JARE moitos exiliados en Francia conseguiron ser enviados a terceiros países nos que puideron mellora-la súa situación.

[924] O SERE ofrecía axuda co último diñeiro do Goberno Republicano. Foi presidido por Pablo de Azcárate, último embaixador da República en Londres. Estivo –o SERE- manexado por Negrín e funcionou en oposición a JARE dirixida por Indalecio Prieto.

México foi o país que apoiou sen menos vacilacións á República Española. O primeiro que fixo foi acoller en 1937 a 500 nenos. Logo de coñecela lastimosa situación pola que pasaban os exiliados no sur do territorio francés puxeron en marcha unha importante política de asilo. A partir de 1939 foron saíndo barcos dende Francia cara a México levando a uns 22.000 exiliados españois. Sobre todo eran intelectuais, profesionais liberais, políticos e persoal con certa cualificación.

Outros países americanos que acolleron exiliados foron: Chile a onde chegaron uns 2.000 refuxiados a bordo do "Winnipeg" logo de ser contratado polo goberno republicano no exilio a través do SERE. Á República Dominicana tamén chegaron, entre novembro de 1939 e xuño de 1940, 3000 persoas que non se adaptaron ben e tomaron logo outros rumbos. Colombia e Cuba foron outros lugares de destino e sobre todo a URSS onde non residiron gratis senón que moitos morreron na loita contra dos nazis.

A diáspora republicana levou a preto de 4000[925] persoas á URSS. Na meirande parte eran membros do Partido Comunista e familiares. Algúns remataron en campos de concentración como o de Karagandá e outros morreron na loita en contra dos nazis.

[925] Nesta cifra hai que contar a preto de 3000 nenos vascos, asturianos e, en menor cuantía, galegos que foron destinados a varias colonias.

BIBLIOGRAFÍA

ABELLÁN, José Luis (1976): *La emigración republicana de 1939*, en ABELLÁN, Jóse Luis (dir.): *El exilio Español de 1939,* Madrid, Editorial Taurus.

ÁLVAREZ, Santiago (1988): *Memorias*, III: *La lucha continúa..., el exilio, la IIª Guerra Mundial y el regreso clandestino a España, 1939-1945*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

ARASA, Daniel (1995): *Exiliados y enfrentados. Los españoles en Inglaterra de 1936 a 1945*, Barcelona, Ediciones de la Tempestad.

CAUDET, Francisco (1997): *Hipótesis sobre el exilio republicano de 1939*, Madrid, Fundación Universitaria Española.

DREYFUS-ARMAND, Geneviève (2000): *El exilio de los republicanos españoles en Francia, De la Guerra Civil a la muerte de Franco*, Barcelona, Crítica.

LEAL TENREIRO, Juan (1999): "De Ferrol a un campo de concentración en Francia" en *Ferrol Análisis* nº 14, pp. 66-69.

LLORENS, V. (1976): *El exilio Español de 1939*, Vol I, Madrid, Taurus.

FERNÁNDEZ, Carlos e RODRÍGUEZ, Carlos Luis (1985): *Franquismo y transición política en Galicia: apuntes para una historia de nuestro pasado reciente*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

FERRER MIR, Jaime (1989): *Los españoles del Winnipeg. El barco de la esperanza,* Santiago de Chile, Ediciones Cal Sogas.

JULIÁ DÍAZ, Santos (Cord) [et al] (1999): *Víctimas de la Guerra Civil*, Madrid, Ediciones Temas de Hoy, pp 278-301.

RAFANEAU-BOJ, Marie Claude (1995): *Los Campos de concentración de los refugiados españoles en Francia (1939-1945)*, Barcelona, Omega.

RAZOLA, Manuel e CAMPO, Mariano (1979): *Triángulo Azúl. Los republicanos españoles en Mauthausen,1940-1945*, Barcelona, Península.

SCHWARSTEIN, Dora (2001): *Entre Franco y Perón. Memoria e identidad del exilio republicano español en Argentina*, Barcelona, Crítica.

SORIANO, Antonio (1989): *Éxodos. Historia oral del exilio republicano en Francia, 1939-1945*, Barcelona, Crítica.

VILANOVA, Antonio (1969): *Los* olvidados. *Los exiliados españoles en la segunda guerra mundial*, París, Ruedo Ibérico.

OUTRAS FONTES:

FONTE ORAL: Amador Martínez e Ramón Bargueño.

REPORTAXES: "A volta ó campo da morte" (TVG) dirixido por Manuel Torrente "Viaje al infierno" TVE, "El complot de la esperanza" TVE, "El deber de recordar" TVE.

PANORAMA DO EXILIO REPUBLICANO GALEGO EN NOVA YORK

Nancy Pérez Rey
Arquivo da Emigración Galega

ESTADOS UNIDOS NO CAMIÑO DOS EXILIADOS ESPAÑOIS

Como xa é ben sabido os exiliados españois e galegos da Guerra Civil acabaron refuxiándose nun bo número de países americanos, a pesar de que, nun primeiro momento, pasasen por Francia ou Portugal, países de tránsito na súa fuxida. Aínda que sen dúbida foi México o país que máis refuxiados admitiu, gracias á política cardenista de apoio á República Española, moitos exiliados chegaron tamén a países como a República Dominicana, Arxentina, Chile ou Estados Unidos. Neste último caso, cabe destacar tamén o carácter transitorio que tivo o exilio de moitos españois neste país.

Centrándonos xa no caso do exilio galego, este país formou parte do itinerario de moitos galegos no seu exilio americano. Sen ir máis lonxe, e como exemplificación do periplo doutros exiliados, os Estados Unidos foron o primeiro contacto con América, e lugar de tránsito, no exilio de Alfonso D. Rodríguez Castelao, Lois Tobío, Ramón Suárez Picallo, Luís Soto, Bibiano Fernández-Osorio Tafall, e moitos outros[926]. Por outro lado, tamén foi o destino final para un importante número de galegos. Isto foi o que aconteceu, entre outros, con Ramón Iglesia Parga, que chegaba dende México a comezos dos anos 40; con Basilio Álvarez que morreu en Tampa (Florida) en 1943 despois de ter pasado por Arxentina e Cuba; con José R. Otero Espasandín que se instalou en 1948 en Pensilvania despois de estar en Arxentina; con Eugenio Fernández Granell que chegou a finais da década dos 50 procedente da República Dominicana e Porto Rico ou con Ramón Martínez

[926] Castelao dirixirase logo a Arxentina, Soto a México, Lois Tobío a Uruguai – vía Cuba e México –, Ramón Suárez Picallo á República Dominicana, Chile e Arxentina, e Fernández-Osorio Tafall a México.

López que veu dende Arxentina en 1940 para incorporarse como catedrático de Literatura na Universidade de Austin en Texas.

2. A COMUNIDADE GALEGA DE NOVA YORK

Pero o que aquí nos interesa non é outra cousa que centra-la nosa atención no xeito en que se viviu o exilio dos galegos na cidade de Nova York, así como ve-la resposta da comunidade galega da cidade ante a Guerra Civil española.

Para empezar, debemos facer certas aclaracións con respecto ás características do grupo galego na cidade de Nova York. Do mesmo xeito, é necesario contextualiza-la chegada dos exiliados republicanos a esta cidade, explicando a postura adoptada polo goberno estadounidense ante o estalido da Guerra Civil, para entender á súa vez, a resposta do grupo galego en relación cos mesmos acontecementos.

Aínda que a emigración española e galega ós Estados Unidos, foi, en termos cuantitativos, moito menor que con respecto a outros destinos, o asentamento dalgúns grupos – coma os vascos[927] ou os galegos – en zonas e momentos determinados, debe ser considerada. A pesar dos poucos traballos dedicados a estudia-la emigración galega nese país, algúns destes de carácter máis xeral apuntan a que foron os galegos o grupo maioritario dentro da emigración española ós Estados Unidos[928]. Unha emigración cunha orixe fundamentalmente mariñeira, masculina, e que comezou a instalarse sobre todo na costa leste do país, xa probablemente dende finais do século XIX[929].

Así, por exemplo, nun informe elaborado polo Consello Superior de Emigración no ano 1916, anúnciase o recrutamento de emigrantes a Norteamérica

[927]Ver DOUGLAS, William A. e BILBAO, Jon (1986): "Amerikanuak*". Los vascos en el Nuevo Mundo*. Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco.

[928] RUEDA, Germán (1993): *La emigración contemporánea de españoles a los Estados Unidos, 1820-1950*. De "Dons" a "Misters", Madrid, Editorial MAPFRE, pp. 151-152.

[929] J. C. Moya sinalou que algúns dos galegos que se dirixiron ós Estados Unidos, non foron para os ranchos gandeiros do Oeste senón a Brooklyn instalándose como fogoneiros (ship-boiler workers). Ver MOYA, José C. (1998): *Cousins and Strangers. Spanish Immigrants* in Buenos Aires, 1850-1930, Berkley: University California Press, p. 85.

realizado en diversos puntos das rías galegas, especialmente na banda dereita da ría de Arousa e zonas lindeiras á cidade da Coruña[930].

Para non seguir abondando máis na orixe desta experiencia migratoria, só dicir que a finais da década dos 30, momento que a nós nos interesa, a maioría dos galegos residentes nos Estados Unidos vivían na cidade de Nova York e na súa área limítrofe. Cando Emilio González López chega aquí como exiliado no ano 1939, calcula máis de 10.000 galegos vivindo na cidade: "En honor á verdade, cómpre dicir que entre os españois que vivían daquela en Nova York, uns quince mil aproximadamente, o noventa por cento eran galegos"[931]. Galegos que, aínda que se estableceron nos cinco distritos da cidade de Nova York[932], asentáronse principalmente en Astoria (Queens) e na parte sur da illa de Manhattan.

3. A POSICIÓN DOS ESTADOS UNIDOS FRONTE Á GUERRA CIVIL ESPAÑOLA

Na fin da década dos 30 os norteamericanos vivían o segundo mandato de Franklin Delano Roosevelt (1937-1941). A victoria de Roosevelt decidiuse, para moitos, polo apoio do voto católico, axuda que sería determinante nas decisións políticas que o goberno tomaría no seu posicionamento con respecto ó conflicto civil español. Por outro lado, a política internacional dos Estados Unidos viña sendo, xa dende a fin da Iª Guerra Mundial, neutral. En maio de 1935 fora aprobada polo Congreso unha lei de neutralidade que prohibía o

930 "Otra recluta acerca de la cual debemos llamar la atención, (...) es la que en la actualidad se está realizando en la margen derecha de la ría de Arosa y parte colindante de la provincia de Coruña. (...) y especialmente en Riveira, Carreira y Caramiñal, agentes poco escrupulosos están reclutando gentes infelices con destino a Norte-América." En "Recluta de emigrantes de Galicia para norteamérica". En *Boletín del Consejo Superior de Emigración*. Nº 80, (1916), p. 62. Refírese principalmente a municipios de larga tradición mariñeira como Ribeira, Boiro, Porto do Son e Pobra do Caramiñal na ría de Arousa, ós municipios de Muros e Carnota, e Bergondo, Oleiros e Sada na área lindeira coa Coruña.

931 "Tratábase de homes que traballaban na construcción, nos barcos de carga, remolcadores, nas minas, nos altos fornos de aceiro e ferro, no metro, nos restaurantes, de porteiros de importantes edificios, traballando tamén nas caldeiras, fontaneiros, pintores, caldeireiros, carpinteiros, mecánicos, etc" en GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio e RICÓN VIRULEG, Amado (2000): *Castelao, propagandista da República en Norteamérica*, Sada, Ediciós do Castro, (edición de X. R. Fandiño), p. 69.

932 Bronx, Brooklyn, Manhattan, Queens e Staten Island. Tampouco hai que esquece-los grupos que se instalaron noutras cidades do estado de Nova York como Patterson ou a importancia da comunidade galega no estado de New Jersey (Newark, Jersey City, etc.)

apoio loxístico a calquera estado que estivese en guerra[933]. Así, en agosto de 1936 anúnciase a non interferencia no conflicto español e a imposición dun "embargo moral", que se verá reforzado coa aprobación dunha nova Lei de Neutralidade en maio de 1937.

Esta actitude de Estados Unidos tiña a pretensión de evitar unha intromisión no conflicto, en concerto coas políticas franco-británicas de non intervención. Pero a pesar diso, este posicionamento gobernamental encontrou oposición en parte da sociedade americana, fundamentalmente nos sectores liberais e de esquerdas. Do mesmo xeito, o embargo foi violado en varias ocasións, sendo salientable o envío de avións e motores de avión que fai un empresario de New Jersey, Robert Cuse, para as tropas republicanas, en decembro de 1936.

A pesar de varios intentos por chegar a unha solución antiembargo, Roosevelt mantívose na postura de non revoca-lo mesmo. En realidade, aínda que o presidente persoalmente simpatizase coa República Española, el era o punto medio entre os dous extremos das posicións do seu goberno con respecto a España. Por un lado, estaba a influencia do Secretario de Estado, Cordell Hull, que vía con desconfianza a causa republicana, e por outro, o prorrepublicanismo do embaixador norteamericano en España, Claude Bowers, quen en máis dunha ocasión tentou influír na intervención estadounidense en favor da República Española[934].

Finalmente, co final da guerra, os Estados Unidos acabaron por recoñece-lo goberno de Franco o 1 de abril de 1939.

En canto ás iniciativas xurdidas fóra da esfera gobernamental en relación co estalido da Guerra Civil, xa dixemos antes que a sociedade norteamericana mostrou, en xeral[935], o seu apoio á República española. Máis concretamente, foi nas filas do Partido Comunista estadounidense (CPUSA), onde se xeraron as principais campañas de axuda e recadación de fondos para a defensa da

[933] THOMAS, Hugh (1976): *La Guerra Civil Española, I*, Barcelona, Ediciones Grijalbo, p. 394.
[934] REY GARCÍA, Marta (1997): *Stars of Spain. La Guerra Civil española en los Estados Unidos*, Sada, Ediciós do Castro, pp. 25-34.

República en España. Así mesmo, o CPUSA foi o promotor do nacemento doutros organismos de carácter frentepopulista a favor da causa republicana. Para os comunistas, a guerra en España viña a reforzar e xustifica-la súa estratexia na loita contra o fascismo[936].

Entre as organizacións e accións impulsadas polo CPUSA hai que sinála-lo recrutamento de voluntarios para loitar nas Brigadas Internacionais, formando o Batallón Abraham Lincoln que loitou no Xarama en febreiro de 1937. De forma máis indirecta, e xunto con outros organismos como o Partido Socialista e a Liga Americana contra a Guerra e o Fascismo, colabora na creación de dúas das organizacións norteamericanas máis importantes de axuda ó goberno republicano de España: o Medical Bureau to Aid Spanish Democracy e o North American Committe to Aid Spanish Democracy, creados en novembro e outubro de 1936[937].

4. ORGANISMOS ESPAÑOIS DE AXUDA Á REPÚBLICA EN NOVA YORK

Pero agora é xa o momento de dedicarnos a ve-las reaccións da comunidade española na cidade de Nova York. A diferencia das iniciativas norteamericanas, promovidas case que fundamentalmente por comunistas, a principal empresa de carácter español con ámbito de actuación en todo o territorio estadounidense, non se identificou claramente con ningún grupo político. As Sociedades Hispanas Confederadas (SHC), creadas na primavera de 1937, tiñan como principal obxectivo a unidade dos antifascistas e, nun primeiro momento, colaboraron xuntos socialistas, anarquistas e comunistas.

As SHC tiveron como antecedente o Comité Antifascista Español dos Estados Unidos, (CAE), constituído en Brooklyn o 27 de xullo de 1936.

---

[935] Dende logo, houbo partidarios e simpatizantes da sublevación franquista, xa que algúns sectores do catolicismo norteamericano consideraban que a Guerra Civil española era unha loita da civilización cristiá contra o comunismo. Ibidem, p. 51.

[936] Ibidem, pp. 69-86.

[937] Os dous organismos fusiónanse en xaneiro de 1938 para reforza-la campaña de propaganda prorrepublicana e de recadación de fondos. Para iso as súas actividades consistían na celebración de mitins, manifestacións, conferencias, documentais, programas de radio, exposicións, concertos, edición de panfletos, periódicos, etc.Ibidem., pp. 104-109.

> En pocos meses, puede asegurarse que toda la colonia española y parte de la hispanoamericana, especialmente la obrera, estaba representada en el Comité Antifascista Español. (...) El entusiasmo entre las filas de los antifascistas era enorme. Enemigos irreconciliables de ayer hermanábanse y fundíanse hoy en un mismo anhelo. Anarquistas, Socialistas, Comunistas, Republicanos, hombres sin tendencia de ninguna especie, se afanaban por ser los primeros y los más, en el trabajo y el sacrificio.[938]

Con estas palabras podemos entende-lo sentido de unidade que o Comité Antifascista pretendía manter ante a actuación fascista en España. Cando se decidiu crear unha federación de carácter nacional, ante a importante adhesión de grupos hispanos espallados por todo o país, xorden as Sociedades Hispanas Confederadas. O CAE seguiu sendo o seu órgano coordinador así como responsable dos seu principais instrumentos de prensa, *Frente Popular* (1937-1939) e *España Libre* (a partir de novembro de 1939)[939].

En canto ó carácter das agrupacións incorporadas ás SHC na loita antifascista houbo diferentes categorías: dende sociedades e agrupacións de carácter nacional e rexional, xa existentes, ata organismos de nova creación xurdidos ad hoc. As súas actividades centráronse fundamentalmente nos labores de propaganda a favor da República española, na recadación de axuda para enviar á zona Republicana e na axuda ós refuxiados, instalados en Francia, que chegaban ós Estados Unidos, sobre todo a partir dos últimos meses do conflicto bélico. Así o expresaba un editorial do xornal *España Libre* xa rematada a guerra:

> Durante la guerra de España ayudamos al pueblo español en diversas formas y una de las principales fue el espíritu de entusiasmo creado aquí, que repercutió en todo el continente. (...) Ya se acabó la guerra en España.

[938] "¿Qué es y que ha hecho Sociedades Hispanas confederadas?. Breve reseña Histórico-Política de Nuestra Organización". *España Libre. Órgano de Sociedades Hispanas Confederadas de los Estados Unidos de Norte América*, IV:1, (01/01/1942), p. 10.

[939] Este último foi a principal fonte hemerográfica consultada para a elaboración desta comunicación. A imposibilidade de consulta-lo seu predecesor de xeito directo, Frente Popular, levounos a tomar parte das novas que se reproducen no mesmo na edición que fai X. R. Fandiño de *Castelao, propagandista da Republica en Norteamérica*, (op. cit., pp. 97-273).

> ¿A quién iba a ayudar Sociedades Hispanas Confederadas? Ayudamos a los refugiados. (...) sacando compañeros de Francia, enviando mercancías para los refugiados, giros de dinero, atenciones a los mutilados y cuidados a los niños."[940]

Os mecanismos utilizados para a recadación podémolos observar a través da gran cantidade de anuncios publicados en *España Libre* que anuncian os innumerables festivais, concertos, pícnics, veladas teatrais, partidos de fútbol, etc., celebrados para a difusión da propaganda prorrepublicana e para a recadación de fondos. As SHC contaban ademais cun programa radiofónico de media hora diaria no que se informaba das actividades da organización e onde colaboraban diversas persoas da comunidade con artigos de opinión sobre o problema español. Andrés Rodríguez Barbeito, galego excónsul de España en Río de Xaneiro e Panamá, e que viviu o seu exilio primeiro en Nova York e logo na Arxentina, era colaborador habitual desta audición.

Xa por último hai que dicir que as SHC estenderon o seu labor a Europa, xa que a ese destino foron enviados algúns representantes da mesma para organiza-los traslados cara ó continente americano de refuxiados instalados en campos de refuxio e concentración franceses. Así, por exemplo, o socialista e secretario xeral das SHC, natural do concello de Oleiros, Xosé Castro, foi enviado a Francia a comezos do ano 1939 como representante da organización para facilita-lo labor de traslado dos refuxiados principalmente a México[941].

Moitos dos refuxiados que chegaron ó porto de Nova York recibiron axuda, tanto económica como legal, das SHC.

> Todos los días desfilan por Nueva York y otras ciudades de los Estados Unidos refugiados españoles que llegan desesperados, huyendo del infierno de Europa, especialmente de lo que todavía se llama Francia. (...) Y esta organización los atiende, comprándoles ropa, enviándolos a comer,

[940] "SHC ha cumplido sus deberes con los refugiados" , *España Libre*. II:34, (21/06/1940), p. 6.
[941] Emilio González López tomou contacto con Xosé Castro por primeira vez en Francia, o cal que lle facilitou a súa saída cara Estados Unidos no Henry Jasper en marzo de 1939. Ver GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio (1990): *Memorias de un diputado republicano en la Guerra Civil Española (1936-1939),* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, pp. 318-320.

> encontrándoles alojamiento. Después se hacen las gestiones necesarias y se les paga el pasaje a un país Hispano-Americano. Así se rescata a los refugiados[942].

Así foi o que aconteceu con moitos galegos dos que só citaremos aquí algúns casos, como o de Bernardo Cores Soto, natural de Panxón, que despois de estar no campo de refuxio de Argelès sur Mer chega a Nova York onde se lle financia a estancia ata a súa saída cara a México. Antonio Santamaría, ex-alcalde de Ferrol, pasa por Nova York en febreiro de 1940 no seu camiño cara a México, foi invitado, sobre todo por parte da colonia galega a participar en actos antifascistas, recibindo ademais unha axuda económica de 75$. E por último non quero deixar de facer mención ó caso de Isabel Gómez, muller do médico redondelán Telmo Bernárdez Santomé fusilado en decembro de 1936, que con seis dos seus nove fillos pasou por Nova York rumbo a México a finais do ano 1939[943].

Tal e como veremos a continuación, os galegos tamén asumiron cargos de responsabilidade dentro das Sociedades como representantes á súa vez de agrupacións galegas das que de seguido imos falar.

5. A FRONTE POPULAR ANTIFASCISTAS GALEGA

Dos máis de cen organismos que a SHC aglutinaba á altura de xaneiro de 1938, catro deles eran de creación integramente galega: o Club Coruña de Nova York, o Centro Galicia, da mesma cidade, Muros y sus contornos de Newark e o máis importante deles, a Fronte Popular Antifascista Galega (FPAG). Se ben, moitos dos galegos residentes na cidade formaron parte doutros organismos de carácter nacional, tamén pertencentes ás SHC, como é o caso

[942] "Como ayuda SHC a los Refugidos", *España Libre*, II:52, (25/10/1940), p. 4.
[943] "Se ayuda en el mismo día con 25$ a la señora Isabel Gómez, que va a México con sus seis hijos" en "Actividades del Departamento de Asuntos Legales", *España Libre*, I:5, (01/12/1939), p. 1. Para o caso de Bernardo Cores ver "Como ayuda SHC a los Refugidos", España Libre, II:52, (25/10/1940), p. 4., para Antonio Santamaría "Acto Extraordinario celebra el Frente Popular Antifascista Gallego", *España Libre*, II:16, (16/02/1940), p. 10.

do xa citado Xosé Castro, que fora varias veces presidente e secretario xeral da Sociedade Española de Beneficiencia de Nova York[944].

Pero dos catro, a FPAG foi o organismo galego máis importante, dentro das Sociedades Hispanas Confederadas, que interviu na chegada a Nova York de moitos exiliados galegos. A Fronte naceu en decembro de 1937 no local do Centro Galicia situado no 147 da Columbus Avenue. Ramón Mosteiro, fillo dun antigo emigrante galego, que estudiara Medicina en Santiago de Compostela e loitara na Guerra Civil, foi elixido o seu secretario xeral; Xenaro Borines o vicesecretario, Xoán Díaz Alonso, tesoureiro, Celso Gil, vicetesoureiro, o tamén actor ferrolán Víctor Fernández, recibiu o cargo de secretario de propaganda, Xosé P. González, vicesecretario de propaganda e Antonio Rodríguez, secretario de Actas. Os vocais foron Luísa Pérez, Rolinda Pérez, Enriqueta Borines, Fernando Borines, Fernando Díaz, Rogelio Medín, Ramón Barbeito, Xosé Castro Álvarez, Xosé Lugrís, Paulino Basanta e o sadense Bieito Santos[945].

O xornal *La Voz,* dirixido polo vigués Ceferino Barbazán, recollía así a nova: "Abierta la asamblea por el señor Alonso, expuso el objetivo de la citación. Desde los primeros momentos, y después de hablar de varios de los camaradas presentes se pudo advertir que el alma de todos estaba en intensificar la ayuda a España y que, en unión de las Sociedades Hispanas Confederadas, colaborar para el envío de lo más necesario para el triunfo de la causa del pueblo."[946]

O comité central da Fronte estaba pois en Nova York – onde contaba tamén co grupo Juventudes Gallegas e o seu coro – pero tivo ademais delegacións en Newark, Bayonne, Bronx e Bridgeport entre outras localidades.

---

[944] Fundada o 5 de abril de 1914, foi unha das sociedades máis antigas da comunidade española en Nova York. Dende a data de creación e ata 1947, momento no que se funde con La Nacional, foi coñecida de diversas formas, absorvendo ademais a maioría dos centros *rexionais como o* Centro Montañés, *o* Centro Aragonés *ou o* Centro Galicia. Ver RUEDA, G.: *La emigración contemporánea de españoles...*, op. cit., p. 236. Así mesmo, Xosé Castro representou ó Centro Español de Nova York no IVº Congreso das SHC celebrado en Newark o 23 e 24 de novembro de 1940, "Cuarto Congreso Nacional de Sociedades Hispanas Confederadas. Apertura del Congreso", *España Libre*, II:61, (27/12/1940), p. 15)

[945] GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio e RICÓN VIRULEG, Amado: *Castelao, propagandista...*, op. cit., pp. 56-70

[946] "Quedó constituido el Comité Antifascista Gallego", La Voz¸(27/12/1937), en GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio e RICÓN VIRULEG, Amado: *Castelao, propagandista...,* op. cit., pp. 161-162.

Seguindo as pautas de actuación das Sociedades, o FPAG artellou a súa maquinaria propagandística e de recollida de axuda en torno á celebración de mitins, elaboración de panfletos, festas, pícnics, e outro tipo de accións[947]. Así, en maio de 1938 xa conseguiran financia-la compra e envío de catro ambulancias – co nome das provincias galegas – a España[948].

Pero sen dúbida, gran parte dos seus esforzos centráronse en levar a Nova York a algúns dos homes máis importantes da política e da cultura galega. E así, como os primeiros exiliados comezan a chegar. Bibiano Fernández-Osorio Tafall foi un dos primeiros en facelo.

6. OS EXILIADOS GALEGOS VAN CHEGANDO

Coa chegada de Tafall a Nova York, en marzo de 1938, iníciase a etapa de recepción de propagandistas republicanos, alentada en boa medida polo goberno republicano de Negrín. Despois de dous meses de intensa campaña, con conferencias, mitins, audicións radiais, etc., o deputado por Izquierda Republicana, regresa a España para ocupar o posto de Comisario Xeral de Guerra[949].

A pesar das reticencias do goberno Negrín coa persoa de Alfonso R. Castelao, este foi enviado, despois da súa viaxe a Moscova, como propagandista republicano a Norteamérica, pouco despois de que o Secretario Xeral das SHC, Xosé Castro, invitara formalmente ó galeguista a se trasladar a Nova York. Aínda que para Emilio González López, pesou máis este último factor na viaxe de Castelao ós Estados Unidos que a orde gobernamental[950]. Despois da chegada de Castelao en agosto de 1938, acompañado pola súa muller, chegan outros como o comunista Luís Soto – acompañante de Castelao na xira feita a Cuba e por gran parte dos Estados Unidos – Basilio Álvarez,

[947] No xornal *España Libre* era frencuente atopar titulares deste tipo: "El Frente Popular A. Gallego celebra un festival" I:5, (01/12/1939), p. 11, "Acto Extraordinario Celebra el Frente Popular Antifascista Gallego", II:16, (16/02/1940), p. 10, "Grandioso Festival prepara el Frente P.A.G. de Newark" II:52, (25/10/1940), p. 7, "Fiesta del Galicia Social Club el Domingo", II:42, (16/08/1940), p. 4

[948] "Los gallegos antifascistas de los Estados Unidos de Norte América. Su labor continuada y eficaz por la causa del pueblo español", *Nueva Galicia*, Barcelona, 40, (17/05/1938), p. 4

[949] "Ossorio y Tafall en los Estados Unidos de Norte América", *Nueva Galicia. Portavoz de los Antifascistas Gallegos*, Barcelona, II:40, (17/05/1938), p. 1.

Marcial Fernández, Ramón Suárez Picallo, Ernesto Guerra da Cal e outros moitos.

A presencia destes homes, pero sobre todo a de Castelao, provocou un clima de efervescencia na comunidade galega de Nova York que vía como as súas actividades en favor da República eran reforzadas coa participación dunha parte moi representativa da política e da cultura galegas daqueles momentos. De xeito específico, Castelao significaba para moitos o ideal e o elemento de unión de tódolos galegos[951]. El foi o convidado especial dun gran acto organizado pola FPAG co propósito de recadar cartos para a adquisición dun Hospital Móbil que sería doado á España leal. Deste xeito, o festival celebrado no Ulmer Park en agosto de 1938 foi a estrea de Castelao nos Estados Unidos[952].

De seguida, coa chegada de Luís Soto comezan a organiza-la xira que os levaría por un gran número de cidades estadounidenses, na maioría das ocasión na compaña de dous galegos e importantes membros da comunidade galega de Nova York, Ramón Mosteiro e Xosé Castro, o primeiro en representación da FPAG e o segundo por SHC.

Aínda que xa nese momento o rianxeiro poida comezar a sentir as diferencias e os conflictos interpartidistas (sobre todo entre socialistas e anarquistas fronte a comunistas) que xa estaban roendo nas SHC, e que dende logo tamén afectaron á FPAG, os proxectos dos antifascistas españois e galegos de Nova York aínda parecían estar movidos por unha causa común[953]. Así, en setembro dese mesmo ano, 1938, un editorial do xornal *Frente Popular* era reflexo dun sentir moi en consonancia coas teses frentepopulistas que na teoría os propagandistas republicanos viñeran transmitir: "Ayer Tafall. Hoy Castelao. Ayer el nervio bien templado. Hoy el espíritu maduro. Ayer el ímpetu juvenil. Hoy la reflexión creadora. Ayer Talento y Ciencia al servicio del Genio. Hoy el

[950] GONZÁLEZ LÓPEZ, E. e RICÓN VIRULEG, A.: *Castelao, propagandista*..., op cit., p. 50.
[951] Así o expresaba Xosé Caamaño, galego residente en Nova York e membro do FPAG, ante a inminente chegada de Castelao. Ver "Castelao y la Unión Gallega", *La Voz*, (15/07/1938), en GONZÁLEZ LÓPEZ, E. e RICÓN VIRULEG, A.: *Castelao propagandista...,* op cit., pp.101-102.
[952] GONZÁLEZ LÓPEZ, E. e RICÓN VIRULEG, A.: *Castelao propagandista...,* op cit., p. 72.

genio al servicio del Arte. He aquí dos hombres, opuestos por razón temperamental e ideológicamente coincidentes. Tafall y Castelao son figuras distintas que simbolizan el mismo ideal. El triunfo del Pueblo español con la obligada secuela de la liberación de la Galicia Mártir."[954]

As cousas tornarían de cor á volta da viaxe realizada por Soto e Castelao a Cuba entre novembro de 1938 e febreiro de 1939. Namentres, o galeguista Ramón Suárez Picallo e o socialista Marcial Fernández chegan a Nova York respondendo á chamada da FPAG. Se para Castelao se preparara aquel grandioso festival do Ulmer Park, para Suárez Picallo o mitin celebrado no Royal Windsor, o 19 de febreiro de 1939, foi o primeiro dunha serie de actos que compartiría, sobre todo, con M. Fernández, Francisco Mares[955], pero tamén cun recentemente chegado e enfermo Basilio Álvarez. A crítica e precaria situación, tanto de saúde como económica, do cura de Beiro, provocaron unha intensa mobilización da comunidade galega para axudar ó recentemente chegado de Arxentina e Cuba[956].

Segundo as consideracións feitas por X. M. Núñez Seixas[957], o achegamento de Suárez Picallo ós anarquistas xa durante o decurso da guerra, motivaron o distanciamento entre este e Castelao, ó que acusaba de subordinado do comunismo. De feito, para este último, a presencia de Marcial Fernández e Picallo en Nova York levou a que fose marxinado polos grupos

---

[953] Bieito Alonso apunta que xa a antes da viaxe de Castelao a Cuba xurdiran as primeiras tensións entre os grupos da SHC. En ALONSO, Bieito (2000): *O exilio de Castelao*, Vigo: A Nosa Terra, p. 11.

[954] "Las tareas de la victoria", *Frente Popular*, (09/09/1938), en GONZÁLEZ LÓPEZ, E. e RICÓN VIRULEG, A.: Castelao propagandista..., op. cit., p. 119. A admiración por Castelao estaba baseada en parte polo seu traballo como pintor e gravador e que tivo ocasión de expoñer nos Delphic Studios de Nova York en novembro de 1938.

[955] Mares pertencía a sociedade Muros y sus contornos de Newark (NJ) e que en xullo de 1941 foi elixido vocal das SHC. En "SHC celebró sus elecciones", *España Libre*, III:26, (11/07/1941), p. 5.

[956] Chegou a constituirse o Comité Pro Basilio Álvarez encargado de recadar dita axuda. Durante o ano 1940 e 1941 sucéndense os anuncios en España Libre anunciando colectas, homenaxes e outros actos en pro de Basilio Álvarez. Unha vez conseguida unha pensión este retírase a Tampa onde vivirá ata a súa morte no ano 1943. Ver por exemplo "Gran Festival Pro Basilio Álvarez", *España Libre*, II:45, 06/09/1940, p. 3 ou "La función pro Basilio Álvarez", *España Libre*, V:17, 23/04/1943, entre outros moitos anuncios.

[957] Nota á carta de Castelao a Sebastián González García-Paz, 9 de setembro de 1939. Ver NÚÑEZ SEIXAS, X.M (comp.): *Castelao. Obras completas (Volume VI: Epistolario)*, Vigo, Galaxia, 2000, p. 307.

máis poderosos das SHC e da FPAG, claro está socialistas e anarquistas. Así llo expresou nunha carta a Sebastián González García-Paz en setembro de 1939:

> Eiquí temos todo preparado aínda que se Picallo non se fora, con Marcial Fernández (un socialista, un enchufista, etc.) botaría por terra a miña laboura. (...) Por culpa del estou eiquí varado, inutilizado e sen saber como sair. (...) Non me escoitou e sigueu decindo que eu estaba entregado aos comunistas e doulle azos a uns imbéciles que chegaron a decir que estou a soldo da Unión Soviética.[958]

Marcial Fernández e Suárez Picallo marchan de Nova York no verán de 1939, e para Castelao, seguen os malestares no seo da comunidade galega e nos seus órganos antifascistas. Nunha carta a Lois Tobío, que daquela xa debería ter pasado por Nova York rumbo ós outros destinos do seu exilio, Castelao expresa a súa profunda insatisfacción: "Estou triste. Nova York pésame moito. A xente d-eiquí non ten moral ningunha e antra tanta loita creo que non saberei defenderme."[959]

Seis meses despois, e logo de planifica-la súa saída dos Estados Unidos en varias ocasións, a súa opinión sobre a comunidade galega era cada vez máis desmerecedora: "...nuestra colonia –predominantemente marinera– reacciona contra el ambiente entregándose a los más estúpidos demagogos que puedas tú imaginarte y aunque la heladora eléctrica es el símbolo de su espíritu adoran la estatua de la Libertad. (...) En fin; queda México, Chile, Argentina, Uruguay, Brasil..."[960] Deste xeito, Castelao, procuraba xa con ansia, darlle outro destino á súa cansada viaxe de exiliado.

A marcha de Castelao para Bos Aires en xullo de 1940[961] non vai impedir que os conflictos e as desavenencias entre diferentes posturas político-

[958] Carta de Castelao a Sebastián González García-Paz, 9 de setembro de 1939, op cit.
[959] NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (comp.): *Obras de Castelao...*, op. cit., p. 294.
[960] Carta a Santiago Álvarez, Nova York, 5 de febreiro de 1940. NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (comp.): *Obras de Castelao...*, op cit., p. 336.
[961]"Cerro este segundo libro – revolto e alporizado, a semellanza do meu ánimo – cando imos rematar o viaxe de Nova York a Bos Aires. Hoxe é día 16 de xulio..." en MONTEAGUDO, Henrique (coord.): *Castelao. Obras Completas*, (Volume II: Sempre en Galiza), Vigo, Galaxia, 2000, p. 316.

organizativas dos grupos antifascistas españois e galegos da cidade de Nova York continúen. Deste modo, a FPAG, xa convertida en Unidad Gallega por inspiración de Castelao antes da súa marcha, retírase das SHC en febreiro de 1941[962]. Non faltaron as voces, moitas delas galegas, que reprocharon con gran ensañamento o que eles vían como separatismo e contra a "unidade" da comunidade que querían fomentar. O arraigado españolismo dun colaborador do xornal *España Libre* levouno a expresar así o seu rexeitamento á creación de Unidad Gallega e á separación da mesma das SHC:

> Pero yo pregunto: "¿Para sentir idioma, música, costumbres y paisajes hay que separarse de todos los demás? España tiene el orgullo de su variedad, como en la familia ¿Por qué tenemos que separarnos y dividirnos los españoles en "regionalismo"? Cultural y sentimentalmente estamos divididos en regiones y eso basta. Y sobre todo: ¿Por qué el envenenado estilete de la política ha de macular cosas tan sagrada como el recuerdo de la tierra donde nacimos y cuyas costumbres forman una segunda naturaleza en nosotros?[963]

Pero esta desconformidade deuse tamén por parte dos galegos que decidiron permanecer no ámbito das SHC ou polo menos colaborar con elas. O xeneral José Asensio Torrado, destacado militar republicano durante a Guerra Civil, anticomunista e antisocialista, agregado militar da embaixada española en Washington, foi un dos que permaneceu do seu lado. Sobre todo a partir do ano 1941 son moi frecuentes as súas colaboracións, con análises de estratexia bélica por mor da IIª Guerra Mundial, no xornal *España Libre.*

Da banda dos galegos da Unidad Gallega, escindidos das SHC a consecuencia máis salientable deste acto tivo a súa plasmación na creación da Casa de Galicia de Unidad Gallega, que nos seus primeiros anos de vida, e nalgúns casos ó longo de moito tempo, estivo integrada por un considerable número de exiliados galegos. Emilio González López, destacado historiador e

[962] "El ambiente de hostilidad hacia nuestra organización era ya claro desde hace mucho tiempo: desde que ciertos elementos ganaron influencia en aquel centro", en "Unidad Gallega se retira de Sociedades Hispanas", *España Libre*, III:7, (14/02/1941), última páxina.

profesor de Linguas Románicas no Hunter College de Nueva York; Ernesto Guerra da Cal, escritor e xefe do departamento de Linguas Románicas e Eslavas da City University de Nova York, os lugueses Enrique e Leonardo Santamarina, este último profesor de Lingua e Literatura na Universidade de Rutgers, en New Jersey e outros moitos máis.

Entre outros homes e mulleres que viviron o seu exilio en Nova York, e non os citaremos a todos, temos o caso de Hernán Poza Juncal, fundador dun colexio privado para o ensino do español e estudios de secretariado (Poza´s Institute), de Eugenio Fernández Granell que a partir de 1960 imparte clases de literatura española no Brooklyn College ou de Pilar Madariaga e Sofía Nova, profesoras de español no Vassar College do Estado de Nova York, Leocadio Lobo, José Novas, etc.

Para ir finalizando, podemos dicir que no caso dos Estados Unidos, e concretamente en Nova York, houbo unha aparente integración dos exiliados no grupo residente máis antigo. Máis aínda cando se considera que a comunidade española/galega era unha das máis íntegras no seu antifascismo e polo tanto non houbo, a priori, reticencias para axudar ou colaborar cos exiliados. Isto é o que en aparencia puido acontecer aínda que polo de agora, e para o caso de Estados Unidos, precisamos de estudios sobre o caso que nos permitan chegar a conclusións máis precisas ou de maior peso.

[963] En "En paz descansen", *España Libre*, III:7, (14/02/1941), p. 2.

O PAPEL DOS EXILIADOS NA EVOLUCIÓN DO ASOCIACIONISMO GALEGO EN VENEZUELA (19640-1960)

Xosé Ramón Campos Álvarez
Universidade de Vigo

> Los exiliados vivían con la esperanza de un retorno, si no triunfal, al menos digno, que implicara la recuperación, aunque solo fuera parcial, de lo que habían perdido. Era una actitud muy distinta a la del emigrado económico, porque éste había abandonado su ambiente y su país de manera voluntaria y ninguna barrera le impedía volver si se sentía acosado por la nostalgia
> Víctor Sanz (1995): *El exilio español en Venezuela*

1. INTRODUCCIÓN. A SITUACIÓN POLÍTICA EN VENEZUELA (1936-1948)

Venezuela, a pesar da súa relativamente elevada capacidade inmigratoria, rexeitou, nun primeiro momento, recibir grandes continxentes de refuxiados españois, despois da Guerra Civil.

Co goberno do xeneral Eleazar López Contreras, nomeado presidente o 31 de decembro de 1935 á morte de Juan Vicente Gómez (quen durante 27 anos dirixira o país de maneira dictatorial), iniciouse un período de transformación progresiva da sociedade venezolana. A burguesía comezou a sentar as bases dun novo e moderno capitalismo que substituirá á Venezuela tradicional e oligárquica do período anterior (pasa de ser un pais agropecuario a un pais petroleiro).

É necesario destacar, que pola súa formación castrense López Contreras non estaba disposto a favorecer un exceso de liberdade, xa que compartía con un amplo sector da sociedade de entón, especialmente con aquela burguesía que xurde ó amparo da riqueza petroleira, o temor e rexeitamento do comunismo, ó cal se acusa de selo impulsor de tódalas manifestacións, dos disturbios nas rúas e das reivindicacións de dereitos por parte dos

traballadores. Unha fixación herdada de Juan Vicente Gómez, que sempre se mostrou remiso á entrada de estranxeiros no país e obsesionado co comunismo.

> Los extranjeros que vengan, pero graneaditos, uno por uno, para que yo pueda vigilarlos. A mí me gustan los isleños que son como yo, trabajadores del campo y los italianos y los españoles que son de la misma religión que uno y hablan la misma lengua y uno los entiende, porque los otros son protestantes y hablan en su jerigonza... Pero ahora hay que tener más ciudado con todos, porque eso del comunismo es una plaga[964].

Polo tanto, non pode estrañar a ninguén que na nova Constitución elaborada en 1936 se condenen expresamente o comunismo e o anarquismo[965]:

> La Nación garantiza a los venezolanos la libertad de pensamiento manifestado de palabra, por escrito o por medio de la imprenta u otros medios de publicidad..." Pero ó mesmo tempo, e como paradoxo, dí: "Se consideran contrarias a la independencia, a la forma política y a la paz social de la Nación, las doctrinas comunista y anarquista; y los que las proclamen, propaguen o practiquen, serán considerados como traidores a la patria y castigados conforme a las leyes. Podrá en todo tiempo el Ejecutivo Federal, hállense o no suspendidas las garantías constitucionales, impedir la entrada al territorio de la República o expulsarlos de él, por el plazo de seis meses a un año si se tratare de nacionales, o por tiempo indefinido si se tratare de extranjeros, a los individuos afiliados a cualquiera de las doctrinas antedichas, cuando se considerare que su entrada al territorio de la República o su permanencia en él pueda ser peligrosa o perjudicial para el orden público o la tranquilidad social.".

O goberno López Contreras mantivo sempre unha actitude moi reticente cara os exiliados españois, ós que consideraba uns: "aventureros que crearon y defendieron el pasado régimen y causaron males horribles a España y que

[964] Pellegrino, A. (1989): *Historia de la inmigración en Venezuela. Siglos XIX y XX*, Caracas, Academia Nacional de Ciencias económicas, p. 217.
[965] Artículo 32, apartado 6º.

podrían causarlos a aquellos paises que los recibieran sin ningún tipo de selección". Ademais, a opinión publica católica e conservadora apoiaba abertamente a Franco. Polo que, só en casos moi excepcionais, as autoridades venezolanas autorizaron a súa entrada antes de que finalizase a guerra, e en número moi reducido, case todos vascos, ós que consideraban "gente seria, trabajadora y respetuosa de la moral y de la iglesia católica[966]".

En troco, o escritor Arturo Uslar Pietri (director en 1939 do ITIC, Instituto Técnico de Inmigración y Colonización) consideraba, de maneira moi acertada, que a chegada a Venezuela de exiliados españois representaba unha oportunidade única para o país:

> La inmigración de refugiados por razones políticas o religiosas, puede considerarse, en principio, como una de las más beneficiosas y útiles para el desarrollo económico y social del país que los acoge. La constituyen, en importante proporción, hombres de valiosos antecedentes económicos y sociales, de un nivel superior al inmigrante ordinario que se traslada por simples motivos económicos" e pensaba que "la actual situación... de muchos españoles refugiados en Francia, le presenta (a Venezuela) una oportunidad única para proveerse de hombres de alto valor económico, social y cultural, que pueden contribuir preciosamente a su desarrollo[967].

Uslar Pietri, propuña a admisión, non só de agricultores, senón tamén de profesións industriais ou actividades culturais, educativas e liberais (excluíndo ós avogados), sempre que fosen coidadosamente seleccionados, sobre todo dende o punto de vista político.

Durante os anos 1940 e 1941 irán chegando reducidos grupos de refuxiados procedentes de Francia e ó longo dos restantes anos da contenda mundial, Venezuela, recibirá tamén unha parte da corrente reemigratoria de refuxiados que se orixina na República Dominicana ó fracasa-la política de colonización de Trujillo, onde as condicións de vida dos que aceptaran ir a

[966] Sanz, Victor (1995): *El exilio español en Venezuela*, Caracas, El Centauro, p. 12, vol. I.
[967] Ibidem, 17, vol I.

colonias agrícolas, fixéronse tan insoportables que a maioría tratou de abandona-lo país canto antes:

> Primero estuvimos en Francia, y allí ví morir a muchos en campos de concentración, todo era miedo y desolación... Por fín con unos compañeros conseguimos embarcar, despues de mil peripecias, y llegamos a la República Dominicana, en el Caribe. Que ilusión aquello, ni se lo imagina, pero no podía durar, eramos un número grandísimo de personas y no había posibilidad ni remota de poder trabajar, cuanto menos si se tenía familia, como era el caso de algunos de los que llegaron con nostros... Despues fuimos a Venezuela, que es donde vivo. Sí, me casé con una venezolana...., y desde entonces vivo aquí, en Caracas... Hubo una temporada que solo pensaba en volver, volver, pero luego ya no, siempre pensé que Régimen de Franco iba a durar menos, en todo momento con los paisanos que me reunía creiamos que nba a caer de un momento a ogro, logo pozo a pozo, der de ver a los españois, y tui conociendo más gente de acá (de Venezuela), y aquello fue bueno para mi, el siempre pensar en volver solo trae insatisfacción[968].

A política da administración do xeneral Medina Angarita (que substituíu a López Contreras ao fronte do país), ao respecto foi de continuidade. Neste sentido, a postura do goberno venezolano sempre foi moi cauta, unha cousa cosa era recibir con contagotas a un puñado de profesores, médicos ou artistas españois e outra era abrir de par en par as portas a milleiros de republicanos entre os que se pensaba que poderían chegar numerosos extremistas.

Esta situación mudou radicalmente en 1945 (18 de outubro), co triunfo da Xunta de Goberno Revolucionaria que presidida por Romulo Betancourt derrocou ó xeral Medina Angarita, e que recoñeceu ó goberno republicano español no exilio.

O novo goberno venezolano vai dar preferencia para entrar no país ós exiliados españois que o solicitaban (o que implicaba un cambio total cos tempos de López Contreras). Así, durante os anos 1946 e 1947, perdidas xa por

[968] Fernandez Morales, María José (1992): *La emigración española a Venezuela de 1850 a 1960*, Madrid, p. 342-343. Tese doutoral inédita.

parte dos refuxiados en Francia as súas esperanzas de retorno a España, produciuse a maior afluencia de exiliados españois a Venezuela. (Segundo dados da OÍR, Organización Internacional de Refuxiados, Venezuela, entre 1946 e 1948 recibiu case o mesmo número de exiliados que Arxentina).

En 1947, celebráronse eleccións democráticas que levaron a Romulo Gallegos á presidencia da República. Pero en 1948, cando só levaba seis meses no cargo, foi derrocado por unha Xunta Militar, instaurándose no país unha dictadura que durou 10 anos e que como é lóxico, freou a política de portas abertas cara os exiliados, substituíndoa de novo por desconfianza cara os republicanos españois. Aínda que, a progresiva melloría das condicións económicas en Francia e no resto de Europa, desmotivaríaos pouco a pouco para seguir acudindo a Venezuela.

A partir de 1950 os españois que chegan a Venezuela, nun número cada vez maior, proceden todos de territorio español. Trátase agora dunha emigración totalmente despolitizada e cuns obxectivos económicos moi claros. É nesta época cando Venezuela convértese nun país receptor de inmigración masiva, debido as profundas transformacións económicas que está a experimentar o país (impulsadas polo "boom" petrolífero) e pola política inmigratoria de "portas abertas" do goberno do dictador Marcos Pérez Jiménez.

2. O EXILIO GALEGO

Os primeiros exiliados galegos, ó igual que o resto de españois, recentemente chegados a Venezuela, un país e a unha sociedade que lles eran alleos, o que van tratar de facer é agruparse (estreitar lazos de paisanaxe), buscando unha maior protección e axuda mutua. En Venezuela xa existía a Casa de España[969]. Pero esta, non cubría tódalas necesidades e aspiracións destes homes e mulleres chegados dende diferentes puntos da xeografía española. Polo que, pouco a pouco, iranse fundando os diferentes centros

[969] A Casa de España: xa fora creada na década de 1930. A súa adhesión á república durante a guerra e reduciuna á mínima expresión, limitando-se a emprestar axuda ós poucos exilados (a maioría vascos) que ían chegando de Europa ou de países americanos.

rexionais españois en Venezuela. Aínda que estes primeiros intentos contaron con reticencias, cando non, coa oposición clara do goberno venezolano:

- O Centro Vasco: foi autorizado polo Ministerio de Relaciones Interiores o 8 de maio de 1941 e inaugurado o 7 de abril de 1942. (Por teren sido os primeiros en chegar e os mais tolerados "gente respetuosa de la moral y de la Iglesia Católica". O seu primeiro presidente foi José María de Echezarreta.
- O Lar Canario: foi autorizado a constituírse en 1942, antes que o catalán, porque considerábanos máis inofensivos e pouco políticos.
- O Centro Catalán: tentaron constituírse como entidade varias veces a partir de 1942, pero négaselles a autorización ata abril de 1945 (eran considerados como perigosos extremistas en algúns sectores), fixando como data simbólica para a inauguración o 14 de abril de 1945.
- O Lar Galego autorizado a funcionar o 9 de febreiro de 1945: Foi inaugurado o 15 de outubro, cunha festa en Casa de España, no curso da cal Rómulo Gallegos lembrou os seus días de exilio en Galicia.

2.1 Lar Galego (1945-1960)

A creación do Lar, non se debeu á existencia dun grupo numeroso de galegos establecidos no país, xa que Venezuela non será un punto de destino importante da emigración galega ata 1950. O seguinte testemuño dun galego chegado na década dos anos trinta, confírmanolo:

> El primer gallego con el que tuve ocasión de hablar en los años treinta fue con el capitan del buque que me llevó en un viaje que hice al Oriente.... Mis amistades las coseché entre españoles de otras regiones: santanderinos, isleños, vascos, catalanes. Comencé a notar la presencia de gallegos en los años de la Guerra Civil Española y después, sobre todo escapados y algunos como yo, llegados de Cuba tambien por esos años, pero éramos contaos todavía en 1945, cuando fundamos el primer centro gallego en el país[970].

[970] Contiña, Ramón (1982): *Gallegos en Venezuela*, Caracas, Ed. Logos, p. 109.

Na constitución da sociedade non participaron mais que vinteoito persoas, exiliados republicanos, na súa maioría, que en numero reducido foran chegando a Caracas despois de moitas peripecias:

> Aquí el primero que se funda en Venezuela es el LAR GALLEGO..., ¿De que nace el Lar Gallego? El LAR GALLEGO nace de los exiliados de la Guerra Civil española que fueron llegando a Venezuela. Unos vinieron desde Francia, otros escaparon a Portugal y vinieron aquí, pero otros fueron por Cuba, despues cayeron en Venezuela, otros fueron a Curaçao, Aruba; según la forma que ellos encontraban de escaparse... Así llegaron aquí a Venezuela[971].

A primeira directiva do Lar quedou constituída por: José Mosqueira Manso: Presidente; Silvio Santiago: Vicepresidente; Díaz Villamil: Secretario; Isolino López: Vicesecretario e Francisco Calviño: Tesoureiro.

Desde este primeiro momento e durante case toda a existencia do Lar, foron os exiliados políticos os tiveron un papel máis destacado dentro da asociación. Debido a eso, o Lar Gallego tivo un carácter marcadamente político, con predominio de persoas de ideoloxía de esquerdas, republicano-progresistas, que defendían principios galeguistas e antifranquistas. Por suposto non mantiveron relacións co goberno español nin cos seus representantes en Venezuela, que afirmaban que o Lar era unha sociedade "perigosa dominada polos comunistas".

A embaixada española tamén argumentaba que as bandeiras galega e republicana presidían o local do Lar, que se negara en varias ocasións o acceso ó embaixador español a súa sede e que a "peña" de xadrez se denominaba Alexandre Bóveda.

Para botar mais leña ó lume, Pepe Velo, o seu presidente en 1956, con motivo da conmemoración do Estatuto de Autonomía galego diría:

> La libertad sólo es posible en la democracia, y es por eso que nosotros somos partidarios decididos de la democracia. Pero en España, además, la

democracia sólo es viable dentro del sistema republicano, y es por eso que nosotros somos partidarios incondicionales de la República[972].

Por suposto, as relacións do Lar co goberno do dictador Marcos Pérez Jiménez foron tamén moi tensas o que freou a súa expansión.

Durante a súa existencia (1945-1960), o Lar desenvolveu importantes actividades sociais, culturais, recreativas e deportivas.

Un dos seus obxectivos principais foi a Asistencia Social e a Beneficencia, orientadas cara a colonia galega cunha situación económica (aínda) precaria e que non contaba cunha seguranza medico-asistencial. Neste sentido ofrecían un servicio médico xeral e odontolóxico ós socios.

No eido cultural: Publicaban un boletín mensual, no que non só se recollían noticias concernentes á sociedade e á comunidade galega en Venezuela, senón que tamén se informaba sobre temas da actualidade e da cultura galegas a través da colaboración de escritores desde Galicia. Tamén contaban cun programa de Radio dominical: "A voz de Galicia, A Voz da Emigración" (emitido pola emisora Radio Rumbos) do que foi director Xosé Velo Mosquera e desde o que expuña as súas ideas galeguistas e republicanas. Organizaban periodicamente ciclos de Conferencias e charlas culturais... neste sentido, Velo, sentiuse moi decepcionado, trala visita de Otero Pedrayo a Caracas (1956), que se negou a ir o Lar, cedendo así ante as presións políticas ás que foi sometido (con posibles represalias o seu regreso a Galicia). Otero rexeitou dar unha conferencia no Lar Galego (que ademais instituíra un premio literario denominado "Otero Pedrayo"), mentres que si o fixo no Centro Galego. Tamén Camilo José Cela[973] rexeitou as ofertas do Lar para dar unha conferencia. Contaban cunha peña de xadrez, denominada "Alexandre Bóveda" e polos seus salóns pasaron os mellores xadrecistas mundiais da época. Dende 1951, celebraron tódolos anos unha homenaxe a Castelao no aniversario da súa

[971] Entrevista nº 2, Manuel Ramos (expresidente da Hermandad Gallega), Caracas, (21 de marzo de 1995).
[972] Piñeiro, Antonio (2000): *Pepe Velo*, Vigo, Xerais, pp. 83-84.
[973] Cela escribiu unha novela por encargo de Pérez Jimenez: A Catira (un arremedo da Doña Bárbara de Romulo Gallegos). Nunha emisión radial Velo satirizou a Familia de Pascual Duarte e Cela contestou facendo alusións ó grande nariz de Velo.

morte, algún deles organizado conxuntamente co Centro Galego. Financiaban academias gratuítas para socios. Tiñan equipos de fútbol, baloncesto e hóckey (denominados todos "Celta do Lar Galego). Contaban cunha coral chamada "Coro Curros Enriquez". Organizaban bailes tódolos fins de semana.

En 1956 o Lar contaba con uns mil socios e era a sociedade galega mais importante de Venezuela. Pero só un ano despois atravesou unha grave crise debido ás presións da embaixada española ante o goberno venezolano, que seguía acusando ó Lar de ser unha sociedade política que acollía no seu seo a comunistas e advertía tamén, que os seus membros podían ter problemas en caso de viaxar a España, o que deu lugar a que case dous tercios dos socios se desen de baixa por temor ás represalias. Ademais, as disputas coas outras casas galegas foron continuas, polo que o Lar estivo a punto de desaparecer. Finalmente a situación mudou ó cae-la dictadura de Pérez Jiménez, en xaneiro de 1958.

Despois de varios intentos frustrados de unión co Centro Galego de Caracas ó longo da década dos anos cincuenta, finalmente en 1960 chegouse a un acordo de fusión de tres das catro asociacións galegas existentes en Caracas (Lar Gallego, Centro Gallego e Casa de Galicia; Amigos de Santiago declinou o ofrecemento), nacendo así, o 12 de outubro de 1960 a Hermandad Gallega de Venezuela.

2.2 Centro Gallego (1948-1960)

En 1948, fundouse o Centro Galego de Caracas, como consecuencia da escisión dun grupo de socios do Lar Galego, descontentos coa liña política seguida pola sociedade. Este grupo estaba encabezado por Silvio Santiago.

Eduardo Meilán, directivo do Lar e presidente da Irmandade Galega de Venezuela, viviu directamente estes acontecementos e sostén que a ruptura debeuse ás discrepancias ideolóxicas entre os dirixentes do Lar:

> Silvio Santiago foi un dos líderes do Lar Galego, xunto con Manuel Gallego... Aínda que sendo ambos republicanos, en certo modo trouxeran para o exilio os problemas da guerra española, xa que, teño entendido, que durante

> a guerra os da CNT non se levaban moi ben cos do Partido Comunista, pois aquí seguían a mesma tónica. Ou sexa, aínda no exilio onde debían estar unidos había esas diferencias. Silvio era da CNT, Manuel Gallego era do Partido Comunista. Ambos líderes e ambos loxicamente chocaban e nun deses encontronazos resultou expulsado Silvio Santiago. Xunto con Silvio Santiago fóronse unha cantidade de socios, facendo causa común con il por lles semellar inxusta a sanción e entre eles o meu pai... E de aí desa escisión naceu o CENTRO GALEGO, do cal formei parte na súa fundación e do cal tempo despois me fun facendo causa común con uns expulsados por Silvio Santiago moi inxustamente. Estas loitas que había ¿non?. E que fixemos?. Ben pois, nos fomos para o Lar Galego[974].

Silvio Santiago foi un personaxe moi controvertido, obxecto dos maiores eloxios e tamén de grande número de críticas, sobre todo polo seu carácter autoritario e polos seus desexos de notoriedade, tal como nos segue contando Eduardo Meilán.

> Silvio despois tivo problemas porque era un home moi polémico, a pesar de que tiña as súas partes positivas. Sen dúbida era moi galeguista, foi un home moi preocupado pola cultura galega, así como tamén tiña de galego o "espiritu caciquil". Tiñan que ser as cousas como il dicía se non xa un se convertía en inimigo del. Pero sen dúbida preocupábase moito da nosa cultura, tanto que sendo o Centro Galego unha sociedade pequena, ao igual que o era o Lar e vivindo abondo en precario economicamente, Silvio permitiuse o luxo de traer grandes personalidades da cultura galega a dar conferencias acá. Polo que eu lembro trouxo a Eduardo Branco Amor, a Rodolfo Prada (entón da Arxentina), a Otero Pedrayo, a Camilo José Cela. Ou sexa, cada ano polo menos traía a unha personalidade para dar unhas conferencias aquí, das cales resultaban anécdotas moi curiosas ,non?. Porque Silvio á vez que os traía lles dicía que non debían ir ao Lar Galego[975].

[974] Entrevista nº 3, Eduardo Meilán, Caracas, 1995 (archivo autor)
[975] Ibidem.

O certo é que a Venezuela comezan a chegar emigrantes galegos nun numero cada vez maior, con un carácter marcadamente económico, que xa non van compartir os enfoques políticos e ideolóxicos que caracterizaban ao Lar Galego. Trátase dunha emigración despolitizada e con uns obxectivos económicos claros. E neste sentido, o Centro Galego ofrécelles un cariz mais popular e menos político.

Os socios do Centro Gallego lémbranse a si mesmos como "homes antifranquistas, pero con unha grande gama de cores. O que aquí predominaba era un grande respeto... Non tratabamos de suxeitar a ninguén con disciplinas partidistas. Abríramos as portas á nova emigración que chegaba, xente que non tiña a menor idea que fora a guerra. Abríronselles as portas porque pensamos que a xente nova que aquí chegaba necesitaba un amparo. Esta é a misión que debe ter a xente cando está fora da súa terra, agrupar á maior cantidade, para lles levar o maior beneficio[976]".

A rivalidade entre o Lar e o Centro Galego foi continua e agudizouse en algúns momentos, xa que para os do Lar o Centro era unha sociedade de "señoritos pequenoburgueses" e para estes, o Lar era unha sociedade de "roxos testarudos".

> Silvio, era a matar coa xente do Lar, expulsárano e non perdoaba e ademais alá estaban os comunistas, que repito se había algúns comunistas, pero a maioría nin eso..., posiblemente había de todas as tendencias ata de dereitas tiñamos xente no Lar. E non pasaba nada, non?[977].

Entre os obxectivos do Centro Gallego estaba a beneficencia, o socorro mutuo e a asistencia ó inmigrante recentemente chegado ó país, normalmente sen familia e sen recursos económicos. Neste sentido subvencionaba ós seus socios amplos servicios médicos e odontolóxicos.

No eido cultural editaron a revista Galicia, na que colaboraron intelectuais galegos da emigración en América e de Galicia. Publicaron dez

[976] Entrevista nº 12, Caracas, abril, (1995) (arquivo autor).
[977] Entrevista nº 2, Manuel Ramos, op. cit.

números entre xullo de 1952 e xullo de 1954. Prestaban especial atención a cuestións de tipo cultural, social e deportivo. Eduardo Blanco Amor dirixiu a revista durante a súa estancia en Caracas (nº 3, 4, 5), no resto dos números editados figura como director Antonio Somoza e Silvio Santiago foi redactor da mesma. Emitían un programa de radio: "Ecos de Galicia" na emisora Radio Caracas Radio. Organizaban periodicamente conferencias, charlas, concertos... Contaban cunha agrupación coral chamada Coro Castelao. No eido recreativo realizaban bailes todos os fins de semana e romarías de maneira periódica. No plano deportivo contaron con: equipos de fútbol, baloncesto (Deportivo Centro Galego) e cunha "peña" de xadrez: "José Raul Capablanca".

O Lar Galego e o Centro Galego funcionaron como centros autónomos. Pero as tensións, descalificacións e acusacións mutuas foron unha constante durante a súa existencia. A pesar deso, existiu unha "comisión pola unidade galega" que levou a cabo varios intentos de achegamento de ambos centros encamiñados cara a súa fusión. (e da que formaron parte: Pepe Velo, Gonzalo Gómez Caridad, Manuel e Baldomero Gallego, Juan Noya, Argimiro Costa e outros).

Pepe Velo foi un dos que o tentou con maior entusiasmo e así expresábase nun dos boletíns do Lar:

> Eu son socio dó Lar Galego..., e ti es socio dó Centro Galego polo que for; pro ti e eu, irmán galego, somos diante de todo galegos, e non hai ningún motivo para que non nos entendamos. No nome dun grupo de galegos chegados aquí despois xa dá escisión, invítote a mudar impresións, no lugar que coides máis comínente, encol dise problema que inventou ou demo[978].

Un dos maiores problemas estaba en que o Centro Galego pretendía que os socios do Lar acatasen os seus estatutos, o que era considerado pola dirección do Lar como unha absorción implícita, que non estaban dispostos a aceptar.

[978] Piñeiro, Antonio (2000): *Pepe Velo....*, op. cit., p. 74.

Finalmente, despois de "arduas" negociacións, o 25 de marzo de 1956 foron aprobados os Estatutos e a acta constitutiva do "Lar y Centro Galego", co que "se consumaba por fin a unidade, aínda que precariamente[979]", tan precariamente, que de feito só existiu sobre o papel.

Juan Noya Gil foi nomeado presidente da nova asociación, pero atopouse con grandes problemas para levala adiante. Noya, fervente defensor da unidade dos centros galegos, foi advertido pola Dirección de Extranjería (DIEX) para que non seguise por ese camiño, que era moi perigoso porque o Ministro do Interior venezolano e o embaixador español estaban moi interesados en que non prosperase a fusión, xa que consideraban ó Lar unha entidade procomunista. Noya, mesmo sostén que Silvio Santiago e Antonio Somoza (a pesar de ser republicanos) solicitaron a colaboración do embaixador español para impedir que o acordo de fusión se materializase[980]. Finalmente, "la unión tan trabajosamente lograda, sin embargo, entre uno y otro, no duró mucho, a causa de que el Lar no entregó al Centro el aporte monetario convenido[981]".

As diferencias manifestaríanse de novo con motivo da cea de fin de ano (1956) organizada pola Casa de España como acto de confraternización das sociedades españolas e á que os dirixentes do Centro e da Casa de Galicia negáronse a asistir, por incompatibilidade cos do Lar, que lles acusaban, particularmente ó xa coñecido Silvio Santiago, de calumniadores e difamadores (de ter feito "norma da difamación, e da calumnia, hábito").

> Pero, a pesar deste fracaso, non pasará moito tempo antes de que se logre a tan devecida unidade.

2.3 Casa de Galicia (1956-1960)

A unificación do Lar Galego e Centro Galego nunha soa entidade, non só non deu resultado, senón que nese mesmo ano (1956) unha escisión, esta vez do Centro Galego encabezada (como non) por Silvio Santiago, deu lugar á creación dunha nova sociedade galega: a Casa de Galicia.

---

[979] Sanz, Victor (1995): *El exilio español.....,* op. cit., p. 153, vol I.
[980] Noya, Juan (1996): *Fuxidos*, Vigo, Galaxia, pp. 334-335.

> Silvio Santiago foi o seu primeiro presidente e a xunta directiva estaba formada unicamente por dous membros: Presidente e Secretario Xeral.
>
> La directiva estaba conformada solo por dos personas, ya que, tener muchos directivos resultaba difícil, porque ser directivo significaba trabajar y no figurar[982].

A súa existencia foi curta, debido a que o desexo de agrupar a toda a comunidade galega nun só centro estaba xa no animo dos galegos que vivían en Caracas.

Os fins da Casa de Galicia foron sobre todo culturais e recreativos (organizaban festas e bailes tódolos fins de semana). Na súa curta existencia a Casa de Galicia tivo unha importante actividade cultural e desenvolveu iniciativas verdadeiramente relevantes en apoio da cultura galega: Patrocinou a edición do Diccionario Galego-Español. Emitían un programa semanal de Radio chamado "Sempre en Galiza". Na actualidade segue emitíndose con este nome o programa radial da Hermandad Gallega de Venezuela. Tivo un grupo teatral (Cuadro Escénico da Casa de Galicia) de grande aceptación entre publico e crítica.

Contaron cun elevado numero de socios (preto dun milleiro) xa que as cotas para sostela eran moi reducidas (5 bolívares mensuais). No momento da fusión tiñan uns trescentos socios .

2.4 A unificación (1960)

Como quedou reflectido, os intentos de unificación das diferentes casas galegas, durante a década dos anos cincuenta, non se concretaron fundamentalmente pola oposición da embaixada de España e do goberno da dictadura de Pérez Jiménez (que consideraban ó Lar e ó Centro Galego como sociedades procomunistas) e pola oposición dalgúns directivos das propias sociedades galegas (como Silvio Santiago ou Antonio Somoza). Sen embargo, durante o ano 1959, caída xa a dictadura de Pérez Jiménez (e con Silvio

[981] Sanz, Victor (1995): *El exilio español*...,op. cit., p.154, vol. I.

Santiago de regreso a España), a embaixada española perde influencia sobre o novo goberno e non pode impedir que se forme unha "Xunta de Achegamento" para establecer novas negociacións.

> Conscientes da necesidade de crear unha sociedade forte que aglutinara a toda a colonia galega (por aquel entón moi numerosa), os dirixentes dos diferentes centros deixaron a un lado as súas disputas e intereses persoais e comezaron as xestións para formaliza-la unión, na que participaron representantes do Lar Galego, Centro Galego e Casa de Galicia. A cuarta sociedade galega existente en Caracas, a Asociación Civil Amigos de Santiago foi convidada a participar nestas primeiras xuntanzas, pero declinaron o ofrecemento e seguiron funcionando de maneira totalmente independente.

O 10 de maio de 1960, directivos e socios dos tres centros reuníronse nun cine da Candelaria e decidiron formaliza-la unión e decidiron como data para a inauguración da nova sociedade o 12 de outubro. Ese día nunha Asemblea Xeral celebrada na sede do Centro Galego, no Paraíso, coa asistencia duns 150 socios, aprobáronse os novos estatutos e a partir dese momento, as tres casas, con tódalas súas propiedades, pasaban a constituír en igualdade de condicións unha soa asociación denominada Hermandad Gallega de Venezuela.

Nesa mesma Asemblea nomeouse un Directorio constituído polas xuntas directivas das tres entidades , e que administraría a Irmandade ata o 25 de xullo do ano seguinte, data na que se convocarían eleccións. O primeiro presidente foi Angel Feijoo González e o número de socios nominais ou fundadores foi de 800. A cota mensual para os asociados estableceuse en dez bolívares.

3. ALGÚNS GALEGOS EXILIADOS EN VENEZUELA

- BARROS CELA, FABIÁN[983] (Vigo, 1913): Simpatizante da CNT. Obrigado a alistarse no exército franquista, desertou e pasouse ás filas republicanas. Rematada a guerra estivo varios anos na cadea. En 1948 chegou a Venezuela

[982] Entrevista nº 12, op. cit.

(nun petroleiro), estivo en Chile (onde se casou). En 1958 instalouse definitivamente en Venezuela. Primeiro dedicouse á venda de electrodomésticos e posteriormente foise a vivir a Mérida onde montou unha librería.

- BENAVIDES, JOSÉ[984]: Natural da provincia de Pontevedra. Na súa época de estudiante en Santiago dirixiu unha revista estudiantil. Chegou a Venezuela en 1940, dende Francia. Foi parte fundamental da historia do periodismo venezolano moderno. Participou na fundación de El Nacional (de Caracas), con Enrique Otero Vizcarrondo e o seu fillo Miguel Otero Silva, onde foi secretario de redacción, xefe de información e posteriormente "xefe de cables". Tamén colaborou na fundación de Ultimas Noticias, en 1941. Formou parte do grupo de profesores que fundaron a Escola de Comunicación Social (antes Escola de Periodismo) da UCV. Tamén foi fundador da Asociación Venezolana de Xornalistas. Casouse coa poetisa venezolana Ida Gramcko (que mantivo unha boa amizade con Blanco Amor, durante a estancia deste en Venezuela).

- CUENCA, FERNANDO[985] (Vigo, 1918): Acabou a guerra como capitán do exército republicano. En 1947 conseguiu chegar a México e dende aí pasou a Venezuela, onde fundou cun amigo unha compañía de construcción (Valdés-Cuenca), que se convertería nunha da mais importantes do país. Coa caída de Pérez Jiménez a construcción paralizouse e a súa compañía acabou disolvéndose. Aínda que logrou crear outra (cun enxeñeiro venezolano) chamada Viguá, coa que continuou realizando obras.

- CUENCA ESTEVAS, JUAN[986] (Ourense 1914): Militou nas mocidades socialistas. Ó acaba-la guerra foi condenado a morte, aínda que finalmente estivo detido en campos de concentración e cadeas, ata 1945. Chegou a Venezuela en marzo de 1952. Abriu a librería Europa, onde se realizaban tertulias con adecos e comunistas, e que lle foi embargada durante a crise económica que seguiu á caída de Pérez Jiménez. Foi directivo da Casa de España e tamén do PSOE en Venezuela.

---

[983] Vid. Sanz, Victor (1995): *El exilio español....,* op. cit., p. 25, vol. II.
[984] Ibidem, p. 27, vol. II
[985] Ibidem, p. 66, vol. II
[986] Ibidem, p. 67, vol. II

- DÍAZ VÁZQUEZ, ANGEL[987] (Ribadeo 1912- Maracay 1985): Médico. Chegou a Venezuela en 1940. Especialista en Malariología, desempeñou a súa profesión en varios hospitais do país. Investigador, autor de numerosas publicacións sobre paludismo, mal de Chagas e outras infeccións. Obtivo grande prestixio e as máis importantes condecoracións do país.
- FEIJOO GONZALEZ, ANGEL[988] (Ourense, 1914): Chegou a Venezuela en decembro de 1938, despois de varias peripecias en Portugal, onde foi detido pola policía e devolto a España, dende onde voltou a escaparse outra vez a Portugal, conseguiu documentación dese país o que lle permitiu chegar a Francia. Traballou nunha fabrica de pólvora, nunha empresa da familia Cisneros en Maracaibo. Tamén se dedicou á agricultura, foi xerente dunha empresa constructora en Caracas. Finalmente dedicouse á pirotecnia nos vales do Tui. Pertenceu a acción Republicana Democrática Española. Foi o primeiro presidente da Hemandad Gallega de Venezuela.
- FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, JOSÉ (JORGE DE SOTOMAYOR): "Comandante Sotomayor". Mariño de guerra da Armada Republicana. Fundador con Pepe Velo, Enrique Galvao e Humberto Delgado do DRIL. Participou no secuestro do Santa María como responsble da coordenación naval da operación. Escribiu o libro "Yo robé el Santa María".
- GRANELL, MARIO: Nado en A Coruña. Foi detido en abril de 1937 na praia de Bens, "al ser frustrado un viaje que un grupo de ciudadanos tratábamos de realizar a Francia". Non obtivo a liberdade ata outubro de 1942. Chegou a Venezuela en abril de 1957. "Vivo en libertad desde 1958 y procuraré vivir así en lo que me resta de vida". Realizou exposicións en Santiago de Compostela, Madrid, Barcelona, A Coruña, Ourense, Vigo, Parides, Lisboa... En Venezuela expuxo nas principais cidades do país. Da súa exposición "Estampas amargas. Vivencias da Guerra Civil" comenta: "...es algo así como la necesidad de exteriorizar el dolor que desde hace más de cuarenta años vive dentro de millones de españoles que, como yo, sufrieron el medieval monoplazo que nos enterró en las más negra y larga noche. Pero conservamos integros nuestros

[987] Ibidem, p. 74, vol. II
[988] Ibidem, p. 266, vol. I

atributos de hombres y no hemos arriado la bandera de la dignidad y la esperanza[989]".

- INSUA, JOAQUÍN[990] (A Coruña, 1920): Loitou nas filas republicanas. Non saíu de España inmediatamente despois de perdida a guerra, senón que ficou colaborando na formación da resistencia. Foi detido nove meses e saíu con liberdade condicional, polo que non puido abandonar España ata febreiro de 1942, en que se dirixiu a México. En decembro dese ano chegou a Venezuela, estableceuse en Caracas, onde instalou unha ferraxería.

- JUANES BASANTA, RODRIGO: Socialista, foi directivo da Hermandad Gallega. Mantivo un duro enfrontamento con Celso Emilio Ferreiro.

- MOSQUEIRA MANSO, JOSE: Mariño, coñecido como o "Capitán Mosqueira". Realizou varias expedicións polo río Orinoco. Foi o primeiro presidente do Lar Galego. Escribiu un libro e varios artigos tratando de demostrar a orixe galega de Cristobal Colón.

- RODRÍGUEZ ALLO, ANTONIO[991] (Vigo, 1906): Simpatizante da Fronte Popular (foi voluntario nunhas milicias formadas por campesiños). En xullo de 1939 conseguiu pasar a Portugal, viviu en Porto ata 1941, realizando todo tipo de traballos, ata 1941, ano en que conseguiu os papeis necesarios para embarcarse cara América. En Venezuela, en 1950, adquiriu unha granxa (preto de Tecerías).

- SANTIAGO, SILVIO (Vilardevós, 1903 - Vilardevós 1974): En 1937, en plena guerra civil, foxe a Portugal (despois de que fora detido por ter estado afiliado á CNT), dende onde (tras varias peripecias) pasa a Cuba e despois a Venezuela, residindo en Caracas ata o seu regreso definitivo a Galicia. Foi unha persoa de formación autodidacta. Fundou o Lar Galego, o Centro Galego e a Casa de Galicia. Tamén fundou varias revistas, (entre elas *Galicia*, a revista do Centro Galego), dirixiu o programa de Radio a "Hora de Galicia" e colaborou en varios periódicos de Caracas. Escribiu dúas novelas Vilardevós e O Silencio Redimido (premio da Critica en 1977). Este último ten carácter autobiográfico. Aínda que

[989] *Juan Manuel Giráldez (1994): "Mario Granell. O home, o Pintor, o Amigo",* Magazine Español, Caracas, do 10 ao 16 de maio de 1994.
[990] Vid. Sanz, Victor (1995): *El exilio español...,* op. cit., p. 124, vol. II
[991] Ibidem, p. 232, vol. II

camufla situacións, sitios e persoas, todo resulta perfectamente recoñecible. Na primeira parte do libro, o autor conta as súas peripecias (detención, angustias e terrores) na Galicia fascista. Na segunda parte, narra a súa fuxida a Portugal e a súa estancia en Lisboa, mentres espera poder embarcarse para América. A súa figura merecería un estudio en profundidade, xa que, participou na fundación das tres primeiras asociacións galegas que se crearon en Venezuela e tivo unha influencia moi destacada sobre a colonia galega.

- SESTO, XOSÉ[992] (1910): Avogado, orfebre e xornalista. O clima político da posguerra fíxoselle irrespirable o que se agregaron dificultades económicas, polo que decidiu marchar a Venezuela a principios da década dos cincuenta. Espuxo debuxos no Ateneo de Caracas. Montou un taller de encadernación. Foi profesor de Artes e Oficios de San Juan e da Cristobal Rojas. Fundou o Instituto Galaxia. Escribiu o prólogo do libro de Sotomayor Yo robé el Santamaría.

- VÁZQUEZ GAYOSO, JESUS[993] (295 I): Instalouse en Venezuela en 1945. Despregou grande actividade tanto no mundo universitario como na política, foi representante en Venezuela do goberno republicano no exilio. Colaborou en varios periódicos venezolanos (El País, El Mundo, El Nacional e Ultimas Noticias). Foi expulsado por Pérez Jiménez e a súa residencia foi saqueada. Retornou en xuño de 1958 (unha vez caído o dictador) e proseguiu coas súas colaboracións periodísticas. Finalmente foise a vivir a México, onde morreu.

- VELO, XOSÉ (1916-1972): Natural de Celanova. Fundador das Mocedades Galeguistas xunto con Celso Emilio Ferreiro, Carlos Román, Manolo Soto... O estoupa-la Guerra Civil foi detido e despois obrigado a alistarse. No ano 1944 foi acusado de actividades antifranquistas e detido de novo.

En 1947, mentres estaba en liberdade condicional, conseguiu pasar a Portugal xunto con Otero Castelao, onde foi descuberto pola policía e detido. Estivo a punto de ser expulsado, pero gracias á axuda de Humanitariam Service, organización cuáquera que prestaba axuda ós refuxiados, que conseguiu internacionalizar a súa causa, librouse de voltar ás cadeas franquistas.

[992] Ibidem, p. 355, vol. I e p. 265, vol. II.
[993] Ibidem, p. 295, vol. I.

Romulo Gallegos, presidente de Venezuela, que coñecera a Velo durante a súa curta estancia en Galicia, cando estivera exiliado en España. Interesouse polo seu caso e conseguiulle un pasaporte de emerxencia, valido só para unha viaxe a Venezuela. Velo chegou a Caracas en 1948. Pero o pouco de chegar, Gallegos foi deposto por un golpe de estado e "paradoxos do destino" vai ter que vivir outros dez anos baixo outra dictadura.

En Caracas, dedicouse ó ensino, colexio Orto, Escola de Administración do Exercito Venezolano... e dende a súa chegada, Velo incorporouse á colectividade galega e á loita antifranquista. Colaborou con Galeuzca e con Libertad para España, dúas organizacións do exilio español en Caracas. Presidiu o Lar Galego (1956) e participou activamente na maioría das actividades galeguistas e en diversos actos do exilio español (Libertad para España). En 1956, representou ó Lar Galego no Primeiro Congreso da Emigración Galega celebrado en Bos Aires, onde tivo unha participación moi destacada e sobresaíu como orador. "A súa idea era lograr convencer a unha parte dó Partido Galeguista, dá necesidade de ter unha política máis combativa en relación ao franquismo[994]".

Participou na fundación da UCE (Unión de Combatientes Españoles Antifranquistas), que dirixía o xeneral Bayo, dentro da que crea e dirixe unha sección chamada Combatientes Españoles Antifranquistas Nacionalistas Galegos, en nome da cal fai chamamentos "pola liberación das Hespañas e pola proclamación da Terceira República[995]". Velo, cría que era necesario que se unisen na loita as esquerdas do Estado español e as de Portugal, para así poder derrotar simultaneamente ás dúas dictaduras. Eso levoulle a fundar co xeral portugués Humberto Delgado, Galvao e Soutomaior o Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL). Que xurde como un grande pacto ibérico contra Franco e Salazar. Pensan que é necesario atrae-la atención do mundo sobre a situación "social que vivían vos dous países, con senllas e case xemelgas dictaduras[996]". Polo que deciden secuestrar o Santa María (a xoia da Cía

www.cigmigración.com
[995] Pérez Leira, Lois: "Xosé Velo Mosquera", en *Enciclopedia da Emigración Galega*.
[996] Piñeiro, Antonio (2000): *Pepe Velo....,* op. cit., p. 98.

Colonial de Navegación portuguesa). A chamada por eles "Operación Dulcinea" (á que Velo quixo chamar "Operación Compostela"), iniciouse o 20 de xaneiro de 1961, cando un comando galego-portugués dirixido por Velo (24 persoas, doce galegos e doce portugueses) capturou o barco, que levaba case mil persoas a bordo (586 pasaxeiros). Rebautizaron ó Santa María co nome de Santa Libertade.

A noticia estendeuse rapidamente e periódicos e axencias de noticias de todo o mundo fixéronse eco dela. O New York Times, chegou a afirmar "que o único deber dos Estados Unidos con relación ó caso do Santa María debe circunscribirse a asegura-la vida dos pasaxeiros e non de réximes como o de Salazar en Portugal". E que o papel dos Estados Unidos non consiste en "protexer ós dictadores contra os seus súbditos descontentos[997]". En España e Portugal as noticias do secuestro manipuláronse e foron tratos de simples piratas os obxectivos dos cales eran económicos.

Mesmo o recentemente asumido presidente Norteamericano J. F. Kennedy, tivo que interceder ante a magnitude dos sucesos e enviou varios buques da VII Flota.

Pero a falta de coordinación dos obxectivos por parte dos compoñentes do DRIL, fixo fracasar o seu proxecto inicial de dirixirse a África, (concretamente pediron permiso a Guinea e a Ghana), onde tiñan a idea de agrupar ás forzas anticolonialistas para que se erguesen contra Salazar.

Finalmente, o 2 de febreiro aceitaron a oferta do presidente brasileiro Janio Quadrós, que os acolleu en calidade de refuxiados e deulles asilo, tras deixar libre ós pasaxeiros e tripulación do barco e terse entregado no porto de Recife. Así finalizou unha acción que supuxo o maior golpe de efecto internacional (e a maior denuncia) contra as dictaduras de Franco e Salazar. Unha acción que o propio Velo calificou como:

> "...brillantemente concibida, medianamente desenvolta, mal acompañada e melancolicamente finada".

[997] Ibidem, p. 116.

Velo e o seu fillo Victor quedaron a vivir en Sao Paulo, onde fundou a librería e editorial "Nós" Publicacións Galiza Ceibe e onde falecería o 30 de xaneiro de 1972.

3.1. Outros exiliados galegos destacados foron:
Vicente Barcia, Manuel Gallego, Baldomero Gallego, Victorino Mateo Humbreiro, Antonio Somoza Outeiral, Felipe Somoza...

4. FINAL

Nada máis indicado para rematar este artículo que facelo co anónimo testemuño dun exiliado en Venezuela, que reflexa a frustración e amargura dunha emigración forzada, inxusta e absurda.

> Antes de acabar la Guerra Civil me tuve que ir de España porque si me quedaba sabía que podían matarme. Había sido de la UGT y participé activamente en el bando republicano en la Guerra, así que no me quedó más remedio que irme... primero fuimos a Francia, lo digo en plural porque me fui con unos amigos. Ahora ya está todo casi olvidado pero fue terrible, la frontera la tuvimos que pasar a pié, y eso que menos mal, yo era joven... En Francia, al avanzar los alemanes, el futuro era más bien horrible, de forma que conseguí embarcarme y salvé la vida... Vivo aquí en Caracas desde entonces, pero amargado, siempre soñe en regresar, mi mujer se aburrió y me abandonó..., luego me amoldé y me traje a mi padre... Dios, lo que yo pasé no se lo deseo a nadie[998].

[998] Fernandez Morales (1992): *La emigración española.....*, op. cit. p. 334.

LA OTRA GALICIA PEREGRINA EN URUGUAY

Silvia Facal Santiago
Arquivo da Emigración Galega

1. INTRODUCCIÓN

La Guerra Civil española es uno de los tantos conflictos fratricidas ocurridos a lo largo del belicoso siglo XX pero es, sin lugar a dudas, el que más repercutió en nuestro pequeño país. A lo largo de su corta historia Uruguay ha recibido un importante número de inmigrantes provenientes de diversas regiones europeas que se veían obligados a abandonar sus hogares ya fuera por causas económicas o políticas. Durante la década del treinta llegaron a nuestras costas, entre otros, alemanes (judíos o no que debieron escapar al terror nazi) junto con polacos, checos, rumanos, húngaros, italianos, yugoslavos... que huían de los regímenes fascistas o de las llamadas "limpiezas étnicas" tan en boga en esos tiempos y aún en la actualidad. A ese gran contingente de exiliados llegados a Uruguay por esa época también se les unió el de los españoles republicanos. Estos últimos procedían de diferentes regiones de España como Cataluña, Euskadi, las dos Castillas, Asturias, Andalucía o Galicia; y entre ellos había numerosos intelectuales, científicos, escritores, artistas y profesionales de todo tipo además de jornaleros agrícolas, comerciantes, camareros, etc.

A lo largo de esta comunicación haremos referencia precisamente a estos últimos, es decir a los exiliados españoles y sobre todo a los gallegos que llegaron a nuestras costas buscando aires de libertad. Veremos como era el país con el que se encontraron, como los recibieron, como fue su relación con los exiliados de otros países y haremos mención también a algunos de estos exiliados gallegos que ayudaron a enriquecer el panorama cultural uruguayo del momento.

2. LA OTRA GALICIA PEREGRINA

Utilizamos aquí el término de peregrinación en su sentido figurativo cuyo significado sería el de andar de un lado para otro buscando o resolviendo algo. Y esto es precisamente lo que han estado haciendo muchos gallegos a lo largo de quinientos años, es decir, han salido de su querida tierra para ir a otra u otras buscando trabajo, fortuna, aventura o libertad.

A finales del siglo XIX y a principios del XX algo más de veinte mil españoles, más de la mitad de ellos gallegos, arribaron a nuestro país buscando un futuro mejor ya que en su tierra se producían crisis agrarias, o había hambre y desequilibrio entre la población y los recursos, o miedo de hacer el servicio militar, y en menor medida, espíritu aventurero. Junto con esta inmigración económica, que empieza a configurar junto con la italiana la composición demográfica del Uruguay moderno, existirá también, luego a fines de la década del treinta, una "política" provocada por la Guerra Civil española. Los exiliados españoles y entre ellos los gallegos, que debieron emigrar forzosamente en estos tiempos de guerra a países como el Uruguay, han dejado una profunda huella en nuestra cultura.

Luego de la llegada de los exiliados se produjo, unos años más tarde, otro gran flujo migratorio "económico" el cual traería, a la llamada por entonces "Tacita del Plata" o "Suiza de América", más de cincuenta mil españoles, siendo los gallegos el componente principal del mismo. Y en la década del setenta tenemos la contrapartida de la inmigración política española pues se produce la salida de un gran número de exiliados uruguayos, a consecuencia del golpe de estado del 27 de junio de 1973, hacia la madre patria.

Esta era la situación de los niños españoles cuando los alemanes invaden la Unión Soviética en junio de 1941. Debido a ello, los niños fueron evacuados de las zonas de peligro y enviados a colonias junto con el personal de las casas. Algunos de los niños murieron durante el viaje y otros fueron capturados por los alemanes y finalmente repatriados a España.

Una vez en sus nuevos destinos, algunos de los niños continuaron estudiando y otros, en cambio, pasaron a trabajar en las tareas agrícolas o en fábricas.

En cuanto a los niños de las Casas de Jóvenes, intentaron alistarse a las casas de reclutamiento soviéticas, pero fueron rechazados pues era prioritario, según los soviéticos, que continuaran con sus estudios para poder servir mejor a su nueva patria en tiempos de paz. A pesar de ello, muchos de estos jóvenes se enrolaron como guerrilleros en el "ejército de los bosques".

Una vez liberada la Unión Soviética de la invasión alemana, los niños españoles fueron reagrupados en nuevas casas en la región de Moscú. En cuanto a los jóvenes, estos continuaron con sus estudios y sus trabajos en Moscú y en otras grandes ciudades.

[1032] Ibid.

5. EL REGRESO A ESPAÑA

En el año 1949 el gobierno español, a través del embajador británico en Moscú, pidió el regreso de los niños a España. Pero a pesar de esta petición, los soviéticos se negaron. Hubo que esperar a la muerte de Stalin para que se produjera un acercamiento entre España y la Unión Soviética. De esta manera, el 27 de marzo de 1954 se les permite a 4 niños que regresen a España junto con varios prisioneros de la División Azul. Empieza entonces, la negociación para que regrese el resto. Finalmente, gracias a las gestiones realizadas por la Cruz Roja, se realizó la repatriación, en 1956, de la gran mayoría de los niños españoles. Muchos de aquellos niños se habían casado con soviéticos y a los hombres se les permitió regresar a España con sus esposas e hijos nacidos en la Unión Soviética. Llegaron a lo largo de 6 expediciones entre setiembre de 1956 y mayo de 1957 en el buque Crimea.

Una vez llegados a España lograron, en su mayoría, integrarse en su nueva patria, aunque los primeros tiempos fueron bastante difíciles, pues les costó adaptarse nuevamente a la vida española. Además muchos de ellos no lograron reencontrarse con sus padres, pues estos habían muerto en la guerra y entonces para ellos, la readaptación fue aún más difícil.

No queríamos cerrar este epígrafe sin hacer una mención especial a los niños que, como los que visitamos en Moscú el pasado mes de junio, no pudieron regresar a España. Muchos de ellos optaron por continuar en Rusia, pues habían formado un nuevo hogar allí y estimaban mucho a su nueva patria. Otros en cambio, como el caso de Fernández Arrieta se vio impedido de abandonar Rusia debido a su trabajo como ajustador de alta precisión en la aviación primero, y luego como ingeniero aeronáutico. Y finalmente no debemos olvidar tampoco, a las mujeres que se habían casado con soviéticos y debido a ello, debían pedirles a sus maridos un permiso para retornar a España. Muchas de ellas prefirieron continuar en Rusia, pues a pesar de poder abandonar el país, sus maridos no eran libres de hacerlo y entonces prefirieron permanecer con ellos.

En la actualidad el número de esos niños que permanecieron en Rusia no pasa de los 300. Muchos de ellos se encuentra en una situación bastante lastimosa, debido a la mala situación económica que atraviesa Rusia en la actualidad. Debido a esto último, muchos de ellos tomaron la decisión de volver a su patria, ya ancianos, a pasar aquí sus últimos días, como es el caso de la gallega Juanita Gillán Vidal.

6. EL CENTRO ESPAÑOL DE MOSCÚ

Hablaremos ahora, de forma muy sucinta, del Centro Español de Moscú como institución que, en buena medida, es producto de los acontecimientos provocados por la Guerra Civil Española y que tuvimos ocasión de visitar recientemente[1033].

La actual Sociedad Moscovita de Españoles / Centro Español de Moscú tiene sus orígenes, al contrario que lo que acostumbra a suceder en otros centros o sociedades de reunión que surgieron a causa de la emigración económica, en factores de tipo político. Confluyen, pues, en su fundación dos aspectos derivados de los acontecimientos generados por la Guerra Civil española de 1936.

Por un lado, el refugio del comunismo español en la antigua Unión Soviética hizo que mucha de la afiliación del Partido Comunista de España (PCE) viviese su exilio, sobre todo, en la capital rusa. Aunque la mayoría de los exiliados comunistas optaron por Francia para la continuación de la lucha contra el fascismo en España[1034], muchos de ellos se dirigieron a la URSS y en concreto a Rusia.

Por otra parte, debemos destacar la presencia en Moscú de muchos de estos niños de la guerra de los venimos hablando a lo largo de esta comunicación. Estos son los que, a comienzos de la década de los sesenta y

[1033]En esta corta visita pudimos realizar una entrevista al actual presidente del Centro, Alberto Fernández Arrieta, de la que ahora extraemos los datos para elaborar parte de esta comunicación.

[1034] La mayoría de ellos fueron a parar a campos de refugio para incorporarse más tarde a la resistencia francesa una vez iniciada la IIª Guerra Mundial. Por otra parte, en Francia, y más concretamente en el sur del país, se fraguaron la mayor parte de las acciones de la lucha

teniendo como base la sede del PCE en Moscú, dan continuación – más allá de la esfera política – a un proyecto societario que abarcará además tareas de tipo cultural y social. Aunque sin duda, las influencias políticas en la era soviética pudieran haber impregnado las actividades del Centro, la directiva actual se define, insistentemente, como apolítica, centrándose casi exclusivamente en actividades culturales y lúdicas.

Situada en el corazón de Moscú[1035], la Sociedad Moscovita de Españoles todavía es para aquellos niños, el hogar español en el que no pudieron vivir. En los recuerdos que su presidente, Alberto Fernández Arrieta, recupera en la charla que mantuvimos con él, se pueden ver representados a todos aquellos hombres y mujeres, muchos de origen gallego, trasladados en su infancia a la antigua Unión Soviética.

Para buscar un precedente de esta iniciativa societaria hay que remontarse a las reuniones organizadas por los grupos de jóvenes trabajadores españoles en las fábricas soviéticas, durante y tras la IIª Guerra Mundial. Como ya se ha dicho, muchos de los niños de la guerra, así como muchos exiliados, fueron obreros de fábricas de aviación, pero sobre todo del sector automovilístico. Las fábricas les ofrecían un club o lugar de reunión donde se encontraban semanalmente.

De tal modo, las Casas de Jóvenes Españoles situadas en Moscú o Leningrado fueron lugar de encuentro de estos jóvenes con muchos emigrados políticos españoles, algunos de los cuales llegaron a ser sus maestros.

Con el tiempo, y ya a comienzos de la década de los años 60, en el antiguo local de la Cruz Roja Internacional, y sede del Partido Comunista de España en Moscú, se empezaron a desarrollar las actividades de lo que hoy es el Centro Español en la capital rusa. Como ya hemos advertido, las tareas

---

clandestina de los comunistas en España. BORRAS, José (1976): *Políticas de los exiliados españoles, 1944-1950*, París, Ruedo Ibérico, pp.151-163.

[1035]"Esto es una isla de España en el mismo corazón de Moscú... porque está a cuatro pasos de la Plaza Roja y a dos pasos del gran teatro (Teatro Bolshoi)", tal y como le gusta decir a su presidente. Entrevista realizada a Alberto Fernández Arrieta, en el Centro Español de Moscú el 27/06/2001, por las autoras.

llevadas a cabo en el centro pretenden desligarse de cualquier influjo político, ya que sus pretensiones actuales son exclusivamente culturales[1036].

En Kuznetski Most se encuentran las amplias instalaciones del centro[1037] en las que, además del área administrativa, existe un amplio lugar de reunión, además de un bar, salón de actos, biblioteca y videoteca. Entre las actividades ofertadas, se imparten clases de español y bailes regionales entre otras actividades; cuentan además con un coro. Las instalaciones del Centro Español sirven también para albergar actos de carácter español que tengan lugar en la ciudad, así como para celebrar todo tipo de homenajes, conferencias, actuaciones, conciertos, ciclos de cine, etc. Entre las producciones de tipo cultural más recientes debemos destacar la elaboración de un libro-homenaje a todos los españoles que lucharon en la IIª Guerra Mundial en las filas soviéticas[1038].

Desde una perspectiva más social se ocupan además de la tarea de reunir y localizar a todos los niños de la guerra, ya que muchos de ellos se encuentran todavía desparecidos. Ofrecen además todo tipo de gestiones y ayudas en las repatriaciones o en los viajes que muchos de ellos realizan temporalmente a España.

Son alrededor de 1500 los socios del Centro Español si se incluyen a los hijos y nietos de los miembros más veteranos. La Junta Directiva es elegida bianualmente y actualmente está formada por Alberto Fernández Arrieta, como su presidente; Jesús Hernández Castaños, secretario; Francisco Mansilla Caramés, contable (también es responsable de la sección "Periferia" para contacto con el resto de españoles)[1039], Vocales: Antonio García Cano (veterano de guerra) María Teresa Casal (se ocupa de la sección de Cultura) Marina Coto (sección de Juventud; hija de madre española y padre ruso) y Olga

[1036]"..propagar la cultura española... entre los rusos y... entre nuestros niños, nuestros hijos... que por desgracia no todos saben español...". Entrevista realizada a Alberto Fernández Arrieta, op. cit.

[1037] Actualmente es el Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales el que cubre los gastos de alquiler del local de la Sociedad Moscovita de Españoles / Centro Español.

[1038] *Memoria 1941-1945*, libro-homenaje del que sólo se han editado siete ejemplares.

[1039] *El País Semanal* de este último fin de semana ofrece un reportaje dedicado a los *niños de la guerra* en el que se incluye el testimonio de Francisco Mansilla Caramés. MATÍAS LÓPEZ, Luis: "Los últimos niños de la guerra", *El País Semanal*, nº 1304, (23/07/2001), pp. 40-51.

Arnosi (Asistencia Social). Además, Nicolás Gregorio Rodríguez es el Administrador del Centro. Por último, tenemos que recordar también al gallego Alfonso Saavedra Fernández, presidente del Centro Español de Moscú entre el año 1992 y 1997.

Finalmente, sólo queremos reiterar el carácter representativo que ha pretendido tener nuestra exposición, centrada en la experiencia de los niños de la guerra en Moscú, en relación con el tema de este Congreso, el exilio gallego. Y por último, y en la distancia, queremos agradecer la atención prestada por Alberto Fernández Arrieta – y muchos otrora niños de la guerra – en nuestra visita al Centro Español de Moscú.

BIBLIOGRAFÍA

ALTED VIGIL, Alicia (1995): *El exilio español de la guerra civil: los niños de la guerra*, Madrid, Fundación Largo Caballero.

ALONSO CARBALLÉS, Jesús Javier (1998): *1937, Los niños vascos evacuados a Francia y Bélgica. Historia y memoria de un éxodo infantil, 1936-1940*, Bilbao, Asociación de Niños Evacuados el 37.

BORRAS, José (1976): *Políticas de los exiliados españoles, 1944-1950*, París, Ruedo Ibérico

PLA BRUGAT, Dolores (1985): *Los niños de Morelia,* México, Instituto Nacional de Antropología e Historia.

ZAFRA, Enrique, CREGO, Rosalía e HEREDIA, Carmen (1989): *Los niños evacuados a la URSS (1937),* Madrid, Ediciones de la Torre.

LITERATURA DO EXILIO

LUÍS SEOANE NON TEN QUEN LLE ESCRIBA

Xesús Alonso Montero
Universidade de Santiago de Compostela

Miñas donas e meus señores:

Nesta conferencia propóñome falar da soidade na que viviu e traballou, nos primeiros anos do exilio, un dos grandes cidadáns galegos do século XX: Luís Seoane López. Luís Seoane, como artista plástico, como escritor, como editor e como fundador de revistas, foi unha desas figuras que honran unha cultura, e, como home, na súa conducta moral e política, honran un país e permítennos seguir crendo nas potencialidades e nas virtudes do ser humano.

Xa se teñen publicado varias biografías do gran Luís Seoane -unha delas escrita por min, en 1994, e premiada ó ano seguinte[1040]-, pero creo que ninguén ten captado, na súa grandeza, o perfil dos seus compromisos cívicos e a súa lealdade ás bandeiras políticas que, na victoria ou na derrota, ennobrecen sempre o corazón dos homes. Como artista e como escritor, aínda moi consciente de que a literatura e a arte deben ser formulacións estéticas, puxo o seu traballo en todo momento ó servicio desas bandeiras e deses compromisos.

Luís Seoane, como exiliado, amosa algunhas peculiaridades. Foi dos primeiros en inicia-lo éxodo, en realidade poucos días despois da Sublevación fascista. Sabido é que, para fuxir, na Coruña, do asedio falanxista, asedio que conlevaba, no seu caso, a morte, atravesou Portugal, chegou a Lisboa e embarcou rumbo á Arxentina, onde nacera en 1910. A dobre nacionalidade -española e arxentina- resólvelle algúns problemas. Aínda así, por non ter feito o servicio militar, declarado «soldado infractor», xorden, nun principio, dificultades

[1040]·Alonso Montero, Xesús (1994): *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane*, Vigo, Xerais. (Obtivo o Premio da Crítica, na modalidade de Ensaio, en 1995).

que lle soluciona, axiña e con eficacia, un almirante arxentino, pai de Mony Hermelo, a extraordinaria recitadora que, en 1932, en Santiago de Compostela, engaiolou, entre moitos outros, a Carlos Maside e ó propio Luís Seoane. O un e o outro debuxárona, cun entusiasmo moi próximo ó amor, nos xornais galegos da época[1041].

O marido da engaiolante recitadora era Norberto A. Frontini, intelectual arxentino de fondas convicción marxistas xa en 1932, unha das razóns polas cales Seoane intimou a fondo con el. Frontini, por medio de seu sogro, foi a man solidaria e oportuna que lle facilitou a entrada na Arxentina a Luís Seoane, quen, xa en novembro de 1936, publica en *Crítica*, prestixioso xornal de Buenos Aires, a serie de artigos «El terror fascista en Galicia». Estas páxinas de denuncia alporizada asínaas co pseudónimo Conrado Alem, que é o pseudónimo que utiliza naquelas mesmas datas para asina-lo poema «A Alejandro Bóveda, fusilado», primeira elexía que suscitou o crime da Caeira[1042].

Sáibase, sen embargo, que cando cambiaron algunhas das circunstancias familiares do noso escritor, do contundente debelador da barbarie fascista, Seoane renunciou, en non poucas ocasións, á cautela do pseudónimo. Desde o 30 de marzo de 1937, data na que chegan á Arxentina María Elvira Fernández, esposa de Luís Seoane, os pais deste e a súa irmá Estela, o noso intelectual vai asinar, a peito descuberto, co seu nome e o seu primeiro apelido as súas páxinas, literarias e plásticas, contra Franco e o franquismo. Unha obra tan significativa como o álbum *Trece estampas de la traición* sae do prelo catro meses despois: o 30 de xullo de 1937. Chegara a hora de poñe-lo prestixio -e o risco- do verdadeiro nome ó servicio da causa antifranquista, causa na que Luís Seoane foi un verdadeiro cruzado neses anos. Ninguén, nos anos da Guerra Civil, foi mellor valedor ca el da Galicia mártir, e ninguén o superou como execrador do Atila que abafaba Galicia. Utilizo estes termos, xusto en homenaxe a dous albumes inmortais, obra de Castelao, pero convencido de que, fóra de España, o lapis e a

---

1041. Vid. Alonso Montero, Xesús (1998): *Os poetas con Federico García Lorca e coa España republicana (Buenos Aires, 1937)*, Universidade de Santiago de Compostela, páxs. 15-27.

1042. O poema publicárao antes en *Galicia*, Buenos Aires, Federación de Sociedades Gallegas, 20-12-1936. *Vid*. a miña colectánea *Coroa poética para un mártir. 39 poemas á morte de Alexandre Bóveda*, Vigo, Xerais, 1996.

pluma de Seoane chegaron, en momentos críticos, a eidos ós que non chegaban as estampas de Castelao ou de Arturo Souto, outro artista execrador daquela barbarie. Refírome ó Seoane que asina co seu apelido e ó Seoane que asina como Conrado Alem (glorioso pseudónimo antifascista) pero tamén ó Seoane responsable, en moi boa parte, do libro, anónimo, *La Galice sous la botte de Franco*, publicado en París no ano 1938 e do que, asemade, se fixeron dúas edicións en castelán, unha na Arxentina e outra tamén en París[1043].

Luís Seoane, en efecto, o 30 de xullo de 1937 xa está en condicións, non sen risco, de facer antifranquismo publicamente en nome do seu nome, e nesa data sae do prelo *Trece estampas de la traición*, un álbum no que a cuberta é un debuxo caricaturesco do sanguinario xeneral Franco cun coitelo chorréante de sangue entre os dentes. Dezanove días antes, o 11 de xullo dese ano, fora fusilado na Coruña o seu cuñado Manuel Fernández López. Supoño que a circunstancia non é allea ó feito de que o noso artista estampe, na cuberta do álbum, con rabia e con orgullo, o apelido Seoane[1044].

Prologa o álbum N. A. F., que non é outro que Norberto Argentino Frontini, o marxista porteño co que Seoane tivo unha relación intensa desde que se coñeceran, en Compostela, no ano 1932. No limiar define os debuxos nestes termos: «Pero este humorismo de Seoane tiene, hoy, levadura del horrible trance fascista que hizo mártir a Galicia, asesinando obreros, campesinos, mujeres, niños; y maestros, escritores, univesitarios, poetas, por esa ansia infernal que le hace preferir la "muerte de la inteligencia" y proclamar el absurdo cruel de que "la guerra es alegre"».

Quen lea as consideracións previas do prólogo de Frontini decatarase de que son as consideracións dun marxista.

1043. *Lo que han hecho en Galicia. Episodios del terror blanco en las provincias gallegas contados por quienes los han vivido*, París, Editorial España, Imprenta Donard, s. a.

1044. *Vid- 1936: Seoane e os poetas fronte á sublevación*, ed. ó coidado de Alonso Montero, X. e. Santidrián, Víctor M. Ediciós do Castro. (O volume, editado coa colaboración da Fundación 10 de Marzo, contén, entre outras páxinas, o facsímile de *Trece estampas de la traición*).

No mesmo verán de 1937, Luís Seoane colabora con Frontini na edición do volume *Homenaje de escritores y artistas a García Lorca*, volume que se repartiu como programa de dous recitais de Mony Hermelo[1045].

Frontini é unha circunstancia importante, cando non unha incitación, na vida intelectual e civil de Luís Seoane, a quen o intelectual arxentino lle chama, en 1937, «grande y querido amigo». (Pola súa parte, Seoane dirá que, a partir de 1932, Norberto A. Frontini sería «entrañable amigo»). Supoño que Frontini debeu influí-lo seu para que Seoane fose en abril de 1949 a París para asistir ó Congreso Mundial da Paz, foros estes nos que, en plena guerra fría, estaban moi interesados a Unión Soviética e os Partidos Comunistas. Que Seoane non rexeitaba aparecer en público en actos máis ou menos organizados polos comunistas, próbao, entre outros, o feito de que, en 1958, formou parte da comisión que organizou en Buenos Aires o xantar de homenaxe a María Rosa Oliver cando o Goberno da Unión Soviética lle concedeu o premio Lenin da Paz. Constituían a Comisión, entre outros, Rafael Alberti, María Teresa León, Miguel Ángel Asturias e Norberto A. Frontini.

Pero Frontini non foi, en novembro de 1932, quen iniciou no marxismo a Luís Seoane. Nunha enquisa sobre a Universidade feita a fins de 1931 a profesores e alumnos, o autor, Álvaro de las Casas, consigna: «Un estudiante, marxista: Seoane»[1046]. É o único así adxectivado, adxectivo que non desmente Seoane nas súas declaracións nas que nin sequera omite un canto á Unión Soviética polo acerto na solución do problema das nacionalidades (Seoane empezaba a conxugar, ó seu modo, nacionalismo e internacionalismo). Antes de novembro de 1932, o estudiante de Dereito Luís Seoane, home de vocación artística e con preocupacións literarias, tiña relación non superficial en Compostela coas persoas que, dentro ou fóra da Universidade, eran marxistas ou marxistizantes, entre elas, Carlos Maside, Ánxel Fole, Santiago Montero Díaz, Lois Tobío, Xosé María Domínguez García, Luís Manteiga e Felipe Fernández Armesto, daquela o de xestos comunistas máis rechamantes[1047]. Por el Seoane coñeceu a

1045. Alonso Montero , Xesús (1998): *Os poetas con Federico García...,*op. cit.
1046. *Nós*, nº 97, 15-1-1932, páxs. 17-18.
1047. *Vid*. o meu art. «Os escritores galegos e o marxismo (1930-1932). O caso Felipe Fernández Armesto», *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, 1999, páxs. 11-40.

obra plástica de Grosz e o proceso penal no que o artista alemán recoñeceu con orgullo a súa pertenza ó Partido Comunista.

Cando, en 1934, Luís Seoane ingresa no Partido Galeguista, lonxe de abdicar do seu humanismo ilustrado de raíz marxista, matízao. Este marxista cun carné político do PG chega a Buenos Aires, fuxindo dos falanxistas coruñeses, no outono de 1936. Xa aquí, dedicará toda a súa paixón, que era moita, e a súa capacidade de debuxante e de escritor, a denunciar, caricaturizar e execra-la barbarie fascista que se abatera sobre o seu país. Home moi comprometido co Fronte Popular, chorou por tódolos mártires e, en nome de todos, loitou: polos galeguistas, polos comunistas, polos sindicalistas, polos republicanos moderados... É máis. En tempos en que a emoción do Frente Popular estaba pouco presente, en abril de 1963, Luís Seoane, camarada moral de tódolos que defenderon a República, fixo dous retratos de Julián Grimau, asasinado por Franco, despois de torturalo, 24 anos despois do final da Guerra Civil. Así era Luís Seoane.

Luís Seoane vive no exilio, en Buenos Aires, dende o outono de 1936. O seu corazón de exiliado foi atravesado pola derrota, en 1939, da causa republicana, e o seu espírito non tardou en ser golpeado pola II Guerra Mundial, esa guerra na que os seus vellos inimigos, os fascistas, foron de éxito en éxito ata febreiro de 1943. Momentos houbo neste longo período, de 1939 a 1943, en que o exército de Hitler, expresión máxima da barbarie, parecía invencible.

¿Que fai o noso exiliado nestes catro anos, tan duros para el, tan desesperanzados para tantos? Son os anos en que vive ó día do seu traballo pero no que lle rouba horas ó día para facer algo, non lucrativo, que aínda non se ten valorado debidamente. Consciente Seoane de que en Galicia non era posible continua-lo discurso literario galego, el dedicarase, con intelixencia e entusiasmo, á edición e reedición de títulos clásicos ou moi valiosos: *Aires da miña terra* (de Curros Enríquez), *Queixumes dos pinos* (de Eduardo Pondal), *De catro a catro* (de Manuel Antonio), en edición bilingüe, *Cancionero popular gallego* (o que recompilara José Pérez Ballesteros), *Poesía medieval gallega*, *Follas novas* (de Rosalía)...

Como programa poético, á altura de 1943, é perfecto: os tres grandes libros do XIX, un clásico contemporáneo indiscutible (Manuel Antonio), unha

escolma das primeiras voces (a poesía medieval) e a mellor recolleita da musa popular. O destino destes libros era, na concepción de Seoane, a colectividade galega da Arxentina e, en medida moi exigua, a lonxana e problemática Galicia. Tarefa editorial heroica (polo traballo, pola ausencia de lucro e, en xeral, polo pouco recoñecida), este labor, ideado, realizado e sostido contra vento e marea por Luís Seoane, significou, para a cultura, a non fractura do discurso literario en galego.

Cómpre saber que o editor Seoane, neste período, politicamente tan desanímante (1939-1943), acometeu outras tarefas: editou títulos importantes en castelán, tanto para a comunidade galega como para a intelectualidade arxentina, que, deste xeito, tiña a obriga de revisar algúns dos tópicos antigalegos imperantes. Son páxinas moi ben escolleitas do P. Feijoo, do P. Sarmiento, de Murguía, de Nóvoa Santos e de Rosalía de Castro (*En las orillas del Sar*). Algunhas destas páxinas, como o Sarmiento de *Origen y formación de la lengua gallega* e o Murguía de *Los precursores*, son libros mergullados de cheo no discurso cultural sobre Galicia. Algúns destes títulos en castelán, moi poucos, son posteriores a 1943: dous de 1944 (Otero Pedrayo, Francisco Sánchez) e un de 1945 (Vasco da Ponte).

Ó seu modo, e nalgunha medida, Luís Seoane acababa de salva-lo discurso intelectual en galego e o discurso que é unha defensa e ilustración das peculiaridades de Galicia. Labor heroico, xa o dixemos, porque Luís Seoane fíxoo só (ou case só), e fíxoo sen que a el chegasen, tantas e tantas veces, os máis elementais recoñecementos. Tampouco temos noticia de que da Terra, de Galicia, lle chegase unha voz de gratitude nestes anos. Ninguén -ou case ninguén- da intelectualidade galega lle escribía.

Pero na vida de Luís Seoane, o 2 de febreiro de 1943, ábrese unha raiola de esperanza. O cidadán e o político Luís Seoane, con sete anos de derrotas e desesperanzas, recibe a noticia da batalla e da victoria de Stalingrado, e recíbea como un inmenso regalo tanto tempo cobizado e merecido. Xa se sabe, desde ese histórico 2 de febreiro de 1943, que o Exército de Hitler non é invencible, ou sexa, que a causa antifascista empezaba a dicta-las leis do mundo. Sábese que no café Tortoni de Buenos Aires, centro de reunión dos nosos exiliados, ó día seguinte, os

catro galegos máis progresistas daquel ilustre faladoiro, cantaron con xúbilo, se ben en voz baixa, un himno que nesas horas percorría o mundo enteiro: a Internacional. Camaradas, naquel instante, no fundamental, os entusiastas cantores foron o médico Antonio Baltar, o escritor Rafael Dieste, o poeta Lorenzo Varela e o artista Luís Seoane. Visitei o Tortoni no verán de 1969 e contoumo, non sen emoción, un vello camareiro socialista.

Para os nosos cantores e para tantos e tantos españois do exilio, a sorte de Franco semellaba estar botada. Os exiliados, que nunca desfixeran totalmente as maletas, empezaron a pensar no retorno a unha España sen Franco, retorno que viron máis próximo ó producirse o espectacular desembarco de Normandía en xuño de 1944. As esperanzas medran cando as tropas aliadas (con combatentes republicanos españois) liberan París o 25 de agosto dese ano, e a emoción é infinita cando o 2 de maio de 1945 o Exército Soviético crava a bandeira vermella no corazón de Berlín.

Os nosos exiliados, sen embargo, axiña teñen que pasar polo transo de ver como as potencias aliadas non destronan a Franco, caudillo dun réxime semifascista que, alén diso, fora belixerante pois organizara e enviara a pintoresca División Azul contra un dos países aliados.

Este período, o que vai de 1943 a 1945, que é un período de esperanzas de retorno, coincide cunha actividade editorial de Seoane que non está vencellada ó libro galego en galego, como se esas esperanzas indicasen que esa batalla literaria axiña se libraría na Terra, na metrópole. En calquera caso, creo que non foi este o factor determinante da inactividade; creo que influíu máis o desánimo, a falta de recoñecementos procedentes de Galicia: nin reseñas dos libros, nin cartas alentadoras, nin saúdos por derriba do mar. A Seoane ninguén -ou case ninguén- lle escribía.

A penas derrotadas Alemaña e Xapón en 1945, empeza o enfrontamento xordo entre as democracias occidentais e a Unión Soviética: a guerra fría para frea-los avances do comunismo e, a ser posible, reducilo e abafalo. Nesta «cruzada», Franco era un excelente e eficaz aliado, un aliado que ninguén recoñecía con orgullo pero que todos, vergonzantemente, sostiñan. Así as cousas, Luís Seoane decide desface-las maletas, coa sospeita, fundada, de que será por

moito tempo. Xa levaba dez anos de exilio e preparábase para unha longa espera. E, por se fose pouco, Seoane non tiña quen lle escribise.

Luís Seoane, desde 1945 ós inicios da década dos cincuenta, non vai ser, no esencial, editor de libros galegos (nin en galego nin en castelán), quizais, como vimos de apuntar, porque non tiña quen lle escribise, e porque -non o esquezamos- esa tarefa editorial, no fondo, producía perdas económicas. Pero Seoane, editor vocacional, non dimite, e, en 1947, funda Ediciones Botella al Mar na que se deron cita Rafael Alberti, Luís Buñuel, Paul Valéry, Arturo Serrano Plaja, Miguel Ángel Asturias e moitos outros.

Nos últimos parágrafos parece que fago retórica cando reitero o formulado xa no título desta conferencia: «Luís Seoane non ten quen lle escriba». Retórica ou non, apunta a un dos dramas do noso intelectual, á súa soidade. Alguén, sen embargo, pode argüír: «E Seoane ¿escribíalle a alguén?». De tódolos xeitos, supoñemos que non lle escribiu a ningún dos vellos amigos que viraran antes ou despois do 18 de xullo de 1936: nin a Montero Díaz, fascista xa en 1936, el, que fora marxista radical ata 1932; nin a Felipe Fernández Armesto, colaborador, nos primeiros anos da República, de *Bolchevismo*, a revista teórica do Partido Comunista de España, pero en 1937 director, en Ourense, de *Arco*, xornal falanxista; nin a Álvaro Cunqueiro, galeguista culturalista no período republicano e belixerante pluma franquista desde o verán de 1936... ¿A que outros podía escribir para comunicarse (no sentido etimolóxico) e para alivia-las súas mágoas de desterrado? Pero, estes, os que fosen, ¿escribíanlle a Luís Seoane, ó Seoane radicalmente antifascista, ó Seoane afervoadamente republicano, ó Seoane compañeiro de viaxe, en ocasións, dos comunistas? O epistolario obrante no domicilio de María Elvira Fernández López, viúva do noso intelectual, un epistolario moi ben gardado, aporta datos -e datas- tristes. Non hai cartas -nin *de* nin *a*- anteriores a 1946, e, de feito, as anteriores a 1951 son moi poucas.

Teño diante de min un texto que me conmove: a dedicatoria do seu álbum *Homenaje a la Torre de Hércules*[1048], dedicatoria, no seu laconismo, que rezuma emoción: «A Carlos Maside, Ángel Fole, Plácido R. Castro, Luis Manteiga, Aquilino Iglesia Alvariño, con nostalgia». É de maio de 1944: transcorreran case oito anos

desde a forzada separación. A primeira carta que coñezo de Aquilino é posterior en tres anos (do 28 de xullo de 1947) na que lle comunica «recibí hace algún tiempo el *Homenaje a la Torre de Hércules*». Todo fai supoñer que había moito tempo e que, antes desta data, Aquilino nunca lle escribira a Seoane, quen, pese a todo, en 1944, estampaba o seu nome, con emoción, nunha dedicatoria. ¿Tiña reparos, Aquilino, en escribir a Seoane, temeroso de que este soubese que, en outubro de 1937, celebrou, co poema «Liberación y gozo», a conquista de Covadonga polas tropas de Franco? Hai outra carta de Aquilino, do 9 de agosto de 1948, na que lle fai saber a Seoane que «soy académico y casi poeta oficial de Galicia», comunicación que debeu desconcertar ó destinatario. Seoane, en efecto, aínda que recibía algunhas cartas, non tiña quen lle escribise.

A quen Luís Seoane lle escribiu con toda a súa alma foi a Carlos Maside, ó que admiraba como pintor e con quen sintonizaba politicamente. (Lémbrese que Maside propúñase ingresar no PSOE, daquela un partido marxista, nos días previos á Sublevación fascista)[1049]. Nunhas notas autobiográficas de Seoane (1928-1933), non exentas de manifestacións moi progresistas, de súpeto o autor apunta: «Dibujo de Maside de *Nueva España*». Refírese, sen dúbida, ó que figura na portada deste semanario esquerdista madrileño co título «La reconciliación de clases» e no que un lobo -o capitalismo- abraza coas súas poutas afiadas a un obreiro (1-5-1930).

Publicadas están, polo profesor Manuel Núñez Rodríguez, as cartas de Seoane a Maside e as deste a aquel, páxinas de ouro da nosa epistolografía[1050]. De xullo de 1947 é a primeira, de Seoane, e de agosto dese ano é a resposta de Maside, que se abre con esta sintonía fraterna: «Ahora debo hacerlo... en pocos minutos. No los emplearé en disculpar mi silencio que no tiene disculpa posible. Pero sí afirmar que él no significa tibieza en los afectos ni olvido; ni tú ni ninguno de esos grandes amigos ausentes lo estáis en el corazón, ni en el pensamiento;

1048. Bos Aires, Editorial Nova, 1944.
1049. Piñeiro, Ramón (1979): «Carlos Maside na miña lembranza», en Pedro de Llano (ed.): *Maside. Un pintor para unha terra*, Santiago, Colexio de Arquitectos de Galicia, páxs. 47.
1050. Seoane, L. (1991): *Textos inéditos*, Santiago, Universidade de Santiago.

no habéis sido reemplazados y la nostalgia de vuestra amistad *y cuanto con vosotros se ha ido* no es menor que la vuestra...»[1051].

Sáibase que a carta, non exenta de alusións políticas, levouna en man Rodolfo Prada.

Seoane, por fin, xa ten quen lle escriba e xa ten a quen escribir, con quen comunicarse (pese ós problemas da correspondencia, cando era por correo ordinario, cos súbditos de Franco). Vai ser a Maside, en novembro de 1952, a quen lle faga esta confesión: «Ahí trabajáis, y vuestro trabajo aun en *el silencio* tiene un destino; nosotros, si lo hacemos, ya no tenemos un pueblo con el que comunicarnos y entendernos, y toda la vida del artista y del escritor ha estado destinada siempre a establecer un lenguaje con su pueblo, con la historia y la tradición de su pueblo, con todo lo que él ama y odia»[1052].

Maside sintoniza tanto con Seoane que en carta de febreiro de 1953 é capaz de facer un retrato irónico do «neosaudosismo» de Galaxia, «literatescas languideces» ante as cales erguen a súa clara voz, irrumpindo, as páxinas de *Fardel de eisilado*, o bronco poemario de Luís Seoane[1053]. En carta posterior, este quéixase de que as persoas de Vigo e Santiago ás que enviou o libro non lle acusaran recibo, reflexión que finaliza nestes termos: «... ese neo-saudosismo de que hablas... En el fondo, constituye un tipo, aparentemente digno, de conformismo»[1054].

En efecto, desde as cartas de Carlos Maside, aínda que serodias, Seoane ten que lle escriba. Con quen máis se carteou Seoane foi con Francisco Fernández del Riego, que contestou, unha e outra vez, ás súas cartas. Pero tamén neste caso o epistolario é tardío. A primeira carta de Fernández del Riego a Seoane está moi lonxe do espírito e do ton presentes no epistolario Seoane-Maside. Datada o 10 de maio de 1946 é, de feito, unha carta de negocios, de negocios literarios: «Aunque hace mucho tiempo que perdí el contacto personal contigo, no por eso dejo de tener frecuentes noticias tuyas. Ahora te escribo con un objetivo concreto...». Del Riego quere saber -este é o obxectivo concreto- se un traballo

1051. Ibidem, páx. 73.
1052. Ibidem, páx. 73.
1053. Ibidem, páx. 76.
1054. Ibidem., páx. 80.

que enviou ó concurso literario da Federación de Sociedades Gallegas, titulado *Cos ollos do noso esprito*, chegara ó seu destino e, se chegou, que llo fixese saber. Seoane, sen manifestar estrañeza, contéstalle nos termos esixidos pola carta recibida[1055].

Nesta altura, Luís Seoane, aínda que recibe cartas, non ten quen lle escriba. (Outra cousa é o epistolario posterior destes dous corresponsais, ricos, certamente, en noticias).

Nunha carta a Maside, de 1952, Seoane fala de catro ou cinco amigos que lle escriben, pero, formulado isto, rectifica: «uno o dos»[1056]. De quen pasa por ser moi amigo do noso artista, Domingo García-Sabell, a quen Seoane admiraba intelectualmente, a primeira carta coñecida é do 8 de xuño de 1953, escrita nas vésperas da súa viaxe a Buenos Aires invitado, como conferenciante, polo Centro Galego. Hai expresións que inducen a pensar que foi esta, realmente, a primeira carta.

En canto a Ramón Piñeiro, co que, certamente, tivera na Galicia prebélica moita menos relación, as súas primeiras cartas distan tamén das de Maside. Pero, na primeira que coñezo de Seoane (19 de xaneiro de 1952), o autor desafógase deste xeito:

> Pra min recibir a túa carta despois de tantos anos de ter novas cuasi perdidas túas, constitui un contento como non podedes ter idea os que nesa vivides. Eiquí estamos isolados traballando, facendo máis do que podemos en meio deste enorme engano. Pola nosa parte, temos o orgulo afirmar que soios fixemos tanto por Galicia en 12 anos coma toda a coleitividade xunta nese mesmo tempo, aínda que aí pensedes outras cousas, xa que os que poden ir a esa por inocuos -que xa é importante que vos visiten cada Día de Sant-Iago. Mais todo está ben. Nós non nos abandoamos á propia loita e xa chegará o día das aclaracións sen perdón.

1055. As cartas inéditas a Seoane que se mencionan nesta conferencia consulteinas no fogar de Maruxa López Fernández, viúva do intelectual.

1056. Ibidem, páx. 73.

Luís Seoane, alén de estar doído pola falta de recoñecemento, parece estar en fonda controversia política con Piñeiro, o Piñeiro que, en 1952, recentemente creada Galaxia, empeza a deseñar unha política para o galeguismo moi allea á que se fai ou se preconiza en Buenos Aires. Piñeiro que non está moi de acordo co Consello de Galiza -o que se ten dito cen veces-, está moi lonxe das actitudes e das propostas dos galegos do café Tortoni, liderada -na actividade e na paixón- por Luís Seoane, vello galeguista perigosamente afín -pensa Piñeiro- a certos postulados comunistas. Piñeiro era case alérxico ó comunismo, como veremos na polémica que sostería con Luís Seoane cinco anos despois. Esta carta de Seoane, unha miguiña destemplada, parece ser resposta ás insinuacións anticomunistas, sen dúbida sutís e corteses, de Ramón Piñeiro.

Estamos entre 1950 e 1956, un período no que recibe cartas, non poucas, desde Galicia, pero aquel a quen lle escribe con máis devoción é a Carlos Maside. Pese a que nestes anos recibe non poucas cartas de seis ou sete corresponsais galegos, cando non chega carta de Carlos Maside, Luís Seoane non ten quen lle escriba.

Luís Seoane que, entre 1940 e 1945, salvou, no exterior, a causa do libro galego, agora, cando se decata de que, na Galicia da Terra, o grupo que protagoniza a actividade cultural e as propostas intelectuais -o grupo Galaxia- está na lírica do neosaudosismo, na paisaxe, no humor e na fantasía literaria, reacciona: reacciona e funda, unha vez máis, unha editorial, Citania, esta vez para acoller, fundamentalmente, libros que se inscriben, de cheo, no discurso realista e progresista. Repárese, como mínimo, nestes títulos: de Ramón de Valenzuela, *Non agardei por ninguén* (1957), a primeira novela en galego sobre a Guerra Civil española; de Isaac Díaz Pardo, dúas pezas de teatro, tamén dese ano (*Midas* e *O ángulo de pedra*); do propio Seoane, o poemario *As cicatrices* (1959); de Eduardo Blanco-Amor, *A esmorga*, a novela maxistral que prohibira, tres anos antes, a censura de Franco, e de Antón Santamarina Delgado, *Pra unha terra apremida* (1961).

Xa antes de Citania, e xa coñecida a orientación de Galaxia (que, de querer, non podería publicar certos libros), Seoane estaba de cheo neste discurso. Aí está o seu primeiro libro de poemas, *Fardel de eisilado* (1952) ou *Lonxe*, de

Lorenzo Varela (1954), que Seoane, ademais de ilustrar, acolle na editorial Botella al Mar.

Este Seoane, a gran figura intelectual do exilio galego en Buenos Aires desde 1950 (o ano da morte de Castelao), este Seoane, como escritor e editor, non lle gusta a Ramón Piñeiro, o gran mentor intelectual, neses anos, da Galicia do exilio interior. Este Seoane é quen escribe os editoriais da revista *Galicia Emigrante*, que fundara e dirixe: fermosos e contundentes editoriais, dous dos cales, polo menos, alporizaron, intimamente, a Ramón Piñeiro. Nun deles, «El exiliado y el perro» (maio de 1957), escribe:

> Hace veinte años salimos de Galicia, transcurrieron más de 7.000 días y 7.000 noches... Sumidos en el llanto y en la desesperación, encarcelados en la nostalgia, alentando cada día nuestra fe, haciéndonos duros y fuertes cuando alguno de los nuestros caía, aquí o allá, consumido por la edad o por la enfermedad, en la persecución, o quebrada su vida violentamente, también en la persecución. ¿Saben los más jóvenes de Galicia... lo que esto significa? ¿Lo saben los estudiantes? ¿Se lo dicen acaso aquellos que son nuestros hermanos, que viven allá y que nos conocen? Saben esto el Faraón, los que toleran al Faraón y los que sufren al Faraón? Algunos, aquí y allá, nos dicen, sed prudentes...

No outro editorial, «Querubines en el bestiario» (setembro de 1957), cómpre reparar, cando menos, nestas liñas:

> Esta emigración... quizá la hagan por necesidad -tratarían de convencernos- sino por espíritu de aventura [...] ¿Cómo clasificar a esos hombres que viven en Galicis sin ver Galicia? ¿Por qué al ejemplo de Rosalía, de Curros y, en general, de los precursores, prefieren el de los poetas cortesanos en un país sin Rey ni Cortes y en la pobreza?... [Son] querubines, una forma bobalicona de cabezas aladas que solo sirven para adorno... Quizá la cabeza alada sea una alusión simbólica a aquellos en cuya actitud no vive su pueblo ni las angustias que este padece. Preferimos un corazón con alas. Un corazón sangrante por su pueblo como

> el de Rosalía. Todo un corazón con grandes alas, a esas mofletudas cabezas con alas minúsculas detrás de las orejas y permanentemente entre nubes.

Piñeiro, aludido, reacciona con dureza nunha carta do 30 de xaneiro de 1958 (carta da que fixo dúas versións, a segunda un pouco menos dura)[1057]. Na carta, ademais de arremeter contra os editoriais -e o editorialista-, coméntalle *La soldadera*, peza teatral que Seoane acababa de publicar. O comentario é un alegato de Ramón Piñeiro contra o socialrealismo no que hai afirmacións coma esta: «A confusión arte-cultura-loita de clases- revolución, que estivo en boga fai 25 ou 30 anos, cando nós eramos rapaces, agora é un puro anacronismo, polo menos niste Continente». Cómpre le-la longa resposta de Luís Seoane, alporizada case sempre e case sempre con formulacións ético-estéticas interesantes. Pero nesta resposta do 11 de febreiro de 1958, hai dúas liñas que apuntan á soidade na que vive Luís Seoane: «Falarme a min desa confusión de fai vinte anos ou trinta é, simplemente, por non ter dialogado, nin por carta, conmigo, nin térese tomado a molestia de ollar o que fago».

Así pois, Luís Seoane, que estivo sen recibir cartas dos seus irmáns once anos (de 1936 a 1947), agora, que recibe algunhas, ás veces bastantes, nin por carta os camaradas, «os irmáns», dialogan con el. En efecto, de novo, Luís Seoane non ten quen lle escriba, salvo, nalgunha ocasión, Carlos Maside, autor de cartas que son un modelo de comunicación co seu destinatario; cartas, ás veces, nas que a comunicación é comuñón.

Urxe publica-lo epistolario de Luís Seoane, crónica dunha vida sempre comprometida coas bandeiras máis fervorosas da II República Española, especialmente coas bandeiras da república do 16 de febreiro de 1936, a do triunfo do Fronte Popular. Exerceu Seoane este compromiso como cidadán, como artista e como escritor, sempre con paixón naquel longo exilio, aquel exilio no que en maio de 1957 o seu corazón de desterrado xa contabilizara sete mil días e sete

[1057] Alonso Montero, Xesús (ed.): *As palabras no exilio...,* op. cit., páxs. 204-208.

mil noites de nostalxias e desacougos; un exilio, o seu, ó que aínda lle quedaban outras sete mil noites e outros sete mil días de carraxes e señardades.

Urxe publicar este epistolario, páxinas ilustres da nosa historia civil e da nosa historia literaria. Non sei doutras, entre as inéditas, máis dignas e máis importantes.

XERARDO DÍAZ EN MONTEVIDEO[1058]

Xosé M. Dobarro
Universidade de A Coruña

> [MIRALLES]
> Nadie se acuerda de ellos, ¿sabe? Nadie. Nadie se acuerda siquiera de por qué murieron, de por qué no tuvieron mujer e hijos y una habitación con sol; nadie, y, menos que nadie, la gente por la que pelearon [...] Ah, pero yo me acuerdo [...]
>
> [NARRADOR-CERCAS]
> [...] todos soldados muertos en guerras de antemano perdidas: se acuerda porque, aunque hace sesenta años que fallecieron, todavía no están muertos, precisamente porque él se acuerda de ellos. O quizás no es él quien se acuerda de ellos, sino ellos los que se aferran a él, para no estar del todo muertos». «Pero cuando Miralles muera», pensé, «sus amigos también morirán del todo, porque no habrá nadie que se acuerde de ellos para que no mueran».
> Javier CERCAS (2001, 200-1)

Na madrugada do 17 de agosto de 1989 embarquei no aeroporto de Barajas con destino ó de Carrasco. Ía a Montevideo para impartir, durante catro meses, un curso de Literatura Galega na Universidade da República. Era a primeira vez que viaxaba a América Latina e non coñecía a ninguén. Tratábase, pois, dunha "aventura" que podería acabar de maneira frustrante ou nunha experiencia enriquecedora, como así foi.

O mesmo día da chegada, por indicación de Manuel Suárez, que retornara non había moito a Galicia, fun ó Patronato da Cultura Galega e alí coñecín a unha serie de xente coa que me sigue unindo unha forte relación

fraterno-amical: Nelson Regueiro, Carmen Lorenzo, Laura Touriño, Fernando Lorenzo, Carlos Busto, Marisa Barrio, Toni de Seárez, Manolo Saa,... e Carmiña Díaz. Unha fin de semana algúns deles leváronme ó Cerro e falaron de visitar a Xerardo Díaz. Eu, que lera *Os que non morreron*, non lembraba que vivía en Montevideo, mais como o libro impresionarame moito manifestei os meus desexos de coñecelo. Como non era cousa de aparecer pola rúa Chile sen avisar decidiron organizar outra fin de semana unha merenda na súa casa e así se fixo. Dende ese día trabamos unha forte amizade e as miñas visitas ó Cerro foron constantes e as nosas conversas interminables. Pasoume o mecanoscrito de *Desde la diáspora* e faloume de pórlle un prólogo. Aceptei encantado pero no remate de contas a cousa non callaría porque Xerardo, que escribira o seu terceiro libro de memorias en español, por seren os galegos da diáspora americana os destinatarios principais, quería que o limiar tamén fose neste idioma. Os meus principios idiomáticos (¿errados?) daquela altura non me aconsellaban utilizalo nun libro que se ía editar en Galicia. Non houbo acordo e a obra apareceu sen prologar pero a amizade permaneceu invulnerada ata a súa morte. Quedou, iso si, unha pequena débeda que penso poderei saldar, cando menos parcialmente, neste congreso sobre o exilio.

José Luis Abellán, na "Presentación general" do xa clásico *El exilio español de 1939*, (1976, 14) dinos que nesta obra "se distingue entre la emigración de la guerra (aquellas personas que por motivos políticos salieron en los años 1936-39) y la emigración del franquismo (aquellas personas que salieron después del 39, aunque sea también por motivos políticos). Respecto de estos últimos habrá que pasar al primer grupo a aquellos que, de haber podido, hubieran salido en 1939, pero a quienes el haber estado en la cárcel o en campos de concentración se lo impidió. La que hemos llamado emigración de la guerra puede y debe llamarse con toda justicia «exilio republicano», pues aunque no todos eran republicanos de convicción, al menos habían aceptado la República de 1931 como única legalidad vigente". A Xerardo Díaz habería,

[1058] A Carmen Moreira, Gerardo e Carmiña Díaz Moreira; aos irmáns do Patronato da Cultura Galega e a Graciela Pereiro, polos gratísimos e inesquencibles momentos compartidos e pola súa amizade.

posiblemente, que encadralo no primeiro grupo, isto é, no daqueles que terían saído en 1939 pero que non puideron facelo por estar na cadea dende case os inicios da sublevación. Ademais, diccionario en man, é un exiliado, pois, en segunda acepción, exiliarse é "Abandonar unha persoa voluntariamente a súa patria, xeralmente por motivos políticos." (DRAG)[1059].

Foi, ademais, un exiliado republicano xa que o seu credo político era este, a República. A este respecto non deixan de sorprendernos, con certa gracia, as declaracións que sobre o seu credo político lle facía á xornalista uruguaia María Esther Gilio (1989)

> -¿Usted es del Partido Comunista?
> -No, no.
> -¡Cómo se me ocurre! Usted tiene que ser anarquista.
> -No, tampoco. Soy republicano.
> -No dice mucho con eso. En el Uruguay todos lo somos.
> -Bueno, digamos que soy un frentista independiente.

Pois ben, este seu republicanismo -en concreto o que defendía a Fronte Popular-, aquí e acolá, é o que motivou que se vise forzado a residir na República Oriental do Uruguai máis de cincuenta anos da súa vida.

Xerardo Díaz Fernandez naceu no Porto do Son o 18 de decembro de 1907 no seo dunha familia máis ou menos acomodada: "éramos de la clase alta del pueblo; claro que el pueblo tenía sólo tres mil habitantes. Pero nosotros éramos de los señoritos" (Gilio 1989). Seu pai, Venancio Díaz, era o secretario do xulgado da vila, e súa nai, Felicidad Fernández, mestra Esta situación permitiríalle, despois de cursar os primeiros estudios na escola pública do Son, asistir ao colexio de D. César Carreño, en Noia, e, posteriormente, facer maxisterio na Normal de Santiago.

[1059] Tamén pode considerarse un desterrado xa que, en terceira acepción, desterrar é "Abandona-la propia patria, xeralmente por motivos políticos" (DRAG) ou, inclusive, como el se autodefinía un emigrante, se se emigrar é "Deixa-lo propio país ou lugar de orixe, para establecerse noutro, en particular por razóns de traballo" (DRAG). Marchou en busca de traballo pero na decisión de pór mar de por medio pesaron máis outras cousas.

A vila natal da súa infancia e mocidade, como lembraba nos últimos anos da súa vida (Gilio 1989), era un lugar no que,

> Estaban por un lado los que llamábamos "caciques", que lo tenían todo. Dinero, poder, los conservadores y los liberales se sucedían en el gobierno, pero los caciques eran siempre los mismos. Por otro lado estaba el pueblo, sufriente, marginado, sin futuro[1060].

Malia ter acabados os estudios de maxisterio, nunca exercería de mestre senón de oficial do xulgado ó carón do pai, que morrería en 1928. Era militante activo e dirixente de Izquierda Republicana e foi detido na vila natal nos primeiros días de agosto de 1936 sendo conducido ó cárcere de Santiago. A razón da detención (Gilio 1989) obedeceu a que o seu nome apareceu nun libro editado naquel momento como perteneciente ó Sindicato Libertario Izquierda Republicano. "Eso sirvió para que me condenaran. Todos los que aparecieron en aquel libro fueron condenados".

1. O DESENVOLVEMENTO DOS FEITOS SEGUNDO A DOCUMENTACIÓN

Os acontecementos, segundo a documentación que conforma a causa 376/36, aconteceron da seguinte maneira[1061]. O 8 de agosto de 1936 cítouse a Juan González, Antonio Conde Asperot, Xerardo Díaz e Manuel Maneiro para compareceren na delegación de orde pública do Porto do Son co obxecto de prestar declaración pola desaparición da correspondencia, libros de actas e contabilidade do local social de Izquierda Republicana, que contaba con 80 "socios"[1062]. Ese mesmo día, despois de prestar declaración -actuou como secretario o miliciano de Falange Española José Fernández Pacheco, xa que o

[1060] Como curiosidade lembremos que unha das tres conferencias que en xaneiro de 1917 anunciaba a "Reunión d'Estudios Gallegos" de Madrid era a de Porteiro Garea "O caciquismo no Porto do Son". ("Peneirando", *A Nosa Terra*, nº 7, 15-I-1917). Nestas coordenadas insérese a súa obra *Nebra. Historia dunha infamia* (Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1987).

[1061] Quero deixar agradecida constancia da amabilidade do persoal do Tribunal Militar Territorial Cuarto da Coruña e das facilidades dadas para a consulta desta documentación

[1062] Juan González e Antonio Conde eran presidente e secretario de Izquierda Republicana no Son ata "dos o tres días después de haber estallado el movimiento", data en que Xerardo Díaz e Manuel Maneiro os subtiruíran neses cargos.

oficial mayor, Carlos Vinagre, era incompatible por estar encartado o seu cuñado Xerardo-, Manuel Novo, delegado civil dos sublevados no Son e garda civil retirado, emitiu un "Informe" (fol. 23) no que indicaba que,

> Se acuerda la detención de Don Juan González, Don Antonio Conde, Don Gerardo Diaz y Don Manuel Maneiro y ponerlos a disposición de la Autoridad militar de la plaza de Santiago, dando cuenta de ello al Señor delegado de Orden público de la provincia.

No interrogatorio perante o delegado de orde pública, Xerardo Díaz[1063] manifestou que fora nomeado presidente dese partido político por unha xunta xeral celebrada dous ou tres días despois do levantamento militar por cese e ausencia da vila, o día anterior, de Juan González, médico municipal e presidente. Así mesmo, declarou que este non lle entregara nada e por iso non sabía dos libros de actas e de contabilidade nin do talonario de recibos.

Conducidos a Santiago, o día 10 o auditor de guerra da 8ª división orgánica sinaloulles o 376 como número de causa, nomeando xuíz instructor a Fermín Zelada perante quen os detidos prestaron declaración ó día seguinte. Xerardo Díaz ratificaría a declaración do atestado, aclarando "que si bien no le entregaron los libros, el los vió en el local después de hacerse cargo de la Presidencia" (fol. 33).

Nunha nova declaración perante os mesmos (fol. 46), o 10 de setembro, dise

> Que aproximadamente el veintitrés ó el veinticuatro de Julio fué elegido Presidente de Izquierda Republicana, por haberse dicho que los de la anterior junta habían huído. Que en el momento de tomar el declarante posesión del cargo, vió los libros de actas, lista de socios, talonarios, papel timbrado y sello

[1063] Xerardo Díaz debía ser un sonense destacado politicamente. Así, o 7 de xaneiro de 1936 o gobernador civil nomeárao delegado especial para que dese posesión aos a seis novos concelleiros, entre eles Andrés Abeijón Ajeitos, que nomeara para cubrir as vacantes dos cinco que ese mesmo día decretara cesar.
O acto fíxose en sesión extraordinaria de 9 de xaneiro baixo a presidencia de Francisco Rego, 1? tenente de alcalde e alcalde accidental. Nunha sesión posterior, o 13 de xaneiro, posesionarÌase de alcalde Jesús Mariño.

> en el cajón de la mesa. Que no puede imaginarse como es que desaparecieron esos libros, unicamente que algún socio, como hipotesis, los hiciese desaparecer. Añade finalmente el declarante que el no intervino en nada contra el ejército; Que desde que fue elegido presidente nada puede decirse que no actuó nada, pues ya no hubo mas juntas ni reuniones.

O 2 de outubro o xuíz instructor entregou as actuacións ó comandante de Infantería Roberto Romero Molezún.

Solicitada información por parte do xuíz militar instructor ás denominadas persoas de "solvencia moral" sobre estes feitos e a conducta dos procesados, o comandante do posto da guarda civil en informe de 13 de novembro manifestou (fol 64 vº) acerca de Xerardo Díaz que su conducta pública y privada también es buena; sobre moral social y política, he de manifestar que pertenecía a izquierda republicana, candidatura que también propugnó y defendió con ahínco en las ultimas elecciones y era el sujeto de confianza del primero [refírese a Juan González] para llevar a cabo determinados trabajos políticos y su participación en el movimiento revolucionario puede presumirse fué igual que el anterior [refírese a Antonio Conde Asperot].

Por estar ausente eses días, o garda civil declarou non poder concretar debidamente a participación nos sucesos do Son, se ben di (fol 64 r) que "no debió extralimitarse por cuanto que no ocurrio en la localidad nada de importancia".

O delegado civil aportou máis información. Na súa declaración de 30 de setembro (fols. 77 e 78) manifestou que Xerardo Díaz formaba parte do comité constituído o 21 ou 22 de xullo, dirixido por Juan González, que incautou o concello, organizou requisas de armas e rexistros domiciliarios e tamén prestou servicios de patrulla. Indica, así mesmo, que os membros dese comité desapareceron na madrugada do 23 de xullo e non volveron intervir en nada.

O 31 de outubro, o comandante do posto dos civís participou ó comandante xuíz instructor (fol. 113) que Xerardo Díaz, xunto con Manuel Maneiro, formou parte do comité revolucionario constituído o 21 ou 22 de xullo

co obxecto de reclamar, en nome de Izquierda Republicana e o sindicato libertario, ós industriais da localidade a doazón do 50% da contribución.

Sobre este tema habería que precisar que as novas autoridades mixtifican xa que non aluden para nada a que esta recadación fíxose para a caixa de resistencia dos obreiros da zona, que levaban meses en folga, e á marxe dos sucesos político-militares deses días.

O 12 de novembro (fol. 154), o comandante xuíz militar instructor Roberto Romero Molezún dictou auto de procesamento e prisión de Xerardo Díaz e Manuel Maneiro por delito penado no artigo 240 do código de xustiza militar:

> RESULTANDO: Que en la villa de Son se constituyó un comite de carácter revolucinario con el fin de oponerse a la marcha triunfal del Glorioso Movimiento Nacional, comite que estaba integrado por el partido de izquierda republicana y asociaciones proletarias. *Resultando*: que en este comite figuraban como directores de izquierda republicana desde el dia veintitrés de julio, hasta que el mismo cesó, Gerardo Diaz Fernandez y Manuel Maneiro Maneiro.

Ese mesmo día, Xerardo Díaz prestou a correspondente declaración indagatoria de procesado de acordo co artigo 46 do código de xustiza militar. No formulario correspondente (fol 155) descríbese como de estatura "regular", cor "moreno", pelo "negro", ollos "castaños", nariz "regular", boca "idem", barba "afeitada" e indícase que vestía "chaqueta gris clara y pantalón gris a rayas negras". Recóllese, ademais, que o encausado ratificábase en todo o declarado anteriormente engadindo só que integró la comisión encargada de distribuir sobre los vecinos un cincuenta por ciento sobre la renta de utilidades y lo hizo en representación de su madre dedicada al comercio de ultramarinos en aquella villa.

O 11 de decembro, o comandante xuíz instructor remitiu os resultados das actuacións contra os encausados do Son ó Xeneral xefe da 8ª División (fols. 184 a 186). Nel dise de Xerardo Díaz que era presidente de Izquierda

Republicana, que foi compoñente do comité que organizou rexistros, requisas e patrullas -feitos que, como xa quedou apuntado, ignoraban as persoas de "solvencia moral"- e que, segundo a garda civil, "visiblemente no se destacó su actuacion ya que mas percatado de la responsabilidad procuró desenvolver su actividad en la sombra" (fol. 186 r).

O 20 de decembro, o fiscal Hernán Martín Barbadillo emitiu o correspondente informe (fol 189-192) que comezaba cunhas manifestacións que non teñen desperdicio,

> Consciente el Ejército español de la misión histórica que le estaba reservada y que su deber era el estar alerta para defender los principios que siempre han definido a su Patria, inició sobre los días dieciocho y diecinueva de Julio de mil novecientos treinta y seis, un movimiento de carácter nacional que pronto fué propagándose por toda España secundado por casi todos los españoles, que no han querido renegar de su patria, entregándola en manos de países orientales que pretenden utilizar a España como instrumento de sus inhumanas doctrinas. El Ejército veía con verdadero dolor que su Patria caminaba por derroteros en los que los enemigos de España querían despeñarla, para conseguir su aniquilamiento.
>
> El crimen y los atentados contra los principios espirituales, vidas y haciendas de los españoles se sucedía e incrementaba cada día. Los di?? Constitucionales del 9 de Diciembre de 1931 inspirados por los mismos que hoy se han erigido en cabecillas revolucionarios, eran desbordados por la ola comunista: y por esta razón el Ejército cumpliendo con su juramento lanzó a defender a España la que ya no contaba con hijos renegados registrándose por todo ello casos de rebeldía, como las luchas acaecidas en Puerto del Son y que este Ministerio va a esbozar para determinar la responsabilidad de los que las han cometido.

Cando se refire a Xerardo Díaz (fol. 190 vº) defíneo como,

> el tipo genuíno del hombre ambicioso y ladino, cuya actividad, para evitar posibles responsabilidades, desarrolló siempre de una manera oculta, pero el más responsable de sus hechos, ya que por sus conocimientos, es consciente

> del alcance de sus obras; realidad esta para España bien trágica, pués hombres así, sin conciencia la han conducido a estos momentos de duelo nacional porque estamos pasando. De manera que por su actuación, por todos es considerado como un dirigente del movimiento revolucionario.

Por todo eso, nas conclusións provisionais acusábao de delito de rebelión militar en concepto de autor, concurrindo no seu caso a circunstancia agravante de "la perversidad de los delincuentes por su significada actuación y por la trascendencia que tuvieron en los sucesos revolucionarios (fol 191vº) e, en consecuencia, solicitaba a imposición da pena de reclusión perpetua ou morte ademais de, en concepto de responsabilidade civil, ter que indemnizar ó patrimonio nacional polos gastos ocasionados pola rebelión, cifrados en un millón de pesetas a pagar solidaria e subsidiariamente co resto dos procesados na mesma causa.

O tenente defensor, Gonzalo Romero Osende, polo contrario, manifestou no seu informe "Al consejo de guerra", de 30 de decembro, que os sucesos do Son "no han tenido matiz político, ni traba ni ligazón con las sangrientas actividades, marxistas del resto de nuestra Patria". Polo que se desprendía do sumario, entendía que os feitos eran perfectamente explicables "por las circunstancias en que se hallaba dicha villa al producirse los sucesos revolucionarios en España. Existía en dicho punto, desde hacia mas de dos meses una huelga [...]"

Xa que logo, confiaba en que os membros do consello de guerra habían ver "de modo claro, meridiano, la inocencia de mis patrocinados y la naturalidad de los sucesos desarrollados en Puerto del Son". Consecuentemente concluía suplicando:

> PRIMERO: Que se absuelva a todos mis defendidos.
> SEGUNDO: De no haber lugar a ello, se les considere como reos de delito comun a la pena de los que se califiquen.
> TERCERO: de no ser asi se les estime solo el delito de conspiracion.
> CUARTO: en ultimo termino se les aplique la pena en su grado minimo.

O propio 30 de decembro reuníuse o Consello de Guerra de Santiago presidido polo Tenente Coronel de Infantería Manuel Rueda de Andrés. Entre os que testificaron na vista figuraba o xuíz municipal Abelardo Blanco quen dice al defensor, que conoce a Gerardo Diaz como Oficial que es del Juzgado Municipal que él regenta, y que iba a la oficina los días de los sucesos. A preguntas del Ponente, manifiesta, pidiendo aquel que consten en acta sus palabras, que no se preocupó de enterarse de la ideología política de su subordinado Gerardo Diaz.

Finalizada a sesión o fiscal considerou que Xerardo Díaz -o mesmo que outros dos procesados- participara en feitos constitutivos dun delito de rebelión militar, previsto no artigo 237 e penado no parágrafo segundo do 238 do Código de xustiza militar. Así mesmo, estimou a circunstancia agravante da perversidade, polo que solicitou a pena de morte así como, ó igual que para tódolos procesados nesta causa, en concepto de responsabilidades civís, o embargo de tódolos seus bens presentes e futuros.

Nas alegacións Xerardo Díaz manifestou que "su única actuación en los días de autos fué asistir a la reunión de industriales en representación de su madre".

Finalizado o xuízo, ese mesmo día, o consello dictou sentencia condenatoria:

> Vistos los artículos que se citan y demas preceptos de general aplicacion.
> FALLAMOS que debemos condenar y condenamos a los procesados ignacio Martínez Lanza, Francisco Rego Maneiro, Andres Abeijon Ageitos, Jesus Mariño, Juan Gonzalez Gonzalez, antonio conde Asperot, Gerardo Diaz Fernandez, y Manuel Maneiro Maneiro, la pena de reclusion perpetua con las accesorias de interdicion e inhabilitacion absoluta perpetua [...] y como consecuencia de la responsabilidad criminal, en que incurrieron en concepto de responsabilidad civil deben de indemnizar al estado con todos los bienes presentes y futuros.

Non obstante, o 26 de setembro de 1940 Xerardo, que xunto cos compañeiros condenados estaba na cadea da Coruña dende a conclusión do

xuízo sumarísimo- pasou a prisión atenuada no seu domicilio; o 22 de maio de 1941 puxérono en liberdade condicional e o 6 de outubro dese ano a Comisión Central de Exame de Penas resolveu conmutar a de reclusión perpetua pola de 5 anos de prisión menor.

O 4 de xullo de 1947 Xerardo Díaz solicitou do Capitán Xeral da Octava Rexión copia da sentencia condenatoria e máis da resolución de conmutación de pena co obxecto de pedir a rehabilitación de acordo co prescripto na lei de 18 de decembro de 1946.

2. O CAMIÑO DA EMIGRACIÓN FORZADA E O NACEMENTO DO ESCRITOR.

Cando o indultaron e saiu da cadea estaba inhabilitado para ser funcionario e traballou no que puido.

Fíxose procurador en xuño de 1949, coa calificación de "sobresaliente", mais polos antecedentes negáronlle o exercicio da profesión. Fixo numerosos recursos ata que o Consello de Ministros de 8 de xuño de 1951 desestimou o último alegando que "el concurrente formó parte de un comité revolucionario en los primeros días del Glorioso Movimiento Nacional; que fue condenado a treinta años de prisión...".

Vistas as cousas o 29 de setembro dese ano embarcou no porto de Vigo con destino a Montevideo, deixando no Son á muller Carmen Moreiras, con quen casara en 1947, e os fillos Xerardo e Carmiña que se reunirían con el en 1955. Mais, ó marchar, era consciente (1991, 192) de que,

> Era uno más de los que optamos por la emigración en lugar de dejarnos quedar en nuestra tierra para luchar por su libertad[1064].

[1064] Nun artigo publicado cincuenta e cinco anos despois do triunfo dos republicanos (Díaz, 1986) analizaba as causas do fracaso do novo goberno deste signo: "Siento profunda congoja cuando recuerdo todo esto y pienso en tantos muertos que la negligencia y pasividad provocó. El Gobierno provisional se olvidó que era revolucionario y que podía gobernar con audacia y prontitud, con eficacia y sin miedo; se olvidó de que el pueblo estaba pidiendo las reformas de fondo. Y la primera que comenzó a combatir a la República fue la Iglesia con el cardenal Segura a la cabeza con su encíclica del 2 de mayo a los 18 días de instaurado el nuevo régimen. Invocaban la ley y el orden mientras los enemigos estaban velando las armas para darle el

A pesar de ter cinco cuñados en Buenos Aires, escolleu Montevideo por dúas razóns. A primeira porque cando era neno había no Son unha señora que lles regalaba caramelos e que tiña moitas cousas antigas na casa, unha delas (Gilio, 1989) "una especie de librito que se abría y se extendía, con postales de colores. Era de Montevideo. A mí lo que más me gustaba era la playa de los Pocitos. Yo veía aquellas mujeres con sus polleritas. Bueno, no como ahora, pero a mí me parecía precioso".

A segunda, porque sabía por amigos e lecturas que "Uruguay era una verdadera democracia" (Gilio, 1989). Ademais, na Arxentina estaba Perón "y a mí nunca me gustó Perón. Imagínese que no me iba a venir de Franco a Perón".

Se atendemos ás "Verbas de gratitú" (Díaz, 1985, 9) coas que comeza *A crueldade inútil* semella que a elección foi, se non "satisfactoria", cando menos, atinada:

> Cheguei ó Uruguay no ano 1951 como un máis da España pelegrina que andan espallados polo mundo, empuxado por unha diáspora compulsiva. Nesta fermosa terra atopei amigos, traballo, seguridade e liberdade. Afinquei o meu fogar co espirito acougado, protexido por xustas leis [...]

No Uruguai Xerardo Díaz exerceu os máis variados oficios (porteiro, vixilante, contable...) e procurou non facer moita vida nas sociedades galegas das que opinaba:

> Salvando las honrosas excepciones del «Patronato da Cultura Galega»[1065] y la audición radial «Sempre en Galiza», ninguna voz se ha

artero golpe mortal. Y también se olvidaron de la conocida frase de Saint-Just «Los que hacen la revolución a medias cavan su propia tumba»".

[1065] Manuel Meilán (Samuelle, 1993, 176) deixou dito que o Patronato da Cultura Galega se creou o 8 de xuño de 1964 segundo idea do médico pontevedrés Xosé Cancela Freixo quen ata ese momento "a penas participaba na vida das institucións". Aínda que nesa altura xa case non chegaban galegos a Montevideo, a nova sociedade parecía unha necesidade: "En realidade cumpría unha institución que espallase con forza e con enerxía a nosa cultura e mais que usase con determinación e aouteza a nosa lingua, mesmo par activar a conciencia das outras sociedades de galegos. As sociedades e institucións galegas estaban máis dedicadas a labores

> escuchado defendiendo nuestra personalidad como gallegos![1066] Las autoridades de nuestras instituciones están, en general, para representar el papel de personajes en cuya importancia sólo ellos creen. Ostentación en actos públicos y fiestas, comidas para llenar estómagos ahitos y después vacuas actuaciones y nada más. No obstante tengo que aclarar enfáticamente que en este caso hay excepciones. Me refiero a que no todos los dirigentes de las instituciones están incluídos en el peyorativo concepto de que hablo: teniendo algunos amigos entre ellos que merecen toda mi consideración. Son las instituciones en sí que nacieron del germen caciquil que vino en las maletas de nuestros emigrantes, sin que de ellos se decataran. (1991, 60-1)

Consecuentemente, as únicas institucións galegas ás que estivo realmente vinculado foron a "Casa de Hijos de Puerto del Son", con sede no seu amado Cerro, da que durante un tempo foi presidente e, sobre todo, o Patronato da Cultura Galega, que en 1897 outorgaríalle a Vieira de Prata.

Como socio activo que foi desta entidade colaborou con asiduidade no *Guieiro. Órgao do Patronato da Cultura Galega* -que botara a andar a súa segunda xeira en xullo de 1984- figurando na relación de redactores. As colaboracións iniciounas no número 3 (xaneiro de 1985) nun monográfico dedicado a lembrar os 35 anos da morte de Castelao, co artigo "Rianxo, eido de Castelao"[1067].

---

de carácter recreativo e asistencial, e moitos de nós precisabamos dunha plataforma específica e activista. Así foi como acordamos crear o Patronato.

O seu obxectivo é moi amplo e estrictamente cultural, entendendo a cultura como algo dinámico e clarificador, naturalmente, que sirva para abrir os ollos da xente e motivala polas nosas cousas".

[1066] Noutro lugar, "Sempre en Galiza..." resaltaba: "Cando cheguei a estos eidos i escoitei por primeira vegada a devandita audición, preguntei para saber quenes eran os que levaban a cabo tan fermosa tarefa e dixéronme: "Son catro tolos comunistas". Eu sabía por experencia propia o sigñificado e o alcanzo de pendurar ese letreiriño de comunista".

[1067] As colaboracións seguirían con "O pasamento de D. Xesús Canabal Fuentes" (6, outubro de 1985); "Soneto a Castelao" - Recollido por Alonso Montero (1999, 351).- (7, xaneiro de 1986); "Castelao e o idioma galego" (8, abril de 1986); "Tarefa comprida", poema para un monográfico dedicado a Alexandro Bóveda (9, xullo de 1986); "«Sempre en Galiza». Trinteseis anos dunha laboura exemplar" (10, outubro de 1986); "Unha merecida homenaxe" -a Manuel Meilán- (24/15, xuño de 1988); "Os ventos que me truxeron" -poema- (16-17, de outubro de 1989); "Non sempre calquer tempo pasado foi mellor" (xaneiro de 1991)

A súa filla Carmiña foi quen o animou a escribir en 1978 nun momento en que tivo que estar internado. O agradecemento por impulsalo a facelo expresaríallo nun poema datado en xuño de 1985:

A MI HIJA CARMIÑA CON CARIÑO

Sentía mi voluntad casi vacía,
sin horizonte, playa ni ribera;
sabía que la ley era severa,
por eso en el ocio me sumía.
Mas como una brisa lisonjera,
carne preciosa de la carne mía,
surgiste tú sobre la noche fría
para ahuyenta duda postrera.
Y trabajé con el alma llena
y al impulso de tu excitación
para así concluir mi obra plena.
Gracias te doy de todo corazón
por tu gran fe, pues ya no tengo pena,
ya llegó la luz y triunfa la razón.

A súa primeira publicación sería *Os que non morreron*, datado en Montevideo en novembro de 1980 e publicado dous anos máis tarde na colección "Documentos para a historia contemporánea de Galicia", nº 4, de Ediciós do Castro. Segundo nos di no "Limiar" Carlos Sixirei (1982, 6), redactouno en castelán e foi el quen o animou a traducilo ó galego "porque coidaba, e non me trabuquei, que o texto ganaría en testimuñalidade a efectos de publica-lo posteriormente". Tamén nos di que estaba escrito "nunha prosa sinxela, sen pretensións literarias de ningún xeito". Pola contra, Isaac Díaz Pardo (1982, 167) califícao de "moderno relato testimonial".

Neste primeiro libro, que dedica ós compañeiros da cadea de Santiago[1068], recolle aqueles acontecementos, que con lucidez gardaba na memoria[1069], que tiveron lugar entre a súa detención, nos primeiros días de agosto de 1936, ata o traslado á cadea da Coruña dous anos despois.

[1068] "Aos compañeiros que en noites tebras foron sacados das celas pra deixa-los seus cadavres en calquer estrada da terra nai; aos que, en tráxicos amanesceres, foron afusilados nos muros de Boisaca; e aos que, espallados polo mundo, finaron cando a espranza xa non tiña sentido pra eles" (Díaz, 1982, 9).

[1069] "Eu tiña todo ben escrito con notas concretas e precisas, recortes de xornais, nomes e datas; o fado quixo que todo se perdera, e foi deste xeito: cando no ano 1941 chegou ao Porto

Coa súa redacción, e posterior edición, cumpría a promesa que se fixera na cadea de Santiago cando tivo noticia do paseo dos seus compañeiros de infortunio Camilo Díaz e Sixto Aguirre.

> Mais aló dentro de min alumeaba unha espranza, a espranza de que este sangue que enchoupa a meiga terra nai, daría os seus froitos; irmáns martirizados, non seredes esquencidos enxamáis!
> Nese intre naceu a promesa que me fixen a min mesmo de dar a coñecer estes crimes para que a historia os reivindicara. (1982, 31)
> Ya jubilado comencé el arduo trabajo de escribir mi primer libro; tarea nada fácil paar [sic] un bisoño en estas lides. Tenía que hacerlo pues así se lo había prometido a los compañeros que se iban para el gran viaje sin retorno; me sentía culpable por haber dejado transcurrir tantos años sin dar a conocer intimamente tan infames y crueles sucesos. (1991, 208)

En 1985 apareceu, co número 11 da mesma colección e selo editorial, *A crueldade inútil. 2ª parte de "Os que non morreron"*, asinado no Cerro (Montevideo) en maio de 1983. Nel recolle o acontecido na prisión da Coruña.

En 1991 aparecería, co número 88 da mesma colección dos anteriores, *Desde la diáspora*, libro autobiográfico, mais non centrado exclusivamente na peripecia vital do narrador-autor. É, en certo modo, un libro de denuncia ou testemuño, no que Xerardo Díaz preferíu mostra-lo carácter da comunidade galega emigrante: mezquindade, ruindade, crueldade, o que denomina "neo galleguidad imperial", un tanto na liña da *Viaxe ao país dos ananos* de Celso Emilio Ferreiro. A diáspora por dentro, en xeral, non é máis que comilonas, cero en cultura, desprezo do propio e carencia de conciencia de pobo.

Quere mostrar tamén as adversas condicións de vida do emigrante nun medio hostil, agravadas pola vixencia dos tópicos sobre galegos. O galego que

---

do Son unha comisión policial de Madrid para prender a Maneiro, eu estaba na miña casa [...] ó enteirarme fuxín a agacharme [...] mais denantes dinlle a miña nai todo o que con tanto traballo había axuntado; miña nai tiña moito medo e non fixo outra cousa millor que queimar todo" (Díaz, 1982, 14).

non triunfa atópase fronte o nativo que o despreza por emigrante e por galego e fronte ó paisano que o despreza por pobre e fracasado[1070].

Iníciao coa partida do porto de Vigo, o 29 de setembro de 1951, con destino a Montevideo ata que lle pon remate en maio de 1989.

Cumpriría agora preguntarse en qué tipo de literatura habería que incluír estas tres obras de Xerardo Díaz. Xa quedou apuntado que Carlos Sixirei manifestaba falando da primeira delas que non tiña "pretensións literarias de ningún xeito", mentres que Díaz Pardo entendía que se trataba dun "moderno relato testimonial".

O que parece claro é que hai que adscribilas ó que se denomina xénero didáctico-ensaístico, pero sen que o sexa tanto se se trata de expresión subxectiva -autobiografía- ou obxectiva -memorias- (García Berrio/Huerta Calvo 1992, 227-8). De non haber "pretensións literarias" non serían memorias xa que nestas, segundo Gacía Berrio e Huerta, ten que producirse fusión entre a realidade e a expresión literaria. O que si hai, polo contrario, é necesidade de recupera-lo pasado social propio tamén deste xénero, ademais de que "es prioritaria la exposición de la realidad exterior y de los otros, por más que se haga en función del yo-narrador". Non é "literalmente la biografía que el autor hace de sí mismo", que sería autobiografía.

Acontece o mesmo, penso, se botamos man do expresado por outros autores como Jara et alii (1977). Ó meu entender os "documentos para a historia contemporánea de Galicia" de Xerardo Díaz encaixan mellor na definición de memorias que estes propoñen:

> MEMORIAS. Tipo de relato autobiográfico -subjetivo, individual, caprichoso- que pone de relieve acciones significativas en que ha participado el narrador o de las cuales ha sido testigo, sin ser necesariamente él la figura más importante.

que na de autobiografía,

[1070] Nunha onda semellante están unha boa parte dos *Contos* (Montevideo, Patronato da Cultura Galega, 1985), xa que neles mostra a ruindade, a mezquindade, a maldade, do galego retornado (do que fixo as Américas). Son contos "moralizantes" onde o retornado no volve feito

> AUTOBIOGRAFÍA. La relación histórica de la vida de una persona escrita por ella misma. La autobiografía es necesariamente verídica y, en consecuencia, canjeable con la realidad histórica, aunque ello no significa que deba remitirse a los datos externos: puede, por ejemplo, tratar de la vida espiritual del autor y no entregar datos históricos verificables. La autobografía suele poner énfasis en el aspecto introspectivo.

Gracias á promesa que Xerardo Díaz se fixo de dar a coñece-los crimes -como no texto de Cercas co que se iniciou este traballo- os seus compañeiros de presidio, fusilados ou paseados, non morreron porque o noso autor contou para recordar e para que os que vimos detrás saibamos e recordemos. Así o seu recordo, o recordatorio do mortos e/ou dos anos de reclusión recolleunos Manuel Rivas en *O lápiz do carpinteiro*, novela moi debedora dos testemuños de Xerardo. A idea, o personaxe de Da Barca (Francisco Comesaña), moitos acontecementos puntuais... Tanto é así que de non existir *Os que non morreron* e *A crueldade inútil*, a novela de Rivas -como a película nela baseada- posiblemente non tería existido, ou cando menos non sería o que é ou como é[1071].

Salvando as distancias xenéricas e de calidade literaria, entendo que non está de máis pór algúns exemplos de similitude entre as obras de Díaz e a novela de Rivas**.**

A saída da cadea para o paseo de Camilo Díaz Baliño referense do seguinte xeito:

> Había moita tristura na súa voz; vía-se que sofría moito por todo o que estaba pasando.

---

un home de proveito, senón un home aproveitado. Hai tamén costumismo e retratos da crueldade humana.

[1071] O feito de que na dedicatoria da novela (Rivas, 1998, 7) se diga: "Na memoria tamén de Camilo Díaz Baliño, pintor asasinado o 14 de agosto de 1936, e de Xerardo Díaz Fernández, autor de *Os que non morreron* e *A crueldade inútil*, que finou no exilio de Montevideo" e de aparece como personaxe Xerardo un mestre do Porto do Son, penso que é unha evidencia clara de que o autor é plenamente consciente da débeda da súa obra coa lectura das "memorias" do escritor sonense.

—Non hai que ser tan pesimista —dixen eu fitando pra él —. Hai que botar fora esa anguria. Sómolos máis e os mellores e temos que triunfar.

Bandeou a cabeza e contestou-me:

—Nono sei; pro alá dentro de mín algo me dí que as cousas van a finar moi mal: sinto-me coma si estivera moi soio... non sei.

Calamos por un pouco. Soaron as doce da noite no reloxio da Catedral. Parecía que as campás estaban dentro da cadea ca resonancia que daban; eran as doce da noite do 13 de agosto. Camilo ollou pra min i eu díxen-lle:

—Fan-se longas as noites metidos eiquí dentro.

Sonríuse tristeiro, e contestou-me:

—Eiquí fai-se longo todo: a noite e o día. Este recinto asobálla-me, desacóuga-me, parece a antesala da morte.

Estas derradeiras verbas pareceron premonitorias. Abreu-se de súpeto a porta e apareceu o xefe da cadea acompañado de dous guardiáns armados que ficaron na porta. O xefe, fitando a Camilo, berrou:

—Camilo Díaz, venga!

—A ónde? —pergunta Camilo de camiño con tremo na voz. Él xa maxinaba o que lle iba a pasar.

—Queda en libertad. ¡Venga!

Camilo atordoado, non soupo qué decir. Todos nós ficamos tamén desacougados e trabucados; un ríspido friaxe percorreu o noso corpo. Camilo ollóu pra todos desconcertado; por un intre non dixo nada, logo enfrontando ó xefe, repuso:

—Son as doce da noite pasadas; non pode poñer-me fora a esta hora; xa sabe o que me agarda.

—Lo siento. Me ordenaron que lo ponga en libertad inmediatamente. Tengo que hacerlo. —O xefe non era galego.

Camilo ollou pra min e díxo-me:

—Eu tiña razón, amigo: ésta é a antesala da morte. E vanme asesinar así namáis... Por qué?

O meu contristamento non me deixou abrir a boca. Non sabía o qué decir e tampouco o podía facer. A voz do xefe ouvíuse de novo:

—Bueno, vamos!

—Por Deus, déixe-me quedar até mañán!

—¡No puedo!

Ao outro lado da porta ouvían-se voces e veu-se o brazo arremangado un falanxista.

A voz de Camilo era agora máis enérxica e ao mesmo tempo máis emocioada. O silencio aplastaba toda congoxa.

—Polos seus fillos, Don Francisco, non me deixe sair. Van-me a matar. Non ve que xa me están agardando?

As derradeiras verbas de Camilo sairon coma un xemido de desespero. Inútil súprica. Xa non era tempo de pregar. Como até entón todo era provisorio, cáseque todos durmíamos vestidos; así que Camilo non tiña máis que calzar-se; pro él non se moveu do sitio que estaba, á miña beira.

—No lo haga más difícil; tiene que ser y será, —berróu o xefe. (Xerardo Díaz 1982, 26-7)

Os da partida, os paseadores que se facían chamar a Brigada do Amencer, cabreáronse moito. Primeiro mirárono con sorpresa, como dicindo, que burro, escapoulle o tiro, non é así como se mata. Pero logo, no camiño de volta, rumiaban que lles fodera a festa con tanta dilixencia. Tiñan pensado algunha maldade. Quizais cortarlle os collóns en vivo e meterllos na boca. Ou cortarlle as mans como fixeron co pintor Francisco Miguel ou co xastre Luís Huici. ¡Cose agora, dandi! [...]

O director da prisión, que era un home moi atormentado, disque antigo amigo dalgúns que estaban dentro, pedíralle aquela noite de saca que fose con eles. Chamouno á parte. Tremíalle o reloxo de pulseira na man. E soltou moi polo baixiño: Que non sufra, Herbal. Aínda así foi quen de facer o paripé. Acompañou aos paseadores á cela. Pintor, dixo, pode saír en liberdade. Viñan de escoitarse as badaladas das doce da noite na campá da Berenguela. ¿En liberdade ás doce da noite?, preguntou desconfiado o pintor. Veña, fóra, non mo poña difícil. Os falanxistas rían, ocultos aínda no corredor. [...] O pintor non sabía nada do garda pero Herbal algo sabía del. Comentárase que o seu fillo, na compaña doutros, tirara unhas pedras contra a casa do alemán, un que era dos de Hitler e daba clases da súa lingua en Santiago. Esnaquizáronlle as vidreiras. O alemán fora á comisaria moi alporizado, coma se aquilo fose un complot internacional. De alí a nada presentouse o pintor co seu fillo, un rapaz moi miúdo e nervioso, de ollos máis grandes cás súas mans, e denunciouno por ser un dos autores dos cantazos. Ata o comisario ficou abraiado. Tomoulles declaración pero mandou marchar a pai e fillo.

> Así era de recto o pintor, explicoulle Herbal a Maria da Visitação. E foi dos primeiros que prendemos. É moi perigoso, dixera o sarxento Landesa. ¿Perigoso?, ese non é quen de pisar unha formiga. ¡Vós que saberedes!, respondeu enigmático. É o cartelista, o que pinta as ideas. (Rivas 1998, 23-4).

A tortura psicolóxica de obrigar os presos a berrar consignas fascistas preséntase así:

> Ao rematar, Carantoña falounos:
> —Agora imos dar os tres berros do Movimento (Tesouro que estaba á miña beira, díxome moi baixiño: «Vamonos a marear con tanto movimento»). Cando eu diga España!, vostedes contestan: Unha!, e cando diga outra vez e aínda outra «España»!, vostedes deben berrar forte: «Grande», «Libre»!, ou sexa: España: Unha!; España!: Grande!; España!: Libre! —A palabra «Libre»!!! foi berrada con tal forza por todos, que a deberon de ouvir nos Cantóns. (Xerardo Díaz 1985, 58).
> Ao remate da cerimonia, o director deu os berros de rigor.
> ¡España! E escoitáronse só as voces das autoridades e dos gardas: ¡Unha!
> ¡España! Os presos seguían en silencio. Berraron os mesmos: ¡Grande!
> ¡España! E entón atronou toda a prisión: ¡Libre! (Rivas 1998, 85)

Os problemas hixiénicos da cadea, como o dos pollos, por falta de productos de aseo adecuados cóntanse deste xeito:

> O problema ficaba en que non había xabrón á venta no Economato e de fora tampouco viña porque nono vendían, somentes de estraperlo se podía mercar i eso pra nós estaba lonxe de toda posibilidade. Xa que logo, había que lavar a roupa sen xabrón e a probe quedaba cáseque coma denantes de lavala: amarela, aspra i encachinada; polo mesmo as liendres quedaban suxeitas á roupa pra sua multiplicación e desdita nosa. (Xerardo Díaz 1985, 87).
> Na prisión, a mellor proba de amizade era a axuda a espiollar. Como nais a fillos.
> Era imposible conseguir xabrón e lavábase a roupa só con auga, moi escasa. Había que quitar con man paciente os parasitos e as lendias. A segunda fauna

> máis abondosa no cárcere eran as ratas. Familiarizadas. Percorrendo pola noite os vultos dos soños. ¿Que carallo comían?. Os soños, dicía o doutor Da Barca. Roen os nosos soños. As ratas aliméntanse por igual do submundo e do sobremundo.
>
> No cárcere tamén había un grilo. Atopárao Dombodán no patio. Fixéralle unha casiña de cartón coa porta sempre aberta. Cantaba día e noite na mesiña da enfermería. (Rivas 1998, 59).

Poderíase engadir o do grilo de Comesaña ou outros asuntos similares, mais co exposto penso que abonda.

Xerardo Díaz morreu no Cerro de Montevideo o 3 de febreiro de 1992.

Poucos meses despois do pasamento, o 11 de xuño, a xunta departamental de Montevideo rendeulle un homenaxe e o 14 de abril -aniversario da II República- o concello do Son decidíu por unanimidade facelo fillo predilecto e máis darlle o seu nome a unha praza que sería inaugurada o 5 de setembro.

Asimesmo, o Patronato da Cultura Galega dedicaríalle o número de febreiro de 1993 da súa revista *Guieiro*.

Non hai moito, o publicista cerrense Eduardo Fagián (2000, 56) definiuno, na miña opinión moi atinadamente, como:

> Dueño de una gran personalidad y vasta cultura, sus firmes convicciones, el amor a la libertad, junto con su fino sentido del humor, lo conviertieron en un referente para todos los que lo conocieron.

BIBLIOGRAFÍA

ABELLÁN, J. L. (1976): "Presentación general", en Llorens, Vicente (1976): *El exilio español de 1939, 1. La emigración republicana*, Madrid, Taurus, páx.11-24.

ALONSO MONTERO, X. (1988): *Coroa poÈtica para Castelao (187 poemas: 1911-1987)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

CERCAS, J. (2001): *Soldados de Salamina*, Madrid, Tusquets.

DÍAZ FERNÁNDEZ, X. (1982): *Os que non morreron*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

DÍAZ FERNÁNDEZ, X. (1985): *A crueldade inútil. 2ª parte de "Os que non morreron"*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

DÍAZ FERNÁNDEZ, G. (1986): "Y así nos fue", *Brecha*, 3 de outubro..

DÍAZ FERNÁNDEZ, X. (1991): *Desde la diáspora*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

DÍAZ PARDO, I. (1982): "Unhas notas de Díaz Pardo xustificando algunhas das ilustracións do texto e elas mesmas como ilustración", en Díaz, Xerardo (1982): *Os que non morreron*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, páxs.167-70.

DRAG (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*, Vigo, Galaxia.

FAGIÁN ALONSO, E. (2000): *Al Oeste de Montevideo, el Cerro y su gente*, Montevideo, Diario Cambios.

GARCÍA BERRIO, A./HUERTA CALVO, J. (1992): *Los géneros literarios: sistema e historia (Una introducción)*, Madrid, Cátedra.

GILIO, Mª. E. (1989): "Memoria contra la muerte. Con Xerardo Díaz. Entrevista de...", *Brecha*, 23 de xuño.

JARA, R. et alii (1977), *Diccionario de Términos e «Ismos» literarios*, Madrid, José Porrúa Turanzas.

RIVAS, M. (1998): *O lapis do carpinteiro*, Vigo, Edicións Xerais.

SAMUELLE, C. (1993): *Conversas con Manuel Meilán*, Vigo, Ediciós Xerais.

SIXIREI PAREDES, C. (1982): "Limiar", en Díaz, Xerardo (1982): *Os que non morreron*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, páx.5-8.

A MIRADA DE ULISES. XOSÉ OTERO ESPASANDÍN: LITERATURA E EXILIO

Gregorio Ferreiro Fente

> Fálame, Musa, daquel home [...] que tantísimo tempo andou errante [...]. O que tantos pobos viu e, de moitos homes, os costumes coñeceu; o que tantas angustias pasou sobre os mares, ó tratar de salva-la súa vida e chegar á terra de volta cos seus compañeiros. Mais, aínda así, con todo o seu gran desexo, non conseguiu preserva-la súa xente da ruína".
> (*Odisea*, I, 1-7)

As persoas aquí presentes nesta ilustre casa fomos convocadas polo Consello da Cultura Galega, segundo se recolle no texto de presentación do programa do congreso, para revivirmos, "en todos aqueles casos en que sexa posible, unha odisea tráxica", en alusión ó exilio republicano xurdido como consecuencia do alzamento militar de xullo de 1936. Ben é certo que, desde que Homero –ou quen fose– a deixou escrita, a *Odisea* foi para a cultura de Occidente o referente literario a través do que lle foi posible explicar calquera tránsito máis ou menos adverso, fora este físico –unha viaxe, a propia vida– ou espiritual. No noso caso, sen embargo, este referente pode servir ademais para dilucidármo-lo concepto mesmo de "exilio", pois a historia do protagonista do relato homérico é a historia dun exiliado. Para isto debemos partir da premisa de que o que se conta na *Odisea* non é simplemente a historia dunha viaxe accidentada nin o relato de sucesivos naufraxios nin a crónica das aventuras e desventuras dun personaxe ó que o abandonou o favor dos deuses. O que realmente se narra na *Odisea* é a historia dun home víctima dunha usurpación, Ulises, para quen o futuro consiste en recupera-lo pasado, en restablece-lo estado de cousas precedente, esto é, en devolve-la súa casa e a súa patria, Ítaca, á situación de orde en que a deixara antes da súa partida. Por esta razón Homero non inicia o seu relato no momento en que Ulises abandona Troia, porque o anecdotario da viaxe, sen outras atribucións, resultaría

intranscendente; senón que parte de dous episodios –cronoloxicamente simultáneos, pero moi distantes, no tempo, da saída de Troia– particularmente significativos: a asemblea na que os deuses do Olimpo deciden que Ulises, retido pola deusa Calipso, retorne á súa patria; e o festín dos pretendentes, que simbolizan conxuntamente a ruína e o caos que cómpre e é posible substituír. Así pois, a condición de exiliados dos homes e mulleres, dos cales nós pretendemos revivi-la súa historia non emana, como tampouco a de Ulises, do propio feito da expulsión nin da natureza tráxica das súas historias nin do carácter heroico das súas accións e nin tan sequera da frustración dos seus ideais, que algo de todo esto hai na andaina vital de todo ser humano, exiliado ou non. Certamente, coma Ulises, os exiliados republicanos padeceron as experiencias máis duras, a frustración, a dor e a soidade. Mais o que realmente igualaos ó heroe homérico e, corolariamente, concedelle-la condición de exiliados é teren perdido, no intento do retorno, o proxecto do futuro.

Quen comprendeu moi ben o significado e a magnitude desta traxedia foi Luís Seoane, traxedia que soubo interpretar desde a súa dobre condición de exiliado e intelectual verdadeiro. Nunha carta, datada, en Buenos Aires, o 30 de agosto de 1947, Luís Seoane dicíalle a Aquilino Iglesia Alvariño:

> No desear salir jamás de una tierra que se ama y tener que estar a la fuerza lejos de ella, en una extraordinaria Babel de la estupidez universal, constituye una tremenda desdicha. Estar lejos de los que se tienen, al igual que uno, como soldados de la misma causa espiritual y trabajar lejos sin una finalidad clara y precisa y, en el caso de los que somos pintores como Colmeiro y yo y los que están en otras partes, al margen de los elementos de esa realidad, pintando y dibujando del recuerdo, sin nada más que esta facultad que el instinto y las cualidades o defectos atávicos que apoyen nuestra obra y que nos unan a los que ahí trabajan habiendo soñado algún día formar parte de un gran movimiento intelectual que abarque todas las ramas del arte creador de nuestra tierra, es una gran desgracia.

Agora, atendendo á proclama dos organizadores do congreso, revivámo-la historia tráxica e odisica de Xosé Roxelio Otero Espasandín, historia que

pretendemos contar apoiándonos, fundamentalmente, en documentos epistolares tanto éditos coma inéditos do propio protagonista[1072], así como en testemuños escritos de compañeiros que, aquí e alá, compartiron con el a experiencia do exilio. Prescindiremos, ata onde nos sexa posible, de toda referencia ó Otero Espasandín galeguista, republicano, poeta, mestre, misioneiro pedagóxico, xornalista ou soldado anterior á saída de España, que nós, aquí e agora, tal como fixo Homero con Ulises na Odisea, unicamente imos prestar atención ó personaxe errante[1073].

1. XOSÉ OTERO ESPASANDÍN EN FRANCIA E NAS ILLAS BRITÁNICAS: A GUERRA QUE NON CESA

Para nós, polo tanto, a historia de Xosé Roxelio Otero Espasandín comeza en Francia nos primeiros días de febreiro de 1939, cando, despois de ter cruzado a fronteira co Ejército del Este, é internado, xunto con outros corenta mil republicanos españois, entre eles non poucos galegos, no campo de concentración de Saint-Cyprien. Ó contrario que para a inmensa maioría dos prisioneiros, para el e para un nutrido número de intelectuais a penosa experiencia do confinamento duraría relativamente pouco, a penas uns 15 días, mercé ás xestións dun comité da Alianza de Intelectuais Franceses creado *ad hoc*[1074]. Trala liberación, inicia sen dilacións a viaxe cara ás Illas Británicas, onde o agardan a súa filla de cinco anos e a súa muller, Alicia Ortiz Alonso, residente alí dende o outono de 1938, e tamén a súa cuñada, Elena Ortiz Alonso, naquel momento funcionaria da Embaixada de España en Londres, a

[1072] Agradézolle moi sinceramente a dona Maruxa Fernández de Seoane a cortesía de me permitir consulta-lo epistolario familiar, consulta na que se basea, en boa medida, este traballo. Máis gracias a ela por me obsequiar tamén coa súa cordialidade.

[1073] Para a etapa anterior –e non só– poden verse, ente outros, os artigos de Pereira, Dionisio (2000): " Xosé Otero Espasandín: no centenario dun desterrado galego ", *A Nosa Terra*, 963, páxs. 30-31; de García López, Xosé Anxo (2001): "Un poema para dous aniversarios: Otero Espasandín canta a Amado Carballo", *Dorna*, 27, páxs. 137-149; e de Porto Ucha, Anxo Serafín (2001): "Historias de vida (VIII): Xosé Roxelio Otero Espasandín", *A Peneira*, (1ª quincena agosto 2001), páx. 36.

[1074] Nunha carta dirixida a Rafael Dieste o 8 de marzo de 1939 recrimínalle ó seu amigo "haber sido olvidado en esa carta en que se expresa la gratitud del grupo al Comité que nos sacó del campo" segundo afirma Xosé Luis Axeitos, en "Dos arquivos de Rafael Dieste: Cartas de Otero Espasandín, Elena e Alicia a Rafael Dieste e Carmen Muñoz", (*Boletín Galego de Literatura*, 11,

quen, por esta circunstancia, débelle ser atribuído con toda seguridade o mérito de que Otero Espasandín obtivese tan axiña o visado de entrada no país. Finalmente, o día 28 de febreiro chega a Londres e, dous días despois, a Norwich, unha pequena cidade situada ó leste de Inglaterra na que a súa muller traballaba de profesora de español nun colexio. Transcorridos algúns días, Alicia Ortiz comunícalle por carta a Carmen Muñoz a impresión que lle causa o seu marido:

> Encuentro a Ote [hipocorístico co que era denominado familiarmente Otero Espasandín] no tan mal como pensé, pero no muy bien tampoco. Está delgado, envejecido y sobre todo con una falta de memoria y de concentración aterradoras. Espero que poco a poco se le irá pasando, de momento me asusta un poco[1075].

Otero Espasandín, sen embargo, non atoparía en Norwich a conxuntura propicia para reporse das laceracións físicas e espirituais producidas pola guerra e o campo de concentración, para supera-lo desconsolo derivado da derrota e o exilio e para agardar por un mañá máis esperanzado. A crónica familiar énos facilmente reconstruíble hoxe gracias ás cartas –editadas hai xa varios anos por Xosé Luís Axeitos[1076]– que lles remiten a Rafael Dieste e Carmen Muñoz, cartas que son, ó principio, expresión dunha existencia adversa e, máis tarde, unha reiterada chamada de socorro. Desta forma tan dramática lle expresaba Alicia Ortiz a súa angustia a Carmen Muñoz:

> ¿Te acuerdas de la bomba que cayó en mi casa el 17 de mayo del año pasado? Fue una lástima haber escapado con vida ¿no crees? Ya que no sucedió no hay más remedio que afrontar las circunstancias[1077].

1994, páx. 100). Hai quen di –Carmen Muñoz, Antonio Sánchez Barbudo– que foi gracias a un cuáquero inglés que os intelectuais lograron saír do campo de concentración.

[1075] Ibídem, páx. 102.

[1076]Ibidem, páx. 99-103; do mesmo autor "Dos arquivos de Rafael Dieste: cartas de Otero Espasandín e Alicia Ortiz ós Dieste e a Carmen Muñoz", en *Boletín Galego de Literatura*, 12, 1994, 115-122 e "Dos arquivos de Rafael Dieste: cartas de Otero Espasandín ós Dieste", en *Boletín Galego de Literatura*, 13, 1995, páxs. 127-133.

[1077] Axeitos, X.L. (1994): "Dos arquivos de Rafael Dieste....." , art. cit. nº 11, páx. 102.

A Otero Espasandín non se lle permite, pola súa condición de refuxiado, que realice ningunha actividade remunerada, e Alicia a penas gaña coa actividade docente, que a ocupa días e madrugadas, o suficiente para o sustento da familia. "Yo, si las cosas se ponen mal me marcho a Australia con un grupo de niños vascos para dedicarme a la ganadería y a la agricultura", diralle Otero Espasandín nunha das cartas a Rafael Dieste[1078]; "Ote está estudiando ingeniero electricista gracias a unos amigos que nos ayudan a pagar los estudios", escribiralle Alicia Ortiz a Carmen Muñoz[1079]. E é que cada día que pasa a supervivencia resulta para eles máis difícil: Elena, que como consecuencia do recoñecemento británico do novo goberno de España perde o seu traballo na embaixada, vese obrigada a traslada-lo seu domicilio á casa da súa irmá en Norwich; os pais de ambas viven na miseria en Madrid, e Alicia, froito de todos estes infortunios e das humillacións, que tampouco faltan, cae enferma. Nunha carta datada en xuño de 1940, Otero Espasandín dille a Rafael Dieste:

> Alicia sigue enferma y la situación, como consecuencia, es calamitosa. Estoy dispuesto a trabajar de peón, que es para lo único que se me autoriza [...] Comprenderéis, pues, el patetismo dado a mis gestiones; no obstante lo cual me veo forzado a ponerme de nuevo en vuestras manos[1080].

Mentres todo isto ocorre, as persoas do exilio en América, cos Dieste á cabeza[1081], fan o imposible para logra-la saída de Otero Espasandín e maila súa familia da illa, a poder ser cara á Arxentina. Cómpre darse présa, pois hai xa algúns meses que o monstro da guerra campa por Europa e as Illas Británicas son neste momento un dos obxectivos estratéxicos da aviación nazi. Otero

[1078] Ibídem, páx. 103
[1079] Axeitos, X. L (1994): "Dos arquivos de Rafael Dieste....." nº 12, páx. 120.
[1080] Axeitos, X. L. (1995): "Dos arquivos de Rafael Dieste....." nº 13, páx. 130.
[1081] Nunha das cartas pódese ler: "No sabes lo que os agradecemos, tanto a vosotros, como a Eduardo [Dieste], [Antonio] Baltar y Colmeiro, el interés que os tomáis por nosotros" (vid. Axeitos, X. L. (1994): "Dos arquivos de Rafael Dieste....." nº 12, páx. 117).

Espasandín e a súa familia moran agora en Londres tras ser declarado Norwich zona de residencia prohibida. Nova misiva de Otero Espasandín a Rafael Dieste, esta última do 21 de agosto de 1940:

> Económicamente, seguimos peor cada día. Ahora vivimos en casa de una amiga. Alicia está peor a consecuencia de nuestras constantes humillaciones y desencantos. Cuqui [a filla] está perpleja con las alarmas y sospecha que todo es una repetición de lo de España[1082]

Transcorren algúns meses aínda ata que, por fin, as xestións de Rafael Dieste parece que dan resultado: Otero Espasandín xa ten un contrato de traballo e o preceptivo permiso de inmigración para entrar na Arxentina. En marzo de 1941, el, Alicia e a filla de ambos chegan a Buenos Aires tras unha longa viaxe en barco na que tiveron que circundar todo o Océano Atlántico co fin de evita-los submarinos aleméns[1083].

2. XOSÉ OTERO ESPASANDÍN EN BUENOS AIRES: ENCICLOPEDISMO *PRO PANE LUCRANDO*

> Nadie puede saber cuanta amistad y solidaridad existió entre Dieste, Otero Espasandín, Colmeiro, Varela y yo [Luís Seoane], durante nuestra coincidencia de muchos años de Buenos Aires, trabajando juntos, levantando castillos en el aire; de cuanto hicimos juntos por Galicia y cuanto sacrificamos de nuestra vida en estas cuestiones. Fuimos verdaderos hermanos[1084].

Nesta atmosfera de irmandade, a do espírito do Café Tortoni, será na que respire e gracias á que sobreviva Otero Espasandín durante os seis anos e

[1082] Axeitos, X. L. (1995): "Dos arquivos de Rafael Dieste....." nº 13, páx. 132.
[1083]Carmen Muñoz, "Muerte de un gallego ejemplar", *La Voz de Galicia* no suplemento *Cuaderno de Cultura* do 19 de novembro de 1987.
[1084] Carta de Luís Seoane a Isaac Díaz Pardo datada, en Buenos Aires, o 14 de decembro de 1978. Case a totalidade da mesma, pero non este fragmento, aparece recollida en Alonso Montero, Xesús (1994): *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane*, Vigo, Xerais, páx. 243-245.

cinco meses que residirá en Buenos Aires[1085]. E é que, se ben lograra fuxir da guerra tirana que con tanta insistencia o perseguía, aínda tería que protagonizar un dos lances de maior heroísmo que entre os obreiros da tinta e o papel se teñan dado.

En efecto, non ben arriba a Buenos Aires, Otero Espasandín pasa a formar parte do cadro de autores da Editorial Atlántida –o mesmo traballo que lle permitira entrar como inmigrante na Arxentina–, editorial na que Rafael Dieste, o seu director literario, aspiraba a crear unha nova colección desde algún tempo atrás. Coincide deste xeito a incorporación de Otero Espasandín a Atlántida co nacemento da Biblioteca Billiken. Colección Oro, que anos despois pasaría a chamarse Colección Oro de Cultura General[1086]. Espasandín será durante escaso ano e medio o único autor dunha colección baixo o nome da cal se publicarían, nese período de tempo, catorce libros, os primeiros catorce libros da colección: tres, en 1941 –lémbrese que chega a Buenos Aires o mes de agosto deste ano–; cinco, en 1942; e, en 1943, seis, ós que hai que engadir dous máis, os correspondentes ós números 19 e 23 da colección. Ese mesmo ano, 1943, publicaría aínda un noveno libro –*La Antártida, como mito y como realidad*– na tamén bonaerense Editorial Pleamar. Non é preciso dicir que a Otero Espasandín cómprelle traballar día e noite co fin de satisfacer unhas condicións contractuais leoninas, impostas polos donos da empresa, que lle esixen ter preparado, cada mes, un libro de temática diferente –bioloxía, zooloxía, xeografía, astronomía, mitoloxía, etc.–, do que cede tódolos dereitos de autor e polo que cobra 300 módicos pesos arxentinos[1087]. Estes libros, ademais, debían responder a unhas esixencias de estructura, estilo e espírito, esbozadas por Rafael Dieste, nada doadas de lograr, pero que a el, un home

[1085] Durante a súa estadía en Buenos Aries, Otero Espasandín morará, primeiro, nun apartamento do 3º andar do edificio nº 243 da rúa Brasil, e, máis tarde, no apartamento nº 7 do 1940 da rúa Vidal.

[1086] Segundo Carmen Muñoz, Rafael Dieste proxectara esta colección "con la mira de que, cumpliendo dignamente su destino, pudiese dar trabajo a los escritores españoles exiliados [...]" ("José Otero Espasandín", en *José Otero Espasandín, Cuentos que me contó Dieste*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1984, páx. 7).

[1087] Rei Núñez, Luís (1994): *A travesía dun século. Biografía de Rafael Dieste*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 2ª ed., páxs. 112-113.

formado, en parte, á luz da Institución Libre de Enseñanza, lle non deberon resultar novidosas:

> [...] un libro de divulgación que no exija para ser entendido conocimientos especiales ni más hábito literario que el de leer una revista no literaria. Sin embargo, el libro debe ser bonito, noble, como una buena conferencia de Misiones que pudiese escuchar con gusto cualquiera de los misioneros además del público[1088].

En 1944 Otero Espasandín, posiblemente exhausto, non dá ó prelo máis ca un único libro da súa autoría, pero si as traduccións desde o inglés ó español de cadansúa obra de Fred L. Whipple e William Marshal Smart[1089].

En calquera caso, desde 1945, ano no que prosegue a colaboración con Atlántida, ata 1947, en que abandona Buenos Aires, aínda publicaría neste selo editorial, baixo o seu nome ou o de pseudónimos como Roger Moulin e Norman Beechdale, oito libros máis. En total, Otero Espasandín daría á luz como autor, nos cinco anos e algúns meses durante os que reside en Buenos Aires, vinteseis títulos[1090], sen conta-los outros cinco dos que foi traductor. Non entran neste cómputo nin unha monografía sobre o pintor Colmeiro, que quedou inédita, nin os prólogos[1091], nin as máis dun cento de colaboracións entre artigos, ensaios, notas e noticias editoriais e culturais que publica en xornais e revistas como *Pensamiento Español*, *Saber Vivir*, *Argentina Libre*, *La Nación*, *Sur*[1092] ou *Alfar* (Montevideo); en proxectos editoriais da colectividade exiliada como *De Mar a Mar*, *Correo Literario* e *Cabalgata*; ou nas revistas *Galicia* tanto da Federación

[1088] Dieste, Rafael (1995): *Obras completas, Tomo V: Epistolario*, edición ó coidado de Xosé Luís Axeitos, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, páx. 185.
[1089] Sospeito que no labor de traducción estivo auxiliado por Alicia Ortiz, mellor coñecedora da lingua inglesa ca el.
[1090] Con posterioridade á súa saída cara ós EE.UU., aínda publicaría catro libros máis na Editorial Atlántida, o último deles, en 1952.
[1091] Cómpre cita-lo titulado "Noticia" en Sarmiento, Martin (1695-1771) (1943): *Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega*, Buenos Aires, Editorial Nova, Colección Camino de Santiago, 2.
[1092] Que saibamos, nesta revista só publicou o artigo "A propósito de un libro de Rafael Dieste: *Viaje, Duelo y Perdición*, Breve exégesis de Don Frontán" (nº 140, 1946).

de Sociedades Galegas coma do Centro Gallego de Buenos Aires[1093], sendo nesta última na que, en maio de 1943, publica "Apuntes", un poema en galego non editado nunca con posterioridade a esta data pese a que pode ser considerado como unha das poucas incursións do seu autor no campo da poesía desde os anos da II República.

Así pois, non é de estrañar que o propio don Ramón Otero Pedrayo acabe marabillado cando en 1947 viaxa a Buenos Aires e coñece o colosal labor realizado por Otero Espasandín.

> Vai ser dificultoso o estabrecimento da compreta bibliografía de Otero Espasandín, como il non a deixe feita. Eso pedía no seu tempo o P. M. Martín Sarmiento, pra librar de angueira –ou de pracer– ós eruditos de despois. As culturas mesopotámicas, os paxaros da selva, a historia das teorías atómicas, o <<acmé>> da cultura helénica, os tempos da historia do conquerimento dos polos... son das materias traballadas con tino, metódica seguranza, e un senso de respeto á cencia e ó leutor, que desminte a verdade do vello <<compendia sunt dispendia>>, por Otero Espasandín en volumes rexos, pan bregado que pide dente seguro.

Con todo, por aquelas datas a colectividade exiliada en Buenos Aires vivía tal vez os peores momentos do desterro. Disipada calquera esperanza nun retorno inmediato, son moi poucas as razóns que os reteñan nun país que, con Perón xa no poder, ofrece cada día que pasa menos expectativas ilusionantes e maiores argumentos para o abatemento. Otero Espasandín, ademais, encaraba como podía as disputas que existían dentro da editorial Atlántida, derivadas, en boa medida, dos problemas económicos polos que pasaba a empresa. Estando

[1093] Nesta dúas revistas da colectividade emigrada colaborou pouco. Na revista da Federación só se recollen poemas e textos da etapa republicana. Na do Centro Galego, que dirixía Luís Seoane, aparecen, pola contra, algúns textos novos, como o poema "Apuntes" e os artigos "Pájaros y recuerdos de Galicia" (nº 399) e "Galicia: agua y pájaros" (nº 411), cos que gaña o segundo premio –o primeiro outorgaríaselle a Arturo Cuadrado– do concurso literario organizado por esta institución societaria correspondente ó ano 1945. Os 250 pesos arxentinos cos que estaba dotado o premio recibiríaos Otero Espasandín en marzo de 1947, pouco antes de saír cara ós EE.UU.

así as cousas, o 26 de maio de 1947 Luís Seoane dicíalle por carta a Francisco Fernández del Riego:

> [Lorenzo Varela] Ahora marcha a Estados Unidos. También marcha a ese país Otero Espasandín de Jefe de Sección de Lengua y Literatura castellana de una universidad. Por mi parte, estoy esperando poder hacer ese mismo viaje.

Dous meses despois, exactamente o 22 de agosto, Otero Espasandín con toda a familia embarca no porto de Buenos Aires con destino ós Estados Unidos. Luís Seoane relátalle a Lorenzo Varela[1094] con estas palabras o momento da despedida:

> El domingo pasado embarcó para EE.UU., para hacerse cargo de la cátedra que le concedieron. No te puedo describir la alegría de Espasandín, Alicia y Cuqui y la tristeza de los que quedamos. Estuvimos en el barco –un barco de carga noruego con retratos de los armadores, una estufa de leña imitada con lámparas eléctricas y flores artificiales– Dieste y Carmen, Colmeiro y Emilia, Baltar y Mireya, Maruja y yo y dos norteamericanos amigos de Alicia que desentonaban entre nosotros. La misma gente que le esperó fue a despedirle; ellos no aceptaron el banquete de trámite con que se despide a los que se van de este país. Lo tremendo de todas estas marchas es que no sabemos cuando volveremos a vernos ni si volveremos a vernos jamás. Los que emigran tienen un país de referencia: Galicia, España o el que sea, a donde esperan volver algún día para encontrarse con los suyos, sus amigos. Nosotros no tenemos ni esto, Prieto, la política y todos se encargaron de que ese país no exista para nosotros[1095].

Nove anos despois, Luís Seoane ofreceríalle, na súa pluma e a través das páxinas da revista *Galicia Emigrante*, un recoñecemento público:

[1094] Por aquelas datas Lorenzo Varela atopábase en Punta del Este, Uruguai.
[1095] Carta sen data, pero que podemos situar entre o 22 e o 28 de agosto de 1947.

> Llegado a Buenos Aires alrededor de 1941, realizó en seis o siete años una labor enciclopédica sin igual en este país hasta nuestros días. [...] Pocos escritores de este idioma han realizado en tan breve espacio de tiempo una labor semejante[1096].

3. XOSÉ OTERO ESPASANDÍN NOS EE.UU: NA COVA DA DEUSA CALIPSO

> Buenos Aires ha sido muy duro para mí, y me quedan muchos recuerdos dolorosos de él, en parte debidos a mi carácter, en parte a las estrecheces que tuve que afrontar[1097].

A piques de cumprir 48 anos de idade, e perdida xa a confianza nun regreso a España, Otero Espasandín abandona en agosto de 1947 a Arxentina con rumbo ós Estados Unidos co propósito de incorporar á súa vida o sosego que se lle viña negando desde había máis de dez anos. O destino sería Waynesburg, unha pequena vila de pouco máis de cinco mil habitantes situada no estado de Pennsylvania, onde se ocupará do Departamento de Español do instituto de educación secundaria. Alí, certamente, lograría alcanzar algunhas das súa maiores aspiracións –retorno ó exercicio da docencia, reencontro coa tan ansiada natureza–, pero non fuxir á sorte do exiliado:

> Hoy mismo Alicia [...] me decía cuánto echa de menos esos contados amigos de Buenos Aires donde uno se explayaba a sus anchas, dejando volar corazón y cabeza atolondradamente sin temor de ser incomprendidos simplemente porque un mundo común nos ligaba y unas esperanzas comunes nos sostenían. Aquí no se encuentra esta comprensión sencillamente porque nuestro mundo es un enigma para todos[1098].

Por esta razón, porque compartían un mesmo universo de ilusións e esperanzas, o contacto entre os Espasandín e os amigos exiliados en Buenos Aires manteríase aceso a través dunha relación epistolar que se conservaría

[1096] *Galicia Emigrante*, 22, 1956, páxs. 18-19.
[1097] Carta a Luís Seoane do 15 de xaneiro de 1972.

activa, con espacios máis ou menos longos de silencio, ata o final das súas vidas, pese a que nunca máis volverían verse. Precisamente aquí, nestas cartas, batemos novamente coa figura sen parangón de Luís Seoane, obstinado en tira-lo mellor de cada unha destas vidas errantes en proveito da causa de Galicia. Así, en todas e cada unha das cartas que lle dirixe, lémbralle a Otero Espasandín o compromiso adquirido con el de volver escribir poemas en galego, actividade que tiña case esquecida desde antes da guerra. Sen embargo, a resposta deste, sen outros froitos, é sempre a mesma, da que pode servir como exemplo a que lle dá o 26 de febreiro de 1959:

> Voy a recoger todos mis papeles, poner en orden algunos poemas y otros escritos esporádicos, y ponerme a escribir. Desde mi salida de Buenos Aires tengo muy presente que te debo un libro de versos en gallego, y estoy determinado como siempre a cumplir mi palabra..., si bien en este caso importa más que cumplirla, cumplirla bien.

Quen si lograra arrincar de Otero Espasandín algúns poemas fora Francisco Fernández del Riego bastantes anos antes. En efecto, Del Riego, por medio dunha carta que lle remite, probablemente, a comezos de 1949, consegue que Otero Espasandín en sucesivos envíos lle entregue seis poemas, os cales verían a luz na súa *Escolma de Poesía Galega*, editada en 1955[1099].

A finais de 1953, por causa dunha grave enfermidade que sofre a súa muller, Otero Espasandín deixa Waynesburg e traslada o seu lugar de residencia a Washington. En verdade, a familia non vivía en Waynesburg momentos especialmente felices desde había xa algún tempo, como lle expresa a Del Riego nunha carta de setembro de 1952.

[1098] Carta a Luís Seoane do 13 de decembro de 1948.

[1099]Estes poemas foran escritos entre febreiro de 1942 –"Pico de Castrodiz"– e novembro de 1951 –"Dolmen de Oleiros"–. Só o primeiro pertence á etapa bonaerense; os cinco restantes, á norteamericana. Cómpre indicar tamén que o poema "Serán" aparecería publicado, por achega de F. Fernández del Riego, no nº 6 da revista *Alba*, polo tanto -sen que saibamos fixa-la data precisa- algúns anos antes ca na *Escolma*.

> A todas las causas de desencanto de este momento histórico que nos toca vivir, se ha de añadir en este caso enfermedades de familia, falta de amigos capaces de entender el mundo con un mínimo de objetividad y, sobre todo, con ese mínimo de reverencia por los valores que dan a la historia su sentido y al hombre su razón de vivir[1100].

En Washington traballará como editor do boletín da Organización Panamericana da Saúde, organismo dependente da OMS. Cerca xa da xubilación, en 1965 pregúntalle a Rafael Dieste sobre a situación económica de España –cánto custa un traxe, un billete de tren e cuestións deste tipo–co ánimo, moi seguramente, de regresar[1101]. En xaneiro de 1966 dille a Luís Seoane:

> Nosotros pensamos dar uno de estos próximos días el salto a Lisboa. Me he jubilado, tenemos que vivir de una pequeña pensión y hemos decidido ir a ver si nos basta para ir tirando [...]

Malia todo, Espasandín continuaría traballando ata finais de 1972, data definitiva da súa xubilación, no Departamento de Agricultura dos Estados Unidos, realizando labores de traducción e edición, e dispensando clases de español na Escola de Graduados deste organismo. Ese mesmo ano, dille a Luís Seoane:

> Por mi parte, hace mucho que no escribo una línea "mía". He trabajado y sigo trabajando mucho para hacer frente a la pura necesidad. Leo todo lo que puedo, pero no mucho. Quisiera hacer un viaje a un país de habla española para adquirir ciertas obras. Los Dieste nos invitaron a pasar unas semanas con ellos en Rianjo el verano próximo, pero antes que a Rianjo, pese a lo que me gusta, iríamos a Bruselas y tal vez a Barcelona. No sé aún si este verano. [...] Escríbeme. Mándame algún libro en gallego que encuentres por ahí.

[1100] Arquivo Fernández del Riego (93/8), Biblioteca Penzol.

Da relación epistolar que mantén con Luís Seoane durante estes anos dedúcese que Otero Espasandín é xa un home espiritualmente afastado das persoas e os lugares noutrora queridos. De feito, desde o casamento da súa filla cun diplomático realizaría varias viaxes a distintas cidades de Europa, entre elas Lisboa, pero nunca pousaría os pés nin en Galicia nin en España. Os derradeiros contactos con Galicia, sempre desde a distancia, estableceríaos con motivo do pasamento de Rafael Dieste, ocorrido o 15 outubro de 1981. A modo de homenaxe ó seu querido amigo, escribiría un poema[1102] e un artigo[1103] en galego, e un pequeno libro de contos[1104], este en español.

Outro 15 de outubro, o do ano 1987, morre Xosé Roxelio Otero Espasandín en Washington, lonxe de Galicia, "donde echamos raíces y acariciamos esperanzas, por lo que a mi toca, no cumplidas[1105]".

[1101] A resposta de R. Dieste é do 9 de marzo de 1965 (*Obras Completas....,*op. cit., Tomo V, , páxs. 651-52).
[1102] "Pranto in memoriam de Rafael Dieste", que permanecerá inédito ata o 16 de marzo de 1999, data na que aparece publicado no suplemento *Culturas. Monográfico sobre o exilio republicano*, 69, páx. 8, do xornal *La Voz de Galicia*.
[1103] Otero Espasandín, X. (1982): "Apoloxía de Rafael Dieste", *Grial*, 78 (monográfico en lembranza de Rafael Dieste), páxs. 470-474. Este artigo aparecería tamén en VV.AA. (1995): *Rafael Dieste: un creador total*, Vigo, Galaxia, Colección Agra Aberta.
[1104] Otero Espasandín, X. (1984): *Cuentos que me contó Dieste*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.
[1105] Carta a Luís Seoane do 25 de abril de 1978.

ANEXO (para unha bibliografía de Xosé Roxelio Otero Espasandín)[1106]:

LIBROS

- (1941): *Maravillas de las regiones polares*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken, Colección Oro, 1, [2ª ed., 1944].
- (1941): *La civilización del Nilo*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken, Colección Oro, 2, [2ª ed., 1944].
- (1941): *Pobladores del mar*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken, Colección Oro, 3, [2ª ed., 1944].
- (1942): *Prodigios de las aves*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken, Colección Oro, 4, [2ª ed., 1944].
- (1942): *Los seres microscópicos,* Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken, Colección Oro, 5, [2ª ed., 1945].
- (1942): *Gigantes marinos*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken, Colección Oro, 6, [2ª ed., 1945].
- (1942): *El cortejo solar*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken, Colección Oro, 7, [2ª ed., 1945].
- (1942): *Un paseo por el cielo*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken, Colección Oro, 8, [2ª ed., 1945].
- (1943): *Sociedades de insectos*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken, Colección Oro, 9-9 bis (volume dobre), [2ª ed., 1946].
- (1943): *Narraciones mitológicas*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken, Colección Oro, 10.
- (1943): *La Grecia heróica*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken, Colección Oro, 11, [2ª ed., 1946].

La Grecia clásica, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 12, 1943 [2ª ed., 1946].

- (1943): *Roma: la república*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken, Colección Oro, 13.

[1106] A modo de anexo, recollo aquí, unicamente, os libros e as traduccións das que foi autor Otero Espasandín, ademais do poema "Apuntes", publicado, como xa quedou dito máis arriba, en *Galicia. Revista del Centro Gallego*, 364, maio de 1943, p. 23. Quedan fóra desta bibliografía posiblemente algúns libros –a relación non é exhaustiva, sospeito– e tódolos textos aparecidos en máis dunha decena de xornais e revistas.

- (1943):*Roma: el imperio*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken, Colección Oro, 14.
- (1943): *Prodigios de las plantas*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken, Colección Oro, 19.
- (1943): *Nuestro planeta*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Biblioteca Billiken. Colección Oro, 23, [2ª ed., 1951].
- (1943): *La Antártida, como mito y como realidad*, Buenos Aires, Editorial Pleamar, Biblioteca Conocimiento.
- (1944): *El deporte griego*, Buenos Aires, Editorial Pleamar, Biblioteca Conocimiento.
- (1945): *Los átomos desde los griegos hasta nuestros días*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General, 81-82 (volume dobre).
- (1945): *La civilización mesopotámica*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General, 86-87 (volume dobre).
- (1945): *Animales viajeros*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General, 97.
- (1946): *El mundo de los reptiles*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General, 98-99 (volume dobre).
- (1946): (Roger Moulin, pseudónimo) *La atmósfera inquieta*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General.
- (1946): (Norman Beechdale, pseudónimo) *Riesgos y promesa de la ciencia*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General.
- (1946): *Sociedades de insectos*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General.
- (1947): *El gran tablero de la política mundial*, Buenos Aires, Editorial Atlántida.
- (1948): *Historia de la educación*, Buenos Aires, Editorial Atlántida.
- (1949):*Roma, la República y el Imperio*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General.
- (1950): *Los grandes ríos*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General.

- (1952): *Grecia heroica y clásica*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, Colección Oro de Cultura General, 11-12 (volume dobre).
- (1984): *Cuentos que me contó Dieste*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, Colección Narrativa.

TRADUCCIÓNS

Whipple, Fred L. (1944): *Tierra, luna y planetas*, Buenos Aires, Editorial Pleamar, [Traducción de José Otero Espasandín].

Smart, William Marshal (1945): *La astronomía al día*, Buenos Aires, Editorial Abril, Serie La Marcha del Progreso, 1944 [Traducción de J. Otero Espasandín].

Nettleship, Richard L.(1945): *La educación del hombre según Platón*, Buenos Aires, Editorial Atlántida, [Traducción e estudio preliminar de José Otero Espasandín].

Allcott, Arnold e Bolton, H. S. (1945): *La química al día*, Buenos Aires, Nova, [Traducción de José Otero Espasandín].

Laski, Harold Joseph (1946): *Reflexiones sobre la revolución de nuestro tiempo*, Buenos Aires, Editorial Abril, Colección Guerra y Paz, 3ª ed., [Traducción de José Otero Espasandín].

POEMA *Apuntes*

A Ramón Rey, coa morriña de Ulla

Pol-o río arriba,
Martín Pescador,
pol-o río abaixo
d'a auga ô carón.

–¡Ay, que ben vestido,
Martín Pescador,
no papo, bermello;
de azul tornasol,
a capa locente
ferida d'o sol!

–¿N'o ves, miña nena,
cando vas c'o fol
descalza pr'o muiño
â posta do sol?

–¡Nunca vin galán,
nunca vin señor
vestido c'o garbo,
cantando c'o son
d'este endiañado
Martín Pescador!

O río que canta,
–que canta o cantor–
o muiño que baila
d'un pe ô redor,
mentras se pasea
Martín Pescador
no espello do río
ferido d'amor,
e a miña meniña
cargada co fol
–cintura delgada,
cintura de frol–
ademira o galán,
ademira o señor,
de papo bermello,
ferida d'o sol
a capa locente
de azul tornasol.

ANTÓN ZAPATA GARCÍA E OS EXILIADOS GALEGOS

Miro Villar González

NOTA PRELIMINAR

A historiografía galega, en boa parte, é responsable de que se reitere unha e outra vez a idea de que existiu unha enorme fractura entre os exiliados e as colectividades galegas en América. Á luz das novas investigacións permiten contradicir ou alomenos relativiza-lo devandito aserto, e así ocorre tamén no ámbito da literatura galega, onde diversos estudios xa demostraron a amizade e a solidariedade de escritores emigrados (Xosé Conde, Avelino Díaz, Xervasio Paz Lestón...) co grupo de intelectuais republicanos que se exiliaron cando o levantamento franquista principiou a súa brutal represión.

Esta comunicación pretende demostrar como outro poeta, Antón Zapata García (Laxe, 1886-Bos Aires, 1953), que se encontraba emigrado na Arxentina dende 1903, dedicou a súa vida e a súa actividade literaria a combate-lo franquismo, a defende-la lexitimidade republicana e a amosa-la solidariedade cos exiliados, nomeadamente galegos.

Para eso, é preciso coñecermos brevemente a personalidade de Zapata antes da data fatídica, para logo pormenoriza-la súa actividade na posguerra, dende 1936 ata 1953, ano no que se produciu o seu falecemento. Finalmente, como anexo, reproducimos unha escolma de poemas antifranquistas do autor, ata hoxe case todos aínda non reeditados, que son abondo significativos do compromiso do poeta co exilio republicano.

1. ANTÓN ZAPATA GARCÍA E OS EXILIADOS GALEGOS

1.1. Antón Zapata García antes do inicio da Guerra Civil española [1886-1936]

Antón Zapata García naceu na parroquia de Santa María da Atalaia da mariñeira vila de Laxe (A Coruña) o día 26 de febreiro de 1886. Seu pai era

sarxento de carabineiros e a nai, María Josefa García Moreira, natural de Camariñas[1107], era parente do poeta Eduardo Pondal. Polo tanto, o noso poeta viña sendo neto dun sobriño do vate bergantiñán. De feito, na coñecida conferencia "Eduardo Pondal, Sentimento e Libertá da Terra Galega", sinala:

> Os que o conoceron na seneitude [A Pondal] —nós, por raís consanguiña, tuvemos esa grande e impagábel sorte—

Con estudios primarios e logo de traballar nos labores do agro, en 1903, con tan só 17 anos, embarca cara á Arxentina. Nesa altura xa falecera a súa nai, feito que puido condiciona-la súa decisión. A razón da súa marcha non está clara, aínda que é moi probable que os problemas do poeta e dos seus irmáns coa madrasta fosen decisivos para que primeiro emigrase o propio Antón e logo, cando xa estaba asentado, seguisen o mesmo camiño o resto dos seus irmáns e outros parentes.

Ora ben, tampouco se pode descartar que a motivación primixenia estivese no feito de que fixera xa os dezasete anos e quixese eludi-la chamada a quintas coa emigración. De feito, todos os estudios realizados sobre as causas das correntes migratorias nesta época adoitan sinalar esta entre as máis importantes. Ademais, non debe ser casual que o longuísimo poema A crus da Rosa relate, nomeadamente no capítulo XV, a historia dun mozo que emigra para eludi-las quintas. Estes versos ben puideran basearse na propia experiencia autobiográfica, malia que unha advertencia inicial sinale:

> Todol-os persoaxes que figuran con nomes ou alcumes n-este poema, non alluden a ningunha persoa de reial eisistenza, eisceizón feita do gaiteiro «O FRESCO», ao que o aitor conóceu sêndo rapás.

[1107] Cando a revista *Alborada*, da ABC de Corcubión, publica o poema Chovendo, que xa aparecera meses antes noutras publicacións, a redacción engade baixo o nome do autor: «Oriundo de Camariñas». A confusión puidera ser debida á orixe da nai, pois tanto os avós maternos de Zapata como o propio poeta naceron en Laxe.

En 1903 Antón Zapata García chegou á Arxentina como un emigrante máis, establecéndose na capital, non sen antes ser protagonista, xunto a Elpidio Villaverde Rey, dun intento de rebelión que relata Vilanova Rodríguez (1966, 1351) na biografía deste:

> Después de hacer sus primeros estudios y trabajar en los negocios de su padre se trasladó muy joven a la Argentina, coincidiendo en este viaje con el poeta Antonio Zapata que también se dirigía a Buenos Aires en busca de mejor vivir. Y ambos dieron ya en aquel trasatlántico muestras del espíritu de justicia que predominó en los dos a lo largo de sus vidas. habiendo abusado y desatendido despiadadamente las autoridades de la nave a unos emigrantes gallegos enfermos, Villaverde y Zapata encabezaron un conato de motín contra los vejámenes de que eran objeto sus paisanos, y fue tan viva y tumultuosa la protesta que en poco estuvo que los condenasen a la barra.

Na Arxentina, segundo Vilanova Rodríguez (1966, 1250), Antón Zapata García traballou como empregado de comercio e como "tenedor de libros"[1108]. Sinala tamén que axiña empezaría a compoñer versos e a escribir artigos, con preferencia de tema galego. As primeiras colaboracións das que temos noticia son os poemas publicados durante 1913 en *Suevia*, "Revista Gallega Regionalista"[1109], cos que se iniciaría a súa presencia en moitísimas cabeceiras galegas ou da colectividade galega na Arxentina. Ademais, colaborou con textos en castelán noutras publicacións arxentinas ou da emigración española en América como *Actividad Española*, *La Razón*[1110], *Atracción*, *El Hogar*[1111], *Verbum*, *Fray Mocho*, *Caras y Caretas*[1112], *La Vanguardia* o *La Fuerte Nave*[1113],

[1108] *Diccionario da RAE*: "El que tiene a su cargo los libros de cuenta y razón en oficina pública o particular".
[1109] Trátase de tres textos, o primeiro deles intitulado "A casa d'o poeta Pondal" no nº 7, 24 de maio de 1913.
[1110] Debe referirse á publicación do artigo "El Poeta Mariñán", acompañado do poema Alando la traína, na versión feita polo xornal *La Razón* (Uruguai) e publicada o 1º de Abril de 1928, textos reproducidos por *Céltiga*, Bos Aires, nº 80, 25 de abril de 1928. Isto invalidaría a data que Vilanova anota no seu manuscrito.
[1111] Esta revista arxentina de variedades iniciou no seu nº 30, de marzo de 1951, unha "galería" de poetas galegos residentes en Bos Aires, realizada polo escritor de Goián (O Rosal) Eliseo Alonso.
[1112] As revistas arxentinas *Fray Mocho* e *Caras y Caretas* tiñan moito predicamento en Galicia. Paz-Andrade (1982, 40) sinala estes dous títulos entre as revistas gráficas que se recibían na

ás que non tivemos doado acceso. A biografía realizada por Vilanova engade que deixou inéditos un poema dedicado á destrucción de Gernika, que non localizamos por ningures, e moitas fichas para un "Diccionario vasco-castellano" no que levaba traballando varios años, tamén ilocalizables.

Por outra parte, Francisco Lanza Álvarez (1953, s/p) nunha breve biobibliografía sinala: "Amplió con biografías sintéticas y con nuevos autores la *Antología de poetas gallegos*, de Álvaro de las Casas, haciendo de ella una de las más completas hasta hoy". O noso cotexo pormenorizado de toda a obra de Álvaro de las Casas non nos permite deducir ata que punto puido intervir Antón Zapata García na súa reelaboración.

A súa traxectoria poética vaise consolidando, aínda que nos primeiros momentos escribe máis en castelán que en galego, e o 13 de novembro de 1920, no bonaerense Teatro Colón, Antón Zapata García recibiu unha Mención Honorífica, en forma de Flor Natural, nos Xogos Florais convocados pola Casa de Galicia de Bos Aires, polo seu poema galego "Volvoretas", pois os dous primeiros premios foron adxudicados a textos en castelán[1114]. Este texto é unha glosa do poema «¡Ai!...» incluído en *Aires da miña terra* de Curros Enríquez.

---

casa rianxeira de Castelao nos anos da súa infancia e entende que tiveron certa influencia no seu labor como debuxante e humorista. Tamén lembra que *Caras y Caretas* foi dirixida certo tempo polo galego, de Cervo, Xosé Mª Cao Luaces.

[1113] Todas estas cabeceiras, ademais de *Galicia* e de *Suevia*, aparecen anotadas nun manuscrito que se conserva no Arquivo Vilanova na Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense. Vilanova apunta tamén algunhas datas imprecisas, así a carón de *La Razón* figura 1913, de *Fray Mocho* 1912 e de *Caras y Caretas* 1913. Nesta mesma dise: «Dejó un poema inédito dedicado a Guernica. / Dicc. vasco-español y esp-vasco».

No mesmo Arquivo Vilanova existe unha brevísima carta manuscrita de Calviño de Castro que principia:

> «Amigo Vilanova: A ouxeto de que vostede teña unha máis esacta e crara biografía de Zapata García, heino de poñer en contaito coa fillastra [...]».

Calviño de Castro fala de "fillastra", mais os datos dos que dispomos sinalan que se trataría da filla de Antón Zapata e de Ángela Begoña. Por outra parte, na marxe están anotadas as datas de nacemento e falecemento do noso poeta: 26-2-1886; 21-6-1953.

[1114] «La Semana Gallega de más trascendencia fue la de 1920 coincidente con los Juegos Florales organizados por esta "Casa", que tuvieron lugar el 13 e noviembre de aquel año. Se celebraron en el teatro Colón. Presidió el jurado calificador el Dr. Mariano de Vedia y Mitre y fue el secretario el Prof. Ignacio Area de Parga. Actuó como mantenedor el Ing. Román Rodríguez de Vicente. Obtuvo el primer premio y la flor natural el poeta colombiano Manuel María Muñoz por su poema en castellano 'Canto a la espiga'; fueron también premiados Manuel del Río Candamo por su trabajo 'El arte de Galicia'; Juan Domenech por 'Bibliografía americana', José Iglesias Rivadulla por "Organización colectiva" y Antonio Zapata por su poesía en gallego 'Volvoretas'», en Vilanova (1966, 1384).

No eido social, participa na fundación dunha institución social e cultural denominada Club Gallego, xunto a persoas como Eduardo Blanco-Amor, aínda que pouco despois debeu afastarse da organización, en desacordo coa súa liña de actuación.

En xaneiro de 1927 Antón Zapata García é un dos máis de sesenta galegos na Arxentina que contribúen, por iniciativa do secretario xeral da Federación de Sociedades Gallegas[1115], Pedro Campos Couceiro, a pagar unha multa de cincocentas pesetas que unha resolución do Directorio de Primo de Rivera impuxera a Antón Villar Ponte por un artigo que este publicara na Habana criticando o réxime que usurpaba o poder democrático en España. Ademais do noso poeta, tamén figuran entre os doantes Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo, Julio Sigüenza, Ramiro Isla Couto e moitos outros.

Dende 1928 ata 1934, data na que foi expulsado, traballa arreo na Asociación Benéfica y Cultural (ABC) del Partido de Corcubión, chegando a dirixi-la súa revista *Alborada*. Este activismo posibilitará unha relación con importantes persoeiros como o xa citado Blanco-Amor, Ramón Suárez Picallo ou Castelao. Así, *Céltiga* publica a mensaxe que os "céltigos"[1116], entre os que está Zapata[1117], lle remitiron a Castelao para manifestarlle a condolencia pola perda do seu fillo.

En 1929, unha nova[1118] publicada no *Correo de Galicia*, dá conta da iniciativa conxunta de Antón Zapata García, Francisco Regueira e Manuel Oliveira, de crearen unha entidade, a Institución Cultural Gallega, protectora do

[1115] *Vid.* "Antón Villar Ponte fué multado en 500 pesetas por escribir. Un grupo de federados giró telegráficamente el importe de la multa", *El Despertar Gallego*, nº 90, Bos Aires, 16 de xaneiro de 1927, e "Homenaje a Antonio Villar Ponte", *El Despertar Gallego*, nº 91, Bos Aires, 23 de xaneiro de 1927.

[1116] A tertulia dos "céltigos" desenvolvíase na cafetería La Armonía, na boanerense Avenida de Mayo, da man de Ramón Suárez Picallo, daquela codirector de *Céltiga*. Ademais de Antón Zapata, asistían regularmente Antón Alonso Ríos, Eduardo Blanco-Amor, Eliseo Pulpeiro, José Ramón Lence, Domingo Rial Seijo e outros. *Vid.* Marivel Freire Freire, "Avelino Díaz e Castelao" en VV. AA. (1999, 341).

[1117] Núñez Seixas [1992: 183] sinala que algúns "céltigos" entre os que se atopan Manuel Oliveira, Eliseo Pulpeiro e o propio Zapata van militar ao mesmo tempo na Sociedade d'Arte Pondal, fronte á maioría que se dedicarán a traballar no seo da FSGAyC e no seu semanario *Galicia*.

[1118] *Vid.* "Para ayudar al Seminario de Estudios Gallegos. Creación de una entidad cultural", *Correo de Galicia*, nº 1218, Bos Aires, domingo, 26 de maio de 1929. Vilanova (1966, 1401)

Seminario de Estudios Gallegos, seguindo o exemplo da que pouco antes argallaran en Montevideo o poeta Julio Sigüenza, o escritor J. L. Mourenza e o doutor Sánchez Mosquera, que xa remitiran as primeiras mil pesetas para axudar ó SEG e á Academia Gallega. O periódico reproduce a carta de agradecemento do doutor Salvador Cabeza de León, na altura presidente do Seminario de Estudios Gallegos, agradecéndolle-la "empresa patriótica" que iniciaran e que lles fixeran saber en beneficio del Seminario". O labor da entidade non estivo exento de controversia. Antón Zapata García continuaba a ser un importante referente, ata o punto de que a súa participación como poeta era requirida polas sociedades máis dinámicas da colonia galega na Arxentina e pola Federación de Sociedades Gallegas. Nesa altura o noso poeta xa militaba na arredista Sociedade Nacionalista Pondal (SNP). De feito, en setembro de 1931, como sinala Núñez Seixas (1992, 220), a ABC de Corcubión (non integrada na FSGAyC) manifesta a súa desconformidade co proxecto de Estatuto de Autonomía aprobado pola Federación Republicana Galega na Coruña. Detrás de actitudes críticas coma esta é evidente que está a man de Zapata, daquela aínda militante nas fileiras arredistas da Pondal. Así o cre Núñez Seixas (1992, 223), quen sinala que a pertenza de Zapata e de Reboredo Vilas, ambos "pondalianos" na Comisión de Prensa da ABC de Corcubión, explicaría tanto o maior uso do idioma galego nas páxinas de *Alborada* como o entusiasmo perante a asemblea de concellos en Santiago de Compostela, da que xurdiría un proxecto de Estatuto de Autonomía moito máis galeguista.

Durante 1932 o tensionamento político entre os diferentes sectores da Institución Cultural Gallega rebenta en sucesivos enfrontamentos na prensa da emigración, con acusacións de todo tipo e renuncias varias. As dúas posicións máis antitéticas son a que representan por unha banda os dirixentes da Federación de Sociedades Gallegas, expresada nas páxinas do seu voceiro *Galicia*, e pola outra a que manteñen dende *A Fouce* os membros da Sociedade Nacionalista Pondal, que malia seren dentro da Federación a minoría

sinala erradamente o 15 de maio de 1930 como data de constitución da ICG, retrasando un ano a súa creación.

discordante, sen embargo tiñan o control da Institución Cultural, como xa se dixo.

A caixa de Pandora da disputa estoupa cando a Federación principia unha campaña de adhesión á mensaxe pro-autonomista que a entidade enviaría ós deputados galegos meses antes e que a Institución Cultural decide non secundar. Esta resolución provoca a reacción dos dirixentes federativos, que van utiliza-lo seu órgano de expresión para desacreditar todo o labor da entidade protectora do Seminario de Estudos Gallegos, mesmo chegando a dicir que tiñan "demasiado nombre para tan minúsculos resultados"[1119], acusándoa de "caciquismo e incuria" porque transcorreran dous anos sen asemblea xeral ou tratando de desprestixia-la persoa do seu presidente Manuel Campos Couceiro.

Envolta na polémica, a Institución Cultural atravesa unha profunda crise como o demostra o feito de se produciren varias baixas significativas. En 1934 Antón Zapata García vai ser designado presidente, continuando notoria a presencia de destacados membros da Sociedade Nacionalista Pondal, que así continuaban a "controlar" esta agrupación. Este ascenso vai coincidir no tempo coa súa defenestración na ABC do Partido de Corcubión, que o expulsa, por maioría de votos e por problemas internos, na última asemblea de 1934. Trala expulsión da ABC de Corcubión axiña vai seguir un camiño semellante na Institución Cultural Gallega, aínda que desta volta por causas esóxenas e non endóxenas. Tanto é así que o feito que provoca o seu afastamento vai acontecer en Galicia. En Ponteceso realízase unha homenaxe a Pondal con motivo do centenario do seu nacemento, no que o presidente do SEG pronunciou un discurso en castelán. Este feito provocou unha enérxica reacción na colectividade galega, nomeadamente dende o arredismo[1120] nucleado en torno á Sociedade Nacionalista Pondal, que no seu voceiro cualifica de "inxustificabre" a pasividade dos galeguistas e nacionalistas que estiveran presentes no acto, pois:

[1119] *Vid.* "La Cultural Gallega, el señor M. Campos Couceiro y nosotros", *Galicia*, nº 251, 20 de marzo de 1932.
[1120] *Vid.* "Toleranza inxustificada ante unha inxuria a Pondal", *A Fouce*, nº 79, maio de 1935.

> A ponderazón e as boas maneiras nos feitos e nos ditos, folgan quando se produce un caso d'esta natureza. O que compría, o que estaban obrigados a facer os que na vergoñosa emerxenza "tragaron saliva", era protestar, impedir que ese señor desleigado e sinvergonza rematase o seu discurso.

Como xa sabemos, os arredistas exercían unha importante influencia sobre a Institución Cultural Gallega, protectora do Seminario de Estudios Gallegos, e levan a súa reprobación a esta entidade, mais Antón Zapata García, que era o presidente naquela altura, impide calquera agravio contra o presidente do SEG por mor desa pouco afortunada intervención na conmemoración do centenario pondaliano. Este xesto vai provocar unha durísima campaña dos seus ex-compañeiros para consegui-la súa dimisión e perante os ataques Antón Zapata García presenta a súa renuncia.

1.2. Antón Zapata nos anos da Guerra Civil e a inmediata posguerra [1936-1953]

O levantamento fascista do 18 de xullo de 1936 altera toda a dinámica societaria na Arxentina, que agora se vai envorcar na solidariedade e no apoio material cara o goberno democrático republicano. Con todo, a celebración das datas patrióticas[1121] intensificouse e déuselle máis forza ó seu contido reivindicativo. Así, o 19 de decembro de 1936, o ateneo galego Lembranzas da Terra e a Federación de Sociedades Galegas organizan un acto conxunto "Na conmemoración da traxedia da Frouseira" cun amplo programa político, literario e musical[1122]. A presentación é realizada por Avelino Díaz, "con un discurso en el que puso de manifiesto la similtud de aquella tragedia con la que actualmente sufrimos". Tamén se representa a peza teatral *Xente de lei* de

[1121] Nesa altura o galeguismo conmemoraba as datas do 28 de xuño, aniversario da aprobación plebiscitaria do Estatuto de Autonomía, o 25 de xullo, día de Galicia, posteriormente Día da Patria Galega, e o 17 de decembro, aniversario da morte do mariscal Pardo de Cela. Anos despois, en 1959, a Conferencia das Irmandades Galegas da Arxentina e do Uruguai, celebrada en Bos Aires, instituiría o 17 de agosto como Día dos Mártires Galegos ou Día da Galiza Mártir para lembrar a data exacta na que fora asasinado Bóveda, pois xa se viñan realizando actos de homenaxe cada 18 de agosto.

Xesús Calviño de Castro e o coro interpreta varias composicións poéticas deste último, de Cabanillas, de Avelino Díaz e de Antón Zapata García. O seu poema "Suidade...", con música do mestre Suñer, é cantado por solista e coro. Pecha o acto Eduardo Blanco-Amor, que é presentado como director do *Galicia*, quen fala sobre o Mariscal Pardo de Cela.

A crueza da Guerra Civil española e, sobre todo, a represión desencadeada polos falanxistas en terras galegas serán decisivas para que o estro poético de Antón Zapata García se volva máis comprometido. De feito, o seu poema "Na morte de Lexandro Bóveda", publicado no *Galicia* o 27 de xuño de 1937, convértese na primeira composición en galego que evoca o asasinato do secretario de organización do Partido Galeguista[1123].

O 24 de xullo de 1938 participa no xantar de confraternidade co que a Unión de Residentes de Santiago de Compostela agasallaba ás entidades que prestaron a súa adhesión e colaboración para unha Homenaxe a Rosalía de Castro. Nos postres tamén fala o noso poeta e antes de remata-lo acto os comensais postos en pé gardan un respectuoso silencio "por los caídos en defensa de las libertades".

En 1942 concorre ó certame convocado pola Junta de Selección de la Agrupación Democrática del Espectáculo Público, tamén denominada Junta de la Victoria, no que se premiaba o mellor Himno a Stalingrado, co obxecto de conmemora-la defensa desta cidade cando a invasión da Alemaña nazi na 2ª Guerra Mundial. O poema de Antón Zapata García, co título referido, é elixido como o mellor entre os numerosos participantes.

Aproveitando a sona que lle outorgaba o premio, a Irmandade Galega organízalle unha homenaxe[1124] "pol-a sua meritoria laboura como poeta e como galeguista". O propio día da homenaxe, o 19 de decembro, o semanario *Galicia*,

---

[1122] *Vid.* "El homenaje a la memoria de Pardo de Cela. Fué celebrado el sábado pasado en nuestro local", *Galicia*, nº 500, domingo 27 de decembro de 1936.

[1123] «Hoxe por hoxe, a primeira elexía a Bóveda da que temos noticia é a de Luís Seoane titulada «A Alejandro Bóveda, fusilado» (*Galicia*, 20-12-1936); a primeira en galego, segundo os nosos datos, é «Na morte de Lexandro Bóveda», de Antón Zapata García (*id.*, 27-6-1937)», en Alonso Montero (1996).

[1124] *Vid.* "Irmandade Galega. Continúase en forma activa a orgaización d-un Banquete en homaxe ao Poeta galego Antón Zapata García", *Galicia*, nº 808, Bos Aires, sábado, 5 de decembro de 1942.

na sección "Mercado de las artes y las letras"[1125], publica unha semblanza escrita polo tamén poeta Avelino Díaz:

> Antón Zapata García é un poeta en tod-ó senso da verba, é o poeta por eixcelencia das cousas mariñeiras i-é, tamén, o poeta do agro, civil, rebelde; rexo com-ós acantilados da costa brava que o víu nascer, as suas estrofas son daceiro, o seu verso é unha tralla pra xostrear ás iniquidades i-é, ó mismo tempo, com-unha mán tenra e garimosa que acariña. A sua lira, sempre tensa com-un arco de frecha, ten tod-a reciedume da raza, ten rumor suave de pinos ergueitos e bruar de olas enrabexadas, ten mimosidades de vento maino a peitear cabeleiras de agros e ten o ímpeto das treboadas. Sabe das penas e sofrimentos do noso pobo e cántalle unha esperanza de redención, sabe das suas inquedanzas e anímallas pra que non esmorezan. Ten unha personalidade sua —somentes sua—, unha modalidade que nacéu n-él e n-él se desenrola de xeito cad-hora mais firme e promesor; non sigue o camiño de ninguén pois, a sua roita trazoulla aterra mátria. Quizabes somente recolleu, pra facel-as realidade no seu estro poético, unha verbas de Curros: "Dod-haxa virtú bicade, dond-haxa vicio feride" e Zapata García ten sempre a fror de beizos unhas verbas amorosas como bicos, pra poñer ali no altar da patria, no regazo da nái, na carne do pobo, e outras verbas ácedas pra ferir alí donde as concupiscencias as treidorías i-ós egoismos ergueron o seu mostrador. Zapata García ten os seus grandes amores e os seus grandes odios como cadra a un hombre de lei, a un poeta que sabe cal é a sua misión na vida. [...]

Unha semana máis tarde a mesma sección[1126] narra con detalle o impresionante acto, desenvolvido no restaurante O Liberal, co que a Irmandade Galega honraba ó noso poeta. Na mesa presidencial, ó seu carón, figuraban os tres deputados galegos, Castelao, Alonso Ríos e Elpidio Villaverde, os poetas Avelino Díaz e Ramón Rey Baltar, Arturo Cuadrado, vellos compañeiros como Francisco Regueira ou Campos Couceiro, e representantes das entidades máis significativas da diáspora. Entre as numerosas adhesións ás que se dá lectura

[1125] *Vid.* "Mercado de las artes y las letras. Agasajo ao noso poeta Zapata García", *Galicia*, nº 810, sábado, 26 de decembro de 1942.

destaca a de Eduardo Blanco-Amor e tamén a da revista *A Fouce*, da Sociedade Nacionalista Pondal, que así esquecía vellos resentimentos para engadirse ós que quixeron renderlle homenaxe ó noso poeta. A alocución principal correría a cargo de Alonso Ríos, quen destacou a forza lírica do seu estro e o constante e incansable labor realizado dende a súa chegada á Arxentina en 1903 ata o momento de recibi-lo premio polo seu "Himno a Stalingrado", salientando a súa actuación a prol do Seminario de Estudios Gallegos.

Nesta época Antón Zapata García xa tiña moitos problemas de saúde, que o acompañaron durante os anos finais da súa vida. Cando estaba restablecido das súas doenzas, o poeta era un concorrente habitual dos actos patrióticos. Entre eles salienta a súa participación**,** en xullo de 1944, no concorrido homenaxe a Castelao que a colectividade galega organiza con motivo da recente edición polo Centro Orensano de Buenos Aires da súa obra de pensamento político *Sempre en Galiza*. A asistencia a este acto é numerosísima[1127], coa presencia dos deputados galegos Antón Alonso Ríos e Elpidio Villaverde e unha nutrida representación do goberno republicano e das autonomías catalana e vasca no exilio, das asociacións da colectividade galega na Arxentina, no Uruguai, Cuba, Porto Rico, México, Nova York e o Brasil. O noso poeta aparece na nómina dos "inteleutaes e artistas galegos", xunto a Rafael Dieste, Manuel Colmeiro, Luís Seoane, Arturo Cuadrado ou Emilio Pita, entre outros.

Novamente vai ser unha homenaxe, desta volta a Manuel Prieto Marcos[1128] pola publicación do seu libro *Versos en gama de gaita*, o seguinte acto de importancia no que testemuñamos a asistencia do noso poeta, acompañado pola súa dona, e ocupando a cabeceira da mesa xunto ó homenaxeado e a Castelao, Alonso Ríos, Elpidio Villaverde, Domingo Maza, Luís Seoane, Manuel Puente, Avelino Díaz, Calviño de Castro e unha nutrida representación da Sociedade Nacionalista Pondal. A cea, organizada polas

---

[1126] *Vid.* "Mercado de las artes y las letras. Banquete de Homenaje a Zapata García", *Galicia*, nº 811, sábado, 19 de decembro de 1942.
[1127] *Vid.* "A Cabeceira do Banquete", *A Nosa Terra*, Bos Aires, nº 429, 25 de xullo de 1944.
[1128] *Vid.* "Cen galegos de ferro asistiron á cea en honor de Prieto Marcos", *Galicia*, nº 870, 9 de setembro de 1944.

Mocedades Galegas, tivo lugar o 2 de setembro e 1944 no Centro Ourensano. Despois de que Seoane, ilustrador do libro, agasallara a Prieto Marcos cun gravado de madeira, e tras un breve saúdo dun membro das Mocedades, intervén Antón Zapata García para glosa-la obra poética do homenaxeado, mentres que Alonso Ríos centrase na gabanza do labor patriótico desenvolvido por Prieto Marcos. Este, debilitado por unha doenza, responde coa natural emotividade por medio doutro membro das Mocedades. A enfermidade de Prieto Marcos agravouse e o 21 de xuño de 1945 prodúcese o seu pasamento, que non por agardado deixa de consternar á colectividade galega. A difícil situación na que queda a súa viúva, tamén enferma e con dúas crianzas de once e sete anos, xustifica a creación dunha Comisión de Homenaxe[1129] na que vai ter colaborar, mesmo con contribucións económicas, Antón Zapata García. Tamén é posible, mais carecemos de datos certos, que o noso poeta fose un dos amigos que sufragaran meses antes a edición dos *Versos en gama de gaita*.

Na altura Antón Zapata García aparece na composición de "Membros do Consello Ourentador da Irmandade"[1130] para o bienio 1946/1947. A relación está encabezada polos deputados Castelao, Elpidio Villaverde e Antón Alonso Ríos, e nela figuran os nomes máis importantes naquela altura na colectividade galega da emigración e do exilio, como Núñez Búa, Manuel Puente ou Ramón Rey Baltar, entre outros.

A enfermidade creba a saúde de Antón Zapata García e, á idade de 67 anos, tras varios meses convalecente, falece en Bos Aires o día 20 de xuño de 1953, malia que a acta de defunción indica que o óbito produciuse o día 21. En sinála-lo día anterior coinciden os xornais da diáspora. De feito, *Galicia* e *Opinión Gallega*, publican cadansúa nota necrolóxica[1131]. No seu breve artigo o voceiro da Federación de Sociedades Gallegas sinala:

[1129] *Vid.* "Colecta para los Gastos del Sepelio de M. Prieto Marcos y de Ayuda a la Viuda e Hijos", *Galicia*, nº 914, 21 de xullo de 1945.
[1130] *Vid. A Nosa Terra*, nº 448, xuño de 1946.
[1131] *Vid.* "Antonio Zapata García, ha fallecido", *Galicia*, nº 1204, 22 de xuño de 1953, e "Falleció Zapata García", *Opinión Gallega*, nº 141, xuño de 1953.

> Ya en prensa nuestro periódico, nos llega la infausta noticia de que un gran poeta gallego, Don Antonio Zapata García, acaba de fallecer.
>
> Con este gran señor de la rima galaica, pierde Galicia a uno de su más reacios y positivos valores y la colectividad gallega, al máximo representante de su idioma vernáculo y al más apasionado y fiel poseedor de los misteriosos secretos que encierra el mar, que en páginas magistrales nos fué dando a conocer a través del siempre invalorable tesoro de sus versos, con la inspiración y la maestría que su cultivado y excepcional estro era capaz, invariablemente animado por la obsesionante esperanza de tornar un día al inolvidable Lage de sus ensueños y de sus ansias, al que supo cantar enjundiosas e imperecederas rimas.
>
> Cuando se llegue a valorar en su exacta y justa valía la obra de este excepcional poeta gallego, no cabe la menor duda de que los inspirados versos de este delicado captador de hondas emociones, llamado Antonio Zapata García, constituirán los versos de cabecera para los espíritus gallegos de selección.
>
> Nuestro exquisito gran poeta falleció a los sesenta y siete años, habiendo llegado a la Argentina a los dieciseis, en el año 1903. GALICIA, que honró sus columnas con sus trabajos de excepción en múltiples ocasiones, comparte el dolor de su señora esposa y el de su hija, en esta encrucijada en la que el destino pone aprueba los espíritus privilegiados.

A nota de *Opinión Gallega* é moito máis breve, pois trátase dun apuntamento de urxencia para informar do seu pasamento, testemuñarlle o pesar da redacción do periódico ós familiares do poeta "dejando para el próximo número el dedicarle el comentario que merece el recio cantor del tempetuoso mar de nuestro Finisterre". En efecto, no número do mes seguinte[1132], insírese o artigo "Antón Zapata García. Poeta e patriota galego", que reproducimos polo seu interese:

> No derradeiro número non tivemos tempo, mais que de dar a noticia escueta do pasamento de Zapata García ocurrido o 20 do pasado Xuño nista

[1132] *Vid.* "Antón Zapata García. Poeta e patriota galego", *Opinión Gallega*, nº 142, xullo de 1953.

capital. Hoxe queremos adicar unha afervoada lembranza a quen soupo honrar a Terra nai no decorrer de longos anos de emigrante.

Era un rapaz, cando respondendo co misterioso sino do noso povo, deixou seus eidos bergantiñáns pra emigrar a estas promisoras terras arxentinas. Eiquí chegóu no ano 1903 ¡Eiquí viveu en permañente solidaridade espritual coa patria Galiza! Medio século de permañente devoción as esencias máis puras da galeguidade; cincoenta anos a vivir en afervoamento patriótico galego, e cantar ao mare galego, as penedías da costa da Morte, a heroicidade do noso mariñeiro; tuda unha vida coa ialma alcendida de arelas galeguistas alumiñadas pola saudade. ¡Sempre vivindo co esprítu na Terra e sen endexamáis voltar a ela!

Raro exemprar humán era Zapata García. Rexo e fosco no esterno, duro no falar e no tratar; i en troques no interno, tiña ialma de neno e morno i enxel curazón de poeta. Non chegou a ollar cumprido seu anceo de recoller nun libro sua abondosa produzón poética, moita dela espallada en revistas e xornaes, e moita inda inédita. Morreu no intre en que se propuña pubricar unha escolma da sua poemática. Ben será que elo se realice, pois a poesía de Zapata García costituye unha singular faceta das nosas letras.

Zapata García militou nas fileiras dos que, no seo da nosa coleitividade, loitaron pol-os direitos e pola redenzón da patria Galiza. Tamén traballou a prol da outa cultura galega: foi un dos fundadores do orgaísmo que eiquí acadaba fondos pra o Seminario de Estudos Galegos de Compostela até que ficou suprimido pola barbarie falanxista.

¡Un irmán galego máis que deixa sua carne e seus osos en terra allea; que morre lonxe dos eidos onde foi nado! Endeben, seu espritu terá voado a ficar por sempre antre os estrondos da rexa maruxada finesterrán, que il amou e cantou.

Postumamente, nos primeiros meses de 1954 publícase o seu único libro *A Roseira da Soidade*, cun prólogo de Ramón Otero Pedrayo, que se vira obrigado a refacer ó coñece-la morte do poeta e ó que pon remate no nadal de 1953.

2. ESCOLMA DE POEMAS ANTIFRANQUISTAS

[1]

NA MORTE DE LEXANDRO BÓVEDA[1133]

Pra tí, Lexandro Bóveda
—iirmán escrarecido,
vida próveda!—:
Con requeimantes bágoas nos ollos
e na dôr afundido,
non encontro máis verbas no contido
do noso craro idioma, que adouraste,
(¡pra maldicer aqueles que os ferrollos
de Galiza remachan noite e día,
anque tí os perdoaste,
porque eras nobre, bô e xeneroso!),
que estas verbas: ¡Non son da nosa caste
os lobicáns e os lobos da xauría
que os dreitos arrasóu do povo noso
e â túa intelixéncea aborrescía!...
¡Non é!, ¡non é! da nosa enxebre sangue
a banda de traidores,
malvados e asesiños
que â nosa terra abrangue
i-ôs seus máis caros fillos, guiadores,
asesiñaron xunto ôs seus filliños
—nas aldeias, nos montes e nos vales—
i-ô pé dos seus maores
ou xunto ôs seus igoales
—d-abós e pais, d-irmáns ou da siñora—,
e, por eles, agora,
"A CAMPANA d-ANLLÓNS", doída, tangue
e a irmán, de BASTABALS, doída, chora!
¿Qué van ser irmáns, pra nós, os seres
que trouxeron â moura moureiría
—empúdeca, babeante, sin homía—,
non respetando nenas nin mulleres?:
¡Galegos desleigados, sin concencia,
que n-houberon cremencia
pr-aqueles bôs irmáns das nosas almas,
esgrevos lumiñals da nosa cencia
e sopostallos lus das nosas artes
das nosas forzas vivas

[1133] *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, nº 524, 27 de xuño de 1937. Foi reproducido polo profesor Alonso Montero, Xesús en *Coroa poética para un mártir. 35 poemas á morte de Alexandre Bóveda (1936-1994)*, (Vigo, Xerais, 1996, páxs. 15-18). Nas súas «Notas ós poemas», ademais da localización do texto e doutros datos de interese, sinala: «No verso 53 cítase, entre os asasinados, a Ánxel Fole, crenza moi estendida nestas datas».

—¡sinxelamente calmas!—
asesiñados todos no CAMIÑO
da REDENZON das LUCES RÊDIVIVAS,
dos sagros balüartes
da Sancta COMPOSTELA
—¡Nova XERUSALEM tremente en palmas,
procramada na voz da BERENGUELA!—
e que se choran xá por todas partes,
con fraternal cariño,
por onde padricaron
e, boandanzas, cantaron
ô pé do Altar da Patria, car-ô Sole:
Quintanilla, Casal, Díaz Baliño,
Xan Carballeira, Casas, Lustres Rivas,
Xosé A. Suárez Picallo, Anxel Fole
e outros centos de irmáns non menos outos
ô corazón que os chora xa finidos:
¡Co-as balas dos traidores furacados
diante ô tráxico asombro dos petoutos
e os "Queixumes dos Pinos" abraiados!,
mouradores no ALEM, ¡inon redimidos!,
e que recraman, ¡forte!, ser vengados!...

Tí fóstel-o Moisés que abreu as fontes
das riquezas da Nosa Nai Galega,
hastra agora aldraxada, magöante:
¡Pol-os necios, pechándolle ourizontes;
pol-os pillos, roubándolle a talega;
e facéndoa, os caciques, emigrante!...
¡Tí fostes, bô Lexandro, o Xesucristo
diante ô Abrente das luces do Dereito
ensinando os Camiños da Verdade
—¡car-a cara co-a lus da Dinidade!—
e, por eisí aituar, teu nobre peito,
aniñando tenruras, foi desfeito
no crime mais atrós nos homes visto!...

Tí, como os Precursores,
meresces os máis férvedos loubores.
¡No "Alem", no "Mar dos Silenzosos",
na "Soidade", onde mores,
teral-o ben querer dos irmáns nosos!
¡Non-os chores, Lexandro, non-os chores
na tráxica partida!:
¡Tí seral-o Druída
oficiando no Altar do Sentimento!:
—¡Por todol-os irmáns que nos mataron
por amar o Galego Encumiamento
que agora, como outrora, nos tallaron
n-un crime xamáis visto!;
mais, como Xesucristo,
no triste camposanto...

¡iterá Rexurdimento!!...
¡¡Santo!!... ¡¡Santo!!... ¡¡¡Santo!!!...

[2]

LOBICÁNS GALEGOS[1134]

Non baixaron en ringlas, como outrora,
os lobicáns dos montes de CASTELA,
aproveitando a noite encobridora:

¡Non foron, nesta volta, os de SABELA,
os feros asesiños de Galiza!:
¡Foron os negros fillos de cadela,

abríndolle os portelos â inxustiza!,
cando as noites contiñan os máis puros
arrecendos de groria e de lediza;

cando os millos e os trigos, xa maduros,
debullaban a meiga epifanía
do broa e do molete, sin apuros...;

cando os ríos, cantando de legría,
mesturaban seus bicos coas mareas,
e as telúricas forzas de armoñía
prasmábanse en risoñas cantareas!

II

D-aqueles lumiñales do inteleito
—ianadas das auroras imorrentes!—
que tiñan en SANT-IAGO o faro ergueito,

moi poucos —¡santos lumes refulxentes!—,
¡moi poucos!, xa nos quedan guiadores;
¡moi poucos!, nos quedaron, competentes.

¡Matáronnos aos nobres, aos mellores,
os cobardes feixistas, os impuros,
chamándolles, ¡por xustos!, ¡¡"os traidores"!!...

¡E foron os galegos, cegos, duros,
"os mancos do pensar", que dixo o bardo,
os vendidos, os podres, os escuros,

de cuia vil traición o fin agardo
no xusto meridián que Deus balanza!:

[1134] *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, , nº 528, 25 de xullo de 1937. Leva a seguinte dedicatoria: «A Alfonso R. Castelao, con / outa fe no trûnfo de Galiza».

¡Tí, feixista azüado, negro ou pardo!:
¡Non terás, cando morras, ni unha espranza!...

III

Da semente de mortos froitifican
—nos espritos, nas almas, na concencia—
os xermolos do ben...; mais... ¡repenican

as campáns da venganza e da incremencia
nos ouvidos da xente amargurada
pol-as feras matanzas e a indecencia

que fixo de GALIZA corte estrada
ou cortello de besta apodrecida,
onde a vida d-un home non vâl nada!:

¡Nin "sete vils escudos" vâl a vida!,
pr-â caterva asesiña —ia forca a crône!—,
e, por loba, por mín xa maldecida!:

—Cando a xusta venganza o reló sone
e dos corvos xa fórades comestos,
da osamenta ¡feixistas!, chova ou trone,
¡¡non terá miña patria nin os restos!!...

[3]

TRÁXICOS AGOIROS[1135]

I

Na Costa da Arantiña, sete vellas,
—antre o lene brilar dos vagalumes—
marmulan goris goris e consellas
mesturados con pragas e acedumes.

N-un valado de pedra, unha curuxa,
contempra âs sete vellas, fixamente...
Unha d-elas, máis vella —mêstra bruxa—,
parola encol da guerra, quedamente...

Son sete vellas bruxas enruchadas
câl vexigas de porco xa resecas,
ou patacas sumidas, esfoladas,
cando estoupan no lume câl bolecas.

II

Requeridas da mêstra, as sabidentes,
a língoa van ceibando sobr-â guerra

[1135] *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, nº 532, 22 de agosto de 1937.

que leva ô matadeiro ôs inocentes
e deixa na orfandade Nosa Terra.

Con séconas e tréconas, e coartas,
revolven seus pensares nas cacholas,
â ves que, n-unha pedra, dan as cartas
que croben siños de allos e cebolas.

Unha a unha, por lei de xerarquía
eispón as agoirelas d-unha espranza
que fin cumprido —pensan— terá un día
de morte e xusto espolio de vinganza...

III

—Eu xuro—iôs pês d-un Cristo!— que, nas Trêbas,
soñéi que os malfeitores xa finaran,
pendurados, sin ollos nin perfebas,
porque os corvos e abutres ll-os tiraran...

—Pois eu—¡Xesús me falte, se vos minto!—,
diréivos meu soñar na Negra Cova:
¡Soñéi que arderan xuntos Franco ("O Quinto"),
Alfonso ("O Labazado") e "A Caoba"!...

—Han socombire todol-os traidores
â man dos IRMANDIÑOS, sen máis lero;
e seascaso, algún fuxe ôs seus furores,
¡no mundo sofrirá como Ashavero!...

—Non han perdón de Deus nin do seu Fillo,
aqueles que, perxuros, con paliques,
traicioaron as leis e o crucifillo:
¡Militares, curiales e caciques!

—Rexurdirán as grorias da Nai Terra,
câl xurden as nocellas pol-os hortos:
¡Non haberá no mundo xamáis guerra
e acougarán na paz os nosos mortos!

—Non tên, no Verbo, nome tal escándalo
dos feixistas, loyolas e muslimes:
¡Nin nos tempos do astrógodo e do vándalo
relembran as hestóreas tales crimes!...

—¡Maldigamos, ¡irmáns!, por asesiñas
âs Dereitas Traidoras!—, dixo a mêstra...
—¡Eisí sexa!—, respóstanlle as xorguiñas,
siñándose cô indes da sinestra...

IV

Na Costa da Arantiña n-hai agoiras
nin lene rebrilar de vagalumes:

¡As sete vellas bruxas, nas basoiras,
traspôron da outa nuite as negras cumes.

¡Alí —a frebe do noxo â traidoría
dos feixistas, dos cregos e das coiras—,
alcende con máis forza, día a día,
da terríbel venganza sete lumes!...

[4]

¡¡CRISTIALOBOS!!...[1136]

I

Ando buscando sempre unha parola
que teña máis valer que decir: ¡monstro!
unha parola que non sexa: ¡crime!,
unha parola que non diga: ¡noxo!...

Unha parola busco —¡xa fai tempo!—
pra condenal-os crimes dos faiciosos,
pra condenal-os fillos d-unha lumia:
¡os Rómul-Remos —lobos— i-os teutónicos

os que invadindo a Hespaña, traicioneiros,
—¡na Abisinia e na Bélxica vils dougos!—,
non pensaron, côs Xudas Iscariotes,
que os Imperos non campan dos histriónicos!.

II

Non é, ¡non é!, a verba qu-eu arelo,
poider decir, berrándolle: —¡Petouto!—
a quen, poidendo, moito ben facere
fala do vaticán, e... ¡siga o choio!

Ê un algo terríbel que non hacho
no lenguaxe varil dos bardos nosos,
algo máis forte que, a Xehová, chamarlle
—¡Fillicida!, ¡protervo!, ¡paranoico!...

Un algo formidábel, despiadado:
Un ¡ACUSO! ferós, teratolóxico,
como a verba trenante de Isaías
restalando lóstregos apostróficos!...

III

Eu fálovos do crime máis horribre
que non tên comparanza en ningún povo.
¡Algo eisí como un negro catacrismo
sideiral, de espanto mitolóxico!

[1136] *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, nº 535, 12 de setembro de 1937.

Algo eisí como o istinto neroniano
que ollar quixo na entrana que enxendróu,
algo eisí como Herodes degolando
ôs probes inoscentes... ¡por un solio!

Algo eisí como cando Xesucristo
sofréu as vils cuspidas sobr-ô rostro:
¡As gárgolas desfeitas, dos empireos
e dos mares galgantes o balbordo,

soio poden falar de tal vileza,
furacando nos tímpanos dos xordos!:
¡Tornarán as cuspidas da inominia
âs faces espantadas dos seus donos!...

¿A pánica pavura apocalíutica?;
¿o Dioivo enxendrando maremoltos?;
¿o fogo devourando ôs numantiños?;
¡O feixismo, en Guernica, superóunos!...

¡Superóuse o feixismo, asesiñando
de Galiza ôs seus fillos lumiñosos!
¡superóuse na rexa Eistremadura
i en Madride invencíbel dos heroicos!...

IV

Non son de Atila os homes bestizados
oubeando, na Europa, como lobos:
¡Aquéles inda tiñan varonía!:
¡Son os mouros!, ¡os mouros!, ¡¡ison os mouros!!

Son os fillos de... ¡Alá!, ôs que Sant-Iago
—o Nobre Pelengrino, o Dolce Apóstolo—
escorrentóu d-Hespaña, con parábolas,
e, agora, ¡os seus verdugos!, fan arrolos

e as Pilaras espúreas, desleigadas,
que visten de feixistas —imarimonos
e mulas do pesebre contra Cristo!—,
soio arelan seus brazos impetosos...

Son os fillos de Franco e Torquemada
alcendendo as fogueiras dos oprobios:
¡a ruíña d-Hespaña diante ô mundo,
benzoada cô cuspe dos hisopos!.

V

¡Xurdiron, co-a traición, os Anti-Cristos
pra trocar Libertade en Manicomio!:
¡non pensar nin siquera que s-ê xente,
nin gruñar tan siquera como os cochos!

Non ser xente: ¡ser besta de espelunca!...
Non têr verbas nos beizos: ¡sô ferrollos!...
¡A calar!, ¡a calar!, ¡como as Esfinxes!:
¡C-ô silenzo das pedras e dos mortos!...

¡A calar!, ¡a calarse!... ¡que non ouzen!:
—¡Xa volve o Santo Oficio, c-ôs faiciosos!...—
¡Non chorar pol-os deudos, ¡tan siquera!,
nin axuda prestarlle ós probes horfos!...

Non ollar que a Alborada vai chegando
dos Dereitos Demócratas do Povo,
que a Hespaña oferdarán como tributo
os Novos Espartacos xenerosos!...

Mentras chega —¡xa van os Cirineos
co-a Crus da Libertá ceibando promo!—,
¡¡vel-haí têndes a verba que arelaba
pra máis ametrallarvos!! ¡¡¡CRISTIALOBOS!!!...

[5]

LOITO, FEDOR E MEDO[1137]

As rúas de Sant-Iago están fatales
e xa non arrecenden lanzalía:
¡Un bafo de traición e mourería
espállase nos porches e portales!

Cheirumes de faroles e ciriales
—¡a lus da Libertade, santa e pía,
non hai quén a procrame!: ¡naide chía!—,
agoiran novos clans sacramentales...

D-aqueles estudantes, risa e groria
—da xuventú galega executoria—,
nada máis que silenzo soio resta...

E fuxindo na noite máis sombría,
Pondal, Curros Enríquez, Rosalía...,
van dicindo: — ¡Sant-Iago!... ¡¡cómo apesta!!...

[6]

A MARCHA DO APÓSTOLO[1138]

[1137] *Compostela*, nº 3, agosto de 1938. Aparece datado polo autor: «Bós Ars, Xullo de 1937»

Noso omilde Sant-Iago —"O Pelengriño"
de bordón, chapeu amplo i-escravina—,
ausentóuse, magoado, de camiño
car-â terra nadal de Palestina:

Confundíndoo c-un tráxico asesiño
ou garda cevil "â sanxurxina"...
¡vistírono c-un traxe d-albo liño
e puxéronlle ô lombo a carabina!...

Denantes de marcharse ô Tiberiades
—onde fora peixeiro solamente—,
tremecíalle a fala de verdades:

—Vóume a Ourense, ¡Galiza!: ¡Non me chores!...
...Poida ser que outra volta non intente...
¡¡pois non podo vivir antre traidores!!...

[7]

NOVA FULXENTE ESTRELA[1139]

Hai un medo que-espenuxa
pol-a terra de Pondal,
un medo que â xente entala
e non-a deixa chorar:
¡leva o luito inmorredeiro
por nosos nobres irmáns,
que, por amar â Nai Terra,
mataron os lobicáns!
¡Mesmamente semella un enterro
tanto luito no tempo de vran!...

A Fame —nai garimosa
dos farrapos dos sin pan—,
amostra a negra dentamia
como unha besta ancestral,
e vai roubar a semente
—¡tanta fama dîn que hai!—
de patacas, pol-os sucos,
denantes de xermolar...
¡Probe besta que rouba... e redemen
as bagullas que verte, ô roubar!...

[1138]Ibidem. Leva a seguinte dedicatoria: «A DOMINGO MAZA, irmandadamente, / no agarimo â lumiñaria do Oucidente e do / Atlán: SANTIAGO DE COMPOSTELA». Precisamente, o debuxo que acompaña o texto é de Maza. Ademais, o texto aparece datado polo autor: «Bós Ars, Xullo, 1938».
[1139] *A Nosa Terra*, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 425, 28 de xuño de 1942.

Nembargantes, hai no fondo
de tanto medo cerval,
como unha lus arelante
de futura libertá...
¡a libertá que non morre
na entrana do noso chan,
a que cantaron os bardos
sin lle ter medo ô tirán!
¡Libertá prâ GALIZA irredenta
n-un gran día de grórea e de pas!...

De que chegará ese día,
pol-as furnas, fala o mar;
pol-as gándaras e montes,
tamén falan os pinals;
e as fontes, antre soloucos,
preguntan: —«¿Cándo virá...?»;
mais as xentes de GALIZA
fican mudas no agardar...
¡¡porque viron encol de SANT IAGO
outra CAMPUS STELLE brilar!!...

[8]

O REMORSO DO MAR[1140]

I

Morden os cans das ondas n-os cantiles,
encirrados, branqueándolles os chavellos;
i-unha ves, i-outra ves, e centos miles,
van arrincando á terra algúns gadellos.

Morden os cans das foulas n-as quebrantes,
porque o vento Noroés os acaudela;
mais, con verbas terríbels, balbordantes,
seu renome de ceibes acoitela:

—¿Qué fixéstedes vós, dos que afondaron,
¡atados pés e mans!, no voso seo?;
¡de aquéles que isin dó! crucificaron
por tel-o patriotismo máis sereo?!...

Nada âs voces que o crime lles relembran,
os cans enfurescidos fan escoita...
¿Soio síntense as pedras que retembran
i-o balbordo do mar na fera loita!...

II

[1140] *A Nosa Terra*, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 430, setembro de 1944.

Cormoráns e gaivotas, dan ós ventos
seus punxentes agoiros na marisma,
relembrando do Atlán os sufrimentos
diante ós crimes do Feixe e da Mourisma...

Hai bandadas de corvos e miñatos,
como nunca os houbera, n-os pinales:
¡Da traición dos Herodes e Pilatos,
e carniza futura, fan sinales!

Hai un algo que medra pol-o ambente,
unha cousa sotil, baruda e forte...
¡aquela que o patriota n-alma sente
e arrincal-a non pode nin a morte!

Unha ideia de Patria sagrosanta
que n-alma toma corpo, i-é concencia,
e, cal faro fulxente, se axiganta
esbarando pr-ós lobos a sentencia:

¡Unha man que n-as laxes inscritura
outro agóirico MANE, TECEL, FARES,[1141]
e que o mar, ¡Noso mar!, o desfigura,
pouco a pouco, rompendo a sete mares!...

III

N-abondaban pr-ó mar os feros días
de naufraxios, de mortes e tormentas,
senón que as máis nefandas traidorías
asocial-o quixeron, medoñentas,

co segredo máis duro dos segredos
de unha Noite sin Luz, Amor sin Norte:
¡que ós irmáns os Caíns e Recaredos,[1142]
con pedras ó pescozo, deron morte!...

Mais non quixo, ¡non quixo!, c-ós algazos,
mesturar os seus fillos máis queridos,
e por el-o, chorando, n-os seus brazos,
sobordóunos n-as praias e coídos.

Da sentencia pr-ós feros Cristiaxudas[1143]
tampouco tén aguante ollal-as verbas

[1141] NOTA DO AUTOR: «Verbas que, unha man de fogo, escribéu na parede do salón onde estaba facendo unha orxía Baltasar, derradeiro rei de Babilonia».
[1142] NOTA DO AUTOR: «Recaredo, irmán de San Hermenexildo, contra quen induxo ó seu pai Leovixildo —arriáns antramos— pra que o asesiñara, c-ó degaro de herdal-o. Tanto Leovixildo coma Recaredo —conversos logo ó cristianismo— foron dous tiráns da terra galega, coma reis que foron dos godos e suevos, singolaresmente o primeiro. ¡As feras seguen reproducíndose!».
[1143] NOTA DO AUTOR: «Cristián traidor, mistura de Cristo e de Xudas: monstro teratolóxico espritoal».

azanantes, proféticas, sañudas,
que fixeron ás ondas máis acerbas.

¡Non quere tel-a culpa dos ultraxes
de afondaren patriotas no seu fondo!:
¡¡Por el-o, co-as gadoupas, contr-ás laxes,
martela noite e día con estrondo!...

[9]

CASTELAO[1144]

I

Có corazón na destra e o lene ollar moi triste,
con verbo garimoso, de galeguismo cheo,
as súas arelanzas de pensador sereo
na i-alma da Nai Terra, como un druída, viste.

Sinxelo, nobre, cerne, máis bó que pancenteo,
adoura, quere, i-ama canto no mundo eisiste,
e, se poidera, aos lobos que Noso Chan resiste,
as portas redenzoras abríalles do ceo...

Non tén reviravoltas: ¡Tan soio dí verdades!
Seguramente, CRISTO, no lago Tiberiades,
chamáralle discépolo, irmán e nobre artista,

¡pois cando en soaves liñas, imaxens vai prasmando,
paresce que GALIZA n-un "film" fora pasando
pra que os irmáns migrantes a teñan sempre á vista!...

II

...Tal dixen fai des anos... Agora, triste, digo:
—Morréuse CASTELAO, o noso artista esgrevo,
e o corazón, de loito, por meu irmán eu levo,
pol-o sendeiro longo que n-esta terra sigo...

Eu séi que o seu esprito trasmigrador, amigo
—nas outas terras hirtas dos toxos e do acebo,
nas doces veiramares e pol-os vals de trevo—,
atopará a tenrura do maiternal abrigo.

Dos seus outos tesouros xa somos os herdeiros:
"GALIZA MÁRTER", "COUSAS", labregos e peixeiros,

[1144] *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, nº 702, 23 de novembro de 1940. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, nº 1132, 20 de xaneiro de 1951. En *Galicia* (1940) aparece só o primeiro dos sonetos, datado polo autor: «Bos Ars, 8-11-940». En *Galicia* (1951) publícanse ambos, con cadansúa data debaixo: «8/11/1940» e «9/1/950», incluídos nunha páxina de homenaxe na que tamén figuran poemas de Calviño de Castro, Ramón Suárez Pérez, Gervasio Paz Lestón e Ramón D. Villar.

deixáron-nos seu lapis e pénola, ispirados.

Non lonxe da Traxedia do CRISTIALOBO, agora,
por tí, gran CASTELAO, un gran xigante chora:
BOS AIRES... ¡GALICEIBE dos celtas emigrados!...

[10]

AMETRALLADORAS LÍRICAS[1145]
(Epitafios, epigramas y sátiras)

En las Cuevas de Altamira
han encontrado una tira
de la hipertrófica cola
de un enorme "dromedario"
o de un mono de Indranira;
mas, al verla un anticuario,
dijo: "—¡Parece mentira
que no sepáis que es de Mola!

Yace aquí Queipo de Llano,
borracho superlativo
y traidor en mil enredos...
En el suelo sevillano,
el manzanillero activo
¡hizo secar los viñedos!...

De un gran animal las huellas
se hallaron en Villadiego,
y al pisarlas, dijo un ciego:
—¡Ha pasado Cabanellas!...

Del triste mal de San Vito
murió Antonio Goicoechea...
Aquí yace el "probesito"
con su alifate infinito:
¡Todavía se menea!...

La fregona Soledad
—pura grasa y vanidad—,
para lograr un renombre,
regaló una cantidad;
pero, por casualidad,
¡sólo le ha quedado el nombre!

Millán Astray es un vivo
que se hizo, con frases fútiles,
inútil superlativo,

[1145] *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, nº 507, 14 de febreiro de 1937.

¡Director de los inútiles!...

Yace aquí la Soledad
que ha timado a un "yony" zonzo
y, en amores, "colibrillo"...
Ante esta triste heredad,
acuérdate de este responso:
—¡Abotónate el bolsillo!...

Franco se aplica en pincel,
como niña, a las pestañas,
para simular doncel...;
pero el cara de pastel
¡tiene un tigre en las entrañas!...

Con la nariz alargada,
como una sombra esfumada,
por las tierras de Nerón,
anda Alfonso de Borbón...
¡buscando otra bofetada!...

Por las trincheras, a botes,
Farruco Franco (El Falsario)
y cuatro o cinco hotentotes,
al recorrer el osario
de su tropel mercenario
casi hasta el cuello en el agua,
¡al compás del "RELICARIO"
fué pisando los capotes
y recogiendo la enagua!...

[11]

AMETRALLADORAS LÍRICAS[1146]

Si ante un traidor sientes dudas
—reo convicto en el banco—
no lo compares a Judas:
Llámale Francisco Franco!

Desde el vientre de su madre
es traidor de cara y cruz,
pues un **franco** no fué el padre
sino el precio de un compadre:
¡Su padre fué Lerroux!

A Madrid Franco apuntó
para desplumar un Banco...

[1146] *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, nº 540, 17 de outubro de 1937.

¡y el tiro no le salió!...;
pero, Miaja, le cortó
por Navalcarnero a Franco!

Son tres hermanos soldados
y los tres son traidores
de instintos degenerados...
Dos no fueron aviadores,
mas, los tres... ¡están aviados!...

Paco, Ramón y Colás
hicieron la de Don Oppas:
Llamaron tropas y tropas
de tanos, hunos y alás,
pero quedarán sin ropas...
por delante y por detrás.

Le preguntaron a Franco
si le gustaban los grelos
de las tierras de Belchite,
y contestó, yendo al tranco:
—¡Están duros y con pelos!
¡¡No me gusta ese convite!!...

El autor de "VENDIMION"
—para más señas: Mar... Quina—,
dirigía en el "CERVANTES"
un "Presente" (mil bravatas
de un hiperbólico histrión);
pero un ¡ALTO!, con voz fina...
¡le hizo bajar las "remantes"
y salirse en cuatro patas!

Un "Presente" —no era griego—,
en el "CERVANTES", sin pebre,
no le estrenaron a Duyos
—audaz "bercista" gallego
escapado a la Argentina
más ligero que una liebre—,
mas, su asesor, con inquina,
le interrogó, echando fuego:
—¿Quién come, ¡ahora!, estos yuyos?—
Y respondió: ¡Yo, Mar... Quina! —,
el Duyos, junto al pesebre!...

Ha llegado UXÍO MONTES
—horizontal de horizontes,
Alma Negra de FALANJE
y del equívoco atilde—
que, por parecerse a WILDE
—¡"Noli me tangere"... ¡y "tange"!...,
tiene dos caras bifrontes

y, a una, llama Matilde!...

De traición y vilipendio
tiene representación
en las tierras de Colón,
para atizar el incendio,
un frescales tío vivo
y excelente lavativo...
—¡No será P... de Lojendio!...

BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía sobre Antón Zapata García :

Acuña, X. E. (1999): "O Xerminal de Antón Zapata", *A Nosa Terra*, nº 868, Vigo, (4 de febreiro de1999), páx. 30.

Amor Couto, M. (1992): "Antón Zapata García, o compromiso do poeta desde a emigración" e "A obra literaria de A. Zapata", *A Regueifa*, nº 8, páxs. 23-27.

Anónimo (1928): "Un juicio sobre nuestro poeta Zapata García", *Céltiga*, nº 80, (25 de abril de 1928). [Reproduce o artigo sen asinar "El Poeta Mariñán", aparecido en *La Razón*, Montevideo, 1º de abril de 1928].

Anónimo (1974-1989): "Zapata García, Antonio", *Gran Enciclopedia Galega*, Xixón, Silverio Cañada, tomo XXXII, (1974-1987), páx. 247.

Bello Romero, C. (1999): "Antonio Laureano Zapata y García", *Laxe, mirando al mar. Guía turística del municipio*, A Coruña, Venus, páxs. 49-50.

Carballo Calero, R. (1981): *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo, Galaxia, 3ª ed., páxs. 606-608.

Casas, Á. de las (1939): *Antología de poetas gallegos*, Bos Aires, Sopena Argentina, páxs. 166-171.

D[íaz], A. (1942): "Agasajo ao noso poeta Zapata García", *Galicia*, nº 810, (19 de decembro de 1942).

Fernández del Riego, F. (1955): "Zapata García", *Escolma de poesía galega IV. Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia, páxs. 55-57.

Fernández del Riego, F. (1976): "Antón Zapata García", *Antoloxía Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores*, Vigo, Galaxia, páxs. 273-276.

Fernández del Riego, F. (1992): "Zapata García, Antón", *Diccionario de escritores en lingua galega*, Sada, Do Castro, 1992, 2ª ed, corrixida e aumentada, páx. 472.

Finisterre, A. (dir.): *Poesía gallega contemporánea*, México, Ecuador 0º 0' 0" Revista de Poesía Universal, ¿1959?, páx 380-381.

Lanza Álvarez, F. (1953): "Zapata García (Antonio), *Dos mil nombres gallegos*, Buenos Aires, Ediciones Galicia, s/p.

López Fernández, X. (1999): "Zapata García, Antonio Laureano", *Poemas á nai*, Santiago, Edición de autor, páxs. 417-419.

Marqués Valea, X. (1999): "Antonio Zapata García", *A Literatura galega no xornal El Compostelano (1920-1946)*, Santiago de Compostela, Editorial Compostela, páxs. 42 e 198.

Martín Gaite, C. e Ruiz Tarazona, A. [ed.] (1971): "Antón Zapata", *Ocho siglos de poesía gallega. Antología bilingüe*, Madrid, Alianza editorial, páxs.344-347.

Naya, J. (1957): "A Roseira da Soidade. Poesías Galegas. Por Antón Zapata García", *La Voz de Galicia*, (27 de agosto de 1957).

Otero Guldrís, F. (1955): "Un poeta malogrado. El sentimiento de Galicia en Antonio Zapata", *La Noche*, Santiago de Compostela, (22 de xaneiro de 1955).

Otero Pedrayo, R. (1988): "Un Poema de A. Zapata García", *Prosa miúda. Artigos non coleccionados (1927-1934)*, Ed. de Aurora Marco, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, páxs. 83-84. [O artigo fora publicado en *El Pueblo Gallego*, nº 2035, Vigo, 8 de outubro de 1930 e en *Alborada*, nº 64, Buenos Aires, (xuño de 1931).

Torres Regueiro, X. (1990): "Antón Zapata García, poeta do mar de Laxe", *A Nosa Terra*, nº 418, Vigo, (1 de febreiro de 1990), páx. 22. [reproducido en *A Regueifa*, nº 7, 1991, páxs. 10-11]

Torres Regueiro, X. (1992): "Os avatares editoriais de «A Roseira da Soidade»", *A Regueifa*, nº 8, páxs. 28-29.

Varela Jácome, B. (1951): "Antonio Zapata García", *Historia de la Literatura gallega*, Santiago de Compostela, Porto y Cía, páx. 435.

Vilavedra Fernández, D., (coord.) (1995): "Zapata García, Antón", en *Diccionario da Literatura Galega*, vol. I, Autores, Vigo, Galaxia, páx. 625.

Vilanova Rodríguez, A. (1966): "Antón Zapata García (El poeta de las sanas rebeldías)", *Los Gallegos en La Argentina*, vol. II, Buenos Aires, Ediciones Galicia, páxs. 1250-1253.

VV. AA. (1989): "Antón Zapata García", *Gran Enciclopedia Galega, Escolma da Literatura Galega, Poesía II*, Xixón, Silverio Cañada, páxs. 148-149.

Bibliografía xeral

Abellán, J. L. (Ed.) (1976-1978): *El exilio español del 39*, Madrid, Taurus, 6 vols.

Alonso Fernández, B. (1994): *Antón Alonso Ríos. Crónica dunha fidelidade*, Santiago, Laiovento.

Alonso Montero, X. (1981): "Trinta anos de poesía crítica (1936-1966): A protesta de trinta poetas" e "Literatura galega na emigración e no exilio" en *Escritores: desterrados, namorados, desacougantes, desacougados...,* Sada- A Coruña, Ediciós do Castro.

Alonso Montero, X. (1993): *"Manifestos" en verso en favor da poesía civil nos primeiros tempos da posguerra na Galicia da terra e na Galicia emigrante (1939-1962)*, A Coruña, RAG..

Alonso Montero, X. (1991): *As palabras no exilio: biografía intelectual de Luís Seoane*, Vigo, Xerais.

Alonso Montero, X. (1995): *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Alonso Montero, X. (1995): "O libro galego en Bos Aires. Dúas décadas prodixiosas (1939-1959), en VV.AA., *A Galicia Exterior*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Alonso Montero, X. (1996): *Coroa poética para un mártir. 35 poemas á morte de Alexandre Bóveda (1936-1994)*, Vigo, Xerais.

Alonso Montero, X. (1996): "As musas belixerantes do exilio", Prólogo a *Cancioneiro da loita galega*, Edición facsímile, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Alonso Montero, X. (1997): *Os poetas galegos e Franco. Estudio e antoloxía*, Madrid, Akal.

Alonso Montero, X. e Santidrián Arias, V. M. (eds) (2000): *1936: Seoane e os poetas fronte á sublevación*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Axeitos, X. L. (1999): "El exilio gallego sesenta años después", *Ínsula*, nº 627, (marzo de 1999), páxs.8-11.

Barreiro Fernández, X. R. (1982): *Historia contemporánea de Galicia*, A Coruña, Gamma, vols.I-II-III-IV.

Biescas, J. A., e Tuñón de Lara, M. (1989): "España bajo la dictadura franquista (1939-1975)", en Tuñón de Lara, M. (dir.): *Historia de España*, tomo X, Barcelona, Labor.

Blanco Aguinaga, C., Rodríguez Puértolas, J. e Zavala, I. (1981): *Historia social de la literatura española*, Madrid, Castalia, 2 vols.

Blanco Amor, J. (1978): *Exiliados de memoria*, Bos Aires, Tres Tiempos.

Cupeiro Vázquez, B. (1989): *A Galiza de alén mar*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Delgado Corral, C. *et alii* (1999): *Contos e poemas de Manuel Roel, un autor ignorado*, Betanzos, Concello de Betanzos.

Delgado Corral, C. (1999): *Obra en galego de Xesús Calviño de Castro*, Betanzos, Concello de Betanzos.

Dobarro Paz, X. Mª. (1995): "Unha débeda cultural impagable" en VV.AA.: *A Galicia Exterior*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Fernández del Riego, F. (1987): "A cultura galega no exilio", en Díaz Pardo, I.: *Galicia hoy y el resto del mundo*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

González Beramendi, J. e Núñez Seixas, X. M. (1995): *O nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra.

Maceira Fernández, X. M. (1995): *A literatura galega no exilio. Consciencia e continuidade cultural*, Vigo, Do Cumio.

Martínez López, R. (1987): *A literatura galega no exilio*, Trasalba-Ourense, Fundación "Otero Pedrayo".

Méndez Ferrín, X. L. (1984): *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Xerais.

Monteagudo, H. (1996): "Estudio Introductorio" a A. D. Rodríguez Castelao, *De viva voz: conferencias e discursos*, Santiago, Fundación Castelao.

Neira Vilas, X. (1994-1996): *Memoria da emigración, I-II-III*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Núñez Búa, X. (1986): *Vida e paixón de Castelao*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Núñez Seixas, X. M. (1992): *O galeguismo en América, 1879-1936*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Otero Pedrayo, R. (1952): "A República sin leis dos poetas e dos artistas", *Por os vieros da saudade*, Vigo, Galaxia, páxs. 166-173.

Palmás, R. (1978): *A emigración galega na Arxentina*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Paz-Andrade, V. (1982): *Castelao na luz e na sombra*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Peña Saavedra, V. (dir.) (1998): *Repertorio da prensa galega da emigración*, Santiago de Compostela, Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega.

Pérez Leira, L. (1999): *Protagonistas dunha epopea colectiva*, Vigo, Galicia en el Mundo.

Pérez-Prado, A. (1973): *Los gallegos y Buenos Aires*, Bos Aires, La Bastilla.

Porrúa, Mª del C. (1997): *De la restauración al exilio (estudios literarios)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Raña, R. A. (1996): *A noite nas palabras. Unha aproximación á poesía galega de posguerra*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.

Rodríguez Fer, C. (1994): *A literatura galega durante a guerra civil (1936-1939)*, Vigo, Xerais.

Rodríguez Galdo, Mª. X. (1993): *Galicia, país de emigración*, Colombres (Asturias), Fundación Archivo de Indianos.

Rodríguez Galdo, Mª. X. (1992): *Galicia en América*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia / Consello a Cultura Galega.

Sánchez Albornoz, N. (comp.) (1991): *El destierro español en América. Un trasvase cultural*, Madrid, Instituto de Cooperación Iberoamericana.

Santos Gayoso, E. (1990-1995): *Historia de la prensa gallega 1800-1986*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, vols. I-II.

Sixirei Paredes, C. (1992): "O nacionalismo na emigración", *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, páxs. 117-123.

Tarrío Varela, A. (1995): "A literatura galega na Galicia exterior" en VV.AA.: *A Galicia Exterior*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Tobío, L. (1994): *As décadas de T.L.*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Vilanova Rodríguez, A. (1966): *Los Gallegos en la Argentina*, Bos Aires, Galicia, vol.II.

Vilavedra, D., (coord.) (1995-1997): *Diccionario da Literatura Galega*, Vigo, Galaxia, (1995 e 1997), vol. I-II, Autores, Publicacións periódicas.

Villar, M. (1998): *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón. Edición e estudio*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

VV. AA. (1959): *Primeiro Congreso da Emigración Galega. Documentación. Crónicas*, Bos Aires, Nós.

VV. AA. (1992): *Galicia e América. Cinco Siglos de Historia*, A Coruña, Consello da Cultura Galega e Comisionado Director do V Centenario, Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno da Xunta de Galicia.

VV. AA. (1999): *Sesenta anos despois. Os escritores do exilio republicano. Actas do congreso internacional celebrado na Universidade de Santiago de Compostela*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Zuleta Álvarez, E. de (1983): *Relaciones literarias entre España y la Argentina*, Madrid, Ediciones Cultura Hispánica del Instituto e Cooperación Iberoamericana.

Publicacións periódicas consultadas:

Acción Gallega, Bos Aires.

Alalá, Revista da Coral «Os Rumorosos» de Bos Aires.

Alborada, Revista da ABC Partido de Corcubión en Bos Aires.

Calenario Gallego de la Editorial Céltiga, Bos Aires.

Céltiga, Bos Aires.

Centro Social Betanzos, Bos Aires.

Compostela, Bos Aires.

Compostelano, El, Santiago.

Correo de Galicia, Bos Aires.

Despertar Gallego, El, Bos Aires.

Eco de Galicia, Habana.

Eco de Teo, El, Bos Aires.

España Republicana, Bos Aires.

Estudios Gallegos, Madrid.

Fouce, A, Bos Aires:

Galicia, Revista Oficial del Centro Gallego, Bos Aires.

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires.

Galicia, Revista del Centro Gallego, Montevideo.

Lar, Bos Aires.

Lugo, Bos Aires.

Mundo Gallego, Revista de Galicia en América, Bos Aires.

Nós, Ourense.

Nosa Terra, A, Idearium das Irmandades da Fala, A Coruña.

Nosa Terra, A, Boletín do Partido Galeguista, Vigo. [É continuación do anterior]

Nosa Terra, A, Irmandade Galega de Bos Aires.

Opinión Gallega, Bos Aires.

Orensano, El, Periódico gallego. Bos Aires.

Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito. Boletín Oficial, Bos Aires.

Suevia, "Revista Gallega Regionalista", Bos Aires.

Suevia, Bos Aires.

Vivero en el Plata, Bos Aires.

Voz de Galicia, La, Bos Aires.

EXILIO, LITERATURA E NACIÓN

Xoán González Millán
Hunter College/Grad. Center (CUNY)

V. Hugo: *o exilio é vida*.
Ovidio: *o exilio é a morte*

1. O CRITERIO FILOLÓXICO

Dada a relevancia do criterio filolóxico na articulación dos idearios galeguistas dende os iniciais momentos do provincialismo e do rexionalismo decimonónicos, o exilio provocado polos nefandos resultados da Guerra Civil non podía ser alleo a este condicionante; e sen dúbida os usos a que foi sometido este principio polos exiliados galegos constitúe un aspecto fundamental para analizar os esforzos de renovación no ámbito específico das súas prácticas socioculturais. Neste contexto, sobresaen tres referentes: en primeiro lugar, o recoñecemento de co-oficilidade que o galego recibira no Estatuto de Autonomía plebiscitado en 1936; en segundo lugar, a longa, variada e contradictoria praxe sociolingüística das comunidades de emigrantes galegos; e, finalmente, os condicionantes mesmos das sociedades de acollida (que explicarían, por exemplo, a prohibición das emisións radiofónicas en galego en BA). Obviamente, habería que engadir factores adicionais para explicar o dispar comportamento 'lingüístico' dos exiliados: por exemplo, a traxectoria individual de cada un dos persoeiros, antes e durante o período que dura o exilio; a súa identificación cun determinado sector do galeguismo; ou o peso que neles puido exercer o contacto con outros colectivos, sobre todo nas sociedades de acollida.

Está claro que pretender normalizar a situación do galego dende o exilio

ou dende a emigración era pouco menos que un proxecto quixotesco. De aí a insistencia, por parte de moitos dos exiliados, en reivindicar non unha determinada praxe lingüística na práctica diaria en cidades como Bos Aires ou Montevideo, senón a lexitimidade do galego fronte ós vexames, agravios e inxurias a que sometía sistematicamente o réxime fascista os diversos ámbitos de potencial uso do idioma propio na Galicia do interior. Só así se explica a publicación (en galego, francés e inglés) da *Denuncia diante a UNESCO da perseguizón do idioma galego pol-o Estado Hespañol* (1954), que sería presentado a esta institución internacional aproveitando a celebración en Montevideo da súa reunión plenaria; nela enuméranse unha serie de restriccións puntuais, que adquirían unha especial visibilidade no marco daquel frustrado Estatuto de Autonomía no que se recoñecía a co-oficiliadade do galego, e que o Consello de Galiza (1944) establecera como unha das súas referencias fundacionais.[1147]

O exiliado, e Luis Seoane unha vez máis sería unha figura emblemática neste sentido, céntrase, en xeral, na dimensión literaria e na condición de lingua impresa do galego. Alonso Montero (1995) sinala como o galeguismo de Seoane non rexeitaba, nese momento, obras e autores que, noutras circunstancias, algúns, sobre todo dende a Galicia do interior, poderían cuestionar: "Seoane reedita certos textos, galegos fundamentalmente, coa esperanza de que cheguen á Galicia do silencio e do medo, e Seoane publica determinados libros casteláns pensando na intelectualidade arxentina, unha intelectualidade que non sempre vinculaba a Galicia [con] nomes tan valiosos como os de Francisco Sánchez, o Padre Feijoo, Roberto Novoa Santos, Concepción Arenal e outros" (106). Con esta xenerosa ampliación, Seoane, e nisto non actuaba en solitario, establecía uns criterios de canonización para a cultura, e máis concretamente para a 'literatura galega', na que eran aceptados textos como *En las orillas del Sar*, *El caballero de las botas azules*, reeditados ambos en EMECÉ, o primeiro na colección 'Dorna' (1941) e o segundo na

1147.Téñase en conta que nos primeiros anos da década dos coarenta o calendario do exilio galeguista xa xiraba arredor do 28 de xuño, "Día do Estatuto", o 25 de xullo, "Día de Galicia" e o 17 de agosto, "Día dos Mártires".

colección 'Hórreo' (1942).

No caso da "intelligentsia" que lideraba o movemento do exilio galego o abondono ou temporal suspensión do criterio filolóxico como factor determinante nos procesos de representación e apropiación débese a un argumento distinto do da diglosia imperante na Galicia do interior.[1148] E de novo, os proxectos ideados e realizados por Seoane poden servir de guía para entendelo. Na nota de presentación da Editorial Citania, unha das varias concibidas e fomentadas por aquel, explícase que "non se trata dunha empresa interesada en favorecer a este ou a outro núcleo partidista da colectividade, a un ou outro ideal. Trátase dunha empresa que non ten mais programa que o de facer coñecer entre propios e estraños o *espíritu* de Galicia".[1149]

O repertorio publicista de Seoane inclúe os tres poemarios máis distintivos da literatura galega decimonónica (*Aires da miña terra*, *Queixumes dos pinos* e *Follas Novas*); a poesía vangardista, en edición bilingüe (dato moi significativo), de Manuel Antonio, unha antoloxía da producción cancioneril medieval, as *Cantigas* de Macías o Namorado, e a ampla recompilación do *Cancioneiro popular gallego* de Pérez Ballesteros, entre outros moitos. Pero Seoane tamén se esforza por editar textos en castelán: *Los Precursores* e *Don Diego Gelmírez* de Murguía, *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles* e *Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega* de Sarmiento, a *Historia de Galicia* de Vicetto ou os xa mencionados textos rosalianos. Todos eles tiñan como obxectivo demostrar as excelencias do "espíritu" dunha cultura que no país de orixe estaba silenciada e no de acollida sufría as consecuencias do descoñecemento cando non do desprestixio por parte da clase letrada.

O compromiso cun ideario galeguista, mellor ou peor articulado, máis ou menos enxebrista ou cosmopolita, foi un trazo compartido pola maioría dos exiliados e por un sector da emigración que se identificaba progresivamente

1148.É importante subliñar que esta mesma conducta é observable no exilio catalán, e no vasco, como sinalan Riera Llorca e Manent: "escritores que habitualmente dan su producción literaria en catalán han publicado, en el exilio, en castellano" (1978, 191).
1149.Subliñado engadido.

con eles. Outra cousa é que o condicionante lingüístico (o criterio filolóxico) adquirise ou non o protagonismo e a capacidade de lexitimación que viña sendo distintivo do galeguismo dende as Irmandades da Fala. Tratábase, en última instancia, dunha estratexia que debe ser entendida en función dun contexto moi preciso, no que interveñen múltiples factores: non só as complexas e específicas relacións coas sociedades de acollida, xa sinaladas, senón tamén as inevitables tensións entre os grupúsculos políticos e ideolóxicos que se ven desprazados (e desterritorializados) como consecuencia do resultado da Guerra Civil, e cos que os exiliados galegos estaban obrigados a dialogar nos primeiros (e enganosamente optimistas) anos do exilio. Estas interrelacións necesariamente tiñan que condicionar, e incluso determinar, a forma cómo algúns colectivos de exiliados vían a cuestión da lingua.

O peso dunha tradición sociocultural que arrincaba do século XIX e que adquirira plena lexitimidade na década dos vinte, liderada polas Irmandades e polo grupo Nós, recibe un golpe case mortal co franquismo. O exilio recupera un espacio de liberdade, pero mediatizada polas complexas circunstancias que acompañan e caracterizan toda experiencia do exilio. 'Transterrar', en acertada expresión de José Gaos, unha cultura e a lingua que lle serve de articulación expresiva é socioloxicamente imposible, incluso cando se apoia nunha nada inestimable presencia demográfica, como era o caso da Galicia da diáspora latinoamericana. O tipo de actuacións culturais, e sobre todo o repertorio dos títulos que merecen ser reeditados, falan abertamente do interese dos exiliados por dialogar simultaneamente con tres interlocutores ben distintos e perfectamente diferenciados: as comunidades de emigrantes, os distintos colectivos das sociedades de acollida e a Galicia do interior.[1150]

Núñez Seixas ofrece, a modo de apretada síntese, un balance xeral sobre o grao de compromiso do exilio coa restauración e reivindicación da lingua. Recoñece o cultivo do galego na prensa política e na literatura, ámbitos de

1150.A efectividade da comunicación e o eco específico requerirían unha análise polo miúdo en cada caso e situación. Habería que fiar máis fino tamén e precisar exactamente qué modelos e modalidades de recepción se darían nos tres ámbitos sinalados. Queda moito por investigar nesta dirección antes de sacar conclusións xerais.

expresión dos núcleos nacionalistas nas décadas anteriores á Guerra Civil. Os exiliados afortalaran esta liña de actuación multiplicando publicacións periódicas, grupos de actuación política e diferentes proxectos culturais. Aínda así, o cultivo do galego foi esporádico e estivo reducido ás cerimonias de ritualización colectiva, incluso nas institucións e centros mutualistas da emigración. De aí a imposibilidade de completar, en palabras de Núñez Seixas, "la necesaria normativización y normalización social del idioma gallego desde América" (1997, 173); e engade unha observación merecente dunha necesaria matización cando afirma que "los escritores gallegos del exilio, y en general los escritores políticos y publicistas de la época que media entre 1940 y 1970 se caracterizan por una creciente tendencia hacia el diferencialismo, el abuso de vocablos diferencialistas o arcaizantes 'hiperenxebrismos' y la anarquía normativa y ortográfica" (173). A aparente tendencia ó diferencialismo é explicable, en parte, pola inexistencia, á altura da década dos 40 dunha autoridade lingüística capaz de lexislar sobre os diversos aspectos e usos da lingua. Doutra banda, esta caracterización non é aplicable de forma xeral ós escritores do exilio.[1151]

Parece lóxico concluír do anterior que no recurso ó castelán por parte dos exiliados dáse unha dobre lóxica: o recoñecemento da súa deficiente incidencia nas comunidades de emigrantes galegos, especialmente se o facían en galego, e, sobre todo, a posibilidade de 'dialogar' cos intelectuais da sociedade de acollida, como unha estratexia capaz de abrirlle as portas do prestixio á cultura galega, e por conseguinte, ós intelectuais que a representaban. Esta estratexia tería, igualmente, consecuencias positivas para a percepción que a comunidade de emigrantes se formaría da súa propia cultura

1151.Martin de Ugalde no seu estudio sobre a literatura vasca do exilio aporta outra perspectiva para analizar este mesmo fenómeno sociolingüístico, ó sinalar como un grupo de escritores de preguerra:
va imponiendo un rigorismo que con la ventaja de recuperar muchas raíces auténticas trae los inconvenientes de un exceso de celo por lo autóctono que acaso encorseta la lengua demasiado [...] Y es natural que la literatura sin sol y aire que siguió , tanto la que se fue haciendo calladamente en las casas con los modelos a la vista, como la que comenzó a hacerse en la libertad ya desarraigada que fue el exilio, quedase demasiado atada a sus antecedentes, incapaz de una evolución normal y armoniosa. (1978, 243). E Joseph Brodsky salientaba nunha reflexión sobre a condición do escritor exiliado que "exile slows down one's stylistic evolution, that it makes a writer more conservative" (1990, 106).

ó ver como os sectores cultos da sociedade de acollida comezaban a valorar positivamente determinados aspectos dela.

2. AS INSTITUCIÓNS CULTURAIS

Cando o xeneral Franco inicia a sublevación militar en 1936 o galeguismo estaba a piques de ver realizado o seu gran soño: a institucionalización social, e sobre todo cultural, dunha serie de propostas que constituían o eixe dunha extensa serie de reivindicacións alimentadas por unha multisecular frustración colectiva e que eran finalmente recollidas, aínda que de forma bastante insatisfactoria debido ás múltiples negociacións políticas, no plebiscitado Estatuto de Autonomía. A impresión desta nova frustrada experiencia nos galeguistas que sobreviviron a hecatombe provocada pola intervención fascista necesariamente tivo que ser moi profunda, porque o hiato da Guerra era non só político, social ou económico; para Galicia, como para Catalunya e Euskadi, representaba unha regresión especialmente negativa: a eliminación radical, no sentido máis etimolóxico da palabra, de calquera actividade, e incluso tentativa, pública (e privada) relacionada coa articulación das respectivas culturas nacionais.

Non debería estrañar, por tanto, que os exiliados, como xa quedou sinalado, se sentisen na obriga de reivindicar e, se fose posible, restaurar, polo menos a nivel cultural, a carga de memoria colectiva que fixera posible a masiva aceptación do Estatuto aquel espléndido 28 de xuño de 1936. A preocupación de institucionalización cultural dun sector do exiliado galego, liderado fundamentalmente por Castelao e L. Seoane, ten, sen dúbida, nesta vocación restauradora (pero en última instancia, como tantos outros proxectos do exilio, compensatoria) un dos seus alicerces, e en Anxel Casal, no ámbito editorial, un dos grandes e frustrados inspiradores.

O exilio quere presentarse como herdeiro directo dos proxectos galeguistas da preguerra; a denominación dalgunhas das coleccións editoriais creadas por Seoane dan testemuña dun desexo por identificar algúns dos grandes nomes da historia nacional galega, arroupados nunha serie de obxectos emblemáticos, case totémicos ('Mestre Mateo', 'Martín Sarmiento',

'Anxel Casal', xunto a 'Dorna', 'Hórreo', 'Camino de Santiago' ou 'Dolmen de Dombate'). Obsérvase, por tanto, cómo os exiliados, ou polo menos o seu sector máis activo, utilizan ó máximo os espacios socioculturais de que dispoñen para proxectar publicamente un determinado ideario galeguista, caendo incluso nunha inevitable ritualización da memoria histórica, como sucede no Primeiro Congreso da Emigración (1956), que aproveita a ocasión para reivindicar a memoria histórica daquel Banquete que se celebrara un século antes no Conxo santiagués. Cando Carlos Sixirei fai observar que "houbo graves, aínda que non sempre confesadas, desavenencias entre o galeguismo do exterior e do interior" e que "o primeiro, que se consideraba depositario da legalidade republicana, plantexaba programas e actuacións de carácter político que se retrotraían ao 17 de xullo de 1936 prescindindo da Guerra Civil e das súas consecuencias" (1995, 164), parece insistir nesta mesma proxección do exilio galego.

Pero o recoñecemento desta necesidade por articular institucionalmente, aínda que fose a niveis moi baixos, a experiencia do exilio é un dos mellores indicadores de que tamén existía un discurso co que se pretendía lexitimar e facer efectivas as diferentes actividades relacionadas con aquela. En medio dunha enorme fraxilidade social, económica, política e cultural, polo menos nos momentos iniciais, obsérvase un persistente esforzo, nun sector dos exiliados, por cargar da máxima efectividade as puntuais iniciativas que se irían producindo, sobre todo nas dúas primeiras décadas da posguerra. A infraestructura do mundo da emigración coa que se encontran os exiliados é, neste sentido, unha arma de dobre filo: dunha banda, podía servir como canle de transmisión para acadar un eco público que doutro xeito sería moito máis limitado; pero ó mesmo tempo estes organismos básicos de interacción podían actuar como unha rémora para moitas das iniciativas que emanaban da "intelligentsia" exiliada.

No inventario dalgúns dos máis sonados proxectos identificados coa reivindicación da cultura galega sobresaen como feitos puntuais a "Mostra dos libros galegos" en Bos Aires (1948), a experiencia da Agrupación Gallega de Universitarios, Escritores y Artistas (AGUEA) (1956), a creación do 'Teatro

Popular Galego' (1957), a librería-distribuidora "Follas Novas" (1957-64) e os Xogos Florais de 1968. Pero por enriba destes acontecementos sobresae a figura proteica de Luis Seoane, a quen lle debemos un dos proxectos editoriais máis fascinantes na historia do libro galego, un programa de publicacións que era, sen dúbida, un verdadeiro programa político, especialmente na década dos corenta; coa creación de Galaxia en 1951, a actividade editorial do exilio pasaría a figurar máis e máis como elemento de compensación; pero non debe esquecerse que serviu de plataforma para dar saída a libros que, como *A esmorga*, eran excesivamente atrevidos para as axencias da censura fascista. O labor editorial de Seoane debe ser considerado dende varias perspectivas, pero todas elas comparten un desexo por recuperar unha memoria histórica (sometida ó silencio na Galicia do interior) e consolidar un capital cultural e social galegos capaces de paliar as imaxes deformadas asociadas coa emigración galega nas sociedades de acollida, dando a coñecer, mediante a reedición das súas obras, autores e títulos significativos dun mundo cultural no que o criterio filolóxico, como quedou sinalado, quedaba relegado a un segundo lugar.

O exilio galego, e neste aspecto non semella diferenciarse da experiencia doutras comunidades de exiliados, amosa unha preocupación por artellar institucións culturais, unha tendencia que ten a súa orixe, fundamentalmente, no recoñecemento do baleiro que se produce na Galicia do interior como consecuencia do resultado da Guerra Civil. Danse, incluso, duplicacións de iniciativas, sobre todo a partir da década dos 50 (no ámbito do mundo editorial, por exemplo), explicables, en parte, polas persistentes limitacións que lastraban a dinámica das poucas institucións culturais que o réxime de Franco ía permitindo nestas primeiras décadas da posguerra.

Parece existir unha incuestionable afinidade entre os discursos culturais e a experiencia do exilio. Neste sentido, o galego non só non é unha excepción senón que presenta unha tendencia culturista quizais máis intensa ca a doutros ámbitos socioculturais semellantes (o catalán, por exemplo), precisamente polo baleiro político e pola pobre articulación social cos que tiveron que traballar os colectivos galeguistas, interesados en revestir os seus idearios cunha linguaxe

nacionalista, sobre todo a partir das Irmandades da Fala. A industria cultural, e por tanto, os discursos sociais asociados con ela (sobre todo a literatura), foron privilexiados polos exiliados, en gran parte porque moitos dos máis activos proviñan dese medio e formaban parte dunha "intelligentsia" galega que se estaba 'facendo' nas décadas dos vinte e trinta e que ve frustrada a súa biografía intelectual precisamente nun dos momentos críticos (e máis optimistas) para a concreción do seu proxecto, representado pola aprobación do referendo sobre o texto do estatuto de autonomía, que ofrecía, especialmente no ámbito cultural, un horizonte de expectativas inimaxinable un par de décadas antes.

Os exiliados, conscientes de que a cultura galega (representada emblematicamente pola lingua que lle serve de eixe definidor e delimitador) fora silenciada ou reducida ós mínimos polo réxime franquista, impuxéronse como función prioritaria manter viva unha infraestructura mínima que garantise a supervivencia desa mesma cultura. Neste sentido, as comunidades preexistentes de emigrantes serviron, potencialmente, como os receptores necesarios (moitas veces, lonxe da idealidade desexada) para darlle vida e credibilidade á 'cultura' galega construída pola intelectualidade exiliada. O seu esforzo de institucionalización cultural debe ser entendido neste contexto.

¿Que aporta de novidoso o exilio ó proceso de institucionalización cultural que se iniciara na Galicia do interior a finais do século XIX e se desenvolvera no XX ata a Guerra Civil? É esta unha pregunta fundamental para entender a experiencia do exilio galego, non tanto como unha actitude reactiva (fronte á experiencia negativa que está na orixe do exilio) senón máis ben como unha visión pro-activa, que intenta reaccionar pero tamén, e sobre todo, innovar. Os exiliados galegos, e esto obsérvase de forma moi precisa no labor editorial de Luis Seoane, enmarcan a súa actividade no diálogo a tres bandas entre unha determinada interpretación do pasado (histórico), un 'presente' negativo e un futuro 'novo', cualitativamente distinto. A actitude innovadora, dende esta perspectiva, estaba cargada dunha intencionalidade rupturista, de forma especial fronte á experiencia do 'mal histórico' que causara o exilio e contra determinadas interpretacións do pasado sociocultural galego.

Esta dimensión innovadora do exilio faise efectiva por varias vías. En primeiro lugar, o complexo e inevitable diálogo coas sociedades de acollida, pero a un nivel (cuantitativa e cualitativamente) distinto do establecido polo movemento emigratorio precedente, que fai que os proxectos culturais protagonizados polo galeguismo durante o exilio difiran da experiencia migratoria, menos preocupada por 'dialogar' coas sociedades de acollida. En segundo lugar, un sector do galeguismo, sobre todo o representado polos exiliados do Café Tortoni, vai utilizar fórmulas discursivas que ata entón circulaban polas antípodas da súa tradición ideolóxica. Engaden, por tanto, unha linguaxe que, se ben non estaba totalmente ausente no galeguismo da diáspora, carecía do peso específico que adquire coa chegada dos exiliados (de aí a relevancia do difícil, incluso rupturista, diálogo entre o marxismo e o galeguismo na emigración e no exilio).

Para entender esta dimensión innovadora do exilio é de obrigado estudio a dinámica cultural das comunidades galegas de emigrantes e as súas relacións coa cultura da Galicia do interior dende finais do século XIX. Neste marco de actuación hai que ter en conta sobre todo as tensións entre tradición e innovación, entre enxebrismo e cosmopolitismo, e o comportamento dos exiliados no esforzo por facer dialogar ambas tendencias nos diferentes ámbitos xeopolíticos do exilio. Esta tensión tradúcese de forma desigual nos diversos discursos sociais, e incluso dentro do literario, acada nos varios xéneros balances diferentes. É innegable, neste contexto, a incidencia do cosmopolitismo alimentado polas relacións coa clase ilustrada das sociedades de acollida, que obriga ós exiliados a superar unha visión endoxenista (enxebrista) da cultura galega, que tan activamente participara na configuración dos idearios galeguistas ata 1936, e que persistiría incluso en determinados colectivos do exilio. Esta mesma tendencia estará presente nos poucos textos que se publican en galego na Galicia do interior durante a guerra e nos primeiros momentos da posguerra.

Polo apuntado nesta rápida análise das institucións culturais do exilio galego habería que ter en conta os seguintes factores: a especificidade das sociedades de acollida, que axuda a explicar a exploración de determinadas

actividades culturais nuns países e a súa ausencia noutros;[1152] a dinámica sociocultural das distintas comunidades de emigrantes no pre-exilio; o tipo de institucións que crea especificamente o exilio galego, en relación, por exemplo, co exilio catalán ou o vasco no mesmo período; as áreas que privilexian os diferentes colectivos do exilio no proceso de institucionalización da cultura (a do mundo editorial, por exemplo); as relacións entre os proxectos culturais e outras modalidades de organización colectiva (política, social, económica); a evolución dos procesos de institucionalización cultural do exilio ó longo das décadas que dura esta experiencia; os diferentes tipos de axentes que interveñen nestes procesos (escritores, políticos, ideólogos, etc.); e finalmente, as dificultades coas que se enfrontan os exiliados para levar adiante estes proxectos, tendo en conta non só os tipos de obstáculos, senón tamén os axentes e axencias que están na orixe destas dificultades.

3. UNHA NACIÓN DESTERRADA

O exilio sintetiza unha serie de procesos que intentan compensar imaxinariamente o baleiro deixado pola ausencia da realidade sociocultural e política da que foron desprazados os expatriados. De aí a intensificación da dimensión imaxinaria que alimenta moitos dos esforzos realizados polos exiliados, e que pode estar na orixe das acusacións que con frecuencia se lles ten feito de descoñecemento do que estaba a pasar na Galicia do interior, cando no fondo non se trataba máis ca da articulación discursiva dunha 'nación imaxinada' que funcionaba como horizonte de actuación política, social e cultural.[1153]

Entre os idioloxemas que alimentan o discurso do exilio figura en lugar preeminente o da "nación silenciada", que subliña a coincidencia das circunstancias que producen o exilio e as que condenan ó silencio á mesma nación galega. Este novo asoballamento, que adquire unhas dimensións especialmente tráxicas, é interpretado como continuación dunha serie de

1152.Pénsese, por exemplo, nas emisións radiofónicas en galego en Uruguai e a súa ilegalidade na Arxentina.

1153. Non se pode perder de vista que a noción mesma do exilio é un legado do discurso nacionalista dos séculos XVIII e XIX.

imposicións multiseculares por un Estado centralizador que é glorificado polo réxime dictatorial. Varios dos libros e coleccións que reaparecen no exilio están dedicados a enxalzar algunhas das figuras que protagonizaran algúns dos acontecementos de resistencia e que son presentados polos exiliados como os seus "precursores".

A imaxe da "nación desterrada" ocupa tamén un lugar destacado na imaxinería da articulación discursiva da "experiencia" do exilio, que se alimenta dunha dobre "vivencia": dunha banda, o recoñecemento dun forzado desprazamento; pero, doutra, a certeza de que a nación silenciada está emblematicamente representada pola comunidade dos exiliados. A idea mesma de "nación no exilio" incorpora a posibilidade dunha ruptura (desidentificación) entre un espacio nacional e a comunidade que nel habita, que nun momento da súa historia pode verse desprazada del. Tanto as imaxes da "nación silenciada" como a da "nación desterrada" sintetízanse na proxección dunha sociedade "esnaquizada", representada vividamente pola experiencia mesma do exilio en canto resultado e superación (ás veces só imaxinaria e compensatoria) do "mal histórico", é dicir a sublevación fascista de 1936; de aí a identificación plena entre a conciencia nacional e a experiencia do exilio como o mellor indicador da condición esnaquizada da nación.

Esta idea dunha experiencia nacional fragmentada e desarticulada funciona como unha das ideas-motrices dos exiliados no seu programa de "reconstrucción nacional", un proxecto que comezaba a ser articulado precisamente no momento no que irrompe a rebelión militar. Por eso, a imaxe da "nación esnaquizada" adquire no caso do exilio galego un especial relevo porque só en 1936, coa aprobación, o 28 de xuño, do estatuto de autonomía, comezaba a facerse visible, institucionalmente, a construcción nacional galega. Consecuencia directa desta situación é a dobre liña de actuación dos exiliados: dunha banda, a construcción dunha institucionalización nacional que tiña como horizonte o estatuto plebiscitado que nunca chegou a entrar en efecto; e doutra, a reconstrucción dun equilibrio perdido como consecuencia do forzado desprazamento das persoas que lideraran as propostas asociadas co texto do Estatuto.

4. ARTICULAR UNHA CULTURA NACIONAL

Se o exilio galego se enfronta cunha dobre responsabilidade: a de construcción e reconstrucción do ideario nacional, é coherente preguntar cómo se encara a articulación dunha cultura nacional dende o exilio, sobre todo, cando, como no caso galego, os exiliados se enfrontan ó desafío dunha comunidade nacional espallada por diversas sociedades. O exilio esfórzase por demostrar que a súa é a verdadeira producción cultural galega, en base a dous puntos de partida: que na Galicia do interior non se pode producir cultura coa normalidade necesaria, dadas as imposicións sociopolíticas da dictadura franquista; e consecuentemente, e este é o segundo aspecto a ter en conta, os seus productos culturais dificilmente poderían contribuír ó proceso de reconstrucción nacional. Moitas das desavenencias entre os galeguistas do exilio e da Galicia do interior deben explicarse por estas tensións sobre quén tiña a lexitimidade para construír e instituír unha cultura nacional galega. Os primeiros senten unha maior afinidade coas comunidades de emigrantes que nalgún momento se enfrontaron a un proxecto de articulación semellante, sobre todo no que a apoiar determinados proxectos de institucionalización cultural da Galicia do interior se refire.[1154] A diferencia é que o exilio non podía establecer coa Galicia do interior o mesmo diálogo que sostivera o mundo da emigración.

O cuestionamento, dende o exilio, da representatividade nacional do colectivo de intelectuais que quedaron en Galicia ten a súa orixe nas dificultades e obstáculos cos que se enfrontaban os galeguistas do interior, que necesariamente distorsionarían, na opinión dun sector importante de exiliados, as súas actividades e os privarían da necesaria lexitimidade e dos medios necesarios para reiniciar a institucionalización cultural que se aventuraba na década dos trinta, e que o estatuto de autonomía finalmente lexitimaba. En gran parte, as dificultades do diálogo entre a Galicia do exilio e a do interior, unhas dificultades e un diálogo que pasaron por diferentes fases, ten a súa

1154.Varias das institucións culturais galegas, entre elas a Academia Galega, non poden explicarse sen a iniciativa e o apoio da emigración galega.

orixe nesta percepción, pero tamén nos tipos de respostas que os galeguistas do interior ían ofrecendo ós desafíos e ós cambiantes obstáculos erixidos polo réxime franquista. Os altos e baixos deste diálogo constitúen, sen dúbida, un dos capítulos máis atríntes, non exentos do connatural morbo que ofrece este tipo de situacións, para o historiador do exilio, pero tamén para o estudioso da evolución do galeguismo do interior, porque reflicten as tensións entre o imaxinario nacional articulado polo exilio e o que propoñía a intelectualidade da Galicia do interior. Hai que subliñar que en ningún dos dous casos se pode falar de bloques ideoloxicamente homoxéneos e que sobre todo no exilio aparece unha gama bastante ampla de posicións ideolóxicas e diferentes idearios galeguistas.

A re-construccion dunha cultura nacional galega no exilio, como xa foi sinalado, aprópiase do horizonte representado polo estatuto de autonomía e incorpora a vivencia do mal histórico que está na orixe mesma do exilio. Para documentar o peso desta experiencia histórica esnaquizada, como dereito de apropiación do ideario galeguista, non hai máis que lembrar o famoso lamento de Luís Seoane, non exento dun ton acusativo, nas páxinas do número 28 de *Galicia Emigrante* (maio 1957):

> Hace veinte años salimos de Galicia, transcurrieron más de 7.000 días y de 7.000 noches en el exilio, 240 meses, 260 lunas, aproximadamente, contaría un campesino gallego. Con muchos días y muchas noches sumidos en el llanto y en la desesperación, encarcelados en la nostalgia, alentando cada día nuestra fé, haciéndonos duros y fuertes cuando alguno de los nuestros caía, aquí o allá, consumido por la edad o por la enfermedad, en la persecución o quebrada su vida violentamente, también en la persecución [...] Nuestra historia puede ser una historia para ser contada, de fantasmas o de desaparecidos. ([0])

En canto ós axentes que interveñen neste proceso son os mesmos que foran sinalados anteriormente.

É tan importante a experiencia do exilio para a conformación dunha cultura nacional galega que quizais sexa esta a primeira ocasión que ten a

Galicia 'imaxinada e desexada' de constituírse e instituírse en cultura 'nacional'. Varios dos proxectos lanzados polo exiliados dan testemuña deste fenómeno. Hai que ter en conta, como foi sinalado anteriormente, que o exilio iníciase para moitos dos que loitaran nas filas do galeguismo só uns meses despois de ter sido aprobado en plebiscito un texto que lle recoñecía a Galicia a súa identidade propia dentro do marco do Estado da República.

Neste esforzo por reivindicar un determinado imaxinario nacional no exilio, e por lexitimar a institucionalización dunha cultura nacional galega, os seus protagonistas botan man dunha serie de instrumentos: os varios discursos sociais, entre eles o literario; as publicacións periódicas, seguindo nisto unha ben asentada tradición cultural da emigración; a inspiración do estatuto de autonomía, ó que se alude con frecuencia nas loitas de reivindicación dos exiliados; e a recodificación do galeguismo nado da experiencia da emigración por parte dos exiliados, que o restitúan noutros parámetros.

Aínda así, hai que ser comedidos para non caer en falsos panexíricos nin nun paralizante discurso axiolóxico. As seguintes palabras dun estudioso da emigración, Núñez Seixas, poden servir de útil muro de contención, con algunhas necesarias precisións:

> La producción cultural del exilio fue importante cualitativamente en cuanto sirvió para mantener el legado de la tradición política galleguista de anteguerra. Sin embargo, encontró numerosos problemas para asentarse sobre un mercado cultural que en buena parte era inexistente: de ahí la inestabilidad frecuente de las empresas editoriales, la falta de ventas de los libros que atenazaban cualquier posibilidad de consolidar una producción cultural mínimamente visible, y el frecuente recurso tanto a a las reediciones de clásicos como a la edición de libros en español sobre temas gallegos, destinados sobre todo a un público sudamericano o de hijos de emigrantes gallegos. (1997, 173)

5. LITERATURA NACIONAL

Moitas das observacións feitas máis arriba sobre as estreitas relacións entre a experiencia do exilio e a conciencia nacional son igualmente aplicables á

articulación nacional dun determinado sistema literario, estea este plenamente desenvolto ou en proceso de institucionalización, como era o caso do galego antes da Guerra Civil. Entre 1920 e 1936 os avances foran tantos e tan enriquecedores que todo parecía presaxiar, finalmente, un rápido desenvolvemento da cultura galega: o multiforme labor das Irmandades da Fala, as mostras dun novo vigor intelectual da man de revistas como *A Nosa Terra* e *Nós*, a institucionalización do saber académico representado polo Seminario de Estudios Galegos, a visión e o entusiasmo editorial dun Anxel Casal e a decisión de traducir politicamente o ideario galeguista coa fundación do Partido Galeguista, formaban parte dun proceso coroado pola aprobación do Estatuto de Autonomía aquel case mítico 28 de xuño. A eliminación de todas estas axencias polo franquismo, nas que intervirán tan activamente moitos dos que en 1936 quedarían proscritos, axuda a explicar o enorme esforzo por instituír nos primeiros anos do exilio unha infraestructura sociocultural mínima, á que se aludiu anteriormente.

É xa un tópico falar da pobreza cuantitativa e cualitativa da producción literaria galega durante a Guerra Civil e na primeira década da posguerra na Galicia do interior en contraste co programa editorial do exilio. O certo é que naqueles difíciles anos de silencio e represión calquera mínimo esforzo de producción editorial en galego fose no exilio ou na emigración facilmente superaba o case inexistente repertorio de títulos publicados na Galicia de Franco. Maceira Fernández sintetiza esta situación cun oportuno xogo de palabras: "Nunca irá mellor, que para o caso galego, a máxima de que non cómpre falar da literatura do exilio, senón do exilio da literatura. Por moito tempo, a liberdade creativa, a riqueza vital e o universalismo literario estivo representado polas letras do desterro" (268).

O exilio, como quedou sinalado, non só mantén o alento nacionalista da preguerra senón que intensifica, polas mesmas condicións en que se desenvolve a experiencia dos exiliados, a conciencia nacional, incluso cando determinadas condicións e esixencias lles demandan unha certa flexibilidade na aplicación do criterio filolóxico.A idea dunha tradición literaria propia, autónoma, queda perfectamente recollida no programa editorial liderado por L.

Seoane, coa publicación, xa referida, dos grandes da literatura rexurdimentista (Rosalía de Castro, Curros e Pondal), pero tamén do vangardista Manuel Antonio, xunto co famoso repertorio da literatura popular preparado a finais do século XIX por Pérez Ballesteros; un corpus no que non podían faltar unha escolma da *Poesía gallega medioeval de los siglos XII al XV*, así como as *Cantigas de Macías O Namorado, trovador gallego del siglo XIV*. Todas estas publicacións saen do prelo entre 1940 e 1943, como anticipo dunha serie de títulos inéditos que verían a luz en anos posteriores. Convén non perder de vista que os tres clásicos do Rexurdimento gozaban dunha especial proxección no mundo da emigración galega, incluso biográfica no caso de Curros.[1155]

Pero se a literatura galega (en galego) atrae a atención inmediata dos intelectuais do exilio, que actúan coma se se sentisen apremiados por elaborar unha tarxeta de presentación que lles facilitase unha rápida identificación fronte ós diversos colectivos ós que potencialmente ían dirixidas as publicacións, os exiliados tamén necesitaban diversificar a súa oferta para iniciar un diálogo activo coas clases letradas das sociedades de acollida. A estas vai dirixida fundamentalmente a reedición dalgunhas obras de Sarmiento, Feijoo, Murguía, Vicetto, Pardo Bazán ou Valle-Inclán, todos eles publicados tamén nos primeiros anos do exilio.

Seguiríanlle ós textos reeditados os títulos literarios dos mesmos exiliados ou dos escritores da Galicia do interior que precisaban da infraestructura editorial de alén mar para ver publicada a súa obra. Algúns dos textos máis significativos da posguerra.o caso de *A esmorga*, terían esta orixe. Desafortunadamente, a recepción de moitos deles nas costas galegas foi, cando menos lenta e dificultosa, se nos fiamos das testemuñas da época; unha circunstancia que sen dúbida privou ó deficiente sistema literario galego daquel momento da interacción textual tan necesaria para a súa dinamización.

Gustaríame formular aquí, aínda que só sexa como hipótese de traballo,

1155.Sería interesante comparara este proxecto de reedicións dos 'clásicos' galegos con proxectos de reedición semellantes noutros períodos da Galicia contemporánea, para comparar as diferentes funcións que cada época lles asigna a estas reedicións. Documenta, por exemplo, Maceira Fernández como "baixo o patrocinio de Xosé Calviño Ozores, apareceron uns libros de exquisita e luxosa edición sufragados xenerosamente por este arquitecto; estes textos

a imaxe do exilio como un intento por emular o vigor rexurdimentista do século do século XIX. En defensa desta proposta pódense utilizar os seguintes datos e observacións: a reedición entusiasta dos textos clásicos do Rexurdimento decimonónico, en claro contraste, por exemplo, cun entusiasmo moito máis limitado do programa reeditor do exilio catalán, que só publica a Verdaguer, entre os autores do XIX; a persistencia dunha profunda tradición cultural–e máis especificamente literaria–na emigración galega que arrinca directamente da obra dos galeguistas do século XIX; a cuestión do criterio filolóxico por parte dos exiliados pode ser analizada a través da óptica do comportamento dos intelectuais do século XIX, quen, comprometidos coa causa galega, botan, sen embargo, man dos dous idiomas (galego e castelán) para defender unha mesma causa (o modelo, por exemplo, de Murguía, máximo representante e defensor da cultura galega, e sen embargo, cunha obra case exclusivamente en castelán: reedítase o seu *Los precursores)*; cando Seoane alude a Rosalía, Curros e Pondal como 'precursores' faino tendo en conta a súa prefiguración do que os intelectuais do exilio tiñan en mente como modelo a seguir;[1156] finalmente, o Bos Aires do exilio galego, esa "Galicia ideal" da que falaba Castelao, amosa algúns paralelismos coa Galicia urbana de finais do XIX: en ambos espacios socioculturais se dá unha clase social alta que fala castelán e descoñece ou despreza o galego e o mundo cultural nel representado, un grupo de intelectuais identificado coa reivindicación da cultura autóctona e unha gran maioría da poboación galega que vive allea a este proceso reivindicativo.

Xa queda insinuada a condición privilexiada da literatura entre os discursos máis utilizados polos galeguistas exiliados. Era lóxico que a literatura adquirise nas primeiras décadas do exilio a relevancia e o protagonismo de que gozaba en Galicia antes de 1936: a galega era ata ese momento unha cultura fundamentalmente filolóxica.Non só se exilian as ideas, tamén se forza a exiliarse unha lingua e a cultura por ela representada. Hai que ter en conta, como sinala Martín de Ugalde (1978) para o caso vasco, que algúns persoeiros

centrarán a atención na antoloxía dos grandes poetas do século pasado [XIX]" (46).

1156. Quizais o primeiro gran '[auto]exiliado' da Galicia moderna fose Curros Enríquez, con quen Seoane e algúns outros manteñen certas semellanzas (o recurso á poesía cívica, por exemplo).

se viron obrigados a exiliarse pola súa condición de "escritores" vascos. Unha observación parecida fan Riera Llorca e A. Manent (1978) sobre o exilio catalán.

Un capítulo importante do estudio sobre a dinámica do discurso literario no exilio, no contexto do esforzo publicista aludido, é o da incidencia da experiencia do exilio sobre as condicións de producción, distribución e recepción dos textos literarios, sobre os seus distintos aspectos temáticos, formais e xenéricos. Estas cuestións só poden ser respondidas se se ten en conta a evolución mesma da experiencia do exilio galego, e os trazos específicos de cada unha das comunidades nas diferentes sociedades de acollida, para ver cómo se vai transformando a producción cultural, e máis particularmente a literaria. A incorporación dos autores da Galicia do interior ó programa de producción literaria do exilio, sobre todo a través das revistas, pero tamén de publicacións monográficas, constitúe o outro aspecto salientable na constitución do discurso literario galego no exilio.

6. DELIMITACIÓN DA LITERATURA GALEGA

Unha cuestión que semella enganosamente clara e precisa é a relacionada cos criterios de delimitación do corpus literario do exilio. Para uns, Maceira Fernández por exemplo, será a literatura feita e/ou publicada polos exiliados a partir do remate da guerra (12). Inmediatamente xorden, como recoñece o mesmo estudioso, os casos liminares: a figura de Blanco Amor, pero tamén a literatura escrita en Galicia e publicada nas editoriais e revistas do exilio. Unha distinción importante, e que os mesmos exiliados se encargaron de subliñar, é a que marca as diferencias entre a literatura do exilio e a da emigración, dous corpus que, se ben comparten moitos aspectos, tamén difiren noutros. Tamén adquire unha inevitable relevancia o criterio filolóxico, xa analizado, e os problemas relacionados coa delimitación cronolóxica do exilio: ¿qué facer, por exemplo, coas obras iniciadas antes da Guerra e publicadas no exilio? ¿Ou a producción literaria comezada durante o exilio pero publicada moitos anos despois de ter desaparecidas as circunstancias que o orixinaron?

Estas deliberacións previas poñen de manifesto o terreo movedizo no que entramos cando se trata de configurar o corpus literario dun exilio como o

galego, e se intenta dar resposta ás cuestións que deben ser formuladas en relación cos criterios pertinentes: a taxonomía utilizada ("expatriados", "emigrados", "exiliados"), o lugar de publicación do texto, quén son os seus receptores primarios, a magnitude da diferencia entre a sociedade de procedencia e a de acollida, especialmente en relación coa cuestión lingüística, e logo está un tema fundamental, o da tradición literaria na que o escritor exiliado quere inscribir a súa obra.

7. HISTORIA LITERARIA GALEGA

As notas anteriores levan a preguntarse cómo se interpreta a historia (ou a tradición) literaria galega no exilio, noutras palabras, cal é a imaxe que o exilio se fai da literatura anterior a 1936. É probable que a experiencia dos exiliados teña lexitimado, cunha especial intensidade, a soberanía da tradición literaria galega, como mecanismo de autolexitimación da cultura que eles representaban. Hai que ter en conta que a condición de exiliados lles viña imposta, en gran medida, pola súa identificación cun ideario galeguista, e que neste a dimensión literaria era dunha especial relevancia. Certamente, non todos os exilios presentan un mesmo énfase na tradición literaria nacional. No caso do exilio galego o escritor debátese entre a tradición autóctona e a da sociedade de acollida; pero ten outra opción, a dunha distintiva tradición configurada pola experiencia previa da diáspora. Seoane e outros autores demostran no seu labor persoal o esforzo por facer dialogar estas tres tradicións, obviamente con desiguais resultados. O mencionado recurso á reedición dos poetas do rexurdimento decimonónico adquire unha especial vixencia neste contexto, porque os exiliados, como foi indicado, ven neles unha posible fundamentación da súa propia tradición dentro do galeguismo.

A crecente bibliografía existente permite conxecturar cada vez con máis razón que a literatura do exilio constitúe un dos capítulos máis importantes no longo e difícil proceso de articulación do sistema literario galego dende o rexurdimento. A aprobación do Estatuto de Autonomía estivo a punto de significar un salto cualitativo no ámbito do discurso literario entre un campo condicionado por amplas deficiencias a outro plenamente instituído, porque

facilitaba, por primeira vez, un grao de institucionalización cultural sen precedentes na Galicia moderna. O exilio supón unha ruptura, un desmembramento múltiple, e un silencio na Galicia do interior que lle fai dicir a Alonso Montero:

> Trátase neste decenio (de 1936 a 1945), de moi poucos textos, tan poucos que pode afirmarse que neste período non existe, en Galicia, discurso literario en galego, discurso entendido como continuación do traballo, dos esforzos e da conciencia dos escritores e dos políticos anteriores á Guerra Civil. Prodúcese, pois, un hiato na historia do galego escrito, hiato particularmente grave porque durará de 1936 a 1951 (grosso modo) e porque se inicia días despois dun momento rico en esperanzas e proxectos. (1995, 102-103)

Pero ¿cómo se ven a si mesmos os escritores exiliados en relación coa tradición literaria anterior á Guerra e coa que, en medio de múltiples dificultades, trataba de emerxer na Galicia do interior nos anos duros da posguerra? Obsérvase un esforzo por asegurarse unha presencia (imaxinaria, se se quere, como tantos outros esforzos individuais e colectivos do exilio) no país de orixe, é dicir, un lugar na reconstrucción do sistema literario galego; as tensións coa Galicia do interior e incluso con determinados colectivos da emigración poden explicarse, en parte, polo desexo de distanciarse deles e así reivindicar e lexitimar un nicho propio para a súa obra, erixíndose no "paradigma" dunha literatura galega escrita en liberdade. Aínda así, o escritor exiliado ten que se enfrontar á unha realidade inevitable: que a súa propia producción, a nivel individual e colectivo, está condicionada polo peso que sobre ela exerce unha clara conciencia do "mal histórico".

8. XÉNEROS E POÉTICAS

O desenvolvemento dos xéneros constitúe un dos apartados máis significativos na reflexión sobre a literatura galega do exilio. O tema é moito máis amplo e complexo do que, en principio, insinúan os manuais tradicionais sobre as formas literarias. Figura en primeiro lugar, a dinámica mesma dos

xéneros e a súa representación no corpus do exilio. Neste sentido, hai que subliñar que, en maior ou menor medida, con máis ou menos calidade estética e vigor innovativo, tódalas formas xenéricas están representadas, e que o exilio aporta ó sistema literario unha consciente vocación de renovación, sobre todo na poesía e no teatro, aínda que o eco social deste último en canto a representacións fose moi limitado, por non dicir case inexistente. María Campillo (1999) tamén sinala para o exilio literario catalán o desequilibrio que se produciu entre os xéneros en relación coa dinámica literaria de preguerra, e que remataría basculando en favor da poesía e do ensaio; Riera e Manent (1978) engaden a esta lista a narrativa breve. Na literatura vasca pasa algo semellante; o dato máis chamativo neste segundo caso é a quebra total do xénero teatral, tan dinámico durante os anos da República. Nas tres literaturas sinaladas, e esto é incluso máis detectable na galega, o protagonismo asignado á poesía no exilio hai que relacionalo coa herencia da tradición literaria de preguerra, na que a lírica chegara a ocupar dende mediados do século XIX un indiscutible protagonismo.

A publicación dalgunhas escolmas concédelle á forma antolóxica un decidido protagonismo como canle dialogante do discurso literario galego con outras literaturas (representado por *Poesía inglesa e francesa vertida ó galego* (1949) de Plácido Castro, L. Tobío e Delgado Gurriarán), como instrumento de recuperación e lexitimación dos momentos fundacionais da literatura galega (como exemplifica a antoloxía que Seoane prepara co título de *Poesía gallega medieval de los siglos XII al XV*), como mostrario dunha cultura poética galega bilingüe (A voluminosa antoloxía *Poesía de Galicia* (1969), editada por "A. Finisterre", unha escolma que quería ser representativa de 60 anos de poesía, na que se inclúen poemas en castelán e galego); e finalmente como referendo do ton cívico e social que funcionaría como denominador común de varios proxectos poéticos do exilio (o caso de O *Cancioneiro da loita galega*, publicado polo Partido Galeguista en 1943). Neste apartado teriamos que incluír tamén o *Recital antolóxico da poesía galega dos séculos XII ao XX* (Centro Galego de Bos Aires, 24 de xullo de 1956), dirixido e glosado por E. Blanco Amor.

A aplicación do criterio filolóxico á dinámica dos xéneros no exilio non

pode ser feita cos criterios utilizados na Galicia do interior. Unha lectura diglósica da obra literaria de L. Seoane, por exemplo, só engadiría elementos de deformación para unha comprensión xeral da súa obra individual e da producción literaria do exilio no seu conxunto. O exilio latinoamericano impoñía, loxicamente, unha serie de condicionantes lingüísticos: dunha banda, unha prolongada ausencia do ámbito autóctono, que privaba da normalidade necesaria ós actos mesmos da fala; doutra, o peso sociolingüístico das sociedades de acollida, sobre todo cando, como no caso de Bos Aires, Montevideo ou México, comparten un alto grao de afinidade coa lingua ou linguas do escritor exiliado. Como documenta Helena González, "a influencia do receptor é determinante no traballo ensaístico e teatral [de Seoane], pois concibe ámbolos dous xéneros desde a urxencia de comunicar, por iso se acomoda á súa lingua, mentres que na poesía prima a función estética sobre a comunicativa e, xa que logo, ten vocación de permanencia" (1994, 84).

Certo que non é difícil nin imprevisible atopar unha visión crítica unida a unha persistente denuncia social na literatura do exilio. Pero esta inevitable conciencia sociocrítica, dura, ás veces dolorosamente sarcástica, veuse arroupada en moitos casos por unha decida vocación innovadora. O grito de "¡Abaixo o Cancioneiro da Vaticana!" no Primeiro Congreso da Emigración, proclamado por Lino Pérez, un dos asistentes, só insiste nunha cara da moeda, na ruptura cun formalismo medievalizante que era cultivado na Galicia do interior; a outra cara é a dun poemario tan complexo como *Lonxe* de Lorenzo Varela. Como precisa Maceira Fernández, non pode falarse de "postulados revolucionarios ou vangardistas", senón dun desexo por buscar "a innovación e a modernidade, sen caer en estridencias experimentalistas, incorporando elementos das vangardas literarias" (269). En termos xerais, a obra literaria dos exiliados pertencentes ás catro linguas do Estado, ó longo das dúas primeiras décadas da posguerra, foi superior, en riqueza discursiva, á publicada baixo o réxime fascista.

9. A FORMACIÓN DUN CANON

Para completar unha visión de conxunto sobre a contribución do discurso literario á experiencia do exilio galego habería que considerar dous últimos aspectos: a formación dun canon do exilio e a interpretación e recepción deste corpus. O acceso a estas dúas cuestións, como a tantos outros aspectos relacionados coa experiencia do exilio, non é doado. Nestas últimas liñas da exposición só se salientan algunhas áreas de investigación que reclaman unha urxente atención.

En relación coa cuestión canónica, unha primeira liña de análise xira arredor da resposta do propio exilio ó canon literario galego establecido antes da Guerra Civil, noutras palabras, trataríase de ver cómo a mesma experiencia do exilio condiciona a predilección por determinados autores, textos e xéneros do corpus literario galego, e en qué medida a reedición dalgúns textos é un indicador da incidencia do exilio na súa canonización e lexitimación. Era inevitable que a experiencia do exilio impuxese un determinado tipo de lectura sobre a tradición literaria precedente e determinase, dalgún xeito, a súa proxección canónica. Pero tamén queda no aire a pregunta sobre a formación dun canon específico da literatura do exilio galego, unha cuestión que está lonxe de gozar do perfil e da delimitación desexables, como o está igualmente o estudio da integración do subcanon do exilio no canon xeral da literatura galega e a aportación específica do primeiro ó segundo.

Finalmente, e en directa relación coa cuestión da formación do canon, hai que situar o tema da interpretación e recepción do corpus literario do exilio. E as preguntas, unha vez máis, multiplícanse: ¿en qué medida, por exemplo, a valoración mesma da experiencia do exilio condicionou os tipos de interpretación que se teñen feito da literatura producida polos exiliados? Obsérvase, por exemplo, un claro contraste entre a case inevitable tentación axiolóxica duns e as reservas feitas polos que distaban de compartir os seus enfoques políticos e ideolóxicos. Neste sentido, habería que contrastar as diferencias interpretativas aplicadas ó mesmo corpus literario por tres colectivos tan diferenciados como as comunidades da emigración, os diferentes grupos de exiliados e os galeguistas da Galicia do interior.

¿Cómo se debe interpretar a literatura galega do exilio, e a experiencia

sociocultural e política que a fundamenta? Non é difícil concluír desta exposición que as respostas poden (e deben) ser formuladas dende perspectivas múltiples e complementarias, para poder identificar os puntos de incidencia nos que converxen os axentes que interveñen na producción, distribución e recepción dos textos literarios.

É grande (e irresistible) a tentación a rematar esta exposición con dous manifestos, que teñen moito de autobiográficos, pero que sintetizan a complexidade do discurso que os galegos exiliados quixeron articular para entender mellor a súa experiencia do "mal histórico". O primeiro é da autoría de Seoane, quen lle confesa a un dos seus interlocutores predilectos, Carlos Maside, con resignada tristura a principios dos cincuenta: "Ahí trabajais y vuestro trabajo aún en silencio tiene destino, nosotros si lo hacemos ya no tenemos un pueblo con el que comunicarnos y entendernos" (carta de 1952). O segundo pertence ó soneto "Veño" de Celso Emilio, redactado en 1968, no que lemos: "Non sei si son feliz ou desgraciado/nin tampouco si estou ledo ou tristeiro/Soio sei que me sinto un estranxeiro/un home de cotío desterrado/dun remoto país fermoso e triste/que aínda non sei si de verdade existe".

BIBLIOGRAFÍA

Alonso Montero, Xesús (1995): *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Axeitos, Xosé L. (1999): "El exilio gallego sesenta años después", *Ínsula*, nº 627, páx.8-11.

Brodsky, Joseph (1990): "The Condition We Call 'Exile'", en Glad, J. (ed.): *Literature in Exile*, , Durham and London, Duke Univ. Press, páxs.100-130.

Campillo, María (1999). "La literatura catalana en el exilio", *Ínsula*, nº 627, páxs.12-3,16.

González Fernández, Helena. (1994): *Luís Seoane: vida e obra*, Vigo, Galaxia.

Maceira Fernández, Xosé M. (1995): *A literatura galega no exilio, Consciencia e continuidade cultural*, Vigo, Edicións do Cumio.

Núñez Seixas, Xosé M. (1997): "Idioma y nacionalismo en Galicia en el siglo XX, Un desencuentro histórico y diversos dilemas en el futuro", *Revista de Antropología Social*, nº 6, páxs. 165-191.

Riera Llorca, Vicenç e Manent, Albert. (1978): "Literatura catalana en el exilio", en Abellán, J. L. (coord.): *El exilio español de 1939*, t. VI (*Cataluña, Euskadi, Galicia*), Madrid, Taurus, páxs.157-215.

Recibida su carta ruego sepa disculpar el que haya dejado pasar tantos meses sin contestarla. Recuerdo perfectamente su nombre por las veces que tanto a mi marido como a mi hermano oí hablar de Ud., y no he dudado un instante de la sinceridad de su sentimiento al pensar en ellos. Si algún consuelo puede haber en un dolor tan grande como el mío, es el de saber, que los que se dieron cuenta de su sacrificio no los olvidan. Todavía dos días antes de su muerte, mi marido, volviéndose a un amigo, le dijo: "¡Cuánto he sufrido por todos los Españoles!". Esta verdad tan grande fue la que acabó con su vida, deshecha a fuerza de tanto como padeció, y para que nada le faltara en un martirio como el suyo, tuvo que llegar a conocer lo ocurrido a Cipriano, para que su calvario fuera mayor todavía. En fin, sobreponerse al dolor de su falta, cuando además ha quedado grabada en mi alma toda esa última temporada de sufrimiento, es casi imposible, solo cuando pienso en mi hermano, me creo obligada a ser fuerte y vivir. Esperemos que llegue pronto el día de abrazarle para juntos llorar a quien ya no tendremos más.

Cuando recibí sus afectuosos renglones, sin recordar yo el arreglo que mi marido tuviera con la editorial al hacer su traducción, y perdido en nuestra casa de la zona ocupada de Francia todo su archivo, no tenía ni un papel que me pudiera indicar lo de no cometer yo algún error, ya fuera con la editorial, o los herederos del autor del libro; escribí entonces a España para que mi familia consultara a mi hermano que seguramente habría de tener mejor memoria, y esperando esta respuesta se han pasado los meses, hasta que al recibir la carta de Ricardo Baeza, y dando por hecho de que se trataba de la misma editorial de que Ud. me había enterado, recurrí al amigo Alfonso Reyes, ya que el consultarles a Uds. todos estos escrúpulos míos, era perder más tiempo, y a él le tenía aquí. Una vez que me contestó que cuanto yo pensaba estaba bien, y que podía dar mi autorización tranquilamente, decidí esta mañana poner un cable a Baeza, con encargo de que se pusiera en relación con Ud., puesto que fue el primero en hacerme llegar esa petición, y con quien yo involuntariamente he quedado tan mal. Ya saben pues, que están autorizados a publicar la traducción de la *Biblia en España* y la de *Los gitanos en España* que Ricardo Baeza también me indicaba, estando de acuerdo igualmente con las condiciones que Uds. ofrecen[1166].

Nuevamente le ruego sepa perdonarme, lo que del todo no ha sido culpa mía sino de las circunstancias. Y cuente desde ahora con mi sincera amistad, en la seguridad de que, para mí, no hay mejores amigos, que los que como Ud. le quisieron y admiraron en vida, para guardarle, desaparecido ya, la emoción y el respeto que él se merecía, y yo tanto agradezco. Suya afma.

Dolores de Rivas Cherif
Vda. de Azaña

[1166] Ambas as dúas son obras do escritor británico George Borrow (1803-1881), traducidas ó castelán por Azaña en 1921 e 1932, respectivamente.

LUIS SEOANE: "ET IN ARCADIA ILLE"

Ana Mª. Galego Gen
Ignacio Mascuñán Freijanes

A comunicación que presentamos hoxe perante vostedes tenta analiza-la visión que Luís Seoane tiña de Galicia dende a súa condición de exiliado en Bos Aires. Para facer esto baseámonos, dun xeito moi amplo e xeral, nunha obra poética deste autor, *Na brétema, Sant-Iago*, publicada en 1956 no seu exilio arxentino. É dicir, pensamos que as páxinas desta obra poden servir como trampolín para pescudar cal era a concepción de Galicia, da súa historia e dos seus problemas, que tiña Luís Seoane. Así mesmo, quixemos incidir no que nesta concepción seoaniana influíu o seu exilio.

Imos comezar a nosa comunicación cunha breve reseña do contido de *Na brétema, Sant-Iago,* aínda que supoñemos que moitos de vostedes teñen lido esta obra tan representativa do carácter do seu autor. O libro comeza, á parte da adicatoria á súa dona, Maruxa, cun "Limiar", no que expresa a súa intención de recupera-las súas lembranzas de Santiago de Compostela. Como di Luís Seoane: "O que quixen facer... é transfigurar as miñas lembranzas composteláns en algo que non tivese presente, o que foi meu presente e que garda a memoria". É dicir, dalgún xeito *fixa-la lembranza* e, de ser posible, transformala en mito, xa que pouco máis adiante aclara: "Istes poemas son coma lendas inventadas a proposito de rúas, de moimentos, de prazas"[1167].

Logo do "Limiar" aparece un conxunto de vintecatro poemas, dos que os textos primeiro e último, "Desterrados" e "Cabo" funcionan como principio e fin da "estructura circular" á que se refire a profesora González[1168]. Tanto o

[1167] SEOANE, L. (1994): *Na brétema, Sant-Iago* (ed. facsimil, reproduce a primeira de Ediciós Botella al Mar, Bos Aires, 1956. Engade unha "Presentación" de Francisco Fernández del Riego), Vigo, Editorial Xerais.
[1168] GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, H. (1994): *Luís Seoane. Vida e obra*, Vigo, Editorial Xerais.

primeiro como o último poema do libro están escritos no presente do autor, un presente marcado inequivocamente polo trauma brutal que supón a guerra civil e as penalidades que sofreron os vencidos. Así, "Cabo" fálanos de mortes e fusilamentos, mentres que "Desterrados" é un laio amargo entoado dende o exilio, o canto dos exiliados que soñan con volver ó fogar:

> Voltaremos sobor das pegadas borrentas
> sin obrigas que nos ataxen ou recramen
> a percurar a nenez perdida e os anos
> nos que coñecimos o estragamento, a violenza.

Os vintedous poemas restantes que forman o *corpus* meirande de *Na brétema, Sant-Iago* son, como indica Fernández del Riego[1169], unha especie de "cadros de costumes" nos que aparecen reflectidos, nun pasado pretendidamente medieval, dous protagonistas principais na cidade que é Santiago de Compostela. Por unha banda, o que Helena González denomina "personaxes-tipo". "Estes personaxes tipo", indica a investigadora, "teñen en común ser un retrato colectivo dos sectores sociais marxinados (moinantes, tolos, saltimbanquis...) que están asociados a entornos monumentais que funcionan no poema como elementos de ambientación, chegando a ser, nalgúns casos, máis importantes cá escena narrada"[1170]. Efectivamente, as escenas que se desenvolven nos distintos poemas semellan ás veces unha mera escusa para poñer diante dos nosos ollos a estes personaxes e ó outro gran protagonista que nos quedaba por mencionar, e que é a cidade mesma, a cidade en tanto que conxunto de rúas, de prazas, de pedras románicas.

Entre os personaxes dos textos temos ós marxinados que mencionaba a profesora González (mendigos, tolos...), a representantes de oficios que se cadra Seoane considérase como típicos e exclusivos da cidade (o miniador, o campaneiro), e a outros, como a raíña dona Urraca, protagonista do poema "A raíña espida", que conta un episodio histórico de sobras coñecido por todos e que contribúe a dar esa cor local que pretende Seoane.

[1169] FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. (1994): "Presentación" , ibid.
[1170] GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, H. (1994): *Luís Seoane.....*, op. cit.

As rúas e zonas mencionadas neste libro son, máis que as especificamente medievais, as que Luís Seoane interpretou como "medievais" dende a súa ollada situada no século XX, é dicir, case caendo no itinerario para turistas da Compostela románica. E, deste xeito, atopámonos con mencións á igrexa de Santa María Salomé ("O enterro do mendigo"), a rúa do Franco ("A fonte"), a Quintana de Mortos ("O cabaleiro vagamundo"), o Hospital de San Roque ("O campaneiro") e moitos máis. Ás veces, no seu anceio de crear mitos e lendas, e de fornecer historia aínda que esta non existise nunca, explícanos o nome de algunha rúa, fabricando, por exemplo, un curioso personaxe alcumado Castrón d'Ouro para aclarala denominación desa rúa.

En poucas palabras, as rúas máis representativas do que foi o Santiago medieval segundo a mente de Luís Seoane, e os personaxes típicos da realidade galega daquela época (os pelegríns, a raíña dona Urraca, a meiga belida, o taberneiro da rúa de San Pedro, o miniador), constitúen a trama enriba da cal Luís Seoane vai tece-lo seu tapiz, un tapiz feito de lembranzas, de soños, e do sentimento de perda que lle produciu o exilio.

O exilio foi un golpe moi fondo para Luís Seoane, xa que o alonxaba forzosamente de Galicia e de todo o labor que estaba a desenvolver. De tódolos xeitos, a amargura que sentiu Luís Seoane non se traduciu en fastío ou apatía, xa que a partir de entón comezou unha asombrosa actividade relacionada cos máis variados eidos artísticos.

Pero, ¿que significou o exilio para Luís Seoane? Ó noso modo de ver, os sentimentos que xorden no noso autor maniféstanse de tres xeitos.

O máis evidente que aparece na obra de Luís Seoane considerada de modo xeral, e en *Na brétema, Sant-Iago*, que é a obra na que nos baseamos para as nosas argumentacións, é a saudade. Luís Seoane bota terriblemente en falta a Galicia e ás súas xentes. Lembra os bosques verdes, os ceos grises, a chuvia e a luz da súa terra natal... E esta saudade fai que a súa lembranza, como tódalas lembranzas gratas e queridas, teña un aura de soño, de terra prometida, de Arcadia. É dicir, Luís Seoane idealiza a terra agora prohibida e sempre anceiada, e esa idealización está presente nos seus poemas.

Outra consecuencia do exilio (aínda que supoñemos que, se Luís Seoane non estivese forzado a marchar, tería obrado do mesmo xeito) é o intento de dignificación de Galicia. Dito con outras palabras, o fortalecer a memoria histórica do pobo galego. Unha memoria que sempre foi negada, omitida ou falseada. Luís Seoane asumirá a tarefa de recuperar e engrandece-lo legado histórico galego, legado que se atopa, entre outros, nos personaxes que aparecen en algunhas das súas obras: María Balteira, Xohán Tourum, María Pita, Rui Xordo... Estes personaxes que, ó través dos séculos, aínda son conservados con máis ou menos fortuna, na memoria popular, e que son lembrados, sobre todo, pola súa rebeldía fronte ó poder establecido, sempre autoritario.

A última consecuencia do que supuxo o exilio para Luís Seoane é o que poderíamos chamar a negación do olvido. Luís Seoane négase a esquecer, e négase a esquecer moitas cousas: non esquece o alzamento militar contra a República legalmente establecida, non esquece o silencio culpable dos que contribúen á inxustiza, non esquece a usurpación do poder que agora detentan os vencedores. E, sobre todo, non esquece o sufrimento e desamparo do pobo galego, coma sempre, o eterno perdedor na súa propia historia. Esa negación do esquecemento estará presente ó longo de todo o seu prolongado exilio. Durante moitos anos vai loitar denodadamente para reactiva-lo espírito de loita contra a inxustiza, a través de diversas actividades levadas a cabo en Bos Aires (revistas, programas radiofónicos, etc.).

Ese espírito loitador, ás veces, vaille xogar malas pasadas. Terá furibundas polémicas con persoas como Ramón Piñeiro, ó ser incapaz de comprender ou aceptar o labor clandestino que se facía en Galicia baixo a dictadura. Para el, non pasaban de ser medias tintas. Non entendeu que aquí, en Galicia, ataban á xente moi curto, e que era máis fácil lanzar arengas incendiarias dende Bos Aires, lonxe da longa man do franquismo. Tampouco entendeu ós emigrantes e exiliados que, ó verse lonxe da terra, dedicaron os seus esforzos a tentar reiniciar a súa vida nunha patria adoptiva, traballando, educando ós fillos, envellecendo, e integrándose de a pouco no seu entorno, en vez de pasa-los anos chorando por unha terra amada e afastada, en vez de

pasa-la vida laiándose ó ritmo de "miña casiña, meu lar". Non entendeu a esa xente que tentaba ser feliz nalgún lugar do mundo, aínda que ese lugar se chamase Bos Aires ou Caracas, e non Betanzos ou Sarria. Esto si foi quen de velo, por exemplo, Celso Emilio Ferreiro, e aínda que este escritor cualificase a estas xentes coma *ananos*, polo menos decatouse de que existían. Luís Seoane negouse a ver aquilo que non quería. Non entendía outra forma de vivi-lo exilio que non fose a súa.

Pero abundaremos nestas polémicas con outros intelectuais un pouco máis adiante. Agora, veremos como Luís Seoane tentou fuxir do folclorismo, e para esto, nos parágrafos que seguen, empregaremos os datos fornecidos por Helena González no seu libro *Luís Seoane. Vida e obra.*

Relacionados con *Na brétema...* podemos extraer varios temas, como xa dixemos antes. Un deles é o intento de dignificación da cultura galega que trata de levar a cabo Luís Seoane. En esto, Seoane trata de opoñerse ó excesivo folclorismo no que caen autores como Pérez Lugín en literatura ou Sotomayor en pintura.

A cultura galega vista polo vidro de obras como *La Casa de la Troya* supuxo unha interpretación españolista e, segundo moitos autores galegos, falsa de máis con respecto á tradición secular galega. A partires dun texto de Anxel Fole no que cualifica á cultura santiaguesa de Lugín como "nauseabunda" xorden outras protestas, como as palabras do propio Seoane que a profesora González Fernández cita na súa obra:

> Producíanos náuseas La Casa de la Troya. O noso espírito coma as nosas existencias, eran antitroianas. [...] Producíannos aquelas obras tanto desdén coma os pouquísimos estudiantes asociados ó anacrónico Casino de Cabaleiros, que fixemos pechar con moito pracer en varias oportunidades[1171].

[1171] Íbid.

Esta imaxe frívola da cultura galega era rexeitada polos herdeiros do banquete de Conxo. A súa pretensión era recuperar e reconstruír os períodos de esplendor da historia de Galicia, afastados da opresión e o silencio impostos pola dictadura franquista e a contaminación do costumismo español. Recorren a personaxes-tipo básicos sobre os que reconstrúen ambientes e momentos dese verdadeiro esplendor. A intencionalidade déixaa clara L. Seoane; "os feitos do pasado trocados en eternidade, en mito". Estes personaxes-tipo que Seoane utiliza tanto en pintura coma nos poemas de *Na brétema...* son personaxes populares galegos coma o pastor, o campaneiro ou a muller campesiña. "Nos personaxes populares atopa Seoane o pouso da tradición, a historia e a adaptación ó medio do seu pobo, por iso é un pintor de figuras humanas. (fala de pintura, I.M.) [...] As figuras resultantes, un tanto idealizadas, son o froito da memoria do artista, quen, logo de tanto tempo afastado do contacto coa realidade galega, ten que acudir ás imaxes da súa xuventude"[1172]. A finalidade ideolóxica é a difusión dunha identidade propiamente galega destinada a asentar unha conciencia nacional apoiada en feitos históricos. A súa intención radica tamén no feito de apoiarse en personaxes histórico populares, o que lles concede unha importancia que se conforma coma unha clara reconstrucción histórico social, que fuxe dos grandes feitos porque Luís Seoane pretende demostrar que os verdadeiros cambios históricos só se conseguen mediante o esforzo colectivo. Con todo, Luís Seoane pretende reconstruír e divulgala historia silenciada e concienciar e mover á rebelión. O medio, coma xa dixemos, sería a recreación e reapropiación do ambiente do momento histórico elixido a partires de lembranzas, lendas e recuperación de historias e heroes anónimos.

O dobre filo deste feito, deste xeito de divulgar e dignificar a historia, atópase no feito de alonxarse en exceso da realidade contemporánea e da realidade histórica a que Luís Seoane tería debido ser máis fiel. O opoñerse a Pérez Lugín, o opoñerse ó costumismo, volcouno de cheo nun misticismo puro, na propia mitificación do mito. Seoane afastase da realidade que vive en busca

[1172] Íbid.

dun contexto dignificador e mergúllase na Idade Media e na máis profunda ruralidade que lle permite o ideal galego que trata de recrear. Converte os Séculos Escuros non nun tempo morto introductor e cúspide do deterioro histórico galego, senón nun tempo inexistente e esquecible baleiro de evolución para un pobo que, na doente realidade, non deixou de existir. Seoane mergúllase na idealización ruskiniana case exótica dunha Compostela mítica, atemporal, que garda nas súas pedras a pegada do canteiro artesán medieval.

Os personaxes-tipo dos que damos conta parten de sectores sociais marxinados, asociados a un entorno monumental que funciona de ambientación, e que nalgúns casos chega a quedar nun segundo termo, para deixar clara a importancia do individuo como xerador da historia. A divulgación de personaxes, en Seoane, coma xa mencionamos antes, as veces trócase en creación ou reinterpretación. En moitos poemas do seu libro "Seoane pretende contribuir á creación de lendas que vaian asociadas ás rúas e prazas de Santiago"[1173]. Entrevese a vontade política de reconstruíla historia galega dende o presente, acudindo para esto a heroes coñecidos pero relegados a un segundo termo por mor da historia oficial. Dende María Pita, María Balteira, Rui Xordo ou o bispo Adaúlfo ata o heroe anónimo e popular que crea a emigración, personaxes rescatados da verdadeira historia galega, trasmitida oralmente.

Deste xeito, Luís Seoane oponse á irrealidade recreada en *La Casa de la Troya* para recrear unha identidade ligada a irrealidade lendaria de Galicia. Prescinde do feito histórico e busca o feito diferenciador fundamentado en contos e lendas e personaxes populares dos que, en ocasións, só se chega a coñecelo nome. Alónxase no folclorismo tópico, para mergullarse nun folclorismo utópico baseado no argumento diferenciador.

Luís Seoane tiña a teima, presente en tódolos seus libros, manifestacións artísticas e, por suposto, na súa propia vida, de dignifica-la memoria histórica de Galicia. Esa dignificación, á que distintos estudiosos denominan "reconstrucción", "reinvención" ou "reapropiación", baseábase en dar prioridade

[1173] Íbid.

a temas e personaxes que, segundo el, foran escurecidos, eludidos ou ignorados para dala primacía a nobres e reis. Para Luís Seoane a historia de Galicia era unha mentira, e así o indica despectivamente nunhas palabras de "Adicatoria e crida", de *Fardel de eisilado*: "... como, ó xeito romántico, tratou de facernos crer unha historia de abondo aristocratizante"[1174].

Nembargantes, nós pensamos que a falsificación, que non ten por que ser intencionada ou voluntaria, está nas ideas de Luís Seoane. Pretendendo reivindicar ós personaxes esquecidos polos séculos, cae na mitoloxía. Esta manía mitolóxica non é nada excepcional no autor que estamos a tratar, xa que Blanco Amor menciona o mito "da outra Galicia", da Galicia emigrante e loitadora, a propósito da controversia entre Celso Emilio Ferreiro e Luís Seoane[1175]. Esta controversia, da que falaremos polo miúdo dentro duns momentos, referíase á idea que tiña Luís Seoane de que os emigrantes e os exiliados estaban fondamente concienciados da tarefa que tiñan que realizar para conseguir volver a unha Galicia libre, mentres que Celso Emilio Ferreiro, na súa obra *Viaxe ao país dos ananos*, non atopou por ningures a famosa toma de conciencia, e moito menos os preparativos de loita.

Así, nesta que denominamos "manía mitolóxica", Luís Seoane presenta a determinados personaxes como os auténticos creadores, heroes e protagonistas da historia galega, e así vemos aparecer, non só nas páxinas de *Na brétema, Sant-Iago*, senón noutras obras, nomes como os de Rui Xordo, o Mestre Mateo, María Castaña, dona Urraca, María Balteira, Pardo de Cela ou María Pita, nun revoltallo que pode que teña moito de literario ou simplemente sentimental, pero que resulta pouco serio. Basearse no mariscal Pardo de Cela (do que Ramón Villares indica a súa "mitificación romántica e literaria"[1176]), en María Pita (que, a parte da haxiografía local que contribúe máis a engrandecela que a estudiala) e nos *irmandiños* , os xefes dos cales, non hai que esquecelo, pertencían a esa nobreza á que o mesmo Luís Seoane rexeita nunha curiosísima contradicción: "María Castaña, Rui Xordo, María Pita, Sinforiano López, por

[1174] SEOANE, L. (1981): *Fardel do esiliado* (sic), Ferrol, Cuadernos Ateneo Ferrolán.
[1175] F. FREIXANES, V. (1982): *Unha ducia de galegos,* Vigo, Galaxia.
[1176] VILLARES, R. (1985): *Historia de Galicia*, Madrid*,* Alianza Editorial.

exemplo ou os mártires de Carral, ou os milleiros de mártires barís fusilados e paseados en 1936, e os que veñen caíndo dende entón, son en derradeiro termo os heroes , e non os famosos estrondosos condes do século XV"[1177],basearse neles, como dicíamos, resulta un armazón, se non feble, si polo menos dubidoso, xa que se basea, para a súa versión "auténtica" da historia de Galicia, en figuras tan mitificadas que caen xa na lenda. En fin, semella que na súa "recuperación"de nomes gloriosos , só faltan Pepa a Loba, Juan Quinto e a Santa Compaña para ter completa a nómina de galegos ilustres.

Permítasenos o chiste, pero o que para nós é simple *animus iocandi*, sen intención de aldraxar a ninguén, para Luís Seoane era algo serio. Se cadra confundía a historia co que Unamuno chamou "intrahistoria", termo que Jon Juaristi resume deste xeito: " bajo la historia de las revoluciones y de los grandes acontecimientos políticos, vive un pueblo eterno, inmerso en la repetición cotidiana o estacional de las mismas tareas, los mismos ritos y las mismas canciones. Rara vez este pueblo interviene en la historia propiamente dicha, y cuando lo hace, como fuerza correctora de las revoluciones iniciadas por los políticos, vuelve al poco a la vida silenciosa de debajo de la historia, a sus labores abandonadas"[1178]. É certo que personaxes como Pardo de Cela ou María Pita si pasaron ós libros, pero tememos que para Luís Seoane aquí pesaba máis o mito cá historia. E, deste xeito, non entendemos como o profesor Fernández del Riego comenta que "os poemarios seoanescos producíronse cunha finalidade específica: Facer a través deles un plantexamento rigoroso da humanidade galega, da terra, e da cultura propias"[1179]. ¿Rigoroso respecto a qué? Se cadra respecto ós sentimentos, ou á xustiza poética. Pero a xustiza poética e a historia rara vez van xuntas.

Así, a reapropiación da memoria histórica convértese en reinvención. Luís Seoane consegue realiza-lo soño alquímico de converte-lo chumbo en ouro. Como di Xosé Díaz: "a realidade galega é moi mesquiña e non a pode

[1177] *vid*. "Adicatoria e crida" en SEOANE, L. (1981): *Fardel do esiliado...*, op. cit.
[1178] JUARISTI, J. (1997): *El bucle melancólico*, Madrid, Espasa Calpe.
[1179] FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. (1994): "Presentación", art. cit.

comunicar tal como é. Necesita dignificala -*reinventala* diría eu-, de maneira que o primeiro que fai é reelaborar esa realidade, facéndoa máis atractiva e suxírente"[1180].

A reinvención da historia que fai Luís Seoane, como dixemos, pode ter unha xustificación polos sentimentos. Pero os sentimentos, por moi loables e elevados que sexan, non xustifican a falsificación. Non se pode pensar en serio que Luís Seoane pretendese facer pasar por historia o que eran simplemente preferencias persoais. Non se pode construír, nin dignificar a historia, baseándose en soños e en mitos. Sería como se (por poñer un exemplo) en Alemaña, á hora de recupera-lo seu pasado histórico, recurrisen como fonte básica ós irmáns Grimm e elevasen a Hansel e Gretel á categoría de heroes nacionais. Unha cousa é a realidade e outra moi distinta as lendas (por moita base histórica que teñan).

A realidade é que durante moitos, se cadra demasiados, séculos, Galicia non tivo historia propia. Non se lle permitiu, xa que aquí camiñábase ó paso que se dictaba dende Madrid. Tivo intrahistoria, por suposto, aínda que non foi das máis levadeiras precisamente. Refuxiarse nese pasado bretemoso ("A súa visión de Sant-Iago aparece borrosa, idealizada, lexendaria, como albiscada a través da brétema"[1181]), como fai Luís Seoane, non pasa de ser, ironicamente nun escritor tan concienciado coma el, un escapismo que, inda por riba, tenta alzarse como a única verdade histórica.

O singular punto de vista que Seoane posuía respecto da emigración e a galeguidade provocou unha serie de discrepancias e discusións no entorno cultural galego. Podemos partir da idea de que Seoane confundise, en certo modo, os desexos coa realidade, e a realidade, representada por autores coma R. Piñeiro, ou Celso Emilio Ferreiro, é ás veces distinta do que pensa o noso protagonista.

Hai tres temas polémicos que tratar con respecto á persoal interpretación de Luís Seoane da realidade. A primeira discrepancia que

[1180] DÍAZ, X. (1997): "Seoane, Galicia desde América", en VV.AA.: *A Galicia exterior,* Vigo, Xunta de Galicia, col. "Galicia, terra única".
[1181] GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, H. (1994): *Luís Seoane...,* op. cit.

trataremos foi entre Luís Seoane e Ramón Piñeiro, relacionada co levantamento popular ó que chamaba dende Bos Aires Seoane como solución ó acoso da dictadura. De Ramón Piñeiro fálanos Carlos Casares dun modo breve pero conciso no seu artigo sobre o autor na *Gran Enciclopedia Gallega*[1182]. Ramón Piñeiro foi un dos máis importantes activistas nacionalistas na clandestinidade en Galicia durante o réxime da dictadura. Ocupa o posto de director editorial en Galaxia, a pica do galeguismo contra a opresión españolista. A dobre loita, a cultural e a política sumerxida, atópanse nas accións dunha serie de autores que dende a clandestinidade loitaron cos medios posibles e seguros para as súas vidas nun labor de dignificación cultural.

Luís Seoane, dende Bos Aires incita, namentres, á rebelión, ó levantamento popular en prol dunha cultura sometida e en decadencia por culpa do Réxime. Practicamente, acusa ós que loitan mediante a estratexia culturalista de covardes, de "avestruz que agacha a súa cabeza en terra"[1183], e reclama o sangue vertido polo pobo, e agoira a desaparición e destrucción dunha cultura por medio do esquecementoheroes. Podemos resumir a intención de Seoane como principalmente ideolóxica, de esquerdas, que busca a globalización cultural e na que prima a loita contra a inxustiza social, como acción de sumo interese para recuperar a identidade singular do pobo galego. Ramón Piñeiro, sen embargo, mantén unha postura moderada por mor da represión, e realista para coa situación do pobo galego fronte á política centralista do goberno de Madrid. En certo modo podemos dicir que non se podía manter outra postura sen se arriscar á represalia. A polémica quedou esquecida cunha carta de Luís Seoane a Ramón Piñeiro. Na dita carta Seoane xustifica e preconiza o seu criterio, impoñéndoo como o correcto. Co tempo, Seoane diría dos galegos que como Piñeiro exercían un labor nacionalista moderado que: "Teñen sido uns héroes calados encol dos que haberá moito que falar no porvir. O noso traballo na emigración era diferente. Ó cabo,

[1182] CASARES, C. (1974): "Piñeiro, Ramón" en *Gran Enciclopedia Gallega,* Santiago de Compostela.
[1183] SEOANE, L.: "Querubines en el bestiario" en *Galicia Emigrante*, nº 30.

podiámolo desenvolver sen chatas, ó aire, sen medos. Pero aquí, nada deso era posible"[1184].

Seoane, contra as palabras de Piñeiro, defende a acción dos emigrados. Esta acción era de cariz constructivo e entregado á restauración e desenvolvemento da cultura galega. Por medio de editoriais e publicacións facíase unha dura labor de dignificación da cultura galega no mundo dende América, en substitución temporal do terreo patrio, ocupado pola censura inquisitorial franquista. Sen embargo, aquí nace a segunda polémica que nos ocupa, a que enfrontou a Seoane con Celso Emilio Ferreiro. Os anos que pasa Ferreiro en Venezuela son anos nos que ve a situación da emigración alí, e nos que ve unha realidade decepciónante e non fiel ó dito por Seoane. Isto lévao a escribir unhas duras obras, encabezadas por *Cantigas de escarnio e maldicer*(1968) continuadas por *Viaxe ao país dos ananos* (1968), a obra máis importante, e rematadas por *Paco Pixiñas*(1970), onde se satiriza e denuncia a pouca actividade galeguista levada a cabo polo groso da emigración. Seoane, novamente como líder do grupo transatlántico, toma a palabra e enfróntase a Ferreiro acusándoo de desacertado e arremete contra a obra de Celso Emilio Ferreiro *Viaxe ao país dos ananos,* considerando ó autor pouco adecuado para falar da emigración e da labor da emigración por ser un neófito, fronte ós moitos galegos que veñen a desempeñar unha considerable acción galeguista no continente americano (el mesmo, sen ir máis aló). Táchao ademais, de terse vinculado ó réxime franquista, e de ter traballado na súa administración, e desvaloriza a súa capacidade de concienciación política. Na entrevista de V. F. Freixanes Celso Emilio Ferreiro di: "Pensaba que alén do mar latexaba un verdadeiro corazón galego, vivo, activo e ceibe, cunha conciencia de pobo en marcha. [...] Foime dado o triste privilexio de comprobar que a Galicia da outra banda do mar non existía...", no mesmo libro, e sobre do tema da emigración, di Seoane: "A emigración non é un mito, é unha realidade que traballou arreo pola terra durante anos.[...] Din que fixemos da emigración un mito. [...] Loitouse política e culturalmente porque alí había xa un galeguismo fondo e

[1184] F. FREIXANES, V. (1982): *Unha ducia de ....*, op. cit.

antigo no que se apoiar. [...]..., centos de pequenas sociedades comarcais e parroquiais que loitaron como puideron e souberon pola súa terra". Seoane fala de loita política e cultural, Seoane fala de literatura, e Celso Emilio Ferreiro fala de seudoliteratura: "A seodoliteratura non soamente falseou a verdadeira realidade da emigración senón que chegou a falsear tamén as súas causas. Para xustificar ou explicar a emigración chegáronse a dicir, ás veces, cousas incribles: que si a herdanza dos celtas, a búsqueda do sol, atracción telúrica do máis alá, [...] etc. [...] A emigración é, sinxelamente, a consecuencia dun estado de necesidade, e nada máis". Eduardo Blanco Amor veu dar luz sobre este asunto, precisamente no mesmo libro de V. F. Freixanes: "Houbo grandes mitólogos da Galicia emigrante, e todo tiña a súa explicación, todo tiña un senso claro no intre de que a Galicia de aquí non era nada, estaba matada, asoballada, sen poder falar. [...] É certo que non todos os emigrantes son ananos, [...] pero a meirande parte endexamais fixo nada para apoiar ou merecer o grande esforzo dos que alá loitaron por dignificar unha terra e unha cultura diante do mundo"[1185]. A experiencia persoal de Blanco Amor era parella á de Celso Emilio Ferreiro, chegando a comprobar o desprezo que había de cara á lingua galega na propia comunidade galega.

Como conclusión, deducimos na actitude de Seoane, entre as polémicas emprendidas sobre da emigración, as consecuencias e os fins activos da mesma, unha postura idealista, irreal e mal fundamentada onde se limitou a tratar de xustificar a súa postura e a dos seus compañeiros. A fantasiosa tendencia de Seoane a erguerse contra o opresor, o engano no que estaba sumerxido sobre a situación galega e galeguista no estranxeiro, e a falta de implicación activa e enriquecedora para cun pobo a realidade do cal estaba ben lonxe da que el cría ou pretendía. Esta desorientación, vista na súa historia así coma na súa actividade cultural e no libro que nos ocupa, vese nunha plasmación extrema dunha irrealidade histórica que tamén tratou de impoñer. Confundir os desexos coa realidade, como dicíamos, mergullou a Luís Seoane nun intento de buscar *a* historia verdadeira dun xeito un tanto mitolóxico.

[1185] *Íbid.*

Rematarémo-la nosa exposición cunhas conclusións, se cadra, obvias. En primeiro lugar, que nunca pretendemos aldraxar nin facer mofa da memoria dun home que sempre loitou polas cousas e causas nas que cría, e que se veu mergullado nunha vivencia tan amarga como é o exilio. Pero di un refrán que: os camiños do inferno están empedrados de boas intencións. Lonxe de nós insinuar que Luís Seoane pretendía levar ó pobo galego a tan reprobable lugar. O que queremos dicir é que a boa intención de Seoane de construír unha patria orgullosa e senlleira non é razón bastante, nin xustifica, adultera-lo pasado para edificar un futuro glorioso, nin converte-las "lendas inventadas" que presenta *Na brétema...* en feitos históricos.

En fin, pensamos que, como indicamos no título da nosa comunicación, Luís Seoane si estivo unha vez na Arcadia, pero unha Arcadia persoal que ten que ver máis cá poesía que cá realidade ou a historia.

TEATRO, HISTORIA E SIMBOLISMO TRES ESCENARIOS PARA O TEMA DO EXILIO EN *O IRLANDÉS ASTRÓLOGO* DE LUÍS SEOANE

Bill Sheeran
Ana Santorum Ardone

1. INTRODUCCIÓN

El irlandés astrólogo[1186], o drama en tres actos que Luís Seoane publicou en 1959 na editorial Losange de Buenos Aires, preséntasenos hoxe cunha actualidade pouco usual para unha obra que o mesmo Seoane cualificou como pouco axeitada ós conceptos teatrais avanzados que el mesmo propoñía, en consonancia coas ideas máis desenvolvidas da súa época. O tema do exilio é central en *El irlandés astrólogo*, pero non rematan nel os obxectivos de Seoane. O escritor quixo abordar a través deste tópico, que para el era experiencia persoal, as orixes da inxustiza e da represión. O conflicto co poder, a disidencia, a envexa, os ciumes, o afastamento e a memoria, a inxustiza, a liberdade, a realidade e a aparencia, a desconfianza e a xenofobia, forman tamén parte deste cadro complexo que pretende pintar unha realidade contradictoria que o mesmo público ten que resolver. Esta obra resume, ademais, moitos aspectos do pensamento de Seoane, as súas ideas sobre o teatro, os seus sentimentos de desterrado, a súa valoración de Irlanda como espello de Galicia, a súa vontade de recuperar para os galegos anacos esquecidos da nosa historia.

Ademais da creación de *El irlandés astrólogo* e de *A soldadeira*, a relación de Seoane co teatro abrangue moitos aspectos[1187]. Escribe fragmentos teatrais para a edición arxentina da revista Resol; en 1954 publica en Galicia

[1186] Citaremos pola edición de Francisco Pillado Mayor (Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1980.)

[1187] Os textos teatrais de Seoane están recollidos en Braxe, Lino e Seoane, Xavier (1996): *Luís Seoane e o teatro,* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro. Os aspectos plásticos pódense consultar en Santorun Ardone, Ana e Marcela (1998): *Luís Seoane, o alquimista*, Sada- Coruña, Ediciós do Castro.

emigrante "O decorado e a máscara na obra de Castelao"; en 1973 publica "Un teatro popular galego" e máis artigos sobre Castelao e o teatro. Tamén foi unha das súas preocupacións e un dos seus temas dende o punto de vista plástico, como pintor, como muralista e como escenógrafo, ilustrador e editor, aspectos estes nos que non imos entrar aquí.

Como autor teatral Seoane publica sempre en castelán. Faino en 1957 con *A soldadeira*, aínda que parte dun orixinal en galego, e co *Esquema de farsa*, e en 1959 con *El irlandés astrólogo*.[1188]

Con respecto ás ideas de Seoane sobre o teatro temos que dicir que o noso autor concibe un teatro con énfase na acción e na mímica, afastado da literatura, un teatro que se poida representar nas rúas ou nun palco da festa, e que sexa capaz de recuperar as primeiras e máis elementais formas teatrais galegas, en palabras do autor. Fai súa a proposta de Finley e do Performance group no sentido de que a acción debe ir por diante da teoría e subliña a proposta do Teatro Comunitario de Nápoles de abandonar os cenáculos e tomar contacto directo co público. "Temos que voltar ó xograr e ó saltimbanqui", di Seoane en Cara un teatro popular galego, e pon en práctica estas ideas en *El irlandés astrólogos* incorporando elementos da Commedia dell'arte, tanto alusivas e formais como actitudinais nos personaxes, segundo veremos, aínda que o mesmo autor recoñece que tanto *El irlandés* como *A soldadeira* "aínda non renegando delas, xa teñen quedado atrás" e, agás parcialmente, non se adaptan ós conceptos máis avanzados elaborados por Seoane.

Para a realización de *El irlandés astrólogo* Seoane parte dun personaxe histórico moi pouco coñecido: un profesor de retórica da Universidade de Santiago, Patricio Sinot, un individuo en principio gris, de biografía incerta, pero

[1188]Aínda que se ten discutido acerca dos motivos que levaron a Seoane a publicar estas obras en castelán parécenos obvio que hai que buscar os motivos nos obxectivos didácticos e morais do teatro que o autor propón. Seoane quere transmitir unha verdade histórica en sentido marxista polo tanto hai que evita-las fronteiras lingüísticas e chegar a todos. É unha mensaxe universal e urxente que busca a acción ó servicio dunha causa que abrangue a tódolos homes e mulleres. Por suposto que hai que engadir a esto o feito de que estas obras estanse a crear e a publicar nun país e nun continente con profundas desigualdades sociais e no que a colectividade galega exprésase maioritariamente en castelán porque os seus fillos téñense desenvolvido nunha sociedade castelán falante.

suficientemente rica como para darlle ó autor os elementos centrais da súa obra. Vexamos en primeiro lugar quén é este Patricio Sinot histórico.

2. O SINOT HISTÓRICO

Os detalles biográficos dos cales se valeu Seoane para construí-lo personaxe de Patricio Sinot e a súa peripecia proveñen fundamentalmente de referencias de arquivo correspondentes ó momento en que Sinot estaba empregado na Universidade de Santiago. Os feitos históricos ós que se fai mención neses rexistros refírense a un pequeno número de incidentes que fixeron que, nalgunhas circunstancias, Sinot teña recibido chamadas de atención por parte das autoridades universitarias. As circunstancias que arrodearon o seu emprego, solicitudes de aumento de soldo, reprimendas por falta de puntualidade, invitación a organiza-la representación teatral propia de Pascua, a súa tendencia a apoia-las demandas dos alumnos e outras cuestións semellantes son as circunstancias que aparecen en diversos documentos universitarios. Estraña que aparezan poucas referencias directas neses documentos á relación de Sinot coa Inquisición. A información que utilizou Seoane sobre este asunto provén dun artigo publicado no século XIX, e reeditado no XX, baseado nos rexistros orixinais da Inquisición (hoxe perdidos) e que posteriormente foi utilizado como fonte polos historiadores da universidade[1189].

Tendo construído unha personalidade para Sinot a penas baseada nos rexistros conservados, Seoane tivo que dar vida a unha historia na que se conxugan as noticias certas coas as suposicións para atende-los requirimentos

[1189] Moi posiblemente as fontes de Seoane para construír a biografía de Sinot foron Cabeza de León, Salvador,(1930): "Un catedrático irlandés en la Universidad de Santiago en el siglo XVIII" (sic), *Galicia*, *revista del Centro Gallego de Montevideo*, vol. 13, nº 159 (1930); Barreiro de W. (1885): *Brujos y astrólogos de la Inquisición en Galicia y el famoso libro de San Cipriano,* A Coruña*,* (hai edición actual, Madrid, Akal, 1973); Cabeza de León, Salvador (1945): *Historia de la universidad de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos. Outros autores, con posterioridade á obra de Seoane, fan referencia a Sinot, aínda que apoiados nas fontes antes mencionadas: Alonso Montero, Xesús (1994): "Patricio Sinot", *La Voz de Galicia*, (23 de xaneiro de 1994)*;* Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1998): *Historia da Universidade de Santiago de Compostela*. USC; González López, Emilio (1966): "Axentes irlandeses na Coruña a comenzos do século XVII: Dermond MacCarty", *Grial*, nº 12 pp. 149-154.

da obra que estaba escribindo. Coa avantaxe de podermos acceder a un número máis amplo de materiais históricos, e sen estar constrinxidos polas demandas que produce a creación dunha obra de teatro coherente, é posible botar algo de luz sobre este escuro irlandés.

Polos rexistros da Inquisición sábese con certeza que Sinot naceu entre 1575 e 1576 no condado de Wexford, no sueste de Irlanda. Seus pais eran católicos e terratenentes e tiñan una posición social más ben elevada. Nalgún momento Sinot, probablemente coa súa familia, deixou Irlanda para dirixírense a España fuxindo da persecución relixiosa. Debido a que existen referencias sobre Sinot solicitando un posto na Universidade de Santiago en 1595[1190], pode concluírse con seguridade que deixou Irlanda antes desa data. É razoable especular que por aquela época tiña xa o sentido da lingua que se falaba en Santiago, posto que pretendía traballar alí. O problema está en saber ónde se educou Sinot. O escenario máis probable é que teña chegado a España sendo un neno, quizais cara a 1580, e que fora educado aquí.

Na obra, o Sinot de Seoane describe a persecución que experimentou durante o reinado do rei Xacobo I de Inglaterra. Trátase dun dato anacrónico, extemporáneo con respecto á vida de Sinot, xa que Xacobo non foi rei ata a morte da raíña Isabel, en 1603, momento en que Sinot xa se atopaba en España. En todo caso, a familia de Sinot vivía nunha parte de Irlanda que nese momento era a base do poder protestante e do control militar. Máis cara ó oeste, a nobreza católica e a cultura gaélica mantiñan unha forte presencia[1191]. Aínda que a persecución dos católicos tería sido máis aguda na parte este do país, o que precipitaba o exilio, en particular a Francia ou España, daqueles que podían afrontalo. Non hai ningunha dúbida de que esta é a razón pola que Sinot chegou a España.

É digno de sinalarse que Sinot chegou como unha persoa relativamente privilexiada. Non era un refuxiado económico, por exemplo, que tiña sido o

[1190] O Arquivo Histórico da USC alberga os documentos de provisión de cátedra de gramática entre 1511 e 1834, entre os que aparecen as solicitudes de Sinot, máis do seu amigo e compañeiro, Philip O'Sullivan.

[1191] Vid. Moody, TW & Martin, FX (ed) (1967): "The course of irish history" (Ch. XI, The tudor conquest 1534-1603), Cork, Mercier Press.

status máis tradicional da emigración irlandesa especialmente durante os últimos 200 anos. Aqueles que deixaban Irlanda nos séculos XVI e XVII eran por una banda nobres que esperaban poder loitar militarmente na distancia en favor da súa patria e os que buscaban a educación sacerdotal, de modo que poderían volver para defende-lo catolicismo predicando ou rezando misa. As causas católica e irlandesa eran a mesma cousa. Así, as nacións católicas de Francia e España apoiaban a eses exiliados. Aínda que os aspectos psico-emocionais do exilio e as dinámicas entre os inmigrantes e os nativos forman parte da condición humana, había de todos modos pouca discriminación institucionalizada para persoas como Patricio Sinot.

Sinot converteuse en profesor da universidade en 1611, e estivo empregado alí ata a súa condena pola Inquisición en 1622. Ó parecer foi un home de carácter radicalmente aberto á novidade e ó alternativo. Sentía simpatía cara ós desexos dos seus alumnos de estudia-la gramática de Elio Antonio Nebrija, un autor a quen as autoridades universitarias miraban con desconfianza. Tamén era receptivo ás ideas copernicanas sobre o movemento da terra ó redor do sol. Esto era inusual para a época, aínda que quizais non para un astrólogo, porque a astroloxía dera primacía simbólica ó sol dende moi antigo.

O que non aparece na obra de Seoane é que Sinot estivo implicado na axuda ós seus compatriotas irlandeses nas súas loitas contra Inglaterra. Esto é contrario á presentación ficticia dun home perdido, escravizado polos recordos e simplemente movido polas circunstancias. Por outra banda, é improbable que Seoane teña coñecido esta parte da personalidade de Sinot, xa que as fontes que nos levan a consideralo están en Irlanda.[1192]

As referencias a este patriotismo activo emerxen dos rexistros da Guerra Isabelina en Irlanda (1594-1603). Eles revelan que un home chamado Sinnet, presuntamente a mesma persoa que está baixo a nosa mirada, era un axente

[1192] Tódolos documentos consultados en irlanda están en las bibliotecas de Maynooth College, Co. Kildare. Os publicados antes de 1850 están conservados na Russell Library, que alberga tamén os arquivos de Salamanca. Estes arquivos conteñen a maioría dos documentos relativos ós colexios de irlandeses en España, que comezaron a funcionar ó redor de 1590. As outras

irlandés en Galicia a correspondencia do cal foi atopada polos ingleses no castelo de Donal O'Sullivan Beare, un dos xefes na guerra[1193]. A coroa española proveu apoio financeiro e militar a Irlanda e A Coruña foi o principal centro desta actividade[1194]. É probable que Sinot teña traballado para o conde de Caracena, que tiña o seu centro de operacións en A Coruña, e que asumira grandes responsabilidades en relación cos asuntos hispano-irlandeses.[1195]

Cando a guerra rematou, O'Sullivan Beare e a súa familia trasladáronse a Compostela[1196]. Felipe III deulle privilexios e financiamento. Foi, ademais, un dos que puxo en marcha o Colexio de Irlandeses de Santiago. Seu primo, Philip O'Sullivan, foi alumno e amigo de Sinot[1197]. Philip O'Sullivan escribiu una historia desa guerra e envioulla a Sinot para que lle dera o seu parecer e realizara as correccións debidas. Da correspondencia entre ambos dedúcese que Sinot tiña altos sentimentos patrióticos e estaba moi familiarizado cos detalles da campaña e das súas alternativas. Tamén lle escribiu un poema a O'Sullivan no que lamenta o destino dos heroes irlandeses forzados a abandona-lo seu país só para morreren ou seren asasinados en terras estranxeiras[1198].

Logo de ser condenado por practicar unha forma herética de astroloxía, Sinot perdeu o seu emprego e exiliouse unha vez máis, aparentemente en Zamora, despois do cal desaparece o seu rastro.

---

referencias atópanse na biblioteca principal. O catálogo pódese consultar en www.may.ie/library/index.htm.

[1193] Stafford, Thomas (1633): *Pacata Ivernia,* London.

[1194] Kearney Walshe, M. O'Sullivan (1991): "Beare and his family in Spain; some unpublished documents*", Archivium Hibernicum,* vol. 45, pp. 46-63.

[1195]Algúns documentos nomean a Patricio Sinot como "Fray Sinot". Queda claro, a partir dos documentos universitarios e dos da Inquisición, que Sinot era seglar. É posible que exista unha confusión debida á relación do noso personaxe co Colexio de Irlandeses de Santiago. Os colexios de irlandeses soían estar dirixidos por clérigos -e sinaladamente por xesuítas-, non así o de Santiago, que só foi confiado ós xesuítas cando Sinot xa era profesor na universidade.

[1196] O'Doherty, Denis J. e Donal O'Sullivan (1930): "Beare and his family in Spain", *Studies*, vol. 19.

[1197] The Catholic encyclopedia online, ed. 1999. Www.newadvent.org/cathem/11348a.htm. Philip O'Sullivan Beare. Este artigo menciona que Philip O'Sullivan "foi enviado a España en 1602, e foi educado en Compostela por Vendamma, un español, e por Fr. Synnott, un xesuíta irlandés". A fonte que se cita para esta información é a obra de Magee, Thomas D. (1846): *Irish writers of the seventeenth century*, Dublin.

[1198] O'Sullivan, Philip (1621): *Historieae Catholicae Iberniae Compendium*, Lisbon, pp. 270-279.

3. A OBRA. ASPECTOS XERAIS

Seoane utiliza para dramatiza-la peripecia de Patricio Sinot a estructura da Commedia dell'arte: un prólogo e tres actos con desigual número de escenas. A acción, desenvolvida por quince personaxes, transcorre en Compostela, no século XVII, o que se corresponde coa realidade que Seoane recolle das fontes. En xeral Seoane atense a elas, aínda que con pequenos axustes para adecua-la á historia de Sinot que quere desenvolver, un drama no plano persoal, relixioso e político. Xa na escena primeira do primeiro acto o autor contextualiza historicamente a situación facendo unha adaptación en canto á chegada de Sinot á península, que tivo que ser, necesariamente, sendo moi novo e da man da súa familia. Lembremos que é en 1595, con a penas 18 anos, cando temos a primeira noticia súa en Galicia, e por esas datas Xacobo non estaba aínda reinando.

É tamén nesta primeira escena máis na segunda cando se nos suxire o conflicto persoal de Sinot, un home que quere fuxir do pasado a través da astroloxía. Sinot aduce na súa defensa, que non é un fatalista, que non ve na astroloxía un medio para adiviña-lo futuro, e pretende explicar que a utiliza no contexto científico da época. A realidade é outra: Sen desbota-lo anterior, acode a ela para esculca-lo seu futuro con respecto a un posible retorno a Irlanda. Áurea debúxase aquí como unha mediadora entre o pasado, que é Irlanda, e o presente que Sinot quere superar non a través dela, senón a través do astrolóxico, que é o medio que ve axeitado para supera-lo seu conflicto. Áurea é o presente que toma corpo nun lugar concreto: Compostela. Áurea conecta a Sinot co presente. Está ciumenta e síntese invisible porque a atención de Sinot está centrada na súa nostalxia e na busca do futuro nas estrelas.

No acto segundo vemos claramente a preocupación de Seoane polos aspectos escenográficos o establecer exactamente o cromatismo que deberá dominar: encarnados e morados que subliñarán a atmosfera pechada de violencia e dor, reforzada co son dunha gota de auga que cae constantemente e que induce a pensar no interminable abafo da tortura e a senti-la obsesión dos inquisidores. O verde, atribuído á cruz e ós inquisidores é cor da podremia, da degradación. Os inquisidores, verdadeiros protagonistas deste acto, amosan

actitudes estereotipadas e inverten os termos: eles son Deus e no seu nome actúan e falan. Sinot é a encarnación do demo.

É no desgraciado encontro entre Sinot e os inquisidores onde aparece o drama relixioso que está a agochar os motivos reais do castigo, que son, no fondo de natureza política. Os inquisidores son a man da represión, unha represión que busca coartar a capacidade de exerce-las ideas, un eido no que ser catedrático é un agravante. Sinot é para os inquisidores "profesor de sutilezas para futuros gobernantes" e non ten importancia o que diga, todo será utilizado na súa contra. O clímax deste acto estará na escena II, na que se introduce o tema da roda en tres vertentes: a roda concreta e real que se utiliza para torturar, a roda como fortuna e a roda astrológoxica. A segunda das nomeadas é un nexo, unha transición, entre o instrumento de tormento e o zodíaco, xa que é a través do destino que se pode ler nas estrelas como Sinot accede á tortura, segundo llo fan ver os inquisidores; a fortuna, o destino, está en mans dos torturadores, que son os que, en nome de Deus, fan xira-la roda.

Cando Sinot trata de explicar por que non é un herexe, as súas palabras son utilizadas na súa contra. É sinalado como un perigo porque está en posición de ensinar a outros como pensar de xeito alternativo. El prové armas ó inimigo para complica-la batalla polas almas, din os inquisidores. Os inquisidores afirman o principio dos represores: non hai inocentes, subverten o principio democrático, ninguén é inocente ata que se demostre o contrario. A maneira que teñen de mostrárense distanciados do sadismo é arrogárense a representación da "Institución", son a razón do poder, a razón de estado, e como tal din non ter nada contra Sinot persoalmente.

A escena terceira danos, por fin, o outro nivel do conflicto: o político. Decatámonos de que Sinot foi condenado e vemos como o seu entorno prégase con máis dun argumento á solución do poder. Os profesores -representantes da clase media- xustifican socialmente a represión: Sinot tomábase demasiadas liberdades, non seguía o método recomendado pola universidade para o ensino, era un elemento perturbador, e como se todo esto non fose suficiente, non se coñece ben a súa orixe. Sinot é un estranxeiro. Hai máis argumentos, ademais do "algo terá feito", que xustifican o castigo e que están relacionados cos seus

costumes, as compañías e o apoio ás novas visións da ciencia, tema este que amosa a profundidade con que Seoane entendeu o drama histórico de Sinot. Os catedráticos substitúen a realidade, instalan como tal o simple rumor e dan mostra da miseria humana en forma de envexa e do aproveitamento das circunstancias. Un dos profesores xa ten postos os ollos -se non os tiña de antes- sobre o posto que vai quedar libre.

O acto terceiro é a volta ó escenario inicial. Vemos aquí os motivos reais dos delatores e un andel máis das consecuencias da persecución: primeiro sería a condena, logo a reacción social e o aproveitamento das circunstancias, a mans e en boca dos catedráticos, e -por último- a acción sobre o entorno do condenado que se concreta no acoso a Áurea. Vemos neste acto un aspecto fundamental da estética da obra, vencellada co mundo da astroloxía: a identificación de Sinot con Saturno e a de Áurea coa lúa. Nesta escena vese tamén o sentimento de vergoña da nai de Áurea diante do que ten acontecido. Ela non ten ningún sentimento de compaixón cara o sufrimento da súa filla nin de identificación a través do amor que sinte por Sinot. É ela quen empurra a Áurea cara ó exilio.

Seoane recorre ó monicreque, ó teatro dentro do teatro, para amosa-lo final da obra. En realidade dende o principio, xa coa figura do Traficante de ungüentos está a xogar con diversos planos teatrais, relacionados coas versións máis populares da representación dramática. A escena quinta, onde se desenvolven os prexuízos sobre os estranxeiros é de grande actualidade. Seoane conclúe que a orixe dos conflictos é a autonomía do pensamento. O poder inhibe ós homes de concibir ideas, o sistema trata, fundamentalmente, de facer homes dispostos a cumprir coas regras, sen trazarse outro tipo de alternativas. A conclusión da tese é que a falta de liberdade leva á abolición da filosofía. Non hai que facerse preguntas:

> Tercer catedrático: Siempre deslumbra más lo que viene de afuera. Por ejemplo, hoy mismo, solicité la cátedra del maestro Sinot y no estoy seguro de que me la den. Es posible que aparezca algún otro desterrado que crea merecerla. Alguno de esos que se dicen perseguidos en alguna parte...

> Primer catedrático: Y que son aventureros con ideas distintas a las nuestras.
> Primer inquisidor: Siempre tienen ideas distintas. Pero pienso que lo malo no es que sean distintas...
> Segundo inquisidor: Os leo el pensamiento, Reverendo Inquisidor, lo malo es que tengan ideas...
> Tercer inquisidor: ¿Para qué quiere ideas un profesor de Retórica?
> Tercer catedrático: ¡Claro! Eso pienso yo y por eso me atreví a solicitar la cátedra. En retórica basta con las reglas. Con únicamente las reglas se puede hacer todo. Principio, nudo y desenlace. Todo dentro de las reglas. (Acto III, escena V, páx. 89)[1199]

A solución da obra abre unha esperanza, aínda que se albisca a repetición da historia. Sinot ten que marchar, unha vez máis, pero incorpórase á súa vida Áurea, que representa o nexo co pasado e o salto cara ó futuro e polo tanto unha figura dinámica, inductora do cambio, que quere modifica-los sentimentos de nostalxia de Sinot, en tanto que Sinot amosa unha constante tensión entre pasado e futuro. Para Sinot o pasado non son as circunstancias accidentais, aínda que sexan dolorosas, como a tortura, o pasado é unha patria quizais idealizada, e o presente é a preocupación constante do regreso. Para ser libre terá que superar ese dualismo. Marchan coa promesa de esquecer, pero Sinot deixa aberta a dúbida sobre o proceso que, previsiblemente, se vai iniciar agora en Áurea. Non dá unha solución, deixa a pregunta para que o público responda.

El irlandés astrólogo ten estructura redonda. O telón levantábase co Traficante de ungüentos, que contextualizaba teatralmente a obra que íamos ver. É novamente o Traficante o encargado de pechar, e neste caso dando a interpretación cosmolóxica e introducindo unha nova contradicción, un novo perspectivismo: o traficante, que é quen nos presenta as disxuntivas e a infelicidade de Sinot é el mesmo feliz; non ten patria e acata as regras.

[1199] Seoane, Luís (1980): *O irlandés astrólogo*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, (Edición bilingüe). Tódalas citas corresponden a esta edición.

O Traficante conclúe a obra xustapoñendo a visión dunha paisaxe interna que resulta da herdanza do propio nacemento (colocado no pasado) coa herdanza da paisaxe astrolóxica (situada entre o pasado e o futuro), que tamén nos informa dende o nacemento. O Traficante di que non sufre da melancolía de Sinot porque leva unha vida nómade. Non ten patria, o que tecnicamente é imposible, e por tanto non ten nostalxia.

O Traficante sinala a incongruencia dunha relixión nada da profecía que logo nega a verdade profética. Un conxunto de regras e verdades a miúdo conteñen contradiccións internas que atrapan ó crente. El evita problemas observando as regras do sitio no que está, aínda que non acepta a súa validez. Coa flexibilidade e o instinto de supervivencia apropiado ó estilo de vida nómada, pode adaptarse, de ser necesario, a sistemas de regras diferentes e aínda opostas no sitio no que se atope. As súas contradiccións internas tórnanse irrelevantes. Esta actitude non está lonxe da covardía moral e intelectual dos catedráticos e dos inquisidores. O traficante vive feliz porque vive dentro dunha mentira que non lle produce problemas de consciencia.

4. OS PERSONAXES

Os personaxes de *El irlandés astrólogo* corresponden a tres mundos diversos no contexto dramático no que se desenvolven. Por unha banda temos o conxunto "familiar" de Sinot conformado por el mesmo, por Áurea e pola súa nai, a dona da pensión; nun círculo exterior ó familiar atópanse os profesores, os inquisidores, Anselmo e Bernardo e os sicarios, que constitúen o entorno social de Sinot e, por último, aparecen dous personaxes auxiliares, o Traficante de ungüentos e o bufón, que Gdan á obra o apoio formal que necesita para desenvolve-los aspectos ideolóxicos.

Seoane esfórzase por salientar que Patricio Sinot é un personaxe histórico e que o que se vai representar son algúns detalles da súa vida. Está caracterizado fisicamente como unha persoa de aspecto algo triste, alto, distinguido, duns cincuenta anos, de fala traballosa polo acento, misterioso para os demais e "seco de trato". Sinot é profesor de retórica, está relacionado co mundo do teatro e dedícase á astroloxía como un medio presente ben de

unir a memoria ó porvir, ben de esquecer aquelo que quedou atrás e que non volverá. Este prantexamento dobre vai ser unha constante ó longo da obra, na que imos ver varios casos de perspectivismos semellantes.

Áurea, a amada de Sinot, ten vinte anos e é a personificación do amor. O seu nome, de claras reminiscencias astrais, significa "fermoso como o ouro" e é un epíteto clásico de Venus, áurea Venus ou Venus a refulxente. Tamén podemos atopar neste nome unha relación con "aureola", aquelo que desprende enerxía espiritual, a que vai necesitar Sinot para facer fronte á súa peripecia. Áurea, por outra banda, é o presente no que se resume a memoria de Irlanda e a inquedanza polo porvir.

Dentro deste mundo familiar colocamos tamén á nai de Áurea que é quen introduce o tema do desarraigo e quen pretende inducir en Sinot un cambio de vida coas súas constantes chamadas a que se mimetice cos outros catedráticos. Sen colocarse do lado dos inquisidores, a dona termina sendo unha víctima da manipulación que exerce o poder ó cualificar a Sinot de "extranjero lunático" e de "hereje" e ó considerar que a súa filla, namorada de Sinot, fixo traizón ás premisas morais da familia. Está máis preocupada polas aparencias que polo drama interior e o sufrimento de Áurea.

O primeiro contacto que temos co entorno social de Sinot é a través de Bernardo e Anselmo, personaxes duais -unha sorte de Gog e Magog- que encarnan a envexa, os malos sentimentos, o abuso e a traizón. Tanto os alumnos como o resto dos personaxes que conforman este universo social adverso ó astrólogo son arquetípicos. Non están destinados a desenvolver ningún aspecto dinámico da personalidade do protagonista, senón a amosar os resortes dos que se vale o poder nas súas distintas formas para instala-la inxustiza e para xustificala, como tamén para controla-la sociedade a través da abolición do pensamento.

Por outra banda, o Traficante de ungüentos será o encargado de contextualiza-la obra no mundo do teatro, para o que se vale de actitudes, de palabras e da presencia do bufón. É o mesmo traficante o que fai a primeira referencia astrolóxica relacionada coa astroloxía natural e quen adianta o perspectivismo -unha serie de contradiccións ás veces sutís- que veremos ó

longo da obra: A astroloxía é presentada polo Traficante como "o real", en tanto que a vida é "o irreal". Introduce tamén referencias colaterais ó tema do exilio ó nomear a Tabarín e a Eysenbarth; abre as correspondencias astrolóxicas que nos permiten ve-la obra en clave dunha estética astral e, en clave brechtiana, afasta toda posibilidade de sorpresa, de distracción ou de obnubilación, ó contarnos o contido da obra, co que queda afastada calquera tentación de asolagamento do público na maxia teatral.

5. REFERENCIAS ASTROLÓXICAS

As referencias á astroloxía na obra que estudiamos non se poden considerar un mero maquillaxe nin unha referencia residual, relacionada coas circunstancias históricas da vida do irlandés Patricio Sinot. Para atender a este tema hai que establecer dous puntos de vista: por unha banda, o contexto histórico do pensamento europeo e da doutrina cristiá a principios do século XVII e que teñen que ver, agora si, co Sinot histórico e, por outra, o contexto dramático e a perspectiva estética da obra de Seoane en si mesma.

5.1 Contexto histórico

Durante o período en que viviu Patricio Sinot, a astroloxía pasaba polo seu florecemento final antes de ser desposuída de toda credibilidade intelectual, esmagada baixo as botas do materialismo racional. A revolución científica clásica fíxose cada vez máis influínte, pero era aínda demasiado nova para afectar definitivamente á astroloxía no eido cultural. Esto está claro dabondo no feito de que Galileo e Kepler practicaron e escribiron sobre astroloxía, por nomear unicamente a dous dos máis destacados filósofos naturais do momento.

Historicamente a astroloxía supuxo a atracción dunha actitude ambivalente daqueles que lle prestaron algunha atención. A maior parte das veces, por aqueles inclinados ó campo da filosofía porque resolvía o antigo problema do destino como oposto ó libre albedrío. O problema ten que ver, hoxe como onte, coa disparidade entre a visión popular da astroloxía, que é fatalista, e a súa realidade esotérica, que ten que ver co aproveitamento das

potencialidades. Na época de Sinot, a astroloxía presentaba un desafío para a doutrina cristiá da Divina Providencia. Estaba establecido que era a vontade de Deus e non o ceo estrelecido o que determinaba o destino de cada un.[1200]

Aínda para os Pais da Igrexa, había unha ambivalencia. Ninguén rexeitaba a existencia dunha relación íntima entre os movementos dos ceos e a experiencia da vida sobre a terra. Tendo en conta as estratexias utilizadas pola agricultura e a práctica médica, vemos que ambas desenvolvíanse nun contexto astrolóxico. Os ciclos máis importantes dos planetas, as fases e movementos da lúa, os eclipses, os cometas e outros fenómenos, tiñan todos un significado nos aspectos prácticos da vida. Non obstante, existía unha diferenciación entre a astroloxía chamada "natural" e a dos prognósticos e interrogacións (facer preguntas en sentido oracular), que se chamaba astroloxía xudiciaria.

Esta última práctica era considerada máxica e supersticiosa e, por tanto, herética para a Igrexa. O *Index librorum prohibitorum* dá como heréticos ós libros sobre:

> Adiviñación, feitizos, agoiros, presaxios, encantamentos, artes máxicas ou astroloxía xudiciaria sobre o destino futuro ou sobre sucesos eventuais, ou o que poida ocorrer por sorte, coa única excepción daqueles baseados na observación da natureza, para a navegación e a agricultura, ou as artes médicas, libros que son tidos en grande estima.[1201]

Na obra, Sinot sostén que a súa práctica da astroloxía non é herética, xa que as súas actividades baseábanse na súa preocupación médica polo benestar de dous estudiantes. Non é un fatalista, ou eso di, sen embargo, queda claro no texto que o Sinot de Seoane utiliza a astroloxía para albisca-lo seu futuro e escapar da súa nostalxia por Irlanda.

[1200] Tester, Jim (1987*): A history of Western astrology,* Woodbridge, The Boydell Press, pp. 175-186.

[1201] Pódese consulta-lo facsímile online do Index librorum prohibitorum, Roma, 1559, en www.aloha.net/-milesch/ILP-1559.htm#Valla. "Libri onmes, & fcripta Chryromantieae, Phyfionomiae, Aeromátiae, Geomátiae, Hydromável Necromátiae, fiue in quib.Sortilegia, Veneficia, Auguria, Autufpcia, Incátatioes, Magicae artis vel Aftrologiae indiciarieae Diuinationes circa futuros có tingentes euentus, aut eventuú fucceffus, fiue fortuitos cafus, ijs tantum

A Inquisición, tanto historicamente como na obra, condena a Sinot sobre a base dunha evidencia irrefutable: é propietario de dous libros cos títulos *Astroloxía universal das interrogacións*, de Abraham Ibn Ezra (Abraham Abenar) e *Tabulae bergenses: aequabilis et adparentis motus orbium caelestium*, de Jan Stade (Xulio Estadio)

O verdadeiro nome de Abenar era Abraham ben Meir ibn Ezra. Nacera en Toledo ó redor de 1092, e morreu en Calahorra en 1167. Ibn Ezra era un filósofo hispano-xudeu, astrólogo e gramático de hebreo. Foi un dos primeiros en traduci-los escritos musulmáns ó hebreo. Entre 1140 e 1160, Ibn Ezra deambulou por Europa, especialmente por Italia. É frecuente atopar historiadores que poñen en relación as súas actividades desta época coa acelerada propagación do coñecemento e da filosofía grego-arábigos fóra de España. Ademais das súas importantes traduccións de textos astrolóxicos árabes, escribiu varios libros sobre matemáticas e astroloxía, incluíndo o libro atopado en posesión de Patricio Sinot, unha Astroloxía universal das interrogacións. Os seus libros de astroloxía fixéronse moi influentes en Europa, a xulgar polo número de traduccións en latín, francés e catalán que se coñecen nos séculos XIII e XIV. Foi catedrático de Torah hebrea e un dos seus traballos máis famosos é un comentario sobre a Biblia. As súas ideas indican unha forte tendencia neoplatónica, unha estraña mestura do místico e do racional. Ademais das matemáticas convencionais, estaba interesado nas propiedades místicas dos números. Os seus escritos tiveron unha grande influencia posteriormente nos cabalistas[1202].

Na España medieval os sabios das tradicións hebrea, árabe e cristiá tiñan moito contacto entre si, ben directamente ou a través de escritos. Entre os filósofos neoplatónicos como o italiano Pico della Mirándola fíxose un intento de uni-las tradicións máxicas hermética e cabalística coa cristiandade[1203]. Esto foi

naturalibus obferuationibus exceptis, quae Nauigationis. Agricolationis, fiue Medicae artis iuuandae gratia confcriptae funt."

[1202] Sarton., George (1975): *Introduction to the history of science*. Vol II. Melbourne, Florida. Krieger publishing, Ibn Ezra, pp. 1106-1107.

[1203] Para unha boa introducción, ver Yates, Frances A. (1982): *Giordano Bruno y la tradición hermética*, London, Routledge Kegan & Paul, capítulos 2-5.

desaprobado e condenado polos eclesiásticos. Os traballos de Ibn Ezra poderían ter sido una contribución ó desenvolvemento das devanditas herexías.

A astroloxía universal das interrogacións pode ser utilizada unicamente para practica-la astroloxía xudiciaria, un acto herético de maxia e superstición ós ollos da Igrexa. Debe terse en conta a ironía (intencionada ou non polo autor) que existe na imaxe de Sinot sendo interrogado por estar en posesión dun libro de interrogacións.

O verdadeiro nome de Julio Estadio era Jan Stade, nacido en Brabante, hoxe Bélxica, en 1527. Estadio foi un profesor de historia e matemáticas en Lovaina e máis tarde, matemático e astrólogo no Colexio de Francia, en París[1204]. En 1560 Stade publicou as *Efemérides, Tabulae bergensis,* unha copia delas foi atopada entre as pertenzas de Sinot. A información que dan estas táboas é absolutamente neutra, aportan unicamente datos numéricos. Sen embargo, podemos atopa-la clave no mesmo título do libro en cuestión: *Tabulae Bergensis: aequabilis et adparentis motus orbium caelestium*[1205], que se traduce máis o menos así: Táboas berxencianas dos movementos orbitais uniformes e aparentes do ceo.

A palabra clave aquí é "aparente". En Lovaina, Stade tiña sido discípulo de Gemma Frisius, un coñecido xeógrafo, astrónomo e matemático. Frisius tiña sido receptivo á nova visión do sistema solar que propuxera Copérnico. Antes de Copérnico, os movementos excéntricas dos planetas tratábanse como movementos reais ó redor da terra, que se consideraba emprazada no centro do sistema solar e do cosmos. Cando se observan os planetas durante un período de tempo, parece que se moven cara atrás na súa traxectoria con respecto ás estrelas que están no fondo. Esto producía un problema importante para os astrónomos á hora de teren que xustificar estes movementos. Foi Copérnico quen deu unha explicación axustada ó suxerir que estes estraños movementos eran producto de mirarmos cara ós planetas dende un punto que non é o centro do sistema solar. Se se sostén que os planetas móvense ó redor

[1204] Vid. Documento online L'evolution des sciences et des techniques et Wallonie: www.wallonie-en-ligne.net/wallonie-histoire/hist-econom-sociale/cha9-1.htm
[1205]Vid. Documento online www.cieloterra.it/articoli.greppia/greppia.html

dun sol central, logo o problema desaparece. O que se ve dende a terra é o movemento aparente dos planetas, non o seu movemento verdadeiro ó redor del sol.

Está claro no título das Efemérides de Stade que el cría no modelo copernicano, que no momento do xuízo de Sinot, en 1622, era considerado unha teoría herética. A obra de Copérnico, *De revolutionibus*, publicada en 1534, aparece no *Index librorum prohibitorum* en 1616, como resultado do traballo de Galileo, quen tamén tivo que afrontar á Inquisición en 1633[1206].

Sexa como for, Sinot ofendera á Igrexa en dúas cuestións simultaneamente: a través da práctica da astroloxía herética e pola súa aceptación implícita da herexía copernicana. Hai que salientar que seguramente foi censurado, por unha banda, pola súa vinculación coa maxia e, por outra, por estar relacionado cunha modernidade embrionaria, que se fai aínda máis evidente se temos en conta que previamente tiña sido amoestado na Universidade por usa-lo método de Nebrija no ensino da gramática, que era, evidentemente, máis avanzado do que o de Rico, que recomendaba a institución. Esto suxire unha mentalidade rica e aberta, pero tamén implica os perigos asociados propios da época.

É evidente que Sinot foi tamén un exiliado intelectual, que abrazou ideas estrañas do pasado e do futuro, que desafiaban a ortodoxia no presente. Seoane parece darse conta desto. Ademais do contido astrolóxico, tamén se fai referencia na obra ós experimentos científicos de Sinot, deseñados para estima-lo número de insectos nunha poza. Aínda que non hai evidencia de que o Sinot histórico estivera relacionado con experimentos empíricos, é unha clara referencia á aparición dunha sensibilidade moderna que informaba o traballo e as ideas doutros contemporáneos, como Galileo e o filósofo empirista inglés Francis Bacon.

5.2 Contextos dramático e estético

[1206]Kuhn, Thomas (1957): *The copernican revolution*, Harvard University Press.

Tamén existen varias referencias á filosofía astrolóxica de Sinot nos diálogos da obra. A maioría deles teñen que ver coas crenzas máis correntes entre os astrólogos cultos da época, no sentido de que as estrelas "inclinan", pero non "determinan". Noutras palabras, a astroloxía albisca as potencialidades máis que a inevitabilidade dos feitos. O futuro é descoñecido, excepto para Deus, e o que acontece depende da nosa conducta e dos nosos actos. As nosas accións seleccionan os "futuros posibles" e en tales circunstancias un home sabio pode "ordena-las estrelas" potenciando as posibilidades[1207]:

> Patricio Sinot: Quise aliviarlos, no de su curiosidad de futuro, sino de su presente. Son dos enfermos. Anselmo tomaba medicinas encontrándose la Luna en un singo frío y húmedo y Bernardo es un colérico, cuya bilis amarilla está sometida al seco marte. Están a tiempo de modificar su vida, conociendo, como ahora conocen la constelación bajo la que nacieron... (Acto I, escena II, páx. 65)

Sen embargo, o mesmo Sinot parece estar utilizando a astroloxía para esculca-lo futuro. Pregunta cando vai regresar a Irlanda. O Sinot de Seoane confía máis no que el pode vivir a través da astroloxía que na súa capacidade de utiliza-la súa inciativa.

Ó longo da obra Seoane introduce contradiccións dun xeito sutil e indirecto, presentando constantemente a tensión dialéctica entre os opostos. A linguaxe do simbolismo astrolóxico é moi axeitada para esta tarefa[1208].

O símbolo dominante na obra é Saturno. Sinot é descrito como un ser "saturnal". Saturno simboliza un principio de límites, de materia e de todo o que ten que ver co mundano. Estas características pódense extrapolar a calquera realidade que exprese estas calidades.

[1207]Vid. Tester, op. cit.

[1208]Existen moitas obras que describen o simbolismo astrolóxico tal como vimos facendo. Unha referencia adecuada neste aspecto podería ser *The Larousse Encyclopedia of Astrology* (New York, McGraw-Hill, 1977).

Tradicionalmente, e sobre a base dun razoamento astrolóxico, dise que Saturno regula o sentido da carencia, o sufrimento, a sequidade, a morte, os ósos, a xente con aspecto esquelético, a xente de pel escura, os xudeus -considerados como xente "desubicada"-, a autoridade -que é a fonte dos límites-, as leis estrictas, o prestixio mundano, a disciplina, a responsabilidade entendida como límite, a culpa ou o peso, a sabedoría mundana, a madurez, etc. Iconograficamente, Saturno é usualmente representado como un vello co pelo longo e branco e coa barba crecida, o cal está presente na aparencia de Sinot.

En *El irlandés astrólogo*, Sinot ten moitos destes atributos. É un home maior, morto para a súa nación, como el mesmo di. Parece saturnal, é melancólico e ten sentimento de baleiro e de perda. É sufrinte, pesimista e serio; unha autoridade (profesor) con inclinacións científicas (estudia o mundo físico a través da astroloxía). É unha personalidade ascética.

Sen embargo, no seu discurso introductorio, o Traficante describe a Sinot como "fillo da estrela de Neptuno", que se disfraza cunha larga túnica "como a de Neptuno". Na linguaxe astrolóxica Neptuno representa o oposto complementario de Saturno, polo tanto estamos diante dunha nova contradicción, a pesar do anacronismo evidente da referencia, xa que o planeta non foi descuberto ata 1846, en tanto que a obra desenvólvese en 1622.

Neptuno simboliza o ilimitado, o intanxible, o que pertence a outro mundo. Tamén está asociado tradicionalmente coa disolución das estructuras, da materia, é o que non ten límites, o caos, a eternidade, o nebuloso, o idealismo, os soños, a fantasía, o misterio, a ilusión, a decepción, outros mundos, o escapismo, o ceo, a inspiración, a presencia do invisible, a enfermidade, a desintegración. O mundo do teatro é un mundo de ilusión neptuniana.

Atendendo ó texto compréndese inmediatamente que o carácter de Sinot contén iguais medidas de Saturno que de Neptuno, o que ven confirmar a presencia de contradiccións internas.

Ó mesmo tempo que está morto para a súa nación, vive sen embargo, pero noutro mundo. O mundo onde o idealismo e o soño con respecto ó pasado

increméntanse á medida que pasa o tempo. A Irlanda que deixou xa non existe. Coa súa astroloxía, mira ó ceo para esculca-lo futuro e crea-la fantasía da volta a un pasado que non se pode reconstruír. A tensión entre a súa urxencia por nega-lo presente e a imposibilidade de facelo, acada un estado crónico de melancolía e pesimismo. Como todo o "estranxeiro", ten un aire de misterio, unha realidade nebulosa que é difícil de disipar. Tamén se fai fincapé na súa relación co teatro.

Seoane contrasta o lado saturnal de Sinot cos Inquisidores, que representan a autoridade e o reinado da lei, e cos catedráticos, cos seus traxes saturnais. Os catedráticos teñen unha ortodoxia conformista que os deixa impotentes en canto á súa creatividade e imaxinación. Eles obedecen as regras (Saturno). Ó estaren completamente dominados polo arquetipo de Saturno, están alienados da sabedoría divina e espiritual de Neptuno. Están atrapados nun presente que ten sido definido no pasado. Dende onde están, o futuro pode verse moi claro:

> Primer inquisidor: Nosotros lo tenemos todo definido. Muy bien codificado. Sabemos como está hecho el mundo desde hace miles de años y como se hizo al hombre, hace iguales miles de años. ¿Qué otra cosa puede apetecer el que desee sabiduría? (Acto III, escena V, páx. 90)

As calidades primarias de Saturno que ten Sinot e que faltan completamente nos seus antagonistas son a reserva dignificada, a integridade profesional e a sabedoría.

O lado neptuniano de Sinot contrasta co carácter do Traficante. É nómade e non coñece límites. Aprovéitase da decepción dos soños e das fantasías doutros ofrecendo curas milagrosas, medicinas e tratamentos de beleza. Ensina ilusións e a súa vida é un acto teatral. É un ilusionista, un marxinal que non respecta as regras, aínda que é consciente delas e as acata cando lle convén. Para el a lei é fluída, non é ríxida. Ó estar dominado polo arquetipo de Neptuno, o Traficante está alienado da sociedade mundana, que pertence a Saturno.

A diferencia entre a súa situación e a de Sinot, que tamén se sinte alienado da sociedade, é que o estado natural dos nómades é o movemento (como o mar de Neptuno). A súa atención presente está posta no futuro e onde viaxará a próxima vez. O pasado está morto. O traficante está alienado, pero fóra da sociedade, mentres que Sinot está alienado dentro dela. Tal como Sinot afirma na obra, el ten viaxado dabondo e non quere converterse nun vagabundo, que é exactamente como a sociedade ve ó Traficante. Sinot vese obrigado a seguir as regras sociais porque está aínda dentro da sociedade. O Traficante móvese para escapar das regras.

Sinot quere fundir a Saturno e a Neptuno, o real e o ideal; o que está manifesto e o que vai ser manifestado. A diferencia dos Inquisidores, dos Profesores e do Traficante, el ten dificultade para colocarse no presente, que é o único lugar onde a devandita unión pode ter algunha posibilidade de éxito.

Sinot ten unha amiga, a súa amante, Áurea. Está asociada coa Lúa. A lúa astrolóxica é o principio da feminidade nutricia. Tamén simboliza as raíces, o fogar, o sentido de pertenza, a memoria, a relación co pasado. Áurea está constantemente pedindo a Sinot que esperte ó presente:

> Patricio Sinot. ¿Cómo puedo saber lo que pasará después de hoy?
> Áurea: No pienses en lo que ocurrirá mañana. Medita ahora en lo que te acaba de suceder. No te preocupe el porvenir, Patricio, piensa en el presente.
> Patricio Sinot: El presente eres, tú, yo y el pasado**.**
> Áurea: Este presente, tú y yo, sin el pasado, debería bastarse como a mí... (Acto III, esc. VI, páx. 90)

Sinot e Áurea representan outro par de opostos complementarios. El é un home maior, seco e pesimista. Ela, unha moza, húmida, fresca, e optimista. Está fascinada polo seu aire estraño, en tanto que el busca algo familiar. No zodíaco, Saturno rexe Capricornio, mentres que a Lúa rexe Cáncer, o signo directamente oposto a Capricorno no zodíaco.

Áurea pensa que a través desta unión, unha unión de opostos, ámbolos dous volveranse inmunes á morriña e á preocupación polo pasado. O nó da cuestión dramática está en que se Sinot se unira ó presente a través de Áurea o seu dilema estaría resolto.

A través dos ollos dos astrólogos, a peripecia de Sinot (e a dos exiliados en xeral) é luar, unha cuestión de como ve-las necesidades da alma cando un está desarraigado das fontes nutricias do fogar, da familia e da familiaridade, da patria e do sentido de pertenza. Na ausencia de calquera posibilidade de retorno a Irlanda, hai que engadir contidos emocionais frescos que favorezan a experiencia de intimidade nun entorno novo. Áurea representa esta posibilidade. Ela ofrece unha pantalla alternativa nun museo da memoria.

Seoane tamén inclúe outra referencia astrolóxica. Neste caso é indirecta, pero reflicte os coñecementos de astroloxía que tiña o autor e o seu propio signo zodiacal, Xémini. Bernardo e Anselmo, os dous estudiantes, son personificacións ben librescas de Xémini, os xemelgos. O espírito Xémini é mercurial: lixeiro, comunicativo, mentalmente alerta, rápido de enxeño, versátil, enxeñoso, xuvenil, fácil de aburrir, habilidoso coas mans e mudable.

Bernardo e Anselmo son maliciosos, métense en xogos de palabras, son inmaturos e buscan xuntos a atención de Áurea como se foran unha unidade, como un par de xemelgos. No derradeiro acto vense de pé fronte ó retablo das marionetas facendo xestos graciosos con mímicas. Eles mesmos pódense ver como marionetas das autoridades da universidade, enviados para entramparen a Sinot, ou polo menos coincidindo con eles nos resultados. Son unha sorte de "parvos" doadamente recoñecibles como personaxes da Commedia dell'arte. Aínda o seu xeito de dialogar suxíreo. Facendo escarnio do "mestre Sinot", como Zanni, búrlanse de Il dottore como se fose o arrogante da Commedia, como o farían os bufóns, e no seu diálogo, búrlanse tamén dos médicos ambulantes.

6. O TEMA DO EXILIO: PERVIVENCIAS CULTURAIS E REFERENCIAS OBLICUAS

Non podemos falar do tema do exilio en El irlandés astrólogo sen falarmos da pervivencia cultural do mito do xudeu errante na literatura

moderna e, sinaladamente, nesta obra de Seoane. Resulta evidente que "Irlandés astrólogo" e "xudeu errante" son dúas construccións paralelas e non se trata unicamente dun paralelismo formal, sintáctico, aparente. Hai entre as dúas unha correspondencia semántica, se atendemos ós contidos tanto da obra de Seoane como ós do mito do xudeu Asuero, segundo o nome máis difundido deste personaxe[1209].

O mito difúndese a partires do século XVII e chega ata os nosos días, a través da tradición romántica, transformando os aspectos relixiosos en políticos e recuperando o énfase na inxustiza. No século XX o mito subsiste en deformacións e contaminacións, amalgámase con outros mitos, descristianízase e desxudeízase.

Logo da II Guerra Mundial o mito revive e o fai na literatura americana, coincidindo coa marcha que os xudeus deben protagonizar cara ós Estados Unidos e a outros países.[1210] Malamud, Bellow, Missenson, e outros, fan as súas propias reelaboracións da historia, que ademais aparece na temática pictórica de Marc Chagall. No século XX aparece ademais a figura da víctima inocente sacrificada a causa da relixión. Por outra banda, as aventuras de Huckleberry Finn, de Mark Twain; The catcher in the rye, de J.D. Salinger e On the road, de Jack Kerouac, tratan sobre persoas destinadas a vagar eternamente sen posibilidade de atoparen un lugar nen a paz do espírito.[1211]

O tema da viaxe, o tormento interior e a persecución oprimente son os elementos que achegan ó Irlandés astrólogo e ó Xudeu errante. Aínda que en Sinot hai una secularización do tema, propia da literatura que representa Seoane. Pero ademais desta coincidencia temática hai moitos aspectos nos que Asuero e Sinot, dentro do contexto dunha literatura absolutamente moderna, comparten. Pódese dicir que a figura de Asuero en Sinot está desdobrada: Por unha banda temos as circunstancias propias da errante e as súas consecuencias

[1209] Fintz Menascé, Esther (1993): *L'ebreo errante. Metamorfosi di un mito*. Universitá degli studi di Milano. Facoltá di lettere e filosofi, quaderni di ACME 21, Istituto di Anglistica. Istituto Editoriale Universitario Cisalpino.

[1210] Debemos lembrar aquí a fonda relación de Luís Seoane coa comunidade xudía na Arxentina, a máis numerosa do mondo logo da de Nueva York. Precisamente esta relación deulle a oportunidade de realizar un mural para o Banco Israelita, entre outros moitos traballos.

[1211] Sirchia, M.C., en Fintz Menascé, E., op. cit.

morais, que o mesmo Sinot recoñece en si, e a figura do condenado a vagar por un pecado contra Deus que nos devolven os inquisidores, os estudiantes, os catedráticos e a nai de Áurea.

Pero vaiamos ás características comúns entre Asuero segundo o seu desenvolvemento no tempo, e as de Sinot. Ámbolos dous son representados como homes maiores de cabelo encanecido e envoltos pola melancolía. Sinot é un home culto, cheo de intereses e excepcional, tal como o define o Traficante de ungüentos, que di:

> No era de su especie, sino de genio más concentrado (Prólogo, páx. 61).

Leva unha existencia sobria e retirada, é un individuo estraño á sociedade en que vive, como no lo corrobora Áurea cando di

> Te quiero por lo que tienes de distinto y extraño (Acto I, escena II, páx. 66).

A erranza, a mobilidade no tempo e no espacio, marcan a vida de Sinot. A súa condena é vagar eternamente e a través desta condena Asuero/Sinot comprende o real valor do tempo. Pode coller no pasado a dirección do futuro e penetralo:

> Cuanto más nos separamos del pasado más unidos estamos a él (Acto I, escena I, páx. 64)

e neste sentido alecciona a Áurea sobre o valor do tempo:

> El pasado no será en el futuro o que ocurra cada día, sino esta tierra que dejas. No será nunca un suceso concreto... será otra cosa, esa nostalgia que puedes medir ni dominar. (Acto III, escena VI, páx. 91).

Por outra banda, Asuero soe aparecer como cosmólogo, astrólogo e divulgador científico, é un estranxeiro de intelixencia viva e extraordinaria erudición (Sirchia, M.C., 1993).

> "La Santa Inquisición lo condenó por destilar mentiras engañosas que favorecen al diablo", di o Traficante de ungüentos no prólogo (páx. 62). Este mesmo personaxe danos dende o principio as coordenadas que permiten falar de Sinot como unha reelaboración do xudeu. Fala del como o "astrólogo irlandés desterrado" (Prólogo, páx. 62), "un hombre alto, distinguido, de cerca de cincuenta años, tiene el cabello encanecido y cubre su rostro una intensa palidez" (páx. 63). Os aspectos escuros da personalidade de Sinot aparecen na voz de Bernardo, cando di do seu profesor que "es un extranjero que dicen que no ama a este país y las autoridades desconfían de sus ideas" (Acto I, escena IV, páx. 68). Áurea subliña tamén estas características: "y todos, profesores y alumnos, coinciden en que sois un hombre correcto, pero misterioso" (Acto I, escena V, páx. 70).

Como no caso do xudeu, as orixes de Sinot son descoñecidas. Bernardo o pon de manifesto:

> Alguien de quien las autoridades no pueden fiarse, pues no se conocen más antecedentes que los que vos y los vuestros revelan (Acto I, escena V, páx. 70).

Tamén os catedráticos manifféstanse neste sentido:

> A mi me inquieta, personalmente no conocer exactamente su origen (Acto II, escena III, páx. 79) e na mesma localización, Ese no es el caso del maestro Sinot, que es un extranjero y no se le conocen antecedentes (Páx. 81).

Tanto os inquisidores como os estudiantes devolven unha visión fáustica de Sinot, como aquel que fixo un pacto co demo. Os primeiros pugnan por coñeceren a natureza dese pacto a través da tortura.

6.1 A pegada de Brecht e o efecto afastamento

"Didáctico-político" son as verbas que utilizaba o mesmo Bertolt Brecht para defini-la natureza do seu teatro épico, un teatro que a partir da publicación de *Trommeln in der nacht* (*Tambores na noite*), de 1920, tenta inducir ó público a non deixarse levar polas emocións, senón pola razón, a través dun recurso dramático que Brecht fixo famoso, o "efecto do distanciamento" (Verfremdungseffekt) entendido como un recurso que anime ó espectador a intervir e transforma-la realidade. A partir de 1929 Brecht achégase ós movementos marxistas e pon en relación as formas dramáticas co pensamento político no que el mesmo chama "unha crítica nihilista á sociedade burguesa". A actuación convértese nun proceso de aprendizaxe que se leva adiante nun espacio, o do teatro, que se considera como un novo campo de loita entre comunismo e fascismo. O espectador ten que observar e tomar partido. A obra establece un conflicto, que pode abranguer un abano amplo de temas, pero non a conclusión, que debe ser acadada polo espectador mesmo. *Das leben des Galilei* (*A vida de Galileo Galilei*), de 1938, unha obra que ten puntos de contacto co noso *El irlandés astrólogo*, é tamén unha obra creada no exilio brechtiano e un punto de inflexión da historia do teatro alemán na que o autor busca a través do realismo, o afastamento do público para acadar unha postura crítica diante da realidade imperante.

Brecht, que utiliza o termo "teatro épico" pola primeira vez en 1926, sostén, con respecto a el, que os espectadores deben ter moi presente que están diante dunha representación; o público é un observador que mediante o teatro épico vese impulsado á toma de decisións e á acción. Neste sentido, Brecht rompe coa ilusión do teatro. A través del, o espectador descobre o funcionamento real da sociedade, que responde ós designios do poder. Este conflicto central é amosado polo protagonista e a acción debe estar reforzada por medios extraordinarios que fagan fincapé nas contradiccións que se pretende poñer en evidencia. Eses medios poden ser, por exemplo, proxeccións de documentos que reforcen unha conversa abstracta; a esaxeración nos movementos e nas voces; a inclusión de danza e música. Outra maneira

brechtina de potencia-lo efecto afastamento é descubrir para o público todas aquelas accións que o teatro burgués agocha. Así, os cambios de decorados -entre outras cousas- pódense facer á vista do público.

Brecht quere induci-la alienación, o espectador non debe asumi-la experiencia teatral de xeito acrítico e sen acadar consecuencias prácticas. A empatía co personaxe non é suficiente nin positiva. O proceso de alienación, o afastamento, di Brecht, é imprescindible para calquera proceso de comprensión e engade que cando algo aparece como unha obviedade, calquera intento de comprensión fracasa. Cando o espectador síntese identificado coa dor do protagonista non fai nada, que é o que ocorre co teatro burgués, en tanto que co teatro épico o espectador decátase de que nunca antes tivera reflexionado sobre o que se lle está a mostrar e cobra conciencia da necesidade de cambia-las situacións semellantes. O teatro é para Brecht o escenario da reflexión e do cambio.

Seoane crea unha linguaxe escénica propia para produci-lo afastamento a través da introducción de personaxes auxiliares ou de referencias que reforzan o tema do exilio. Neste contexto temos que considerar ó Traficante de ungüentos e ó bufón como tamén as referencias a personaxes históricos que tiveron que ver con diversas formas de exilio. Ademais, o recurso do teatro dentro do teatro, que se ve a través do Traficante e do guiñol tamén son unha forma de lembrar ó público que está a ver unha representación.

Por outra banda, Seoane utiliza recursos escénicos brechtianos para conecta-las expresións sutís coas abertas sobre o tema do exilio. O Traficante e o bufón están emprazados no espacio entre a audiencia e o drama que se representa no escenario, diante do telón, e eles mesmos despregan os elementos escenográficos que van utilizar. Falan directamente á audiencia e a súa aparencia e maneiras son esaxeradas. Esto crea unha desexada alienación entre a audiencia e a acción sobre o escenario. A audiencia é periodicamente espertada da ilusión teatral na que está asolagada, de xeito que a mensaxe da obra non quede adherida ó reino do ilusorio. Así, a idea ten a posibilidade de enraizar na mente na que se reflicte e de ter unha vida fóra do teatro a través

dunha proxección na realidade. A obra, despois de todo, está facendo unha afirmación política e Seoane, como Brecht, quere a reflexión e a acción.

Poderíase dicir que a audiencia, no seu estado inducido de alienación (efectivamente unha forma de exilio temporal dentro do contexto da actuación), retráese da ilusión e é forzada a permaneceren na realidade presente. Trátase dun interesante reverso da situación descrita na obra na que Patricio Sinot, no seu exilio ou alienación propios, é empurrado dentro dunha relación ilusorio coa súa patria. A súa lembranza de Irlanda lévao máis alá da realidade presente daquel país, como soe ocorrer no exilio e na emigración.

Seoane (e Brecht) están por tanto creando unha contradicción interna ó forza-la existencia conxunta dentro do auditorio de dous arquetipos distintos, a realidade a a irrealidade, Saturno e Neptuno. Unha vez mais vemos o xogo de opostos complementarios, esta vez no xogo teatral mesmo en que a audiencia é levada da ilusión á realidade e da realidade á ilusión, o que ven reforza-lo xogo da tese que busca a producción da síntese.

A existencia de contradiccións, o xogo tese-antítese, ten presencia constante ó longo da obra, na que se fala repetidamente da existencia de contradiccións na realidade, unhas contradiccións que a Inquisición busca resolver no control das conciencias e Sinot na pescuda dos astros. Tamén hai contradicción cando se presenta alternativamente a Sinot como Neptuno e Saturno ou cando confrontamos as figuras saturnais dos profesores coa de Sinot, que tamén é profesor e por tanto, personificación de Saturno, pero sen embargo vémolo movido por actitudes dignas, ó contrario do que fan os seus colegas. Podemos continuar esta referencia ás contradiccións lembrando a conversa das rodas que contrapoñen o fatum e a realidade. Neste mesmo contexto, o exilio é descrito polo mesmo Sinot como unha morte en vida. Por outra banda estes xogos tese-antítese tradúcense ás veces como perspectivismos. Así o irlandés pode verse como un santo, tendo en conta as súas actitudes, ou como o demo, se nos deixamos levar polos inquisidores. Así mesmo, Sinot chega a pensar que os seus acusadores eran axentes do rei Xacobo, en tanto que Anselmo e Bernardo consideran esta posibilidade para o seu mestre.

Hai varias outras técnicas que reforzan o proceso da alienación. O uso do simbolismo astrolóxico crea unha disonancia cognitiva a través da súa infamiliaridade. No acto II en particular, o orixinal uso da cor no escenario "ó estilo de Jackson Pollock" para unha obra escrita en 1959, dispararía unha disonancia estética para moitos, amplificada pola irritación da constante periodicidade do goteo da auga. As caras e as mans dos inquisidores están pintadas de verde. Cando un deles fala, os outros dous moven a cabeza ó mesmo tempo e fan soar os seus nudiños, do mesmo modo do que o fan os dous torturadores que esperan silenciosamente sobre o escenario. Nada desto está feito para conseguir unha reacción confortable co drama.

Coa posible excepción de Áurea, ningún dos personaxes, incluído o mesmo Sinot, son simpáticos. Sinot é retratado como unha persoa débil e bastante egoísta. O traficante ten un carácter moralmente dubidoso. Os inquisidores son sádicos. Os profesores son hipócritas en relación coa súa vocación. Os estudiantes son completamente odiosos. E a nai de Áurea leva a aceptabilidade social por encima dos lazos familiares, rexeitando á súa filla nun momento de crise.

As contradiccións son abundantes na obra. Algunhas xa foron referidas e outras serano a continuación. No acto final, durante o auto de fe, unha función de monicreques serve para burlar en escena a tortura. Os profesores admiran a habilidade coa que se ten realizado a efixie de Sinot, disociados da tráxica realidade que representa, en lugar de velo como unha atracción de feira.

Usando estas técnicas, a audiencia, no seu estado inducido de alienación (efectivamente unha forma temporal de exilio dentro do contexto da representación), son recuperados da ilusión e forzados a permaneceren na realidade presente. É un interesante reverso da situación descrita na obra onde Patricio Sinot, no seu exilio ou alienación, é empuxado a unha reacción ilusoria coa súa patria. A súa memoria de Irlanda afástase da realidade presente do seu país, como soe ocorrer. Áurea trata de espertalo.

Seoane reforza esta estratexia de alienación e mesmo a alienación como tema dunha maneira moi sutil e aínda subliminar. Ó facelo alude

conscientemente á conexión histórica entre as formas primitivas de teatro e ó mundo dos vendedores nómades dos mercados e feiras medievais.

Esta presencia do médico ambulante e do seu bufón, e o papel que cobra na obra, chama a atención cara a un aspecto da historia do teatro. Na baixa Idade Media, o teatro existía en dúas formas principais, que, simplificando, poderían chamárense a tradición afeccionada e a profesional, ou a commedia erudita e a commedia dell'arte, respectivamente. As diferencias entre elas estaban ben claras[1212].

A tradición afeccionada facía énfase exclusivamente no escritor e no seu texto. As representacións tiñan lugar en escenarios interiores. Os actores eran "cabaleiros dilettanti" vestidos con traxes moi elaborados. Non había lugar para a improvisación e non se utilizaban máscaras. Os personaxes eran os específicos de cada obra.

A tradición profesional non era literaria. Non había guións escritos. Os personaxes-tipo representaban cada un unha condición social -o doutor, o militar, o amante, o parvo, o daniño arlequín-. O énfase poñíase no humor e na sátira. Os personaxes eran recoñecibles polas súas características máscaras e as súas actitudes de conducta. Non había vestiario elaborado. Os actores eran libres de improvisaren dentro dos límites que impoñía o seu papel específico, todo o tempo sendo coherentes coas súas máscaras. Na súa forma máis desenvolvida, a Commedia dell'arte estaba limitada polos regulamentos. Cada personaxe tiña que ter unha maneira peculiar de andar e de falar e tiña que realizar uns determinados xestos que esencialmente o definían. Foran onde foran, os espectadores estaban familiarizados con estes personaxes-tipo e sabían que debían esperar deles. Os actores tendían a desempregar sempre o mesmo papel durante toda a súa vida actoral. Sen embargo, ó mesmo tempo, a improvisación era un recurso moi importante. Esta liberdade limitada polos regulamentos resoa co concepto de contradicción interna que poboa a obra de Seoane.

[1212]Vid. Rudlin, John (1994): *Commedia dell'arte - An actors handbook*, London/New York, Routledge.

A Commedia dell'arte naceu nos mercados, feiras e carnavais da Europa medieval. Para atrae-la atención sobre as súas mercadorías, os vendedores empregarían persoas para "face-lo parvo" tanto como fora posible. O humor groseiro, música, actividades acrobáticas, duelos de espada e outros efectos combinados para produciren a atracción dos posibles clientes. Utilizábase unha mesa despregáble como escenario para que a representación se puidese ver por encima das cabezas dos asistentes. Cando terminaban ou cando había suficiente público, o vendedor comezaba a súa actuación. Tiña que seduci-la audiencia para que comprase o seus artigos, explicando como era posible que se vendesen tan baratos ou por que algúns dos productos más exóticos tiñan poderes especiais para aliviaren a enfermidade, prolonga-la vida ou produciren a beleza.

Gradualmente esta colaboración entre os feirantes e as atraccións fíxose máis complexa. Puxéronse de moda as comedias de contrastes, baseadas na tensión entre a autoridade e o oprimido, o rico e o pobre, o privilexiado e o desposuído, a sabedoría parva e a pretensión de coñecementos, a censura e a liberdade de expresión, entre outros tópicos.

Un aspecto esencial do teatro que se desenvolveu dende estas orixes foi a súa natureza nómade. Viaxando de feira en feira e de festa en festa ó longo de extensos territorios, estes personaxes eran misteriosos, pouco convencionais e polo tanto vistos con desconfianza polas autoridades tanto eclesiásticas como seculares. Eran un pouco marxinais e como "estranxeiros" transcendían os problemas do exilio abrazándose a el como unha forma de vida.

O uso do médico ambulante e o seu bufón na obra de Seoane refírese directamente a esta tradición, co seu nomadismo inherente. Cando o Traficante de ungüentos coloca a súa mesa, pon un poste con bandeiras de tódalas nacións, para crea-la ficción de que obtivo estas bandeiras das súas viaxes. Pero, como sempre, Seoane introduce unha contradicción a esta celebración dos movementos interlimítrofes, xa que tanto ó principio como ó final da obra, o bufón interpreta unha melodía galega coa súa gaita. Seoane está nos a dicir: Recorda as túas orixes.

En determinado momento, no diálogo do Traficante faise referencia a tres escuros personaxes históricos: Juan Salomon Tabarin, Leonhard Thurnheisser e Johann Eisenbarth. Partindo do exposto sobre a maneira que escolle Seoane para adherir ós postulados brechtianos, temos que dicir que estes nomes foron introducidos para quebra-la conexión da audiencia coa obra. O público tense que preguntar "¿quen son estes?". Tabarín, en particular, demanda atención, xa que o Traficante refírese a el reiteradamente como "meu mestre" e polo tanto manteno no centro da atención. Respondamos por tanto á pregunta do público:

Aínda que o Traficante descríbeo como o seu "sabio mestre", era unha sorte de bufón que traballaba co médico ambulante Mondor na Pont Neuf en París entre 1618 e 1625[1213]. Tabarín era o pseudónimo de Antoine Girard. O nome Tabarín ven de "tabar", que designaba unha túnica branca. *Tabarín e Mondor* foi unha moi popular obra en dous actos, con discursos pretensiosos de Mondor, en contrapunto co enxeño e o humor groseiro de Tabarín. O estilo das actuacións de Tabarín influíron na obra de Moliére e no desenvolvemento da farsa na tradición teatral francesa. Como se sinala na seguinte cita, Tabarín era "un xigante no seu pequeno mundo":

> Retórica sabia, anque degradada por el vuelo de Tabarín. Así, a instancias de Rabelais, Tabarín integró el saber en la farsa. Como ha escrito el bibliófilo Leber, "fue un gigante, en un pequeño mundo.[1214].

No prólogo, o traficante di

> Traficante de ungüentos: En el barrio donde vivió, aquí en Compostela, dicen que llevaba por las noches un gran sombrero colorado, adornado con una gran pluma sobre su cabellera plateada. Que se ponía como disfraz una barba, al modo de la de Neptuno, que escondía su gran palidez... (Prólogo, páx. 62).

[1213] Vid. Beaumarchais, J,P. de, Couty, D. e Rey, Alain (1984)*: Dictionaire des littératures de langue Française*, París, Larousse Bordas.
[1214] Ibidem

Seoane está facendo aquí unha conexión explícita entre Sinot, o Traficante e Tabarín. A referencia á espada de madeira é interesante. Unha espada de madeira é esencialmente inofensiva. É un recurso escénico que utilizan o parvo e o bufón para faceren o roído propio de pegárense. Na Commedia dell'arte é o "batocchio", un arma de xoguete que leva Arlecchino[1215]. Os tres son homes inofensivos. Os tres son nómades, ambulantes. O serio doutor Sinot cura a través da astroloxía e é tamén un médico ambulante. O Traficante cura con pocións máxicas e coa esperanza. Tabarín cura co humor, pero tamén ensinando ó traficante sobre medicinas secretas. Os tres son pouco confiables, son marxinais cada un á súa maneira.

O tema da curación está oculto, pero hai referencias constantes a el, neste caso baixo o disfrace que ofrece Johann Eysenbarth.

No acto III, escena III, o Traficante de ungüentos di estas palabras:

> Yo no puedo opinar. Vendo medicinas y para ayudarme improviso comedias con este bufón, igual que los criados de Johan Andreas Eysenbarth, médico alemaán y operador de privilegio de diversas Cortes y Príncipes (Acto III, escena III, páx. 87)

Hai que salienta-la utilización da palabra "improvisar", un signo máis ben do teatro profesional que do afeccionado. Tamén di que non pode dar opinións. Está falando á audiencia cando o di e efectivamente estalles a dicir que teñen que optar polas súas propias opinións sobre as mensaxes da obra, no espírito da esexese brechtiana.

Eysenbarth (Eisenbart) naceu en 1663, de modo que a súa inclusión na obra é anacrónica, dado que o drama transcorre en 1622[1216]. De todos modos, esta referencia pasaxeira a un escuro médico alemán (¿tería alguén escoitado sobre el?) debeu de ser escollido por unha razón. E de feito amplifica a conexión sutil que se realiza na obra entre medicina, curación e teatro, ó mesmo tempo que se mantén o tema do nomadismo e que se chama a atención sobre algo externo á obra para producir afastamento.

[1215] Vid. Rudling, John. op. cit.
[1216]Vid. Documento online www.hann-muenden.net/spontan/eiba_bio.htm

Johan Eysenbarth converteuse nun médico ambulante en 1686 e aparentemente tivo moito éxito, o cal atraeulle atención e privilexios. Como consecuencia, déuselle permiso para coloca-lo seu posto nos mercados semanais en moitos lugares de Alemania, onde vendía as medicinas que preparaba.

Para crear o mellor contexto posible, Eysenbarth empregou xograres, músicos, bailaríns e un grupo de teatro que o acompañaba nas súas viaxes. A esto refírese o Traficante de ungüentos na obra. Tiña que ser un espectáculo de medicina ambulante de enormes proporcións. Debido ás súas experiencias en Prusia, onde as actuacións dos xograres, actores ó aire libre e titiriteiros estaban prohibidos na praza do mercado, Eysenbarth cambiou o seus procedementos en 1716, e dende entón desempregou a súa actividade en privado.

O primeiro paso no proceso de curación é identifica-la natureza do problema. Seoane, influenciado por Brecht, ve o teatro como un proceso educativo polo cal os problemas poden poñerse de manifesto. Este é o primeiro paso para precipita-lo cambio. A obra actúa como un punto focal onde a toxicidade social pódese facer visible, posibilitando así a cura. O estilo da Commedia dell'arte é o máis axeitado para esto. Baséase en explota-la tensión entre os opostos, as contradicións fanse accesibles a través da simplicidade. Os personaxes representan unha mostra fixa de arquetipos sociais utilizando máscaras con xestos recoñecibles e esaxerados. Eles son familiares e facilmente identificables. A mestura do enxeño groseiro e a sátira é ó mesmo tempo entretido e subversivo. Este tipo de compañías teatrais non eran benvidas polas autoridades. Os sanadores son marxinais, non son "un de nós". Lembran ó "chaman" enmascarado da cultura premoderna, que facían unha sorte de producción artística, maxia e curación. Eles mesmos eran individuos temidos, separados, porque nos seus voos e viaxes convertíanse en pontes entre a terra e o submundo. Sen embargo a súa tarefa era mante-la saúde física e psíquica da comunidade.

7. A MODO DE CONCLUSIÓN

É razoable asumir que a maior parte do potencial que outorga o simbolismo astrolóxico teríase perdido para unha audiencia moderna, sen embargo Seoane utilízao polo seu poder descritivo e evocador. No momento en que transcorre a ficción, o coñecemento popular do significado dos símbolos astrolóxicos tería permitido ó autor potencia-lo efecto da obra con estes aditamentos colaterais, como no caso de Shakespeare. É posible que Seoane soubera que W.B. Yeats, o poeta irlandés que axudou a forxar unha tradición teatral irlandesa, era un ocultista que practicaba a astroloxía. Pode que isto influíra nel á hora de contar co simbolismo astrolóxico nesta obra. En todo caso, o uso da astroloxía en *El irlandés astrólogo* axuda a crear unha atmosfera que é ó mesmo tempo alienación e resonancia para a sensibilidade moderna. Trae o aroma do exótico e afástanos ata unha Galicia histórica que Seoane quere recuperar para a conciencia dos galegos, que necesitan facérense cargo da súa historia.

Seoane recorre ó monicreque, ó teatro dentro do teatro, para amosa-lo final da obra. En realidade dende o principio, xa coa figura do Traficante de ungüentos está a xogar con diversos planos teatrais, relacionados coas versións máis populares da representación dramática. A escena quinta, onde se desenvolven os prexuízos sobre os estranxeiros é de grande actualidade. Seoane conclúe que a orixe dos conflictos é a autonomía do pensamento. O poder inhibe ós homes de concibir ideas, o sistema trata, fundamentalmente, de facer homes dispostos a cumprir coas regras, sen trazárense outro tipo de alternativa. A conclusión da tese é que a falta de liberdade leva á abolición da filosofía. Non hai que facerse preguntas. E nisto, como noutros aspectos, vemos a grande actualidade desta obra de Seoane. Abonda con mira-la TV para ver que é o que espera o poder de todos nós.

Se queremos atopa-los sentimentos máis profundos de Seoane con respecto ó exilio e á emigración -que para el eran a mesma cousa- hai que ler as cartas a Maside[1217]. Nelas expresa o labor que se fai dende lonxe pola patria, sen obter demasiada recompensa nin recoñecemento, e manifesta a presencia

da idea que informa os planos de todo emigrante: retornar. Pero ademais destas ideas que o autor de *El irlandés astrólogo* refería na intimidade da escritura ó seu amigo Maside, os lectores poderán atopar ecos da obra que estivemos a estudiar nas páxinas precedentes. "Non temos existencia, somos xa estraños, alleos, e calquera cousa que realizamos non ten nesa eco ningún. Quizais non teña por que telo, pero todo o noso bo ou malo, esta dedicado a esa con toda a nostalxia de que somos capaces", di Seoane na carta do 13 de xuño do 57, dous anos antes de publicar ese *Irlandés astrólogo* no que Sinot di estar morto para a súa patria. Esta idea xa aparecía na carta do 28 de setembro do 53: "dezaseis anos soñando día a día co regreso, que seguramente nunca poderemos realizar os que estamos aquí e os que están noutra parte, esquecidos de case todos, sen contar para nada naqueles e naquilo que máis queremos, sumidos nun sacrificio que para as xeracións máis novas debe de semellar estúpido e que a nós mesmos xa nos semella inútil".

Outras veces o seu estado anímico lembra ó de Sinot. Di Seoane o 14 de novembro do 52 que teme que "esta preguiza en respostar que me domina nos últimos meses, proveña seguramente de causas íntimas e que teñen a ver coa soidade en que un vai pechándose lentamente. Costa moito agardar por aquecomunicármonoslo que xamais chega e que no meu caso, no caso de todos, a nosa esperanza primeiro, fundamental, estaba cifrada, está, no regreso", un regreso que necesitaba aínda de varios anos para facerse posible.

Pero a referencia que mais chama a atención, nesa mesma carta, é aquela na que Seoane relaciona a vida do emigrante co teatro de monicreques. "Debemos parecer vistos desde aí como personaxes de guiñol que axitan estupidamente as súas mans cos dedos separados no aire, vestidos os nosos pensamentos e fervores coas cores preferidas para eses bofonescos actores de pao, tea e papel". Seoane móstrase esperanzado no futuro, pero laméntase de que o traballo do artista non ten sentido: "nós se o facemos xa non temos un pobo co que comunicármonos e entendérmonos e toda a vida do artista e do escritor estivo destinada sempre a establecer unha linguaxe co seu pobo, coa historia e a tradición do seu pobo".

[1217] Vid. Díaz, Xosé (1994): *Textos sobre arte galega e deseño*, Vigo, A Nosa Terra.

Evidentemente o tema do afastamento e do exilio, ou da emigración, como Seoane prefería chamala, é central na obra deste escritor e en particular na que estudiamos. Pero en *El Irlandés astrólogo* a cuestión é abordada con inusual profundidade. O autor quere que o público descubra o que está no fondo desa realidade: a inxustiza e a represión, e aínda máis, as orixes de ámbalas dúas, unhas orixes que están, segundo nos indica o noso escritor, no funcionamento real da sociedade, que responde ós designios do poder, un poder que busca anular a capacidade creativa fundamental, que é a capacidade de crear un pensamento diferenciado, alternativo e crítico cunha sociedade inxusta, pero nos seus propios actores. Seoane sinte, como artista, a responsabilidade de xerar un cambio e coloca igualmente unha pesada responsabilidade sobre os ombros dos que están relacionados co teatro.

O teatro convértese nun vehículo para a revitalización (a volta á vida, a resurrección) da sociedade e das culturas que se atopan moribundas e enfrontan unha historia opresiva. A emerxencia dun teatro nacional irlandés ó comezo dos anos vinte estaba baseado neste mesmo principio, a resurrección dunha cultura irlandesa gaélica de debaixo do peso da historia colonial. Os que conduciron o proceso eran poetas e escritores máis que departamentos do goberno. Luís Seoane coñecía moi ben a experiencia irlandesa, que dalgunha maneira influencia o seu propio pensamento sobre a materia.

PRIMEIRAS EXPERIENCIAS LITERARIAS DE LORENZO VARELA NO EXILIO E DÚAS ELEXÍAS DESCOÑECIDAS

Xosé Anxo García López
Universidad de Murcia

Coa elección de Lorenzo Varela como autor homenaxeado na edición do Día das Letras Galegas de 2005 culminouse a longa serie de iniciativas das que fomos testemuñas nos últimos anos, as cales deron pulo a un maior recoñecemento da súa figura e da súa obra[1]. Porén, a etapa mexicana do noso escritor é, mesmo agora, unha das menos coñecidas e estudadas, tanto no que concirne á perspectiva biográfica como á literaria. As liñas que seguen responden ó desexo de contribuír a solucionar esa lagoa dando a coñecer algúns datos de interese sobre o volume inédito *Silencio y llanto de España*, así como as circunstancias que rodearon a aparición do poemario *Elegías españolas*, as versións elaboradas en México dalgunhas composicións que posteriormente formarían parte do libro *Torres de amor* e dúas elexías ignoradas ata a data. En relación co sobredito, consideramos apropiado achegar en primeiro lugar unha pequena síntese biográfica referida ós anos que Varela pasou en terras aztecas, algo que coidamos necesario á hora de contextuar axeitadamente a totalidade dos devanditos textos.

DATOS PARA UNHA BIOGRAFÍA DE LORENZO VARELA EN MÉXICO

Por mediación do organismo denominado SERE (*Servicio de Evacuación de Refugiados Españoles*) e dos cuáqueros ingleses agrupados ó redor do *British Joint Committee for Spanish Relief*, frétase o *Sinaia*, un dos primeiros buques que

[1]Nomeadamente as edicións da poesía e da prosa de Varela das que foi responsable Xosé Luís Axeitos (Varela, Lorenzo [2000]: *Poesía completa*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro; [2001]: *Ensayos, conferencias y otros escritos*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro).

embarcará pasaxeiros españois cara ó exilio. Así mesmo, a *Junta de Cultura Española*, presidida por José Bergamín, inicia as xestións pertinentes para asegura-lo acceso dos refuxiados a México, república que baixo o mandato de Lázaro Cárdenas sostivo a causa democrática española e agora abre as súas portas ós desterrados, moitos deles sen posibilidades de consegui-lo preceptivo permiso de residencia en países como Arxentina ou Uruguai[2]. O *Sinaia* parte do porto francés de Séte cara a terras mexicanas o vinte e seis de maio de 1939. Nel viaxa Lorenzo Varela xunto con algúns coñecidos: Antonio Sánchez Barbudo, Ramón Gaya ou Juan Rejano, entre outros. Fóra dalgunha disputa entre os intelectuais embarcados[3], a travesía remata sen novidade no porto de Veracruz o día trece de xuño, onde os exiliados foron recibidos por Juan Negrín e varios membros do goberno mexicano.

Logo do recibimento, Varela desprazouse xunto co resto dos redactores da tristemente desaparecida *Hora de España* á capital, onde residía un importante núcleo de españois con anterioridade ó remate do conflito bélico español. En conxunto, o nivel cultural dos refuxiados era alto, feito que favoreceu a identificación do exilio a México como un exilio intelectual[4]. Esta circunstancia facilitou en boa medida a incorporación dos expatriados á sociedade mexicana[5], malia que aqueles atopaban como principal atranco á súa integración o problema

[2]Os mexicanos xa deran mostras da súa actitude solidaria con anterioridade coa acollida dos chamados "nenos de Morelia". O *Mexique*, barco que no verán de 1939 transportaría a terceira grande expedición de refuxiados españois, cumprira en xuño de 1937 coa delicada misión de levar a bordo con ese mesmo destino preto de cincocentos rapaces republicanos. Os precedentes do traslado dos expatriados a México hai que buscalos no labor realizado polo embaixador de Azaña Gordón Ordás e nas xestións de Daniel Cossío Villegas, embaixador de México en Portugal, e do intelectual Alfonso Reyes perante Cárdenas, que propiciaron o amparo de México ós españois (Maldonado, Víctor Alfonso [1982]: "Vidas políticas y diplomáticas del exilio", en López Portillo, José et al., *El exilio español en México 1939-1982*, México, Fondo de Cultura Económica, pp. 25-27).

[3]Gil-Albert, Juan (1975): *Memorabilia (1934-1939)*, Barcelona, Tusquets, p. 242.

[4]Verbo da integración profesional dos intelectuais españois que chegaran a México, Patricia W. Fagen ([1975]: *Transterrados y ciudadanos*, México, Fondo de Cultura Económica, p. 92) salienta que, habitualmente, "eran tenidos en muy alta estima por casi todos los mexicanos con quienes trabajaban. De hecho, muchos mexicanos expresaron su placer y su sorpresa por la facilidad con que los intelectuales españoles se habían adaptado a la estructura académica de México".

[5]Vid. Escudero, María Amparo (1990): "Las relaciones entre los exiliados republicanos y la antigua colonia residente en México", en Tusell, Javier, Abdón Mateos y Alicia Alted (coords.), *La oposición*

económico, dado que os salarios estaban axustados á magnitude da empresa que os acollera. Neste sentido, os desterrados recibiron inicialmente a axuda económica do SERE e da JARE (*Junta de Auxilio a los Refugiados Españoles*), mais, como era de esperar, estas axudas estaban destinadas a atende-las necesidades máis elementais. No caso particular de Varela, a amizade de Octavio Paz (a quen coñecera en Valencia en 1937 durante o *Segundo Congreso Internacional de Escritores Antifascistas*) e a militancia do noso autor no Partido Comunista de España (PCE) foron os avais cos que iniciou o seu labor no xornal sindicalista *El Popular*, dirixido por Vicente Lombardo Toledano[6]. O propio Paz sería tamén quen ofrecese ós outrora colaboradores da revista *Hora de España* a posibilidade de integrarse no consello de redacción da revista literaria *Taller*. Así o recordaba o escritor mexicano anos despois:

> En ese año llegaron a México los republicanos españoles desterrados. Los recibimos con emoción: en Taller habíamos vivido la guerra de España como si fuese nuestra. Entre los refugiados se encontraban algunos de los jóvenes que habían hecho en Valencia y en Barcelona la revista Hora de España. A todos los había conocido en España, en 1937, y era amigo de algunos de ellos. La mayoría de mis amigos mexicanos aprobó la idea y así ingresaron en nuestra revista Juan Gil-Albert, Ramón Gaya, Antonio Sánchez Barbudo, Lorenzo Varela y José Herrera Petere. Más tarde invitamos a otros dos mexicanos y a un español: Jesús Alvarado, Rafael Vega Albola y Juan Rejano. El ingreso de los jóvenes españoles no fue sólo una definición política sino histórica y literaria. Fue un acto de fraternidad pero también fue una declaración de principios: la verdadera nacionalidad de un escritor es su lengua[7].

---

al régimen de Franco. Estado de la cuestión y metodología de la investigación, t. I, vol. II, Madrid, UNED, pp. 297- 306).

[6]A primeira colaboración de Varela neste medio que atestamos é o artigo "Frente a dos 'purismos'. Humanización de la cultura", publicado o vinte e cinco de agosto de 1939.

[7]Paz, Octavio (1987): "Antevíspera: *Taller* (1938-1941)", en íd., *México en la obra de Octavio Paz. Vol. II: Generaciones y semblanzas. Escritores y letras de México*, edición de Octavio Paz e Luis Mario Schneider, México, Fondo de Cultura Económica, pp. 124-125.

Taller xurdira en 1938 da reconversión doutra publicación, *Taller poético*, baixo o mecenado de Rafael Solana[8]. Comezou a súa andaina o un de decembro de 1938 e publicou con periodicidade variable catro números que viron a luz entre decembro de 1938 e xullo de 1939, os cales tiveron unha aceptación mínima. Desde o seu quinto número, publicado en outubro de 1939, e nos sete que seguirán, *Taller* comeza unha nova etapa, na cal a publicación se enriqueceu cos contidos e a calidade dos traballos presentados polos colaboradores españois. Con este proceder, Paz obtivo ademais para a revista, que atravesaba certas dificultades económicas, unha pequena subvención dos organismos de auxilio ós refuxiados[9].

Unha vez solucionado o problema da manutención, Varela fixa a súa residencia nunha casa alugada por mediación de Paz; alí vive en compaña de Sánchez Barbudo, a dona deste e a filla de ambos, Virginia[10], á cal Varela dedicará fermosos versos[11]. Non obstante, o noso autor axiña comezará a especular coa idea de crear unha nova publicación que propiciase un mellor entendemento e achegamento entre o intelectual e o pobo[12], preocupación en virtude da cal Varela procura o trato de Rafael Giménez Siles, xerente de EDIAPSA (*Edición y Distribución Ibero-Americana de Publicaciones*[13] *S.A.*). Sospeitaba Sánchez

[8]Sobre a prehistoria da revista, vid. Solana, Rafael (1981): "Presentación", en *Taller*: edición facsimilar, México, Fondo de Cultura Económica, t. I, pp. 18-21.

[9]Octavio Paz ([1987]: "Antevíspera...", *op. cit.*, p. 124), sinala que foi a Editorial Séneca, empresa que dirixía José Bergamín, a que solucionou os seus problemas de liquidez. Porén, todo semella indicar que foi o Comité Técnico do SERE o que se fixo cargo da susodita subvención (Caudet, Francisco [1992]: *El exilio republicano en México. Las revistas literarias [1939-1971]*, Madrid, Fundación Banco Exterior, p. 122).

[10]Sánchez Barbudo, Antonio (1983): "Sobre el misterio de Lorenzo Varela", *Cuadernos do Ateneo Ferrolán*, 2, p. 21.

[11]Vid. o poema "Testamento a Virginia", incluído no poemario de Varela (1942) *Torres de amor*, Buenos Aires, Nova, pp. 22-23. No 2004 viu a luz a primeira edición en Galicia da dita obra como volume independente, isto é, sen formar parte de ningunha colectánea (Varela, Xesús Lorenzo [2004]: *Torres de amor*, s.l., La Voz de Galicia, Col. Biblioteca Gallega de Autores en Castellano).

[12]Tal obxectivo aparecerá recollido explicitamente no editorial da nova revista que anima o noso autor ([1940]: "Propósito", *Romance*, 1, 1-II, p. 2).

[13]*Distribuidora de Publicaciones* foi unha empresa bélica que, baixo o encargo do PCE, estivo ó coidado de Giménez Siles. Aquela contaba con editoriais subsidiarias, ademais de varias delegacións, librerías e correspondentes. Giménez Siles, exiliado en México trala Guerra Civil, seguiu co traballo editorial e pulou a aínda hoxe existente EDIAPSA, dentro da cal deu continuidade a algúns dos proxectos editoriais anteriores a 1939, como as editoriais *Nuestro Pueblo* e a mesma

Barbudo que detrás desta relación houbese elementos políticos que favorecesen unha aproximación entre dúas personalidades tan dispares[14], razoamento posiblemente ben encamiñado, dado que no informe que Giménez Siles redactou para convence-los socios capitalistas de EDIAPSA da viabilidade do proxecto, tentou sobre todo destaca-lo pasado revolucionario do consello de redacción proposto para os efectos, integrado por Varela, Sánchez Barbudo, Herrera Petere, Miguel Prieto e Adolfo Sánchez Vázquez. Estimamos salientable reproducir aquí o apartado do antedito informe referido a Varela, que ofrece datos de interese a carón doutras informacións falsas, destinadas a impresiona-los destinatarios do informe, como por exemplo o inexistente paso de Varela polas aulas universitarias galegas ou a súa colaboración na revista luguesa *Yunque*. En calquera caso, as liñas que seguen son de indubidable valor para os estudosos da vida e da obra de Varela:

> Lorenzo Varela (23 años, Santiago de Compostela, España). Cursa estudios de Filosofía y Letras en la Universidad de Santiago de Compostela. Con otros escritores españoles y americanos publica la revista Yunque. Pensionado por el Ministerio de Instrucción Pública hace misiones de divulgación cultural en los pueblos y aldeas de España y, al mismo tiempo, da conferencias en Universidades, Escuelas Normales, y otros centros de cultura, sobre cuestiones literarias y, con otros escritores españoles, hace la página literaria de El Sol de Madrid. Secretario de la Sección de Literatura de la Alianza de Intelectuales de España fundada con Rafael Alberti, José

Estrella (Férriz Roure, Teresa [1998]: "Continuidad y subsistencia cultural en dos editoriales del destierro republicano en México: *Séneca* y *Biblioteca Catalana*", en Aznar Soler, Manuel [ed.], *El exilio literario español de 1939. Actas del Primer Congreso Internacional [Bellaterra, 27 de noviembre-1 de diciembre de 1995]*, vol. I, Barcelona, GEXEL / UAB, p. 382, n. 14). Convén subliñar que o nome de Lorenzo Varela se atopa entre os asinantes dun manifesto que saudou en 1937 a creación da empresa *Estrella*. Unha edición facsimilar do mencionado manifesto pódese consultar no libro de Gonzalo Santonja (1997): *Al otro lado del mar. Bergamín y la Editorial Séneca (1939-1949)*, Barcelona, Círculo de Lectores / Galaxia Gutenberg, pp. 34-35.

[14]"Lo que yo sabía es que él se puso pronto en contacto con los de EDIAPSA. Era esta una nueva empresa editorial organizada, con capital mexicano, por Ricardo Giménez Siles, un refugiado que había sido editor de libros comunistas o de tendencia izquierdista [...]. Yo sospechaba -aunque esto nunca me lo dijera con claridad- que en algunas conversaciones debía tomar parte algún misterioso representante del partido comunista, que quizás estaba detrás de Giménez Siles" (Sánchez

Bergamín y Rafael Dieste. Redactor de Ahora de Madrid. Invitado al II Congreso Internacional de Escritores. Colaborador de Hora de España, la única revista nacional literaria durante la guerra. Libros perdidos en la guerra: La comunión de los hombres[15] y un estudio sobre Tirso de Molina y su tiempo encargado por la editorial Aguirre de Madrid.

Próximamente se publicará en México, por la Junta de Cultura Española un libro de versos: Silencio y llanto de España. Colaborador en México de El Nacional[16] y miembro del comité de redacción de la revista Taller. Durante la guerra director de diferentes revistas del ejército y finalmente comisario de la 46 División[17].

Os socios de EDIAPSA deron o seu visto bo cunha condición: o nomeamento dun consello de colaboración que supervisase ó de redacción. O testemuño de Sánchez Barbudo é revelador do estado de ánimo dos redactores diante das pexas que se lles poñían:

Se nombró entonces un "Consejo de colaboración"; pero como en el caso de Hora de España, las prestigiosas personas que lo componían no hacían ni decían nada, y varios de ellos ni siquiera estaban en México. Ese consejo de respetables era pura fachada.

Un momento de crisis ocurrió cuando iba a aparecer el primer número el 1º de febrero de 1940. De pronto vimos que, sin haber a nadie consultado, aparecía el

---

Barbudo, Antonio [1974]: "Introducción" en *Romance*: edición facsimilar, Glashütten im Taunus / Verlag Detlev Auvermann, s.p.).

[15]Posiblemente se tratase dun libro de poemas. Polo que fai á produción literaria de Varela con anterioridade ó dezaoito de xullo de 1936, sabemos que en 1935 proxectaba dar forma a un poemario en lingua castelá que levaría por título *Diario de un fauno* ([Dieste, Eduardo] [1935]: "Cuestionario del Dr. Sintax. De arte poética. A Jesús Varela Vázquez", *P.A.N. Revista epistolar y de ensayos*, 4, p. 74. Hai edición facsimilar: Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1995).

[16]Este xornal, subtitulado *Órgano del Partido Nacional Revolucionario*, acollía colaboracións de destacados intelectuais españois como León Felipe, Luis Cernuda ou Miguel Prieto. Así e todo, nas nosas pescudas, forzosamente parciais por mor da dificultade da consulta, non atestámo-la sinatura de Lorenzo Varela por separado nesta publicación, mesmo que o seu nome figure ó pé da comunicación colectiva (1940) "El comité de redacción fundador de la revista literaria hispanoamericana *Romance*..." (22-IX, p. 17). Así mesmo, a citada comunicación foi reproducida posteriormente con algunhas ampliacións na revista *Letras de México* ([1940]: "Cartas al editor. El caso de *Romance*", 22, 15-X, p. 8).

nombre de [Juan] Rejano como director [...]. Pasamos sin embargo por ello al fin, aunque muy a disgusto, ya que era tarde, y que la empresa insistía tanto en que fuese así[18].

Así e todo, a revista acadou un grande éxito entre a crítica especializada e os lectores[19]. As relacións e as vendas marcharon razoablemente ben ata maio dese ano, cando EDIAPSA comezou a introducir un maior control sobre a publicación, censurando a liña seguida e impoñendo o despido dalgúns membros da redacción, concretamente Herrera Petere e Sánchez Vázquez[20]. O décimo sexto número da revista, derradeiro confeccionado polo consello de redacción fundador de *Romance*, do que a empresa decidiu prescindir pretextando imperiosas necesidades de carácter económico, viu a luz o quince de setembro de 1940. Inda sairían oito números máis, o derradeiro deles o trinta e un de maio de 1941, que non chegaron a alcanza-las cotas de calidade que caracterizaran a revista desde o seu primeiro número. Fillos da rabia e do orgullo ofendido son os versos cos que Varela se desquitou das mentiras coas que Giménez Siles e o resto dos empresarios procuraron disimula-lo inxusto despido do consello de redacción, así como da covarde afronta en forma de elexía que desde as páxinas de *Romance*

[17]"EDIAPSA. Al Comité Ejecutivo. Proposición-Informe número 4. *Romance*". Citamos pola obra de Giménez Siles (1984): *Retazos de vida...*, ed. non venal con prólogo de Enrique Montero, Imp. Azteca, México, pp. 23-24.

[18]Sánchez Barbudo, Antonio (1974): *op. cit.*, s.p. Giménez Siles ([1984]: *op.* cit., p. 30) xustificou así o nomeamento de Rejano en detrimento de Varela: "En el trato con los redactores pronto percibí que Lorenzo Varela, el más joven de ellos, de veintitrés años, que fue quien concibió el proyecto inicial de la revista, era el mejor dotado literariamente; hubiera podido ser el director de *Romance*, pero está claro que existían razones para que fuese más Juan Rejano al que yo encomendase esa función". Cómpre apuntar que Rejano e Giménez Siles xa se coñecían con anterioridade, pois ámbolos dous traballaran xuntos en España na empresa editorial Cénit (Caudet, Francisco [1975]: *Romance [1940-1941]. Una revista del exilio*, Madrid, Ediciones José Porrúa Turranzas, p. 36).

[19]Andújar, Manuel [1976]: "Las revistas culturales y literarias del exilio en Hispanoamérica", en Abellán, José Luis (dir.), *El exilio español de 1939. Vol. III: Revistas, pensamiento, educación*, Madrid, Taurus, pp. 38-46.

[20]Sánchez Barbudo ([1974]: *op. cit.*, s.p.) sinala ó respecto: "No recuerdo las causas de esa expulsión de Petere y Sánchez Vázquez. Quizás ello tuvo que ver con la tensión que ya existía entre nosotros y la empresa; pero es probable que fuera, principalmente, por el deseo de los empresarios de ahorrar algún dinero, y por ser ellos quizás los redactores menos indispensables". Unha

bota o escritor español Juan José Domenchina[21] contra os seus compañeiros de exilio. A composición de Domenchina, que levaba por título "Primera Elegía Jubilar (Fragmento)"[22], escrita en liras, terá cumprida resposta no poemario *Elegías españolas* de Varela, que sae do prelo no mes de novembro significativamente publicado baixo un selo editorial creado *ex nihilo* que levaba por nome "Guerra Literaria"[23]. Por Luís Seoane sabemos que a edición do volume foi financiada por Neruda, Bergamín e León Felipe[24].

Trala desaparición de *Romance*, Varela reintégrase á redacción de *Taller*, aínda que por pouco tempo, posto que esta revista poñerá fin á súa andaina en febreiro de 1941, gravemente afectada por problemas de financiamento e polo clima de tensión no que vive a intelectualidade mexicana logo do asasinato de León Trotski na capital. Así o corrobora a autorizada voz de Octavio Paz:

> ¿De qué murió Taller? En primer lugar, por falta de recursos: en México no existían las condiciones para sostener una publicación independiente como la nuestra, ni entre nosotros había nadie con talento de administrador [...]. Pero la desaparición de Taller no debe atribuirse únicamente a las dificultades económicas. Estábamos cansados, desilusionados y divididos. En el cansancio y la desilusión habían influido decisivamente, al menos en mí y en algunos otros, las discusiones políticas y nuestro creciente desencanto ante la política de Stalin[25].

---

descrición polo miúdo das diverxencias entre os donos do capital social e os redactores pode consultarse no excelente estudo de Francisco Caudet (1975): *op. cit.*, pp. 46 e ss.

[21]Juan José Domenchina Morón (Madrid, 1898-México, 1959) fora director do *Servicio Español de Información, Textos y Documentos*. Logo pasou ó Ministerio do Exterior e chegou a se-lo secretario de Azaña. A súa chegada a México produciuse con antelación á dos refuxiados do *Sinaia*.

[22]Domenchina, Juan José (1940): "Primera Elegía Jubilar (Fragmento)", *Romance*, 17, 22-X, pp. 10-11.

[23]É obrigado sinalar que o primeiro estudoso en referirse á orixe de *Elegías españolas* foi Fernando Salgado (1983): "Texto e contexto dunha carta de Juan Ramón Jiménez a Lorenzo Varela", *La Voz de Galicia*, 1-XII, pp. 38-39.

[24]Seoane, Luís (1972): "Lorenzo Varela", *La Voz de Galicia*, 12-III. Citamos por Seoane, Luís (1994): *Figuracións*, edición de Santiago Rey Fernández-Latorre, La Coruña, La Voz de Galicia, p. 94.

[25]Paz, Octavio (1987): *op. cit.*, p. 139.

Esmorecida *Taller*, Varela logra que lle sexan aceptadas algunhas colaboracións na gaceta literaria e artística *Letras de México*, fundada por Octavio G. Barreda en xaneiro de 1937[26]. As páxinas desta revista acolleran desde entón colaboracións tan representativas como as proporcionadas por Juan Ramón Jiménez, Francisco Giner de los Ríos, Juan Larrea ou José Gaos, amais das achegadas polo resto dos redactores-fundadores de *Romance*[27]. Así mesmo, podemos albisca-la presenza de Varela noutras publicacións periódicas feitas en terras mexicanas. Por exemplo, en *España Popular*, voceiro fundado en febreiro de 1940 por militantes comunistas no que aparecen frecuentemente sinaturas galegas como a do propio Varela, Luís Seoane, Lois Soto ou Santiago Álvarez[28]. Con todo, decepcionado polo rumbo que seguiran os seus proxectos e ante a imposibilidade de logra-la estabilidade necesaria para garanti-la continuidade dos mesmos, Varela decide finalmente abandonar México e trasladarse á Arxentina. Por este motivo, escribe con antelación ó seu pai[29], que o recibirá en compaña dun reducido número de persoas: Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Rafael Dieste e a dona deste último, Carmen Muñoz.

NOTAS SOBRE *SILENCIO Y LLANTO DE ESPAÑA* E A PREHISTORIA DE *TORRES DE AMOR*

Esta inda por facer unha compilación definitiva da obra poética de Lorenzo Varela, a pesar do apreciable número de antoloxías que posuímos deste autor[30]. O

[26]Existe unha edición facsimilar desta gaceta: (1984): México, Fondo de Cultura Económica. Un detallado estudo do contido da publicación foi realizado por María de Lourdes Franco Bagnouls (1981): *Letras de México (1937-1947). Índice y estudio*, México, UNAM.

[27]Algunhas das súas sinaturas figuran tamén ó pé da reprodución do manifesto de 1937 (1941): "*Hora de España*. Ponencia colectiva" (*Letras de México*, 3, 15-III, p. 5). En canto ás colaboracións que Varela asina en solitario nesta revista, a primeira delas foi unha recensión do libro de Antonio Espina *Luís Candelas, el bandido de Madrid* (Varela, Lorenzo [1941]: "Un cuento de verdad", *Letras de México*, 5, 15-V, p. 4).

[28]Santidrián Arias, Víctor Manuel (2002): *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, p. 332.

[29]Ferreiro Fente, Xosé Gregorio (1992): "Once cartas a Lorenzo Varela", *Grial*, 116, p. 546, n. 20.

[30]Para honra-la súa memoria, os seus amigos asumiron o propósito de difundi-la súa obra poética en castelán e galego, labor que se concretou na aparición de dous volumes editados por Ediciós do Castro en 1979: *Poesía* e *Homaxes*, ó coidado de Rafael Dieste e de Luís Seoane, respectivamente. Coincidindo co décimo aniversario da morte de Varela, Ediciós do Castro publicou en colaboración

dito baleiro acrecentábase ata hai poucos anos coa ausencia dunha biobibliografía precisa, pexa que foi emendada en boa medida polas investigacións de Fernando Salgado[31]. Porén, permanecen aínda algunhas lagoas arredor da produción literaria de Varela. A que pretendemos resolver hoxe, como deixamos constancia ó inicio do noso ensaio, refírese á correspondente á estadía do noso autor en terras mexicanas. Inédito no noso país como volume independente *Elegías españolas*[32], os críticos apenas repararon nas composicións espalladas nas revistas mexicanas, de xeito que ningunha delas foi reproducida na súa integridade antes do ano 2005. Neste sentido, convén salientar que unicamente Aurora de Albornoz[33] dedicou unhas poucas liñas ó comentario dalgún dos poemas publicados en *Taller* ("Silencio y llanto de España invadida", "De árbol y hombre, tú" e "Invitación), limitándose o resto dos estudosos da obra de Varela a citar marxinalmente a súa existencia. As susoditas composicións, agrupadas baixo o epígrafe xeral de "El héroe (Fragmento)", viron a luz no quinto número da mencionada revista, que saíra en outubro de 1939[34].

Polo informe de Giménez Siles que citamos máis arriba temos noticia do proxectado libro *Silencio y llanto de España*, do que previsiblemente formarían parte os anteditos textos de *Taller*, non incorporados posteriormente a *Torres de amor*. ¿Por que abandonou Varela a idea de publicar este libro? Aínda que xamais o saberemos con certeza, sospeitamos que a renuncia de Varela estivo relacionada

---

co Concello de Monterroso unha selección lírica do noso escritor, *Dez poemas*, baixo a supervisión do profesor Xesús Alonso Montero. No vinte e cinco cabodano de Varela, apareceu unha nova antoloxía a cargo de Alonso Montero (2003): *Escolma: 12 poemas*, Vigo, Edicións Xerais / Concello de Monterroso.

[31]Salgado, Fernando (1995): *Lorenzo Varela: crónica dunha vida atormentada*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro. No ano 2005 saíu do prelo unha nova biografía da autoría de Salgado que complementa e amplía os contidos do devandito volume (Salgado, Fernando [2005]: *Lorenzo Varela. A voz desterrada*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro).

[32]A reconversión que experimentou unha parte de *Elegías españolas* para conforma-lo poemario *Torres de amor* foi apuntada por Fernando Salgado ([1995]: *op. cit.*, pp. 160-163) e anotada posteriormente por Xosé Luís Axeitos (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, pp. 44-50).

[33]Albornoz, Aurora de (1979): *Hacia la realidad creada*, Barcelona, Península, pp. 59-61.

[34]Ó estimar inaprazable o rescate destes textos inseridos en *Taller*, elaboramos un traballo titulado "Poemas ignorados ou esquecidos de Lorenzo Varela" que presentamos no *Congreso Lorenzo Varela* (Monterroso, 28-30 de abril de 2005) e que foi recollido nas correspondentes actas, editadas pola Xunta de Galicia.

coa situación económica da entidade que ía sufraga-los gastos derivados da edición do poemario. Sobre este particular, cómpre sinalar que os bens da *Junta de Cultura Española* estaban practicamente esgotados en agosto de 1940[35], polo que este organismo non sería quen de enfronta-la publicación de *Silencio*... mesmo que fose esa a intención de Varela. Tampouco o noso autor estaba en condicións de pagar do seu propio peto o importe que supoñía dar ó prelo o volume, por moi cativo que aquel fose, como proba o feito de que a edición de *Elegías españolas* fora financiada polos mecenas anteriormente citados. Así pois, *Silencio*... converteríase noutro máis dos proxectos líricos de Varela que non chegaron finalmente a ve-la luz[36].

Fóra do referido, coidamos apropiada a transcrición dos poemas que Varela publicou na revista *Letras de México*, concretamente no sexto número do ano 1941, con data do quince de xuño. As ditas composicións, "Sonetos de la paloma" e "Sonetos del cuervo", serían revisadas posteriormente polo escritor e incluídas en *Torres de amor*[37]. A existencia de variantes tanto ortográficas como léxicas en relación coas versións que finalmente apareceron no poemario de 1942, así como a carencia dunha edición crítica[38], xustifican sobradamente a súa reprodución

[35]Larrea, Juan (1977): "A manera de epílogo" en *España Peregrina*, edición facsimilar: México, Alejandro Finisterre Ed., p. 83. Patricia W. Fagen ([1974]: *op. cit.*, p. 86) engade ó respecto: "Las disputas personales en el seno de la asociación entre José Bergamín y Juan Larrea (Presidente y Secretario de la *Junta de Cultura Española*), los dos principales directores de la revista, hicieron casi imposible el funcionamiento de la Junta, y los fondos se agotaron rapidamente [...]. El fracaso de la Junta de Cultura, provocado por la incapacidad de sus fundadores para trabajar juntos con un sentido, fue el primero de varios fracasos de la élite cultural española".

[36]Verbo doutras malfadadas tentativas de Varela, vid. García López, Xosé Anxo (1999): "Lorenzo Varela e o tema xacobeo", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, 111, pp. 43-44.

[37]Tocante á lírica de Varela e polo que fai á recepción da mesma en terras aztecas, recomendámo-la consulta das críticas do poemario *Torres de amor* (xestado en boa parte durante a etapa mexicana de Varela) que elaboraron Octavio Paz ([1943]: "*Lorenzo Varela*. Torres de amor", *El Hijo Pródigo*, 2, 15-V, p. 124) e Alí Chumacero ([1943]: "Lorenzo Varela. *Torres de amor*", *Letras de México*, 6, 15-VI, p. 7).

[38]É de notar que Axeitos coñecía os textos publicados en *Letras de México* cando estaba a elabora-la súa edición da obra poética de Varela (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 12, n. 5), malia que é plausible pensar que Axeitos non soubese dos textos ata que a impresión do volume estivese tan avanzada que non permitise a ecdótica preceptiva. Outras composicións que viran a luz con anterioridade á publicación de *Torres de amor* (por exemplo, "Elogio del llanto" ou "Siempre, España") si foron convenientemente anotadas na edición preparada por Axeitos, como xa fixemos constar. As versións publicadas en *Letras de México* serían reproducidas posteriormente na colectánea *Lorenzo Varela en revistas culturais de México e Bos Aires* (edición de Xosé López

facendo fincapé nas diferenzas que amosan respecto das versións que formarían parte de *Torres de amor*[39]:

SONETOS DE LA PALOMA

I

Alado lirio vivo, ángel de nieve,
pájaro en plumas llenas ensoñado,
ola de espuma vaporosa, breve,
distante de la muerte y del pecado.

Nube de plumas de blancor alado,
flor de cielo de añil, callado, leve.
Me atormenta tu cielo serenado
y tu quietud suspensa me conmueve.

¿Qué pétalo en dolor se muere al alba,
qué nardo entero se abre en sufrimientos,
mustiando tus aromas matinales?

¡Oh, mi paloma blanca, un aire malva
deja sobre tus ojos los alientos
de unos labios helados y mortales!

II

Ni la niñez recién amanecida
de esta temprana aurora de tu vuelo,

García, Rosa Aneiros Díaz e Mª Antonia Pérez Rodríguez [2005]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 237-242), inda que sen o necesario aparato crítico que nós ofrecemos.

[39]Con esta finalidade, comparámo-los textos de *Letras de México* cos que figuran en *Poesía completa* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*), indicando a páxina na que se atopan os versos que experimentaron algunha mudanza na edición de 1942.

te da perenne luz, reverdecida
rama de eternidad en fijo suelo.

Y llevas almas muertas en desvelo
sobre las albas tristes; y transida[40]
de claras agonías, bajo el cielo,[41]
derramas la pureza de tu vida.

Paloma de las nubes alborada,
velero por la luz del aire yerto,
ángel de la mañana marinera,

niña por alto cielo amortajada:
eres la muerte en vuelo, de concierto,[42]
con el sueño que en tí[43] tuvo ribera.

III

Dos caminos tus alas inocentes,[44]
alborozadas siguen, milagrosas,[45]
como un lago de plácidas corrientes
y remolinos de aguas vaporosas[46].

Un ala mustia,[47] de amarillas rosas,
y otra de nubes albas y yacentes,
en nacaradas islas espumosas

[40] *Sobre las alas tristes. Y transida* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 120).
[41] *de claras agonías bajo el cielo* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 120).
[42] *concierto* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 120).
[43] *ti* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 120).
[44] *inocentes* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 120).
[45] *milagrosas* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 120).
[46] *pavorosas* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 120).

juntan tus[48] soledades oponentes.

Y en un solo silencio verdadero,
en una sola soledad eterna,[49]
te tienen en el aire prisionera.

Paloma matinal: un sol postrero,
que apaga con su viento la galerna,
nubla con su dolor tu primavera.

IV

Que nada, ni paloma[50], permanece.
Junto a la flor risueña,[51] una agonía,
que en ella se sustenta, en ella crece,
haciendo nido sobre su alegría.

En el rincón de invierno desvanece
secretamente su melancolía,
la música escondida que perece
de un verano olvidado un claro día.

Que todo nacimiento es sepultura,[52]
y la paloma es muerte apresurada,
azucena de gracia[53] en cementerio

[47] *Un ala mustia de amarillas rosas* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 121).
[48] *sus* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 121).
[49] *eterna* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 121).
[50] *amapola* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 121).
[51] *risueña* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 121).
[52] *sepultura* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 121).
[53] *flor* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 121).

de nubes silenciosas en su altura,
que empañan el espejo a la mirada
y ocultan, virginales, el misterio.

SONETOS DEL CUERVO

I

Tus negras mariposas mensajeras,
en el hielo final de aires certeros[54]
apagan las estrellas pasajeras,
y dan muerte de ausencia a los luceros.

Y para tu desfile en los esteros,
gusanos y carroña hacen banderas.
Copos de nieve clara tus coperos,[55]
para las negras aguas que veneras.

Pájaro de la muerte presentida,
citas a entierro sin melancolía,[56]
la Tierra ya olvidada,[57] y removida.

Y el misterio, velado cual solía,
como flor en tiniebla corrompida,
sigue labrando joyas de agonía[58].

II

Nocturno labrador de funerales,

[54] *certeros,* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 122).
[55] *coperos* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 122).
[56] *melancolía:* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 122).
[57] *la tierra ya olvidada* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 122).
[58] *labra por ti sus joyas de agonía.* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 122).

¿qué[59] me dicen tus plumas enlutadas,
tu voz sonando a tumbas despertadas,[60]
y tus profundas alas abismales?

¿Qué ventana reclaman tus señales,[61]
qué dormida belleza tus llamadas?[62]
¿Sobre qué tiernos senos,[63] tus miradas
hunden la muerte en ébanos puñales?

Hueso a hueso,[64] tu catedral de auroras
difuntas, [65] y callados corazones,
hueso a hueso la vistes y decoras.[66]

Y[67] sobre los altares, los crespones
niegan el sol al tiempo que devoras
llevándote sus vivas ilusiones.

III

Tú que vives de muerte, y muerte viva,
en gusanos el alma convertida:
el poderoso aliento de la vida,
y la mirada,[68] y la frutal saliva,

la voz helada, aquella mano esquiva,

[59] *Qué* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 122).
[60] *despertadas* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 122).
[61] *señales?* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 123).
[62] *¡Qué dormida belleza tus llamadas?* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 123).
[63] *senos* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 123).
[64] *hueso* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 123).
[65] *difuntas* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 123).
[66] *hueso a hueso, sin luz, la condecoras,* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 123).
[67] *y* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 123).

aquella luz eterna que encendida
por su palabra,[69] tuvo florecida
tierra de soledades, rosa altiva,

¿Qué calor o qué hielo enamorados
habitan con su gracia recordada?
¿Acaso permanecen olvidados?

Dime,[70] cuervo, su luna apasionada,
su dolor y alegría ya sembrados,[71]
y su imprevista espiga ya dorada.

IV

Dan tus alas su sombra conmovida,[72]
sobre pálida sién abandonada.[73]
Al polvo de su sueño rescatada,[74]
en honda soledad estremecida.

Frío destierro, en tierra liberada
el corporal aliento;[75] anochecida
la luminosa sangre,[76] y extinguida
su luz entre tu fría sombra alada.

¿Adónde llevas esa sién amada,[77]

---

[68] *mirada* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 123).
[69] *palabra* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 123).
[70] *Dime* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 124).
[71] *sus dolores, alegrías, sembrados,* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 124).
[72] *Dan tus alas la sombra conmovida* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 124).
[73] *sobre pálida sien abandonada,* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 124).
[74] *al polvo de su origen entregada,* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 124).
[75] *aliento,* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 124).
[76] *sangre* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 124).

ese[78] color que fue rosa encendida,
en luz lunar, cruel, amortajada?[79]

¿Por qué calla tu voz, como a mi vida[80]
el pasmo del morir: la encrucijada
donde ella[81] espera tu misión cumplida?

CABO. DÚAS ELEXÍAS DESCOÑECIDAS

Entre as numerosas publicacións xurdidas por norte do Día das Letras Galegas de 2005, houbo algunhas achegas ó tratamento da figura de Lorenzo Varela na voz dos poetas. Ferreiro Fente compuxo unha relación das doce composicións suscitadas por Varela e publicadas entre 1955 e 2003 das que tiña coñecemento[82], mentres que Xosé Carlos Gómez Alfaro incrementou ata catorce o número de poemas dedicados a Varela e fixo unha análise polo miúdo do contido dos referidos textos[83]. Ramón Nicolás Rodríguez contribuíu á mesma tarefa coa recuperación dunha composición lírica asinada por Lueiro Rey en 1971[84], co cal se elevou a quince a relación de poemas nos que se canta tanto a figura como a obra de Varela. Con todo, ningún dos susoditos estudosos logrou a exhaustividade perseguida, por canto nós enriquecemos hoxe a antedita relación con dúas elexías en lingua castelá ignoradas polos devotos do ilustre fillo de Monterroso. A autoría das mencionadas elexías, tituladas "Deseo excitado" e "A Lorenzo Varela", corresponde a Arturo Cuadrado Moure e a Maximino Castiñeiras García,

[77] *¿A dónde llevas esa sien amada,* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 124).
[78] *esa* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 124).
[79] *en luz lunar cruel amortajada?* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 124).
[80] *vida,* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 124).
[81] *Ella* (Varela, Lorenzo [2000]: *op. cit.*, p. 124).
[82] Ferreiro Fente, Gregorio (2004): *Homenaxe. Sesenta e seis escritores falan de Lorenzo Varela*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, pp. 163-185.
[83] Gómez Alfaro, Xosé Carlos (2005): "Lorenzo Varela visto polos poetas", en Alonso Montero, Xesús (coord.), *Lorenzo Varela. Día das Letras Galegas 2005*, Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións da USC, pp. 53-85.
[84] Nicolás Rodríguez, Ramón (2005): "Lorenzo Varela e Manuel Lueiro Rey: crónica dunha amizade (homenaxes, textos literarios e documentos)", en Alonso Montero, Xesús (coord.), *Lorenzo Varela. Día das Letras Galegas 2005*, ob. cit., p. 127.

respectivamente. En ámbolos casos, atopámonos diante de brillantes exemplos de *collage* literario, técnica que tamén empregou Varela na súa produción lírica[85]. No caso da primeira composición, que viu a luz no folleto *Amar sin amor*[86] do poeta de Denia, os seus versos pertencen a Arturo Cuadrado, Shakespeare, Xesucristo, García Lorca, César Vallejo, Cervantes, Rilke, San Pablo, San Agustín, Pablo Neruda, Antonio Machado, Valle-Inclán, León Felipe, Aleixandre, o propio Lorenzo Varela (cun verso de *Torres de amor*) e Saint-Exupery, por esta orde[87]. A continuación, reproducímo-lo texto da sobredita composición:

DESEO EXCITADO

A Lorenzo Varela

AMAR SIN AMOR. AMAR.
Sentir amor sin amor alguno
o dar la vida por lo que amas.
Eras junco de amor, jazmín mojado
como la amada que yo amaba.
Isla de Amor
y castillo sobre el Mar.
Amor plenitud de la ley.

Ah, oficio de amor...
Los marineros besan y se van.
Amor, sueño de aroma... y luego nada.

[85]Por exemplo, nos "Sonetos del ruiseñor" incluídos en *Torres de amor*, onde se reflicte o parentesco co verso de Juan Ramón Jiménez *¿Dónde están esos pájaros que cantan?*, tirado da composición "Canción de invierno" (que cando o de Moguer a insire no libro *Canción* [1935] recibe o título de "Fin de invierno"). Outro exemplo de *collage* na lírica de Varela é posto de relevo no artigo de Xosé Anxo García López (1998): "García Lorca e Lorenzo Varela: dous cabodanos e un poema esquecido", *A Trabe de Ouro*, 35, pp. 365-369.
[86]Cuadrado, Arturo (s.d., ca. 1981), *Amar sin amor*, Buenos Aires, Botella al Mar, p. 27.
[87]Así o fai nota-lo escritor no citado volume ("*Nota del autor*", en Cuadrado, Arturo [s.d., ca. 1981]: *op. cit.*, p. 28).

Y en sus ojos queda la noche otoñal.
¿No es el amor el viento?
Agua que cantando se aproxima.
¡Torres de Amor!
Amar sin Amor: Iluminación.

A segunda elexía que rescatamos hoxe figura na *Antología poética*[88] de Maximino Castiñeiras García. Ben que o escritor de Ames non achega información sobre os elementos cos que moldeou o seu poema, non resulta difícil identifica-las fontes, que non son senón as composicións "Ramón Diestro" (no que concirne ós versos 1-3) e "Sueños de grandeza" (versos 4-18), ámbalas dúas incluídas no volume *Torres de amor* de Lorenzo Varela. Castiñeiras García cantaba así a memoria de Lorenzo Varela:

A LORENZO VARELA
Que todo lo que se va,
Traza el camino de vuelta
Y, una vez, todo vendrá.

Yo vi tu halcón volando en los bardales,
Lorenzo Varela, de Galicia nueva.

Sé que tu verde cacería lleva
ambiciones de tardes aurorales.

Conocí tu heráldica escondida,
y de tu acento el joven señorío.

[88]Castiñeiras García, Maximino (1982): *Antología poética*, Santiago de Compostela, Imp. El Eco Franciscano, p. 74.

Me sé de corazón todo el baldío,
que tú labraste a España, la perdida.

Estos nuevos, de cielo ardido,
por estelar locura y vanidades,
sueños son de grandeza sentida:

¡Lorenzo Varela!

Como lo son los campos y ciudades
de este genio gallego, tan desmedido,
que cuenta por heridas sus edades.

VARELA, Lorenzo (1979): *Homaxes*, edición e limiar de Luís Seoane, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

VARELA, Lorenzo (1988): *Dez poemas*, edición e limiar de Xesús Alonso Montero, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

VARELA, Lorenzo (1990): *Poesía galega*, edición, estudio e notas de Xosé Carlos López Bernárdez, Vigo, Edicións Xerais.

VARELA, Lorenzo (1999): *Ofrenda a los franceses (en 14 linguas)*, edición e limiar de Xesús Alonso Montero, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

VARELA, Lorenzo (2000): *Poesía completa I*, edición, prólogo e notas de Xosé Luís Axeitos, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

ROMANCES E CANTIGAS PARA NENOS NO EXILIO GALEGO

Carmen Luna Sellés
Universidade de Vigo

Nesta comunicación exactamente máis que falar de exilio vou falar de esquecemento e de memoria. Esquecemento, o noso; memoria a de Emilio Pita, emigrante e exiliado galego na Arxentina. Pero antes que nada gustaríame definilo que entendo por "memoria". Si acudimos ó Diccionario éste dinos que memoria é a "facultade de reter na mente e de facer presentes, mentalmente, cousas pasadas", eu engadiría que non só "de facer presentes" senón "de incorporalas ó noso presente e poder traza-lo que un quere ser, o que un quere que os demais vexan nel". Fago esta aclaración, máis sentimental ca científica, porque Emilio Pita a través da súa labor literaria precisamente trata de recupera-lo pasado –o pasado nacional ou o pasado persoal- para definirse e definir Galicia.

Feita esta aclaración, principiarei falando do esquecemento polo simple e perogrullesco feito de que comenzar a falar de esquecemento é entrar xa na memoria. E ó facelo coido que esta será, o meu pesar, a única aportación valiosa desta comunicación, a saber: a necesidade perentoria de rescatar unha figura e un poemario comprometido con Galicia, que se fragou no exilio-emigración.

Emilio Pita naceu en 1909 en A Coruña pero ós doce anos emigra a Buenos Aires onde transcorrerá a maior parte da súa vida, salvo curtas estadías en Galicia e Montevideo. Este feito podería facernos pensar en Emilio Pita como emigrado e non como exiliado. Mais se nos adentramos na súa vida, as súas accións e compromisos culturais e políticos, así como si estudiamos os máis significativos acontecementos levados a cabo polos exiliados galegos en Buenos Aires, poderemos ver que nin se pode analizar o exilio bonaerense galego sen a figura de Pita, nin este nin a súa obra pódese comprender cabalmente sen a

Guerra Civil, as súas consecuencias máis tráxicas e o conseguinte exilio da Cultura Galega. Emilio Pita sempre estivo comprometido coa cultura e a política republicana-esquerdista galega e cando parte desta, a raíz da represión franquista, exiliase en Buenos Aires, Emilio Pita, compartiu exilio, redoblando os seus esforzos, para manter vivos os ideais políticos e culturais que sempre defendeu para Galicia, dende a Galicia exterior e a interior –lembremos que en 1931 estivo en Galicia tres meses e que en 1933 volveu a vir ata febreiro de 1934 colaborando na campaña electoral pola autonomía e asistindo como delegado da Coruña á III Asemblea do Partido Galeguista-. É, e así debemos consideralo, debido o seu compromiso político e o seu esforzo cultural, un dos representantes da poesía galega no exilio bonaerense. Logo da Guerra Civil Emilio Pita debeu considerarse un exiliado máis polo simple feito de que exiliados quedaron os seus ideais para o futuro de Galicia. E por eso, non ten dúbidas en colaborar e participar co resto dos exiliados nas novas estratexias culturais e políticas. Son verdadeiramente poucos os estudios que temos da súa vida e da súa obra; ningún monográfico e apenas unha ducia de ensaios entre estudios introductorios a edicións dos seus libros, calas en libros de temática máis ampla e artigos periodísticos[1256]. O único estudioso que recentemente se detivo neste autor tratando de divulga-la súa obra e rescatalo do esquecemento é Xosé Manuel Maceira Fernández que en 1999 publicou, cun estudio introductorio, o poemario inédito[1257] *Polos camiños do pobo* que Emilio Pita, baixo o pseudónimo de Juan España, presentou ó premio Rosalía de Castro do Centro Galego de Buenos Aires en 1963 e que, dentro da liña da poética social, fai referencia á guerra civil e ó exilio. A este estudio introductorio remitimos para coñece-la súa biografía, actividades e filiacións fundamentais. Destas podemos destaca-lo apoio ás causas republicanas, a colaboración coas Irmandades da Fala, coa ORGA, a Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales, na que ocupou en varias ocasións cargos de responsabilidade, e co

[1256] Son los siguientes Xesús Alonso Montero (1972) y (1996), Antonio Costa Gómez (1974), Xosé Manuel Maceira Fernández (1996) y (1999), Xosé Luís Méndez Ferrín (1984), Xosé Neira Vilas (1995), VV.AA (1995).

Partido Galleguista. Precisamente estas filiacións levárono a ser redactor do semanario *Galicia* da Federación en Buenos Aires e a participar no *Cancioneiro da loita galega*[1258] editado en 1943 polo Partido Galeguista en México. Ademáis, a conxunción do seu amor pola música e do desexo de indagar na cultura do seu pobo de orixen –claramente na liña das Irmandades da Fala- levouno a fundar e dirixi-lo cuarteto vocal "Ultreya"[1259] , que deu a coñecer en audicións e conferencias a música medioeval trovadoresca e as cantigas populares do cancioneiro galego, así mesmo como a redacta-la sección adicada á música e á danza da *Historia de Galicia*[1260], dirixida por Otero Pedrayo. Polo demáis, tamén é de destaca-la súa participación no Primeiro Congreso da Emigración Galega (24/31-7-1956). Datos, todos estes, que nos fan reflexionar sobre o noso esquecemento diante dunha figura tan comprometida con Galicia ¿Por qué ata agora non quixemos reter e recordar a Emilio Pita? ¿Por qué non quixemos mediante a memoria incorporar a Emilio Pita ó presente e así que el, e o que el significou, nos defina?. Incorporar-la súa figura ó presente sería rescatar para Galicia parte da súa fisonomía escamoteada.

Pero se a súa vida transcorreu con gran coherencia en relación cos seus ideais, a súa obra literaria non é menos coherente. En toda ela podemos ver a fidelidade ós principios culturais e políticos defendidos polas Irmandades da Fala[1261]: defensa da lingua e da cultura galegas co significado político que eso supón de defensa do nacionalismo, pois como sinala Justo G. Beramendi (1974, 54) as Irmandades da Fala no plano ideolóxico xeral toman como base a

[1257] Xosé Manuel Maceira atopó esta obra inédita nos fondos da Biblioteca da Universidade de Santiago xunto con outras tres producción inéditas; de dúas delas, *Retesía* e *Poemas e cantigas*, xa se anunciou a súa próxima publicación en Edicións Espiral Maior

[1258] Colabora co poema "IV saga da nova leilía", incluido xa en *Jacobusland* (1942) pero publicado con anterioridade en *Galicia* (1938)

[1259] que en 1936 pasou a designarse Agrupación Artística e Cultural *Ultreya.*

[1260] Otero Pedrayo, Ramón (dir.) (1979): " Música e danza", *Historia de Galiza*, Tomo I, Madrid, Akal Editor, pp. 763-777.

[1261] Para definir as Irmandades da Fala atendemos á explicación que Justo G. Beramendi ofrece desta voz en la GEG (18, 1974, 53-61). Sobre a súa cronoloxía dinos: "Dentro de la cronología del galleguismo, las Irmandades da Fala ocupan el período comprendido entre el 18 de mayo de 1916, día en que se crea en A Coruña la Hirmandade dos Amigos da Fala Gallega, y el 5-6 de diciembre de 1931, fechas de la fundación en Pontevedra del Partido Galleguista, en el que ingresan tras su autodisolución todas las Irmandades supervivientes y demás organizaciones supervivientes de naturaleza afín".

formulación da nacionalidade galega feita por Murguía entre 1865 e 1891 e na que é esencial:

> la idea del espíritu o alma colectiva del pueblo (Volksgeist) que informa la existencia de la nacionalidad y se manifiesta externamente en una cultura propia. La cultura se convierte así en compendio y base de la existencia de la nación. Si la cultura gallega renace y se desarrolla, la existencia objetiva de la nación gallega estará garantizada. Si la cultura gallega llega a perecer, ahogada y desarraigada por la prepotencia de otra cultura foránea, la nación gallega en cuanto tal perecerá también. He aquí la razón profunda de la importancia decisiva que "todos" los sectores de las Irmandades concedían a lo que hoy llamaríamos lucha cultural.

Tendo en conta este plano ideolóxico podemos comprender cómo na labor literaria de Emilio Pita, a defensa da lingua e da cultura galega desenvólvese en liñas xerais dende dúas frontes diferenciadas: unha explícitamente denunciadora e combativa, con referencias civís, o que fai que Fernández del Riego na súa *Historia da literatura galega* (1995, 146) incluíao entre os poetas da Xeración do 36, como Luís Seoane ou Lorenzo Varela, que recuperan para a poesía o compromiso social; outra, na que trata de recuperar a mirada primixenia do pobo galego a través da reapropiación de formas e recursos populares e neotrobadorescos. Tanto unha coma outra responden a unha mesma necesidade: a defensa da nación galega; unha, coa dureza e as exixencias éticas e idelóxicas que impoñen os acontecementos presentes -"Eiquí non hai que chorar nin cantar soave: hai que cuspir, berrar e cantar rexo", dinos no poema "Palimpsesto" de *Polos camiños do pobo*- ; outra, coa recreación da tradición cultural galega nas súas formas populares. En moitas ocasións ámbalas dúas frontes superpóñense nun mesmo poema, pero atendendo ás liñas xerais podemos considerar que ó primeiro grupo do seu corpus poético pertencen *Jacobusland* (Buenos Aires, 1942) –un dos primeiros libros publicados en galego despois da guerra civil e que inclúe as únicas ilustracións de Castelao en América-, *Os relembros. As cantigas* (Buenos Aires, 1959) con dibuxos de Seoane, *Serán* (1974) e *Polos camiños do pobo* (1999); e

ó segundo grupo pertencen: *Cántigas de nenos* (1944), *O Ronsel Verdegal* (1964) e o poemario inédito *Poemas e cantigas* que se atopa nos fondas da Biblioteca Xeral de Santiago e que ten anunciada a súa próxima aparición en Edicións Espiral Maior. Con esto o que quero evidenciar é que diante da obra de Emilio Pita non podemos contrapoñer inxenua e inxustamente á súa poesía social e comprometida a súa poesía de aliento popular, pois ámbalas dúas responden a un mesmo compromiso coa patria galega.

Unha vez sinalado esto e examinando as reedicións da súa obra, chámanos sorprendentemente a atención outro esquecemento que é verdadeiramente imperdonable: a non reedición en solo galego de *Cántigas de nenos*, poemario que Emilio Pita publicou para un destinatario infantil en 1944 en Arxentina e que é o primeiro poemario infantil en galego. Esquecemento por riba de todo sorprendente nesta época na que a publicación de obras con destinatario infantil aumentou considerablemente. Ese esquecemento, en certa medida, poderíase xustificar ata finais da década dos setenta[1262] posto que ata esa data non se conta cun lectorado escolarizado que incentivara ou demandara a publicación de literatura infantil e xuvenil, pero non a partir da data sinalada, dende a que ninguén considerou oportuno, ventaxoso ou necesario a reedición dese libro, que posúe además unha alta calidade literaria. Dende o punto de vista filolóxico témome que este imperdoable esquecemento histórico débase fundamentalmente á diferente consideración que ata agora mereceron no ámbito da investigación literaria as obras destinadas a un público infanto-xuvenil fronte ás de destinatario adulto. Se unha obra destinada a un público adulto tivese similar peso histórico, non dubido que a reedición, o cando menos a súa esixencia, se tivese efectuado fai tempo. Creo pois que é oportuno reclamar dende aquí, dende o Consello da Cultura e máis concretamente dende o Arquivo da Emigración Galega e no marco deste Congreso sobre o exilio, a

[1262] Na época dos setenta prodúcense feitos importantes para a introducción do galego na escola que afectarán á demanda de literatura infantil en galego: Aprobación da Nova Lei de Educación en 1970 na que se recoñecía a existencia das "Linguas nativas" e a posibilidade, "facultad potestativa", do cultivo do galego na etapa preescolar, e do Plan Galicia de Educación en 1971 ou a oficialización do galego nos centros de ensino primario e secundario a partir de 1978.

necesidade de efectuar unha edición crítica deste poemario pois facelo supoñería saldar unha débeda histórica.

O poemario *Cántigas de nenos* é, como toda esa liña poética de Emilio Pita na que recrea a tradición cultural galega a través da reapropiación de formas, recursos e contidos populares e neotrobadorescos, fillo non só da morriña, do desexo de recrea-la infancia perdida e a súa particular cosmovisión, senón, e por enriba de todo, da asunción por parte do autor dos presupostos culturais das Irmandades da Fala. Éstas, como sinala Blanca-Ana Roig (1999, 28-37) no artigo. "Os primeiros pasos cara á formación do sistema literario infantil e xuvenil", propiciaron o ambiente socio-político-cultural que deu orixen ó segundo Rexurdimento, e no campo particular da educación e da literatura infantil impulsaron unha serie de iniciativas e publicacións inéditas ata esa época. Por exemplo no campo pedagóxico, a creación das "Escolas do Ensino Galego" (1923) anexas ás Irmandades da Fala da Coruña ou a aparición da revista *As Roladas,* creada por Ramón Cabanillas dende Madrid para "por a infancia e mocidade en relación co país, a súa lingua e costumes"[1263]. E no campo literario, a publicación de dous contos infantís para as escolas das Irmandades, *Margarida a do sorriso d´aurora* (1927) de Evaristo Correa Calderón e *Conto de guerra* (1928) de Camilo Díaz Valiño. E malia que non comezáse a recoller narrativa e lírica de transmisión oral cun destinatario especificamente xuvenil, (que no futuro), como é ben sabido, planeará sobre a producción infanto-xuvevil. Así xurdirán a sección "Folk-lore" do *Boletín de la Real Academia Gallega* na que se da a coñecer cantares populares, romances, contos, refráns, adiviñas, etc*,* os apartados específicos "lendas galegas", "tradicións" e "contos" de *A Nosa Terra* e a sección "Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza" da revista *Nós.* Esta efervescencia na defensa da cultura galega foi tamén nesa época vivida por grupos de intelectuais galegos emigrados en Buenos Aires, como podemos comprobar no minucioso libro de Xosé M. Núñez Seixas *O galeguismo en América, 1879-1936* (1992), e é a que influirá en Emilio Pita. De non ter sido interrumpida esta eclosión nacionalista

[1263] Tamén a creación e publicación do primeiro método de lectura en galego, realizado pola mestra de Mourente (Pontevedra) Xosefa Iglesias Vilarelle no 1932.

pola Guerra Civil, con toda probabilidade teríanse publicado obras de literatura popular ou de raigame popular para un público infantil en Galicia, pero moitas foron as razóns que impediron a súa publicación, de aí que soamente no exilio puidera editarse o primeiro poemario nesa liña dirixido á infancia. Alí tampouco se daban as mellores condicións comerciais ou de lectorado, máis se a posibilidade e o esforzo persoal dun home que -como di X. Alonso Montero (1972) ó falar da sua labor literaria en xeral e dos seus estudios de música popular galega- trata a través da poesía de "vencellarse á patria da terra e á patria da nenez"; palabras que tamén serven para definilas intencións que presiden este poemario, significativamente adicado "ó meu fillo".

Consta de trece composicións poéticas de base folklórica, agrupadas en dúas partes: "Cántigas" e "Os romanciños"; dez cantigas e tres romanciños que tratan de achegar á natureza galega (paxaros, árbores, espacios xeográficos), os seres míticos ou lexendarios (como as fadas, os Reis Magos, os druídas, os deuses celtas) e aqueles acontecementos socias (como o Maio, a noite de San Xoan, a romaría) máis significativos deste pobo, ós nenos a quen está dirixida esta obra. No aspecto formal, seguindo os recursos máis frecuentes da lírica popular, hai un hábil manexo do ritmo coa presencia constante de recursos repetitivos, estribillos e refráns, do paralelismo e estructuras bimembres, que favorecen o xogo musical, fornecido a nivel fónico por constantes aliteracións, onomatopeas, anáforas e diversas recorrencias léxicas. Todo esto - xunto aos xogos verbais, a focalización primitiva e sinxela do mundo, a brevidade, as comparacións, as metáforas e as condensacións da expresión- fai que estes poemas sexan atractivos para os nenos, quizais o maior impedimento para a lectura actual esté no emprego abundante de arcaismos.

Nas tres primeiras cántigas (do mazarico, do lagarteiro e da anduriña) a natureza énchese de paxaros como o mazarico de nome cantarín e onomatopeico, o lagarteiro, o moucho mouro e a bulideira andoriña; todos eles ligados maxicamente á natureza: O mazarico non soamente atrapa co seu pico a póla en flor senón tamén a maxia da cor verde -"o verde verdeal"- a maxia da lúa –"pingas do luar" e do sol –"graíñas de sol"-. E a andoriña ven do mar para que agromen as flores. O poeta queixase da perda da maxia da natureza por el

sentida no pasado, porque xa non atopa o outeiro verde onde bulía un niño de lagarteiro; xa non é posible deter o tempo ollando "ledo o remuíño da choiva choiva". Na Cántiga do mazarico e na da andoriña domina por enriba de todo o panteísmo animista, a visión primixenia do mundo, pero na "Cántiga do lagarteiro" é a sensación de perda ou de feitizo perdido a que envolve o poema. Este mesmo sentimento é o que latexa na "Cántiga da Mari-Pepiña", poema de inocentes ilusións perdidas.

Na "Cántiga das abellas do mel" e na "da fada fadiña" a natureza e a vida cotián roídos énchese de personaxes máxicos: de demos, meigas ou fadas que asustan ó neno con ruídos, traen males para a comunidade ou, polo contrario, doan as riquezas da natureza ós humanos e convértense nos seus benestares: "A fada acorada/ da vento e xeada./ Aliña que aliña a fada doncel,/ é a miña madriña". Nestes dous poemas máis que no resto, están presentes os xogos verbais de tal xeito que á maxia dos personaxes acompáñalles o feitizo das palabras. E temos versos incardinados entre o desenvolvemento argumental do poema nos que o de menos é o signicado, o máis o seu carácter de conxuro máxico cheo de musicalidade: "Fresa fresón/ laranxa e limón/ por enriba sí, por abaixo non."

Os cantos de costumes tan arraigados na lírica popular tamén están representados neste poemario con dúas cántigas: a "do Maio" e a "de Xan Xoán". O primeiro é un canto de alegría polo rexurdir da natureza; unha invitación a festexar a chegada do Maio con bailes e cantigas: "Rapaces que viva o Maio,/viva o maiño roseiro/que se achega pol-o val/frolidor e recendeiro". O Maio coma en moitas das súas representacións tradicionais está personificado como un home cuberto de ramallos[1264]: cabelo de herbal, varais de salgueiro, fiúncho, ponlas de sabugueiro e como coroa cen ovos de pimpin e peneireiro. De semellante personificación infórmanos Ramón Otero Pedrayo na súa *Historia de Galiza* (I, 1979, 652), como propia do norte e do leste de Galicia. Dela dinos: "É un rapaz cuberto de follas e flores, que sai polas rúas en

[1264] Ramón Otero Pedrayo en *Historia de Galiza* (1979, 649) informanos no apartado "A festa dos maios" que "tén difrentes formas: Árbore de Maio, Home cuberto de ramallos, armadilla de verduras e flores levadas en andias, Raíña de Maio, Parexa de Maio, Cruz de Maio, enfeitar as casas con ramallos, espetalos nas leiras, pedimento de gulódice ou diñeiro".

compaña dunha pandilla de nenos ou mozotos, os cuales, de tempo en tempo, paran a cantar arredor do Maio cántigas axeitadas, que veñen xa de tradición."E recolle una cántiga de Maio cun estribillo -"Este é o maio/o Maíño é/este é o Maio,/que mexa de pé"- moi similar ao empregado por Emilio Pita – "Ehí ven o Maio/que maiño é,/ehí ven o Maio/que baila de pé".

No outro "canto de costumes", inserido neste poemario, a "Cántiga de Xan Xoán" o poeta chama a celebrar a noite dos milagres e dos encantamentos realizando dous dos seus ritos máis coñecidos: brincar a fogata e lavar na mañanciña a cara con agua fría do orballo chea de flores. A través de ámbolos dous poemas Pita quixo transmiti-la mesma ledicia campesina que transmiten as cantigas populares que celebran estas festas, e ó igual que nelas vemos a fusión dos ritos paganos cos cristiáns.

Tamén quixo o autor incruír un canto de Nadal e Reis no que a natureza toda rinde homenaxe o "neniño neno" na "Cántiga de Nadal"

Nos tres romanciños que compoñen a segunda parte –"Romanciño da romeira", "da rosa branca" e "do bosque dourado"- reviven tres lendas baseadas, respectivamente, nas tres mitoloxías máis arraigadas no pobo galego, a cristiana, a pagana e a celta. No primeiro unha romeira fai penitencia indo á romaxe da virxe de Pastoriza para pedirlle á virxe a volta do seu enamorado. No segundo cóntase a superstición que prevén as mozas que van a colle-la flor da auga de non atopar a un vello cabaleiro, pois de ser así ó ano seguinte levarana con él para morrer. E no terceiro, o poeta canta ós deuses celtas –a Breogán, a Belor, a Neton e Bandía- enfeitizados no bosque dourado dos druidas e que esperan ser despertados cando chegue o tempo da nova Jacobusland. Así pois, o poemario ábrese, como xa vimos, co sentimento de perda, de feitizo perdido, máis ó final, con este romance, remata cunha voz esperanzada fronte ó futuro: a realización dunha nova Jacobusland, mito persoal e reticente en Emilio Pita.

Soamente me quedaba dici-lo que eu non fixen e que sería interesante facer, por exemplo, rastrexa-las fontes das que bebeu o autor para facer estas reelaboracións e seguir investigando sobre a posibilidade de atopar na prensa da emigración novas mostras de literatura infantil, e se é así analiza-lo seu

contido e recepción. Lagoas deste traballo que asumo coa intención de remediar.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

Bibliografía de Emilio Pita:

Jacobusland (Ilustraciones de Castelao), Buenos Aires, 1942

"IV saga da nova leilía" en *Cancioneiro da loita galega*, México, Partido Galeguista, 1943.

Cántigas de nenos, Argentina, Edición de Arayl, 1944

Os relembros. As cantigas, Buenos Aires, Citania, Herba de namorar, 1959

O Ronsel verdegal, Vigo, Salnés, 1964

O romance de Poncela Loira. Serán,Vigo, Galaxia, 1974

"Música e danza" en Otero Pedrayo, Ramón (dir.), *Historia de Galiza*, Tomo I, Madrid, Akal Editor, 1979, pp. 763-777.

Polos caminos do pobo, edición a cargo de Xosé Manuel Maceiras, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1999.

Bibliografía sobre Emilio Pita

Alonso Montero, Xesús (1972): "Cinco escolios pra un libro de versos" en Pita, Emilio (1972): *Jacobusland*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Alonso Montero, Xesús (1996): "As musas belixerantes do exilio" en VV.AA., *Cancionero da loita galega*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Beramendi, Justo G. (1974): "Irmandades da Fala", *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo 18, pp. 53-61.

Costa Gómez, Antonio (1974): "Pita, Emilio", *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 25, Santiago-Gijón, Silveiro Cañada, pp.50-51.

Fernández del Riego, Francisco (1995): *Historia da literatura galega*, Vigo, Galaxia.

Maceira Fernández, Xosé Manuel (1996): "Literatura do exilio (II). O activismo cultural na diáspora bonaerense" en VV.AA., *Historia da Literatura Galega*, Vigo, ASPG-A Nosa Terra, pp. 994-1024.

Maceira Fernández, Xosé Manuel (1999): "Prólogo", en Pita, Emilio: *Polos camiños do pobo. 1963*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984): *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Xerais.

Neira Vilas, Xosé (1995): "Memoria da emigración. Lembranza cordial de Emilio Pita", *Faro de Vigo*, (2-12-1995), p. 43.

Núñez Seixas, Xosé M. (1992): *O galeguismo en América. 1879-1936*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Otero Pedrayo, Ramón (1979): *Historia de Galiza*, Tomo 1, Madrid, Akal Editor.

Roig, Ana-Blanca (1999): "Os primeiros pasos cara á formación do sistema literario infantil e xuvenil", *Fadamorgana*, núm. 2, pp. 28-37.

VV.AA. (1995): "Emilio Pita", *Diccionario da literatura galega*, Tomo I, Vigo, Galaxia, pp. 472-473.

A LITERATURIZACIÓN DA HISTÓRIA DESDE O EXÍLIO. O CASO DOS "CATRO POEMAS PRA CATRO GRAVADOS"

Carlos Manuel Callón Torres

"Ista é unha historia que nos pertence"
(*O Campesiño Maior n´ A Soldadeira*, de Luís Seoane)

1. O ENCLAVE DO SLG EN BUENOS AIRES NO POSGUERRA. POSICIÓN E FUNCIÓN DE LORENZO VARELA[1265]

1936 pudo ter sido o ano da consolidación do Sistema Literário Galego (SLG) no seu espazo social orixinário, Galiza. Vários factores axudaban a iso. Por unha banda, o crescente éxito do nacionalismo galego, promotor fundamental da existéncia do SLG. A campaña en favor do Estatuto de Autonomia, e o afortalamento organizativo do Partido Galeguista, abrian-lle en 1936 as portas a esta formación política para un movimento de masas no país que até o momento nunca lograra ter. Ademais, a aprobación en referendo do Estatuto de Autonomia iria supor a cooficialidade do idioma galego (considerado xa nesta etapa como instrumento único para a criazón dunha "literatura galega") e a entrada da língua e a literatura galegas no ensino. Todo isto, como é ben sabido –ainda que pouco recordado- é truncado polo repentino "Alzamiento" fascista, axiña triunfante na Galiza, o que suporá o asasínio, a represión ou o exílio forzoso de todas aquelas persoas que manifestasen compromiso ou apenas simpatia cara aos ideais republicanos ou nacionalistas.

Non se producirá, pois, o hipotético afortalamento do SLG, senón que se desmantelará totalmente como tal no interior do país[1266], e pasará a funcionar

[1265] Excepto indicación en contrário, citaremos os textos pola antoloxia de X. M. Maceira (1997). Esta edición, frente a outras máis ou menos recentes da obra de Lorenzo Varela (a de C. López

através de diversos enclaves americanos en que se irán asentando os promotores do sistema. Neste sentido, é importante indicar que na América os exilados galegos centran os seus destinos sobretodo nos lugares de tradicional emigración. Este é un ponto de diverxéncia bastante importante entre os escritores galegos e os do resto do Estado que tamén fuxirán diante do terror fascista: xa desde moitas xeracións antes hai emigracións masivas á América desde a Galiza, criando colónias de relevo nos lugares de chegada. Asi, o SLG ten enclaves americanos desde o seu emerxir no século XIX[1267] e cria-se desde cedo un repertório literário[1268] sobre o afastamento da pátria explorada. Repare-se en que moitos dos exilados do 36 nasceron xa na emigración ou con pais emigrantes, como seria o caso dos próprios Luís Seoane ou Lorenzo Varela, ou ben pasaron ali vários anos da sua vida, como foi o que lle aconteceu a Suárez Picallo, a Blanco Amor, a Alonso Rios ou a Castelao na sua infáncia.

Mália ao antedito, a tendéncia da crítica española e de grande parte da galega é identificar –ademais, no nome do universalismo e do progresismo- como iguais todos os exilados do Estado. Neste sentido, Kathleen March ten denunciado que case nengun crítico, ao debruzar-se sobre o exílio de escritores e escritoras provocado pola Guerra Civil, teña en conta "la posibilidad de que España como patria no fuera el punto de referencia primordial de todos los transterrados" (1991, 318).[1269]

Bernárdez en 1990 ou a de X. L. Axeitos en 2000), reproduz tamén os deseños que acrescentamos nesta comunicación como apéndices 1, 2, 3 e 4.

[1266] Cumpre ter presente que os conceitos de sistema literário e literatura non son equivalentes, ainda que hoxe sexa xeneralizado, mesmo nalgunhas historiografias da literatura de profesorado universitário, observar tais confusións, aplicando o termo de sistema literário tan só a un conxunto de textos e / ou a unha nómina de escritoras/es. Porén, Itamar Even-Zohar (1990) caracteriza o sistema literário como un fenómeno social complexo, heteroxéneo e dinámico, constituído por unha rede de factores, e non unicamente os produtores ou produtoras de textos e os próprios textos.

[1267] De feito, se non existise o enclave de La Habana dificilmente poderia ter sucedido este emerxir decimonónico.

[1268] Seguimos o conceito proposto por Itamar Even-Zohar: "Repertoire is conceived of here as the aggregate of laws and elements (either single, boud, or total models) that govern the production of texts." (1990, 17)

[1269] Sirvan de exemplo estas declaracións realizadas á hora de falar de Lorenzo Varela nun congreso sobre o exílio republicano: "El galleguismo de Varela no era de vía estrecha. Escribió en gallego pero también –y sobre todo- en castellano. No veía incompatibilidad en emplear ambas lenguas. Es más, Lorenzo Varela no se explica sin Galicia, no hubiera sido quien fue intelectual y artísticamente sin Galicia (...). Pero a la vez tampoco se explica, tampoco hubiera sido quien fue intelectual y artísticamente sin España ni sin México ni sin Argentina ni sin

En Buenos Aires conformará-se o principal núcleo do nacionalismo no exílio, onde salientará a figura de Daniel Castelao. Un ano especialmente importante na actividade política na Arxentina do nacionalismo galego será 1944, ano tamén da primeira edición dos *Catro poemas pra catro grabados* dentro do álbum *María Pita e tres retratos medioevales*. Nese 44 cria-se o Consello da Galiza e edita-se o ensaio de Castelao *Sempre en Galiza*, que supón o compéndio máis importante até o momento do pensamento nacionalista, feito da perspectiva da banda liberal-democrática do Partido Galeguista, e que é tamén obra fedatária da experiéncia histórica da loita polo Estatuto. Esta importáncia do nacionalismo dentro da colectividade galega en Buenos Aires esmorecerá moi notabelmente tras a morte de Castelao. [1270]

Mais para a continuidade do sistema literário hai unha outra figura dinamizadora que diversos estudiosos tenden a denominar como a "salvación da literatura galega"[1271], por ser o promotor máis importante con que conta o SLG en Buenos Aires: trata-se de Luís Seoane, quen criou editoras, colaborou en revistas, ilustrou cos seus deseños diversas obras, exerceu de criador literário (como dramaturgo e poeta) ou animador no uso da língua, etc., etc.[1272]

Lorenzo Varela, fillo de emigrantes de Monterroso, pasara xa parte da sua infáncia en Buenos Aires, mais a sua adolescéncia e mocidade serán en Lugo, onde participará na fundación da Federación de Mocidades Galeguistas, conxugando desde ben novo o marxismo co (filo)nacionalismo. Na capital

---

Francia ni sin Italia..." (Caudet, 1999, 300). Para Francisco Caudet, Galiza aparece como referéncia sentimental, cunha funcionalidade en parte compensatória, mais subliñando sempre que o máis importante é España e o uso do español. Ademais, parece que para el toda a problemática lingüística, de adscrición a un sistema literário ou mesmo de concepción nacional ou política en Lorenzo Varela se explica dicendo denigratoriamente que non era o que el denomina, inzado de preconceitos, como "galleguismo de vía estrecha". Francisco Caudet non explica senón que xulga e utiliza *pro domo sua* a obra de Lorenzo. Terminemos con outra citación ben elocuente polo seu españolismo, onde se ve na necesidade de remachar a españolidade do autor de *Lonxe*: "Varela sintió como propia la guerra de España, la guerra de una España contra otra España (...). Una guerra de *españoles como él* para una España en la que cupieran todos los españoles." (Caudet, 1999, 301; itálica miña).

[1270] Sobre o nacionalismo galego no exílio do posguerra, vid. Beramendi / Núñez Seixas (1995, 175-187).

[1271] Asi o fan, por exemplo, Xesús Alonso Montero (1994, 22) e, seguindo-o, Xosé Gregorio Ferreiro Fente (1997, 229).

[1272] Sobre o seu labor como promotor do libro en galego ou sobre temática galega, vid. Alonso Montero, 1994, 151-161, onde se mostran unhas tabelas coa produción bibliográfica galega nas

lucense escreberá os seus primeiros poemas en língua galega. Este será o escasísimo tempo que pasará fisicamente na Galiza de xeito continuado. Vai para Madrid a estudar Filosofia e Letras, e ali vincula-se á revista *P.A.N.*, na cal participaban tamén outros autores de procedéncia galega como Rafael Dieste e Otero Espasandín. En 1935, consta xa a sua presenza como membro das Misiones Pedagógicas e a sua afiliación ao Partido Comunista Español, ao cal aparecerá vinculado dun ou doutro xeito ao longo da sua vida. Combaterá na Guerra Civil, participando nas actividades do sistema literário español na zona republicana e nas frentes bélicas. Decidida a contenda, foxe á Franza -onde estará recluído nun campo de concentración- e despois a México.[1273]

Lorenzo Varela pasa a instalar-se en Buenos Aires en 1941, onde se acha cunha situación diferente no que di respeito ás dinámicas do campo literário. Na capital da Arxentina entrará en contacto co círculo de exilados galegos ao cal pertencian homes como Luís Seoane, Arturo Cuadrado ou Rafael Dieste, e que formaban o chamado grupo do Café Tortoni. Estes foron promotores da editora Nova, onde Varela publicará o poemário en español *Torres de Amor* (1942)[1274], composto por poemas escritos antes da sua chegada á capital arxentina, e que contará con ilustracións de Seoane. En Buenos Aires codirixirá tamén revistas como *Correo Literario* e *De Mar a Mar.*

O contexto do enclave galego na Arxentina fará que se opere unha mudanza no escritor: por vez primeira, publicará literatura en galego: os *Catro poemas pra catro grabados* de 1944, feitos para acompañar, como despois veremos, as xilografias de Seoane no álbum *María Pita e tres retratos medioevales*. Lorenzo Varela foi un criador temperán e, ainda que publicase algunhas cousas en español con anterioridade (sen dúbidas, o máis importante, as *Torres de Amor*), tamén chega a publicar en galego desde ben mozo: apenas 25 anos tiña cando se editaron os seus catro poemas para os gravados

cais se indica explicitamente as producións en que tivo influéncia directa ou indirecta Luís Seoane.

[1273] Este país é outro núcleo significativo do exílio galego, mais, a diferenza da Arxentina onde o protagonismo era nacionalista, aí a actividade política articulaba-se através do PCE, no cal funcionaba desde 1940 unha "Comisión Galega".

de Seoane. Para Kathleen March, en Lorenzo Varela "la selección del idioma está relacionada con el contenido y, probablemente, con el contexto inmediato" (1991, 320). Este contexto seria o do enclave do SLG en Buenos Aires que, no parecer da mesma investigadora, apresentaba unhas condicións "económicamente mucho más favorables a la publicación de obras en gallego que en la propia Galicia" (1991, 324). Isto é debido á prosperidade económica xeral de Buenos Aires na altura e, particularmente, de boa parte da colónia galega na cidade, que, ademais, apresentaba inquietudes culturais, especialmente despois da chegada das e dos exilados.

Contodo, a evolución lingüística de Lorenzo Varela e a sua integración no SLG como escritor[1275] é salientábel por ir no sentido contrário ao que foi frecuente neses anos tanto na Galiza como no exílio. Dos produtores que fixeron parte do SLG antes da Guerra e que permanecerán con vida e na Galiza, a grande maioria verá-se obrigada a pasar a escreber en español e, en bastantes casos, mesmo refugando dos repertórios que viñan caracterizando a última etapa do SLG. Os "novecentistas", pola sua banda, mesmo aqueles que pasan ao exílio, abandonan a criazón en galego e tentan integrar-se dentro do sistema literário español. Ramón Carballo asina un artigo ao respeito xusto no ano da incorporación de Lorenzo Varela ao SLG como produtor. Neste escrito, subliña que non é só que autores como Blanco Amor, Álvaro das Casas, Rafael Dieste ou Otero Espasandín non escrebesen xa en língua galega, senón que tamén no político fuxian da sua identificación plena coa Galiza.[1276]

Neste momento de desercións e confusionismo, Lorenzo (que non é citado por Ramón Carballo) asinará o seu primeiro libro en galego. Polo demais, non só foi un poeta bilingüe, senón tamén un crítico de arte, un tradutor, un

[1274] En 1940 publicara un opúsculo de pouco máis de 30 páxinas, *Elegías españolas*, que seria recollido substancialmente en *Torres de Amor*, que pode ser considerado como, propriamente, o seu primeiro libro.

[1275] Con todas as contradicións que se queira, algunhas derivadas do próprio contexto de producir desde un enclave e non desde o espazo social galego ou da sua condición de fillo de emigrantes galegos en território hispanoparlante.

[1276] "Pero non é só no aspecto literario, a sua deslealtade con Galiza; tamén é no político. Todos éles, de fronte ou de esguello, actúan en política, sea ésta da dereita ou da esquerda; pois ben, ningún d-eles está ao servicio de Galicia. Todos están actuando en partidos alleeiros, nemigos das libertades da nosa Patria." (Carballo, 1944, 4)

xornalista, etc., e todas estas actividades culturais case sempre desenvolvidas en língua española, pois a público hispanoparlante se destinaban.

2. A LITERATURIZACIÓN DA HISTÓRIA DA GALIZA NA MITIFICACIÓN DA MARXINALIDADE COMO RENOVACIÓN REPERTORIAL NO SLG

Luís Seoane anima a Lorenzo Varela a escreber e publicar en galego e, para iso, solicita-lle a escrita duns poemas para uns seus gravados[1277], de maneira que condiciona tamén a temática a seguir polo "ilustrador poético" dos deseños. "Ilustrador poético", si, porque os poemas fixeron-se para "ilustrar" os gravados e non vice-versa, o cal ten un grande relevo á hora de analisarmos o repertório neles priorizado, pois é Seoane quen escolle as catro personaxes a cantar.

Na sua "Adicatoria e crida" ao seu poemário de 1952 *Fardel de eisilado*, Luís Seoane apresenta as suas ideas sobre a história da Galiza. Para el, os problemas do país son de orixe endóxena, e o "centralismo" seria consecuéncia destes problemas internos. Asi mesmo, considera que o protagonismo histórico está nos feitos colectivos e nas figuras anónimas que os levan adiante:

> Unha historia de Galiza, honradamente feita, non pode contar no seu haber con heroes isolados, cuias fazañas teñan de relatarse ó xeito de Carlyle, dos historiadores en xeral do século XIX, senón cos movimentos coleitivos realizados polo pobo galego a traveso do tempo pra ceibarse dos desvariados sistemas, políticos, económicos e sociaes, que veñen humildándoo. (p. 27)

Máis adiante, citará uns exemplos dalgunhas figuras históricas que considera cantábeis ou merecentes de seren historiadas. Como é bon de ver, a sintonia co espírito dos poemas de 1944 é total:

> E os homes xurdidos dese pobo, Xohan Tuorum, María Castaña, Rui Xordo, María Pita, Sinforiano López por exempro, ou os mártires de Carral,

[1277] Nunha carta a Isaac Díaz Pardo en Decembro de 1978, Luís Seoane afirmará: "Lo que publicó de poesía aquí fue debido sobre todo a instancias mías" (cit. in Alonso Montero, 1994, 243).

> ou os milleiros de mártires bariles fusilados e paseiados polos traidores que se ergueron contra da República en 1936, e os que veñen caíndo dende entón, son en derradeiro termo os heroes, e non os famosos estrendosos Condes do século XV coma, ó xeito romántico, tratou de facernos creer unha historia de abondo aristocratizante. (pp. 27-28)

Esta visión quebra co que era o repertório priorizado polos promotores do SLG até o momento. Confronte-se, senón, cunha obra referencial neste sentido histórico como foi *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte.

Na revista *A Nosa Terra*, que manterá a sua continuidade pasando a editar-se desde a América, poden-se contrastar as diferentes posturas que sobre a figura de Pardo de Cela existian dentro da mesma publicación[1278] e, por extensión, dentro da colectividade (nacionalista) galega bonaerense. En novembro de 1944, anúncia-se un número extraordinário do periódico –que contará coa colaboración de escritores- polo aniversário do asasinato de Pardo de Cela. No número de Decembro (*A Nosa Terra*, 1944, 5) dedicará-se case unha páxina completa a divulgar a figura do Mariscal, mais oferecendo del unha visión crítica en que se lle atribui tamén parte da culpa do submetimento da Galiza:

> A traxedia da nosa Terra, débese á haber sido Pardo de Cela, un señor feudal que era profundamente odiado pol-o povo por mor de ser él, un dos cabezolairos na guerra de repreixón da revoluzón popular dos Irmandiños contra o poder dos señores feudaes.
>
> A sua cobiza persoal de predomiño, espertou odios e sanguiñentas rivalidas entre os señores galegos, véndose decote o país ensanguentado por intermiñabeis loitas intestiñas.
>
> Por elo, non era o Mariscal a figura de prestixo que tivese a virtude de xunguir ao seu redor, a todol-os galegos na defensa da Patria contra as cobizas imperialistas dos Reis Católicos, senón que pol-a contra, *a sua resistenza siñificou a defensa tenás dos seus eiscrusivos intreses*, non

[1278] Todos os artigos que vamos citar a continuación están sen asinar, polo que son interpretábeis como notas da redacción, o que fai máis chamativa a sua contradición nos diferentes discursos defendidos.

> abranguendo d-ese xeito o caraiter nazonal que era mester n-ese intre histórico, para que a resistenza triunfase. (Itálica miña)

Porén, entende-se que o asasínio do Mariscal é un fito simbolicamente negativo para a Galiza, marcador da sua violenta colonización, polo cal "a valerosa atitude do Mariscal Pardo de Cela é acredora á lembranza emocional e de gratitude de todol-os galegos", pois obxectivamente si loitou contra "as pretenzóns imperialistas" e, ademais, "secundado por grupos de campesiños que ollando que a liberdade da Terra estaba en perigro, esquenceron pasadas loitas e divirxenzas" (*Nosa Terra*, 1944, 5).

En Decembro do ano seguinte, *A Nosa Terra* (1945b, 1) dedica parte da portada a Pardo de Cela, onde o cualifican de "heroi nazonal galego" e se considera que se trata dunha figura "de outa xerarquía galega", que xa deberia "ter conquerido a misma veneración i-ó mismo respeito que, n-outros povos, adequiren persoaxes de igual, ou semellante, valemento." Aqui xa non é apresentada como unha figura con claro-escuros.

A Idade Média a que pertencen todas as personaxes cantadas, excepto Maria Pita,[1279] funciona como o paraíso perdido das liberdades da Galiza, e neste sentido edénico é reivindicada no discurso do SLG xa desde o século XIX. Mais este pasado lexendário proxecta-se en 1944 para dar unha visión optimista a un presente que tamén era optimista: o do triunfo aliado que agardaban que fose tamén o fracaso de Franco e o seu retorno á Península.

Observaremos agora sintetizadamente cais son as estratéxias textuais que conforman estes textos, para contrastarmos os repertórios priorizados e as suas posíbeis inovacións, confrontando sempre cos gravados de Luís Seoane.

2.1 María Pita

O título da composición é o que nos dá a chave sobre a Maria que popularmente será aludida no texto: a defensora da cidade da Coruña frente ao ataque inglés de 1589. O combate desta heroína apresenta-se como exemplo

[1279] Esta diferenza histórica xa se subliña no título do volume en que se inscrebe o primeiro poemário en galego de Lorenzo: *María Pita e tres retratos medioevales*.

da loita armada pola liberdade. Isto fai que o poema se poda ler en dous planos nese concreto momento histórico en que se editaron primeiramente: a reivindicación dun mito galego en paralelo co canto ás e aos combatentes anti-fascistas.

Ao cantar a Maria Pita, canta-se a unha muller que quebrou cos estereótipos de xénero e pasou a armar-se como un varón e comandar varóns no enfrentamento contra os ingleses. Asi, Maria Pita androxiniza-se, como o plasma Luís Seoane no seu gravado, no cal o único trazo feminino está no rosto e mais no cabelo longo. A armadura elimina os trazos físicos da muller (vid. apéndice 1).

O poeta denominará, asi, á guerreira como "varona" (v. 6 e v. 13), por ser unha muller que se comporta como o xénero masculino e que polos varóns será recoñecida (v. 16). O poema está dividido en tres partes numeradas con cadansua cifra romana. O verso co que comeza a terceira parte supón a asunción da importáncia de que fose unha muller a que loitase e mesmo comandase a defensa. Ela é a "Muller da soberana libertade" (v. 15).

2.2 María Balteira

Este é o primeiro louvor a Maria Balteira dentro da nosa tradición literária, e velaí a maior nota de relevo desta composición: non é unha sátira, como a que en tantas ocasións protagonizou Maria Peres, álias A Balteira, no noso cancioneiro medieval. O xograr que se apresenta como autor do cantar –por certo, cantar non inscrito en nengun dos xéneros canónicos medievais- é consciente de que non se pode louvar á soldadeira, mália o seu desexo, debido á "lei de xograría" (vid. cuarta estrofe). Asi mesmo, a presenza léxica neotrovadoresca entronca o texto coa tradición do preguerra.

O deseño (vid. apéndice 2) mostra-nos a Balteira como unha xogadora de dados, talvez un modo bastante "suave", mais eficaz, de conotá-la como "muller de vida licenciosa". É notábel a posición da soldadeira -está sentada-, se confrontarmos co ritmo de danza que segue o poema. Sobrancean tamén os seus escasos trazos distintivamente femininos, mesmo se a confrontarmos co rosto de Maria Pita. Non se trata, pois, dunha apresentación 'sensual'.

Mais as soldadeiras non só danzaban, cantaban ou xogaban aos dados, senón que funcionaban tamén como acompañantes sexuais remuneradas. Neste sentido, quizá unha referéncia á prostitución estexa na estrofe segunda, onde se fala de "prendas" e "moeda moura", especialmente no verso que di "nin prenda de amor nin prenda de conta" (p. 18): nen sinal do amor-paixón, nen sinal de comércio.[1280]

A reivindicación desta figura medieval, mesmo caracterizada como heroína, chega ao seu cénite na peza teatral *A soldadeira*, que Seoane editará traducida para o español, ainda que a versión orixinal foi redixida en língua galega. O mesmo Seoane, nunha audición radial de 1958 fará referéncia ao poema de Varela, citando-o fragmentariamente; nesa ocasión, relacionará á Balteira coa Bella Otero: "María Balteira e Carolina Otero constitúen outra faceta que se non debe desdenar, a galante amatoria do esprito galego" (Seoane, 1973, 19). Relevante tamén, se o confrontarmos co deseño, é que as considere tamén unidas polo feito de seren 'apaixonadas xogadoras' (*idem,* 20).

2.3 A Rui Xordo

Ainda que no poema se subliñe o protagonismo colectivo, no deseño (vid. apéndice 3) aparece o heroi isolado, sentado carregando unha espada; detrás, unha paisaxe costeira entre a que sobresai un rompente. No rosto, entre triste e ensoñador, pode-se –se non é unha interpretación abusiva- detectar a derrota.

Este poema vincula-se coa composición primeira por se poetizar novamente un adaíl popular da loita armada contra unha indeterminada opresión. Mais o protagonismo de Roi Xordo, o líder da primeira revolta irmandiña, está na xilografia e mais na dedicatória que fai de título. O texto literário propriamente dito é unha visión épica da história da Galiza, onde se patentiza un pasado heroico, até o ponto de que "aramos sobre os mortos nesta terra" (v. 1), e estes mortos emiten unha mensaxe de rebelión contra a

[1280] Pola contra, a profesora Teresa López considera que neste texto "O retrato descortés que os trobadores medievais nos deixaran da soldadeira baléirase de connotacións negativas e prescinde de sentidos ocultos (e obscenizantes)". (1999, 801).

nobreza, contra a Igrexa e contra outros elementos da opresión con poder de control social, como poden ser algunhas profisións liberais.[1281]

Esa mensaxe dos mortos, que comeza "Nin marqueses, nin cregos, nin doutores" (v. 6) ten un correlato claro co verso da versión da "Internacional" que di "Nen rei, nen tribuno, nen deus", que afirma que non hai salvadores supremos, senón que "o povo traballador" debe construir a sua liberdade. Asi mesmo, nos elementos do repertório postos en xogo, evocan-se as revoltas antiseñoriais da Baixa Idade Média como precedentes da loita comunista, en que estaban comprometidos Luís Seoane e Lorenzo Varela.

Mais este soneto tamén recolle elementos doutro canto de grande importáncia na história contemporánea da Galiza: o himno galego. As "ribeiras verdecidas" (v. 7) emparenta-se coas "costas verdescentes" do cantar nacional escrito por Pondal. Unha visión comunista e galega (discursivamente, tamén nacionalista) desprende-se, pois, da composición, onde se identifica ás clases traballadoras como verdadeiras artífices da Galiza e, portanto, merecentes de ser "donas desta terra". É unha revolución medieval que se conecta repertorialmente cos proxectos doutras revolucións sociais.

2.4 O touro

Este é, sen lugar a dúbidas, o poema máis desatendido desta tetraloxia por parte da crítica. O tema da homosexualidade e o descoñecimento da figura do bispo Adaúlfo citado paratextualmente entre parénteses antes do comezo do poema son as principais causas deste desconcerto crítico. Ademais, se Maria Pita, Maria Balteira e Roi Xordo son figuras de certa fortuna na tradición cultural galega, non seria asi co bispo Adaúlfo e co touro que, de partida, parecen desentoar do resto dos poemas.

Segundo contan a *Historia compostellana* e o *Cronicón Iriense* (dos cais logo recollerá a *Corónica de Santa Maria de Íria*[1282]), o bispo Adaúlfo II foi

[1281] Os "doutores" do v. 6 poden dicer respeito tanto ao campo académico como ao campo médico.

[1282] Polo seu interese, reproducimos como apéndice (nº 5) o fragmento en que a *Corónica de Santa Maria de Íria* narra a proba de deus a que se submete a Adaúlfo. Teña-se presente, non obstante, que esta *Corónica*, "En la relación que hace de la prueba de la inocencia del bispo

acusado de sodomia , polo cal foi condenado a morrer diante dun touro enfurecido. Mais, en troca de facer-lle dano, o animal achegou-se mansamente onda o prelado, que ficou cos cornos do bovino nas suas mans. Probada a sua inocéncia por meio dun "xuízo de Deus", o bispo renunciou á sua posición e foi para as Astúrias.

É importante reparar en que o título é "O touro", non "O bispo Adaúlfo", que, como antes subliñábamos, só é invocado paratextualmente entre parénteses para dar sentido ao poema localizando-o nun acontecimento moi concreto e, como a própria necesidade de especificación implica, moi descoñecido (isto é, que a leitura do poema no ano 1944 ou no ano 1951 se producia sen que para o público existisen máis referentes para a sua compreensión que o deseño e mais o que o próprio texto explicita).

Que sentido lle daban Seoane ou Varela á aparición do bispo e do touro entre estas composicións? E con que sentido foi lido no seu tempo? A verdade é que é difícil responder a estas perguntas, pois non houbo recensións críticas merecentes de seren tomadas en consideración e o único que temos, nesa liña, é tentarmos explicar os siléncios. Pola sua banda, a crítica actual que se ten referido ao poema, ainda que fose de pasada, fixo tamén as suas interpretacións, que van desde considerar o texto como un canto ao touro por saber discernir a verdade da calúnia (Salgado, 1995. 211) como mesmo unha alegoria da Galiza (March, 1991, 325)[1283]. No entanto, para a maioria, o poema

---

Ataulfo intercala del *Cronicón* y de la *Compostelana*, exagerando y quebrantando a veces el texto", en palabras do seu primeiro editor no século XX, D. Xesús Carro García (1951, 11). Se se observar a data en que se editou o texto na centúria pasada, reparará-se en que é posterior en sete anos á primeira edición dos *Catro poemas pra catro grabados*. Isto implica que a fonte pola cal Seoane ou Lorenzo chegaron a Adaúlfo non foi esta, pois anteriormente só fora editada en 1888 por Antonio López Ferreiro en *El pensamiento gallego*, nunha edición tan descoñecida que o erudito Carro García só pudo chegar a ela grazas á colaboración doutro importante erudito da Galiza do preguerra: D. Armando Cotarelo Valledor.
Posto que o *Cronicón Iriense* non fai referéncia ao pecado sodomítico, o relato ou ben foi tirado da *Historia compostellana* ou ben existe unha certa transmisión particularizada do mesmo (debido ao seu conteúdo romanesco) pola cal pudo chegar aos seus ouvidos.

[1283]Efectivamente, Kathleen March, pretendendo interpretar o touro con relación á Galiza, di que este "obviamente simboliza una nación ingenua, feliz, vigorosa y heroica" (1991, 325). Como se pode observar neste epígrafe, non concordamos con esta forzada leitura crítica, debida probabelmente ao descoñecimento do acontecimento pseudo-histórico en que está baseado o poema.

non é merecente de maiores anotacións.[1284] O comentário máis profundo sobre as estratéxias textuais que o conforman parece-nos o feito por Xosé Manuel Maceira Fernández:

> "O touro" combina o monólogo interrogativo, que se transforma en dúbida ao carecer de resposta, o diálogo, a descrición e a sentencia final, herética e comprensiva, pois os axentes sobrenaturais protexen ao bispo na dialéctica necesidade persoal/prexuízo social. Estamos diante dun pacto entre o espiritual e o terreal para salvar o creto persoal e institucional; xa que o devandito touro, domado e santificado, non era "como os desta vida!". A medida que avanzamos, constataremos a pouca fiabilidade da proba, de non ser atacado polo touro para demostrar que non era homosexual, feita polos feligreses de Iria no século IX ao bispo Adaulfo (1997, 53).

O poema tematiza de xeito explícito a homosexualidade (ao referir-se á "sodomía"[1285] no v. 12) ou, ainda máis concretizadamente, ao que desde a década de 60 do século XX se denominará "homofobia": o rexeitamento aos varóns e ás mulleres de opción homosexual. (Mira, 1999, 377-378)

Frente ao dito nas narracións da Idade Média, onde fica clara a "inocéncia", no poema esparexe-se a dúbida sobre se o bispo era ou non "sodomita" (dúbida que é certamente subversiva, mesmo polas implicacións eclesiásticas). Pensamos que aí está a razón de que quen dé título ao poema sexa o animal –tratado con sumo agarimo ao final- e non o bispo: Subliña-se o respeito e a tolerância dun touro descrito, non sen palpábel ironia, cunha auréola como a que ornamentan as figuras dos santos católicos. A exclamación con que se pon fin á composición supón unha tomada de posición no sentido nítido de ir contra os preconceitos homófobos. Estes últimos versos adquiren un

[1284] Nesta liña continuan as páxinas que se dedican a esta obra no recente estudo divulgativo *Literatura galega século XX* (Bernárdez *et alia,* 2001, 174-176).

[1285] Ainda que na Idade Contemporánea o termo *sodomia* se especializase unicamente para as relacións homosexuais ou para as penetracións anais (*sodomizar*), na época medieval o seu sentido é máis amplo. De todos os xeitos, segundo a *Corónica de Santa Maria de Íria*, o bispo foi acusado polos criados cos cais mantivo relacións. A *Historia Compostellana*, reducia-o á

ton grave, aleccionador para o presente e que, ademais, pon tamén en dúbida a veracidade histórica do relatado, ao confrontar a lenda coa constatación de que os preconceitos anti-homosexuais funcionan con moita forza:

> ¡Aquel touriño non era
> touro como os desta vida! (p. 22)[1286]

O poema, pola sua explícita mensaxe anti-homófoba, non só é inovador dentro do que é o repertório do SLG, senón que se diferencia frontalmente dos discursos sobre a homosexualidade que comezaban a triunfar na década de 40 en todo o mundo ocidental e que terian o seu cénite no decénio seguinte, tras o frustrado emerxir de repertórios homofílicos nas vangardas.

Non sabemos tampouco o que pudo supor (se supuxo algo) para Varela ou para Seoane tal explicitación temática e tal posicionamento. Teñamos presente que, independentemente de que unha persoa teña unha determinada opción sexual, socialmente poden-se criar determinadas lendas negras marxinalizadoras polo mero facto de tocar tais temas.[1287] Integrar ao bispo nunha galeria de personaxes históricas galegas, priorizando o compromiso coa divulgación da história da Galiza frente a calquer outro obxectivo, pudo evitar que se criasen tais rumores homófobos.

A forma de romance e a linguaxe (o mesmo adxectivo de "verde", aplicado ao animal[1288]) lembran moito a Lorca e ao neopopularismo da española Generación del 27, cos que se ten entroncado en non poucas ocasións a Lorenzo Varela. A filiación lorquiana colle neste caso un especial significado

---

acusación duns inimigos, o cal non implicaba que sodomia fose manter relacións intermasculinas.

[1286] Quizá era a isto ao que se referia Benito Varela Jácome cando dixo que "El episodio de la prueba del Obispo Adaulfo, milagro de Santiago, es recreado con cierto sarcasmo" (González Garcés, 1976, 9).

[1287] Como indica Alberto Mira (1999), calquer persoa que fale da homosexualidade sen preconceitos, independentemente da sua opción sexual, será identificada como homosexual e, con certeza, poderá funcionar socialmente como tal.

[1288] Por que o touro é verde no poema de Lorenzo Varela? Esta adxectivación non está presente en nengunha das crónicas baixomedievais nen tampouco se pode tirar esa coloración dos deseños en preto e branco de Seoane. Neste caso concreto, o verde conota tanto enxebreza (pola paisaxe galega) como sexualidade (do mesmo modo que funcionan socialmente expresións como *chiste verde* ou *vello verde*).

pois, ainda que publicamente non se recoñecia que o poeta e dramaturgo granadino asasinado en 1936 era homosexual, sen dúbidas coñecia-se tal circunstáncia nos ambientes literários.

O touro salva ao prelado da hostilidade social representada nuns fregueses cheos de morbo por saber o que acontecerá no "xuízo de Deus":

> -Imos ver si a cruz é demo,
> si é muller a varonía,
> si o que era peito foi lombo
> si se trabucou a vida. (p. 21)

As antíteses que acabamos de citar apontan a várias direccións. En primeiro lugar, á da consideración da homosexualidade como pecado. Os dous seguintes versos fan referéncia á androxinización do homosexual. Desde o século XIII en que emerxe o preconceito anti-homosexual, as relacións intermasculinas ou interfemininas son asociadas en moitísimas ocasións, tanto popular como literariamente, co hermafrodistimo, para asi poder explicar tais relacións pola via do re-estabelecimento da orde heterosexual permisíbel e pensábel.[1289] Por último, considera-se a homosexualidade como un erro da natureza, que é unha visión decimonónica que ainda ten certo éxito hoxe en dia popularmente. Como vemos, a agresividade vai de máis a menos: desde a consideración do pecado até certa compaixón. De calquer xeito, é de salientar o facto de que este é o único poema da tetraloxia en que o povo fai parte, como masa, das forzas represivas.

Este animal, o touro, é con moita frecuéncia aludido na obra de Lorenzo Varela, xa nas *Torres de Amor*, mais non vemos conexión entre o bovino que "perdoa" a Adaúlfo, os que aparecen no poemário antedito ou os bois de *Lonxe*.[1290] Que sexa un touro o animal que debe abater ao bispo

[1289] Compare-se, p. ex., coa descrición satírica dunha relación entre mulleres na composición 586 do *Cancioneiro Geral de Garcia de Resende.*

[1290] Sirvan como exemplo desta pluralidade significativa os seguintes versos das *Torres de Amor*: "Paloma o toro, novia o guerrero: torres. / ¡Torres de amor del recuerdo, / castillos de la esperanza!"; "La muerte es como un toro, / una espiga, una flor, / un sol total de oro/ sobre el

simbolicamente significa moito -independentemente da história en que se basee o poema e que o público leitor desta obra dificilmente coñeceria. O touro é un símbolo, mesmo popularmente, da virilidade, do "macho". Que a "genitallia" do animal sexa perceptíbel como unha sombra abultada na xilografia está tamén nesta liña, na que poderíamos acrescentar o uso do adxectivo "verde" para referir-se ao touro.

Polo demais, non seria descartábel que Luís Seoane pretendese facer o gravado sobre o bispo Adaúlfo –ainda que comparta nel protagonismo o touro- e fose Varela quen decidise enfocar poeticamente o animal.

2.5 Historiar desde un país sen história

O Lorenzo Varela que nas suas *Torres de Amor* deixaba nun segundo plano á Galiza e cantaba a camaradaxe viril da Guerra do 36 desde unha óptica española, fai unha viraxe no seu ollar poético e agora, através da invocación mítico-lexendária, colle a perspectiva que dá o país das suas raíces. Dous dos catro poemas dedican-se a exalzar personaxes vinculadas a loitas bélicas, moi especialmente o soneto dedicado "A Rui Xordo", co cal este xiro de óptica do escritor se fai máis notábel.

É chamativo, porén, que mália a que o código dos poemas sexa o galego e as personaxes cantadas tamén galegas, o nome da Galiza non apareza nen unha soa vez e o de España si o faga duas veces (as duas no poema "María Balteira"). Porén, a sua visión de "España", ainda que aqui sen *h*, é moi próxima á que o Partido Galeguista formulaba, ao recoñecer dentro dese topónimo unha pluralidade nacional. Ademais, afirma-se que a configuración do território que recebe tal nome se produciu por métodos violentos, ou asi o di o xograr medieval que observa tan ao lonxe nestes versos a Idade Média:

> destes pobos todos que chaman España
> desde aqueles tempos que a tallou a espada. (p. 17)

---

total dolor"; "Ceñido al toro del tiempo / le diste a la muerte el cuerpo" (cit in Varela 2000, 40, 43, 57).

Ainda que *Galiza* non aparece, si está encoberta sob expresións do tipo "desta patria" (p. 15), "nesta terra" (p. 19), "as ribeiras verdecidas" (p. 19) e "desta terra" (p. 19 e 20).

Neste poemário hai inovacións repertoriais á hora de literaturizar a história da Galiza, en que afondará posteriormente Seoane na sua própria obra literária. Mais tamén hai pontos de converxéncia co que se consideraba canónico no SLG da altura –*O Mariscal* de que antes falámos seria o máximo exponente ao respeito. Asi, neste libro continua-se a erguer mitos, continua-se a priorizar tematicamente a loita contra a opresión e a Idade Média continua a ser vista como unha etapa edénica na história do país. As diverxéncias máis relevantes do novo repertório están, ao noso parecer, nunha auséncia e en duas aparicións, dous anovadores protagonismos. A auséncia é a do Mariscal Pardo de Cela, que nen tan sequer é mencionado, polo que se toma partido implicitamente no debate que existe no exílio (filo)nacionalista sobre esta personaxe histórica. As novas aparicións son a de Maria Balteira e o bispo Adaúlfo, con que se lle dá tratamento de mito a unha prostituta e a un homosexual, a duas persoas marxinais por razóns de moralidade sócio-sexual.

A estrutura simétrica do libro parece obedecer a uns presupostos: marcar a importáncia das mulleres na história, tanto dunha perspectiva da loita pola comunidade (Maria Pita) como do papel marxinal que lles toca nunha sociedade misóxina (a Maria Balteira que nen tan sequer está permitido louvar); subliñar que os protagonistas da história son os herois ou heroínas das clases populares (Maria Pita e Roi Xordo) ou aquelas persoas marxinais socialmente pola sua conduta (Maria Balteira e o bispo Adaúlfo). Sobre estas últimas marxinalidades, Lorenzo Varela posiciona-se coas atitudes respeitosas co diferente: o xograr do segundo poema estaria disposto a louvar á soldadeira e o touro (a quen concede todo o protagonismo do romance que pecha a tetraloxia) non agrede ao bispo que querian matar por "sodomita", isto é, por homosexual.

Outra cuestión de importáncia que se traduz da organización do libro é o protagonismo concedido á defensa armada do povo galego, da cal se apresentan antecedentes históricos nun momento especialmente delicado. Debe-se repetir e subliñar que a Galiza na altura sofre unha españolización

brutal neste época, que vai desde a aceleración do proceso de substitución lingüístico-cultural até a negación máis radical da sua história, e toda a literaturización da história dun país negado ten, nese sentido, unha funcionalidade sócio-política.

Por outra banda, máis alá do que os textos podan dicer, no seu momento a mensaxe que socialmente se podia ler (como profundizaremos no seguinte epígrafe) viña mediatizada pola proximidade da Guerra Civil e o coñecimento da existéncia de guerrilleiros nas montañas galegas. Mais no exílio o libro tamén interacciona nun contexto inzado de preconceitos cara á Galiza polo republicanismo español, pois era identificada como unha terra mansa ou como unha "rexión" filofascista, debido á sua rápida queda no bando dos insurrectos. Foi un traballo pola dignidade da Galiza.[1291]

3. A ACOLLIDA DOS *CATRO POEMAS PRA CATRO GRABADOS* ONTE E HOXE

Luís Seoane subliñaba nunha carta de 1956 a importáncia do labor intelectual pro-galego desenvolto no exílio, apesar das dificuldades para que ese labor fose coñecido e recoñecido no interior ou mesmo entre a própria colectividade galega:

> Aquí, nestes pouco máis de quince anos, editáronse, *case en silencio*, uns cen libros galegos, entre reedicións e textos orixinais, ademais de diversos periódicos literarios. Publicaron os escritores exiliados, e os que estaban anteriormente emigrados nesta cidade, novela, poesía, ensaio, monografías de arte, no noso idioma e en castellano... (cit. in López Bernárdez, 1990:20)

[1291] "R. El Mugiense, ese autor a quen nos referimos denantes, tidoaba o capídoo XII da súa novela, 'Al fin... ¡gallego!', facendo un canto a Galicia, memorizando e escribindo os nomes de ilustres galegos de mediados do século pasado pra defender aos galegos da torpeza do peiorativo. Nós fixemos eso mesmo. Eso foi "Galicia Emigrante" audición, como o foi a revista e toda a nosa laboura feita en Buenos Aires dende fai máis de trinta anos, pintando i escribindo. Defendendo unha sangue galega que circula polo mundo e que heredan moitos pobos". (Seoane, 1973, 9)

A primeira impresión dos *Catro poemas pra catro grabados* foi feita en 1944 pola editora Resol, dentro da obra *María Pita e tres retratos medioevales*, e constaba tan só de 85 exemplares, asinados e numerados polos autores. Sete anos máis tarde, faria unha nova impresión a Editorial Argentina de Música, co novo título de *Catro poemas galegos*. Nesta tiraxe -tamén de escasa entidade-, ademais das xilografias de Seoane que deron orixe aos poemas, incluirán-se as partituras que a estes lles fixo o español Julián Bautista e a tradución ao inglés feita polo poeta escocés William Shand.

Da época en que se editaron por vez primeira estes versos non temos constáncia de nengunha recensión, excepto o artigo que Arturo Cuadrado (1944, 6) asina no *Correo literario*.[1292] Non é esta unha nota crítica propriamente dita, senón un artigo en que louva o resultado artístico da obra e, como afago, expresa o seu desexo de ter sido el o autor dese libro. Só cita versos dos dous poemas dedicados ás duas figuras femininas, desde unha perspectiva lúdica. Esta descrición do libro levaria-nos a entroncá-lo coa tradición neotrovadoresca.[1293]

Ainda que moitos libros editados na diáspora eran distribuídos de xeito clandestino pola Galiza, parece que os poemários de Varela non tiveron esa sorte até ben tarde: finais da década de 70. O lugar máis importante desde o cal os *Catro poemas*, e outras composicións de Varela, puderon ter difusión na Galiza é na *Escolma* de Francisco Fernández del Riego (1955). Mais dificilmente

[1292] Tampouco Fernando Salgado (1995, 285-300) nen Xosé Luís Axeitos (Varela, 2000:29-34) nas suas bibliografias sobre Lorenzo Varela recollen nengunha recensión á parte da que nós aqui indicamos.
Asi mesmo, tampouco se di nada sobre esta obra no inventário que *A Nosa Terra* realiza no seu número de Xaneiro de 1945 dos traballos desenvolvidos polo nacionalismo no exílio no ano anterior. Mais nese artigo focalizan-se basicamente actividades de tipo político, polo que a única obra aí citada é o *Sempre en Galiza*.

[1293] "Un poeta se ha metido por medio de los grabados y se ha metido lógicamente con la misma distancia y el mismo tiempo. Lorenzo Varela –nacido allá por el 1300- se nos escapa del Cancionero para cantarnos cuatro canciones. Solamente un poeta medioeval y soldado puede cantar:
'Loubar eu loubara, María Balteira
túa saia leda'.
Soldado y juglar. Soldado y juglar, como Bernaldo de Bonaval y Eanes do Cotón, sus amigos leales. Amigo de la Libertad y amigo de la Canción. Tan amigo de todo: la mujer, el árbol, la flor, el pueblo, que escapó del paisaje y de la historia, para poder decir, azotado por las lluvias del destierro:
'María de las Batallas,

no interior do país podian ter boa acollida as suas composicións. Na sua biografia de Rafael Dieste, Luís Rei Núñez intercala un relato ben chamativo sobre as leituras que o piñeirismo facia do escritor, que lles resultaba problemático (e, portanto, non publicábel) pola sua filiación comunista:

> Así, un día chegaran tres escritores de Compostela. Un deles preguntara por Lorenzo Varela. Dieste conta que fixo a guerra co Partido Comunista. Son homes de oposición ó réxime, anque moderada, e ó oír esa palabra as súas miradas converxen na porta do comedor, que está franca, con xelo nos ollos. O anfitrión fálalles do gran senso relixioso na poesía de *Lonxe*, libro que Varela publicara en 1954. E a eles extráñalles o comentario. (Rei Núñez, 1987, 175)[1294]

O poema que tivo máis difusión na Galiza, de entre os que conforman esta tetraloxia, foi o dedicado a Maria Balteira, que reproduz a revista *Alba* no seu número 11, de 1952, e ademais nun lugar privilexiado da publicación: na primeira páxina. Ao pé do poema, indica-se a condición de transterrado do autor: "Buenos Aires (Rep. Argentina)". En princípio, poderíamos pensar que o poema se reproduciu da segunda edición realizada en 1951, sob o título de *Catro poemas galegos*. Mais a versión da composición é aquela que aparece na impresión de cen exemplares en 1944. Asi, o comezo da terceira estrofe en *Alba* di "o cabrón do inferno", como os *Catro poemas pra catro grabados*, mais a segunda edición dicia "o demo do inferno".

Este mesmo poema aparecerá na importante selección de poesia galega contemporánea feita por Ramón González Alegre (1959, 192), director tamén de *Alba*.[1295] Nesta última reprodución de "Maria Balteira", suprimen-se os nove primeiros versos, que poderian resultar problemáticos polas suas alusións a España.

---

te llevaré una flor por cada bala...' [*sic*]" (Cuadrado, 1944, 6).

[1294] Confronte-se esa visión coas composicións "A Rui Xordo" ou "O touro".

[1295] No ensaio sobre poesia galega contemporánea publicado polo mesmo autor en 1954, nada se di sobre Lorenzo Varela. Como González Garcés afirmou que "El trabajo se limita a los poetas actuales, es decir, a la generación de los últimos años, y se incluyen tan sólo aquéllos que a mí me parecen los mejores." (1954, 8), tanto é posíbel que non coñecese a obra de Lorenzo Varela como que non a considerase da máis salientábel do momento.

No ecuador da década de 70, a poesia de Lorenzo Varela aparecerá nas antoloxias de González Garcés (1974 e 1976). Na primeira obra, Varela non está entre os poetas antologados, mais no prólogo da escolma fai-se a seguinte consideración:

> Quizá los más destacados poetas en idioma gallego de América sean Lorenzo Varela –especialmente por su libro "Lonxe"- y Luis Seoane. (1974, 25)

Varela si aparecerá na antoloxia de poesia galega do posguerra (González Garcés, 1976), e ademais nunha posición importante: da sua autoria é o primeiro poema do segundo volume. Nas notas introdutórias a cárrego de Benito Varela Jácome que aparecen no primeiro volume, indica-se que a sua poesia é diferente á de Seoane, ainda que os une, ademais da amizade ou a colaboración no libro, "la recreación nostálgica del pasado medieval gallego" (1976, 8). Novamente, o único poema dos *Catro poemas...* que se reproduz é "María Balteira", o cal consideran "un retrato conseguido, por gallego, irónico, rítmico y medieval" (1976, 9).

Nun artigo de Setembro de 1979, e referindo-se ao mes de Abril en que se ia tributar unha homenaxe póstuma a Lorenzo Varela, Alonso Montero observa que se trataria dunha "homenaxe a crédito, pois, en tales datas, somente unha presa de persoas coñecía a obra poética do escritor homenaxeado." (1981, 238). É nese ano cando se comezan a editar as obras de Varela no interior do país, da man das Ediciós do Castro, editora a que debemos vincular o nome novamente de Luís Seoane. Os seus textos no seu momento supuñan para a poesia galega "un giro de noventa grados en estilo y temática" (Vázquez Cuesta, 1980, 848), antecipando unha poesia de temática civil –ben máis clara no seu seguinte poemário *Lonxe*- que tardaria 20 anos en comezar na Galiza do exílio interior[1296]. Mais estes seus poemas deron-se a coñecer na Galiza xusto cando comeza a triunfar o discurso poético culturalista e os acontecimentos

políticos levaban cara á periferia do sistema literário todo posicionamento politicamente declarado, especialmente de signo nacionalista. Non se produciu un proceso de canonización de Lorenzo Varela e os seus textos foron esquecidos da memória do SLG, pois non chegaron a ser modelo estilístico ou temático para ninguén.[1297] Asi, invocacións da importáncia das mulleres dentro dunha literaturización épica da história da Galiza ou a tematización da homosexualidade de modo explícito e non heterosexista, que poden ser repertórios apresentados como novidades a finais da década de 80 ou ao longo da de 90, non foron inovacións propriamente ditas dentro do SLG, ainda que funcionasen como tais.

[1296] Note-se, de todos os modos, que moitos dos escritos que protagonizarian como modelos esta liña da poesia galega nos anos 60 foron escritos por estes anos, ou asi o declararon os seus autores, a comezar polo próprio Celso Emilio Ferreiro.

[1297] A materialidade das edicións -coidada por Luís Seoane- era a de textos literários canónico, mais a sua non distribución, ainda que só fose polas elites intelectuais do interior, foron máis un impedimento para que Lorenzo Varela tivese outra posición dentro do cánone do SLG.

BIBLIOGRAFIA CITADA

Alonso Montero, Xesús (1981): "O poeta Lorenzo Varela", *Escritores: desterrados, namorados, desacougantes, desacougados...*, Sada – A Coruña, Ediciós do Castro, pp. 326-329.

Alonso Montero, Xesús (1994): *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane*, Vigo, Xerais.

Beramendi, Justo G. / Xosé Manuel Núñez Seixas (1995): *O nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra.

Bernárdez, Carlos L. / Emilio X. Insua / Xosé M. Millán Otero / Manuel Rei Romeu / Laura Tato Fontaíña (2001): *Literatura galega século XX*, Vigo, A Nosa Terra.

Carballo, Ramón (1944): "Unha xeneración desertora" *A Nosa Terra* 433 (Decembro), p. 4.

Carro Garcia, Jesús (1951): *Corónica de Santa María de Iria (Códice gallego del siglo XV)*, "edición, prólogo, notas y glosario por...", *Cuaderno de estudios gallegos*, Anexo V.

Caudet, Francisco (1999): "Lorenzo Varela... en mi recuerdo" *Sesenta años después. Os escritores do exilio republicano*, Xosé Luis Axeitos e Charo Portela Yáñez (ed.), Sada - A Coruña, Ediciós do Castro, pp. 289-304.

Cuadrado, Arturo (1944): "María Pita o el Libro Mío que Nunca Hice" *Correo Literario* 26 (1-XII-1944), p. 6.

Falque Rey, Emma (1994): *Historia compostelana*, "introducción, tradución, notas e índice por...", Madrid, Akal.

Fernández del Riego, Francisco (1955): *Escolma de poesia galega IV. Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia.

Ferreiro Fente, Xosé Gregorio (1997): "Luís Seoane, acicate literario: o caso de Lorenzo Varela" en *Actas do IV Congreso Internacional de Estudios Galegos*, vol. II, Benigno Fernández Salgado (ed.), Oxford Centre for Galician Studies, Oxford, pp. 229-237.

González Alegre, Ramón (1954): *Poesía gallega contemporánea. Ensayo sobre literatura gallega*, Pontevedra, Colección Huguin.

González Alegre, Ramón (1959): *Antología de la poesía gallega contemporánea*, Madrid, Rialp.

González Garcés, Miguel (1974): *Poesía gallega contemporánea*, Barcelona, Plaza & Janés.

González Garcés, Miguel (1976): *Poesía gallega de posguerra (1939-1975). Antología bilingüe*, 2 vols., A Coruña, Ediciós do Castro.

Lorenzo Varela, X. (1990): *Poesía galega*, X. Carlos López Bernárdez (ed.), Vigo, Xerais.

Lorenzo Varela (2000): *Poesía completa*, Xosé Luís Axeitos (ed.), Sada – A Coruña, Ediciós de Castro.

Maceira Fernández, Xosé Manuel (1995): *A literatura galega no exilio. Consciencia e continuidade cultural*, Vilaboa, Do Cumio.

Maceira Fernández, Xosé Manuel (1997): *Literatura na diáspora bonaerense. Antoloxía*, Vigo, A Nosa Terra.

March, Kathleen N. (1991): "El exilio gallego de Lorenzo Varela y Luis Seoane" *El exilio de las Españas de 1939 en las Américas: "¿Adónde fue la canción?"*, J. M. Naharro Calderón (coord.), Barcelona, Anthropos, pp. 318-339.

Mira, Alberto (1999): *Para entendernos. Diccionario de cultura homosexual, gay y lésbica*, Barcelona, Ediciones de la Tempestad.

Nosa Terra, A (1944): "Na Morte de Pardo de Cela", *A Nosa Terra* 433 (Decembro), p. 5.

Nosa Terra, A (1945): "Un ano Fecundo para o Galeguismo", *A Nosa Terra* 435 (Xaneiro), p. 7.

Nosa Terra, A (1945b): "Lembranza a Pardo de Cela", *A Nosa Terra* 443 (Decembro), p. 1.

Salgado, Fernando (1995): *Lorenzo Varela: Crónica dunha vida atormentada*, Sada - A Coruña, Ediciós do Castro.

Seoane, Luís (1973): *Comunicacións mesturadas*, Vigo, Galaxia.

Vázquez Cuesta, Pilar (1980): "Literatura gallega" *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, José María Díez Borque (coord.), Madrid, Taurus.

DA SAUDADE, AMORE, ARTE E MISTICISMO (1956): UN GALANO Á MOCIDADE GALEGUISTA DA AMÉRICA

Esperanza Mariño Dávila

Se unha vida modela inescusablemente unha obra, a singularidade da vivida por Antón Alonso Ríos plásmase nuns escritos de marcado cuño existencial, a miúdo dificultosos de comprender, sendo esta unha das razóns aínda que non a máis poderosa de que resulten pouco coñecidos e menos estudiados, polo de agora.

Antonio Hipólito Alonso Ríos nace no ano 1887 en Camporrapado, parroquia de Cortegada (Silleda), no medio dun rabaño de irmáns unha ducia en total, fillos do tendeiro propietario dun par de comercios de significativo nome: "La Abundancia" e "El Progreso".

Tres dos irmáns emigran a América de xeito inesperado: Manuel abandona a segura carreira eclesiástica; Matilde, cun fillo pequerrecho, que deixa ó coidado dos pais o vello marido enfermo e Antón, co servicio militar sen cumprir, renuncia ó gratificante traballo como profesor na Escola Normal de Maxisterio no ano 1908. Curiosamente, o primoxénito Manuel aseguraba pertencer a unha familia decidida e temeraria, mentres Antón subliñaba o feito de estaren, sen ambaxes, un chisco tolos; esta teoría paira de novo sobre o Antón vello, alcumado de louco por algúns colegas do Consello de Galiza.

Un ano despois da chegada a Bos Aires vai encabezar a xunta directiva da Sociedade Hijos de Silleda, que procura algo máis alá do folclorismo, a misa e as enchentes: o amor por unha cultura laica que ennobreza e á vez mellore a condición do emigrante.

Ademais de exercer como mestre Antón o Teso[1298] matricúlase en Filosofía e Letras na Universidade que non remata, a onde acode esporadicamente e case sempre para escoitar ó filósofo José Ingenieros, de

quen herda abondos trazos ideolóxicos: o "compromiso social" de Owen, unha sorte de socialismo utópico e o positivismo; por outra banda, a cuestión do tempo e máis o espacio constitúen xa para sempre dúas preocupacións fundamentais.

En 1914 casa con Oliva Rodríguez e ó ano seguinte, non sen polémica pola temeraria viaxe en plena Guerra Mundial, nace en Galicia Buca (Oliva); en 1929 nacerá a cuarta e derradeira filla, Celta. Entrementres están Chamor (monte ó pé da Serra do Candán, que preside a terra de Silleda) e Ombú (nome dun rexo arbusto arxentino).

No seo da Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales (1921), de xorne laico e progresista, Antón ocupa o absorbente cargo de director do xornal anticaciquil *El Despertar Gallego* (1922), decidindo renunciar ó Instituto Politécnico e traballando como vendedor, oficio este no que fracasa e que dá lugar a unha época de verdadeira penuria económica, nacendo pois o loitador idealista ou "cabaleiro dos espacios siderais", en palabras de Ramón Suárez Picallo[1299]. O sadense codirixe o quincenario *Céltiga* (1924), no que colabora Antón e, máis adiante, este funda o semanario *Galicia* (1930). Paralelamente, desenvolve un amplísimo labor político progaleguista.

A Federación Republicana Galega elíxeos a ambos como deputados, polo que voltan a Galicia en 1931, colaborando na campaña en favor da Autonomía e chegando a presidir Antón a asemblea coruñesa na que se esbozou o anteproxecto estatutario. Despois de traballar como director na escola "Aurora del Porvenir", construída por emigrantes en Tomiño, nas eleccións de 1936 consegue unha acta como deputado polas Cortes da República. Dende os primeiros días da Guerra Civil vese obrigado a sobrevivir de forma autenticamente novelesca (mil pesos ofrecíanse pola súa cabeza!): travístese no mendicante "siñor Afranio do Amaral"[1300] por terras de Pontevedra e

[1298]Así o alcumara o pai Manuel polo feitío estirado ao camiñar.
[1299]Nacido en Sada (1894-1964), o emigrado a Bos Aires volta á Península nos anos trinta ó ser elixido deputado nas Cortes Constituíntes en Madrid. Xa avogado aínda que tardío, pola precariedade económica, debe regresar á capital porteña tras o fiasco da Guerra Civil. Foi xornalista, bo político, extraordinario orador e dramaturgo.
[1300]Nome auténtico dun naturalista brasileiro, organizador dos modernos serpentarios e que serve como disfrace do hipotético mendigo portugués.

Ourense co fin de fuxir ó país lusitano, dende onde embarca para Casablanca en 1939.

De volta en Bos Aires escólleno secretario do Consello de Galiza, sendo o presidente Castelao (1886-1950), quen o considera o compañeiro de loita máis fiel e Antón, á súa vez, xuzga ó rianxeiro coma o pai espiritual. Xunto con Suárez Picallo e mais Villaverde Rey[1301], os catro ex-deputados galegos[1302] fundan a máis importante institución galeguista no exilio en novembro do ano 1944 en Montevideo, pois perpetúan a defensa activa da vontade política de Galicia, plebiscitada no Estatuto de 1936:

> acordaron juntarse en un solo cuerpo de dirección política para guardar, mantener y defender la última voluntad de Galicia, mientras dure esta etapa de avasallamiento, en la que el pueblo se ve privado de toda expresión democrática. (Vilanova 1966: 1407)

Un lustro despois prodúcese unha tráxica morte. Xusto tralo soterramento do amigo, Alonso Ríos pronuncia un discurso de acceso:

> Tí serás decote o noso guieiro máisimo, a concencia que nos aguilloe, i-a estrela que nos guíe, (...) prometémosche, Castelao!, que, cando a Terra te poida recibir diñamente, cando os galegos poidamos procramar libremente os outos ideaes que tí nos enseñaches, daquela, e só daquela, teremos de levarte a descansar no seo da Patria Galega, tal como foron os teus desexos. (Alonso Fernández 1994: 116)

En 1956 celébrase o Primeiro Congreso da Emigración Galega conmemorando o centenario do Banquete de Conxo, ideado e clausurado polo de Silleda, que sen embargo permanece nun segundo plano por decisión propia. Poucos meses despois, nunha reunión con xente da Irmandade Galega,

[1301]Elpidio V. R. (1887-1956), militante das Irmandades da Fala e da ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma), deputado pola Fronte Popular e fundador das Milicias Galegas na Guerra Civil, no exilio participou, ademais, na reunión das Cortes en México e no I Congreso da Emigración Galega.

argumentouse o deficiente estado mental do secretario do Consello ("os delirios místicos") para solicitar a destitución e á que se opuxeron varios membros[1303], creándose un verdadeiro escándalo político.

Porque os derradeiros días son tráxicos. Á penuria económica derivada da escasa pensión de mestre -paliada por contados amigos do Centro que xuntaban cartos- cómpre sumar a morte de xente querida, sobre todo a do brillante fillo menor, Ombú Candán (enxeñeiro agrónomo e profesor da Universidade porteña, que fina en 1966 con a penas corenta anos) pero tamén a do compañeiro "rillote" de Sada, ás que compre suma-la tremenda orfandade espiritual pola dolorosísima perda de Castelao.

Con todo, en 1969 o vello Antón posúe unha chispa de optimismo. A diferencia do galeguismo do interior, liderado por Ramón Piñeiro, que renunciara á loita política, na Arxentina solidarízanse coa corrente antifranquista[1304].

Cada vez máis esquecido e caído en desgracia aínda sendo secretario o derradeiro do Consello, refúxiase na Filosofía e na Relixión ata que en 1980 Alonso Ríos suicídase botándose baixo as rodas dun tren de proximidades[1305]. No velorio están presentes dous membros nada máis da colectividade galega, un deles un ex-alumno de Tomiño. A Federación de Sociedades Galegas publica unha breve nota necrolóxica no *Galicia* onde se alude ós méritos primixenios pero tamén ós

> cientos de errores cometidos después. (Alonso Fernández 1994: 12)

[1302]Castelao e Suárez Picallo, polo Partido Galeguista; Villaverde Rey, por Izquierda Republicana e Alonso Ríos polo Partido Agrario.

[1303]A ruín manobra implicaba tamén a abolición do propio Consello para centrar o poder na Irmandade. Tras un exame médico, a cordura quedou sobradamente demostrada.

[1304]Segundo Ferrín, en 1969 fora a Bos Aires e Alonso Ríos aínda estaba entusiasmado e disposto a desembarcar clandestinamente. "Se non o fai Tarradellas, fágoo eu!". (Salgado & Casado 1989: 144).

[1305]Pese a todo, apúntanse teses contradictorias. Así, alguén opina que "Alonso Ríos viviu longos anos, e segundo testemuña dos que lle coñeceron tal era o seu plan, dacordo co seu incurable optimismo." (Alonso Ríos 1992: 13)

Soterrado nunha estrica intimidade, houbo que esperar varios meses para o trasladar ó Panteón do Centro Galego na Chacarita, onde por fin repousa xunto ós antigos e queridos compañeiros do Consello.

1. PENSAMENTO E OBRA

Segundo o mesmísimo Antón, as cavilacións filosóficas comezaron trala persecución derivada da Guerra Civil. Debido á completa soidade vivida durante un mes enteiro[1306], no acubillo portugués dunha cova en plena Serra da Peneda o "Pazo da Rocha Viva" onde cumpriu os cincuenta e un anos, mentres rañaba a sarna e os piollos que o acribillaban se permanecía inmóbil, deu en cismar e fantasear en vez de deixarse levar polo desespero, na procura dun senso á vida:

> A nosa mente non concibe o comezo do tempo. Fálase da eternidade; o tempo eterno non ten comezo nin fin. Unha eternidade non pasa, perdura. Non podemos chegar ó comezo do tempo. Entón, do comezo, sen comezo, do tempo, tampouco se pode chegar a este intre que eu estou a vivir, porque para iso tería que ter pasado unha eternidade; o que é contradictorio. Polo tanto, unha de dúas: ou a miña ideia da eternidade resulta falsa, ou eu non existo, pois non puido chegar este intre. Mais o feito, positivo para mín, é que estou metido neste furaco da Serra da Peneda e que me arraño a sarna e os piollos. Por tanto, a miña ideia da eternidade resulta falsa. (Alonso Ríos 1996: 148)

Pese a tal declaración de principios, a vea metafísica ora filosófica ora relixiosa- maniféstase omnipresente desde o primeiro intre. No ano 1925 (tralo I Congreso Extraordinario da Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales), o espelido Blanco Amor definíao por medio dunhas características non precisamente favorables

[1306]Bardante dunha visita cada un ou dous días, que lle levaba pan e queixo racionados.

> epilepsia, falta de visión da realidade galega e do espírito popular, inductilidade, especialmente na cuestión relixiosa (...). (Alonso Fernández 1994: 34)

En efecto, lonxe sempre do materialismo, defende o sentimento por riba da ran. O transparente artigo publicado en *El Despertar Gallego* (7/4/1929) incide na singular idea "relixiosa" da Patria como mestura de saudade e misticismo, isto é, de amor, ó que se une a beleza (outra forma de alcanzar este):

> A loita de clases e o factor económico son meros accidentes dentro da nosa acción; o esencial, o permanente e o eterno son as forzas de orde moral... A nacionalidade só existe cando existe o seu sentimento... o nacionalismo é a consecuencia lóxica e a garantía de liberdade do individuo. É unha relixión de amor e de libertade, un principio de actividade e un manantial de emoción e belleza. (Alonso Fernández 1994: 41)

Será pois na década dos cincuenta, tras moita dor, cando se acentúe o illamento, libremente escolleito. Alonso Ríos nunca ocultará a súa orixinal visión da realidade -recibida con indiferencia-, que se apoia no modelo irlandés: a conciencia nacional constitúe a suma duns principios espirituais o catolicismo máis a loita pola liberación. No caso galego, a relixión debería adaptarse á singularidade cultural para ser quen de actuar como elemento cohesionador: propúgnase logo a heterodoxia priscialianista[1307] panteísmo, igualdade da muller por medio do sacerdocio feminino e austeridade, fortemente contraposta ó catolicismo ríxido prefigurado por Castela, negador dun puro cristianismo primitivo.

Nos anos sesenta o labor político pasa a ocupar un segundo plano, especialmente por razóns de saúde pero tamén pola vella vocación ideolóxica, tinguida cun claro matiz místico, que constitúe o refuxio contra os embates da vida. Nesta época, na que dispón de máis tempo e, apaixonado coma sempre

[1307]Prisciliano (340-385) foi o "herexe" máis importante do século IV, decapitado en Tréveris. A súa doutrina arraigou na Lusitania e Galia, pero sobre todo en Galicia, onde foi soterrado.

por todo tipo de coñecementos, relé de xeito disperso sobre todo Filosofía: os clásicos gregos, Hegel, Heidegger, Sartre e ata Marx[1308]. Reafírmase no humanismo cristián e contra a deshumanización capitalista, un novo totalitarismo que nega a liberdade individual.

Sicasí, as firmes teorías esgrimidas polo autor van callar nun primeiro manifesto "vital", escrito entre 1944 e 1949, intitulado *Da saudade. Amore, arte e misticismo.* Que atopa continuación en *Nidia*, compendio de inquietudes metafísicas máis ben que narración literaria (aínda que publicada postumamente fora presentada ó concurso literario do Centro Galego en 1970).

Á parte das significativas obras anteriores e das colaboracións na prensa (sen contar os xornais que fundou, escribiu en *Crítica, El Pueblo Gallego e A Nosa Terra*), en 1942 publica o primeiro libro: *Co pensamento na patria galega,* unha escolma xornalística prologada por Castelao, que se viu obrigado a modificar o primixenio título concibido: *Co pensamento en Galiza* polo definitivo *Sempre en Galiza.* Logo virá *A cultura galega na súa dimensión americana* (1961) e finalmente *O Siñor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979), testemuño escrito nos anos setenta a petición do "irmán" galego e galeguista Xosé M Álvarez Blázquez[1309]. En resumo, máis de media vida consagrada á escrita.

2. DA SAUDADE. AMORE, ARTE E MISTICISMO

O breve relato resultou, desgraciadamente, pouco afortunado. Pasou sen pena nin gloria entre os xoves coetáneos, por máis que se tratase dun tenro galano segundo indica a dedicatoria

> Ás mocedás galeguistas da América con agarimo de irmán e fé no seu mensaxe abalado pol-a Saudade. (1956: 7)

[1308]Hegel (1770-1831) e Heidegger (1889-1976) son alemáns. O segundo preocupouse basicamente polo problema do Ser e o Tempo; o francés Sartre (1905-1980) polo Existencialismo e o xudeu-alemán Marx (1818-1883) constitúe o gran teórico do Socialismo.
[1309]Importante escritor tudense (1915-1985), represaliado tras a Guerra Civil; foi ademais académico, crítico literario, editor e conferenciante.

Tampouco na propia Terra lle coubo mellor sorte. Nin, por suposto, na época dictatorial e nin tan sequera na actualidade ten sido estudiado coa debida atención pois ata o propio título e xénero son confundidos; así, trabúcaselle o significado reproducíndose como *Da saudade: amore, arte e misticismo* e, o que é peor, *Saudade, Misticismo e Amore* ou *Amore, arte e misticismo*[1310]. En canto ó xénero literario da obra, afírmase que se trata dun libro ou volume de relatos, un híbrido entre novela e relato e unha novela, a secas![1311]

Aínda que de lectura en exceso lenta, xa que a nivel do contido hai un déficit de acontecementos e abundancia de disquisicións e no formal maniféstase a escaseza de diálogos, o relato pretende amosarse asequible por medio da curtidade e da disposición en vintetrés brevísimos capítulos. O texto segue o deseño máis simple e clásico, presentando un narrador omnisciente que nalgunha ocasión se converte en autor implícito ó atreverse a intervir:

> Sen decirense unha soia verba. O amore non se di: vívese (1959: 67)

Ó longo das páxinas da obra faise un pequeno repaso da cultura occidental contemporánea a partir de mediados do século XIX, subliñando a importancia da psicoloxía (Charcot, Freud) como motor de cambio na concepción da Historia ata chegar ós supostamente nefandos materialismo marxista e nihilismo moral de Nietzsche[1312].

O tempo no que transcorre a acción resulta pouco definido a propósito pois a vida na aldea baséase en xeral nun decorrer mainiño. Dedúcese que é posterior á derradeira carlistada ó igual que á contenda civil, a "vergoñenta revolta", posto que ambas aparecen superficialmente aludidas.

[1310]O primeiro outórganllo Viana (1992: 15), Alonso Fernández (1994: 121, 136) e VV.AA. (1995: 38). O segundo, Vilanova (1966: 1362) e a *GEG*; o terceiro e paradoxalmente, Alonso Fernández (1994: 130) e Maceira (1995: 108).

[1311]Que constitúe varios relatos postúlano Alonso Fernández (1994: 121) e VV.AA. (1995: 38) e que se trata dunha novela-relato ou, simplemente, novela, Viana (1992: 13, 15) e Maceira (1995: 108-110, 112).

[1312]Médico francés, Charcot (1825-1893) foi un dos fundadores da moderna psiquiatría. Freud (1856-1939), médico xudeu-austríaco, está considerado como pai da psicanálise. O xermánico

En canto ó tempo do relato en si, trátase dunha narración lineal coas mínimas referencias temporais: a segunda quincena de maio cando comeza a acción propiamente dita, co regreso de Antón do Seminario, o período dos traballos no campo de maio a setembro, os primeiros días do Ano Novo, outra vez os labores agrícolas e máis a festa da Virxe da Saleta o dezanove de setembro; finalmente o inicio, en pleno outono, doutro curso no Seminario. Os acontecementos aceléranse no segundo verán, onde culmina realmente a cativa acción. En total, pouco máis dun ano. Non obstante, existen algúns saltos atrás ou adiante no tempo, tales os que narran a chegada á escola de Paio ou o futuro pasamento de Don Fiz :

> Un día apareceu na escola un rapás magriño, pálido, de pelo loiro i-os ollos raxados, que abría moito amostrando unhas enormes meniñas. Era Paiiño, o fillo do sancristán. Andaba entón nos sete anos. (...) Contábase que, cando, pasados xa os oitenta anos, don Fiz morreu en forte arrecendo de santidade, a coase totalidade do crero de Deza o (*sic*) Trasdeza sinteu un migallo de alivio. (1956: 13, 18)

A espacialización configúraa o concello de Silleda, que o narrador coñece palmo a palmo. Se ben o centro ubícase en plena terra de lobos, na parroquia de Xestoso na Serra do Candán, no límite de Trasdeza co concello de Montes, a descrición é tan minuciosa que se citan numerosas parroquias (Escuadro, Ciro, Cortegada, Graba, Siador, Laro) e aldeas e lugares (Cortegadela, A Brea, Segade, Camporrapado, O Barral, Covas de Riba, Covas de Abaixo, Os Chaos, Xubín, Framiñán, Cardigonde, A Pena, A Portela, Quintá, Albugueiros, Matagueira).

Non quedan atrás os accidentes topográficos: o monte Chamor, o río Grande e o regueiro das Cagallas. E incluso se alude á ponte de Taboada e ó paso das Augas e se introducen agros (das Arañas), chousas ou leiras grandes de monte (da Quenlla, das Cobras), leiras (da Costiña), chans (das Ordes), voltas (de Penadoiro, da Coxa) e revoltas (de Fondevila).

Nietzsche (1844-1900), constitúe o primeiro filósofo contemporáneo defensor da importancia da

O realismo imprimido á xeografía ocasiona que se oculten algunhas historias -escabrosas ou non-, referíndose ós lugares en cuestión só coas iniciais (N. e X.)[1313], de xeito que os veciños poidan ou non recoñecelos e os estraños ignoralos, ó mesmo tempo que se evita remexer en determinados sucesos ou na memoria de xente aínda viva e que podería tomar represalias. Sen embargo non deixa de notarse un certo paradoxo na narración de aconteceres brutais sen ocultamento, tal vez por tratarse de feitos por todos coñecidos e dunha denuncia explícita.

2.1. Lingua e estilo

Non se pode dicir que sorprenda, a tenor do compromiso co país, non obstante sempre resulta grato constatar cómo trala fuxida, despois de anos sen pisar Galicia, o idioma permanece nun estado magnífico, ou sexa, coidado e dinámico. Basicamente trátase do mamado no berce, cunha impronta poderosa, pois, da fala local aínda que matizada pola culta influencia dos homes do Grupo Nós, e a significativa pegada de Castelao xa no exilio.

A lingua de Alonso Ríos caracterízase, grosso modo, pola pertenza ó bloque central da lingua galega no que se inclúe o interior da provincia pontevedresa e, por tanto, Silleda. Tres son os dialectalismos máis significativos; a nivel fonético, a presencia da conxunción copulativa e, que en posición antevocálica pasa a realizarse como i: unha ialma, i-o xeito, nosa ialma, i-os. E a nivel morfolóxico destacan outros dous trazos; o plural en -s dos indefinidos e nomes rematados en -n: dalgús, proporciós, paixós, espricaciós e mais a vocal temática e no Pretérito Perfecto da 3 conxugación: sofreu, sinteu.

Un pequeno trazo correspondente á microsubárea Ordes-Terra de Montes constitúeno as terminacións -ao(s) para o masculino e sen embargo -án (-ás) no feminino; no texto non se cumpre esta regra a cabalidade no plural porque figura o masculino en -ao(s): chaos e o feminino singular en -án: man, pero o feminino plural convértese en -áns: mans.

---

irracionalidade na conducta humana.

[1313]Non se trata pois de ningunha técnica experimental senón dunha medida preventiva, contrariamente ó que defende algún crítico (Maceira 1995: 109).

Mais, nun afán diferencialista, o autor fai uso doutros dialectalismos alleos á zona de orixe, coma o seseo implosivo ou postnuclear -realizado en posición final da sílaba-: ves, crus, rixides, lus, rapás e a hipercaracterización dos pronomes e demostrativos masculinos, propios da área lucu-auriense do bloque central, que ademais estende a todo o paradigma: iste, ista, isto; ile, ila, ilo. Do mesmo xeito, fai uso dos adverbios eiquí, deí, esí-eisí.

O esmero na lingua cífrase na relativa escaseza de castelanismos (ata se utiliza, sorprendentemente, a verba Deus). A nivel morfolóxico, nos substantivos aparece a terminación -edade: novedade; nos pronomes e adverbios preséntanse as formas cuia, soio, siquera e nas formas verbais a preposición a nas perífrases: voltou a enfiare, foi a caere. Tamén os paradigmas verbais vense alterados nos modos e tempos; así, utilízase o Pretérito Pluscuamperfecto do Indicativo en lugar do Pretérito Imperfecto do Subxuntivo que lle correspondería: maxinara (por maxinase). No campo sintáctico, a contracción de preposición e indefinido non sempre se produce: con unha ollada. Pero é no léxico, máis fácil de erosionar, onde abundan os vocábulos casteláns: aventaxaba, conoce, dibuxado.

Na procura dunha lingua nidia pero cultivada fan acto de aparición arcaísmos e lusismos, moi minoritarios. Entre os primeiros cómpre destacar o léxico: eirexa, ar, vegadas, conquerir (por obter), até e incluso algunha grafía antiga: Sant-Iago; alternan así mesmo as terminacións -za, -zo, -zón que seguen a liña medievalizante: transparenza, perfeizón fronte a cristaïzación. Como lusismo só destaca o sufixo -bel para os adxectivos: irresistíbele, venerábele.

Moi comúns amósanse os vulgarismos, tirados da fala viva do pobo. Nestes, fonéticos na maior parte, poden distinguirse os vocálicos e consonánticos. Os vocálicos consisten maioritariamente na adición dun e paragóxico sempre: trasladare, rubire, amore, por more, etc., pero tamén se pode dar a epéntese medial: ademirabele e a supresión de vocais está presente por medio da síncopa: pra, espritoale, espranza. Hai abundancia de vocais átonas inestables: sofrire, emparo, somellaba, xiaba, igoale, regolares, siñor, trai, ...

Polo que respecta ós vulgarismos consonánticos, divididos en catro apartados, distínguense un primeiro, consistente na reducción dun grupo: trasporte; en segundo lugar, a vocalización dunha consoante: aititude; en terceiro, o tránsito dun fonema culto a un máis popular: éstase, espresión, dempois e en cuarto lugar, a adición dun fonema inexistente por etimoloxía popular: sancristán. Ou ben a adición dunha sílaba inicial ou supresión dun fonema: escontra, esventurada. O derradeiro vulgarismo está configurado pola metátese ou alteración da orde consonántica: frebe.

Os hiperenxebrismos, e non por casualidade, amosan unha maior frecuencia que os castelanismos. Os máis abundantes son de tipo léxico, baseados na eliminación dunha vocal: humán, humá ou ben na reducción dun ditongo: concencia pero tamén no contrario, na adición: santeirías. No plano consonántico destaca a eliminación do -l-, -n- intervocálicos: cristaïzada, abandoo ou a reducción do -ll-: orgulo. Pero tamén o paso de -n- > -_-: divino, definitivo; de l > r: compreto, pranta e de t > d: infindo. Outros hiperenxebrismos, de menor peso, son aqueles non formais, de puro contido léxico e baseados na utilización dun vocábulo enxebre onde non se debe: tenzoar (por tentar), mancaban de vida (por faltar ou carecer de), voltou a enfiare (por volver; voltar só indica regresar a un lugar primixenio), etc.

Finalmente, a nivel gráfico as solucións adoptadas implican o uso do trazo nas contraccións con artigos de preposicións e indefinidos: pol-a, todal-as. Que se pretende reflectir, en boa medida, a fala viva reflíctese na contracción de a + o (ó) e na segunda forma do artigo, que concorda cos modelos anteriores: facel-o resto. E para a acentuación adóptase irremediablemente o estándar castelán, por ser o único coñecido aínda que existan trazos gráficos individualizados, como a diérese nalgúns ditongos: reaízaba, posuímento.

Raíces populares pero con tendencias cultas, velaí o modelo lingüístico propugnado.

Por outra banda, existe unha vontade clarísima de estilo no rico léxico, adecuado ós distintos rexistros, e na exposición ideolóxica. Pois aínda que monocorde por tanto tema metafísico procura facerse o máis livián posible non só pola directa plasmación, senón a través das conversas entre o seminarista e

o santo varón D. Fiz (un alter ego), da mesma maneira que nos diálogos con diferentes puntos de vista entre aquel, Antón e o frade de Deusto. Do mesmo modo, o narrador opta por un rexistro culto para expresar ideas elevadas e un patrimonial para referirse á vida na aldea:

> O carro estivo, vou, non vou, por tombare pro lado da fondoada de Penadoire. (1956: 72)

Que os personaxes populares falan de xeito distinto ós estudiados percíbese na humilde Sabela, que sempre sabe o lugar que ocupa incluso cando trata, con delicadeza, ás vacas:

> A mais axeitada figurábaselle sere ista: "E non vas tere noxo de comere o que esta da miña boca." Mais pareceulle ordinaria e suxestiva. E respondeu axiña:
>
> -Como ti queiras. (...)
>
> Foi deténdoas, coma decote, pra que non fixera abaneo o carro. Ia falándolles: "Ogou, Marela, ogou". "Tò, Gallarda, tò". "Ogou...". (1956: 66, 72).

2.2. Os personaxes

Salpican as páxinas do relato múltiples personaxes, algo inesperado considerando a pouca acción; algúns, os menos, simplemente cítanse de modo indirecto (mulleres, homes e nenos, sen máis); outros recoñécense polo nome ou mediante o parentesco con terceiros. Con todo, o rol desempeñado acostuma ser mínimo posto que se comentan feitos nos que participan pero non dialogan e a presencia redúcese á mínima expresión; en total veñen sendo vinteseis.

Posto que os personaxes secundarios se amorean arredor dos principais, as mulleres pobres a maioría, xiran arredor de Sabela. Son Rosa, a irmá maior e muller de Paio, a quen lle morrera o fillo máis vello de catorce anos por unhas febres e súa nai a tía Marica, velliña moi católica coxa pola gota, que traballa como criada na casa dos Loureiro e ten unha irmá en Segade. As vacas

coidadas por Sabela (a Gallarda e a Marela), imprescindibles no mundo rural galego e sempre tratadas con deferencia, complementan o xénero feminino. Outras mulleres do pobo estas, no entorno de D. Fiz- son a feble e tenra noiva, morta de tise antes de el se ordenar e a ama vella, bondadosa e neneira. E de forma indirecta, a nai de Xurxo Caxías o Americano, que fina sen volver ollar o emigrante.

A única muller rica é a señora de Liñares, que agasalla os Reis ós nenos de Quintá con dúas cestas de roupa acuguladas de castañas cocidas adubadas con torrado e mel.

Os homes humildes son dous: Andrés o Carpinteiro, un bo partido pola profesión e a pequena labranza, traballador e co tempo breve marido de Sabela. Xove e de poucas falas, morre de febre amarela no Brasil ó pouco de emigrar. E o tío Xan dos Contos, tamén carpinteiro de oficio pero afeccionado en alto grao ás narracións ó pé da lareira.

Só hai un home mellorado que non rico na aldea: o señor Xacobe, feirante e confrade e a dona, matrimonio adiñeirado usuario do balneario de Caldas de Reis, que ten dous fillos: o primoxénito Xan Loureiro de Trasdeza, casado en Tabeirós e Antón o seminarista. Un home urbanita e culto, de clase alta, é o pai de Sara, sabio profesor de Filosofía, morto cando a filla contaba catorce anos e dono dunha espléndida biblioteca onde Antón pasa tardes e noites enteiras durante case un lustro para se ilustrar en Filosofía e Psicoloxía.

Arredor de D. Fiz atópanse os, en xeral, negativos membros do clero ós que non se escatiman críticas. O primeiro vén sendo o cura de Xestoso, participante activo na carlistada e amigo do tamén carlista Xan Loureiro de Cortegada. Logo aparecen os frades predicadores da Misión de Bendoiro: o gordo, bonachón e simpático Ero facilita a vida ós fregueses mais o sinistro Chinto, contrapunto do anterior

> Facía abuso do terrore. Non soio afirmaba a condenación irremisibele de todo aquile que non fora católico; senon que, aínda dos católicos eran moi contados os que tiñan probabilidade de non iren o inferno. Puña de exempro de ista probabilidade as pingas dauga que, un día de choiva,

> entrarían pol-o pescozo dunha botella destapada posta boca pra riba. Todal-as outras pingas que non entraban na botella, eran almas condenadas a padecere eternamente.
>
> A minsión resultou, pol-as tolerías do frade Chinto, unha comedia de moi mal gosto. Comedia da que, aínda hoxe, perdura o mal recordo naquilas xentes sinxelas e imperturbabelmente católicas. (1959: 22)

Con todo, o personaxe máis terrible constitúeo o abade do Carballiño, home sádico que na Guerra Civil colócase á cabeza dunha partida de pistoleiros, aproveitando a impunidade para violar e matar inocentes sen reparo, de noite e nas beirarrúas. Culpable entre outros moitos crimes dos da pastoriña que presenciara e denunciara o da muller do xuíz e mais o dun amigo mestre, fervente católico, convertido en non grato simplemente por ter parentes do bando contrario. O episodio máis brutal do relatado en toda a obra é sen dúbida o da violación e asasinato da guapa e xove muller do xuíz do Carballiño, a quen acosara tempo atrás e que o rexeitara, represaliando *a* posteriori ó matrimonio[1314].

En agudo contraste, Antón só coñece exemplos positivos: Don Xaviere, que lle dá pasantías de latín e D. Atanasio, o cura católico dos EE.UU. do que ten noticias a través de Xurxo. Que en acción de gracias ó pastor protestante por lle ter cedido os materiais sobrantes na construcción do hospital para a erección dunha igrexa católica, contribúe cunha doazón ós gastos daquel e recomenda ós fieis católicos que axuden a sostelo.

Aínda que menos numerosos, hai unha piña de personaxes (dezaoito en total) que dialogan máis ou menos segundo a importancia. Xiran en torno a Sabela, Antón e D. Fiz. Os relacionados coa moza son o cuñado Paio, o cura amigo; a vella, aguda e xentil mestra de Quintá Dona Xatrudes e por último a nai de Andrés o Carpinteiro, a primeira en fixarse na nobreza da rapaza e que lle propón con insistencia o matrimonio antes de morrer.

[1314]A visión maioritariamente negativa dun clero torturador xunto cos traballos e privacións da xente aldeá contradín as teses de Maceira (1995: 109-110) a respecto do bucolismo e idealismo exacerbado.

> Paio, o fillo do sancristán, amosa desde os sete anos unha triple precoz vocación artística cara ó debuxo, escultura e música (frauta e gaita). A enorme inquietude intelectual agroma na lectura compulsiva, que o converte en autodidacta á volta do servicio militar, tras visitar con asiduidade bibliotecas e museos.
>
> A sensibilidade de Paio era un axeitado sismógrafo que rexistraba os abalos cósmicos, o ritmo vidale das ceifas i-o flúido máxico dos astros. Moitas noites, deitado de costas na eira, ou sentado enriba delgún penedo, mantiña Paio longos parrafeos coas estrelas. O cambio das témporas era nile un feito positivo que puña en vergoñenta evidenza ás referenzas do almanaque, que, non de favore, o pobo chamaba o mintireiro. (1956: 30-31)

O cura vello de Cortegada, D. Andrés, comisiona ó artista co fin de crear varias imaxes para a igrexa aínda que, en vista da tardanza, obtén só unha peza excepcional: a Purísima Concepción, para a que servira de modelo Sabela.

A santidade de D. Fiz recálcase por medio de diálogos directos, para variar, ó narrarse outro caso anticlerical moi común: o do amancebamento do abade de X. e a súa ama. Completado coa presencia do tío Xocas, o máis grande troiteiro da rodeada.

Antón reúne media ducia de personaxes; catro corresponden a vivencias humanas e dous á debatida cuestión relixiosa. Certamente curioso é o namoro da adolescente Sara, que involucra a súa nai, ó padre confesor e abade de Sanmartiño e máis a Lois. Pois namórase de Antón véndoo pasar a diario, asomada ó balcón da súa vivenda e moi ó seu pesar, por ser coñecedora da vocación sacerdotal. O seminarista, cheo de humanidade, resolve a cuestión falándolle e presentándose coma un irmán, nun intento de non ferir nin dar pábulo a ningunha esperanza va. A posteriori aparece Lois, futuro marido e atractivo médico que comprende e participa da amizade fraternal:

> A tua delicadeza, Sara, facereme isa confidenza, i-a conduta de Antón contigo, oblíganme a pedirvos ós dous un moi especiale favore. Vos

> fixéstedes un trato de irmandade, no que eu me sinto moi honrado en sere ademitido. (1956: 60)

O exemplar pastor protestante dos EE.UU. e amigo de Xurxo Caxías, D. Tomás, home casado e pai de seis criaturas, supón o modelo de cristián limpo e xeneroso propugnado para os cregos católicos; el doa materiais de construcción para a futura igrexa católica polo simple feito da solidariedade. Xurxo o Americano, outro dos personaxes que inciden na ignorancia secular do crego común, aparentemente incrédulo, vén sendo na realidade outro reformista: reivindica o catolicismo en estado puro e non no calamitoso en que se atopa.

As derradeiras páxinas do relato, como non podía ser doutra maneira, dedícanse unha vez máis á cuestión relixiosa. Para iso selecciónanse cinco personaxes novos, relacionados á vez con D. Fiz e Antón: o zapateiro filósofo, Manduas, Negreiros, Soutullo e o frade de Deusto.

Durante un cursiño no Seminario de Lugo a onde acode o clero para actualizarse, Antón fai amizade cunha tríade de colegas da bisbarra natal que prefiguran as tres actitudes posibles perante o curato: o intelixente e vitalista Manduas -o máis achegado-, cóengo no futuro da catedral de Lugo; o débil Negreiros, falto de vocación e rutineiro e o hipócrita e aproveitado Soutullo, logo doutor en Sacra Teoloxía e cura de Lalín.

Que o falso Soutullo, en teoría sabedor de moitos dogmas, se enfronte dialecticamente ó filósofo zapateiro, representante da capacidade razoadora do pobo, non é casualidade. A solución é sabida: perante o misterio da eternidade, nada menos, o Soutullo chega a dubidar da propia doutrina aínda que, por suposto, sen recoñecelo nunca.

> Eiquí temos dous infindos: o infindo dos pés da direita, i-o infindo dos da esquerda. (...) Se eu fago dous zapatos máis, os dous do pé direito, aquiles infindos deixan de seren iguás, porque do pé direito hai dous zapatos máis ca do esquerdo. (1956: 84-85)

No mesmo cursiño, D. Fiz reencóntrase co veciño e amigo da infancia, logo director do Colexio de Deusto e que nun primeiro intre desbota a relixión da xenerosidade, da irmandade, e condena o agnosticismo e priscilianismo. Pero logo acaba vencido pola sinxeleza do cura aldeán e os entrañables recordos da infancia común na aldea.

2.2.1. D. Fiz e Antón

Tras o desfile da considerable galería de personaxes cómpre destacar os tres protagonistas arredor dos que se artella o relato; pouco queda por comentar do *alter ego* do narrador en canto á opinión relixiosa, o "anticlerical" abade D. Fiz. O "crego dos nenos", dono dunha bondade natural imponderable e, en plena concordancia co antropónimo, feliz, beato, acada unha aura de santidade.

> Pra D. Fiz, a relixión non tiña nada tan poético, nin que erguera a ialma en voo místico e arelanza do infindo, coma isas duas esceas tan banás: unha estrela no ceo, i-un meniño deitado nunhas herbas. (1956: 20)

A humanidade de maduro e asisado Antón Loureiro florece na vintena. Humilde, traballador tamén no agro, honesto, sereno (en contraposición ós místicos torturados e sen acougo)... ten unha alma amiga en D. Fiz e a principal admiradora en Sabela, non en van se namora del pese a sabelo destinado á Igrexa:

> vivira día tras día, e ano tras ano escoitando as gabanzas que todos facían daquile rapás. Criárase agarimada pol-o seu trato tan limpo de egoísmos, tan xeneroso, tan atento a axudare, a comprendere, a aliviare; tan pródigo de sí mesmo en ben dos demáis; que, levada pol-a súa propensión ó ensoño místico, moitas vegadas tiña maxinado vere que Antón rubía o ceo envolto nunha nube; e, até, que estarricaba o brazo cara a ila pra levala consigo. (1956: 29)

2.2.2. Sabela

Delgada e pálida, cabelo castaño e ollos verdes nun rostro un chisco alongado, a rapaza da aldea demostra ser, ademais de bonita, hipersensible e intelixente. Tanto así, que Paio a escolle para modelo da Purísima Concepción. Posto que a Virxe ten dúas vertentes, a material ou de muller como Nai sufridora, simbolizada na Piedade, e a espiritual, tendente ó ceo, resumida na Purísima, Sabela prefigura claramente a non terreal ou a arela do infinito. De feito, Paio logra captar a imaxe tras abondos intentos, xusto no intre en que a moza fantasea misticamente coa subida de Antón ó ceo e se entrega sen reservas ó amor divino.

Bondadosa por natureza, déixase xunguir nun matrimonio sen amor nin paixón aínda que unido polo respecto. Pero esa bondade lévaa ó extremo do sacrificio, da anulación da propia vontade, da pasividade; velaí o grande erro porque

> acostumada a conformarase coa vontade dos demais, non dou parecere. Limitouse a decire: "E ti verás". (1956: 27)

D. Fiz, Paio e Sabela conforman unha especie de *menaje a_-trois* volto ó divino, un triángulo do cal o vértice está constituído polo abade se prima o criterio material, amoroso, ou ben por Sabela, se quere destacarse o teolóxico.

Antón Sabela D. Fiz
Antón

D. Fiz Sabela

Sabela entende ó seminarista sen palabras, tanto polo amor que os une como pola crianza en común. Ese fortísimo sentimento leva ós namorados á unión carnal, sen remordementos[1315].

[1315]Por máis que Maceira (1995: 109) sosteña a fuxida do plano material, o erotismo asúmese abertamente.

> As facianas puxeronse unha acarón da outra. As bocas gostaron a mele do primeiro beixo. (...) Cando se decatou que Antón pasaba resoltamente ó aito do posuuïmento, (...) A concrusión a que chegou, foi a de resistire. Mais ben se decatou de que non sería capás de facelo de verdade; que ilo non pasaría dun finximento. Entón abandonouse se (*sic*) facere melindradas. (1956: 67)

No momento en que o nobre estudiante toma a decisión de renunciar á vocacional clerecía por non sacrificar á moza, ela ameázao con suicidarse botándose ó Río Grande:

> A condenación eterna, a sua condenación eterna, denantes que impedire a santidade de Antón. (1956: 76)

Secasí, o poderoso conflicto entre sentimento e conciencia mina o feble corazón de Sabela, que ademais carece de ansia por vivir consumado o holocausto co xuramento de Andrés; a morte pois constitúe un bálsamo para a heroína e ó mesmo tempo víctima. O tráxico pasamento en plena xuventude, tras padecer inmensamente, cuestiona de novo e de xeito definitivo o celibato eclesiástico, empobrecedor e inhumano.

> E quedouse: co nome querido agarimándolle os beixos; aquiles grandeiros ellos (*sic*) verdes ben abertos; e un sorriso de neno a dormentarlle na faciana.
>
> Loubado seña Deus! escramou don Fiz. E, cos brazos ergueitos, caeu de xeonllos. (1956: 81)

2.3. Significado e ideoloxía

Que a Natureza ocupe un lugar preponderante resulta incuestionable na crenza panteísta, se ben se atempera no cristianismo confeso e, en lugar de divinizarse, reflicte sen máis a grandeza de Deus na creación. (Neste punto, é

mester lembrarse dos significativos antropónimos dos fillos de Alonso Ríos: Oliva, Chamor, Ombú Candán e Celta).

Unha rapaza sensible, por exemplo, vibra e séntese fortemente atraída dende pequena, cando pasaba días enteiros en soidade por prados e montes ó coidado do gando, en calquera estación do ano.

> Sabela pasaba longos intres, allea ó mundo banale das aparenzas e das convenciós, afundida na rialidade mística da paisaxe. Consustanciábase co sopro espritoale que xurde dila, e sentíase saudade pura. Abalo e quedume, ó mesmo tempo. Sereïdade suprema e intemporale. (1956: 32)

Esta liña terá continuación en *Nidia*, onde será o señor abade quen se sinta subxugado pola música da Natureza. Galicia é, tamén, paisaxe. Na mente, ecos lonxanos do himno.

> É coma se a ialma da paisaxe arrolara seu arroubo ó compasado marmurio das herbas e das frores, o que lle fai de fondo musical, "do arume arpado, monótono fungar"; e de contraponto, o acorde aloucado das follas en carballeiras e soutos. (...) E que, nun arrouto, pregoa, aturuxa o xurdio choque dos seus contrastes, ó xeito dun fin de festa telúrica. (1992: 50)

O segundo tema constitúeo o do Amor ou felicidade absoluta, fin supremo da existencia. Para sentilo existen tres medios: a beleza, que atrapa o espírito para logo devolvelo ó éxtase. Logo, a parella, onde se enfatiza xa non a igualdade da muller senón a superioridade. Máis que nada polo privilexio e aspiración, ponderada esta de ser nai pero tamén polo talento, que consiste na rápida e certeira intuición e non na fría e, ó parecer, estéril razón.

> Na intuizón óllase a vida espida de procesos; fuxida de tempo. O drama da vida fica reducido ó desenlace. Nun soio intre acugulanse todol-os intres, os que se viven de súpeto, e todo fica rematado. (1956: 71)

Outra volta, a obsesión pola maternidade chega ó cumio no personaxe da novicia que agocha bonecas ás que coida e fai camisolas, porque debe abandonar o convento pese á fe e ós votos para non sufrir mingua na razón:

> A teima de Nidia persistía, e cada día daba novas probas dos sentimentos de amore tenreza que deitaban do seu istinto maternal. (1992: 28)

Por último, o sentimento da Terra propicia o Amor, baseado este na saudade e, máis que nostalxia ou soidade, beatitude e nirvana.

O terceiro gran tema xira, cómo non, en torno á relixiosidade. Deus é imprescindible para lle outorgar senso ó misterio da vida, por tanto, o misticismo non é máis que a plena entrega á vontade divina. De aí derívase a necesidade de propugnar unha relixión universal, que lle corresponde ó catolicismo por se xulgar máis puro, próximo a un cristianismo primitivo e, por tanto, superior ós demais cultos. Paradoxalmente, o anticlericalismo católico amósase de xorne visceral: os cregos son deplorables pastores que, tan fraco servicio á relixión realizan, que esta gañaría en pureza se deixasen de exercer.

Por máis que se defenda o catolicismo, non por iso deixan de cuestionarse dogmas tales como a creación desde a nada pois dela nada procede, o celibato, a resistencia contra o sacerdocio feminino, o emprego de imaxes fetichistas para o culto e a intervención do clero en política cando a misión debe ser, simplemente, facilitar a paz. Os retos son ademais a falta de vocación de moitos cregos, o fanatismo e a luxuria, debido ó feito antinatural da privación do sexo; posto que a familia o é todo, sentimento e santidade, o matrimonio e a paternidade deben evitar o patético espectáculo das concubinas.

Para demostrar a necesidade de amor e sexo no ser humano arguméntase o suposto histerismo das solteiras e o fastío dos solteirións, así coma o pracer animal dos seductores, estéril en dobre sentido; a paternidade, unha especie de resurrección á vida, debe ser tamén para os cregos a fin do

matrimonio, xa que o rexeitamento á propagación da especie deriva en nociva luxuria.

Unha vez máis persevera no mesmo o abade de *Nidia* outro apaixonado pola filosofía, especialmente no celibato eclesiástico:

> a formación relixiosa dos sacerdotes fica privada da base humá que soio pode aportare a práitica da paternidade: o vivire, gozare, e, sobor todo, sofrire todo o proceso, ben comprexo por certo, do propio fogare (...). (1992: 185)

Os pésimos exemplos dados por algúns curas, tirados da realidade, nárranse con pormenores. "Queridas" á parte consentidas ou seducidas, caso da preñez de dúas irmás menores, a militancia criminal na guerra e o abuso do terror nas prédicas:

> A presentación dunha calveira, afirmando que ara (*sic*) un sere chegado do "outro mundo". (...) "¡Parta un raio! Iste louco está estragando a relixión." (...) Outra toleiría foi o consello, con amézas e promesas milagreiras, que lles dou ós aldeáns, de que deixaran de facere os traballos da labranza pra concurrire a minsión. (...) istes tiveron que mercare o millo i-as patacas, se é que tiveron diñeiro para facelo; e, se non, rincharon os dentes de fame aquil ano.
>
> A terceira argallada do frade Chinto foi a da auga milagreira. Botoulle a bendición á auga dunha fonte, e dotouna de podere pra facere toda cras de curas, pra espantare pragas e bichos, e pra atirare bens a eito. (1956: 23)

En resumo, a relixión católica é a única verdadeira, pero debe rexenerarse de moitos erros. A galeguidade incide na óptica priscilianista, opoñendo a comprensión, a xenerosidade -prefigurada, seica, no Pórtico da Gloria- ó pesimismo do Escorial baseado no tormento e no exterminio do inimigo, ou sexa, a sentimental Galicia *versus* a racional Castela. Por suposto, tal sentimento nacionalista defende calquera manifestación cultural, sobre todo

idioma e música; de novo se exerce a crítica, nesta ocasión ós emigrantes acomplexados que cambian de acento ó votaren e mais ós xurados academicistas carentes de sensibilidade, por rexeitaren a conmovedora melodía dos gaiteiros.

Saudade. Amore, arte e misticismo; a orde non é casual e por iso o relato conclúe cos tenros e á vez alegres recordos da infancia, un auténtico compendio etnográfico. Sempre rozando a herexía, a Terra ocupa sen dúbida o primeiro lugar no corazón dun exiliado, crente á súa maneira:

> a saudosa Santa Compaña das rapazadas ía desfiando pol-a sua imaxinción: O xogo do lume; o corra a galocha; o xogo da foca, o carrapando; o xogo da marrá, a porcaparida, a cichacagalla (...). Os magostos, as patacas asadas nas morrés, a pitacega. As ladreadas da freita, a chingada dos callaus, a capada da auga, as brincas no río, as esguizadas dos avespeiros. A lata no camiño da escola, as mentiras a mestra. (...) As corridas pol-o monte, os pisotes das amoras, o... a... os... as... As fogatas do San Xoan; os alcloques pra escorrentare as meigas; as chasqueadas do día dos santos inocentes. A Noiteboa; as ferranchadas de Aninovo. O andare a cantal-os reis. (...)
>
> -"Cantámosll-os reis, canelas de cabra; cantamosll-os reis, e non-os dou nada."
>
> -Ei carballeira!
>
> Uuguguu. (1956: 93)

ANEXOS

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO FERNÁNDEZ, Bieito (1994): *Antón Alonso Ríos (Crónica dunha fidelidade)*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento.

ALONSO MONTERO, Xesús (1995): *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, Xunta de Galicia.

ALONSO RÍOS, Antón (1956): *Da saudade. Amore, arte e misticismo*, Buenos Aires.

ALONSO RÍOS, Antón (1992): *Nidia*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

ALONSO RÍOS, Antón (1996): *O Siñor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte*, Vigo, Promocións Culturais Galegas.

COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1951): *Diccionario Bio-bibliográfico de Escritores (I)*, Santiago de Compostela, Editorial de los Bibliófilos Gallegos.

CUPEIRO VÁZQUEZ, Bieito (1989): *A Galiza de alén mar*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

FERNÁNDEZ REI, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

MACEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Manuel (1995): *A literatura galega no exilio*, Vigo, Edicións do Cumio.

PAZ-ANDRADE, Valentín (1982): *Castelao na luz e na sombra*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

SALGADO, Xosé M. & CASADO, Xoán M (1989): *X. L. Méndez Ferrín*, Barcelona, Sotelo Blanco Edicións.

VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto (1966): *Los Gallegos en la Argentina (II)*, Buenos Aires, Ediciones Galicia.

VILLARES, Ramón (1985): *Historia de Galicia*, Alianza Editorial, Madrid.

VV.AA. (2000): *As imaxes de Castelao (Fotobiografía)*, Vigo, Promocións Culturais Galegas.

VV.AA. (1995): *Diccionario da Literatura Galega (I)*, Vigo, Editorial Galaxia.

VV.AA. (1974): "Alonso Ríos, Antonio" en *Gran Enciclopedia Galega,* Gijón, Silverio Cañada, Editor.

VV.AA. (2001): *Galicia. Literatura*, A Coruña, Hércules de Ediciones.

VV.AA. (1996): *Historia da Literatura Galega*, Vigo, Asociación Socio-Pedagóxica Galega

OTERO ESPASANDÍN EN *EL CORREO LITERARIO* DE BOS AIRES

Inmaculada Otero Varela

1. INTRODUCCIÓN: ALGUNHAS NOTAS BIOBIBLIOGRÁFICAS REFERIDAS A XOSÉ OTERO ESPASANDÍN.

O interese por este personaxe pouco coñecido (e recoñecido) parte do desexo de recuperar a figura dun dos homes que participou nesa atmosfera tan esperanzadora para o galeguismo que se respirou nas décadas dos vinte e dos trinta, á parte de vivir a Guerra Civil militando e defendendo sempre a legalidade republicana, e contribuír á conservación da nosa cultura nun tempo e nun espacio tan pouco favorable para esta tarefa como foi o exilio en América.

Non é este o sitio máis indicado para repasar a biografía de Otero Espasandín[1316]. Cómpre sinalar tan só que a súa historia, sobre todo no que atinxe ó dramático episodio da guerra e a posterior fuxida de España, non é moi diferente da doutros intelectuais antifranquistas. Poeta da Xeración do 25[1317], amigo e defensor de Manuel Antonio e Amado Carballo e colaborador en xornais e revistas culturais como *Galicia*, *O Faro*, *El Pueblo Gallego*, *Nueva España* e *P. A. N. Revista epistolar y de ensayos*, da que tamén é director, Espasandín residía na capital de España (territorio leal á República) cando estalou a Guerra Civil. Incorporouse ó exército do Leste e de alí pasa ó campo de concentración de Saint-Cyprien, unha vez finalizada a guerra. A partir de

[1316] Para afondar no coñecemento da súa vida pódese consultar o *Diccionario de Literatura Galega*, un artigo de Dionisio Pereira publicado en *A Nosa Terra* (nº 963, 30-XI-2000) e outro artigo moi recente e útil de Xosé Anxo García López (*Dorna,* nº 27).

[1317] Publicou algúns poemas na revista *Nós*. Na actualidade, algúns dos poemas de O. E que datan desta época están recollidos pola profesora da Universidade da Coruña Teresa López (López, 2000), xunto coas creacións doutros compañeiros de xeración. Tamén resulta moi interesante a introducción onde dá alguns apuntamentos sobre a xeración do 25.

aquí, Otero comeza toda unha odisea que o leva primeiro a Inglaterra, concretamente a Norwich[1318] para despois ir a Bos Aires.

Da estadía de erudito que nos ocupa en Arxentina pouco sabemos. Semella que os comezos tampouco foron moi bos, se atendemos ó que conta Dionisio Pereira nun artigo publicado en *A Nosa Terra*:

> Alí a existencia no foi doada: "*traballei como nunca traballara*", deixou dito: imposibilitado para exercer como mestre, Espasandín gañou o pan con esgotadoras angueiras de traductor e autor en castelán de vinte e pico libros de divulgación dos temas máis variados (da civilización grega ó universo xeado da Antártida; dos poboadores do mar ós prodixios dos paxaros que tanto acariñou) para a "Colección Oro" da Editorial Atlántida. Tempos dun libro cada mes; de rigorosa e malpagada documentación a conciencia". (Pereira, 2000, 31).

Ademais deste arduo quefacer, retomou o labor de colaborar en revistas culturais como *Galicia, De mar a mar, Pensamiento Español, Saber Vivir, Argentina Libre, Cabalgata, Sur*, *La Nación* ou *El Correo Literario* (García López, 2001, 144). Tamén foi asiduo da tertulia do café Tortoni, lugar de encontro de diferentes intelectuais de esquerdas, españois e arxentinos, especialmente relevante para a reconstrucción da nosa historia no exilio polas persoas que participaban nela.

No ano 1947 Espasandín marcha ós estados Unidos onde traballa como profesor de Lingua e Literatura españolas no estado de Pensylvania. Máis adiante trasladarase a Bethesda, preto de Washington. No ano 1987 morre en Norteamérica sen ter voltado a Galicia.

2. OTERO ESPASANDÍN EN *EL CORREO LITERARIO*[1319].

A revista *El correo literario* nace en Bos Aires a finais de 1943 da man de Luis Seoane, director e amigo de moitos dos que serán colaboradores deste

[1318] As penurias que pasou o matrimonio Espasandín en Gran Bretaña para sobrevivir percíbense claramente nas cartas que Espasandín e a súa dona enviaron a Rafael Dieste e Carmen Muñoz e que recentemente deu a coñecer o profesor Xosé Luís Axeitos no *Boletín Galego de Literatura* nos números que van do nove ó trece, ámbolos dous incluídos.

[1319] Existe unha edición facsimilar da revista publida por Edicións do Castro no ano 1994.

proxecto. Entre eles atópanse, segundo Alonso Montero, asiduos da tertulia do café Tortoni de orixe galego como Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado (ámbolos dous foron, xunto con Luis Seoane, directores da revista)[1320] Rafael Dieste e Otero Espasandín, e nomes non galegos coma Alberti, Serrano Plaja, Francisco Ayala, María Teresa León, Frontini ou Ehrenburg (Alonso Montero, 1994a, 57-58). Tamén colaboraron escritores latinoamericanos tan recoñecidos como Ernesto Sábato, Octavio Paz, Gabriela Mistral, Vicente Huidobro ou Julio Cortázar. A publicación, da que saíron corenta números, tivo unha periodicidade quincenal dende o quince de novembro do 43 ata setembro do 45, agás os tres últimos números que saíron cada mes. Di Alonso Montero que a revista desaparece nesta data porque os exiliados españois estaban preparando o regreso á Península por considerar que, unha vez rematada a Segunda Guerra Mundial, Franco e o seu réxime tiñan os días contados (Alonso Montero, 1994a, 59-60).

O contido do periódico versaba principalmente sobre crítica de arte. Nela tiña cabida unha sección fixa, "Libros y Autores", dedicada á reseña de libros, un espacio, "Nuevas", destinado a informar brevemente sobre as novidades que se producían no mundo cultural (creación de revistas, edicións de libros, visitas dalgúns escritores e artistas a Arxentina, resultados de concursos literarios, etc), artigos máis amplos que facían referencia tamén a cuestións artísticas, publicidade de diversas editoriais e textos de creación. Conviría salienta-la atención que se lle presta ás artes plásticas. No *Correo Literario* reprodúcense debuxos e cadros, aparecen avisos sobre exposicións ou coméntase a obra dalgún pintor. Tamén teñen un peso especial as letras galegas, explicable pola presencia de colaboradores do país. Alonso Montero sinala esto no seu prólogo á edición facsimilar da revista:

> Evidentemente, intelectuais das características dos directores do *Correo*, lonxe de renunciar a informar sobre a Galicia literaria, esméranse en facelo e en presentar ó público latinoamericano títulos significativos dos nosos escritores,

[1320] Seguindo as investigacións de Alonso Montero, os dous primeiros empregan con frecuencia pseudónimos; Felipe Arcos Ruíz para Lorenzo Varela e Alberto Denia para Arturo Cuadrado.

> vivan estes no exilio interior, como Otero Pedrayo, ou no exilio exterior, como Castelao. (Alonso Montero, 1994b, 10)

Malia á orientación culturalista, a revista non pechou os ollos ante a realidade social e política do seu tempo, defendendo sempre a democracia e a liberdade. De novo Alonso Montero apunta esta idea: "En efecto, non foi «un periódico político» (era un «correo literario») pero non chegou, nin a buscou, á asepsia política, que sería, por outra parte, van empeño." E segue máis abaixo:

> Que uns exiliados como Lorenzo Varela e Luís Seoane falen da «fe activa en el porvenir triunfante de la libertad», implica que están, en plena Guerra Mundial, nun lado da trincheira: a dos Aliados contra o Nazismo e o Fascismo (e o Franquismo) (Alonso Montero, 1994b, 9).

A presencia de Otero Espasandín en *El Correo Literario* como un dos seus colaboradores habituais abrangue varios eidos: elabora unha serie de artigos sobre aves, realiza reseñas e compón dous artigos sobre Colmeiro. Pero a aparición de Espasandín non se restrinxe a traballos asinados por el. O seu nome tamén pode ser descuberto en libros da súa autoría (ou doutra pero que son traducidos por el), que son reseñados na revista ou que están incluídos na lista de obras ofrecidas polas editoriais das que se fai publicidade. Chegados a este punto, cómpre catalogar e comentar as achegas do erudito pontevedrés.

2.1. Artigos sobre paxaros

Espasandín escribe unha serie de vintecatro artigos sobre aves que entronca cunha das súas vocacións: as Ciencias Naturais e, nomeadamente, a ornitoloxía. Ademais, a elección da temática pode estar relacionada cos contidos dalgúns dos libros que escribe nestas datas para a "Colección Oro" da Editorial Atlántida a razón dun libro por mes. Dentro deses temas de divulgación científica entrarían títulos como *Prodigios de las aves*, *Pobladores del mar*, *Maravillas de las regiones polares* ou *Gigantes marinos* que, seguramente, conterían moita da información que logo aparece nestes artigos.

De feito, dalgúns dos retratos de paxaros (no dos nºs 19, 20, 21 e 38, concretamente), dise que proceden do libro en preparación *Pájaros al vuelo*.

Dos vintecatro artigos, vinteún saen nos vinteún primeiros números. É dicir, do quince de novembro do 43 ata o quince de setembro do 44, Espasandín prepara un capítulo cada quince días da que se converterá nunha sección fixa da revista. Os tres artigos restantes publícanse de forma máis espaciada. O primeiro destes aparecen no número 24 (1-XI-44), o segundo non o fai ata o número 38 (1-VII-45), e o terceiro incorpórase ó número 40 (1-IX-45). Todos eles saen na páxina dúas, coa excepción do primeiro que sae na páxina oito, quizais porque a configuración da revista aínda non estaba totalmente establecida.

Case tódalas descricións das aves (agás a 20, 38 e 40) van precedidas dunha ilustración do paxaro en cuestión. Ademais disto, algúns artigos (os dos nºs 1, 6, 8, 12, 13, 15, 17, 18, 20, 21 e 38) levan unha cita pertencente a personaxes moi variados. A maior parte deles son escritores que na súa obra trataron temas vencellados á natureza como Gilber White[1321] (nºs 12 e 15), Charlotte Brontë[1322] (nº 13), Thoreau[1323] (nº 18) ou Guillermo Enrique Hudson[1324] (nº 21). Tamén entraría no ámbito literario as citas de Baudelaire (nº 8), da Biblia (nº 6) e mesmo unha canción infantil (nº 20). Outros artigos levan unha dedicatoria (nºs 8, 12, 13, 14, 24 e 40). Entre os destinatarios aparecen dous galegos: Antonio Baltar, médico de prestixio, xenro de Eduardo Dieste[1325] e destacado intelectual galeguista que tamén se ve obrigado a

[1321] Escritor británico do século XVIII que é autor de, entre outros títulos, *Historia natural e antigüidades de Selborne*, unha colección de cartas dirixidas a dous amigos nas que anota as observacións sobre a flora a fauna da súa aldea natal.

[1322] Escritora do século XIX, irmá das tamén escritoras Emily e Anne. A súa obra máis famosa, e que Espasandín cita, é *Jane Eyre*.

[1323]Escritor norteamericano do século XIX. As súas obras están presididas por unha temática rural. É autor de, entre outras, *Unha semana nos ríos Concord e Merrimac*, *Walden ou a vida nos bosques*, no que narra a súa experiencia de vivir dous anos na beira dun lago, e *Camiñadas por bosques e campos*.

[1324] Escritor arxentino que tamén escribiu ensaios sobre temas de ciencias naturais, ademais de poemas, novelas e contos. Entre os seus títulos figuran *A terra púrpura* ou *A vida dun pastor*.

[1325] Irmán de Rafael Dieste e un dos líderes da agrupación Teseo. Agrupación de artistas y escritores uruguayos. Tamén ocupou cargos políticos importantes como o de cónsul de Uruguai en Madrid.

permanecer no exilio, e Alejandro Sirio, ó que Espasandín cualifica como "compatriota y amigo".

Os títulos dos artigos, seguindo a orde de aparición na revista, son: "Amigos desaparecidos", dedicado á Gran Alca, "Extrañas amistades", dedicado á relación existente entre o tróquilo (un tipo de paxaro) e o crocodilo, "El amor entre las aves", onde anuncia os avances científicos no estudio das cerimonias de captación da atención da femia que leva a cabo o macho, para centrarse despois no pingüín adelia, no paporroibo e no *colimbocrestado*, "Majestades Antárticas", no que volve a fixarse nos diferentes tipos de pingüín, "Un superviviente de tres ojos", no que recrea a relación de interese que manteñen o tuatura, un réptil de tres ollos, e o petrel das tormentas, un ave mariña, "Seres que ignoran las fronteras", no que fala das migracións dos paxaros en xeral para logo concretar co caso da anduriña de mar, "Un pájaro que anda bajo el agua", onde describe o merlo de auga, "Alas sobre el mar", no que fala dos albatros, bubias *e fragatas*, "El «American Woodsman» y la Paloma de Paso", aquí céntrase máis que nunha ave nun ornitólogo, John James, "La vida privada del carrizo casero" que, como adiante o título, centrase neste paxaro, "Don Juanes femeninos entre las aves" no que alude a unha excepción no panorama xeneralizado de machos vistosos que buscan atraer a atención da femia: as faloropen, especie na que son as femias as que toman a iniciativa do cortexo amoroso.

O seguinte artigo é "Plumas que cantan", que atende ós sons curiosos que producen algúns paxaros. A continuación vén "Un poblador de los «DeathWhite Realms»" no que, partindo das sensacións que lle suscita ó autor a mención á *Historia dos paxaros ingleses* incluída en *Jane Eyre*, o autor imaxina os diferentes mundos que poden habita-las aves e conta as estratexias que practican para sobrevivir. Logo vén "Un héroe del Sur", centrado no pingüín emperador, "El caso del cuclillo", no que fala do cuco e do seu costume de poñer os ovos en niños alleos, "El ave más útil: el guanay" no que se refire a este paxaro e ó cormorante, "Un ave «no glorificada»" no que sinala a relación xenética dos paxaros e os réptiles (os primeiros evoluirían a partir dos segundos) para logo describir o hoatzin, "Los amoríos del «Honker»" no que,

tras lembrar a súa infancia en Galicia, cita os costumes do ganso do Canadá, "El eider, ciudadano del Ártico" que alude a este paxaro e ó seu hábitat, "Pájaros estetas" no que aparecen uns paxaros australianos, ós que el chama paxaros das glorietas, que adoitan facer xardíns e prazas con herbas e materiais que atopan na natureza para captar a atención da femia, "El ñandú. Un calumniado al borde de la extinción", no que describe a este paxaro, "El canto del cisne" no que analiza brevemente a través da Historia que hai de certo no mito do canto do cisne, "Aves embusteras" que comeza cunha experiencia da súa nenez en Galicia para fixarse despois naquelas aves que crean estratexias para atraer a atención dos seus inimigos e desviala así das crías. Algunhas das aves que realizan esta práctica son as perdices, os teros, os zancudos e o tero-tero. O último artigo é "Aves pescadoras". Fala da relación entre os pescadores de China e os cormoráns.

Despois deste tedioso informe de artigos e paxaros, resultaría máis proveitoso dilucidar cales son as características máis salientables destas aportacións de Espasandín. A temática, como se pode apreciar nunha rápida lectura de títulos e resumos dos artigos, está claramente definida. Espasandín amosa sistematicamente unha grande erudición no tratamento desta materia na que destacan as referencias cultas. Estas referencias atinxen á Antigüidade: Platón (nº 24), Aristóteles (n°s 11 e 24), Heródoto (nº 2), Homero (nº 6), Anacreonte (nº 6), Jenofonte (nº 21), Sócrates (nº 24), a cultura exipcia (nº 2) ou a mitoloxía grecolatina (nº 24). Os coñecementos de Espasandín neste senso manifféstanse nunha serie de obras que escribiu para a editorial Atlántida como *La civilización del Nilo, Narraciones milotógicas, La Grecia Heróica, La Grecia Clásica, Roma: la República* ou *Roma: el Imperio*. Tamén se atopan referencias á Biblia coa cita de personaxes como Salomón (nº 6) ou o profeta Xeremías (nº 6), ademais das alusións á literatura, como xa se veu nas citas comentadas, que se acrecentan coa mención a Walt Whitman (nº 8). Tamén se detecta a profundidade da súa sabedoría no cientifismo co que aborda os temas tratados, na nomenclatura exacta dos nomes dos animais e na mención a ornitólogos e estudios sobre as aves. Dentro dos expertos citados atópanse J. Arthur Thomson co seu libro *The Biology of Birds* (nº 1), John James Audubon

con *The Birds of America* (nº 9), Mr. E. Chance con *The Cukoo's Secret*, E. Coues con *Clave dos paxaros norteamericanos*, C. F. Tunnicliffe con *Bird Portraiture*, S. Prentiss Haldwin (nº 10), Mr R. C. Murphy (nºs 4 e 16), Julián Huxley (nº 3) e incluso Darwin coa súa *Orixe das especies* (nºs 5 e 11) e o Dr. Wilson que describiu o pingüín emperador nunha das expedicións o Polo Sur que realizou na compaña de Scott.

Á parte de comunicarnos a súa sapiencia sobre as aves, Espasandín denuncia sempre que pode a barbarie humana que estraga a natureza e destrúe o hábitat de moitas especies que se ven ameazadas á extinción. Neste senso, o asinante dos artigos milita claramente no ecoloxismo e na defensa da natureza. A acusación transmítese, as máis das veces, por medio daqueles retratos de paxaros extinguidos ou a punto de extinguir por mor da acción do home. É o caso do artigo do número vinteún no que se denuncia a persecución e matanza do ñandú:

> Entre otras muchas cosas por igual reprobables, el hombre es un gran difamador, tanto o más que por pura maldad, por ignorancia y por pereza. Es más fácil difamar que comprender y todavía más fácil exterminar, práctica que de vez en cuando adquiere particular virulencia.

Avanzando máis no texto, o polígrafo acóchase detrás da máscara do propio ñandú para delatar certas actitudes de todo reprobables:
Ya puesto en el puerto, entre tierra y mar, el Indio Tupinamba cumplió su determinación. Allí mismo soltó, sin importarle un pito, las escalera de nudos cargada de chirimoyas y cacao. Apartó a un lado y a otro los escuadrones de la caballería, las piezas artilleras repletas de bolas de piedra, las ristras olorosas de ajos y chorizos lanzadas a la depredación de la memoria. Quiso abrir la boca para bostezar, pero no pudo. La tenía cosida por las frías estrías que marcan las huellas del flagelo en las trapezoidales losas de las murallas incas. Sonrió compungido, con una leve contracción de las orejas. Empezó a abrirse en su espíritu el panorama arcaico del recuerdo. Sintió a flor de piel los aletazos del águila que anima el gran misterio. Pensó en las alturas. La escalera de cuerda, la escalera de piedra, la escalera de jade, la escalera de sangre.

Sonrió entumecido, el Indio Tupinamba. Apretaba el entrecejo y distendía las aletas nasales. Comprendió que estaba penetrando en el secreto. Son muy angostos los caminos que trazan la mágica raya de las crestas montañosas bordeados de orquídeas, de llamas, de guacamayos, de fetos de antiguos antepasados, de ídolos de barro cocido, de coyotes y, muy pocas veces, herraduras de caballo o picos de paloma. Senderos estrechísimos como hilos solares del ritual indígena, sólo que remontando bocanadas de nubes desde Purinac hasta Lambayeque, hasta Tunguragua, hasta Chichicastenango, hasta Chiapas, hasta Chilpancingo, hasta Culiacán: las manos cargadas de semillas de la piel del puma y el mapa oscuro de las minas de oro en las inscripciones de los pies.

Allí arriba se quebraba el aliento de la tierra, se deshacía en ráfagas de fuego con ricas vestiduras de plata y tamarindo. Nada más a su aroma, era imposible no sentir la presencia de algo así como una mazacuata sumergida en el lago que la nutre por encima del nivel ordinario de las aguas, repercutiendo con brillos minerales en el fondo cuajado de puntas de obsidiana, intacto, imperceptible, inmóvil, con dedos y ojos de estatua de papel de colorines.

Camino arriba por el filo cortante de flecos de piedra, subiendo el camino de cocuyos, subiendo el camino emplumado, subiendo el camino de jaguares

de humo sin ver nada más que el espejismo —al anochecer, entre la bruma opaca que cobija a los brujos-arapongas y a los guaco-guardianes— de la dura pirámide durmiente amasada con mazorcas de maíz".[1370]

[1370] Fernández Granell, Eugenio (1959): *La novela del indio .....*, op. cit., pp. 207-211. Ver Fuentes (1988)*: La poética invención de la memoria: el mundo, creación de la palabra*, monográfico de la revista *Anthropos*, con sugerentes aportaciones de diversos críticos sobre la literatura y cosmovisión del autor estudiado, nº 91.

MANUEL CELSO GARRIDO: ACHEGAMENTO Á SÚA VIDA E OBRA

Marivel Freire Freire
I.E.S. Rosalía de Castro

1. VIDA

O 2 de decembro de 1915, ás 12 da noite, nacía en A Merca (Ourense) Manuel-Celso Garrido Rodríguez, fillo maior do matrimonio formado por José María Garrido Mouriño e Aurora Rodríguez Rodríguez, labradores, de 38 e 22 anos respectivamente, naturais, el de Parderrubias e ela de A Merca, domiciliados ámbolos dous nesta última localidade, onde vivían tamén os avós maternos, José María Rodríguez Acedo, natural da vila, e Bernardina Rodríguez Grande, de Matusiños. Os avós paternos, oriúndos de Parderrubias, Domingos Garrido e Luísa Mouriño, xa faleceran. Aínda que toda a familia residía no concello, o avó materno era fillo dun matrimonio zamorano (de Codesal)[1371] que se instalara en A Merca, onde fixera fortuna. Descoñecémo-lo *status* social da familia paterna (parece que comerciantes agrícolas) pero non o da materna: José María Rodríguez Acedo, comerciante, chegou a exerceu durante algún tempo como xuíz do concello —érao polo menos en agosto de 1927[1372]— e Bernardina Rodríguez Grande ("ocupación la de su sexo") tiña dous irmáns cregos, Felipe e Manuel, este último padriño de Celso, capeláns ámbolos dous en Soutopedre e A Bola respectivamente[1373]. Nace, pois, Celso no seo dunha familia acomodada, de "propietarios urbano-agrícolas", segundo el deixou

[1371]Datos extraídos das partidas de nacemento de Celso Garrido e Aurora Rodríguez, expedidas polo Rexistro Civil de A Merca. A de José Mª. Garrido non se deu localizada. A nai naceu o 24 de xaneiro de 1893, dato que aclaramos porque na do fillo pon que tiña 21 cando o tivo. Algo que cómpre ter presente tamén é o ano de nacemento de Celso xa que ata o de agora veuse dando o de 1916.
[1372]Vid. nota 8.
[1373]Esta última información foinos facilitada por Ramón Rodríguez, parente de Celso en A Merca.

escrito[1374], situación que non tardaría moitos anos en cambiar[1375], como teremos ocasión de ver.

Igual que outros nenos do pobo, á idade de 5 anos acode á escola de A Merca. Mentres tanto a familia incrementárase cunha irmá, Milagros, un ano máis nova. Rematados os estudios primarios, chegou o momento de considera-lo porvir do neno, que el mesmo recordará da seguinte forma:

> Era allá por el año 1926. Contaba yo a la sazón diez años de edad, y en el seno de la familia se consideraba llegado el momento de tomar una decisión con respecto a mi porvenir. Mi abuela materna, hermana de dos clérigos, uno de ellos, de quien llevo el nombre, padrino mío por más señas, sueña con que su nieto mayor abreve su espíritu y lo edifique en la lectura provechosa de las Sagradas Teologías, al socaire de las sombras de algún seminario gallego, y continúe la tradición apostólica de la familia, en la que desde varias generaciones atrás, figuran siempre curas glotones, ricos y mujeriegos...
>
> Los tíos curas, con esa hipócrita actitud que adoptaban siempre que así les convenía hacerlo, hacíanse los indiferentes, y en el fondo creían ganada la batalla, en la que actuaba como enemigo número uno mi padre, demócrata, cristiano y anticlerical.
>
> (...) Recuerdo al respecto, que mi padre, antes de tomar una decisión en firme, quiso saber la opinión del maestro, y fuese a verlo.
>
> (...) Y quedó decidido allí, entre los dos, (...) el que yo no vistiese sotana hasta que no lo decidiese yo mismo, con plena conciencia de mis actos. Soy, pues, un cura frustrado, en realidad...
>
> [...] Colega y maestro mío: Desde aquí te recuerdo hoy, y te agradezco el que tú no hayas querido...[1376]

[1374]Aurora (Elena) Garrido Bouzo (Rula), filla maior de Celso —que na actualidade vive en Miami—, enviounos unha copia dun breve (folio e medio mecanoscritos) currículo —estudios, ideoloxía política, actividades comerciais e algunha xornalística— elaborado polo seu pai en decembro de 1956. Del extraemos algúns dos datos que aparecen no presente traballo. Sempre que remitamos a palabras de Celso e non citémo-la fonte, debe entenderse que proceden del.

[1375]En agosto de 1936 a familia tiña débedas, que eran tramitadas e reclamadas a través do Xulgado de A Merca (cf. *Boletín Oficial de la provincia de Orense*, nº 177, 12-VIII-1936).

[1376]"Mi maestro no quiso", *Galicia*, nº 813, (9-I-1943). Sempre que citémo-lo *Galicia* referímonos ó *Portavoz de la Federación de Sociedades Gallegas*, de Buenos Aires.

No curso 1926/27 prepararía o Ingreso[1377], examinándose en setembro no Instituto Nacional de Segunda Enseñanza de Ourense[1378]. Durante este tempo prodúcense acontecementos importantes no seo familiar, en 1926 nacería o segundo fillo varón do matrimonio, José María, e en 1927 morrería o pai ós 50 anos, deixando a Aurora, de 34, con tres fillos de 11, 10 e 1. A nai tivo que contar co apoio do resto da familia para quitar adiante ós cativos e custea-los estudios do maior, único dos tres irmáns que cursou carreira. Celso rememoraría bastantes anos despois a celebración dunha Noiteboa xa sen o pai e os "consellos" da nai ós tres pequenos:

> Recuerdo la Nochebuena en mi hogar natal: Mi madre (...), reuníanos a los tres hermanos, nos relataba el Nacimiento en tono íntimo, con halo de blanca ala protectora, como un susurro de villancico. Eramos dichosos en el comedor tibio aquel, con la mesa de manteles de lino repleta de las mejores viandas que ella podía juntar para nosotros, (...). Relatábanos la divina leyenda a manera de parábola (...) para terminar envolviéndonos en el rosicler tibio de su inmenso cariño de matrona gallega viuda: -"También vosotros tenéis que ser siempre buenos —nos decía—, para que Papá, que ahora está en el cielo con el Niño-Dios, os vea y esté contento, y le diga a los Reyes Magos que os traigan muchos juguetes el día 7. No tenéis que pelear, ni mancharos los vestidos, ni hacer maldades, que los niños malos o sucios, no son bonitos y simpáticos como el de Belém"...
>
> (...), ¡con qué cuidado tomábamos la vianda, y con qué ganas queríamos ser buenos para siempre! Mientras, ella, recordaba nuestra horfandad, y mirándonos a los tres con ese mirar con que solo las madres miran, su

[1377]En "Don Ramón Otero Pedrayo. Saúdo d-un alumno", *Galicia*, nº 1014, (12-VII-1947), tal vez por un erro de imprecisión no tempo, remonta o inicio do bacharelato a 1925: "Era aló pol-o mes d-Outono do ano 1925. Chegaba eu o Istituto de Segunda Ensinanza d-Orense a cursal-o Bachillerato." No currículo dá a entender que cursou o Ingreso no 1925/26: "A los nueve [años] ingresé en el Instituto Nacional de Segunda Enseñanza de Orense".

[1378]Documentación presentada en agosto de 1927: prego de papel de estado como pago previo ós dereitos de exame; certificado médico; partida de nacemento manuscrita —na que por erro figura que naceu o día 12 de decembro ás 2 horas— polo entón xuíz do concello de A Merca, José María Rodríguez Acedo, lexitimada por un notario de Celanova e solicitude manuscrita, supostamente por Celso, de admisión ós exames de setembro, con data do 30. A acta de admisión, asinada entre outros por Ramón Otero Pedrayo (un dos vocais da Comisión avaliadora), é do 23 de setembro. Temos que agradecer a Ángela Conde Rivas o ternos enviado unha copia da documentación obrante no Instituto (actual IES Otero Pedrayo).

> recuerdo volaba saudoso hacia nuestro padre muerto, y una lágrima furtiva y delatora, en la más familiar e íntima de las reuniones, delataba, indiscreta, el gran cariño que los había unido y nos tenía[1379].

Aínda que o neno tiña 11 anos cando quedou orfo, non parece que garde do pai moitos recordos ou en todo caso nunca escribiu, ata onde nós coñecemos, nada referido ou dedicado a el. Co paso dos anos, a ausencia da figura paterna, sendo el o maior dos irmáns, farao sentirse máis responsable con respecto ó resto da familia e máis apegado a ela.

Trasládase a Ourense para cursa-lo Bacharelato. O choque sufrido polo neno "aldeán", transplantado á cidade e obxecto de burlas por non saber falar castelán, quedaría gravado na súa mente:

> Os rillotes da Capital ríanse de nós os d-aldea —a miña adourada Merca fica a 15 kilómetros, camiño de Celanova— porque nos atorábamos por calisquera cousa e non sabíamos falar castelán. ¡Ouh, inconmensurable traxedia d-os nenos galegos cando son obxeto de mofa e de risión pol-o delito de non falar un idioma alleo! Qué terribles complexos crían os imbecis i-os descastados na alma virxe e ilusionada da nosa xuventú ¡A de mágoas que causan!...
>
> O saír do berce campesín e toparnos no meio cibdadán o noso esprito sufría un choque tremendo, arredados da paradisa paz en que nos criaran, descubríamos o par que novas cousas, inéditas sensacións. (...). Pero as bulras "dos que sabían falar castelán" repetíanse a cotío nas aulas do Colexo e do Istituto, pra continuar na rúa. E —¿pra qué non decil-o?— como había catedráticos e profesores non galegos, i-a inconsciencia era maiúscula, tamén iles se rían, as veces a gargalladas, do noso "pintoresco castellano". Isto causáballe moita ledicia os rillotes "sabidores" da cibdá, e non perdían ocasión de rirse dos que víñamos do agro: Chamában-os "badocos"; inda agora non sei a etimoloxía d-esta verba, nin donde saiu tal[1380].

[1379] "Nochebuena con los míos". Unha copia do orixinal mecanografado foinos enviada por Aurora E. Garrido. No orixinal, datado en "Santiago, (25-XII-57)" e asinado á man polo autor, figura a indicación de que foi publicado en *El Mercurio* do (27-XII-57).

Hospedado nunha fonda, de 1927 a 1930 cursa o Bacharelato Elemental: 1º prepárao por libre, indo a examinarse ó Instituto; 2º, non está moi claro no expediente onde o cursou pois figuran as notas coa indicación "Orense-Colg^{da}"; e 3º por ensino oficial. Dedúcese das notas que non era un alumno excesivamente aplicado e que a asignatura de francés, impartida por Jesús Santos**,** non era a que máis doada lle resultaba. De feito, aínda que sen comentarios de ningunha índole, este profesor será citado nun artigo:

> (...) ¿Qué al lado mismo, como prolongación magnífica de aquella estupenda villa [Noya], está Santa Eugenia de Riveira, balneario de moda donde veraneaba Don Luis Santos, todos los estíos, mi profesor de francés en el Instituto de 2ª Enseñanza, de Orense, etc. etc.?[1381]

O exame final do Bacharelato aprobábao en setembro de 1930[1382].

Anécdotas destes anos de estudiante encontramos algunha que outra nas súas colaboracións xornalísticas e mesmo chegamos a pensar que a personalidade dun tal Aurentino, que el menciona como compañeiro de pensión e de instituto, e tamén de estudios posteriores, tiña bastante que ver coa do propio Celso, do que se podería deducir que era o padriño-crego o responsable da súa formación:

> No Istituto d-Ourense tíñamos un condiscípulo (...) qu-era o chistoso do curso (...) i-era un rapaz meio atolado e sumamente intelixente; e mal estudiante, por suposto. Acórdome que Don Ramón Otero Pedrayo decíalle garimosamente, adiviñando a vea viva do rapaz:
> — "Vostede, Aurentino, qu-é sobriño de crego, vexa a forma de acadar máis cartos pras arcas do tío, en vez de gastarllos inútilmente estudiando. O final, se sigue o meu consello, vai gañar máis". E, deseguida, zorregáballe un suspenso en Historia de América, xusto, i-escrito coa máis caligráfica letra. "O

[1380]"Don Ramón Otero Pedrayo. Saúdo d-un alumno", *Galicia*, art. cit.
[1381]"Grandes controversias entre noyeses y merquenses. Noya, existe?", *Galicia*, nº 1104, (30-III-1950).

> Oriente", facendo na fonda a semellanza d-un coitado, escramaba churimicando: —"Ten razón Don Ramón; eu débolle levar o cazolo o meu tío nos enterros, i-así, oíndo elí os responsos, non-os oio o ter que lle mostrar as papeletas dos esames. Eu estou errando o traballo i-o rendimento da miña capacidade"[1383].

O que está claro é que o maxisterio de Otero Pedrayo causou fonda impresión no alumno de bacharelato e a súa admiración cara ó antigo profesor manifestaraa en varios artigos que lle dedicou, sempre eloxiosos:

> (...) com-un caso d-espranza e de comprensión, pros rapaces aldeáns, unha crase era acolledora e garimosa: a de Xeografía i-Hestoria Universal, qu-esplicaba Don Ramón Otero Pedrayo, catedrático d-asinatura e Direutor do Istituto. Era día por meio, pro todos arelábamos que fose a diario, porque Don Ramón era, non o profesor furaño i-ameazador, sinón o maestro completo que nos educaba (...), e acollíanos paternalmente, con agarimo de pai, procurando non ferir endexamáis a nosa sensibilidá. Con intelixencia e bondade, dáballenos axilidá o cerebro e pulos xenerosos o esprito. E cómo se adeprende e se lle toma cariño o estudo cando o que nos ensina además de catedrático ou profesor, é un auténtico maestro, un educador, e non unha besta enfatuada e prexuiciosa[1384].

Pola contra, outros profesores son obxecto de crítica, como é o caso de Jaime Pérez Colemán:

> ¡Ouh, imbecilidá superlativa a de Colemán —catedrático de Gramática e Literatura, galego renegado, dempóis xerifalte da Falanxe—, cando adoutando unha "posse" noxenta reprendíanos e nos ameazaba "con un suspenso" a

[1382]O expediente, no apartado de observacións, di que o 24 de abril de 1931 lle foi expedida unha certificación (segue algo ininterpretable pola nosa parte) e o 31 de xullo dese ano o título de Bacharelato Elemental (rexistrado no folio 7º, nº 220 do libro correspondente).
[1383]"Un chiste de fai anos...", *Galicia*, nº 1103, (20-III-1950).
[1384]"Don Ramón Otero Pedrayo....", art. cit. Vid. tamén "Un fidalgo Orensano", *A Nosa Terra*, nº 456, (X-1947).

> cada intre, pra acabar mirando pra parede e rir com-un idiota mordend-os beizos!...[1385]

En 1930 inicia os estudios de maxisterio na Escola Normal (Ourense), que remataría en xuño de 1933[1386], segundo Celso. Tiña entón 17 anos.

Alumno de Vicente Risco, desde a óptica do mozo adulto e exiliado, non terá pelos na lingua para censuralo duramente e calificalo de demagogo e apoloxista do franquismo:

> (...) ise Xudas despreciable que pariu a nosa provincia, e que os faixistas o premiaron nomeándoo Direutor da Escola Normal, aquíl edificio da rúa do Progreso donde denantes do 18 de Xulio tanta demagoxia lle vin facer facendo que nos ensinaba Metodoloxía da Hestoria, e logo, dend-as reixas da cadea, enfrente, vin-o pasar durante vinteseis meses cativo, magro i-encorvado, con aquela carteira na man, onde seguro levaría os apuntes por que guiarse o faguer a apoloxía do franquismo e da traición, como denantes a fixera da democracia e do galeguismo[1387].

Das bromas que lles gastaban a algúns profesores da Escola, nas que el tomaba parte, tamén deixou constancia: as serenatas que, con versos mal rimados e música dun cuplé de moda dun artista do Café Moderno, dábanlles ó secretario e á súa dona, composición de circunstancias que "o final adeprendeu tod-o mundo e fíxose canto popular"[1388].

Ese mesmo ano, con data do 31 de agosto, quedaba vacante, por traslado do mestre, a Escola Nacional Mixta de Sanguñedo (Verea-Ourense)[1389]. En setembro sería destinado a ela Celso, onde exercería ata xullo de 1936,

[1385]"Don Ramón Otero Pedrayo...", art. cit.
[1386]Despois de busca-lo expediente académico no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago e non atopalo, solicitámolo á Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Ourense. O Director, Manuel González Piñeiro, comunicounos que lle resultara imposible localizalo xa que os baixos do edificio que albergaba a antiga Escola, onde aínda seguían os arquivos, se inundaran este pasado inverno.
[1387]"Don Ramón Otero Pedrayo...", art. cit.
[1388]"Un chiste de fai anos...", art. cit.
[1389]Arquivo Histórico Universitario de Santiago, na caixa nº 177 (*Comunicacións e informes encol dos mestres depurados nas provincias de Ourense e Pontevedra (1936-1938)*) hai unha "Relación de escuelas vacantes definitivas".

segundo el deixou escrito. Todo parece indicar que eses tres cursos estivo como mestre interino, en todo caso podemos afirmar que non figura no listado dos mestres cursistas de 1933[1390] e 1935[1391] e que esa praza tampouco foi sacada a concurso en 1933 para os aprobados e pendentes de colocación[1392].

Se ben é certo que encontramos bastantes alusións nos seus artigos a que exerceu de mestre e pertenceu ó gremio do Maxisterio, só nunha ocasión fai mención explícita a Sanguñedo: nunha colaboración na que, en plan bromista, trata de convencer ó seu amigo e Presidente do Centro Republicano de Santiago de Chile, Germán Vidal Barreiro, de que Noia, vila natal deste, non existe:

> Vea usted, en mi pueblo —La Merca, no lo dudo— y en el de mi escuela —Sanguñedo, en el Ayuntamiento de Verea, de la misma provincia de Orense— nadie ponía jamás en duda mi sapiencia, es decir, mis profundos conocimientos de todos los temas en los que, con énfasis y suficiencia, como ahora, opinaba en plan de dómine[1393].

Tendo en conta que os últimos anos de formación e logo os de docente coincidiron cunha intensa actividade política (proclamación da IIª República, eleccións en novembro de 1933 e en febreiro de 1936, propaganda a favor do Estatuto de Autonomía e o referendo do mesmo en vésperas do levantamento militar) e que tivo como profesores a dous grandes protagonistas da cultura e política ourensá, e galega, non resulta difícil imaxinar ó mozo Celso acudindo ós múltiples mitins nos que, ben na capital ou en localidades próximas,

[1390]Arquivo Histórico Universitario de Santiago, caixa nº 175, *Cursiños de selección profesional de mestres de Galicia (ano 1933).*
[1391]Vid. "Información del *Magisterio*. Decreto convocando a cursillo-oposición especial para algunos maestros", en *Heraldo de Galicia*, nº 213, (7-I-1935). No nº 214, (14-I-1935), hai un listado de nomeamentos de interinos e nel tampouco está Celso e nº 217, (4-II-1935), unha "Lista de aspirantes maestros con derecho a servir interinamente escuelas o sustituciones" pero só abarca ata a letra F.
[1392]Cf. "Escuelas vacantes en la provincia de Orense para adjudicar a los cursillistas aprobados y pendientes de colocación", en *Heraldo de Galicia*, nº 148, (4-IX-1933).
[1393]"Grandes controversias entre noyeses y merquenses. Noya existe?", art. cit.

participaban os principais líderes republicano-galeguistas, sobre todo o seu "amigo benquerido"[1394] Alexandre Bóveda e o admirado Otero Pedrayo:

> Además de Xeografía i-Hestoria Universal, Xeografía i-Hestoria d-América e Xeografía i-Hestoria d-Hespaña, ensinada nas aulas do Istituto, ensinounos [Otero Pedrayo] fora d-elí os que apenas chegáramos a vintena cando a guerra estalou na Península —¿acórdase de Xosé Velo, de Emilio Ferreiro e de Meixengo, don Ramón? (...).
> [...] Levo sete anos de desterro e fai once que non teño a ledicia d-escoitar a Don Ramón. Pro, as leiciós qu-íl m-ensinou, primeiro nas aulas e dempóis coa súa conduta ética e moral son inda hoxe o guieiro da miña vida d-exiliado. (...) Os que endexamáis tiveron a sorte d-escoital-o moito van adeprender coa súa presencia, i-os que nos formamos o seu redor e qu-inda a distancia nos prohibe vel-o, temos de chorar unha vez mais a ausenza do Maestro, anque o sepamos agora en terra allea, pero libre i-humán[1395].

Ó espertar ideolóxico da xuventude galega da época, na súa opinión, ten contribuído non pouco a prensa da época, da que el era un ávido lector:

> (...) o espertar ideolóxico i-a reita aición da xuventú galega dos últimos tempos, o volcarse de cheo na tarefa política, moito lle deben, entre outras cousas de todos coñecidas, a laboura de Vilar Ponte, principalmente os artigos que d-il limos con embebemento nas páxinas cultas de "El Pueblo Gallego", de Vigo, xornal que fundara outro irmán que moito nos honra no mundo dende fai tempo: Portela Valladares, nas que colaboraba arreo con verba clara i-erudita[1396].

Xa dende moi novo se interesou pola política e comulgou co republicanismo. Cando nun artigo comenta o fusilamento en 1936 do verinés Lino García e menciona ó seu fillo, o avogado e deputado a Cortes polo Partido

[1394] "Lembrando a Vilar Ponte", *A Nosa Terra*, nº 447,(III-IV-1946).
[1395] "Don Ramón Otero Pedrayo...", art. cit. Refírese á viaxe de Otero Pedrayo a Buenos Aires en xullo de 1947, como invitado de honra do Centro Gallego, para participar nas Xornadas Galegas.
[1396] "Lembrando a Vilar Ponte", art. cit.

Republicano Radical-Socialista pola provincia de Ourense en 1931, Manuel García Becerra, declara que foi correlixionario deste último e de Marcelino Domingo[1397]:

> (...) ilustre hombre público que desde su juventud puso su corazón y su cerebro al servicio del pueblo español y que a los pocos días de pasar a Francia, huyendo de los bárbaros que habían invadido el suelo patrio, murió, deceso que aún hoy lloramos los que fuimos sus correligionarios[1398].

Militante na Xuventude de Esquerda Republicana, non tardou en vincularse ás Mocedades Galeguistas da súa provincia e actuou con elas, ó lado de A. Bóveda e doutros ilustres galeguistas ourensáns, na campaña electoral de febreiro de 1936 e, en xuño, na do plesbicito do Estatuto de Autonomía:

> El 28 de junio de 1936, Galicia dijo querer ser libre dentro de una España libre y democrática...
> En el recogimiento propio que hoy me impongo, recuerdo aquel día inolvidable, cuando recorriendo algunos Colegios electorales de las aldeas apartadas y de la capital de la provincia, en Orense, he visto, he palpado el alma del pueblo galaico en aquel momento transcendental[1399].

A militancia republicana, da que fixo gala durante toda a súa vida e que lle ten ocasionado máis dun problema, deixouna claramente expresada nas seguintes liñas, escritas en 1956:

> Pertenecí, políticamente, a Izquierda Republicana, partido burgués de izquierda. Debo confesar hidalgamente que sigo profesando la misma ideología política. Soy demócrata y liberal cien por ciento. Soy enemigo de los totalitarismos todos, sean ellos del color que fueren: rojos, azules, pardos,

[1397]Figura destacada do PRRS, en 1933 crea unha escisión do partido e funda a Alianza Socialista. Despois do trunfo centrodereitista nas eleccións de novembro dese ano, o seu partido fusionouse co de Azaña (Acción Republicana) para constituír Esquerda Republicana.
[1398]"Testigos inexorables", *Galicia*, nº 751, (1-XI-1941).
[1399]"28 de Junio (1936-1941)", *Galicia*, nº 734, (5-VII-194).

> negros o de los que sin color definido son esencialmente eso. Por esa razón el franquismo me tuvo detenido durante toda la guerra civil como preso político.

Como mestre e republicano vai ser un dos moitos represaliados[1400] polo novo réxime imperante a partir do 18 de xullo de 1936.

Aínda que deixaba anotado no seu currículo: "En julio de 1936 fui destituido por los sublevados franquistas, por republicano", oficialmente era cesado no seu cargo o 14 de setembro[1401], por "Orden —non por unha orde[1402]— del Excmo. Sr. Gobernador Civil", data na que xa andaba fuxido: en "Os la Palangana [Falanxe] mandan, Gracias a Dios..."[1403] fala dunha "anécdota", relacionada cun mozo da súa quinta (Joaquín Casas), acontecida en setembro en A Merca, e como a el lla contan no "meo escondite de republicano fuxido". Elena Bouzo, a súa viúva, aclarábanos ó respecto:

> Mi marido comentaba que había sido denunciado por un vecino del pueblo donde ejercía de maestro y que estuviera escondido en un hórreo durante algún tiempo y como era su madre la que le llevaba la comida al escondite. Un pariente cura, lo quería salvar vistiéndole a él también la sotana pero Celso se negó[1404].

[1400]O seu nome non figura, sen embargo, entre os que menciona Xerardo Dasairas Balsa en "Mestres ourensáns represaliados polo franquismo", (*A Trabe de Ouro*, nº 14, abril-maio-xuño de 1993, pp. 97-101). Tampouco o menciona Valcárcel, Marcos (1999): "A República e os poetas: o compromiso dos escritores que militaron no republicanismo de esquerda en Ourense (1931-1936)", Álvarez, Rosario, Vilavedra, Dolores (coord.) (1999): *Cinguidos por unha arela común: Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, T. I, pp. 1367-1377.

[1401]Na devandita caixa nº 177, do Arquivo Histórico Universitario, hai unha "Relación por orden alfabética de los Sres. Maestros que ejercían su cargo en esta provincia y fueron destituidos en los mismos por Orden del Excmo. Sr. Gobernador Civil", asinada o 13 de outubro de 1936 por Joaquín Romón, Xefe da Sección Administrativa de 1ª Ensinanza de Ourense. Neste listado de 130 mestres figuran como datos para cada un deles: "Nº", "Nombre y apellidos", "Escuela", "Ayuntamiento" e "Orden". Celso aparece no nº 48, na escola de Sanguñedo (Verea) e na "Orden" : "14 de septiembre". No caso dalgúns mestres aparecen informes emitidos, previos á súa suspensión temporal ou destitución, pero non encontramos nada relacionado con el.

[1402]No *Boletín Oficial de la provincia de Orense*, nº 203, (14-IX-1936), non hai ningunha orde do Gobernador Civil (Manuel Quiroga Macías). Tampouco, con esta data, en números inmediatamente anteriores ou posteriores.

[1403]"Os da Palangana mandan, gracias a Dios...", *Galicia*, nº 738, (2-VIII-1941).

[1404]Mantivemos con ela varias conversas telefónicas. Esta foi o 28 de agosto de 2001.

e Xosé Lois Seara Fernández[1405] indicábanos que o monte Forriolo, moi preto de Sanguñedo, era un dos lugares da zona preferidos polos falanxistas para levar a cabo os fusilamentos.

Celso, denunciado, a punto de ser chamado a filas[1406] e tendo presente o enrarecido ambiente socio-político da provincia (enfrontamentos entre frontepopulistas e fascistas) xa dende as eleccións de febreiro, as primeiras detencións[1407] e as "xustificacións" oficiais dos crimes na prensa, non dubidou en buscarse un lugar onde poder "estar a salvo". Escapado, non se presentou no seu posto de traballo o 1º de setembro, data na que oficialmente —orde do 19 de agosto— tiñan que comeza-las clases de ensinanza primaria, para "demostrar al mundo la normalidad de la vida nacional en las regiones ocupadas por el Ejército Español, salvador de España" [1408].

En "Apostilla a una revista vieja" lamentaríase de non ter podido participar na Guerra:

> (...) porque si bien no me cupo la dicha de poder empuñar un fusil en las filas leales y ser un cruzado más de la Libertad, en defensa de nuestra República, tuve la mala suerte de sufrir cautiverio y persecución en mi misma patria. (...) ¡Cuánto hubiera dado [outubro de 1936] (...) por estar al lado de los milicianos (...)! Pero no fué posible[1409].

Despois de 8 meses e pico agochado e vivindo clandestinamente, en marzo de 1937 era atrapado polos falanxistas e levado ó cárcere de Ourense[1410]

[1405]Vid. nota nº 45.

[1406]Por unha orde da Xunta de Defensa Nacional do 10 de agosto eran chamadas a incorporarse as quintas de 1933, 1934 e 1935 (cf. *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, nº 6, Burgos, (14-VIII-1936), Orde nº 3). Ademais, segundo Celso, "En agosto do ano 1936 foron chamados e levados o frente por Franco todos os homes nacidos en 1915" (vid. "Os da Palangana mandan, gracias a Dios...", cit.).

[1407]Vid. Dasairas Balsa, Xerardo (1993): "Mestres ourensáns represaliados...", art. cit., concretamente as pp. 269-270, nas que menciona algúns deses incidentes. Ou Núñez Seixas, X. M. (1993): "A Falanxe en Ourense", en Wouters, M. (ed.) (1993): *1936. Os primeiros días* (edición de Marc Wouters), Vigo, Ed. Xerais de Galicia, pp. 131-156, sobre todo "A Falanxe ourensá entre febreiro e xullo do 36" (pp. 151-156).

[1408]*Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, nº 9, Burgos,(21-VIII-1936), Orde 2ª.

[1409]"Apostilla a una revista vieja", *Galicia*, nº 745, (20-IX-1941).

[1410]Rúa do Progreso, nº 27, reiteradamente mencionada nas súas colaboracións xornalísticas.

—segundo a súa viúva, tamén estivo en Oseira—, pasando a engrosa-lo número dos setecentos e pico de presos que vivían alí en condicións inhumanas:

> (...) en marzo de 1937 nos atraparon los mercenarios de Falange y llevaron a la cárcel de Orense, entre los setecientos y pico de presos políticos que allí había hacinados, durmiendo incluso en el patio interior de la prisión, sin cama en que acostarse ni ropa con que cubrir los maltrechos cuerpos, víctimas de los más inhumanos apaleamientos, teniendo como único techo el helado firmamento (...)[1411]

Ó pouco de ser detido era condenado a traballar no campo de concentración de "El Cumial"[1412]:

> Desengáñate Garrido: estamos rodeados de un mundo de malvados o de cretinos. No me explico de otra forma lo que está ocurriendo, te lo juro". Estas palabras que sonaban a mis oídos como una letanía triste de la impotencia y la desesperanza, las oí de boca de aquel rapaz de diecinueve años, hace ahora diez, en el campo de concentración de "El Cumial", en la provincia de Orense, donde a la sazón, a pico y pala y con tarea fija y extenuadora, nos tenían los sublevados a sus prisioneros políticos trabajando en la construcción del que ahora es magnífico campo de aviación[1413].

Ás atrocidades que se cometían cos presos no cárcere tense referido en varias ocasións. Alí pasou horas de angustia entre "a Vida e a Morte". Nunha carta aberta dirixida ó seu ex-compañeiro Manuel Cadavid dille:

> ¿Te acuerdas de las dos y media de la tarde, cuando las listas de los que iban a ser paseados (...)? ¿No aparece todavía en tu retina la imagen siniestra

[1411]"Testigos inexorables", *Galicia*, nº 751, (1-XI-1941).
[1412]Segundo Manuel Fernández Borrajo (vid. nota nº 45), foi condenado a morte pero a pena foille conmutada por traballos forzados dado que era menor de idade. Este dato, ó que Celso non fai referencia, tamén aparece na reseña que o periódico *Lugo* sacou a raíz da súa morte (cf. "Letras de luto. Manuel Celso Garrido", nº 211, II-1961).
[1413]"¿Cretinos o malvados?", *Galicia*, nº 1023, (20-IX-1947).

> del "Conserje" o del "Abisinio", pistola empuñada con el cerrojo corrido y vista fija de asesinos natos, abriendo violentamente el rastrillo de la celda, para llevarse en aquel momento solemne, a las víctimas de su fobia y de sus instintos caníbales? Yo no sé por qué, quizá para siempre, los llevo siempre delante de mí, y la pesadilla de aquellos treinta y dos meses parece que quiere prolongarse hasta que a España retornemos, como algo grabado en el alma, para cumplir y hacer cumplir (...) la justicia que España se merece... Y de las cuatro de la mañana, ¿te acuerdas? ¿Cuando son sacados los penados a muerte, y nos dejaban mudos y cabizbajos hasta que al oír en el Campo de Aragón la descarga homicida hacia estallar nuestro mutismo en palabras incoherentes de indignación y dolor? [1414].

Ó remata-la Guerra era mobilizado a Asturias. Segundo Manuel Fernández Borrajo[1415], primeiramente a Oviedo, onde el o coñeceu. Por unha carta que Celso lle escribiu, datada en Xixón o 27 de maio, sábese que o 25 dese mesmo mes fora destinado a estoutra localidade, na que probablemente estivo durante un ano pois a mediados de xuño de 1940 xa andaba por Ourense planeando a súa fuga cara ó continente americano:

> Acórdome que no mediado do ano 1940, dez días despois de saído eu da cadea, (...) estaba un día a eso das dúas e media ou tres da tarde no Café Moderno, de Ourense, falando c-un amigo e planeando a miña fuga a este continente (...).
>
> De repente, como unha eisalación, irrumpen no Café como unha vintena de falanxistas con cara de asesiños, pistola en man e talante asoballador.
>
> Pois ben, saímos todos a rúa. Os camareiros nin tempo tiveron siquera de cobrar as consumicións, nin nós de pagar. Era un 17, (...)[1416].

En "Evocación triste de un refugiado" lembraría a súa fuxida cara á fronteira portuguesa, en compañía doutro republicano, deixando atrás, "familia

[1414]"Carta abierta a mi ex-compañero de cautiverio", *Galicia*, nº 765, (7-II-1942).
[1415]Por mediación de Ramón Rodríguez, mantivemos unha conversa con el e con Xosé Lois Seara Fernández o 8 de abril de 2001.
[1416]"¡Fora os iankis de Hespaña!", *Galicia*, nº 1209, (5-IX-1953).

y hogar", "una infancia que fué feliz", "y una juventud libre y optimista, de amplios y claros horizontes, truncada, deshecha por el Dolor y la Traición...":

> Fué una mañana espléndida del mes de Junio de 1940 (...). En esa mañana, dos republicanos españoles —uno de ellos el que les habla, lector amigo—, caminan cautelosos, los pies y el corazón doloridos, en el último intento de salvar su vida física, hacia afuera de la Patria, para abrazar el exilio incierto, preñado de inquietudes y afanes múltiples, en busca de Libertad y de un país en donde nos volvieran a considerar hombres y tratar como a tales (...).
>
> El viaje es costoso y difícil, pero nuestra ambición tiene un nombre: América (...). Volvíamos de vez en cuando la cabeza para gozar una vez más de la visión dichosa de la Patria que dejábamos hasta sabe quién y cuándo (...). Mas, en aquella atmósfera de traición y odios, de Caines y Pilatos, era imposible vivir: Asfixiaba a uno espiritualmente, y nos empañaba el corazón y la conciencia[1417].

Segundo Manuel Fernández Borrajo, que foi quen lle "amañou os papeis" para a fuxida, Celso tiña contactos en Portugal e a raíz de que se entera da morte dun portugués decide apropiarse da súa identidade (non recorda exactamente o nome, José Félix ou Félix José Carpio)[1418]. Nun primeiro intento a fuga resultou fallida —conserva a fotografía selada dese primeiro pasaporte— porque ó chegar a Portugal a "guarda republicana" sospeitou del e volveu de novo á Merca. Nun segundo intento —sendo acompañado ata a fronteira por un señor de Parderrubias, que xa hai anos que faleceu—, conseguiríao. Durante bastante tempo non soubo nada del pero en 1953 volverían a cartearse[1419].

Desta maneira empezaba Celso unha nova etapa da súa vida que o levaría a Chile en novembro de 1941, despois de estar un mes en Brasil e oito

[1417]"Evocación triste de un refugiado", *Galicia*, nº 783, (13-VI-1942).
[1418]Este feito tamén nos foi comentado por Elena Bouzo: "Viajó con pasaporte falso hasta Brasil. Me comentaba el esfuerzo que tuvo que hacer para hablar bien el portugués y no ser delatado por el idioma".
[1419]Conserva 2 cartas manuscritas dese ano e un exemplar dedicado do seu libro de poemas, ademais dalgunha fotografía desa época. Comentounos ademais que ante a negativa da nai a que marchase, chegou a pensar en pedirlle a parte da herdanza que lle correspondía polo pai.

en Buenos Aires aínda que, segundo Elena Bouzo, sempre se mostrara apesarado por non terse dirixido a México.

Arribado á capital porteña incorpórase ó labor da Federación de Sociedades Gallegas: colabora nos Comités de Axuda á España Leal que seguían funcionando no seu seo e o 28 de xuño publicaba o seu primeiro artigo no *Galicia*, unha das poucas publicacións á que seguirá enviando colaboracións desde a capital santiaguina ata pouco antes da súa morte. As relacións mantidas cos galeguistas[1420] consolidaranse cando se instale no país transandino. Á capital porteña acudirá esporadicamente desde Chile.

Desde Buenos Aires, por mediación de paisanos ourensáns, consegue un traballo en Santiago de Chile. Instalado nese país, vai conxuga-las tarefas comerciais e industriais coas xornalísticas e societarias, conseguindo unha desafogada posición económica. Alí formaría unha nova familia. Nunca voltaría á Merca.

Ós tres días de chegar a Chile entra na R.C.A.Víctor "como empleado particular en labores de oficina", onde traballou durante 26 meses. Despois pasa a exercer, durante outros 6, como periodista de *La Opinión*. En 1945 deixa a capital para desprazarse máis ó sur, a Chillán, onde botará preto dun ano, explotando madeira (de pino), como empregado da firma Fraile y Lozano. De alí regresou de novo a Santiago e ingresou en Bima, Bosques e Industrias Madereras, S.A., empresa na que traballou durante 6 anos como vendedor-representante, isto é, ata 1951, "en que me retiré y empecé a trabajar ese mismo ramo por cuenta propia". Este mesmo ano, o 20[1421] de novembro, casa con Olga Elena Bouzo Vidal, uns 13 anos máis nova ca el, descendente de galego-ourensáns por liña paterna[1422] e de chilenos pola materna, a quen

[1420]A colectividade galega pasaba por unha fase de "reorganización" e os sectores máis galeguistas pechaban filas entorno a Castelao. O Centro Orensano viña de se constituír en xaneiro —os outros centros provinciais fundaríanse nos dous anos seguintes— e a Irmandade Galega non se crearía ata finais dese ano. A Federación era un baluarte do republicanismo e o *Galicia* o portavoz da maior parte da colectividade.

[1421]Data oficial que figura no Rexistro Civil de Santiago (Chile), segundo unha anotación na partida de nacemento. Celso diría (no currículo) que se celebrou o día 22 e Elena o 25.

[1422]Francisco Bouzo era de Rabacido-Vilarrubín-A Peroxa. A familia Bouzo Pérez é citada por Carmen Norambuena Carrasco como un notable exemplo de inmigración a Chile polo sistema de requirimento no traballo "Presencia gallega en Chile, 1880-1950. Características y aportes",

coñecera había un ano na casa doutro galego, José Fernández, que chegara ó país por mediación de Francisco Bouzo Pérez. Así comentábanos este pormenor Aurora E. Garrido:

> Mi madre es hija de Francisco Bouzo, gallego que emigró antes de la Guerra a Chile. Llegó a tener varias panaderías en Santiago y trajo a varios españoles a Chile, entre ellos a José Fernández, un gran hombre, casado con María Miret, y en casa de ellos conoció Celso a mi madre. Fueron amigos hasta el final, ellos fueron los padrinos de boda de mis padres y sus hijas las madrinas de bautizo de mi hermana y mías. Mi abuela materna, Olga Vidal, era chilena y murió antes de nacer yo. El abuelo Francisco, el único que conocí, se casó otra vez al tener yo 6 o 7 años y murió hace ya 28[1423].

O 23 de outubro de 1952 nacía a primeira filla do matrimonio, Aurora Elena, e o 17 de setembro de 1953 a segunda, Milagros. En 1955 forma unha sociedade con José Fernández Sánchez na industria de panadería de Santa Rosa, 6019, da que entrambos eran propietarios e Celso rexente. En 1956, Celso definíase como "industrial panadero y maderero" pero ademais probaría fortuna noutro ramo: o do calzado. Segundo a súa filla:

> Cuando el murió tenía una tienda de calzado, Astor, y allí tenía su oficina llena de estantes repletos de libros.

Con respecto á familia que deixara en A Merca tamén temos algunhas noticias, ben por Ramón Rodríguez ou por Aurora. A nai morrería en 1948: "Parece que murió de un cáncer al pecho, pero dicen que ella nunca se recuperó de la tragedia de su hijo mayor, primero preso y despues tan lejos y sin poder regresar"[1424]. Os dous irmáns acabarían sendo reclamados, primeiro José María e uns anos despois, polo 1954/55, Milagros, xa viúva, e a súa

(*Actas. Iª Jornadas "Presencia de España en América: Aportación gallega"*, Madrid, Ed. Deimos, 1989, p. 474).

[1423] Carta de Aurora do 13 de xullo de 2001.

[1424] *Ibídem*.

filla[1425]. Deste xeito rompíanse os vínculos da familia coa vila que os vira nacer, onde aínda lle quedan familiares xa lonxanos e persoas que os coñeceron. Segundo Aurora:

> Mi padre quería a su madre Aurora con devoción y se sentía culpable porque fué el mayor y el único que fué a estudiar y después no pudo ser el apoyo de su familia por el drama de la guerra y su captura y exilio: Mi madre cuenta que al enterarse él de la muerte de su madre, Celso se encerró 3 días en su departamento —aún estaba soltero— y escribió el poema "A miña nai..." sumido en un inmenso dolor. (...). Celso vivió añorando constantemente volver a Galicia y estoy segura que esa fué la mayor causa de su depresión final[1426].

En Chile desempeñou tamén con dignidade a misión de Delegado do Consello de Galiza, que lle confiara Castelao, e en compañía de Suárez Picallo, Xermán Vidal Barreiro e outros loitou polos ideais galeguistas, mantendo erguida a bandeira das reivindicacións da Patria galega. Tivo ademais unha entusiasta actuación no Galeuzca local e no Centro Republicano Español.

O 6 de outubro de 1960[1427] Manuel Celso Garrido poñía fin á súa vida. Xustamente tres meses despois, o 6 de xaneiro de 1961, nacería o único fillo varón do matrimonio, José Manuel. Segundo a súa filla maior, Celso "era alegre", "dulce y el alma de las reuniones" pero tiña épocas depresivas "y entonces lo veía en su cuarto rodeado de libros y papeles que escribía".

[1425]José María casou en Chile cunha filla de españois e radicáronse en Osorno, dedicándose tamén ó negocio das panaderías. Morreu moi novo, en 1962. O matrimonio tivo 3 fillas que aínda viven.
Milagros e a súa filla tamén se instalaron en Osorno. Ela morreu hai uns anos en Santiago de Chile, cidade na que reside na actualidade a súa filla Manola.
[1426]Carta cit.
[1427]Ó igual que o ano de nacemento, tamén o da morte se veu dando de forma errónea (1961).

> Mi padre se suicidó en nuestra casa[1428] una tarde —creo— de un día domingo, aprovechando de que nosotros (mi madre y familia) fuimos visitar al abuelo. También nos acompañó su hermano José María y su esposa que estaban de visita en Santiago, ya que ellos residían en Osorno. Pienso que mi padre planeó su suicidio porque no creo que fuese coincidencia que su hermano estuviese en Santiago y justo aquel día fuésemos todos a lo de mi abuelo y el quiso quedarse sólo en casa. Lo encontré yo muerto aquel atardecer al regresar a casa.
>
> (...) Tengo sólo buenos recuerdos suyos y la pena de su partida siendo yo tan niña.

Ós poucos días da súa morte o Presidente da República Española no exilio concedíalle o título póstumo de "Caballero de la Orden de la Liberación de España"[1429]. Sen embargo, de toda a prensa da colectividade galega en Buenos Aires unicamente dous periódicos[1430] daban a noticia do seu falecemento, *Opinión Gallega*[1431] e *Lugo*[1432].

En Galicia, hoxe, o seu nome e obra, igual que os doutros moitos exiliados e emigrantes, resultan aínda amplamente descoñecidos. Son escasas as liñas que se lle ten dedicado á súa figura: en 1974 o seu paisano Alberto Vilanova Rodríguez reseñábao na *Gran Enciclopedia Gallega*[1433], fonte da que

[1428]Segundo Xosé Neira Vilas, en "Crónicas galegas de América. O poeta suicida", publicado en *El Correo Gallego* o (24-XII-1998), Celso "Deixou unha carta na que dicía que se mataba por ter fracasado como poeta. (...) Ramón Suárez Picallo, (...), dicíame que o seu amigo Garrido andaba sempre armado, e que a presencia constante dunha arma incita a utilizala. A saber". Tamén comenta que se suicidou nun hotel.
Esta colaboración de Neira Vilas enviámoslla a Aurora e o comentario dela ó respecto foi o que transcribimos. Tamén é certo que nunha conversa con Elena esta nos manifestou que "Celso era un idealista. A él lo que le gustaba era escribir y no encajaba en el mundo mercantilista que le rodeaba".

[1429]A viúva tivo a amabilidade de lérno-lo título que, segundo ela, lle foi enviado desde México: "Por Decreto del 20 de Marzo de 1960, el Excmo. Sr. Presidente de la República Española ha tenido a bien conferir al Sr. Manuel Celso Garrido, de nacionalidad española, el título de Caballero de la Orden de la Liberación de España, con derecho al uso de las condecoraciones y al disfrute de las prerrogativas que las leyes reconozcan a sus beneficiarios". Está datado "En París, a 9 de Julio de 1960" e asinado polo Presidente.

[1430]Curiosamente, o p. *Galicia* non se fixo eco da súa morte. De *A Nosa Terra* en 1960 non saíu ningún número (o 502 é de maio de 1959 e o 503 de outubro de 1961).

[1431]"Loito no galeguismo. Manuel Celso Garrido", *Opinión Gallega*, nº 197, (IX-XI-1960).

[1432]"Letras de luto. Manuel Celso Garrido", *Lugo*, nº 211, (II-1961).

[1433]Gijón: Silverio Cañada Editor.

beberon, en 1995, os autores do *Diccionario da Literatura Galega*[1434]; en 1996 era o profesor X. Alonso Montero o que exhumaba por primeira vez un poema seu, o dedicado a A. Bóveda[1435]; en decembro de 1998, Xosé Neira Vilas dedicáballe unha das "Crónicas Galegas de América". Finalmente, o BNG de A Merca, o 24 de abril de 1999, rendíalle unha homenaxe[1436] no Concello da localidade nun intento de querer poñerlle o seu nome a unha rúa da vila, proposta que non foi adiante, segundo nos informou Xosé Lois Seara Fernández, un dos promotores do acto.

2. OBRA POÉTICA E XORNALÍSTICA

> (...) había conquistado (...) una alta jerarquía intelectual como periodista, poeta y escritor[1437].

2.1 O Poeta

De principios de 1942, cando publicaba o seu primeiro poema no *Galicia*, é esta autopoética. Deixemos que el opine:

> CONFESIÓN: Eu son un home romántico e teño alma, aunque non lapis, de poeta. Fago esta confesión sin que me intrese que xentes qu'en nada creen sorrían con sarcasmo ou ironía... Estou por riba de calquer escéptica opinión e tenme sin coidado o medroño "qué dirán".
>
> Sempre esgarabatéi en palabras sen métrica, en prosa sinxela: áticamente... E afirmo qu'o qu'un escribe é sempre o retrato trasparente da su vida espritoal, íntima. I-eu non podía ser unha esceución...
>
> Afirmo tamén, que teño a creencia de que os millores poetas fixeron a súa millor poesía en prosa... Facer versos e cousa fácil, relativamente; o qu'eu

[1434]Vigo: Editorial Galaxia, vol. I, Autores.
[1435]Alonso Montero, X. (1996): *Coroa poética para un mártir. 35 poemas á morte de Alexandre Bóveda (1936-1994)*, Vigo, Ed. Xerais de Galicia. "Mensaxe de Bóveda", pp. 39-40. Sen embargo, o profesor Alonso en *Coroa poética para Castelao (187 poemas: de 1911 a 1987)*, (Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 1988) non recolle os dous que lle escribiu a Castelao. Tampouco Xesús López Fernández (autor-editor), no seu exhaustivísimo volume de *Poemas á nai* (Santiago, 1999), chegou a escolma-lo que lle dedicou a Aurora Rodríguez.
[1436]Reseñaron o acto o periódico *A Nosa Terra*, nº 880, (29-IV-1999), e *O aguillón. Boletín Municipal do BNG da Merca*, nº 0, (II-2000) (este último facilitado por Xosé Lois Seara Fernández).
[1437]"Letras de luto. Manuel Celso... ", art. cit.

> alcontro difícil —con Unamuno e Capdevila— e "escribir en prosa, persoal estilo, qu'e o difícil", e qu'é onde se atopa coa verdadeira persoalidade do qu'escribe...[1438]

Despois desta "Confesión" non era de esperar unha obra extensa. A que coñecemos redúcese a un poemario en galego e unhas cantas composicións máis, en galego e castelán.

O 20 de marzo de 1953 saía dos Talleres de la Casa del Niño (Santiago de Chile) o volume *Saudade. Un limiar e catorce poemas galegos*, edición de luxo ilustrada polo pintor catalán Emili Piera, libro que foi ben acollido pola crítica[1439]. Na portada, xunto a unha paisaxe da terra, o escudo de Santiago coa bandeira galega sobreposta. Dedicado á única filla que tiña entón, Aurora-Elena (Ruliña), preceden ó Limiar tres textos que, ó igual que este, son significativos para a interpretación xeral e para entendérmo-lo compromiso que encerran os poemas.

En el relato "Fisiognomía", fechado en Madrid en 1934, se dramatiza el decisivo encuentro en un metro entre un joven apocado e intelectual y una joven pizpireta y hermosa. La actitud de él hacia la muchacha, llevado por su timidez y por su encierro en la esfera de las abstracciones, es la del científico alejado del mundo fascinado ante la belleza. Ella, encarnación de la vitalidad espontánea, no puede sino espetarle ante su indecisión: "tú estás cada día más criatura, más fuera del mundo. Cuando hablas con los demás, da gusto escucharte. Y en cuanto te quedas solo conmigo, no dices más que bobadas." (32).

La explicación que el joven trata de darle discurre por los cauces de lo filosófico: el amor hace aflorar una veta simplista difícil de separar de la estupidez, y esto es lo que le hace retraerse. Su justificación se extiende, como un mal endémico, a una sociedad que no ha aprendido a admitir la sinceridad del verdadero amor, llena de prejuicios ante la libre expresión de los sentimientos. Esta alambicada explicación, sustentada con los más pretendidamente asépticos términos, no convence a la sencilla muchacha que sólo busca una actitud más próxima de quien, en apariencia, ha logrado penetrar en su esfera emotiva.

Por supuesto, esta situación tan idílica trocará en burla cruel al final del relato, pero el comportamiento del joven ya ha revelado una incapacidad para las relaciones sociales en un entorno complejo que, como ella le reprochaba, no deja de ser infantil. Amparado tras su muro de intelecto, el muchacho ha emprendido la huida de los conflictos que suponen las relaciones sociales. Y si bien este aspecto no es desarrollado debido a la brevedad del texto y al desplazamiento final de la focalización hacia ella, sí que revela cómo de nuevo la infancia aflora en muchos de los miedos del adulto.

Similar miedo al compromiso es el que estructura el relato "Veinte minutos", publicado en Buenos Aires en 1943. Jenaro, su protagonista, vive en un mundo imaginario en el que se sumerge para llevar a buen puerto las conquistas amorosas para las que le incapacita no tanto su timidez como la conciencia de que su encuentro ideal resulta imposible: "la íntima lucha de Jenaro se originaba [...] en querer afrontar y aun provocar toda clase de dificultades para darse el triunfo de resolverlas en obediente ternura y en no atreverse a nada de esto" (79). Como un doliente héroe romántico, sus fuerzas flojean ante la magnitud de la empresa de la cual le priva su incapacidad infantil. Huida, pues, la que emprende Jenaro y que le ha marcado durante toda su vida, ya que su germen no proviene de una desconfianza por su madura edad, sino de un defecto presente ya en su niñez: "No había podido vencerse, nunca; cuando era muchacho, porque nadie iba a tener en cuenta las efusiones de un mocosuelo; cuando andaba con la flor de los veintitantos, porque podrían echar a la cuenta de las calaveradas propias de esa edad sus serios propósitos"(81). Un miedo irracional al qué dirán ha enterrado su vida sentimental como estandarte de su inmadurez.

De nuevo Blanco-Amor tratará de pasar por encima de esta situación dando una vis cómica a la conclusión del relato, pero una comicidad que revela cómo la falta de decisión es determinante en la frustración de los anhelos del individuo.

Basten estos dos ejemplos para dar cuenta de un planteamiento que también encontramos en otros relatos: la pérdida de la compostura en el protagonista de "El esquizoide"; la falta de compromiso de Gregorio en "Los grandes propietarios"; la presumida actitud de no afrontar el paso del tiempo en "La edad de mi prima Adelaida"... Y, sobre todo, la amarga constatación de la imposibilidad de un retorno reparador o del olvido de una etapa vital, que marca indeleblemente las relaciones con el doloroso presente adulto, marcado por la huida, por la privación de la patria, física y espiritual.

2. *A ESMORGA*[1489]: EL APRENDIZAJE DE LA LEYENDA

A Esmorga, como siempre se ha dicho, constituye una excepción: es la única novela larga de Blanco-Amor que se aleja del tema de la infancia como motor de la narración[1490].

No insistiré en los componentes de una novela tan conocida y analizada desde los más diversos prismas. Surgida, como tantas de las situaciones que configuran el universo de Blanco-Amor, de un recuerdo de infancia, *A Esmorga* es, además de muchas otras cosas, una manifestación práctica de cómo las consejas e historias oídas, la percepción del entorno de su Galicia natal, caracterizan el modo de tratar las personas que lo pueblan desde y con un poso de la infancia más que notable.

Surge, pues, la visión de la novela como una leyenda más en ese acervo popular con el que habrá de convivir el individuo, formando su actitud vital y, al mismo tiempo, alimentando los miedos que el niño nunca dejará en su vida. Esta dependencia de la tradición tendrá una función esencial en *Xente ao lonxe*[1491]:

> ...aquelas lerchas e peplas que aínda non acreditaban no que vían cantimais en tesouros petados e rabos de gaita.
>
> (ainda que si cadra e polo baixo si, porque de no creren nisas e outras andrómenas, ¿onde ía coller azos a cativa xente pra seguir vivindo, polo menos até que non lle chegase o intre de se encacifar no ceio, tesouro serodio dos probes, e que, aínda eisí, tiña a contra de que, pra acadalo, primeiro había que morrer). (224)
>
> (Mais a min somellábame que era millor acreditar niles, i eu acreditaba porque tamén podían seren certos; e que podía ser certo que houbese miragres no noso pobo, que outros máis pequenos os tiñan, como ser Santa Mariña de Augas Santas, que lle cortaran a cabeza que pegou tres chimpos, fala que te fala, facía dous mil anos). (254)

[1489] BLANCO-AMOR, Eduardo (2000): *A Esmorga*, Vigo, Galaxia, (18ª ed.). La traducción castellana cotejada es BLANCO-AMOR, Eduardo (2001): *La parranda*, Gijón, Ediciones Trea.
[1490] Vid. RIVEIRO ESPASANDÍN, Xóse (2000): "La recuperación de la infancia...", art. cit., p. 38.
[1491] BLANCO-AMOR, Eduardo: *Xente ao lonxe*, en *Obra en Galego completa. I.*. op. cit.

Aunque los ejemplos no sean tan numerosos en *A Esmorga*, Cibrán Canedo, el narrador, el testigo de cargo, admite en varias ocasiones la influencia perniciosa de las historias contadas en la integridad anímica: "Naquil istante tiven medo, máis que a cousa diste mundo, pois non son eu dos que lle fuxen ás cousas diste mundo, a calisquera cousa que podía vir de non sei onde." (37)

En algún momento, para poner de manifiesto la evidente distancia formal entre esta novela y las otras del autor, se ha explicado que ésta no es una novela de aprendizaje[1492]. Xavier Carro profundiza en esa idea: "os personaxes non ponen en práctica os valores aprendidos e desembocan nunha conducta amoral e delictiva, nunha experiencia negativa que os rebaixa ata o nivel da animalidade[1493]." Sin embargo, hay que matizar esta afirmación: si bien este aprendizaje no conlleva la evolución del niño hacia la vida adulta, como en *La catedral y el niño*, *Los miedos* o *Xente ao lonxe*, los protagonistas sí ponen en práctica los valores que han aprendido en su entorno. La diferencia es que no es el proceso de aprendizaje el que se muestra, sino su culminación, y el problema surge al constatar que esos valores responden a una amoralidad que conduce y ha conducido –y eso es lo que han vivido y aprendido- al delito y a la "animalidad". En ello radica la perversión del aprendizaje.

Este comportamiento por momentos brutal, por momentos infantil, no es inherente ni corresponde a una actitud espontánea de los personajes, sino que surge, sin llegar a caer en posturas deterministas, del entorno vivido y de una tensión dialéctica que el propio autor expone en su "Justificación" a la edición castellana de *Aquella gente...*:

> Lo que trato de hacer es que las gentes que deambulan por estas y otras páginas cuenten la suya [su historia], de la que yo me voy enterando como uno más.

[1492] Aunque tampoco ha faltado quien vislumbrara esta posible filiación: así, Vicente Araguas: "...quitando *A Esmorga* (libro que dalgunha maneira tamén podería acadar o calificativo [de *bildungsroman*] toda a producción narrativa de Blanco-Amor, en galego e español, é merecente do adxectivo." Vid. ARAGUAS, Vicente (1997): "Eduardo Blanco-Amor: unha perspectiva", en *Xornadas Eduardo Blanco-Amor*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, p. 89.

> [La gente opera] sobre revulsivos emocionales, casi diría vecinales, que tienen, asimismo, que ver con otras formas de vida; o sea, que responden, como pueden, a una especie de pulsión iluminada, y muchas veces heroica, sin pretenderlo, puesta en acción precisamente por aquellos a quienes la teoría literaria llama "antihéroes". [...] todo lo humano que no ocurre en el imposible vacío, ocurre en lo social sin necesidad de proclamarlo.
>
> [El fluir histórico] se configura en acciones, casi siempre reacciones, de unos pocos hombres y mujeres que escogen su vida (eso es la conciencia, aunque no se llame social) en el sentido de ponerla a salvo, en ellos y en los que vendrán, del "determinismo" feroz en que fueron nacidos, como tales pobres de cuerpo y alma, y transfigurarla y proyectarla hacia una conciencia extrapersonal del ejercicio del "ser", en sociedad y en solidaridad. Tal vez por este lado lo "social" se llame socialismo; no lo sé.
>
> [Los personajes son] mostrados y respetados en su vida de gente y devueltos a la gente (lector) sin argucias ingenieriles puestas a funcionalizar la existencia humana, sino mediante la afición humana y la adivinación poética propios del sino del autor[1494].

Esta causalidad es perfectamente explicada por el narrador, Cibrán Canedo, a la hora de justificar su prolija declaración ante el juez: "Na vida dos homes, aínda dos homes coma min, non lle é todo arroutada, que as cousas requiren ter o seu comenzo, e moita vegadas o que se ve sae do que non se viu, e todo hai que ilo dicindo, anque eisí de pirmeiras non somelle vir ó conto..." (13) Un aristotelismo integrador, que toma consciencia del peso del pasado.

La confesión del protagonista de *A Esmorga* remite, por otra parte, a un tipo de personaje de la novela tremendista que a duras penas podemos desligar

---

[1493] CARRO, Xavier (1993): *A obra literaria de Eduardo Blanco-Amor*, Vigo, Galaxia, p. 169.

[1494]BLANCO-AMOR,Eduardo (1976): *Aquella gente...*, Barcelona, Seix Barral, p.p. 15-17. Es interesante la apreciación que se hace en la entrada sobre esta novela en el reciente *Diccionario da Literatura Galega III. Obras*, Vigo, Galaxia, 2000, p. 183: "os personaxes protagonistas son víctimas do determinismo xenético e ambiental, que faría posible unha interpretación da obra segundo as leis da traxedia clásica".

de la concepción de un niño demasiado resabiado por sus experiencias, y con esos ojos aún ingenuos contempla los motivos y las pulsiones de los demás personajes, sin ocultar los suyos.

De nuevo hemos de acudir al término de perversión para afrontar el conocido episodio de la muñeca, determinante de la acción de la novela, además de uno de los más esclarecedores con respecto a la exposición del comportamiento infantil de los adultos bordeando el terreno de lo socialmente lícito.

Como señala acertadamente Xavier Carro, en esta situación se aplica una estructura de cuento clásico, de mito legendario, según el esquema más ajustado a la estructura proppiana[1495]. La contemplación del objeto de deseo provoca en el héroe la necesidad de emprender su búsqueda, que sólo se satisfará con el encuentro. Sin embargo, "O Bocas", el protagonista, se encuentra más cercano al niño que necesita de la ilusión que provoca la historia, un niño presente no sólo en su comportamiento, sino incluso en su presencia física, que al heroico personaje de cuento. O, mejor dicho, el héroe del cuento es, como en muchas ocasiones, un trasunto del niño, con un comportamiento infantil que resulta complicado diferenciar de la locura. Mientras el narrador, Cibrán, muestra su constante falta de decisión, "o Bocas" se deja llevar por un capricho impulsivo: "...o Bocas era eisí, vertolán coma un pequecho, e cando algo se lle metía na cachola tiñao que facer anque metese nelo a vida; porque, eso si, home destemido non conecín outro á par dil." (79). Así, ante la mujer deseada, quien hasta ahora había mostrado una actitud más arrojada, "o Bocas", no puede evitar denunciar su verdadera cara oculta: "o Xanciño fitaba pra a dona, quedo, aloleado e cun sorriso que somellaba o pucheiriño dun neno cando vai botar a chorar..." (94).

Pero ese cuento en más de una ocasión se trastoca en historia de viejas, en leyenda y cuento de ultratumba, sobre cuya importancia ya dejamos constancia, aflorando de este modo los miedos ancestrales. En un primer momento "o Milhomes", ante esta visión sobrenatural de la mujer que fascina a "o Bocas", exclama ofendido: "Xa che teño vintecatro anos e pasoume o tempo

de crer en bruxas" (36); poco después, habrá de ceder al peso de esa tradición: "A ver si agora resulta certo que hai feitizos coma nos contos das vellas" (55). La edad, sin embargo, no ha pulido su tendencia a obrar inconscientemente llevado por la irracionalidad, lo que le lleva a una búsqueda del placer más primario en la creación del desorden.

No es insólito en el universo de Auria la confusión de lo real con lo legendario, incluso con carácter ponderativo. Así, el protagonista de *Los miedos* no encuentra otro argumento mejor para expresar la diferencia del pueblo con su entorno habitual:

> Los relatos, y a veces las mismas personas, que nos llegaban a la ciudad, no semejaban cosas de este mundo, aun dentro de la lógica con que las cosas sucedían, o parecían suceder. Gigantones que, de un día para otro, se desmoronaban por "la caída de la paletilla"; criaturas que perdían los colores, vampirizadas por las brujas; mujeres que quedaban gravemente enfermas "de una aparición"; trasgos que no dejaban dormir[...] Los días que mediaban entre nuestra llegada y la de los invitados, o de los que se invitaban, me los pasaba contentísimo entre los aldeanos, como si estuviese viviendo cuentos representados por gente de carne y hueso, que hasta alguna vez he pensado en si no estarían burlándose de mí"[1496].

A fin de cuentas, la capacidad o virtud para crear un mundo de creencias se ha asociado siempre a la idiosincrasia gallega, que no es sino la transposición de un pasado heredado por vía oral al presente cotidiano; sin embargo, en "o Milhomes" encontramos un raro ejemplo de cómo un hombre adulto ha de enfrentarse, con reticencias y dudas, a esa posibilidad, aflorando un temor atávico que llegará a hacerle flaquear en los momentos decisivos.

Por otra parte, la descripción de la muñeca-mujer, antes de ser desvelada esa doble naturaleza, aglutina todos los rasgos de perfección femenina, e incluso la exceden. La muñeca es presentada en un primer

---

[1495] CARRO, Xavier (1993): *A obra literaria...,* op. cit., p. 127-130.
[1496] BLANCO-AMOR, Eduardo (1989): *Los Miedos*, Barcelona, Destino, p. 31-32.

momento como un ser mágico, dotado de rasgos casi divinos: "decíase no pobo que todas as mañás, dende o raiar da ialba asomábase á galería que dá ó xardín para lle dare frangullas ós paxaros que, polo visto, víñanlle comer á mau armando grande rechouchío, que hastras disque somellaban falare co ela." (31). Su presentación, digna del más elaborado relato romántico, se completa con la constatación de su belleza hoffmanniana: "Era branca, branca, co cabelo negro... Tiña os brazos núos, cheios de alfaias, botados para fora da fiestra, coma si quixera que se mollasen coa iauga de chuvia, e tiña posto un vestido, branco tamén e livián para o tempo que facía, coma se non lle importara ren de frío..." (37) [1497].

La violenta reacción de "o Bocas" que prosigue al desengaño y que provoca la destrucción del objeto de deseo, expresa una actitud irracional que nos evoca inmediatamente otra situación análoga llevada a la pantalla por otro exiliado, Luis Buñuel. Archibaldo de la Cruz, al encontrarse ante la burla que le lleva a confundir a su desdeñosa amada con un maniquí, réplica exacta con todos sus atributos de belleza, experimenta un ataque de cólera que le lleva a cometer el único crimen de que es capaz: la cremación de la muñeca[1498]. Una rabieta, una representación freudiana de la frustración que lleva a la destrucción de aquello que no se puede conseguir: en ambos casos, un comportamiento que revela la más inmadura faceta de quien esconde su ser infantil bajo una máscara excesivamente endeble.

Las interpretaciones psicoanalíticas son, sin duda, las que más luz han arrojado sobre este complejo pasaje. Como ha estudiado en un revelador

[1497] Mucho nos recuerda esta descripción la que ofrece Serrano Poncela en su relato "La copa quebrada" de la mujer que suscita la fascinación de todos los hombres de su pueblo, y en la que se confiesa explícitamente la deuda con Hoffmann y la tradición literaria romántica y del decadentismo, lo que por supuesto no puede confirmar un personaje iletrado como Cibrán. No obstante, en aquella ocasión tratábase de un personaje real deformado por la mitificación que realizan sus propios conciudadanos.

[1498] Víctor Fuentes señala cómo el componente fetichista de Archibaldo de la Cruz procede de la infancia del protagonista, época vital en que se forjan las criminales pasiones que le llevarán a una situación cercana a la locura. Véase FUENTES, Víctor (2000): *Los mundos de Buñuel,* Madrid, Akal, p. 96-98.

artículo Manuel Forcadela[1499], la búsqueda de la muñeca tiene mucho de mito freudiano de búsqueda de la madre:

> A interpretación da escena non deixa lugar a dúbidas. Temos, en primeiro lugar, a presentación da boneca como unha maternidade, isto é unha figura femenina que sostén un neno en brazos. A muller, obxecto do desexo do Bocas, non é unha muller virxe ou solteira, senón casada é con fillos. O Bocas, denominado agora o Xanciño, modifica a súa actitude para regresar á infancia, "e cun pucheiriño dun neno cando vai botar a chorar. Pero a nai branca, ocupada no coidado doutro neno, non se inmuta. O primeiro paso é a destrucción dese outro neno, un boneco en realidade, que cae facéndose cachizos contra os azulexos do sobrado. A nai, o sexa a boneca, permanece indiferente, sen emprestarlle a menor atención ao que está a suceder. E o Bocas guíndaa no chan para fundirlle, despois, dúas ou tres veces o tacón na súa cara de boneca.

Esta satisfactoria explicación la completa Forcadela con el análisis del concepto de feminidad que traspasa toda la novela y con la identificación del autor con ese niño latente que es el escritor, destruido por la figura paternal del padre, "o Bocas". Pero aún hemos de hacer algunas apreciaciones.

En primer lugar, la falta de referentes al verdadero padre, Andrada, cuya presentación entra de lleno de nuevo en el terreno de lo fantástico: perteneciente a una familia de rancio abolengo marcada por el signo de la enfermedad, viajero empedernido por el mundo y ajeno por tanto a la vida cotidiana del pueblo, reúne todos los alicientes para convertirse en un sujeto sobre el que especular. Además, la belleza de su mujer, traída del extranjero y nunca vista por nadie, enciende la inflamable imaginación de los aldeanos, que ven en Andrada a un celoso, a un huraño, incluso a un asesino. Como no podría ser de otro modo, todo han de ser "latricadas de folgazás e contos de vellas" (32)

Sin embargo, Cibrán nunca volverá a hacer referencia a Andrada, tras el trascendental descubrimiento. Sólo "o Bocas" se atreverá en su arrebato a

[1499]FORCADELA, Manuel: "Unha visión psicoanalítica de *A Esmorga*", en *Xornadas Eduardo*

insultarle: "Grandismo fillo de puta de tolo!" (95). Un descubrimiento que por fin define a este sujeto como un ser inmaduro, pariente literario del Mr. Hughes de Sender[1500], y que revela sus perversiones más secretas e "innombrables". No obstante, quien cargará con el oprobio de haberse enamorado de una muñeca será "o Bocas", que asume el papel de hijo desdichado por la acción de un padre desaprensivo.

En segundo lugar, derivado de lo anterior, la función de madre de la muñeca está en un segundo plano con respecto a la de mujer. La atención que suscita en todos los personajes del pueblo por su belleza fomenta las pasiones y el interés de los jóvenes, y "o Bocas" se muestra especialmente sensible.

Además, como ocurría en *La catedral y el niño*, la figura de la madre no se sustrae a esa permanencia de lo infantil, por lo que no puede ofrecer una garantía de seguridad. En aquella novela, la madre "conservaba ella, como trasfondo de su carácter grave, una zona infantil que su existencia prematuramente empujada a las más brutas responsabilidades había dejado intacta"[1501]. Aquí, la madre, de forma simbólica, ha manifestado su incapacidad para cuidar a su propio hijo, al que ha dejado caer de su regazo, quebrándose en mil pedazos, lo mismo que le sucede al amante que la pretende.

No es "o Bocas" el único en presentarse con rasgos infantiles; como hemos señalado, "o Milhomes", es también un representante de esa niñez adulta, especialmente por su porte aniñado, que sirve para profundizar desde el psicoanálisis en la espinosa interpretación sobre la homosexualidad latente de este personaje, y por lo tanto, como trasunto del propio autor.

Más interesante resulta Cibrán, quien solapadamente se integra en la galería de personajes que ya habíamos visto en las obras primerizas de Blanco-Amor. Si antes aludíamos a su actitud ante el episodio de la muñeca, la confesión de su falta de responsabilidad y determinación es constante, aunque

---

Blanco-Amor..., op. cit., p. 95-118.

[1500] Recordemos que este personaje, desencantado del mundo y amparado por su excepcional riqueza, sólo encontrará un atisbo de sentimientos en una muñeca, ante la cual puede ejercer su dominio y obrar según su voluntad. SENDER, Ramón J. (1984): *Hughes y el once negro*, Barcelona, Destino.

[1501] BLANCO-AMOR, Eduardo: *La catedral y el niño....*, op. cit, p 27-28.

no exclusiva. Los mozos, como tantos otros personajes de Blanco-Amor[1502], desvían la mirada ante aquello que les afecta o de lo que son directamente responsables. Así, tras el incendio del pazo, "o lonxe víase no ceio un tramo aceso polo lume do pazo, e cada un ollaba para aquel costado do áer cando coidaba que os outros no o vían. Pro non nos dixemos ren, coma si non tivesemos que ver co aquello..." (60). Esto acentuará su permanente escapada, que no hará sino agravarse progresivamente.

Cibrán, quizá como mecanismo exculpatorio, alude constantemente a su falta de decisión para negarse a proseguir la andanza. Los dolores en los pies, su cansancio, su promesa de redención ante su novia, son esgrimidos como excusas ante sus amigos, pero nunca serán aceptadas ni él las blandirá con convicción. Ese ser carente de voluntad sólo encontrará dos argumentos para su decisión: el compromiso con los amigos, que le empuja a seguir en la empresa de la muñeca, y lo que denomina "pensamento". Este "pensamento", que obnubila su capacidad de razonar, poco tiene que ver con una actitud madura[1503], sino todo lo contrario: se trata de una suerte de mecanismo de defensa ante situaciones que no puede afrontar con sus plenas facultades mentales. De nuevo, y aquí hemos de reforzar nuestra tesis, se trata de algo que se ha quedado incrustado desde su infancia en su naturaleza, y que siempre le acompañará, siendo responsable de su violenta muerte: "porque polo menos cando eu era rapaz, que xa me viñan estas cousas, anque aínda non atinara a chamarlles "pensamento", ó menos curtábanseme co acidente, que era aisí coma quen se durme..." (83).

Su único refugio, como es lógico, será el ente femenino. No es casual que la novela se abra con la imposibilidad de ocultar su sensibilidad ante la "Raxada", es decir, ante la figura que aglutina la condición de amante y de madre:

[1502] Significativo es el caso de las prostitutas en *Xente ao lonxe*, figura tan esencial del panorama femenino de Auria, avergonzadas de su propia condición al tener que enfrentarse ante los demás: "... que xa estou farta de andar en contos da xente, que non pode unha gañar a vida honradamente (...)e vésme agora con ises escrúpulos, que si me verán, que si non me verán... (216) ...todo se vai sabendo ao seu tempo aunque despois lle dea a un vergoña o ter sido tan parvaxolas e babión. (240).

> E tanto me palicou que me fixo engradar, que endexamais unha muller me fixera engradar, fora da miña nai, que as nais anque fagan engradar a un non é vergoña para un home. [...] coa Raxada un quédase na quentura do leito e un vaise trocando nun cativiño, acochado descontra o seu seo, que o ten ancho e fermoso, coma si fora a nai dun, aínda sendo máis moza do que un...(12)

Como señala de nuevo Carro, el hecho de ampararse en el pecho de la mujer, que trata de alejarlo de la senda nada escondida de la parranda "resulta revelador da ausencia de cariño que con frecuencia afecta ós individuos adultos."[1504] De este modo, se completa la globalizada dependencia del comportamiento de cada uno de los protagonistas de una faceta originada en su pasado.

3. CONCLUSIÓN

Haciendo un somero repaso, los elementos que caracterizan el comportamiento de los "esmorguistas" son:

- sometimiento a la autoridad de forma;
- comportamiento cruel y agresivo de los personajes;
- credulidad y falta de discernimiento entre lo real y lo imaginario;
- falta de madurez ante la negativa, que conduce al asesinato final;
- escrúpulos y falta de aceptación ante los propios actos.

Complementando el carácter excesivamente maduro de los niños del mundo retratado por Blanco-Amor, estos adultos, recién iniciados en la nueva etapa, evidencian el peso de una infancia dolorosa y precipitada en la que no han aprendido tanto a controlar sus pasiones –en el sentido más blancoamoriano- como a desenvolverse en la vida, mostrando una deficitaria capacidad de relación social y de distinción en el terreno moral.

[1503] Y, quizá, ni siquiera patológica: la interpretación de estas crisis como epilepsia no justifica plenamente el profundo cambio que se obra en Cibrán, especialmente en el plano mental.
[1504] CARRO, Xavier: *A obra literaria...,* op. cit., p. 154.

El mundo de Blanco-Amor parece haberse trastocado. Infancia y perversión: dos conceptos tan divergentes se aúnan en la plasmación de una complejidad que el individuo no logra manejar conscientemente, y que se aúnan para mostrar el desarraigo de quien, con temor, se plantea si ha perdido no sólo un periodo esencial de su vida sino también un espacio, un tiempo, una parte de sí mismo.

ALEJANDRO DEL VALLE, UN POETA GALEGO NO PARÍS DO 68

Xaime Varela Sieiro

1. INTRODUCCIÓN

Ata o de agora, os estudios sobre a emigración galega dirixiron o seu enfoque e perspectiva, de xeito fundamental, cara América. O fenómeno migratorio a Europa sempre foi tratado con menor intensidade. Sen embargo, existen bastantes argumentos para reclamar unha maior atención para o que sucedeu en varios países europeos, entre eles, Francia pois na súa capital instalouse un bo número de galegos.

De primeiras, atopámonos en París cun grupo de exiliados políticos trala Guerra Civil como podería selo caso de César Alvajar ou mesmo Enrique Líster; máis tarde, establécese na capital francesa outra xente tamén oposta ideoloxicamente ó réxime como o médico dezao José María Fernández Colmeiro e Santiago Álvarez que, chegado a París en 1964, funda na capital do Sena o Partido Comunista de Galicia no 1968. Na órbita do movemento comunista instalado na capital francesa cómpre sinalar dúas publicacións interesantes nas que a lingua galega xa está presente: *Nova Galicia. Revista de Cultura y Política* (París 1966-Edegem 1975) e *A Voz do Pobo*, órgano do Partido Comunista de Galicia que ve a luz o 30 de agosto de 1969; é, sen dúbida, unha das publicacións máis importantes da oposición ó réxime: o coñecido volume *Galicia hoy* publicado por Ruedo Ibérico no 1966.

Por outra parte, dende finais dos anos 50 comezaron as migracións masivas a Europa e París, en tanto que gran capital mergullada no seu desenvolvento económico, acolleu un importante continxente de obreiros galegos que, dende entón, intentan mante-la unidade de grupo a través das asociacións. O seu grao de implicación e de relación co entorno da resistencia coidamos que aínda está pendente de estudio; por exemplo, coñecemos

persoas que participaban en actividades políticas e nas propias do movemento asociacional. Ó amparo dunha agrupación deste tipo como era "O Toxo" tamén foron posibles publicacións de marcado carácter político como o único libro que se chegou a escribir dun proxecto que pretendía elaborar, por fascículos, unha historia de Galicia, titulado *Galicia. Un pobo, unha nación* (Agrupación Cultural O Toxo. París, setembro de 1975). Outras publicacións posteriores do asociacionismo galego en París como o *Boletín Casa de Galicia* (1977-); *Sempre. Boletín do Centro Cultural Galego o Toxo* (1978) ou *A voz da Lareira* (1984-1992) reflicten xa unha situación política ben diferente.

Pois ben, unha das persoas que se movía con relativa frecuencia no ambiente político da oposición ó rexime e máis na contorna das asociacións de galegos na capital francesa foi precisamente Alejandro del Valle, a quen lle adicaremos este pequeno traballo[1505].

2. ALGÚNS DATOS BIOGRÁFICOS

As noticias que temos de Alejandro del Valle proveñen fundamentalmente dunha nota necrolóxica, non demasiado rigorosa, asinada por A. G. Fontán aparecida no nº 8 (1986) da revista *A Lareira. Voceiro da Casa de Galicia. Asociación Cultural*. Por outra banda, as persoas que o coñeceron en París sempre se amosaron reticentes á hora de falar deste personaxe calificado a miúdo como "era daquela maneira"; tanto é así que a penas puideron achegarnos máis datos dos que aparecen nesta pequena nota; agora ben, insistíronnos sobre a escasa fiabilidade que poderían ter algunhas desas noticias. Por outra parte, as nosas pesquisas no Consulado de España para recabar máis datos foron infructíferas.

A estas alturas cómpre xa desvelar que Alejandro del Valle era un pseudónimo. Realmente chamábase Veremundo Rodríguez González; politicamente era coñecido como "Montalavaca". Naceu en Sampaio no concello de Petín no 1910, fillo dunha parella castelá que se asentou nesta pequena

[1505]Sirva tamén como adicatoria para tódolos galegos de París que tan ben me acolleron durante estes cinco últimos anos: á xunta directiva de A Nosa Casa de Galicia e a todos os seus socios e, en especial, a Amador "Ramón", a Saturnino, a Tucho, a Celso e a Barbazán, a vosa ilusión fainos medrar; a Gonzalo Castro e a Josefa Fernández, por todo.

localidade ourensá. Fontán sinala que "emigrou a Cuba de novo, onde coñeceu o comunismo. De volta a Galicia, nos anos trinta, incorporouse como secretario comarcal ó Partido Comunista que dirixía Santiago Álvarez". Do que nos deixou escrito semella, en efecto, que mantivo unha intensa actividade política e sindicalista na comarca de Valdeorras[1506] nos anos anteriores á guerra; por outra parte, o propio Santiago Álvarez, natural dun lugar próximo, confirmounos a proximidade ideolóxica de ámbolos dous neste período.

Fontán sinala, parece atinadamente, que na Guerra Civil foi un "fuxido" e que loitou no exército republicano. En cambio, non puidemos contrastar o seguinte dato, máis aínda, algún dos que o coñeceron considérano falso. Di Fontán "Asegún as novas que teño de amigos de enteira confianza, "Montalavaca" foi instructor do PC no XII Corpo do Exército dos Pirineos, e cando tivo que exiliarse en Francia, loitou na resistencia francesa contra os alemáns".

A partir de aquí perdemo-los trazos deste personaxe ata que a mediados dos 60 preséntase na editorial Ebro dicindo que é poeta e que chega de viaxar por Arxentina e por Cuba. Non sabemos cando volveu cruza-lo charco pero a súa lingua escrita, sexa galego ou castelán, fortemente impregnada de galicismos e o emprego dun francés bastante correcto nos seus libros de poemas, se ben podería contar cunha axuda externa, conlevan a pensar que, debeu pasar bastante tempo en Francia. Con respecto a esta segunda súa estadía en Cuba, un coñecido seu indicounos que, en efecto, estivera na illa apoiando á revolución castrista.

Trala súa chegada a París comeza a relacionarse coa contorna do Partido Comunista sendo un dos activistas importantes. Colaborou, sobre todo, en tarefas organizativas e propagandísticas en eventos destacados da capital francesa como nas manifestacións de maio do 68 ou no famoso mitin de Montreuil onde estaba á fronte do stand da editorial Ebro. Esta relación co PC así como a súa antiga vinculación xa en Galicia serían o motivo das, coidamos,

[1506]No poema "Na caba e na escaba" incluído en Galicia Poética escribe o seguinte: Veo a República; pasou a República: legalidad, / podese falar, / Exixese... O patronato rise dos "traposos" de / Sampaio e d'outros. / Volvín de por esos mundos, non era como ahora / qu' as aldeas se vacian, / Aldeas e vilas se vian repletas, sin saber que / facer dos seus brazos.

exaltadas verbas de Fontán ó definilo como "vello dirixente do Partido Comunista Galego". Por outra banda, a súa relación co asociacionismo galego témola documentada dende o 1973, data de creación da Asociación Cultural Galega o Toxo da que segundo Fontán "foi un dos primeiros socios... participaba con moito entusiasmo".

Da parte final da súa traxectoria vital pouco sabemos a non ser que viviu a duras penas xa no cuarto dunha pensión xa nun pequeno apartamento fornecido polo departamento de asuntos sociais da alcaldía de París. Morre en 1986 e como di Fontán "os seus compañeiros de París, xenerosos e doridos, costearon unha lápida que testimonia o moito que sentiron o seu pasamento". Un grupo de emigrantes galegos trasladárono dende París para darlle sepultura no cemiterio de Santa María de Petín.

3. A SÚA OBRA

A producción que coñecemos de Alejandro del Valle está constituída por oito libriños publicados entre 1967 e 1973 na capital francesa. Como el ben indica nun índice da súa obra que inclúe na segunda edición de *Galicia Poética* (1973) tratábanse de libros editados polas súas propias mans e por conta súa cunha multicopista que tiña na súa casa. Daquela debemos tomar con certa reserva a afirmación de Fontán segundo a cal era un "profesional da industria tipográfica". Polo demais, el mesmo encargábase da distribución dos libros por algunhas das librerías da rexión parisina que nos refire na parte final deste libro, a saber, na Librairie du Globo, na Librairie Espagnole, na Librairie du Metallurgiste e en Ebro Éditions en París; en Montreuil na Librairie Balvain, na Librairie Guy Moquet na Courneve e, finalmente, na Librairie Paul Elouard en Seine-Saint Denis. E incluso depositou persoalmente os seus libros na Biblioteca Nacional Francesa polo cal, que nós saibamos, é o único lugar onde se pode consulta-la totalidade da súa obra.

Alejandro del Valle era coñecido entre a emigración galega de París como "o poeta", pois a súa obra é, en efecto, fundamentalmente poética, ou mellor, exprésase a través do verso. O primeiro libro que deu ó prelo foi no 1967; é unha especie de antoloxía poética títulada *La poesía revolucionaria español*.

Dous anos máis tarde, en 1969, edita a primeira das súas obras de producción propia: *Háblame de amor*. O intimismo é a pretendida liña temática deste poemario, onde non faltan elementos misóxinos e onde sobrancea a pobreza poética. Ó ano seguinte, ou sexa, en 1970 publica en castelán *Águila intercontinental* e a correspondente traducción ó francés titulada *Aigle intercontinental*. A calidade poética segue a ser de pouco relevo pero agora preséntase como poeta político, social; o ideario da resistencia, o antibelicismo ou o antiimperialismo son algunhas das constantes temáticas desta obra. Tamén en 1970 publica en versión bilingüe francés-español *Cité de la nuit*, libro ó que non puidemos ter acceso; así e todo, en 1972, noutro libro bilingüe francés-español, *Poèmes pour le Vietnam*, escrito coa colaboración de Franco Bianciardi, continúa vertebrándose sobre o seu ideario político; como dicía Fontán "foi un loitador pola liberdade e a xusticiasocial... A el que soamente loitou contra a inxusticia, aldraxou ós distadores, que endexamais deleixou o seu pobo, a él Deus, ou quen sexa llo teña en conta".

De toda a súa producción queremos presentar con especial detemento o único libro no que empregou o galego. O seu título é *Poética Galicia*.

4. POÉTICA GALICIA

Ademais de selo único libro no que Alejandro del Valle empregou o galego, foi tamén o único que contou con dúas edicións: a primeira de 1971 e a segunda de 1973. É nesta precisamente onde aparece unha xustificación da primeira edición ó afirmar o seguinte: "La primera edición de este libro, ha sido en ayuda de VOZ DO POBO y de NOVO GALICIA" (p. 101); é dicir, serviu para financiar dalgún xeito a publicación de dúas revistas do Partido Comunista.

Galicia Poética é un libro bilingüe, galego-español, na súa primeira edición. A segunda edición incorpora con respecto á primeira un apéndice bastante considerable, no que se mesturan textos en prosa e en verso, exclusivamente en español. Este feito xustificao do seguinte modo: "Sacamos la presente (edición), para meterla en librería. Escúsenme mis lectores la imposibilidad material de editar esta segunda parte, en gallego, y ciertas erratas de la edición" (p. 101).

A portada do libro coa imaxe de Rosalía de Castro suxire, de primeiras, a tentativa de poñelo en conexión coa tradición poética galega. A continuación, e na segunda edición, atópamos unha nota informativa ó lector anunciando as novidades desta segunda edición.

Poética Galicia ábrese cun poema a título de prólogo dedicado á propia Rosalía. A presentación da páxina é a seguinte:a versión galega nas páxinas pares e a española nas impares. O devandito poema comeza así:

> Valles e mares de lágrimas
> hirmá Rosalía chorache;
> mares formados en sangre
> n'as espiñas que te clavache

e remata,

> Hirmá Rosalía traduzo
> n'estas páginas o teu llanto,
> que os labregos e obreiros,
> intelectuales e mariñeiros...
> harán al fin la alegría[1507]
> por la que lloraste tanto

De seguido continúa cunha especie de selección de poesía galega e, homenaxeando unha vez máis a Rosalía, reproduce o poema de *Follas Novas,* "¡Padrón, Padrón!", coa correspondente traducción ó español que evidencia tamén as súas carencias neste eido que, por veces, afectan non só á comprensión senón tamén á expresión o que denota a ausencia de rigor e revisión; véxase,

mais oxe, o pensar en ti	mas, veo al pensar en ti
núbrasem' o corazón	nuves en mi corazón

Trala inclusión deste poema rosaliano, atopámo-la famosa "Cantiga" de Curros Enríquez da que ofrece dúas versións para o primeiro verso: en galego a

[1507]Parece que por un erro de cálculo de versos neste páxina non lle couberon estes dous versos na versión galega polo que reproducimos os correspondentes á versión castelá.

orixinal do autor e en castelán a que se fixo máis popular. E unha vez máis as súas competencias como traductor quedan manifestas nestes versos:

N'o xardín unha noite sentada	Una noche en la era del trigo
ó refrexo d'o branco luar	a los reflejos de un blanco lugar
Lonxe d'ela de pé sobr'a popa	Lejos de ella de píe sobre popa
d'un aleve negreiro vapor	de un elevado negrero vapor
emigrado, camiño d'América	emigrado camino de América
vay o pobre infeliz amador	va el pobre feliz amador

Unha vía de estudio interesante que se presenta ante o investigador podería sela de coñecer de qué edición ou de onde foron copiados estes poemas pois deste modo chegariamos a saber cál podería ser a súa biblioteca galega e, por extensión, a biblioteca galega en París. Isto puidémolo averiguar, alomenos, tocante os outros dous poemas que escolle para esta pequena antoloxía: "Mariñeiro da Lanzada" do poeta decimonónico Luis Rodríguez Seoane e "Así" de Manuel Seiras (*sic*) Pulpeiro. Ámbolos dous aparecen no volume *La literatura gallega en el s. XIX* de E. Carré Aldao publicado na Coruña en 1903. En verdade, foi o poema de Leiras Pulpeiro o que nos conduciu ata esta publicación pois del existen dúas versións[1508]. Alejandro del Valle reproduce unha que non ten título, desbotada xeralmente polos editores da obra de Leiras[1509], e que coincide de xeito fundamental coa que ofrece Carré ou coa de alguén que seguiu a de Carré. Velaquí algunhas diferencias entre a versión que segue A. del Valle e que Carré data de 1901 e a que dan por definitiva os editores máis importantes[1510]:

[1508]Cf. R. Reimunde (1984): *Manuel Leiras Pulpeiro. Poesía galega completa*. Barcelona, Sotelo Blanco.
[1509]Cf. X. L. Franco Grande (1970): *Manuel Leiras Pulpeiro. Obra Completa*, Vigo, Galaxia. ou X. Alonso Montero (1983): *Manuel Leiras Pulpeiro: o cidadán e o poeta*, Compostela, Ed. Sálvora.
[1510]Con respecto a "Mariñeiro da Lanzada" a versión de Alejandro del Valle aparece con leves modificacións que semellan máis ser obra do propio autor que outra versión; por exemplo, en Carré lemos no v. 14, arringoume com'un lobo ou no v. 27, vinche berrar con furor que o noso autor modifica respectivamente como arrincoume com'un lobo e vinte verrar con furor. Tamén trasloce de novo certos problemas de comprensión pois un verso que di da desleirada areeira acaba en del Valle como da desleirada arceira e en castelán de la desembargada arcilla.

Carré /Alejandro del Valle	editores recentes
(sen título)	"ASÍ"
v. 1 Tiña(n) so(i)lo o pobre amparo	Tiñan nada máis o amparo
v. 3 Y-andaba él dado ô demo	E-andaba el dado a Xuncras
v. 5 Pro sentiron os salayos	Pro sentiron os saloucos
v. 6-7 D'a patria â que tantas penas / fan pasar catro xudíos (en A. del V. pasar catro...)	Da Patria, á que tantas penas / fan pasar catro xudíos
v. 11 E, cand'ô irse Fuco â porta (en A. del Valle, E, cand'ô irse o seu Fuco)	E, cando ao seu Fuco á porta
v. 13, Díxolle o pai, saloucando	Díxolle o pai sotelando

Polo demais, non sabemos se intencionadamente ou porque xa non lle cabían na páxina, resulta que Alejandro del Valle elimina os últimos catro versos, paráfrase dun poema de Rosalía que á súa vez o eran dun de Ventura Ruiz Aguilera: "E así son sempre pra España / os patrucios desta "terra / esquencida, que española / nunca chamarse debera!".

Despois desta selección poética galega sitúa a súa producción, semella que tentando manter unha certa orde cronolóxica relativa a data de composición.

O primeiro poema titúlase "Os meus irmaos campesinos" e dátase en París a 19 de agosto de 1965. Nel denuncia a grave situación que atravesaba o campesiñado, víctima dun sistema político e económico anticuado e opresor que afogaba todas as esperanzas dun porvir mellor. Principia así: "No campo eu nacín / n-él vivín a sus penas, / miseria e explotación; / a sua sangre corre n'as miñas venas / ca da miña clase obreira / latindo no corazón. A unión do campesiñado co proletariado é a única solución ó problema, " Campesiños... / túa é a terra; / túa é a que traballas / túa é a que folga / en inmensas extensións / en poulo sin producir nada / para recreos de caza... / teu é porvenir / unido ó proletariado... / A unha ahí todos unidos / as súas luitas, as súas accións... E remata "O barrer a tiranía / ti farás en xusto día / un xardín

dos nosos campos. Á parte do seu interese sociohistórico cómpre recoñecer o seu valor lingüístico en tanto que se enxerga con claridade unha variante diatópica do galego así como a penetración do francés neste rexistro, por exemplo, nos seguintes versos, "Cuando inundacios hay / cuando as pestes te arcelan / mendigando van por ti / explotando o sentimento / popular do teu dolor / e miseria en que quedache. Na mesma liña temática habería que situala seguinte composición: unha canción titulada "Na sega" onde volve facer fincapé na esperanza dun futuro mellor: Seguemos, seguemos / e a coro cantemos / do campo o amor / que un día veremos / de flores vestido / que traiga consigo / feliz explandor (sic).

Sen dúbida, o interese documental e histórico é maior no seguinte poema -escrito en París a catro de xullo de 1971- pois o seu referente particularízase na comarca de Valdeorras. O título xa é de abondo significativo: "Na caba e na escaba. Imaxen do Valle de Valdeorras". As coordenadas espacio-temporais quedan determinadas nos primeiros versos onde ademais se narra a dureza desta tarefa e as miserables condicións de traballo dos xornaleiros: E a época temporeira da caba e da escaba / vitícula. / De Sampayo vaixan as cordilleiras / de xornaleiros / o Valle de Valdeorras ca aixada a costas / nun ruido / de falas e galochas confundidos, sin salir / o sol, van de prisa. Polo demais, o resto da composición é un documento histórico de primeira man para coñecer a actividade sindical agraria durante a preguerra nesa comarca ourensá onde o eixe central das reinvidicacións constituíano a xornada de oito horas e o xornal de 4, 5 e 5 pesetas que acabaron conseguindo segundo se desprende destes versos:

> Era despois do triunfo do Bloque Popular, e a min
> chegaron
> pidindome axuda. Fomos todos, xuntos, tras o
> (que) busca(ba)mos.
> Esí naceo un Sindicato en cada aldea e unha
> Federación local
> A FEDERACIÓN D'OS OBREIROS AGRICULAS D'O AYUN-
> TAMIENTO DE PETIN
> Preparamos as nosas reveindicacións, declaramos
> a huelga e
> recorrendo os campos, quinientos de Mones e de Sampaio.

...
En oleadas incontenibles é envolto o noso Valle.
Petín no exemplo
triunfal os inspira ca confianza de vencer e
venceron,
un ayuntamiento tras outro. A acción
resolta e unida
e a táctica da relatividad agrícula foi a
chave do secreto.

E para concluír, relaciona estas reclamacións sindicais do Valdeorras con outro conflicto obreiro próximo á data na que escribe, o da Peninsular Maderera que en 1970 mobilizou á poboación durante 37 días de folga:

Que o leer na
PININSULAR MADEIREIRA do Ferrol:
"A PININSULAR MADEIREIRA triunfou. Todos
triunfamos"
Tamén o Valle de Valdeorras, o triunfar
Mones e Sampaio
con todo o ayuntamiento de Petín, se dixeron:
Todos triunfamos.

A partir de aquí, as composicións adquiren un ton altamente político, de denuncia social, sexa cal for o seu ámbito, que permiten perfilar o sistema ideolóxico do noso autor. Así despois dun poema elexíaco ós irmáns das Brigadas Internacionais, acomete a traducción ó galego e ó castelán -dende o francés- de "Estrelas de Andalucía", longo poema do escritor búlgaro Kristju Belevs que combatera nas "trincheiras da nosa patria contra a agresión fascista" (p. 53). Catro composicións máis completan a primeira edición de *Galicia Poética*: unha especie de epitafio titulado "Os do accidente de Marsella"; a denuncia do racismo e do abuso de poder figura en "Os negros e os seus negreiros", poema que, a modo de colofón leva un versos de Curros: "Castigo pr'os verdugos, / pr'os mártires coroas..."; en "Aqueles tempos e estes" glosa o coñecido "Castellanos de Castilla" para denunciar, neste caso, o tratamento que sofren os galegos e os españois emigrantes en Europa: "Si abriras os ollos Rosalía / ¿é que tú non cantarías:? / Negreiros desta Europa / ¿qué lle faceis os galegos / que lle faceis os españoles, / que cando van, van como soles, /

sendo xóvenes, / e cando volven, veinse vellos?. Pecha esta primeira edición o poema máis longo do libro malia o título de "Breve recital d'un acto", todo un esbozo da represión franquista, vista por un exiliado en París, polo que transitan personaxes como Ariza, Camacho, Ibarrola, Tina, Grimau, Pillado ou Carlos Barros; tamén se fai eco de diversos sucesos como o asasinato en París dun mozo emigrante traballador da Rénault, da política exterior do goberno franquista, comenta as relacións co Partido Comunista Francés e, sobre todo, convértese nunha especie de cronista do famoso mitin de Montreuil (1971) que describe así: "Cincuenta mil no Parque de Montreau / na alcaldía de Montreuil de París, / se rompeo o xelo do silencio complice / do terror en España... Unha concentración / da España e dos seus pobos, / presente na luita... E este poema de tintes épicos pecha con estes tres versos: "O porvenir é noso / Por encima da terra e dos ceyos / ¡Venceremos!". En París a 20 de xuño de 1971[1511].

Aquí remata a primeira edición de *Galicia Poética*. A segunda edición, de 1973, incorpora un amplo apéndice escrito en castelán, como dixemos, anque recolle algúns poemas de autores galegos. Ábrese coa xustificación e, unha vez máis, cuns versos de Curros. Dende o punto de vista formal é máis heteroxénea pois alterna prosa con verso; canto ó seu contido céntrase nos sucesos ocorridos nos últimos anos do franquismo en Galicia, nomeadamente en Vigo e en Ferrol. Así tanto o texto titulado "Marcha incontenible" como nos poemas "Para los del Ferrol", " Lo clásico de la dictadura", "Marineros del Cervera" e "A los mártires del Ferrol" refire con exacerbada paixón os acontecementos que tiveron lugar nesta cidade en marzo do 72 ante as portas de Bazán. Por outra banda, "Tras el Ferrol, Vigo" alude tamén ás folgas dese mesmo ano na cidade olívica. Adicado a José María Fuentes, estudiante de medicina que foi asasinado en Compostela no nadal de 1972, é o poema "Esto para el". O seu ideario político aparece exposto no seguinte texto, "Mar de fondo" onde sentencia: "España es un mar en constante movimiento soplado por la tempestad, más la tempestad lo azote más y más el mar se agitará". E remata a segunda edición

[1511]Esta é a data na versión castelán; na galega figura 1973, sen dúbida é un erro pois a primeira edición do libro é de 1971.

opúñase á convocatoria por parte do Centro Galego de premios literarios en castelán, insistindo en que a cultura galega só podía facerse en galego: "a cultura d-un povo non se pode elaborar se non no idioma de ese povo, que é órgano de eispresión do seu máis íntimo sentir e do seu máis fondo pesar (...) A quén se lle ocurre decir que se pode facer cultura alemana en idioma árabe ou francesa en idioma castellano? Sólo o que asóu a manteiga se lle pode ocurrir semellante cousa! A cultura galega hai que facela en galego" ("As parolas e os feitos", ANT. outono 1945).

Por outra banda, o concepto de Galeguismo no exilio non se reduce a un ou a varios partidos e organizacións políticas. Vexamos, por exemplo, como se describe un acto definido como galeguista na colectividade de Bos Aires: "Claro está que se falou en galego; fíxose a correspondencia en galego; tocouse música galega; comida galega; menú en galego; bandeira galega; propaganda en galego; e, precisamente, por esto, aderíuse toda a nosa coleitividade. Porque non é mester pertenecer a determinado partido político para sentirse galego. O galeguismo non é somentes un partido político, é un grande, amplo e patriótico movimento espritoal, no que poden militar persoas de todol-os credos políticos. O que fai falla é ter emoción galega, sentirse consustanciado co seu grupo racial, lingüístico, cultural, etc." ("A Bandeira Ofendida", artigo sen firma en ANT. nov. 1945).

Desta situación derívase a continuada arela de unidade que manifesta a comunidade emigrada máis concienciada, cando menos en sectores como a Irmandade Galega de Bos Aires. Esta unidade de todos os galegos definida como obxectivo foi mesmo teorizada en traballos como "A ficción dos partidos políticos no desterro" por Vázquez da Xesta (ANT. dec. 1944). Para este autor os partidos representan unha ficción que divide falsamente a familia democrática republicana no desterro, que ademais dexeneran en personalismos estériles, polo que apela ós exiliados para que "deixen de xogar aos partidos no desterro porque a hora presente non é de reconto de votos nen de cuquerías eleitoreiras, senón de sentimento patriótico encol dos principios eternos do home e dos povos: Liberdade e Xustiza". Tras chamar a todos a pensar como patriotas e non como partidarios, o autor define a Irmandade Galega como un

movemento patriótico "que pousa no celme da nosa mesma eisistencia, deixando as ideoloxías partidarias dos seus compoñentes para o intre que as condicións deixen o seu libre desenrolo". Formúlase así, de xeito explícito, un modelo de frentismo galeguista que ó tempo parte e supera tamén o vello esquema do Partido Galeguista de preguerra e que se sitúa por vontade propia á marxe dos enfrontamentos entre os partidos organizados do exilio galego en América.

1.1 República

> ¡Qué día y qué recuerdo! Seis años hace que se proclamó la República española. Y todavía me parece que estoy presenciando el entusiasmo clamoroso de aquel pueblo en delirio. Jamás el júbilo y la emoción humanos alcanzaron proporciones tan intensas. Oleadas que agitaba el más limpio y más noble de los sentimientos, eran todas las calles de España. Las gentes que habían vivido bajo el peso ominoso de una monarquía feudal, lograban, por fin, sacudir el afrentoso yugo. (...)
> ¡Y con qué pureza democrática adivino este régimen! Unas elecciones, y el sufragio que señala altivo el fin del oprobio. Ni una gota de sangre se derramó. Estaba tan podrida la monarquía, era tan impopular y tan abominable, que bastó el soplo de las urnas para que el árbol secular, como servilmente la calificaban los políticos cortesanos, mostrase, despanzurrado, sus raíces carcomidas (...).

Así amosaba Basilio Álvarez, con todo o seu entusiasmo, a lembranza da fenecida República a seis anos do inicio da guerra (Durán, 1989, 155-156), amosando o seu orgullo por ser o primeiro caso en Europa dunha República nacida sen violencia e sen sangue ata o punto de exclamar despois que foi a inxenuidade dos políticos republicanos a que permitiu a propia morte do réxime: "¡Unos ingenuos! ¡Ese candor nos ha costado este millón de muertos! Si la República hubiese fusilado a cien sinvergüenzas, que motivos ya tenía, esta guerra espantosa no se hubiese desencadenado. ¡Y pensar que por una mal entendida bondad haya derramado tanta sangre el pueblo!".

Con máis ou menos nostalxia, con maior ou menor resentimento, a República será relembrada a cotío por todas as publicacións do exilio e seguirá a ser a bandeira central das reivindicacións políticas de todas elas. Na prensa galeguista en particular non faltan as críticas á República unitaria e ás políticas centralizadoras do réxime republicano, ás veces asinadas polo mesmo Castelao, pero moitos anos despois do fin da guerra a República segue a ser conmemorada e o 14 de abril é cita editorial constante nos seus medios. *A Nosa Terra* ofrece unha visión do 14 de abril de 1931 moi semellante á exposta por Basilio Álvarez no xornal Crítica e fala da "cándida e confiada República, que axiña comenzou a ser boicoteada e saboteada" polos seus inimigos. A República fora víctima de múltiples traicións e nunca máis debería pecar desa inxenuidade: "Non; a terceira República non pode ser tan inocente como a pasada. É mester que resolva a fondo os problemas que a impediron perdurar. E o problema principal é o da súa estructuración. Sin a autonomía de Galiza non terá unha base firme e estará outra vez eisposta aos ataques da reaición, que é como a hidra de Lerna; que por cada cabeza que lle cortaban, medráballe unha nova, hastra que Hércules rebanoulle as sete dun soio tallo. ¡Que o 14 de abril sexa para todol-os republicanos un recordo y unha enseñanza!" ("O 14 de abril", en A Nosa Terra abril-maio 1946). En semellantes termos exprésase a prensa do exilio moi a miúdo ("O 14 de abril", ANT. abril 1947; "A nosa posición", ANT. outubro 1947, etc.). En todas as ocasións fálase dunha nova República, utilizando varias veces a denominación Terceira República, que habería de ser respectuosa coas nacións que a compuñan e, de inmediato, restaurar as autonomías anuladas. Para a prensa galeguista os inimigos desta nova República eran de dous tipos: dunha banda, o "puritanismo de ingreses e norteamericanos impide que se repare a inxusticia que se cometeu aun povo a quen se lle privou do direito de defender a súa liberdade"; doutra, a falla de partidos políticos e agrupacións republicanas españolas, dedicados a enfrontarse e "tirar pedras uns aos outros" (ANT. nov.1944). Denunciábase así a ineficacia política da actuación dos republicanos españois e criticábase a aqueles que traballaban á busca de saídas de relevo do réxime franquista a través de pactos e concesións, que se consideraban ilexítimas e faltas de

respecto á vontade popular por parte destes medios ("opoñémonos a contubernios con xentes que teñen as mans luxadas coa sangue dos nosos mártires") (ANT. outubro 1947). O apoio ó pacto Galeuzca e ó Consello de Galiza son as alternativas do galeguismo, que fixa os seus obxectivos mínimos naquela hora na súa definición como "Defensores a ultranza da República e da Autonomía", isto é na recuperación da propia legalidade do réxime democrático: "O que non queremos é prestarnos a xogos sucios que poñan en perigo a reconquista da Repúbrica. Hai moitos impacentes, cansados xa de andar pol-o mundo, añorando quizáis a eisistencia ditosa que levaron noutros tempos, que desexan voltar a Hespaña, sexa como sexa, anque fora con indiñidade. Nós preferimos ser eisilados perpetuos, morrer lonxe do noso país, que tanto queremos, antes que ser traidores á nosa causa e prestarnos a servir de escabel aos que foron peores que os mesmos criminaes, a quenes axudaron como cómplices cobardes" ("A nosa posición", ANT. outubro 1947).

A participación de Castelao no goberno republicano no exilio de José Giral en 1946 resposta a esta concepción e preséntase como unha contribución máis dun home de conducta ética irreprochable, que non chegou á política con vocación de ser "político de carreira", e que "ainda que é persoeiro de un partido político, representa a toda a opinión democrática da nosa Terra, que val tanto como representar á maoría do noso povo" ("Castelao Ministro", ANT. xullo 1946); nestes momentos Castelao defínese nunha entrevista no diario Clarín como republicano intransixente e define como "absurda" a pretensión de restaurar a monarquía na persoa de don Juan, que defendían algúns políticos moderados do exilio co socialista Indalecio Prieto á fronte. A presencia de Castelao no goberno Giral foi, doutra banda, moi breve, desde fins de agosto de 1946 ata o 26 de xaneiro de 1947, sendo Castelao un dos máis firmes apoios do goberno ata o seu remate (Alonso Montero, 2000).

Pese a ser a República un dos núcleos básicos de todas estas publicacións do exilio galego, só unha delas levaba tal denominación na cabeceira: El Republicano Gallego, editada en Bos Aires entre 1947 e 1948, co subtítulo "Publicación republicana" e dirixida por Manuel García Gerpe. Pero os escritores

galegos colaboraron tamén en revistas españolas do exilio como España republicana e outras.

1.2 Autonomía

A terceira idea clave na prensa do exilio é a de Autonomía, asociada sempre de forma inmediata á lealdade á República. Na prensa galeguista reprodúcese o Estatuto aprobado polos concellos en Compostela (ANT. no ano 1946, Opinión Gallega en 1948) e, en diversas ocasións, os resultados do que se denomina como a "eispresión auténtica do pobo galego e mañífico trunfo da vountade do SER de Galiza, e de REXIRSE POR SI MESMA na data histórica do 28 de xuño de 1936" (ANT. 28 xuño 1942).

Abundan tamén os artigos sobre o Estatuto plebiscitado en 1936, defendendo a súa lexitimidade, especialmente despois de tomar estado parlamentario en Cortes en Barcelona o 1 de febreiro de 1938. Así o fan Luis Tobío e Ramón Rey Baltar, chamando á unidade dos galegos sobre as bases do Estatuto; en palabras de Rey Baltar: "Tempo chegará de pelexarnos. Cando Galiza sexa ceibe, cando teñamos goberno proprio e o povo poida emitir libremente o seu voto, entón será a oportunidade de berrar e de impoñer o programa trunfante. Mentras tanto, soio debemos sentirnos galegos, e nada máis que galegos" ("Encol do plebiscito", ANT. xuño 1945). Para Lois Tobío, a recuperación do Estatuto galego era inseparable, contra o que defendían outros republicanos, da lexitimación da República e garantía "a esencial continuidade xurídica do réxime republicano", pois, unha vez votado, polo pobo, por riba de consideracións legalistas e trámites ou etapas pendentes, o "Estatuto "era" xa unha realidade".

O modelo federal é utilizado tamén moi a miúdo como referente político ideal a seguir, ás veces confundindo as variables de autonomía e de federalismo. Eduardo Blanco Amor apostaba pola República Federal en 1942 para seguir o exemplo de Estados como a Unión Soviética, Estados Unidos ou o Reino Unido (artellado ao seu sistema de Dominios), tarefa que necesitaría un labor esforzado de persuasión: "A República Española, será federal en col da base das suas nacionalidades autónomas. D´este feito inexorable, para o máis

inmediato futuro da España, hai que convencer, en pirmeiro lugar, aos propios republicanos; posto que eles foron os causantes de que non-o fose cando debeu selo, co-as consecuencias que temos á vista" ("N´esta data", en ANT. 28 xuño 1942).

A mesma defensa do Estatuto figura xa no primeiro editorial doutra revista fundamental da Galicia desterrada, Galicia Emigrante impulsada por Luís Seoane: "Para los que quieran conocer cuál es nuestro ideal en el orden político con respecto a Galicia y también porque el declararlo es una imposición de nuestra conciencia, tenemos que afirmar que (...) somos leales para siempre al resultado del plebiscito sobre la autonomía gallega, celebrado el 28 de junio de 1936 (...), donde por única vez, en su larga historia, fue especialmente consultado el pueblo gallego con respecto a su porvenir, así como al régimen legal democrático que lo hizo posible" (Galicia Emigrante n. 1, xuño 1954).

Esta asunción da Autonomía de 1936 como núcleo central das reivindicacións do exilio galego non impediu a existencia de matices, de maior ou menor radicalidade, arredor da defensa destes postulados. Entre os máis radicais sitúanse, desde logo, as posicións mantidas pola revista A Fouce de Bos Aires na súa segunda andaina, entre 1941 e 1944, cando era apoiada polos arredistas da antiga Sociedade Nazonalista Pondal e máis por militantes comunistas unidos nun proxecto antifascista; a revista mantén a tónica arredista xa defendida entre 1930 e 1936 polos membros da Pondal e mantén o seu lema, que relembraba os versos de Alfredo Brañas "Cantai galegos o himno xigante dos pobos libres, cantai galegos a idea santa da independencia da nosa patria".

Non menos radicalidade amosan neste momento moitos artigos de Antón Alonso Ríos, como "Dentro da Simbiose Hespañola ou Fora Dela" (ANT. marzo-abril 1946) onde defende o dereito de autodeterminación como un dereito natural e sagrado para os galegos, anque confundindo despois este concepto con "direito autonómico" ou dereito natural do ser nacional á súa autonomía; en calquera caso, para Alonso Ríos a autonomía non era só consecuencia dun plebiscito popular referendado xuridicamente, senón que "O direito de Galiza á súa liberdade é consustancial co seu ser nacional; e as leises políticas, as cartas

constitucionaes resultan tan impotente para crealo como para matalo". Pouco antes o mesmo autor chamaba a enterra-lo cadáver da República do 31 e os partidos políticos españois "ciscados pol-o mundo, que se pelexan entre eles pol-o espantallo da Hespaña unitaria"; segundo Alonso Ríos, aveciñábase unha nova guerra civil entre as hostes do centralismo, da dereita á esquerda, que loitarían xuntas contra os galegos, vascos e cataláns, empeñados en non ser "inin colonia de Castela, nin colonia de ningunha potenza alleeira!" ("Os patriotas galegos debemos pensar en Galiza. Ren de partidos hespañoles", ANT. 25-xullo-1942). Para o historiador Alonso Fernández (1994, 115-116), neste momento Alonso Ríos mantiña "un discurso de inequívoca afirmación nacionalista, que reivindicaba unha autonomía integral –eufemismo que agochaba a solución federal- na que se expresase, de xeito inequívoco o dereito de autodeterminación da nación galega".

Na mesma liña, Bieito Cupeiro sentíase obrigado a explicar tamén que o réxime de autonomía derivado da Constitución de 1931 "non enche nin poderá encher endexamais as aspiracións do noso pobo", por ser a autonomía "só unha delegación de poderes que o Estado centralista concede a unha rexión autónoma". Ademais, planeaba un tema de interese como era, en caso de pórse en marcha o Estatuto de 1936, o problema das lealdades dos diversos partidos políticos: para o autor, se a autonomía dependía de partidos de disciplina non galega, este réxime estaría dobremente hipotecado, pola limitación de poderes da Constitución e pola acción perturbadora que exercerían as organizacións políticas extraterritoriais, que, ó non mudar os seus xeitos de actuación, disciplina e estructuras partidarias dependentes de centros políticos non galegos, "constituin de feito un poder dentro de outro poder, e, ademais, a negativa das máis elementales premisas democráticas cal son as de que todolos poderes teñen que remanecer do pobo" ("As soberanías nacionaes e os seus instrumentos políticos", en Vieiros, n. 4, primavera 1968). Na mesma revista, Albino Núñez Domínguez criticaba, en cambio, as "posturas arredistas trasnoitadas" e defendía as "autonomías" e a solución ós "ancieios rexionais" dadas polos grandes Estados federais como a Unión Soviética ou os Estados

Unidos ("Nin lendas negras nin historias brancas", en Vieiros, n. 2, outono 1962).

A defensa do federalismo, seguindo o pensamento base de Castelao, está presente tamén en A Nosa Terra, ás veces asociado ás arelas de vascos e cataláns na alianza común das tres nacións; por exemplo, así o fai Alonso Ríos en "Galeuzca", que refuga do separatismo nestes termos: "Fora, pois, co espantallo do "separatismo". Falar de "separatismo" é amostrar febleza, é pór espantabobos en lugar de aducir razóns. Se o centralismo é bo, deben amostrarse as súas ventaxes. Se o federalismo é ruin, hai que señalar as suas fallas. O federalismo é máis unionista que o centralismo. Este encadea os corpos, aquel une as almas" ("Galeuzca", ANT. nov.1944). Téñase en conta que o federalismo foi tamén a cerna do pensamento de Castelao en Sempre en Galiza e para o rianxeiro era a solución ó longo dilema entre nacionalismos e internacionalismos e debía ser aceptado positivamente por todas as ideoloxías políticas: "a solución xusta (dos problemas do mundo) está en que os povos se sometan voluntariamente a un sóio plan económico; pero conservando cada un d-eles a sua soberanía política (Esto chámase federalismo)" (Sempre en Galiza, 1961, p.216)[1533].

A propaganda do federalismo viuse tamén impulsada pola difusión, a finais dos anos 40, do movemento federalista europeo, que se quere relacionar cos obxectivos do propio movemento galeguista e coa propia historia do movemento federal en Galicia desde os tempos da Restauración decimonónica: velaí artigos como "Perante a Unión Europea" (ANT. abril 1948) ou "O noso federalismo" (ANT. maio 1948).

1.3 Memoria

A memoria foi o aparato circulatorio que permitiu manter a esperanza dos exiliados contra o esquecemento de todas as distancias. O cultivo da memoria propia e da memoria do país permitiu ós intelectuais exiliados tecer un fío de continuidade cun pasado negado e cunhas raíces que xustificaban a súa propia existencia. Xa que logo, non é estraño que os espacios reservados á

Memoria Colectiva sexan tan abundantes na prensa do exilio: biografías de escritores, poemas de autores do Rexurdimento ou da preguerra, semblanzas históricas, etc. Por exemplo, *A Nosa Terra* tiña unha sección propia (desde 1946) dedicada ós "Valores galegos" nas que collen por igual autores xa mortos (Murguía, Blanco Torres, Noguerol) coma outros vivos pero residentes no exilio interior (Otero Pedrayo).

As organizacións do exilio dedicaban unha especial atención, igualmente, a todo tipo de conmemoracións históricas: 14 de abril, 28 de xuño, 25 de xullo, 17 de agosto, etc. Así mesmo, a Irmandade Galega de Bos Aires acorda entre os seus principios básicos "Propiciar unha intensa difusión da historia de Galiza e dos feitos diferenciados que xustifican as súas arelas autonómicas".

O papel da Historia, fundamental en calquera movemento nacionalista, adquire unha relevancia aínda maior na relectura da identidade que se produce entre os exiliados, insertos nun país cunha historia e desenvolvemento cultural diferente e impelidos á extrema necesidade de conservar en común, no marco dunha microsociedade emigrante/exiliada, unha serie de referencias propias que os caracterizan como grupo. Desde América prodúcese unha relectura da Historia de Galicia, que continúa basicamente as claves da Historia nacionalista elaboradas desde Murguía ata 1936, e, en ocasións, unha relectura tamén da propia Historia de España, para fundamentar na mesma o pasado máis inmediato da derrota na guerra civil. É o que fai, por exemplo, Vázquez da Xesta en "Legalidade contra Realidade" para quen "Galiza, como realidade, non eisiste para a legalidade do Estado hespañol", porque en toda a historia española, desde cinco séculos atrás, a realidade histórica galega foi unha "loita permañente contra a legalidade imposta polo Estado hespañol". Neste contexto, a derrota republicana na guerra e a represión franquista non son un feito excepcional no devir histórico da nación, senón consecuencia necesaria dese enfrontamento entre dúas concepcións antitéticas (legalidade/ realidade): "Franco e a tiranía falanxista son a consecuencia histórica do legalismo estatal hespañol a perdurar contra o sentir e pensar dos povos hispánicos. Somentes coas espingardas pode sosterse o anacronismo legal" (ANT. xullo 1945).

[1533] SEG – Concepcións federalismo de Castelao

A Historia, ademais, defínese e represéntase desde os símbolos recoñecidos pola comunidade emigrante/exiliada: non chega con pertencer á comunidade natural de nacidos en Galicia para integrarse na galeguidade cando non se utilizan e respectan os símbolos propios ou estes son solapados para darlle preferencia a outros de orixe española e de cariz fascista. Por iso A Nosa Terra protesta airada contra "O Trapo Feixista" cando no Centro Galego se segue a usar a bandeira franquista, "amostrando ao público un falso acatamento da nosa coleitividade a un réxime que os galegos repudiamos i-odiamos con todol-os folgos da nosa ialma e con toda-las iras do noso peito" (ANT. IV-V-1946); contra "A Bandeira Monárquica no Centro Gallego" protesta tamén o poeta Xervasio Paz Lestón, co pseudónimo Pau de Ferro, que critica na revista Alborada, nas mesmas datas, a decisión dos directivos do Centro de celebraren a festa española do 2 de maio "que fora acertadamente suprimida pol-a segunda República", ofrecendo ademais unha serie de datas alternativas para celebrar vencelladas coa historia da independencia arxentina (Villar, 1998, 72).

A salvagarda da memoria esixe, así mesmo, o emprego de todos os medios para evitar que esta sexa manipulada e terxiversada polo inimigo, especialmente na Galicia interior. Privados de medios pola censura franquista, os xornalistas e escritores galegos instalados en América dan conta dos múltiples intentos do réxime franquista por utilizar figuras da historia cultural de Galicia en beneficio propio, á costa de transformar os seus contidos específicos en dirección contraria ás súas ideas orixinais; neste contexto, os exiliados vense obrigados a exercer o deber moral de defensa do prestixio e autenticidade dos autores manipulados para contrarrestar así, sequera de forma parcial, a opción manipuladora.

Vexamos un dos moi diversos casos en que se produciu esta operación rescatadora: as conmemoracións dedicadas ó poeta Manuel Curros Enríquez, en 1951 con motivo do seu centenario ou mesmo en 1967 cando a Academia Galega lle dedica o Día das Letras Galegas. A operación autentificadora correspondeu en ambos casos ó escritor Xerardo Álvarez Gallego que publica os artigos "Un Curros Enríquez falsificado" (en Bohemia, Habana, 6-I-1952) e

"Retábulo. O Curros de Mañán" (en Correo de Galicia, 30-V-1967). O primeiro deles é un longo alegato en defensa de Curros a propósito dos actos celebrados en Cuba nos que participaron intelectuais cubanos como Gastón Baquero, pero tamén o escritor franquista Euxenio Montes. Álvarez Gallego lamenta a ausencia de figuras de prestixio intelectual como Otero Pedrayo e repasa a biografía de Montes –antigo escritor nacionalista galego, de volta da súa militancia socialista, entón falanxista e intelectual orgánico de Franco- para invalidar a súa presencia nestes actos. Segundo o articulista Montes ocultou ó Curros rebelde e poeta civil, citando con exclusividade os versos de "A Virxe do Cristal" e pretendendo "troquelar a Curros Enríquez en un clerical (...) faltó un dedo para que Eugenio Montes insertase a Curros en la "civilización cristiana" de Franco y lo hiciese profesar de colega falangista". Semella que o que máis lle molesta ó cronista é ese intento de esquecer a faciana anticlerical do poeta de Celanova, que condicionou tantos aspectos da súa vida: "existieron mixtificaciones, por dobles afanes de catequización y de servicio político. Sin el mínimo respeto para la vida inmaculada y enhiestra del poeta, tan limpia y tesoneramente enemigo de toda clerigalla, inclusivo se quiso... hacerlo admirador de la Compañía de Jesús, a cuenta de cierta croniquilla de Curros en que describe una misa, con motivo de una inauguración en La Benéfica, ¡dicha por un padre jesuíta!".

En maio de 1967 a Academia Galega dedícalle a Curros o Día das Letras Galegas, na súa quinta convocatoria, e Álvarez Gallego de novo sente a obriga moral de saír á tribuna pública para afirmar que en pleno "feixismo" non se pode abordar a personalidade completa do poeta:

> ¿É facedeiro, baixo Franco, lembrar o anceio patriótico de Curros? (...) ¿Permitiría o desgaleguizado galego siñor Fraga Iribarne –paisano, ¡ay! de Peña Novo- que tan siquer se gabe a lingua da súa nacencia?

Para Álvarez Gallego naquel momento político, na Galicia interior, só se podería falar de novo do Curros de "A Virxe do Cristal" ou da "Cantiga" de balada, tarefa que farían certos galegos "relativos" (cítase a Sánchez Cantón e Filgueira Valverde), pero non era posible aínda lembrar ó Curros de "A igrexa

fría", "Mirando o chao" ou "Encomenda", polo que se laiaba de que tal convocatoria non se demorase no tempo ata que o poeta fose celebrado en plenitude das liberdades.

1.4 Mártires

A invocación ós Mártires Galegos é outra das constantes máis nidias no discurso político da prensa do exilio. Trala publicación, en plena guerra, do álbum de Castelao Galiza Mártir este concepto aparece incorporado, de cotío, ás páxinas dos xornais de América: créanse seccións como "A voz dos nosos mártires" (ANT. 28-VI-1942), "O pensamento dos nosos mártires" (ANT. VIII-IX-1945), e monográficos especiais cada 17 de Agosto, consagrado xa como Día dos Mártires, nomenclatura aprobada pola Irmandade Galega de Bos Aires e acepción máis habitual que a hoxe empregada Día da Galiza Mártir, sempre con Alexandre Bóveda, na data da súa morte, no centro das conmemoracións. Para Castelao, por exemplo, Bóveda continúa a tradición de recuperación da identidade iniciada por Antolín Faraldo e por Alfredo Brañas e manifesta a vontade de existir dos galegos: "Alexandro Bóveda é o morto que dará vida eterna a Galiza, porque co seu marteiro abreu para sempre a vontade do noso povo, o anceio de ser i eisistir da nosa nación" ("Dúas verbas no cabo de ano de Alexandro Bóveda", ANT. setembro 1945). Non faltan as apelacións máis emotivas dirixidas á cerna do sentimento: velaí, á beira do artigo de Castelao, a foto de cinco nenos baixo o titular "¡Os filliños de Bóveda!" cun texto que afirma que estes cativos, "coa inocenza das suas faces infanties, constituien a máis formidable condenazón dos que mataron a seu pai i encheron de sangue a terra sagra da Galiza".

Antes da guerra civil, o galeguismo usara xa esta invocación ó denominar como Mártires de Carral ós persoeiros fusilados tralos movemento revolucionario de 1846. Agora intégrase esa data na historia do "martiroloxio" galego e faise coincidir o inicio do galeguismo co nacemento dos que serían os nosos primeiros mártires, os condenados en 1846: velaí, por exemplo, o artigo "Centenario da Revolución Galega do ano 1846" de Antón Alonso Ríos (ANT. IV-V-1946). A Nosa Terra repasa o "longo e brilante Martiroloxio" galego que se

remontaría a un lonxano pasado que nos leva ata os "lexendarios héroes da cibdá galega Cinnania, e os do Monte Medulio, Prisciliano cos seus discípulos; os que se opuxeron as invasións dos xermáns, árabes e normandos; os que cairon nas loitas dos Irmandiños; Pardo de Cela co seu fillo; os héroes de Ponte Sampaio; os fusilados de Carral; os asesiñados en Ousera, en Sofrán i en Guillarei..." (setembro 1945).

Pero será a guerra civil a gran fornecedora de mártires á causa galeguista: así se celebra en agosto de 1946 cando se inclúe unha longa relación de Mártires, encabezada por Bóveda, Víctor Casas e Ánxel Casal, fronte a unha columna paralela (máis breve) de asasinos, cada unha coas súas profesións e cargo militar á beira; o listado de mártires inclúe tanto nomes do galeguismo, como republicanos en xeral, socialistas, sindicalistas e anarquistas, comunistas, etc. As crónicas das homenaxes ós Mártires acompáñanse de poemas alusivos á mesma cuestión e mesmo recupéranse versos de Pondal, Curros ou o irlandés MacSwiney reinterpretados, neste contexto, para reforzar o canto ós heroes galegos. A represión da guerra civil xeneralizou a dor e a desgracia en toda Galicia: "Non hai aldea sen mártires nen un ferrado de terra galega sen mollar en sangue enxebre. Non hai fogar sen loito, nen ollos que non deitaran bágoas de merguranzas. ¡Unha xiada de dór cobre todol-os corazóns galegos!". A linguaxe sacralízase con tons apelativos e imprecatorios: "Unha terra sementada de mártires froitifica herois. Ao longo da historia, os povos, viviron sempre do pensamento dos seus mártires. CEN MIL MÁRTIRES GALEGOS vixían a nosa conduta. Eles son o alento, a fé i a esperanza do povo escravizado. A súa manda alumiará o vieiro da redención que xa se alvisca nun abrente próisimo. E as xeracións vindeiras tecerán a historia cos fíos do martiroloxio dos BOS E XENEROSOS!" (Vázquez da Xesta, "¡Ai, Daquéles que non Cumpran a Manda dos Mártires", ANT. agosto 1946).

Noutros casos utilízase un rexistro literario que se asemella en grande medida ás formas dunha oración poética, como neste fermoso texto de Alonso Ríos:

> Recordemos ós nosos mártires facendo xurdir na nosa i-alma a luz da fe.

> Busquemos nos nosos curazós cordas que resoen co xeito monótono e taimoso das afirmazós eternas.
>
> Limpemos as nosas concencias dos lixos do egoísmo.
>
> Desenterremos d-entr´a resaca das influencias alleeiras do cosmopolitismo, a nosa persoalidade galega.
>
> Fagamos mentres, fagamos voto e xuramento de temprar a nosa vontade na laboura de cada día e de cada hora, d-escorrentar d-entre nós, ós quintacolunistas i-ôs axentes do dominio alleeiro.
>
> Acendamos a chama do patriotismo máis afervoado diante do outar da Pátria Galega (...)
>
> ("No día dos mártires da patria galega", ANT.15-VIII-1942).

1.5 Liberdade

A defensa da Liberdade como ideal e do conxunto das liberdades democráticas negadas polo franquismo e logo polos fascismos en Europa é outra das constantes do discurso político do exilio galego en América. Nalgúns casos esta apelación facíase xa en espacios relevantes do xornal, como o subtítulo ou o seu lema; así, Loita, boletín político editado en Bos Aires en 1959, tiña como subtítulo o reclamo Movimento Galego de Liberdade Nacional. Co mesmo título, Loita, a comisión galega do PC editaba en México un periódico mensual, dirixido por Luís Soto, que tiña como lema o que segue: "Adiante galegos do mundo enteiro: pola liberdade de Galiza, pola salvazón de Hespaña". Do mesmo xeito, Orientación Gallega, órgano da Unión Federal Gallega Democrática (Bos Aires, 1962) empregaba o lema "Todo por la libertad y la democracia". Ademais, xa en plena guerra civil houbo varias publicacións coa cabeceira Galicia libre, como as anarcosindicalistas de Madrid (1937, con colaboracións de Castelao) e Valencia (1938-1939) ou, co mesmo nome, o Semanario popular informativo que dirixía en Bos Aires Luís Seoane en 1937 para apoiar a causa republicana e denunciar a represión franquista.

A miúdo aparece, ademais, a reflexión sobre o concepto de Liberalismo, que se quere recuperar para a causa progresista e democrática. Así o fai o propio Castelao cando escribe o artigo "A Liberdade": na lectura persoal que fai Castelao do liberalismo este era un sentimento anterior á unidade política

establecida polos Reis Católicos, que "nada ten que ver co "liberalismo" das Cortes de Cádiz, transmitido, de papel a papel, até a Constitución de 1931. Os sistemas democráticos e liberaes do goberno en Hespaña son anteriores ao despotismo. Ben se pode decir que os mártires da Liberdade chámanse Pardo de Cela en Galiza, Padilla en Castela, Lannuza en Aragón, etc. N-efecto, as liberdades de Hespaña –as que deixaron ronsel e que agroman arreo no esprito popular– foron exercidas pol-os gobernos libres e representativos de varios grupos institucionais" (A Nosa Terra, 25 xullo 1942). Para Castelao, estes ideais de liberdade foron derrubados polo absolutismo monárquico, polo que chama a recuperar o sentimento liberal que el define como tradicional da democracia española, na súa opinión moi anterior ás doutrinas do oitocentos e á unidade estatal.

Esta concepción do liberalismo español de Castelao pasaría tamén, de forma ben visible, á súa obra magna Sempre en Galiza e, desde ela, impregnaría todo o pensamento galeguista do exilio. Como estudiaron acaídamente Beramendi e Máiz, as posicións de Castelao neste aspecto parten do seu iberismo democrático-federal e pretenden refugar calquera filiación coa liña xenealóxica que vai desde a Ilustración ata a Revolución Francesa (Xacobinismo) e o Liberalismo centralista; Castelao rearticula así a funcionalidade político-ideolóxica do liberalismo para situarse a un tempo nunha perspectiva federal e non separatista do nacionalismo galego e rexeitar ademais todo o pasado constitucionalista español do século XIX por servir de canle a un centralismo asoballador (Beramendi-Máiz, 1992, 86).

Noutra liña moi orixinal sitúase o republicano exagrarista Basilio Álvarez, que quere facer beber o seu liberalismo nas augas do mesmo cristianismo e identifica republicanismo e liberdade: "Soy republicano español, que es ser sencillamente hombre liberal. Y ese liberalismo no es el tópico que han devorado los mitines en sus estruendosas parrafadas, ni esa monserga con que el calumniado siglo diecinueve recubrió su oquedad solemne; (...) ni siquiera me refiero al liberalismo que creó escuela y que produjo una revolución en la conciencia universal. Mi liberalismo –ya lo dije en el Parlamento- tiene una rancia solera cristiana, que es caminar por la vida entre la tolerancia y la

comprensión; es tener un respeto sagrado para el pensamiento ajeno, y es caer, porque caer se cae todos los días, del lado de la Democracia y la Libertad. Y lo chocante es que en mí el ser liberal no es siquiera una preocupación del cerebro, sino un impulso del corazón, un sentimiento, un liberalismo de ralea, como si dijéramos, que está en mi sangre, que nací con él, o por lo menos que se incrustó en mi médula al iniciarme en la política. Liberalismo humano, liberalismo sencillo y que vi, por otra parte, reflejado en el Evangelio y en la obra inmensa de los Santos Padres. Pero sencillo y primitivo" (Durán, J.A., 1989, 33).

Anos despois, tamén desde Arxentina, Luís Seoane reivindica a tradición liberal de fondo na emigración galega a ese país, exemplificado "en vísperas de la revolución de Mayo, cuando tantos ilustres gallegos se decidieron por la causa de la libertad y algunos, los que eran de oficio militares, decidieron incorporarse a las tropas libertadoras". Seoane recolle de Unamuno o aserto "Galicia tiene el alma liberal" para dar logo repaso á impronta liberal dos galegos na Arxentina, desde César Cisneros Luces e José María Cao ata os tempos de El Despertar Gallego e A Fouce. A conclusión semella evidente: os emigrados e exiliados reclaman a mesma liberdade na súa Terra de orixe: "A Galicia se la sueña en esta República libre de un poder feudal que viene sucediéndose con diversos nombres, desarrollando sus propias energías, sus instituciones populares y alentando en su cultura aquellas características que la hicieron destacarse en el pasado. Esta fue también la tradición de las sociedades gallegas grandes o pequeñas que se formaron dede entonces. Esta es la tradición que defiende nuestra colectividad, la que defienden sus publicaciones, la que defendemos nosotros" ("Un ideal tradicional de los emigrantes", en Galicia Emigrante, n. 11, abril-maio 1955).

Cabería indicar aínda que esta defensa da liberdade vai unida, en varias ocasións, á crítica ó papel das democracias liberais e sobre todo de países democráticos como Inglaterra pola súa pasividade na sorte final da nosa guerra incivil. Eduardo Blanco Amor adicou varios artigos ó respecto, non sempre con moita perspicacia política: por exemplo, en setembro de 1938, non cría que os tolos nazis se meteran nunha nova guerra mundial e afirmaba que ós galegos

emigrados non lles importaba esa posible guerra por varias razóns, "en primer lugar, porque a Europa no le ha interesado la nuestra; en segundo, porque Europa ha hecho todo lo posible para merecer revolcarse en esa inmensa suciedad y en tercero porque ya está lejana la validez del argumento de que un rebumbio europeo favorecería la victoria de nuestras armas" ("El ocaso nazi", 4-IX-1938, ¿"España republicana"?).

1.6 Retorno: A Galicia da terra

O exilio galego, a diferencia doutros exilios doutros pobos e culturas, aséntase sobre o fenómeno, anterior na cronoloxía, da emigración, o que lle dá un cariz peculiar. Moi a miúdo os exiliados non se senten senón como emigrados, formando parte dese río longo na historia de Galicia que foi a presencia en América dalgúns dos seus mellores fillos e escritores. Así o manifesta, por exemplo, o primeiro editorial de Vieiros desde México: "Resulta significativo que os dous maiores mestres do noso pobo, Curros e Castelao, atinxiron os cumes do seu xenial labor no desterro... no que finaron. O exilio galego ten as súas raizames chantadas na terra e, polo tanto, non forma un membro afastado do corpo vivo de Galicia. E por iso negamos a existencia de dúas Galicias, con carácter e obxectivos diferentes: a Galicia do Fisterra, dos vellos lares, a Galicia emigrada, extendida pola rosa dos ventos... Erguemos con emoción a nosa galeguidade que crarexa paladinamente que somos españois dunha España que atinxirá conciencia e responsabilidade das libertades nacionais e democráticas e que, por iso, respetará o noso sentido da vida e da cultura". (Vieiros, n.1, verán 1959).

Por iso se prefire a denominación de "transterrados" ou "desterrados" fronte ó concepto internacional de exiliado; deste xeito, como indica X.L. Axeitos (1999), "preferían poñer o acento na perda da terra frente ó simple acto de ser expulsados. Significaban así o drama de perder a "ubicación", estaban desposeídos dun horizonte, dun lugar, que era tanto como estar fóra da historia". Nos escritos dos escritores galegos exiliados, na prensa ou na literatura, están presentes coordenadas que se repiten en todos os exilios: a firme convicción do retorno a un país liberado e democrático, sobre todo nos

primeiros anos; a sensación de provisionalidade nos países de acollida, sen tentar en principio establecer maiores vencellos económicos; o retorno como obriga moral e mesmo deber do exiliado, cando as liberdades o permitisen, xunto co sentimento de traición á causa, cando ese retorno se facía antes da caída da dictadura; o exilio visto como privilexio porque se vive en liberdade, mentres os compañeiros da Terra sofren represión e persecución; a necesidade de retornar para recuperar as raíces da identidade e o sentimento de desarraigamento e desencontro cando a volta se produce a un país sumido aínda na miseria e que esqueceu o labor cultural e cívico dos exiliados (sobre este tema véxase M. Aznar Soler, 1999).

Son frecuentes, por exemplo, as evocacións líricas do Retorno, que non se quere recoñecer como tal: así escribe Blanco Amor, no seu peculiar estilo, "para un gallego, la vuelta a su tierra por el sur y por las nubes no "sabe" a regreso", facendo unha antítese entre as lentas viaxes dos emigrantes en barco cara a América e a velocidade do avión que semella rachar as distancias. Outras veces, a lonxanía deixaba amosar un certo temor ó descoñecemento da realidade política e social da Galicia da Terra, que podía explicar as diferencias entre o exilio e a oposición interior: "coidamos que os mesmos emigrados políticos galegos, xa están un pouco acriollados en razón aos anos que levan fora da Patria, o que fai que poida que estean un pouco despistados. Consideremos que oito anos de guerra son moitos anos para os povos e pode ocurrir que problemas que por eiquí se andan a prantexar, xa foran superados na nosa Terra", escribía "Mousés" en A Nosa Terra ("Debullando..." xullo 1945).

Un caso paradigmático dunha vivencia do exilio que nunca deixa de pensar na Galicia da Terra é o de Luís Seoane, que dedica na súa revista Galicia Emigrante artigos continuados sobre a emigración e as súas causas, formulando así mesmo alternativas económicas e sociais para a súa solución (véxase o editorial "Problemas que deben estudiarse", n. 9; "El agente de embarque en Galicia", n. 10; "Más sobre emigración", n. 14; "La venera y nosotros", n. 22, etc.). Seoane está obsesionado coa idea de rematar coa emigración, situación que ve asociada, de forma inevitable, á recuperación das liberdades ("Diálogo con la vaca", n. 23; "Literatura y economía", n. 15); non

menos lle preocupa o descoñecemento que na Galicia interior existe sobre o labor dos exiliados e emigrantes: "Hace veinte años salimos de Galicia, transcurrieron más de 7.000 días y de 7.000 noches en el exilio. 240 meses, 260 lunas, aproximadamente, contará un campesino. Con muchos días y muchas noches sumidos en el llanto y en la desesperación, encarcelados en la nostalgia, alentando cada día nuestro fé, haciéndonos duros y fuertes, cuando alguno de los nuestros caía, aquí o allá, consumido por la edad o por la enfermedad, en la persecución, o quebrada su vida violentamente, también en la persecución ¿Saben los más jóvenes de Galicia y de esos otros países de la península, los que no sufrieron la guerra, lo que esto significa? ¿Lo saben los estudiantes? (...) Nuestra historia puede ser una historia para ser contada, de fantasmas o de desaparecidos" ("El exiliado y el perro", en Galicia Emigrante, n. 23, maio 1957).

Tamén é Luís Seoane o máis enérxico en denunciar a apatía e indiferencia dos homes de empresa e das novas elites galegas ante a situación de atraso, económico, social e cultural, na Galicia interior. En "El dinero de América" (Galicia Emigrante n. 4) levanta acta dos capitais improductivos dos galegos "ricos" que non inverten nas necesidades estructurais do país. En "Una tarea colectiva" (n. 7) chama a soster a publicación e extensión de manuais de divulgación cultural, de breves biografías, de diccionarios biográficos, de almanaques civís ou tomos de efemérides, "que sustituyan en nuestra mutilación intelectual esa enseñanza oficial". En "Querubines en el bestiario" (n. 30) volta a denunciar "a esos hombres de fortuna intelectual y a veces material, que habitando en un país donde la miseria es huésped de la mayoría de los hogares, viven al margen de él o tratan de adornarlo con teorías intrascendentes". Eran todos eles dardos directos contra certas personalidades mesmo do galeguismo cultural do interior, que recolleron con grave incomodo estas alusións e polemizaron co autor desde a Galicia interior, como estudiou Alonso Montero (1994). Pero hai que afirmar con rotundidade que ninguén como Luís Seoane fixo nesa época, nos anos 50, constatación das miserias e inercias da Galicia interior, planeando a un tempo alternativas e suxestións económico-sociais que, de poder ser levadas a cabo no seu tempo, significarían

sen dúbida un avance importante na evolución da realidade galega da posguerra.

BIBLIOGRAFÍA

Alonso Fernández, Bieito (1994): Antón Alonso Ríos. Crónica dunha fidelidade, Santiago, Ed. Laiovento.

Alonso Montero, Xesús (1995): Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante, Santiago, Xunta de Galicia.

Alonso Montero, X. (2000): "Castelao ministro da República no exilio", en 50 anos do pasamento de Castelao, suplemento de La Voz de Galicia, 9 de xaneiro.

Alonso Montero, Xesús (1994): As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane, Vigo, Xerais.

Axeitos, Xosé Luís e Portela, Charo, eds. (1999): Os escritores do exilio republicano, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Axeitos, X.L. (1999b): "Estudiar o exilio. Aprender liberdade", en La Voz de Galicia, A Coruña, 16 de marzo.

Aznar Soler, Manuel (1999): "El retorno en la narrativa del exilio republicano español de 1939", en Axeitos-Portela, (eds): Os escritores do exilio republicano, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Beramendi, Justo e Núñez Seixas, X.M. (1995): O nacionalismo galego, Vigo, Ed. A Nosa Terra.

Casares, Carlos (2000): "Castelao: historia dun desencontro en París", en 50 anos do pasamento de Castelao, suplemento de La Voz de Galicia, 9 de xaneiro.

Castelao (1944): Sempre en Galiza, Buenos Aires, Ed. As Burgas (citamos pola edición crítica publicada polo Parlamento de Galicia e a Universidade de Santiago, 1992: que reproduce a segunda edición do libro en 1961).

Cupeiro Vázquez, Bieito (1989): A Galiza de alén mar, Sada-A Coruña, Ed. do Castro.

García Santos, José (1980): Léxico y política de la II República, Universidad de Salamanca.

Gurriarán, Ricardo (1999): Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista, Sada-A Coruña, Ed. do Castro.

Durán, José A. (1989): Basilio Álvarez. España en Crisol, Sada-A Coruña, Ed. do Castro.

Maceiras Fernández, Xosé M. (1996): "Literatura do exilio II. O activismo cultural na diáspora bonaerense", en Historia da Literatura Galega, tomo IV, fascículo 32, Vigo, Ed. AS-PG.

Máiz, Ramón e Beramendi, Justo (1992): "O pensamento político de Castelao", en Sempre en Galiza. Edición Crítica, Compostela, Parlamento de Galicia e Universidade de Santiago.

Méndez Ferrín, Xosé Luís (1990): "Prefacio" á edición facsímil de A Nosa Terra, Vigo, Edicións Nova Galicia.

Núñez Seixas, Xosé M. (1990): "A supervivencia do nacionalismo galego na emigración americana, 1939-1960", in A. Mateos, A. Alted e J.Tusell (eds.): La oposición al régimen de Franco, Madrid, UNED, vol. I, págs. 303-312.

Núñez Seixas, Xosé M. (1993): "A dimensión política de Eduardo Blanco Amor (1919-1950), A difícil andaina dun intelectual no galeguismo", en Anuario Brigantino, n. 16.

Monteagudo, Henrique, ed. (1996): De viva voz. Castelao: conferencias e discursos, Santiago, Fundación Castelao.

Peña Saavedra, Vicente, dir. (1998): Repertorio da prensa galega da emigración, Santiago, Consello da Cultura Galega.

Pérez, Luís (1993): Blanco-Amor e os seus escritos periodísticos, Vigo, Galaxia.

Rebollo Torío, Miguel Ángel (1975): El lenguaje de la derecha en la Segunda República, Valencia, Fernando Torres editor.

Rebollo Torío, M.A. (1976): "Los lenguajes de la derecha en la II República", in Tiempo de Historia, n. 20, págs. 12-31.

Rebollo Torío, M.A. (1978): Lenguaje y política. Introducción al vocabulario político republicano y franquista, 1931-1971, Valencia, Fernando Torres Ed.

Rebollo Torío, M.A. (1980): "Historia y lenguaje" en M.Tuñón de Lara et al.: Historiografía española contemporánea, Madrid, Siglo XXI, págs. 275-293.

Villar, Miro (1998): A poesía galega de Xervasio Paz Lestón. Edición e estudio, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Vilavedra, Dolores, (coord.) (1997): Diccionario da Literatura Galega. II. Publicacións Periódicas, Vigo, Galaxia.

VV.AA. (1992): Galicia e América. Cinco séculos de historia, Santiago, Consello da Cultura Galega.

AS ORIXES IDEOLÓXICAS, INTELECTUAIS E ARTÍSTICAS DO CIENTÍFICO E CINEASTA CARLOS VELO

Luís Álvarez Pousa
Universidade de Santiago de Compostela

Máis alá das cinematecas, antes incluso do seu primeiro contacto coas xentes da cultura republicana e dos cine-clubes universitarios que el iría fundando na súa etapa de líder estudiantil, Carlos Velo afianza a súa personalidade noutra realidade máis próxima, máis desafiante se cabe, e máis íntima. Unha realidade que o obrigará a vivir en tensión durante toda a súa vida. Nacera no corazón da Galicia rural e encaramárase ás árbores do seu pobo, Cartelle, para velo mundo dende alí, sen saber que esa mirada espectante, inquisitiva, ía marcar en branco e negro a súa fructífera e tensionada existencia.

Cartelle e Galicia acabarán sendo o principio e o final, o alfa e o omega dun ciclo vital, apaixoante, creativo, dooroso en ocasións, o arranque dun permanente encontro dialéctico entre dous mundos íntimos que se amosan na personalidade e na obra de Carlos Velo sen interrupción, mesmo diría que de maneira obsesiva ás veces. Por unha banda, esa fidelidade ás súas orixes, que o marcaron social, política e intelectualmente; pola outra, esa vocación artística e solidaria que o fai vibrar no universal, no ámbito da comunicación-mundo, a partir do seu traballo científico de biólogo e a través da súa experiencia de exiliado.

Todo o demáis –esa dedicación ó mundo da imaxe, a súa participación nas correntes de vangarda que fixeron evolucionar as linguaxes do cine e a televisión, a súa vocación de pedagogo e como tal fundador de escolas nas que se formaron xeracións enteiras de cineastas mexicanos- non é se non a manifestación plural e creativa da súa personalidade cultural e científica, dos principios morais e éticos que a foron conformando nas sucesivas etapas da súa

vida. Dixérao el moitas veces, mesmo o deixou por escrito: "aprendin dos meus mestres de bioloxía e filosofía que os seres vivos dependen do medio que os arrodea, e que os homes son fillos da súa época e das súas circunstancias". Esas circunstancias son algo así como os escenarios sobre os que Carlos Velo, nunha permanente busca de razóns para vivir a tope, descubre a tensión das ideas cando elas cohabitan os espacios humanos da emoción.

1. PRIMEIRO ESCENARIO

Un primeiro escenario represéntao o microcosmos da Galicia profunda á que nace un día de 1909. As súas vivencias de neno na escola pública, as súas experiencias en contacto coa pobreza e as miserias sociais das xentes que coñecía cando acompañaba ó seu pai médico visitando e curando enfermos, a conciencia política que adquireu ó constatar como alimentan algúns a iñorancia para facer máis eficaz a manipulación espiritual e caciquil coa que violentan a vontade dos seus conveciños, así como as súas experiencias gozosas –dende os seus descubrimentos eróticos que narra con tanta beleza e naturalidade nos contos autobiográficos que me prometera escribir, ata a súa integración nas romarías populares e nas festas de sementeira e mallas, coa explosiva natureza animada de carballeiras, ribeiras e abidueiras envolvéndoo todo no seu imaxinario-, todo eso e moito máis é o que, andando o tempo, cobra valor intelectual e provoca nel unha reacción de solidariedade, que non pode senón expresar politica e artisticamente.

É o galeguismo, e de maneira máis concreta, é a *Teoría do nacionalismo galego* de Vicente Risco, o que intelectualmente incentiva de primeiras a un estudiante de Instituto que se prepara para entrar na Universidade. Dous compañeiros de estudios, os irmáns Xaquín e Xurxo Lourenzo, teñen acceso por razóns familiares ó grupo de intelectuais que lle daban luz e taquígrafos á revista Nós en Ourense e alento vital a toda unha xeración. El acompáñaos. Eses encontros con Risco, co etnógrafo López Cuevillas, con Otero Pedrayo, co que compartía biblioteca cada tarde no propio centro, e de cando en vez con Castelao, producen en Carlos Velo un forte impacto.

É cando empeza a tomar conciencia da súa condición de cidadán galego e como tal, da súa condición de cidadán dun mundo que se manifesta xeopolitica e culturalmente diverso. E síntese a gusto nesa cidadanía compartida. Aínda non avanzaba a teoría política do galeguismo propostas sociais, que chegarían despois en pronunciamentos políticos e a través de organizacións tanto políticas –as Mocedades, o PG- coma culturais –o Seminario de Estudios Galegos, por exemplo-. Pero satisfacía intelectualmente moitas das preguntas que se empezara a facer cando lera, moitas veces ás escondidas, os libros científicos que descubriu na actualizada biblioteca de seu pai, dos que entresacaba ideas que aprendeu a contrastar co acontecer de cada día, que percibía a través de *El Sol*, o importante e tan decisivo xornal liberal ó que estaba subscrito o culto e por outra parte influinte médico de Cartelle.

A vocación científica de Velo esperta en aluvión a partir das súas lecturas prematuras e secretas sobre mediciña legal, sobre os avances na física e na explicación do cosmos e as maneiras de relacionarse os seres vivos, e afiánzaa posteriormente nas bibliotecas académicas. Un libro do entomólogo Fabre sobre as abellas acaba por crear nel unha obsesión investigadora que máis tarde, xa sendo alumno de "Ciencias Naturais" en Madrid, concretaríase nunha tese de doutoramento sobre o comportamento das abellas na colmea, valéndose precisamente do cine para mostra-la súa hipótese científica, a mesma que pouco despois sería argumento decisivo para a concesión dun premio Nóbel. Sen deixar de facer pé na realidade que o envolve e que o interpela vital e intelectualmente. Válese para ese cruzamento doutras bibliotecas particulares, e de maneira especial a que atopa na casa dos Lourenzo. Aquela biblioteca foi para el un auténtico "festín" –así ma descibiu, tan plasticamente, para que eu valorase a trascendencia que tivo na súa formación, porque é onde atopa todo o que lle faltaba na biblioteca da casa paterna: ideas, realidades e propostas que o axudan a calibrar o que Galicia é, e o que Galicia pode dar de sí-.

Esa vocación científica maniféstase tamén vivencialmente no arranque do que, andando o tempo, sería o principal conflicto ideolóxico serio que se lle presenta. A través dos seus estudios, en contacto coa mediciña que segue durante dous anos na Universidade, e con outras teorías que recibe

posteriormente dos seus mestres Bolívar, Janet, Varela e o vello Cajal, entre outros que lle dan clases en Ciencias Naturales, sorpréndese a sí mesmo nun mar de dúbidas. Comproba que a teoría do galeguismo non é o suficientemente dúctil e rica como para enfronta-las súas propostas co cambio social que a seu xuizo urxía Galicia.

É cando, aproveitando as súas vacacións de verán, tenta demostrar cos seus traballos de campo que dende a bioloxía, dende a entomoloxía, coas armas que ofrece a ciencia, pódese chegar tamén a unha máis ampla e rigorosa comprensión de Galicia como país e como nación, e que dende esa comprensión será máis fácil chegar ás teorías económicas que, ben dimensionadas, dean pé a estudios e programas de transformación da terra e dos sectores productivos que a fan potencialmente rica.

2. SEGUNDO ESCENARIO

Hai un home da xeración Nós que o comprende e anima: López Cuevillas. Os demais ven en Velo a un estudiante lúcido que está moi influenciado polas correntes ideolóxicas que aniñan na Universidade da época. Eran os anos dunha dictadura que, de tan ineficaz, acabaría co Rei fuxitivo e coa proclamación da República un 14 de abril de 1931.

Todo sucédese moi á presa na personalidade de Carlos Velo. A súa chegada a Madrid cubre as aspiracións dun mozo moi intelixente que se sabe un privilexiado social, polo que acaba sentindo incluso un certo complexo de culpa, que acabaría sublimando de dúas maneiras. En primeiro lugar, comprométese dende a universidade co movemento estudiantil, que recrama entre folgas e manifestacións unha transformación do sistema educativo. E comprométese igualmente, en segundo lugar, para contribuir á transformación das condicións de vida do seu pobo, Galicia, e das súas xentes.

Pero non lle ía ser fácil compatibilizar ámbolos dous compromisos. Na universidade toma contacto coas ideas marxistas, que se extendían. E prodúcese, inevitablemente, ese primeiro gran conflicto ideolóxico e persoal ó que me refería antes: o galeguismo non responde ós plantexamentos que asume o marxismo. É en xeral un tempo de ruptura ideolóxica, pero tamén un

tempo de crise na súa vivencial e radical esixencia de volta permanente ás súas orixes. Opta entón por asumir con tódalas consecuencias esa nova realidade político/ideolóxica/cultural que se substenta baixo a marca republicana. Galicia quedará na súa recámara máis íntima, pero ausente como problema específico e diferenciado naquela España de rupturas e de desigualdades sociais.

Faise líder na universidade. Entra na FUE (Federación Universitaria de Estudiantes) da facultade de Ciencias. Convírtese dende dentro nun impulsivo estudiante que recrama unha reforma radical no ensino universitario español, que o propio Azaña asume como necesario para dar carta de natureza intelectual á nova España política. Velo participa nesas circunstancias nun movemento de depuración que máis tarde lle produciría grandes remordimentos de conciencia. Tratábase de impulsar un ensino laico, e para iso querían impedir que a Compañía de Xesús seguise influindo tan decisivamente como ata daquela valéndose da Universidade de Deusto e da Escola de Areneros, da que saían enxeñeiros, químicos e investigadores que cubrían as demandas da sociedade.

Socios importantes da Institución Libre de Enseñanza, que a República integra no seu organigrama para propiciar unha nova política educativa, como foron Fernando de los Ríos, Besteiro, ou mesmo os seus profesores Zulueta e Cándido Bolívar, este último de Izquierda Republicana, apoian ese movemento. E utilizan ós estudiantes para que dean tamén a cara. A Institución escolle entón a Carlos Velo para que exerza de acusador contra dos profesores que proceden de Deusto, facendo el mesmo a proposta de que este tipo de profesores non poidan acceder a cátedras, proposta que fora moi ben recibida e acollida favorablemente polo estudiantado das FUES. Esa discriminación ideolóxica debe defendela noutras universidades españolas. Así é como Carlos Velo asume o diderato estudiantil nun momento de radicalización persoal e de ruptura con todo canto o ataba ás súas orixes. Non é un demagogo, e por eso busca ideas novas coas que entusiasmar ós que participaban masivamente nas asambleas das FUES. Facendo súas as ideas dun libro de Ortega y Gasset sobre a misión da Universidade, e contextualizándoas nos obxectivos republicanos do momento, consegue facerse co control da asamblea das FUES de toda España.

Sae así unanimemente respaldado para selo presidente da nova UFE (Unión Federal de Estudiantes de España).

Comeza ahí un traballo de dimensión política que influirá de maneira decisiva na personalidade e na obra, tanto intelectual como científica e artística, de Carlos Velo. Nese proceso, a súa outra referencia vital e intelectual –Galicia como proxecto- queda oculta. Vólcase no ideal republicano, faise membro activo da Institución Libre de Enseñanza, provoca e comparte as alternativas de cambio e transformación que deberían acabar conseguindo a xusticia social.

Neste escenario republicano –como líder e presidente da UFE, directamente ligada ó Ministerio de Educación e persoalmente, mesmo por proximidade de despachos, ó ministro Fernando de los Ríos, e como activista da Institución Libre de Enseñanza-, Carlos Velo madura o seu compromiso intelectual e político. Faino con capacidade autocrítica, solidariamente, e ó tempo coa suficiente liberdade persoal para prosegui-los seus estudios de Bioloxía, impartindo posteriormente clases como profesor no Museo de Ciencias Naturales, e para tomar por vez primeira contacto co cine a través do Cine-Clube Universitario do que el mesmo fora cofundador, contando co apoio de Luís Buñuel e de outros coñecidos habitantes da Residencia de Estudiantes.

Non está, sen embargo, exenta de tensións tanta actividade. Pero esa foi a súa gran oportunidade, que aproveitou de cheo ó conectar dende esas plataformas republicanas cos centros progresistas que tiñan poder naquela hora de España. Todo o que lle vai suceder dende ese momento ata o estalido da Guerra Civil hai que referencialo, forzosamente, coa súa condición de líder e de activista republicano. Andando o tempo, un tanto decepcionado pola marcha dos acontecementos, ese protagonismo que adquire entre os intelectuais da Institución, da Revista de Occidente e da Residencia de Estudiantes, así como entre os cultivadores da investigación científica e do cine, acabará proxectándoo na realidade social, política, cultural e lingüística de Galicia.

Atópase con Marilín, a que sería a súa muller e nai dos seus fillos. É filla do pedagogo Santullano, alma máter da Institución Libre de Enseñanza. Esa relación familiar acaba por abrirlle tamén as portas a personalidades e proxectos como o das Misións Pedagóxicas, creadas para culturalizar e provocar

unha toma de conciencia político-cultural entre as xentes da España rural. Da importancia de Marilín na súa vida dá fe esta confesión de Velo cando ela morre no exilio mexicano e el sufre unha fortísima crise: "a miña mellor alumna, a miña compañeira na guerra, colaboradora no laboratorio, fóiseme. Entón a ciencia que non puido curala non ten ningún sentido para min, e renuncio ás clases na Escuela Nacional de Ciencias Biológicas".

Desa etapa é a súa definitiva entrada no cine, e de maneira específica, no documentalismo cinematográfico, do que foi un pioneiro en España. Contra o que acostumbrar a dicir e escribir os historiadores, analistas e críticos cinematográficos, cando menos ata moi recentemente, Carlos Velo non se fai cineasta porque sinta unha vocación definida por esa forma de comunicación e de expresión artística. El toma o cine coma un instrumento do que se serve para demostrar as súas investigacións entomolóxicas. Marilín, a súa muller, anímao a buscar unha cámara e, valéndose dun microscopio adaptado ó obxectivo da mesma, acabará facendo posible e ó tempo novidosa unha descripción minuciosa da vida das abellas no interior da colmea, e de maneira especial, as relacións de poder e xerarquía existentes nese micromundo animal, que é o que finalmente lle dera fondura científica á súa tese de doutoramento, demostrando unha hipótese que anos máis tarde lle daría o premio Nobel ó investigador Frich.

Prendeu nel entón o seu interese polo cine como ferramenta útil para achegarse á verdade das cousas, como arma de coñecemento, descubrindo asimesmo a súa grande capacidade instrumental para a comunicación desas verdades, mesmo para contribuir á súa divulgación entre públicos amplos. Multiplícase entón para estar presente en varios frentes político-educativos sen renunciar a seguir ligado a ese gran medio, o cinema. Aproveita as vantaxes que ten por mor da súa posición, tanto familiar como política e cultural, entre o máis granado da clase dirixente española da época, para romper coa liña folclorista á que se entregara o cinema español, e promover proxectos que lle deran consistencia dende a experimentación de formatos e linguaxes que, se ben tiñan xa en Europa, e de maneira especial en Inglaterra e Rusia, cultivadores e productos xa mundialmente recoñecidos, eran totalmente

descoñecidos en España –agás de maneira moi local, en Catalunya-. Dese seu novo compromiso xurden os documentais *La ciudad y el campo*, *Felipe II y el Escorial*, *Infinitos*, *Castillos de Castilla* e *Almadrabas*, esta última coa colaboración de García Lorca e do músico Rodolfo Halffter. Documentais que son un claro testemuño da súa tensión ideolóxica, das súas preocupacións políticas e do seu compromiso intelectual. El vainas resumir todas no documental *Galicia*, que proxecta e realiza para conectar de novo tras unha longa e conflictiva paréntese co seu país de orixe, coas súas xentes e coa realidade que as fai reivindicables.

A proxección no Cine-Clube das películas rusas de Duvjenko, de Pudovkin e moi especialmente de Einsenstein, impactan non só a súa sensibilidade, senón tamén a súa conciencia e a súa vocación política. Descubre nelas a forza das imaxes e a funcionalidade da montaxe, como derscubrirá ó tempo outros referentes de narratividade no cinema dos documentalistas ingleses, na eficacia compulsiva do cinema do holandés Joris Ivens ou na poética antropolóxica que aporta Flaherty, da que se vale cando, para sobrevivir á persecución do 36, aborda o seu recentemente restaurado *Romancero marroquí* inmediatamente antes de fuxir cara Barcelona para entrar a formar parte do Servicio Cartográfico do exército republicano, no que traballa ata que perden a guerra e ten que exiliarse logo de pasar por un campo de concentración en Francia. A película *Galicia*, premiada na Exposición Universal de París en 1935, foi producto por unha parte da necesidade vital que tiña de reencontrarse coas orixes, e da capacidade de seducción deses documentais, pola outra. As súas imaxes levaran á superficie da súa conciencia intelectual e emotiva os escenarios reais nos que sobrevivían entre a desesperación e a esperanza labregos, obreiros e mariñeiros do seu país, dándolles entón voz e berro fílmico coa axuda dos homes da xeración –Castelao, Dieste, Bal y Gay, Ben-Cho-Sei, Cuevillas, Xaquín Lourenzo...- ós que lles debía en boa medida conciencia identitaria.

Repítese, inda que agora en circunstancias diferentes, o escenario de tensión no que Carlos Velo ha ter que definirse como cando chega por vez primeira a Madrid e se abre coma unha esponxa ás ideas transfromadoras do

marxismo. Diante da realidade social de Galicia, que palpa de novo nesa viaxe cívica de reencontro coas xentes que máis sufren a pertenencia a unha comunidade marxinada, e sen embargo de tan fortes raigames, ¿qué facer?. ¿De que maneira pode conciliar esa esixencia intelectual –universal- con esoutra esixencia ética de reencontrarse, dende as súas conviccióǹs republicanas, coa Galicia real e cos homes e mulleres que loitan polo seu autogoberno dende o galeguismo organizado, politica e culturalmente?. Dous son os fíos conductores que o van reconciliar despois de atravesar un largo guadiana con Galicia e co galeguismo.

En primeiro lugar, un personaxe ó que non coñecera ata entón: Alexandre Bóveda, o líder do Partido Galeguista que mellor conecta coa idea transformadora que move o ideario de Carlos Velo. "Bóveda reconcilioume co galeguismo", dixérame pouco despois de coñecelo. En segundo lugar, o xa citado documental *Galicia*. Afiánzase ese reencontro cando o Partido Galeguista, unha vez desgaxado o sector máis conservador e católico que representaban entre outros Vicente Risco e Filgueira Valverde, decide integrarse como unha forza política representativa de Galicia no Frente Popular que se constitueu estratexicamente en defensa da República. Síntese e manifféstase republicano de esquerdas e galeguista. Mesmo afianza esa súa doble e complementaria posición en discusións e disputas dialécticas con personaxes que daquela encabezaban o liderato do recentemente creado Partido Comunista de España. A Santiago Carrillo e a outros dirixentes das Juventudes Socialistas que deron lugar ó PCE coñecéraos dándolles charlas sobre temas de Bioloxía. Bótalles en cara que non teñan sensibilidade polas cuestións nacionais, e máis en concreto, polos feitos diferencias que representaban Cataluña, Euskadi e Galicia. Por iso, e tamén porque non se vía como participando nunha de tantas células anónimas que implantaba o PC, nunca aceptou ser militante dese partido, malia que o convidaran nun montón de ocasións.

Tampouco se sentía un comunista, e dubitaba sobre determinados plantexamentos teóricos do marxismo, que el abrazara sen embargo dende que chegara a Madrid para seguir estudios universitarios. Así foi como, segundo el mesmo manifestou moitas veces, decide seguir como republicano de esquerdas

a secas, optando nese momento por facer que ese ideario se complementase e fusionase co que se esforzaban a defender dende unha posición menos radicalizada os nacionalistas e galeguistas que alentaban a vida do PG. O que en definitiva se planteaba era unha resposta á interrogante de cómo aplicar en Galicia as teorías marxistas de transformación da sociedade, sen que fose contradictoria co ideario e coa estratexia seguida polo galeguismo. Esas diferencias cos líderes do PCE repetiríanse no exilio mexicano.

3. TERCEIRO ESCENARIO

Cando Franco se levanta contra o poder lexítimo da República, Carlos Velo xa deixara a UFE, que recibía duras críticas por estar excesivamente burocratizada. Estaba dedicado ás súas clases de Ciencias Naturais, ó documentalismo cos equipos de CIFESA, e máis en concreto, á preparación dunha oposición a cátedra.. Por esta última razón, el e Marilin viven temporalmente retirados en La Granja, localidade segoviana na que reciben a noticia do golpe franquista. Inmediatamente toman precaucións, porque el é un republicano moi coñecido e odiado polos falanxistas de Primo de Rivera que controlaban a facultade de Dereito, e sabían que era un dos obxectivos a batir. Cando as tropas sublevadas avanzan cara Madrid, deciden fuxir a Galicia para esconderse en Cartelle, a aldea de seus pais. Alí están ata que son localizados polos falanxistas de Ourense, e escoita de labios de seu pai "fuxe, que nos comprometes", e son os Lourenzo e os Peña Rey os que os esconden entón ata que lles facilitan papeis falsos e consiguen chegar a Sevilla, dende onde pasan a Marrocos aproveitando a presencia dun equipo de CIFESA que fora contratado para producir con fins propagandísticos a prol dos sublevados a película *Yebala*, promocionada e manipulada despois como *Romancero marroquí*. Unha vez rematada, aproveitan a distensión do momento e fuxen por mar ata Francia, dende onde pasaría el só a Barcelona para poñerse a disposición das autoridades republicanas.

Dende o Estado Mayor do exército republicano interésase pola sorte de Castelao e dos demais galeguistas. Consegue poñerse en contacto con Rafael Dieste, quen lle confirma o asasinato de Bóveda en Pontevedra. Cando todo

está perdido para a causa da República, Velo acaba coma tantos outros intelectuais nun campo de concentración. Á fin, e xa de novo acompañado por Marilin, embarca cara ó exilio mexicano. Cando chegan a Veracruz, atópanse con outros intelectuais exiliados que lle axudan a Velo a buscar un traballo de profesor na Politécnica que viña de crear o presidente Cárdenas. Os seus cursos de ecoloxía acabaron sendo famosos, acollendo como alumnos a persoas moi relevantes da sociedade mexicana que ocuparían algúns deles postos importantes na empresa e na política, como foi o caso do que andando os anos sería o presidente Echeverría. Esa súa dedicación académica e o traballo posterior como documentalista e como creador de centros de capacitación para o cine e a televisión nos que se formaron varias xeracións de cineastas mexicanos e de profesionais para a televisión, fixeron de Carlos Velo un referente imprescindible nos ámbitos intelectuais e culturais do país azteca. Mesmo colleu sona en círculos populares gracias á novidade dos *Noticieiros* que semanalmente eran aplaudidos en tódolos cines do país azteca. Xa asociado a Barbachano Ponce en Tele - Producciones –o verdadeiro patrón e a mellor fábrica do cine informativo e de ficción mexicano-, volvería sorprender coa iniciativa de *Telerevista*, especializándose dende entón na realización de curtametraxes, no que foi un verdadeiro mestre ata os últimos días da súa vida.

Demostraba na práctica que el seguía apostando polo cine como un gran instrumento útil para interpretar e comunicar a realidade, facendo operativo nese país de adopción o que se coñecía como "cine-verdade", sen abandonar nunca a súa vontade de estilo, para o que segue experimentando cos códigos narrativos máis vangardistas, nin tampouco a súa vocación científica, que se manifesta en numerosos documentais cinematográficos e televisivos –para o que sen dúbida se inspira no que fixera Jean Painlevé-, e en centos de traballos divulgativos a través precisamente das xa citadas "telerevistas", para usar a denominación que el mesmo patrocinara co apoio de Barbachano. Con el faría *Torero*, o docudrama do que dixera Sadoul que estaba realizado cun "matrial que rebasa ó toreo e ós matadores", ademáis de acabar de dirixir e editar a premiada *Raíces* que deixara a medias Benito Alazraki, levando asimesmo ó cine *Pedro Páramo*, a novela do seu amigo Juan Rulfo, contando coa

colaboración de Gabriel García Márquez e Carlos Fuentes, así como co apoio moral do seu tamén amigo Luís Buñuel, a quen acompañara como productor executivo durante a rodaxe de *Nazarín*.

Poucos como el se adiantaran a subliñar a importancia dos novos inventos, e poucos como el se amosaron deseguida entusiasmados coas grandísimas posibilidades técnicas e artísticas que ofrecían para a narración en imaxes e para a comunicación en xeral. É o que o mantiña vivo nese mundo, o que o lle facilitaría seguirlle sendo fidel á ciencia e ó cine e, cando se impuxo como o máis eficaz medio de comunicación de masas, á televisión. Por iso cultivou ata os días da súa morte o documentalismo cinematográfico, e por iso se soubo adaptar tan ben ó medio televisivo para a realización de proxectos científicos. Esa súa ductilidade para acoller os adiantos tecnolóxicos xa non digo sen os traumas que fixeran estragos en moitos creadores da súa xeración, senón co entusiasmo que xa anticipara cando, procedente dunha feira internacional celebrada no Xapón días antes, se prresentou a mediados dos anos 70 nas "Xornadas do Cine de Ourense" cun "videodisco" baixo o brazo, argumentando desa maneira tan obxectiva sobre a revolución que se aveciñaba, e na que el quería participar a poder ser dende Galicia "porque, se nolo propoñemos, nunca máis imos ser periféricos", dixera diante dun auditorio de xente moza, entre a que estaban os do grupo Lupa, Villaverde, Simón, Castelo, Amil, Carlos Varela, Miguel Gato..., que teimaban en abrir espacios fílmicos entre nós.

Non é, sen embargo, esta faceta creativa de Carlos Velo a que nos interesa desenvolver nesta ocasión, cando por outra parte se están dando a coñecer traballos de investigación que a tratan con amplitude e fondura. A nosa intención é outra, se ben non é posible segmentala da anterior, precisamente porque entre o documentalista republicano dos anos trinta e o exiliado nacionalista e de esquerdas que finou en México hai dez anos non hai máis que a distancia que crea o tempo. Mantén vivos tódolos referentes ideolóxicos e culturais que lle deran pouso á súa personalidade pública, pero sen desligalos nunca da tensión polas orixes á que nunca renunciou. En México reafirma o seu doble compromiso de sempre: co ideal republicano, que axuda a alimentar pese

a que nada facía presaxiar unha volta atrás trala victoria dos facciosos, participando en todo tipo de iniciativas como a da creación da Unión de Profesores Exiliados; e coa Galicia que volvía ó ostracismo, á resignación e o oscurantismo que tan ben rendabilizaban os caciques e as xentes que se doblegaran ó novo réxime. Consegue conciliar eses dous compromisos tanto a través da súa implicación persoal en todo tipo de causas nobles como no seu traballo artístico, intelectual e propiamente político.

Galicia era o seu deber por cumprir.

Serviuse do estatus social que conquistara como profesor de ecoloxía, fundador e director de escolas de capacitación cinematográfica e documentalista para situar a Galicia nas axendas políticas e culturais do exilio e de México. Implicouse en inciativas como a do Padroado da Cultura Galega, do que foi presidente durante varios anos, e canda outros compañeiros seus como Luis Soto e Delgado Gurriarán contribuiu a facer desa institución un pulmón político para a reivindicación dos dereitos de Galicia como nacionalidade histórica; creou instrumentos de comunicación entre a colectividade galega e os exiliados, e entre estes últimos e os da resistencia no interior, codirixindo con eses obxectivos as revistas S*audade* e *Vieiros*, encargándose asimesmo de guionizar, dirixir e presentar as audicións radiofónicas de *Hora de Galicia* que cada domingo lanzaban proclamas a prol da República e do seu goberno no exilio e en contra das forzas golpistas que a derrotaran, esixindo ó tempo para Galicia a súa liberación e o autogoberno; apoiou tamén todo o que dende a clandestinidade puñan en marcha os galeguistas e nacionalistas galegos na súa loita contra o franquismo e para sobrevivir en medio de persecucións e de prohibicións culturais e lingüísticas. E cando Alonso Ríos lle propón selo delegado do Consello de Galiza en México, acéptao como un novo servicio á doble causa republicana e galeguista. Por outra parte, a decantación que sobre a chamada "cuestión nacional", ou sobre os feitos diferenciais das nacionalidades históricas fixeran os partidos españois que se autoorganizaban no exilio, e de maneira moi particular o PCE, axudoulle a el e a outros exiliados galegos como Luís Soto a reafirmarse na posición nacionalista, mantendo grandes disputas cos comunistas por esa razón, inda que sen romper nunca os

lazos de solidariedade contra o inimigo común: Franco e o réxime que impuxera polas armas.

A empresa non foi fácil. Sobre todo cando teimaron en conseguir que tamén o resto dos emigrados galegos no país azteca asumiran esas mesmas causas. A distancia en concienciación política e mesmo a intensidade identitaria era moi grande. Pero tamén había demasiadas cancelas que derribar entre os propios exiliados galegos, con militancia político-partidaria diversa e con moi diferentes graos de sensibilidade galeguista. Carlos Velo non pertencía a ningunha sigla, era respectado e valorado dentro e fóra dos círculos galegos, e por iso serviu de ponte para vencer as desconfianzas mútuas entre uns e outros. Nin sequera aquela Alianza Popular Galega, que xurdira precisamente para superar as diferencias e incompatibilidades entre socialistas, comunistas e demáis correntes ideolóxicas, facilitou as cousas. Con todo, estableceron lazos co sector máis galeguista da emigración, entre o que estaban Roxelio Rodríguez de Bretaña e Elixio Rodríguez, ademais doutros militantes e seguidores do Partido Galeguista.A visita de Castelao a México, viaxe e estancia que axudou a preparar Velo de maneira moi activa, reforzou esas pretensións solidarias, logo de que o rianxeiro reclamara como absolutamente immprescindibles tanto a unidade dos demócratas en defensa da lexitimidade republicana como a unidade dos galegos a prol da liberdade e do autogoberno de Galicia.

Carlos Velo, Luis Soto, Delgado Gurriarán e Caridad Mateos concordan con Castelao a necesidade de reforzar a estratexia que de maneira tan personal viñan desenvolvendo xa dende o Padroado. Convírteno nun foro aberto, e aproveitan as xa históricas "arengas" do 25 de xullo para formularen ano tras ano un ideario para cantos sentían o compromiso coa súa nación de orixe. Mesmo conseguiran que neses mitins solemnes participasen outros exiliados non galegos, ós que acompañaban á súa vez sempre que se organizaban actos e homenaxes republicanas e antifranquistas –unha destas homenaxes tivo por destinatario a León Felipe, aproveitándoo Velo para realizar un comprometido e emotivo documental. Buscan á vez as maneiras de manter unha comunicación permanente cos demócratas e galeguistas do interior. É cando crean as revistas xa citadas, eoncontrándose uns e outros nas súas páxinas para testemuñar a

vitalidade e a resistencia cultural e lingüística do país. Pero non se quedan no cultural. A mediados dos anos setenta, apoian dende o exilio a fundación da Unión do Pobo Galego (UPG), . Unha carta de Velo en *Vieiros* dirixida ó colectivo de escritores e estudiantes que lle deron vida ó grupo *Brais Pinto* fora recibida entón e segue a ser analizada hoxe en día nesa clave. E foi el quen se encargou de confeccionar con textos que chegaban clandestina e anonimamente dende o interior e de imprimir o primeiro número de *Terra e Tempo*, o órgano informativo da UPG. Un estudiante que viaxou dende México a Barcelona encargaríase de distribuilo por correo dende Cataluña.

E non paran ata que uns anos máis tarde Luis Soto viaxa a Galicia para entrevistarse cos que traballaban máis ou menos clandestinamente para socavar o réxime. Aproveitando a viaxe que fixo a Cannes para recibir un premio por *Torero*, tamén Carlos Velo fai escala en Galicia, e entrevístase cos de Galaxia e cos da UPG. Teimaban en que os do interior debían organizarse politicamente na clandestinidade, ofrecendo o apoio dos exiliados e dos demais galegos distribuidos nos diferentes países de emigración latinoamericanos. Non recibiron ben a decisión dos "galaxios" de centrarse no ámbito da cultura, renunciando definitivamente a recuperar o PG, e sintonizaron sen embargo coa UPG pola razón contraria. Velo voltou entón a México contrariado, pero convencido máis ca nunca de que a loita política máis decisiva debería estar organizada e executada dende dentro.

Cando volve por segunda vez, o réxime franquista está nas últimas. Quere recuperar a memoria, que el mesmo alimentou nos anos sesenta e setenta traballando con vontade de filólogo sobre a lingua galega, organizando en México unha exposición dos novos pintores galegos, e facendo proxectos para que Galicia e a súa cultura non quedasen á marxe da revolución tecnolóxica e á marxe tamén da cultura da imaxe que aquela faría posible. Seguía a velo todo coa mirada dun entomólogo, capaz por iso de prever e anticiparse ós acontecementos que se aveciñaban por mor da evolución científica e tecnolóxica que coñecía gracias ás viaxes que facía con frecuencia por países, congresos e grandes feiras internacionais especializadas nas técnicas informáticas e electrónicas de producción, distribución e exhibición de

programas televisivos e obras de creación videográfica. De todo isto falara largo e tendido, feliz diría eu, cos realizadores que asistiran ás Xornadas do Cine en Ourense, primeiro, e anos despois ás Xornadas de Cine e Video do Carballiño. Diso e das posibilidades que para unha cultura e un país coma o noso se abrían a partir desa evolución en cadea. Unha vez máis, demostraba o que vimos subliñando coma un leit motiv: que o obxectivo da súa dedicación ó mundo do cine –como documentalista, como creador de ficción e curtametraxista, como creador de escolas de capacitación, como abandeirado da televisión científica, mesmo dende a súa condición por dúas veces de director do servicio de cine e televisión adscrito á presidencia da República mexicana- ía moito máis alá do cine e da televisión. Sentíase a gusto neses medios, pero sempre en tránsito. Non reparaba en formatos nin en soportes. Abrazaba o que máis posibilidades técnicas ofrecese, sempre co obxectivo posto na comunicación de mensaxes –científicos, políticos, culturais ou artísticos- que incidiran ou contribuiran a incidir social e politicamente sobre cantos os recibían.

E coma sempre tamén, non deixa de proxectar toda esa súa actividade profesional e política, toda esa súa capacidade organizativa e creadora sobre o seu país, ou mellor, sobre a necesidade que teñen a cultura e a lingua do seu país de orixe de estar presentes no mundo, e ó tempo de facérense adultas para favorecer procesos de socialización, para o que é imprescindible contar con tódolos medios dos que dispoñen outras sociedades máis desenvolvidas e menos dependentes. "Imaxínate, Luís, o importante que sería poñer en marcha unha escola de documentalistas en Galicia, en Cartelle mesmo: poríamos a Galicia de moda no mundo". Con iso soñaba cando lle demos o premio *Mestre Mateo* das artes, na Compostela de 1984. Tanto, que se comprometeu a elaborar un proxecto de centro de capacitación e aquivos da imaxe e do audiovisual en xeral para Galicia que el mesmo dirixiría, para o que debería abandonar México definitivamente.

4. GALICIA OU O ESCENARIO NEGADO

Ter e facer memoria de país. Ese foi o seu máis personal e decisivo compromiso moral. Desafiar os fluxos que desnaturalizan as compoñentes

identitarias que en sentido evolutivo e cambiante constrúen día a día a fortaleza social, cultural e política dun pobo. Ese foi o seu norte no compromiso da acción, que tivo no ideario republicano un primeiro referente ético, intelectual e político, pero que cobrou sentido vital no reencontro coas orixes sobre as que madurara a súa poliédrica personalidade.

Síntese en débeda por iso. Quere devolverlle ó país das orixes todo o que foi asimilando e experimentando durante tantos anos en contacto coas vangardas, coas correntes ideolóxicas que postulaban entre outras cousas por el tan desexadas a transformación do campo, a defensa ecolóxica do medio natural, a utilización das tecnoloxías para o desenvolvemento e o control da evolución da ciencia e para anchear sen cancelas a capacidade de comunicación sen xerarquías posibles entre o mundo e nós ou entre nós e o mundo, ou a interacción estratéxica e solidaria entre as clases populares e os intelectuais e creadores de cultura.

Velaí as prioridades da súa axenda para a última etapa da súa vida, cando aínda seguía a pé de cámara e de escola, á fronte mesmo da dirección do servicio de cine e televisión na presidencia da República, e non perdera o entusiasmo e a conciencia que fixeran del un activísimo e intelixente militante das causas máis nobles e dos proxectos máis novidosos. Un día chamou por teléfono para dicir taxativamente: "fálache Carlos Velo, e quero comunicarche que decidín voltar definitivamente". Pecharia así o seu ciclo vital, que se abrira na Galicia da súa memoria adolescente –eis eses relatos eróticos autobiográficos que escribiu despois da súa segunda viaxe a Cartelle-, da súa mocidade rebelde, a Galicia que o mantivera en tensión permanente aínda cando máis alonxado estivo dela e das súas xentes. Pero non viría de baleiro. Repensou as ideas que xa introducira no proxectado Centro Cinematográfico Galego que xa levara en 1956 ó I Congreso da Emigración Galega e, con todo o caudal de coñecementos que posuía en todo o referido ó audiovisual, preparou un proxecto para a creación dun Centro de Capacitación, Producción e Arquivos audiovisuais que, como xa fixera con éxito en México, estaba disposto a dirixir. Envioumo por balixa diplomática para que llo fixese chegar ás institucións de autogoberno en Galicia. Viña acompañado dunha carta persoal: "A

determinación de voltar á terra matriarcal é cada intre que pasa máis crara e definitiva. Sinto que os meus anceios de darlle a Galicia o que lle debo como cineasta renovarán as miñas forzas creativas, e tamén as miñas mañas de organizador científico".

Non foi posible. Negáronlle ese último e definitivo escenario. Morreu anos máis tarde preguntando unha e mil veces por que. Por eiquí todos andaban en asuntos moito máis prosaicos. Seguía a ser, pese a todo, un exiliado. Tería que contentarse co que a súa compañeira Carol e os seus fillos fixeron por explícito desexo seu: esparcir as súas cinzas na corrente do Golfo para que poideran chegar algún día ó Fisterra atlántico. Seguro que chegaron. A proba é que podemos falar del neste congreso sobre o exilio.

Pero sen perder a memoria. Carlos Velo volve ser, máis unha vez, un referente para contrastar vontades en medio do barullo. Mentres para algúns segue a ser Galicia un foguete do que botar man nas liturxias que a nada comprometen, para el –como proclamara naquela famosa arenga de 1961 diante de exiliados galegos, cataláns e vascos, é o que moitos quixeramos que fose:

> para nós [arengaba Velo xa daquela], nesta idade electrónica que nos tocou vivir, o Día de Galiza é un día de meditación, unha data para facer novos planos de acción, unha convivencia de fondo senso político onde debe xurdir o exame realista dos programas de traballo, onde debe confirmarse a solidariedade dos galegos, a determinación férrea os irmáns, o mesmo sufrimento, pola unión, pola irmandade, polo vencellamento de esforzos encol dunha sola e indivisible idea, dunha única e real bandeira, dunha intransferible e inacabábel misión: a loita pola autodeterminación de Galicia nun réxime político de liberdade e xusticia social (...) Xa chegou o tempo pondaliano de fuxir dos sonos confrontando as realidades sociais e económicas. Xa chegaron as datas de esparexer as dúbidas seculares, dando respostas barudas e craras a un pobo coma o noso que ten a conciencia individual sulagada no tempo, que non sabe esixir os seus dereitos porque endexamais os coñeceu.

BIBLIOGRAFÍA UTILIZADA

Álvarez Pousa, L. (1985): *Carlos Velo. Rebelde con causa,* Vigo (libro de conversas, de próxima publicación).

Álvarez Pousa, L. (1977):" Por Galicia nun Venres Santo", en *Teima*, nº 24.

Álvarez Pousa, L. (1999):" Carlos Velo, rexeitado en vida", en *Tempos Novos*, nº 29.

Fernández, Miguel A. (1996): *Carlos Velo, cine e exilio*, Vigo, Edicións A Nosa Terra.

Fernández, Miguel A. (1999):"As curtametraxes documentais do galego Carlos Velo, un fito no cine español da República. 1934-1936", en *Grial*, nº 141.

Redondo Neira*,* F. (2001): *Carlos Velo: discurso informativo e didáctico no cine documental da II República*, Santiago, tese de doutoramento (inédita).

Villaverde García, E. (1995): "A República en guerra: o goberno cardenista, Castelao, Soto e as comunidades galegas dos EE.UU. e Cuba", en *A Trave de Ouro*, nº 22.

AS QUINTAS FEIRAS, NO NORTE DÍA A DÍA .....

Margarita Ledo Andión
Universidade de Santiago de Compostela

Aínda non é a fin nen o principio do mundo
Calma, é apenas un pouco tarde
M.A.Pina

Radio e Exilio. Un medio pobre nun non-lugar, o exilio. Unha organización pobre, a Unión do Pobo Galego, UPG, situada na línea de sombra onde non chega o vento. Un país pobre, con imaxe de pobre, coma todo país de emigración, e con fragmentos de resistencia, coma restos cos que construir a súa existencia, a súa escolla, a súa intervención na historia en devalo.

Onte o meu papel foi presentarlles o filme *Castelao*, de Jorge Prelorán, unha hora máis tarde do previsto e para unha sá valdeira. Un filme feito de xeito artesanal, pobre, con materiais extra-cinematográficos, porén, un filme que constrúe o prodixio de situarnos nos acontecementos do século XX.

A experiencia da radio da que lles vou falar situou ao nacionalismo galego contemporáneo no ponto de mira de todas as preocupacións. De procurarlle paralelismo, ou unha certa xinea no exilio republicano, voume para México, para a emisión dos domingos á mañán na que os locutores despedíanse dicindo: Carlos Velo, de Cartelle; Lois Soto, de Vilanova das Infantas –depoixas, Lois Soto de Podente-. Vooume para a Emisora XESM e para os 10 anos de programas antifeixistas ate que un Ministro de Información e Turismo, Fraga Iribarne, colocouno no ponto de mira da súa escopeta de caza: llevan muchos años injuriando a la Patria, replicoulle a Xosé Luis López Cid cando quixo

mediar para erguer o secuestro de *Vieiros*, a revista que editaron cando non puideron seguir co programa de Radio, no aeroporto de Barajas.

Canto a min, eu non podo se non que falar do exilio dende unha perspectiva fenomenolóxica, atravesada pola miña experiencia do exilio e por un exilio diferente ao que provoca a derrota na guerra civil. Un exilio consecuencia da militancia na UPG, un exilio decidido como parte dun programa que na altura chamabamos de liberación nacional e social. Aos 23 anos pasei á clandestinidade. Pasei á clandestinidade no seguemento dunha acción de propaganda –de innovación tecnolóxica nos modos de chamar a atención e de acceder a lugares dificeis para a propaganda- unha acción que foi considerada polo Réxime un "acto de guerra". E dictouse orde de "caza e captura". Era xullo do 1974. En setembro fun enviada ao Portugal post-25 de avril, ao país que podería convertirse na nosa primeira fronteira exhibida, no lugar de proba da relación cun Outro, tan perto/tan lonxe, que apenas si sabía nada da categoría nodal que adoptaba para nós, comunistas galegos, a reivindicación da nación.

Oficialmente retornaría en novembro do 1976, para ir ate o Tribunal de Orden Público, TOP, en Madrid. Ás agachadas cruceie non unha, coma Lois Soto, se non 7 veces 7 o Miño e mais a raia seca. Eís as coordenadas nas que deberán encadrar o meu relatorio. Na fin, e anque xa é un pouco tarde, escoitarase o programa de 16 de xaneiro do 75, emitido polas ondas da radio pública portuguesa no seo do espacio *O Norte día a Día*, e quero que sexa ese programa o que conste nas actas. Como memoria sonora de que existiu o exilio contemporáneo.

Canto á radio, eu que me tiña formado para o exercicio do xornalismo escrito en Barcelona, sempre utilicei esa posibilidade coma un soporte alternativo, coma o lugar no que a voz humana adequire o seu nivel mais outo de credibilidade e de empatía, como o Medio máis hipertáctico e directo, coma a máis versátil, como a luva que lle acae a un obxectivo coma o da axitación. No 1973 participei en Lugo, na SER, no espacio *Galicia Sempre* –cuxa sintonía, o Hino do antigo reino de Galiza, identificaba o noso espacio semanal no Radio Clube Portugués- e no 1985 en Barcelona, dende unha emisora pirata atrais da que estaba Olegario Sotelo, rubricaba un espacio completamente in, *A raia do*

indio, cuxa cabeceira era un agasallo de Luis Seoane, dunha das súas "comunicacións" na radio en Buenos Aires e que me adicara na desparecida Librería Alonso da Praza do Campo de Lugo, xusto o ano que eu remataba a carreira. Entre ambas as dúas miñas incursións na radiodifusión, a emisión, as quintas feiras, sete trinta horas, dende as ondas do Radio Clube Portugués.

Vou esquivar adrede certos residuos de liricismo, ese pensarme a min propia nos tempos do exilio como unha personaxe diferente da que agora lles está a falar; vou coutar calquera sorte de emoción persoal, e non porque ensaie achegas de tipo histórico –que non me cómpre nen estaría en condicións de facer- se non porque considero ese percurso, o exilio, como natural. Porén, o valor que lle apoño ten máis que ver con certos síntomas da incomprensión e dos atrancos que tivo, no seu mesmo proceso de definición e na súa práctica, a esquerda marxista que incorporara na loita antifeixista e democrática a custión nacional. E como non adoito ocultar as fontes, vou darlles, chegado o momento, un, dous, tres nomes.

Denantes continuar –e anque quizaves aparezan datos abondosos sobre o exilio en México, p.e. na comunicación de Elixio Rodríguez- quero expresarlle a miña débeda, tanto no método coma no optimismo, en pensar o imposíbel, en mudar unha peza de lugar para que as cousas poidan avanzar, precisamente a aquela equipa de "axit-prop" que se foi entrenzando arredor do Padroado da Cultura Galega no México e ao camarada de meu, Lois Soto, en particular.

En certo xeito en baixei do Sinaia ou do Ipanema e topeime no peirao de Veracruz, nun non-lugar que só iría acollendo perfil recoñecíbel a traverso da acción. Eles editaran xa no 44 *Galicia bajo el terror*; nós organizamos no setembro de 1975 un mitin no Cinema Batalla –con todas as organizacións da esquerda portuguesa ate o PCP- contra dos consellos de guerra; eles artellaran a Alianza Nazonal Galega; en Porto, na sede do Movimento Democratico Portugués, MDP, presentábase a Asamblea Nacio al-Popular Galega, ANPG –por certo, Vilas Nogueira fora, digamos, que o Conselleiro Portavoz-; eles sacaban o *Boletín de Información Galega* (monolingüe), nós achegabámos ao "interior" (Galiza) os clixés da prensa clandestiña e dende territorio amigo o programa no RCP. Eles, cando os tempos iban andados, fixeron *Vieiros*; nós, en edición

cuidada, as "Bases Constitucionais" para un pacto federal ou un comic lindísimo, diseñado polo Xan Casabella, con todas as cores que pasou pola raia seca. Aos coarenta anos de *Vieiros*, no 1989, nos titulabamos aquela empresa como "O Ultimo organizador colectivo":

> Refuxiados no México, opoñentes que cren na unidade entre experiencia e mais conciencia, entre atitude a mais opinión como parte da idea transformadora do real, un grupo de galegos republicáns resposta ao cese das súas transmisións radiofónicas cunha labazada precisa e altiva: o artellamento dunha revista interdisciplinaria –da Ciencia á Literatura, compría recalcar-, de autores –de letra e de imaxe, compría remachar-, con director artístico –Arturo Souto-, plural no texto e cun perfil editorial fincando na pedra, no buxo, nos metais para que os obxectivos de base foran xa guieiro e todos souberan que tocaban unha revista galega de nación.

Como para eles, Porto era para min o lugar para a propaganda, a infraestructura de apoio ao interior e o establecemento de redes de boas relacións, relacións boas que foran tecendo o pano sutil do recoñecemento e para o que muito me serviu o lectorado de galego na Facultade de Letras –o Doutor Oscar Lopes como Decano-, o grupo coimbrá dos Anibal Almeida, dos Joaquim Namorado, e por entre eles unha persoaxe tirando sempre de min pola man: O Viale Moutinho.

A primeira fronteira, cara o interior e cara o exterior. A seguridade, a solidariedade, o efecto multiplicador: porque a primeira función da progaganda –sábeno vostedes ben- vai cara os nosos, cara os que están a loitar en calquera lugar; a propaganda establece un núcleo de afectos que vai contra do desexo de resignación, que combate o desexo de morte. E nesta función precísase de Igualdade, cómpre contar con medios coma os maís e porque contas con medios coma os mais comezas a pensar que tes folgos dabondo para construir a túa posición. Xa eres coma os que falan dende a Pirenaica –despois escoitaremos a Concha- ou dende Radio Moscú. Eres coma o Manuel Alegre dende Arxel.

Confésolles que eu tentárao xa, dende París, mentres era estudante e maoista. Por aló debeu ficar rexistrada a miña visita –xunto co meu colega Cirilo, da Escola de Xornalismo de Barcelona- á Embaixada da Albania para proporlles de facer un programa antifeixista. Lémbrome do café que nos deran e da frase xa tipificada e optimista do funcionario albanés: En canto as masas comezan a se mover...

Un exilio, díxenlles, diferente do republicano. Eu era, de feito, unha "sen papeis". Eu andaba fóra de historia porque non viña dunha organización recoñecíbel, porque o meu pano de fundo era unha tea de arañeira que Paula Martíns –un dos meus alcumes- ia articulando de modo fragmentario, de modo continxente e cun aquel de melanconía por entre siglas que se chamaban, por esta orde de aparición: LUAR, MES (dende o CIDAC), MDP, MFA, PCP, e a traverso de institucións, por exemplo a Universidade de Porto -para onde as editoriais galegas enviaron un pacote de fundos-, a Cooperativa Arvore, a Fundaçao Gulbenkian -que financiou as I Jornadas de Cultura Galega no Porto-, a livraría Leitura ou estanco de Caminha -onde se vendían a nosa prensa clandestiña- e a traverso de persoas que se chamaron Avelás Nunes/Oscar Lopes; Calvet de Magalhaes ou Cal Brandao, o gobernador do Porto, membro do PSP, que foi unha figura central cando, apos o verán do 1975, comenzou a persecución do estranxeiro por parte da Policia Judiciaria. En fin, sempre por entre todos eles, o Viale Moutinho.

O programa de radio naceu, coma todo, do contacto directo e anque brevísimo no tempo, tén dúas etapas. Unha primeira na que intervén, cabo da miña voz, a dun locutor portugués que, alén de algunhas noticias, fai a presentación: No "Norte días a día", as quintas feiras falamos de problemas que dizen respeito ao pobo galego. E unha segunda etapa, xusto a partires do programa que imos escoitar, na que falo soamente eu. Coma todo o que ten que ver co silencio, a desaparición da voz do locutor profesional non é inocente e voulles contar que foi o que pasou:

> Pasou que un individuo de nome Basilio García foi direitiño ao Cuartel da Rexión Militar do Norte –deduzo que quen lle dá o contacto, sen

> saber da misión, é o capitán Fortes- cunha teima pencha: acalar o estes apenas 15 minutos semanais de emisión. O primeiro que enarbola é que vai en contra da "unidade" e que desapareza, alomenos, a voz do portugués. Para que non se pense, di, que Portugal nos ampara a nós. Ao nacionalismo galego, enténdase ben. Consegue esto último e que eu teña que facer entregar do guión completo de cada programa para que o seu contido sexa revisado pola autoridade

O espacio, porén, segue avante. Ate que o capitán Fonseca, ao frente de dinamización cultural do MFA, ás dúas semanas dá orde de parar a emisión. Paula Martíns -eu- pede unha entrevista que se pasa no Cuartel Xeneral en presencia do meu valedor, o Tenente Coronel Corvacho. Tomo coñecemento, entón, deste ir e vir dun fantasioso informador que mesmo lles deixan caer que eu podería ser da policía franquista. "¿Éo vostede?, guinda de súpeto o Fonseca. Eu só lle resposto, cun lixeiro acaneo da testa, que non.

E o programa continúa ate que un acontecemento exterior, a tentativa de golpe militar do 28 de marzo –coñecida como a do RALIS, por ser o destacamento que, con Denis de Almeida á frente, primeiro se enfrentou á reacción- era preludio da operación preparada por Frank Carlucci, dende a Embaixada americana, para acabar coas perspectivas de revolución.

O programa –ímolo escoitar de seguido- era de tipo informativo, feito cos "medios a bordo", dunha atacada e sen posibilidades de regravación. Axiña se van decatar de que o binomio actualidade/proximidade pretendía misturarse coa análise, coa explicación de contexto e máis cun certo desleixo polo nemigo. A fórmula de contrarios usábase a cachón. Asi, se se falaba da prensa clandestina inmediatamente se daba novas encol a represión, e así por ahí adiante... No "Arquivo Sonoro" do CCG poden escoitar, por exemplo, o programa do 30 de xaneiro do 1975, cáseque monográfico sobre o 25 cabodano d o pasamento de Alfonso R. Castelao e a prohibición de varias conferencias: dende a organizada pola asociación "Amigos da Cultura" de Pontevedra e ate a do "Valle Inclán" de Lugo onde, por certo, ian falar Beiras, Casares e Ferrín. Abofé que eran outros tempos. ¿A música do programa

adicado a Castelao? Por suposto, *A Internacional*. Eran, definitivamente, outros tempos.

O sistema , simples e recoñecíbel, estructuraba o mundo en dous: os malos e os bons. E un aquel de formato estándar -lonxe das imprecacións da axitación- escolleuse para afortalar esa función de organizador colectivo que lle apoñíamos, dende Lenin, aos Medios de Comunicación.

E agora, dende o Radio Clube Portugues, falamos para o pobo galego.

CARLOS VELO, O EXILIO DO CINE GALEGO*

Miguel Anxo Fernández

Cando Carlos Velo emprende o camiño do exilio mexicano, xa era un documentalista de prestixio durante a República, anos nos que o xénero valorábase case á mesma altura das ficcións argumentais, en boa parte polas súas posibilidades didácticas e tamén porque a súa exhibición estaba moi normalizada nas pantallas por cousa tan sinxela como ofrecer unha curtametraxe previamente a unha película. Obviamente a televisión nin sequera estaba admitida como un soño, e o documental era a única posibilidade de achegar o mundo real ós espectadores, de aí o predominio das pezas en clave reportaxe fronte ás de ficción.

Os documentais de Carlos Velo feitos, en colaboración co crítico e xornalista Fernando G. Mantilla, este máis en funcións de productor que de realizador, eran sen dúbida (e así o demostran as escasas fontes escritas da época, as testemuñas de numerosos cineastas da mesma xeración e mesmo as valoracións posteriores dos especialistas), os de maior prestixio de cantos se facían na España que vai de 1934 e comezos de 1936, o período no que o cineasta de Cartelle fixo a totalidade da súa producción de formato curto, pois Romancero marroquí, que filmaría por terras de Marrocos en 1937, encádrase na longametraxe e non ven aquí ó caso agás na circunstancia de tratarse dunha obra capital na filmografía española, que Velo non chegaría a aproveitar por canto durante o franquismo a súa montaxe sería sometida a manipulación e silenciado o seu nome como director.

*Texto da presentación comentada previamente ás proxeccións do xoves 27 de setembro do 2001, no Centro Galego de Arte Contemporáneo.

A forzada ausencia de Velo foi tamén unha gran oportunidade perdida para o cine galego por canto no ano 1935 fixera Galicia, unha documental que xa está na altura da buñueliana Las Hurdes/Tierra sin pan, filmada tres anos antes, e que ten unha importancia capital no relatorio do que puido ser e non foi un cine normalizado no noso país. Evidentemente, Velo non era o único intelectual galego comprometido coa imaxe, que outros nomes foron o pontevedrés Ramón Barreiro, que en 1933 fixo en galego "Por unha Galicia nova", ou o ourensán Antonio Román con "Canto de emigración" en 1935, aínda que esta en castelán. De ambas películas conservamos interesantes referencias malia ficar desaparecidas. Pero mentres o primeiro remataría por derivar a súa carreira ata o cine comercial e maiormente ata a televisión, e o segundo acolleríase ó nacente franquismo para converterse nun dos seus directores máis brillantes nos anos corenta, o de Cartelle prantexou a súa película dende o seo da industria española (a producción era de Vicente Casanova, o patrón da máis tarde poderosa Cifesa), comprometendo no empeño a galeguistas como Rafael Dieste para a supervisión do guión, a Castelao para os títulos de crédito, a Xaquín Lourenzo Xocas para a antropoloxía e a Torner e Bal e Gay para a música, malia non estar acreditados nos títulos agás Castelao.

Velo non chegaría a velo seu traballo rematado porque cando estaba a facer a postproducción houbo de marchar de Madrid, e foi Mantilla quen quedou a cargo dos materiais, introducindo entre outras cousas un off de ton claramente republicano afastado de calquera intención galeguista, que era a pretendida inicialmente por Velo. Aínda así, Galicia foi premiada co Diploma de Ouro na Exposición Internacional de París por un xurado presidido por Buñuel. Mágoa que actualmente só saibamos da primeira parte desa obra, a dedicada ós homes do campo. Da outra, da dos homes do mar só conservamos as referencias do propio Velo.

Sen embargo, polas imaxes que conservamos confírmase a extraordinaria altura plástica (afastada do esteticismo oco e efectista que daquela predominaba na curtametraxe daquel tempo), dada por Velo a Galicia coa colaboración do seu operador, Cecilio Paniagua. O máis tarde prestixioso

director de fotografía foi quen a mediados dos anos sesenta atopou o único rolo conservado e llo agasallou a Velo aproveitando unha viaxe a México. Durante moitos anos nada se soubo do achádego, e a nosa historiografía (motivada en parte polas referencias escritas existentes, e mesmo polas verbas entusiastas de Luis Seoane a través das súas emisións radiais en Bos Aires ou dos seus textos), mitificou a película como a peza angular dunha hipotética cinematografía galega.

A posterior constatación do valor das súas imaxes, xunto co feito de que o franquismo optou por fomentar e estimular unha visión de Galicia tópica e folklórica coa entusiasta colaboración do productor vigués Cesáreo González a través da "gallegada", confirma e consolida a Galicia como o elo perdido que ía dende as primeiras e moi tímidas tentativas galeguistas a prol dun cine propio nos anos trinta, ata o movemento reivindicativo dos anos setenta e primeiros oitenta, nos que por certo tamén estivo presente Carlos Velo, esta vez retornando dende México, xa cunha ampla traxectoria de cineasta e de mestre de varias xeracións de realizadores, e disposto a poñe-la súa experiencia en 1985 ó servicio dun programa formativo de filmadores galegos que finalmente non podería ser pola nula acollida atopada nos responsables da Xunta de Galicia.

Outra das razóns que reforzan a condición do cineasta de Cartelle como a gran esperanza frustrada dun hipotético cine galego, está no labor, práctico ou teórico, que desenvolvería no país azteca ata moi pouco antes da súa morte, en 1988. A imaxe nunca deixou de sela súa teima. Alá potenciou ata a metade da década dos anos cincuenta o semanario Noticiario Mexicano, despois filmou a obra mestra da tauromaquia Torero! (1956), máis tarde arriscouse a levar ó cine a literatura de Juan Rulfo en Pedro Páramo (1966), e finalmente en 1975 fundaría unha das escolas actualmente máis prestixiosas no país, o Centro de Capacitación Cinematográfica.

A súa obra aínda sería máis productiva, pero non é do caso relatala agora por unha sinxela cuestión de tempo e espacio. Sen embargo é xusto facer mención no eido teórico a dúas iniciativas ideadas dende México para Galicia aínda que tamén frustradas, unha vez máis por circunstancias políticas

contrarias. A primeira o Centro Cinematográfico Galego, proposta enviada ó Primeiro Congreso da Emigración Galega en xullo de 1956, e a segunda, o Centro de Capacitación, Produción e Arquivos da Imaxe, presentada diante da Xunta de Galicia en outubro de 1985 a través do seu amigo, o xornalista Luis Álvarez Pousa. Non paga a pena especular sobre o que puideron ter sido para a normalización da Imaxe no noso país, e finalmente non foron, pero da súa análise dedúcese a un intelectual moi sensibilizado, que nunca deixou de pensar e sentir en Galicia. O corpus teórico de ámbalas propostas, para quen teña interese no tema, recolleranse no meu próximo libro "As imaxes de Carlos Velo", en edicións A Nosa Terra.

As curtametraxes que imos ver esta noite dan boa proba da calidade da obra de Carlos Velo durante a República, obra recuperada nunha pequena parte, pois das oito curtametraxes que realizou só conservamos Almadrabas (1935) na súa versión orixinal; Felipe II y El Escorial (1935) nunha remontaxe manipulada; e un rolo de La ciudad y el campo (1934), outro de Galicia (1936), e tamén a segunda metade de Castillos de Castilla (1936), aparecida recentemente nunha filmoteca berlinesa, aínda que esta non se inclúe no programa de hoxe. De Infinitos (1935), para moitos especialistas unha obra mestra do cine experimental; Tarraco Augusta (1935) e Santiago de Compostela/Saudade (1936), nada sabemos, ó tempo que confirma o lamentable estado do patrimonio cinematográfico español anterior ós anos corenta.

Á parte as imaxes recuperadas de Galicia (que levou por subtítulo Finisterre) e La ciudad y el campo, veremos Almadrabas e Felipe II y El Escorial, que servirán para confirmar canto aquí dixemos. Da primeira, "Os homes da terra en Galicia", reclamaría a atención de vostedes sobre o tipo de planificación e tamén sobre o uso do son, con recursos tan audaces por vangardistas como amosa-los diálogos dos paisanos mediante notas musicais, e tamén sobre o incendiario off de Mantilla, claramente identificado coa causa republicana. Da segunda, "La ciudad y el campo", o ton absolutamente didáctico da súa proposta, encamiñada a convencer ós labregos da necesidade de modernizar as súas instalacións agropecuarias. Da terceira, "Almadrabas", a

evidencia de estar diante da que tería sido a parte dos homes do mar en Galicia. Sen dúbida unha obra mestra do documental antropolóxico, filmado a bordo dun barco, e que mesturaba a intención didáctica coa promocional da industria atuneira. Da cuarta, "Felipe II y El Escorial", totalmente manipulada no seu off e mesmo nas súas imaxes, pódese pescudar a intención claramente crítica de Velo e Mantilla ata a monarquía, á parte do orixinal discurso plástico-narrativo arredor do Escorial, contrario ós documentais publicitarios e haxiográficos propios da época.

Para rematar, fago unha chamada á esperanza sobre unha hipotética recuperación de parte desta filmografía "republicana" de Carlos Velo. Sábese que os inxentes fondos cinematográficos da Filmoteca Española na súa sé madrileña están a ser catalogados, lenta pero felizmente. Tamén aumentan as investigacións en filmotecas internacionais. Mesmo o Centro Galego das Artes da Imaxe, CGAI, está a promover unha substanciosa política de recuperacións e restauracións.

Do mesmo xeito que nos sorprendemos coa aparición de "Castillos de Castilla" nunha versión falada en alemán que confirma que parte destes materiais foron enviados a Alemania como froito das boas relacións entre o franquismo e o réxime de Hitler (lémbrese que o seu ministro Goebbels tiña como unha das súas teimas acapara-la maior cantidade de materiais cinematográficos procedentes dos países ocupados ou aliados), non hai moitos meses atoparon en Madrid unha copia en moi bo estado coa versión orixinal da curtametraxe "El hombre y el carro" (Antonio Román, 1940), ata agora coñecida nunha versión en galego remontada por Eloi Lozano a finais dos anos setenta, co título "O carro e o home". Que oxalá aconteza o mesmo coa obra desaparecida de Carlos Velo Cobelas, o representante máis ilustre do exilio do cine galego.

Deixo para o remate unha reflexión que non é de balde e que quizáis se poda aplicar a outros intelectuais galegos forzados ó mesmo exilio padecido polo cineasta nacido en Cartelle en 1909. Resulta que Velo está considerada unha autoridade no contexto do cine mexicano, foi un dos seus activos dinamizadores, como dixen mestre de varias xeracións de realizadores, pero

houbo de gañarse o seu prestixio a pulso dende a chegada ó país azteca. De nada serviu que trouxera de España unha dilatada traxectoria de curtametraxista que o situaba entre o mellor, senón o mellor, do documentalismo da República.

Pois resulta que cincuenta anos despois, esa parte da súa vida, esa parte fundamental da súa obra cinematográfica, continúa descoñecida en México. Nin as nosas institucións semellan interesadas en posibilitar que esas filmacións poidanse ver alá, por exemplo no marco do propio Centro de Capacitación Cinematográfico que fundou na capital en 1975 ou no da prestixiosa Universidad Nacional Autónoma de México, UNAM, nin fan o esforzo diplomático necesario para que ese interese se corresponda ó propio México. É outro xeito de quebra-la memoria do exilio.

COMUNICACIÓNS

O XORNALISMO DE EDUARDO BLANCO AMOR EN "LA NACIÓN": EMIGRANTE E EXILIADO

Xosé López García (coordinador)
Marta Pérez Pereiro (investigadora)
Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega

A Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega no seu labor para contribuír á recuperación da memoria histórica do xornalismo galego, traballa no estudio da obra dalgúns dos nosos máis destacados devanceiros que exerceron como profesionais nos medios de comunicación colectivos. Un deles, aínda que máis coñecido coma literato, é Eduardo Blanco-Amor. Emigrado ós 21 anos, no ano 1919, Blanco-Amor chega a Bos Aires coa única experiencia como xornalista na redacción do xornal ourensán *El Diario de Orense*. O seu biógrafo, Gonzalo Allegue, apunta que o mozo Blanco-Amor exercía de "amanuense" no medio, mentres que el mesmo sostiña, en entrevistas moitas décadas despois, que traballaba como xornalista e asinaba co alcume de "Herminia Hernández".

Sexa como for, conta cunha pequena experiencia na profesión, o que o anima a participar en distintos medios da comunidade galega na Arxentina, e, posteriormente, en xornais americanos. Para falarmos da súa traxectoria como xornalista ten sentido facermos un percorrido cronolóxico por ela, xa que os distintos acontecementos políticos en España determinan en boa medida o tipo de traballo que realizará para uns e outros medios.

As súas primeiras publicacións en América son na revista *Acción Gallega,* pero están constituídas, fundamentalmente, poemas e colaboracións literarias. Dous anos máis tarde é nomeado director das páxinas literarias do *Correo de Galicia,* medio con certo pasado galeguista no que inicia unha serie de artigos

sobre os poetas galegos. Estes traballos inaugurais na prensa galega fan que Blanco-Amor aumente a súa experiencia na profesión, que aproveita cando funda, xunto con Ramilo Illa Couto, a revista galeguista *Terra*, que se constitúe como o voceiro da "Irmandade Nazonalista Galega", representante do ideario político de Vicente Risco e primeira revista escrita por completo en galego na emigración na Arxentina. A publicación non ten unha longa duración, pero fai que Blanco-Amor comece a utilizar politicamente o xornalismo. Neste primeiro momento, o xornalista identifícase por completo coa tese nacionalista risquiana pero, como veremos, irá evolucionando cara a un populismo republicano, segundo indica Núñez Seixas[1534].

Todos estes contactos co xornalismo vano preparar para o inicio da súa colaboración no diario porteño *La Nación*. Fundado en 1870, este xornal segue sendo na actualidade unha das máis importantes cabeceiras de toda latinoamérica e un referente clave para Arxentina. Blanco-Amor recibe dúas axudas moi importantes para comezar a colaborar no xornal; dunha banda, o dramaturgo García Velloso, con quen o autor establecera un contacto nos parladoiros do Café Armonía, actuou como valedor seu no diario. Por outra, o responsable do mesmo en España, o colombiano Sanín Cano, a quen entrevista para o *Correo de Galicia*. Gracias á intervención destes personaxes e a súa sona crecente no país como conferenciante e promotor da causa cultural galega, farán que o 12 de abril de 1925 asine a súa primeira colaboración en *La Nación*. Trátase dun artigo moi extenso, que terá continuación, no que fala dos poetas precursores galegos, o que dá comezo a unha das súas vías de traballo máis importantes no xornal, a da difusión cultural. En palabras de Julio Sigüenza, Blanco-Amor escribe en *La Nación* "para esa gente que no irá jamás, y que llora y se emociona con un verso de Rosalía o una estrofa de Curros, una serie de

[1534] Xosé Manuel Núñez Seixas divide a evolución do pensamento político de Blanco-Amor en tres etapas ó longo da súa estadía en América; en primeiro lugar, ven a "Etapa risquiana" (1919-1924), que representa un momento de achegamento cultural, máis apolítico, ó nacionalismo. Nun segundo momento, ata o ano 1931, o ourensán inclínase polo "Galeguismo republicano", que defende nas páxinas das distintas publicacións nas que traballaba e para as que colabora. Por último, ata o final da Guerra Civil en España., Blanco-Amor defende un "Populismo galeguista de esquerdas". En Núñez Seixas, X. M. (1990): "Eduardo Blanco-Amor no nacionalismo galego (1919-1939), Liderato étnico e galeguismo", Vigo, *Grial*, nº 108.

crónicas que irán apareciendo en sus páginas, periodicamente, y que ya los gallegos esperamos con ansias mal contenidas"[1535]

Para falarmos do seu traballo neste rotativo porteño temos que ter en conta dúas perspectivas: dunha banda, existen notables diferencias entre o traballo que desenvolve no devandito medio e nos xornais e radios da colectividade galega en América e, en segundo lugar, as coordenadas espacio-temporais definen implicitamente a súa traxectoria en *La Nación*.

A Guerra Civil marca un punto de inflexión importante na súa vida. De emigrante, Eduardo Blanco-Amor pasa a converterse, como moitos intelectuais galegos en América, nun exiliado que non pode voltar á súa terra a traballar coa liberdade dos anos anteriores. Esta situación afecta directamente á súa actividade profesional, especialmente no caso de *La Nación*, medio no que existe un cambio notable entre a cantidade e temática das súas colaboracións antes e despois do ano 1936, ben pola imposibilidade de que exerza como correspondente, ben pola censura política imposta dende o medio. Ademais, as transformacións que se producen no seu estatuto profesional dentro do xornal arxentino deveñen do seu cambio de residencia a outros países americanos como Chile, Venezuela e Uruguai onde, como veremos, tamén colabora nos medios locais.

1. O XORNALISMO DO EMIGRANTE

Eduardo Blanco-Amor desenvolve unha actividade case que frenética como xornalista nos anos vinte e primeira metade dos trinta nas diferentes empresas galegas radicadas na Arxentina, non só como colaborador senón tamén asumindo cargos de responsabilidade nas rotativas. O seu traballo nestas publicacións ten unha dobre vertente dependendo do medio, a aposta pola cultura ou a implicación política, pero mantén sempre como obxectivo a defensa de Galicia alén das súas fronteiras. As súas primeiras experiencias, citadas anteriormente, son decisivas porque lle ofrecen unha perspectiva global do que supuña crear unha empresa xornalística.

[1535] En Calvo, Tucho (1981): "O periodismo no escritor" en *Homenaxe a Blanco-Amor*, Redondela, Edicións Xerais, pp.33-34.

En primeiro lugar, Blanco-Amor exerce, o mesmo que veremos en *La Nación*, unha importante función de difusor da cultura galega. O ourensán codirixe a revista *Céltiga* na súa segunda etapa (1924-1932) xunto con Eliseo Pulpeiro e Suárez Picallo. Nesta publicación trata en especial temas culturais para contribuír á dignificación da tradición galega a ollos dos emigrantes, por medio das críticas literarias e das crónicas.

Ademais, segundo indica Riveiro Espasandín, a súa capacidade de comunicación oral axuda para que difunda a cultura galega pola emisora "Radio Libertad".

En segundo lugar, Blanco-Amor emprega os medios de comunicación para espalla-lo seu ideario político (vid. nota 1). Os órganos da Federación das Sociedades Galegas, *El Despertar Gallego* e, posteriormente, *Galicia*, son lugares privilexiados para esta misión. Blanco-Amor dirixe a primeira destas publicacións dende 1926 deica a súa desaparición en 1930. En *El Despertar Gallego* mantén a liña editorial "na defensa da 'democracia republicana', contra a degradación de Primo de Rivera (...), amosando a súa solidariedade cos pobos iberosocialízanteamericanos, ameazados polo xigante norteamericano, ou apoiando as loitas das clases populares arxentinas, dentro dun internacionalismo socializante que fala na linguaxe dos socialistas utópicos, máis que na vertente marxista"[1536]. Estes ideiais mantéñense en *Galicia*, publicación que ven substituír á anterior; nela, Blanco-Amor traballa ata o ano 1950, dirixindo a súa liña nos momentos máis duros, e defendendo a unidade indisoluble das causas republicana e autonomista, os temas máis recorrentes dos seus artigos e editoriais. Ó longo da Guerra Civil, Blanco-Amor aproveita o xornal para facer propagandismo político, que vai vencellado á súa acción política directa. Con todo, a súa actividade á fronte destas publicacións non estará exenta de problemas. As loitas internas polo control da Federación fan que Blanco-Amor sexa expulsado da mesma en 1928 e impiden, ademais, que escriba nas páxinas do *Despertar*. Será rehabilitado cando, xunto con outros

[1536] Riveiro Espasandín, Xosé (1993): "Eduardo Blanco-Amor xornalista" en *Eduardo Blanco Amor (1897-1979)*, Día das Letras Galegas 1993, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp.33-34

intelectuais e forzas políticas, integrase na ORGA (Organización Galega Republicana Autónoma) que financia o 20% do custe da publicación. Este é o momento no que, con mellor formato e presentación, nace o *Galicia*. O compromiso político de Blanco-Amor nos medios galegos en Arxentina mantense mesmo cando cambia a situación política, o que segue a darlle problemas entre as numerosas colectividades que se asocian na república austral e defenden o réxime franquista.

Este xornalismo combativo, tanto no político coma no cultural, contrasta co tipo de colaboracións que ten que incluír nas páxinas de *La Nación*. Dende un primeiro momento, no que empeza coa serie de artigos sobre a poesía galega, a súa intención será a de dignifica-la impresión que teñen os arxentinos sobre os inmigrantes galegos. Apunta Riveiro Espasandín que "Galicia comeza a ser, para os arxentinos, algo máis ca unha terra exportadora de carne humana –de calidade máis ben dubidosa- para converterse en berce de excelentes escritores e artistas, cun pasado cultural florecente, un rico folclore e unha nova vitalidade, dende o rexurdimento do século XIX"[1537].

A traxectoria de Blanco-Amor no diario pode separarse en dúas etapas que teñen como ecuador a Guerra Civil que, como anunciabamos, supón importantes cambios na súa traxectoria neste medio de prensa. Pode dicirse que o período de colaboración máis rico con *La Nación* correspóndese con estes primeiros anos, que situamos no período que vai de 1925 a 1935. Despois de que pase tres anos colaborando repetidamente no diario con textos de difusión cultural, Blanco-Amor é enviado a España como correspondente. Este cargo, que xa exercera Rubén Darío no ano 1899 nun xornal tan prestixioso, é contemplado con recelo por parte da colectividade galega, que non entendía como o xornalista puidera chegar tan alto. Pero o certo é que, cando regresa a Galicia despois de dez anos de ausencia, no 1928, Blanco-Amor dirixía *Galicia*, era redactor xefe de *Céltiga* e xa publicara o seu poemario *Romances Galegos*.

Cando desembarca do "Werra" no porto de Vigo, impresión que recolle na súa crónica "Galicia por la proa. La emoción de volver" (17/02/29), leva "na billeteira as credenciais de La Nación –dúas colaboracións por mes, durante

cinco meses, 150 pesos por cada unha (...)"[1538], o que levantou certa expectación entre a intelectualidade que traballaba en Galicia, que deseguida comeza o organiza-lo seu recibimento como un triunfador, xa que de todos eles era coñecido o prestixio da rotativa de Bos Aires, na que colaboraban plumas ilustres como as de Unamuno e Ortega y Gasset. Nesta primeira etapa cubrindo o posto de correspondente, Blanco-Amor permanece na Península, especialmente en Galicia, ata o seguinte ano. O xornalista pasa un segundo período en España, entre os anos 1933 e 1935, nos que vive unha experiencia como correspondente que lle fai manifestar nunha entrevista realizada no seu regreso definitivo a Galicia, que viviu "como cronista anos apaixonantes"[1539].

Podemos tamén establecer certas diferencias entre os traballos xornalísticos que publica no diario en cada unha destas viaxes como correspondente, derivadas da distinta situación política de España e, consecuentemente, pola postura que adopta Blanco-Amor ante o acontecer deses anos. Así, a data da instauración da República en España, o 14 de abril de 1931, establece esta separación entre os dous momentos. Na primeira estadía (1928-29), e nos anos anteriores, hai unha clara preferencia polos temas culturais e históricos, que veñen a cubri-lo deficiente coñecemento que se tiña da cultura galega e, sobre todo, da súa tradición escrita, un dos temas máis importantes para el nestes anos. Por outra banda, a propaganda do "galego", dunha identidade definida, tamén ten a súa expresión nas crónicas de viaxes, nos que se centra, en especial, na paisaxe galega, comparada continuamente con motivos pictóricos. En "Elementos del arte gallego. El paisaje" (6/05/28) e "Galicia. Paisaje y turismo" (5/05/29) opera esta descripción minuciosa de Blanco-Amor, que escribe froito das súas viaxes por Galicia naqueles anos, empregando calquera medio de transporte ó seu alcance para chegar ás paraxes máis recónditas.

Por outra parte, o recordo dos artistas do pasado e a reseña da obra dos novos é outra das orientacións máis habituais neses anos. Vémolo en traballos

[1537]Riveiro Espasandín, Xosé (1993): "Eduardo Blanco-Amor xornalista...", art. cit., p.55-56
[1538] Allegue, Gonzalo (1993): *Eduardo Blanco-Amor, diante dun xuíz ausente*, Vigo, Nigra, p.89
[1539] Freixanes, Víctor (1982): *Unha ducia de galegos*, Galaxia, Vigo, p.88

como "Una exposición de arte gallego en Buenos Aires" (28/07/29), no que valora a presencia da expresión plástica galega na Arxentina, ou as críticas moi extensas que escribe sobre a obra dos artitas galegos ("Santiago Bonome, escultor galego" 3/11/29). Ademais, tamén apunta en "Sobre el actual renacimiento gallego" (4/03/28) a orientación política que desenvolverá nas súas crónicas nos anos seguintes.

Ata o ano 1931, Blanco-Amor tamén vai publicar as dúas primeiras de tres crónicas sobre o mar, nas que se implica directamente. Concretamente, o xornalista zarpa coa tripulación do "Norita" á captura da sardiña, o que dá lugar a dous dos seus traballos como cronista máis coñecidos: "Seis días en el mar. Escenas de pesca en la costa galaico-portuguesa" (17/03/29) e, a segunda parte, "Escenas de pesca en la costa galaico-portuguesa" (7/04/29). O mesmo director de *La Nación*, Leopoldo Lugones, dicía destas crónicas que cheiraban a sardiña cando as lía.

Diciamos que Blanco-Amor dá unha orientación distinta ós escritos xornalísticos que envía dende España no período de 1933 a 1935. O seu traballo deriva máis no político, motivado pola nova situación no estado, un réxime republicano, e da evolución ideolóxica do propio autor. Ademais, fixa a súa residencia en Madrid, trala morte da súa nai, o que fai que tome parte noutros proxectos xornalísticos como a revista *Ciudad,* poida estar no centro da vida política do Estado e viaxe máis por España.

Blanco-Amor aproveita as páxinas de *La Nación* para presenta-la situación política española, sobre todo, nos anos 1933 e 1934, nos que, recollidas do arquivo de *La Nación*, atopamos 11 crónicas que teñen como tema preferente o estado da nova república, e, en segundo lugar, a loita autonomista e outros acontecementos da vida política do momento. Estas crónicas, polo seu grao de implicación cunha postura de esquerdas, procúranlle os primeiros problemas a Blanco-Amor, xa que a súa visión sobre o desenvolvemento dos acontecementos na república, nada ten que ver coa orientación da liña ideolóxica do xornal.

En concreto, recoméndase que o autor "poña un coidado exquisito en non molestar o ideario político conservador dos lectores de *La Nación*"[1540], ideario que representaba o filo-fascismo do derradeiro Lugones. En textos como "La realidad española" (20/04/34) ou "Juventud, divino tesoro" (15/07/34), Blanco-Amor releva a inxustiza económica en España e o clima de crispación social reinante. Ademais, aborda a causa autonomista, que expón nun completo artigo histórico: "Antecedentes de la lucha autonómica en Galicia" (11/10/33).

Neste traballo, como nalgún outro, pero en contadas ocasións, Blanco-Amor describe a historia da loita pola autonomía de Galicia como a máis antiga da Península, pero resulta comedida se a comparamos cos artigos que publica na prensa galega en América polos mesmos anos.

Curiosamente, malia ás restriccións temáticas impostas dende o rotativo, é precisamente unha crónica relacionada co político a que lle reporta máis sona entre os lectores de *La Nación*. O éxito de "El sepelio del presidente Maciá" (8/01/34), a crónica dun enterro multitudinario con fortes implicacións políticas, fai que se lle prorrogue o contrato co diario por algo máis dun ano, en concreto, ata abril do 1935.

Blanco-Amor, ademais dos devanditos problemas coa directiva do xornal, debido á liña editorial orientada a unha burguesía conservadora, ten a oposición do responsable do diario en Madrid, Cacho Zabalza, quen, en palabras de Gonzalo Allegue, "desmente en Bos Aires os pesimistas diagnósticos de Eduardo Blanco-Amor sobre a dereitización da política española"[1541]. Este xornalista revela a súa ideoloxía fascista cando, co alzamento do xeneral Franco, envía crónicas a *La Nación* nas que defende o golpe militar e critica o goberno da república.

> De novo Gonzalo Allegue fala da "esquizofrenia" como xornalista do escritor á luz do contraste entre os seus traballos para o medio arxentino e os dirixidos á comunidade galega. Contraste que se manifesta na liña combativa e comprometida en contra da dereita española no *Galicia*, e a exquisitez e erudición politicamente inocua das crónicas de viaxes por España publicadas no diario porteño. Estes

[1540] Allegue, Gonzalo (1993): *Eduardo Blanco-Amor.....*, op. cit., p.130

> traballos, froito das continuas viaxes do autor pola Península, calman os ánimos no xornal e recuperan a liña culturalista coa que iniciara a súa colaboración. Resultan bos exemplos desta "autodefensa" de Blanco-Amor as crónicas que escribe dende El Escorial, tan recias como o seu estilo artístico, moi do gusto da burguesía á que se dirixe o xornal: "En El Escorial" (18/08/35) e "El San Mauricio del Greco" (23/08/35).

A censura implícita que rexistran as súas crónicas agudízase cando estala o conflicto, e Blanco-Amor "a penas publica unha media ducia de artigos, alleos á problemática do momento, pois non hai que esquecer que o Xusticialismo, que embebía xa importantes sectores da sociedade arxentina –incluído o propio valedor do Blanco-Amor nas páxinas de *La Nación*, Leopoldo Lugones, que puxo o periódico ó servicio dos sublevados- inspirábase en modelos equivalentes ós fascismos europeos"[1542]. No ano 1936, nos meses inmediatos ó inicio da Guerra, Blanco-Amor refúxiase no cultural, con traballos sobre cultura galega - "Fundamento galaico de Ramón del Valle Inclán" (8/03/36), "Excursión a Rosalía" (19/04/36)- e con máis relatos de viaxes como "Poema del agua en el Generalife" (7/06/36), a última das súas colaboracións denantes do conflicto bélico.

2. O XORNALISMO DO EXILIADO

Ó longo da Guerra Civil ábrese xa unha fenda insalvable entre o xornalismo de Blanco-Amor na prensa galega e as xa escasas colaboracións para *La Nación*. A este xornal o propio autor chámalle o "diario vacuno" pola súa relación co empresariado da gandeiría arxentina, pero a el volverá para publicar, supoñemos que máis por necesidade económica e polo prestixio da cabeceira que como respecto á súa liña editorial coa que sempre estivera en desacordo.

Con todo, en palabras de Dalila Saslavski[1543], *La Nación* mantívose nunha posición dividida con respecto á contenda; dunha banda, escribían para a

[1541] Ibidem, p.132
[1542] Riveiro Espasandín, Xosé (1993): "Eduardo Blanco-Amor xornalista...", art. cit., p.46

publicación xornalistas defendendo a república como Constantino de Esla, ó tempo que se incluían os traballos de dous antigos amigos de Blanco-Amor, Eugenio Montes e Víctor de la Serna, que apoiaban o movemento fascista. A loita dende a prensa estendese tamén a algunhas publicacións de galegos que apoiaban o alzamento franquista, como, por exemplo, *Diario de Galicia*, dirixido por Lence, nomes que Blanco-Amor transformaba comicamente en "Corriere Deustche Galizien" e "Il signore Giuseppe Von Lence"[1544]

Nestes anos Blanco-Amor segue escribindo no *Galicia,* ademais de colaborar na *Fouce* e *Alborada*, aínda que desenvolve unha actividade frenética como voluntario a favor da república, en calquera dos actos nos que se precisara da súa axuda. Inicia, asemade, unha breve actividade diplomática cando é nomeado vicecónsul en Bos Aires. Posteriormente, recibe o cargo de cónsul da república, co que abre esta nova fronte de combate, que compaxinaba coa escritura de editoriais no *Galicia*; podemos salientar moitos deles, con títulos moi elocuentes: "¡Asesinos de España!" (26/07/36), "La mentira nazi-fascista" (17/01/37) ou "Nuestra profunda confianza en la Argentina" (29/11/36), por citarmos algúns exemplos.

Podemos apuntar varias causas polas que Eduardo Blanco-Amor a penas escribe para *La Nación* desque pasa a formar parte da nómina dos exiliados.

-En primeiro lugar, a posición ideolóxica de Blanco-Amor radicalízase, de xeito que se fai imposible que o tipo de crónicas que poida escribir sobre o desenvolvemento da guerra e, posteriormente, sobre a vida na postguerra, saian nas páxinas da cabeceira porteña. Daquela, as súas críticas ó fascismo só tiñan cabida nas publicacións citadas en liñas anteriores. A súa única opción é seguir coa liña culturalista, xa que as portas do diario estaban pechadas para el como correspondente, como confirma que rexeiten o seu ofrecemento para exercer como tal en maio do 58, no que o autor vai emprender unha viaxe por Europa. Deste xeito, reinicia a serie de contos que empezara xa no 1928, e chama *Cuentos de la ciudad*, nos que describe a vida nunha gran cidade como

[1543] Entrevistada por Gonzalo Allegue. O seu recordo da defensa da república en Bos Aires da lugar ó capítulo "Dalila en guerra", o cuarto do libro xa citado.
[1544] Allegue, Gonzalo (1993): *Eduardo Blanco-Amor.....*, op. cit., p.161

Bos Aires. Algunha destas narracións breves teñen un marcado carácter satírico. Sen ir máis lonxe, atopámolo nun dos relatos cos que volve publicar en *La Nación*, "El Sr. Martínez no está" (8/06/1941), no que critica veladamente ós galegos enriquecidos, aqueles cos que o autor ten tantos conflictos pois controlan os centros de poder da diáspora[1545]. Aparecen, ademais, "El drama de Pernelas. Relato policial" (21/03/1937), "Veinte minutos" (05/1943), "El esquizoide: cuento científico" (11/1943), "Los grandes propietarios" (07/1944) e "La edad de mi prima Adelaida" (05/08/1945). As crónicas e artigos van estar tamén baseados en temas de cultura, sobre todo a galega: "Mi pueblo y Eça de Queiroz", "Galicia en su ser" (19/04/1959) e "Mi invención de Compostela" son exemplos destas colaboracións, non moito máis abondosas.

Por outra parte, Blanco-Amor intenta incluír nas páxinas do xornal, con máis ou menos éxito, os seus traballos sobre Federico García Lorca. Da súa amizade e colaboración literaria co escritor xorden numerosas conferencias sobre a obra do granadino e colaboracións escritas para a prensa. En *La Nación* publica "Nueva obra teatral de García Lorca" (24/11/1935), "Evocación de Federico" (21/10/1956) e "Emoción de Federico" (10/1950). En cambio, a redacción de *La Nación* devólvelle un novo traballo sobre o autor e a súa suxerencia de abrir unha sección sobre teatro na edición dominical.

-En segundo lugar, a nómina de colaboradores españoles en *La Nación* medra considerablemente con nomes da intelectualidade recoñecidos internacionalmente, como Ortega y Gasset, Ayala, Marañón... A consideración do escritor no xornal, deste xeito, cambia, polo que terá que encaixar que lle rexeiten con certa frecuencia as súas colaboracións.

Tamén hai que ter en conta que Eduardo Blanco-Amor diversifica as súas actividades e, despois da guerra, empeza a inclinarse por traballos máis

[1545] Blanco-Amor identifica a estes oligarcas cos "ananos" dos que fala Celso Emilio Ferreiro. As declaracións nalgunhas entrevistas sobre os tipos de emigrantes resultan elocuentes: "¿quén era esa Galicia emigrante? Unha minoría que loitaba aillada comparado ca gran marea da emigración, unha minoría que facía ás veces milagres para manter o lume entre centos de ananos e as masas indiferentes ou manipuladas (...) É certo que non todos o s emigrantes son ananos, claro que non, pero a meirande parte endexamais fixo nada para apoiar ou merecer o grande esforzo dos que alá loitaron por dignificar unha terra e unha cultura diante do mundo. Estou totalmente de acordo coa idea básica do libro de Celso Emilio Ferreiro e teño, pola miña

intelectuais ca políticos. A lista dos seus proxectos é ben longa: teatro, dirixindo o grupo El Tinglado, literatura, empresa editorial, ensino... e todos eles teñen que ver coa colectividade galega, coa que ten relación non só na Arxentina senón nos países americanos ós que se traslada a partir dos anos 40: Chile e Venezuela.

Estas viaxes inflúen non só na súa progresiva desvinculación de *La Nación*, senón que o introducen en novas aventuras xornalísticas na prensa dos dous países nomeados. Blanco-Amor chega a Chile en 1948, como invitado ó casamento dun dos seus alumnos de oratoria en Bos Aires, Alfonso Campos Menéndez. O autor, que traballaba ocasionalmente como preceptor dos fillos da burguesía local, coñece da man dos seus pupilos a numerosas personalidades que lle abrirán as portas dos seus salóns e ofrécenlle algúns traballos. En concreto, nesta voda, Blanco-Amor coñece a González Videla, presidente da república chilena. Pouco despois traballa no órgano do Partido Radical, *La Hora*, e pronuncia conferencias e ensina en varias universidades chilenas, nas que imparte clases de Lírica Española. Tamén segue dando clases de oratoria a distinguidos clientes, como deputados liberais e oficiais da Academia de Guerra Naval. Estas actividades serven para amosar como, en pouco tempo, Blanco-Amor acada moito aprecio intelectual en Chile.

Con respecto á súa actividade como xornalista neste país, podemos afirmar que foi onde colleitou máis éxitos. Para *La Hora* escribe unha serie de crónicas sobre Chile, despois de percorre-la súa xeografía, que recolle no volume, publicado por Editorial del Pacífico en 1951, *Chile a la vista*. Este libro de viaxes convértese de seguida nun éxito de vendas, de xeito que en tres anos reedítase dúas veces. Nel escribe sobre a vida, costumes, paisaxe, historia... de Chile pero válelle tamén para facer "unha síntese ideal dos valores sempre defendidos: diálogo cívico, tolerancia, laicismo das formas políticas, respecto para as ideas alleas (...)"[1546]. Ademais, o seu traballo como cronista repórtalle un premio moi importante: a Orde do Mérito "Bernardo O'Higgins", no grao de

banda, unha longa experiencia detrás chea de historias significativas." Freixanes, Victor (1982): *Unha ducia....,* op. cit., p.96.

[1546] Riveiro Espasandín, Xosé (1993): "Eduardo Blanco-Amor xornalista...", art. cit., , p.60

Comendador, que recibe no Ministerio de Educación o 25 de xullo. *La Hora* non é o único medio no que escribe en Chile, senón que tamén colabora en *El Mercurio*, e nas revistas *Zig-Zag, Ercilla* e *La Patria*.

Inmediatamente despois, no verán do 1952, inicia unha xira americana de dez meses nos que vive unha longa estadía en Venezuela. Alí, avalado pola sona de reputado intelectual que ten xa por toda América, ábrenselle as portas da prensa para colaboracións. Os seus artigos teñen como difusores diarios tan coñecidos como *El Nacional* e *El Universal*. Nestas cabeceiras recolle as súas impresións como xornalista no país, en traballos como "Venezuela entrevista..." ou "Mi pasmo de Caracas o el cuadro inesperado", e transcribe as conferencias que le en diversos centros culturais.

Unha vez finalizada esta xira, regresa a Bos Aires, onde segue traballando na prensa dos galegos: *Galicia*, publicación do Centro Galego na que escribe, sobre todo, crítica cultural e sobre temas do propio Centro; *Galicia Emigrante*, a revista de Luis Seoane; *Vea y Lea, Lar*... ó tempo que prosegue coa súa actividade lectiva, desta vez como profesor na Escola de Belas Artes da Universidade Nacional da Plata. Pero tamén intenta educar ós galegos, xa non dende a prensa, senón na mesma aula. En concreto, Blanco-Amor encárgase de impartir clases de galego a finais da década dos 50 nos cursos organizados pola "Asociación Argentina de Hijos de Gallegos". Indica Allegue que as clases celebrábanse no Centro Lucense, de seis a sete da tarde, e nelas fanse lecturas de textos dos máis importantes escritores galegos como Cunqueiro e Castelao.

Na década dos 50, cando realiza todas estas actividades, Blanco-Amor encárgase tamén de organizar o seu regreso a Galicia, despois dunha viaxe fugaz a finais desta década. Conseguirao en 1963, o que non lle reporta a felicidade imaxinada. Blanco-Amor síntese marxinado polas autoridades, que lle negan axudas económicas, e polo resto da intelectualidade. Céntrase na literatura como medio de supervivencia, en tódolos sentidos, e nas colaboración en prensa: *La Voz de Galicia, La Región, La Vanguardia*, *La Hoja del Lunes* de Ourense, *El Correo Gallego e Informaciones* publican os seus textos, que agora son xa recordos dunha vida.

Eduardo Blanco-Amor pode prezarse de ser un xornalista comprometido coa realidade que lle tocou vivir, sempre que lle permitiron expresarse libremente. No caso contrario, a defensa da dignidade da cultura galega en ámbitos nos que os seus artífices eran desprezados foi o seu labor preferente. Dos seus traballos en *La Nación* hai que destaca-lo traballo de divulgación cultural e a súa implicación directa en tódolos temas que trata. Como xornalista, unha das actividades menos estudiadas deste autor, colleitou os seus maiores éxitos como colaborador do diario porteño, que tiña por aqueles anos unha tiraxe moi importante e altas cotas de incidencia na opinión pública arxentina.. Este éxito como profesional da información contribuíu a dignifica-la posición dos galegos como intelectuais na sociedade americana daquel interesante e vivo momento histórico.

BIBLIOGRAFÍA

Allegue, Gonzalo (1993): *Eduardo Blanco-Amor (biografía), Diante dun xuíz ausente*, Vigo, Nigra.

Araújo García, Mª Teresa (1995): Eduardo *Blanco-Amor e Santiago de Compostela. O tema compostelano no labor xornalístico dun emigrante*, Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago.

Calvo, Tucho (1981): "O periodismo no escritor" en *Homenaxe a Blanco-Amor*, Redondela, Xerais.

Calvo, Tucho (1998): *Valentín Paz-Andrade, a memoria dun século*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Fernández Freixanes, Víctor (1982): *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia.

Lorenzana, Salvador (1980): "Homenaxe a un escritor: perfil biobibliográfico de Eduardo Blanco-Amor", *Grial*, nº 67, pp.37-47

Neira Vilas, Xosé (1995): *Eduardo Blanco-Amor, dende Buenos Aires*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Núñez Seixas, X. M. (1990): "Eduardo Blanco-Amor no nacionalismo galego (1919-1939). Liderato étnico e galeguismo, *Grial*, nº 108.

Pérez Prado, Antonio (1993): "Meus dous amigos desencontrados", *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, nº 660, pp.20-22

Pérez Rodríguez, Luis (1993): *Blanco-Amor e os seus escritos periodísticos*, Vigo, Galaxia.

Pérez, Luís (1998): "As Américas de Blanco Amor", *Creatividad cultural en la Galicia exterior*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Riveiro Espasandín (1993): "Eduardo Blanco-Amor xornalista", *Eduardo Blanco-Amor (1897-1979),* Día das Letras Galegas 1993, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Ruiz de Ojeda, Victoria A.(ed.) (1994): *Entrevistas con Blanco-Amor*, Vigo, Nigra.

Axeitos, Xosé Luis e Portela Yañez, Charo (Ed.) (1999): *Sesenta anos despois. Os escritores do exilio republicano. Actas do congreso internacional celebrado*

na Universidade de Santiago de Compostela (16, 17 e 18 de marzo de 1999), Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Tarrío Varela, Anxo (1993): *Primeiras experiencias narrativas de Eduardo Blanco-Amor,* Vigo, Galaxia.

VVAA (1997): *Xornadas Eduardo Blanco-Amor*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

A LIÑA EDITORIALIZANTE DA REVISTA *GALICIA EMIGRANTE* (1954-59)

Xavier Lama
Rosa González Bello

En xuño de 1954 comeza a súa traxectoria a revista *Galicia Emigrante* e prolongarase ata maio de 1959, respondendo a unha iniciativa xornalística fiel ós ideais republicanos e ós resultados do plebiscito sobre a autonomía galega, tal como se sinala na editorial do seu primeiro número[1547]. Non é cuestión de facer historia polo miúdo da súa andaina, porque non constitúe motivo específico deste traballo, pero sí convén salientar que se trata dun medio marcado pola dobre condición de Luis Seoane de fillo da emigración e de exiliado. *Galicia Emigrante* vai dirixida, en primeiro lugar, á colectividade que partiu de Galicia, maioritariamente por motivos económicos, para asentarse na Arxentina e, ó mesmo tempo, conleva unha carga de reivindicación política entroncada coa loita dos exiliados republicanos.

Seoane tiña detrás unha longa traxectoria de vencello ó mundo xornalístico[1548], dende o 1933, cando funda durante a súa época universitaria o semanario *Claridad*, un xornal bilingüe, de pegada crítica, que avogaba polo republicanismo e polo autonomismo para Galicia. A súa andaina na década dos trinta inclúe colaboracións literarias e gráficas en revistas como *Claridad*, *Ser*, *Yunque*, *Universitarios* ou *Alento.* Aí vaise forxando a súa concepción xornalística, que integra varias características definidoras: dimensión ética ou moral, impregnación humanista, compromiso interpretativo con respecto á realidade dende a conciencia política e compromiso tamén no eido da cultura.

[1547] *Galicia Emigrante*, nº 1, (xullo 1954). p. 0

[1548] Para conformar unha perspectiva sobre a obra xornalística de Seoane, pódese consultar: FERNANDEZ DEL RIEGO, Fancisco (1994): "Prensa e radio no labor de Luis Seoane", en *Luis Seoane(1910-1979). Día das Letras Galegas 1994*, Santiago, Xunta de Galicia, pp. 59-73.

No exilio arxentino será onde Seoane vai desprega-las súas capacidades tantas veces cualificadas de polivalentes[1549]: no eido xornalístico, como editor e promotor cultural, na creación plástica e literaria, etc. A súa traxectoria no periodismo relacionado coa colectividade galega en Bos Aires esixiría un amplo espacio para analizar cumpridamente os seus numerosos banzos: *Crítica*, *Galicia Libre*, *Noticias Gráficas*, *El Diario*, *Correo Literario*, *Cabalgata*, *Buenos Aires Literaria* e, sobre todo, as revistas *Galicia* do Centro Galego de Bos Aires e *Galicia Emigrante*, ademais da emisión radial que levou tamén este último título e que se prolongou ata abril de 1971 en Radio Libertad da capital arxentina. En *Galicia*, Seoane vai desenvolve-lo labor de director en dúas fases (1939-1957 e 1964-1966) e nese primeiro período de dezaoito anos leva a cabo un traballo case refundador, consistente en converter un boletín de actos sociais nunha revista con aspiracións culturais que se afianza no tempo como un referente da galeguidade exterior, aínda que a súa calidade non pase dunha sumaria dignidade e presente notables altibaixos ó longo dese tempo. Xosé Neira Vilas gaba moi eloxiosamente o labor de Seoane e di que, de feito, "crea a revista"[1550], pero tampouco faltan as perspectivas negativas por parte de admiradores do Seoane artista plástico, como é o caso de Andrés Trapiello:

> (…) Seoane se hizo cargo de una revista para emigrantes llamada *Galicia*, que dirigió durante veinte años. La revista, tipográficamente, vale poco y tiene todo el aspecto de un boletín para amplio público. Diez años después, en 1953, y durante cinco, Seoane fundó y dirigió otra revista de características muy afines, *Galicia Emigrante*, de la que era propietario. La revista, que contaba con las colaboraciones de los más destacados intelectuales gallegos e iba dirigida a la colonia gallega de Buenos Aires,

[1549] Unha visión global desa personalidade intelectual poliédrica no exilio plásmase en: ALONSO MONTERO, Xesús (1994): *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luis Seoane*, Vigo, Xerais e GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (1994): *Luis Seoane: vida e obra*, Vigo, Galaxia. Tamén presenta interese: AXEITOS, X.L. (1994): "Luis Seoane nos prelos de alén-mar", en *Luis Seoane.Compromiso e paixón criadora*, A Nosa Cultura, nº 4- Vigo, A Nosa Terra, pp. 29-38.

[1550] NEIRA VILAS, Xosé (1993): "Seoane, vinte anos de labor na revista Galicia", en *Galicia* (Rev. do Centro Galego de Bos Aires), nº 662, (dec.) pp.24-25

> lleva unas cubiertas bonitas de Seoane, pero el interior no está a la altura ni de los conocimientos ni del gusto del pintor.[1551]

Deixando á marxe algúns referentes temporais erráticos, este tipo de opinións poden contribuír a situar nun xusto punto o labor de Seoane á fronte das dúas revistas. Quizais a opinión de Trapiello, crítica sobre todo co aspecto formal das dúas publicacións, sexa dabondo negativa, pero tamén hai que matiza-las perspectivas que eliden o obxectivismo máis elemental á hora de xulga-las publicacións do exilio.

1. *GALICIA EMIGRANTE*: DO CONTEXTO Ó TEXTO.

Galicia Emigrante desenvólvese nun contexto histórico (1954-59) marcado polos comezos das disensións entre o exilio galego, sobre todo o vencellado ó Consello de Galiza, e a oposición interna ó franquismo, que se manexa nas coordenadas culturalistas. O desencontro entre os dous sectores, afóndase neses anos e faise evidente na súa plasmación por escrito no 1958[1552], coa remisión dun amplo informe dos galeguistas do interior ós representantes do Consello. Por outra parte, é un tempo de consolidación da Dictadura española, despois do restablecemento das relacións cos Estados Unidos (1951) e da integración en organizacións internacionais como a ONU ou a UNESCO. As esperanzas da caída do franquismo despois da Guerra Mundial por mor das presións internacionais esvaécense e, malia algunhas protestas puntuais e minoritarias (crise de febreiro de 1956), o réxime encara un proxecto de cambio nas súas estructuras económicas que contribuirá a consolidalo. É o tempo da tecnocracia e do denominado autoritarismo burocrático, que xorde coa chegada ó poder en 1957 de ministros profesionais ou técnicos vencellados ó Opus Dei .

Mentres, na Arxentina prodúcese o derrocamento de Juan Domingo Perón en 1955 mediante un golpe militar, que supoñía unha restauración de corte conservador apoiado nos tradicionais grupos oligárquicos e industriais,

[1551] TRAPIELLO, Andrés (1991): "Las prensas de ultramar", en *Luis Seoane (1910-1979).* Catálogo de exposición, Madrid-A Coruña-Santiago, p. 48.

pero que non puido consolidarse e acabou dando paso nun breve espacio de tempo a un sistema constitucional. De todos é sabido que o réxime populista de Perón mantivo unha conivencia evidente co franquismo[1553], motivo que pode contribuír a explica-lo minguado do exilio español na Arxentina, algo que non sucedeu co galego por obvios motivos de relación coa emigración precedente. Outro dato a ter en conta é o control sobre os medios de comunicacións por parte das autoridades do país durante o peronismo e o réxime posterior en cuestións relacionadas coa política interna. En consecuencia, era posible falar cunha considerable liberdade sobre o franquismo, pero non sobre a situación sociopolítica da Arxentina. Isto vai ter unha consecuencia directa en *Galicia Emigrante*, xa que nos editoriais e practicamente en toda a revista non hai aproximacións substanciais á situación política e económica da Arxentina e ós seus efectos na colonia emigrante e exiliada. Neste sentido, sinala con clarividencia César Antonio Molina[1554] que Luis Seoane pretendía garda-las formas e manifestaba cautela ante o poder arxentino e tamén ante os grupos disidentes da comunidade galega.

Algún crítico un chisco perverso podería chegar a dicir que semellaba que os emigrados galegos vivían nunha nebulosa ou nun país sen problemas. No editorial do número inicial da revista sinálase: "La revista aspira a ser espejo en esta capital de la vida y actividad de los emigrantes gallegos"[1555]. Revisados a fondo tódolos números, queda a dúbida razoable de se se conseguiron os obxectivos expostos ó longo desa editorial de carácter programático.

Máis aló de loubanzas acríticas e de tópicos ó uso, o que salienta en *Galicia Emigrante* é a atención ós temas culturais dende unha perspectiva esixente, pero tamén é certo que con demasiada frecuencia son asuntos atemporais, que van dende "Juana de Vega" (nº1) ata "El monasterio de Ribas de Sil" (nº37). Nunha época de florecente reporteirismo no xornalismo internacional, ese xénero non acada madureza na revista e bótanse de menos

[1552] "Documentos políticos", *Grial*, nº111, (xullo-setembro 1991), pp.353-396.
[1553] Unha visión global desas relacións pódese obter en: SCHWARZSTEIN, Dora (2001): *Entre Franco y Perón*, Barcelona, Crítica.
[1554] MOLINA, César Antonio (1989)*: Prensa literaria en Galicia (1920-1960)* Vigo, Xerais, p. 486.
[1555] *Galicia Emigrante*, nº 1, (xullo 1954), p. 0.

as reportaxes que dean conta da Galicia emigrada ou exiliada máis aló do tópico ou do referente de éxito social. Téñanse en conta algunhas palabras dese primeiro editorial: "No aspiramos nada más que a mostrar, a que nos conocen, la fortaleza de nuestra emigración, su capacidad de inciativa, de sacrificio, de trabajo y también la de sus hijos, aquellos que nacidos en esta república en hogares gallegos, saben hacer honor a su país de nacimiento y al de de su estirpe por la labor que diariamente realizan".

Pois ben, na revista escasean, dito esto xenericamente, os testemuños humanos desenvolvidos xornalisticamente sobre a realidade plural e a sorte diversa da emigración. No seu nº 3 aparece unha reportaxe interesante, "Tesón gallego en la creación de la planta metalúrgica más importante de Sud América", precedida no nº 2 por "Historia conocida", que abren perspectivas esperanzadoras nese sentido, pero que se truncarán co decorrer da revista. Certo que de cando en vez aparece como protagonista algún emigrante ou fillo de emigrantes, dende unha nonaxenaria que coñeceu á Bella Otero ata un exitoso xogador de futbol do Boca Juniors ("El gallego Mouriño, lector de Kafka",n º 15). Pero a impresión global é que se desaproveita o tema testemuñal dos emigrantes en comparación co que se apuntaba nese primeiro editorial.

A realidade obxectiva do contido de *Galicia Emigrante* tampouco parece responder a ese estereotipo de revista combativa contra o franquismo que algúns pretenden pintar. Á marxe dos editoriais, sobresaen algúns artigos ou noticias críticas da súa páxina un, certos comentarios illados e, sobre todo, os textos polemizadores e denunciadores asinados por S. Fernández Ollarnovo, pseudónimo de Isaac Díaz Pardo, algúns dos cales manteñen aínda hoxe en día unha peculiar vixencia. Estamos a falar, xa que logo, dunha publicación con espacio limitado para a denuncia, de impronta basicamente culturalista, de factura digna tendo en conta os parámetros comparativos da prensa galega da emigración ou do exilio, e caracterizada ademais polo peso dunhas firmas de calidade, dende Ramón Cabanillas ou Otero Pedrayo ata un novísimo e debutante Novoneyra, pasando por Carballo Calero Ánxel Fole, Rafael Dieste,

Blanco Amor, Lorenzo Varela, Ramón Piñeiro, García-Sabell, Paz Andrade, Celestino F. de la Vega, Antonio Baltar ou Ramón de Valenzuela, entre outros. Aquí hai que destaca-lo seu carácter plural, como se encarga de salientar Francisco Fernández del Riego: "Nela coincidiron os escritores emigrados, os exiliados, os peninsulares das máis diversas xeracións e mesmo ideoloxías"[1556]. Outro aspecto que sobrancea é o das portadas da publicación pola alta calidade plástica dos debuxos con escenas labregas e mariñeiras. Certamente, conlevan unha certa dimensión social implícita, porque "ofrecían unha testemuña evocadora e de homenaxe ó noso pobo traballador"[1557], aínda que asunto diferente é se resultaban eficaces no plano estrictamente xornalístico, debido ó seu carácter atemporal e intercambiable.

A revista non conta cunha estructura definida de seccións fixas, se se exceptúan os editoriais e a última parte da publicación (*Moreas de Humor*, *Anecdotario Gallego*, *Efemérides Gallegas*, *La cocina gallega*, etc.), que tamén presenta descontinuidades. Porque, certamente, non chegan a callar en sección como tal as habituais entrevistas a actores realizadas por Arturo Cuadrado, ou as moi interesantes "conversas" de Salvador Lorenzana, pseudónimo de Francisco Fernández del Riego, a través das que se enxergan as opcións de futuro dunha Galicia posible, ben diferente á daquel tempo. Esa ausencia dunha sólida organización da súa estructura formal pode transmiti-la impresión de que a revista constitúe, por veces, un "totum revolutum" necesitado dunha ordenación máis decantada.

Partimos, xa que logo, da existencia de colaboracións de calidade, pero hai que subliñar que a maioría son de carácter atemporal e ata extraxornalístico. Dentro do ámbito máis estrictamente periodístico, o que perdura con capacidade transcendente, grandeza estilística e forza crítica é o traballo editorialista do propio Luis Seoane. Os 37 editoriais que aparecen na publicación compoñen unha colección de textos brillantes, intelixentes e ata literariamente engaioladores (sobre todo os que integran un excepcional

[1556] FERNÁNEZ DEL RIEGO, Francisco (1994): "Prensa e radio no...", op. cit., p. 66.
[1557] NEIRA VILAS, Xosé (1994): "Seoane periodista", en *Galicia* (Revista do Centro Galego de Bos Aires), nº 663, (xaneiro.abril), pp. 20-23.

Bestiario) que parecen ter vida autónoma con respecto ó resto do contido da revista. Aí si que agroman as críticas mordaces ó franquismo e ó seu sistema de imposicións, as análises audaces e complexas sobre as causas da emigración ou sobre os problemas do campo, as denuncias centradas na marxinación da lingua galega, ou nas eivas enormes da cultura oficial da España daquel tempo. Case non falan da emigración instalada na Arxentina, pero compoñen un testemuño imperecedeiro sobre o ver, sentir e padecer dun galeguista republicano con folgada sensibilidade social e artística que vive o desterro con conciencia ética, sabedoría crítica e coa esperanza de supera-lo franquismo e a súa noite de pedra.

2. A ORIXINALIDADE DOS EDITORIAIS

Os editoriais de *Galicia Emigrante* ben merecen, partindo do antedito, unha mirada autónoma pola súa singularidade, non só debido a que proxectan de xeito nidio o pensamento cultural, social e político de Luis Seoane, un home que se define neles como "materialista obstinado por su idealismo, o precisamente por su idealismo"[1558], senón porque constitúen unha moi orixinal achega no eido xornalístico, debido á integración de recursos figurativos na denuncia social. Seoane conforma a partir do número 13 un particular bestiario ou animalario, aínda que só a partir do 14 vaia encabezado polo título "Bestiario fuera el alma", que serve para compor un friso no que se perfilan as inxustizas sufridas por Galicia durante a dictadura franquista, aínda que nalgúns casos con máis pericia didascálica ou cunha contundencia simbólica máis afinada.

Os bestiarios son tratados de zooloxía nos que o achegamento ás características dos distintos animais conleva unha carga alegórica sobre as súas cualidades, das que a miúdo se tiran conclusións de raizame moral. As súas raíces están na *Historia Animalium* de Aristóteles, na "Historia natural" de Plinio o Vello e, sobre todo, no "*hysiologus*, escrito en grego na Alexandría exipcia do século II, que pasa por se-la obra máis difundida ata o século XII despois da Biblia. A partir do éxito deste libro, será na Idade Media cando comezan a agromar estes cadros de animais, nos que converxen elementos de distintas

tradicións culturais, dende a grecorromana ata a islámica. En moitos casos, aparecen trufados de suposicións infundadas, de fantasías e ata de supersticións populares, xa que a capacidade fabuladora enchía en ocasións as eivas dunha observación deductiva moi limitada polo pensamento mítico, máxico, e polo que quizais sexa converxencia dos dous: o pensamento teocrático.

Os bestiarios medievais conectan tamén coa semente da que agroman as parábolas evanxélicas ou os repertorios de exemplos e entroncan así mesmo co mundo das fábulas moralizadoras e dos apólogos. Pero o que convén salientar é que eses repertorios sobre os costumes dos animais, infectados polo don da fantasía, que suplía as limitacións da observación científica, acabaron transmutándose co paso do tempo en magníficas pezas creativas que trascendían a súa característica exemplarizante ata devir mundos propios fiados ó abeiro da imaxinación libre ou da creación literaria autónoma. De aí que os bestiarios, útiles nun tempo para moralistas amigos da alegoría e da parábola, acabasen por converterse en territorio de poetas que os irán ceibando do corsé exemplarizante.

Luis Seoane, tamén poeta, utiliza o bestiario como recurso xornalístico imbuído de creatividade libre e de trascendencia cono resultado final. Neste sentido, non podemos pasar por alto que a capacidade alegórica ou simbólica contida nestes editoriais outórgalle a pátina do imperecedeiro, máis aló dos feitos puntuais ou das circunstancias ás que aluden. Queremos significar que os recursos á metáfora e á analoxía lle confiren unhas características representativas do mundo daqueles anos cincuenta baixo a dictadura franquista, un mundo recreado con enerxía denunciadora, capacidade simbólica e perspectiva compendiadora.

O bestiario de Seoane ten un valor instrumental como expresión da degradación moral dunha época. Pero eso tampouco quere dicir que acerte a formular tódolos problemas daquel tempo con igual sorte, porque os editoriais conforman ó mesmo tempo un interesante escaparate das teimas do seu autor, mesmo do seu pensamento, que nos atreveriamos a cualificar de pre-

[1558] *Galicia Emigrante*, nº 15, (novembro 1955), p. 0.

economicista cando toca os temas do agro e da pesca. Iso por non incidir na cautela coa que opera con respecto a certos asuntos políticos relacionados coa política interna da Arxentina e coa situación dos emigrantes nese país.

Pero hai que salientar. doutra volta, que non tódolos editoriais forman parte do bestiario. Dentro deste grupo intégranse 22 deles (incluíndo o do nº 13) do total de 37 que figuran noutros tantos números que tivo *Galicia Emigrante*. Os outros corresponden a unha liña máis convecional e van dende o número 1 ó 12, ademais dos correspondentes ós números 16, 17 e 37 (o da despedida) da revista.

Nese último grupo de editoriais emerxe o Seoane máis directo na denuncia, centrado sobre todo na problemática da emigración, do idioma galego e da cultura. Malia que tódolos editoriais figuren escritos en castelán, o que a algúns analistas lles pode parecer unha evidente contradicción, defende o orgullo do idioma fronte ós desertores, denuncia o éxodo dunha terra "mal traballada, mal dividida e mal explotada"[1559] e reivindica a tarefa moral e colectiva de restaura-lo coñecemento da producción intelectual dos galegos comprometidos con Galicia. Nestes textos, como se sinalou, hai denuncias ben explícitas, pero tamén hai que sinalar que non recorre á dialéctica vehemente, nin á arenga de quen se sente chamado a actuar como guieiro. Amósasenos, en cambio, como un autor amigo de argumentacións complementadas con datos históricos ou de actualidade, que reflicten unha sólida constitución intelectual, lonxe da apelación ó redentorismo maximalista.

2.1 Criaturas e significados de "Bestiario, fuera el alma"

En primeiro lugar, hai que partir da orixinalidade extrínseca deste "Bestiario", en canto que aportación nova ó xénero editorialístico. Malia as pescudas realizadas, non podemos dar fe dun caso semellante na historia do xornalismo contemporáneo de utilización dos referentes animais nunha serie de editoriais como recurso figurativo para afondar na realidade do seu tempo

Xa dende a perspectiva intrínseca, convén salientar que este bestiario non responde ás pautas de elaboración propias do perfecto acabado literario. Non

podía ser doutro xeito, xa que o xornalismo impón unha mecánica narrativa diferente que racha coa construcción homoxénea e integra datos de actualidade, reflexións sobre o presente e sobre o pasado histórico, experiencias persoais, disgresións á marxe do tema, etc., todo esto cun trazo semántico heteroxéneo, aínda que se perciba unha impronta estilística recoñecible e que lle confire a estes textos un certo fío unificador de fondo.

Tamén hai que sinalar que os animais que compoñen o friso simbólico ou pretextual non operan con igual rango protagónico nos textos. Nalgún caso actúan como protagonistas unificadores do relato; noutros, a súa presencia resulta secundaria e xorde como consecuencia dun longo introito ou dunha acumulación de datos informativos e reflexivos nos que o animal aparece como colofón simbólico do expresado, e nalgúns casos mesmo parecen introducidos dun xeito forzado dentro da estratexia global do relato. A eso engádese que algúns protagonistas son de dubidosa ubicación no rango da zooloxía tradicional que compoñen os bestiarios, como no caso da venera ou vieira, dos bigotes dos funcionarios españois, ou mesmo dos querubíns.

Non é menos significativa a evidencia de que este repertorio zoolóxico sitúase dentro dos límites do real, agás en casos como o dos aludidos querubíns, lonxe das fugas transgresivas que se podían observar, por exemplo, na iconografía románica. No bestiario seoanesco non hai dragóns, basiliscos, ninfas, grifos, sereas ou centauros. Unha sinxela explicación a isto podería estar na necesidade consubstancial ó xornalismo de utilizar referentes unanimemente recoñecibles, non afectados pola ambigüidade do fantástico, para que a dimensión alegórica dos distintos animais resulte eficaz. Para conformarnos unha idea da composición do animalario, basta remitirnos ós seus títulos: "El cerdo, un animal protegido", "Jonás se traga a la ballena", "Las ratas del sueño", "Diálogo con la vaca", "En forma de sierpe", "Nuestros peces abisales", "El lobo muerto", "Nuestro otro mundo y los leones", "Querubines en el bestiario", "Bigotitos españoles", etc.

2.2 O Estado recadador e a miseria do campo galego

[1559] *Galicia Emigrante*, nº 8, (xaneiro 1955), p 0.

Nun primeiro grupo, Luis Seoane utiliza distintos compoñentes do seu bestiario (cans e troitas, o cocho, a vaca) para salienta-la omnipresencia dun Estado recadador, o franquista, que fixa impostos pola captura das troitas, pola tenza de cans, ou pola matanza do porco. Nalgúns momentos, a súa crítica presenta unha elaborada disposición dialéctica, na que as preguntas e aparentes dúbidas enfiadas polos recursos do irónico e ata o paradoxal condúcennos ata a interrogante catártica, tamén imbuída de ironía, pero que revela un trasfondo de profunda inxustiza:

> ¿Cómo es posible que un Estado que demuestra no importarle demasiado las vidas de los habitantes de su territorio cuide tan escrupulosamente de la vida de los cerdos? (…) Puede ser que trate de encontrar en la matanza, nos decimos, un medio más de recaudar dinero;quede ser también, pensamos, que, compasivos con los animales traten de evitar, en un país como Galicia tan pagano donde aún se conservan restos de dólmenes druídicos de sacrificios, el hecho horrendo de la matanza del cerdo, que allí termina siempre en fiesta. Pero, ¿no será más bien, meditamos caritativamente, que comenzando por los cerdos, trate de iniciar una política en que por fin se dé una oportunidad de defensa a las víctimas?[1560]

Ben é certo que as dianas do editorialista adoitan ir ó corazón mesmo da realidade denunciable, pero tamén se percibe que, con respecto ó campo e en boa medida con respecto ó mar, Seoane parte dunha visión moi debedadora da idealización sentimental. Deste xeito, percibe o control de determinadas actividades por parte do Estado como unha intromisión nun ámbito que era de decisión autónoma e discrecional do campesiño. Actualmente, ninguén se sorprende porque o Estado impoña controis sobre a matanza do cocho, os cans ou as capturas piscícolas. Son cuestións de índole sanitaria, ou relacionadas co equilibrio ecolóxico, asumidas como propias dun Estado moderno implicado na preservación da saúde dos seus cidadáns, dito esto con tódalas reservas. Claro que o franquismo era un Estado moi pouco moderno (en moitos aspectos, a

súa radical antítese) que impoñía regulamentacións a miúdo arbitrarias e, en consecuencia, non consensuadas. Eso non obsta para que recoñezamos en Seoane unha visión sobre o campo con resaibos ancestrais, unha idealización do labrego como individuo libre de trabas burocráticas e de atrancos á súa liberdade primixenia. O que permanece actualísimo en Seoane é a súa potencialidade metafórica, o xogo dos paradoxos de quen se confesaba admirador de Chesterton, e a decantación do seu animalario cara a conclusións dunha brillante denuncia e interrogantes de particular finura na súa formulación intelectual.

Certo que nun editorial posterior, "Diálogo con la vaca" (nº 23), xa nos ofrece, ó noso entender, claves máis conformadas dende unha perspectiva economicista sobre o mundo do campo. Fala da relación do home galego coa vaca, marcada polo trasfondo sentimental, polo diálogo activo e ata pola proba de amor efectiva, co fin de conducirnos a territorios máis ambiciosos:

> Nuestro siglo lo conocen los campesinos en forma de guardia civil y de recaudadores de impuestos; ni siquiera lo reconocen en los ayuntamientos y juzgados, pues éstos son, asimimismo, de antes y el permanente modo de actuar de sus burócratas lo conocen por instinto y herencia, como vienen conociendo las manías de las vacas y de otros animales.[1561]

Refire tamén Seoane nese texto que un xornalista escribe un artigo sobre "Lugo agrario", no que sinala que hai que facer de Galicia unha "pequena Holanda ou pequena Dinamarca" e el pregúntase coa finura do bo dialéctico:

> ¿Por qué el escritor limita sus aspiraciones a que Galicia sea unha pequeña Holanda o Dinamarca únicamente en el aspecto de sus granjas y no en sus libertades humanas y políticas? De esas libertades nacieron precisamente la riqueza y bondad de sus granjas y no al revés. [1562]

[1560] *Galicia Emigrante*, nº14, (outubro 1955), p. 0
[1561] *Galicia Emigrante*, nº23, (agosto-setembro 1956), p. 0.
[1562] Ibid.

En definitiva, considera que malia que moitos turistas na súa propia patria vexan a Galicia de cor verde ou rosa, a miseria é gris e grises son "a vaca e o campesiño no centro da paisaxe gris". O labrego tería na vaca un refuxio natural, de corte sentimental, pero sobre todo económico, en tempos de expolio, como se o autor trazase un avance radiográfico do fenómeno da colonización a partir do eixo labrego-vaca:

> Todo su mundo particular económico gira alrededor de la vaca y alrededor de ella, otro asunto es el pescado, el mundo económico total de Galicia. Todo lo demás, energía eléctrica, productos industriales distintos, productos naturales, son de exclusivo beneficio de otros países de la península, de los banqueros, de unos pocos y del Estado.[1563]

2.3 Polas beiras do mar cara á emigración

No que respecta ó mundo do mar, reitérase tamén esa visión do Estado como omnímodo e omnipresente recadador. Por exemplo, no editorial do nº 18, "El mar y sus presentes", fálase dunha súbita aparición de gran cantidade de ostras en Sada, intervidas ou confiscadas polos "sicarios do Estado". Eso dálle pé para relacionar este feito coas persoas ás que o mesmo Estado enviou ó ostracismo, ou o que é o mesmo, ó desterro político. Unha interesante relación, ostra-ostracismo, para significa-los abusos do réxime.

Ese intervencionismo do poder, convertido en teima, contra o que dirixe o ferrete Seoane, aparece noutro editorial de tema mariñeiro: "Míster Peachum en Cesantes" (nº 20). Aquí rompe coa liña figurativa do bestiario e recorre a un personaxe de ficción, Jonatan Jeremias Peachum[1564], creado por Bertolt Brecht, que adestra ós infelices para que o parecesen e lograsen conmover dese xeito ás almas caritativas co fin de obter maiores réditos coa mendicidade. Todo esto vén ó rego dun intento de baliza-la praia da Cesantes, ó carón mesmo e Redondela, para crear unha Estación ostrícola experimental, sobre a que corría o rumor de que se trataba dunha operación encuberta para que un industrial

[1563] Ibid.

sacase rédito en beneficio propio dunha praia. O cura do lugar tomou "inusitadamente" partido polo seu pobo e coas mulleres e nenos fíxéronlle fronte a esa tentativa de arrebatárlle-los mariscos e peixes criados no lugar e, polo tanto, de sustraerlles un dos sosténs da súa modesta economía. Cada vez que chegaban os operarios dende Vigo, o crego tocaba a campá e congregaba a unha vecindade en exercicio de resistencia. Míster Peachum é aquí a figura que convoca a toda unha especie de traidores á causa dese pobo humilde e traballador, un pobo que, aínda absorto nas dificultades do seu destino, ten ás veces a enerxía para rebelarse:

> Tienen la ventaja los mister Peachum gallegos de no tener necesidad de que los infelices parezcan infelices y, en su contra, que los infelices gallegos, que parecen y son de verdad infelices, a veces se sublevan y pueden llegar a tener un buen cura con parroquia y campana a su lado.[1565]

Tamén hai editoriais nos que Seoane parece non acertar de todo na diana, aínda que sexa por camiños parabólicos de elaborada construcción, como en "Jonás se traga la ballena" (nº 15). Aquí da conta da venda de carne de balea para consumo humano. Como a historia de fondo (o consumo de carne do cetáceo) non ten un carácter verdadeiramente representativo das carencias vividas no franquismo, e comoqueira que a venda desa carne nin sequera se produciu en Galicia, senón en Zaragoza, a capacidade metafórica queda parcialmente desactivada. Quizais non sexa esaxerado convir que os problemas de abastecemento alimentario, debido ás múltiples carencias, mesmo a utilización doutros substitutivos máis comúns na nutrición, ou a especulación cos productos do comer, podían dar pé a un exercicio alegórico de máis calado e máis aproximado á realidade comprobable, máis aló deste caso anecdótico ou residual.

Seoane inclúe a vieira nese bestiario mixto, que transcende a condición de animalario, en "La venera y nosotros" (nº 22) e ofrécenola como símbolo

---

[1564] Este personaxe aparece en "A ópera de tres patacóns".
[1565] *Galicia Emigrante*, nº 20, (maio 1956), p. 0.

ambivalente ou dual. Por un lado é representativa da riqueza de Galicia e dos que veñen cara a ela a través do Camiño de Santiago e, polo outro, transmútase en expresión dos camiños da emigración e do silencio imposto ós que quedan na terra:

> Los peregrinos medioevales entraban cantando a nuestro país. Desde hace también siglos, los emigrantes salimos cantando, aunque luego nos mate la morriña y tratemos, desde lejos, de encender nuestras voces y de gritar aquellas verdades que consideramos justas para contribuir a quebrar el silencio de Galicia. Ese silencio que esconde a nuestro pueblo como las malas valvas amparan al molusco en la venera.[1566]

O autor percibe a emigración ó longo de varios editoriais como desgracia derivada dunha terra sometida ó letargo da historia, aínda que, como veramos máis adiante, tamén gaba o espírito filantrópico dunha parte dos que marcharon. A lei do silencio que impera na Galicia dos anos cincuenta é contrarrestada dalgún xeito dende ese exterior no que perdura unha tradición de liberdade. A terra que agarda a moitos dos retornados non ten nada que ver coa Galicia oficial que recoñece os éxitos dos emigrantes, pero que agocha os fracasos no patio traseiro dunha sociedade que só tolera a fachada máis positiva e artificiosa, porque ese empeño implica o ocultamento das súas propias miserias. Eso é o que lle sucede á familia Salgado, protagonistas do editorial "Anita y Juancito" (nº 31), que deixan en Bos Aires unhas tartarugas representativas da súa vida silenciosa e abnegada:

> Mientras tanto estamos por afirmar que el sr. Salgado, emigrante octogenario, pobre, nunca poseerá la Medala del Mérito al Trabajo o como quiera que ésta se denomine, que entregan en el Día del Emigrante Gallego a los emigrantes que regresan ricos, con leontinas adornándoles el vientre, y frases patrioteras como leontinas, adornándoles la memoria.[1567]

[1566] *Galicia Emigrante*, nº22, (xullo 1956), p. 0
[1567] *Galicia Emigrante*, nº31, (outubro-novembro, 1957), p. 0.

No interior, o Estado todopoderoso lanza a súa gadoupa recadadora, ou "depredadora", como lle gusta dicir ás veces a Seoane, e marca as pautas dun silencio irredimido, circunstancias que axudan a seguir mantendo vivo o éxodo emigratorio, ese Camiño de Santiago inverso do que moitos regresan para comprender que a modesta abnegación, ou o discreto pasar, é algo que cotiza pouco en tempos de exaltación das glorias imperiais. Velaí a mensaxe dun Seoane afervoado humanista e sensible sempre con respecto ós máis desfavorecidos.

2.4 "Bestiario, fuera el alma" e a ferida do franquismo

Certamente, Seoane séntese algo mediatizado á hora de trata-los problemas do campo pola nostalxia dunha vella Galicia de labregos donos de seu e o achegamento que realiza ó mundo do mar quizais elida algúns aspectos fundamentais en beneficio doutros máis residuais, polo que probablemente sexa ó trata-lo mundo político e social do franquismo cando os seus réditos críticos resulten máis fértiles. A burocracia, a política envelenada e envelenadora, a represión, o mostrario real de Galicia e de España, non se escapan á pluma vixiante e aguzada do editorialista.

Recorre de novo ó paradoxo chestertoniano, como sucede en "Las ratas del sueño" (nº 18), para trazar con lategazo de bo dialéctico o diagnóstico sobre a suposta prosperidade da economía española:

> No hace falta que los economistas del actual régimen político español se esfuercen en lanzar al mundo brillantes informes en los que se demuestre que la miseria de España se debe a la prosperidad actual de España. [1568]

O contido de fondo deste texto xoga tamén cos paradoxos argumentais: os empresarios ou industriais que non querían que entrase a política no traballo, ven que finalmente si entrou en forma de impostos (ata catorce), que xeran unha burocracia dentro dos negocios para cumprir coas esixencias da pesada burocracia estatal , o que el define como "ratas do Estado":

[1568] *Galicia Emigrante*, nº 18, (febreiro 1956), p. 0

> Ahora non hay huelgas, sino silencio, resignación y sindicatos verticales. La política la hace el Estado y los impuestos no se discuten, los impone el Estado. [1569]

Sería cuestión de estudiar se esa carga impositiva era esmagante e absorbente como se nos describe. Algunhas pescudas realizadas lévannos a supor que non resultaba tan afogadiza, nin moito menos, pero o paradoxo de fondo segue a resultar ilustrativo e mesmo se podería tirar unha conclusión que vai máis aló: o apoliticismo resulta sempre, e inevitablemente, político.

Sobre ese apoliticismo, ou sobre o medo, ou sobre o silencio imposto, vaise enrodelando a gran serpe política do franquismo que se move entre a reviravolta sinuosa e a agresividade evidente ("En forma de sierpe", nº 26):

> Silbando y serpeando a esa política, descarnada a pesar del esplendor de su paisaje, enroscándose en su pueblo, mostrándole su ferocidad año tras año, dejando con la mordedura su veneno, así vemos a la gran serpiente que puede figurar la actual política obligatoria.[1570]

Colleron o camiño do exilio, á outra Galicia política que deu a vida ou fuxiu perseguida e que agora é representada en forma de feroz lobo morto que renace das súas cinzas cando se percibe un gromo de axitación popular, como no caso das folgas estudiantís da época. O entramado paradoxal que debuxa o editorialista non ten desperdicio: o lobo vivo da política do réxime fala do lobo morto, alertando sobre a súa posible resurrección (lobo resurrecto), cando en realidade o único lobo verdadeiro é o que ameaza co regreso do vello lobo recreado con perfís amedoñantes. Velaquí expresado ese intercambio de roles; en definitiva, a prestidixitación política dun sistema que consuma a suplantación e basea a súa estratexia nun maniqueísmo *naïf*, elemental, pero eficaz na intrumentalización do medo:

[1569] Ibid.

> (…) es precisamente el lobo vivo el que cuenta estas historias del lobo muerto que pasa por vivo. El lobo difrazado de diputado a cortes, de ministro o de jerarca político, que mantiene al pueblo en le engaño y la mentira. El lobo vivo protagoniza un papel manso. Representa el papel de la abuela como en el cuento de Caperucita Roja.De una abuela que simula ser la historia, la patria, la tradición, la leyenda, pero que nosotros, aunque nos supongan por eso caperuzón rojo, como a la niña del cuento infantil, le vemos desde entonces los dientes y las garras, a pesar de la blanca cofia y de los suaves mitones, que hace veinte años devoraron patria, tradición, historia, leyenda, futuro y sueños.[1571]

Nun tempo alimentado polos paradoxos e pola impostura, os editoriais pasan a preguntarse se a xente do común coñece a historia dos exiliados, dos encarcerados na nostalxia que teñen que fortalece-la súa fe dende a distancia, intuíndo que a súa semente non chega a Galicia ("El exiliado y el perro", nº 28). Tres son os cancros do exilio, a "soidade, a inxuria e o esquecemento", e naquel tempo, ano 1957, Seoane sente a urxencia de que algo ten que cambiar nun momento no que o Faraón, como el lle chama a Franco, parece reafirmarse no poder despois da fase do illamento internacional posterior á Segunda Guerra Mundial:

> Algunos, aquí y allá, nos dicen, sed prudentes, ¿pero es que 7000 días con sus 7000 noches gastados en la desesperación y en la esperanza, una y otra vez contradiciéndose, pueden aconsejar prudencia?[1572]

Nese mesmo texto exprésase con fondura poética a contradicción entre a nostalxia feroz e feridora[1573], presentada case como patoloxía lírica, e o esquecemento que algúns lle propoñen, supostamente dende a rea dos galeguistas do interior, un esquecemento que supón dun xeito indirecto unha suxerencia de autoinmolación ou autoaniquilamento:

[1570] *Galicia Emigrante*, nº 26, (xaneiro-febreiro 1957), p. 0.
[1571] *Galicia Emigrante*, nº 27, (marzo-abril 1957), p. 0.
[1572] *Galicia Emigrante*, nº 28, (maio 1957), p. 0.

> ¿Sabéis lo que es recordar al cabo de todos esos miles de días y de noches la flor del tojo, la lluvia de Compostela, el mar del Orzán, el rasgo del rostro campesino, para exaltarlo en el cuadro, en el poema, en la descripción que queremos hacer de Galicia a los extraños? Olvidad, también dicen. Pero si olvidamos, ¿qué queda de nosotros y qué queda en nosostros de la misma Galicia?[1574]

Para Seoane, Galicia supón o ideal trastornado, o territorio mítico ocupado[1575] ou a Arcadia espoliada, o país dos tesouros, das lendas célticas e dunha humanidade real de xentes ás que se lles usurpa o festín colectivo da reconcialiación co seu mundo e consigo mesmos. Así reflíctese, por exemplo, en "Nuestro otro mundo y los leones" (nº 29), no que os leóns simulados actúan de gardiáns dos tesouros que encerran o mar e as entrañas da terra, uns tesouros secuestrados que as xentes están obrigadas a buscar noutros horizontes. Para eso, seguindo o roteiro mítico da liberación, hai que vencer a unha raza de pigmeos que se compracen na guerra e na tortura, que se autoafirman no berro de "Viva la muerte" e que detrás de si deixaron noutro tempo unha semente de cadáveres nos foxos das estradas.

Entre a fauna especial que compón o réxime figurarían os funcionarios do franquismo, moitos deles caracterizados por un bigote prototípico ("Bigotitos españoles", nº 33), de atilada compostura no social e no político. En varios editoriais, eses funcionarios perfílanse como unha especie de vampiros usurpadores dos patrimonios e enerxías do pobo, é dicir, como "lobos do Estado", pero tamén como burócratas irredentos.

Máis arriba no escalafon figuraría toda unha galería de tipos ("Una nueva simbología", nº 32) que son soporte ou santo e sinal do réxime, caracterizados pola súa dobrez:

[1573] Unha aproximación embrionaria á nostalxia en Luis Seoane en: GÓMEZ PAZ, Xulieta (1979):"Dinámica da saudade", *Grial*, nº 65, (xullo-set.), pp. 294-300.
[1574] *Galicia Emigrante*, nº 28, (maio 1957), p. 0
[1575] Unha perspectiva significativa sobre este aspecto pode verse en: LOSADA, Basilio (1994): "Seoane e a Galicia mítica", en *Luis Seoane.Compromiso e paixón criadora*, nº 4, Vigo, A Nosa Terra, p. 23-24.

> El ilustre almirante de rostro de topo que lleva botas de alpinista; y el diplomático que tiene sobre lomo y cola de zorro, cabeza de tonto de zarzuela. El director de Banco, castor con antifaz y ganzúa. El ministro, una especie de mimado gato persa con el chaleco a rayas, de verticales amarillos y verdes.[1576]

E na cima desa pirámide aparece o Xefe do Estado, un Francisco Franco impenetrable e implacable, que se move entre a filia nazi e protoestadounidense. Pero quizais nesa imaxe de tópica ruindade bótese de menos o complemento dalgunhas características máis domésticas e xenuínas, que incluirían un toque casticista, ou algunha alusión á constitución intelectual do personaxe, complementado todo eso coa protección do palio e o perfume do incensario. O que está claro é que Seoane destila unha complexa mordacidade e unha frontal aversión cara ó autócrata que forzou a súa marcha ó exilio e que impón a "lei do silencio" para os que quedaron:

> Sentado en el trono con la faz por definir por sumamente cambiante, una pierna del pantalón con la bandera norteamericana y la otra con la nazi y su esvástica, vestido todo el resto con los colores de los verdugos medioevales de Castilla, pero con banda de general y pistola ametralladora en el sobaco izquierdo al modo del gángster, estaría el Jefe del Estado.[1577]

2.5 Do cuco ós querubíns: claves persoais por desvelar

O mundo do galeguismo no que se move Luis Seoane no exilio non é, nin moito menos, homoxéneo e entre a xerosidade de miras e a enerxia ética de moitos entregados á causa tamén se cruzan as diferencias, as suspicacias e ata as liortas dialécticas. Luis Seoane pasaba por ser galeguista de impronta progresista e cosmopolita naquel Bos Aires do café Tortoni[1578] e non frecuenta

[1576] *Galicia Emigrante*, nº 32, (decembro 1957-xaneiro 1958), p. 0
[1577] Ibid.
[1578] Resulta interesante ó respecto o testemuño persoal de DÍAZ PARDO, Isaac (1994): *Seoane. Unha fotobiografía*,Vigo, Xerais, 173.

determinados círculos constituídos e homoxéneos como o comandado por Castelao e vencellado ó Consello de Galiza.[1579] Pódese dicir que Seoane comparte xenericamente a causa galeguista e foxe, ó mesmo tempo, dos compartimentos endogámicos ou das visións canónicas e restrictivas do galeguismo. Pero sí é un convencido da dimensión social e política da cultura, como elemento de denuncia e referente para a transformación social nuns tempos de urxencias históricas e de longas noites impostas. Trátase dun aspecto constitutivo e artellador da súa ideoloxía intelectual que o converte en polemizador e polémico, sobre todo no ámbito do galeguismo do interior.

No bestiario hai varias figuras incardinadas neste contexto: o cuco e o paspallás, os peixes abisais e os querubíns. En primeiro lugar aparecen os símbolos da picaresca política, que se asocian á pillería do cuco e ós enredos do paspallás ("Almas en las ramas", nº 25). Parecen características universais que o editorialista traslada dende os concellos galegos e as antesalas do Estado ata América, por onde campan tamén esas aves entre a colonia galega. Tamén alí "tentan poñe-los seus ovos en niños alleos" [1580] ou encerellar e enliorta-los espíritos e as accións limpas ou benintencionadas:

> Por aquí en América también andan esas aves, o esos hombres, es verdad, aprovechándose picarescamente de la obra de todos, de nuestra obra, y confundiéndola, y aunque la canción no la cite, con ellos se acompañan los "labercas" (…) [1581]

Os peixes abisais de boca enorme e particular voracidade pescan "debilidade e leves erros" entre os do seu medio, pero así como son inútiles atacando ós grandes animais mariños, tamén o son nas acometidas contra o poder da Península Ibérica e na propia Arxentina gárdanse de manifestarse contra o goberno porque eso prexudicaría os seus intereses. O editorialista

[1579] Sobre esta disensión, pódense consulta-los textos seguintes: ALONSO MONTERO, Xesús (1994): *As palabras no exilio.Biografía intelectual de Luis* Seoane, Vigo, Xerais, e ALONSO FERNÁNDEZ, Bieito (1994): "Seoane e o galeguismo", en *Luis Seoane. Compromiso....* op. cit.., pp. 13-15

[1580] Esta idea aparece retomada no editorial "Homes-cucos" da revista *Cuco-Rei*, nº 1. Bos Aires, (setembro 1970).

centra a súa crítica en determinados xornalistas do alén mar, asimilados á categoría sinistra de peixes abisais, que formarían parte do cadro dos renartes, dos obstruccionistas e dos aproveitados que dan continuidade á saga do cuco e dos paspallás.

> Su pluma, nuevamente su caña de pescar en este caso. Se concreta vorazmente al suceso o al dicho minúsculo que ocurre entre nosostros o en cualquier parte, y a desacreditar conductas, como si este descrédito elevase el credito de la de ellos, o de los ideales que dice defender y niegan con los actos.[1582]

Seoane, imbuído sen dúbida dun idealismo obvio daquela e mesmo hoxe, entende que en Galicia ser xornalista é "unha forma de conducta". Remítese ó primeiro Valle-Inclán, Blanco Torres, Xohán Carballeira, Curros, Vilar Ponte, Vicente Manuel Cociña e Juan Bautista Caamiña, para avala-la súa afirmación, cando menos cuestionable. Nese momento en Galicia non faltan os xornalistas que proclaman con retórica imperial as grandezas do Caudillo e que actúan como pregoeiros de verbo engolado e obediencia debida dun poder de sotana e pistolón. Pero o noso editorialista non afonda nese xornalismo servil e botamos de menos no gran retablo de carácteres que constrúe cos seus editoriais ese texto definitivo sobre o xornalismo franquista. Nesta ocasión, limítase a censura-la actitude dalgúns xornalistas da emigración, mesmo vencellados ó galeguismo, sobre os que pensa que manteñen unha conducta innobre, tamén con respecto a el, na propia Arxentina:

> Dibujaríamos al pez abisal con su gran boca y los rasgos del periodista de ocasión y haríamos su breve historia de menudas pasiones en este otro mundo que es el nuestro (…)[1583]

[1581] *Galicia Emigrante*, nº 25, (novembro-decembro 1956), p. 0.
[1582] *Galicia Emigrante*, nº 26, (xaneiro-febreiro 1957), p. 0.
[1583] Ibid.

Finalmente, entre estas criaturas que responden a claves máis restrinxidas aparecen os querubíns, que responden á imaxe das cabezas aladas que só serven para adorno e que, trasladas esas características ó ámbito da cultura, virían se-los que fan literatura ornamental dende a particular torre de marfil á marxe do presente aprémante e das urxencias históricas. ¿Referíase Seoane a Ramón Piñeiro, como chega a insinuar no seu libro amplamente documentado Xesús Alonso Montero[1584] a partir dunha carta do propio Piñeiro, certamente agre e susceptible de suspicacias nesa liña?. Deteñámonos con atención nalgúns fragmentos do editorial:

> ¿Cómo calificaríamos, por ejemplo, a esos hombres de fortuna intelectual y a veces material, que habitando en un país donde la miseria es huésped de la mayoría de los hogares, viven al margen de él o tratan de adornarlo con teorías intrascendentes? [1585]

¿Refírese Seoane a un posible escapismo de Ramón Piñeiro, porque entende que opta por afondar intelectualmente no atemporal tema da saudade á marxe da apupante realidade? ¿Realmente chegaría a considera-las elaboracións teóricas sobre a saudade un ornato ou unha teoría intranscendente, como apunta literalmente no texto? Admitamos que así puido ser nun arrebatado desencontro con respecto ó "factotum" da editorial Galaxia, pero semellan máis difíciles de encaixar outros fragmentos do editorial na personalidade cultural de Ramón Piñeiro:

> ¿Cómo clasificar a esos hombres que viven en Galicia sin ver Galicia? ¿Por qué al ejemplo de Rosalía, de Curros y en general de los precursores, prefieren el de los poetas cortesanos en un país sin Rey ni Cortes y en la pobreza?[1586]

[1584] ALONSO MONTERO, Xesús ((1994): *As palabras do exilio...*, op. citada, pp.114-124 e 200-213.
[1585] *Galicia Emigrante*, nº30, (agosto-setembro 1957), p. 0
[1586] Ibid.

Certamente, entre os aludidos por unha parte do texto, podería estar Piñeiro, pero non se descartan outros afectados. ¿Non se amoldarían de xeito aínda máis nidio outros perfís do momento a eses "intelectuais querubíns que adornan Galicia como adornan o ceo barroco os querubíns das igrexas"? ¿Non concordaría mellor con eses rasgos un Cunqueiro que sempre detestou o realismo social, entregado á imaxinación libre e cunha dimensión literaria que non acadara aínda por aquel tempo (1957)[1587] a categoría actual de artista incuestionable da escrita? Podería tratarse de Cunqueiro, ou dos *cunqueiros* múltiples do momento, como alguén insinúa extraoficialmente, aínda que non constituiría máis ca unha remota posibilidade, tendo en conta a máis ca correcta e ata afectuosa relación de Seoane co autor mindoniense, ó que lle ilustrou dous libros de poesía[1588] antes da Guerra Civil. Tampouco faltan, entre as fontes consultadas, os que cren que Seoane tamén podía aludir a outros intelectuais moito menos comprometidos coa cultura galega e mesmo co idioma, que dende a cadeira universitaria, o xornal, ou os arredores da política (e aquí si que poden xurdir algúns nomes insinuados, non de todo alleos ó galeguismo) obviaban a realidade feridora de Galicia naquel tempo de silencio.

O caso é que moitos anos despois, na década dos setenta, Ramón Piñeiro promove unha homenaxe na revista *Grial* á traxectoria de Seoane con motivo do seu pasamento, na que el mesmo escribe palabras gabanciosas, aínda que con algúns matices[1589]. O mesmo fixera o propio Seoane con Piñeiro anos antes nas páxinas de *La Voz de Galicia*, a quen lle dedicou unha das súas "Figuracións" (5-12-1971). Alí fala en ton encomiástico das reflexións de Piñeiro sobre a saudade e chega a consideralo un clásico do idioma galego comparable a Castelao ou Dieste, aínda partindo da ambigüidade inicial (acordo-desacordo) aquí reflectida:

[1587] Álvaro Cunqueiro viña de publicar *Merlín e fanilia* (1955) e *As crónicas do sochantre* (1956).
[1588] Trátase de *Mar ao Norde* (1932) e *Poemas do si e do non* (1933). O propio Cunqueiro escribe sobre esa relación escritor-ilustrador en CUNQUEIRO, Álvaro (1979): "Luis Seoane, meu ilustrador". *Grial*, nº 65, (xullo-set), pp.355-356.
[1589] PIÑEIRO, Ramón (1979):"A Galicia de Seoane", en *Grial*, nº 65, (xullo-set.), pp. 288-292.

> Pódese estar dacordo co seu pensamento filosófico ou en disconformidade, mais meresce, coma puocos homes galegos da súa xeneración, o máis grande respeto. Polo seu talento, pola súa integridade moral e pola fidelidade probada a uns ideaes, que en xeral, moitos compartimos.[1590]

Non negamos, nin moito menos, que puidera ser "querubín" Piñeiro para Seoane[1591], pero está claro que, se así o considerou nun momento puntual de xenreira, a súa perspectiva sobre o personaxe virou substancialmente co paso do tempo. Transcendendo esta polémica, nese orixinal bestiario os querubíns quedan fixados en luminoso texto como os practicantes dunha arte ornamental e inofensiva que miran para outro lado cando ó seu arredor se suceden as inxustizas.

2.6 Editoriais á marxe do bestiario

O bestiario salienta polo procedemento orixinal e por uns resultados incuestionablemente eficaces, pero, á marxe desa constelación de estampas inmorredoiras, un feixe considerable de editoriais sitúanse fóra do recurso ó figurativo, ó tropo, como elemento artellador do discurso.

Como sinalamos previamente, van dende o número 1 ó 13, inclúen tamén o 16 e 17, ademais do correpondente ó último número, o 37. Aquí manifféstase o Seoane máis directo, fustrigador na denuncia, reivindicativo sen a intermediación do parabólico e crítico audaz con respecto a dous asuntos-eixo, como son a emigración e o idioma, ós que hai que engadir outros aspectos da realidade sociocultural.

En canto á emigración, considera que se trata dun "cancro secular" iniciado hai alomenos mil anos para reedificar Castela e que se derivou despois cara a outros pobos peninsulares e cara a América. Seoane láiase da exportación de enerxías que saen de Galicia camiño dun Eldorado revestido coa aureola da redención, pero que se converte moitas veces en pozo de

[1590] SEOANE, Luis (1994): *Figuracións*, A Coruña, *La Voz de Galicia*, p. 66.
[1591] Resulta de interese o testemuño de Xosé Luis MÉNDEZ FERRIN sobre a xenreira de Seoane con respecto a Piñeiro, en *Seoane.Unha fotobiografía*, Vigo, Xerais, p. 137.

frustracións íntimas e colectivas. E como pano de fondo aparece unha Galicia onde a agricultura non supera os límites do oficio ou da ocupación e raramente convértese en beneficio, entre outros motivos pola ausencia de estímulos rectores ("El problema emigratorio", nº 6):

> El origen es siempre el mismo, exceso de población en una tierra mal trabajada, mal dividida y mal explotada. El problema agrario es el motivo más importante de este fenómeno; el campo gallego explotado rudimentariamente como efecto del abandono de las clases dirigentes y de la ineptitud del Estado español para resolver los problemas más importantes que se le plantean.[1592]

Refírese tamén á dobre corrente migratoria de "nobres e campesiños", ou sexa dos conductores intelectuais e dos brazos das fornadas populares maltratadas por tódolos gobernos de España, agás nos breves períodos nos que se albiscou a posibilidade dun cambio sociopolítico. Pero o camiño do emigrante labrego ou, xenericamente, o procedente das camadas máis humildes, non ten doada nin sequera a partida, porque ós esforzos económicos co fin de logra-la pasaxe engádenselle os enleamentos burocráticos para obte-lo pasaporte a través dunha cantidade considerable de "labirintos simulados", que tratan de sacar tallada económica da situación ("El agente de embarque", nº 10). Seoane denuncia as redes estendidas que practican a extorsión impunemente, coa complicidade do funcionariado público, que converten o logro de pasaxe e pasaporte nun camiño selado polas dificultades. E proxecta tamén as súas acusacións sobre unha prensa que é cómplice en moitos casos co seu clamoroso silencio, porque está comprada pola publicidade das axencias de navegación.

¿E que fan as autoridades ante o fluxo migratorio, que se leva unha parte deses brazos do país? Segundo explica o noso autor ("Problemas que deben estudiarse", nº 9) non tratan de freala, senón de regulamentala en beneficio do réxime. E non faltan, por suposto, as propostas chocalleiras ó

[1592] *Galicia Emigrante*, nº 6, (novembro 1954), p. 0

respecto como as dun pai xesuíta que nas "Primeiras Xornadas de Estudios Migratorios, organizadas polo Círculo de Estudios Migratorios da Coruña" recomenda como prioridade a presencia dun capelán que preste auxilio espiritual en tódalas expedicións de emigrantes.

Seoane ve na recuperación do espírito do colectivismo campesiño (nº 9) unha posible alternativa para frea-los éxodos cara ó alén mar. Claro que a a súa visión quizais sexa un chisco idealista, xa que ese colectivismo estaba infiltrado por un clasismo evidente e non sempre era voluntario, senón imposto por complexas relacións de xerarquías campesiñas que algún antropólogo debería estudiar máis polo miúdo. Pero a proposta en si, que pasa por romper co individualismo e o illacionismo, quizais por alentar un movemento cooperativo solidario e radicalmente democrático (non explicitado), segue cargada de futuro.

Outro motivo de esperanza para o editorialista consiste en que o Estado central nunca chegou a apoderarse da alma de Galicia, o que dá unha idea da capacidade resistencialista, aínda que se manifeste por vías indirectas:

> (…) o simula estar aletargada ofreciendo una resistencia pasiva, de padres a hijos, sosteniendo como puede idioma, cultura o tradiciones folklóricas, o se diluye en todo caso por el mundo a la manera céltica con los emigrantes.[1593]

Pero se neste textoafluente se fai unha invocación á necesidade urxente de rematar coa emigración, ou o que é o mesmo, con esa escisión afluente do pobo, tamén se exalta a filantropía de América ("El dinero de América", nº 4), a xenerosidade de tantos emigrantes que contribuíron a consolidar proxectos editoriais e culturais comprometidos con Galicia. Familias, empresas culturais, escritores, investigadores, profesores, etc, recorren ós cartos de América, a esa especie de maná mítico e salvífico. Pero, ¿por qué, se en Galicia tamén hai moita xente cun gran capital? Seoane entende que en moitos casos, o rico galego teme que Galicia progrese ou esperte do seu soño, porque eso podería

[1593] *Galicia Emigrante*, nº 9, (febreiro 1955), p. 0.

redundar nunha mingúa dos seus privilexios, mentres que o indiano pretende o contrario, debido a que partiu da pobreza e sufriu un abandono das institucións que dalgún xeito pretende reparar. Velaí a grandeza do indiano de condición filantrópica, que, liberado dos encabalgamentos clasistas da terra de orixe, proxecta unha dimensión ética de altruísmo e unha mensaxe de modernidade.

Nesa radiografía do fenómeno migratorio, que inclúe todo o traxecto, dende as causas ata as consecuencias, Seoane ve moitos aspectos negativos: miseria de orixe, transterramento case obrigado escapando da fame, fuga das enerxías transformadoras, aldeas e lugares que quedan sen homes novos, desengano ou fracaso no Eldorado soñado. Pero tamén albisca outros positivos: non só eses cartos de América con capacidade de compromiso e de transformación; tamén está a tradición liberal e reivindicativa dun sector significativo da Galicia emigrante ("Un ideal tradicional de los emigrantes", nº 11). Revistas e sociedades diversas mantiveron aceso o facho galeguista na outra beira do mar e tamén a aspiración do cambio de réxime durante o franquismo, respondendo a unha tradición progresista dos galegos na América que se manifesta rexa xa no século XIX.

Outro asunto capital para el é o idioma galego, sobre o que paradoxalmente Seoane escribe en castelán, aínda que aposte por falalo no seo da sociedade bonaerense, mesmo na presencia de arxentinos. No editorial "Nuestro idioma" (nº 4) recrimina tanto ós emigrantes que seguen mantendo que o galego é un dialecto, con palabras cambiantes dunha comarca a outra, como a aqueles que o rexeitan en función dun tan falso coma gratuíto internacionalismo. E pregúntase se esa reticencia a empregalo non será un intento de agocha-las súas orixes humildes, de neutralizar un pasado vergoñento:

> ¿Es que no son capaces de ver su propia vida como un ejemplo heroico de trabajo y tesón, capaces de convertirlos de la nada en hombres de fortuna y de éxito? [1594]

[1594] *Galicia Emigrante*, nº 4, (setembro 1954), p. 0.

E xa naquel tempo (ano 1954) advirte sobre o temor a un idioma pechado no ámbito culturalista ou de emprego ritual, como sucede hoxe no mundo da política. As súas palabras posúen, neste sentido, unha capacidade premonitoria e unha actualidade incuestionable, tendo en conta que están escritas nun momento no que a base social do idioma estaba ben máis consolidada ca na actualidade:

> Galicia nescesita reivindicar su idioma y todos debemos ayudar a esta labor. No basta que él se estudie en Berlín, en Londres o en las universidades norteamericanas; ni tampoco en las cátedras de idiomas creadas fuera de Galicia en época de la monarquía española.No bastan los traductores franceses e ingleses que traducen las obras de nuestros escritores gallegos a sus respectivos idiomas.[1595]

Noutro editorial ("Siempre sobre el idioma", nº 6) faise eco da solicitude formulada polas sociedades galegas de Bos Aires ante a asemblea da UNESCO, celebrada en Montevideo no ano 1954, para que intervirá ante a delegación española co fin de frea-la persecución que viña sufrindo o galego. E matina o autor que entre os membros desa delegación quizais haxa xentes preocupadas por salvar un documento histórico, ou capaces de escribir un tomo monográfico sobre unha palabra caída en desuso, pero ós que non lles importa nada unha lingua falada por millóns(sic) de peninsulares. Serían os conservacionistas imbuídos dun perverso conservadurismo, se se permite o xogo de palabras, que se refuxian nun pasado inerte e refugan da realidade viva do momento, que esixe un exercicio de visualización máis aló das verdades institucionalizadas e de arriscado compromiso.

O editorialista percibe unha Galicia de cativos e mozos aínda escindidos entre un idioma familiar e de traballo, non válido para o Estado nin na escola, e outro no que se expresa o mundo das ideas, pero tamén o da administración coa que terán que lidiar no futuro.

[1595] Ibid.

Sinala o editorialista, nun ton xeralizador susceptible de matizacións, que en moitos países rexe o bilingüismo (Bélxica, Gales, Canadá, Noruega, Irlanda) ou o plurilingüismo (Suíza,URSS, a India e China) sen maiores problemas e que nese contexto España constitúe unha excepción:

> Sólo en España donde se hablan cuatro idiomas se mantiene el problema cerril de que uno solo domine a los otros tres, creando una situación de inferioridad a la tercera parte de la población.[1596]

Outra parte dos editoriais está ocupada por asuntos varios de carácter sociocultural e económico. En "Una tarea colectiva"(nº 7), avoga polo necesario labor divulgador da producción literaria e artística dos autores galegos, tendo en conta que ese coñecemento estalles sendo secuestrado ós escolares no bacharelato e na Universidade. Cre Seoane, aludindo a Bastide, que a literatura e a pintura serviron para mante-la alma nacional e que é precisa a tarefa moral de dar a coñece-los nomes, as obras e os prestixios teimosamente agochados pola cultura oficial. Proseguindo con estas declaracións, aposta pola creación dun museo de arte galega, concibido con profesionalismo e rigor, que sexa espello do temperamento do país ("Un posible museo de arte gallego", nº 16)

Á marxe do tema cultural, noutro editorial alleo ó bestiario faise eco dun imposto sobre as ventas que quere impoñe-lo Estado ós labregos, tendo en conta o número de fiestras das súas casas. Eso lévao a reflexionar sobre a propiedade dos campesiños, que para el conforma unha ficción alimentada polo Código Civil e outras leis, aspecto que debería ser obxecto dunha atención especial nun estudio con menos limitacións espaciais ca este, polo que ten de aproximación da propiedade ó mundo ficcional e do simulacro. Sobre o que incide, e esto conectaría co comezo deste segundo grupo de editoriais, é sobre o factor expulsión cara á emigración dese Estado que Seoane non dubida en pintar como depredador e avarento. O que fai o poder por métodos recadatorios é materializa-la metáfora da supresión das ventas do país, ou, o

[1596] *Galicia Emigrante*, nº 6, (novembro 1954), p. 0.

que é o mesmo, impoñer unha noite persistente que anula o claror da vida normalizada.

A anormalidade no fondo e forma na que vive Galicia e a esperanza de normalidade constitúen unha dicotomía que culmina no último número da revista ("Despedida", nº 37) invocando a liberdade para Galicia e para tódolos pobos ibéricos, incluído Portugal. Pide, ademais, que a prensa da emigración se faga eco dese berro de liberdade. Constitúe o final dun itinerario dende a escuridade ata a luz da esperanza, presidido polas bategadas da nostalxia e por unha mestura de pesimismo na análise da Galicia real, pero de vibrante optimismo cara á Galicia que non se rende e que agarda aletargada a súa hora.

3. A XEITO DE APUNTAMENTO FINAL

Tal como sinalamos, os editoriais de Luis Seoane poden verse e ata analizarse como un itinerario íntimo e ó mesmo tempo como un percorrido, dende unha perspectiva ética, polos problemas do país galego, sometido a unha impugnación e a un expolio do seu ser esencial, que sofre unha longa alienación histórica. O editorialista é o exorcizador que convoca os demos públicos, dende o cancro da emigración, coa súa natureza bifronte, xa que é ó mesmo tempo enfermidade social e territorio de filantropía, ata a imposición franquista que Seoane percibe como unha ocupación e unha tentativa de desmemorización colectiva.

Estamos ante un feixe de textos que ofrecen, por outra parte, unha visión compendiadora dos problemas de Galicia dende unha óptica eminentemente sentimental, porque o labor editorialista entronca nidiamente en moitos casos co eido do íntimo; é dicir, co vivido, sufrido, amado e soñado. Seoane ofrécesenos, xa que logo, como un sentimental que vive e sofre os problemas da súa terra dende o exilio, cargado ás veces de intenso anoxamento, mesmo de rabia, ou mancado pola nostalxia, pero sempre adobiado polo xogo do paradoxo, da ironía ou do humor requintado. Esa ironía e esa luz intelectual do paradoxal rescátano nos textos máis sentidos da pornografía choromiqueira ou da saudosidade enxebrista. Ademais, estamos a falar dun home que se se recrea no pasado, faino con vontade transformadora,

porque alberga sempre fundadas esperanzas de cambio histórico e así o transmite nos seus textos aínda que sexa pola vía indirecta ou reactiva. Por outra parte, esa reirerada pegada sentimental, infrecuente no xénero editorialista, non ten por qué constituír un problema canto á eficacia no diagnóstico e na análise xornalística. Tal como sinala o comunicólogo Robet K. Merton referíndose á persuasión no xornalismo "non é manipulativa cando as apelacións ós sentimentos proporcionan acceso ós feitos pertinentes; é manipulativa cando as apelacións ós sentimentos se usan para oculta-la información pertinente".[1597]

Xa insistimos reiteradamente na división clara en dous grupos dos editoriais. No primeiro deles, Seoane amósasenos como un dialéctico directo, de vontade máis nidiamente polemista, mentres que nos que compoñen o bestiario aparece o escritor máis sinuoso, que se move entre os vieiros do alusivo e a denuncia dos feitos concretos. Pero o que sobrancea é que eses textos non responden a un mecanismo literal ou autorreferencial, senón que postulan un significado figurado que expande a dimensión do texto e ábreo a unha rica semántica de redes alegóricas. O bestiario constitúe, en primeiro lugar, un recurso extraordinariamente orixinal no eido editorialista dende a óptica estrictamente formal e, en segundo lugar, posúe un incuestionable valor testemuñal como gran retablo coroado por unha alta concentración simbólica, no que se reflicten as miserias, as imposicións, as ruindades e as humillacións dun tempo histórico que se corresponde co franquismo.

Seoane é aquí o observador crítico que formula de xeito implícito a idea dunha Galicia orgullosa de seu, rexenerada moralmente despois de vivi-la submisión política e consciente dos seus potenciais de transformación materiais e espirituais. Eso exprésao Seoane a través do eixo *nostalxia-idealismo*. Trátase, loxicamente, dunha "nostalxia humanista"*,* que non significa unha vivencia do mundo como actitude pasiva ou como idealización da amargura, senón todo o contrario. O seu idealismo é o de quen posúe unha visión case mítica de Galicia, tal como se recolle en varios dos editoriais, cos seus dons

[1597] Citamos por: MARTÍNEZ ALBERTOS, José Luis (1982): *Redacción Periodística (Los estilos y los géneros en la prensa escrita)*, Madrid, A.T.E., 2ªedición, p. 52.

naturais, as súas lendas, os seus tesouros e ata o seu Grial. Pero o que está a suceder na realidade é a transgresión dese ideal, ou desa concepción mítica, e Galicia preséntasenos dalgún xeito como a Arcadia espoliada ou, máis sinxelamente, como a terra que non pode ser, que non pode desenvolverse polas feridas da historia no pasado e no presente. O sentimento que se expresa non é o da soidade ontolóxica, que tantas veces se ten ligado á saudade. O que se percibe neste textos como nostalxia é unha pugna dialéctica (estamos a falar dunha dialéctica que vai do íntimo ó colectivo) de encanto e desencanto en relación co actual e co retrospectivo; ou sexa, de pulsión entre o que puido se-la nosa terra e por veces foi e, por outra parte, o que non puido conquerir no pasado e que lle está sendo secuestrado tamén nese momento histórico. Todo isto, xa o apuntamos, con enerxía na denuncia e alto sentido ético, pero ó mesmo tempo recorrendo á finura humorística e ó recurso chestertoniano do paradoxo. E, sobre todo, invocando de xeito directo ou por alusións un futuro distinto que significase a superación daquel presente asediado por lobos, ratas, serpes e leóns, ou o que é o mesmo, polos lobos, ratas, serpes e leóns do Estado.

A VOZ DOS GALEGOS NAS ONDAS URUGUAIAS, "SEMPRE EN GALIZA"

Mónica Rebolo Vázquez

Na historia do exilio galego, tan importante como dar nomes ou apuntar circunstancias para explica-la marcha dos nosos paisanos, é saber que foi o que fixeron esas persoas nos países que os acolleron, cal foi a súa contribución a Galicia logo de marchar. Ata os nosos días chega o relato do traballo de sobranceiros exiliados como Castelao, Dieste ou Blanco amor pero queda pendurado no tempo o doutros moitos que non chegaron ás páxinas da nosa historia. O certo é que a historia do exilio galego é a suma de milleiros de historias individuais e cada unha delas ten un nome, unha razón e unha procedencia. Tamén cada historia ten un destino, para moitas o anonimato e o esquecemento.

Se nos cinguimos ó eido dos medios de comunicación acontece un pouco o mesmo. Contamos con abondosa bibliografía sobre o meritorio traballo dos nosos exiliados á fronte de xornais e publicacións pero o descoñecemento é maior se nos internarse noutros medios como pode se-la radiodifusión. Considero que se non se tratou máis esta parcela ou, alomenos, se tales empresas non teñen chegado con tanta forza ós nosos días, non é porque falten méritos neste traballo.

O relato que lles quero facer versa precisamente sobre unha iniciativa radiofónica. Os seus promotores foron exiliados e emigrantes galegos e o lugar do seu nacemento situámolo na capital do Uruguai, en Montevideo. Non é unha iniciativa calquera porque a audición radial Sempre en Galicia ten peculiaridades dabondo para ser considerada con letras maiúsculas na historia da nosa comunicación. A primeira destas peculiaridades é que Sempre en Galicia foi o primeiro programa de radio de todo o mundo feito integramente en lingua

galega, a segunda é que a traxectoria deste programa dura xa cincuenta e un anos, é dicir, que é o máis longo da historia da radiodifusión galega.

Analizaremos de seguida as entrañas entresixos desta longa e peculiar historia radiofónica pero antes de botar a andar o relato gustaríame que escoitaran as palabras coas que cada domingo pola mañá comeza Sempre en Galicia. Son palabras cheas de historia porque son as mesmas que os oíntes escoitaron un afastado tres de Setembro de 1950, o día en que a audición radial saíu por primeira vez ó ar. Quen lles fala é Manuel Meilán.

1. O NACEMENTO DE "SEMPRE EN GALICIA "

O sete de Xaneiro de 1950 morría en Buenos Aires Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. A súa morte causou un fondo pesar no Río da Prata, dentro e fóra da colectividade galega, pero foi especialmente sentida polo grupo de galeguistas que traballaban con el man a man. Aínda sen sobrepoñerse á perda, este grupo de amigos e colaboradores decide non deixar esmorece-lo facho galeguista prendido por Castelao e, como primeira medida, acordan facerlle unha homenaxe ó rianxeiro. Querían que fose algo duradeiro, unha homenaxe que perdurase no tempo e que contribuíse a espalla-lo espírito galeguista que abandeirara o "guieiro". Alguén propón facer unha audición de radio e a idea é acollida con entusiasmo polo resto do grupo.

Oito homes se comprometen no proxecto radiofónico: Alfredo Somoza, Manuel Meilán, Lois Tobío, Antón Crestar, Pedro Couceiro, Xesús Canabal, Emilio Pita e Manuel Leiras. Algúns destes homes eran vellos residentes no Uruguai, chegaran ó Río da Prata moi novos, en pleno auxe dos fluxos de emigrantes, é o caso de Manuel Meilán e Xesús Canabal. Outros como o diplomático Lois Tobío, o doutor Pedro Couceiro ou o ex-deputado coruñés Alfredo Somoza chegaran exiliados a esas terras había pouco tempo pero xa estaban totalmente implicados na intensa campaña galeguista que se levaba a cabo neses anos.

Cada un destes fundadores asumiu un papel dentro de Sempre en Galicia, o grao de compromiso co proxecto foi diferente en cada caso, como tamén o foi a duración do seu traballo á fronte da audición. Especialmente

salientable nestes primeiros momentos do programa é o traballo desenvolvido por Alfredo Somoza. Somoza foi quen propuxo a idea de facer unha audición de radio en honra de Castelao, tamén parte del a proposta de bautiza-lo programa co nome da obra senlleira do rianxeiro e será por estes feitos que Somoza convértese na cabeza visible do proxecto nestes primeiros momentos e pasa a encargarse da xestión e selección de material. Foi un valioso traballo, sen dúbida, pero quedou bruscamente interrompido ó morrer Alfredo Somoza tan só once meses despois de que Sempre en Galicia saíse ó ar.

Tamén marchou axiña, pero este cara Arxentina, o poeta e músico Emilio Pita. Só seis meses despois de comeza-lo programa abandona Montevideo e, aínda que había volver colaborar puntualmente, non desenvolvería un traballo continuado dentro da audición. Con todo, Pita deixa a súa pegada na parte creativa de Sempre en Galicia, el é quen interpreta ó piano a *Muiñeira de Chantada* que soa ó comezo de cada programa e foi tamén quen escribiu o saúdo e despedida que dende 1950 se repiten na audición.

Se botamos contas, dos oito homes que comezan o proxecto radiofónico, só catro se manteñen, pasado un tempo, á fronte del: Lois Tobío, que é o encargado de face-los editoriais do programa; Pedro Couceiro, que fai a selección musical; Antón Crestar, unha das voces emblemáticas da audición; e Manuel Meilán que hoxe é considerado o verdadeiro xestor de Sempre en Galicia, non de balde pasa corenta e catro anos da súa vida á fronte dos micrófonos de Radio Carve. Quedaría un quinto fundador do que é imprescindible falar, Xesús Canabal, como veremos máis adiante, el convértese no verdadeiro mecenas do espacio radial e, polo tanto, en peza clave para a súa supervivencia.

Diciamos hai un momento que Manuel Meilán se fai cargo da xestión do programa, Meilán era un home de certa influencia en Montevideo e por iso, entre outras cousas, foi el o encargado de buscar unha emisora de radio dende a que poder emitir. Os seus ollos estaban postos en *CX16 Radio Carve*, unha das emisoras máis importantes de Montevideo e, o que a eles máis lles interesaba, unha das emisoras máis potentes do país. A potencia da emisora permitiría ós fundadores acadar un dos seus primeiros obxectivos: achega-lo

seu programa ó maior número posible de fogares galegos. Radio Carve aceptou a súa proposta e Sempre en Galicia entrou nos fogares de boa parte da Arxentina, zonas do sur do Brasil e, por suposto, de todo Uruguai.

2. OS OBXECTIVOS

A audición radial Sempre en Galicia foi concibida baixo tres parámetros fundamentais, ser unha audición galeguista, republicana e cultural. A carón destas tres premisas, os fundadores enunciaron outras complementarias como aquela prioritaria de que Sempre en Galicia fose unha audición independente. Independente da política de Galicia e das institucións galegas do Río da Prata, non querían ter vencellos cun panorama franquista que estaba presente incluso en certa parte da colectividade. A vocación de Sempre en Galicia é converterse nun púlpito que denuncie ós catro ventos –e nunca mellor dito- os problemas e inxustizas que vive Galicia; criticarán as conductas erradas, sinalarán co dedo ós culpables, animarán ós oíntes a loitar por Galicia e mediarán para acada-la unión dos galegos nas terras riopratenses.

Fronte a esta cara combativa do programa existe outra máis amable pero tamén fundamental. Sempre en Galicia proponse espalla-la cultura galega a través das ondas e dala a coñecer non só ós estranxeiros dos países de acollida senón ós propios galegos do Río da Prata. O seu plantexamento é o seguinte: o espallamento da cultura galega amosará ós países de acollida que os galegos dos que adoitan burlarse teñen unha identidade de seu e, de cara ós propios compatriotas, coñecer mellor a cultura do seu pobo serviralles para rematar co frecuente autodesprezo.

Con todos estes argumentos na man, concluímos que Sempre en Galicia pretende ser, máis que outra cousa, un foro de reflexión. Reflexión sobre o papel dos galegos que viven lonxe da Terra e reflexión sobre as obrigas e deberes que teñen para con ela.

En 1965, co gallo do quince aniversario do programa, na audición emítese un editorial non que repasan as pretensións e razóns de ser de SEMPRE EN GALICIA.

3. OS OÍNTES

Pero ¿como acollen os oíntes todo este aluvión de ideas que entra nas súas vidas a través dos aparellos de radio? A resposta é unánime, a acollida do público foi extraordinaria. Non hai datos de audiencias que avalen unha afirmación aparentemente tan subxectiva pero si hai centos de testemuños dos propios oíntes que reafirman coas súas palabras o éxito de Sempre en Galicia. Como oín dicir a non poucos galegos do Río da Prata, a audición converteuse na súa misa dos domingos, foi o único vencello que durante moitos anos tiveron con Galicia, o reencontro semanal coa Terra que añoraban. Na audición volveron escoita-la fala da aldea e a música das súas lembranzas e volveron percorrer paisaxes xa esquecidas a través das viaxes radiofónicas que lles ofrecía Lois Tobío nos seus editoriais. Apuntaremos tamén que moitos uruguaios e arxentinos achegáronse á nosa Terra precisamente a través da audición.

Hai outra cuestión que di moito da audiencia de Sempre en Galicia, a súa fidelidade. Durante a miña viaxe a Montevideo puiden coñecer persoas que levaban corenta e cincuenta anos escoitando fielmente a audición pero non é só unha cuestión de tempo, é unha cuestión tamén de actitude, desa misa dos domingos da que falabamos antes. Un exemplo da implicación que tiveron os oíntes en Sempre en Galicia ó longo destes cincuenta e un anos son as innumerables cartas que chegaron á audición. Suxerencias, peticións, parabéns, reprimendas... todo cabe na intensa e extensa correspondencia que atesoura Sempre en Galicia ó longo destes anos.

4. OS COLABORADORES

Falamos dos oíntes pero non esquezamos poñer nome ós que durante anos e anos estiveron no lado de dentro do aparello de radio, os colaboradores de Sempre en Galicia. Cada un deles marcou un estilo e unha época no programa, tal é así que, un pouco en función dos colaboradores, podemos acoutar etapas na longa historia da audición. Brevemente, sinalaremos como puntos de inflexión en Sempre en Galicia:

- O ano 1962, data na que Lois Tobío deixa o programa e volve a España.
- 1976, pola entrada dunha nova xeración con Toni de Seárez e Manuel Suárez á cabeza.
- e 1994, un ano clave porque morre Manuel Meilán, a audición pasa entón a mans do *Patronato da Cultura Galega* e entra a última das actuais colaboradora -Luz Corbillón-.

Neste longo percorrido quedan nomes como Iolanda Díaz e Xosé Luis Villaverde, que pasaron máis de vinte anos no programa; Fernando Pereira que foi a peza clave na combativa audición dos anos sesenta; Cristina Samuelle, Xosé Castro, Pilar Pousada, Marisa Barrio... Homes e mulleres que traballaron arreo nun proxecto radiofónico que foi obxecto de boicots, de críticas, de censuras, de problemas, pero que soubo saír adiante a pesar do tempo e das circunstancias.

5. O FINANCIAMENTO

Falamos de sobrepoñerse ás circunstancias e estámonos referindo moitas veces ás dificultades económicas que viviu e vive a audición. Sempre en Galicia quixo ser un programa independente e non tivo reparos en criticar e denunciar sempre que o considerou necesario pero esta actitude había supoñer un atranco á hora de financia-la audición. Nos anos sesenta, por exemplo, suspéndese o patrocinio do Banco de Galicia por mor da aberta liña antifranquista que adopta o programa e son os propios colaboradores os que deben financiar do seu peto os custes do espacio radial. Outra vía de financiamento nestes cincuenta e un anos foron os anunciantes, normalmente son negocios da colectividade que a cambio de seren nomeados na audición entregan mensualmente certa cantidade. Pero todo esto resultaría claramente insuficiente se Sempre en Galicia non tivese detrás o apoio dun dos grandes mecenas da cultura galega na diáspora, Xesús Canabal. Dende 1950 e ata o momento da súa morte nos anos oitenta, Canabal foi o maior valedor do proxecto radiofónico.

As dificultades económicas son, precisamente, a principal preocupación dos xestores de Sempre en Galicia á hora de pensar no futuro. Pero hai outro problema importante, o envellecemento dunha audiencia que cada vez vai a menos. Non está garantido o relevo xeracional, tampouco hai cartos que garantan o futuro, pero Sempre en Galicia acaba de cumprir cincuenta e un anos cun único pensamento: seguir no ar. E xa outras veces acadou o que quería.

Despedímonos coas palabras de Manuel Meilán que cada domingo poñen fin á audición.

BIBLIOGRAFÍA

Libros:

BALSEBRE, Armand (1994): *El lenguaje radiofónico*, Madrid, Cátedra.

BARBERO, Raúl E. (1995): *De la galena al satélite*, Montevideo, Ediciones de la Pluma.

BARBERO, Raúl E. (2000): *Por siempre Carve*, Montevideo, Ediciones Carve, Montevideo.

BARREIRO, Xosé R. (1981): *Historia de Galicia*, Edade moderna, Vigo, Galaxia.

BLANCO, Xosé Luis (1995): *Radio e prensa na Galicia exterior*, Santiago, Xunta de Galicia.

BLANCO, Xosé Luis (1999): *Historia da radio en Galicia*, Santiago, Edicións Lea.

CAETANO, Gerardo e RILLA, José (1998): *Historia contemporánea del Uruguay,* Montevideo, Fin de siglo.

DEFEO, Omar (1994): *Los locos de la azotea*, Montevideo, Cal y Canto.

KELDJIAN, Julieta (1999): *Los programas de las comunidades inmigrantes en T.V.,* Montevideo, Universidad Católica de Montevideo.

MADALENA, Fulvio Nelson (1993): *Carve: historias en miniatura*; Montevideo, Ediciones Carve.

MERAYO, Arturo (1992): *Para entender la radio*, Salamanca, Universidad Pontificia de Salamanca.

SAMUELLE, Cristina (1993): *Conversas con Manuel Meilán*, Vigo, Xerais.

SAMUELLE, Cristina (1991): *Situación actual de los gallegos y sus descendientes en el Uruguay*, Santiago, Xunta de Galicia.

TOBÍO, Lois (1994): *As décadas de T.L.,* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

VILLARES, Ramón (1996): *Historia da emigración galega a América*, Santiago, Xunta de Galicia.

Artigos:

MARONNA, Mónica (1997): "Historia y comunicación: un diálogo apasionante", *Anuário Unesco/Umesp de Comunicaçao Regional*, Brasil.

PEREIRA, Fernando :"A emisión radial de Montevideo "Sempre en Galicia"" en *Boletín da Real Academia Galega*, tomo 32, nº 357.

SAMUELLE, Cristina (1993): "Problemática actual de los gallegos y sus descendientes en América" en *Galicia-América, relacións históricas e retos de futuro*, Santiago, Xunta de Galicicia.

SUÁREZ, Manuel (1992): "A emigración galega nas terras uruguaias" en *Primeiros Encontros Galicia-América*, Facultade de Historia de Santiago.

SUÁREZ, Manuel (1992): "La radio gallega en América" en *Galicia-América: cinco siglos de historia*, Santiago, Consello da Cultura Galega.

SUÁREZ, Manuel (septembro-outubro 1990): "Un tres de setembro de 1950 en Montevideo" en *Encrucillada*, vol.14, nº 69.

A AUDICIÓN E A REVISTA *GALICIA EMIGRANTE* DE LUÍS SEOANE NO PANORAMA COMUNICATIVO DO EXILIO

Jesús J. Blanco Rosas

Galicia Emigrante constitúe para moitos investigadores a mellor contribución de Luís Seoane á radio e a prensa da emigración galega. A audición e maila revista aparecen como unha nova manifestación do dinamismo creador deste "home múltiple" en consonancia coa efervescencia cultural que caracterizou á colectividade galega de Bos Aires nos anos posteriores á Guerra Civil. Ambos medios ían dirixidos ós galegos emigrados en Arxentina e buscaban a exaltación de Galicia mediante a divulgación da súa cultura. Pero a diferencia doutras experiencias similares nas que estivo implicado o seu promotor, como a dirección do voceiro do Centro Galego ou a participación nos programas radiais auspiciados polo Centro Lucense, *Galicia Emigrante* era unha iniciativa de carácter particular, é dicir, realizada a instancias de calquera entidade societaria ou organismo de poder. Deste xeito, Seoane gañaba en liberdade de expresión, pero perdía apoios institucionais, pasando a depender dos seus propios recursos para saca-la empresa adiante.

Para Seoane a laboura desenvolta por *Galicia Emigrante* podía considerarse herdeira da emprendida polos precursores galegos do século XIX: "No se escribió en estas páginas párrafo alguno que no hubiesen podido suscribir por su intención nuestras grandes figuras del siglo XIX gallego y los que orientaron la política autonomista de este siglo"[1598], chegou a afirmar nunha editorial da revista. Con eles compartía as mesmas consignas teóricas e o mesmo programa ideolóxico. Nese artigo, Seoane tamén facía referencia a algunhas das figuras ilustres que, para o seu entendemento, sentaron as bases do galeguismo: "Galicia Emigrante nació para exaltar a Galicia y sus consignas teóricas son las mismas, lo repetimos, de los precursores y los mártires.

Programa que se puede remontar si se quiere a las páginas ilustres sobre Galicia del Conde de Gondomar, del Conde de Lemos o de Martín Sarmiento"[1599]. Deste xeito, o que fai o director de *Galicia Emigrante* e insertalo seu proxecto comunicativo dentro de algo máis grande, enlazando cunha tradición histórica que xa viña de lonxe (ou polo menos esa e a idea que intenta transmitir) e que agora, ante as circunstancias que atravesaba a península, había que conservar e engrandecer para que continuase tendo validez no futuro.

Pero ¿qué obxectivos perseguía a creación dunha empresa de tales características?. Xavier Seoane e Lino Braxe resumíannos nestes cinco puntos que reproducimos a continuación[1600]:

1. Concienciar ós galegos emigrantes e ós galego-arxentinos de cal era a súa patria, a súa lingua e a súa cultura.
2. Difundir o feito galego. Todo o creado polo noso pobo nunha dimensión universal.
3. Prestixiar o papel dos emigrantes nos países que os acolleron e o de Galiza na historia da humanidade.
4. Denuncia-los abusos e incomprensións a que son sometidos os galegos na emigración, así como as inxustizas que durante toda a historia e sobre todo a partir do 36 sofreu o país.
5. Rememorar, devolverlles ós galegos que se atopaban no Bos Aires dos anos 50 e 60, os símbolos, o orgullo e os fundamentos do seu pasado, coa aposta vangardista e modernizadora en que sempre militou Seoane.

Na intención de acada-lo seu propósito *Galicia Emigrante* tratará de estar presente en tódalas dimensións da vida galega. No terreo político, mediante a concienciación; no social e económico, mediante a denuncia e no cultural,

[1598] "Este número 24", *Galicia Emigrante,* Nº 24, (Outubro de 1956), pp. 1-2.
[1599] *Ibidem.*
[1600] BRAXE, Lino e SEOANE RIVAS, Xavier (escolma, edición e estudo) (1994): *Escolma de textos da audición radial de Luís Seoane Galicia Emigrante (1954-1971),* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, (2ª Edición), pp. 29-30.

mediante a divulgación. Pero será a emigración galega a que dote dun verdadeiro sentido a toda esta maquinaria.

1. A MELLOR REVISTA DA EMIGRACIÓN GALEGA.

Galicia Emigrante está considerada polos investigadores da vida e obra de Seoane, e polos seus amigos máis achegados, que en moitos casos eran os mesmos, como unha das mellores publicacións realizadas pola emigración galega. De feito, a revista xa tiña boas críticas cando aínda se editaba. Eduardo Blanco Amor realizou un artigo titulado "Seoane o la responsabilidad", que aparece publicado no número 30 de *Galicia Emigrante,* onde manifestaba: "es la única publicación culta y objetiva con que los escritores gallegos contamos"[1601]. As declaracións deste autor deben terse en consideración, pois el fora o responsable da parte literaria de *Céltiga,* a outra gran revista da nosa diáspora na que, para moitos, se inspirou a de Seoane. Alberto Vilanova, colaborador de *Galicia Emigrante* e autor de *Los gallegos en la Argentina*, dedicáballe verbas moi favorables na súa obra de biografías: "las mejores plumas de gallegos de aquende y allende, decoran frecuentemente sus páginas, sin faltar también la colaboración de los grandes dibujantes y pintores. Sus agudos reportajes, sus referencias históricas, sus picudas glosas a la política que sufre Galicia, sus notas biográficas, su miscelánea humorística y sobre todo sus ágiles y vigorosos editoriales, dan a esta revista una esquisita amenidad y una altura cultural que muy pocas publicaciones de este tipo ofrecen"[1602]. Outro inxente colaborador de *Galicia Emigrante*, Francisco Fernández del Riego, ó ponderar a laboura xornalística de Seoane no transcurso dunha entrevista declarou o seguinte: "eu penso que o esforzo máis interesante, o esforzo máis importante que realizou foi a revista *Galicia Emigrante*"[1603]. Pero nestas valoracións non só coinciden as persoas máis achegadas á vida do artista, que por simpatías cara a súa persoa e por afán de xenerosidade poderían

[1601] BLANCO AMOR, Eduardo (1957): "Seoane o la responsabilidad", *Galicia Emigrante,* nº 30, (agosto – septiembre de 1957), p. 24.
[1602] VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto (1966): *Los gallegos en la Argentina*, Bos Aires, Ediciones Galicia, Vol II, p 1420.

engrandecer de máis o papel de *Galicia Emigrante*. Autores que non gardan ningún lazo familiar ou de amizade con Seoane coinciden en subliñar a calidade da publicación. Así, Cesar Antonio Molina, que realizou un completo e detallado estudio sobre a prensa literaria en Galicia, manifestábase nos mesmos termos e con máis contundencia, se cabe, que nos exemplos anteriores: "Galicia Emigrante é, sen lugar a dúbidas, a mellor revista que publicou a emigración galega na Arxentina ó longo deste último século"[1604].

Dentro dos catro modelos da prensa galega da emigración propostos por Carlos Zubillaga na súa obra-catálogo de publicacións da colectividade en Uruguai[1605], *Galicia Emigrante* estaría máis próxima ó último, que agrupa ás "publicacións promovidas por iniciativas particulares, concibidas como unha empresa rendible, que invocaban referentes étnicos de ampla aceptación entre os lectores emigrantes e gardaban vinculacións estreitas coas esferas organizadas da emigración".[1606] Certamente, a revista de Seoane participa de moitas características que son comúns a este modelo: o exercicio "escasamente sutil" de eloxio ó inmigrante exitoso, que podía contribuír con publicidade á empresa editorial[1607], a ampla cobertura de noticias sobre Galicia e o desvencellamento case absoluto da prensa local son algunhas delas. Nembargantes, difire noutros aspectos. Por exemplo, non comparte a indefinición ideolóxica que caracterizaba ás publicacións incluídas nesa categoría. *Galicia Emigrante* proclamouse dende sempre republicana, nacionalista e popular, aínda que manifestase en repetidas ocasións a súa intención de non inmiscirse demasiado no terreo político, requisito fundamental

[1603] Declaracións de Francisco Fernández del Riego. XIZ, Xulio (guión e dirección): *Luís Seoane. O repouso do pintor* {videocasette}. Ophiusa. Lugo. D.L. 1994. Duración: 49 minutos.
[1604] MOLINA, Cesar Antonio (1989): *Prensa literaria en Galicia (1920-1960),* Vigo, Edicións Xeráis de Galicia, p. 486.
[1605] ZUBILLAGA BARRERA, Carlos (1996): "Os modelos xornalísticos da prensa galega de inmigración". *A prensa galega de inmigración en Uruguai,* Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 31-39. Os catro modelos de Zubilaga son: Xornalismo finisecular, órgaos de prédica restrinxida a unha colectividade, órgaos dunha asociacón de emigrantes e, por último, publicacións promovidas por particulares.
[1606] Non esquezamos que Seoane compaxinou durante varios anos a dirección de *Galicia Emigrante* coa do voceiro do Centro Gallego de Bos Aires
[1607] Este era o caso do industrial Javier Vázquez Iglesias, un dos principais mecenas de *Galicia Emigrante*, que contribuía xenerosamente ó financiamento da revista coa publicidade dos seus

se querían captarse lectores de tódalas opinións. Por outra banda, os modelos establecidos por Carlos Zubillaga só resultan válidos para a realidade concreta de Uruguai, pero non se axustan ben á situación doutros países. Zubillaga non contempla a existencia de publicacións especializadas nunha determinada temática. Neste senso debemos resaltar que *Galicia Emigrante* é principalmente unha revista cultural, con algunhas incursións no terreo político, feito que non podemos pasar por alto porque constitúe o eixo que vertebra o seu funcionamento.

1.1. Antecedentes

Cesar Antonio Molina consideraba *Céltiga* e *A Fouce* como os máis inmediatos antecedentes de *Galicia Emigrante*, dado que ámbalas publicacións caracterizábanse, como a revista de Seoane, pola súa excepcional calidade, tanto no aspecto formal e na tipografía coma nos contidos[1608]*. Céltiga* e *A Fouce* naceron nos anos vinte, que foi a década máis fructífera para a prensa da emigración galega. A primeira apareceu en 1920 e acadou sobrevivir, con algunhas desaparicións temporais, ata 1932. Durante todo ese tempo estivo dirixida por Domingo Rial Seijo, encargándose da parte literaria Ramón Suárez Picallo, Eduardo Blanco Amor e Eliseo Pulpeiro. Cando se fala de *Galicia Emigrante* son habituais as comparacións con *Céltiga*. Así, Ricardo Palmás consideraba a revista de Seoane como a segunda publicación máis importante da colectividade galega en Arxentina despois de *Céltiga*[1609]. Tamén Fernández del Riego compartía esta idea, pero para el *Galicia Emigrante,* en liña de continuidade, representaba unha auténtica superación da anterior. As coincidencias entre ámbolos títulos non só teñen que ver coa notable calidade que alcanzaron, senón que tamén aparecen no plano ideolóxico. *Céltiga* considerábase "patriótica, democrática e progresista", e *Galicia Emigrante* "republicana, nacionalista e popular". Polo tanto, as dúas eran publicacións

negocios. Seoane, en correpondencia, adicáballe extensos reportaxes laudatorios na sua publicación.

[1608] MOLINA, Cesar Antonio (1989): *Prensa literaria en Galicia (1920-1960),* Vigo, Edicións Xerais de Galicia, pp. 487-489.

galeguistas vencelladas á esquerda democrática, se ben temos que recoñecer que o ideario de *Céltiga* parece bastante máis moderado. Tamén coinciden no feito de reuniren nas súas páxinas algunhas das máis notables firmas galegas. *Céltiga* contaba entre os seus colaboradores con algúns dos clásicos galegos máis prestixiosos: Valle-Inclán, Curros Enríquez, Fernández Florez, Xavier Bóveda, etc. Pola súa parte *Galicia Emigrante* nútrese dun amplo aval de colaboradores de distintas xeracións, onde destacan, ademais da firma de Seoane, nomes como: Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Domingo García Sabell ou Isaac Díaz Pardo ou Alberto Vilanova, por citar algúns exemplos significativos.

Ocupémonos agora de *A Fouce.* Esta publicación era o voceiro da Sociedade Nacionalista Pondal, o grupo nacionalista radical do momento. Dirixida por Manuel Oliveira, editouse en Bos Aires entre xaneiro de 1926 e maio de 1936, cunha interrupción de tres anos[1610]. A diferencia de *Céltiga* e *Galicia Emigrante* en *A Fouce* a cuestión política abarcábao practicamente todo e o cultural estaba restrinxido unicamente ó problema da lingua. Na súa breve historia destaca un artigo, no número 75, onde se avogaba pola salvación da editorial *Nós*. É indubidable que *A Fouce* chamou a atención dalgúns compoñentes de *Galicia Emigrante*, pois no número 23 Moisés da Presa escribiu un artigo lembrando a publicación, onde lle atribuía un papel case mesiánico na configuración do galeguismo da diáspora:

> O noso emigrante vivía acorralado, ñado en sí mesmo, sen contido en si mesmo i en permañante fuxida do seu ser galego, acobillándose no hespañol ea tema de sere alguén e, ó non conseguilo, proxeitábase nun pintoresco e serodio internacionalismo. E neste clima desacougante, ermo da personalidade, xurden A Fouce, como un berro, como un

[1609] PALMÁS CASAL, Ricardo (1978): *A emigración galega na Arxentina,* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, p. 27.
[1610] BLANCO CAMPAÑA, Xosé Luís (1995): *Radio e prensa na Galicia Exterior,* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 125-126.

> alongado aturuxo de chamada ós galegos a soborporse do seu homillante comprexo[1611].

A revista contou entre os seus principais colaboradores a destacados galeguistas entre os que figuraron: Vicente Risco, Álvaro de las Casas, Evaristo Correa Calderón, Victoriano Taibo, Valentín Paz Andrade e Francisco Fernández del Riego[1612]. A algúns deles volverémolos atopar posteriormente nas páxinas de Galicia Emigrante.

1.2. Evolución histórica.

Unha vez repasados os seus antecedentes máis inmediatos, chega xa o momento de analiza-la publicación na que se centra este traballo. A revista *Galicia Emigrante* apareceu en Bos Aires en xuño de 1954, engadindo así un título máis á xa enchida nómina de publicacións promovidas pola emigración galega en Arxentina. Os seus principais responsables foron Luís Seoane e José Antonio Fernández, que se encargaron respectivamente da dirección e da administración. Dende o primeiro número ata a súa desaparición, en maio de 1959, tivo periodicidade mensual e circulou principalmente no ámbito restrinxido da Capital Federal porteña. As páxinas de *Galicia Emigrante*, como xa se apuntou, estaban dedicadas exclusivamente a Galicia, pois tiña como principal cometido o engrandecemento da nosa terra mediante divulgación da súa cultura; pero tamén pretendía realizar unha crónica mensual dos actos e pensamentos da colectividade emigrada para dar a coñecer ós galegos da península, a través da publicación, a vida e o pensamento dos seus compatriotas emigrantes. A revista xurdía principalmente coa finalidade de divulga-las preocupacións dos emigrantes exiliados e afastados da terra, maila súa aparición obedece tamén á necesidade de Seoane de expresarse libremente, a instancias dos condicionamentos que supuñan supeditarse ós intereses das entidades societarias. Por eso, nesta empresa, Seoane non

[1611] DA PRESA, Moisés (1956): "A fouce", *Galicia Emigrante,* nº 23, (agosto - septembro de 1956), p. 22.
[1612] BLANCO CAMPAÑA, Xosé Luís (1995): *Radio e prensa na Galicia Exterior,* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 125-126.

dependía de ninguén, pero era unha nova aventura da que se sentía seguro. Francisco Fernández del Riego considera que a súa aparición supuxo unha viraxe extraordinaria na liña das publicacións periódicas que se viñan editando ata o momento, pola súa vontade de integrar ás dúas Galicias, a emigrada e a territorial:

> Por un lado quería ser o órgao da emigración. Levar á emigracion os movementos da cultura de Galicia, a realidade da economía. Por outro lado quería tamén que colaborasen vivamente nas páxinas da revista xente de aquí, xente da Galicia Territorial[1613].

Esto tradúcese no apartado das colaboracións na creación de dous equipos paralelos, un en Arxentina e outro en Galicia. O Arxentino estaba a cargo de Luís Seoane, quen conseguiu reunir un nutrido grupo de firmas integrado, na súa meirande parte, por figuras da colectividade ou da intelectualidade porteña con vencellos galegos. Case paralelamente á aparición do primeiro número da revista[1614], Seoane escribiu unha carta a Francisco Fernández del Riego solicitando a súa axuda para a creación dun equipo similar en Galicia. Nela dicía que estaba a piques de saír a revista *Galicia Emigrante,* unha revista que el ía dirixir, e para a que pedía coa maior brevidade as colaboracións de escritores e artistas galegos: "Pregábanos que lle remesásemos urxentemente traballos nosos e colaboracións de escritores de aquí. Con preferencia artigos, contos, crónicas ensaios que puidesen ser ilustrados"[1615]. Seoane pensaba escribirlles a algún deles persoalmente, pero coa maioría non tiña relación, deste xeito prefería que fosen Del Riego e outros achegados os que procurasen a súa participación. O papel xogado polo académico Vilanovés neste apartado foi fundamental porque a través del

[1613] Declaracións de Francisco Fernández del Riego en: XIZ, Xulio (guión e dirección) (1994): *Luís Seoane. O repouso do pintor* {videocasette}*,* Ophiusa, Lugo, D.L.,Duración: 49 minutos.
[1614] Segundo Francisco Fernández del Riego en *Luís Seoane desde a memoria,* "O primeiro número acababa de sair do prelo e Seoane mandábano-lo por correo aparte", (Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1994, p. 89).
[1615] Fernández del Riego fai referencia á carta que Seoane lle enviou o 5 de Xuño de 1954. Ibidem, op. cit, p. 89.

púidose organizar ós escritores e artistas que ofreceron as *súas* colaboracións para a publicación de Seoane dende a Galicia Territorial. Deste xeito Del Riego e o seu equipo actuaron como embaixadores da revista en Galicia.

Por fin, en xuño de 1954, aparece o primeiro número. No editorial, titulado "A nuestros lectores", que era autoría do propio Seoane, dábase a coñecer a revista ó público e tamén alí marcábanse as directrices polas que se rexería o seu funcionamento:

> Esta revista aspira a ser espejo en esta capital de la vida y actividades de los emigrantes gallegos. Ningún aspecto particular que se refiera a la actividad individual o conducta de ellos dejará de ocupar un espacio en estas columnas. No aspiramos más que a mostrar, a aquellos que no la conocen, la fortaleza de nuestra emigración, su capacidad de iniciativa, de sacrificio, de trabajo y tambien la de sus hijos, aquellos que nacidos en esta república en hogares gallegos, saben hacer honor a su país de nacimiento y al de su extirpe por la labor que diariamente realizan[1616]

Para eso Seoane tratará, por un lado, de amosar só o positivo, o que dalgún xeito fixera honor a Galicia, e polo outro, de silenciar todos aqueles actos que se considerasen nocivos para o país. Tratábase, en verbas de Fernández del Riego: "De concienciar ós galegos emigrantes e ós seus fillos de cal era a súa patria, a súa lingua, a súa cultura. De difundi-lo feito galego, amosando todo o que creou o noso pobo nunha dimensión universal e prestixiando o papel dos emigrantes nos países de acollida, así como o de Galicia na historia da humanidade"[1617]. Nembargantes, se ben era esa a súa vontade inicial, ó longo da traxectoria de *Galicia Emigrante* serán moitas as veces nas que atopemos denuncias contra determinados feitos e comportamentos que, segundo a mentalidade de Seoane, podían danar dalgún xeito a Galicia ou á colectividade.

En xullo de 1955, coa aparición do número 12, a revista celebrou o seu primeiro aniversario, e Seoane dedicou o editorial a falar da súa publicación

[1616] Editorial "A nuestros lectores", *Galicia Emigrante,* nº 1 (Xuño de 1954).

para facer balance do acontecido ata o momento. Alí comentaba que, no seu primeiro ano de funcionamento, *Galicia Emigrante* cumprira en gran parte co propósito que se establecera dende o comezo: A defensa dos intereses administativos e culturais de Galicia, que era a súa única bandeira. O editorial remataba dicindo: "Galicia Emigrante se honra en haber servido a Galicia durante estes doce números, haciendo conocer a nuestros lectores las riquezas naturales, humanas y culturales que encierra ese país, tan en el corazón de América por sus emigrantes"[1618]. Polas mesmas datas, Seoane envioulle unha nova carta a Del Riego, na que falaba do mesmo tema: "Xustamente un ano despois, contábanos da marcha que estaba a seguir a revista Galicia Emigrante. Anunciaba que ía recibindo tódalas colaboracións que lle remesábamos. A vida da publicación, polo momento, estaba garantida. Ata daquela gustaba, e, ó seu pensar, sostiña un nivel intelectual mínimo dentro do afán de facela popular e útil"[1619]. Todo esto son probas de que *Galicia Emigrante* gozaba entón de boa saúde. Seoane estaba moi animado có proxecto e manifestaba a súa vontade de poder mellorar aínda máis a calidade da publicación nos anos sucesivos. Esta intención non se quedaría só en boas verbas. Có paso do tempo, a revista engadiu novas seccións e incorporou notables firmas ó seu xa amplo aval de colaboradores. Dicía Fernández del Riego que Galicia Emigrante "foise convertendo, nas sucesivas entregas mensuais, nun órgano de expresión ameno, interesante, en función do seu cometido"[1620].

Co apoio de anunciantes e colaboradores a revista conseguiu permanecer no panorama xornalístico arxentino durante case 5 anos, pero nos seus últimos tempos tivo que afrontar problemas de diversa índole que acabaron afectando á súa periodicidade. Nunha nota aparecida no número 24 o director pedía escusas por estes retrasos, aludindo brevemente á gravidade das circunstancias que atravesaban: "Dificultades de distinto orden hicieron imposible la salida regular de Galicia Emigrante. Pasó esta publicación por las

---

[1617] FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1994): *Luís Seoane ....*, op. cit., p. 100.
[1618] Editorial "Nuestro primer aniversario", *Galicia Emigrante,* nº 12, (junio - julio de 1955).
[1619] Carta de 1955 a Fernández del Riego, reproducida en: FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1994): *Luís Seoane....* , op. cit., p. 77.
[1620] Ibidem*,* p. 97.

mismas alternativas de irregularidad que otras publicaciones de esta capital por los sucesos políticos conocidos que alteraron la vida del país salvándolo de la tiranía; aparte de los motivos verdaderos, en este caso lo confesamos, producidos por la inseguridad económica en que nos desenvolvemos"[1621]. Os sucesos políticos ós que se estaba referindo Seoane son os coñecidos como "revolución libertaria", que supuxeron o final do peronismo. Outro síntoma da inestabilidade económica que caracterizou a Galicia Emigrante na súa última fase é que dous anos despois de aparecer esa nota creouse unha sociedade denominada "Amigos de Galicia Emigrante" no seo do Centro Lucense de Bos Aires[1622]. A súa finalidade era alivia-los problemas de financiamento mediante cotas voluntarias dos membros adscritos a ela. Non temos noticias do éxito acadado por esa iniciativa, pero a xulgar polos resultados é evidente que non chegou para salvar a Galicia Emigrante dunha sorte que xa estaba botada. Finalmente a situación volveuse insostible, e Seoane determinou suspender temporalmente a súa publicación. De inmediato comunicoulles a decisión ós seus colaboradores en Galicia por vía epistolar, a quenes lles comunicaba o seu proxecto de retomala edición no futuro, cando as circunstancias fosen máis propicias. Sen embargo, o ton de desacougo que impregnaba a misiva non animaba a abrigar moitas esperanzas de continuidade:

> Anunciábanos o finamento de Galicia Emigrane. Sairía un novo número aínda como despedida dunha época. Quizáis máis adiante, de se normalizar os custos de impresa, volvese a se editar, pero con presentación distinta. Para o devandito último número tentaba escribir algo relativo á soedade dos intelectuais galegos emigrados, no tocante ao desenvolvemento do seu labor: Esquecídos pola maioría da xente que traballa ahí, sen ningunha clase de protección das entidades de aquí, e convertidos voluntariamente nunha especie de misioneiros inverosímeis da Galicia que todos soñamos. Calquera eles, e inclúome entre todos, puido acadar situacións de privilexio en Bos Aires.

[1621] "Este número 24", art. cit., pp. 1-2.
[1622] "Amigos de Galicia Emigrante", *Lugo,* (diciembre de 1958).

> Acadaríanas si deixasen de perde-lo tempo ocupándose do seu país, que polo visto non os necesita, e polo que se sacrificaron[1623].

En Maio de 1959, aparecía o número 37, có que se pechaba definitivamente a revista, se ben, esta xa podía darse por finada dende outubro de 1958. Este último número serviu unicamente para facerlle a *Galicia Emigrante* unha digna despedida e facer un balance final da súa traxectoria:

> Hemos sido con respecto a Galicia, el vocero de sus inquietudes en Buenos Aires y tratamos de serlo, en el espacio modesto que nos fue permitido, de su historia, de su cultura, de su paisaje y de su pueblo. Lo fuimos también de las inquietudes de los emigrantes cómo correspondía al título que alzamos como apellido[1624]

Algúns meses máis tarde Seoane volvía a referirse a este tema nunha crónica da audición radial *Galicia Emigrante*. Alí falaba escuramente das causas que motivaron a desaparición da súa publicación: "Tardaría, esa revista, case catro anos en enfrentar-se a unha realidade insospeitada, tendo vencido, poren, outras clases de dificultades alleas a ela. Pero non falemos desa realidade que nos avergoña e queremos ocultar. Podemos afirmar e non mentimos que *Galicia Emigrante,* a revista, deixa de publicarse ó mesmo tempo que moitas revistas e xornais arxentinos"[1625]. Os termos nos que se expresa son vagos e imprecisos. Non sabemos ben cal é esa realidade vergoñenta nin porqué hai que ocultala. Tampouco resulta nada aclaratoria a notificación de que outros xornais e revistas arxentinos deixaron de publicarse ó mesmo tempo que *Galicia Emigrante*. Houbo que esperar ata 1969 para que Seoane ofrecera unha explicación menos confusa do que sucedeu e aproveitou para facelo o

[1623] Carta do 1 de Abril de 1959: FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1994): *Luís Seoane desde...., o*p. cit; p. 91.
[1624] Editorial "Despedida", *Galicia Emigrante,* nº 37, (Mayo de 1959).
[1625] "No quinto cabodano de *Galicia Emigrante*" (18-X-1959). BRAXE, Lino - SEOANE RIVAS, Xavier (escolma, edición e estudo) (1994): *Escolma de textos....*, op. cit., p. 503-504.

guión radiofónico que coincidía có 15 aniversario da súa audición[1626]. Subliñaba alí, que a difícil situación económica pola que atravesaba daquela o país rioplatense propiciou unha forte subida dos prezos de imprenta e de gravados, e que isto fixo imposible a continuación de moitas publicacións, entre elas a súa. Pódese deducir que a "realidade vegoñenta" á que aludía Seoane anos atrás era un reproche cara a determinados sectores da colectividade que non lle prestaron apoio, ou ben cara ós anunciantes, que en moitos casos non pagaban as cotas dos avisos que enxerían nas páxinas de *Galicia Emigrante*.

Pero aínda quedaba a esperanza. Nesa mesma crónica manifestábase a intención de emprender unha segunda etapa da revista no futuro. De feito, Seoane nunca abandonaría a idea de continuar coa edición de *Galicia Emigrante* en tempos máis propicios. Por elo, sempre se referiu ós 37 números publicados como a súa "primeira época", deixando aberta a posibilidade de emprender unha segunda etapa. Esa reaparición estivo a piques de realizarse no verán de 1964. Por esas datas enviou unha misiva a Francisco Fernández del Riego na que manifestaba a súa intención de volver a sacar a publicación: "advertíanos que sería posible unha nova saída da revista *Galicia Emigrante*, en distinto formato, con carácter semestral"[1627]. Non sabemos ben porque circunstancias, pero esa idea non puido prosperar e, desafortunadamente, *Galicia Emigrante* nunca máis volvería a aparecer.

Houbo quen considerou a *Cuco Rei,* a derradeira publicación editada por Seoane no seu exilio bonaerense, como unha tardía continuación de *Galicia Emigrante*. O certo é que *Cuco Rei* garda bastantes similitudes coa publicación que estamos estudando: Contidos centrados única e exclusivamente en Galicia, atención preferente pola emigración e os seus problemas, editoriais realizados por Seoane, colaboracións de escritores e artistas galegos de ámbalas beiras do Atlántico, etc. Deste xeito, sería razoable considerar unha certa vontade de continuidade a través desa folla voandeira, pero resulta evidente que a súa

[1626] "Quince cabodano da audición *Galicia Emigrante*", (19 de octubre de 1969).
[1627] Del Riego fai referncia a una carta que lle foi enviada por Luís Seoane no Verán de 1964: FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1994): *Luís Seoane desde...,* op. cit , p. 92

calidade queda moi por debaixo de *Galicia Emigrante* en canto a número de páxinas, formato e mesmo na duración, xa que non pasou do primeiro número.

2. A AUDICIÓN RADIAL *GALICIA EMIGRANTE*

Ó igual que a revista da que toma o nome, a audición radial *Galicia Emigrante* está considerada polos que a trataron como unha das máis emblemáticas da emigración galega. Víctor Freixanes, nun artigo sobre a radiodifusión, non dubida en cualificala como "unha audición histórica entre as nosas comunidades emigrantes e exiliadas"[1628]. Pola súa parte, Ricardo Palmás afirma que, de tódolos programas radiais que houbo en Arxentina, *Galicia Emigrante* foi o que tivo maior carácter cultural, pois "a través de oitocentas cincuenta emisións difundiu os máis diversos aspectos da vida galega dos séculos pasados e das últimas décadas"[1629]. Estas non son afirmacións de balde. A audición *Galicia Emigrante*, cós seus 17 anos de duración (10 de outubro de 1954 - xullo de 1971), atópase entre as máis lonxevas do panorama radiofónico da nosa emigración e só *Sempre en Galicia,* de Manuel Meilán, que aínda hoxe se emite por Radio Carve de Montevideo, pode competir coa súa experiencia e antigüidade.

O programa aparecía cada domingo entre as 14.05 e as 14..30 e, durante case todo o tempo que estivo en antena, foi retransmitido a través de L.S. 10 Radio Libertad. Segundo comentaba Maruxa Fernández, nunha entrevista realizada para este traballo, escolleuse Radio Libertad "porque era unha emisora que transmitía programas de distintas nacionalidades e el (Seoane) tamén quería facer alí o seu"[1630]. Nembargantes, nos seus últimos anos de funcionamento *Galicia Emigrante* cambiará dúas veces de emisora, e tamén experimentará algunha alteración no seu horario. Así, no voceiro *Lugo* de outubro de 1967, atopamos o seguinte anuncio: "Galicia Emigrante, la

---

[1628] FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (1974): "Radiodifusión", *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago/Gijón, Editor Silverio Cañada.
[1629] PALMÁS CASAL, Ricardo (1978): *A emigración galega....*, op. cit., p. 27.
[1630] "Entrevista a María Elvira Fernández López sobre a audición e a revista *Galicia Emigrante* de Luís Seoane". traballo. BLANCO ROSAS, Jesús José (2001): *Comunicación e emigración galega na audición e a revista 'Galicia Emigrante' de Luís Seoane,* Universidade de Santiago de Compostela, Memoria de licenciatura (no prelo) presentada en 2001.

decana de las audiciones culturales gallegas se transmite todos los domingos por Radio Porteña de 13.30 a 14.00, siempre con la colaboración de Carlos Arturo Orfeo"[1631]. Posteriormente, ó remate dun programa emitido o 7 de maio de 1970, único documento sonoro de *Galicia Emigrante* que se conserva, convidábase ós oíntes á próxima cita o domingo ás 14 horas por RSS Radio Excelsior[1632]. As tres emisoras citadas (Radio Libertad, Radio Porteña e Radio Excelsior) tiveron no seu momento moita relevancia no panorama radiofónico arxentino. O feito de que *Galicia Emigrante* formase parte da súa programación é a mellor proba de que suscitaba un alto interese.

O que a penas experimentou variacións durante os 17 anos que *Galicia Emigrante* estivo en antena foi a súa periodicidade. Examinando o índice das crónicas radiais do programa , que se inclúe ó final da miña Memoria de Licenciatura, no apartado dedicado ás fontes[1633], pode comprobarse que a maior parte dos textos están datados en domingo, pero incluso cando non é así, non quere dicir necesariamente que o programa deixara de emitirse nese día. O texto podía levar a data do momento en que foi redactado aínda que a locución tivera lugar posteriormente. Tamén se aprecian moitas irregularidades nos guións que coinciden con momentos nos que Seoane estaba de viaxe polo estranxeiro, dado que o artista só podía redacta-las crónicas cando llo permitían as circunstancias. Unha vez feitas enviábalas por correo urxente a Bos Aires para que chegasen a tempo de ser emitidas, o que non sempre ocorría. Asímesmo, era habitual que Seoane aproveitase as estancias nos países que visitaba para centra-la temática das súas crónicas nalgún aspecto de Galicia vencellado con eles: "Voltaba dunha viaxe a Suíza, Italia ou Gran Bretaña e a pouco escoitábamos na audición radial que escribía cada semana referencias e

[1631] Anuncio da audición *Galicia Emigrante* publicado na revista *Lugo. Lugo. Boletín del Centro Lucense de Bos Aires,* (octubre de 1967), p. 2.
[1632] Audición do programa *Galicia Emigrante* (7 de maio de 1970). Puiden consultar unha copia deste programa gravada en cassette no Arquivo Sonoro do Consello da Cultura Galega, ubicado no Pazo Raxoi de Santiago de Compostela.
[1633] "Fontes e bibliografía comentadas". BLANCO ROSAS, Jesús José (2001): *Comunicación e emigración galega na audición e a revista....,* op. cit.

aproximacións diversas á Galicia que observaba noutras latitudes"[1634], subliña Xosé Neira Vilas.

O equipo encargado de face-la audición era practicamente o mesmo que na revista. Luís Seoane e José Antonio Fernández foron, tamén aquí, os responsables da súa dirección e administración. A firma de Javier Vázquez Iglesias asumiu o patrocinio do programa na súa totalidade. Esto marca unha notable diferencia con *Galicia Emigrante* escrita, onde participaban varios anunciantes. Finalmente, Luís Seoane era o autor das crónicas sobre temas galegos que constituían o corpo principal da emisión, ás que logo Victor Luís Molinari e Carlos Arturo Orfeo encargábanse de poñerlles voz. Habitualmente fálase de que Seoane realizou encol de 850 crónicas radiais para *Galicia Emigrante* pero nós só atopamos 703[1635]. As 107 restantes ou ben perdéronse ou ben son traballos que corresponden á audición do Centro Lucense de Bos Aires, na que tamén participou. Seoane gardaba xuntos os guións que facía para ámbolos programas, polo que non resulta fácil determinar o número exacto de textos que corresponde a cada un deles.

A pesar da súa preocupación por difundir e exalta-la cultura galega, *Galicia Emigrante*, cómo a práctica totalidade das audicións galegas en Arxentina, emitíase integramente en español. Segundo teñen expresado algúns autores, esto debíase á restrictiva lexislación arxentina, que só permitía utilizar nos medios de comunicación o idioma oficial do país. O primeiro en expresar esa idea foi Manuel Meilán. O responsable de *Sempre en Galicia* afirmaba que unha lei da época peronista estipulaba esas prohibicións lingüísticas no país porteño[1636]. As obras que se publicaron posteriormente sobre a radiodifusión limitáronse a repeti-lo mesmo, sen confirmar que había realmente de certo. Tratamos de buscar algunha outra referencia a esa lei ou incluso a lei mesma para reproducila neste traballo, pero as investigacións realizadas ata o momento non deron ningún resultado. Por outra parte, aparece algunha voz

[1634] NEIRA VILAS, Xosé: "Lembranza de Luís Seoane", en *Luís Seoane (1910-1979), Unha fotobiografía,* pp. 9-15.
[1635] BLANCO ROSAS, Jesús José (2001): *Comunicación e emigración galega na audición e a revista....,* op. cit

discordante, como a de Ricardo Palmás, afirmando que o emprego do castelán obedecía unicamente ó interese por acadar unha maior audiencia, pois por esa mesma época existía unha audición para a colectividade catalana que se facía no idioma da terra con total liberdade[1637]. Para tratar de aclarar esta cuestión preguntamos a Maruxa Fernández porqué *Galicia Emigrante* non se facía en galego, e esta foi a súa resposta: "Polos Arxentinos, que escoitaban moitos fillos de galegos *Galicia Emigrante*. Para chegar a máis público se facía en Español. En galego xa había outros medios de comunicación da colectividade"[1638]. A continuación pedímoslle que nos aclarase se existía algunha prohibición en Arxentina para expresarse en Galego: "Non, ningunha prohibición con ningún idioma. En Arxentina non había ningunha prohibición"[1639]. Ante estas testemuñas nos inclinámonos a pensar ou ben que a lei da que tanto se fala non era tomada moi en serio, nin sequera polo propio Goberno, ou ben que Manuel Meilán estaba mal informado. Polo tanto, o emprego do castelán obedecería unicamente ó feito de que a parte máis importante do público ó que ía dirixida *Galicia Emigrante* constituíano mozos arxentinos, fillos de galegos, que non entendían ben a nosa lingua.

A finalidade da audición era, como no caso da revista, a de exaltar a Galicia. Tratou de desenvolver esa laboura difundindo a nosa cultura a través das crónicas que se emitían cada domingo, entrevistando a figuras relevantes do eido societario, ofrecendo puntualmente as novas das actividades promovidas pola colectividade e lembrando nas efemérides figuras e feitos protagonizados por galegos, que marcarían para sempre a historia dos países Americanos. Pero non se trataba tanto de narrar grandes fazañas como de dar a coñece-los valores espirituais que, para Seoane, constituían o principal alicerce da grandeza galega:

[1636] SAMUELLE LAMELA, Cristiana (1993): *Conversas con Manuel Meilán,* Vigo, Edicións Xeráis de Galicia, p. 157.
[1637] PALMÁS CASAL, Ricardo (1978): *A emigración galega...,* op. cit, p. 30.
[1638] "Entrevista a María Elvira Fernández López sobre a audición e a revista *Galicia Emigrante* de Luís Seoane", BLANCO ROSAS, Jesús José (2001): *Comunicación e emigración galega na audición e a revista....,* op. cit
[1639] *Ibidem*.

> Viñemos a recoller a palabra galego de labios infames, como outros fixeran antes que nós, para eleva-la á altura que ten dereito, e viñemos tratando de lembrar a todos aqueles que queiran escoitar-nos, que a grandeza de Galicia que estiman os seus fillos, non nasceu escuda en victorias guerreiras ou tras o poder de cañóns e de exércitos, senón en sobresaintes rasgos espirituáis que constitúen, através dos séculos, os signos que amosan ao mundo a súa diferenciación[1640].

Podemos facer un seguimento da evolución deste programa a través dos artigos da revista e os textos radiais referidos a el. Seoane realizou a presentación da emisión na editorial de *Galicia Emigrante* titulado "Nuestra audición radial", algúns dias despois da súa posta en antena[1641]:

> Galicia Emigrante no contenta con la labor que podía realizar desde las páginas de esta pubicación, lleva su voz al seno de los hogares argentinos por la audición que con su nombre se auspicia por esa generosa firma, en Radio Libertad[1642].

No artigo facíase unha valoración bastante positiva dese primeiro programa: "la primera audición fue un magnífico éxito del que estamos satisfechos"[1643]. Un éxito que agradecían, antes que a ninguén, "a esos técnicos argentinos, verdaderamente amantes de Galicia que aportaron su concurso"[1644]. A temática tratada foi o florecemento poético de Galicia na Idade Media. Segundo declararía Seoane posteriormente, quíxose comezar exaltando o período de maior gloria intelectual, para logo, en sucesivas audicións, trata-los

---

[1640] "No quinto cabodano da audición *Galicia Emigrante*" (18-X-1959). BRAXE, Lino - SEOANE RIVAS, Xavier (escolma, edición e estudo) (1994): *Escolma de textos da audición...,* op. cit., p. 503-504.

[1641] Os datos resultan algo confusos, pois este editorial foi publicado no número de *Galicia Emigrante,* que corresponde ó mes de Setembro de 1954, pero nel se comentaba que o espacio radial viña emitíndose desde o pasado 10 de Outubro. A explicación é que a revista apareceu con posteriodidade á data que figura na portada, pero conservou o més anterior nos créditos para manter a apariencia de regularidade na súa saida, pois aínda que era mensual non sempre conseguía manter puntualmente esa periodicidade.

[1642] Editorial "Nuestra audición radial", *Galicia Emigrante,* nº 5, (Setembro de 1954).

[1643] *Ibidem*.

[1644] *Ibidem.*

máis diversos temas de Galicia do pasado e o presente. Sería interesante saber se nesa primeira emisión houbo algún tipo de presentación, pero no texto correspondente[1645], consultado entre os guións radiofónicos que se gardan Fundación Luís Seoane*,* non hai ningún indicio de que esteamos ante o comezo dun novo espacio radiofónico. De tódolos modos resulta evidente que o locutor debeu de pronunciar unhas verbas a xeito de presentación a redacción da cal, lamentablemente, non se localizou.

Indicouse, ó falar da revista, que coa aparición do número 12 de *Galicia Emigrante* cumpríase o seu primeiro ano de funcionamento, feito que Seoane encargábase de lembrar ó público na editorial correspondente. O acontecemento aproveitouse tamén para falar da marcha do programa radial[1646]. Segundo se indicaba alí, os compoñentes de *Galicia Emigrante* ían cumprindo có seu plan de traballo rigorosamente, polo que a súa supervivencia estaba asegurada. No seguinte ano, cando a revista alcanza o número 24, cumpríanse tamén dous anos dende a aparición do seu suplemento oral. Nesta ocasión, un artigo de breve titulado "Nuestra audición radial" facía balance do acontecido ata o momento: "En este mes se cumplieron, en la sección radial de *Galicia Emigrante* sus cien audiciones. Semanalmente, durante dos años, el pasado y el presente gallego se pasearon por esta audición"[1647]. Transcorre bastante tempo ata que aparece máis información sobre o programa de Seoane. Será na crónica que conmemoraba o 5º cabodano da súa posta en antena. Alí, o director, en nome de tódolos compoñentes do equipo, manifestaba a súa satisfacción por manterse fieis ó obxectivo que se trazaron dende o comezo: "cantar a gloria do reino de Galicia, desa patria diferenciada, esquecida case para todos no extremo más occidental de Europa"[1648]. O programa non amosaba signos de cansazo pois os seus compoñentes seguían

[1645] "Exemplos de poesía medioeval galega" . Primeiro texto da audición radial *Galicia Emigrante.* (10 de outubro de 1954). O título foille asignado por Luís Seoane no índice das crónicas radiáis de *Galicia Emigrante* pubicado no último número desa revista*.* "Índide de crónicas radiales". *Galicia Emigrante,* nº 37, (Maio de 1959), pp. 1-2. A pesares do seu interese é un material que permañece inédito.

[1646] Editorial "Nuestro primer aniversario", *Galicia Emigrante,* nº 12, (xuño – xullo de 1955).

[1647] "Nuestra audición radial", *Galicia Emigrante,* nº 24, (Outubro de 1956), p. 2.

unidos e tiñan a vontade de continuar coa laboura que se marcaran: "Todos cantos daquela emprendimos esta tarefa continuamos unidos nela e conservamos igüal entusiasmo"[1649]. A continuación, Seoane deixaba trasluci-lo seu resentimento por estar confinado no exilio, o cal serviríalle para dotar dun carácter especial á súa audición, pois a voz de *Galicia Emigrante* era a voz do desterro emigrante. Destacaba tamén a función do espacio como punto de unión entre as dúas Galicias, a emigrada e a territorial: "vimos unindo nela o nome do país lembrado có deste país que nos acolle, venerando-os por igual"[1650]. No seguinte ano, polas mesmas datas, realizouse outra emisión conmemorativa[1651] e alí incidíase novamente na laboura constante que viña desenvolvendo o espacio radiofónico de Seoane entre a colectividade galega de Arxentina.

A pesares de que a audición *Galicia Emigrante* foi unha das empresas máis queridas de Luís Seoane, e proba delo é que se implicou na súa realización máis persoalmente que noutros proxectos, chegou un momento no que o seu interese polo programa comeperdazou a decrecer. Esta perda de interese garda relación cun proceso de afastamento progresivo de Arxentina e da colectividade, ó tempo que tentaba achegarse cada vez máis á Galicia que tivo que abandonar. Dende 1960 Seoane facía numerosas saídas fora do país: Nese mesmo ano viaxaba por Europa, visitando Italia, Francia, Suíza e Alemaña; en 1963, aproveitando que por fin pode vir a España, visita Madrid e percorre Galicia; en 1966 desprazouse a México e logo a Nova York para ver museos; finalmente, dende 1967 viaxaba a Galicia en anos alternos. Conforme cobraba forza a posibilidade retornar a España, sen temor a sufrir represalias do Goberno franquista, as visitas de Seoane a Galicia eran cada vez máis frecuentes. A pesares dos seus esforzos por manter o ritmo habitual de colaboracións para *Galicia Emigrante* ó repasa-la relación anual das crónicas

[1648] "No quinto cabodano da audición *Galicia Emigrante*" (18-X-1959). BRAXE, Lino - SEOANE RIVAS, Xavier (escolma, edición e estudo) (1994): *Escolma de textos da audición....,* op. cit. pp. 503-504.
[1649] *Ibidem.*
[1650] *Ibidem.*

radiais apreciase unha diminución considerable nos momentos de máis intensidade viaxeira. Por exemplo, en 1960 só figuran 28 crónicas, mentres que nos demais anos mantivo unha media de entre 45 e 50 colaboracións anuais[1652]. Nembargantes, a calidade do programa non se resinte demasiado, pois Victor Luís Molinari, poeta e xornalista moi recoñecido entre a emigración galega e, mesmo, entre o público arxentino, redactaba as crónicas cando Seoane non podía facelo.

Paralelamente, o director de *Galicia Emigrante*, foi perdendo a súa fe na colectividade. Estaba xa afeito á idea de que non podería acada-lo seu obxectivo de convertela nunha forza social unificada, pois ese obxectivo chocaba frontalmente cós intereses dos 'caciques' que asumían as direccións das principais entidades. Neste sentido, o abandono da dirección de *Galicia*, e dos cargos que ocupaba no Centro Galego supoñen, se non unha ruptura total coa colectividade, polo menos si unha viraxe significativa nas relacións de Seoane coa emigración. As cousas non podían cambiarse dende dentro, pero quedaba a esperanza de facelo dende fora, a través dos medios que dirixía, nos que agora se concentrarán boa parte dos seus esforzos: "Dende entón vivía absolutamente ó marxe da colectividade. Pero seguía sempre coas audicións de *Galicia Emigrante*" [1653], comenta del Riego. Polo tanto, aínda que as relacións de Seoane co ámbito societario quedaron bastante deterioradas aínda non estaba todo perdido.

O momento da ruptura defintivia chegará coa aparición de *Cuco Rei,* que foi a súa derradeira publicación no exilio. Na editorial do primeiro e único número deste pintoresco panfleto, Seoane realizou unha fábula sobre un home-cuco trala que se agachaba unha dura crítica contra a figura de Valentín Fernández[1654]. Algúns integrantes da Irmandade Galega, que debían simpatizar coa víctima da burlesca sátira, reaccionaron atacando a Seoane desde as

---

[1651] "No sexto cabodano da audición radiofónica *Galicia Emigrante*" (23-X-1960). BRAXE, Lino - SEOANE RIVAS, Xavier (escolma, edición e estudo) (1994): *Escolma de textos da audición...,* op. cit*.,* pp. 505-506.

[1652] "Indice de crónicas radiáis de *Galicia Emigrante*", BLANCO ROSAS, Jesús José (2001): *Comunicación e emigración galega na audición e a revista...,* op. cit

[1653] Del Riego comenta unha carta enviada por Seoane o 12 de Xullo de 1968. Ver FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1994): *Luís Seoane desde...,* op. cit, p. 81.

páxinas de *A Nosa Terra*. As críticas tiveron o efecto esperado pois, a partir dese momento (xaneiro de 1971), Seoane abandonará definitivamente toda relación coa colectividade. Non se pode determinar con exactitude ata que punto estes acontecementos tiveron repercusións na marcha da audición *Galicia Emigrante,* pois aínda que pecha por estas datas, Seoane xa non dirixía o programa dende facía algún tempo. Sábese, por declaracións da súa muller, que estivo aproximadamente 15 anos ocupando o cargo. De acordo con esta información e examinando os textos dos guións radiofónicos, parece que a emisión do 19 de Outubro de 1969, coa que se celebraban 15 anos dende a primeira posta en antena[1655], foi a despedida de Seoane como director. Tal vez por eso esta crónica resume os rasgos principais que caracterizaron *Galicia Emigrante* ó longo da súa traxectoria: O seu papel coma complemento da revista que a precedeu, a liberdade nas opinións, o patrocinio exclusivo de Javier Vázquez Iglesias, etc. Ademais, nesta ocasión, identificábase por vez primeira a tódolos compoñentes do equipo que se encargaban de face-la audición, especificando os cargos que desempeñaron.

En 1970 Seoane e maila súa muller retornan definitivamente a Galicia e establece-la súa residencia no Paseo da Ronda de A Coruña. O programa aínda funcionaría un tempo antes de pechar definitivamente. Sobre esta última etapa de *Galicia Emigrante* a penas temos información. Segundo declaracións da esposa de Seoane a dirección foi asumida por Arturo Cuadrado pero tampouco se descarta a participación de Víctor Luís Molinari e Carlos Arturo Orfeo ocupando algún cargo relevante. Seoane tampouco perdeu totalmente o contacto co programa e seguía enviando crónicas dende Galicia esporadicamente. A última que realizou está datada o 18 de abril de 1971 e nela comentaba dous números da revista *Triunfo* dedicados a Castelao[1656]. Dous meses despois, en xullo de 1971, segundo apuntaba o propio Seoane no prólogo de *Comunicacións Mesturadas*, desaparecía do panorama radiofónico a

[1654] Editorial "Homes-Cucos". *Cuco Rei*, nº1, (Setembro), 1970.
[1655] Texto da audición radial *Galicia Emigrante* conmemorativo do quince aniversario (19-X-1969). Consultado na Fundación Luís Seoane.
[1656] Texto da audición radial *Galicia Emigrante* (18-IV-1971). Consultado na Fundación Luís Seoane.

audición máis veterana da emigración galega. Lamentablemente non puido chegar ata nós ningún material (sonoro ou escrito) dese último programa o que, sen dúbida, sería de moito interese.

En 1973 Galaxia edita en Vigo *Comunicacións Mesturadas,* obra na que o propio Seoane recollía unha selección das crónicas radiais emitidas por *Galicia Emigrante.* Seoane, como tiña por costume, comunicou o proxecto a algúns dos seus amigos máis achegados de Galicia: "Tentaba (...) realizar unha escolma das 'Notas' da súa autoría que se leran na audición *de Galicia Emigrante*. Cumpríanse dez anos dende a creación da emisión, con positivos resultados. Matinaba en escoller cincuenta ou sesenta desas notas editoriais, que podían constituír un volume de certo interese polos tema tratados. De especial, porque se referían sobre todo, a cuestións artísticas de Galicia"[1657], comentaba Francisco Fernández del Riego. Tamén a través das declaracións de del Riego sabemos que Seoane tivo a idea de editar un segundo tomo, escolmando textos radiais[1658], pero en 1979 morreu sen poder levar a cabo o proxecto. A partir desta data Xavier Seoane e Lino Braxe publicaron tres obras, escolmando e traducindo ó galego diversos materiais procedentes do programa radial. Ata ó presente traballo non apareceu ningunha outra publicación significativa sobre a audición *Galicia Emigrante*. Segue pendente a edición e traducción de moitas crónicas que permanecen inéditas, a pesares do seu indubidable interese. Tratamos de dar un primeiro paso nesa dirección, realizando, por vez primeira, o censo definitivo dos textos radiais realizados por Luís Seoane para *Galicia Emigrante*. Este censo podería servir como base para posteriormente elaborar un CD-rom, que agrupe tódolos traballos realizados por Seoane para a súa audición. Dada a variedade e riqueza das crónicas, a súa reproducción en soporte informático resultaría dun valor indescritible para os investigadores e aseguraría a supervivencia no tempo duns materiais que xa constitúen unha parte importante do noso patrimonio cultural .

[1657] Del Riego comenta unha carta de Seoane datada no verán de 1964. Ver FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1994): *Luís Seoane desde...,* op. cit., p. 92
[1658] Ibidem, p. 94.

3. RELACIÓNS ENTRE AUDICIÓN E REVISTA.

Os dous medios que se están a analizar xurdiron por iniciativa de Luís Seoane, concibidos como un único proxecto comunicativo que utilizaba dúas canles diferentes para chegar ata o público. Por eso, durante o tempo que existiron paralelamente, a audición e a revista *Galicia Emigrante* mantiveron unha estreita relación. Resultou determinante o feito de que Luís Seoane fose o director de ámbalas actividades, pois el era quen se encargaba de orientalas cara unha mesma finalidade, facéndoas partícipes das mesmas preocupacións e inquietudes. De feito, Seoane sempre considerou o seu programa radial como un complemento oral da revista: "Esta audición, *Galicia Emigrante,* era o suplemento oral daquela revista"[1659], dicía nunha das súas crónicas. As relacións entre os dous medios establécense principalmente a través de referencias recíprocas, pero tamén alcanzan a distintos aspectos da súa dinámica: Organización interna, colaboradores, contidos, liñas temáticas, sistema de financiamento e posicionamento ideolóxico.

Como se indicou anteriormente os dous medios que conformaban *Galicia Emigrante* trataban de beneficiarse de parte a parte facéndose mutua publicidade. Para eso servíanse principalmente de dous mecanismos: Anuncios e referencias recíprocas. Deste xeito, en case tódalas contraportadas de *Galicia Emigrante* aparece un anuncio da firma de Javier Vázquez Iglesias patrocinando a audición. Pola súa parte, no programa radial, comentábanse brevemente os contidos máis interesantes do número de cada mes. Ademais desta publicidade, que poderíamos cualificar cómo directa, en case tódolos textos da revista que conmemoraban un aniversario do seu nacemento mencionábase o programa radial e o mesmo sucedía coas crónicas de cabo de ano da audición, onde nunca se esquecía referirse á revista.

A nivel de organización interna, a audición e a revista *Galicia Emigrante* tiñan o mesmo equipo directivo encargándose delas, asumindo Luís Seoane a dirección e Xosé Antonio Fernández a administración, o cal contribuía a dotar

[1659] Crónica radial "No quinto cabodano de *Galicia Emigrante*" (18-X-1959). Traducida ó galego e reproducida con ese título en: BRAXE, Lino - SEOANE RIVAS, Xavier (escolma, edición e estudo) (1994): *Escolma de textos da audición* ....., op.cit..

de unidade e coherencia a todo o conxunto. No apartado dos colaboradores, as coincidencias máis significativas refírense ás figuras de Luís Seoane e Victor Luís Molinari. Seoane foi, sen dúbida algunha, o máis prolífico dos dous, pois non só facía os editoriais, diversas seccións e numerosos artigos para a revista, senón que tamén redactaba tódolos textos dos guións radiofónicos que se emitían cada domingo pola audición. Pola súa parte, Molinari, publicou no medio escrito diversas entrevistas e reportaxes sobre figuras da emigración galega, mentres que na audición cinxiuse a redactar as crónicas cando Seoane, por algunha circunstancia, non podía facelo. A consecuencia lóxica de que a totalidade das crónicas radiais estivesen redactadas por Seoane e Molinari foi que os dous medios compartisen os mesmos contidos, pois había unha serie de seccións que aparecían simultaneamente en ambos. Por exemplo, unha crónica radial podía servir tamén como artigo e, á súa vez, un artigo da revista utilizábase como crónica radial para a audición. O mesmo sucedía cos reportaxes, as entrevistas e as seccións breves de efemérides e noticas sobre a colectividade.

Tamén existen afinidades no sistema de financiamento, pois os dous medios baseaban a súa supervivencia, principalmente, na publicidade. Por último, como a audición e a revista *Galicia Emigrante* perseguían o mesmo propósito e compartían unha liña de pensamento, resulta bastante lóxico que tratasen dos mesmos temas (emigración, idioma, arte, literatura, teatro, evocacións) e que a súa visión de todas esas realidades sexa practicamente idéntica.

Nembargantes, non todo foron coincidencias. En primeiro lugar, hai que ter presente que estamos a falar de dous medios de comunicación moi distintos entre sí e que cada un deles presenta as súas características particulares. A audición, por exemplo, era moito máis accesible á xente porque chegaba a todas partes de forma case inmediata, mentres que a revista víase obrigada a operar nun radio de acción moito máis limitado e só captaba un sector moi concreto do público. Así mesmo, a maior simplicidade do medio radial permitía face-lo programa semanalmente e manter esa periodicidade de forma constante. En cambio, a realización da revista resultaba moito máis complexa,

pois en cada número había que coordinar ós distintos colaboradores, organiza-las seccións e maquetalas, deseñar as cubertas, mandalo todo á imprenta e, unha vez que os exemplares estaban listos, distribuílos por quioscos e librerías ou envialos por correo á xente de fora que os solicitaba. Todos estes factores, e moitos outros, xustificaban sobradamente os constantes retrasos na periodicidade de *Galicia Emigrante*, que moitas veces non conseguía mante-lo ritmo mensual de publicación. A maior complexidade da realización da revista tamén repercutía no seu financiamento, pois a realización de todas esas labouras obrigaba a facer un maior desembolso de cartos. Do mesmo xeito, aínda que os dous medios sostíñanse coa publicidade, a audición contou durante todo o tempo que estivo en antena co patrocinio exclusivo de Javier Vázquez Iglesias mentres que a revista publicaba avisos de numerosas firmas, o que dificultaba o cobro dos anuncios.

Nembargantes, non todo son desvantaxes para o medio escrito. Se algo se pode dicir en favor da revista é que presentaba maior variedade de contidos e colaboradores, mentres que a audición estructurábase nunha crónica longa e varias seccións breves. Todo eso conducido por un pequeno equipo de xente dirixido por Luís Seoane. De tódolos xeitos resulta evidente que levar a cabo a audición requiría bastantes menos esforzos e non plantexaba grandes dificultades. Todo eso traducirase na súa maior lonxevidade pois, cando a revista desapareza, o programa continuará emitíndose durante doce anos máis.

ARTES PLÁSTICAS, ARQUITECTURA E EXILIO

CARIDAD MATEO

Iago Seara Morales
Consello da Cultura Galega

1. INTRODUCCIÓN

A arquitectura moderna aparece, hai menos dun século, para responder ás demandas duna sociedade inmersa na Revolución Industrial e á visión idealizada que esta ía creando de si mesma. Prodúcense rupturas drásticas co pasado obsoleto, ecléctico e historicista, nas que o modernismo desempeñou o papel de fumigante implacable; isto permitiu, tamén, que os principios básicos da arquitectura se fosen redefinido. Os resultados deste importante cambio empézanse a sentir en todo o mundo, e é certo, como diría William J. R. Curtis, que hoxe "estamos máis preto do principio dunha tradición ca do final doutra". As últimas reaccións contra a arquitectura moderna, que se sintetizan na práctica coa arquitectura postmoderna, dependen plenamente, para poderen ser comprendidas e formuladas, do adversario: o Movemento Moderno. Por todo isto, parece necesario e urxente facer unha pausa e recapacitar sobre os obxectivos, os logros e as concrecións locais da tradición moderna. Estes caracterízanse pola maneira en que se lles dá forma ás ideas ("Resolver un proxecto é ter ideas", Le Corbusier) e pola fusión profunda e ética entre a poética individual, a arquitectura vernácula e as formas que proporcionan o estilo e a tradición dun certo período.

Munford entende a arquitectura como unha alternativa a partir da "interacción da cultura popular e o lugar de orixe", en definitiva, como a "nacionalización" do Movemento Moderno. Posteriormente, Aalto percibía a modernidade desde unha perspectiva crítica do poder e apoiaba a idea da identidade; xunto ás experiencias de Kenzo Tange, pódense concertar esforzos para volver canalizar o Movemento Moderno e fortalecer a súa esencia como unha cuestión realista e comprometida socialmente. Esta reconducción tivo o

seu apoxeo nos anos 60 e retómase despois, gradualmente, a partir dos 80 (Alex Tzonis)

En España, antes e durante a Guerra Civil, o Movemento Moderno penetra con forza e intensidade, con exemplos como Mercadal, Lacasa, Sert e o G.A.T.E.P.A.C., e esténdese con eficacia en todo o territorio do Estado. Desde os anos 40 ós 50 presiónase desde os organismos oficiais cunha práctica historicista-imperial escurialense; son célebres os exemplos como o Ministerio do Aire, de Luis Gutiérrez Soto, e a casa do partido, de José Luis Arrese. É a partir dos anos 50 cando se empeza a restaurar, paseniño, a vida social e espállanse algúns exemplos que se refiren á tradición do Movemento Moderno, como a Casa Sindical, de Asís Cabrero e Rafael Aburto.

Antes de nos introducir de cheo no tema da concreción e matización que a arquitectura de Galicia consegue dentro do contexto irrenunciable e irreversible da tradición do Movemento Moderno, cómpre facer unha análise breve para esclarecer o comezo e a súa concreción, e tamén a personalización que lles deu autoría e corpo no noso país.

O racionalismo en Galicia comeza a manifestarse sobre 1930 e o seu sedimento acóllese, como tantos outros estilos, con algúns –aínda que escasos– exemplos moi significativos nas nosas cidades e vilas, sobre todo na Coruña, Vigo e Lugo (en Ourense e Pontevedra tivo menos intensidade). A simple vista observamos unha constante na arquitectura galega que, igual cás do resto de España, subscribe o Movemento Moderno duna maneira formal e, á hora de pensar nos múltiples problemas concretos e obxectivos, aparentemente non o fai e cae nunha práctica esencialmente abstracta. Ante as adhesións formais que, coma tantos outros en Occidente, tiveron os arquitectos do resto do Estado español (sobre todo en Barcelona e Madrid) xorde unha militancia crítica que personifica fundamentalmente Lacasa; este opta por entender a arquitectura que era preciso facer, aquí e en todo o Occidente, como algo racional, pero algo racional contra o "racionalismo formal"; é dicir: a arquitectura debe ser "equivalente razoable, lóxica, fundamentada; pero o exercicio da razón ten que estar precedido da experiencia sensorial e da práctica social: "O que non é racional non pode ser funcional".

O debate, personificado e concretado en Sert e Lacasa, sobre as orientacións do Movemento Moderno en España, tivo a súa plasmación física, xa que o Goberno da II República encargoulles a estes arquitectos o pavillón de Exposicións de España na Feira Universal de París (obra que resultou ser "a menos Sert" e "a menos Lacasa" das que se coñecen). Non temos constancia de que este debate se perfilase nos arquitectos que, en Galicia, axiña se uniron a este movemento da arquitectura. En Madrid, coa fronte a moi poucos quilómetros, nace unha experiencia de apoio ás necesidades do Goberno republicano, con Lacasa na sección de Agit-Prop do 5º Rexemento. En Barcelona –coa esperanza de que a utopía da "vangarda", unha nova orde-unha nova arquitectura, se puidese facer realidade debido á nova ordenación das relacións de producción no sector da construcción e á introducción de cambios cualitativos no ensino da arquitectura– téntase facer unha modificación metodolóxica que se centra na creación do Sindicato de Arquitectos de Cataluña (S.A.C.) coa reorientación da publicación *AC*, órgano do G.A.T.E.P.A.C. (Grupo de Arquitectos e Técnicos Españois para o Progreso da Arquitectura Contemporánea) e o G. A. T. C. P. A. C. (Grupo de Arquitectos Cataláns...) baixo a dirección do arquitecto Torres Clavé, sindicalizado e militante. No penúltimo número de *AC*, que se asina colectivamente por primeira vez —e isto é significativo— coas iniciais do G.A.T.C.P.A.C., dise: "Abogamos por una intervención decidida del S.A.C. en todos los problemas del momento actual. En el control de las casas constructoras y en la futura orientación de dicho control, en la utilización de la vivienda y en la colectivización del ramo de la construcción, en los planes de obras a realizar, en la orientación de la enseñanza, en la conservación de los monumentos históricos"; e como di Francesc Roca Rossell: "Es el envés del utopismo Lecorbuseriano: se trata, aquí, de la transformación de las condiciones de trabajo profesional, de una nueva ordenación de las relaciones de producción y de la introducción de cambios cualitativos en la enseñanza".

Pero non se debe afirmar que en Galicia non existise ningún indicio de preocupación ou de interese informativo sobre algo que, loxicamente, debeu ter resonancia nas preocupacións dos intelectuais dos arquitectos galegos. Unha

proba dese certo interese, aínda cuantitativamente pareza insignificante, é a existencia, naquel momento, de cinco subscritores á revista *AC*, que estaban localizados en tres poboacións ("La difusión de *AC*", *Cuadernos de Arquitectura y Urbanismo,* número 90). Non consta que houbese nos arquitectos galegos outras subscricións a órganos de difusión do racionalismo, pero é moi posible que, de existiren, se concentrasen nos mesmos. Sen embargo, este xermolo, que estaría xirando arredor da esperanza crítica que lles chegaba nas preocupacións expostas na revista *AC* non era, nin moito menos, despreciable, se nos fiamos do influxo que puido provocar esta impacto. Abonda con extraer algúns dos principios programáticos expostos no primeiro número de *AC*, que trataban de centrar o problema da arquitectura cun esforzo de contemporaneidade e cunha débil actitude crítica con respecto ó movemento universal de renovación:

> Los sistemas arquitectónicos, históricos, no fueron obra de fantasía y de capricho, expresan los caracteres esenciales de una época y de una región, estructura social, procedimientos de construcción, materiales propios, necesidades económicas, exigencias espirituales". "Estamos en presencia de un estado de espíritu nuevo que anula costumbres y que tiende a ser universal. La arquitectura contemporánea debe estar de acuerdo con estos caracteres. Adoptar un sistema histórico es falsear el sistema y negar la época. En las arquitecturas regionales, producto de las condiciones del clima, costumbres locales y materiales de los que se dispone, solamente el clima tiene un valor absoluto. Lo esencial subsistirá. Lo episódico, lo accidental debe desaparecer.

Pois ben, independentemente de quen fosen os subscritores, os exemplos de arquitectura que pretende esgrimir o racionalismo histórico están aí, é dicir, mantéñense e poden provocarnos reflexións que, loxicamente, non son, nin moito menos, desprezables á hora de comprendermos o Movemento Moderno da arquitectura en Galicia.

A práctica ou o exercicio da arquitectura en Galicia enmárcase neste contexto internacional e estatal, cunhas doses incuestionables de vangardismo.

Así como a vangarda da arquitectura occidental estaba inserida nunha vangarda cultural máis ampla, a arquitectura galega que segue ó racionalismo histórico convivía no tempo con vangardas culturais que, dun xeito crítico, apoiaban o esforzo restaurador que tentaba revitalizar a personalidade galega e que xa se iniciara con Rosalía de Castro. Carlos García Martínez dinos que este esforzo revitalizador "alcanza, a partir de 1920, uno de sus puntos de máximo esplendor con la Generación Nós. La génesis de esta generación se encuentra en el Cenáculo Ourensán, del que forman parte Risco, Otero Pedrayo y López Cuevillas"... "Son hombres, según confiesan, inadaptados, y su tónica definidora es la insatisfacción, el inconformismo y la rebeldía. Tienen la mirada puesta en Europa y cierto gusto por lo exótico. Leen a Baudelaire, Mallarmé, Verlaine, Maeterlinck, Poe, D´Anuncio, Marinetti, Rilke, etc., y a Tagore y a Omar Khayyan"... "En los primeros momentos", segue dicindo Carlos García citando a Lorenzana, "su impulso vital los lleva a separarse del entorno inmediato. La realidad hiriente de su país atraerá nuevamante su atención y su capacidad. Su vida desde este momento se identificará con la vida de Galicia".

Axiña se fundou, arredor do grupo ourensán, a revista *Nós*. Os seus obxectivos concrétanse de seguida nunha tendencia dialéctica da personalidade antropolóxica e social en un enraizamento da personalidade galega no plano da universalidade; como di Carlos García Martínez, "su empeño principal se dirige a la reconstrucción espiritual de Galicia, por medio de su personalidad trascendente, de su tradición más auténtica". En poucas palabras, perseguían a regaleguización do país, que debe chegar por dous camiños: a revitalización do autóctono e a vinculación co europeo (o moderno).

As preocupacións da Xeración Nós logo tiveron a súa complementariedade no Seminario de Estudos Galegos e na instauración das facultades de Filosofía e letras, e de Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela. Este seminario, que estaba estructurado por seccións, aglutina de contado personalidades vinculadas a unha traxectoria galeguista e / ou vangardista, como: Iglesias Iglesias e Parga Pondal (Sección de Ciencias Naturais); o arquitecto Gómez Román, que investiga sobre a casa galega e as artes industriais (Sección de Ciencias Aplicadas); Otero Pedrayo, que inicia

axiña unha investigación extensa e necesaria sobre a xeografía histórica e a cartografía de Galicia (Sección de Xeografía), Vicente Risco con traballos fundamentais sobre os tipos de poboación rural, arte popular, mitoloxía, etc., (Sección de Etnografía e Folclore), e outros moitos.

No alborexar do Movemento Moderno conxúgase o sedimento que deixaron os arquitectos Galán, Vázquez Gulías, González Villar e Antonio Palacios con prácticas modernistas e expresionistas; isto obsérvase en obras como a Casa Rei, de Julio Galán, na Coruña; o edificio número 22 da Praza Maior de Ourense, de Vázquez Gulías; o edificio Castromil, de González Villar, en Santiago; a Casa Consistorial de Porriño ou o Templo de Veracruz, de Antonio Palacios. Todas elas superan, segundo Almuíña e X. L. Martínez Suárez, o "carácter superficial o anecdótico de la moda, del mimetismo formal" xa que dun xeito non exento de sorpresa, os "tipos enraizados en lo popular" volvéronse interpretar segundo esquemas formais modernistas ou expresionistas "en una lección magistral de respeto por las preexistencias ambientales y arquitectónicas y de integración en el conjunto de la calle sin renunciar por eso a la individualidad del edificio ni tampoco a las ideas de la Arquitectura Moderna".

De todos os xeitos, como din Almuíña e Martínez, "la debilidad de la burguesía gallega ilumina también un poco lo sucedido en la arquitectura gallega",... "a excepción de sus elementos más progreistas, dando la espalada al problema nacional gallego incidió en la flaqueza de un posible movimiento autóctonamente original, estando como está la actividad en este campo tan vinculada a unas disponibilidades económicas y a todo un proceso productivo"

Todo isto vese agravado pola falta de sistematización e estudio na investigación histórica e na investigación das tipoloxías, agás nos traballos que máis tarde se fixeron relacionados coa vivenda unifamiliar rural e vinculados ó Seminario de Estudos Galegos: terra de Melide (1933), Santa Marta de Moreiras (Ben Cho Sei), a parroquia de Velle (Xaquín Lorenzo e López Cuevillas, 1936), ou o estudio sobre a casa, publicado na *Historia de Galiza* dirixido por Otero Pedrayo e realizado por Xaquín Lorenzo. Este tipo de traballos noutros lugares estaban vinculados a membros do G.A.T.E.P.A.C. como Mercadal, Torres Clavé,

etc., todos eles arquitectos; en Galicia estaban en mans dos etnógrafos. Estes estudios non tiveron unha repercusión rápida nos nosos arquitectos, agás no caso de Gómez Román que se pode dicir que, desde o seu rexionalismo algo romántico e coa súa visión case arqueolóxica (a tradición histórica da arquitectura), non serviu para facernos dar un paso de avance senón, máis ben, de recoñecemento e de restauración estricta do pasado.

É digno de ser salientado o feito de que a vangarda cultural comprometida con Galicia, que ó mesmo tempo a reinterpretaba coa vista posta na cultura máis avanzada do momento, a Xeración Nós, non recolle nos volumes do seu órgano de expresión ningunha referencia, ensaio ou reocupación pola creación arquitectónica do momento no noso país e, aínda menos, os seus debates. Non sucedeu así con outras manifestacións artísticas como a pintura, a escultura, a literatura, a poesía, etc... Isto, sen ser arriscado dicilo, supón que no proxecto de restauración cultural, no que facían militancia as máis preclaras e comprometidas mentes do galeguismo, a nova arquitectura non fose considerada como un instrumento restaurador do país galego. A mesma carencia faise notar no Estatuto do 36 e, o que é máis, isto non resulta, hoxe, de estrañar, pois o Estatuto de 1980 tampouco fai ningunha referencia sobre este tema, salvo as mencións sobre as competencias en materia de patrimonio histórico e arquitectónico.

Non obstante existe na Xeración Nós unha excepción que toca directamente o tema da creación arquitectónica. Aínda que é certo que o tema é tratado a través da análise crítica, non profesional, por unha das penetrantes figuras do galeguismo, Vicente Risco. Na serie de artigos da revista *Nós* publicados nos números que van do 79 ó 138 trátanse as experiencias críticas e fondas, aínda que non exentas da ideoloxía tan peculiar de Risco, que o autor tivo na súa viaxe a Alemaña e Centroeuropa. No número 112, páxinas 61 a 64, hai reflexións comprometidas e fondas que, desde unha perspectiva crítica, métense, e dicimos dabondo, na polémica que se estaba xestando dentro de racionalismo e que, neste artigo, chegamos a intuír torpemente. Primeiro Risco eleva á categoría de definición da arquitectura a formulación do obxectivo do artigo.

> precural-a y-alma da nova Alemaña, atal coma se expresa na arquiteitura. Cada día máis, a arquiteitura é o símbolo máis craro da y-alma dos pobos... Todo o que teñen escrito os aliadófilos durante a guerra, encol do gusto pesado e torpe dos alemáns, debe d´estar fundado no estudio destas casas.

Inmediatamente entra a formula-la nova arquitectura, o que nos leva, sorprendentemente, a unha explicación clarividente do Movemento Moderno; Gropius ou a Bauhaus non nos sorprenderían tanto.

> A arquiteitura nova non é d´ise geito. Non somentes non é rematadamente feia senon que moitas é perfeitamente razoábele e comprensíbele: moitas veces perfeitamente natural, moitas veces é, ou semella ser, o desenvolvemeneto lógico da arquiteitura nacional antiga; de cote ten certo caraute nacional, é sempre alemana, e semella non poder ser doutra terra. Vese que é debida a unha evolución interna verificada in situ.

Este artigo, anunciabamos anteriormente, resulta contradictorio, como contradictoria era a personalidade deste non por isto menos brillante pensador. Nel contrapón esta arquitectura "en horizontais" á americana "de rañaceos", "megalómana e babilónica", propia do NEMROD que "levaría á sociedade ó manicomio". Polo contrario, esta nova arquitectura alemana parécelle "racional dabondo. O que me deron foi a ideia de extensión, de aplanamento, de rente ao chao". E é neste momento onde a contradicción se plasma e se fai máis evidente, pois, de repente, esta horizontalidade premiada antes é identificada co igualitarismo e, citando a Splenger, asóciaa á "cultura da chaira, do rente ao chao do igualitarismo". Esta sorpresa transfórmase, definitivamente, en confusión total cando nos afirma que esta cultura é "a cultura d´unh´alma á ras de terra, deprimida, enana, incapaz de verticalidade: o que sería xa senil e decadente dende a súa nacencia, porque esgótase na expansión, non tería forzas para criar". E aqueles aspectos formais que o levaron a afirmar que era "razoábele e comprensíbele", "natural", "o desenvolvemento lógico da

arquiteitura nacional antiga", cámbianse no seguinte: "estas casas son, ademais de fachada inteiramente lisa e sen acordo ningún; todas son de superficies planas, tan eisageradamente simples, tan friamente ispidas, qu´indican ben a sordidez do sprito dos arquiteitos e dos donos. Millor sería dicir a sordidez do noso tempo. Tempo d´almas rasuradas e tristeiras".

É difícil sacar conclusións respecto a unha posible militancia de Risco nesta nova arquitectura; parece que cando o resultado formal se contrapón á pesadez e ó aspecto basto dos estertores do último historicismo formal e decadente, a nova arquitectura como expresión dunha nova racionalidade recibe a súa aceptación bondadosa, pero ante o temor de que se erixa non en cambio e expresión "do pobo", non en dinamismo "pr´a vida", senón "pr´a morte", fano dubidar e a aceptación transfórmase en negación. Parece que, para Risco, a realidade alemana, a ameaza dos "spartakistas", escisión da socialdemocracia alemana, ou a europea, en particular a realidade política soviética, ambas asimiladas á "adoración do Home" ou, o que é o mesmo, á "serpente do Paraíso", e o "torrebabelismo" e aínda a bárbara soberbia de Nemrod convértense en representantes dunha ideoloxía e fano dubidar.

Pero se disipamos ese temor de estandarte dunha ideoloxía, que é lícito que Risco teña e que nós intuímos, quizá poidamos afirmar que o seu balance queda positivado da seguinte maneira: "non tódolos edifizos de novo estilo son feios, hainos positivamente fermosos, especialmente casas pr´a vivir, sono cando conservan a estructura e o senso da casa principalmente. O qu´e acontez é qu´a súa beleza reside na súa singeleza –especialmente por contraste cos edifizos d´estilo penúltimo– o no seu acomodamento a función que has vencer. Querse dicir que é unha beleza tinguida d´utilitarismo. A beleza da geometría pura...".

Ante os temores de Risco, o máis aberto á comprensión deste tema, non nos estraña que o liderado deste espírito vangardista non fixese efecto no resto da súa tendencia cultural e, deste modo, non servise para instrumentalizar a arquitectura racionalista no proxecto de restauración e recreación de Galicia.

2. A ARQUITECTURA RACIONALISTA

O G.A.T.E.P.A.C e a Bauhaus exerceron, como era lóxico, unha influencia considerable nos arquitectos de Galicia. Os principais impulsores foron: en Santiago, Xosé María Bonet; na Coruña, Rei Pedreira e Xosé Caridad Mateo; en Ourense, Antonio Álex Reylén e Manuel Conde; en Lugo, Maquieira e, en Vigo, Francisco Castro, entre outros.

Pronto se foron plasmando certas máximas do racionalismo nas obras destes arquitectos: a concepción independente entre a fachada (que deixa de ser soporte estructural) e a estructura de formigón, da que pouco e pouco se foi asumindo a comprensión e utilización; os paramentos da fachada adquiren, paseniñamente, o aspecto formal do racionalismo centroeuropeo, con acabados e recebos de cemento e area lisos, e sen ornamentación de ningún tipo, nos que a textura natural se incorpora á plástica da obra arquitectónica; as ventás perden as proporcións habituais de predominio de altura sobre o largo para ir cambiando cara á horizontalidade; os beirados abertos en seguida adquiren a configuración formal de remates en curva, con antepeitos de fábrica e acabados semellantes ó da fachada e/ou remates con tubo de aceiro con sección circular; a distribución interior comeza a dividirse claramente en pezas húmidas, diúrnas e nocturnas; os recantos, curvos ou en ángulos, empezan a proliferar.

Nunha primeira etapa, estes aspectos comezan a empregarse mimeticamente á maneira da arquitectura racionalista europea e do resto do Estado. O expoñente máis significativo é a Casa-Biblioteca Municipal Menéndez Pidal, de Antonio Tenreiro, nos xardíns de Méndez Núñez (A Coruña, 1933).

Outra obra significativa, pero máis vinculada ás que comezaban a utilizar formigón, con reminiscencias formais dos alpendres de tipo industrial, é o mercado de Santo Agostiño (A Coruña, 1932), que realizaron Santiago Rei Pedreira e Antonio Tenreiro. Está composta dun soto baixo e dunha planta elevada entre os arrinques da nervadura das bóvedas "de unos 32 m. de luz calculada por el ingeniero E. Torroja" (X. Martínez e X. Casabela). O tellado resólvese con bóveda de sección semielíptica, con lumieiras na cuberta e grandes claraboias nos testeiros. A planta é rectangular e destaca a adecuación á arquitectura da cidade histórica da Coruña (colócase no centro da praza de

Santo Agostiño). O valor deste edificio público e a súa influencia na arquitectura de Galicia fundaméntase na proba que supuxo a utilización dunha técnica nova, a do formigón, ó servicio dunhas luces grandes e dunhas formas audaces e novas; a profesionalidade de Torroja serviu para facer confiar na técnica que, dalgún xeito, estaba revolucionando a concepción tradicional da edificación.

Pero se hai un arquitecto que pode representar as características do elo disciplinar que se corresponde co inicio do Movemento Moderno en Galicia ese é Xosé Caridad Mateo, que naceu en Betanzos e viviu toda a infancia e adolescencia na Coruña.

Caridad Mateo inicia os contactos coa arquitectura a través das Escolas de Madrid, primeiro, e Barcelona despois. Nesta última remata os estudios no ano 1931. A influencia de ambas as escolas e dos debates que nelas se viñan realizando faise patente nel. Non obstante, o debate plural de Barcelona (G.A.T.E.P.A.C., *AC*, etc.) estivo máis presente na súa obra. El mesmo puido convivir, no último ano de estadía en Cataluña, cos primeiros números de *AC*, expresión e plasmación do miolo do debate arquitectónico en Cataluña e que saíron á luz no primeiro trimestre de 1931, co entusiasmo que xeraba o G.A.T.E.P.A.C. como grupo de vangarda máis coherente e combativo daquela época, tanto no campo do deseño coma na configuración urbana.

Desde o ocaso da dictadura de Primo de Rivera ata os meses do colectivismo en plena Guerra Civil, o G.A.T.E.P.A.C. foi unha forxa constante de proxectos, ideas e conexións coas vangardas críticas europeas contemporáneas, nun dos elos máis singulares e cheos de emoción na historia da modernidade e, en particular, na historia cultural recente. Unha e outra vez pasáronse as páxinas daquela etapa rigorosa e comprometida, de xeito que, ademais, educou a pupila na contemplación estética contemporánea; e, aínda máis, reconduciu a tectónica e a comprensión sensual do espacio funcional contemporáneo e actual.

Caridad Mateo inicia a súa actividade profesional na Coruña desde a Cámara da Propiedade Urbana. En 1936 fusílanlle o pai, o xeneral Rogelio Caridad Pita, por se manter ó lado do Goberno legalmente establecido e a el sepárano do traballo e considérano "desafecto al régimen". De contado, Xosé

Caridad e os irmáns trasládanse ó lado republicano e el incorpórase ó Corpo Técnico de Aviación do Exército Popular. Cando remata a Guerra Civil, exíliase en Francia, camiño de México, e alí establécese e exerce a súa actividade profesional a partir de 1939.

As obras que realiza en Galicia son, por desgracia, moi poucas, pero imos tratar de destacar as máis importantes.

Edificio de vivendas na rúa Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1938). Este edificio, medianil, nun terreo de planta rectangular, desenvólvese en planta baixa, catro andares e bufarda. A planta acolle dúas vivendas que se organizan ó longo dun corredor. Nos extremos do corredor están o salón e o cuarto principal (dá á rúa Pardo Bazán), a cociña e o comedor (dan ó patio do bloque). O resto dos cuartos (dous) dan a un patio de luces central, así como o cuarto de baño, o aseo e a escaleira do edificio, que recibe luz e ventilación. A racionalidade da concentración dos "cuartos húmidos" maniféstase dun xeito moi actual. Existen, ademais, outras dúas pezas que reciben luz e ventilación a través da sala e do comedor e que, aínda que se poden usar como dormitorios, tamén poden ser espacios complementarios de ambas as estancias principais. A fachada realizouse como expresión da distribución da planta: dúas vivendas de idéntico programa amosan unha simetría clara; pero tamén reflicte a incorporación da tectónica propia –que incorpora o propio Movemento Moderno– das columnas que independizan a fachada do sistema estructural. Así, a estructura reflíctese na fachada de planta baixa, e os andares altos sobresaen, co corpo central aberto (dúas solainas que se corresponden cos salóns) e dous corpos laterais cerrados, acristalados e simétricos (cuartos principais). O acristalamento prégase cara ó interior do balcón central e, deste xeito, acentúase a lixeireza e a independencia do saínte da fachada. Por riba das ventás da galería existe unha moldura que actúa de desaugadoiro. Os balcóns rematan con varandas de tubo de aceiro pintado. Así, a fachada está dividida, de arriba a abaixo, en tres bandas verticais: unha central (en liña coa significación dos balcóns) e outras dúas laterais (simétricas e acristaladas, que fan converxer todo o corpo do edificio centripetamente). O edificio coróase cun ático clásico; interrómpese e elimínase o corredor acristalado e dótase o balcón

resultante dunha prolongación, que ten forma de cuarto de círculo e que invade, parcialmente, os balcóns inferiores. Á súa vez, o balcón superior culmina cun tellado curvado no recanto. Por riba do ático hai unha bufarda, que presenta unha varanda de fábrica con celosías verticais.

As arquitecturas engadidas ou interiores con, ás veces, intervencións nas que a experimentación, a investigación da tectónica e a sensibilidade espacial dunha época se deben poñer en funcionamento para responder a demandas como que un espacio comercial se converta nun logotipo espacial ou a necesidade de que un investimento en construcción sexa rendible. Caridad Mateo, autor da reforma da fachada e do local comercial para a firma Malde, na rúa do Vilar, número 21 (Santiago de Compostela, 1934), tivo que enfrontarse a dúas cuestións. A firma Malde estaba especializada en xoiería (de comercialización e de fabricación) e, polo tanto, a adaptación acolle un obradoiro na parte posterior do local.

A intervención de "posta ó día" que supuxo no seu momento esta obra de Caridad Mateo é importante porque nela xorde un diálogo fructífero entre os aspectos positivos dunha tradición, ó mesmo tempo que non se deixa de comprometer coas ideas da vangarda crítica europea e coa plataforma dunha poética persoal propia. Con esta obra iníciase unha liña de debate na intervención sobre o patrimonio arquitectónico.

O edificio da xoiería Malde fora reestructurado por Eduardo Rodríguez Losada seguindo un modelo eclecticista-historicista. Caridad Mateo, co fin de adaptar máis axeitadamente o local ás necesidades comerciais, non dubidou en rectificar a imaxe historicista da fachada de tres ocos que se acababa de renovar. Consciente das características plásticas que o Movemento Moderno estaba incorporando gracias ás posibilidades do cemento armado, que liberaba e aclaraba as fachadas, propuxo unha apertura total do local comercial e concentrou a fachada nun só oco cun arco grande. Este apóiase nun machón lateral e medianeiro e, á súa vez, nun piar baixo, froito da unión doutros tres. Ese piar múltiple iníciase nunha base e coróase nun conxunto de tres capiteis apegados do mesmo material que o resto da fachada. Sen embargo, o fuste triple resólvese en material granítico negro. Podemos destacar que o conxunto

de capiteis actúa como un elemento de atracción intencionada, cunha clara dialéctica románica que os incorpora, polo seu tamaño, á altura dos ollos. Dos tres piares apegados nace un arco con diámetro máis pequeno e, polo tanto, máis baixo, que acolle en liña o portal do edificio. A través do alixeiramento e do oco da fachada sitúase o local comercial, de maneira que sexa posible contemplalo ben desde a rúa. A partir do arco, a tenda distribúese segundo a tipoloxía clásica: vitrinas-escaparates abertas ó exterior, interior destinado a transaccións comerciais e trastenda dedicada a obradoiro.

Todo o local manifesta unha clara unidade, nunha linguaxe claramente racionalista. Resulta espectacular e innovador o xeito de aliñar o límite da tenda para crear un espacio asoportalado, que recupera a función de acoller un público observador, que fora privado do soportal, nun clima tan chuviñento como o de Compostela. Dentro deste espacio, as vitrinas e os expositores son, clara e intencionadamente, mobiliario. Pola súa vez esas vitrinas encaixan, por medio de pregamentos, coa carpintería e coa fachada interior da xoiería. Unha vez no interior, o espacio acaba tamén nunha clara simetría que se rexe polos principios de limpeza, transparencia e racionalidade: nel a luz indirecta acomódase ós xogos dos diferentes planos e ás xeometrías sinxelas das escaiolas dos teitos. É sorprendente observar como o colgante da escaleira do edificio que dá ó exterior da xoiería se transforma, co xogo de teitos e paredes, no oco de acollida da caixa. Os mobles e vitrinas, igual có soportal, incorpóranse como tales para centrar aquela limpeza e racionalidade. Ó fondo da xoiería sitúase unha fiestra moi grande, cun diámetro singular, a través da cal se incorpora a actividade dos operarios do obradoiro de pratería. Aquelas ideas da Bauhaus, en relación á converxencia dos valores do artesanal na producción industrializada ou seriada, estábanse reflectindo, aínda que nunha dimensión inferior, na firma Malde e, por iso, Caridad Mateo debeunos querer expoñer nesa abertura que adquire un lugar e unha presencia moi importantes.

A entrada á rebotica ou obradoiro non ten menos importancia: xambas curvas que convidan a entrar, portas dobres fraccionadas por unha figura de cristal que permiten ver, a través delas, un pomo de aceiro nunha verticalidade que plasma unha estética case propia dun cadro experimental; e, no lintel, que

resulta das curvas das xambas, o reloxo (as súas horas prolónganse fóra dos seus límites e gráfanse tamén na parede).

Todo está deseñado, desde a fachada ata os tres espacios comerciais, desde os mobles ata os seus detalles. Esta obra é quizais, e malia as reducidas dimensións, o labor máis completo en deseño e en conservación de expresión dun racionalismo que, aínda que racional, é crítico ó se incorporar con acerto ó local, despois dun exercicio brillante de comprensión das propias leis da súa conformación, do uso e dos usuarios que ían utilizar a rúa do Vilar (fachada en textura e linguaxe pétrea e didáctica románica, acentuada polos canzorros que sitúan o arco grande). O soportal, as vitrinas, a xoiería (sobria, transparente e ordenada), a rebotica e o obradoiro (iluminados e ordenados) pódense comprender nunha profunda ollada na que a plástica racionalista e a maxia tradicional e positiva está en tensión.

En España, a primeira xeración de posguerra (a de Cabrero, Valls, Aburto, Coderch, Fisac, De la Sota, Sostres, etc.), que se caracterizaba pola recreación do Movemento Moderno, foi secundada polo que Carlos Flores (*Arquitectura Española Contemporánea. 1880-1950*) chama a "segunda xeración", cunha "idea clara sobre la arquitectura que se hace en el mundo y el papel que España juega en relación con ella". Todos os seus integrantes van construír unha xeración perfectamente diferenciada da anterior: Buhigas, Carvajal, Correa, Cubillo, Molezún, Sáenz de Oiza, etc. Despois destes arquitectos, da primeira e segunda xeración de posguerra, de seguida se incorporaron os que Carlos Flores sinala con 30 anos de idade e que lles chama, no libro de 1961, última xeración. Esta caracterízase, segundo Carlos Flores, polo "interés por los problemas urbanísticos, el afán de conocer en su dimensión real la arquitectura –antigua y moderna– de los demás países, una atención siempre despierta hacia la evolución del pensamiento arquitectónico; son otras tantas características que determinan la personalidad común de las más recientes promociones".

En Galicia, o panorama da arquitectura era pouco alentador. A iso contribuíron varias causas que fomos expoñendo xa e que sintetizamos de seguido:

1- O Movemento Moderno anterior á Guerra Civil (racionalismo-funcionalismo) comprendeu un período relativamente curto e pouco extenso que, dificilmente –non sendo algúns exemplos singulares–, superou a adhesión formal, aínda que sen callar nun movemento coherente, de resposta propia, que se identificase en si mesmo como resposta colectiva ás necesidades dun tempo novo e dun lugar, e á incidencia da arquitectura europea.

2- Por mor da case reconversión dos arquitectos á construcción monumentalista e historicista que o franquismo demandaba, Galicia careceu de puntos de resistencia activa no Movemento Moderno; aínda máis, careceu de arquitectos que, desde o exilio, puideran exercer algún tipo de autoridade. O caso de Caridad Mateo era excesivamente individual e descoñecido e, ademais, o desenvolvemento profesional en México canalizouse, primeiro, polo urbanismo, e, despois, situouse nunha arquitectura extremadamente especializada. Só se tivo un coñecemento escaso e tímido do seu traballo gracias ás poucas colaboracións na revista *Vieiros*, de reducidísima difusión e pouco especializada.

Malia a falta de información sobre as actividades dos nosos intelectuais exiliados e a imposibilidade que tiñan para influír na cultura do momento en Galicia, é importante destacar as súas inquedanzas, neste caso as de Caridad Mateo, para nos achegar ó coñecemento do que foi o seu traballo nos países que os acolleron. O labor da revista *Vieiros* incorporouse, de 1959 a 1968, á tarefa de revisión e restauración do sentimento de identidade do país galego: "Saímos as soalleiras da cultura universal co espello limpo da nosa lingua, única axeitada pra esprimir a literatura e o arte, cencia e máis a filosofía e limiamente a vida espiritual e material do povo galego, que endexamais renunciou á sua fala" ("Alierces", *Vieiros*, número 1, 1959). No número 2 (outono de 1962), por medio dun artigo titulado "Planificación e Humanismo", insírese de novo a actividade intelectual de Caridad Mateo, que chega a lanzar unhas recomendacións belísimas, moi na liña da revista *AC*: "A eisaltazón do sentimento nazonal, positivo, de amore á terra, dará á mocedade galega a coesión e a solidaridade indispensable para estudar e realizar plás de

trasformazón"... "A Galiza pranificada, tendo en conta tódalas súas riquezas, pode ser o fogar acolledor do cal non teñan que fuxir por fame moitos dos seus millores fillos, vivindo todos nela dacordo coa personalidade de cada quen, coma valor aguillonado, cultivado e protexido en tódalas súas manifestacións compatíbeles coas da comunidade, con cuios intereses deben sentirse ardentemente solidarios"... "Isa Galiza, fonte de riquezas e manifestazós de arte, de bes materiaes e espiritoaes será coma un xardín garimosamente cultivado polos seus fillos, capaz de producir froles para todos".

A postura de Caridad Mateo, a dualidade dialéctica na que se moveu o arquitecto máis prometedor da xeración anterior á Guerra Civil, a dicotomía personalidade e nacionalidade, por un lado, e, polo outro, o compromiso coa racionalidade como principio das vangardas críticas europeas –asumido na época de estudiante–, concéntrase claramente noutro artigo (*Vieiros*, número 3, 1965) titulado "A Entroidada do Irracionalismo". Nel fainos unha reflexión clarividente do racionalismo en contraposición ó que el chama "irracionalismo": "Unha razón dinámica, científica, refrexo fidel da realidade, que camiñando ás costas de outras vontades vai arrincando caretas e descubrindo o verdadeiro rostro dos ideólogos para rematar coa entroidada e reconciliar novamente nunha unidade fecunda, o real co racional".

Parece evidente que, a partir deste número, Caridad Mateo, coa súa incorporación, á dirección colexiada de *Vieiros*, xunto con Luís Soto Fernández e Carlos Velo (cineasta prestixioso e comprometido), e, así mesmo, como vocal (presidente da comisión) do Padroado da Cultura Galega de México e membro do Consello Executivo, reconcilia o "real co racional" da formulación deste arquitecto sobre a identidade de Galicia e debeu ser desde entón, como non o fora aínda, un punto de referencia obrigada no debate arquitectónico e sobre a planificación en Galicia.

O coñecemento do seu labor técnico e debate sobre a reflexión interdisciplinar tiveron unha difusión escasa e tímida. Pero Caridad Mateo (desde México e desde a revista *Vieiros*) e Gómez Román (desde o "exilio do interior" en Vigo, desde a secretaría de Galaxia e do "clandestino" Partido Galeguista) son, a pesar de todo, dous puntos de referencia e de análise desde

o contraste. Caridad Mateo é, por riba de todo, un intelectual coñecedor das liñas de pensamento histórico e contemporáneo, un humanista militante desde o seu compromiso político e desde a simpatía coa causa socialista, tal e como o expón no número 4 de *Vieiros*, nun artigo titulado "Humanismo; fundamento e pantalla". Este traballo, de marcada liña e compromiso políticos, reforza toda a experiencia vital dun humanista e dun intelectual solidario no que a arquitectura se debe entender como un instrumento ó servicio das bondades das súas propias reflexións.

3- En resumo, ó revés ca no resto do Estado, en Galicia non sobreviviu ningún colectivo que resistise activamente, aínda que fose con dificultade. O escaso arraigamento no Movemento Moderno, que podería ser un mal menor, non se deixou contrarrestar pola influencia de personalidades como a de Luís Gutiérrez Soto, que en seguida toma partido por unha linguaxe máis moderna, ou como a de Álex Reylén en Ourense.

EXILIO INTERIOR

Antón Patiño
Artista plástico

A Guerra Civil española de 1936 foi unha paréntese tráxica na historia de Galiza. Constitúe unha fenda dramática que coma se ten sinalado en moitas ocasións marcou un antes e un despois para a cultura galega. En certo xeito os acontecementos terribles dos primeiros momentos do chamado "Alzamiento Nacional" estragaron a materia gris do país. O odio á intelixencia e o ¡Viva a Morte! de Millan Astray tiveron moitos seguidores na nosa terra. O que aconteceu daquela foi un virtual exterminio selectivo dos principais intelectuais do país. Os que fuxiron, conseguiron lonxe (alén mar) configurar de novo os alicerces da cultura e dos sinais de identidade. Os outros superviventes van formar parte do exilio interior. Nunha situación abafante de inxustiza, sen liberdades, expulsados moitas veces dos seus empregos. Coa sospeita permanente sobre as súas cabezas. Nun clima nada doado para o desenvolvemento cultural. A lingua prohibida (tal como lembraba o poeta José Ángel Valente nunha lembranza chea de dor onde trazou un panorama miserento dos anos oficialistas da posguerra na súa cidade natal de Ourense ou "Augasquentes" na toponimia metafórica do poeta).

Para dar idea da magnitude da traxedia do 36 na escena cultural cómpre sinxelamente enumerar a ringleira de nomes: pintores, escritores e xornalistas asasinados no comezo da guerra. Os pintores Francisco Miguel (Fernández Moratinos) e máis o seu amigo o tamén pintor e xastre: Luis Huici, compañeiros da aventura vangardista de "Alfar" (a revista cosmopolita feita en Galicia onde colaboraron Borges, Ramón, Barradas, Alberto Sánchez e moitos outros escritores e artistas). Ámbolos dous, Huici e máis Francisco Miguel apareceron mortos nos arredores da Coruña. Nas tristeiras cunetas das elexías do gran poeta Luis Pimentel (que tivo que facer unha paréntese nas súas líricas

entregas: alporizado fronte ó horror e ó crime) En Santiago de Compostela foron matar a Camilo Díaz Baliño (deseñador dos carteis da campaña do Estatuto de Autonomía) pai de Isaac Díaz Pardo. O xornalista e poeta Xohán Carballeira de Bueu. O editor Ánxel Casal. Roberto Blanco Torres.

E moitos outros.

Os exiliados cara o exterior foron moitos: dende Luis Seoane a Maruxa Mallo, Rafael Dieste, Suárez, Eduardo Blanco-Amor na República Arxentina ou Arturo Souto en México. O traballo que van facer fóra é extraordinaria. Unha chea de proxectos editoriais, revistas, programas de radio... van crear un clima cultural dunha Galicia transterrada que mantivo vivo o lume antropolóxico do país. A cultura galega en certo xeito é unha cultura da memoria, e na lembranza, no distanciamento do lonxe agroma unha sublimación do territorio da orixe que acada unha dimensión mítica. A esa capital galega (Bos Aires) como metrópole exterior viaxan despois moitos artistas para fuxir da monótona e tristeira posguerra onde a cultura tiña unha vida ruín e non había posibilidade de desenvolvemento real do traballo creador. Iso explica a viaxe de Laxeiro a Buenos Aires (ou a de Isaac Díaz Pardo). O asentamento galego na capital arxentina tiña daquela un grande dinamismo económico e cultural. O imaxinario do país segue a vivir alén mar na lembranza e intensidade da saudade.

Por eso, en certo xeito non é posible arredar o exilio exterior do exilio interior (houbo quen participou simultaneamente nos dous exilios coma Colmeiro, Díaz-Pardo ou Laxeiro). Dalgún xeito estivo en pé unha virtual ponte que ía xunguir ámbolos dous ámbitos. Mesmo no remate do franquismo vendíase aínda baixo corda nalgunhas librerías os libros prohibidos enviados dende a Arxentina.

Entre os intelectuais e artistas sobreviventes á desfeita do 36 e que non se exiliaron fóra están: Ramón Otero Pedrayo (que fora represaliado) vai representar o cerne do exilio interior. Vicente Risco (unha das mentes máis avanzadas dos galeguistas vai entrar logo na penumbra da posguerra en esculcas case esotéricas e levando unha vida illada). O mesmo illamento insufrible do pintor Carlos Maside (tamén represaliado coma Otero Pedrayo) e que tardou tempo en exercer de novo a docencia. Anxel Fole, Luís Pimentel e

algúns máis. Co estigma dos derrotados e a súa condición psicolóxica de sobreviventes a tantos compañeiros mortos. As institucións que crearan prohibidas. Sen apoios. O illamento espiritual foi o peor herdo da guerra. Temos o documento da longa correspondencia entre Luís Seoane e máis Carlos Maside. A elegancia moral, a enteireza de ánimo e a sobriedade do pintor Carlos Maside non lle impide manifestar a tristeira situación na que se atopan: un naufraxio espiritual e un cadro psíquico de melancolía, case de depresión (abondo xustificada polos tempos). Nunha carta que lle envía Carlos Maside a Luís Seoane no ano 1953 sinala: "Ogallá recupere folgos axiña para comezar contigo o diálogo á que as túas cartas incita; comentar, tamén ese doorido, dramático exilio, dos que vivides espallados por lonxe e extraña xeografía, á que, de tan patético xeito aludes nelas. Non sei se eiquí saberémonos decatar na súa verdadeira dimensión do que isto significa; porque eiquí o medio intelectual, cultural ou espiritual se queres e pobre, esnaquizado, minimizado, a pesares dos xermolos que xorden eiquí ou acolá. No que a plástica atinxe é máis tristeiro, ramplón e trasnoitado ca nunca. Nen unha xanela se abre á mundo e non hai xeito de comprender á home de hoxe senón por adiviñas" As verbas de Maside reflicten a perda do proxecto renovador vencellado á xeración da República e a volta a un folclorismo estético regresivo e académico.

Proba desa ponte (e comunicación) entre exilio exterior e o interior é a obra que lle envía Carlos Maside a Luis Seoane para financiar as actividades culturais galegas alá. Cos anos, xa reincorporados Luis Seoane e máis Isaac Díaz Pardo ó país, van poñerlle precisamente o nome de Carlos Maside ó museo que van crear no Castro (A Coruña) posiblemente xunto coa Biblioteca-Fundación Penzol en Vigo o máis fermoso arquivo da cultura galega do século XX.

Valentín Paz Andrade e Ramón Piñeiro (van sufrir tamén cárcere polas súas ideas). Son moitos os sobreviventes sometidos á depuración e a presión ideolóxica do partido único. Nos intersticios do réxime van uns poucos a comezar unha actividade de resistencia cultural e ideolóxica que vai supoñer de feito unha nova esperanza para o porvir da cultura galega. Nese senso cómpre destacar o labor incesante de Ramón Piñeiro (como permanente activista

cultural) e a reconstrucción virtual do ideario galeguista a través do labor da Editorial Galaxia e grupos xeracionais coma Brais Pinto (que traballan dende Madrid). Tanto en Galaxia coma en Brais Pinto houbo un intenso contacto cos exiliados galegos. No caso do grupo Brais Pinto non só con Luis Seoane (auténtica cabeza pensante do exilio) senón tamén cos transterrados a México (esencialmente Lois Soto e Carlos Velo vencellados á revista *Vieiros*) que descubriron nas nova xeracións unha continuidade co seu ideario. En certo xeito esta é unha das claves da radicalización do grupo madrileño que co tempo vai participar activamente na fundación do moderno nacionalismo galego.

As revistas culturais ían tardar tempo en agromar de novo (durante máis dunha década despois da guerra non se editou ningún libro en galego). O papel aglutinador das arelas e inquedanzas culturais foi a través do suplemento cultural do xornal *La Noche* de Santiago de Compostela (1949-1950) onde ían colaborar Francisco del Riego, os "Parladoiros" de Otero Pedrayo, Alvaro Cunqueiro, Antonio Bonet Correa, Ricardo Carballo Calero e viñetas de Urbano Lugrís, Anxel Xohán, Isaac Díaz Pardo entre outros. Alén Mar, ía ser a revista *Galicia Emigrante* de Luis Seoane a que mantivo viva a identidade cultural galega (na mestura de saudade e resistencia política).

A experiencia posterior da fermosa revista *Atlántida* da Coruña (do comezo do ano 1954 deica o 1956) é interesante polo que ten de síntoma dun novo renacer de inquedanzas artísticas e literarias no contorno da cidade. Tivo apoio institucional deica un determinado momento que foi censurado un número da revista co exemplar xa imprentado. Así, de xeito abrupto, rematou a experiencia de *Atlántida* que trazaba dalgún xeito unha ponte co legado de *Alfar* (aínda que moi lonxe da súa vontade cosmopolita e noutro contexto cultural máis limitado). Mariano Tudela, Urbano Lugrís e Miguel González Garcés foran xunto con Alvaro Cebreiro (o compañeiro do manifesto vangardista "Máis Alá" co poeta Manuel-Antonio) os animadores desta fermosa iniciativa cultural.

De xeito intermitente vai agromar con moitos atrancos un clima de certa normalización cultural arredor dese cativo número de integrantes do exilio interior. A situación dende logo non é comparable á extraordinaria difusión que

tiña o traballo cultural dos artistas plásticos e escritores radicados na Arxentina e México. Formaban unha colonia de creadores máis numerosa. Vivindo en liberdade. Existiu tamén un factor suplementario: o encontro no desterro con outros creadores que fuxiron do totalitarismo que estragara a cultura europea. Luís Seoane vai coincidir con Jacobo Hermelin e Attilio Rosi que fuxiran respectivamente da Alemaña de Hitler e da Italia de Mussolini do mesmo xeito ca el escapara da Galicia baixo a opresión de Franco (a quen logo ía caricaturizar con xenreira en *13 Estampas da traición*) Todos estes creadores que tiveron que fuxir de Europa ían artellar unha chea de proxectos editoriais e empresas que xeraron unha grande vida cultural nun Bos Aires cheo de tertulias. Unha metrópole cultural onde chegaban moitas importantes mostras retrospectivas da arte moderna. Libros de arte. Unha atmosfera moi distante da tristeira natureza morta en que converteran a Galiza. Trocada nun gran cuartel militar. O soño vangardista e republicano estragado con centos de mortos polas cunetas. Creadores illados, con medo no corpo, atrancos e limitacións económicas, a represión ideolóxica, e a permanente sospeita...Todos estes factores dificultaron moito a expresión da creatividade no país. En certo xeito houbo unha aportación asimétrica neste escenario de resistencia ideolóxica e cultural. Dende Arxentina viñeron os grandes esforzos. Ese heroe cultural que foi Luís Seoane. Auténtico tótem de Galiza (representa o relevo de Castelá, do que editara *As cruces de pedra na Galiza*). Outros pintores como Colmeiro estiveron en Bos Aires pero tamén en París. Ou o caso do tardosurrealista Eugenio Granell que tivo un exilio itinerante. O mesmo co seu irmán Mario Granell que vivira en Venezuela (despois de salvar a vida na masacre de O Portiño coruñés).

Noutra carta do ano 1957 escríbelle Maside a Seoane: "...Sei moi ben, con tanto fervor desenvolvedes a vosa labor encamiñada a crear aí un sentimento auténtico do galego; a sacudir ese sentimento de inferioridade que pesa sobor das nosas xentes, de eiquí e de fóra, axudandolle coñecer e afirmar a súa propia personalidade..."... "Do xeito que teñen de entender os que eiquí semellan orientar en certo xeito, o movemento cultural galego, ¿Que che dicir? Non sabería ante todo, por que nono entendo. Vivo case aillado, sobor de todo

espiritualmente. Non leo a penas outro xornal ca *O Correo Galego*. E os escasos contactos persoais que teño non me permiten ver claro a través dos veos ou néboas coas que envolven os seus pensamentos e mesmo os actos máis insignificantes moitos dos que parecen ser amigos ou afíns nun común fervor. Non existe diálogo nin comunicación posible, pois se se insinúa a menor discrepancia tropeza un con algún tabú insospeitado, oculto en silencios". Situación a que describe Maside (como vemos case de clandestinidade) moi distante da metrópole porteña, que ía ser o crisol da resistencia galeguista (papel no que tivo moito que ver o enterro nacional que se lle tributa a Castelá morto no exilio, e que deixou unha pegada impresionante na comunidade galego-arxentina).

No remate daquela carta engade de xeito expresivo: "É indubidable que existe, latente ou manifesta, esta inquedanza, moi espallada aínda que carente de coordinación e orientación axeitada no terreo cultural. Homes coma tí ou Rafael (Dieste) faciánnos falla eiquí. A vosa personalidade, a vosa influencia tería efectos rápidos e sorprendentes. Por iso quixera que non esmorecese o voso fervor; que non cansedes nen fiquedes sen alento. Eiquí hai moitos coma vós (aínda que cunha personalidade máis modesta) que sinten o mesmo incómodo por causas análogas. O que denota o fracaso dos que, coas mellores intencións, non souberon dar amplitude, aire e sol ó ambente cultural galego senón que só conqueriron reducilo e illalo cada vez máis, a uns poucos, cada vez menos".

A figura (no eido cultural xeral) que vai acadar a meirande influencia dentro do exilio interior foi a de Ramón Otero Pedrayo que chegou a ser venerado coma un patriarca no remate da súa vida. A súa integridade e a súa lucidez intelectual fixeron del un alicerce insustituible, á que se achegaron as novas xeracións que loitaban pola reconstrucción do tecido simbólico do país (lembrar o fermoso poemario *Bocarribeira* que lle editaran os "Brais Pinto). Dalgún xeito Otero Pedrayo representaba o mellor da cultura humanista, a síntese da xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos. O soño dunha Galiza de seu.

No ámbito das artes plásticas son anos difíciles. Todo o ecosistema cultural ficara estragado polo totalitarismo. Os creadores máis lúcidos como vemos no caso exemplar de Carlos Maside illados (e vivindo case na clandestinidade). Cándido Fernández Mazas vai morrer algúns anos despois da guerra, vivindo xa coma fóra do mundo ("Derrotado e silenciado" en expresión de Carlos Gurméndez). Agás a aventura da revista *Atlántida*, non existiron propostas anovadoras. Urbano Lugrís vai desenvolver unha obra moi persoal vencellada as teses do realismo máxico e da chamada "Volta á orde" (a carón da "pittura metafísica"). Vivindo coma nunha burbulla de cristal. O seu xa non é un exilio propiamente interior senón case un exilio metafísico, que atopou co universo do mar e a súa temática unha intimidade absoluta. Vendo o panorama e o desencantamento inexorable do mundo optou por poñer a escafandra de buzo e baixar á cerne do océano na compaña de Xulio Verne e do "Nautilus". Outro tanto fixera (en certo xeito) o escritor Álvaro Cunqueiro coa súa viaxe cara o mundo dos mitos, na percura doutro espacio e doutro tempo menos crudel (lonxe da mediocridade do ambiente). Tivo que pasar moito tempo para recuperar o pulo nas artes plásticas, e configurar unha escena atractiva. Case deica os anos do informalismo de "A Gadaña" (arredor de "Brais Pinto") unha experiencia en certo xeito frustrada e irregular pero que deixou unha pegada salientable. A arte galega ía vivir (e renascer) no soño da diáspora.

CINE GALEGO E EXILIO

Xosé Antonio Coira Nieto

1. AUSENCIAS

O exilio é un nome para a ausencia, e cadra que a historia do cine galego é unha historia ateigada de ausencias.

Debo confesar que, antes de que o CCG me convidase a participar neste congreso, non reparara en exceso sobre o papel do exilio no noso cine, un papel, seguramente, impreciso, como cómpre a unha ausencia que se suma a máis ausencias. Con todo, e antes de entrar no asunto, convirá agradecer publicamente o traballo de quen antes estudiou este tema e podería falar hoxe aquí con máis autoridade ca min. Son, en concreto, Manuel González, Miguel Anxo Fernández e Xosé Enrique Acuña. A eles, e máis á amable colaboración de José Luis Cabo, débense os acertos que poida haber nesta miña intervención.

2. NOMES PARA UNHA HISTORIA

O exilio ten moito de físico: alguén que marcha ante o perigo que representa o seu xeito de pensar. ¿Que cineastas galegos se exiliaron? A nómina é breve, pero relativamente enorme. Citemos a dous:

2.1.1 Os cineastas

José Suárez. Sabendo que o amigo Manuel Vilariño vai falar del inmediatamente a continuación, limitareime a mencionar o seu labor no cine, antes e despois da marcha forzada. Antes a palabra é *Mariñeiros*, o documental que filmou como arranque dun inacabado ciclo sobre os oficios tradicionais. Despois, en Arxentina, Suárez aportará o seu saber fotográfico a unha curta lista de filmes; foi unha etapa breve pero de intensa pegada: consideróuselle un

renovador da gris "luz arxentina". O que Suárez deixou sen facer en cine é unha das nosas máis prometedoras ausencias.

Carlos Velo. É, sen dúbida, o gran nome do cine galego no exilio; se cadra, o gran nome do cine galego sen máis. Velo acadara prestixio como documentalista nos anos da República. O seu filme *Galicia*, estreado en plena guerra, é a mostra do moito que o cineasta podía ter dado ó noso imaxinario colectivo se as cousas corren doutro xeito. En México desenvolveu unha longa carreira como director, da que o fito principal foi o docudrama *Torero!*, aínda que ben pague a pena lembrar a súa adaptación de *Pedro Páramo* ou o seu labor como organizador-animador de estructuras productivas enfocadas ó documental. A Velo, por máis dunha razón, volveremos algunha outra vez nesta ponencia

2.2 Os futuros cineastas

Pero hai máis nomes que citar. Hai outros galegos que desenvolveron un destacado labor na cinematografía dos países que os acolleron na súa fuxida. Cando marcharon, se cadra nin sospeitaban que dedicarían a ese oficio, tan pouco frecuentado en Galicia, do cine. Son xente que todo o seu labor cinematográfico desenvolvérono fóra do país. Unha figura asoma, deslumbrante:

María Casares. O destacado papel xogado polo seu pai no goberno da República conduciu a Francia a aquela rapaza de ollos coma abismos. Foi señora dos escenarios e algunhas veces actuou para a cámara. É raro ese orgullo que un sente vendo a unha coruñesa como peza clave desa enorme película que é *Os nenos do paraíso,* ou como raíña dun dos primeiros mundos debuxados por Robert Bresson en *As damas do bosque de Bolonia*. María Casares foi a morte segundo Jean Cocteau. E nunha pequena película, a derradeira da súa filmografía, representou a dor dunha anciá que morre sen ter regresado en máis de media vida á súa terra natal; a película é *A outra América*, fala de iugoslavos en Nova York, pero semella propia nosa.

Os irmáns Bilbatúa, Ángel e Demetrio, resultan ser nomes bastante menos populares e, sen embargo, o seu papel é de notable relevo nunha cinematografía tan salientable coma é a mexicana. Culpables de ser fillos dun fotógrafo socialista, os irmáns Bilbatúa empezaron en México pola vía da tradición familiar. Axiña pasaron ó cine, especializándose na reportaxe e no xénero documental, Ángel como operador e director, e Demetrio como director e productor. Son centenares os documentais producidos polos Bilbatúa, cunha infraestructura técnica inimaxinable no noso contexto.

2.2.1 Os homes da cultura

Por procurar atender ós diversos aspectos do cine galego e o exilio, e sen afán de citar a tódolos que foron, gustaríame agora mencionar nomes dunha terceira lista. É curioso. Uns anos atrás, sendo director do CGAI, pareceunos conveniente ir editando unha serie de libros que argumentasen a relación –maior ou menor- entre os persoeiros da cultura galega e o cine. Parecíanos conveniente porque os do cine, ata hai ben pouco, sentiámonos un pouco orfos, un pouco "cenicientas", e se cadra esa relación redescuberta axudaba en algo a mellorar as cousas. O curioso era que os nomes máis sobresaíntes eran de creadores, de intelectuais que tiveron no exilio un dos capítulos centrais da súa vida.

Un libro que entón quedou sen publicar, e no que traballou Xosé Luís Axeitos, foi o dedicado a Rafael Dieste. Lembro un guión que non chegou a ser película, ensaios sobre cine con esa mirada certeira e sentida de Dieste. É un tópico, e vai saber qué significado lle da cada un, pero na narrativa de Dieste, no seu teatro, na súa actitude cara ó espectador ou lector creo que se ve cine, un cine que non foi posible.

Luis Seoane é outro dos nomes que inexcusablemente debemos citar. Unha e outra vez, en artigos escritos con anos de diferencia, Seoane lembraba dúas películas xa citadas aquí, *Mariñeiros*, de Suarez, e *Galicia*, de Velo, como referentes, como sementes do cine galego. Falaba delas con entusiasmo, co mesmo entusiasmo que dedicaba a *Homes de Aran*, de Flaherty ou a Ingmar Bergman. Nun texto emocionante, Seoane elucubra sobre "temas" para un cine

galego, repasando lances históricos que lle resultan axeitados. As hipóteses sobre o que podería sela contribución dun home coma Seoane no seo dunha industria audiovisual galega normalizada dispáranse na imaxinación.

Eduardo Blanco-Amor, nun aspecto pouco coñecido do seu traballo literario, foi guionista. Razóns económicas levárono a escribir varios guións –"operación bistec", que dicía Fernando Rey- e razóns económicas impediron que chegasen á pantalla. Entre outros, un que levaba por título *Emigrantes* e que sobresae pola seriedade da súa escrita. Nunha acotación, Blanco-Amor sinala: "La cámara estremecida de José Suárez buscará los ángulos que hagan de esta muiñeira una cosa inmortal en los anales cinematográficos". *Emigrantes*, o guión, estaba pensado para que o filmase Suárez, pero foi esta outra posibilidade rota.

Seica Paul Muni e Joan Crawford recibiron en Hollywood a un político da República en armas chamado Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Unha vez máis, e foron moitas, Castelao cruzábase co mundo do cine. A el dedicou certo número de debuxos humorísticos, expresivos do que no seu día foi o espectáculo cinematográfico. Participou, aínda antes, como actor afeccionado en *Miss Ledya* –o primeiro filme de ficción feito en Galicia-, e contribuíu ó documental que Velo rodou aquí debuxando os fondos para os títulos de crédito. Castelao, antes da súa marcha a América, inspirou dúas películas senlleiras dun cine galego que nos anos trinta empezaba a reclamarse como tal: *La tragedia de Xirobio* –baseada nun relato de *Cousas da vida*- e *Canto de emigración*. Por fin, nos anos do exilio Castelao foi obxecto predilecto da cámara de Eligio González, auténtico notario cinematográfico da vida da comunidade galega en Bos Aires. As imaxes de Eligio González, que moi pertinentemente forman parte deste Congreso, serviron de base á longametraxe documental realizada por Jorge Prelorán en torno a Castelao.

3. O TEMPO PERDIDO

En fin, ata aquí unha escolma de creadores ós que as circunstancias impediron unha aportación máis substancial, e en todo caso irreemprazable, ó cine galego. Quédanos trazar, sequera a grandes rasgos, o que nunha

perspectiva máis xeral significou para o cine galego o exilio e as condicións históricas que o propiciaron.

Por obvio que resulte, non debemos deixar de citar que o cine é un medio que require dunhas mínimas condicións para desenvolverse; son condicións de diversa natureza: económica, social, demográfica... Pero hai dúas absolutamente esenciais: o cine precisa dun contexto cultural e político que o fagan posible. As mesmas razóns que conduciron ó exilio ás xentes citadas e a tantos outros liquidaron por demasiado tempo esas mínimas condicións culturais e políticas.

O tempo da República foi un tempo de promesas. Lembren aquel lugar común que mencionaba Seoane atribuíndo a *Mariñeiros* e *Galicia* o papel de alicerce do cine galego. Ben, naqueles anos inmediatamente anteriores á guerra, houbo algún exemplo máis do que morreu sen a penas nacer. Antonio Román, un cineasta que soubo atopar acomodo na España de Franco e a quen a política traía sen coidado, estreara en 1935 *Canto de emigración*, unha película esteticamente inspirada no cine soviético e que pretendía ser un "romance en imaxes" sobre a traxedia da emigración; o propio Román faría pouco máis tarde, en 1940, *O carro e o home*, un documental flahertiano en terras de Lobeira.

Sumemos ó caso de Román o dos irmáns Ramón e Enrique Barreiro. En 1933, e no contexto da campaña a prol do Estatuto de Autonomía, produciron *Hacia una Galicia mejor* ou *Por unha nova Galicia* –que das dúas maneiras se coñeceu-, unha película en defensa das teses autonomistas, un filme posible por darse nun contexto político axeitado. Esta e outras veleidades levaron a Ramón Barreiro á illa de San Simón, da que deu saído para non volver intentar un cine propio.

Por unha nova Galicia, *Canto de emigración*, *Galicia* e *Mariñeiros* son catro películas de catro cineastas distintos que saltan á vista desde os manuais de historia como unha promesa incumprida. Habían de pasar corenta anos antes de que en Galicia volvese aparecer un feixe de películas semellante. Daquelas catro películas "fundacionais", só *Galicia*, a película de Velo, semella conservarse. Son cousas da historia... e, insistamos, da política.

Neste ámbito do ideolóxico, á marxe de que sexa institucional ou non, a penas cabe citar unha puntual ocasión en que se formulou unha proposta a prol do cine galego nas seguintes décadas. Foi en 1956, en Bos Aires, no I Congreso da Emigración Galega. Naquela ocasión Carlos Velo presentou unha "Proposta de creación do Centro Cinematográfico Galego", que había atinxir tanto á Galicia exterior coma á interior. A ninguén sorprenderá que aquela proposta – na que se falaba da producción dun Noticieiro Galego mensual- non chegou a converterse nunha realidade.

O resto da historia seguramente é ben coñecido por todos. Nos primeiros anos setenta danse as condicións para que un grupo de xente inquieta se reúna nas Xornadas de Ourense e volva propugnar un cine galego (alí estaba Carlos Velo, outra vez). As institucións autonómicas, dez anos máis tarde, comezan con maior ou menor fortuna a apoiar a producción de filmes. E así ata hoxe.

Pasaran corenta ou cincuenta anos. Carlos Velo regresou de visita, para ser oído en táboas redondas e recibir homenaxes. Traía algunhas propostas, pero non cadraban cos novos tempos. O diálogo entre a experiencia da república e o exilio e os novos cineastas foi case inexistente.

Polo medio quedaba un lonxevo réxime que, entre as súas primeiras normas de censura cinematográfica, dictara a seguinte: "Todas las películas deberán estar dialogadas en castellano, prescindiéndose, en absoluto, de los dialectos". A norma continuaba, precisando cál era o lugar que, no mellor dos casos, podía corresponder ó cine galego: "En todo caso se admitirá una pronunciación dialectal en los personajes simplemente episódicos".

SEOANE, CARTELISTA DO EXILIO

Xosé Díaz Arias de Castro
Deseñador

Foi un pensamento instantáneo, case reflexo: cando me pediron un traballo sobre o cartelismo no exilio, o nome de Luis Seoane instalóuseme no maxín. De contado comecei a percorrer outros nomes: Castelao, Souto, Colmeiro, Laxeiro, F. Ribas, Maruxa Mallo, Eugenio F. Granell… pero ningún deles tivera unha producción cartelística significativa na diáspora, por non dicir que non tiveran ningunha.

Os artistas exiliados, que fixeran antes da guerra importantes deseños de carteis, non seguiron traballando neste campo. Castelao foi autor de fermosos exemplos nos anos vinte e trinta: o cartel anunciador do seu libro *Un ollo de vidro* (1922); o que fixo cun autorretrato para anunciar a súa exposición de 1924; o que promocionaba o xornal *Galicia*, tamén deste mesmo ano; o deseñado para a Editorial Céltiga en 1926, no que aparece un personaxe feminino con catro ollos; ou os ben coñecidos que realizou para a campaña do Estatuto de Galiza de xuño de 1936. Nos seus derradeiros anos en Bos Aires Castelao non fixo carteis, se ben é certo que fixo debuxos que se utilizaron en carteis de actos específicos. Arturo Souto, que durante a guerra fora un dos responsables primeiro da sección de artes plásticas —que tivo unha gran actividade no deseño de carteis— e logo da sección de publicacións da Alianza de Intelectuais de Valencia, amosou moi pouco interese polo cartelismo e centrou a súa actividade na pintura e no debuxo, aínda que existen algúns carteis de guerra con debuxos del, pero que están deseñados por outros artistas. No seu exilio mexicano tampouco coñecemos actividade cartelística de Souto, nin sequera na etapa da revista *Vieiros*, onde participa activamente

como deseñador e ilustrador. Con Colmeiro pasa o mesmo: agás algún que outro cartel para anunciar exposicións súas, onde xeralmente aparecía reproducida algunha obra, non fixo cartelismo. E o mesmo podemos dicir de Laxeiro, Eugenio Fernández Granell ou Maruja Mallo. Incluso a un deseñador tan significativo como Federico Ribas, cunha bagaxe nesta disciplina tan salientable, tampouco lle coñecemos producción cartelística en Bos Aires nos anos de posguerra.

Ben é certo que hai un abundante cartelismo anónimo no exilio, principalmente para actos específicos ou para conmemoracións puntuais, feitos por asociacións e centros galegos. Pensemos por exemplo na estancia de Castelao en Cuba en 1938-1939, onde se fan carteis para os actos máis destacados, fundamentalmente de carácter político en defensa da República. Mais non é un cartelismo recollido nos manuais de historia da plástica e temos que buscalos en arquivos particulares ou de asociacións, onde por veces aparecen exemplares que teñen un gran valor documental, máis que un valor artístico.

1. ANTECEDENTES

Hai un cartelismo de preguerra de gran interese. Pero non todos os artistas puideron exiliarse, pois o asasinato dalgúns deles —como foi o caso de Camilo Díaz Baliño, Francisco Miguel ou Huici— ou o silencio dos que ficaron en Galicia, imposto polas circunstancias —como é o caso de Cándido Fernández Mazas, Carlos Maside, Alvaro Cebreiro, Urbano Lugrís, Carlos Sobrino ou Andrés García de la Riba (Andrés Colombo)— deixou case deserto o panorama cartelístico tanto en Galicia como na diáspora (Maside fai algúns deseños de carteis comerciais para industrias viguesas, moitos dos cales non se chegaron a imprimir, e Urbano Lugrís, por poñer outro exemplo da cativa producción na posguerra, realiza tamén algúns deseños para o espectáculo *Así es Galicia* en 1940).

Realmente no exilio só houbo un caso de deseño de cartelismo, que ademais se caracterizou pola súa gran actividade, relevancia e significación: o caso do polifacético Luis Seoane, que de contado analizaremos.

2. LUIS SEOANE CARTELISTA

En realidade é Seoane o único cartelista galego que exerce como tal no exilio, dunha maneira constante e profesional. Os demais artistas, se fan algún cartel, será dunha maneira esporádica e de xeito "amateur", que nada ten que ver co labor continuado e de gran envergadura plástica de Seoane, posuidor duns profundos coñecementos gráficos, dunha teimuda vontade investigadora, dunha curiosidade enfermiza, dunha inquedanza convulsa e dunha verdadeira paixón polo deseño.

Teño escrito e falado en diversas ocasións do gusto de Seoane pola tinta de imprenta. Eu mesmo fun testemuña disto que digo, xa que nos seus últimos anos colaborei con el en moitos proxectos editoriais e xuntos temos acudido á imprenta para supervisar os traballos en curso. Seoane devecía pola tinta, non aguantaba máis de dous ou tres días afastado do obradoiro gráfico. A súa vida e a súa obra están impregnadas de pigmentos de imprenta. Non coñezo un caso así no panorama da arte galega. Refírome á súa actividade gráfica, que é consubstancial ós demais aspectos da obra de Seoane. Nos seus anos de estudiante en Compostela non saía da imprenta Nós, onde non deixaba de aprender e investigar con aquela disciplina que tanto o atraía. El mesmo nos deixou testemuña desa experiencia en moitos escritos, pero sobre todo nos prólogos de dous das súas xoias bibliográficas: o *Libro de Tapas*, que editou en 1953 e *Segundo Libro de Tapas*, de 1957. Neles Seoane cóntanos a súa experiencia no obradoiro que tivo Anxel Casal, primeiro no número 20 da rúa das Hortas, e logo no número 15 da rúa do Vilar, sempre na Compostela da súas loitas estudiantís. A fonda pegada que a imprenta Nós deixou nel é tal que escribe: «Naquela imprenta compostelana Nós, á que me referín no meu primeiro *Libro de Tapas*, onde pasaba parte do meu tempo alternando as tertulias de café e as reunións clandestinas de estudiantes e obreiros cos meus descansos de estudiante de Dereito, fixen, para semanarios revolucionarios e autonomistas, como *Claridad, Ser*, a revista *Universitarios*, os meus primeiros intentos de composición tipográfica. O gravado ó linóleo, impreso en negro sobre papel de cor, atravesaba algunha que outra vez, como a franxa dunha

bandeira, a primeira páxina de *Claridad*. Os meus recursos tipográficos, limitados á modestia da imprenta, utilizábaos mesturando na composición os tipos máis antigos con filetes e orlas, que aínda penduraban en outras imprentas daquela cidade dende os séculos XVII e XVIII, mesturados nas caixas cos de estilo modernista, adquiridos polos seus propietarios a comezos de século. Adornos e viñetas neoclásicas e románticas servían tamén para outras experiencias. Gozabamos deses efectos visuais tanto coma os surrealistas franceses buscando semellantes fins tipográficos, se ben guiados dun afán distinto no ensaio, pois, pola nosa banda, non ía unido á imposición de programa estético algún. Os nosos carteis, os que faciamos para pegar nas paredes burlando a vixilancia policial, ou como anuncio dalgunhas conferencias universitarias, estaban realizados polo procedemento do establecido, ou tamén gravados ó linóleo, ás veces de xeito basto e rudimentario que moitos anos despois gustaría ós partidarios de Jean Dubuffet e do seu "arte bruto"».

Pero é tan grande a súa paixón pola imprenta e pola gráfica, que ós poucos anos do seu exilio bonaerense Seoane xa está instalado noutro taller gráfico, a imprenta López, emprazado na rúa Perú número 666, no fermoso barrio de San Telmo. De maneira que Seoane pasa da imprenta Nós dos seus anos mozos á imprenta López dos seus anos de madurez, porque sin o cheiro da tinta, repito, éralle imposible vivir.

Será interesante, antes de falar do seu labor deseñístico en Bos Aires, pararnos nesta imprenta López, unha das máis importantes de Sudamérica naqueles anos. Non só porque alí imprimiu Seoane a maior parte da súa abondosa obra editorial e gráfica, senón porque na tal imprenta converxe o coñecemento gráfico máis importante da Arxentina daqueles anos, un movemento renovador de gran altura e transcendencia, que aínda hoxe concita o interese dos historiadores desta disciplina. A Imprenta López estaba daquela dirixida por José Manuel López Soto, fillo do fundador, un galego emigrado á Arxentina que lograra poñer en marcha esta gran empresa de artes gráficas responsable dunha boa parte da producción editorial hispanoamericana. Seoane comeza a traballar coa Imprenta López no 1943, ano no que funda con Lorenzo Varela e Arturo Cuadrado a revista *Correo Literario*. Cando neste mesmo ano

pon en marcha a Editorial Nova, unha das empresas editoriais máis importantes da Galicia contemporánea, a súa sede estará na Imprenta López. Nela Seoane coincide cos grandes deseñadores do momento: o italiano Attilio Rossi, fuxido da dictadura fascista, director da prestixiosa revista milanesa *Campo gráfico*, a máis importante da Italia dos anos trinta; o arxentino Silvio Baldessari, que traballaba para a Editorial Losada; o alemán Lacobo Hermelín, que lograra fuxir da represión nazi.

Os primeiros carteis que fai Seoane na Arxentina están relacionados co mundo editorial, concretamente son carteis que anuncian as novidades de Emecé Editores, a editorial na que, en 1940, puxo en marcha as coleccións "Dorna", "Hórreo" e "Buen Aire", as dúas primeiras publicaban literatura galega e a terceira literatura hispanoamericana. Son estes carteis que fixo para Emecé de deseño tradicional, de gran austeridade e rigor tipográfico, compostos xeralmente por un debuxo e uns textos referidos ós libros e coleccións anunciadas, onde alterna as tipografías elzevirianas de rasgo coas grotescas de pao recto. Seguirán carteis para promocionar os libros das editoriais por el fundadas —"Nova" en 1943, "Botella al Mar" en 1947, "Citania", en 1957 — ou para revistas, tamén por el creadas —*De Mar a Mar* en 1940, *Correo Literario* de 1943, *Galicia Emigrante* de 1954—.

Non será ata o ano 1952 cando realmente aparezan as súas máis interesantes aportacións neste campo. Refírome ós carteis que neste ano deseña para Cinzano e Ottard-Dupuy, dúas grandes pezas de 150x110 cm. que promocionan estas marcas comercias nas rúas das cidades arxentinas. Neles Seoane leva a experimentación gráfica ata límites descoñecidos na súa época, incorporando grandes masas de cor xeométricas, sinxelas e abstractas, que dinamizan o conxunto provocando a inmediata atención do espectador. Sen concesións a ningún elemento comercial, ata entón usuais neste tipo de pezas, Seoane introducía no cartel comercial as aportacións plásticas máis novedosas.

A partir de 1954 Seoane realiza, para anunciar exposicións propias e alleas, infinidade de carteis nos que utiliza indistintamente o debuxo e o gravado. Por veces os textos son exclusivamente caligráficos, como nos carteis das súas exposicións na Galería Bonino, en 1954, 1955 e 1956. Outras veces

utiliza tipografías clásicas exipcias, como o cartel para a exposición 'Artistas Argentinos', de 1955; e en moitas ocasións compón os textos con tipografías modernas, sen rasgos, como o cartel para a exposición de catro pintores galegos no Centro Lucense, de 1958, no que engade unha ilustración propia de gran síntese formal.

Do ano 1958 é o cartel abstracto para a *Exposición del libro gallego contemporáneo*, onde incorpora os achadegos formais do op-art: un conxunto de vivrantes liñas verticais e horizontais en tres cores que tratan de comunicar a emoción da literatura.

A serie de carteis que deseña para as actividades expositivas do Centro Lucense de Bos Aires, no ano 1960, teñen como protagonista a xilografía. Son xeralmente dous gravados unidos en vertical que confrontan formas e cores para crear un universo inquietante que intenta transmitir a complexidade da arte. As tipografías destes carteis, compostas en Futura, en corpos pequenos, amplifican o poder evocador das imaxes.

Deste mesmo ano, 1960, é o cartel para a Asociación Amigos del Museo Nacional de Bellas Artes un deseño "mínimal", onde dúas liñas hiperbólicas contrapostas provocan unha tensión visual de gran forza que queren expresar, por un lado, o empuxe, a innovación e a dinámica da arte moderna nacida do racionalismo das vangardas artísticas, e por outro a unión dos amantes da arte en torno ó Museo Nacional de Bellas Artes, pois o cartel leva un texto, enriba do nome da asociación, que di: "Hágase socio".

Para outra asociación, a de Amigos de Suiza, deseña en 1961 un enorme cartel —que por imperativos técnicos vese obrigado a imprimir en dúas partes, posteriormente encoladas— para anunciar o concerto de Strawinsky *Historia del soldado* no Teatro Municipal General San Martín. Trátase dun cartel maxistral, impreso a tres tintas, cun formato apaisado de máis de dous metros de ancho, no que o artista superpón masas ondulantes de cores azuis e verdes que fan recordar a paisaxe suíza, pero tamén evocan o pentagrama musical. Sen deixar de ser unha obra seoaniana, ten a capacidade funcional propia do cartel ben deseñado: evocar, suxerir, concitar a atención e comunicar axeitadamente dende a imaxinación e a expresividade. Este cartel, xunto cos de

Cinzano, Otard-Dupuy e o que fixo para a exposición *El libro gallego*, todos eles xa comentados, supoñen, sen dúbida algunha, o cumio da súa obra cartelística. Os catro deberían estar, nun lugar ben destacado, na colección de arte contemporánea dese museo galego de arte moderna que aínda non temos.

No cartel *Festival Céltico 1964*, promovido polos centros galegos de Bos Aires, Seoane incorpora, como motivo central, os deseños circulares dos petroglifos rupestres, a ourivesería castrexa e a cerámica popular. Trátase dunha obra de anticipación, onde se recuperan por primeira vez para a gráfica as formas raíces de Galiza, dun xeito absolutamente consciente e en clave contemporánea.

Nos anos sesenta Seoane deseña carteis para as numerosas exposicións que realiza mundo adiante: Nova York, Münster, Bonn, Bos Aires, etc. O da súa exposición na Art Gallery Internacional de Bos Aires, en 1968, é dunha economía expresiva no límite da sobriedade: ilustración e textos nunha soa cor, aprisionados no rectángulo de papel, de tal maneira que transmiten unha contención explosiva de gran poder gráfico.

A finais dos anos sesenta e na década dos setenta Seoane deseña carteis para acontecementos diversos: espectáculos teatrais, mostras do libro, eleccións políticas, etc. En todos eles atopamos elementos anovadores e experimentais, como o que fai para o espectáculo que Ricard Salvat monta en Coimbra en 1969, *Castelao e a súa época*, no que por primeira vez incorpora a fotografía e mestura textos caligrafiados con tipografía de imprenta; ou o que realiza para a exposición 'Presencia de Galicia' en Madrid, en 1975, onde o protagonista é unha especie de árbore xenealóxico da cultura galega debuxado en liñas finas sobre masas de cor abstractas.

A obra cartelística de Seoane, e a súa obra deseñística en xeral, é única na Galiza de posguerra. Con ela consigue darlle un novo sentido a este campo plástico e consegue que a súa evolución non rematara coa guerra civil, entre outras cousas porque sentou as bases da súa renovación, poñendo ó día os achádegos dos artistas dos anos vinte e trinta, de maneira que o desenvolvemento do deseño gráfico en Galiza non ficara tronzado, como tantas outras cousas. Para dicilo dun xeito claro: sen non existira a obra gráfica de

Seoane, Galiza non existiría hoxe, nese período, nos manuais da historia do deseño. Unha parcela da súa inxente obra, a deseñística, que despois de ser amosada no IVAM, no ano 1999/2000, está sendo estudiada, valorada e emprazada no lugar que lle corresponde. Para regalía deste país e gozo de todos aqueles que admiramos ao seu labor.

COMUNICACIÓNS

MAXIA E COR NO EXILIO GRANELLIANO

Laureana Robés Pérez
Departamento Pedagóxico da Fundación Eugenio Granell

Coa imaxinación baixo o feitizo da luz e cor do Caribe, Granell creou un mundo propio no que as pinceladas, unha a carón da outra van enchendo o lenzo; así é como quen contemple unha «paisaxe máxica» vive baixo ese encantamento e pode deleitarse con tanta fantasía que invita á liberdade e mesmo á poesía. Poderían, tal vez, as pinceladas de cor, ser o pranto de nubes azuis, amarelas, laranxas, verdes ou vermellas celebrando unha festa, e por iso agasallan, a quen lles presta atención suficiente, parte de si mesmas; deste modo van enchendo o lenzo sen deixar espacio para ningún tipo de atadura intelectual. É unha invitación a vivir no paraíso da liberdade tan ansiada que o conquista todo sen deixar espacio para o autoritarismo. Deste xeito Granell invítanos a xogar para quizás sentir a mesma fascinación que lle produciu a el este mundo novo xa descuberto por Colón pero que aínda estaba moi afastado para a maioría dos europeos. Tralo triunfo en Europa dos réximes dictatoriais, que obrigaron a boa parte de intelectuais e artistas a fuxir, nacéronlles pequenos mundos poboados de cores, paxaros, flores, selvas e volcáns que se apoderaron das súas mentes creadoras. Se ben é verdade que só se somos capaces de mirar con liberdade e imaxinación poderemos gozar da visión do Nacimiento de los pájaros (óleo de 1957), ou seremos quen de examinar como Los relámpagos cruzan una gran piedra negra (óleo de 1959). Pero ¿onde están os paxaros? ¿E se foi o lóstrego quen rematou coa negrura da fustrigación?

A pesar de ser universalista, Eugenio Granell non renunciou a súa orixe galego-española. Son moitas as obras que no seu título fan referencia a Galicia e a España, iso tendo en conta que non traballa a partir dunha idea preconcibida, senón que os títulos xorden, polo xeral, da contemplación da obra unha vez rematada. Entre eses títulos, cómpre destacar El secreto del río Sil, El caballo de El Greco retorna a Toledo, Homenaje a los amantes de la playa de Riazor, Arnaldo de Vilanova funde el agua y el fuego de Sicilia, La ascensión del globo de Betanzos, El Atlante de la plaza del Toral, Excursión al Grial del Pico Sacro, Ídolo cordobés ou La Gran lechuga del museo del Prado.

É evidente que non se pode abarcar a vida e traxectoria artística de Granell no tempo de que dispoñemos agora. Sen embargo, paréceme que ó falar do exilio granelliano é necesario lembrar, aínda que non polo miúdo, a biografía do artista. Por suposto baséome na bibliografía existente, en entrevistas e tamén nas palabras que tiven a sorte de escoitar en voz do propio artista.

Se Eugenio Fernández Granell –pintor, escultor, fotógrafo, escritor, músico, profesor, coleccionista, trostkista e militante do POUM (Partido Obrero de Unificación Marxista)– estivo exiliado, foi porque, como el mesmo di: «A mí, desde niño, la idea de que matasen nunca me gustó». Ó longo da súa vida foi perseguido por fascistas e estalinistas.

Naceu no ano 1912 na Coruña, preto da igrexa de San Xurxo. Os avós paternos tiñan unha fábrica de chocolate en Santiago, lugar ó que se trasladou a vivir a familia, e seu pai era un comerciante acomodado de ideoloxía liberal de esquerdas. Cando tiña doce ou trece anos, xunto co seu irmán Mario e outros amigos, editaron a revista S.I.R. (Sociedad Infantil Revolucionaria). Mario era o encargado das ilustracións, Eugenio lembra o ben que debuxaba o seu irmán que tiña que repetir o mesmo debuxo tres veces, un para cada exemplar, e a persoa que lle ensinou a pintar. Daquela Granell escribía contos, pero seu pai díxolle que, aínda que escribía ben, era mellor que primeiro estudiase e xa dedicaría á escritura cando soubese máis.

Na familia, ademais de Mario, que era alumno de Camilo Díaz, tamén pintaban súa nai, seu pai, un tío, que era paisaxista, e Granell, que pintaba sen

pretensión ningunha. El sempre di que «en España todos los niños pintan» e que el de pequeno pintaba castelos.

De neno, tiña a ilusión de ser un gran violinista e por esa razón marchou a Madrid no ano 1928 para estudiar no conservatorio. Alí foi alumno de Antonio Fernández Bordas, e tivo a oportunidade de coñecer o compositor Enrique Casal Chapí. Na capital, tocaba o violín en cafés para ganar cartos e tamén participaba nos parladoiros do café La Granja El Henar ós que asistían os irmáns Dieste e outros galegos, entre eles Urbano Lugrís que lle presentou a Valle-Inclán, Maruja Mallo e Wifredo Lam. Frecuentaba os cafés nos que era habitual organizar parladoiros de contido político, como o café Madrid ou La Polar. Por esta época colaborou en diversas revistas, escribiu crítica musical na revista *P.A.N.* (Poetas Artistas Navegantes), que dirixía Otero Espasandín e Cándido Fernández Mazas facía a crítica de arte. A este último foi a quen lle escoitou falar por primeira vez do surrealismo e quen lle amosou algúns números da revista *Minotaure*. En *Nueva España* colaborou con artigos de carácter político e en *Leviatán* fixo recensións literarias.

Veraneando na Coruña no ano 1930, leu *Mi vida de Trostky*; esta lectura impresionoulle tanto que despois, en Madrid, no período anterior á Guerra Civil, xa non lle resultaban interesantes os escritos de Stalin e outros comunistas. O seu amigo Juan Andrade dirixía o grupo trostkista Oposición de Izquierda Española (OIE). No ano 1935 creouse o POUM do que Granell formou parte.

Cumpriu o servico militar en Gijón e loitou en Madrid, Sigüenza, Guadalajara, onde dirixía *El combatiente rojo*, e despois pasou á fronte de Aragón; tamén foi comisario nunha brigada anarquista.

Moitos anos despois pintou Elegía por Andrés Nin (1991). Nin era unha persoa que o artista admiraba profundamente e que aínda lembra con agarimo. Fixo primeiro un bocexo do que ía pintar, isto é interesante na súa traxectoria artística pois é un dos poucos cadros que ten unha simboloxía e un significado moi profundo, e polo mesmo este óleo presenta unha lenda na parte inferior que lembra quén era Andrés Nin. Quizás por iso as cores predominates son o negro e o vermello, e aventúrome a pensar que, tal vez, incoscientemente representan a dor e o sangue pola perda inxusta dun amigo que, coma el,

loitaba pola liberdade. No 1976 pintou un óleo, El prendimiento del poeta dedicado a Lorca, cargado de tristura e pesar para ó que o artista escolleu cores moi escuras. Unha vez máis pintou motivado pola súa ideoloxía e admiración.

Cando a Guerra rematou, Granell saíu de España por Prats de Molló; iniciou así o seu exilio e xa non volveu a España ata o ano 1969. En Francia estivo en cinco campos de concentración, traballou na vendima e, despois foi a París, onde se encontrou de novo con Benjamín Péret, Remedios Varo e Wifredo Lam.

É interesante ollar o caderno de debuxos do ano 1939, xa estaba en Francia, realizados con acuarela, tinta ou lapis sobre papel. Son imaxes realistas que nada teñen que ver coa posterior obra plástica do artista. Representa persoas que realizan tarefas cotiás, entre outras escenas aparece un home que agarda o tren na plataforma coas maletas, outro que chama á porta, un que se quenta arredor dunha estufa e tamén debuxa un toureiro. É interesante o debuxo que amosa un mozo, alto, delgado e con bigote que podería ser el mesmo co violín.

Na primavera de 1940 embarcou en Le Havre, no barco De La Salle que levaba refuxiados a América, a maior parte deles eran xudeus e tamén moitos españois, entre eles Amparo, que se convertería despois na súa dona. Este barco tiña como destino Chile, pero finalmente chegou a Puerto de la Plata na República Dominicana, onde Granell declarou ser campesiño –aínda lembra o ben recibidos que foron polos campesiños deste país–, despois marchou con Amparo a Ciudad Trujillo. Nesa cidade tocaba o violín na Orquesta Sinfónica e deseñaba mobles e escenografías para teatro e títeres. Tamén colaborou na revista *Agora*, dedicada fundamentalmente á arte, e na revista *Democracia*, na que estaban agrupados os españois republicanos, agás os comunistas. Era o responsable da sección de cultura do diario *La Nación*. No ano 1941 tivo ocasión de entrevistar a André Breton que pasaba pola illa con Jacqueline Lamba e a filla de ambos. Este, foi un acontecemento fundamental na vida de Granell porque, ó coñecer a Breton, deuse de conta de que el mesmo era surrealista e que o surrealismo non era algo teórico, senón que era unha forma

de vida unha loita pola liberdade. Sempre di que un non se fai surrealista, nace surrealista. As premisas do surrealismo: poesía, amor e liberdade eran parte da esencia vital do artista. Dende aquela comezou unha amizade entre os dous que durou toda a vida. Breton volveu no ano 1946 a illa e os Granell recibírono na súa casa cunha festa.

En Ciudad Trujillo había moitos exliados españois, entre eles arquitectos, pintores, caricaturistas, escultores (Manolo Pascual, José Vela Zanetti por citar algúns) que participaban nas exposicións colectivas. Entre os artistas galegos estaban "Compostela" e Botello, este último alentouno a pintar e regaloulle unhas acuarelas. En 1941 Granell empezou a pintar experimentando con formas e cores, el mesmo confesa unha grande admiración por Picasso, a influencia do cubismo é moi patente na serie Cabeza de indio ou no Retrato de Amparo. Granell sempre recoñeceu que nel influíron todos os artistas que coñecía, sobre todo De Chirico sen despreciar a obra do Dalí máis surrealista. En Santo Domingo pintou El placer del baño (1943), que nos lembra inmediatamente as pinturas do italiano. Ademais estaba moi interesado na antropoloxía americana, se cadra por iso o tema do indio é moi recorrente neste período, que posteriormente retomou en Guatemala. En Cronista de Indias (óleo de 1944), representa un personaxe, que nada ten que ver cos do caderno de debuxos francés tanto na forma de resolver a figura coma no colorido. No Autorretrato (1944), a face, claramente identificada coa do artista, presenta sombras verdes que poderían recordar ás dos fauvistas.

Realizou unha exposición individual que tivo moito éxito na Galería Nacional de Bellas Artes de Santo Domingo no ano 1943. Foi un dos fundadores e codirectores de *La Poesía Sorprendida*, unha importante publicación que saíu entre outubro do ano 1943 e maio de 1947. Nela publicábanse textos de autores locais e de diversos países –sempre con importante presencia dos franceses–. Colaboraban José Lezama Lima e Alberto Baeza Flores e, entre os españois, Juan Ramón Jiménez, Segundo Serrano Poncela, Jorge Guillén, Salinas, Enrique Casal Chapí e Alberto Paz Mateos. Granell contribuíu con textos e ilustracións. Pouco a pouco La Poesía Sorprendida afastábase do punto de partida surrealista, aínda que se recollía calquera tipo de poesía sempre que se

considerara de calidade. En 1944 publicouse un caderno de relatos de Granell titulado El hombre verde. No verán de 1946 produciuse unha disensión entre o equipo directivo, e Granell decide deixar de colaborar.

En Ciudad Trujillo Granell dedicouse sobre todo a escribir e pintar, pero tamén colaboraba cos republicanos e cos socialistas no exilio. Co paso do tempo Trujillo comezou a perseguir os intelectuais que se opoñían a el, e Granell negouse a firmar unha carta de apoio ó réxime polo que tivo que fuxir. Partiu no ano 1946 coa súa familia cara a México, onde Costa Amic lle ofrecera un traballo na súa editorial, pero ó pasar por Guatemala pareceulles tan fermoso que decidiron non marchar. Aquí trabou amizade con outros intelectuais, entre eles Miguel Ángel Asturias, Carlos Mérida, Miguel Alzamora e Eunice Odio. Xa neste mesmo ano realizou unha exposición na Sala Británica –escribiu no catálogo Benjamín Péret–. No mesmo ano expón en varias ocasións en Puerto Rico. Traballou como profesor na Escuela de Artes de Guatemala, e na Radio Nacional deu moitas charlas sobre arte. Colaborou nas revistas *Mediodía, Tiempo Nuevo, El Imparcial, Plástica*... Contribuíu a fundar a Asociación Guatemalteca de Artistas y Escritores (AGEAR) e escribiu na revista desta asociación.

Foi neste pais onde pintou, no ano 1947, Blasones mágicos, un óleo que amosa a evolución pictórica do artista. Agora o colorido brillante e a luminosidade son un adianto do que se vai ver na maioría das súas pinturas posteriores. Sen dúbida, existe unha clara relación coas cores da artesanía, a vexetación e a luz do Caribe que tanto impresionaron a case tódolos artistas europeos que chegaron exiliados de Europa. Este ano foi moi importante na traxectoria artística de Granell pois participou na exposición Le Surrealisme, organizada por Breton e Duchamp, que tivo lugar na Galería Maeght de París. Ó ano seguinte fixo un debuxo para a revista parisiense Neón.

En 1949 o Partido Comunista de Guatemala iniciou unha campaña de desprestixio e persecución contra Granell pola súa ideoloxía antiestalinista. Pecháronlle portas, perdeu empregos e prohibíronlle a distribución do seu libro *Arte y artistas de Guatemala*. El e maila súa familia refuxiáronse en varias

embaixadas e finalmente tivo que fuxir con Amparo e Natalia, que nacera en Santo Domingo.

A principios do ano 1950, Granell e a súa familia chegaron a Puerto Rico, neste país o rector da Universidade de Río Piedras ofreceulle un posto como catedrático de Historia da Arte e da Pintura. Estivo en contacto con Ángel Botello e "Compostela", tamén con Juan Ramón Jiménez, Federico de Onís, Cristobal Ruiz, Segundo Serrano Poncela, Vela Zanetti, Rivas Cherif etc…

En 1951 escribiu *Isla Cofre Mítico*, prosas poéticas, impresionistas. Juan Ramón Jiménez dixo que estaba «...Lleno de mágica realidad imaginaria» e Álvaro Cunqueiro quedou impresionado coa súa lectura. As ilustracións realizadas con tinta negra, agás a portada, en cores, representan seres fantásticos, non sabemos se son paxaros, flores, seos.... Granell dí: «Quizáis este libro sea especial, porque es una visión poética de la magia que ejercen las islas sobre las gentes, sobre los navegantes, sobre los poetas». O libro dedicoullo a Elisa e André Breton. As illas son para Granell lugares cheos de maxia e liberdade que se lle presentan para imaxinar e crear todo un mundo de fantasía.

Ó chegar Granell a Puerto Rico a pintura era escasamente vangardista, el dirixiu durante a súa estadía o taller de arte libre da Universidad de Río Piedras. Tamén organizou a Exposición Internacional do Surrealismo no ano 1956, prefaciada por André Breton, que exerceu unha grande influencia sobre o tímido surrealismo portorriqueño.Traballou con técnicas dispares, como o guache, óleo, acuarela, tinta chinesa, pastel, collages ou esculturas, e da súa imaxinación naceron os Paxaros Pi.

Viaxou a New York con Vela Zanetti e coñeceu a Duchamp no 1952. En 1954 presentou unha exposición individual en "À L'Etoile Scellée", galería parisiense do grupo surrealista. Aproveitando a estancia nesta cidade participou en parladoiros de artistas surrealistas.

Intalouse en New York no ano 1957 onde foi catedrático de Literatura Española no Brooklyn College e colaborou durante anos na revista *España Libre*. Foi decisivo o ano 1959 porque Breton invitouno a participar na Exposición Internacional do Surrealismo, celebrada en París; paralelamente

publicou en México *La novela del Indio Tupinamba* e ademais en España a revista *Goya* dedicoulle un artigo. Dende entón Granell colaborou en publicacións españolas, europeas e americanas e os seus cadros víanse con frecuencia en exposicións de países diferentes. Granell xa acadara o recoñecemento de artistas e críticos.

Por esta época pintou as «paisaxes máxicas» nas que podemos ver fluxos de colores e liñas que chocan, entrecrúzanse e esvaran para formar meandros de ríos. Os cadros presentan un gran dinamismo, un movemento e un ritmo curvilíneo. As referencias figurativas de carácter zoolóxico, antropomorfo, botánico e mecánico depúranse ata chegar ó límite da abstracción á que renuncia.

Como xa se mencionou, salvo algunha excepción, Granell non ten unha idea preconcibida, case nunca unha pintura foi precedida dun bocexo, o cadro ou a escultura resultan do «automatismo» que os surrealistas identifican coa liberdade. Será despois, ó contemplar a obra rematada, cando o artista lle pon título. Os títulos de Granell son sempre moi poéticos e responden ó que a mesma obra lle suxire a el, probablemente a quen a contempla lle suxira outro título ben distinto.

Con posterioridade, dende os anos setenta, xa non atopamos as «escamas» de cores que se xustapoñen, agora son cores planas, Granell acadará unha linguaxe propia chamada pola crítica «granelliana», a referencia figurativa é mais clara. Os personaxes, non sabemos se son mulleres ou homes, sitúanse nun espacio moi teatral. Lembra, de xeito inconsciente, os teatriños de Seix Barral cos que xogaba de pequeño xa que os personaxes se dispoñen coma se estivesen nun deles. Tamén xogaba de pequeno cos recortables, quizás por iso as figuras presentan con frecuencia unha dobrez nalgunha parte do seu corpo. É frecuente que as figuras, separadas entre si, se comuniquen a través de formas que nos lembran os bocadillos do cómic. Granell constrúe estes personaxes mediante liñas negras, moi grosas, que contornean o corpo cun movemento automático que os percorre de arriba a abaixo nun espacio perpendicular –non lle interesa a perspectiva–. Tamén atopamos con frecuencia tres rexistros horizontais de cor que nos traen á memoria as pinturas dos

beatos medievais. Entre outros cadros que ilustran a barroca «linguaxe granelliana», están Paolo Ucello suleta una paloma, El bosque de las estatuas ou El lamento de las mujeres solas.

En 1962 incorpórase ó grupo Phases, dirixido por Edouard Jaguer, e no ano 1964 realizou a primeira exposición individual en Madrid, organizada pola Sala Neblí.

Na faceta literaria de Granell é preciso lembrar a publicación en México de *Lo que sucedió* (1967) e *Federica no era tonta y otros cuentos* (1970). En España publicouse *El clavo* (1967). Sería longo citar tódalas colaboracións de Granell ou todo o que se escribiu sobre el. Cómpre mencionar que *Estela de Presagios*, libro de poemas ilustrado polo seu amigo Ludwig Zeller publicouse en Toronto no ano 1981.

¿Saben cómo é un cabalo respectuoso coas damas? ¿Alguén viu o helmo de Mambrino ? Tamén me pregunto se os enxeñeiros salvarán a cometa de papel. Ata hai pouco, eu descoñecía que hai ventos que traban...ié verdade! Vostede, é quizás vostede o xentilhome que está a meditar acerca da fraxilidade floral porque... é un tema moi serio ¡aínda que seguramente outros non o crean! !Ai, quen coñecera o segredo do Río Sil!

Verdadeiramente esto é un xogo cos títulos de Eugenio Granell, só para convidalos a ver toda esa maxia e cor que existe na obra plástica do artista; para iso poden achegarse á Fundación Eugenio Granell. ¡Seguro que non poderán escapar ó seu encantamento!

MÚSICA

MEMORIA DO SON E IMAXES DE GALICIA NO EXILIO GALEGO

Luís Costa-Vázquez Mariño
Dr. en Musicoloxía. Universidade de Vigo

1. A PROPÓSITO DUN TEXTO DE MARC AUGÉ.

No seu coñecido ensaio "Os non lugares", Marc Augé, partindo da análise da nova realidade social que impón a existencia dunha cultura post-moderna e globalizada, reflexiona sobre a ruptura do presente co pasado, e a crise da ilación entre identidade individual e identidade grupal que se deriva da condena ó anonimato propio das sociedades masificadas –paradóxicamente un anonimato supercontrolado polas cámaras de videovixiancia ou as bases de datos que permiten coñecer dediño a pequena historia de un día de calquera de nós, polo simple rexistro dos pagos feitos coa tarxeta electrónica–. O "lugar", concibido como un espacio no que se tecen as relacións humanas, no que se establece unha continuidade entre pasado e presente, como un contexto que mediatiza directamente e da sentido específico a esas relacións, é substituído polo "non lugar", un espacio non identitario, non relacionar e non histórico (Augé, 1995, 83). Empurrados á existencia en "non lugares" pola dinámica económica e social propia das sociedades do capitalismo tardío, as persoas teiman nembargantes en construír "lugares", espacios dotados de sentido, espacios relacionais nos que os diferentes niveis de identidades poidan artellarse dun xeito máis ou menos coherente: a identidade individual, a identidade grupal (entendida como aquela que reside no grupo de relacións directas) e a identidade comunitaria (entendida como aquela que se constrúe dende o individuo cara a unha comunidade imaxinada). Esta experiencia de construcción de "lugares" antropolóxicos, non é dende logo un feito novidoso na existencia humana: o cativo, constrúe a súa nenez os lugares nos que se incardina a súa propia experiencia, así como os grupos humanos reinterpretan

e negocian, dende sempre, e en razón das esixencias históricas ás que se ven envorcados, a construcción dos seus espacios simbólicos. O que converte á nova situación en algo peculiar, é o carácter xeralizado, e cáseque diría que inevitable en razón das imposicións que se desprenden da natureza socioeconómica dun mundo globalizado, que esta deslocalización adquire. Pode dicirse aquí, retomando o *adagio* marxiano, que o troco cuantitativo remata por provocar, chegado un certo umbral, un salto cualitativo, e que a existencia desenvolvida en "non lugares", deixa de ser un feito anormal, extraordinario, propio de casos específicos de alienación individual ou colectiva, como poida sela que sofren os transterrados por calquera razón, converténdose no "modus vivendi" cotiá, facendo da "cultura de aeroporto" en expresión feliz de González Alcantud, o novo contexto cultural no que se desenvolven as sociedades postmodernas.

Neste contexto cabe preguntarse sobre a pertinencia do marco conceptual no que se desenvolven os estudios sobre identidades, e concretamente sobre identidades grupais, sobre a etnicidade, entendido aquí o substantivo nun sentido lato. Dende hai xa algúns anos, veño ocupándome da cuestión da identidade, e máis concretamente da identidade étnica e nacionalitaria en relación coa práctica musical, tanto nun plano teórico como no eido das manifestacións prácticas polo que se refire ó caso galego. A abordaxe crítica destas relacións obriga dende o meu punto de vista a abandonar calquera atisbo de esencialismo polo que se refire á concepción da identidade ou da etnicidade, como un xeito de identidade grupal. Como se ten sinalado dende a literatura antropolóxica ao uso, a identidade étnica é un constructor subxectivo, suxeito ás continxencias da percepción dos individuos e ás negociacións que as estratexias sociais deses individuos despregan na súa existencia. Que esa identidade poida callar en formas de etnicidade politicamente explícitas, como é o caso das identidades nacionais, non é senón unha consecuencia lóxica, pero histórica e, en consecuencia continxente, da súa incardinación dentro do contexto político contemporáneo dos Estados-Nación. Que a elaboración de discursos etnicitarios forma parte inevitable dos procesos de construcción e lexitimación deses Estados-Nación contemporáneos, é tamén

algo que ten sido sinalado na literatura politolóxica, tanto polo que se refire ó papel das elites sociais nestes procesos, como para tratar de explicar e entende-los conflictos entre elites que subxacen habitualmente nos seus discursos. Dito doutro modo: que existen tantas identidades étnicas, tantas digámolo así, versións etnicitarias dun mesmo grupo, como intereses dispares existen dentro do conxunto das elites pertencentes a ese grupo.

En definitiva, que xa non parece posible a estas alturas (dende logo, a min particularmente paréceme un disparate inxustificable, cando non unha perversión do espírito, dito nunha linguaxe idealista) entende-la identidade étnica como un "elan" dado, un ente determinado do que poida darse razón última, aínda que a tentación desto é grande, e aínda que poida estar xustificada en razón da súa funcionalidade nas figuras literarias dos poetas ou na retórica dos discursos políticos. Retomando a reflexión inicial verbo do ensaio de Marc Augé, cada vez máis, tendo a coincidir cunha concepción da identidade na que esta non é xa tanto un suxeito dialóxico, un ente submetido ás mutacións que o devir lle impón –pero ente, ó fin e ó cabo–, senón máis ben un "locus", un lugar, un espacio, digámolo así, onde se negocian as distintas posibilidades da identidade. En tanto que "lugar da identidade" ese espacio ten un contexto, que ven determinado polas percepcións subxectivas dos individuos, podendo dicirse en definitiva que, a identidade é pois, a resultante das representacións dese espacio.

2. MUSICAS TRANSTERRADAS

A capacidade da música como medio de evocación de identidades é algo evidente para calquera observador social, e non precisa de tediosas enumeracións de casos: identidades étnicas, políticas, de xénero, de grupos de idade, de clase social, de grupos que comparten formas de ocio, identidades deportivas, etc. etc. todas elas adoitan contar coa música en maior ou menor medida como un modo posible de expresa-la súa existencia. En razón da súa particular forma de realización, a música constitúe un dos mecanismos de interpelación social máis potentes, ó combinar eficazmente o valor referencial que o contexto cultural e os modos de representación poidan adscribirlle, cun

valor afectivo-emocional imposible de racionalizar (Baily, 1994, 48). Eso onde fai da súa percepción un todo conxunto, onde experiencia e reflexión confúndense, dotando así á interpelación que se pretende dende a praxe musical, da forza argumental propia do mito. Podemos considerar con Josep Martí, como etnicitarias, aquelas músicas capaces de expresar eficazmente o sentimento de identidade dun grupo cultural, dunha etnia (Martí, 1996). Pero do mesmo xeito que a identidade, ese "espacio de negociación" tal como antes o definíamos, pode adquirir tintes moi diversos, as músicas que presuntamente representan unha mesma etnicidade, poden diferir notablemente nos seus aspectos formais, ideacionais ou representativos, por segui-lo modelo tripartito de Alan Merriam (Merriam, 1964). Así, dentro dun mesmo grupo cultural poden propoñerse diferentes modelos de "música étnica", por exemplo, máis ancorados na tradición culta ou oral, ou máis progresivos. Tómese o caso da maior parte dos grupos étnicos das sociedades campesiñas europeas como representativo do primeiro, e o Jazz, música étnica por excelencia da poboación negra das clases populares en norteamérica, como exemplo do segundo. Sen embargo, é claro tamén que non calquera música é susceptible de acadar un rango de representatividade étnica suficiente, e que tal éxito depende en boa medida da capacidade destas propostas musicais para engarzar coa memoria histórica específica do grupo social ó que se dirixe. No caso da galeguidade, que temos estudiado en detalle, é claro que o contexto historicista e o mito do "volksgeist" tiveron un peso decisivo á hora de conformar unha versión etnicitaria para a música galega dende claves conservadoras. Esta versión, pulida ó longo da literatura etnográfica e ensaística do "Rexurdimento", afiánzase no primeiro tercio do século XX, e finalmente permanece hexemónica ó resultaren varrido polo franquismo calquera atisbo de alternativa en clave progresista, das que parecían agromar no galeguismo do período da II República (Costa, 2000). Non nos parece a priori, que unha aplicación estricta dos resultados e interpretacións que temos acadado respecto do estudio das expresións musicais da galeguidade dentro de Galicia, sexa totalmente pertinente para entender cabalmente o funcionamento e a percepción desta galeguidade por parte das comunidades de galegos de alén mar ou de fóra de

Galicia en xeral. Pero sí un bo punto de partida para ulteriores matizacións e aproximacións de caso, como logo anotaremos someramente.

A literatura etnomusicolóxica centrada en músicas transterradas, aínda que non moi abondosa respecto doutros eidos desta disciplina, conta xa con apartacións teóricas e estudios específicos que coidamos que haberá que ter en conta para unha abordaxe sistemática e profunda das expresións da galeguidade no exterior. A investigación sobre procesos de cambio dentro das culturas musicais, constitúe como ten sinalado Bruno Nettl un capítulo importante dentro da etnomusicoloxía das últimas décadas do século XX (Nettl, 2001). Nunha visión de síntese, Susana Asensio, quen ten estudiado polo miúdo o caso das músicas de comunidades de magrebís en Barcelona, apunta algúns aspectos peculiares deste tipo de estudios que queremos retomar e elaborar aquí, pola nosa parte, sinteticamente (Asensio, 1997).

En primeiro lugar, para comprender e valora-las manifestacións das músicas de colectivos de transterrados, hai que ter moi en conta a historia recente do país de orixe dos colectivos, e a súa relación co país de acollida, en definitiva a natureza xenética do fenómeno. Nótese que estamos a falar de músicas transterradas coa intención de poder integrar aquí calquera manifestación musical da galeguidade sexa cal sexa a natureza deste transterramento: emigración voluntaria ou forzada, económica ou política. Como anota Xosé Manuel Maceira, no seu estudio sobre a literatura galega no exilio (Maceira, 1995, 10-11), ás veces tende a confundirse emigración e exilio esquecendo tanto a natureza violenta do segundo –aínda que xa é abondo discutible que a emigración estrictamente económica non fose xa de por sí un xeito de violencia–, como as funcións de resistencia militante que a cultura tende a adoptar no caso da cultura do exilio. É tamén importante considerar no estudio destas músicas transterradas a estructura social do país de orixe e os criterios de selección social, política ou ideolóxica, das camadas de transterrados (no caso concreto do estudio das músicas de exiliados políticos, esta dimensión dende logo é obrigada para comprender e explica-las diversas formas en que esta cultura transterrada pode callar nos territorios de acollida);

as posibles diferencias étnicas, ou o grado de desenvolvemento socioeconómico do país de orixe, son tamén pertinentes como marco aproximativo ó fenómeno.

Un segundo nivel de atención, refírese ás estratexias adoptadas polos transterrados enfrontados ó choque coa cultura de acollida e ós procesos de integración ou enfrontamento entre culturas no plano da experiencia musical. As posibles reaccións destes grupos, van dende a asimilación total dentro das culturas de recepción, ata o enfrontamento e o reforzamento do local fronte á ameaza de perda dos riscos diacríticos da comunidade transterrada, pasando polos moitos graos posibles de hibridación e negociación de novos espacios identitarios, e xerando un abano amplo de posibilidades (Kartomi, 2001). No caso que aquí nos trae hoxe dun xeito máis específico, o rol da música como forma de resistencia cultural e política entre o exilio galego, a análise dos niveis ideacionais e performativos, é dende logo algo fundamental: coñece-las implicacións ideolóxicas dos discursos e da praxe musical, a súa relación con institucións e colectivos de exiliados, as tensións entre as comunidades de emigrados despolitizados e os recentemente chegados fuxindo da barbarie do 36, o rol das manifestacións musicais nas representacións da etnicidade desenvolvidas por estes colectivos, son, algunhas das metas ás que non debera renunciar un estudio destas características.

Finalmente, non se debera esquencer, en consonancia coa tónica predominante nos estudios etnomusicolóxicos destes últimos decenios, o acercamento ós fenómenos de cambio que o patrimonio musical dotado dunha carga étnica sofre nos contextos urbanos nos que radican os focos de transterrados. Xa anotamos como unha das posibilidades, que nun contexto ameazado pola asimilación, este patrimonio tende a ser valorado pola comunidade como unha sorte de "tótem" aglutinador da identidade étnica, e como tal, obxecto petrificado, estático. Mais esta apreciación non pode nega-los procesos de hibridación que inevitablemente se producen entre músicas populares que conviven nos mesmos espacios sociais, nin dende logo facer a un lado cos trocos que a nivel de percepción afectan a manifestacións musicais

que poden permanecer superficialmente inamovibles nembargantes, nos seus aspectos formais.

3. ANTES DO 36

Cando en 1936 unha nova xeira de galegos comeza o camiño do exilio, estase a escreber unha páxina máis desa historia entre tráxica e épica que constitúe o transterramento de galegos e galegas, dende o mesmo Antigo Réxime, pero moi particularmente, e con tintes xa preocupantemente masivos, dende a segunda metade do s. XIX. Ben e certo que quizais se trate da páxina máis dramática, en tanto que estes non fuxían como aqueles anteriores da fame que axexaba detrás dos foros e trabucos a esgalla que padecían, nin tampouco emprendían a aventura americana cos azos do aventureiro que procura o confort económico ou o recoñecemento social. Foxen, cómpre non esquecelo nestes tempos tan dados ó memoricidio sistemático e planificado, dunha morte posible e bastante certa en moitos casos, ou dunha morte lenta, dunha morte en vida, condenados ó silencio e a submisión baixo a ameaza imprevisible dun Réxime lexitimado pola violencia.

A chegada dos exiliados provoca un certo reaxuste nas comunidades galegas no exterior, moi numersosas e que contaban xa de feito con institucións vizosas en torno ás que se nucleaba á identidade grupal; esta presencia era especialmente forte en América, e de feito alá se radica o groso do colectivo de exiliados, cuantitativa e cualitativamente, polo que imos limitarnos no que segue a este espacio. Os Centros Galegos de cidades como Buenos Aires, Montevideo ou La Habana desenvolvían unha importante acción social que é sobradamente coñecida, e da que cómpre aquí destaca-la faceta musical. Noutra ocasión ocupeime da relevancia que o coralismo do período da I Restauración tivo, servindo mesmo ás veces como primeiro banzo para a formación dunha asociación de máis longos propósitos, como sucede no caso do Centro Galego da Habana, fundado en 1879, a partires da existencia da Sociedade Coral Ecos de Galicia. Os estatutos doutras agrupacións como o Orfeón Primitivo bonaerense declaraban que

> O seu obxecto é soster e estimular o espírito de rexión; fomentará a afección e instrucción musical entre os seus asociados, como así mesmo a instrucción literaria en xeral, establecendo, cando os recursos llo permitan, biblioteca e salón de lectura; e proporcionarlles, finalmente, toda clase de recreo e distraccións lícitas, como concertos, bailes, representacións teatrais, etc. Esta sociedade considerarase, ademais, obrigada a prestar o seu concurso, toda vez que lle sexa solicitado, para festas con fin patrióticos e benéficos" (Costa, 1997, 82)

Ó redor destas actividades artéllase unha identidade étnica na que o tipismo *enxebre* constitúe un lugar común. Quizais porque, como escribíamos naquela ocasión: "a identidade dos grupos fraguase moito máis conscientemente ó esgallalos do seu medio orixinal e situalos entre sociedades estrañas. É aí onde os símbolos identitarios vense forzados a perfilarse con moita maior nitidez, a facerse plenamente diferenciados" (Costa, 1997, 89-90), e remataba sinalando ata que punto estas simplificacións tipistas influíron determinadamente na propia imaxe que de Galicia se formaban os galegos da terra, do mesmo xeito que a percepción de España imposta pola imaxe dos viaxeiros estranxeiros e as campañas de promoción turística máis recentes, conleva en non poucos casos a aceptación por parte dos españois das corridas de touros, mesmo en lugares carentes de calquera tradición neste sentido. Así nos ven os outros: xa que logo, así somos, somos como nos ven. Os estudios verbo da emigración e implicitamente, das imaxes coas que o emigrado reconstrúe simbolicamente a súa identidade na terra allea, teñen feito repetidamente fincapé na utilización dos tópicos ruralistas, algo bastante predecible tendo en conta a procedencia social desa masa de emigrantes: o agro. "Cos retallos da súa cultura orixinaria, o emigrante galego, constrúe unha etnicidade simbólica, na que os elementos illados de aquela, utilízanse en novos contextos como signos diacríticos que permiten manter a diferencia" (González, 1997, 512). Carlos Sixirei retratábao así nun denso e fermoso parágrafo que recolle algúns dos símbolos máis potentes desta identidade reconstruida, ancorada no medio rural:

> O galego emigrante trataba, na medida do posible, de reconstruí-las súas formas de vida da outra banda do océano. Festexábanse as festas do patrón parroquial, celebrábanse romarías onde non faltaba a empanada, o cocido e a gaita. Mercábase casa propia cun hortalexo atrás onde cultivar grelos, patacas, cebolas ou leitugas, onde criar unhas galiñas ou uns coellos e onde plantar froiteiras ou flores. O bolichero, o conductor de autobús, o taxista ou o pequeno industrial, facíanse labregos por unhas horas na cidade vibrante de tráfico e cartaces luminosos. Barriadas enteiras de Caracas, Montevideo, Sao Paulo, Bos Aires, Mendoza, Córdoba, A Guaira, Bahía e A Habana, reproducían a pequena escala os amados eidos da afastada aldea: uns poucos metros cadrados pechados por un muro que se repetía monótonamente ó longo de rúas e rúas, servían para manter saudades, e alí, entre unhas matas de pementos ou o plantío de cebolas, á sombra garimosa da maceira ou a parra, o emigrante esquecíase da loita diaria en terra allea e ficaba xunguido pola imaxinación e a morriña ós prados familiares, ó milleiral abaneado polo vento, ás frondas da carballeira amada, ó tanxido dos sinos do solpor, ó lume da casa petrucial" (Sixirei, 1988, 123).

Era de agardar pois que fosen esas músicas de tradición oral, propias do mundo rural ou os arranxos das mesmas dende as convencións cultas, como os que practicaron como norma os numerosos coros e orfeóns ós que antes fixemos unha breve referencia, era de agardar decimos, que se convertesen naquelas terras alleas, en epítomes da galeguidade. A miúdo as recreacións literarias non fan senón dar fe da enorme capacidade interpelativa que estas músicas tiñan entre as comunidades de emigrantes. En *Historias de emigrantes,* Neira Vilas inclúe un relato curto "A Alborada"; nel un rapaz novo, emigrante en Buenos Aires que traballa nun bar, repara un día no feito de que entre os discos dispoñibles na máquina pinchadiscos, atópase un coa famosa "Alborada" de Pascual Veiga: "Puxo unha moeda. Acendéuselle a cara de ledicia. Mentres escoitaba, coa man dereita deuse en tamborilar nunha mesa. Todo se lle foi virando. Sentíase na aldeia. Veuse no monte aberto e na beira do río e nas

foliadas...". Afeito a escoita-la peza tódalas mañás como unha especie de tónico para afronta-la dura xornada, o rapaz remata por deixa-lo bar un día e marchar para outro, cando a máquina amolada, non fixo xa máis posible o feitizo de atoparse por uns intres na Galicia natal (Camba, 1997, 185-186).

Hai outro pequeno relato da man dun contemporáneo de principios do século XX, Francisco Vázquez Cores, do que publicaba o *Almanaque Gallego* en 1907, "Una muiñeira en gramófono". Nesta historia, un grupo de homes nunha libraría bonaerense discuten sobre a nacionalidade dunha rapaza que acaba de entrar no local; o dono, galego de orixes, proponlles a proba do nove para demostrar que a rapaza é, como el sostén, galega: vai poñendo no gramófono da tenda varios discos con melodías italianas, criollas, e finalmente, pincha unha muiñeira:

> ...muy hermosa por cierto, cantada por un nutrido y bien adiestrado coro de hombres y mujeres y con acompañamiento de gaita. Al preludiar ésta suavemente un así como motivo lejano de alborada, la muchachita, que estaba con la cabeza baja mirando para la niña, dejó ver un ligero estremecimiento, hizo ademán del que presta atención a un rumor lejano conocido, y fue levantando lentamente la cabeza como guiada por ese sentimiento auditivo, hasta fijar la mirada, un si es no es vaga, en el gramófono. Yo, que la observaba atentamente, pude notar que todos estos movimientos eran instintivos, automáticos. En este momento el coro entró acompañando a la gaita con un leve susurro que fue creciendo hasta convertirse en un alegro, y la muchachita seguía el canto con un embeleso tal, que parecía completamente abstraída del mundo exterior para oír solo los sentimientos de su alma. Siguió la muiñeira derramando sus melodías, ya en suaves y melancólicas cadencias, ya quebrándolas en alegres y retozonas notas, y la muchachita, como si su semblante fuera un límpido espejo de su alma, iba reflejando en él todas las fases de aquella música avasalladora. Hubo un momento en que pareció vibrar todo su ser y adquirir su cuerpo el rítmico movimiento con que nuestras garridas aldeanas se lanzan en las encantadas florestas gallegas a sus bailes favoritos. Su mirada brillante, sus encendidas

> mejillas, su respiración anhelosa, y la embriaguez que innudaba todo su ser, se resolvieron en un golpe de risa convulsiva al oir el potente aturuxo con que terminó la muiñeira (...). Yo, que al ir observando los naturales e inconscientes actos de la muchachita había sentido su influencia conmovedora en mi corazón, sentí que me faltaba la voz para preguntar a mis amigos si estaban convencidos de que era gallega; pero, felizmente, ellos exclamaron con toda espontáneidad: ¡Es gallega! (Vázquez, 1907).

Tal capacidade de evocación non parece que fose necesariamente minguada co transcorrer do tempo do emigrante en terra americana, senón que mesmo a distancia, física e temporal, podía facela aínda máis vívida e punzante, como relata nas súas memorias Antón Crestar:

> No ano 1961, unha mestra amiga miña, a señora Mirta S. de López, invitoume a falar na escola nº 43, na que ela daba clase de 6º ano. Os alumnos estaban estudiando Europa e pediume se eu quería falarlles de Galicia. Eu accedín de inmediato faleilles de Galicia, dos seus costumes, territorio, industria e diferentes peculiariedades do ser galego. Ó remata-la miña disertación tiñanme unha sorpresa que me produciu unha gran emoción. Ós rapaces de 6º aprendéralle-la mestra a canta-la "Rianxeira". Repito, foi para min un momento indescriptible (Sixirei, 1988, 221-222).

A conversión destas músicas en imaxes estereotipadas da galeguidade no exterior, tolerou consecuencias a nivel formal e de percepción que se ben tamén se dan nas músicas galegas territorializadas, adquiren no contexto da emigración perfiles máis acusados. Referímonos á estandarización e simplificación formal nuns patróns estáticos por unha banda, e pola outra á fixación nestes ítems dunha carga etnicitaria moito mais operativa precisamente nos contextos da emigración. Desenvolvidas cáseque en exclusiva por autores ligados oficial ou oficiosamente ó galeguismo, e fondamente debedora dos paradigmas do comparativismo e o evolucionismo en vigor, a laboura de

investigación etnográfica e os discursos eruditos tecidos en torno a estas músicas, tenderon a unha valoración do documento etnográfico como algo estático, susceptible dunha lectura en clave histórica, facendo ademais das manifestacións da cultura galega de tradición oral o auténtico depósito do volksgeist galego. Como xa temos demostrado polo miúdo noutras ocasións (Costa, 2001, 256-260) o proceso de folclorización paralelo a estas investigacións deu como resultado un repertorio caracterizado por unha imaxe de ruralidade, antigüidade inmemorial (velaí unha das aplicacións do mito murguiano do celtismo) e especificidade respecto doutros repertorios cercanos; porque a identidade só pode definirse por contraposicións: algo é distinto, porque é distinto de outros. Neste sentido resulta xa bastante sintomático que boa parte do patrimonio musical popular resultase sistematicamente rexeitado, expurgado das recompilacións e silenciado nos textos dos folcloristas. Estamos a falar de rumbas, habaneras, tangos, pasodobles, fox-trotes, e un longo etcétera, probas vivas e tanxibles dos procesos de transculturalidade que a mesma emigración e a globalización conlevaron, e que resultaron en troques, en razón das premisas ideolóxicas sobre as que se desenvolve a investigación, condenados a unha zona de silencio. No canto delas, outros xéneros como a "muiñeira", ou o "alalá", hexemonizan a representación da galeguidade; e mesmo a nivel instrumental, a gaita, emblema da galeguidade longamente construído polo menos dende o s. XVII, escurece totalmente ó humilde "pandeiro", a dicir verdade, instrumento moito máis usado e versátil dentro dos usos da música popular (Costa, [1999]).

Esta percepción restrinxida, esta imaxe que xira ó redor dun número limitado de tópicos, acada, insisto, unha aceptación mesmo máis forte na Galicia exterior do que no interior. A razón é doada de comprender: lonxe da terra, o emigrante tende a unha idealización do lar nativo: a memoria, necesariamente selectiva, constrúe unha imaxe baseada precisamente nas manifestacións máis diacríticas, máis enxebres, e se tal constructo resulta ademais validado polos discursos dos eruditos, entonces é claro que as posibilidades de representacións alternativas da galeguidade dende unha valoración en positivo dos elementos de transculturalidade, resultan cáseque

totalmente irrealizables, aínda que non imposibles. O emigrante, de novo Sixirei, tende necesariamente a unha idealización de institucións como a familia ou a patria: "Unha patria considerada en abstracto, cunha imaxe fomentada, que correspondía a estereotipos de carácter folclórico" (Sixirei, 1988, 154).

Nese contexto hai que entende-los éxitos apoteósicos que acadan os grupos de música popular que visitaban as comunidades de emigrantes, amplamente recollidos nos xornais americanos da época. É o caso do primeiro coro galego, o Aires da Terra do pontevedrés Perfecto Feijoo, cando en 1914 visita Arxentina acadando un éxito memorable (Calle, 1993, 71-77); as sesións incluían pezas de corte culto de Baldomir e Montes, entre outros, proxección de películas, lecturas de poesía e discursos e as actuacións do coro propiamente dito: Alalá, Alborada Popular (letra de Rosalía), Alalá de Betanzos, Muiñeira Popular, Foliada y Muiñeira, todo para gaita e coro (Vilanova, 1966, II, 996-997). Fóra o caso tamén das xiras previas do gaiteiro Xoán Míguez O Ventosela en 1908, ou máis tarde dos gaiteiros de Soutelo de Montes en 1929, dos Maravillas de Celanova, coa súa gaiteira Aurea Rodríguez, ou do coro ourensán Ruada en 1931, por citar algúns dos intérpretes máis emblemáticos, recollidos na ampla crónica de Alberto Vilanova (Vilanova, 1966, II, 992-1093). Neste contexto tamén se incardina a creación de moitos grupos musicais formados ó abeiro das institucións da emigración americana, e a imitación destes aquí mencionados, facendo do grupo de baile e música tradicional ou do coro galego segundo o modelo de Feijoo, Ruada e outros, unha parte cáseque obrigada dentro das actividades culturais destas institucións, como se deduce polas constantes noticias da súa actividade que dan os xornais e cronistas da época. Tales manifestacións nunha liña enxebrista puideran ter colisionado ocasionalmente con expresións da etnicidade musical xa amplamente aceptadas, como o era a vella tradición orfeónica do s. XIX e inicios do s. XX, dos Montes, Chané ou Veiga, amplamente considerada polas sociedades urbanas ou vilegas como un símbolo de prestixio local, pero tamén de galeguidade no seu conxunto, como ten demostrado o exame dos xornais daquel momento, e particularmente dos xornais galegos en América (Costa, 1999). Pero o certo é que o camiño máis ben pareceu sela síntese destas dúas

tradicións, como pode verse no caso da estética do coro ourensán Ruada. En 1935 a Sociedade de Beneficencia de Naturales de Galicia celebraba un "Festival da Música Galega" con motivo do 25 de Xullo; o folleto publicado con este motivo recolle sendos discursos sobre a música popular galega de José García e de Eugenio Carré, presentación das agrupacións musicais cubanas que tomaron parte no evento, como a Sociedad Coral de la Habana, a Banda del Cuartel General ou a Orquesta Filarmónica de la Habana, e o programa completo, integrado por pezas de clara vocación cultista: Montes, Freire, Courtier, Caballero, Marcial del Adalid, Lens Viera, Berea, L. Taibo, Castro Chané, Guede, Soutullo, Baudot, Vives, Luis Mª Fernández, Baldomir, Benedito, Otaño (trátase do divulgado arranxo sobre o orixinal de Montes: Balada Gallega-Negra Sombra) e Veiga, xunto con algúns arranxos, sen constancia de autor, sobre aires populares galegos (VV. AA, 1935; Costa, 1997).

A restricción en clave enxebrista que propuña a estética dos *coros galegos* limitaba enormemente pero non imposibilitaba, a elaboración de propostas musicais que fixesen ou superasen as premisas dos riscos formais destas músicas folclorizadas e as súas elaboracións máis sinxelas. En efecto, nos anos 20 e 30, comezaron a agromar dentro da escuálida tradición musical culta galega, propostas dunha música que sendo ó mesmo tempo galega fóse tamén contemporánea nos seus prantexamentos formais. É o caso de Bal y Gay nos anos 30 e quizais dalgún autor máis, pero que hai que ver como algo francamente excepcional no contexto galego do momento (tanto no interior de Galicia como na Galicia emigrante), e que dende logo, non acadou nin por asomo a representatividade da galeguidade que detentaban manifestacións como a vella tradición orfeónica, debidamente anovada nas propostas das sociedades polifónicas, ou as mencionadas elaboracións máis ou menos progresivas das músicas de tradición oral. Tal é en trazos xerais o panorama que os exiliados atopan en América á súa chegada.

4. CONTINUIDADES E NOVAS PROPOSTAS DENDE O EXILIO.

Málla ter clara a nivel conceptual a distinción entre emigrados e exiliados "sensu strictu", non parece doado establecer unha segmentación metodolóxica

ou de campo clara entre o estudio das músicas da emigración e as músicas do exilio. Esto é así pola evidente razón de que os exiliados non van conformar unha comunidade galega totalmente á parte, senón que en maior ou menor medida, vanse integrar dentro das institucións que os galegos fundaran na emigración, e polo mesmo feito de que moitos destes emigrantes que alá se atopaban convértense automaticamente en exiliados logo de 1936. É certo que o axuste non foi total, como amosan as liortas entre partidarios da legalidade republicana e franquistas, polo control do Centro Galego de Buenos Aires, nos primeiros anos da Guerra. Nembargantes, co tempo, a perda de esperanza nunha restauración republicana a partires da década dos 50, cando era xa claro que a Dictadura contaría no sucesivo coa bendizón das Democracias, e o propio agotamento biolóxico desta xeira de exiliados, diluirá estas diferencias de xeito importante (Beramendi & Nuñez, 1995, 175-187). Pola outra banda, a cultura do exilio, e particularmente a do galeguismo militante, é herdeira para mal ou para ben, das liñas de interpretación que ata ese momento se viñan mantendo, e que, no que ó musical se refire, temos exposto sumariamente máis arriba, e dicir: do predominio das estéticas enxebristas e conservadoras, mais tamén do agromar de correntes en clave progresiva paralelas ó que por exemplo nas artes plásticas se coñece como a Xeración dos Novos: Souto, Laxeiro, Maside, Seoane, etc. (Castro, 1992, Pérez, 1997a). No caso da cultura do exilio entrelázanse estreitamente os tópicos das músicas emigradas que antes sinalamos coas demandas específicas que impón a necesidade dunha acción cultural belixerante: á imaxe musical de Galicia, non só debe seguir sendo unha imaxe que cumpra roles de representación etnicitaria, senón que ademais debería, polo menos en teoría, transmitir un algo diferencial respecto das imaxes que o españolismo vai elaborar de Galicia; especialmente cando, ao fío de mediados de século, o Réxime comece a aproveitar arreo as funcións de embaixada oficiosa que exercían os grupos de Coros y Danzas da Sección Feminina, dos que falaremos logo. Como un caso excepcional de músicas militantes cómpre menciona-lo *Cancioneiro da loita galega* rescatado do esquecemento por Alonso Montero hai pouco tempo, e publicado orixinalmente en México en 1943 (s. a., 1943); mágoa que non é posible supoñer cales

puideran selas músicas con que se cantaban moitos dos textos que contén, pero en calquera caso o seu interese sociolóxico é evidente por tratarse quizais do único cancioneiro de guerra publicado en galego.

Nas fontes accesibles a este lado do Atlántico, non atopamos un conxunto de estudios específicos, nin por descontado ningún estudio serio de síntese, do que foi a praxe musical nese contexto do exilio, entre 1936 e 1975. Pero si contamos con un corpus xa notable de estudios sobre a galeguidade do exterior neste período, especialmente polo que respecta á cultura literaria (libros, revistas, xornais, etc.) ou ás artes plásticas. Nestas fontes atopamos ocasionalmente informacións sobre actividades musicais e valoracións sobre o papel da música como aglutinante da colectividade galega no exterior; tamén é posible rastrexar conflictos como o que suscita a apropiación e potenciamento por parte do franquismo, dos repertorios folclorizados que a tradición etnográfica galega tiña elaborado nas décadas precedentes: representacións agora dun "sano regionalismo", dunha galeguidade integrada dentro da comunidade mística e indivisible de "los pueblos de España". ou o conflicto entre versións etnicitarias para a música galega, ben en clave conservadora ou ben progresista, que quedara pendente de resolución xustamente no contexto histórico da II República; ou, finalmente, o impacto sobre estas versións etnicitarias da música galega no exterior, de fenómenos como o movemento "folk" ou a "canción protesta" a nivel internacional, e o propio reaxuste destas imaxes á que obriga a realidade biolóxica imposta polo relevo xeracional, e a substitución de galegos nativos, por galegos de segunda ou terceira xeración: arxentinos, uruguaios, ou estadounidenses de antergos galegos, plenamente integrados dentro do que foran no seu día, as sociedades de acollida.

Desta primeira aproximación a datos puntuais, parece desprenderse que en termos xerais na Galicia do exilio as versións etnicitarias que no musical se viñan manexando dende o primeiro cuarto de século XX dende as claves do enxebrismo, puideron convivir, quizais nunha posición de hexemonía polo que se refire ó cuantitativo, con propostas esteticamente máis á vangarda pero de carga etnicitaria moito máis diluída; en calquera caso a evolución do imaxinario musical da galeguidade, debeuse máis a estímulos exteriores –movemento

"folk", músicas celtas, procesos de globalización e transculturación en contextos urbanos, etc.– que a estímulos nados dunha necesidade de reelaboración dende as propias comunidades galegas do exterior. Nun contexto no que a cultura galega, e especialmente a da Galicia exterior, internacionalízase e ábrese cada vez máis ás influencias externas, son posibles reaccións diversas, como as que explicitamos ó inicio deste traballo: exacerbación do enxebrismo, asimilación e perda de sinais diacríticos, ou negociacións entre estes dous polos; en calquera caso, é claro que a percepción da identidade étnica vese na necesidade de redefinirse nun novo contexto.

Referíndose á arribada a Buenos Aires dos Coros y Danzas da Sección Femenina de Falanxe en 1948, Alonso Montero pregúntase cal sería a estratexia seguida polo franquismo para lograr que institucións tan pouco sospeitosas de conivencia coa Dictadura na década dos 40, como o Centro Galego daquela cidade, admitisen a actuación deste colectivo no seu local. No fragmento da carta que reproduce, dirixida polo presidente do Centro a Otero Pedrayo, atópase en boa medida a resposta, como o autor mesmo aprecia:

> No quiero por último, dejar de decirle que hemos tenido la satisfacción de recibir en nuestra sede social al conjunto de jóvenes gallegas que formaban parte del conjunto "Coros y Danzas de España", quienes luego de un pequeño *lunch* nos deleitaron con sus bailes y cantos típicos que nos transportaron por unos momentos a nuestra verde y lírica Galicia" (Alonso, 1995, 110).

O papel de Coros y Danzas como medio de encadramento das mulleres das clases medias e baixas, organización ó servicio da creación dun folclore español coherente co nacionalismo de Estado vehementemente propugnado polo franquismo, e instrumento de eficaz propaganda exterior do Réxime so capa dunha aséptica manifestación artística, ten sido xa sinalado en varios traballos dun xeito exhaustivo (Gallego, 1983; Casero, 2000). As responsables da organización, eran moi conscientes da transcendencia que tiñan estas actuacións internacionais para un Réxime politicamente cercado, logo de 1945, e non esaxeraba Pilar Primo de Rivera ó recibi-las expedicionarias á súa volta

sinalando que "No podeis imaginarios, camaradas realizadoras de esta prodigiosa empresa, el servicio que habeis prestado a España" (Casero, 2000, 50). Téntase vender unha mensaxe de superación das diferencias políticas que provocaran o drama do exilio, pola vía da apelación sentimental, da que os exiliados, afastados da terra, e cada vez con menos esperanzas dunha volta inmediata, serían a cada día presa máis fácil. No traballo de Estrella Casero que vimos citando, dáse conta da película realizada en 1951 por Ladislao Vadja, *Ronda Española*; o argumento xira ó redor daquela viaxe internacional de Coros y Danzas, con anécdotas como a dos exiliados disidentes, alborotadores que tentan sabotear unha das actuacións do grupo, pero que finalmente, ó veren anunciados nos programas de man os bailes das súas respectivas provincias, emociónanse e permiten a actuación; ou a historia de amor entre unha corista e un exiliado "rojo", que remata coa volta a España do segundo, redimido da súa perversión política polas virtudes do amor e o catolicismo. O diálogo sostido entre os amantes en terras americanas, non ten desperdicio en canto a esa mensaxe de reconciliación –dentro da nova orde– que se quere transmitir:

> (Ela) ¿Te pasaría algo al llegar a España?
> (El) ¿Qué dices?
> (Ela) Si esperas ser detenido
> (El) Yo, he sido un simple soldado
> (Ela) Entonces Pablo....
> (El) No quiero ser un vencido.
> (Ela) En España, no hay vencidos.

Non sei ata que punto a influencia da estética hiperfolclorizada de Coros y Danzas, foi determinante na evolución que terían as agrupacións musicais galegas en América; pero coido que, malia a resistencia primeira do exilio militante a aceptar esta imaxe dunha música galega identificada sen máis co pintoresquismo ruralista e á apropiación e manipulación sentimental por parte do franquismo da tradición folcloristas, o certo é que a influencia desta proposta idílica e desmovilizadora, non debeu de ser pequena a partir da década dos 60, a medida que a influencia das embaixadas españolas comezou

a deixarse notar con forza nas institucións asociativas dos galegos do exterior, e a medida tamén que a propia militancia política do exilio tendeu a debilitarse pola distancia e o tempo. Alberto Vilanova menciona a fundación de novas agrupacións folclóricas en Buenos Aires, con posterioridade ós anos 50: Coro Residentes de Vigo (1953), Coro Brétemas e Raiolas (1953, dirixido por Julio Anta e segundo o modelo enxebrista do coro Aires da Terra de Feijoo), Coro Arrieiros de Mos (1959) (Vilanova, 1966, II, 1424-1429); pero habería que facer unha aproximación de detalle á súa laboura para acadar unha avaliación sopesada do conservadorismo ou progresismo que puideran ter estas propostas.

No que se refire ó terreo académico, hai que dicir que os traballos de investigación sobre músicas de tradición oral en Galicia, que parecían entrar co tándem Torner-Bal, ou coas liñas apuntadas por Viqueira nos escritos que dedicou a esta cuestión, polos rueiros da normalización dentro do contexto académico internacional (Costa, 2000, 419-442), vanse ver interrompidos de súpeto. Esto obedece tanto á escaseza de investigadores especializados, como á imposibilidade obvia de ampliar ou revisa-lo feito sobre o terreo en Galicia. Así, os traballos publicados no exilio, se ben non exentos ocasionalmente de méritos literarios, e sendo mesmo notables traballos de compilación, non aportan nada novo ó dito ata o de entón por autores anteriores. É o caso de *Danzas Populares Gallegas* de Francisco Fernández del Riego (Fernández, 1950), ou do apartado que Emilio Pita escribiu sobre música e danza para a monumental Historia de Galicia dirixida por Otero Pedrayo. Pita recolle en conxunto as interpretacións que elaboraran Manuel Murguía e Santiago Tafall dende un século antes ata a segunda década do s. XX: atlantismo, celtismo, relacións entre música culta e tradicional no contexto histórico do medievo, etc. e aínda que rende tributo ós tópicos destes autores, tamén recolle interpretacións máis recentes, como a de Xesús Bal formulada en 1940 (Bal, 1973) respecto da improbable antigüidade inmemorial da muiñeira (Pita, 1962, I, 775). Máis interesantes poderían ter sido as aportacións de Bal y Gay, quen sen poder dispoñer dos materiais que recollera nas campañas anteriores a 1936 e centrado cada vez máis na crítica, no ensaio e na composición nunha liña

lonxe de calquera enxebrismo, limitouse en varias ocasións a reformular dende distintos ángulos o exposto na década dos 30 por el mesmo, con pequenas matizacións puntuais, pero sen engadir ningún traballo realmente significativo, ata a reedición dos materiais que finalmente conformarían o *Cancionero Gallego*, xa en 1973 e en Galicia. É o que fai na súa colaboración no número extraordinario da revista *Galicia* de Buenos Aires con motivo do 25 de Xullo de 1940 antes citada, ou na breve ponencia ó I Congreso da Emigración (1956), onde retoma a súa teima por lograr unha formulación da música galega culta asimilando a tradición dentro dos cánones expresivos da música contemporánea (Bal, 1956)[1660].

Esta posición de relativo inmobilismo polo que se refire á investigación repercute necesariamente nun reforzamento da impresión fosilizada que as músicas de tradición oral ofrecen, xa de por sí nun contexto altamente mediatizado polas percepcións folclorizadas do repertorio. Non atopamos nas lecturas feitas, discursos significativamente disonantes coa tradición do enxebrismo así forxada. Se acaso apúntanse novas posibilidades pero sen rexeitar explicitamente a carga conservadora que implicaban as propostas en clave enxebrista. Pode selo caso de Luis Seoane, considerado en xeral polos estudiosos da cultura do exilio como un home aberto a interpretacións en clave progresista da arte galega, e capaz dunha laboura de debuxante e pintor nesta liña (Díaz, 1997; Pérez, 1997b, 232-236; Alonso, 1995, 107); nos textos radiados dende *Galicia Emigrante (*Braxe & Seoane, 1994, 385-398)[1661]*,* Seoane recrea algúns tópicos dignificantes para a música galega tomados de comparacións propias dos tempos de Varela Silvari; elabora a semblanza agarimosa dos músicos do país como Manolo Quiroga; apoia e difunde as ideas expostas anos antes por Xesús Bal referidas ó ballet galego, e mesmo aplaude

[1660]Excusámonos aquí de entrar máis a fondo na relevancia da obra de Bal, de cuias posicións estéticas e papel no contexto musical galego ata a Guerra Civil, xa nos temos ocupado noutra ocasión anterior (COSTA, 2000, 427-435), e toda vez que existe nesta mesma sección unha ponencia da miña colega e amiga Rosa Fernández, na que se trata exaustivamente da significación de Bal y Gay no contexto musical do exilio.

[1661]Trátase de oito textos: "Música popular galega. Glinka e Gluck"; "Cara o ballet galego"; "Un ballet galego"; "O violinista Manolo Quiroga"; "A poesía galega na obra do compositor Julián Bautista"; "Por un ballet galego"; "Galicia na obra do músico arxentino Maiztegui"; "A canción e a literatura de protesta: Raimón, Oroza, Novoneyra".

as propostas máis anovadoras que dende ángulos distintos véñense propoñendo, como é o caso da estrea en Vigo do ballet "Fantasía Galaica" con coreografía do bailarín Antonio e música de Halffter (1956) ou a laboura do *Ballet Gallego Rey de Viana* . Noutra ocasión, Seoane glosa as críticas musicais suscitadas pola estrea en "Música en Compostela" da cantata *Macías o namorado* do músico arxentino Isidro Maiztegui, quen fora director da Coral Terra A Nosa de Buenos Aires, dependente do Centro Orensano, entre 1946-1963, en que esta agrupación desaparece integrándose no coro da Casa de Galicia (Vilanova, 1966, II, 1428-1429); a cantata baséase en textos de Cabanillas, Otero Pedrayo e De Lorenzo, e respecto dela Seoane fai súas as palabras do crítico de *La Voz de Galicia* nas que se percibe a tensión entre unha expresión esteticamente anovada e cobizosa, e a lígame, sempre desexada, con aqueles tópicos etnicitarios socialmente recoñecidos:

> A estructura da cantata de Maiztegui, está concebida dentro da mellor informada vangarda musical, e por suposto, volve de costas ao folklore, mais os seus coros teñen algo interno que os liga ao noso espírito relixioso-campesino e evocan unha música nosa gregoriana que entronca coa zanfona e o organistrum" (Braxe & Seoane, 1994: 395) [o subliñado é noso].

Dende o seu talante aberto, Seoane albiscou tamén as posibilidades que os movementos da canción protesta poderían ter como unha ampliación das posibilidades de representación da galeguidade no eido do musical, citando os modelos propostos por Atahualpa Yupanqui, na Arxentina, e Raimon en España, entre outros; neste caso dende logo coa simpatía a maiores que concitaba nun exiliado republicano a militancia belixerante dos textos destas cancións. E efectivamente será este, outro punto de esgazamento entre a imaxe enxebrista da música galega e as novas propostas, aínda que a súa relevancia social non vai ir máis alá dos pequenos circos da intelectualidade estudiantil, correspondendo xa as súas variantes máis popularizadas ó marco histórico da transición e á incipiente democracia en España. Trátase ademais dun esgazamento que ten as súas raizames no exterior de Galicia, pero que

repercute tamén nese outro exilio interior, o da *Longa Noite de Pedra* do poeta Celso Emilio Ferreiro, como amosa a alternativa proposta dende formas da música popular que, aínda que ocasionalmente alimentadas na tradición oral, presentábanse como un desmarque respecto dos tópicos do folclorismo precedente, cando non como una franca reacción contra eles. É o caso da "nova canción galega" e Voces Ceibes (Araguas, 1991), que desenvolvidos no "exilio interior" tiñan dende logo a súa orixe nos movementos similares de fora, e entre eles os citados por Seoane máis arriba. Da súa intención deixou dito Celso Emilio Ferreiro nos seus primeiros momentos –1968–:

> Fai moito tempo que nós propuxemos a nova canción galega tal e como vós o estades facendo agora [en referencia ós protagonistas do movemento da *Nova Canción*]. Considerábamos que o folclore, a punto de morrer, era pouco menos que unha música de arquivo. Había que darlle ao pobo nova canción, de acordo con meios de difusión modernos" (Ferreiro, 1980).

Esta vontade de ruptura cos tópicos do folclorismo –usados *ad nauseam* polas retóricas do franquismo– facilitou unha revisión consciente da propia identidade musical, como declara un dos protagonistas daquel movemento, Benedicto García:

> Estaba claro que o noso [a canción de Voces Ceibes] era un asunto de canción en galego, monolingüe (non se fora repeti-lo de Serrat co *la, la, la* eurovisivo) e con contido abertamente social (pobre eufemismo) Ademais non podía ter nada de folclore, no formal, polas connotacións inmediatas que aquel tiña cos grupos de Coros y Danzas de la Sección Femenina de Falange" (García, 1998, 263).

Outras reformulacións da identidade, como a proposta en clave progresiva primeiro timidamente, e logo dun xeito máis aberto, polo movemento "folk", semellan ter tamén na galeguidade exterior un dos seus puntos de arranque a través do uso da etiqueta do celtismo. En 1964 o Centro Gallego de Buenos Aires, organizou un "festival céltico" no Luna Park, a beneficio da Real Academia Galega. Segundo a crónica de Vilanova:

> Concurrieron el conjunto escocés y banda de gaiteros de la *Sociedad de S. Andrés*; conjunto *Alegría* del Centro Portugués; *Sociedad Irlandesa Cruz y Trébol; Coro universitario de la Facultad de Filosofía y Letras* y los coros gallegos *Brétemas e Rayolas* [sic] y *Residentes de Vigo*, dirigidos por Julio Anta; *Rosalía de Castro* y *Arrieiros*, dirigidos por Antonio Maceira, y la *Asociación Coral Breogán* dirigida por Cesáreo Rodríguez" (Vilanova, 1966, II, 976-977).

En calquera caso, as proxeccións máis interesantes destas novas tendencias, e as reformulacións da identidade musical galega que delas se desprenden polos camiños do *folk,* son xa máis un producto posterior a 1975 que anterior (Estévez, 1998).

No terreo da composición culta, habería que ter en conta o papel de músicos galegos de segunda xeración, como a ampla familia dos Castro (Juan José, José María, Washington) ou de galegos decididamente integrados dentro da vida musical exterior, como é o caso de Andrés Gaos. O feito de dirixi-la súa producción a un público culto, limita obviamente a súa capacidade de interpelación masiva á comunidade galega; por outra banda, a producción sobre elementos formais ou textos tomados do fondo patrimonial da música galega, non é norma nestes autores, agás algúns exemplos de obras de Gaos ou de Juan José Castro. A posición dos compositores de vangarda en América, máis ou menos vencellados a Galicia, proporcionan tamén un espacio interesante para reflexionar sobre as dificultades que a galeguidade topou de cara a artellar unha alternativa cultista fronte ó tópico enxebrista. Porque, como xa temos comentado con anterioridade (Costa, 1997), o certo é que existe unha tensión entre o cosmopolitismo que impregna estas propostas, e o grao de representación étnica socialmente operativo que chegan a acadar. É o caso da obra de Bal, novamente, ou, aínda que doutro xeito distinto de Carlos García, compositor nado en Betanzos en 1922 e vencellado á creación máis vangardista feita dende Galicia (Neira, 1995, 125-132; Carreira, 2000, 1018-1020). En calquera caso a súa influencia na imaxe da "música galega" non pode

esquecerse, especialmente polo que respecta ás imaxes que poidan forxarse nun futuro inmediato.

De todo o exposto atá aquí é facilmente deducible o feito de que a praxe musical constitúe, xunto con outras facetas da actividade cultural dos galegos transterrados, un espacio non menos relevante do que foron outras manifestacións como as artes plásticas ou a literatura, que teñen sido nembargantes moito máis consideradas dentro da historiografía social do fenómeno da emigración e/ou o exilio. Unha vez máis, estamos ante un amplo espacio aberto que cómpre abordar con ferramentas interpretativas máis alá do mero documentalismo, malia que este teña dende logo a súa xustificación. En concordancia coas tendencias máis recentes dunha musicoloxía integradora, traballos como os de Norberto Pablo Cirio respecto da pervivencia e procesos de cambio das músicas étnicas galegas entre os emigrados/exiliados na Arxentina, amosan a elasticidade da etnicidade nas sociedades e o dinamismo que a etiqueta da galeguidade pode asumir en contextos de cambio cultural (Cirio, 1999). Elo lévanos a voltar sobre a reflexión que abría este traballo: a valoración do carácter dinámico das expresións da etnicidade, e a consideración da expresión da galeguidade no eido do musical, primeiro dende as claves e condicionantes históricas do fenómeno da emigración no s. XIX, e posteriormente, dende as posibilidades que se abren no s. XX no contexto da globalización cultural internacional, dende a propia evolución interna das comunidades de exiliados –convertida a súa estadía en definitiva en moitos casos a partires dos anos 50– e, cómpre non esquecelo, dende o papel do *retorno* na conformación duha imaxe da música galega actualmente operativa na propia Galicia territorial.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

Alonso Montero, Xesús (1995): *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Araguas, Vicente (1991): *Voces Ceibes*, Vigo, Xerais.

Asensio, Susana (1997): *Música y Emigración. El fenómeno musical marroquí en Barcelona* [PhD Dissertation] Universidad de Barcelona.

Augé, Marc (1995): *Los "no lugares". Espacios del anonimato,* Barcelona, Gedisa.

Baily, John (1994): "The Role of Music in the Creation of an Afghan National Identity, 1923-1973", en Stokes, Martin (ed.) *Ethnicity, Identity and Music,* Oxford-New York, Berg, páxs. 45-60.

Bal y Gay, Jesús (1956): "O problema dunha música culta galega", en *Primeiro Congreso da Emigración Galega*, Buenos Aires, Nós, páxs. 181-182.

Bal y Gay, Jesús (1973): "Panorama de la música popular gallega", *Grial*, 41 (reproduce un orixinal publicado na revista *Galicia* do Centro Gallego de Buenos Aires, en xulio de 1940).

Beramendi, Justo G. & Núñez Seixas, Xosé Manuel: (1995) *O nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra.

Braxe, Lino & Seoane, Xavier (eds.) (1994): *Escolma de textos da audición radial de Luis Seoane «Galicia Emigrante»*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro (1ª ed. 1989).

Calle, José Luis (1993): *Aires da Terra. La poesía musical de Galicia,* Pontevedra, ed. do autor.

Camba Sanmartín, Xabier (ed.) (1997): *A Nova Narrativa. Antoloxía*, Vigo, AS-PG.

Carreira, Xoán Manuel (2000): "López García, Carlos" en Casares, Emilio (ed.) *Diccionario de la Música Española e Hispanoamericana, vol. 6,* Madrid, SGAE, páxs. 1018-1020.

Casero, Estrella (2000): *La España que bailó con Franco. Coros y danzas de la Sección Femenina*, Madrid, Nuevas Estructuras.

Castro, Antón (1992): *Arte y Nacionalismo,* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Cirio, Norberto Pablo (1999): "La música tradicional gallega en la Argentina. Permanencia y proceso de cambio a partir del proceso migratorio", *Anuario da Gaita*, 14, páxs. 97-106.

Costa, Luis (1997): "A música da Galicia exterior", en *Galicia Terra Única, A Galicia Exterior,* Santiago, Xunta de Galicia, páxs. 80-91.

Costa, Luis (1999): "Etnicidade, nacionalismo e internacionalismo no coralismo galego da segunda metade do s. XIX", en *Actas do Congreso sobre Juan Montes*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, páxs 103-136.

Costa, Luis (2000): *La formación del pensamiento musical nacionalista en Galicia hasta 1936* [PhD Dissertation], ed. en CD-ROM: *Tesis Humanidades 1999*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago.

Costa, Luis (2001): "Música e galeguismo: estratexias de construcción dunha identidade nacional galega a través do feito musical", en González Reboredo, Xosé Manuel (ed.) *Actas do Simposio Internacional «Etnicidade e Nacionalismo»*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, páxs. 249-283.

Costa, Luis, ([1999]): "Las rumbas olvidadas: transculturalidad y etnicización en la música popular gallega", *Actas del Coloquio do ICTM «Musica en España y música española: Identidades y procesos transculturales»* (Oviedo, decembro de 1999. No prelo).

Díaz, Xosé (1997): "Seoane: Galicia desde América" en *Galicia Terra Única, A Galicia Exterior,* Santiago, Xunta de Galicia, páxs. 243-251.

Estévez, Xoán Manuel (1998): "Un novo estilo para a música galega. O nacemento da música folk", en *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. Música (1),* Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, páxs. 201-223.

Fernández del Riego, Francisco (1950): *Danzas Populares Gallegas,* Buenos Aires, Ediciones Galicia del Centro Gallego.

Ferreiro, Celso Emilio (1980): "Carta de Celso Emilio Ferreiro a Xavier González del Valle" en Rivas, Manuel (ed.) *Historia e futuro da música e a canción galegas,* A Coruña, Ruada, páxs. 5-6.

Gallego Méndez, Mª Teresa (1983): *Mujer, falange y franquismo*, Madrid, Taurus.

García Villar, Benedicto (1998): "Crónica da canción galega: 1965-1975" en *Galicia fai dous mil anos. O Feito diferencial galego. Música (1)*, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, páxs. 253-276.

González Reboredo, Xosé Manuel (1997): "Aproximación a la identidad del emigrante gallego" en *Galicia-Antropología, vol. XXVI,* A Coruña, Hércules, páxs. 493-521 (cap. 12).

Kartomi, Margaret (2001): "Procesos y resultados del contacto entre culturas musicales: una discusión de terminología y conceptos", en Cruces, Franscisco (ed.) *Las culturas musicales*, Barcelona, Trotta, páxs. 357-382. 1ª ed. en inglés en *Ethnomusicology*, 25-2; 224-249 (1981).

Maceira Fernández, Xosé Manuel (1995): *A literatura galega no exilio,* Vigo, Do Cumio.

Martí, Josep (1996): "Música y etnicidad: una introducción a la problemática", *Trans* (revista electrónica de la SIbE): www.sibetrans.com/trans/trans2/marti.htm.

Merriam, Alan (1964): *The Anthropology of Music,* Evanston, Northwestern University Press.

Neira Vilas, Xosé (1995): *Memoria da emigración II,* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Neira Vilas, Xosé (1997) "A Alborada", en: Camba Sanmartín, Xabier (ed.) *A Nova Narrativa, Antoloxía*, AS-PG, Vigo, páxs185-186.

Nettl, Bruno (2001):"Ultimas tendencias en etnomusicología", en Cruces, Franscisco (ed.) *Las culturas musicales*, Barcelona, Trotta, páxs. 115-154. 1ª ed. en inglés en Myers, Hellen (ed.) *Ethnomusicology: An Introduction.* London, McMillan Press, páxs 375-399 (1992).

Pérez Rodríguez, Mª Antonia (1997a): "Concepción e recepción da imaxe do movemento renovador" en *Galicia Terra Única, A Galicia Exterior,* Santiago, Xunta de Galicia, páxs196-209.

As súas obras máis importantes son as seguintes: *Mai e filha*[1695] -peza en dous actos e estreada nun festival do Centro Cultural de Betanzos, no ano 1932-, *Un ovo de dúas xemas* –edicións do Rueiro, Bos Aires, 1956: peciña en dous actos e estreada polo conxunto teatral da sociedade coral Os Rumorosos, dirixida por Prieto Marcos-, *Enguedello* –estreada en 1939 polo mesmo conxunto anterior e na que actuarían dous escritores que hoxe están entre nós: Anisia Miranda, no papel de Antona, Xosé Neira Vilas, no de Xurxo- *Para isso sou teu amigo* –comedia en tres actos, escenificada polo conxunto Lugrís Freire do Centro Provincial Coruñés, en abril de 1952- *Ugío* –coa cidade vella da Coruña como pano de fondo, representada tamén polo mesmo conxunto anterior, en xuño de 1953-, *Catro estampas de Beiramar (O amor da costureira, Un home de mala sorte, Agora xa é tarde e No areal)*, edicións do Rueiro, Bos Aires, 1961- e tres pezas publicadas nos cadernos da escola dramática galega[1696]: *A nossa Terra é nossa*, que trata do tema da emigración e na que sosteñen a acción tres personaxes ben representativos (o vello –con conciencia do noso e maldicindo a emigración-, a nora –que secunda á vello- e o netiño –única esperanza dunha Galicia sen emigración); *Un remedio malfadado* –de novo, o tema da emigración, esta vez a Europa, contra a que se rebela o neno, que corre pateticamente detrás de seus país, negándose a quedar na aldea-; e *O afiador*, que se basea nunha anécdota real e que é un personaxe que representa o sentimento moral nas relacións de parella.

---

ruadas, recollidas do folclore popular e algunhas da súa autoría (vid. *Escolma de antigas galegas*, edición da Caixa de Aforros de Ourense, Bos Aires, 1984).

[1695] Esta peza, coma todas a que o noso autor ten escritas e non pulicadas, teñen a grafía do que el chama galego reintegrado, postura que mantén afervoadamente xa desde os seus priemiros escritos periodísticos e que hoxe comparte cun grupo de galegos en Bos Aires, que fan escola.

[1696] Op. cit.

O feito teatral máis significativo dos anos trinta ocorre con Manuel Daniel Varela Buxán, que chega a Bos Aires en 1930. As súas obras van encher os teatros comerciais, cun público fiel e afervoado de emigrantes galegos, que establecen unha relación de simpatía inusitada coa súa fórmula teatral.

No ano 1932, xa rematada a súa primeira comedia, matina na formación dun grupo teatral para representar as súas obras. Primeiramente, asiste a cantas representacións se celebran nos estrados societarios e el mesmo participa no coro Lembranzas da Terra, que tiña frecuentes actuacións na colectividade, para familiarizarse cos principais actores: Maruxa Villaneva –que sería a súa primeira muller, coa que casaría en Montevideo, en 1941-, Maruxa Boga, Eva Carreras, Fernando Iglesias "Tacholas", Alfonso Costela, Antonio Cubela. Reúnese con eles e exponlles a súa idea. Sen demora, póñense a ensaiar en distintos sotos de cafés de amigos galegos da cidade e, despois de cinco meses de ensaio, ten lugar a presentación da Compañía Galega Aires da Terra, o 30 de novembro de 1938, no Teatro Maravillas de Bos Aires, coa estrea da súa primeira comedia *Se o sei…non volvo á casa.* A alegría de todos polo éxito de público foi grande e este acontecemento abriulle as portas para traballar nos mellores teatros arxentinos.

En efecto, o teatro de Varela Buxán marca o protagonismo da década do trinta e seis ó corenta e seis. Cada ano, entre xullo e setembro, estaba asegurada unha temporada de teatro galego:

> En 1936 apareceu o verdadeiro pioneiro do teatro galego na Arxentina, M. D. Varela Buxán. Este mozo da Estrada, coas súas obras debaixo de brazo, cun tesón e patriótico entusiasmo por dar a coñecer, na máis grande das cidades galegas, as cousas de Galicia, convenceu e reuniu ó grupo de intérpretes con dominio do idioma galego máis capaces, para integrar a Compañía Galega Maruxa Villanueva; visitou empresarios teatrais, primeiro indiferentes, posteriormente interesados, e así foi como ata 1944 a colectividade galega de Bos Aires gozou sempre, en plena temporada e nos

> teatros de primeira liña, de espectáculos dignos, onde vían reflectidos en escena tipos familiares da terra nativa[1697].

A tríade Varela Buxán-Maruxa Villanueva-Iglesias "Tacholas" funcionou harmonicamente. Autor e parella artística, acompañados por un elenco de actores entusiastas e co agarimo do público, viviron intensamente este momento teatral, representando as obras do autor estradense: *Se o sei non volvo á casa* e *Pola nosa culpa*, estreadas en 1938 e 1939 respectivamente; *Galicia canta*, en 1939; *A xusticia dun muiñeiro*, en 1940; *Taberna sen dono*, 1941; *O ferreiro de Santán*, 1941; *¡Meu pai!*, 1941; *Triste retorno*, 1941; *O brazo partido*, 1941.

Varela Buxán recorda, nunha reportaxe para La Voz de Galicia en 1972, aquela patriada, que reproducimos textualmente:

> Eran os anos heroicos…, esperanzados, en que cun fato de galegos idealistas loitamos por darlle ó noso teatro un pulo xeneroso, tratando de honrar á terra e despertar na conciencia durmida das nosas xentes a lembranza, o cultivo do idioma, a enxebreza dos nosos costumes, a imaxe viva dun pobo con persoalidade, pro soio pudemos vencer a forza de bondade, enteireza e patriotismo. Xamais na Arxentina se conquiriu coma entón faguer posibre o milagre de soster en pé durante unha década un auténtico teatro noso.

Maruxa Villanueva, pseudónimo artístico de María Isaura Vázquez Blanco, que casaría con D. Varela Buxán, nunca ocultou a súa preferencia por este teatro, que conmovía e ensinaba. En efecto, é un teatro moralizador e didáctico, que reflicte á Galicia popular mariñeira e labrega, depositaria da tradición, da lingua e dos costumes máis enxebres. Triunfou na colonia emigrante da Arxentina e do Uruguai, pois o espectador que acudía a estas representacións transportábase ó seu recuncho natal, ansioso de recordar á

[1697] Traducción da nota. Vid. Iglesias Sánchez, F. (1970): "Teatro gallego en la Argentina", *Primer Acto*, nº 120, maio, 1970, p. 24-5.

terra. Varela Buxán soubo intuír os gustos dos emigrantes, ofrecéndolles un teatro de ton sentimental pero patriótico.

A guerra civil desterrou ós seus fillos máis ilustres, destruíndo a república das letras. Os intelectuais exiliados, facendo causa común cos emigrantes, conseguiron en terras de acollida o milagre da supervivencia cultural de Galicia. Esparexidos por diferentes nacións e continentes, foron dando fe de vida do seu país.

A Venezuela chega Silvio Santiago. A Santo Domingo, Alberte Paz Mateos,antigo membro da Barraca de Federico, onde publica *El marinero ciego,* con cartel anunciador doutro exiliado, Uxío Fernández Granell. Alexandre Campos Ramírez "Finisterre" arriba a México, co seu admirable labor de editor teatral. Xosé Rubia Barcia formará grupo cos galegos das universidades de EE.UU.

Pero o Río da Prata foi o lugar escollido pola maior parte dos exiliados. Bos Aires representaba a liberdade de Galicia, coma Nova York o fora para Irlanda. Chegan á Arxentina e Uruguai e axiña se insiren no tecido asociativo das comunidades de emigrantes, dinamizando a súa cultura. Bos Aires simbolizou durante moitos anos a capital cultural e política do noso país, a Galicia ideal de Castelao. É interminable a relación de exiliados que chegaron ás ribeiras do Río da Prata. Na Arxentina radícanse Antón Alonso Ríos, Antonio Baltar, Castelao, Arturo Cuadrado, Xosé Núñez Búa, Xosé Otero Espasandín, Gumersindo Sánchez Guisande, Luís Seoane, Alfredo Somoza, Ramón Suárez Picallo, Manuel Colmeiro, ós que se irían unindo galegos antifranquistas que buscaban aires de liberdade: Ramón Valenzuela, Mª Victoria Villaverde, Alberto Vilanova, Isaac Díaz Pardo, Xosé Neira Vilas, Eliseo Alonso. Todos eles atopaban o campo da cultura ben fertilizado polo esforzo xeneroso dos nosos emigrantes: Blanco-Amor, Xosé Conde, Bieito Cupeiro, Ricardo Flores, F. Iglesias "Tacholas", Emilio Pita, Ramón Rey Baltar, D. Varela Buxán. En Montevideo, Manuel Meilán, Antón Crestar.

Hai un acontecemento teatral que comparten os exiliados cos emigrantes: a estrea de *Os vellos non deben de namorarse*, o 14 de agosto de 1941 no Teatro Mayo de Bos Aires. Castelao le a súa farsa, un serán de sábado

na Casa Galicia, a un grupo escolleito de galegos: L.Seoane, R. Dieste, F. Iglesias "Tacholas", Núñez Búa, Ramón e Antonio Baltar, Sánchez Guisande, Luís Seco, Xavier Bóveda, R. Prada, E. Blanco-Amor, Alonso Ríos, Colmeiro, Lorenzo Varela. Concertan que sexa a Cía Maruxa Villanueva a que a represente e Castelao, cando a obra estaba preparada, anúnciao ó público, dando así recoñecemento oficial ó teatro dos emigrantes e pedindo ós intelectuais galegos o seu apoio:

> A miña obra *Os vellos non deben de namorarse* será posta en escea mañá pola compañía galega que dirixe Maruxa e anima o escritor Varela Buxán. Estimo que esta agrupación necesita o alento das Entidades galegas, que tanto se preocupan polo desenvolvemento da nosa cultura e o bon nome do noso país. Xa é hora de lles dicir a todos os meus paisanos que a Compañía galega pode e debe ser unha das máis esgrevias manifestacións e que non abonda con achegarse astra o ventanexo do teatro onde actúen. Necesita algo máis. Necesita o consello e a cooperación dos intelectuais galegos. Necesita o calor e máis a axuda das nosas poderosas institucións, que para sere merecentes do tiduo que ostentan e cumprir o mandato dos seus estatutos, non poden desentenderse de ningunha empresa creada para enaltecer o noso nome.[1698]

Rafael Dieste, presente na lectura do texto e na representación da obra, falaba dunha verdadeira comunidade teatral. A prensa bonaerense reseña o acontecemento artístico, destacando a expresión espontánea da arte popular da farsa, mesturando sabiamente inocencia e picardía. O oito de outubro deste mesmo ano, representouse tamén a obra de Castelao no Teatro Solís de Montevideo, con grande éxito de público.

Nos anos corenta continuaría o teatro de sociedades, coas súas figuras máis representativas. Fernando Iglesias "Tacholas" dirixiu algunhas das actuacións da Compañía Maruxa Villanueva, como a que se celebra en agosto de 1941 no Teatro Mayo de Bos Aires, representando *A xustiza dun muiñeiro*,

na que *Tacholas* actúa tamén como actor, con Eva Carrera, Maruxa Boga e Maruxa Villanueva. Funda con Maruxa Boga, neste mesmo ano, a compañía galega de comedias Boga-Tacholas, que representa, no nadal de 1944, *Amores de aldea*, revista galega de Américo Lozano.

Antón Comesaña e Cándido Alfonso González levan á escena no Centro Pontevedrés *Esfolla na eira*, o 21 de xuño de 1947. Este último é autor tamén da comedia *¡Mal ollo!*, de ambiente mariñeiro e premio Castelao do Centro Galego de Bos Aires 1953, con prólogo de Domingo García Sabell.

4. O PROXECTO CULTURAL AGUEA E O TEATRO POPULAR GALEGO

A morte de Castelao, en 1950, deixou un oco de orfandade no mundo da emigración. Era o galeguista e representante político de máis valía, quen tentou unir ós galegos do exterior nunha acción coherente, dando os pasos necesarios para ese artellamento. Pero as institucións que el promoveu e fundou quedaban sen guieiro. A Irmandade Galega, que fundara en 1941, o Consello de Galicia, constituído o 15 de novembro de 1944 en Montevideo, o proxecto Galeuzca.

Os galegos do Río da Prata, despois de perder o seu guía espiritual, renovan con patriotismo os seus ideais, redobrando con vontade e brío o seu compromiso de manter viva a cultura galega en América.

Nos anos cincuenta irán nacendo, co esforzo sostido e heroico de emigrantes e exiliados unidos en causa común, una serie de acontecementos de marcado signo político e cultural. Os días 14 de agosto, aniversario do fusilamento de Alexandre Bóveda, declarado Día dos Mártires galegos, a Comisión Intersocietaria de Sociedades galegas de Bos Aires celebra as Xornadas patrióticas galegas. En 1953 constitúense as Mocidades Galeguistas, que se propuñan restablecer en Bos Aires o galeguismo xuvenil no exterior. F. Iglesias "Tacholas" inaugura a emisión radial La Voz de Galicia. Luís Seoane funda a revista *Galicia emigrante* en 1954. Neste mesmo ano créase o Instituto Arxentino de Cultura Galega, co propósito de dinamizar o labor cultural con concursos literarios, exposicións, etc.

[1698] *Cadernos da escola dramática galega*, nº 4, febreiro, 1979, p. 1.

O compromiso galeguista é un buligar cultural. En xullo de 1956 ten lugar o Recital antolóxico da lírica galega, glosado e dirixido por Blanco-Amor. O Consello de Galicia celebra o Primeiro Congreso da Emigración Galega neste mesmo mes, buscando a unión dos galegos e coa asistencia de representantes de todo o continente americano. Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda fundan Follas Novas-Feira do libro galego.

Dentro desta dinámica cultural, nace tamén a Asociación de Fillos de Galegos en outubro de 1959. Formados nos ideais galeguistas dos seus proxenitores, afirman a súa vontade de mantelos vivos e tentar restablecer contactos cos diversos países da Celtia e de Galicia interior, á que viaxan colectivamente a primeiros dos sesenta. Editan libros, crean a revista *Alén Mar*, o seu órgano de difusión, e reciben clases de lingua e cultura galega.

O 22 de xuño de 1956 créase AGUEA (Agrupación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas), por un grupo de intelectuais exiliados e emigrantes. A súa finalidade era traballar conxuntamente coas novas xeracións para un mellor coñecemento e engrandecemento de Galicia e dos seus problemas, difundindo a súa cultura en América. A agrupación non explicitaba unha militancia política determinada, pero as persoas que a integraban estaban a indicarnos o camiño a seguir: os principios republicanos e os ideais galeguistas, para levar a Galicia á plenitude das súas posibilidades.

E neste punto é onde habería que situar dous libros de intelectuais da Galicia interior, con marcada significación e valía, editados en Bos Aires, que incidían na unión das dúas Galicias: *Galicia y nuestro tiempo. La obra de una generación* de Francisco Fernández del Riego e *Galicia como tarefa* de Valentín Paz Andrade, editados en 1959 pero escritos no tempo de AGUEA[1699]. Fernández del Riego toca someramente o problema da reconstrucción espiritual de Galicia, pero V. Paz Andrade afonda nas causas da desunión e vai ó cerne do problema.

[1699] Vid. Fernández del Riego, Francisco (1959): G*alicia y nuestro tiempo. La obra de una generación*, Bos Aires, Editorial Citania; Paz Andrade, Valentín (1959): *Galicia como tarefa*, Bos Aires, Editorial Galicia.

A nosa cultura debe conseguir unha integración das dúas Galicias, pero é no como desa unión onde está a grande orixinalidade do pensamento de Paz Andrade, sen dúbida un dos intelectuais más adecuados para tentar acadala: quere unha comuñón coas bases e rexeita ó grupo intelectual pechado en si mesmo. Está a falar en clave, pero intelixible para todos.

Pide unha rehabilitación do diálogo nesta liña, a liquidación dos resaibos insolidarios, os medos e reticencias dos homes cultos e intolerancia do resentimento. Para esto, era preciso restablece-la facultade da crítica e pór a todos a traballar, pois todos tiñan deberes que cumprir. Estaba a falar para os exiliados de AGUEA e para os intelectuais da Galicia interior de Galaxia. Di textualmente:

> No pretendo leer la cartilla a nadie. Pero, como complemento de cuanto se lleva dicho, conviene recordar que la cultura no es producto de bandería, credo político o clase determinada. Ni de aún de la formada por hombres e instituciones dedicados ordinariamente a producir obras culturales o a promoverlas.
>
> Es preciso abrirse a la comprensión de que, en el templo y taller de la cultura, la entrada es libre. Para los sacerdotes de la ciencia y del arte, como para los neófitos….
>
> Los escritores, los artistas, los universitarios, los técnicos, las academias, los institutos, los colegios profesionales, los laboratorios, los seminarios …pueden considerarse como estado mayor y vanguardia de la milicia cultural. Ninguna vanguardia se sostiene, en la paz como en la guerra, si la retaguardia no acude diligentemente a alimentarla y pertrecharla. Por tanto, en la fisiología de la cultura todos estamos implicados, si bien con función distinta. Distinta, pero convergente.
>
> La cultura es un legado recibido pos generaciones (…). No podemos dejar que se dilapide o empobrezca en nuestras manos.
>
> Estamos obligados a mantener la tradición cultural recibida, renovándola y actualizándola. A engrosar su caudal con nuestras voces, con la parcela

> de verdad por nosotros conquistada, con el aroma de nuestro tiempo…para transmitirlo todo a nuestros hijos[1700].

Neste contexto, entenderemos mellor a función esencial que tivo o teatro na restauración da cultura galega en América. O Teatro Popular Galego, fundado por Eduardo Blanco-Amor, é o programa teatral mellor concibido e cualitativamente más importante do teatro da emigración. Blanco-Amor era un escritor versado no teatro. Nos anos corenta, crea o Teatro español de cámara El Tinglado, con parte dos actores da compañía de Margarita Xirgu, exiliados en Bos Aires, boa parte deles coñecidos seus nos tempos do Madrid republicano, cando asistía con entusiasmo ó éxito teatral do seu amigo Federico García Lorca. En 1953 publica o seu libro *Farsas*, que ampliaría en 1962.

Crea, pois, o Teatro Popular Galego en xullo de 1957, coa axuda inestimable de F. Iglesias "Tacholas". Era un intento de refunda-la Escola Dramática Galega na emigración, como queda reseñado na introducción, a modo de xustificación, e no seu regulamento de organización[1701]. Para este proxecto contou con experimentados actores do teatro riopratense: F. Iglesias "Tacholas", Alfonso Costela, Antón Cubelas, Faustino Blanco, Antón Fernández, Alexandre Varandela, Xerminal Filgueira, Nacha del Río, Pepita Arias, Mª do Carme Pose, etc. A empresa era ambiciosa: pretendíase crear unha Escola de Teatro, para formar actores. Luís Seoane, desde a audición Galicia Emigrante comparou este teatro co que en Irlanda representou o Abbey Theatre. Blanco-Amor, profesor do departamento de teatro na Universidade Nacional de La Plata e da Comedia Nacional Arxentina era a persoa mellor preparada para esta tarefa. O programa era amplo e coidaríanse todos o detalles na súa cátedra de dicción: ensino de foniatría, movemento escénico, plástica, ritmo.

[1700] Op. cit. P. 163. Permítaseme esta longa cita, que axuda a esclarecer o discurso entre os intelectuais do interior e do exterior nos anos cincuenta, que iría vendo os seus froitos pouco a pouco, sobre todo coa chegada dos exiliados, aínda recoñecendo que algún destes non foron valorados á súa volta como merecían.

[1701] Estes documentos inéditos da súa fundación, xustificación e regulamento de organización foron publicados en L. Pérez Rodríguez (ed.) (1993): *Catro pezas inéditas do teatro de Eduardo Blanco-Amor*, Ediciós do Castro, Sada-A Coruña.

Habería que ir preparando así mesmo á colectividade bonaerense de emigrantes, para que se interesara no proxecto, pero tamén habería que afastarse por igual tanto dos experimentos teatrais do teatro de ensaio coma das choqueiradas de certo costumismo de moca. Presidiría este teatro o decoro: dignidade do idioma, decencia dos temas e da tipoloxía dos personaxes. O regulamento de organización definíao como unha cooperativa de teatro, no que se precisaban todos os detalles: compoñentes e funcións, ingresos e gastos, etc.

Así, baixo a protección do Centro Lucense e no seu Salón Teatro, o Teatro Popular Galego preséntase ó seu público o 8 de novembro de 1957, con dúas obras: *Estadeíña* de Lugrís Freire e *O cantar dos cantares ou Galicia 1948* de Blanco-Amor.

Estadeíña de Lugrís Freire encaixa perfectamente nos esquemas do Teatro Popular Galego. O escenario é o porto das Mariñas e a estadea ou falsa fantasma é un tema popular da nosa santa compaña, motivo teatral popular que serve para envolver o misterio da trama, que rematará nun desenlace feliz: o encontro dos amantes. A mensaxe de Lugrís Freire é clara: os nosos nobres e honrados mariñeiros non deben crer en fantasmas e demais andrómenas supersticiosas e si na razón e no progreso. Teñen que abrir os ollos, como di o personaxe Martiño.

O cantar dos cantares ou Galicia 1948 transporta ós emigrantes a unha casa labrega do val do Ribeiro, un cadro da vida rural desa Galicia que está a agromar nos anos cincuenta, protagonizando o seu futuro a parella de noivos, cheos de esperanza e que queren construír unha nova vida sen ataduras co pasado: Xulia, muller resolta e Alberte, estudiante de medicina. Balbina e Martiño, pais de Xulia, representan á xeración que sufriu a guerra civil en carne propia, no espertar do ideal republicano e dificilmente poden esquecer ós mortos asasinados nas cunetas, que o cura don Marcial quere desmemoriar, pola parte que lle toca ó seu estamento.

Pero o tema principal é a defensa do amor dos noivos, que teñen que vencer os atrancos e faladurías populares tanto da curricaneira Garela coma da

moralina do cura don Marcial, pero que contan coa aprobación de Balbina e Martiño[1702].

O teatro ten un lugar destacado na producción editorial dos anos cincuenta, en concreto na editorial Citania, fundada por Luís Seoane. El mesmo deixou copiosas mostras como autor, escenógrafo, ilustrador, deseñador gráfico e crítico teatral. Escribe en 1956 *A soldadeira* en galego, aínda que sairía do prelo no ano seguinte en castelán na editorial Ariadna de Bos Aires. Os seus personaxes son históricos, do noso pasado medieval –Rei Xordo, a soldadeira-, pero mesturados con campesiños do noso tempo. É un pasado renacido na Galicia amortecida dos anos cincuenta. A teoría teatral de Luís Seone partía dunha Galicia con fórmula teatral de seu: había que sustentarse nas antigas representacións populares, creando un teatro actual con intención dialéctica. De aí as súas referencias ó exilio e á emigración. As súas ideas quedaron formuladas na súa audición Galicia Emigrante. Escribiu *O astrólogo irlandés* e *Esquema de farsa*, baseada esta última no Día do emigrante, celebrado na Coruña en 1956. Luís Seoane reconstrúe teatral e parodicamente a escena institucional do acto franquista, cun devastador ataque á ideoloxía do réxime e á súa política migratoria, con mofa de todo o seu boato litúrxico.

Rafael Dieste reedita *A fiestra valdeira* na editorial Citania. Intelectualizando un motivo popular e concentrando a escena, exalta a autenticidade do pobo mariñeiro. É unha comedia que reflicte a alma da xente do mar e trata o tema da identidade. O encaixe da expresión lingüística está feito con finura e o ambiente é de cálida humanidade.

En 1958, a editorial Citania publica tamén *Pauto do demo* de Anxel Fole. É un conto escénico en tres cadros, no que Anxel Fole fai entrar en escena a personaxes do mundo da súa literatura de *A lus do candil* e *Terra brava*: o taberneiro, o tolo, a meiga, o escribán, labregos, arrieiros. A acción transcorre nunha cociña económica (xa non hai pedra lareira) e nunha tasca.

[1702] Blanco-Amor deixa caer aquí, unha vez máis, o tema da reconcialiación, despois dos graves enfrontamentos da guerra civl, tema que lle custou moitos desgustos, tanto en américa coma en Galicia, á súa volta. A sús postura consistía en mirar para diante, cara o futuro, pero sen esquecer o pasado.

Aparece o indiano e a súa nova concepción do progreso, nun mundo aldeán de xentes que non se sabe se soben ou baixan a escaleira, isto é, se cren ou non en meigas vellas, a de Torgán, ou en meigas novas, as do progreso, que anuncia o indiano don Pancho. Os gañadores son os de sempre: os negociantes da boa fe e a ignorancia dos labregos, que acreditan en meigas e escribáns para lles sacar os cartos. A obra remata cunha grande gargallada do tolo.

Isaac Díaz Pardo publica na mesma editorial Citania de Bos Aires, en 1957, *Midas* e *O ángulo de pedra*, obras escritas e asinadas en Galicia, O Castro de Samoedo, 1949 e 1951 respectivamente[1703]. Luís Seoane escribía en *Galicia Emigrante:*

> Díaz Pardo, en embas as dúas obras de teatro, recorrendo unhas veces ao mito e outras á humanidade do seu contorno, trae á escena a angustia do noso tempo nun país isolado, abafado por un fondo silencio imposto e polo drama dos seus habitantes (…). Estas obras revelan a existencia dun teatro galego actual, coincidente na súa temática desesperanzada co xove teatro de Europa. Seres á deriva, homes e mulleres corrompidos pola desesperanza, vivndo a súa soedade e querendo de todos os modos posíbeis matar o recordo, son os que apresenta Díaz Pardo a través de Sileno e Midas, traídos da mitoloxía ou nos personaxes do mestre, a súa muller, de Antelo, o fillo do mestre, e da bailarina[1704].

[1703] Isaac Díaz Pardo, artista polifacético e home comprometido coa súa cultura, que tamén é a nosa, é un importante autor teatral nestes anos.Ademáis da súa aportación no campo plástico ó teatro, como seguidor de seu pai cartelista e escenógrafo da Xeración Nós, presenta tamén no seu haber teatral un curioso e inxenioso argadelo que recita coplas satíricas, ó xeito dos vellos carteis de cego.
A experiencia americana de Isaac pode explicarse desde circunstancias persoais, pero tamén históricas. Co fastío de non poder retratar á España franquista e os atrancos dos intereses dos novos ricos, que emerxen favorecidos polo novo réxime, negándolle as materias primas para as súas empresas, vai para América. Alí estaban as raíces, os amigos de seu pai, os exiliados. Ademáis de reencontrarse consigo mesmo, leva unha misión que cumprir: recuperar a cultura e os homes do exilio e a súa obra, ante a relaidade esmagadora dunha Galicia sen memoria (Díaz Árias, Camilo (1990-1991): "Isaac en América: as razóns dun exilio voluntario", en Díaz Arias, Camilo (1990-1991): *Isaac Díaz Pardo. Un proxecto socio-cultural para Galicia*, Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela.

[1704] Vid. Lino Braxe e Xavier Seoane (1989): *Escolma de textos da Audición Radial de Luís Seoane "Galicia Emigrante" (1954-1971)*, Ediciós do Castro, Sada-A Coruña, 1989, p. 405.

Luís Seoane dábanos as claves de interpretación: cun fondo mítico e lírico á vez, estes seres desentrañan a vida cotiá da posguerra.

A visualización do "ángulo de pedra", como sinala atinadamente Euloxio Rodríguez Ruibal[1705], ten relación coa súa pintura. Parécenos que os xogos co tempo e co espacio, que queren ser míticos, son igualmente contemporáneos, recoñecibles e están en relación vital co seu autor. Ese ángulo de pedra, esa praza ou cruce de rúas son as da súa cidade. O Mestre, home cabal e xusto, vive nun mundo pechado, poboado por xente hipócrita e cobizosa, que non é outra que a da nosa posguerra. O seu fillo Antelo, cheo de ideais e amante da xustiza, morre a mans das forzas vivas, que se concertan na defensa dos seus intereses. É un mártir, a quen o pai, o vello Mestre, convertido nun taberneiro, vai vingar, ofrecéndolles o viño do veleno, que será o castigo popular ó seu crime. É unha vinganza literaria, pero escenifica o drama que debería xulgar un xurado popular, que remataría cun castigo para os culpables.

Midas representa o absurdo do progreso, que impón a destrucción da natureza. Espacio e tempo tamén son perfectamente recoñecibles: corre o viño do Ribeiro e do Ulla entre os alumnos de Sileno, nun tempo de filosofía existencialista. Sileno, instaurado na natureza e na vida fronte a Midas, no progreso e na civilización. Cómpre atopar un sentido á existencia, no que nós sexamos os propios protagonistas, pero desde a solidariedade. O pobo, uns homes sen nome, sentencian: os alumnos de Sileno son felices porque coñecen o segredo da vida. É precisamente Silva, a filla de Sileno, a que espertou en Midas o único verdadeiro amor da súa vida, quen destrúa o mundo da civilización deste.

Nesta obra seméllame ver a un Isaac coherentemente inconformista, que continúa a matinar no absurdo dun progreso que destrúe a natureza. Aí están esas crónicas periodísticas, coas que nos advirte que debemos abrir os ollos. Os da globalización falan, dispoñen, impoñen, dictan, sen preguntarnos nada e preséntanse coma os nosos salvadores. E o pobo, coma di Isaac e dicía Curros, segue entangarañado neste xardín artificial das delicias, que nos ofrece a

[1705] Vid. "Díaz Pardo, dramaturgo", en *Díaz Pardo, Isaac (2000): Obra cartelística 1936-1999*, Edicións Espiral Maior, A Coruña, p. 33.

sociedade de consumo. Convén que este teatro de Isaac se represente xa. Vai resultar, sen dúbida, unha revelación para os espectadores de hoxe.

Dentro dos acontecementos teatrais dos anos cincuenta, hai que salientar a visita de María Casares a Bos Aires. AGUEA organiza homenaxes na súa honra e o mundo do teatro e da prensa arxentina recíbena con admiración. Os encontros máis emotivos teñen lugar coa colonia galega, que a recibe coma unha actriz galega.

Fernando Iglesias "Tacholas" seguía a ofrecer teatro na fórmula de Varela Buxán. Crea a Compañía de Arte folclórica, con actores amigos e preséntase no Teatro Splendid, o 22 de xaneiro de 1954, en función diaria, durante dous meses, cun animado espectáculo formado polas seguintes pezas: *Por borrachíns* –de Varela Buxán-, *Estebiño, Na corredoira, Almas sinxelas* –de Xavier Prado *Lameiro*-, *O zoqueiro de Vilaboa* –de Nan de Allariz-, *O sobriño* –de L. Echevarría e L. López-, *Cousas de rapaces* –do propio *Tacholas*-. A Compañía Boga-Tacholas, con coñecidos intérpretes e amigos, estrea as obras *O ferreiro de Satán* –de Varela Buxán- e *Amores de aldea* –revista de Américo Lozano-.

Cándido Alfonso González publica *¡Mal ollo!* en 1954 –Bos Aires, editorial Lérez do Centro Pontevedrés-, obra galardoada co premio Castelao no concurso literario do Centro Galego de Bos Aires. Alfonso Gayoso Frías saca do prelo *Os fidalgos de Rante* en 1955, en edicións Miño. E Ricardo Flores, no Centro Almaceneiros, escenifica as obras *Para isso sou teu amigo, Un ovo de dúas xemas* e *Ugío*.

Na outra ribeira, o actor Pepe Fernández dirixe *Airiños da miña Terra*, no Centro Galego de Montevideo, e representa no Teatro Solís en 1954 *Tamén os vellos poden namorarse*, unha reincorporación festiva súa sobre a o texto de Castelao. Funda tamén en 1957 o Teatro Popular Galego con Antón Crestar e Manuel Domínguez, participando como director e actor na obra *O fidalgo*, no Teatro Solís, obra que repón ó ano seguinte no mesmo escenario. Tamén representa *Mal ano de lobos*, peza traducida ó galego po Pedro Fernández Veiga.

Nos anos sesenta, o esforzo máis significativo para continuar co labor teatral corre a cargo do matrimonio Ramón Valenzuela e Mª Victoria Villaverde[1706]. Como na edición e nota introductoria de *As bágoas do demo*[1707], expuxen xa a miña valoración da obra e do autor e, por outra parte, vémonos afortunados neste Congreso coa presencia de Mª Victoria, copartícife desta fermosa aventura teatral, limitareime tan só a sinalar unhas notas significativas.

Ramón Valenzuela é un dos intelectuais, xa en vida de Castelao, que participa máis activamente na vida cultural riopratense. Desenvolve un labor moi meritorio dirixindo o Ateneo Curros Enríquez da Federación de sociedades galegas. No teatro, tenta unha vez máis crear un grupo estable, que continúe o Teatro Popular Galego.

En 1960 traduce e representa coa súa muller, na Federación de Sociedades Galegas, *A camisa* de Lauro Olmo.Traduce tamén *O casamento do latoeiro* do irlandés John M. Synge, que dirixe Roberto Villanueva e representan na Escola do Teatro do Centro Lucense.

En agosto de 1964, estrea a súa peza teatral *As bágoas do demo,* dirixida por Blanco-Amor, no Teatro Castelao do Centro Galego de Bos Aires. Esta obra describe o mundo rural das terras do Ulla, pero as súas contradiccións e opresións son universais. Ramón Valenzuela e Mª Victoria participan tamén en lecturas de *A fiestra valdeira* e *Os vellos non deben de namorarse*, con vellos actores emigrantes.

Como colofón ós anos sesenta en Arxentina, cómpre reseña-lo festival céltico en Luna Park en 1966, no que participan portugueses, irlandeses, escoceses e galegos. "Tacholas" interpreta maxistalmente *A lebre das ánimas,* monólogo escrito ex profeso por Blanco-Amor para o talento interpretativo do actor auriense.

En Uruguai, Pepe Fernández repuña algunhas das obras do seu repertorio, cos actores do teatro de sociedades. Destacamos a dramatización de *A virxe do Cristal,* lanzada ás ondas na audición Sempre en Galicia, moi

[1706] Vid. Edición de Modesto Hermida García de *Non agardei por ninguén*, (edicións Xerais, Vigo 1989).
[1707] Vid. Luís Pérez (introd.) (1996): *Teatro galego na Arxentina: As bágoas do demo de Ramón Valenzuela Otero*, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1996.

eloxiada por Sebastián Martínez Risco, quen se encontraba naqueles días dando unhas conferencias nos centros e sociedades uruguaios.

5. O TEATRO GALEGO NA EMIGRACIÓN NOS NOSOS DÍAS

A mediados dos sesenta, os exiliados van retornando: Ramón Valenzuela, Luís Seoane, Rafael Dieste, Blanco-Amor. O movemento teatral reséntese.

Blanco-Amor, quen mantén unha correspondencia epistolar fluída cos emigrantes desde Galicia, vai dando conta das expectativas teatrais da xente moza, á vez que el mesmo se incorpora a estes proxectos publicando novos textos. Fernando Iglesias viaxa a Galicia en 1969 e 1975 e ponse tamén en contacto coa realidade teatral, recibindo información singular de Blanco-Amor e de D. Varela Buxán, que vivían en Galicia. Deste encontro, tira en conclusión o grande descoñecemento que existe entre ambas comunidades. Había excepcións meritorias, como as dos participantes na homenaxe que lle tributan no museo Carlos Maside do Castro, acto no que Isaac Díaz e Luís Seoane o presentan ós asistentes. "Tacholas" representará a escena de don Ramonciño dialogando cos cadros de seus pais de *Os vellos non deben enamorarse.* O Teatro Circo representa na súa homenaxe o *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño*. O actor auriense, agradecendo emocionado o acto e lembrando a epopea dos emigrantes na defensa do teatro, entrega ó museo Carlos Maside as caretas que Castelao pintara para a súa obra.

Blanco-Amor, en carta a "Tacholas", entendía que aínda estaba vixente na Galicia daqueles anos a *Estadeíña* de Lugrís Freire e Varela Buxán era partidario tamén de ir educando ó espectador con obras da nosa historia teatral. "Tacholas" tamén avogaba por representar as obras de Villar Ponte, Risco ou *O Mariscal* de Cabanillas. Volta á Arxentina, e segue representando obras, coma *A tía lambida* de Blanco-Amor, na Escola de Arte Dramática do Instituto de Cultura Galega, no Salón Castelao.

Segundo Ricardo Flores, nunha conversa mantida con el en outono de 1989 na Coruña, sinalaba como feitos teatrais significativos: a creación da

Escola de teatro do Centro Galego por Raúl Expósito e o grupo teatral do Centro Galicia, que fixo unha montaxe de *Os vellos non deben namorarse*.

En Montevideo, por estas mesmas datas, o Patronato da Cultura Galega puxo en escena a obra de Castelao e *O fidalgo* de San Luís Romero, obras dirixidas por Pepe Fernández.

Hoxe en día, as institucións galegas deben tomar a iniciativa e levar o teatro galego ó público dos nosos emigrantes, ansioso por coñecer a cultura dos seus antepasados. A este respecto, hai un precedente na Compañía Teatro do Atlántico, que abriu un camiño coa representación da obra *A marabillosa historia de Marly, a Vampira de Vila Cruces*, en 1988, nos países do Río da Prata. O público estivo moi interesado, pois o rescoldo galeguista teatral persistía. Pasados os anos do exilio e da emigración, a acción teatral é hoxe felizmente unha realidade en Galicia, aínda que cos problemas inherentes á nosa cultura, e ten que ser compartida polos nosos emigrantes. Alí permanecen as sociedades de emigrantes e outras novas, que nacen da necesidade de adaptar a acción cultural ós novos tempos. Estou a pensar, por poñer só dous exemplos, na Fundación Xeito Novo de Cultura Galega en Bos Aires, disposta a proxectar e avivecer a cultura de tantos anos de emigración galega na República Arxentina e tamén na veterana institución do Patronato da Cultura Galega de Montevideo, que se renova en entusiasmo galeguista multiplicando as súas actividades cada ano.

RAMÓN DE VALENZUELA E O TEATRO: EXILIO ESCÉNICO EN BOS AIRES

Inmaculada López Silva

Este traballo non sería posíbel sen a inestimábel axuda de Dª María Victoria Villaverde, que puxo ó noso servicio a amabilidade e o cariño das súas lembranzas. Vaia tamén un agradecemento especial a Dª Rosa Puente, D. Antonio Pérez Prado e D. Manuel Cordeiro, cordiais guías entre os arquivos e as historias dos galegos de Bos Aires.

Aos devanditos, aos responsábeis da Federación de Sociedades Gallegas e a tódolos exiliados e emigrantes que me recibiron afectuosamente na cidade porteña dedícolles estas páxinas, coma un brinde con champán no Tortoni.

1. COS OLLOS POSTOS EN AMÉRICA: EXILIO E EMIGRACIÓN

Parece ser que cando lle preguntaron a Dióxenes cál era para el a máis valiosa das cousas contestou "A liberdade de expresión".

Seguramente a intuición ou a consciencia recoñecida dese dereito fundamental, case tanto coma a propia vida, foi a que levou a homes e mulleres de tódolos tempos, en situacións extremas, a procurar canles de expresión a través do exilio. A Guerra Civil española (1936-1939) coma anuncio e preliminar sanguento dos corenta anos de dictadura fascista que lle seguirían foi a causa que conduciu a numerosos españois ó éxodo tras sentirse alleados na propia terra e tras verse incapacitados para continuar coas actividades que viñan constituíndo o seu quefacer diario antes de 1936. Debido, xustamente, a que a liberdade de expresión é a esencia da producción de cultura (sexa esta a través da literatura, do teatro, do xornalismo, da edición ou da política), o

estudio deste fenómeno socio-histórico é esencial para comprender e describir na súa complexidade a caracterización dos últimos sesenta anos de Historia.

A comunidade galega, sen o traballo cultural e político no exilio americano, non contaría nin á morte de Franco nin hoxe cos alicerces que permitiron a recuperación non só dun proceso identitario (base do nacionalismo) que xa se encetara na preguerra cos homes de Nós, senón tamén dunha cultura orixinal vencellada indiscutiblemente ó galego coma lingua e achegada ás necesidades dun sistema cultural que, á medida que pasa o tempo, vai adquirindo características propias e cotas de autonomía a respecto do seu teito máis inmediato, o sistema español.

O estudio da producción cultural galega e galeguista no exilio republicano está indiscutiblemente vencellado a unha cidade: Bos Aires. Alí foron chegando algúns dos principais expoñentes da política galeguista republicana (Luís Seoane, Suárez Picallo e o mesmísimo Castelao) e é alí onde ten lugar a continuación do traballo cultural que a intelectualidade galeguista vira truncada coa Guerra Civil.

O teatro é un dos xéneros, por así dicilo, máis refuxiados. Se ben é certo que as Irmandades da Fala amosaban preocupación polo teatro mediante a creación do Conservatorio Nacional da Arte Galega (1919) ó tempo que tódolos homes de Nós, nalgún momento, escribiron textos dramáticos, tamén é verdade que a producción teatral en Galicia sempre foi unha importante conta pendente, caracterizada pola súa fraxilidade, para os axentes do incipiente sistema cultural galego tanto do Rexurdimento coma da Época Nós (Tato Fontaíña, 1999, 154). Antes de 1978, non houbo nunca en Galicia unha infraestructura seria, duradeira e profesional que permitise a normalización do noso teatro no plano da producción espectacular (moito máis alá da vontade —ou voluntarismo— editorial), e de certo que a Guerra Civil e a dictadura franquista viñeron botar por terra os fráxiles alicerces que comezaban a asentarse á altura de 1936. Esa balbucinte tentativa, coma boa parte da producción cultural, tamén se exiliou da man dos seus promotores, e de aí que o estudio e a caracterización da Historia do Teatro galego deba recorrer coma

etapa esencial (nunca accesoria) á producción textual e espectacular de obras galegas no exilio.

Por esto, o noso rastrexo da recepción dos traballos de Ramón de Valenzuela no eido do espectáculo teatral pretende expor unha radiografía da situación do teatro galego en Bos Aires nos anos 60, etapa que nos amosa a Valenzuela coma un dos últimos promotores da actividade espectacular galega na cidade porteña a través dos seus tres espectáculos: *O casamento do latoeiro*, de Synge, obra que el mesmo traduce dirixida por Roberto Villanueva (1960); *La camisa*, de Lauro Olmo, tamén traducida por el e dirixida por Mario Pinasco, e finalmente unha obra da súa autoría, *As bágoas do demo*, dirixida no 1964 por Eduardo Blanco Amor. Valenzuela tamén dirixiu unha lectura dramatizada de *A fiestra valdeira* no Centro Lucense e participou na de *Os vellos non deben de namorarse*, en homenaxe a Castelao no X aniversario da súa morte (1960).

No caso galego é pertinente analizar e cuestionar a diferencia emigrante / exiliado despois da Guerra Civil española, pois semella necesario establecer un baremo que permita distinguir unha categoría da outra ou, máis aínda, que permita matiza-las relacións e cruces entre as dúas nocións.

Se aceptamos os datos ofrecidos por Dora Schwarztein (1991) segundo os cales entre 1857 e 1930 os españois representaron máis do 39% da inmigración neta, ó tempo que entre 1920 e 1930 a emigración española (maioritariamente galega) era o 70% da recibida por Arxentina, debemos decatarnos de que o exilio bonaerense non pode ser desvencellado do fenómeno da emigración á Arxentina que se viña producindo dende fins do século XIX. En efecto, o goberno de Perón permitía o acceso de estranxeiros ó país a través de cartas de chamada e reclamación de familiares residentes no país, uns familiares que, a miúdo, foran emigrantes antes da guerra civil.

Se ben adoitase indicar que unha das diferencias teóricas entre emigración e exilio é que no segundo caso se asume a nova condición coma transitoria, o certo é que boa parte dos emigrantes galegos tamén soñaba con volver, ó tempo que os exiliados, trala II Guerra Mundial, decataronse de que a

súa situación nos países que os recibiran aínda se prolongaría bastante, quizais de xeito definitivo.

Tendo en conta, logo, que os exiliados galegos que chegaban a Bos Aires xa atopaban conformada unha colectividade galega numerosa e organizada (emigrante), é necesario decatarse de que o seu labor cultural e político non podía ter coma principais receptores outros exiliados (comunidade aínda pouco numerosa que vai chegando de maneira moi escalonada) senón a toda a comunidade de emigrantes e fillos de emigrantes que, querendo manter lazos con Galicia, aproveitaba o asociacionismo para mante-las cotas de identidade que non perderan. É por esto polo que a producción dos exiliados, nomeadamente a dramática, relacionase de preto coas agrupacións teatrais das asociacións, ó mesmo tempo que aglutinan ó seu redor a todos aqueles emigrantes afincados en Bos Aires (non poucos) que durante e trala contenda de España tamén asumiron como propios os ideais democráticos, republicanos, galeguistas e / ou nacionalistas dos exiliados que despois chegaron a América. Eso explicará tamén a conformación simbólica da figura de Castelao entre a colectividade galega de Bos Aires ou o éxito das empresas editoriais de Seoane e as escénicas de Varela Buxán, Tacholas ou o propio Ramón de Valenzuela.

Polo tanto, máis que "teatro da emigración" ou "do exilio" debemos entender que a producción dramática de Bos Aires entre 1938 (ano en que se crea a Compañía de Maruja Villanueva) e 1964 (ano en que Valenzuela monta a última das súas obras) é "teatro para emigrantes e exiliados", precisión que non só explica moitas das súas características estéticas (o realismo ruralista de Varela Buxán, o ton popular, constantes referencias a Galicia, temática da emigración...) senón tamén a súa propia evolución histórica: esmorece cando a colectividade galega de Bos Aires comeza a nutrirse xa de fillos e netos de emigrantes e cando o ferver ideolóxico do exilio ía quedando atrás no tempo (esmagado polo triunfo do dereitismo en Galicia) e os protagonistas directos da guerra comezaban a morrer ou a regresar á terra.

A producción de Ramón de Valenzuela foi definida por Luís Pérez Rodríguez (1996b: 10) coma "o derradeiro esforzo serio por elevar o noso teatro en Bos Aires". E esa afirmación non é gratuíta, xa que denota unha

situación e un estado de cousas que non pode ser obviado e que, dende logo, condiciona a análise das relacións entre a producción no exilio e a producción no interior.

Valenzuela chega a Bos Aires en 1949 e regresa en 1966. No momento da súa chegada ó Novo Continente, atópase o autor con que a cidade vivía unha época de esplendor dramático non só dende o punto de vista do espectáculo arxentino, senón que a propia colectividade galega contaba cunha importante producción da man da Compañía de Maruja Villanueva (1938-1946) e de Daniel Varela Buxán. Pervivía, ademais, o arrecendo de *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao, obra que, simbólica e esteticamente, deu un pulo decisivo á producción teatral no exilio. Nesa estancia na capital arxentina, Valenzuela asiste tamén ó éxito indiscutíbel na escena nacional de Tacholas, actor galego que tamén se decide a organizar unha compañía con Maruxa Boga (outra eminente actriz de éxito), coa que montar espectáculos dirixidos á colectividade nos anos 50, a mesma década en que comeza a publicar Ricardo Flores e que tamén irrompe na producción dramática galega o mesmísimo Seoane con *A soldadeira* e Isaac Díaz Pardo con *Midas* e *O ángulo de pedra*. Se a esto engadimo-la presencia de Blanco Amor coma intrépido activista teatral no exilio, artífice da importante tentativa dun Teatro Popular Galego (1957) que procuraba renovar estética e ideoloxicamente a concepción dramática predominante entre a colectividade, teremos as bases nas que asentar a decisión de Ramón de Valenzuela de adentrarse polos vieiros do teatro galego en Arxentina, pois, evidentemente, non se achaba nin nunha tabula rasa, nin nun contexto hostil.

Sen embargo, cómpre decatarse de que, como indica Luís Pérez Rodríguez, é o derradeiro intento de asentar unha producción espectacular no exilio. É certo que o autor regresa (quizais, dalgún xeito, exiliándose de novo) e afíncase en Madrid pouco despois, en 1966, pero a súa actividade e sobre todo o seu labor traductor non volve atopar parangón posible en Bos Aires.

Na miña opinión, para explicar esto cómpre volve-los ollos cara ó que estaba a acontecer en Galicia, onde a producción dramática e, sobre todo, espectacular, comezara a rexurdir dende o 1958, ano en que Álvaro Cunqueiro

publica *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*. Os anos 60, gracias a iniciativas coma a creación do Grupo O Facho (1967) ou ós textos de autores coma Carballo Calero, Bernardino Graña, Xohana Torres ou Xenaro Mariñas del Valle, constitúen o relevo productivo en Galicia para o refuxio do teatro galego no exilio que, nesa década, comezaba a esmorecer. Nesa aparente transposición da producción dramática do exilio para Galicia é onde debemos establece-la solución de continuidade que vencella moi de preto o teatro refuxiado en Bos Aires co verdadeiro rexurdimento teatral da contemporaneidade que ten un nome e unha data: Abrente, 1973. Como dixemos noutro lugar (López Silva, 2001, 49-54), as relacións entre estes sucesivos "procesos fundacionais" non só se establecen gracias a personalidades esenciais que, co seu regreso, reactivaron o debate teatral en Galicia (penso nun Varela Buxán que, sen moito éxito, tenta continua-la súa actividade trala volta, ou nun Blanco Amor que participa activamente nos debates de Ribadavia), senón tamén gracias a esa base fundamental que constituíron exiliados coma Ramón de Valenzuela que, malia ás dificultades e ó limitado dunha producción minoritaria nunha cidade coma Bos Aires, mantiveron —e demostraron que se podía mante-la producción teatral en galego.

2. O TEATRO GALEGO NA OFERTA CULTURAL PORTEÑA DOS 60. ACHEGA Á PRENSA

A necesidade da distinción entre texto dramático e texto espectacular faise evidente cando tratamos de describir e analiza-la actividade cultural galeg(uist)a na Arxentina do exilio republicano. Nunha colectividade (a galega) fundamentalmente emigrante que lía pouco e moito menos en galego (por razóns sociolingüísticas xa sabidas) o valor do espectáculo coma mecanismo de difusión cultural, coma foro de ocio e coma lugar de encontro adquire unha dimensión social fundamental que o activismo cultural e político chegado coas vagas de exiliados trala Guerra Civil aproveitou de xeito interesante para cultivar certo sentido de unión patriótica e para promove-lo seu ideario político. Como vimos, partindo dunhas bases ben asentadas pola promoción teatral de

Varela Buxán, o propio Castelao decatase da utilidade do éxito do espectáculo teatral entre a colectividade galega de Bos Aires, tendencia que continúan tanto Blanco Amor coma o autor que aquí nos ocupa, Ramón de Valenzuela.

O carácter público e colectivo do espectáculo teatral fronte ó individual e intransferible da literatura dramática; a estética populista e realista predominante (incluso no drama de Castelao, malia á impronta impresionista e vangardista), e o accesible do teatro coma espectáculo, da man do asociacionismo, fronte ó difícil acceso ó libro impreso por parte do groso da comunidade galega, máis proletaria ca intelectual, son algúns dos factores que nos fan comprende-la importancia do teatro dentro do programa cultural, social e político dos exiliados.

Escapando do fascismo de Europa, estes chegan ás cidades hispanoamericanas, fundamentalmente a Bos Aires, e atópanse cunha sociedade porteña na que a efectividade do espectáculo está ben explotada[1708] (dentro da colectividade galega, gracias a Varela Buxán) e na que existe unha importante tentativa xornalística e editorial que asumen homes coma Luís Seoane ou Arturo Cuadrado. É así como os exiliados aproveitan esa infraestructura máis ou menos elaborada para encetar ou continuar na medida do posíbel a actividade política e cultural que estaba sendo tan enriquecedora para a Galicia de preguerra. Neste sentido, semella evidente que o estudio do valor e posición do espectáculo teatral en galego no seo da colectividade ten un interese particular, e de aí a importancia da figura de Ramón de Valenzuela.

Co fin de dar conta da perspectiva sistémica que procuramos a través deste traballo, realizamos unha achega á prensa da época en procura de reseñas, notas e críticas sobre os espectáculos teatrais do autor que nos ocupa. Tratamos de abarcar tanto os principais xornais propiamente porteños coma aquelas publicacións vencelladas ó asociacionismo galego. A finalidade de introducírmonos por esas dúas vereas na investigación é a de dar conta da

[1708] De feito, Osvaldo Pellettieri (1997) sinala que o sistema teatral arxentino dos anos 60 supón o asentamento da modernización que xa se iniciara dende os 30, coas primeiras tentativas do Teatro Independente. En efecto, o teatro en Arxentina, e concretamente na cidade de Bos Aires, estaba pasando por momentos de esplendor e importante visibilidade pública durante a época en que Valenzuela monta os seus espectáculos galegos.

posición do teatro galego e da cultura galeguista non só en relación coa actividade da colectividade galega, senón tamén a respecto da propia Galicia e, por conseguinte, de España. Tratei tamén de situar esa actividade baixo o seu outro teito máis inmediato, o contorno da cultura bonaerense, procurando, así, unha análise intersistémica.

A prensa arxentina revisada foi a seguinte[1709]:

— Xornal *La Razón* (dende xaneiro de 1960 ata novembro de 1964)

— Xornal *La Nación* (*idem*)

— Xornal *El Mundo* (*idem*)

— Xornal *Clarín* (*idem*)

— Semanario *Conducta / Propósitos* (xaneiro de 1960- febreiro de 1965)

En ningunha destas publicacións achamos ningún anuncio das tres representacións teatrais vencelladas a Ramón de Valenzuela, nin sequera hai noticia de ningunha actividade da comunidade galega de Bos Aires. O noso interese ó revisar estes xornais era, xustamente, analiza-lo eco público ou o reflexo que as actividades galegas (unha das colectividades máis numerosas da capital arxentina) tiñan na cidade nos anos 60.

O feito de que non haxa ningunha nota sobre estas actividades, na miña opinión, resulta abondo elocuente. Cómpre ter en conta, con todo, que todos eles son xornais que non atenden ás diversas comunidades estranxeiras ou inmigrantes de Bos Aires que, en xeral, como acontece coa galega, tiñan as súas propias publicacións periódicas, das que falaremos a seguir.

Esa ausencia na prensa propiamente porteña demostra que o teatro galego en Bos Aires debe ser caracterizado baixo o prisma dunha dobre periferia, xa que non perde a consciencia de que o seu referente e potencial receptor é o galego (sexa o que queda en Galicia, sexa o emigrante ou exiliado), pero ó mesmo tempo sitúase á marxe de dous centros canónicos fortemente marcados e, dende logo, en castelán: o teatro bonaerense e o teatro español son modelos de prestixio a imitar, pero en ámbolos dous centros está marxinado e a atención que recibe por parte dos axentes institucionais é

[1709] Figuran entre paréntese os períodos consultados. O mesmo, na enumeración da prensa galega.

nula, especialmente se temos en conta que se trata dunha actividade cultural elaborada nunha lingua minoritaria, tanto nun lugar coma no outro.

Non debemos esquecer que no 1936 trúncase o novísimo sistema cultural galego que se perfilaba dunha maneira consciente e concreta dende fins do XIX pero que non adquire cotas de autonomía e autodefinición ata os anos 20, cos homes de Nós e a súa consciencia prestixiadora e reivindicadora que atinxía tódolos elementos do polisistema cultural (sobre todo do sistema literario, dende a producción, ata a crítica, pasando pola edición e polos procesos de marketing e promoción). Ese espallamento da cultura galega (e hispánica en xeral) que se produce trala Guerra Civil produce unha interesante complicación das relacións interliterarias que esquematizaremos (simplificándoas moito) no seguinte gráfico:

Sistema galego
(delega no exilio boa parte dos axentes, institucións, productos...)



O truncamento producido pola guerra de España leva consigo unha regresión producida, esencialmente, por unha dislocación no sentido físico: o centro muda de lugar, exíliase da man dos seus axentes, co que cómpre adaptalo a unha nova situación e coas características inherentes ó propio concepto de exilio: sen perde-la perspectiva de que o traballo no novo espacio segue a ter coma fin e referente o lugar de orixe, cómpre tamén procurarlle a eses productos unha posición dentro do novo sistema. A producción feita no

exilio, especialmente a vencellada ó galego coma lingua e ó galeguismo coma ideoloxía (mesmo ó comunismo), evidentemente, non é igual á da Península, e esta obvia cuestión condiciona toda a nosa análise e reflexión[1710].

Sen embargo, mentres que a producción cultural en español dos exiliados si recibe atención, dun xeito ou doutro, na prensa hispanoamericana (pesan as razóns lingüísticas, lembren), o teatro galego de Bos Aires parece non existir para as publicacións periódicas porteñas. Só atopamos referencias nos foros da colectividade, de xeito que semella apropiado considera-lo teatro galego do exilio coma un elemento máis a integrar no sistema teatral-espectacular galego, xa que se erixe coma refuxio tras unha redefinición das características do sistema: acalada a actividade en Galicia, trasládanse ó exilio (nomeadamente Bos Aires) os productores, os axentes, as actividades de promoción e as institucións[1711].

E non esquezamos que os receptores, malia seren diferentes e teren expectativas axustadas ó contexto, tiñan coma característica primordial unha vida virada sempre cara á Galicia; a colectividade galega de Bos Aires fixo da cidade unha prolongación da propia terra, de xeito que o traballo cultural dos exiliados non atopaba un receptor tan mudado a respecto daquel que quedaba en Europa. Había, eso si, unha condición engadida: os exiliados eran perfectamente conscientes do seu papel coma salvagarda da cultura galega e nomeadamente do teatro durante os tempos máis duros do franquismo. Non en van Castelao escribe e facilita a posta en escena en Bos Aires de *Os vellos non deben de namorarse*.

En conclusión, a prensa bonaerense non dá conta dunha serie de actividades que, conscientemente, situábanse á marxe da cultura arxentina, pois dalgún xeito eran xa centrais noutro sistema cultural, o galego, espallado polo mundo. E neste sentido paréceme interesante sinala-lo caso do xornal

[1710] Como indica Alonso Montero (quen habitualmente fala de "dúas Galicias" para expresar esa disgregación xurdida do exilio) a respecto do labor editorial de Luís Seoane, "Editar libros en Bos Aires xa non significa, como en 1940, proclamar que existe a dimensión impresa e culta da lingua galega; os libros que se editen en Bos Aires, lonxe de seren a única bandiera, han de entenderse como un complemento, se ben moi importante, do labor editorial da Terra" (Alonso Montero, 1994, 96).

Conducta, que muda o nome a *Propósitos*, consultado por tratarse dun semanario cultural fundado nos anos 30 por Leónidas Barreta, director do Teatro del Pueblo, primeiro teatro independente de Arxentina (continuado despois por Roberto Cossa). A tendencia independente do xornal anima á súa crítica, Beatriz Hilda Grand Ruiz, a atender de modo especial ás tendencias alternativas —non comerciais— e á traducción de autores de todo tipo (esencialmente clásicos) e de diversas nacionalidades. Nunha publicación deste tipo, o teatro galego ou doutras minorías inmigrantes en Bos Aires podería atopar algún espacio de crítica, sobre todo se temos en conta que colaborou circunstancialmente co semanario Norberto Frontini, avogado emparentado con Luís Seoane, que xunto coa súa esposa, a recitadora Mony Hermelo, tivo unha importante relación con Galicia e coa comunidade de exiliados afincados en Bos Aires. Sen embargo nin sequera nese xornal existen referencias ós espectáculos de Ramón de Valenzuela no Centro Gallego, no Centro Lucense e na Federación de Sociedades Gallegas.

Como vimos indicando, é nas publicacións emanadas do asociacionismo galego da emigración e do exilio onde, nun principio, podemos atopar documentos que nos permiten analiza-la recepción dos espectáculos que nos ocupan. Sen embargo, os resultados son un tanto contradictorios.

As publicacións consultadas foron:

— *Galicia* do Centro Gallego (dende 1960 ata os primeiros meses de 1965)
— *Opinión Gallega* (idem)
— *Orientación Gallega* (dende 1962 ata 1965)
— *Galicia* da Federación de Sociedades Gallegas (dende 1959 a 1965)
— *Lugo* (dende 1959 ata 1965)

Como veremos despois, atopamos críticas e notas relativas ás actividades de Valenzuela en *Opinión Gallega*, *Lugo* e *Galicia* (da Federación), este último, o xornal que aglutina a maior parte das recensións encol do teatro

[1711] Pensemos que o Centro Galego convoca premios aos que concorren autores galegos, e que estes publican en editoras afincadas á beira do Río da Prata.

do noso autor, quen estivo sempre vencellado á Federación de Sociedades Gallegas.

En *Orientación Gallega* non achamos ningunha referencia a esa actividade dramática do noso autor, malia haber, eso si, referencias a el e malia atopamos alí, tamén, os dous artigos de Leandro Carré sobre o teatro galego: "Por la creación de un teatro gallego de nuestro tiempo" e "Para un teatro gallego de nuestro tiempo"[1712].

O voceiro do Centro Gallego non atende a actos deste tipo, senón máis ben a acontecementos de carácter social e asociativo (ceas, conferencias multitudinarias, aniversarios, actos de homenaxe...). Con todo, resulta chamativo que na etapa que nos ocupa o responsábel de *Galicia* era Eduardo Blanco Amor, quen, non o esquezamos, dirixe unha das obras de Valenzuela. As páxinas da revista parecen responder máis ben a unha vontade de informar sobre os acontecementos ocorridos en Galicia ca sobre aqueles que afectasen directamente á colectividade galega de Bos Aires.

Cómpre ter en conta que o feito de que se ignorasen os espectáculos teatrais nalgunhas das publicacións da prensa galega da época non é un acontecemento illado. Indiquemos que xa daquela existían tensións na colectividade entre os intelectuais republicanos galeguistas (exiliados seguidores nostálxicos da estela de Castelao) e os representantes dunha facción menos "comprometida" no que á causa galeguista se refería, sendo estes últimos quen, de feito, comezaban a ostenta-los postos directivos dos organismos representativos da colectividade.

Demostra esto un artigo da propia María Victoria Valenzuela publicado en *Galicia* (o da Federación de Sociedades Gallegas) con data 30-X-1961, e titulado "El Salón Castelao". Nel, a autora fai unha crítica ás autoridades do Centro Gallego por poñe-lo recentemente construído Salón Castelao (lembremos que

[1712]Ensaio premiado no certame Nieto Pena da Radio Televisión Francesa e publicado coma dous artigos nos números correspondentes a outubro-novembro e decembro de 1964, respectivamente. Leandro Carré realiza unha reflexión interesante encol da actividade teatral en Galicia reivindicando un sentido crítico que permita valorar de xeito xusto a calidade dos textos (nin todo é malo nin todo é bo) e sinalando coma causa fundamental do atraso estético a respecto de Europa e Norteamérica a non profesionalidade dos actores. Resulta interesante

anos despois, foi alí onde Valenzuela montou *As bágoas do demo*, dirixida por Blanco Amor) ó servicio da producción cultural non galega, como por exemplo a representación dunha obra de Joaquín Calvo Sotelo (significativo nome) por parte dunha compañía arxentina. A pregunta de María Victoria de Valenzuela non deixa lugar a dúbidas sobre o camiño polo que discorrían as tensións entre as diversas tendencias políticas da colectividade:

> ¿es que el nombre de Castelao, con el que han denominado a la sala no supone todo un compromiso?

No ano 61, o Centro Gallego de Bos Aires, un tradicional referente do asociacionismo galego na cidade, xa se desvencellaba da vontade política dos exiliados, e de aí o sentimento de pesar e desalento que movía a aqueles que aínda permanecían fieis á causa republicana e galeguista en Arxentina, tras vinte anos de dictadura fascista en España. De feito, a propia autora do artigo engade palabras moi reveladoras:

> Nunca se ha pretendido que el Centro Gallego tomase posición política. Bastaba con que mantuviese alejado de su seno todo aquello que representara, directa o indirectamente, un símbolo de la dictadura. Que aquella casa, sagrada para todos nosotros, no se viera mancillada con la presencia material o espiritual de los culpables de la traición.

Xa no 1961, a esposa de Ramón de Valenzuela falaba de "traición", de afasta-los "símbolos da dictadura", dunha casa que no pasado era "sagrada" para eles, e, sobre todo, reivindica o nome de Castelao coma mítico referente da causa pola que boa parte da intelectualidade galega, aínda daquela, se atopaba en Arxentina.

Con estes antecedentes, semella que atopamos unha explicación que dea conta da constatábel ausencia de referencias e notas nalgunhas

---

comparar esa análise do teatro en Galicia en 1964 coa actividade —ben diferente— que a colectividade galega viña desenvolvendo en Bos Aires.

publicacións (especialmente na do Centro Gallego) encol da actividade dramática de Ramón Valenzuela Otero.

3. VALENZUELA E A FUNCIÓN IDEOLÓXICA DO TEATRO GALEGO EN BOS AIRES

Vimos sinalando que, igual que o primeiro xermolo dunha actividade teatral de cuño autóctono en Galicia durante fins do XIX e comezos do XX se viu secundada de maneira decisiva pola actividade dos emigrantes en Cuba e, en menor medida, en Bos Aires, o estalido da Guerra Civil produce que toda a actividade cultural galeguista (especialmente a teatral) fose tamén emigrante e, despois, exiliada. Nesta ocasión, hai un foco indiscutíble: Bos Aires. Esta actividade, na miña opinión, debe ser considerada un novo proceso fundacional do teatro galego[1713], que probablemente constitúe un dos antecedentes esenciais da creación e éxito das Mostras e Certames de Ribadavia (1973-1980).

A productividade do emprego do espectáculo teatral con fins "patrióticos" non só se demostra pola súa continuidade dende Varela Buxán ata homes da relevancia de Ricardo Flores ou de Ramón de Valenzuela, senón que semella abondo elocuente que o propio Castelao se decatase do seu interese cando chegou, exiliado, e decidiu que sería a compañía de Maruja Villanueva quen poría en escena a súa peza. Castelao leva a Bos Aires *Os vellos non deben de namorarse* consciente da necesidade de darlle ó teatro galego un pulo pola vía innovadora (se se quere vangardista ou expresionista), aínda que tamén aproveita de maneira evidente o pouso popular realista ben enraizado que servía para atraer espectadores, como demostraba o enorme éxito das obras de Varela Buxán. Pero Castelao vai máis alá na súa análise da situación. Outorgándolle o seu prestixioso nome á actividade dramática na cidade porteña, asegura atención crítica e afluencia de público a un espectáculo de teatro galego, unindo a colectividade nunha reivindicación galeguista xa

[1713] Parafraseamos a Manuel F. Vieites (1998, 41), quen, nunha apreciación útil e lúcida, define a historia do noso teatro coma "un permanente proceso fundacional".

imposible na Galicia da posguerra e baixo a dura represión dunha dictadura fascista.

A producción cultural exiliada ten unha condición ideolóxica que practicamente lle é inherente, como se desprende de toda a reflexión sobre o tema do teórico Claudio Guillén (1998). Ademais, é interesante decatarse da posibilidade de indicar múltiples tipos de literatura de exilio: por unha banda está aquela feita por exiliados "en" e "sobre o" exilio, pero por outra tamén é posible que eses exiliados asuman o desterro coma unha situación vital que non entrará na súa producción coma tema, pero que, inevitablemente, condicionará os seus escritos. Tamén se pode considerar a literatura sobre o exilio feita por non exiliados, conscientes da problemática situación vivida polos fuxidos a outras terras[1714]. Alén diso, ¿que facer cos productos daqueles que, máis ou menos explicitamente, viven un "exilio interior", como sucede en varios casos dos axentes galeguistas que quedaron en territorio español?; ¿e cos do denominado "exilio voluntario", frase que, a todas luces, é susceptible de ser considerada oxímoron? É diferente un desterro ordenado (Castelao en Badaxoz, por exemplo) dunha escapada necesaria, pero voluntaria, que dá lugar a personaxes que, coma Ramón de Valenzuela, chegan a un país que os recibe disposto a traballar cun marcado cariz ideolóxico que, no transfondo das súas actividades remite en todo momento á causa última que o conduciu a (querer) marchar para Bos Aires.

O matiz ideolóxico máis moderno que Claudio Guillén (1998, 63-64) sinala para a producción cultural vencellada a situacións de exilio é a relación co nacionalismo, ou, máis exactamente, coa nacionalización da cultura:

> Aproximándonos a tiempos modernos descubrimos una intensificación de la experiencia del exilio y un incremento de su relevancia que al parecer

[1714] Claudio Guillén tamén sinala algúns matices que resultan reveladores: " He procurado distinguir en otra ocasión entre dos conceptos polares: una 'literatura del exilio' por un lado, en que el poeta da voz a las experiencias del exilio, situándose *en* el, directa o confesionalmente, y una 'literatura de contra-exilio' por otro, en el que el poeta aprende y escribe *dende* el exilio, distanciándose de él como entorno o motivo, y reaccionando ante las condiciones sociales políticas o, en general, semióticas de su estado, mediante el impulso mismo de la exploración lingüística e ideológica que le permite ir superando esas condiciones originarias (Guillén, 1998, 36).

> no se prestan a medidas y explicaciones cuantitativas [...] Las estructuras del exilio —sociales, lingüísticas, culturales— se perpetúan y afirman con el refuerzo de unas circunstancias políticas que se generalizan en Europa, como el absolutismo político y la intolerancia religiosa. También la literatura es conservadora, por cuanto se apoya en modelos y recursos que la hacen posible, y las respuestas de los escritores recogen no pocas veces los motivos tradicionales que vimos más arriba. Pero tantas reiteraciones y tantas continuidades no han de ocultar la progresiva prioridad que irá adquiriendo un factor determinante con el que tropezaremos bastantes veces a lo largo del presente libro: la nacionalización de la cultura; o mejor dicho, de la concepción y conciencia de la cultura. [...]
>
> Pero he aquí que el concepto de cultura como mosaico de originalidades locales, o de literatura como conjunto de estilos, temas y valores nacionales, convierte ese proceso en tarea heterodoxa, difícil y hasta imposible. La idea de carácter nacional se convierte en principio de identidad psíquica y colectiva.

Esta é, quizais, a característica fundamental do exilio republicano dos galegos en Bos Aires. Repasando as características do seu traballo cultural e político (republicanos, comunistas, galeguistas, os máis deles nacionalistas), parece indiscutible que a condición de exiliado (e tamén emigrante, lembremos), con todo o que eso conleva de escisión da identidade, era unha boa base para a conformación dunha cultura vencellada a afirmacións de carácter identitario nacional.

Chegados a este punto, cumprirá que nos preguntemos se a actividade teatral de Ramón de Valenzuela responde a estas características que, nestas páxinas, vimos sinalando coma propias da producción cultural, en concreto dramática, dos galegos exiliados en Bos Aires.

A propia opción por representar supón toda unha vontade divulgadora que, ademais, implica un caer na conta de que, naquel momento, en Bos Aires, comezaba a caer a pico da producción espectacular. O feito de que Valenzuela sexa un dos principais artífices de tres montaxes teatrais en galego na capital arxentina implica, por unha banda, unha vontade de conexión co traballo

cultural da preguerra, como sinalamos arriba, pero pola outra, estaba indicando a posibilidade (e a necesidade, nun momento en que os grupos teatrais das asociacións xa traballaban maioritariamente con obras en castelán) dun teatro na lingua propia mesmo nunha cidade na que a lingua oficial é o español. Tendo en conta o capital simbólico que constitúe a lingua nos procesos de formación da identidade galega ó longo da historia, especialmente entre colectivos emigrantes, e tendo en conta tamén o emprego político que dende Nós e ata a actualidade se realiza sobre o galego coma lingua propia, semella que a vertente ideolóxica da actividade dramática de Valenzuela xa queda tracexada.

Por outra parte, cómpre non perder de vista as escollas referenciais das traduccións de Valenzuela, cuestión da que falaremos despois pero que quixeramos sinalar agora: ¿non nos lembra a algo o recurso a Synge, autor irlandés ó que, xunto con Yeats, xa recorrían os homes de Nós en aras da teoría atlantista?[1715]; ¿e que hai da controvertida obra de Lauro Olmo, texto que denunciaba, máis ou menos veladamente, a situación social que vivía a España de Franco? Semella que a traducción deses textos, e a súa posta en escena nos anos 60 en galego e para a colectividade galega de Bos Aires non tiña nada de gratuíto, senón que era perfectamente acorde cunha vontade política e ideolóxica á que Ramón de Valenzuela xa se adscribira antes do 36 e que, de xeito coherente, mantén ata a fin dos seus días, malia causarlle traumáticas experiencias en campos de concentración, a fuxida a Arxentina e unha sorte de exilio interior, unha (auto)condena ó silencio unha vez que regresa a España e decide afincarse en Madrid.

4. A ACTIVIDADE TEATRAL DE RAMÓN DE VALENZUELA

A relación de Ramón de Valenzuela co teatro é inseparable da colaboración coa súa esposa María Victoria Villaverde, que traballou nas traduccións para o galego de *The tinker's wedding* de John M. Synge e *La*

[1715] Temos noticia de que Valenzuela e maila súa esposa María Victoria Villaverde tiñan intención de traducir e montar tamén outra obra de Synge, *Riders to the sea*. O proxecto non chegou a materializarse.

camisa, de Lauro Olmo. Os dous fixeron tamén as súas incursións no mundo da interpretación afeccionada tanto na montaxe da primeira das traduccións coma na do texto dramático da autoría de Ramón de Valenzuela, *As bágoas do demo*, obra que permaneceu inédita ata 1996, cando Luís Pérez Rodríguez realiza unha edición para Ediciós do Castro. Alén diso, Ramón de Valenzuela e Mariví Villaverde tamén participan en 1960 na lectura pública de *Os vellos non deben de namorarse* coma homenaxe a Castelao no X aniversario da súa morte[1716]. Valenzuela tamén dirixe pola mesma época a lectura de *A fiestra valdeira* realizada no Centro Lucense de Bos Aires.

Como xa dixemos, é fundamental o feito de que nos anos 60 se erga a voz de Valenzuela coma promotor e traductor do teatro en galego na cidade porteña, pois supón un pulo necesario que, dende un punto de vista histórico, emparenta directamente co traballo dos artífices do fenómeno Abrente en Galicia. De feito, esta cuestión debe ser relacionada con que xa Valenzuela foi o primeiro autor en publicar unha novela de corte autobiográfico na propia lingua sobre a guerra civil (*Non agardei por ninguén*, Citania, 1957[1717]), a lingua que, en xeral, empregou na súa actividade literaria narrativa co volume de contos *O naranxo* (Brais Pinto, 1974) e a noveliña tamén autobiográfica *Era tempo de apandar* (Akal, 1980[1718]).

Xa que falamos do valor étnico-simbólico da posta en escena da obra de Synge e de Lauro Olmo perante unha comunidade integrada por emigrantes e exiliados, cumprirá decatarse, logo, de que é o espectador da colectividade galega de Bos Aires quen condicionará e determinará as opcións dramáticas dos axentes teatrais. O valor, responsabilidade e lugar comunicativo duns espectáculos teatrais nacidos por e para a comunidade galega explica as características da producción e recepción teatral das obras animadas por Ramón de Valenzuela, tanto as dúas traduccións coma a súa obra propia. Vexamos, logo, cál foi a posición da producción teatral do noso autor dentro do sistema espectacular deseñado pola colectividade galega de Bos Aires.

[1716] Xunto con Tacholas, Cloti Iglesias, Maruja Boga, Pilar Jeremías, Antonio Cubela, Dora Seco, Alfonso Costela e N. Boga. (Pérez Rodríguez, 1996, 23)
[1717] Reeditada en Akal, 1976 e Xerais, 1989.
[1718] Reeditada en 1997 por A Nosa Terra.

4.1 *The tinker's wedding* da man de Valenzuela e de Roberto Villanueva

O 19 de novembro de 1960 a Escola do Teatro Lucense do Centro Lucense estrea *O casamento do latoeiro*, obra de Synge dirixida por Roberto Villanueva e traducida por Ramón de Valenzuela, en colaboración coa súa esposa[1719]. É esta a obra coa que o noso autor inaugura a súa andaina na dramática pola vía da traducción, poñendo o texto ó servicio dun director arxentino, fillo de galegos que xa daquela puxera en escena obras de Kafka, Calderón, Cocteau e Montherlant, e que aínda no mesmo ano había traballar con *Ligazón*, de Valle Inclán e coa traducción española de *In the shadow of the glen*, tamén de Synge. Como vemos, Roberto Villanueva xa daquela era un director interesado polos grandes nomes do teatro universal, ó tempo que trataba de afondar en diversas tendencias e estéticas. Co paso do tempo, convertirase nun dos directores máis afamados de Arxentina, recoñecido a nivel mundial, que aínda se mantén activo na actualidade.

Como xa indicamos, é salientable o feito de que Synge xa fose un autor que influíu e interesou ós homes de Nós e que Valenzuela recupera, quizais nunha tentativa de reanimación do espírito da preguerra, a través desta montaxe e do proxecto incumprido de traducir *Riders to the sea*, dato que demostra a non casualidade da escolla. En efecto, ese vencello coa preocupación pola relación entre Galicia e Irlanda dos homes de Nós, mesmo a teoría atlantista e certo celtismo xa se sinalan no propio programa de man da obra[1720], e son salientados polos críticos de *Opinión Gallega*[1721] e *Galicia*[1722] da Federación de Sociedades Gallegas. O primeiro deles refírese a esta cuestión nos seguintes termos:

[1719] No elenco participaban Evelio Iglesias coma Miguel Byrne, o latoneiro; María Victoria Valenzuela, como Maria Byrne; Eloísa Ares no papel de Sara Casey e o propio Ramón de Valenzuela coma abade.
[1720] "Na versión galega non houbo mais que cambear as verbas, O demais xa estaba feito. As obras de Synge son unha demostración mais da comunidade de orixen dos irlandeses e dos galegos".
[1721] [Anónimo] "Magnífica expresión de teatro en gallego", *Opinión Gallega*, noviembre de 1960.
[1722] [Anónimo] "Teatro gallego en el Centro Lucense", *Galicia*, 30-IX-1960.

> Ha sido un acierto la elección de esta obra. Synge es el hombre que comprendió y amó a las gentes de su país y creó, con sus vidas, poesía. De ello nos deja constancia "O casamento do latoneiro". Y decimos que ha sido un acierto porque sus personajes, sacados de la entraña de su tierra, muy bien pudieran serlo de la nuestra. Tanto hay en común, que si cambiáramos nombres de gentes y lugares podríamos creer que Synge llevó su vida errante a través de Galicia. Y por ser su lenguaje habla auténtica de los campesinos de su país, es, su cuidada versión, reflejo fiel de los nuestros.

Como vemos, lóalle ó autor irlandés a capacidade de trasladar á literatura unha sorte de romántico "Volksgeist" ou esencia nacional a través da cal se establecen pontes con Galicia, e de aí a pertinencia da traducción e da montaxe, en opinión do crítico. E non esquezamos que se fala de relación con Galicia nun contexto emigrante e exiliado, en pleno Bos Aires, onde se a terra quedaba lonxe, máis aínda quedaba Irlanda, país tamén de emigrantes e exiliados, novo punto en común coa comunidade receptora da traducción de Valenzuela.

Pola súa banda, o crítico de *Galicia* tamén reflexiona sobre esta cuestión.

> [...] en el teatro del Centro Lucense, se está representado una obra notable, en idioma gallego, nada menos que de un gran poeta irlandés, Synge, fallecido hace unos años, traducida también hace tiempo, por P. R. Castro, un escritor gallego de sólida cultura inglesa. La obra es de carácter popular, costumbrista y de una gran afinidad espiritual con lo popular nuestro.

Das tres referencias en prensa coas que contamos sobre esta montaxe, é esta do xornal *Galicia* da Federación de Sociedades Gallegas a única que fai referencia a Ramón de Valenzuela coma traductor do texto, se ben todas elas coinciden en aplaudirlle a interpretación dun cura sornas na obra, igual que todas elas, tamén, loan as interpretacións femininas, en especial a de María Victoria Villaverde. Máis nesta crítica é interesante que, ademais, presenta a

Valenzuela coma artífice último da iniciativa da montaxe, quizais debido á "inquietud espiritual de ese mozo, de fibra tan galleguista".

En *Lugo. Voceiro do Centro Lucense de Bos Aires*[1723] tamén aparece unha referencia a esa relación coa época *Nós*, aínda que neste caso relativa a unha necesidade universalista (e cosmopolita, moi no estilo da devandita revista) intimamente ligada á traducción coma exercicio literario que, dende logo, tamén vencella a Valenzuela cos intelectuais galeguistas da preguerra[1724]:

> Denantes de iniciarse a representación, Ramón Suárez Picallo dixo unhas verbas para poñer a obra en ambiente e destacala súa importancia. Lembrou que fai 45 anos, o gran xornalista e escritor lucense, de Viveiro, Antón Villar Ponte, sinalou o déficit que nas letras de Galicia tiña o teatro; e suxeriu a necesidade de que, para suplilo, debíanse de facer traduccións das obras mestras do Teatro Universal en idioma galego. Il mesmo deu o exemplo, facendo unha fidelísima versión galega da traxedia "Almas mortas" do escritor ruso Nicolás Gogol. Falou, despois do carácter de artistas afeccionados e vocacionais que esa noite ofrecían a versión galega de unha obra irlandesa. Actrices e actores, traballan, na súa vida ordinaria e común en mesteres alleos á arte teatral. E soamente fan teatro para o seu recreo espiritual e tamén fano para o recreo espiritual dos demais.

É probable que a traducción de Ramón de Valenzuela non parta do orixinal en inglés de Synge, senón da traducción ó español publicada no 1959 pola editorial Losada de Bos Aires, no volume das súas obras completas.

Vemos, logo, que a aportación de Valenzuela ó teatro en galego na colectividade emigrante e exiliada de Bos Aires non é nin moito menos gratuíta. Non só coa traducción, senón tamén co propio exercicio da interpretación, o autor contribúe a dinamizar unha faceta que, como vimos, cumpría un labor importante dende o punto de vista cultural e ideolóxico dentro da colectividade. Esta cuestión xa era sinalada nas páxinas do xornal da Federación de

[1723] R. S. P, "O casamento do latoneiro", *Lugo. Voceiro do Centro Lucense de Bos Aires*, novembro de 1960.

Sociedades Galegas cando M. V. Arealonga, nun artigo titulado "La Escuela del Teatro del Centro Lucense"[1725] aplaudía o traballo que a Escola do Teatro Lucense viña realizando dende que fora fundada en 1959, con dous elencos: un para representar en castelán e outro para representar en galego. Este último, xustamente, estréase con *O casamento do latoneiro*.

De feito, a recepción da obra tamén salienta a importancia do teatro coma dinamizador cultural galego en Bos Aires, e en especial, o traballo afeccionado coma loábel iniciativa activista. Mesmo R. S. P. remata a súa crítica pedindo que os socios do Centro Lucense animen a familiares e amigos a estimular

> coa súa presencia estas manifestaciós de arte e de cultura, que a nosa istitución ven fomentando pra esbeltización espritoal das suas xentes, e pra xerarquizar a cultura de Galicia, no ámbito da mellor cultura universal.

O feito de tratarse de teatreiros afeccionados, en efecto, é sinalado polos críticos, pero non mingua a loa feita sobre a obra coma iniciativa e, sobre todo, coma esforzo nun contexto que, a priori, preséntase coma fortemente condicionado. De certo, o aplauso refírese máis ben á galeguidade da obra (non esquezamos que estrea o elenco galego da Escola do Teatro Lucense) facilmente salientábel nun texto referido a unha realidade sociocultural de características semellantes ás da Galicia tradicional (poder do catolicismo coma relixión, afección polo alcohol, penuria económica...).

Pero ademais, Valenzuela coma traductor procura esa concomitancia de maneira consciente, xa que, se ben non galeguiza moitos dos referentes do orixinal (topónimos e moedas, por exemplo), si lle engade ó texto unha vertente alusiva a Galicia, como pode selo comezo coa coñecida cantiga "Eu queríame casar, miña nai non teño roupa". Ademais, esta cuestión que pode ser relacionada coa lectura que o propio Valenzuela coma actor fixo do personaxe do cura a quen, segundo os críticos, interpretou a través da sorna e

[1724] Cómpre indicar que o crítico asina coas iniciais R. S. P., que coinciden, de feito, coas do propio Suárez Picallo, que realizara a presentación da obra.

da chocarronería que aínda hoxe funcionan coma tópicos de identificación (exterior) do ser galego. Mesmo a escenografía, deseñada por Clelia Arancio, remitía á linguaxe do tópico (nostalxia, decadencia, a paisaxe e a vexetación coma elementos de semellanza entre Galicia e Irlanda) a través dun decorado centrado na imaxe dunha árbore espida, outoniza e unha iluminación na que predominaban os verdes e azuis[1726].

Evidentemente, neste conxunto de escollas funcionaba para Ramón de Valenzuela a consciencia de que o público ó que ía dirixida a súa obra funcionaba a través dunhas expectativas moi concretas: os galegos de Bos Aires ían ó teatro en galego procurando unha reminiscencia nostálxica, unha lembranza da terra á que ollaban con morriña dende o outro lado do Atlántico. *O casamento do latoneiro* de Synge traducido por Ramón de Valenzuela e dirixido por Roberto Villanueva tentaba conxugar, xa que logo, unha tentativa intelectual (o exercicio da traducción, co fin de cubrir un espacio necesario no que ó diálogo interestético e intercultural se refire) cunha tentativa socio-cultural e mesmo ideolóxica (teatro en galego, para os galegos, que lembrase a Galicia).

4.2 O teatro da emigración de Lauro Olmo na Galicia do exilio

Lauro Olmo, ourensán afincado en Madrid, deuse a coñecer durante os anos 50 gracias á súa actividade narrativa, pero será a producción teatral a que o consagre coma unha das voces importantes nas letras españolas nos 60. En 1961 obtén o Premio Valle-Inclán por *La camisa*, obra que se estreará o 8 de marzo do ano seguinte no Teatro Goya de Madrid. A obra, aplaudida de xeito entusiasta pola crítica, recibe nese 1962 o premio Larra e o Premio Nacional de Literatura e no 63 o Álvarez Quintero, ó tempo que se estrea en Inglaterra (Old-Vic Theatre School de Bristol), Suíza (Cour Saint-Pierre de Xenebra), Brasil (Centro Democrático Español de São Paulo), Frankfurt (Teatro Von Kleist), París e outros teatros de todo o mundo. Como vemos, *La camisa*, premiada e

[1725] M. V. Arealonga, "La Escuela de Teatro del Centro Lucense", *Galicia*, 30-X-1960.
[1726] Alén de dúas fotos publicadas en *Lugo*, a carón da crítica de novembro de 1960, contamos cos gráficos, deseños escenográficos e esquemas lumínicos da obra, material cedido por Manuel Cordeiro.

representada ben axiña, non só experimentou un éxito inmediato, senón que achegou ó seu autor progresivamente ó centro do sistema, poñéndoo en relación directa con Buero Vallejo ou Alfonso Sastre.

Ramón de Valenzuela, con María Victoria Villaverde, tamén se interesou por esta obra, para a que realizaron unha traducción ó galego, animando a montaxe en Bos Aires[1727]. Así, foi estreada o 17 de abril 1964[1728] polo elenco do Ateneo Curros Enríquez na Federación de Sociedades Gallegas[1729], dirixidos por Mario Pinasco.

A rápida canonización dun texto e dun autor semella condición suficiente para xustificar unha posta en escena de *La camisa* en calquera lugar do mundo que mantivese algún tipo de vencello co sistema cultural español, pero no caso da traducción de Valenzuela e da montaxe na Federación de Sociedades Gallegas, a propia temática do texto, xunto co feito ineludible de ser Lauro Olmo de orixe galega e socialista, autor dun notable teatro político (malia a censura), implica menos casualidade.

É interesante analiza-lo valor intersistémico da traducción de Valenzuela en relación con outras representacións da mesma obra. No mesmo 1964 os alumnos da Escuela del Teatro I.F.T. dirixidos polo prestixioso Jaime Kogan representaron a obra na capital arxentina. Polo programa de man da montaxe deducimos que foi pouco antes de agosto, pois hai indicacións sobre futuros espectáculos da compañía previstos para ese mes. Nesa montaxe participaba Tacholas (no papel de Tío Maravillas) e no programa de man, ademais, hai unha relación de tódolos idiomas ós que a obra fora traducida, listado no que non aparece aínda o galego, da man de Ramón de Valenzuela. É de supoñer que a un grupo de teatro independente coma este tiña que interesarlle a obra, nunha cidade coma Bos Aires, cunha poboación esencialmente inmigrante e

[1727] Sinalemos que o manuscrito orixinal desta traducción, que se cría perdido ata agora, se encontra no arquivo persoal de Pilar Enciso, viúva de Lauro Olmo, co número de rexistro 9477.
[1728] Luís Pérez Rodríguez (1991 e 1996) indica que *A camisa*, traducida por Ramón de Valenzuela, foi estreada en 1960. O dato é erróneo. O propio Lauro Olmo sinalou no prólogo que escribiu *La Camisa* despois de agosto de 1960, e a obra deuse a coñecer no ano seguinte. As nosas pescudas indícannos indiscutibelmente que se estrenou o 17 de abril de 1964 na Federación de Sociedades Gallegas.
[1729] Fora inaugurado en 1952 da man da actriz Pepita Giménez co fin de levar de maneira gratuíta o teatro ó público da Federación.

cunha situación socio-política que tamén vivía os efectos dunha dictadura (Perón no poder ata 1976) en moitos sentidos comparable á de Franco, contexto de referencia de *La camisa*.

En efecto, os analistas viñeron veu salientando o interese da obra de Lauro Olmo, entre outros elementos, pola súa temática migratoria, principal factor de crítica velada que, ó tempo, lle dá ó texto o cariz de social-realismo que, ó mesmo tempo, lle serve coma mecanismo de análise. A cuestión da emigración en *La camisa* non só ten coma finalidade última a captación dun público popular achegado á realidade evocada —no sentido do "Volsksbuhne" ou "teatro para o pobo" dos grandes dramaturgos europeos dos 50 (Piscator, Otto Brahm)—, senón que é empregada tamén coma arma ideolóxica en sentido crítico. Esas dúas vertentes son, xustamente, as que teñen posibilidades de seren efectivas nun contexto de colectividade emigrante e exiliada coma é o Bos Aires dos 60.

Engadamos a isto as lúcidas reflexións de Ángel Berenguer (1984, 77-78):

> Si en 22 ocasiones se hace referencia a la emigración, nueve de éllas se refieren al hecho como una huida, y trece la describen como una solución. En tres ocasiones se habla de emigrar como algo absolutamente negativo. Es curioso observar que la abundancia de las alusiones está muy mitigada por el hecho de que expresan opiniones encontradas (casi en un 50 por 100). Esto ha podido inducir a pensar que la obra trata primordialmente el problema de la emigración cuando, en realidad, lo trata como una de las perspectivas reales, en aquel momento, para los personajes de Lauro Olmo. [...] En la obra, Lauro Omo (y contra la tesis de su protagonista, con la que, en general, se suele identificar el autor en el teatro social), presenta ya esta lectura [entender a emigración coma unha oportunidade de tolerancia e coma un desexo de tranquilidade e dignidade] y se vislumbra como algo positivo, que sirve de contrapeso a la tesis úncia y panfletaria de la tradición social en nuestro teatro. Con ello, además, se distancia de su objeto, regándolo así con el agua rara de la credibilidad.

A importancia e transcendencia da temática da obra, especialmente en contextos emigrantes, está ben testemuñada por Antonio Pérez-Prado (1973, 108-110), quen relata unha anécdota ben significativa que ilustra á perfección o valor social do texto e a lectura posible (e lóxica) realizada polo público emigrante (ou exiliado). Conta Pérez-Prado que el asistiu á posta en escena de *La camisa* que se realizou en Utrecht, no 1966, na que tamén estaba o propio Lauro Olmo. Segundo el, puxeron a obra "en carne y huesos obreros españoles, gallegos casi todos, y eran los del público sus compañeros de trabajo", e tivo grande éxito debido a que "*La camisa* tiene que ver con las esperanzas y con los dolores de esa emigración que los galaicos tan bien conocen". A alma da anécdota que conta Pérez-Prado refírese á recepción por parte do público, que estalaba en gargalladas cada vez que se explicitaban sobre o escenario as penurias que eles mesmos sufriran ou sufrían aínda, coma emigrantes que procuran o pan no estranxeiro (especialmente a escena dos arenques), unha reacción ben diferente da fría seriedade do público coruñés, semanas despois.

Descoñecemos os pormenores da recepción da montaxe traducida ó galego por Ramón de Valenzuela na Federación de Sociedades Gallegas no 1964, pero os críticos apuntan directamente á mesma cuestión que Antonio Pérez-Prado ó salienta-la particularidade de representar *La camisa* perante público esencialmente transterrado.

Contamos con dúas crónicas ben diferentes, unha positiva e outra negativa. A primeira, loxicamente, publicada en *Galicia*[1730], o voceiro da Federación, e a segunda en *Lugo*[1731] do Centro Lucense.

A primeira crítica dános datos interesantes encol das circunstancias que rodearon a estrea de *La camisa* na Federación:

> Pocos días antes del estreno, se presentó ante el Ateneo Curros Enríquez una delegación de Argentores para comunicarle que el representante de la Sociedad de Autores de España, le habían conminado a impedir el estreno de "A Camisa" por no estar autorizados a ello por dicha

[1730]"Estreno de 'A Camisa'", *Galicia*, 30-IV-1964.
[1731] Celtíbero, "Presentose un drama del autor gallego Lauro Olmo", *Lugo, Voceiro do Centro Lucense de Bos Aires*, abril de 1964.

> entidad. Pese a existir una carta de su autor Lauro Olmo, el representante de la Sociedad de Autores Española y a la vez Delegado de Información de la Embajada franquista se obstinaba en suspender la representación haciendo pesar toda su influencia en contra de nuestros propósitos, llegando incluso a la amenaza de represalias. A pesar de esta insólita actitud, el Ateneo Curros Enríquez decidió enfrentar a dicho delegado franquista y llevar a cabo la función.

O certo é que, se ben se califica a obra coma "digna" e se loan os decorados de Laxeiro, ó anónimo crítico de *Galicia* o que lle interesa é a polémica organizada pola montaxe, de xeito que lle facilita a queixa pola censura franquista (que mesmo chegaba a Bos Aires) e a crítica ás reticencias desa institución contra unha obra das características de *La camisa* e da Federación de Sociedades Gallegas coma sociedade de marcado cariz político, identificado coas fantasmas marxistas comunistas ás que tanto temía Francisco Franco. Vemos, logo, que mesmo en Bos Aires, e representada por un elenco afeccionado, a obra espertaba as reticencias do poder da dictadura española, de xeito que aínda se xustifica máis a lectura da obra no sentido socio-crítico que sinalabamos arriba.

A crítica aparecida en *Lugo* dános unha análise da montaxe máis estética ca política. En efecto, o autor que se agacha tralo pseudónimo Celtíbero traslada ó seu espacio as palabras de loa enunciadas por José Monleón con motivo da estrea de *La camisa*, de xeito que remarca que o seu aplauso non é tanto cara á montaxe realizada polo elenco do Ateneo Curros Enríquez coma para o propio texto do galego Lauro Olmo, cuestión que explicita de maneira ben clara:

> Lamentablemente, la versión brindada por el elenco vocacional del Ateneo Curros Enríquez —traducida al gallego por Ramón de Valenzuela— no estuvo a la altura de los méritos propios del libro.

En xeral, o xuízo deste crítico é negativo (non sendo os decorados de Laxeiro e a loa ó entusiasmo amosado polos actores), cuestión que debe ser

posta en relación co feito de que a crítica aparecida en *Galicia*, como viamos arriba, sexa positiva, mais non entusiasta, tentanto incluso de maneira velada xustificar algunhas carencias na interpretación a través da xuventude dos actores, da súa condición de afeccionados e, sobre todo, a través do nerviosismo causado pola desagradable polémica na que a estrea se viu inmersa, polémica á que Celtíbero non fai ningunha referencia.

Unha vez máis, logo, atopamos unha montaxe animada por Ramón de Valenzuela que destaca polo seu valor socio-político en relación coa ideoloxía emanada da condición exiliada e emigrante da colectividade galega, á que Valenzuela dedicaba o seu traballo intelectual. Semellaba que Lauro Olmo escribira *La camisa ad hoc* para ser representada en contextos deste tipo e de aí a pertinencia da traducción e a montaxe no seo dunha institución coma a Federación de Sociedades Gallegas, unha pertinecia que quedou demostrada polo triste percance que antecedeu a estrea e que viña demostrar que a crítica contra o estado fascista sempre presente no discurso cultural e político dos galegos exiliados en Bos Aires era tan actual e necesaria coma a crítica velada presente na obra de Lauro Olmo.

4.3 As bágoas do demo ou o cumprimento dunha ilusión dramática

O 21 de agosto de 1964 no Salón Castelao do Centro Gallego de Bos Aires o Ateneo Curros Enríquez volveu traballar con Ramón de Valenzuela, desta vez dirixidos por Eduardo Blanco Amor, coa obra *As bágoas do demo*. Non conseguimos atopar recensións nin referencias a esta montaxe, de xeito que non podemos facer unha análise exhaustiva da súa recepción, aínda que, de certo, hai algunhas cuestións que será interesante sinalar.

O feito de que a obra permanecese inédita ata o 1996, na miña opinión, é bastante significativo, así como tamén o é o lugar de publicación do texto, Ediciós do Castro, editorial que debe o seu labor á vontade e entusiasmo dun home sempre comprometido coa causa dos exiliados, Isaac Díaz Pardo, nunha empresa sempre preocupada por promocionar obras e autores que, dalgún xeito, se afastan do centro do sistema, ou foron silenciados por múltiples motivos. Cómpre indicar que entre 1964 e 1996 si hai editoriais que se

preocupan pola recuperación dos textos e da figura de Ramón de Valenzuela (como vimos, Akal, Xerais, Brais Pinto e A Nosa Terra, que editan ou reeditan os seus textos narrativos) pero a súa faceta teatral quedou completamente esquecida practicamente ata os nosos días. Polo tanto, debemos entender que *As bágoas do demo* é un texto que na actualidade se presenta coma periférico dentro do sistema literario galego.

En primeiro lugar, é periférico porque é teatro, o xénero máis afastado dos circuítos canónicos; en segundo lugar, porque pertence a un escritor que tradicionalmente só foi (re)coñecido coma narrador e que durante anos viviu as consecuencias físicas e ideolóxicas do exilio no relativo á visibilidade pública, mesmo anos despois da fin da dictadura; e en terceiro lugar, porque a distancia entre data de creación (e primeira publicación, porque foi representada) e a data de edición é de trinta e dous anos, tempo máis que suficiente como para que o texto responda a unha estética e unha vontade doutro tempo, con outras características ben diferentes das presentes en Galicia nos 90: o texto é producido por e para a comunidade galega do exilio e emigración no Bos Aires dos 60 (coas características que vimos arriba) e é editado, tres décadas despois, para un potencial receptor galego (xa non transterrado) que, a nivel teatral, xa pasou por Abrente, a profesionalización do teatro galego, a superación da estética ruralista e popularista e a cultura do audiovisual que se desenvolveu ó longo dos 80 e dos 90.

Cómpre, logo, non perder de vista estas características e estes desfases para decatármonos da necesaria contextualización de *As bágoas do demo* dentro do exilio dos anos 60 e dentro da preocupación de Ramón de Valenzuela por emprega-lo teatro coma mecanismo cohesionador e identificador da colectividade galega de Bos Aires.

Sen embargo, esa situación máis ou menos periférica da obra dentro do sistema literario galego da actualidade, debe ser comparada con algunhas cuestións que apuntan directamente á posibilidade de que, no seo da comunidade galega de Bos Aires no 1964 accedese a unha posición central.

As bágoas do demo foi representada no Salón Castelao do Centro Gallego, principal referente da colectividade e aglutinador das actividades que

pretendían ter máis difusión entre os galegos da cidade porteña. Por outra parte, Valenzuela non era descoñecido ningún neses ámbitos, pois xa traballara durante tres cursos coma profesor de Xeografía galega en A.G.U.E.A., asociación fundada en 1956, de xeito que un texto da súa autoría (xa non traducción) tiña posibilidades de chamar certa atención. Se a todo eso engadimos que o espectáculo *As bágoas do demo* foi supervisado polo mesmísimo Eduardo Blanco Amor, semella que a montaxe podía ter creado importantes expectativas.

Sen embargo, o silencio por parte da crítica é absoluto e, de certo, a obra non é publicada nin de inmediato nin nun espacio breve de tempo. Os motivos deste silencio sobre *As bágoas do demo* deberán ser debidamente analizados tendo en conta outras múltiples variables (o estado da actividade editorial e política de Valenzuela cos galegos en Bos Aires, as relacións con Galicia, as prioridades ideolóxicas e estéticas...), cuestión complexa na que non podemos deternos agora pero que desexamos sinalar coma verea de investigación futura.

Aquel 21 de agosto de 1964 traballaron en *As bágoas do demo* a propia María Victoria Valenzuela, , Mª Dolores López, X. Rivas, Alexandre Varandela, Ramón de Viña, Mª Lobeira, Manuel Sixto, Mª do Carmo Juvino, Fernando de Valenzuela (fillo do matrimonio) e Francisco Gómez (Pérez Rodríguez, 1991a:11). Polo material gráfico sobre a montaxe publicado a carón da edición impresa do texto, deducimos que a escenografía pretendía salienta-lo aspecto popular-tradicional do texto (no que a temática, malia posuír unha vertente social(ista) e galeguista moi do gusto de Valenzuela, remitía á estética máis tradicional da literatura galega dende o XIX) a través de vestimentas tradicionais típicas e unha situación espacial achegada ó rural galego.

A expectativa creada pola obra en Bos Aires está ben reflectida polas seguintes palabras de Luís Pérez Rodríguez (1996, 21-22):

> *As bágoas do demo* mostran ó espectador emigrante galego unha Galicia tanxible e recoñecible, visualizada nas Terras da Ulla. O mundo rural, coa súa propia dinámica, pouco esperanzadora para cambios sociais,

> impón a súa propia lei. Os personaxes están sacados tamén desa realidade. O Tolo, o Cacique, o Demo, a Meiga e o pobo, que é testemuña pasiva no decorrer dos acontecemtneos. A dobre moralidade dos ricos (Pepe, o Alcalde) manipulará a inxenuidade dos tolos (Pirulé, O Naranxo), quen, sen embargo, por se presentaren inocentes e sen careta, indicarán o verdadeiro camiño da felicidade.

En efecto, a obra tenta reflectir de maneira moderna, con humor, ironía e sarcasmo as contradiccións (especialmente socio-ideolóxicas) do mundo rural tradicional galego. E non esquezamos que isto se fai perante un público que, nos 60, xa tiña idealizado cunha sorte de bucolismo todo o referente á terra que ben eles, ben xeracións anteriores, deixarán atrás. Trátase, xa que logo, dunha perspectiva crítica sobre cuestións xa topicalizadas pola literatura dramática galega.

Descoñecemos por qué pasou desapercibida a montaxe de *As bágoas do demo* na prensa galega de Bos Aires no 1964, quizais máis interesada pola traducción que pola creación propia que, xa daquela, comezaba a posuír canles de expresión en Galicia. Sen embargo, coma acontecemento e coma texto, a peza de Valenzuela ten un interese que debe ser reivindicado, igual que toda a actividade política e cultural, especialmente a teatral, que xunto con Maria Victoria Villaverde desenvolveu no exilio bonaerense. Oxalá que este traballo conseguise ese fin.

BIBLIOGRAFÍA

Alonso Montero, Xesús (1994): *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane*, Vigo, Xerais.

Berenguer, Ángel (1984): "Introducción", Olmo, Lauro (1984): *La Camisa / El cuarto poder*, Madrid, Cátedra, páxs. 9-128.

Clementi, Hebe (coord.) (1991): *Inmigración española en la Argentina*, Bos Aires, Oficina Cultural de la Embajada de España.

Fernández Roca, Xosé Anxo (1981): *Lauro Olmo e o seu teatro sobre a emigración*, A Coruña, Cadernos da Escola Dramática Galega nº 20.

Guillén, Claudio (1998): "El sol de los desterrados: Literatura y Exilio", En *Múltiples moradas, Ensayo de Literatura Comparada*, Barcelona, Tusquets, páxs.29-97.

Hermida García, Modesto (1989): "Introducción", de Valenzuela, Ramón (1989): *Non agardei por ninguén*, Vigo, Xerais, páxs.11-41.

López Silva, Inmaculada (2001): "Roberto Vidal Bolaño na (re)construcción do teatro galego. De Abrente a *Mar revolto*" en Vidal Bolaño, Roberto (2001): *Mar revolto*. Santiago, CDG-Xunta de Galicia, páxs.47-134.

Olmo, Lauro (1984): *La camisa / El cuarto poder*, Madrid, Ed. de Ángel Berenguer, Cátedra.

Ordaz, Luís (1946): *El teatro en el Río de la Plata*, Bos Aires, Futuro.

Pellettieri, Osvaldo (1997): *Una historia interrumpida, Teatro Argentino Moderno (1949-1976)* Buenos Aires, Galerna.

Pérez-Prado, Antonio (1973): *Los gallegos y Bos Aires*. Buenos Aires, La Bastilla.

Pérez Rodríguez, Luís (1991a): *Breve historia do teatro galego na Arxentina,* A Coruña, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 89.

Pérez Rodríguez, Luís (1991b): *Breve historia do teatro galego na Arxentina. Un actor: Tacholas*, A Coruña, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 90.

Pérez Rodríguez, Luis (1996): "Introducción", en de Valenzuela, Ramón (1996): *As bágoas do demo*, A Coruña-Sada, Ediciós do Castro, páxs.9-31.

Schwarzstein, Dora (1991): "La conformación de la comunidad del exilio republicano en la Argentina", en Hebe Clementi (coord.): *Inmigración española en la Argentina (Seminario 1990)*, Buenos Aires, Oficina cultural de la Embajada de España, páxs.221-231.

Synge, J. M. (1993): *The Complete Plays*. Ed. by T. R. Henn, London, Methuen.

Tato Fontaíña, Laura (1999): *Historia do Teatro Galego. Das orixes a 1936*, Vigo, A Nosa Terra.

Tello, Antonio (1997): *Extraños en el paraíso. Inmigrantes, desterrados y otras gentes de extranjera condición*, Barcelona, Flor del Viento Ediciones.

Valenzuela, Ramón de (1989): *Non agardei por ninguén*, Ed. de Modesto Hermida García, Vigo, Xerais.

Valenzuela, Ramón de (1996): *As bágoas do demo*. Ed. de Luís Pérez Rodríguez, A Coruña-Sada, Ediciós do Castro.

Valenzuela, Ramón de (1997): *Era tempo de apandar*, Vigo, A Nosa Terra.

Valenzuela Villaverde, Fernando (1997): "Limiar", en de Valenzuela, Ramón (1997): *Era tempo de apandar*, Vigo, A Nosa Terra, páxs.7-17.

Zuleta, Emilia de (1983): *Relaciones literarias entre españa y la Argentina*, Madrid, Ediciones Cultura Hispánica del Instituto de Cooperación Iberoamericana.

NOTAS SOBRE A OBRA DRAMÁTICA E A OBRA PLÁSTICA DE DÍAZ PARDO. ACHEGAMENTO COMPARATISTA

Euloxio Ruibal

A idea que establece un parentesco entre as artes pódese observar xa dende a antigüidade. Platón, Aristóteles, Simónides e Horacio son quizais os primeiros autores que máis incidiron nela, plasmada no socorrido tópico (causa, ó parecer, dunha errónea interpretación), debido ó último citado: *ut pictura poesis*. Este aforismo horaciano, aparecido na *Arte Poética*, tivera xa certo desenvolvemento por Aristóteles na súa *Poética*, que baseaba a representación artística, tanto dramática como plástica, na *imitatio* do referente; pintores e poetas adoptan, pois, similar proceso creativo no emprego da *mímese*, malia a utilización de diferentes linguaxes e materiais. Foron moitos os autores que ó longo da historia a expresaron, en maior ou menor medida, como Quevedo, Lope de Vega ou San Juan de la Cruz. Houbo, sen embargo, que chegar a Lessing (*Laocoonte*), Richard Wagner (teatro total) ou á Bauhaus (integración artística teórico-práctica) para que se afondara axeitadamente nas posibilidades reais de irmandade interartística. A partir do movemento xerado por esta sonada escola de artes alemana, fundada polo arquitecto Walter Gropius, é cando as experiencias se multiplican en tódolos eidos e os estudios, debido sobre todo ós paradigmas comparatistas, atraen cada vez máis a atención dos expertos en todo o abano artístico.

Interésanos aquí a indagación das correspondencias, paralelismos, ecos, pegadas, semellanzas ou diferencias significativas entre o universo pictórico e o universo dramático dun único artista: Isaac Díaz Pardo (Santiago, 1920). A elección obedece a unha serie de circunstancias, que fan medrar o interese e poden aportar algunha luz sobre a obra do polifacético e senlleiro autor, realizada nun espacio (Galicia) e nun tempo (a posguerra española) determinados, e dentro dunha conxuntura vital que ben podemos denominar exilio interior (cunha segunda época atípica e intermitente). Quizais posibilite tamén a comprensión dos mecanismos de

transferencias semánticas ou sintácticas entre os diferentes códigos artísticos (neste caso, plásticos e literarios), así como os mecanismos de expresión postos en práctica por un mesmo artista, e da plasmación de idénticas ideas e sentimentos co emprego de distintas linguaxes.

Vexamos algunhas desas circunstancias que nos empurraron a esta lectura:

1º- O feito de ter comezado Díaz Pardo a súa carreira de pintor profesional na inmediata posguerra.

2º- As contradiccións entre as súas ideas (progresistas e republicanas) e a pintura (academicista) que se ve obrigado a realizar por aquela época.

3º- A coincidencia temporal entre o abandono (voluntario e en pleno éxito) do cultivo profesional da pintura (1948) e o comezo da escrita do seu teatro (1949). A unha expresión (obrigada), que enmascara o seu sentir e pensar, sucede outra (libre e voluntaria), na que pode manifestar por completo a súa personalidade humana e creativa, e mailo seu pensamento, pois a nova forma artística xorde desprovista da función comercial, que substitúe e complementa coa dedicación á cerámica industrial. A publicación do seu teatro, imposible en Galicia pola férrea censura daquela reinante, tivo lugar en Bos Aires anos despois (1957). Aquí, no seu país, onde entrou o libro de matute, coñeceuse de xeito minoritario.

4º- Por aquel tempo o noso autor pretendera ser arquitecto, pero vírase obrigado a renunciar a emprender os correspondentes estudios ante diversas dificultades. Sen embargo, debía coñecer, xa dende ben novo, o espíritu de integración das artes que inspirara a Bauhaus. O coñecemento reforzaríase máis tarde, en Buenos Aires (1955), en contacto con Luís Seoane e outros intelectuais galegos (Rafael Dieste, Blanco-Amor...), españois ou arxentinos. O concepto de arte, pois, xúnguese ó de industria, no que Díaz Pardo está xa metido de cheo.

5º- A partir de 1955, ano en que Díaz Pardo é convidado a Buenos Aires para fundar a fábrica de cerámica da Magdalena, alterna a residencia entre Galicia e Arxentina. Entre 1955 e 1968, ano en que regresa definitivamente á súa terra, cruza vinte veces o Atlántico. Volve a pintar xa dende os comezos desa nova etapa vital, mais de forma libre e crítica. Na pintura deste tempo atópase un maior e profundo paralelismo coa súa literatura dramática.

6º- As colaboración que no aspecto plástico (escenografía, vestiario, máscaras, utilería, carteis, ilustracións...) levou a cabo, andado o tempo, en diversas montaxes teatrais de grupos independentes (Teatro Circo, grupo Ledicia) ou co director catalán Ricard Salvat (*Castelao e a súa época, Ligazón, El embrujado, Música só para ti, Don Hamlet*).

7º- As actividades de carácter parateatral desenvolvidas polo noso autor, tales como o deseño e construcción dun artiluxio mecánico, unha especie de boneco-robot, que recita coplas satíricas da súa autoría (algunhas tamén debidas a Celso Emilio Ferreiro) á maneira dos vellos cantares de cego, ó tempo que sinala a imaxe correspondente, estampada nun cartel situado á súa beira, cartel igualmente deseñado e realizado por Díaz Pardo, a imitación dos empregados hai tempo polos cegos feirantes.

Temos, xa que logo, dúas etapas pictóricas diazpardianas claramente diferenciadas, e mesmo opostas en algúns sentidos, establecidas antes e despois de 1948, ano en que realiza a última exposición individual e no que dá por finalizada a súa dedicación profesional á pintura, anunciada xa no decurso do ano anterior (VVAA, 1999, 317). Pensamos, polo tanto, que debemos establecer a comparación dos seus textos dramáticos coa expresión pictórica en tres apartados:

a) coa expresión plástica no seu conxunto e sen deixar de incluír a totalidade das manifestacións do artista no eido plástico: pintura, debuxo, carteis, etc.

b) coa pintura da súa primeira e intensa etapa. É dicir, dende 1943, cando se pode dar por rematada a súa aprendizaxe, na Escola de Belas Artes San Fernando de Madrid, as súas viaxes de estudios a Italia e como profesor auxiliar na Escola de Belas Artes de San Jordi de Barcelona, ata 1948, cando, abandonada a pintura, funda Cerámicas do Castro. Neses anos expuxera na sala da Asociación de Artistas da Coruña, na sala Vilches (Madrid), no Casino de Vigo, sala Gaspar de Barcelona (dúas veces), galería Da Vinci de Londres, de novo nunha sala da Coruña, e no Círculo de Belas Artes de Madrid.

Pintura a desta época, como xa deixemos, de corte académico. Comezan a emerxer, non obstante, certas características propias (deformación, acentuada volumetría, recorrencia á mitoloxía, sensualidade, etc.)

c) coa obra plástica realizada a partir de 1955, cando comeza a se expresar con liberdade, sen problemas de censura ou condicionantes económicos, e se reafirma no seu ideario estético.

Iniciamos a comparanza, que limitamos ó sentido que Link (Moog-Grünewald, 1984: 81-82) denomina *productivo*, isto é, obra de arte xerada ou xeradora de outra obra de arte, dos textos teatrais *O ángulo de pedra* (1949) e *Midas* (1951) coa súa obra plástica, cunha clara orientación encamiñada a descubrir e recoñecer a "ekphrasis", isto é, a representación verbal dos elementos plásticos, ou, dito de outra maneira, os recursos retóricos que poden delatar unha recreación verbal das artes visuais, abondosas nestes textos teatrais. Permítome dous exemplos: "Túa vida é soio como un cirio alcendido n-un día de preno sol" (p. 40, "Antelo xa é un home cun arco tendido sobor dun horizonte" (p. 56). A tensión entre texto e imaxe, e os usos que das imaxes se fan tanto nos diálogos como nas acoutacións, ou sexa, o que Michael Nerlich denomina *Iconotexto* áchase tamén en determinadas ocasións, así como tamén certas pegadas de "intermedialidade" (uso de linguaxes de outros medios expresivos). Sinalamos algúns: reiteración de poses estatuarias, o emprego do claroscuro, o uso simbólico da luz, o tratamento da escena como un "cadro animado ou vivente", etc. Convén resaltar a aparición dunha *pietá*, icono relixioso propio das artes plásticas e de gran potencia expresiva, pola súa pertenencia ó inconsciente colectivo da civilización occidental.

Un exhaustivo repaso a léxico, sintaxe, tropos, etc., aporta, así mesmo, revelacións sobre a visualidade (cromatismo, ritmos, imaxinería, iluminación...) expresada con palabras. O mesmo se pode dicir do estilo, tono, espacio, temporalidade, composición... E incluso de todo tipo de figuras ou recursos literarios empregados: sinestesias, descricións, relatos, antinomías, oxímoronos, prosopografías, paradoxos, perífrase, ironía, humor, comicidade...

Cómpre salientar a importancia concedida á luz, como creación dunha atmosfera, delimitación do espacio lúdico, énfase dos xestos, actitudes ou personaxes... Pero tamén acadan relevancia os seus órganos perceptores, os ollos (e moito máis aínda, como logo veremos, na pintura), ou certos personaxes (tamén presentes na obra pictórica e debuxística) que se relacionan directamente coa (ausencia da) luz: os cegos. Por detrás deles asoma de cando en vez o mito de

Tiresias, que acompaña a outros varios (algún xa indicado no título), así mesmo presentes na pintura das dúas etapas. Personaxes míticos, pois, en espacios e tempos míticos igualmente, xa clásicos, xa bíblicos, xa literarios.

Tamén os temas acadan relevancia nesta comparación interartística. Amor e morte sitúanse en primeiro lugar. Non poden faltar Eros e Tánatos, omnipresentes cando a traxicidade se pon de manifesto. Pero sinalemos algúns máis, significativos do momento histórico que estaba vivir o autor, e que teñen paralela expresión na segunda época da súa obra plástica: violencia, represión, cobiza, miseria, hipocresía, medo, vinganza, inxustiza, tiranía, opresión, insolidariedade... Son os tempos da crúa posguerra que se reflicten dun xeito angustioso, propio da corrente de pensamento (o existencialismo) que daquela predominaba na asolada Europa e que o autor, dende un recuncho galego, percibía e expresaba. Así, a traxicidade, o absurdo, a culpa, a nada, o baleiro... son manifestados dramaticamente, como ben corresponde, cun tratamento ritualizado, onírico e certas doses de ar expresionista. Terán o seu equivalente na pintura diazpardiana dos anos cincuenta e sesenta.

A preocupación social, motivada polo compromiso ético-estetico de Díaz Pardo cun tempo e un espacio, ponse de relevo coa aplicación das teorías das chamadas socioloxías dialécticas. As artes, non hai dúbida, reflicten as condicións de vida (Plejanov), son formas ideolóxicas da conciencia social. A teoría do "reflexo" de Lukács, o teatro dialéctico de Brecht, o "estructuralismo xenético" de Goldmann, o xeito de manifestarse no discurso a ideoloxía, que defende Althuser ou a corrente "sociocrítica", establecida por Peter Zima, pero con antecedentes en Bajtin, Lotman e outros, poñen de manifesto a relevancia dos contidos e da dimensión histórica. A teoría dos "polisistemas" de Itamar Even-Zohar e seguidores; contribúe, sen lugar a dúbidas, a contextualizar a interferencia e dependencia da relación interartística. A pragmática proposta por Schmidt, coa súa tendencia empirista, aporta unha maior significación ó afondar en tódolos factores que interveñen na relación que implica a mediación entre as teorías da producción e recepción e mailos textos (literarios ou artísticos).

Semellante lectura á das obras dramáticas ten continuidade na obra plástica do artista compostelán. As contribucións específicas de Mario Praz (1994), Carolina Corbacho (1998), Peter Wagner (1996), Teresa Hernández (1994) e outros, resultan imprescindibles no eido comparatista entre literatura e artes visuais. Mergullámonos, pois, nas manifestacións plásticas coa principal preocupación, ademais de procurar similitudes e correspondencias, de buscar estructuras teatrais ou literarias nos cadros ou debuxos (iconismo), a utilización de textos nas imaxes (iconotexto) ou complementación (mestura, tensión) das imaxes con textos (carteis de cego, carteis publicitarios, cómics...), ou ben os posibles procesos de intermedialidade (a teatralidade ou literaturidade contida nas obras plásticas). A este respecto, coido que resulta ilustrativo, a modo de exemplo, o xa expresado por min noutro lugar (Ruibal, 2000: 42) sobre o cartel anunciador do "XVII Festival Internacional de Teatre de Sitges":

> O xogo de máscaras que establece entre as (pintadas) dos espectadores e as (suxeridas) do escenario reduplican especularmente a metáfora vida-teatro-soño, que se ficcionaliza nun suxerido (e suxírente) *mise en abyme*. Toda unha imaxe onírica e inqueda, definidora do concepto teatral diazpardiano, plasmada co talento irónico do artista exceptico e burlón nun cíclico martes de entroido. A implícita e continua mudanza realidade/aparencia, esencia do teatro e principio xerador da máscara, fica evidenciada de xeito plástico. Por medio da atinada e artística inversión, a sociedade vén a ser neste cartel reflexo da escena, e non ó revés, como adoita acontecer. A vida, outravolta, mimetiza á arte. A vella idea de Diderot, retomada por Wilde, cúmprese inexorablemente. O mangado de caretas -múltiple e diverso tenta, ademais, plasmar de maneira plástica os actores sociais máis representativos do capitalismo consumista (...) Estas caretas da humana comedia da vida, dispostas en desequilibrada diagonalidade, e conformadas como público, cos seus diferentes grupos sociais, están a sinalar (por espallaren a ficción escénica) toda unha concepción do teatro como instrumento social.

Sen dúbida algunha, a fin de afondar en aspectos psiconalíticos, complementaría o diálogo comparatista a recorrencia á "psicocrítica", que acada

un complemento notable na "poética do imaxinario" aportada por Bachelard ou Durand ("mitocrítica"). Tan só podemos aquí deixar constancia do seu interese.

Tampouco podemos detérmonos en outros temas. Así, apuntamos someramente aspectos plásticos con correspondencia nos textos dramáticos: pinceladas (toscas, xestuais, nerviosas...), composición (barroquizante), estilo (na segunda época, expresionista), erotismo, traxicidade, cromatismo, lirismo, dinamismo, primitivismo, figuras pétreas, bidimensionalidade, compoñente crítica, humor, sarcasmo, etc. Hai algo, sen embargo, no que me quixera deter: a énfase nos órganos perceptores da imaxe: os ollos, algo empregado con profusión obsesiva, moitas veces como tema principal, e tamén presente no teatro. A iso téñome referido (Ibid, p. 43) desta maneira:

> Son os ollos que se asombran da vida, que a veces ata se horrorizan, sen dar creto ós aconteceres que os circundan. Semellan olladas que penetran ata a alma, xa acusadoras, xa interrogativas. Olladas que son berros regalados coma o de Munch, olladas ás que o espanto e angustia do home que contempla o mundo lle inmobilizan, na pavura conxelada, os fráxiles órganos de tanta ferida inxusta e cruel. Non hai asombro no mundo para expresar tanto horror, logo de dúas guerras, coas súas correspondentes pre- e posguerras, crúas, horrorosas, esmagadoras... Os ollos, canle de comunicación entre o interior e o exterior, tiveron precedente coma énfase pictórico na arte cretense ou na grega arcaica. Mais foi quizais o movemento simbolista (Toorop, Pirner, Pénot, Munch...) o que máis se caracterizou pola acentuación da mirada nos rostros (femininos), cheos de misterio e dramatismo, aínda que con diferente intencionalidade á que aquí nos referimos: configuración iconográfica da *famme fatale*, ou da Eva malvada e pecadenta... E se o noso autor fai uso (igual que na plástica) da potencia da ollada no seu teatro, de fasquía simbolista, tamén se serve do contrario, isto é, do ollar grolo e sen vida dos cegos, xa simbólicos, xa empíricos.

Na relación comparatista, xa que logo, entre a obra plástica e a literatura dramática de Díaz Pardo fica de manifesto que, malia o emprego de linguaxes distintas, "tenden á consecución de efectos significativos absolutamente comúns", como defendía Lessing e nos recorda agora Darío Villanueva (1994, 107). Acádase,

polo tanto, coma sinalou Oskar Walzel, "a iluminación recíproca das artes", neste caso, nas artes plástica e escénica dun dos creadores que ese teórico coñece como "talentos dobres" (ibidem): Isaac Díaz Pardo.

BIBLIOGRAFÍA

I PRIMARIA

1. *Artes plásicas*

Díaz Pardo, Isaac (1956): Unha presa de dibuxos feita por Isaac Díaz Pardo de xente do seu rueiro, Buenos Aires, Ars Novos.(Álbum de debuxos.)

Díaz Pardo, Isaac (1965): *Cecilia, la acróbata*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro.(Álbum de debuxos.)

Díaz Pardo, Isaac (1970): *O marqués de Sargadelos*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro. (Cartel de cego.)

Díaz Pardo, Isaac (1970): *A nave espacial*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro.(Cartel de cego.)

Díaz Pardo, Isaac (1970): *Paco Pixiñas*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro. (Cartel de cego, baseado nun romance de Celso Emilio Ferreiro, con música de Isido B. Maiztegui.)

Díaz Pardo, Isaac (1977): *O crimen de Londres*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro, (Cartel de cego-cómic.)

Díaz Pardo, Isaac (1985): *Castelao: historia contada polo cego Zago*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro, (Cartel de cego.)

2. *Obra teatral*

Díaz Pardo, Isaac (1957): *Midas, O ángulo de pedra*, Buenos Aires, Citania.

3. *Escritos de Díaz Pardo*

Díaz Pardo, Isaac (1976): C*ontribución de urgencia al entendimiento de los problemas de arte/industria*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro.

Díaz Pardo, Isaac (1997): "Consideración sobre o compromiso das artes, en xeral, e tamén da Galiza, con motivo dunha mostra antolóxica da obra do pintor Xaime Quessada", en *Arte e Compromiso. Quessada* (catálogo), Concello de Santiago-Universidade de Santiago, p. 101-104.

Díaz Pardo, Isaac (1990): "Expresión plástica", en *Isaac Díaz Pardo* (catálogo), Santiago, Auditorio de Galicia, p. 147-149.

II SECUNDARIA

1. *Literatura comparada*

Aullón de Haro, P. (1994): "Reflexiones sobre el concepto histórico de la literatura y el arte", en *Teoría/Crítica* (Alicante), 1, p. 13-33.

Corbacho Cortés, Carolina (1998): *Literatura y Arte: El tópico "Ut pictura poesis"*, Cáceres Universidad de Extremadura.

Hernández, Teresa (1994): "La Crítica literaria y la Crítica de las artes plásticas", en *Teoría de la Crítica literaria* (Ed. de Pedro Aullón de Haro), Madrid, Trotta, p. 455-475.

Moog-Grünewald, María (1984): "Investigación de las influencias y de la recepción", en Manfred Schmeling, *Teoría y praxis de la literatura comparada*, Barcelona, Alfa, p. 69-100.

Portús, Javier (1994): "La historiografía artística: las artes plásticas", en *Teoría/Crítica* (Alicante), 1, p. 247-276.

Praz, Mario (1981): *Mnemosyne. El paralelismo entre la literatura y las artes visuales*, Madrid, Taurus.

Villanueva, Darío (1994): "Literatura comparada y teoría de la literatura", en Villanueva, D. (coord.) (1994): *Curso de teoría de la literatura*, Madrid, Taurus, p. 99-127.

VV. AA. (1997): *Interart Poetics. Essays on the Interrlations of the Arts and Media* (Ed. Ulla Britta Lagerroth, Hans Lund, Erik Hedling), Amsterdam-Atlanta, Rodopi B. V.

VV. AA. (1996): *Icons-Texts-Iconotexts. Essays on Ekphrasis and Intermediality* (Ed. Peter Wagner), Walter de Gruyter, Berlin-New York.

2. *Arte*

Arnheim, Rudolf (1979): *Arte y percepción visual*, Madrid, Alianza.

Benjamin, Walter: "La obra de arte en la época de su reproductibilidad", en *Discursos interrumpidos*, Madrid, Taurus, pp. 17-60.

Gombrich, Ernest H. (1979): *Arte e ilusión. Estudio sobre la psicología de la representación pictórica*, Barcelona, Gustavo Gili.

Lucie-Smith, Edward (1995): *Movimientos artísticos desde 1945*, Barcelona, Destino.

Micheli, Mario De (1979): *Las vanguardias artísticas del siglo XX*, Madrid, Alianza.

Panofsky, Erwin (1970): *El significado de las artes visuales*, Buenos Aires, Infinito.

(1980): *Estudios sobre iconología*, Madrid, Alianza.

Wick, Rainer (1988): *Pedagogía de la Bauhaus*, Madrid, Alianza.

Wölfflin, Heinrich (1948): *Conceptos fundamentales de la Historia del arte*, Madrid, Labor.

3. *Sobre I. Díaz Pardo*

a) Arte

Bouza, Fermín (2000): "Os carteis, símbolo e síntese: a obra de Isaac Díaz Pardo", en *Isaac Díaz Pardo. Obra cartelística 1936-1939*, Espiral Maior-Universidade da Coruña, p. 27-31.

Giralt-Miracle, Daniel (1990): "Issac Díaz Pardo, la praxis como arte", en *Isaac Díaz Pardo* (catálogo), Santiago, Auditorio de Galicia, p. 73-76.

López Domínguez, Xan (2000): "Díaz Pardo. Obra gráfica. Carteis e ilustracións", en *Isaac Díaz Pardo. Obra cartelística 1936-1939*, Espiral Maior-Universidade da Coruña, p. 33-37.

Ruido, María (2000): "Isaac Díaz Pardo e a pintura ou a radicalidade do abandono da Academia", en *Isaac Díaz Pardo. Obra cartelística 1936-1939*, Espiral Maior-Universidade da Coruña, p. 51-59.

Seoane, Luís (1961): "S/t", *Galicia Emigrante*, (26 de novembro de 1961).

(1972): "Díaz Pardo", *La Voz de Galicia*, (7 de maio de 1972).

Seoane, Xavier (1990): "Isaac Díaz Pardo: un proxecto socio-cultural para Galicia", en *Isaac Díaz Pardo* (catálogo), Santiago, Auditorio de Galicia, p. 13-45.

Sobrino Manzanares, Marisa (1990): "Issac Díaz Pardo. Pintura e ideoloxía", en *Isaac Díaz Pardo* (catálogo), Santiago, Auditorio de Galicia, p. 81-86.

VV.AA. (1990): " *Isaac Díaz Pardo* (catálogo), Santiago, Auditorio de Galicia.

b) Teatro

Ruibal, Euloxio R. (2000): "Isaac Díaz Pardo, dramaturgo", en *Isaac Díaz Pardo. Obra cartelística 1936-1939*, p. 39-47.

Seoane, Luís (1958): "O teatro de Isaac Díaz Pardo", *Galicia Emigrante*, (4 de xuño de 1958).

Seoane, Luís (1972): "Isaac Díaz Pardo", *La voz de Galicia*, (7-V-72).

Salvat, Ricard (1990): "Aproximación a Isaac Díaz Pardo", en *Isaac Díaz Pardo* (catálogo), Santiago, Auditorio de Galicia, p. 63-66.

O TEATRO DO EXILIO E DA EMIGRACIÓN: GALICIA EN ESCENA

M.ª Victoria Villaverde

Como exiliada que fun durante anos, en certa medida aínda continuo sentíndome trasterrada, cáusame gran placer constatar que dende fai algo máis dun ano, estase a reivindicar, estudar e valorar a laboura que en diversas partes do mundo, pero mui especialmente en América, os exiliados levaron a cabo.

A nosa volta sentimos con door e decepción que nada nos era recoñecido, que seguíamos sendo alleos, que non había moito xeito de poder integrarse. Afortunadamente, logo de tantos anos, "os tempos son chegados" e váiselles facendo xustiza, tanto os que alí quedaron, como aos que voltaron para incorporarse a vida de Galiza, a esta Galiza que xa non era aquela Galiza ideal que aló se pretendera crear, vivindo por e para ela. Esta era unha Galiza que comezaba a sacudirse as penurias e os sometementos do pasado, pero que aínda non tiña azos para chegarse aos que retornaban, cheos de ilusións e que precisaban da acollida e da man solidaria dos que aquí quedaban.

Mais congratulémonos hoxe de que unha nova xeneración de galegos sinta como deber histórico a recuperación dunha parte de Galiza que tanto traballou por dignificar e engrandecer a cultura da nosa terra, noutras terras que souberon acollernos e axudarnos a facelo.

Neste repaso de gratitudes hai que ter en conta a laboura que os emigrantes que nos precederon foron capaces de levar a cabo, creando institucións recoñecidas que souberon ser solidarias coando foi preciso, e si ben houbo algún "enano" como acusaba Celso Emilio Ferreiro, na maioría dos casos tiveron a grandeza de esprito necesaria. Refírome fundamentalmente a Arxentina e Uruguai que son as experiencias que eu tiven.

Os que planificaron esta mesa redonda sobre teatro dispuxeron que eu aportara a miña pequenísima experiencia persoal sobre o desenvolvemento do

teatro en Bos Aires. Este tema foi moi estudado e investigado por Luís Pérez Rodríguez que lle adicou máis dun libro. Eu poderei somentes falar das miñas vivencias nese terreo.

As manifestacións teatrais propiamente ditas, non foron moi tempranas en Bos Aires. A música e a danza sí formaron parte das actividades societarias, tamén a poesía. Aparte das veladas artísticas representadas en teatros comerciais, todas as datas patrióticas (Día de Galiza, Día dos Mártires, 17 de xullo, Día do Plebiscito, etc....) contaban coa colaboración destes coros e recitais. Algúns deles, como o do Centro Ourensán tiñan ó seu frente directores sumamente capaces, como o musicólogo e poeta Manoel Prieto Marcos e máis tarde Isidro Maiztegui, posteriormente trasladado a España donde colaborou no cine perante anos, ou aínda Carlos López García que dirixiu o coro Os Rumorosos do Centro Betanzos.

Tacholas foi unha especie de pioneiro nas lides da representación teatral. Iniciouse no Centro Ourensán, chamado entón Unión Provincial Orensana participando activamente nos coros, pero as súas inquedanzas levárono primeiro a facer monólogos, e xa máis adiante como animador cultural a representar esceas da vida galega, contar contos, etc., cousa que facía tamén por radio nas diversas audicións galegas. Máis adiante, con Maruja Villanueva e outros actores formaron un conxunto e non dubidaron en representar algunhas obras de Varela Buxán. Poucos meses despois da chegada de Castelao foi invitado a presenciar a lectura do seu *Os Vellos non deben namorarse*. Quedou entusiasmado e o seu consello foi de botar man dos actores e actrices do conxunto de Varela Buxán e así o fixo.

O estreno da obra de Castelao foi un grande acontecimento. Castelao puxera moito amor e entusiasmo en todo o que supuña a obra (máscaras, traxes, escenarios), moito amor e moita ilusión tamén. Era a súa primeira entrada nas Artes Escénicas e tíñalle moita fe. Coñecendo o espírito crítico dalgúns intelectuais, pedíulles expresamente que non foran excesivamente ríxidos nas súas valoracións. Foron moi boas críticas as que recibíu da prensa arxentina. Lémbrome dunha delas "*Os vellos non deben namorarse* no es una oba de teatro, es una lección de teatro". ¡Canta emoción! Artistas, público,

galegos en xeral, sentímonos moi conmovidos. Foi unha noite memorabel que deixou un fondo inesquecibel en tódolos que tivemos a sorte de vela representada.

Montevideo, máis adiante, acolleuna tamén con éxito semellante.

Correndo o tempo, Tacholas forma compañía con Maruxa Boga e representan algunhas obras galegas alonxadas das choqueiradas, e é no ano 57 que Eduardo Blanco Amor se decide a dirixir un grupo de teatro. E é o Centro Lucense o que da acollida a este grupo de teatro que vai tomar o nome de Teatro Popular Galego. *Galicia Emigrante* recibe con esperanzas este intento que é o segundo dende a época das Irmandades da Fala. Comezou a súa vida coa posta en escea de dúas obras: unha delas *A Fantasma* de Manuel Luis Freire, fundador da Academia Galega e tamén emigrante en Cuba. A obra desenvólvese no rudo ambiente da costa coruñesa. A outra obra é *O Cantar dos Cantares* de Eduardo Blanco Amor. A súa tese é a loita entre un mundo aletargado, reaccionario que morre, pero que morre matando, e a parexa de mozos novos que se lle enfronta.

Xa Seoane xunto con Arturo Cuadrado, comezaran as súas edicións de libros galegos, como aquelas edicións de Botella al Mar onde teñen cabida os poemas de Lorenzo Varela e tamén as coleccións *Hórreo* e *Citania.* Xa o idioma galego vai adquirindo o lugar que lle corresponde. Xa a imaxe de Galiza en América goza do respeto da xente máis culta. Xa Neira Vilas e Anisia levan o seu tenderete portátil cos libros galegos de aquí e de acolá para expoñer e difundir en tódalas actividades das sociedades. Xa as galerías bonaerenses amosan as pinturas de Seoane, Laxeiro, Colmeiro e Novoa. Xa o Centro Galego dedica unha porcentaxe do seu presuposto a facer cultura. As audicións radiales "Recordando a Galicia", "Galicia Emigrante Oral", etc.

Con todo isto, dérase un gran paso adiante, mais quedaba algo importante aínda non resolto. Era a xente da nova xeneración, os fillos dos galegos. E é así como se fai AGUEA (Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas). Son socios dela tódolos que cabían dentro desa denominación. Médicos, escritores, pintores, profesores, todos querían contribuir a facer unha laboura eficaz. As clases dábanse nos Centros, eran

clases de xeografía, literatua e historia de Galiza. Blanco Amor impartía clases de literatura; Alberto Vilanova as de historia e Ramón Valenzuela as de xeografía. Tamén con frecuencia dábanse conferencia. Do resultado deste traballo naceu a Asociación de Fillos de Galegos que aglutinou unha boa actividade cultural con vida propia.

No ano 60 Ramón, sempre levado do seu entusiasmo, pensou en facer teatro galego. Non tiñamos experiencia algunha, pero contabamos co talento de Roberto Villanueva, fillo de galegos, actor e director de teatro que goza de moito prestixio en Arxentina. Logo de traducir a obra de Singe, o autor irlandés, puxémonos a ensaiar *O casamento do latoneiro* con verdadeiro fervor iniciático. Persoalmente non me pesaba facer 20 kilómetros en tren e autobus para chegar ó Centro Lucense que nos abreu as portas do seu teatro para ensaiar e máis tarde representar a obra. As personaxes de Singe e os seus problemas teñen características que puideramos atopar moi próximas na Galiza dos anos 20 ou 30 do século pasado. Por tanto, non eran alleos para nós.

Máis adiante, en 1964 o Teatro Castelao do Centro Gallego, tamén nos permitíu representar, esta vez contando co elenco do Ateneo Curros Enríquez da Federación de Sociedades Gallegas, e dirixidos por Eduardo Blanco Amor poidemos representar *As bágoas do demo*. Esta obra, única obra teatral escrita por Ramón Valenzuela, ten como paisaxe as terras do Ulla. As súas personaxes son do mundo rural e caciquil, e quedan ben patentes o abuso, a hipocresía, as ambicións e egoísmos do cacique. Como sempre hai un perdedor. Pouco despois e xa na Federación de Sociedades Gallegas, puidose poñer en escea a obra de Lauro Olmos, *Nado en Galiza* e que foi traducida ó galego. Houbo algún inconveniente para representala, pois xa próximos ó estreno, a embaixada de España presentouse no xulgado para impedilo, porque non tiñamos permiso escrito do autor. Este inconveniente subsanouse rapidamente. Postos en contacto con Lauro, fíxonos chegar un cable autorizándonos. Tamén se fixo unha lectura da obra de Rafael Dieste *A fiestra valdeira.* No décimo aniversario da morte de Castelao, tamén tivo lugar unha nova lectura da súa obra *Os vellos non deben de namorarse*. Entre os nosos plans estaba a traducción de Singe

Xinetes cara o mar, o drama dos mariñeiros sempre presente igual que en Galiza. Isto truncouse pola nosa volta medio inesperada e precipitada.

Síntome moi leda de poder asistir a este Congreso do Exilio Galego pese a miña escasa aportación. Compráceme constatar a cantidade de xente que vai participar, a variedade de temas que foron estudiados, investigados por xentes valiosas que queren lograr que esa memoria do exilio sexa rescatada. Que esta xeneración e as futuras poidan xulgar os esforzos e o amor á terra que tanta xentes obrigadas a abandonala por mor de salvar a vida, emprenderon un camiño de fe e entusiasmo para manter a cultura, para crear esa Galiza ideal nas terras que nos acolleron. Algúns poidemos voltar, outros quedaron alá definitivamente. Todos fixeron méritos para seren lembrados, cada un dentro das súas capacidades.

Mais quixera referirme agora a alguén en particular que non atopou a súa volta o recoñecemento da súa valía. Refírome a Eduardo Blanco Amor. A obra de Blanco Amor quedou nunha memoria relativa en Galiza, e incluo pódese dicir que é unha memoria resistida por algunhas xentes. O Blanco Amor xornalista, o dramaturgo, o novelista, o conferenciante, o profesor de literatura e oratoria, e incluso o director de teatro, son facetes da súa vida que enriqueceron perante moitos anos a colectividade galega en Bos Aires, por non falar da súa sensibilidade como ser humano. Lamentablemente algunhas mentes non poden abrirse o suficiente para xulgar de xeito cabal a quen merece a nosa máis alta estima e devoción.

O ENSINO NO EXILIO

PROFESORES GALEGOS EXILIADOS: A LUZ DO PORVIR QUE SE MANTIVO ACESA

Antón Costa Rico
Universidade de Santiago de Compostela
De Nova Escola Galega

> Cuando el 1 de abril de 1939 el general Franco anunció que la guerra civil había acabado faltó descaradamente a la verdad. Porque, de hecho, la guerra civil no finalizó en 1939 sino que duró muchos años más. Durante largo tiempo se mantuvo en España el espíritu de la victoria y de la división entre los vencedores y los vencidos. Y ese espíritu se manifestó rotundamente con la sistemática persecución y humillación del derrotado, y la arrogante ostentación del ganador. Creo que es pertinente recordar que la victoria franquista fue seguida de la más amplia ola represiva de la historia contemporánea española. Jamás hasta entonces un conflicto civil había concluido en España con una tan generalizada y cruel persecución política"[1732].

Con estas duras e críticas, pero tamén certeiras palabras expresouse hai algún tempo Francisco Morente á hora de estudiar a depuración do "Maxisterio Nacional Español". Duras palabras para significar que algo moi grave pasara, tanto como a ruptura violenta do réxime político constitucional, traguendo canda si unha guerra civil e máis alá das frontes militares unha acentuación extraordinaria da violencia política e social, causando morte, infortunio, desacougo e desesperanza. Son moitos os capítulos que poderían ser tratados a este respecto; moitos os aspectos dun complexo proceso destructivo no que dalgún modo todos, polo que parece, vironse implicados. Pero aquí seremos por forza, máis limitados e debemos partir de que Galicia era ás portas do 36 un país cheo de violencia estructural, pero aínda así que non xeraba a máis lacerante violencia humana entre as persoas, como si en cambio xerou a actuación das milicias falanxistas, dos "Caballeros de La Coruña, de Santiago" e

[1732] MORENTE VALERO, F. (1997): *La escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio Nacional (1936-1943),* Valladolid, Ámbito, páx. 13.

outros lugares, coa declarada complicidade militar dos franquistas. Sabemos que se deu paso así a ignominiosos "paseos" cara a morte e a unha tremenda represión sobre toda a poboación que crera na democracia, na participación política, nas liberdades, na autonomía de Galicia e na tolerancia. Unha represión que acadou a moi distintos sectores sociais e profesionais, entre os que o dos ensinantes, sobre todo e particularmente os mestres, viuse singularmente afectado. Destes e de quen imos falar nesta intervención.

> O crime feito Lei deixou un saldo esmagador, pois acabou cunha xeración de mestres e profesores, un apostolado de liberación da pátria, dicíase no *Galiza* de Montevideo en 1951[1733].

E non lle faltaba razón se pensamos que do orde do 25% do Maxisterio de Galicia foi sancionado e castigado (en máis de 50 casos con fusilamento; case en 700 casos con destitución e cese), acadándose de similar modo porcentaxes tamén importantes nos demais sectores do profesorado.

¿E por que esa particular teimosía co profesorado? Xa se ten respostado noutras ocasións e aínda así debemos dicilo unha vez máis. O proceso social e político que paulatinamente fora conducindo cara á República tiña ido modificando estados de conciencia, marcos ideolóxicos e mentalidades a prol do progresismo social e do liberalismo político, ámbitos estes dous que a IIª República procurou impulsar como non se fixera nunca previamente. E ben, a República reservara un posto destacado nesta procura ó profesorado, revalorizando así mesmo a súa función social, o seu status e as súas condicións de vida.

Estas circunstancias e o protagonismo profesional dos ensinantes no campo da creación cultural e científica e no propio campo ideolóxico e axiolóxico fixo que importantes sectores do ensino se implicasen en tódolos significados da "republicanización" da vida española, converténdose así en

[1733] "O Franquismo enemigo do ensino", *Galiza,* nº 1 (1951). Cálculos actuais, sinalados por MORENTE VALERO, F (1997): *La escuela y el Estado...*, op.cit*.,* páx. 24, sitúan entre os 15.000 e os 16.000 ás persoas sancionadas no ámbito do maxisterio: 6.000 separadas totalmente,

nidios inimigos para o novo poder militar franquista e fascista. Algo así como a luz contra as tebras. E por iso ergueuse esa gran violencia contra o profesorado, cara a dispoñer, por outra parte, dun profesorado no peor dos casos dócil, cando non activamente implicado nos valores do Novo Estado.

Aínda hai lugar para a re-pregunta: se o profesorado é "xente de orde" polo regular, e parte dos instrumentos ideolóxicos cos que conta o poder para a reproducción dos fundamentos intelectuais e valorativos para a conservación da "paz social", nunha sociedade con notables desaxustes estructurais e coa subseguinte desigualdade social, e sendo os fenómenos de conciencia tan dificultosos de abanear, ¿estaría efectivamente o profesorado coa República para merecer ser castigado?. Tampouco declaradamente, estaba todo o profesorado coa República, pero non era menor o ascendente de todos aqueles que exercían o republicanismo cívico, e por iso creo que non podemos sen máis falar da represión – nas súas diversas formas – e do exilio, dos ensinantes galegos, sen antes prestar algunha atención á figura, ó rol e ós rasgos profesionais e humanos máis salientables dos ensinantes, cara a comprender mellor as conductas e as razóns da represión franquista.

1. A REPÚBLICA CO PROFESORADO

A IIª República, que traía canda ela os ideais que dende finais do século XIX viñeran "construíndo" por unha parte as xentes da Institución Libre de Ensinanza con Giner de los Rios e Manuel B. Cossío e por outra o socialismo hispano, quixo dende os primeiros momentos marcar un rumbo político e social no que os conceptos de liberdade, de autonomía, de participación, de solidariedade e de civilidade fosen os fundamentos da nova acción política cara a favorece-lo cambio social e a construcción dunha sociedade progresivamente aberta e plenamente democrática e solidaria, e para eso suscitou a colaboración intensa do profesorado. Neste senso o Decreto gobernamental de 29 de setembro de 1931 sobre a reforma das Escolas Normais para a formación do maxisterio sinalaba:

3.000 temporalmente con perda de soldo, 6.000 trasladadas de provincia e mesmo rexión, sen contar aquí os fusilados.

> La Escuela de España sera jardin y taller; convivencia de todas las clases sociales y todas las confesiones; principio de una selección que posibilitará el vuelo de la inteligencia a las cimas del saber y del poder. El maestro ha de ser el artifice de esta nueva escuela.

E era tamén para este empeño para o que ese gran inspirador da mellor política educativa republicana que foi Lourenzo Luzuriaga[1734] suscitaba dende as páxinas da *Revista de Pedagogía*[1735] a colaboración do maxisterio para levar á escola os ideais esenciais da República: "El Magisterio hispano ha de responder con todo su entusiasmo a la llamada de la República... La República se salvará por la Escuela".

Pero ademais, sobre todo durante os ministerios de Marcelino Domingo e Fernando de los Rios – ámbolos dous socialistas e membros do PSOE – durante o período do primeiro bienio republicano, emprendéronse moi distintas medidas tendentes por unha parte á ampliación das redes e dos servicios escolares ó longo de todo o sistema educativo, e pola outra a modificar pola vía da innovación e da renovación tanto o conxunto das estructuras escolares, como o espírito de traballo e acción que debería informar a vida educativa e cultural en todo o Estado español, nas vilas e cidades grandes e nos máis afastados recunchos. Entre esas medidas non ía faltar a dignificación do rol docente.

Ós poucos días do 14 de Abril de 1931 quedaba decretado o bilingüismo nos centros educativos de Cataluña (foi o 29 de abril, sendo o primeiro decreto gobernamental relativo ó ensino), o que abría a porta a outros tratamentos da cuestión lingüística en Euskadi e en Galicia; renovouse o funcionamento do Consello de Instrucción Pública, coa intención de asegura-la súa representatividade democrática e a incorporación de sectores dinámicos da sociedade ó debate social que sobre a educación debería haber; suprimiuse a obrigatoriedade da educación na fe relixiosa nos centros educativos; creáronse por Decreto do 23 de xuño de 1931, 7000 escolas primarias; modificáronse os

[1734] BARREIRO RODRIGUEZ, H. (1989): *Lorenzo Luzuriaga y la renovación educativa en España (1889-1936),* Sada-A Coruña, Ediciós Do Castro.

estudios e a organización das Escolas Normais; pretendeuse a reforma das ensinanzas medias, sendo aquí os logros menores no plano curricular, aínda que si se procedeu en cambio a crear un importante número de institutos e centros de ensinanza media, sobre todo a partir do Decreto de 23 de xaneiro de 1932 de disolución da Compañía de Xesús e da Lei de Confesións e Congregacións Relixiosas (2/VI/1933), coa incorporación das súas infraestructuras e centros ós equipamentos públicos con destino á acción política e cultural; procedeuse á reforma das Facultades de Filosofía e Letras, en tanto se abría o debate universitario chegándose á elaboración dun innovador proxecto de lei sobre a reforma universitaria española; déuselle rango universitario ós estudios de Pedagoxía; e mesmo ó fin do verán do 1931 o Consello de Instrucción Pública dispoñía xa dun Proxecto de Lei de Instrucción Pública elaborado por Lourenzo Luzuriaga, no que a educación pública era contemplada como unha función esencialmente estatal, a fin de desenvolver unha educación gratuíta, laica ou extraconfesional, cun carácter social, activo e creador, aberta á integración dos adultos, en réxime de coeducación, e constituíndo ó longo do sistema unha unidade orgánica (o que permitiu falar dun sistema unificado, e por extensión da "escola unificada"). Estas eran as propostas que se ben non concluíron nunha nova Lei de Educación -en medio dos contratempos políticos-, informaron sen embargo moitas das medidas gobernamentais referidas á política educativa. Tocantes ó profesorado pasouse dos 36.680 mestres de 1931 ós 51.593 de 1935, é dicir case 15.000 máis en catro anos, como consecuencia do parello aumento na creación de escolas, reflectíndose esto de modo particular en Galicia, onde no mesmo período rexistrouse un aumento de 2076 mestres públicos, cun índice de crecemento do 146.9, como se indica no Cadro 1.

[1735] LUZURIAGA, L. (1931): "Al servicio de la República: llamada al Magisterio", *Revista de Pedagogía*, Vol. X, (Maio de 1931).

Cadro 1. Evolución do nº de mestres públicos en Galicia (1931-1935)

Demarcación Ano	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	Índice crecemento (1931:100)
1931	1241	965	1170	1150	4426	100
1935	1718	1491	1642	1651	6502	146.9

Fonte: Elaboración propia sobre datos oficiais. MINISTERIO DE INSTRUCCIÓN PÚBLICA. Oficina de informaciones, Publicaciones y Estadísticas: *Estadísticas de Escuelas Graduadas,* Madrid, 1935.

Os aumentos do profesorado déronse de modo parecido tanto no ensino medio e no ensino superior como nas distintas modalidades de centros educativos de formación profesional, acompañados de incrementos salariais, moi necesarios en particular nas categorías máis baixas do escalafón do profesorado de educación primaria. Complementariamente cobraron vigor as tarefas de formación continua do profesorado ó servicio do que se incrementou a actividade dos Centros de Colaboración do Profesorado e a dotación de prazas de Inspección en toda-las provincias, impulsouse a aparición de revistas administrativas e pedagóxicas do profesorado, incrementándose tamén os recursos anuais da Xunta para a Ampliación de Estudios, de modo que un notable número de profesoras e profesores puido recorrer varios países europeos, para coñecer salientables experiencias e innovacións pedagóxicas, facéndose así certo que a República estaba co profesorado, sector que en contrapartida foi tamén incorporando progresivamente os valores políticos e cívicos da cultura republicana e patentizándoos na súa acción diaria non só escolar, senón tamén ó servicio dunha rica e viva educación popular organizada sobre todo a través do Patronato de Misións Pedagóxicas, contando co concurso declarado, singularmente, do sector do profesorado que pertencía á Federación Española de Traballadores do Ensino –vinculada á UGT–, que reunía a uns 4500 afiliados á altura de 1933, máis de 500 deles en Galicia.

2. O PROFESORADO COA REPÚBLICA

Fronte a un modelo pedagóxico e didáctico que proclamaba a bondade do tradicionalismo ideolóxico, cultural e relixioso, construído por pensadores tradicionalistas e reaccionarios hispanos e a súa expresión na vida escolar a través dun curriculum miope, antieuropeo e antimoderno, que se acompañaba

de prácticas asentadas no autoritarismo, no memorismo e na delación, a ILE viñera abrindo outra rota feita de modernidade e europeísmo cultural, de laicismo, de educación integral, de liberdade, de laboriosidade grupal, de aprendizaxe con implicación activa dos escolares, e de apertura ó contexto como fonte cultural; unha rota compartida polos rexeneracionistas e tamén por moitos dos planteis escolares creados polas Sociedades de Instrucción dos emigrantes galegos en América – onde podían observa-las novas reformas escolares das repúblicas americanas – e polas escolas laicas ligadas ás sociedades obreiras e ós núcleos do liberalismo político en Galicia, coas singularidades de cada caso.

Cando chega o tempo da República será este o modelo pedagóxico que inspirará gran parte das actuacións escolares. Noutros lugares[1736] teño analizado detidamente este proceso de presencia crecente dun clima de innovación e de renovación didáctica e pedagóxica no espacio das escolas e dos centros educativos de toda Galicia. Un proceso que se fixo patente na apertura das escolas ó medio social e cultural como reflectían as numerosísimas e moi valiosas experiencias de paseos e excursións escolares co caderno na man, nas experiencias de galeguización, nas de escolas agrícolas e de centros con campos de experimentación agrícola, nas escolas dos pósitos marítimos abertos á integración co entorno productivo, na constitución de bibliotecas escolares abertas a cada comunidade, no movemento de colonias e de misións pedagóxicas, nos xornais escolares onde afloraba a palabra dos mozos e mozas que aprendían,... podéndose dicir que se estaba a configurar un Proxecto Pedagóxico Galego – destruído polas novas autoridades franquistas – coa implicación firme dun amplo núcleo do profesorado que quería ser de algún modo o que Eloy Luís Andre pedía en 1931:

> Ha de ser a la vez escultor, poeta y arquitecto que estructure las nuevas instituciones del vivir gallego y las nuevas generaciones inspirándoles el

[1736] COSTA RICO, A. (1989): *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á IIª República,* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, e COSTA RICO, A. (1996): *A reforma da educación (1907-1936)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

> soplo de vida espiritual, que ha de llevar alma de libertad y empeño de emancipación en su labor creadora[1737],

ou que, como Campo Renedo, coidaban que o mestre debía implicarse na batalla cívica que estaba plantexada:

> En mi modesta opinión, el maestro debe tomar parte activa en la consolidación de la República. Y sobre todo el maestro rural está llamado a ser el más genuino representante y propulsor del espíritu democrático en el campo"[1738]

aínda que sería un erro pensar que a xeralidade do profesorado puidese estar directamente implicado e neste senso non ven demais traer aquí unha certa amargura expresada no mesmo 1936 no *Boletín de Vanguarda Pedagógica* da Coruña ó queixarse de que só 300 dos 1800 mestres da provincia estaban afiliados a organizacións sindicais e profesionais progresistas, mentres 1500 "permanecen voluntariamente al margen de todo lo que signifique cooperación y solidariedad"[1739].

3. DA "ESCOLA DO TRABALLO" Á "ESCUELA AZUL"

Escola do Traballo era a denominación aprobada para a cabeceira da Revista profesional e pedagóxica que ía impulsar a Federación Galega de Traballadores do Ensino, constituída en Vigo en maio de 1936, a partir de tódalas organizacións territoriais da FETE de Galicia e da publicación que sostiña o nutrido grupo de Ourense (a ATEO) como *Escuela del Trabajo*. A publicación que ía ser o máis firme e decidido portavoz da política e do comezo da autonomización de Galicia xa non vería a luz, converténdose en expoñente do que os franquistas impedían, ó tempo que clausuraban outras cabeceiras, nomeadamente *Escola Vivida* da Casa do Mestre de Pontevedra e o *Boletín de Vanguardia Pedagógica* da Coruña. No seu lugar aproveitándose da limpa

[1737] ANDRÉ, E. L. (1931): "La lucha por la cultura en Galicia", *La República* (Ourense), (7/III/1931).
[1738] CAMPO RENEDO (1933): "Los maestros y la República", *Tierra Gallega*, (25/III/1933).

cabeceira profesional lucense *Vida Escolar*, procedían a redenominala como *Escuela Azul*, todo un símbolo do novo modelo escolar, xa agora ben analizado por distintos autores entre os que paga a pena seguir sinalando a Cámara Villar[1740].

Fronte ó modelo escolar liberal e republicano, o novo aparato ideolóxico escolar preconizaba unha rancia formación e inculcación ideolóxica españolizadora, patriótica e militarista, dende unha interpretación escurantista da relixión e moral católicas, así como dos valores católicos hispanos, como tiven ocasión de escribir hai un certo tempo[1741]. O "Bloque nacional" –español-, é dicir, as clases altas e aristocráticas, as fraccións conservadoras da pequena burguesía, gran parte do exército e unha abrumadora maioría da Igrexa con tódalas institucións segrares da súa órbita, articulada a través do chamado "nacionalcatolicismo", adoptaba así un modelo escolar radicalmente oposto ó republicano, arredor do que as novas autoridades militar-políticas poñerían en marcha unha intensa maquinaria administrativa e represora conducente á centralización e españolización dos asuntos da ensinanza, o control político absoluto de tal aparato ideolóxico e formativo e a penalización e enxuiciamento das conductas mantidas polos funcionarios públicos –neste caso da ensinanza– durante o anterior tempo político republicano, baixo a inicial dirección dos ministros de Educación Nacional Sainz Rodríguez e Ibañez Martín.

A educación relixiosa tradicional, unha férrea educación política españolizada de corte fascista, baixo a presencia icónica constante do Caudillo "por la gracia de Dios", o autoritarismo e a miseria cultural pasarían a ocupa-lo espacio de luz que uns anos antes se deseñara de modo tan esperanzado.

Nesta "escola azul" non había lugar para as xentes que mantivesen puntos de vista diferentes ou mesmo a máis mínima dúbida de distanciamento e foi así como comezou a funcionar unha enorme máquina represora: a da depuración dos funcionarios públicos, complementando os Consellos de Guerra, os

[1739] "Frente Único", *Boletín de Vanguardia Pedagógica*, nº 6, 1935.
[1740] CÁMARA VILLAR, G.V. (1984): *Nacional – catolicismo y escuela: La socialización política del franquismo (1936-1951)*, Jaen, Hesperia.

"paseos" e outras accións de represión, en relación coa que hai que falar dos ensinantes mortos por fusilamento sobre todo, dos encadeados e penalizados de diversos modos e dos exiliados, pertencentes tanto ó que temos denominado exilio interior, como exilio exterior.

4. A MAQUINARIA REPRESORA

Dende os primeiros momentos de iniciado o Golpe militar e alí onde triunfaba púxose en marcha a maquinaria represiva sobre o profesorado, dictándose en pouco tempo distintas medidas sinalando o alcance da depuración de conductas políticas e sociais consideradas punibles polo novo Réxime (entre outros os Decretos de (8/XI/1936), a Circular de (7/XII/1936) e a Orde de (18/III/1939). Todo o profesorado (e mesmo o alumnado das Escolas de Maxisterio do curso 1935-1936) do sistema educativo de tódolos niveis e centros educativos foi sometido a expedientes de depuración, esto é a expedientes informativos que contemplaban, a través das opinións e escritos de diversos informantes, o comportamento político, moral e profesional de cada un no tempo da IIª República. Estes informes eran examinados e valorados polas Comisións Depuradoras creadas, que nos casos que así o considerasen efectuaban cargos polos que o inculpado podía ser sancionado, propoñéndose ou dictándose, -segundo as atribucións administrativas marcadas a cada Comisión- a sanción concreta a cada caso, que tiña de ordinario carácter expeditivo, ante as escasísimas posibilidades de atención positiva da posible reclamación efectuada por un determinado afectado.

O tipo de cargos sometidos a sanción cubría tamén unha extensa nómina: militancia en organizacións afectas á República, nacionalismo/separatismo catalán, vasco ou galego, actitudes contrarias á "Causa Nacional", simpatías de esquerda, irrelixiosidade, pertenza á masonería, conducta privada inmoral, desidia/incompetencia profesional, plantexamentos pedagóxicos inaceptables, e algúns outros, derivándose do anterior as diversas

[1741] COSTA RICO, A. (1987): "Da escola de palabra e da cidadanía á escola do silencio", *Os Anos despois 1936-1953),* Vigo, A Nosa Terra, páxs. 13-19. Vid. aquí outros argumentos complementarios.

resolucións: dende a confirmación no cargo e nos seus dereitos, coa habilitación para o ensino caso de non atopar cargos, ata as posibles sancións: leves, menos leves, graves ou moi graves[1742] que foron aplicadas a moitos miles de profesores, sendo as leves e as menos leves as máis numerosas.

A discrecionalidade coa que a miúdo actuaron as distintas Comisións foi motivo mesmo de que se cometesen notables irregularidades en atención ás propias normas existentes, e por uns e outros motivos é posible que puidesen chegar a 2000 o número de mestres do ensino público con algún tipo de explícita sanción en Galicia, ós que hai que engadir o conxunto do profesorado sancionado nos demais sectores e niveis do sistema educativo.

A este respecto, logo de analizada a información oficial existente trasladada a través dos Boletíns Oficiais de cada Provincia, e de revisada tanto a reducida documentación de arquivo existente, como o estudio feito para Ourense polo profesor Xosé M. Cid[1743], establecemos un cómputo incompleto[1744] sobre o profesorado sancionado, que aquí recollemos en síntese nos Cadros 2 e 3, chegando tamén a establecer un listado (provisorio) sobre o

[1742] As sancións leves podían consistir nunha amonestación ou unha sanción económica sen suspensión de emprego; as menos leves podían consistir nun traslado, na inhabilitación para cargos directivos ou de confianza ou a suspensión de emprego e soldo por un período de 1 a 6 meses; as graves podían conlevar a pérdida da escola desempeñada interinamente e mesmo a inhabilitación de 1 a 6 meses, o traslado e suspensión de emprego e soldo de 1 a 6 meses, a inhabilitación por un período de 1 a 2 anos caso de ser interino, a suspensión de emprego e soldo como no caso anterior e mesmo o traslado; mentres que as moi graves implicaban a xubiliación e a expulsión e inhabilitación total.

[1743] Para o caso de Ourense Xosé M. Cid con informacións de todos os partidos xudiciais durante o período de 1936 a 1940 sinalou unha media do 34% do profesorado primario sancionado, chegándose ó 40% entre o profesorado da capital provincial e ó 42% no caso das terras de Valdeorras. CID FERNÁNDEZ, X.M. (1989): *Educación e Ideoloxía en Ourense na IIª República,* Servicio de Publics. da Universidade de Santiago, páxs. 155-174.

[1744] Dicimos un cómputo incompleto porque aínda non temos investigado monográficamente este asunto para toda Galicia e resulta dunha certa complexidade establecer tódolos cómputos ante a diversidade de sancións e a irregularidade coa que se deu conta destas nos medios de información oficial. Nestes momentos diriximos unha tese de doutoramento da que é de esperar que nos aporte unha información practicamente definitiva sobre a cuestión. Para outras Comunidades territoriais existen cómputos e estudios valiosos. Entre eles e a título de exemplo poderíamos sinalar os de CRESPO REDONDO, Jesús et alii (1987): *Purga de maestros en la guerra civil* (Burgos), Burgos, E. Ámbito; GONZÁLEZ AGAPITO, Josep e MARQUÉS, Salomó (1996): *La repressió del Profesorat a Catalunya sota el franquisme* (1939-1943) (segons les dades del Ministeri d´Educació Nacional), Barcelona, Institut d´Estudis Cataláns; FERNÁNDEZ SORIA, José M. e AGULLÓ, Mª Carmen (1995): *Maestros Valencianos bajo el franquismo (La depuración del Magisterio, 1939-1944),* Valencia, Institució Alfons el Magnánim; e tamén o de. MORENTE VALERO, F.; *La Escuela y el Estado Nuevo,* op. cit.

profesorado fusilado e morto polos franquistas en Galicia[1745], como se expón na Táboa 1.

Cadro 2. Profesorado de E. primario público sancionado en Galicia (1936-1937).

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
a) Con destitución e cese total	197	118	150	228	693
b) Con suspensión temporal de emprego e con traslado a outra escola	212	85	262	200	759
TOTAL	409	203	412	428	1452

Fonte: Elaboración propia

Cadro 3. Profesorado sancionado grave/moi grave en diversos niveis educativos. Galicia 1936-1937

Total	de E. Medio	de E. Normais	de E. de traballo e Artes e Oficios	de E. Comercio	de Universidade	Inspectores
116	43	11	14	4	27	17

Sabemos que moitos dos anteriores, co paso dos anos, puideron ir regresando ás súas tarefas docentes no ensino público, máis tíñano que facer con extrema precaución nas súas ideas e conductas, en tanto que todos os demais profesores e profesoras ficaban avisados sobre as conductas que deberían manter, freándose así aquel proceso aberto de educación e da escola democrática precedentemente aberto como horizonte colectivo.

5. OS ENSINANTES GALEGOS E O EXILIO

A España franquista, violenta e intolerante, era incompatible coa que foi chamada a "República dos profesores" e por esto perseguiuse declaradamente a este sector profesional.

[1745] As mortes deste profesorado galego teñen ocurrido case sempre a través dos "paseos" das milicias de Falanxe e dos consellos de guerra e noutras ocasións estando encadeados no tempo da guerra; ocurriron sempre en Galicia, a excepción de tres casos dos que se sabe que foron mortos en Asturias. Indico que se trata dun listado provisorio por canto eu mesmo teño establecido outros cómputos anteriores que sempre se viron superados. Establecín en 1987 (vide cita 10) un cómputo de case 30 profesores fusilados; logo en 1997 situei o cómputo en 40 dando os nomes dos afectados (vide COSTA RICO, A. (1997): "A chegada da Dictadura. Purga e represión de ensinantes", *Revista Galega de Educación*, nº 28, páxs 88-91), e o que aquí presentamos supera como dixemos o número de 50 profesores mortos.

> "¿Así que vostede é o famoso mestre comunista a quen buscaban con tanto empeño?.
>
> Nin comunista nin famoso – respondeu Ramón – simplemente eu "era" mestre no grupo escolar de Pinalto. Pero se fose comunista non me avergonzaría de confesalo.
>
> Comprendo – dixo o mozo -. Dende un tempo a esta parte cada un ten a fama e a militancia que lle queren dar. A cuestión é que a vostede buscábano por roxo, e como a tal trataríano se lograran apañalo"[1746].

E moitos foron efectivamente "apañados" sendo sancionados, encadeados ou mortos, mentres que para case todos aqueles que mantiñan o corazón republicano comezou unha longa noite de exilio, interior na maior parte dos casos, o que se referiu Fernández Soria[1747], e exterior noutros, como tamén teñen estudiado outros diversos traballos[1748].

Hai que salientar que a diáspora do exilio diríxese no caso dos ensinantes sobre todo cara a América, con preferencia sobre Europa, configurándose así dalgún modo dúas corrente de exiliados, como José M. Fernández Soria ten posto de relevo.

Este exilio dos ensinantes cara a América (seis Rectores de Universidades e varios centos de mestres e catedráticos), realizado co auxilio dos dous organismos creados pola República, O Servicio de Emigración de Refuxiados Españois (SERE) e a Junta de Auxilio a los Republicanos Españoles (JARE),

---

[1746] FERNANDEZ PÉREZ, A. (1990): *Terra Coutada*, Vigo, Galaxia, páx. 109.

[1747] FERNÁNDEZ SORIA, J.M e AGULLÓ, Mª C.: *Maestros Valencianos...,* op. cit., cap. X: "Unha longa noite de pedra": el exilio de los maestros depurados.

[1748] Ademais de traballos de amplo alcance entre os que sinalamos os de ABELLÁN, José Luis (Dir.) (1978): *El exilio español de 1939,* seis volumes, Madrid, Taurus; ABELLÁN, José L. e MONCLÚS, A. (Coords.) (1989): *El pensamiento español contemporáneo y la idea de América*, dos volumes, Barcelona, Antrophos; GIRAL, F. (1994): *Ciencia española en el exilio (1939-1989). El exilio de los científicos españoles*, Barcelona, Antrophos; MARTÍNEZ, Carlos (1959): *Crónica de una emigración (la de los Republicanos españoles en 1939),* México, MEX editores, para a cuestión do ensino é oportuno que aludamos ós seguintes: SAENZ DE LA CALZADA, C. (1995): "Educación y Pedagogía", en ABELLÁN, J. L. (Dir.), *El exilio español de 1939,* op. cit., vol. III, páxs. 209-281; MARQUÉS, Salomó (1939): *L´exili del mestres (1939-1975),* Univ. de Girona / Llibres del Segle, onde se reconstrúen peripecias dunha boa parte dos 387 mestres de Cataluña exiliados (case 100 deles en América, con 48 en México); LOZANO SEIJAS, C. (1999): 1939, *El exilio pedagógico. Estudios sobre el exilio pedagógico republicano español de 1939,* Barcelona, PPU, onde se alude sobre todo á actividade no exilio de personalidades destacadas como Marcelino Domingo, Rodolfo Llopis, Fernando de los Rios, Domingo e José Barnés, Salvador de Madariaga, Luzuriaga ou o ex-ministro de Instrucción Pública José Hernandez.

enmarcouse como sabemos no contexto dos 30.000 exiliados estimados a América, dos que 20.000 irían a México, onde o Presidente Lázaro Cárdenas mostraría ademais unha especial preocupación pola atracción e integración masiva de intelectuais e profesionais hispanos, ó servicio da renovación cultural mexicana, dende unha constante lealdade activa á causa republicana[1749].

Un exilio, pois, con carácter masivo, aínda que vivido sempre como acontecemento individual e que conlevou moi diferentes experiencias vitais, como escribiu Mª Dolores Cotelo[1750]; un exilio, a través do que se trasladou a América unha intensísima vida cultural, dada a espléndida vida cultural republicana, que agora desenvolveríase a miúdo entre moitas penalidades que acosaron ós exiliados no día a día, en que case todo debería ser comezado en América, como revela por exemplo a carta que o mestre galego Ignacio Herrero lle envía dende La Habana a Luis Soto residente en México:

> Camarada y amigo: Salud; yo por aquí forzando los recursos del vivir mientras no hallo donde trabajar, que me parece va a ser imposible.
>
> La situación económica de este país es francamente mala; por mucho que busque, me va a ser dificil colocarme donde poder ganar para vivir por mi propia cuenta[1751].

No exilio os ensinantes emprenderon sempre que puideron actividades de carácter cultural e formativo. Aí situamos a coñecida actividade cultural, literaria e editorial galeguista desenvolvida sobre todo dende a Arxentina, co singular impulso da "Federación de Sociedades Galegas da República Arxentina", dende Montevideo, ou desde México, co Padroado de Cultura

[1749] Esta preferencia por México non impediu que a través de distintas vías fosen dar outros profesionais a outras Repúblicas americanas, anque nalgúns casos isto viuse claramente dificultado. Esta foi en particular a circunstancia arxentina onde á política de control emigratorio aprobada ese mesmo ano de 1936 se sumou a animadversión do goberno arxentino aos republicanos españois – con excepcións para os vascos e os cataláns – a pesar do amplo movemento social de solidariedade con eles, como reflexou no seu fermoso traballo de historia oral SCHWARSTEIN, Dora (2001): *Entre Franco y Perón. Memoria e identidad del exilio republicano español en Argentina,* Barcelona, Crítica.

[1750] COTELO GUERRA, Mª D. (2000): "María Luisa Navarro de Luzuriaga: una vida anónima en el exilio europeo (1936-1939)", *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación,* nº 4, páxs.49-81.

Galega, entre outras iniciativas. E aí hai que situar tamén iniciativas como a creación de colexios (o Instituto Ruíz de Alarcón, o Instituto Luis Vives, a Academia Hispano Mexicana, o Colexio Madrid, a Escola Freinet de Tuxla, sempre en México); a edición de moitos libros e manuais de uso escolar e universitario tanto en México, como en Arxentina, onde en particular da man da editorial Losada se rexistra unha espléndida creatividade cultural que acadou tamén á educación a través da colección dirixida por L. Luzuriaga; a edición de revistas literarias e de pensamento, sen faltar o traballo de traducción, o xornalismo, a creación de ensaio filosófico e científico, a adicación docente e creadora ó mundo das Belas Artes (recordamos aquí, por exemplo, que Rosa Bal y Gay, foi mestra de piano), e o desenvolvemento académico universitario en campos como a medicina, o dereito, a filosofía ou a socioloxía.

Entre estes ensinantes exiliados tamén houbo profesores galegos, se ben o seu número foi máis reducido en comparación cos de outras comunidades hispanas, dadas as particulares vicisitudes do inicio da Guerra Civil en Galicia, que dificultou a fuxida, e que tivo como contrapartida dramática a dun maior número de ensinantes asasinados e mortos no caso de Galicia. Sobre quen e cantos eran os ensinantes galegos exiliados construímos unha Táboa que arestora debo tamén considerar provisoria. ¿Quen eran, que fixeran, e que fixeron no exilio?. Procuraremos dar a este respecto algunhas informacións:

1 Antonio Alonso Rios. Alonso Rios tivo unha vinculación co ensino en tanto que durante o tempo da IIª República actuou como mestre da "Escuela del Porvenir" patrocinada polos emigrantes de Tomiño. No exilio desenvolveu, como sabemos, unha moi intensa actividade cultural e política, aínda que profesionalmente desligada do campo docente.

2 Xerardo Álvarez Gallego. Este mestre e fillo do inspector Gerardo Alvarez Limeses, máis coñecido polo seu traballo periodístico en *El Pueblo Gallego*, desenvolveu logo esta actividade en La Habana, aínda que en distintos

[1751] " Fondo Luis Soto", Caixa 14631, Carpeta 62, Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Vide Texto completo en Anexo 1.

momentos escribiu sobre asuntos educativos referidos a Galicia e con coñecemento de causa.

3 Jesús Bernardez Gómez, profesor de Instituto, foi en México un dos fundadores do Colegio Madrid, sendo posteriormente profesor de matemáticas no Instituto Federal de Capacitación de Maxisterio e catedrático de análise alxebraico na Escola Normal Superior de México, sendo autor de prestixiosos libros de texto de matemáticas.

4 Isidoro Cid Rivo, mestre vigués e destacado membro da FETE a quen atopamos no exilio no Uruguai con iniciativas de promoción da cultura galega (1938), dende a súa pertenza como comunista á UGT e á Alianza Nacional Galega de Montevideo.

5 Álvaro Mª das Casas, quen de catedrático no Instituto de Noia pasou a desenvolver iniciativas culturais en Rio de Janeiro, sendo editor entre outras obras dun *Cancionero Popular Gallego* (Santiago de Chile, 1939), e dunha *Antología de Poetas Gallegos* (Buenos Aires 1939), permanecendo en Buenos Aires ata fins dos anos 40, morrendo en Barcelona en 1950.

6 Rafael Dieste, despois da súa intensa actividade como Director do Museo del Pueblo en Madrid e membro destacado das Misións Pedagóxicas, pasaría a exercer unha intensa acción cultural na Arxentina.

7 Antonio Fernández Pérez que exercera o maxisterio na comarca de Verín, radicouse logo na cidade arxentina de Mendoza onde desenvolveu distintas actividades culturais.

8 Francisco Giral, aínda que salmantino era catedrático de Química na Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago, exiliándose a México onde desenvolveu unha importantísima actividade científica, sendo tamén secretario da Xunta Directiva da Unión de Profesionales Universitarios Españoles en el Extranjero.

9 Emilio González López, que fora catedrático de Dereito Penal en La Laguna, exercendo logo en Oviedo, Valencia e Barcelona, foi no exilio profesor de linguas, literatura e historia de España no Hunter-College de New

York, e na Escola Española do Middlebury College, e tamén director do programa de Doutorado en español do Centro Graduado da Universidade de New York, así como profesor visitante en distintas universidades americanas, tendo desenvolvido ademais un extenso labor de estudio e exposición da historia de Galicia.

10 Sebastián González-García Paz, que desempeñara a cátedra de Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela, ó tempo que era directivo do Seminario de Estudos Galegos, pasará a exercer a docencia na Universidade de Puerto Rico, onde foi Decano da súa Facultade de Humanidades e creador e impulsor de moitas iniciativas: o Teatro Universitario, o Coro, a Sala de Exposicións, o Seminario de Estudios, o Museo da Universidade, un Centro de Excavacións Arqueolóxicas e o Centro de Ampliación de Estudios.

11 Ernesto Guerra da Cal (pseudónimo de Ernesto Pérez Guerra), que tiña colaborado en La Barraca de García Lorca, desenvolveu logo a súa actividade nos EE.UU, fundamentalmente na Universidade de Columbia de New York, como catedrático de literatura portuguesa campo este onde realizou sempre unha forte actividade investigadora e publicista.

12 Ignacio Herrero Fuentes, destacado mestre e militante da FETE en Ourense, exiliouse a La Habana e de alí pasou a Panamá onde levou a cabo actividades docentes en relación coa ensinanza das linguas.

13 Ramón Iglesias Parga, que traballara en Madrid no Corpo de Bibliotecarios e Arquiveiros, logo de ser –como exiliado- lector de español na universidade sueca de Gotemburgo, pasaría a ser profesor do Colegio de Méjico en México e máis tarde profesor nas universidades de California, Illinois e Wisconsin, sendo autor de notables estudios históricos relacionados coa historia de América, así como traductor de prestixiosos textos históricos.

14 Xoán López Durá, que fora profesor de Dereito Administrativo na Universidade de Santiago de Compostela, e director da Sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas do Seminario de Estudos Galegos, pasou a selo

da Universidade de San Nicolás de Hidalgo, en Morelio (México), mantendo os contactos co galeguismo político no exilio, a través do Consello de Galiza e do Patronato de Cultura Galega de México.

15 Eladio Marcos mestre de Santa Trega de Castro-Caldelas, destituído en 1936, e que terminaría exiliándose a Buenos Aires en 1949 e ata 1975.

16 Ramón Martínez López, que fora catedrático de Literatura Hispana no Instituto de Lugo e profesor en Lisboa do Curso de Literatura Comparada Hispano-Portuguesa e agregado cultural das Embaixadas españolas en Lisboa e en París, exiliouse a Arxentina onde exerceu como investigador do Instituto de Filoloxía da Universidade de Buenos Aires, trasladándose en 1940 ós EE.UU., exercendo durante máis de 30 anos como catedrático de filoloxía española na Universidade de Austin-Texas, sendo profesor visitante noutras universidades, destacado membro de sociedades académicas e autor de traballos coñecidos tamén relativos á historia literaria de Galicia.

17 Xesús Mexuto, que fora mestre coruñés e director de El Noroeste tamén se viu obrigado ó exilio.

18 Xosé Núñez Búa, que fora director do Colexio León XIII de Vilagarcía, exiliouse á provincia de Buenos Aires, onde foi promotor do Instituto Argentino de Cultura Gallega e Secretario da Agrupación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas, entre outras actividades político-culturais. En Anexo recollemos unha carta que nos enviou en 1978 con distintas apreciacións particulares súas sobre aspectos da historia educativa de Galicia.

19 Bibiano Ossorio y Tafall, que fora catedrático de Ciencias Naturais no Instituto de Pontevedra, alcalde da cidade, presidente da Deputación, e Presidente do Comité Central da Autonomía de Galicia, ademais de Comisario Xeral de Defensa da República, desenvolveu no exilio unha intensa actividade académica e científica en México, realizando asemade actividades de carácter político, como director da FAO en diversos centros da ONU, sendo recoñecido, en particular, como profesor do Centro de Estudios Internacionais do Colexio de

México e como membro do Consello de Administración do Instituto das Nacións Unidas para a Investigación e a Formación Profesional.

20 Xosé Otero Espasantín que exerceu como mestre en Santa Uxía de Riveira, que foi alumno da Escola Superior de Maxisterio en Madrid e que traballou no Museo de Ciencias viuse na obriga de exiliarse, pasando por Francia e por Inglaterra, ata instalarse en Buenos Aires, onde dende a Editorial Atlántida desenvolveu un amplísimo traballo como traductor, ensaísta, autor de obras de divulgación científica e doutras sobre as civilizacións antigas e clásicas, abondosamente estudiadas e lidas por escolares e lectores arxentinos de toda condición.

21 e 22 Hernando Poza Juncal e Laureano Poza Juncal insertos na tradición republicana, liberal e laicista escolar pontevedresa, a través da escola laica de Pontevedra, dos centros Escuela Moderna e Escuela Nueva de Pontevedra, e da Escuela–Hospital–Asilo potenciada polos emigrantes de Lalín (tendo sido ademais Hernán Poza Juncal, Director da Escola de Maxisterio pontevedresa) víronse forzados a emigrar: Hernán a EE.UU onde foi profesor do Brooklin College de New York, e Laureano (que fora ademais profesor de Física e Química no Instituto de Vigo) a México, onde foi profesor da Academia Hispano-Mexicana e tamén da Escola Normal Superior da UNAM.

23 Alexandre Raimundez Fernández, que fora catedrático de Xeografía da Escola Superior de Comercio de Barcelona, exiliouse en Londres, traballando nos estudios de radio da BBC, dende onde se lanzou a primeira emisión continuada dun programa radiofónico en lingua galega.

24 e 25 Fernando Rico Galán e Victor Rico Galán foron no exilio mexicano profesores da UNAM pertencendo o primeiro á Comisión de Novos Métodos de Enseñanza da Universidade, e o segundo á Escola de Economía.

26 Xosé Rubia Barcia, galego e profesor do Instituto Ganivet e da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Granada, exiliouse, sendo profesor da Universidade de La Habana entre 1939 e 1943, sendo tamén o director da Academia de Artes Dramáticas. Neste ano pasou ós EE.UU, como

profesor do departamento de linguas romances da Universidade de Princeton e posteriormente como catedrático da Universidade de California, acadando un gran prestixio no campo lingüístico e literario.

27 Luis Soto Fernández, un dos máis destacados líderes da FETE de Galicia, logo de refuxiarse en Portugal incorporaríase dende Francia ó exército da República chegando a dirixir dende Valencia o xornal *El Magisterio Español*; posteriormente acompañou a Castelao como secretario e colaborador no seu percorrido americano en defensa dos intereses da República, ó tempo que realizaba diversas actividades como directivo da Solidaridade Galega Antifeixista e membro das Milicias de Cultura. Perdida a causa republicana trasladouse a México onde creou o Lar Galego en 1939, foi Secretario Xeral do Padroado de Cultura Galega de México, mantivo unha emisión de radio en galego durante dúas décadas, e foi un dos iniciadores da Alianza Nacional Galega (1941). No campo profesional, Luis Soto foi profesor da Escola Comercial e Industrial nº 6 de México e un dos directivos da FETE española en México, sendo en calidade de tal membro da Executiva da Internacional dos Traballadores do Ensino (ITE), que agrupaba a moitas organizacións sindicais do profesorado de todo o mundo, desenvolvendo unha intensa e fecunda actividade organizativa durante moitos anos, acompañándose a este respecto unha pequena documentación en Anexo[1752].

28 Arturo Souto Feijoo, o coñecido pintor galego, que puxera a súa arte ó servicio da causa republicana, exerceu durante algún tempo como profesor de literatura española na UNAM, e como profesor de actividades artísticas no Instituto Luis Vives de México.

[1752] Morto Luis Soto en México en 1982, diversas e oportunas xestións realizadas cabo dos seus familiares directos teñen permitido o traslado da súa documentación ó Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Trátase dun amplo fondo, importantísimo para o coñecemento das actividades do Partido Comunista de España e dos seus afiliados galegos, da FETE e da UGT (en menor medida), e de todo o que significou a revista *Vieiros* como gran instrumento cultural galego dos pasados anos sesenta. De igual modo conteñense no fondo referencias ó movemento sindical dos ensinantes en América Latina, e particularmente en México (Congresos, publicacións, declaracións). Vide "Fondo Luis Soto", Caixas 14627, 14629, 14631, 14633, 14634, 14637, e 14639, entre outras.

29 Lois Tobío Fernández, que fora profesor de Dereito Penal na Universidade de Santiago no seu exilio político por EE.UU, Cuba e México entre as súas diversas actividades, moitas delas directamente vinculadas á acción política, tamén desenvolveu algunhas de carácter docente no campo do dereito político en diversas universidades, tendo sido tamén profesor da Escola Libre de La Habana.

30 Carlos Velo, dirixente da FUE, destacado activista das Misións Pedagóxicas e profesor de bioloxía na Universidade de Madrid, foi no seu exilio mexicano profesor de Bioloxía no Colexio Madrid e no Instituto Politécnico Nacional, denantes de ser director da Escola de Cinematografía, onde desenvolveu un traballo de extraordinario alcance.

31 Quero sinalar, por fin, que outros destacadísimos profesionais exiliados e con vinculacións educativas, teñen sido Salvador de Madariaga, o escultor Francisco Vázquez Díaz ("Compostela"), que foi profesor da Escola de Artes e Oficios Artísticos da Universidade de Porto Rico, ou o médico Souto Landeira exiliado nos Estados Unidos, ademais daqueles que sen ser galegos en Galicia exercían a súa actuación docente, tal como foi o caso de Regina Lago García, profesora da Escola Normal de Lugo, de Florentino Martínez Torner, musicólogo asturiano e profesor da Escola Normal de A Coruña, que aínda publicou parte dos seus traballos didácticos na editorial Losada de Buenos Aires, e de José Peinado Altabre, inspector do ensino primario na Coruña e investigador no campo da psicopedagoxía.

Todos eles e quizais algúns outros aquí non sinalados de seguro que serían recursos intelectuais moi necesarios para o novo escenario social e cultural que Galicia ía comezar a construír. Eran luz do porvir; con eles e os demais dos que aquí falamos seguramente, poderíase dar fe do que Xosé Otero Espasandín tiña sinalado: "pode a escola de aldea máis pequerrecha de Galiza sela máis rica do mundo enteiro"[1753].

[1753] OTERO ESPASANTÍN, X. (1947): "A nosa escola", *A Nosa Terra,* nº 457.

O certo foi que ás xeracións mozas roubáronnos a memoria durante décadas, e así foi que tivemos que reinicia-lo proceso de construcción dunha "nova escola galega" sen a luz precisa que tanto necesitabamos. E seguímola precisando.

6. POST-SCRIPTUM

No marco do "Congreso Internacional O Exilio Galego" do que se da valiosa conta nas presentes Actas, poidemos seguir arrequecendo e perfilando a nosa aportación, a través das contribucións valiosísimas dos colegas na sesión dedicada á cuestión do ensino, como os lectores poderán ler, e das espigadas aquí e acola noutras intervencións, en particular as de Xosé Neira Vilas e a de Carlos Zubillaga.

Deste modo a nómina de profesores exiliados que nos construímos, indicando ser incompleta, pasa a incorporar agora ós profesores universitarios composteláns –citados como sancionados- Antonio Baltar e Leoncio Birgós, ó investigador e importante político republicano Manuel Martínez Risco (que foi con destino a París), a Pedro Pérez Martull, destacado director do Instituto Ruíz de Alcorcón de México (dende 1939), a José Viéitez de Soto de Izquierda Republicana e mestre en Magán (Cuntis), que logo de cinco anos de cadea (con condena a morte, e logo de 30 anos), e sendo militante socialista viuse obrigado a fuxir (por Porto) para o exilio mexicano, ós irmáns Telmo e Isabel Bernárdez, tamén profesores como o xa citado Jesús Bernárdez, a Julio Castro Álvarez, que nacera na emigración e que estudiara Maxisterio en Galicia, que se exiliará a Uruguai, a Alberto Vilanova, o autor da excepcional obra *Los gallegos en la Argentina*, que será profesor universitario en Bahía Blanca, ó propio Isaac Díaz Pardo que exerceu como profesor ceramista na Arxentina, ó mestre ourensán e masón Manuel Celso Garrido que irá a Chile, desde onde mantén intensos contactos coa Federación de Sociedades Galegas de Buenos Aires, a Bieito Cupeiro, de Fene, que estudiara maxisterio en Galicia... e xa esta nominación de ensinantes exiliados vai camiño dos cincuenta, sen contar aquí a aqueles que a partir dos anos cincuenta irían ser emigrantes non só por razóns

económicas senón tamén políticas, como fixo notar o profesor Carlos Zubillaga, e aqueles outros (homes e mulleres) que en Galicia antes e durante a IIª República facían posible co seu sostén social e ideolóxico o labor educativo e cultural renovador, democratizador e mesmo galeguizador e cívico-laicista do profesorado que apostaba pola luz do porvir.

PROFESORES MORTOS

1. Segundo Abal Padín
   Mestre de Castroagudín, Vilagarcía
2. Germán Adrio Maña
   Mestre de Pontevedra. Socialista
3. Pedro Almazán Ramos
   Mestre de Quinta-Val, Narón
4. Enrique Alonso Teijeiro
5. Rafael Alonso Rodríguez
   Mestre de Amoeiro
6. José Ambrós Gordillo.
   Mestre
7. Fernando Barcia Beiras
   Mestre de Santiago. Socialista
8. Manuel Barros Fernández
   Mestre de Ferrol, morto en loita contra os insurxentes
9. Antonio Candela Rodríguez
   Mestre de San Xoán de Río, Ourense
   Radical-socialista
10. Eugenio Carré Naya
    Mestre Coruñés. Fillo de Leandro Carré Alvarellos
11. Benito Colin Veiga
    Mestre de Cervo, Lugo
12. José Cortés
    Mestre de Goián, Pontevedra
13. José Correa Miranda
    Mestre e alcalde de Cervo
14. José Costa Pardo
    Mestre de Cervo
15. Marcelino Fernández Prada
    Mestre e alcalde de Rivas de Sil
16. Isaac Forneiro
    Directivo da UXT
17. Julio Fraga Orosa
    Mestre de Viveiro
18. Víctor Fraiz Villanueva
    Mestre de Vigo. Comunista
19. Julio Fraiz Castellanos
    Mestre de Vigo. Fillo de Victor Fraiz
20. Pedro Galán Calvete
    Mestre de A Coruña
21. José Galera Moreno
    Mestre de Folgueiro, Viveiro. Morto no monte

22. Hipólito Gallego Camarero
    Mestre de Forcadela, Tomiño, Pontevedra
23. Juan R. García Niebla
    Mestre da Graña (Ferrol). Socialista
24. Gumersindo Gastasoro
    Mestre de Cangas
25. David Labrador Zuil
    Mestre da Pontenova, Lugo
26. Antonio Lafuente Gimenez
    Mestre de Muras, Lugo. Morto na cadea
27. Amadeo López Bello
    Mestre de Carballeda de Avia. Galeguista
28. Gonzalo Martín March
    Mestre, Gobernador civil de Ourense. De Izquierda Republicana
29. José Meis Rodriguez
    Mestre pontevedrés
30. Xacinto Méndez
    Mestre de A Coruña
31. Eduardo Muiños Búa
    Mestre pontevedrés
32. Mestre de Nigrán
33. Mestre do Gurugú, A Coruña
34. Mestre coruñés da Escola recionalista
35. Paulo Novás Souto
    Profesor do Instituto de Pontevedra
36. Exilio Núñez Núñez
    Mestre de Cambeo, Ourense. Radical-socialista
37. Luis Pérez Amil
    Mestre racionalista da Coruña
38. José Ramos López
    Mestre lucense, Do POUM
39. Luis Rastrollo Fernández
    Mestre compostelano. Membro do POUM
40. Mercedes Rico Abella
    Mestre do Miño, A Coruña. Socialista
41. Alfonso Rodrigo Méndez
    Profesor da Escola Normal de Pontevedra
42. Camilo Saco López
    Mestre de Monforte. Galeguista
43. Jacinto Santiago
    Profesor da Escola Normal de Ourense
44. Xoán Suárez Picallo
45. Apolinar Torres López
    Mestre de Vigo. Socialista.
46. Victor Trabazo
    Mestre de Moaño

47. Eduardo Villot Canal
Profesor do Colexio Sueiro de Ourense
48. María Vázquez
49. Constantino Gómez Rodríguez
Mestre pontevedrés

A eles poderíamos engadir os casos de Xosé Gómez Gayoso, mestre lucense morto na resistencia nos anos 40, de Felix Salgado del Moral, ourensán, de Ánxel Casal, que sen ser ensinante, tiña impulsado a Escola do Ensino Galego da Coruña, dos galeguistas Xosé Losada Castelao e Manuel Rodríguez Castelao, mestres de Rianxo, mortos nas dramáticas circunstancias de intento de fuxida en barco dende Vigo en abril de 1937, e dos que foron fusilados en Asturias: Ignacio Álvarez, Benigno Rey Pavón e Evaristo Pereira Rubio.

INSPECTORES DE EDUCACIÓN E PROFESORADO DE ENSINO MEDIO, PROFESIONAL E UNIVERSITARIO SANCIONADO

PROFESORES DE INSTITUTO SANCIONADOS

PONTEVEDRA

Osorio Tafall
Castelao
Teodomiro Lozano Aguiera

VIGO

Virgilio Trabazo
Laureano Poza Juncal
Fco. Xesteira Cerviño
Jerónimo Tolelano
José Posada Curros
Ricardo Aldana Herrero
Martín de Vicente Asiaín

TUI

Benito Prieto
Elfrida Jasson L.
José Gómez Somoza
Xesús Ferro Couselo

A ESTRADA

Francisco Luque
Antonio Fraguas
Eugenio Souto Campos

OURENSE

Florencio de la Torre
Director do Instituto
Pedro Martull Rei
Salvador Ruiz Grande
Ramón Otero Pedrayo
José Rodríguez Bouza
Gustavo Nieto Taladrid

LUGO

Celestino Noya
G. Albarrán Puente
José Mª Font Tullot
Emilio Ceide Vilar

A CORUÑA

Catedrático de Psicoloxía
Eumenio Rodríguez y Rodríguez
A. Blázquez Jiménez
Ramón Prado Alonso
José Agustín Castro

MONFORTE

Mariano Mazaira Noguerol
Pedro Antón García

RIBADEO

Enrique Roig Rodríguez
Eliseo Martínez Alonso

FERROL

Ernesto Fernández Paz

NOIA

Alvaro das Casas Blanco

BETANZOS

José Fdez. Cao Cordido
José Algueró Caamaño
Miguel Noaín García
Guillermo Taboada Infante

TOTAL: 43

PROFESORES DE ESCOLAS NORMAIS SANCIONADOS

Florentino Martínez Torner (Co)
Matilde Díaz Saíz (Santiago)
José Crespo Rodríguez (Santiago)
Pedro Peña Pérez
Tiberio Vasalo Murías (Santiago)
José Toba Fernández (Santiago)
Luis Santos López (Po)
Ernestina Otero Sestelo (Po)
Narciso Aloguín (Lu)
Pio Ramón Ojea (Ou)
Luis Fernández Pérez (Ou)

TOTAL: 11

PROFESORES DE ESCOLAS DE TRABALLO E DE ARTES DE OFICIOS SANCIONADOS

Fco. Rey Barral (Co)
Máximo Ferreira (Po)
C. Echevarría Novoa (Po)
F. Otero Juncal (Po)
José Fdez. Pimentel (Lu)
G. Sánchez Bugueiro (Santiago)
Corral Calvo (id.)
Arturo Cuadrado (id.)
Pedro Losa (id.)
Virgilio Farrote (Vigo)
José Masllorens (id.)
Teodoro Gradín (id.)
José Callas Iglesias (id.)
Ramón Quintela Pérez (id.)

TOTAL: 14

PROFESORES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO SANCIONADOS

José Arias Ramos (Secretario Xeral)
Luis Moallo (Medicina)
Arturo Cervigón Díaz (Medicina)
Manuel Rey Busto (Medicina)
Antonio Baltar Dominguez (Medicina)
Carlos Puente (Farmacia)
Francisco Giral (Farmacia)
Aniceto Charro (Farmacia)
Leoncio Birgós Guillén (Farmacia)
Calvet Prat (Ciencias)
Isidro Parga Pondal (Ciencias)
Miaja de la Muela (Dereito)
Brañas Cancelo (Dereito)
López Durán (Dereito)
Jesús Prados Arrarte (Dereito)
Fco. Fernández del Riego (Dereito)
Antonio Sacristán (Dereito)
Antonio Romero Vieites (Dereito)
José García Torrado (Dereito)

Juan Brañas Cancelo (Dereito)
Enrique Rajoy Leloup (Dereito)
Sebastián G. García-Paz (Filosofía)
Ramón Martínez López (Filosofía)
Carballo Calero (Filosofía)
Miguel Vilar Vidal
Jaime P. y Suñer
Antonia Ferrín Moreiras

TOTAL: 27

INSPECTORES SANCIONADOS

LUGO

Luis Soto Menor
José Galera Moreno

OURENSE

Jacinto Ruíz Santiago
Manuel Maceda López

PONTEVEDRA

Rogelio Pérez González
José Gabaldón
Pedro Caselles Ponte
José López Varela

A CORUÑA

(dun total de 14)
José Peinado Altabre
Mª Barbeito y Cerviño
Manuel Díaz Rozas
Jesús Muñoz Gaspar
Victor Castro Silva
Evaristo Cuena
Luciano Seoane Seoane
Vicente Moltó
Gabriel Loperena

TOTAL: 17

PROFESORES DE ESCOLAS DE COMERCIO SANCIONADOS

Feliciano Aldazabal (Vigo)
Rufino Ordoñez (id.)
A Carballo Fernández (A Coruña)
Arturo Tarracido Veiga (A Coruña)

REPERCUSIÓNS DA GUERRA CIVIL NO PROFESORADO DAS FACULTADES DE MEDICIÑA, FARMACIA E CIENCIAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Manuel Bermejo
Universidade de Santiago de Compostela
Francisco Díaz-Fierros
Consello da Cultura Galega
Ricardo Gurriarán
I.E.S. Xelmirez I

1. INTRODUCCIÓN

A ciencia en Europa, nos inicios do século XX, é dominantemente xermánica. O saber científico xérase nos Institutos, que son centros onde se produce a conxunción da producción do saber e a súa aplicación, neles, os alumnos aprenden os principios da Ciencia, practican a súa experimentalidade e comprenden a necesidade de preguntarse o "para qué" serve ese coñecemento. A concepción oposta de Ciencia, no século XIX, era a francesa ou latina: nela, a Ciencia adquiríase e practicábase nas Universidades e o saber práctico, a tecnoloxía, adquiríase nas "Ecoles Politechniques". Nos comezos do século XX as institucións máis prestixiosas, para formarse en Ciencia, eran os "Institüts" xermánicos e cara eles ían os novos científicos españois e galegos, que querían aprender ciencia moderna.

Semella dicirse que o século XX foi un século de extremos e dun certo xeito e como consecuencia deldisoo a Universidade de Santiago, e a Ciencia que nela se producía, viuse sometida á bandazos, pero que permitiron ó remate do século e milenio un certo equilibrio e chantar os baseamentos dunha Institución con forza para alborexar un futuro prometedor.

Esta Universidade pasou: de ser masculina a feminina; de ser de elites a ser de masas; de ser receptora do saber a constructora do coñecemento; de ser localista a estar espallada polas provincias do antigo Reino de Galicia, etc. Todos estes bandazos prodúcense ó longo dun século; pero amosa unha

inflexión na guerra do 36 para ficar parada por 30 anos e recuperarse no último tercio do século. Estes tres chanzos históricos maniféstanse: no nacer á experimentalización moderna; na aparición do galeguismo e da galeguización da Universidade; na introducción da muller nos estudios e na práctica da ciencia, ..., todo elo no primeiro tercio do século; gran parón no franquismo e recuperación da modernidade. Neste primeiro tercio do século as únicas facultades que podían ser calificadas de científicas eran as de Mediciña e Farmacia ás que se lle engadiu en 1922 a de Ciencias, reconstituíndose así a tradicional universidade española das cinco facultades (Dereito, Filosofía e Letras, Mediciña, Farmacia e Ciencias) que perduraría ata ben adiantado o século XX.

A xeración do 1914, constituída por xente que nacera na década dos 80 do século anterior, chamada de prata polos historiadores, serían os encargados de acercarse a Europa no labor investigador e de crear un tecido de recursos: humanos e infraestructurais en España, para modificar as obsoletas universidades, tanto en métodos como en capacidade para poder investigar. Todo elo baixo a inspiración "institucionista" materializada na JAE e en todos os seus apéndices: Centro de Estudios Históricos, Instituto Nacional de Ciencias, laboratorios, Residencia de Estudiantes... Simplificamos, significando que este acercamento a Europa, fundamentalmente, achegouse á escola alemana superadora da praxe da escola francesa coa incorporación-demostración, mediante o laboratorio, das prácticas científicas. Os nomes de Moles, Madinaveitia, Cabrera, Bolívar, Negrín, Hernando, Marañón... foron, entre outros, os seus protagonistas dándolle á ciencia –e á universidade- un carácter conceptual diferente do que ata aquela había, e formalizándoa dentro das estructuras políticas para a súa consolidación por medio da JAE co incombustible Castillejo á súa fronte, dentro dun marco teórico de "cambio" a todos os niveis, co amparo dun amplo grupo con aspiracións intelectuais e políticas que verían o seu período álxido durante a efémera IIª República – burguesía que pretendía a modificación das estructuras socioeconómicas e políticas, dado o fracaso das "varias" políticas anteriores, coa formación de minorías dirixentes chamadas a dirixir España, ideario coincidente cos principios

"xinerianos" do cambio a través das institucións educativas-. O núcleo estaba formado pola elite dirixida por Ortega, Marañón, Pérez de Ayala... complementado coas empresas editoriais que dispoñían: *El Sol, Revista de Occidente, España...*

Neste traballo analizaranse as repercusións da Guerra Civil nas tres facultades científicas utilizando o mesmo esquema metodolóxico: a) Panorama xeral da ciencia no primeiro tercio do século, b) Repercusións da Guerra Civil sobre o cadro de profesorado e c) Os intentos de normalización da docencia e a investigación na postguerra

2. A CIENCIA E OS PERSOEIROS NA FACULTADE DE MEDICINA DE SANTIAGO.

A evolución da facultade no primeiro tercio do século. Non podemos afirmar que nas tres primeiras décadas do século XX se levaran a cabo programas de desenvolvemento científico sistematizado nesta facultade universitaria santiaguesa, pois non existía un vencello nidio entre docencia e investigación. Tan só, de xeito esporádico, e para aplicación na clínica privada, figuras como Manuel Varela Radío (Pontevedra, 1873- Madrid, 1962), Juan Varela Gil (Tui, 1897- Santiago, 1969), Nóvoa Santos (A Coruña 1885- Santiago, 1933), Ramón Varela de la Iglesia (Lerma, Burgos, 1845- Santiago, 1922) e algún outro, achegaríanse ao entorno científico facendo aplicación de técnicas que nese momento se experimentaban en Europa e mercando aparellos punteiros, logo das súas viaxes polo estranxeiro en xeral para o seu uso privado. A maioría das veces, estas saídas veríanse favorecidas por pertencer ao círculo renovador do "institucionismo gineriano", pois case todos eles formaron parte da "rede de información" que os apéndices institucionistas tiñan, en concreto da Junta para la Ampliación de Estudios, desde a súa aparición en 1907.

Con anterioridade, Ramón Varela de la Iglesia, catedrático de Fisioloxía, e Maximino Teijeiro (Monforte, 1827- Santiago, 1900), catedrático de Anatomía da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago e Rector progresista que fora desta Universidade, amigos de Francisco Giner de los Ríos, encetarían unha relación estreita con el entrando a formar parte do complexo entarimado de

informadores que esta organización tiña por todas partes co fin de escoller aos "mellores" para seren pensionados no estranxeiro. A maiores de entrar na nómina de relacións do "institucionismo", como tamén faría o afamado doutor Ángel Baltar con quen Varela Radío tiña un Sanatorio privado en Santiago (1908), todos eles serían propulsores desta "organización ideolóxico-pedagóxica" materializada pola burguesía intelectual progresista do XIX, a raíz da intolerancia dos políticos da Restauración.

Sen embargo, polos anos vinte do século XX, os problemas da Facultade eran outros: nomeamento dos estamentos docentes inferiores por parte da xunta de facultade (Profesores Auxiliares Temporais e Axudantes de Prácticas), nos que a maior parte das veces estaban integrados endogamicamente a partir de familiares da clase médica compostelá dominante na facultade e na cidade - moitos médicos, e algún outro docente da universidade de Santiago ocuparían a Alcaldía da cidade en diferentes momentos, entre outros: Blanco Rivero, de 1914 a 1917, e Rector da Universidade entre 1921 e 1930; o catedrático de Patoloxía Cirúrxica Francisco Piñero, en 1909; o catedrático de Histoloxía Vicente Goyanes Cedrón, Felipe Gil Casares en 1930-31, este último de Dereito; e a acumulación de cátedras, pois a lexislación así llelo permitía

Facendo unha lectura das actas da facultade observamos que a maioría do espacio é ocupado polas cuestións citadas; o profesor Nóvoa Santos presenta un recurso de alzada contra o acordo da maioría da Xunta de Facultade propoñendo a Novo Campelo para a cátedra vacante de Patoloxía, por acumulación (acta de 28 de febreiro de 1919); tamén Varela de la Iglesia fai unha recusación dos claustrais cando a Xunta da Facultade non admite ao seu fillo como auxiliar (acta de 7 de xullo de 1919); os claustrais acusan a Varela de non asistir a clase e de polemista; percíbese claramente o enfrontamento de bandos na facultade e a loita polo poder entre grupos de diferente ideoloxía e "familias" asentadas que dominan a "xestión" da facultade de Medicina-. Agruparíanse por bandos: progresistas, entre os que estaban os anteriormente citados, e conservadores, que representaban o poder local máis rancio, con ansia de perpetuación. As discusións entre as faccións eran cotiás, fiel reflexo do que acontecía no parlamento restauracionista.

Era doado que as cátedras da universidade santiaguesa non fosen ocupadas polos seus titulares, que, na maioría dos casos, optaban por quedarse agregados a outros destinos máis achegados a núcleos universitarios mellor dotados para a investigación -p.e. o caso do Catedrático De Corral que gañara a Cátedra de Fisioloxía de Santiago en 1923, logo da xubilación de Varela de la Iglesia, que xamais ocuparía, agregándose á mesma cátedra de Madrid e logo pedindo a excedencia; preferiu quedar nos laboratorios da Residencia de Estudiantes de Madrid, aproveitando a infraestructura que alí había para consolidar a súa formación, a carón de Negrín, cuxa Cátedra na Universidade Central ocupou logo da guerra mediante traslado, cando esta quedara vacante pola ausencia obrigada do que daquela era Xefe de Goberno da República no exilio-.

O ambiente pechado da Facultade non facilitou a renovación da nómina do profesorado de Compostela, pois serían moi poucos os que virían de fóra. Probablemente na "fuxida cara a Madrid" de Nóvoa Santos (1927) e Varela Radío (1919) pesara este ambiente ao que fixemos alusión, ou a marcha de Sánchez Guisande a Zaragoza (1928). Todos eles de marcada tendencia republicana os que, probablemente, se atoparían incómodos loitando en minoría contra a rede reaccionaria local de dominio "medico" compostelán.

O sempre cativo orzamento para investigación e prácticas, a maiores das cotas obrigatorias que os alumnos pagaban para este mester, non posibilitaron a existencia de laboratorios ata o traslado da facultade desde Fonseca á nova ubicación actual. Unha inflexión neste apartado, referido ao labor investigador, foi o profesor J. García Blanco Oyarzábal (Ronda, 1898- Valencia, 1973), coa súa chegada a Santiago en 1927, como catedrático de Fisioloxía da Facultade de Medicina. Sería un dos primeiros froitos do "laboratorio formativo" da JAE que, logo dunha experiencia científica por Europa, continuaría nas instalacións madrileñas ao lado do seu mestre Negrín, para logo culminar o traxecto acadando unha cátedra nas universidades periféricas españolas, neste caso a de Santiago –era esixencia desta institución e dos seus mentores que os coñecementos adquiridos, logo dun certo tempo, tivesen proxección e

materialización no terreo docente universitario ocupando as cátedras vacantes das diferentes universidades da península-.

García Blanco na súa estancia en Santiago colaborou co Instituto de Estudos Galegos, e levou a cabo traballos de investigación multidisciplinares, entre outros, con Parga Pondal. Non só continuou o labor científico que estaba a desenvolver nos Laboratorios da Residencia con Negrín, alternando con significadas estadías no estranxeiro, senón que promoveu e materializou a dotación de laboratorios na facultade santiaguesa, e institucionalizou as prácticas dos alumnos como elemento esencial na súa formación, ó tempo de organizar unha interesante biblioteca con revistas científicas de actualidade. Coa súa marcha a Sevilla, en 1934, xunto coa sublevación de 1936, a facultade compostelá quedaría orfa no terreo da investigación, limitándose a cursiños dados polos propios profesores durante o parón 1936-39, que continuaría con este ton ata ben entrada a década dos 40.

Desde o ano 1930 ata a súa morte, en 1933, o doutor Rodríguez Cadarso (Noia, 1887- Sanabria, 1933) ocuparía o cargo de Rector da Universidade de Santiago desde onde faría un digno papel para instalar unha Residencia de Estudiantes en Santiago a imaxe da que estaba funcionando en Madrid. A Residencia non se inauguraría ata 1941, cun fin moi distante do que se pretendera no seu momento. Quedouse en mero hospedaxe de estudiantes. Tamén Rodríguez Cadarso colaborou na renovación dunha "nova" universidade nos primeiros pasos da IIª República, creando espacios e organismos que favoreceron un importante "aireo" no terreo de posibilitar discusións, contactos co exterior, e levar un destacado papel descentralizador, e na creación de intercambios co estranxeiro de alumnos e profesores. Era republicano e galeguista, de sentimento e polo labor que desenvolveu, pois non é coñecida a súa militancia; tamén estaba en relación estreita coa ILE. Sería deputado a cortes pola FRG-ORGA, en 1931.

Durante o período republicano temos que significar o aumento de dotacións para docencia e investigación, e a chegada dalgún profesor de fóra, esporadicamente, como a dos doutores del Río Hortega (Histoloxía), Rodríguez Olleros (Fisioloxía) e Hernando (Terapéutica-Farmacoloxía), en labores

formativas dirixidas ao profesorado da facultade santiaguesa. Tamén destacamos a presencia dalgúns días do fisiólogo catalán Jaume Pi y Sunyer, fillo do ilustre fundador da Escola Catalana de Fisioloxía, Augusto Pi y Sunyer, quen gañara a Cátedra desta especialidade en Santiago. En primeira instancia non tomaría posesión, pois quedou agregado á Universidade de Barcelona, mais logo si o faría no mes de abril de 1936. Logo da guerra exiliaríase en México, onde proseguiu os seus labores docente e investigador. Tan só acudiría a unha sesión claustral e retornaría a Barcelona. En definitiva, diremos que a investigación que se levou a cabo na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago durante o primeiro tercio do século XX foi máis ben escasa, agás a excepción xa citada, e sempre condicionada a docentes conectados coas redes formativas propiciadas pola Junta para la Ampliación de Estudios. Suliñamos que houbo unha certa consolidación nos cadros de persoal no breve período republicano, e a Universidade, a consecuencia de dar prioridade ó ensino e á investigación o primeiro goberno azañosocialista, conseguiría maiores dotacións para poder investigar. Mais ben, con carácter xeral, na Facultade de Medicina se faría divulgación científica, mostra diso están os traballos publicados no *Boletín de la Universidad de Santiago* (1928-1936). Sendo este un importante intento innovador, sen que supoña un indicativo de moita fiabilidade, o contido dos traballos de medicina que aquí se presentan non acadan o nivel científico doutras publicacións que se fan en España, ás que en escasa medida participa o profesorado santiagués.

A mobilidade do profesorado no período 1931-1936 tamén contribuiría á renovación, o que conlevou ó recale de certas figuras de renome no campo da docencia en xeral que continuarían na nosa universidade liñas de investigación abertas con anterioridade, ben no estranxeiro, ben en Madrid. No bienio anterior á guerra observaríase unha certa ruptura das redes locais entre os docentes, achegándose á Facultade de Medicina algún que outro catedrático de fóra como: Gironés, Laguna, e Pérez Argilés, que pouco duraron aquí polo acontecer da "sublevación", pois trasladaríanse nada máis rematar a guerra aproveitando a cantidade de vacantes que quedaron logo do exilio da maioría dos profesores das universidades de Madrid, Barcelona e Valencia, entre outras;

ou Morillo Uña (Badajoz, 1901-Santiago, 1937) Decano da Facultade no momento da sublevación facciosa quen, logo de verse sometido a persecución por parte dos falanxistas, terminaría suicidándose ao principiar 1937 .

2.1 Comparación entre os cadros de persoal do curso 35-36 e dos posteriores a Guerra Civil (cadro 1)

Facendo un seguimento das actas da Xunta de Facultade podemos realizar unha aproximación da situación do profesorado nos cursos aludidos. A non constatación neste documento do tipo de profesores auxiliares, nalgún caso, nos impide saber cantos eran temporais e cantos eran numerarios. Da mesma forma que as ausencias reiteradas do profesorado a este órgano obrigounos a cotexar en diferentes actas de cada curso analizado, os docentes pertencentes ao cadro correspondente de cada curso.

No curso 1935-1936 a facultade tiña cubertas 11 cátedras. Destes, cinco eran foráneos, foi o momento de máxima presencia de profesorado non galego nesta institución na longa historia da facultade santiaguesa. Deles tan só un sería depurado e apartado definitivamente do servicio en primeira instancia, o catedrático de Anatomía Miguel Vilar y Vidal, quen sería reintegrado á docencia por sentencia, en 1940, solicitando o propio profesor desde aquel momento a excedencia no corpo, voluntariamente. Significamos que a acumulación de cátedras "tan só" recaía entre catro profesores santiagueses: Novo Campelo, Romero Molezún , Villanueva e Blanco Rivero.

Morillo Uña –moi vencellado á ILE e á JAE-, catedrático de Obstetricia e Xinecoloxía, tamén desaparecería por mor da sublevación, como xa dixemos anteriormente, en circunstancias tráxicas –foi destituído e cesado do cargo de Decano en agosto de 1936-. Tamén, en 1938, morrería o catedrático de Oftalmoloxía Romero Molezún, Novo Campelo sería inhabilitado para cargos directivos e de confianza en agosto de 1939, entendemos que sería por ostentar o cargo de Decano no período republicano, aínda que a sanción fora anulada un ano máis tarde.

Naquel curso, 1935-36, completaban os cadros de persoal 15 profesores auxiliares e 33 axudantes de clases prácticas. Destes últimos, ausentaríanse 5

segundo reflexa a acta de 16 de xaneiro de 1937 (Salvador Arnejo Nieto, Jesús Ángel Cordero Carrete, Aquilino Fernández García, José Martínez Losada e Antonio Fernández Abad). Temos que entender que esa desaparición tería que ver con "marchas", ben ó estranxeiro, ben ó bando republicano. Á lista de axudantes de clases prácticas temos que engadir a catro represaliados máis que non figuraban entre os 33 citados e que aparecen no BOE e en circulares internas da Delegación Militar da Coruña ao Rectorado da Universidade: Mario López Durá, Manuel Rey Busto e Narciso Carrero Nine; os dous primeiros con inhabilitación absoluta para exercer o cargo en todas as universidades de España, e o terceiro por un ano; e Arturo Cervigón Díaz, con destitución das funcións docentes. Dos auxiliares, 4 veríanse sometidos a procesos de depuración entre o mes de agosto de 1936 e o verán de 1937: José Carrero Nine, Baldomero Casal Aboy, e, Ramón e Antonio Baltar Domínguez, con penas que oscilan entre dous meses de suspensión de emprego e soldo, ata a separación definitiva do servicio, pasando pola ínfima pena de inhabilitación para cargos directivos e de confianza.

No curso 1939-1940 eran 8 cátedras as que estaban cubertas, 18 profesores auxiliares e 44 axudantes de clases prácticas, aproximadamente.

CADRO I :RELACIÓN DE PROFESORES DA FACULTADE DE MEDICINA NO CURSO 1935-36.

Catedráticos:

Pena Pérez, Pedro (Patoloxía Médica). Blanco Rivero, Luís (Terapéutica Cirúrxica máis Patoloxía Cirúrxica, acumulada). Gironés Navarro, Lorenzo (Patoloxía Médica). Villanueva, Ulpiano (Hixiene e Microbioloxía). Laguna Serrano, Ciriaco (Pediatría). Jorge Etcheverri, Ángel (Anatomía Descriptiva e Topográfica). Pérez Argilés (Medicina Legal). Novo Campelo, Antonio (Farmacoloxía Experimental máis Terapéutica Clínica, acumulada). Romero Molezún, Francisco (Oftalmoloxía máis Otorrinolaringoloxía, acumulada). Vilar y Vidal, Miguel (Anatomía Descriptiva e Topográfica). Morillo Uña, Luís (Xinecoloxía e Obstetricia).

Profesores Auxiliares:

Sánchez Guisande, Luciano (temp. Medicina Legal). Fontán Maquieira, Gumersindo (Anatomía e Técnica Anatómica). Villar Iglesias, Manuel (nº. Dermatoloxía). Carrero Nine, José (temp. Anatomía e Técnica Anatómica). Álvarez González, Manuel (temp. Encargado da cátedra de Patoloxía Xeral). Sánchez Calvo, Ramiro (temp. Fisioloxía Xeral e Descriptiva). Baltar Domínguez, Antonio (temp. Histoloxía e Anatomía Patolóxica). Baltar Domínguez, Ramón (temp. Patoloxía Cirúrxica). Villarino Ulloa, Ramón (temp. Farmacoloxía e Terapéutica Clínica). Casal Aboy, Baldomero (temp. Hixiene e Microbioloxía). Alsina González, Fernando (nº. Patoloxía Cirúrxica). Vaamonde Rodríguez, Joaquín (nº. Patoloxía Médica). Martínez de la Riva, Antonio (nº. Obstetricia e Xinecoloxía). Martínez de la Riva Fernández, Fernando (temp. Patoloxía Cirúrxica). E Vilariño de Andrés Moreno, Manuel (temp. Patoloxía Médica).

Axudantes de clases prácticas**:**

Non podemos precisar con exactitude o número total desta categoría. Situámolo en torno ós 35 profesores.

CURSO 1939-40 (entorno)

Catedráticos:

Pena Pérez, Pedro (Patoloxía Médica). Blanco Rivero, Luís (Terapéutica Cirúrxica máis Patoloxía Cirúrxica, acumulada). Gironés Navarro, Lorenzo (Patoloxía Médica). Villanueva Castro, Ulpiano (Hixiene e Microbioloxía). Laguna Serrano, Ciriaco (Pediatría). Jorge Etcheverri, Ángel (Anatomía Descriptiva e Topográfica). Pérez Argilés (Medicina Legal). Novo Campelo, Antonio (Farmacoloxía Experimental máis Terapéutica Clínica, acumulada).

En acta de 4 de novembro de 1939 se acorda que os profesores auxiliares máis antigos ocupen as cátedras correspondentes.

Profesores Auxiliares:

Sánchez Guisande, Luciano (temp. Medicina Legal). Fontán Maquieira, Gumersindo (Anatomía Descriptiva). Villar Iglesias, Manuel (nº. Oftalmoloxía). Carrero Nine, José (temp. Técnica Anatomica). Álvarez González, Manuel (temp. Patoloxía Xeral). Sánchez Calvo, Ramiro (temp. Fisioloxía Xeral e Descriptiva). Martínez de la Riva, Fernando (temp. Otorrinolaringoloxía e Patoloxía Cirúrxica).

Baltar Domínguez, Ramón (temp. Patoloxía Cirúrxica). Villarino Ulloa, Ramón (temp. Farmacoloxía Experimental e Terapéutica Clínica). Alsina González, Fernando (nº. Patoloxía Cirúrxica). Martínez de la Riva, Antonio (nº. Obstetricia e Xinecoloxía). Varela Gil, Juan (Histoloxía e Anatomía Patolóxica). Daviña Rey, Luís (Patoloxía Médica). Pintos Pena, Gonzalo (Pediatría e Patoloxía Médica). Santaló Rodríguez, Aluaro (Patoloxía Cirúrxica). Deporta González (Hixiene e Microbioloxía). En xullo de 1940 serían propostos á superioridade para acceder ao posto: Casal Aboy, Baldomero (Hixiene e Microbioloxía) e Caamaño, Germán (Farmacoloxía e Terapéutica Clínica).

Axudantes de clases prácticas:

Había un total de 44 (acta 4 de novembro de 1939).

3. A FACULTADE DE FARMACIA NO PRIMEIRTO TERCIO DO SÉCULO XX

As ciencias farmaceúticas experimentaron ó longo do primeiro tercio do século vinte unha profunda crise como consecuencia dos problemas de adaptación dos profesionais liberais ás novas circunstancias socioeconómicas e científicas que lles tocaba vivir. Por unha banda, a arraigada tradición naturalista na elaboración dos medicamentos foi deixando paso a fins do século dezanove ós novos derivados sintéticos que xurdían como consecuencia da aplicación dos adiantos que chegaban, sobre todo, dunha química orgánica en desenrolo continuo. A industria farmacéutica, nace como consecuencia diso e os productos que tradicionalmente se expendían nas farmacias froito de elaboracións artesanais van deixando paso os máis novos, de síntese, que eran elaborados en instalacións cada vez máis centralizadas. Ó tempo, xurdían tamén novas actividades que con máis ou menos exclusividade, podían chegar a ser competencia do profesional farmacéutico como as análises de alimentos e o control microbiolóxico das augas e outros medios.

Como consecuencia deste novo horizonte profesional os plans de estudio das facultades de Farmacia se tiveron que ir adaptando progresivamente a el e disciplinas como a química orgánica e a análise química, e máis adiante a bioquímica pasaron a ser centrais na formación do futuro farmacéutico. Esta época podería caracterizarse como a do "decano Eleizegui", xa que o seu

mandato, de 1918 a 1941, cubriu case todo o período. Non foron tempos dun especial relevo científico, sobre todo se se compara coa segunda metade do XIX pois agás o caso de Eleizegui, de Sobrado ou quizais de Lojo, o resto dos profesores ou tiveron un paso veloz polas aulas de Fonseca, sen deixar pegada ningunha, ou desenvolveron un labor mínimo de creación científica. Eleizegui destacou no campo da microscopia, onde realizou importantes achegas, unha delas, a do "microscopio panorámico", foi comercializada pola casa Reichert. Así mesmo, creou e dirixiu desde 1914 ata 1936 a *Revista de Farmacia* portavoz das ciencias e os intereses farmacéuticos, cun claro acento compostelán, pero que sen dúbidas supuxo unha iniciativa insólita nesta universidade. Sobrado, iniciou o estudio da micoloxía galega e Sojo deseñou algúns aparellos físicos orixinais. Pero un dos aspectos máis singulares desta época é a repercusión que a problemática farmacéutica (docente e profesional) tivo nos discursos inaugurais do Curso Académico que, protocolariamente, cumpríalle pronunciar cada catro anos -despois da incoporación da facultade de ciencias, cada cinco- ós catedráticos de Farmacia. Dos cinco discursos do período 1906-1923, agás o de Sobrado o resto versaron sobre esta temática (Curso 1906-1907, A. Eleizegui sobre *La reorganización de los estudios de Farmacia*, 1914-1915, J. Deulofeu, sobre *Consideraciones acerca del estado actual de nuestra enseñanza universitaria*, 1918-1919, E. de Cuenca Araujo, *Renovación de la profesión farmaceútica en sus relaciones con la enseñanza universitaria*, 1922-23 C. Puente *La enseñanza en general, y particularmente la de la Química*).

Na última década deste tercio a Facultade amosou unha revitalización do ensino e a investigación coa chegada de novos profesores como Montequi, Giral ou Charro, que fundamentalmente se centrou nas asignaturas cunha base dominante química. Por outra banda, o último deles desenvolveu un interesante labor en relación co Instituto de Estudios Regionales da Universidade onde estaba a dar os primeiros pasos na creación dos laboratorios de Bromatoloxía e Hidroloxía e, así mesmo, co Seminario de Estudos Galegos con quen colaborou para a organización da Semana Galega de Oporto en 1935. No eido da Farmacia Práctica, Carlos Puente desenvolveu un traballo sen especial relevancia e en Materia Farmacéutica Vexetal, Eleizegui aplicou os seus

coñecementos en microscopia á histoloxía vexetal dun xeito que xa estaba a esquecer a brillante traxectoria dos seus primeiros tempos. Sobrado, xa con idade e doente, pouco podía facer por dignificar un campo científico como era o da botánica, onde tradicionalmente destacaron os farmacéuticos españois. En consecuencia, poderíase dicir que, nas vésperas da Guerra Civil, a Facultade de Farmacia amosaba un claro corte xeracional e de actividades con uns catedráticos no remate da súa vida profesional (Sobrado, 60 anos ou Eleizegui, 65) e outros, novos e procedentes fundamentalmente do eido da química, nos que se atopa una renovado espiritu investigador e docente (Montequi, 43 anos, Charro, 33 e Giral, 25).

3.1 Comparación dos cadros de persoal (cadro II)

A Guerra Civil, supón fundamentalmente a desaparición cara ó exilio americano de Francisco Giral (a México) e de Leoncio Virgos (á Arxentina). O primeiro deles estaba a desenvolver, nos escasos meses que levaba na Facultade, unha intensa labor de investigación e de reanimación da vida académica polo que seu oco foi moito máis notorio. A súa militancia no partido de Azaña así como o seu activismo, foi o motivo co que a Delegación Militar de A Coruña xustificou para a "súa separación definitiva del servicio" e o mesmo veredicto recaeu sobre Leoncio Virgos, militante do Partido Socialista. Ambos os dous, en prevención de consecuencias máis funestas escollerían a vía do exilio. Charro en Agosto do 36 é suspendido de emprego e soldo e en setembro do 37, por un tribunal de depuración amplíaselle a sanción por dous anos ó tempo que se lle inhabilita para o exercicio de cargos públicos, aínda que pouco despois do final da contenda é reposto no seu labor docente. A Carlos Puente en agosto do 36 se lle sanciona con excedencia forzosa e reducción do soldo en 2/3, pero de forma semellante a Charro o tribunal de depuración amplíalle a sanción en setembro do 37 cunha suspensión de emprego e soldo por dous anos. Neste dous casos, semella que cunha certa relación cos medios republicanos e galeguistas podería ser a xustificación das sancións. Outros profesores de significación menor, como Verdú, Pavón e Piñeiro Tejada desapareceron tamén do cadro de profesores.

É importante subliñar o papel que xogou o Laboratorio Farmacéutico Militar durante a contenda como un acubillo para os profesores sancionados ou con medo de que puideran selo e que, xunto a outros compañeiros máis adictos ó bando nacionalista, desenvolveron un labor "patriótico" e que despois da contenda puido influír favorablemente no levantamento e abrandamento das sancións. Definido por algúns como "purgatorio" de sospeitosos, por el pasaron: Montequi, Charro e Puente, da Facultade de Farmacia, Batuecas da de Ciencias e Villanueva, Novo, Casal Aboy, entre outros, da de Medicina.

Despois da Guerra houbo un primeiro, mais efémero, intento de revitalización da Facultade en 1940 coa chegada dos catedráticos García Marquina en Química Orgánica e Losa España, en Botánica pero que antes de ter cumpridos os tres anos de estancia en Santiago, tiñan, ambos os dous, concedido o traslado a outras facultades. O segundo intento de revitalización, con algo de máis éxito, foi debido a creación da nova figura do Profesor Adxunto e o nomeamento como tales, entre 1941 e 1947, de Barreiro Troncoso, Martinez de la Riva, Serafín Garcia Fernandez, Cibeira, Vilariño, etc. Mentres tanto, novos catedráticos, neste caso cunha meirande vontade de permanencia, se foron nomeando (Carreró, Otero Aenlle, Gómez Serranillos, Montañes e Bellot) co que se poñían os alicerces dunha lenta consolidación dos estudios de Farmacia. Un novo Plan de Estudios no que aparecen disciplinas como a Bioquímica, Fisioloxía Animal, Xeoloxía Aplicada, Microbioloxía ou Farmacia Galénica serviu para fornecerlle dun marco académico a esta xeira de modernización.

No 1935-36 a maioría das cátedras estaban cubertas, pero logo da guerra o número dos seus titulares (8) aínda non fora acadado no curso 46-47 (6). En xeral, o resto do profesorado das cátedras estaba cuberto no relativo ós profesores auxiliares e axudantes de clases prácticas. Despois da Guerra Civil o número de cátedras descendeu, como xa se veu, aínda que non dun xeito dramático, pero sobre todo onde se produce a maior diminución do profesorado é no relativo ó profesorado axudante de clases prácticas, que case desaparecen. A recuperación non se acada nas cátedras no curso 46-47, aínda

que o novo corpo de adxuntos, que chegan acadar o número de 9, estaba a suplir, non sen certas dificultades, estas carencias.

Estudio comparado do profesorado na Facultade de Farmacia. Antes do 36 (35-36), ó remate da guerra (39-40) e na estabilización dos vencedores (46-47).

	35-36	**39-40**	**46-47**
Materias	**Profesorado**	**Profesorado**	**Profesorado**
Técnica Física	A. Charro. *Catedrático* (desde 1930)** J. González Carreró *Profesor Aux.* J. Bahamonde Fernández. *Profesor Aux. C.P.*	A. Charro. Catedrático (desde 08/1939) E. Otero Aenlle *Profesor Aux.*	
Análise Química	A. Charro. *Catedrático* J. González Carreró. *Prof. Aux.* A. Cotovad García. *Prof. Aux. C.P.*	A. Charro. *Catedrático* E. Otero Aenlle *Profesor Aux.*	A. Charro. *Catedrático* E. Barreiro Troncoso. *Prof. Adx* (desde 1944) F. Bermejo. *Prof. Aux. C.P.*
Química Inorgánica	R. Montegui (cesa o 2/1936) *catedrático* L. Vigós. *Prof. Aux** E. Otero Aenlle *Profesor Aux. C.P.*	J. González Carreró. *Prof. Aux.*	J. González Carreró. *Catedrático* (desde 1941) V. Martínez de la Riva (desde 1941) *Prof. Adx.*
Química Orgánica	F. Giral (desde 03/1935) *Catedrático** F. Verdú Berdagor. *Prof. Aux.** A. Piñeiro Tejada. *Prof. Aux.C.P.*	J. M. Gª Marquina (desde 11/1940) *catedrático* Montañés. *Prof. Aux.*	Montañés. (desde 1945) *catedrático* Cibeira. *Prof. Adx.* (desde 1947)
Botánica	C. Sobrado (falece 10/1935) *Catedrático* (desde 1902)	T. Losa España (desde 02/1940) *Catedrático*	F. Bellot (desde 1944) *Catedrático*
Descriptiva	M. Pavón Rodríguez *Prof. Aux.C.P.*		
Mineraloxía e Zooloxía	C. Sobrado. *Catedrático* J. Lema. *Prof. Aux.* A. García Garabal. *Prof. Aux.C.P.*	J. Lema. *Prof. Aux.* F. Zelada. *Prof. Aux.C.P.*	
Materia Farmecéutica vexetal	A. Eleizegui. *Catedrático* F. Zelada. *Prof. Aux.C.P.*	A. Eleizegui. *Catedrático*	
Farmacia Práctica	C. Puente. *Catedrático* E. Vilariño *Prof. Auxiliar*	C. Puente. *Catedrático* V. Martínez de la Riva *Prof. Auxiliar*	
Técnica física e			E. Otero Aenlle

Fisicoquímica			*Catedrático* (desde 1945) S. García Fernández *Prof. Adx.* (desde 1947)
Xeoloxía Aplicada			J. Lema. *Prof. Aux.*
Fisioloxía Animal			J. Lema. *Prof. Aux.* L. Maiz. *Prof. Adx.* (desde 1947) E. Vilariño. *Prof. Aux. C.P.*
Farmacognosia			M. Gómez Serranillos (desde 1942) *Catedrático*
Farmacia galénica			C. Puente Alba. *Prof. Adx.*
Bioquímica			A. Barrera. *Prof. Adx.* (desde 1947) L. Rubira. *Prof. Adx.* (desde 1947)
Microbioloxía			A. Álvarez y Álvarez *Prof. Adx.* (desde 1947)
Parasitoloxía			Lema. *Prof. Aux.*

* Profesores represaliados coa súa expulsión da USC., ou que desapareceron da mesma sen terse noticias deles.
** Profesores represaliados que puideron voltar á docencia axiña e, pasado algún tempo, mesmo tiveron cargos de responsabilidade.

4. A FACULTADE DE CIENCIAS NO PRIMEIRO TERCIO DO SÉCULO XX

A Universidade de Santiago de Compostela non tiña nos comezos do século XX a posibilidade de realizar estudios completos de Ciencias: ata 1922 non se dotarán os estudios de Ciencias na especialidade de Química. Esto non quere dicir que non se fixera Ciencia en Galicia, tanto dentro como fóra da USC, senón que a producción científica, e particularmente a conexión coa Ciencia europea, vaise acentuar cando, novamente, se instauren os estudios de Química.

Cómpre sinalar que os científicos galegos de principios do século XX foron deudores dos científicos do XIX e da potentísima escola formada por D. Antonio Casares. O primeiro catedrático de Química que tivo a USC actuou coma un facho: atraendo científicos que querían descubrir a química e formando ós futuros profesores de Química noutras Universidade españolas. Luanco, Rodríguez Carracido, Rodríguez Mourelo, Calderón Arana, González

Linares, Xosé Casares, Piñerua, etc., formáronse en Santiago e levaron o seu saber a Barcelona, Valladolid, Santander e, particularmente, Madrid. Algúns deles crearán a Real Sociedad Española de Física y Química, a Junta de Ampliación de Estudios (JAE) e, dende os seus cargos, van axudar a moitos alumnos e profesores da USC para que amplíen estudios no estranxeiro, durante o primeiro tercio do século XX.

Os estudios realizados na Facultade de Ciencias, nesa época, son uns dos 10 existentes en España. Cando se reanudan non o fan desde cero, senón que continúan unha moi importante escola creada por Casares e endexamais interrompida totalmente, pois en Santiago houbo sempre estudios de Farmacia e Medicina; nelas eran moi importantes os estudios e a práctica das Ciencias. O Plano de Estudios da Facultade de Ciencias se aprobou o 13 de decembro de 1922; pero cómpre engadir que xa no ano 1920 se dotaran dúas cátedras para atender estudios xerais de Ciencias, comúns a Medicina e Farmacia.

O primeiro plano de estudios implicaba:

- Materias xerais comúns a outras titulacións: Física, Química, Historia Natural e Matemáticas (Análise Matemática, Xeometría Analítica, Matemáticas Especiais).
- Materias específicas (Inorgánica, Orgánica, Análise, Química Teórica –logo chamada Química Física, que incluía electroquímica- e Química Técnica, implantada na década dos 40).

A nova facultade vaise ir fornecendo con: Profesores de Farmacia, que comparten docencia en Ciencias (Deulofeu, profesor de Química Inorgánica; Cuenca, profesor de Química Orgánica; Raurich, Análise Químico, ...etc.); profesores do Instituto de secundaria, adscrito á Universidade (Luis Iglesias, Ricardo Montequi, etc.); alumnos graduados na USC, que saen a formarse no estranxeiro para voltar e incorporarse ó ensino (Aniceto Charro, Isidro Parga, Sobrino Buhigas, Ernesto Seixo, etc.); profesores que gañan a súa praza por oposición (Martín Sauras, Batuecas, Calvet, Giralt, Ribas, Maximiliano de Celis, etc.).

4.1 Comparación dos cadros de persoal

Estudio comparado do profesorado na Facultade de Química. Antes do 36 (35-36), ó remate da guerra (39-40) e na estabilización dos vencedores (46-47)

	35-36	**39-40**	**46-47**
Materias	***Profesorado***	***Profesorado***	***Profesorado***
Bioloxía	L. Iglesias. *Catedrático*** R. Sobrino. *P. Auxiliar numerario* R. Fraga. *Axudante clases prácticas**	L. Iglesias. *Catedrático* R. Sobrino. *P. Auxiliar numerario* A. de la Rosa. *Axudante clases prácticas*	L. Iglesias. *Catedrático* R. Sobrino. *P. Auxiliar numerario* A. Llecha. *Axudante clases prácticas*
Física	M. A. Zurimendi. *Catedrático*** E. Ríos. *Axudante clases prácticas* A. Fraga. *Bolseiro*	E. Ríos. *P.* A*uxiliar temporal*	M. A. Zurimendi. *Catedrático* E. Ríos. *Axudante clases prácticas*
Matemáticas	J. Rodríguez. *Catedrático** R. Pavón. *P. auxiliar numerario* J. Arbaiza. *P. auxiliar numerario**	R. Pavón. *P. auxiliar numerario* J. Arbaiza. *P. auxiliar numerario* R. M. Aller. *P. auxiliar numerario* M. R. Franco Ax*udante clases prácticas*	R. M. Aller. *P. encargado cátedra* R. Pavón. *P. auxiliar numerario* E. Vidal. *P.* A*uxiliar temporal* M. R. Franco. *P.* A*uxiliar temporal*
Análise Químico/ Química Analítica	I. Parga. *P. Aux. Num. E. Cátedra*	V. García Rodeja. *P. Auxiliar temporal* J. M. Labarta. *Axudante clases prácticas*	V. García Rodeja. *P. Auxiliar temporal* J. M. Labarta. *P. Auxiliar temporal*
Química Teórica/ Química Física	T. Batuecas. *Catedrático* I. Suárez. *Axudantes clases prácticas** F. López. *Bolseiro*	T. Batuecas. *Catedrático* F. López. *Axudantes clases prácticas** J. I. Fernández. *Bolseiro*	T. Batuecas. *Catedrático* F. López. *Axudantes clases prácticas** J. I. Fernández. *P. Auxiliar temporal* A. García. *P. Auxiliar temporal*
Química Inorgánica	J. Martín. *Catedrático*** C. Zapata. *P. Auxiliar temporal** F. Meis. *Axudante clases prácticas**	A. Fraga. *P. Auxiliar temporal*	M. Gutiérrez. *Catedrático*
Química Orgánica	F. Calvet. *Catedrático** E. Seijo. *P. auxiliar temporal** C. Trebilla. *Axudante clases prácticas*	C. Trebilla. *P. Auxiliar temporal*	I. Ribas. *Catedrático* C. Trebilla. *P. Auxiliar temporal* J. Domínguez*. P. Auxiliar temporal*
Química Técnia		E. Vidal. *P. Auxiliar temporal*	J. M. Pertierra. *Catedrático*
Química Experimental/ Complemento de Química		F. Iglesias. *Axudante clases prácticas*	

*Profesores represaliados coa súa expulsión da USC, ou que desapareceron da mesma sen terse noticias deles.

**Profesores represaliados que puideron voltar á docencia axiña e, pasado algún tempo, mesmo tiveron cargos de responsabilidade.

Para tratarmos de comprender mellor cal foi a represión que sufriu o profesorado de Ciencias, por mor do seu posicionamento ideolóxico, logo da sublevación militar, analizaremos o cadro do profesorado resumido no anterior cadro. Este estudio comparado permítenos realizar as seguintes puntualizacións:

1. A facultade de Ciencias tendía á súa estabilización docente antes do 36: as cátedras importantes están todas ocupadas (agás a de análise química e incluso esta está desempeñada polo novo profesor I. Parga, formado en Alemania e Suiza, no campo da xeoquímica e a análise de minerais); cada cátedra está equilibrada con un catedrático, un profesor auxiliar, máis ou menos consolidado, un profesor axudante de clases prácticas en formación e, ás veces, un bolseiro. Aínda e con todo a Xunta de Facultade pedía incremento do profesorado para mellorar a calidade da docencia e da investigación; Ciencias contaba cun profesorado de 19 persoas no ano 1936, a maioría doutores: No curso 1939-40 conta con 15 profesores e ata o curso 1946-47 non se chegará ós 20.
2. A represión cébase sobre os departamentos máis comprometidos coa causa republicana que, por outra banda, eran dos máis consolidados e con nivel de publicacións máis alto: Química Orgánica e Química Inorgánica.
3. Non sofren represalias os departamentos que, dunha forma ou doutra, aceptan a chegada da nova orde: Química Teórica e Matemáticas. Caso particular é Bioloxía, onde a pesares de ser represaliado Iglesias, e caer no exilio do terror, mantense todo igual gracias, semella, á presencia de Sobrino Buhigas, que será secretario accidental da facultade por uns 10 anos.

A Guerra provoca na Facultade de Ciencias:

- A morte ou desaparición, nos diversos exilios, dunha parte importante do mellor e máis comprometido profesorado, orixinando que, no curso 39-40, a facultade apareza en cadro: hai tan só 2 catedráticos e 2 profesores

numerarios, sendo a maioría profesorado en formación non doutores. Cómpre chegar ó curso 46-47 para que os efectos da guerra se mitiguen, recuperándose a calidade e a cantidade do profesorado.

- A represión que se produce sobre o profesorado comprometido coa República determina a práctica desaparición de 3 departamentos cruciais: Química Orgánica, Química Inorgánica e Análise Químico.

- Esta represión sobre o profesorado non soamente determinou a expulsión ou desaparición de persoas (J. Rodríguez Sanz, F. Calvet, E. Seijo, C. Zapata, R. Fraga, etc.), senón a perda de cualificación profesional, ó cese nas súas funcións, e as acusacións máis inauditas, incluso para profesores non moi comprometidos politicamente: D. Luis Iglesias é cesado como Rector; D. Isidro Parga é cesado como secretario da facultade e expulsado da mesma; a D. Mariano A. Zurimendi non se lle permite dar clase ata outubro do 39 e non pode voltar a ser decano ata abril de 1940, ... etc.

- A desaparición da xente nova, a máis comprometida cos cambios da República (galeguistas, socialistas, etc.), que constituían o profesorado intermedio. A facultade queda como: acéfala (soamente 2 catedráticos e un deles, Iglesias, represaliado); non hai cadros intermedios maduros, son novo profesorado (dos 17 profesores 12 son novos); moi desequilibrado (a maioría é profesorado en formación); sen doutores (10 non son doutores), ... etc.

5. CONCLUSIÓNS

A sublevación militar do 36 representou un tremendo parón para a ciencia en España; pero de forma dramática nótase na nosa Universidade. Desaparecen os traballos científicos dos represaliados e tan só continúan a publicar, en moita menor cantidade e calidade, os departamentos adictos: Química Física, con traballos de Batuecas e López Casado; Matemáticas, con E. Vidal; Montequi dende a Facultade de Farmacia, ...

Sinalemos que aparece un traballo de I. Ribas, publicado no primeiro número logo da guerra, pero que, probablemente, fora enviado durante ou antes de se iniciar a guerra, cando Ribas se atopa de catedrático en Valencia ou Salamanca.

Como outro índice da contribución científica do noso país podemos sinalar as saídas ó estranxeiro do profesorado en formación e, mesmo, dos catedráticos. A Xunta de Ampliación de Estudios beca moitos dos nosos científicos para formarse en Europa nas mellores escolas científicas; pero a mesma USC, dende a época do Rector Cadarso, concede bolsas para a formación do seu profesorado. Indiquemos como no Libro de Actas da Facultade de Ciencias se recollen saídas de profesores en formación (Roque Fraga a Berlín, Ernesto Seijo a Oxford) e xa consolidados (I. Parga a Suiza; F. Calvet a Suecia).

Este fluxo de coñecemento córtase coa guerra e hase tardar moitos anos (década dos 50-60 impulsado por Batuecas e Ribas) en recuperar esta tradición formadora dos novos investigadores e profesores.

Rematemos por indicar cal era a misión social que, no primeiro tercio do s. XX, se lles encomendaba, e cumprían, as Facultades de Mediciña, Farmacia e Ciencias das nosas Universidades: impartían ciclos de conferencias, levando a ciencia moderna á sociedade; dictaban cursos de formación científica, para diversas profesións; existían centros de asesoramentos científicos, para labregos, gandeiros, mariñeiros, etc., de modo que os coñecementos científicos lles foran de utilidade, etc. Logo da guerra todo esto desapareceu e a Universidade voltou a ser o lugar das elites, completamente apartado das necesidades sociais: enrocada na súa torre de marfil… Cumprirían máis de 40 anos para que, novamente, a Universidade lembrara a súa contribución á sociedade.

BIBLIOGRAFÍA

BERMEJO, M. (1996): "A USC. Valoración dunha traxectoria e O Colexio deFarmacia, unha xeneración gloriosa e A Facultade de Ciencias" en *Gallaecia Fulguet*, Santiago, Universidade de Santiago.

CARRO OTERO, Xosé (1998): *Materiais para unha historia da medicina galega*, Santiago, Xunta de Galicia.

CORES TRASMONTE, Baldomero (1989): *Ciencia e galeguidade na IIª República*, Santiago, Xunta de Galicia.

FRAGA VAZQUEZ, X.A. DOMÍNGUEZ, A. (coords) (1993):. *Diccionario Histórico das Ciencias e das Técnicas en Galicia.(Autores 1868-1936),* Sada-A Coruña, Ed. do Castro.

GIRAL, Francisco (1994): *Ciencia española en el exilio (1939-1989)*, Barcelona, Ed. Anthropos.

LÓPEZ VÁZQUEZ, Ramón (1994): *A filosofía krausista en Galicia*, Santiago, Xunta de Galicia.

MAIZ ELEICEGUI, L. (1961): *Historia de la Enseñanza de Farmacia en Santiago (1857-1957)*, Santiago, Facultad de Farmacia de Santiago de Compostela.

MEMORIA correspondiente a los cursos 1922-3 y 1923-4, (e posteriores ata 1935), Madrid, Junta para la Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas, 1925-1935.

MATO, A. (2001): *O Seminario de Estudos Galegos,* Santiago*,* Publ. do Sem. Est. Galegos.

PÉREZ BUSTAMANTE e GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ (1995): *La Universidad de Santiago (el pasado y el presente)*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro.

PORTO UCHA, Ángel S. (1986): *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro.

SÁNCHEZ RON, José Manuel (1999): *Cincel, martillo y piedra*, Madrid, Ed. Taurus.

SOUTO BLANCO, Mª Jesús (1996): "A Universidade de Santiago 1857-1936", *Revista Galega do Ensino* nº 11, (maio 1996), Páxs.123-184.

VARELA, Isaura (1989): *La Universidad de Santiago 1900-1936*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro.

VIEITES TORREIRO, Dolores (2001): *Manuel Maroño Calvo, Maroño "O Boô",* Fundación Luis Tilve.

VV.AA (1993): *Diccionario histórico das ciencias e das técnicas de Galicia. Autores, 1868-1936*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro.

FONTES PRIMARIAS

Libros 3º (1919-1941) e 4º (1942-1954) "Registro de títulos Administrativos de Catedráticos y empleados de la Universidad de Santiago de Compostela". Vicerrectorado de Profesores USC.

"Registro de actas de las sesiones de la Facultad de Medicina". 1917-1929 e 1930-1943. AHUS (A-966 e A-967).

Libro de Actas da Facultade de Ciencias. Anos 1935-47.

Libro de Actas da Facultade de Farmacia. Anos 1931 a 1950.

ANEXO

Datos complementarios en relación coa súa militancia ou ideoloxía política e representación institucional, dos profesores da USC.

— Miguel Gil Casares (Santiago, 1871-1931), catedrático de Patoloxía e Clínica Médica, sería Senador pola Universidade de Santiago en 1921 e 1923.

— Alejandro Rodríguez Cadarso, catedrático de Anatomía Descritiva, como republicano e galeguista foi dúas veces deputado pola FRG-ORGA (1931 e 1933).

— Bibiano Fernández Ossorio-Tafall, Catedrático de Agricultura dos Institutos de Pontevedra e Lope de Vega de Madrid. Foi deputado constituínte, en 1931, pola *FRG*, e logo, en 1936 por Izquierda Republicana. Tamén sería Alcalde de Pontevedra, Presidente da Deputación, e presidente do Comité Central da Autonomía de Galicia. Logo do triunfo da Fronte Popular chegaría a ser Subsecretario dos Ministerios de Traballo e de Gobernación, e xa na guerra Comisario Xeral de Defensa. Chegou a Secretario Xeral do partido *Izquierda Republicana* e director do seu voceiro *Política* (CORES TRASMONTE, 1989, 145).

— Manuel Varela Radío e Roberto Nóvoa Santos, saíron elexidos deputados pola *FRG*, respectivamente polas provincias de Pontevedra e da Coruña. Sen militancia política coñecida, poderiamos consideralos liberais-burgueses republicanos que forzaron a caída da Dictadura de Primo de Rivera desde a súa condición de intelectuais comprometidos. Destacaron asinando un manifesto contra a Dictadura citada, xunto co tamén galego Manuel Martínez Risco, en Madrid, no ano 1928. Tamén serían adheridos ao pacto de Barrantes (CORES TRASMONTE, 1989, 44, 103 e 104) e formarían parte da Agrupación ao Servicio da República.

— Gumersindo Sánchez Guisande (Santiago, 1892-Buenos Aires, 1976). Catedrático de Anatomía Descritiva da Facultade de Medicina de Zaragoza, da que era Decano no momento da sublevación. Foi concelleiro de Zaragoza durante a República, logo da guerra exiliouse na Arxentina.

— Alejandro Otero Fernández (Redondela, 1888-México, 1953), era catedrático de Xinecoloxía e Obstetricia, chegando a ser Vicerrector no período republicano. Era discípulo de Varela Radío. Logo da guerra exiliaríase en México. Era militante socialista, formación política que representou no parlamento pola provincia de Pontevedra nas Cortes Constituíntes de 1931.

— José Pardo Gayoso, pediatra coruñés, foi subdirector de Hixiene Materno Infantil da Dirección de Sanidade durante a República. Exiliouse en Venezuela onde foi director dunha revista de investigación médica na que publicou varios artigos. Ten outras publicacións de carácter científico (citadas en GIRAL, 1994, 290).

— — Felipe Gil Casares, catedrático de Dereito Civil da Universidade de Santiago, quen representaría á *CEDA*, pola circunscrición provincial da Coruña, en 1933 e 1936.

— Adolfo Vázquez Humasqué (Vilafranca del Penades, 1887-México, 1975). De raíces galegas, azañista, nos primeiros anos da República ostentaría os cargos de Director Xeral da Reforma Agraria e logo Subsecretario do Ministerio de Agricultura. Era Enxeñeiro Agrónomo, ten varias publicacións sobre as oliveiras. Durante o seu exilio mexicano virou a súa militancia cara ao galeguismo.

— Manuel Martínez Risco (Ourense, 1888-París, 1954). Catedrático de Acústica e Óptica da Universidade de Madrid. Azañista, representou á provincia de Ourense como deputado por Acción Republicana nas Cortes Constituíntes de 1931, e logo en 1936, polas minorías, por Izquierda Republicana. Logo ocuparía o cargo de Presidente do Patronato de Óptica do Ministerio de Marina, durante a guerra.

— Joaquín García Labella (Granada, 1905-1936). Catedrático de Dereito Político. Estivera en Santiago durante a Dictadura de Primo de Rivera. Durante este período destacouse polas súas manifestacións contra o recorte de liberdades e as contrarreformas lexislativas universitarias. Tratou de espallar a folga xeral na universidade santiaguesa logo dos conflictos estudiantís de 1929. Por elo pagou coa cadea. Militante da *ORGA*, foi o primeiro Gobernador Civil da República na Coruña, da man de Casares Quiroga (CORES TRASMONTE, 1989, 44). Sería asasinado polos facciosos nos primeiros días da sublevación na súa Granada natal, onde exercía como docente.

— Luís Recaséns Siches (Guatemala, 1903-México, 1979; fillo de españois), catedrático de Dereito Natural da Facultade de Dereito de Santiago, entre 1927 e 1930, sería deputado por Lugo nas listas do Partido Republicano Conservador (primeiramente *Derecha Liberal Republicana*; maurista e portelista), en 1931 e 1933. Chegou a ser Director Xeral da Administración. Fora discípulo de Ortega y Gasset. Especialista en Filosofía do Dereito, conta con moitísimas publicacións e traduccións. Exiliouse en México.

— Juan López Durá (A Habana, 1910-México D.F., 1973), Profesor de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago. Simultaneou a docencia coa investigación no marco do Seminario de Estudos Galegos, na súa sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas. Era membro da Asociación para el Progreso de las Ciencias; no congreso que esta corporación tivera en Santiago, en 1934, fixera unha ponencia co título: "El régimen de carta en la Ley municipal de Cataluña". Foi concelleiro en Santiago polo Partido Galeguista. Logo da guerra exiliouse en México, onde desenvolveu un labor político importante. O seu irmán Mario tamén era militante galeguista.

— Juan Martín Sauras (Andorra, Teruel, 1896-Zaragoza,1969), catedrático de Química Inorgánica da Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago de 1930 a 1936. Era militante do PSOE e da UGT, presentándose nas listas socialistas das Cortes Constituíntes de 1931. Por esta circunstancia foi represaliado durante a guerra, sufrindo cárcere, logo foi procesado despois da guerra civil e condenado a estar un tempo nun campo de concentración. Na súa estancia santiaguesa colaboraría coa Agrupación Socialista, entre outras cousas, impartindo charlas públicas organizadas polo partido. Chegaría a ser Vicepresidente desta agrupación en xullo de 1931.

— Leoncio Virgós Guillén (Velilla de Ebro, Zaragoza, 1882-Buenos Aires, 1938) Profesor Auxiliar da Facultade de Farmacia desde 1919. En 1931 e representante da asemblea para constituír a Federación de Entidades Socialistas de la Comarca de Santiago. Participa activamente en actos de propaganda públicos organizados polos socialistas. Ao principiar a guerra marchou para Arxentina onde exerceu a medicina.

— Isidro Parga Pondal (Laxe,1900-Santiago, 1986). Profesor das seguintes disciplinas: Química Analítica, Cristalografía, e Análise Química da Facultade de Ciencias de Santiago desde 1923. En 1934 foi nomeado director do Laboratorio de Xeoquímica, instalación por el promovida. Membro do Seminario de Estudos Galegos. Logo da sublevación foi apartado da docencia pola súa coñecida militancia galeguista.

— Adolfo Miaja de la Muela. Sería o docente da USC represaliado con maior pena, pois pagou con cinco anos de cárcere, dos doce que tiña de condena, en razón de ser Presidente do partido Izquierda Republicana de Santiago.

OUTROS GALEGOS DA CIENCIA E A INVESTIGACIÓN, FÓRA DE GALICIA

A maiores do profesorado da Universidade de Santiago, serían moitos os galegos que destacaron no campo da docencia e a investigación noutras universidades fóra de Galicia, en gran parte formados aquí. Moitos deles terían un papel destacado tanto nas redes formativas do tempo, como dirixindo laboratorios e programas de investigación desde as direccións das cátedras que ostentaban. Citaremos aos máis representativos, a risco de esquecer a algún.

No eido da Botánica, aínda que médico na Sanidade Militar, Antonio Casares Gil (Santiago, 1871- A Coruña, 1929) destacou no campo da Brioloxía, dispuxo dun laboratorio en Madrid, da man de Bolívar, cunha bolsa da JAE. Deixou numerosas publicacións nesta disciplina.

Tamén da saga dos Casares, irmán do anterior, fillos do ilustre Antonio Casares, destacou na Química José Casares Gil (Santiago, 1866-1961), tamén licenciado en Farmacia. Obtivo a Cátedra de Técnica Física e Análise Química na Facultade de Farmacia de Barcelona, logo trasladaríase a Madrid en 1905. A partir de 1910, dirixiu o recentemente estreado Laboratorio de Química Orgánica da *JAE*, compartindo a dirección con Antonio Madinaveitia. Pertencía ó entorno "institucionista", deixou máis de 30 traballos de calidade moi desigual, e dous tratados de importancia, destacando, sobre todo, o seu labor pedagóxico, segundo Bermejo Patiño.

Na mesma disciplina da Química destacou Gonzalo Gallas Novás (Pontevedra, 1886- Granada, 1955), Catedrático de Química Orgánica da Universidade de Granada, onde chegaría a ser Decano. Pensionado pola *JAE* en Zurich. Creador dunha importante escola de investigadores antes da guerra, deixou publicados 14 traballos de investigación na revista *Anales de Química*.

Dentro dos especialistas divulgadores no campo da Agricultura salientamos a Juan Rodríguez Sardiña (México, 1894 -A Coruña, 1978; era fillo de emigrantes galegos en México), formado en Alemaña con axudas da JAE – Instituto Rockefeller-, en 1927 traballaría no Laboratorio de Criptogamía do Museo Nacional de Ciencias, dirixido daquela por Luís Crespí Jaume (Madrid 1889-1963), tamén galego de adopción. Nese mesmo ano trasládase á Estación Fitopatolóxica de Agricultura da Coruña, na que estaría pouco tempo. Volvería ao rematar a guerra, expedientado e deportado a un centro inferior, o coruñés, logo de traballar na Estación Central de Madrid e e na de Burjasot (Valencia) durante a contenda.

A familia Crespí Jaume vivía en Pontevedra. O seu pai era Catedrático Numerario no Instituto de Pontevedra, na disciplina de Agricultura. Miguel nacera nesta cidade (1893), estudiou ciencias en Madrid a carón de Cabrera e Moles, dos que sería colaborador -con este último publicaría varios traballos na

década de 1920-; obtería a Cátedra de Química Teórica na Universidade Central. Logo da guerra ao perder seu destino docente e investigador, traballaría na industria farmacéutica. Luís, nacido en Madrid, gañou a Cátedra de Agricultura do Instituto de Lugo en 1916, en 1918 era profesor do Instituto Escuela, fora becado pola JAE en Francia e en Portugal, en Porto xunto ao ilustre botánico Dr. Sampaio, que logo acompañaría a Crespí e a Iglesias a facer estudios de flora en Galicia, en 1927, co amparo da Comisión de Estudios de Galicia, institución creada pola JAE, como xa apuntaramos. Sería nomeado, en 1933, xefe do Laboratorio de Ecoloxía do Museo de Ciencias. Logo da guerra foi represaliado, sendo suspendido de emprego e soldo e inhabilitado para a docencia. Seu labor científico como investigador, ao igual que o do seu irmán, rematarían coa guerra. Especialista en Botánica, deixou varios traballos publicados

No campo farmacéutico-químico destacou Juan Donapetry (Viveiro, 1882-Oviedo, 1961), foi profesor do Instituto de Oviedo. Polivalente na súa producción, distinguiríase na realización de traballos científicos de sínteses químicas.

- Abelardo Gallego (Torrelaguna, Madrid, 1879- Madrid, 1930) foi Catedrático de Patoloxía Médica e Terapéutica da Escola de Veterinaria de Santiago ata 1922 que se trasladou a Madrid. Traballou directamente con Cajal, segundo Giral (1994: 335). Faría algún traballo para o famoso Tratado de Patoloxía do seu amigo Nóvoa Santos. Discípulo do histólogo Del Río-Hortega, tiña responsabilidades no Laboratorio de Histoloxía Normal e Patolóxica que a *JAE* tiña na Residencia de Estudiantes, desde a súa chegada a Madrid. Publicou numerosos traballos na súa materia, desde o laboratorio citado, e interveu directamente na reorganización dos estudios de Ciencia Animal.
- Antonio García Varela (Carballiño, 1875- Madrid, 1942) sería un destacado zoólogo que, tras un efémero paso pola Cátedra de Historia Natural da Universidade de Santiago, aséntase en Madrid en 1919, como Catedrático de Organografía e Fisioloxía Vexetal. Foi discípulo de Bolívar, comezaría a ter relación co Xardín Botánico, entidade da que chegaría a ser director nos anos 30. Formou parte da Comisión de Estudios en Galicia da JAE, e da directiva da

Asociación Española para el Progreso de las Ciencias. Publicou varios traballos na revista da SEHN, fundamentalmente de entomoloxía. Foi un destacado colaborador da rede "institucionista", cuestión esta a que lle traería certos problemas profesionais logo da guerra .

Na Medicina destacamos ao doutor José Goyanes Capdevila (Monforte de Lemos, 1876- Tenerife, 1964). Discípulo do profesor San Martín, cirurxán, realizou moitos traballos científicos, destacando a polivalencia e a súa producción (máis de 250). Compaxinou o exercicio privado da profesión co contacto coa Facultade de Medicina da Universidade de Madrid e o Hospital Provincial, onde era profesor numerario. Foi médico de cabeceira de Francisco Giner de los Ríos, a quen atendería nos últimos momentos da súa vida.

- O doutor Manuel López Enríquez (Monforte de Lemos, 1890-1968). Oftalmólogo discípulo de Márquez, pensionado varias veces pola JAE, estivo tamén nos Laboratorios da Residencia de Estudiantes (Histoloxía); foi profesor Auxiliar da Facultade de Medicina de Madrid. Logo da guerra remataría a súa producción científica, dedicándose ao exercicio privado da profesión, probablemente por cuestións políticas. Deixou varios traballos publicados en revistas científicas. Durante a guerra, como moitos outros médicos, dedicaríase a estudiar problemas de nutrición no Madrid cercado.

Na Medicina tamén destacamos a dous profesionais dos que xa falamos, pero ao asentarse en Madrid temos que citalos de novo neste apartado. Trátase de Nóvoa Santos e Manuel Varela Radío. Este último catedrático de Obstetricia e Xinecoloxía en Madrid, por traslado, en 1919, foi un cirurxián de prestixio que divulgou técnicas e métodos operatorios en diferentes revistas. Tras breve exilio en Suiza volvería a Madrid en 1941 a ocupar a súa cátedra. Nóvoa Santos sería un dos renovadores no campo da Clínica introducindo a fisiopatoloxía como elemento fundamental da diagnose de enfermidades. Catedrático de Patoloxía desde 1912, trasladouse a Madrid en 1928. Investigador de relevancia, tamén sería un dos precursores en España da experimentación bioquímica na medicina. A súa obra *Patología General* (1922) marcou unha época nos tratados médicos. Era un intelectual multidisciplinar que abordou diferentes temáticas relacionándoas coa medicina.

- José Rodríguez Carracido (Santiago, 1856-Madrid, 1928), licenciado en farmacia, e alumno de Laureano Calderón e González de Linares, e de Casares, cursa Química en Madrid onde gaña a cátedra de Química Orgánica en 1881, na Facultade de Farmacia. Colaborou en revistas científicas da capital madrileña e participou no asociacionismo científico. Sería dos máis enfervoados reivindicadores de medios para a docencia e a investigación, fundamentalmente da posta en marcha de laboratorios para as prácticas dos alumnos. Chegaría a Decano e a Rector da Universidade Central. Dirixiu o Laboratorio de Química Biolóxica da *JAE*. Tamén se estreou no terreo da política, foi senador polo Partido Liberal. Deixaría escritos dous tratados de química de certa relevancia. Polifacético intelectual que comungaba coas doutrinas "institucionistas", sería un dos personaxes galegos máis influentes no terreo docente, fora de Galicia. Tamén foi Presidente do Ateneo de Madrid (SÁNCHEZ RON, 1999: 121).

Na disciplina da Química tamén destacou Rodríguez Mourelo (Lugo, 1857-Madrid, 1932). Catedrático de Química da Escola de Artes e Industrias de Madrid e profesor da ILE, abordaría traballos científicos e literarios acadando un grande prestixio. Logo chegaría a catedrático da Universidade Central. Non se pode esquecer a amizade que tiña co anterior, e a ligazón ideolóxica que os unía: o evolucionismo e o positivismo.

- Manuel Martínez Risco (Ourense, 1888-París, 1954), físico especialista en Espectrometría e Espectrografía formado en Holanda cunha bolsa de dous anos, por medio da JAE. Traballou a carón de Moles e Cabrera, este último seu mestre, no Laboratorio de Investigacións Físicas desde a súa fundación, en 1910. Catedrático de Acústica e Óptica da Universidade Central, logo dunha breve estancia en Zaragoza. Foi Presidente da Sección de Ciencias do Ateneo de Madrid. Segundo Sánchez Ron, deu máis de sí como científico desde o seu exilio parisino que desde a súa cátedra madrileña (1999, 302). Realizaría investigacións salientables no CNRS parisino.

- Juan López Suárez (O Saviñao, Lugo, 1884-Madrid, 1970). Médico, especializado en bioquímica. Estivo becado pola *JAE* máis de cinco anos en Europa e en América. Dirixiría durante un ano un laboratorio de Bioquímica da *JAE* instalado na universidade, no curso 1922-3. Deixaría o seu prometedor

futuro científico a cambio de vencellarse á rede formativa do organismo tantas veces citado. Home de traballo na trastenda ao que non se lle recoñeceu o importante papel que desenvolveu, pensamos, debido a súa discreción, entre outras. Logo exercería de titor-asesor na Residencia de Estudiantes e de "coordenador" da JAE. Sería o principal responsable da incorporación de galegos á rede formativa da JAE e das institucións que esta creou en Galicia (Misión Biolóxica, Comisión de Estudios en Galicia...). Deixou publicados moitos traballos científicos en revistas, fundamentalmente, estranxeiras.

- Paulino Suárez, natural de Chantada. Médico especialista en bacterioloxía formado no estranxeiro con axudas da JAE. Discípulo de Pittaluga, dirixiu os Laboratorios de Bacterioloxía e Seroloxía que a JAE tiña na Residencia de Estudiantes. Tamén levou a cabo labores titoriais nesta institución, chegou a ser Subdirector da Residencia. Da escola de Negrín, este encomendaríalle durante a guerra misións especiais no estranxeiro. Logo da guerra exiliouse en Cuba, regresaría a España ao principiar 1950 onde exercería privadamente a profesión.

Producto da "asociación cientifica" de Negrín e Hernando foi Ramón Pérez-Cirera (A Coruña, 1906-1983) formado nos Laboratorios da Residencia de Estudiantes que completarou cos seus estudios no estranxeiro (Francia, Estados Unidos, Alemaña e Inglaterra) formándose en electrofisioloxía e fisioloxía muscular; logo sería Catedrático de Farmacoloxía da Facultade de Medicina de Cádiz. Tamén desenvolveu tarefas administrativas e organizativas do ensino universitario, a carón de Negrín, como axudante. En vésperas da guerra emigrou a México, segundo Giral, por razóns persoais (1994, 235), onde exercería o labor docente e investigador na UNAM.

MANUEL MARTÍNEZ-RISCO: DE OURENSE A PARÍS

Luís Martínez-Risco Daviña

Quixera agradecer dobremente á organización deste *Congreso sobre o exilio galego* a súa consideración de contar coa miña participación. En primeiro lugar, agradecemento por pensar que a miña contribución poida ter algunha relevancia. E, moi especialmente, por convidarme a tratar dun dos persoeiros referentes na miña formación ética e ideolóxica: Manuel Martínez-Risco Macías.

Na elaboración deste meu relatorio, alén da escasa documentación existente sobre Manuel, - algo que desafortunadamente acontece con moitos exiliados e froito da ansía dos vencedores franquistas por destruír calquera vestixio referente a un modo de velo mundo dende perspectivas diferentes, sabedores, tal vez, que a destrucción física e psíquica da persoa non chega para destruír unha idea -, está presente a información que o meu pai, o seu afillado, ten comentado ó longo dos anos na casa. Unha información que posuía, penso eu, unha vertente educativa inapreciada por nós cando nenos, mais que co paso dos anos segue presente guiando as nosas actitudes. O meu pai, por unha banda daba a coñece-la existencia dun familiar morto cando eu xa nacera, digno de ser lembrado e admirado por todos nós, ó tempo que servía para inculca-lo espírito republicano e os valores democráticos. Actitude, esta a súa, máis admirable aínda se consideramos que estabamos a vivir nunha época e nunha sociedade na que calquera referencia á liberdade de pensamento e de respecto pola ideoloxía contraria tiña certo aquel de calada rebeldía fronte ó sistema tan violentamente instituído.

A figura de Manuel Martínez-Risco (Ourense 1888), descoñecida para o gran público, fica ensombrecida pola do seu irmán Sebastián e á do seu curmán Vicente. O feito de que o seu labor académico e intelectual estivese vencellado á física-óptica e non ás humanidades (de maior relevancia social nesta nosa Galiza), así como o feito de que desenvolvese, por razóns obvias, a súa

actividade fora da nosa terra e de que non militase nun partido de ámbito exclusivamente galego, ben poden ter influído nesta circunstancia. Feito que, desgraciadamente, non é exclusivo de Manuel. Mais para aqueles que tiveron a fortuna de coñecelo e tratalo, ou ben de achegarse a posteriori á súa obra, Manolo resulta ser un home de formación ideolóxica, comportamento ético persoal e proxección académica e intelectual de primeira magnitude. Proba deste recoñecemento ben pode sela publicación das súas obras científicas en 1976 pola Presses Universitaries de France co gallo da homenaxe rendida á súa persoa pola Académie des Sciencies do país que o acolleu no seu exilio e no que se recollen as súas principais contribucións á Física-Óptica.

Sufriu o tío Manolo os avatares do exilio, motivo que nos reúne hoxe aquí, polo que oficialmente na longa noite do franquismo foi un perdedor e, como tal, condenado ó esquecemento e ó ostracismo. Mais o infortunio acompañouno, como a moitos outros, no lento e nunca culminado proceso de recuperación da democracia e da sociedade civil. É teima miña, mais considero que a preocupación, totalmente lóxica e xustificable tendo en conta o medio social e os recursos dispoñibles, da intelectualidade galega por manter vivos os sinais que definen a Galiza como nación e ós galegos como pobo con identidade propia, condiciona en certo modo centrarse de maneira máis incisiva e constante, tanto nos persoeiros como no labor vencellado á defensa e definición do que é Galiza. Por este motivo, comprenderán vostedes a miña satisfacción, causa do meu agradecemento á organización deste congreso, de ver que xa comezamos a preocuparnos por aqueles que fixeron algo diferente. Boa ocasión para tentar recupera-lo potencial intelectual do que se beneficiaron aqueles países que acolleron ós que, pola forza das circunstancias tiveron que marchar ou que, voluntariamente, non quixeron vivir nun país que hoxe diriamos "Talibanizado".

Na miña intervención pretendo aborda-la súa figura dende tres perspectivas: académica, ética e política, que no seu caso dificilmente son disociables, en particular as dúas últimas; Mais non quixera que o feito do exilio, doloroso incluso familiarmente como teremos ocasión de ver, supuxera un antes e un despois, toda vez que Manolo continuou co seu labor académico

e seguiu sendo fiel ó seu compromiso político e ético ata a súa morte en París o 3 de maio de 1954, cando contaba con 65 anos.

1. O ACADÉMICO

Manuel Martínez-Risco licenciouse obtendo o premio extraordinario en Ciencias Físicas pola Universidade de Madrid en 1908, doutorándose no ano seguinte, no que ingresa como Numerario na Sociedad Española de Física y Química, coa tese *La asimetría de los tripletes de zeeman*.

Foi discípulo do profesor Blas Cabrera e do nobel holandés P. Zeeman, con quen traballou ó longo de tres anos no Laboratorio de Física da Universidade de Amsterdam. Froito deste seu traballo son dúas memorias, a primeira de Magneto-Óptica e que será traducida do español ó alemán, e a segunda, en colaboración con Zeeman, referida á influencia dun foco luminoso sobre a posición das súas raias espectrais.

En 1914 gaña por oposición a cadeira de Acústica e Óptica na Universidade de Zaragoza, trasladándose a Madrid en 1919 ó gaña-la cadeira de Acústica e Óptica na Universidade Central de Madrid. Conxuntamente ó seu labor docente e investigador exercerá a presidencia da Sección de Ciencias do Ateneo de Madrid. Un dos traballos seus que máis impresionou no estado español foi *Análisis espectral del meteorito de 19 de junio de 1924*[1754] no que fai unha análise do meteorito caído nese día na localidade de Olivenza (Badaxoz) En 1927 publica *Estudios generales sobre aberración esférica de orden superior: Invariantes de los diotripos de revolución*.

O seus traballos e investigacións nos eidos do óptica e da acústica fan que presida o Patronato de Óptica del Ministerio de Marina, onde aplicará este o seu saber en divulgar aspectos relacionados co sonar, por exemplo na localización de canóns por medio do infrasón. A aplicación destes coñecementos poderá probala durante a Guerra Civil presidindo o Comité de Coordinación de los Servicios de Óptica[1755] .

[1754] Recollido en Martínez-Risco, Manuel (1976): *Oeuvres scientifiques,* París, PUF.
[1755] Segundo consta nun certificado asinado por el en Valencia o 5 de maio de 1937, no que se exime doutros deberes militares para un traballador especializado no servicio de Óptica. Archivo General de la Guerra Civil Española, Salamanca.

Tras o triunfo franquista exíliase a Francia onde, ó concluí-la II Guerra Mundial, recibirá o apoio do Centre National de Recherche Scientifique que o nomeará Maître de Recherches podendo continua-lo seu labor investigadora nos eidos da relatividade, os raios X e as ondas hertzianas.

Da lectura da súa correspondencia familiar e da mantida con Castelao e Otero Pedrayo[1756] podemos deducir dous aspectos singulares dunha vida dedicada á investigación. Primeiro, o refuxio que atopa na física para supera-la dura vivencia do exilio, especialmente ó longo da ocupación nazi cando se viu obrigado a subsistir traballando de zapateiro. Anos nos que escribiu numerosos traballos que agardaba publicar unha vez finalizada a contenda. En carta a Otero Pedrayo[1757] dí "Continúo trabajando en esas chifladuras de la Relatividad, que me valieron durante años, y en los años más difíciles, para encerrarme en mí mismo y no ver las fealdades del exterior: tuvimos aquí una guerra -¡otra guerra!- y había que aislarse para no contemplar la realidad".

Outro aspecto, ó meu entender máis interesante do posicionamento intelectual e académico de Manuel Martínez-Risco, é a súa actitude de non aspirar a dar por pechada unha investigación, senón que as súas contribucións poidan suxerir novas expectativas que permitan o avance científico. Dille a Otero, na carta referida anteriormente, "Me conformo con la intención de que mis trabajos sugieran en los lectores interés e inquietud por cuestiones que no acaban de conocerse a fondo".

Mais a súa inquedanza polo saber non se limita ó mundo da física. En diferentes cartas a Otero Pedrayo amosa certo complexo por non ter uns coñecementos filosóficos máis solidamente fundamentados. En carta do 14 de abril de 1954, dille ó que fora o seu gran amigo "Conozco mal a Séneca. En mis lecturas, hace tres años que dedico cierta atención a temas filosóficos, y más

[1756] Agradecemos ós herdeiros de Sebastián Martínez-Risco as copias da correspondencia que Manolo mantivo co seu irmán máis novo e con quen mantivo unha maior relación xa que Sebastián viviu con Manolo os anos da súa carreira. Tamén consultamos a correspondencia mantida co meu avó Luís, o seu outro irmán. Tamén tivemos acceso á correspondencia mantida con Castelao e Otero Pedrayo, depositadas na Fundación Penzol, agradecendo a disponibilidade dos seus responsables para acceder á mesma.

[1757] Fondo Otero Pedrayo da Fundación Penzol, datada o 23 de outubro de 1952.

debiera dedicarle; pero la vida mía está, por decirlo así, encajonada, y hace que, en esas materias, carezca de sólida base".

Non son eu, formado en historia e mediocre alumno de física no meu bacharelato, quen para valora-la contribución realizada por Manuel á física. Por tal motivo permítome recorrer á introducción biográfica recollida na publicación da PUF, e na que se recollen as verbas que René Lucas, profesor de A Sorbona e membro da Académie des Sciencies francesa co gallo dos actos do pasamento do profesor Martínez-Risco "....la ciencia francesa se honraba por haber contado entre sus hombres al profesor español, cuyos trabajos no sólo fueron grandemente apreciados, sino que, muchos de ellos habrían de ser tenidos en cuenta, en lo sucesivo, por los investigadores de la Física, porque eran hitos máximos en el camino de su desenvolvimiento".

2. A ÉTICA REPUBLICANA

Alén da súa militancia republicana, que miraremos máis detidamente no seguinte apartado, o republicanismo foi para Manuel Martínez-Risco unha forma de ser e de entende-la vida e o compromiso social. Un ideario ético que o acompañou ó longo da súa vida e ó que sempre lle amosou unha fidelidade propia dun estoico.

Pertencente a unha familia de profunda raizame liberal, - un exemplo témolo no seu avó, Vicente Martínez-Risco Elices , quen proclamara a I República en Castro Caldelas -, é educado baixo os referentes de respecto e tolerancia polas ideoloxías contrarias. A influencia que o republicano Sales y Ferrer, casado coa súa tía Jesusa, irmá do inesquecible Marcelo Macías, tivo na formación de Manolo e dos seus irmáns foi de gran transcendencia. A modo de anécdota, máis que ben pode ilustra-lo ambiente de tolerancia no que foron educados é a distensión matrimonial entre a católica Jesusa e o ateo Sales, así como no respecto intelectual e admiración mutua existente entre o republicano e krauista Sales e o seu cuñado don Marcelo, crego e capelán de honra e predicador da Súa Maxestade el-Rei.

Durante a súa estadía en Madrid participou activamente nas actividades do Ateneo[1758], presidindo a súa sección de Ciencias. Un Ateneo, segundo ERO[1759], que homes como Manolo, Azaña, Gómez de la Serna intentaban sacalo do marasmo e decadencia, onde o meteran os membros de tendencia canovista.

O republicanismo era para Manuel Martínez-Risco a vía necesaria para rexenera-lo estado español, e sacalo do atraso e escurantismo no que vivía a súa sociedade. A austeridade e a moralidade, non só públicas senón que tamén privadas, eran o bálsamo imprescindible para progresar. En carta a seu irmán Sebastián[1760] dí

> ....Jamás sobrán, es verdad, ni son excesivos nunca, los méritos morales....Si de algo me debes gratitud es de haberte aconsejado bien todo el tiempo que has vivido a mi lado, y de haberme esforzado y preocupado de influir sobre tua ánimo, haciendote formar de la vida el criterio que estimaba yo más acertado, evitando en especial que adquirieses ciertos defectos espirituales de los que yo no estoy libre....Una cosa, eso sí, quisiera repetirte. Casi todo en la vida depende de las cualidades morales; casi todo, pero no todo.

Como ben podemos apreciar, a moralidade é o alicerce no que fundamenta a súa praxe vital. O que falta para o todo é o traballo , o esforzo intelectual e a austeridade. Virtudes estas que invocará nos mítines nos que participa cando a campaña para as Cortes Constituíntes de 1931.

Durante o exilio continuará, pese ás dificultades (incluso económicas) fiel a estes seus principios. Desexaba regresar a España segundo lle confesa a Castelao[1761], especialmente cando despois do triunfo aliado agardaba pola

[1758] Quixemos consultar as actas do Ateneo de Madrid, no que Manolo tivo unha activa participación, mais na secretaría do actual Ateneo comentáronnos que a documentación fora incautada despois da guerra por elementos da falange, destruíndose as actas e documentación referidas ao primeiro tercio do século XX. Agradezo ao meu irmán Santiago as pescudas que no meu nome ten realizado na devandita institución.
[1759] "El Ateneo de Madrid", *La Vanguardia*, 30 de maio de 1971.
[1760] Descoñecemos a data, pero sabemos que é anterior ó casamento de Sebastián pois tratase da resposta que Manolo fai ó anuncio de voda do seu irmán máis novo.
[1761] Fondo Castelao da Fundación Penzol. Carta datada en París o 19 de outubro de 1944.

liberación de España da opresión fascista[1762]. Mais o certo é que, pese a serlle ofrecido o retorno a España, segundo comentaba o meu pai previo arrepentimento do seu pasado, Manolo non tiña nada de que arrepentirse. Nin sequera a doenza da súa dona, Fernanda Pérez Colemán, foi capaz de facerlle solicita-lo permiso para regresar a España. En carta ó seu irmán Sebastián, datada en París o 31 de maio de 1951, coméntalle que pensara na posibilidade de acompañar a Fernanda ata Ourense[1763], mais ela desestimara a idea, polo que, quizais para contrastar opinións, pide ó irmán que o aconselle ó respecto. O feito é que Manolo permanecerá en Francia ata a súa morte o 3 de maio de 1954, algo que non comprenden parte dos seus máis achegados e do que se queixará ó seu gran amigo Ramón Otero,

> El sobrevivir a los seres queridos es dura empresa, y ya para siempre. No se explican muchos, pero tú sí, afortunadamente, el que no ponga remedio a esta soledad y aislamiento de la familia. Me asombra enormemente que, habiendo razones tan claras, haya personas, incluso familiares, que no sepan interpretar mi vida. Después de toda la época pasada, no debiera ser ningún arcano el comprender mis razones, o habré de reconocer que soy un tipo absurdo, con los papeles perdidos, y que el mundo marcha de maravila[1764]

Falamos liñas atrás da súa inquedanza polo coñecemento filosófico, que no meu parecer está relacionada con certa busca de atopar sentido á súa vida, especialmente despois do pasamento da súa dona. Nesta procura dun novo sentido para a súa vida, proceso que non dubidamos de enorme valentía intelectual[1765], atopa certa luz na obra de Charlot, "Candilejas", filme que confesa ter visionado oito veces e da que salienta o seu elevado nivel intelectual e humano[1766].

[1762] Carta a Castelao, Fondo Castelao da Fundación Penzol, datada en París o 15 de agosto de 1945.
[1763] Fernanda sufrirá unha doenza crónica polo que deixará o exilio para morrer en Ourense. Manolo decidirá ficar en Francia, o que non será comprensible para moitos.
[1764] Fondo Otero Pedrayo da Fundación Penzol. Carta datada en París o 15 de xullo de 1953.
[1765] Especialmente cando un está, e o sabe, no fin dos seus días.
[1766] Fondo Otero Pedrayo da Fundación Penzol. Carta datada en París o 14 de abril de 1954.

Na casa transmitíusenos unha imaxe estoica de Manolo. Creo que a confesión feita a Otero Pedrayo[1767], practicamente dous anos antes do seu pasamento, reforzan esa imaxe "...Trataré, como he tratado siempre, de obedecer a los dictados de mi conciencia, aunque me tiranice y me haga sufrir. Por lo menos, dejaré el mundo con la convicción de que hice siempre lo posible por mantener la categoría de persona decente: será ese mi premio, y no busco ningún otro".

3. O POLÍTICO

A traxectoria política de Manuel Martínez-Risco Macías está intimamente vencellada a Manuel Azaña, a quen supoñemos trataba do Ateneo, no proxecto político do cal, colaborará ó longo da II República primeiro en Acción Republicana e logo en Izquierda Republicana.. Aínda que a súa faciana de home político non se dará a coñecer, polo menos para á cidadanía, ata cando decida presentarse ás eleccións constituíntes da II República de xuño de 1931 pola provincia de Ourense en representación de Acción Republicana, sendo proposto polo Partido Radical como candidato da Alianza Republicana[1768] .Ó longo da campaña electoral sorprenderá ós comentaristas políticos[1769] pola súa elocuencia como orador.

Obterá escano ó ser apoiado por 23.380 votos, o cuarto máis votado, por detrás do radical Luís Fábrega Coello (31.039), o agrario Basilio Álvarez (29.679) e o nacionalista Otero Pedrayo (24.704) Haberá a quen sorprenda o excelente resultado acadado por alguén que non vivía en Ourense, incluso podería pensarse na confusión dalgún elector que pensara que estaba a votar ó seu curmán Vicente Martínez-Risco. Mais o certo é que a pesares de que o seu labor profesional desenvolvíase fora da súa cidade natal, Manuel Martínez-Risco sempre estivo preocupado polos acontecementos desta súa Auria. Mostra do que estamos a dicir é a súa participación, xunto con outros egrexios ourensáns destinados en Madrid como Basilio Álvarez ou Eloy Luis André, na Comisión Pro-

[1767] Fondo Otero Pedrayo da Fundación Penzol. Carta datada en París o 23 de outubro de 1952.
[1768] *La Zarpa*, 20 de xuño de 1931. A súa proposta é respaldada por 71 votos fronte ós 7 obtidos por José Romero Cerdeiriña,
[1769] *La Zarpa*, 24 e 25 de xuño de 1931

Biblioteca creada a iniciativa do bibliotecario don Juan Fernández Pérez *Xesta* cando o incendio que na madrugada do 7 ó 8 de decembro de 1927 destrúe o Instituto Nacional de 2ª Enseñanza, hoxe Otero Pedrayo, onde nunha das dependencias estaba emprazada a Biblioteca Provincial que fica destruída.

Xunto cos outros candidatos da Alianza Republicana[1770] asina un manifesto que deixa entreve-lo seu posicionamento político e do que podemos entresacar cuestións de concepción ideolóxica global (modelo de estado) e preocupacións máis puntuais referidas á problemática ourensá. Defínese como "galleguista en España y españolista en Galicia, galleguista no separatista". É partidario da Autonomía para Galiza como instrumento necesario de sacar este país adiante. A diferencia doutros homes de prol do republicanismo galaico que esquecerán, e incluso boicotearán, o Estatuto de Autonomía, Manuel participará activamente no proceso estatutario galego. Primeiro no denominado Estatuto dos Parlementarios, e logo na Asamblea de Municipios de Galicia celebrada en Santiago do 17 ó 19 de decembro de 1932. Incluso despois da guerra continúa apoiando a causa estatutaria, adheríndose ó Consello de Galiza e autorizando a Castelao a usar a súa sinatura coma deputado para calquera cousa que precisara[1771], aínda que deixando claro que o seu posicionamento político limítase á simple militancia e rexeitando posto directivo.

"Respetuosos con la libertad de cultos", xunto co problema da estructuración do Estado, a problemática relixiosa será un dos grandes problemas da II República. Manuel, en total coherencia coa súa formación[1772], e pese non rexeitar do seu catolicismo, defenderá o Estado laico.

A outra gran cuestión que defenderán é a procura do equilibrio entre a propiedade privada e a comunal para acceder a unha sociedade máis xusta. Equilibrio este moi propio da esquerda burguesa, que sen renunciar á propiedade privada, considera que esta debe ter uns límites para evitar calquera desequilibrio social. E nunha sociedade agraria coma a española da preguerra, e máis aínda a galega, a problemática da terra é de totalmente

[1770] *La Zarpa*, 25 de xuño de 1931. Os outros asinantes son Luís Fábrega, Basilio Álvarez, Justo Villanueva, Eloy Luís André e Edmundo Estévez.
[1771] Fondo Castelao da Fundación Penzol. Carta datada en París o 15 de agosto de 1945.
[1772] Lembremos que foi educado por Sales y Ferrer.

transcendente para acadar ese equilibrio social. E se a nivel estado a esquerda burguesa defenderá a expropiación sen indemnización de certos bens rústicos[1773], os candidatos ourensáns de Alianza Republicana propoñen na súa campaña electoral certas limitacións para o minifundio, considerado como un dos freos para o desenvolvemento do agro galego.

En canto ás propostas máis relacionadas coa peculiar problemática de Ourense cómpre salientar: Desenvolvemento agrícola, repoboación forestal., industrialización e creación dun réxime hidráulico para o Sil e o Miño, e o fomento de vías rápidas (nomeadamente a conclusión da liña do camiño de ferro Zamora-Ourense-A Coruña)[1774].

Perderá o seu escano nas eleccións do 33, volvendo presentarse pola provincia de Ourense como candidato de Izquierda Republica nas listas da Fronte Popular. Nestas eleccións, Manuel terá un certo protagonismo cando, xunto con Alexandre Bóveda, impugna os resultados obtidos polo Bloque de Derechas liderado por José Calvo Sotelo, eterno candidato do distrito de O Carballiño.

Xa no seu número de febreiro o xornal *A Nosa Terra* fala do fraude electoral en Ourense[1775], informando nos seus números de marzo e abril. Manolo, que saíra elixido deputado pola lista de minorías, será, xunto con Bóveda, Anibal Lamas e Alfonso Pazos de demostralas irregularidades cometidas polos candidatos do Bloque Nacional. O traballo de Manolo, que fundamentará o informe presentado á Comisión correspondente das Cortes, trátase dun detallado e sistemático estudio matemático-estadístico do desenvolvemento das eleccións en cada unha das 516 seccións que foran escrutadas na provincia, demostrando que a elección fora simulada en 236 o que representaba un 47% do electorado. A contundencia das probas morais e materiais teñen acollida no Parlamento, o que implica, segundo *A Nosa Terra,* o

[1773] Un exemplo desta actitude témola no discurso de Azaña de 18 de agosto de 1932 no Congreso dos deputados defendendo o proxecto lei referido á expropiación de fincas rústicas. Azaña, Manuel (1992): *Discursos Parlamentarios*, Madrid, Congreso de los Diputados.

[1774] Resulta un tanto entristecedor, por non dicir decepcionante, que 70 anos despois andemos cos mesmos problemas sen resolver.

[1775] Xosé Vilas Nogueira, na súa obra *O Estatuto Galego*, adica unhas páxinas ao pucherazo (A Coruña, Ed. Rueiro, 1977, p. 174-190 e 323-330)

derrubamento do caciquismo tradicional ourensán. De nada servirán as chanzas, recollidas polo xornal *El Pueblo Gallego* coas que os candidatos cuestionados tentaban desprestixia-la capacidade política de Manuel Martínez-Risco, en quen só recoñecían a súa valía académica e científica. Táctica propia do ninguneo aínda vixente nos noso días.

Dixemos liñas atrás que para Manuel Martínez-Risco a moralidade é o alicerce de calquera compromiso vital, e o político non está exento deste condicionante. Pode que non sexa tan coñecido, incluso na súa época, en certos medios políticos, mais o que si podemos afirmar é que tiña peso específico na política de esquerdas no Estado español. Fundamentamos esta nosa afirmación no feito de ser designado vocal da Junta Central de la Liga Española de los Derechos del Hombre y del Ciudadano, segundo acordo do II Congreso Nacional celébrao en Madrid o 6 de xullo de 1935[1776], ou en formar parte, en calidade de vocal suplente por Izquierda Republicana (onde formaba parte do "Consejo Nacional"), do Comité Nacional da Fronte Popular, establecido coa finalidade de coordinar as accións dos diferentes partidos integrados no mesmo durante a Guerra Civil[1777]. Da correspondencia con Castelao durante os anos do exilio, pese renunciar a ostentar cargos de responsabilidade política, continuará colaborando coa resistencia antifranquista mantendo contactos con homes tan significativos como Lister, coa esperanza, nunca acadada, de que o Estado español acadara a liberdade unha vez derrotado o fascismo en Europa e que a amarga experiencia da guerra servise para supera-los personalismos antagónicos que contribuíron a derroca-la República[1778].

4. O EXILIO

O que lle aconteceu ó tío Manolo nin sequera foi orixinal. Moitos padeceron o mesmo que el. Foi destituído da súa cadeira (que eu saiba a restauración da democracia non levou implícita a restitución daqueles que foron

[1776] Archivo General de la Guerra Civil Española, Salamanca.
[1777] *El Liberal*, 12 de novembro de 1936, *Mundo Obrero*, 13 de novembro de 1936, *Frente Rojo*, 8 de maio de 1938. Archivo General de la Guerra Civil Española, Salamanca.
[1778] Fondo Castelao da Fundación Penzol. Carta datada en París o 15 de agosto de 1945.

tan inxustamente desposuídos dos seus cargos, ¿para que?, total xa están mortos), os seus bens foron incautados e poxados (como lle aconteceu a moitos) Na casa falábase dun "tal señor Puga", coñecido de Ourense e que vivía en Madrid, que o denunciara e se fixera nunha poxa dos bens propiedade de Manolo (Se ós partidos políticos e ós sindicatos o Estado estalles a restituí-lo patrimonio incautado despois da guerra, ¿por que os particulares non reciben certa compensación?, aínda que sexa que se saiba quenes denunciaron e puideron apropiarse do seu patrimonio) Nunha carta de Vicenta Pérez Colemán, a súa cuñada, ó meu avó Luís[1779] , esta recrimínalle que a familia non fixera nada por tentar recupera-la parte que pertencía a Fernanda (a muller de Manolo), xa que "el indeseable Ulpiano" se fixera cos bens por 2.000 pts. Penso eu que o tal Ulpiano é o famoso *señor Puga* do meu pai. A traizón deste amigo, ó que Manolo prestara a súa casa en Madrid cando un bombardeo do denominado *bando nacional* destruíra a do Ulpiano[1780], causou unha forte ferida no seu ánimo. Significativo o comentario que lle fai a Otero Pedrayo na derradeira carta escrita ó seu grande amigo pouco antes de morrer, "En fin, por aquí ando aún. Y sólo estoy seguro de que, llegado el momento "me encontrareis a bordo ligero de equipaje, casi desnudo, como los hijos de la mar". El Ulpiano algo ha contribuido a esta ya certeza. Ahora sí que termino. Están esperándome, y la bronca va a ser de alivio"[1781].

Eu creo que Manolo tardou en coñecer cal era a súa situación legal perante das autoridades do novo réxime, - e repito que o máis triste é que non se trata dun caso illado e nin sequera o peor -, motivo polo que nun principio achacaralles ós seus familiares que non fagan máis que velar polos seus intereses. Descoñezo se tiña constancia de que a súa nai tivera que deixarlle en herdanza o mínimo legal, para evitar que o que lle correspondía fora incautado. Incluso nese mínimo legal déixalle unha propiedade compartida cos seus irmáns e a cantidade xusta para paga-los dereitos sucesorios[1782]. Mais o certo é que a familia contribúe no seu sustento, polo menos durante os anos de ocupación

[1779] Datada en Ourense o 16 de febreiro de 1950.
[1780] Manolo naquela altura estaba en Valencia.
[1781] Fondo Otero Pedrayo da Fundación Penzol. Carta datada en París o 14 de abril de 1954.
[1782] Testamento de Cándida Macías y García, do 16 de xuño de 1942.

nazi. A través da correspondencia familiar sabemos que entre os irmáns houbo certa solidariedade para remitir diñeiro, roupa (que Manolo pedía fose usada para que puidese pasar mellor pola aduana) e outros aparellos. E non esquezamos a situación económica da posguerra española.

O exilio suporá para Manolo, como para todos os que o coñeceron, unha dura proba. Xa falamos do seu desexo de volver a España, especialmente cando o fin da II Guerra Mundial permitía albisca-la caída inminente do réxime franquista. Certo que tivo máis sorte que outros cando a ocupación nazi. Subsistiu en Francia, segundo información familiar, traballando de zapateiro e preparando unha serie de traballos que verán luz unha vez liberada Francia e traballe no Centre National de Recherche Scientifique dependente da Universidade de La Sorbone. As dúbidas respecto ó retorno serán máis fortes cando enferme a súa dona. Contaba o meu pai que a Manolo ofreceranlle regresar, sempre e cando renegara e se arrepentira do seu pasado; algo que non fixo. ¿De que se tiña que arrepentir?. Esta súa decisión non foi ben comprendida, incluso na familia. Xa comentamos as súas doídas queixas, feitas ó seu gran amigo Ramón Otero Pedrayo, de que incluso haxa familiares que non comprendan esta actitude, que eu sempre cualifiquei de puro estoicismo.

En Francia ficará Manolo ata a súa morte o 3 de maio de 1954. Os seus restos descansan (mentres as autoridades locais non decidan o contrario) no cemiterio ourensá de San Francisco. A modo de epílogo, quixera reproduci-las verbas do profesor René Lucas[1783] referidas ó seu colega Martínez-Risco e que ben poden sintetiza-lo que foi en vida Manolo "Saluons en Martínez-Risco à la fois l'homme de sciencie et l'homme dont l'elevation des sentiments, l'esprit de dévouement et de solidarité humaine, peuvent être donnés en exemple".

[1783] Martínez-Risco, Manuel (1976): *Oeuvres…..* op. cit

BIBLIOGRAFÍA

Alfonso Bozzo, A. (1976): *Los partidos políticos y la Autonomía en Galicia (1931-1936)*, Madrid, Akal.

Fernández, Carlos (1987): *El Alzamiento de 1936 en Galicia. Datos para una historia de la guerra civil*, (4ª ed), Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Fernández Pérez, J. (1942): *La nueva Biblioteca provincial de Orense. Su resurgimiento. Memoria,* Ourense, La Región.

Freixeiro Mato, X.R. (1994): *Sebastián Martínez-Risco na cultura galega*, Santiago de Compostela, Laiovento.

Gerpe Landín, M. (1977): *L'Estatut d'Autonomia de Catalunya i l'Estat Integral*, Barcelona, Edicions 62.

Martínez-Risco y Macías, Manuel (1976): *Oeuvres scientifiques*, París, PUF.

VVAA. (1966): *Galicia hoy*, Buenos Aires, Ruedo Ibérico.

Vilas Nogueira, X. (1977): *O Estatuto Galego*, A Coruña, Edicións do Rueiro.

FONDOS DOCUMENTAIS

Archivo General de la Guerra Civil Española, Salamanca.

Correspondencia familiar con Luís e Sebastián Martínez-Risco Macías..

Fondos Castelao e Otero Pedrayo da Fundación Penzol.

GALEGOS, CIENCIA E INVESTIGACIÓN NO CONTEXTO DA SUBLEVACIÓN DO 36: OS EXILIOS. O CASO DA EMPRESA ZELTIA

Ricardo Gurriarán
I.E.S. Xelmírez I

1. INTRODUCCIÓN

Por medio deste traballo pretendemos abordar un espacio temporal abondosamente estudiado con carácter xeral: sublevación, guerra civil e primeiro franquismo; pero que non é así no caso da Universidade de Santiago e no doutros galegos espallados pola península que, estando nas redes regradas de formación se viron sometidos a "grandes cambios" tanto na súa vida profesional como na persoal, logo da sublevación facciosa de 1936.

Se ben é verdade que os que sufriron transterro, en maior ou en menor medida, ocuparon bastantes páxinas de investigadores non podemos dicir o mesmo dos que quedaron aquí[1784]. Entendemos que é difícil integrar como exiliados ós que non marcharon, ós que se viron sometidos a procesos e a represión variada, e que tiveron que "ordenar" a súa sociabilidade e os seus espacios de relación nunha nova situación adversa, mais xustificamos a integración neste pequeno traballo ó entender que foron sometidos a un "exilio", cando menos de conciencia, e en moitos casos, tamén, de ubicación con respecto á que tiñan en 1936. Non é que queiramos abri-lo debate sobre o concepto de exilio/s e a inclusión nel deste grupo aludido con calzador, senón que, ó noso entender, foi xente que sufriu as consecuencias do golpe de estado, diferentes das do amplo grupo que marchou fóra das fronteiras españolas, ben é certo, mais sen entrar en avaliacións cualitativas, nen

[1784] Se ben a expresión "exilio interior" é gramaticalmente incorrecta, entendemos que constitúe unha categoría sociolóxica bastante descritiva que foi asumida nos últimos tempos por todo o mundo, mesmo polos transterrados (GIRAL, 1994). Tal vez un dos elementos diferenciadores máis substanciais entre os dous grupos referidos sexa que uns tomarían a decisión consciente de quedarse, e outros, forzosamente, tiveron que liscar.

taxonomizacións, que non é o caso, entendemos que o seu estudio debe ser abordado de forma íntegra xunto a tódolos "afectados" polo luctuoso acto.

Tempo e espacio houbo para acometer de forma monográfica: ¿Qué pasou coa Universidade de Santiago e cos seus docentes comprometidos, logo de 1936?. Mais foron moi poucas liñas as que se imprimiron con motivo do quinto centenario nesta parcela, ocasión propicia aquela para aborda-lo estudio daquel tempo: entre os máis de cento e medio de congresos que a USC propiciou, en ningún tivo acollida o tema "maldito". Aínda que en 1996 fixérase un acto de homenaxe ós profesores afastados da Universidade en 1936: "Tolerancia e Universidade", co gallo do 18º aniversario da Constitución... tan só un paso; e que no ano 1983 a institución universitaria rehabilitara a Parga Pondal, estando Suárez Núñez como Rector, outro.

Tamén queremos significar que a maioría da historiografía sobre esta institución compostelá remata no ano fatídico (CORES T., VARELA, SOUTO BLANCO...), sen esquecer que Díaz Pardo (*La Voz de Galicia* de 4 de outubro de 1995) e Gómez-Reino (*El Correo Gallego*, 4 e 27 de outubro de 1994) escribiron artigos de prensa sobre o tema. Por todo esto é polo que tentamos encetar e continuar un camiño que non se peche, ó que se engadan moitos camiñantes.

Por restrinxírmonos a un espacio, escollemos a parcela das disciplinas científicas experimentais e aos seus protagonistas en canto aos seus destinos logo da guerra: os docentes e investigadores científicos –ben da USC ou doutras universidades españolas- por seren, ao noso entender, se de transterrados falamos, aos que menos dedicación se lles prestou, pois os homes de letras que tiveron que fuxir do noso territorio tiveron un tratamento abondoso por parte dos estudiosos. Neste terreo, no das letras, dos que aquí quedaron tamén temos traballos en abundancia.

En similares circunstancias podemos dicir que se atopa a "historia" da empresa Zeltia, hoxe emblemática no campo da investigación, que no seu tempo tamén o foi, noutras circunstancias, e cunha importancia especial no estudio que aquí abordamos, pois nela foron acubillados moitos docentes represaliados da man dos seus donos, os irmáns Fernández e os seus amigos con responsabilidades directivas, moitos deles con militancia política antes de

1936. Neste caso é probable que non haxa demasiado interese por parte dos actuais rectores de coñece-la súa orixe e a súa evolución, pois senón non se entende que a estas alturas aínda non se fixera un traballo historiográfico sobre esta paradigmática empresa da que tan só coñecemos algúns artigos na prensa (*A Nosa Terra, El Progreso, La Voz de Galicia, El País...*) e algunhas liñas nas que foi tratada colateralmente (POUSA ANTELO, de GABRIEL...).

Xulgamos interesante encetar unha aproximación do que significou esta empresa para Galicia na súa primeira andaina, a risco de poder cometer algunha torpeza pola ausencia de datos, pois gran parte dos seus arquivos foron incinerados na pasada década dos 80, sendo rescatado algún, antes de entrar no forno, por un hábil traballador con sentido da dimensión histórica.

2. A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO EN 1936

Durante o efémero período republicano a Universidade de Santiago foise incorporando paseniñamente á apertura que dende a Universidade Central de Madrid foise imprimindo ás universidades periféricas da man daqueles "modernos renovadores" (Negrín, Hernando, Moles, Ortega, Marañón, Bolívar, Cabrera, Martínez Risco, Madinaveitia, Río-Hortega ...) que comezaron a substanciar un notable cambio ó principia-los anos 20 do pasado século e que verían materializar politicamente as súas aspiracións no tempo da IIª República, amparados baixo o paraugas do "institucionismo gineriano" e a rede formativa semiparalela que crearon a partir da Junta para la Ampliación de Estudios.

A aparición en Santiago das primeiras fornadas de docentes formados primeiramente a carón dos mestres citados, e logo en Europa e América, sería un importante revulsivo para a incorporación da investigación á docencia, a nivel xeral, na Universidade de Santiago e a apertura da institución á sociedade. A partir do dinamismo imprimido ós cadros de persoal por medio dos concursos sistemáticos de traslados, naquel tempo, desfixéronse enfeudamentos nas cátedras que propiciaban a acumulación destas de forma sistemática e, consecuentemente, o peche a que outros docentes viñeran a ocupar cátedras, cando non estaban reservadas para "favoritos" de escalas inferiores. Deste xeito recalarían en Santiago, dende o final da Dictadura de Primo de Rivera:

García Blanco, Calvet, Martín Sauras, Batuecas, Montequi, Giral..., entre outros. Sen que esquezamos que tamén formaron parte deste revulsivo docentes formados en Santiago que ampliarían os seus estudios no estranxeiro ó abeiro da JAE: Iglesias, Parga Pondal, Charro Arias..., entre outros. Tampouco debemos minimiza-la importancia que algúns organismos exerceron na área universitaria como o Seminario de Estudos Galegos (1923), e os apéndices da *JAE* en Galicia: a Misión Biolóxica (1921), e a Comisión de Estudios de Galicia (1927); por citaren ós máis importantes[1785]. Todos eles funcionaron en relación estreita coa USC, con profesores universitarios nos seus cargos directivos e noutros de responsabilidade. Entendemos que na formación do SEG tivo que velo modelo da rede de formación/investigación propiciada polo "institucionismo", e algúns dos seus mentores relacionados con Galicia como Juan López Suárez; e a semellanza da dinámica propia propiciada en Cataluña por organismos similares, dende primeiros do século XX: Institut d'Estudis Cataláns, Societat Catalana de Biología...

O deseño e a materialización dos grandes cambios na Universidade de Santiago virían propulsados no bienio 1931-33 polo Rector Rodríguez Cadarso, de marcado influxo "institucionista", coincidente coa etapa de goberno azañosocialista: materialización da Residencia de Estudiantes, convenios de colaboración co estranxeiro, incremento de bolsas para alumnos e profesores, creación de novos organismos de relación e investigación (Instituto de Estudios Portugueses e Instituto de Estudios Regionales, Instituto de Idiomas...), creación de laboratorios..., e en definitiva, dalo salto cara a unha nova universidade aberta á sociedade galega, paso cualitativo no que intervirían de forma especial algúns dos docentes recentemente incorporados como Martín Sauras e Calvet –con profundo coñecemento das universidades europeas que visitaran na súa etapa de formación previa-, entre outros, aportando a incorporación da práctica deportiva entre os universitarios, e a súa participación directa nesta actividade, encetando así unha relación diferente entre o profesorado e o alumnado fóra e dentro das aulas. Esta etapa remata coa

[1785] Tamén terían unha especial relevancia as Misións Pedagóxicas e a Estación Biolóxica Marítima.

morte de Cadarso e a súa substitución por Montequi que, véndose acompañada no terreo político polo "bienio negro", suporá un importante freo ás iniciativas modernizadoras que iniciara o seu antecesor.

A nivel de compromiso sociopolítico, coincidindo co final da Dictadura de Primo de Rivera, déronse episodios nos que o profesorado respostou á ausencia de liberdades dando pulo a unha folga, entre os que estaba o que ía selo primeiro Gobernador Civil da Coruña e docente, o catedrático de Dereito Joaquín García Labella, que pagaría o labor de piquete co cárcere (CORES TRASMONTE, 1989, 44). En canto á militancia política, durante o período 1931-36, o galeguismo e o azañismo serían as dúas opcións con máis arraigamento na universidade; e en menor medida o socialismo. Falamos de militancia coñecida.

Os posicionamentos sobre a Autonomía Universitaria e o Estatuto de Galicia serviron para que as posturas políticas do profesorado trasluciran publicamente nas discusións dos organismos universitarios, e para que cada un soubese onde estaba cada quen, a maiores da participación en institucións como o Seminario de Estudos Galegos. Serían precisamente estes datos, máis os manifestos públicos con sinaturas de intelectuais, os que determinarían o comezo da represión, logo da sublevación, sobre todo para aqueles que sen ter un compromiso político claro, e non tendo responsabilidades ou cargos académicos durante o período republicano, ían selo blanco de acusacións de colaboracionismo co réxime recentemente derrubado en Galicia[1786].

3. PRIMEIRO IMPACTO DA SUBLEVACIÓN

Trala incertidume dos primeiros días do golpe e vendo que Galicia axiña se apuntaba á sublevación -con moi poucos lugares de resistencia prontamente abatidos polas armas, fundamentalmente nas cidades-, na USC de seguida se recompuxo o cadro de dirixentes universitarios da man das autoridades militares, recaendo estes en persoas que gañaran sona de sintonía cos sables

[1786] Entre os asinantes do manifesto "Al servicio del Estatuto" estaban os seguintes docentes universitarios: Luís Iglesias, Charro Arias, García Blanco, Calvet, Alsina... (*Galicia*, nº 243, marzo de 1943).

entre os responsables do exército e os políticos da Falanxe, con aspiracións de exerce-lo poder. No tempo dun mes, uns tratarían de esconde-lo seu pasado para pasar desapercibidos, outros de gañar méritos para non ser depurados, e pola contra, outros sacarían a reluci-lo ideario filofascista para acadar algún posto importante.

Así teremos ó catedrático de Medicina Pedro Pena Pérez que, sendo Vicerrector en 9 de xuño de 1936, en agosto ocuparía o cargo de Rector, ata o mes de novembro. Entendemos que este nomeamento debeu ser circunstancial, mais sempre e cando se cumpriran uns mínimos de perfil para o cargo. Deste xeito sería nomeado pola Delegación Militar da Coruña en 19 de agosto, mesma data na que se comezan a impoñer sancións entre os docentes. Sería cesado, tamén por orde, antes de tres meses. Foi relevado no cargo por un profesor con amplo "pedigree" de dereitas, como era o catedrático de Dereito Civil, Felipe Gil Casares, que fora dúas veces deputado durante a IIª República coa CEDA[1787]. Este deixaría o cargo de Rector logo de ser nomeado Maxistrado do Tribunal Supremo, en novembro de 1938, organismo este no que recaeu a responsabilidade máxima de impor maiores/menores penas ós "colaboradores", sancionando ou rectificando sentencias de tribunais menores. O derradeiro Rector durante o período bélico sería Carlos Ruíz del Castillo Catalán de Ocón, outro catedrático de Dereito, dende o 19 de xaneiro de 1939 ata que cesou por traslado, en 1941.

Na mesma data de 19 de agosto sería nomeado Secretario Xeral, Luís Legaz Lacambra, tamén de Dereito, facultade esta que aportaría a maior cantidade de cargos durante a guerra. Logo este sería adscrito ó Ministerio de Organización e Acción Sindical, en 1938, é de supoñer que polas súas dotes e militancia política. Chegaría a Rector en 1942. Tomás Batuecas Marugán, catedrático de Química Teórica da Facultade de Ciencias tamén sería nomeado Vicerrector, no mesmo mes de agosto, confirmado neste posto en decembro dese ano, e ó remate da guerra. Este sería un dos poucos docentes que, tendo

[1787] Estando excedente na docencia ao comezo da guerra, por ser deputado, incorporaríase á USC ao ser nomeado Interventor do Patronato da Universidade, por orde do Goberno Civil da Coruña (24 de agosto de 1936).

unha sólida formación científica, continuaría o labor da investigación, logo da guerra, sen interrupción. Completaría a nómina de cargos Abelardo Moralejo Laso, como Interventor do Patronato da Universidade, en decembro de 1936, sucedendo ó xa citado Gil Casares, logo de acceder ó cargo de Rector. Moralejo despois sería Decano de Filosofía e Letras, en decembro de 1939.

Nese primeiro mes, profesores que ostentaran algún cargo durante o período republicano correrían sortes diferentes. Así unha persoa cun vencello público co Seminario de Estudos Galegos como Luís Iglesias Iglesias (Teis, 1895-Pontevedra, 1976), que mesmo chegara a selo último Rector republicano, non sería sometido a ningún proceso, posiblemente salvado pola amizade que tiña co crego Paulino Pedret Casado, docente coma el, e outros avalistas[1788]. Mentres que Aniceto Charro Arias, Secretario da Facultade de Farmacia en 1935, verase sometido a dúas sancións consecutivas: tres meses de suspensión de emprego e soldo, e, en 29 de setembro de 1937, a mesma sanción, neste caso por dous anos, e imposibilitado para cargos públicos e de confianza.

Primeiramente as sancións ós docentes foron levadas a cabo polos militares, a consecuencia de denuncias e confidencias dos militantes falanxistas, eclesiásticos e veciños, sobre os antecedentes dos encausados. Logo regularíanse (Decreto de 8 de novembro de 1936) para ser instruidas por unhas comisións depuradoras creadas a tal efecto; ata que finalmente, mediante a Orde de 18 de marzo de 1939 (B.O. 82) créase a Comisión Superior Dictaminadora de Expedientes -dictada en execución da lei 10 de febreiro sobre funcionarios públicos-. Estaba formada por un maxistrado ou funcionario da carreira xudicial que exercía de Presidente, dous membros do alto persoal docente dependentes deste Ministerio, e outros dous funcionarios do Ministerio de Xustiza, a proposta deste Ministerio. Entre o articulado, significamos que a pasividade evidente de quen podendo cooperar ó triunfo do "movemento", non o fixera, era motivo de sanción, o mesmo que a aceptación de cargos que non

[1788] Calquera indicación dun párroco nun senso ou noutro podía determinar a salvación de persecución ou varios anos de condena. No expediente de Luís Iglesias tan só figura a admisión da dimisión de Rector, por parte da autoridade militar en 19 de agosto de 1936. Fora cofundador e Presidente do Seminario de Estudios Galegos e Director da Sección de Bioloxía (SAMARTÍN CORNES, 1982, 19).

fosen consecuencia do movemento natural das escalas e o desempeño de cargos e prestación de servicios alleos á categoría e funcións propias do corpo ó que pertenceran.

Neste último caso veríase o que fora Decano da Facultade de Medicina, Antonio Novo Campelo, quen, non sendo unha persoa sospeitosa de apoio ó réxime republicano, non libraría de sanción ó finaliza-la guerra, aínda que logo fora rehabilitado en outubro do ano 1940[1789]. De nada lle valeu ir de voluntario ó Hospital de Sangue de Ledesma, nin que o seu fillo estivera de Alférez na fronte de Madrid. Tamén faría méritos no Laboratorio de Farmacia Militar para a fabricación de medicamentos destinados ó exército do norte, instalado na Facultade de Farmacia. Este laboratorio serviría a modo de purgatorio para aqueles que tiñan algunha sanción, ou para aqueles que podían ser sospeitosos, co obxectivo de librar de persecución ó estar colaborando co réxime. Nese caso veríase Francisco García Valdecasas, discípulo de Negrín e Hernando, quen estando en Santiago impartindo uns cursos, atopouse coa sublevación. Novo agachouno neste laboratorio e aquí pasaría a guerra traballando na súa especialidade: a Farmacoloxía. Entre outros, por unhas ou outras razóns, figuraban na nómina deste laboratorio: Juan Varela Gil, Aniceto Charro, Montequi, Ramón Baltar, José Carrero Nine, Ulpiano Villanueva, Carlos Puente, González Carreró.

Durante o tempo que durou a guerra houbo un parón das actividades académicas, sendo estas restablecidas en outubro de 1939. Durante este tempo os profesores impartirían cursiños das materias nas que eran especialistas.

Algúns dos médicos pensionados que estaban no estranxeiro viñeron axiña de producirse o golpe, suspendendo a pensión, como o caso de Fontán e Villarino da Facultade de Medicina. Diferente sorte correrían o profesor Calvet e Seijo Espiñeira, que tamén estaban no estranxeiro, como veremos máis

[1789] Logo de ser sancionado con inhabilitación para ocupar cargos directivos e de confianza, insistiría nas Xuntas de Facultade para que constase en acta: "La satisfacción de la facultad, por la victoriosa terminación de la guerra...";ou: Propongo la celebración de una misa en San Francisco por los estudiantes caídos por la patria...". Novo Campelo fora Decano da Facultade de Medicina entre 1931 e 1936, dimitindo pouco antes do "estoupido". En semellante situación atoparíase Mariano Álvarez Zurimendi, Decano de Ciencias do curso 1935-36, restituído a finais de 1940, sen sanción.

adiante. Tamén se incorporaría a USC o ata daquela catedrático de Anatomía en Valencia, o santiagués Barcia Goyanes.

Á parte dos citados que se desprazaron a diferentes frontes do bando nacional, o catedrático de Patoloxía Lorenzo Gironés incorporouse ó equipo médico-cirúrxico do doutor Sierra, que operaba na fronte de Asturias, xunto ó auxiliar Pintos Pérez. Dos mellores métodos de librarse da sospeita era a incorporación á fronte de guerra como voluntario no bando "nacional", conxugado coa afiliación á Falanxe. O citado Gironés, xunto a Novo Campelo, Montequi, Moralejo e Legaz, estaban no punto de mira dos servicios de vixilancia dos militares, aínda que algúns deles xa ostentasen cargos de responsabilidade no estamento universitario, logo do levantamento. Ó último citado, dende o Estado Maior de Burgos, se lle acusaba de inclinacións cara ós sistemas libertarios, coidamos que nada máis lonxe da realidade[1790].

4. SANCIÓNS E DEPURACIÓNS DO PERSOAL DOCENTE DA USC

> Aquí había un catedrático de Farmacia que no recuerdo su nombre, que se dedicaba a acusar a todos los profesores de la Universidad, que si eran más o menos comunistas...[1791]

A partir de agosto de 1936, como xa dixemos, as sancións virían axiña. Quen podía buscaba avais para librarse da queima, pois non bastaban as declaracións de adhesión persoal ó novo réxime se non ían referendadas polo partido FET e JONS, e o alcalde, previa consulta co crego da parroquia á que se pertencía. Na Universidade de Santiago as sancións irían dende os doce anos de prisión maior do catedrático de Dereito Internacional, o vallisoletano Adolfo Miaja de la Muela, que tamén era Secretario da Facultade de Dereito, pasando polos apartamentos da docencia, con destitución e cesamento de Francisco

[1790](GRANDÍO SEOANE, 2.001, 53, 56). Neste traballo indícase que unha porcentaxe importante de profesores e porteiros da USC estaban sometidos a vixiancia. A consideración de sospeitosos abranguía a xente favorable cara o novo réxime, a mandos da Falanxe, ou a conservadores recoñecidos, mesmo a alcaldes.

[1791] En gravación realizada ao profesor Ramón Domínguez (Santiago, febreiro 2.001).

Giral González, catedrático da Facultade de Farmacia[1792]; Fernando Calvet Prats, catedrático de Ciencias; suspensión de emprego e soldo por tres meses a Aniceto Charro Arias -nun principio, como dixemos, pois logo sería aumentada a sanción a dous anos-, catedrático de Química Analítica e Secretario da Facultade de Farmacia[1793]; Sebastián González García e Antonio Baltar Domínguez, profesores auxiliares de Filosofía e Medicina, respectivamente, neste caso dous meses[1794]. Suspensión de emprego e soldo –sen especificar temporalidade-, dos auxiliares Juan Brañas Cancelo, Juan López Durá, Enrique Rajoy Leloup, da Facultade de Dereito[1795]; Leoncio Virgós Guillén, da de Farmacia[1796]; e Isidro Parga Pondal, da de Ciencias[1797]. Neste documento tamén se reflicten as destitucións e cesamento do Decano da facultade de Medicina, Luís Morillo Uña, e a do Secretario da Universidade José Arias Ramos -catedrático de Dereito, Secretario da Universidade dende 14 de febreiro de 1929-, todos eles con efectos do 31 de xullo de 1936[1798]. Tamén se recollen as

[1792] Aproveitamos para agradecerlle a Manolo Bermejo, catedrático de Química Orgánica da Universidade de Santiago, a disposición que tivo para con nós ao deixar un material de moita importancia, referido á represión na Universidade de Santiago, logo de 1936, entre outros.

[1793] Estivera nos laboratorios da Residencia de Estudiantes de Madrid (no curso 1928-9 estaba no Laboratorio de Análise Químico, dirixido por Ranedo, e no 1929-30 traballaba no Laboratorio da Facultade de Farmacia) e bolseiro da JAE e a USC no estranxeiro. Formou parte do Seminario de Estudos Galegos, da Sección de Ciencias, dirixida Luís Iglesias; sería un dos conferenciantes da Semana Cultural Gallega de Oporto, organizada polo SEG (*Heraldo de Galicia*, Ourense, nº 227, de 1 de abril de 1935). Na posguerra colaboraría coa empresa Zeltia formando parte do seu Comité Científico nunha experiencia innovadora que a empresa porriñesa levou a cabo ao principiar a década de 1950, en colaboración coa Universidade de Santiago.

[1794] Sebastián González era profesor auxiliar de Arqueoloxía e Historia da Arte na Facultade de Filosofía e Letras da USC. Despois sería separado definitivamente da docencia en febreiro de 1937. Militante galeguista, exiliaríase en Puerto Rico logo da guerra. Sería representante delegado do Consello de Galiza neste país centroamericano, e colaborador nas revistas galeguistas que se facían en México como *Saudade*.

[1795] Juan López Durá collería a vía do exilio mexicano ao rematar a guerra. Participaría en múltiples empresas culturais sociopolíticas que os galegos artellarían en México. En 1938, estando en Barcelona, era membro da Executiva do Partido Galeguista (Secretario Político). Logo, xa en México, sería un dos asinantes do pacto Galeuzca, e Delegado en México do Consello de Galiza (GURRIARÄN, 1999, 134, 159, 200-201). Rajoy será separado definitivamente do servicio en 6 de decembro de 1937.

[1796] Era Profesor Auxiliar de Química Inorgánica. Ao quedar vacante a cátedra por traslado do titular, Deulofeu, desempeñaría dita cátedra. (MÁIZ ELEIZEGUI, 1964, 139-140).

[1797] En Orde da Delegación Militar de I. P. Da Coruña, dirixida ao Habilitado do persoal da Universidade de Santiago de 20 de agosto de 1936 (fol. 1, nº 1270 de Expedentes Disciplinarios no AHUS). Parga Pondal ao rematar a guerra traballaría na empresa Zeltia, como moitos outros represaliados, do que daremos conta, máis adiante.

[1798] José Arias Ramos na posguerra traballaría dando clases de bacharelato nun colexio privado de Santiago, no que tamén traballaba o que logo sería catedrático de Fisioloxía da USC, Ramón

condicións da excedencia forzosa, cos dous tercios do soldo, da que desfrutaban Baldomero Casal Aboy, auxiliar de Medicina e Carlos Puente Sánchez, catedrático de Farmacia Práctica[1799]. Constando a admisión da dimisión do Rector Luís Iglesias Iglesias, como xa dixemos[1800]. Así mesmo a inhabilitación absoluta para exercer no cargo de axudante de clases prácticas en tódalas universidades de España a Mario López Durá (Medicina), Manuel Rey Busto, Francisco Fernández del Riego e José García Torrado –os tres de Dereito-; e por un ano a Narciso Carrero Nine[1801].

No BOE de 23 de novembro de 1936 emitido polo Goberno Provisional de Burgos, ratifícanse algunhas delas, incluíndo a Arturo Cervigón, profesor axudante da Facultade de Medicina. Mais acórdase que queden suspendidos de emprego e soldo outros por orde da Presidencia, escoitada a Comisión de Cultura y Enseñanza, que afectan a: Giral, Calvet, Juan López Durá, Rajoy Leloup, Brañas Cancelo (estes dous últimos da Facultade de Dereito), Virgós Guillén (Farmacia) e Parga Pondal (Ciencias); máis adiante moitos deles terían un aumento da súa sanción -en 1937 todos eles serían separados definitivamente da docencia-. Algúns estaban agachados, ou xa fuxiran, ben ó bando republicano, ou estaban no estranxeiro como Calvet e outros. Tan só un tercio aproximado dos expedientados marcharían cara ó exilio exterior, os demais quedaran exercendo as súas profesións na iniciativa privada, como Parga Pondal e Calvet Prats, que traballarían primeiramente en Zeltia, e outros "integraríanse" na onda dos "ganadores", non sen pasar por purgatorios máis ou menos longos, para seguir na docencia.

Domínguez (en grav. cit.), para dar historia natural, e o que fora Inspector Escolar Couceiro Freijomil. Estaba na rúa da Algalia de Abaixo, a carón do Pazo do marqués de Camarasa, onde vivía Gil Casares. Arias Ramos era Catedrático de Dereito Romano, logo da suspensión de funcións, tornaría á universidade, en Salamanca, no curso 1940-41.

[1799] Ibidem, nº 1276. Arias Ramos e Puente (¿-Santiago, 1946) terían unha segunda sanción en 29 e 30 de setembro de 1937: dous anos de suspensión de emprego e soldo; o primeiro retornaría a docencia no curso 1939-40 e o segundo sería reposto en 12 de agosto de 1938. Este era autor de varios traballos científicos, estivera becado no Instituto Pasteur de París, e dirixía o Laboratorio Químico Municipal de Santiago.

[1800] Este salvaríase da "queima" pola amistade que tiña con Paulino Pedret, crego con influencias en Compostela, como xa dixeramos. En 1930, Luís Iglesias fora bolseiro da JAE para estudiar entomoloxía en Nápoles.

Estes profesores represaliados serían rehabilitados, anulando as sancións administrativas que establecía a Lei de 10 de febreiro de 1939, de responsabilidade política, polo Real Decreto 3357/1975 de 5 de decembro, nos inicios da transición. Os docentes universitarios santiagueses expedientados serían recoñecidos nun acto de desagravio promovido pola propia Universidade de Santiago, a finais de 1983, sendo Rector José María Suárez Núñez. Neste acto sería nomeado Doctor Honoris Causa Isidro Parga Pondal[1802].

En 1947, os profesores da Facultade de Medicina de Santiago: Ramón Baltar e Ulpiano Villanueva, entre outros, sufrirían uns días de cárcere, acusados de axudar ó Socorro Roxo. Pesara a condición de que se dicía que Villanueva era masón, mesmo algunhas fontes orais que viviron aquel momento indican que estes médicos santiagueses axudaban ós guerrilleiros antifascistas fuxidos que estaban no monte, operando na zona de Ordes, e ós familiares dos represaliados e ás viúvas dos mortos, como consecuencia da sublevación, ós que prestaban axuda médica e económica.

Aínda engadiremos algúns represaliados máis atopados no libro onde constan os expedientes persoais da USC: o catedrático de Anatomía Miguel Vilar Vidal, quen comunica por telegrama en maio de 1939 que non se pode incorporar á facultade por estar sometido a depuración; Fernando Alsina, profesor auxiliar numerario da Facultade de Medicina, que estaba mobilizado ó comezo da guerra como xefe dun equipo cirúrxico en Sigüenza (Guadalaxara) sen que figure no seu expediente administrativo ningunha imposición de sanción nin apertura de proceso -aparece resolto favorablemente un expedente de depuración na serodia data de 26 de outubro de 1944-; Manuel Villar Iglesias, profesor auxiliar da Facultade de Medicina, quen fora nomeado Secretario da Facultade durante o decanato de Morillo Uña–inhabilitado para cargos, orde 3 de agosto de 1939-; Modesto Pavón Rodríguez, auxiliar temporal de Botánica Descriptiva da Facultade de Farmacia –separado definitivamente do servicio, en 6 de decembro de 1937; sendo confirmado posteriormente no

[1801] Ibidem, nº 1279. Narciso Carrero Nine era Profesor Auxiliar de Otorrinolaringoloxía na Facultade de Medicina. Logo da inhabilitación tardaría certo tempo en retornar á Universidade, dedicándose á practica privada da profesión.

[1802] Ver biografía deste docente e investigador, galeguista de esquerdas (VIDAL, 1984).

cargo en 24 de novembro de 1938, sen sanción-; Manuel Romero Vieitez, catedrático de Dereito Civil, que era Decano de Dereito –suspendido de emprego e soldo por un ano, en 20 de outubro de 1937-.

En definitiva, nun primeiro momento abriríanselles expedientes ós docentes que desempeñaran cargos no período anterior e/ou unha militancia política recoñecida, ou colaborara con institucións "malditas", da man do mando militar. Logo, ós máis comprometidos, daríaselles unha volta de torca aplicando sancións moito máis duras, neste caso a proposta das autoridades académicas universitarias, daquela xa con funcións represoras –do Rectorado que, como xa dixeramos, estaba encabezado por Felipe Gil Casares dende principios de novembro de 1936-. Consecuencia das depuracións, algunhas facultades quedaron "desmanteladas" de docentes, como foi o caso da de Ciencias. Outras aínda que se resentiron menos tamén tiveron unha afectación importante coma as de Medicina, Farmacia e Dereito. O nivel de docencia e investigación acadado no curso 1935-36 na Universidade de Santiago tardaría moitos anos en recuperarse.

5. OS DESTINOS LOGO DO REMATE DA GUERRA

Os camiños dos docentes investigadores (experimentais) represaliados serían ben diferentes. Algúns deles, logo de pagar con sancións e dilixenciar novamente o seu título, incorporaríanse á vida académica, sen máis, como os casos de Charro, Puente, Casal Aboy –cesaría en 1940-, José Carrero Nine, Alsina...[1803]. Outros, obrigadamente, terían que marchar cara ó exilio exterior, así:

- Francisco Giral González (Salamanca, 1911- México, ¿). Veu a Santiago en febreiro de 1936 a ocupa-la cátedra de Química Orgánica con tan só 25 anos, recentemente chegado de Alemaña (Heidelberg) onde fora bolseiro da Xunta Constructora da Cidade Universitaria de Madrid. Posteriormente exiliaríase en México. Formouse ó lado de Madinaveitia e do seu propio pai, o químico e

[1803] No caso dos médicos, paralelamente, terían xuízos depurativos levados a cabo polo colexio médico, pois para exercer era obrigada a colexiación.

político José Giral Pereira[1804]; que tamén se exiliaría en México. Francisco Giral anteriormente tamén estivera en Alemaña ampliando estudios, e tamén como investigador a carón do que logo sería Premio Nobel, Richard Kuhn. Logo da guerra estivo nun campo de concentración en Francia antes de marchar cara a México. Neste país seguiría exercendo a docencia e a investigación nas seguintes materias: vitaminas, graxas, antipalúdicos, fitoquímica, esteroides -materias primas para a fabricación de hormonas e outros derivados activos...-. Era azañista como seu pai. En 1943, sería dos fundadores da Unión de Profesores Universitarios no exilio.

- Antonio Baltar Domínguez (Santiago, 1906-Buenos Aires, 1970) fuxiría en setembro de 1936 ó Uruguai para axiña instalarse na Arxentina, a primeiros do ano 1937[1805]. Esta fuxida tería o fin de afastarse da barbarie represiva -en outubro de 1937 sería separado definitivamente do servicio, cando xa estaba en América-. Ampliara estudios no estranxeiro (Francia) da man da *JAE*[1806]. Daquela Baltar era profesor auxiliar temporal de Histoloxía e Anatomía Patolóxica da Facultade de Medicina de Santiago. Seu irmán Ramón que tamén era profesor auxiliar na mesma facultade, sería inhabilitado para exercer cargos de confianza ó finaliza-la guerra. Eran fillos do eminente cirurxián Ángel Baltar, liberal republicano santiagués. Antonio fora discípulo de Del Río-Hortega, con quen coincidiría no exilio arxentino. Neste país exercería a súa profesión como Xefe de Servicio de Análise Anatomo-Patolóxica dos Hospital do Centro Galego de Buenos Aires, e como docente de catedrático na Universidade de Mendoza. Presidiu a Agrupación Gallega de Universitarios, Escritores e Artistas.

[1804] José Giral Pereira naceu en Cuba, era fillo de emigrantes, a súa nai era galega; foi catedrático de Química Biolóxica na Facultade de Farmacia da Universidade de Madrid, asignatura que logo se chamaría Bioquímica; nesta cátedra sucedera ao eminente químico galego Rodríguez Carracido.

[1805] Estaba casado coa uruguaia Mireia Dieste (sobriña de Rafael Dieste). Durante a súa estancia na Arxentina colaborou nas revistas *Galicia Emigrante* e *De Mar a Mar*. Tamén foi secretario da editorial galega Citania (*Repertorio bioblibiográfico do Exilio Galego*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 2.001).

[1806] A súa solicitude para obter unha bolsa para ir ao estranxeiro, no ano 1933, iría avalada á marxe por Manuel Varela Radío nos seguintes termos: "El solicitante es persona á la que conozco bien y de la cual puedo asegurar que aprovechará el tiempo en el extranjero y se conducirá con todos sentidos, con plena corrección". (Arquivo da JAE, Secretaría, Exp. 15/57, AREM).

- Leoncio Virgós Guillén (Velilla del Ebro, Zaragoza, 1882-Buenos Aires, Arxentina, 1938). Profesor auxiliar de Química Orgánica e logo de Inorgánica na Facultade de Farmacia de Santiago, dende 1919. Fixera tamén a carreira de medicina. Militante socialista, en 1931 foi nomeado representante da asemblea socialista para constituí-la Federación de Entidades Socialistas de la Comarca de Santiago. Participa activamente en actos de propaganda públicos organizados polos socialistas chegando a ser Presidente do Partido en Santiago. Tamén era un gran afeccionado ós deportes, en especial á pelota basca. Ó principia-la guerra marchou para Arxentina, onde exercería a medicina en Los Menucos, A Patagonia, ata a súa morte.

Estes dous últimos iniciarían o camiño do exilio exterior nos primeiros momentos da ocupación de Galicia polos sublevados, lugar onde exercían a docencia, como Giral, mais este estaba en Madrid o 18 de xullo, o que posibilitou poderse incorporar ás forzas leais republicanas.

- Pedro Couceiro Corral (A Coruña, 1908-1982); estivera antes da guerra como profesor auxiliar de Química General na USC, dende 1927. Fixo estudios de posgrao en Munich a carón do Premio Nobel Wieland. Logo gañaría unha praza para investigar bioquímica animal en Madrid. Alistaríase ó exército republicano onde tivo responsabilidades na fabricación de explosivos e outros productos químicos. Exiliouse no Uruguai onde montou un importante laboratorio de medicamentos e implementos para Veterinaria (GIRAL, 1994, 336).

- Ernesto Seijo Espiñeira; do que tan só sabemos que no curso 1935-36 era auxiliar temporal da Facultade de Ciencias, adscrito á cátedra de Química Orgánica. Discípulo de Calvet. No seu expediente consta que cesou por non presentarse, logo da sublevación. En xullo de 1936 estaba en Oxford ampliando estudios e xa non volveu a España.

- Jaume Pi y Sunyer Bayo (Barcelona, 1903-¿), fisiólogo catalán fillo do ilustre fundador da Escola Catalana de Fisioloxía, Augusto Pi y Sunyer. Gañara a cátedra desta especialidade en Santiago mantendo unha dura oposición con Severo Ochoa. En primeira instancia non tomaría posesión, pois quedou agregado á Universidade de Barcelona, mais logo si o faría no mes de abril de 1936. Tan só acudiría a unha sesión claustral e retornaría a Barcelona.

Practicamente non tivo relación coa universidade santiaguesa. Logo da guerra exiliaríase en México, onde proseguiu os seus labores como docente e investigador na UNAM e na Escola de Ciencias Biolóxicas da capital mexicalina, onde crearía o Laboratorio de Estudios Médicos. Logo, en 1944, trasladouse ós EE.UU onde traballaría asesorando importantes industrias farmacéuticas[1807].

Os que quedaron en España sufriron a represión, primeiramente con procesos, dos que xa falamos, consecuencia destes algúns botarían un tempo no cárcere e campos de concentración, logo, apartados da súa profesión, terían que buscarse a forma de obte-lo sustento. Algúns serían rehabilitados axiña, outros terían que agardar dez anos, habendo outros que xamais volverían á docencia e á investigación. Os máis significativos serían:

- Juan Martín Sauras (Andorra, Teruel, 1896-Zaragoza,1969). Estudiou en Zaragoza, discípulo de Rocasolano. Ampliou estudios en Alemaña. Gaña a cátedra de Química Inorgánica da Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago en 1930, permanecendo na nosa cidade ata 1936. Era militante do PSOE e da UGT, presentándose nas listas socialistas das Cortes Constituíntes de 1931. Por esta circunstancia foi represaliado durante a guerra, sufrindo cárcere, ó remate da contenda bélica sería procesado e condenado a estar un tempo nun campo de concentración[1808]. Unha vez que voltou á docencia, permanecería un tempo inhabilitado para exercer cargos de responsabilidade. Na súa estancia santiaguesa colaborara coa Agrupación Socialista, entre outras cousas, impartindo charlas públicas organizadas polo partido, á parte de militar[1809]. Chegaría a ser Vicepresidente desta agrupación en xullo de 1931[1810].

[1807] Nunha situación semellante estivera o catedrático Jesús Prados Arrarte quen, logo de gañar a oposición de Economía Política na Facultade de Dereito en Santiago, tomaría posesión en Madrid. En 1937 foi separado definitivamente da docencia. Tomaría camiño do exilio cara a Chile, logo incorporouse á docencia na facultade madrileña. E Juan David García Bacca (Filosofía), Antonio Sacristán, profesor excedente de Dereito Mercantil da USC dende 1928. Ou Luís Tobío, auxiliar temporal da Facultade de Dereito en 1930, quen renunciaría aos poucos días de tomar posesión. Todos eles con escasa ou nula relación coa universidade galega. E o fillo do Presidente da República, Niceto Alcalá Zamora y Castillo, quen botara tres cursos en Santiago.

[1808] Datos extraídos nunha publicación que se fixo con motivo do seu centenario: "Juan Martín Sauras, andorrano ejemplar, conmemoración de un centenario"; Zaragoza, 1996.

[1809] En *Manuel Maroño Calvo, MAROÑO (o boô)*, traballo inédito de Dolores Vieites Torreiro.

[1810] En AHRG. Gobierno Civil; leg. 2563, exp. 28; (citado no anterior traballo).

- Isidro Parga Pondal (Laxe, 1900-A Coruña, 1986). Estudiou Ciencias na Universidade Central de Madrid. Logo de rematar veu a Santiago onde exerceu de profesor auxiliar das seguintes disciplinas: Química Analítica, Cristalografía, e Análise Química da Facultade de Ciencias da USC, dende 1923. Ampliou estudios de Xeoloxía e Xeoquímica en Zurich e Berlín. En 1934 foi nomeado director do Laboratorio de Xeoquímica da Fundación Nacional de Ensayos y Reformas, instalación por el promovida, dependente do Ministerio de Instrucción Pública e adscrito á USC. Membro do Seminario de Estudos Galegos, dende esta institución levou a cabo importantes estudios xeolóxicos sobre Galicia. Logo da sublevación foi apartado da docencia pola súa coñecida militancia galeguista. Dende a súa separación definitiva non volvería a ter contacto coa institución universitaria ata a súa rehabilitación no ano 1983, testemuñalmente. Traballaría en Zeltia asesorando a esta empresa nos labores relacionados coa súa especialidade. Deixou publicados preto dunha centena de traballos de investigación, moitos deles no estranxeiro. A súa tese foi publicada pola JAE, en Madrid, en 1935. Dirixiu o laboratorio Xeolóxico de Laxe, por el creado. Abriu interesantes liñas de investigación na disciplina da Xeoquímica. Está considerado polos especialistas como un dos científicos máis importantes que deu Galicia no século XX.

- Mario López Durá. Axudante de clases prácticas da Facultade de Medicina da USC. Era militante galeguista. Logo da guerra exerceu a medicina privada na costa lucense[1811].

- Fernando Calvet Prats (Vilafranca del Penedés, 1903-Barcelona, ¿). Era Catedrático de Química Orgánica da Facultade de Ciencias da USC dende 1930. Anteriormente ampliara estudios en Alemaña, logo de licenciarse en Barcelona. Amante da natureza, incorporaría as excursións como complemento substancial de apoio á docencia. Foi un dos introductores do rugbi na universidade santiaguesa, e dos deportes en xeral xunto a Martín Sauras. A nivel científico crearía un Instituto de Investigación, dende o cal publicaríanse moitos traballos nas principais revistas españolas e estranxeiras. Sería destituído en agosto de

[1811] Aparece no primeiro listado de cirurxáns españois que se adscribiron para daren prestacións aos afiliados ao Seguro brigatorio de Enfermedade, en 1946. (VÁZQUEZ-QUEVEDO, 1994, 338).

1936, cando se atopaba en Suecia desfrutando dunha bolsa; ó ano seguinte sería apartado definitivamente da docencia, coincidindo que el estaba dando clase en Edimburgo, pois dende xullo de 1936 non volveu ata o remate da guerra.

Participou activamente na vida cultural e política do país, sería un dos asinantes do "Pacto de Compostela" –antecedente de Galeuzca- e do dos intelectuais ó servicio do Estatuto de Galicia. Traballou nos Laboratorios Miguel Servet de Vigo e logo de ser apartado da docencia participaría na fundación da empresa Zeltia, ó remate da guerra. Marcharía a Barcelona logo da súa rehabilitación como docente, no curso 1945-46, mais non se incorporaría ás clases ata 1950 dado que estivo nos Estados Unidos este tempo traballando como investigador.

A esta lista temos que engadir algúns nomes aportados por Isaac Díaz Pardo dos que non temos máis que as referencias por el suministradas:

- José María Fernández Colmeiro natural de Silleda, doutor en medicina. Traballou na Fundación Curie-Instituto de Cancroloxía. Premio Chevillarget, da Academia de Medicina de París.
- Ramón Iglesias Parga natural de Santiago. Director da Escola de Verán da Universidad Autónoma de México. Dictou cátedras en Los Ángeles, Illinois e Wisconsin[1812].

6. OUTROS INVESTIGADORES/CIENTÍFICOS EXPERIMENTAIS GALEGOS REPRESALIADOS NOUTRAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS

Na Universidade Central de Madrid, como ben se sabe, por razóns obvias, o nivel de represión foi moi dura. Os que tiñan responsabilidades políticas e militancia collerían o camiño do exterior. Outros con menor compromiso político, ou sinxelamente por ter simpatía republicana pasaron calvarios, con sortes diferentes. Practicamente tódolos docentes universitarios estiveron sometidos a diferentes procesos por "colaboradores", máxime se eran do contorno da Institución Libre de Enseñanza, obxecto de significado especial

[1812] Esta información foi trasladada a Francisco Díaz Fierros, ao que agradecemos a súa aportación.

para os "gañadores". Entre os que terían problemas cos seus títulos e que quedaron traballando nas súas prazas podemos citar a Manuel Varela Radío, quen se xubilaría no ano 1943, como catedrático de Obstetricia e Xinecoloxía da Universidade de Madrid, logo dun corto exilio en Suíza. Outros moitos abandonarían a investigación, tamén con problemas derivados das depuracións: García Varela, López Enríquez, Goyanes Capdevila, Lombardero, Gonzalo Gurriarán, os irmáns Crespí Jaume...

Tamén noutras universidades españolas había galegos no campo obxecto de estudio, como os dous primeiros que imos citar:

- Gumersindo Sánchez Guisande (Santiago, 1892-Buenos Aires, 1976). Catedrático de Anatomía Descriptiva da Facultade de Medicina de Zaragoza, da que era Decano no momento da sublevación. Anteriormente traballara como auxiliar temporal na USC, de 1919 a 1928; en 1918 fora encargado pola JAE para participar na organización dos Institutos Portugueses de Anatomía. Foi concelleiro en Zaragoza durante a República, estaba afiliado a Izquierda Republicana. Ó principia-la guerra exiliouse na Arxentina. En Buenos Aires foi membro do Instituto de Anatomía de la Universidad. Tamén desenvolveu o seu labor no Hospital do Centro Galego e no Sanatorio Hispano-Americano. Desempeñaría a cátedra de Anatomía na Facultade de Medicina da Universidade de Mendoza. Deixou publicados varios traballos sobre historia, medicina social e hixiene. Atendeu a Castelao antes do seu pasamento.
- Alejandro Otero Fernández (Redondela, 1888-México, 1953), era catedrático de Xinecoloxía e Obstetricia, dende 1914, na Universidade de Granada na que chegaría a ser Rector. Fora discípulo de Varela Radío en Santiago. Era militante socialista, formación política que representou no parlamento pola provincia de Pontevedra nas Cortes Constituíntes de 1931, e no Concello de Granada como concelleiro. Durante a guerra foi Subsecretario do Ministerio de Defensa. Despois tivo responsabilidades nas organizacións de refuxiados (SERE). Logo da guerra exiliaríase en México, onde desenvolvería o seu labor no Hospital Español, e privadamente.
- Manuel Martínez Risco (Ourense, 1888-París, 1954). Físico especialista en Espectrometría e Espectrografía formado en Holanda cunha bolsa de dous anos,

por medio da JAE. Traballou a carón de Moles e Cabrera, este último seu mestre, no Laboratorio de Investigacións Físicas dende a súa fundación, en 1910. Catedrático de Acústica e Óptica da Universidade Central, logo dunha breve estancia en Zaragoza. Foi Presidente da Sección de Ciencias do Ateneo de Madrid. Segundo Sánchez Ron, deu máis de si como científico dende o seu exilio parisino que dende a súa cátedra madrileña (1999, 302). Exiliado en París, realizaría investigacións salientables no CNRS parisino, centro no que sería nomeado "Maitre de Recherches". Continuaría traballando sobre as propiedades das ondas luminosas, materia sobre a que deixou numerosas publicacións en revistas científicas francesas.

- Miguel Crespí Jaume (Pontevedra 1893-¿), estudiou ciencias en Madrid a carón de Cabrera e Moles, dos que sería colaborador -con este último publicaría varios traballos na década de 1920-; obtería a Cátedra de Química Teórica na Universidade Central. Logo da guerra ó perde-lo seu destino docente e investigador, traballaría na industria farmacéutica, Zeltia e IBYS, ata a súa rehabilitación. Seu irmán Luís (Madrid, 1889-1963), gañou a cátedra de Agricultura do Instituto de Lugo en 1916, en 1918 era profesor do Instituto Escuela, fora bolseiro da *JAE* en Francia e en Portugal, en Porto, xunto ó ilustre botánico doutor Sampaio, que logo acompañaría a Crespí e a Iglesias a facer estudios de flora en Galicia, en 1927, co amparo da Comisión de Estudios de Galicia, institución creada pola JAE, como xa apuntaramos. Sería nomeado, en 1933, xefe do Laboratorio de Ecoloxía do Museo de Ciencias. Logo da guerra foi represaliado, sendo suspendido de emprego e soldo e inhabilitado para a docencia. O seu labor científico como investigador, ó igual que o do seu irmán, rematarían coa guerra. Especialista en Botánica, deixou varios traballos publicados.

- Leoncio Jaso Roldán (Vigo, 1903- Venezuela, ¿). Tisiólogo. Médico Interno da Facultade de Medicina de Madrid e logo profesor auxiliar de Patoloxía Xeral. Ampliara estudios sobre Metabolismo en Francia e Austria. Na guerra asumiría funcións como Capitán médico da Aviación do exército republicano. Seu irmán Enrique, tamén de Vigo e médico, ó principia-la guerra estivo á fronte da Escola Nacional de Puericultura; impartiría Pediatría naquel intento formativo de

médicos para a guerra que tivera Negrin. Mentres Enrique quedou en España exercendo privadamente a Pediatría, con algúns problemas, Leoncio exiliouse en Venezuela. Ocupou o cargo de Director dun Centro Antituberculoso e no Ministerio de Sanidade e asistencia Social. Continuaría escribindo artigos científicos.

- Enrique Escardó Peinador[1813]. Médico (1907-¿), era neurólogo e psiquiatra, en 1931 estivera pensionado pola JAE en Austria e Alemaña. Estivera traballando na Facultade de medicina de Madrid, sen que poidamos precisa-lo seu posto. Discípulo de Del Río-Hortega. Estivo un tempo exiliado nos Estados Unidos, ata a súa volta a España en 1950, onde exercería privadamente a súa especialidade en Madrid.

- Ramón Pérez-Cirera (A Coruña, 1906-1983) e Gonzalo Gurriarán (O Barco de Valdeorras, 1904-Barcelona, 1975). Producto da "asociación cientifica" de Negrín e Hernando, formáronse nos Laboratorios da Residencia de Estudiantes e completaron os seus estudios no estranxeiro. O primeiro en Francia e os Estados Unidos, Alemaña e Inglaterra, especializándose en electrofisioloxía e fisioloxía muscular; logo sería catedrático de Fisioloxía da Facultade de Medicina de Valladolid. Tamén desenvolveu tarefas administrativas e organizativas no ensino universitario, a carón de Negrín, como axudante; chegaría a desempeña-lo cargo de Secretario da Facultade de Medicina de Madrid. Tamén traballaba no Instituto de Control de los Medicamentos. En vésperas da guerra emigrou a México, segundo Giral (1994, 235) por razóns persoais, onde exercería o labor docente e investigador na UNAM[1814]. O segundo estivo pensionado durante catro anos en Estrasburgo, especializándose en cirurxía dixestiva. Logo sería axudante técnico cirúrxico do departamento de Farmacoloxía e Terapéutica da Facultade de Medicina da Universidade Central. Elaboraron cada un máis dunha trintena de artigos en revistas científicas españolas e europeas, algúns deles de

[1813] En razón dun papel do Fondo López Suárez (AHUS), no que vén un listado de galegos, incluído Escardó, dámolo como tal. Descoñecemos o lugar de onde era natural.

[1814] Barona Vilar (1990, 270) cita a Pérez-Cirera como granadino. Por ter compartido traballos con Giral, e amizade, en México, onde residían dende 1939, resúltanos esta fonte de máis fiabilidade que a de Barona, ao situar aquel o nacemento de Cirera na Coruña (GIRAL, 1994, 235-236). Gómez Santos sitúa a Pérez-Cirera en Madrid no verán de 1936, coa guerra comezada (en GOMEZ-SANTOS, 1991, 103).

factura conxunta. Gonzalo Gurriarán sería sometido a depuración logo da guerra. Primeiramente desenvolvería a nivel privado a profesión durante dez anos, para logo pasar a compaxinalo coa rede pública, deixando totalmente a investigación[1815].

- Paulino Suárez, natural de Chantada. Médico especialista en bacterioloxía formado no estranxeiro con axudas da JAE. Discípulo de Pittaluga, dirixíu os Laboratorios de Bacterioloxía e Seroloxía que a JAE tiña na Residencia de Estudiantes. Tamén levou a cabo labores titoriais nesta institución, chegou a ser Subdirector da Residencia. Da escola de Negrín, este encomendaríalle durante a guerra misións especiais no estranxeiro. Logo da guerra exiliouse en Cuba, regresaría a España ó principia-lo 1950 onde exercería privadamente a profesión en Madrid.

- Vicente Goyanes Álvarez (Pontedeume, 1909-A Coruña, 1992). Médico especialista en Bacterioloxía e Parasitoloxía, alumno de Pittaluga, con quen traballaba na Universidade Central de Madrid como médico interno. Durante a guerra foi Xefe de Transfusións do Exército do Centro[1816]. Tras ser sometido a depuración, montou un laboratorio privado na Coruña.

- Antonio Rodríguez Darriba (Lugo, 1899- Ribadeo, ¿), médico pensionado pola JAE en Hamburgo e Liverpool para formarse en Parasitoloxía e Hematoloxía, animado por Juan López Suárez, entre 1928 e 1931. Traballa a carón do catedrático de Parasitoloxía da Facultade de Madrid, doutor Pittaluga, publicando varios traballos. Estivo como Capitán do Exército da República. Logo da guerra retornou a Ribadeo desoíndo algunhas proposicións para continua-la investigación no estranxeiro. Comezaría nesta vila a traballar como analista ata a súa xubilación.

- José María Souto Candeira (A Coruña). Médico. Estivo ampliando estudios en Alemaña, cando aínda era estudiante. Era discípulo de Negrín. Estaba aloxado na Residencia de Estudiantes de Madrid. Fixo a guerra en Madrid, alistado no exército republicano, era militante comunista. Ó principia-la posguerra

[1815] O 18 de xullo estaba na súa vila natal. Tería que agacharse para non ser paseado. Incorporouse aos "nacionales", sen militarizar. Logo da guerra tería moitos problemas para a obtención do seu título, logo de ser procesado.

[1816] Datos suministrados polo doutor Avelino Franco Grande.

marcharía a Venezuela, onde impartiría Fisioloxía na Facultade de Medicina da Universidade de Mérida. Logo fixaría a súa residencia nos Estados Unidos[1817].

Por último, hai algúns médicos que terían que desenvolve-la súa profesión a varios centos de quilómetros de onde tiñan as súas prazas no ano 1936, por sanción. Tan só localizamos a dous, representativos, que se asentasen en Galicia: Miguel Piedra Guardia, de Madrid, que sería desprazado forzosamente á Mariña luguesa. Este, antes da guerra, traballaba como axudante do doutor Recaséns na Facultade de Medicina de Madrid; era médico forense por oposición. Ó chega-la guerra incorporouse como profesional da sanidade ó exército republicano. Rematando a "contenda" estaba de Director do Hospital de Campaña de Cofrentes (Valencia). Téndoselle ofertado a posibilidade de embarcar cara a México, unha vez que a guerra estaba perdida, desiste ó tela súa familia en Madrid. É detido e encarcerado no Monasterio de Piedra (Zaragoza), unha vez saído do cárcere danlle a posibilidade de exercer a máis de 300 quilómetros de onde viña desenvolvendo a súa actividade profesional antes da guerra. Elixe Barahona (Soria) para o seu desterro. Contactaría cun vello colega que estaba en Burela (Lugo), Rafael Vior, nas mesmas circunstancias políticas ca el, quen o anima a trasladarse ó norte de Lugo. Seguindo o seu consello estableceuse en Foz como médico privado ó tempo de exercer como forense, primeiramente no concello de Mondoñedo e, posteriormente, en Ribadeo[1818].

E o doutor Luque en Sarria:

> (...) Era un hombre que se dedicaba a la investigación clínica, era un clínico de altísima categoría, y se vino a Sarria escapando, era madrileño, y allí no le dejaban vivir, o lo mataban, y se vino a Sarria a establecer, allí murió. Era un médico que gozaba de la apreciación de todo el mundo, porque claro, conocía su oficio (...) Hubo más médicos en Galicia que habían venido marchándose de la represión (...)

[1817] Segundo os datos do Arquivo da Emigración do Consello da Cultura de Galicia.
[1818] Información suministrada polo seu fillo.

En gravación citada do doutor Domínguez, a que non precisa engados.

7. A EMPRESA ZELTIA: COMEZO DA INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA INDUSTRIAL EN GALICIA A PARTIR DOS "CEREBROS" REPRESALIADOS

7.1 Antecedentes

Para situarnos nos comezos desta empresa temos que falar de nomes, á parte do contexto, unha vez máis: dos irmáns Fernández López (Antonio e José), do doutor Obella Vidal, dos irmáns Isla Couto e de Fernando Calvet.

Os irmáns Fernández estudiaran en Madrid na década dos 20: José (Barreiros, Sarria, Lugo 1904-1986) e Antonio (1906-1971), enxeñeiro de camiños. Próximos ó contorno dos círculos republicanos e galeguistas en Madrid –Penzol, Martínez López, Álvaro Gil, González López...-, fundamentalmente Antonio o que, segundo Luca de Tena, fora represaliado: "polo seu compromiso nacionalista e republicano (fóralle proibido, por exemplo, exercer coma enxeñeiro de camiños)..."[1819]; tamén cremos que tiñan algunha relación co "institucionismo", pois a súa irmá Conchita estaba aloxada na Residencia de Señoritas da rúa Fortuny ó principia-los anos 30[1820]. Seu irmán José era avogado Tiñan empresas relacionadas coa construcción e co gando, nos anos 30: posuían matadoiros en Mérida e no Porriño (Frigolouro), e unha granxa en Mos. Todo esto estaba estreitamente ligado coa actividade que tiña seu pai (Antón de Marcos), pois era exportador de gando en Sarria, tradición familiar que este herdara á súa vez do seu pai, que fixera cartos na emigración.

Os irmáns Fernández á morte do seu pai, tendo como base o negocio familiar, darían un paso adiante: na industria cárnica, explotando os matadoiros citados, e reconvertendo a casa familiar de Barreiros en moderna granxa agropecuaria na que levarían a cabo traballos de experimentación relativos á selección de gando e cría–mellora xenética de razas-; abríndose tamén ó campo vexetal: introducción de especies hortofrutícolas e selección de sementes. Segundo Antonio Montero, traballador en Zeltia nos anos 70 e 80, as empresas

[1819] *A Nosa Terra,* 13 de xaneiro de 2.000, p. 18.

dos Fernández antes da guerra funcionaban en íntima colaboración coa Misión Biolóxica instalada daquela en Pontevedra, de quen recibían asesoramento. Todas elas serían iniciativas innovadoras no sector agropecuario que contribuíron ó desenvolvemento galego tan ausente de empresas modernas naquel tempo, marcando unha impronta empresarial de novo tipo e que tería a súa continuidade con Zeltia, en 1939.

Ó pouco de comeza-la guerra as súas empresas cárnicas serían das principais abastecedoras de carne do exército franquista, e unha vez comezada a guerra mundial, algúns dos seus productos irían destinados á Alemaña nazi mediante a empresa de transportes por ferrocarril Transfesa (1943), para a que traballaba Álvaro Gil en postos de responsabilidade[1821].

Fernando Calvet, do que xa demos unhas breves notas biográficas, incorporaríase como director técnico dos Laboratorios Miguel Servet de Vigo (Instituto Bioquímico), no remate do curso 1935-36. Nun primeiro momento tería o cometido de organizar un laboratorio para estudiar métodos de conservación, análise e extracción do caruncho do centeo para obter alcaloides que se empregaban para fabrica-lo preparado Pan-Ergot, indicado para afeccións como a migraña e os glaucomas. O dono e director desta empresa farmacéutica era o doutor Obella Vidal, militante galeguista, asociado cun farmaceutico chamado Rubira. De seguido estouparía a rebelión militar. Calvet estaba en Suecia cunha bolsa da Fundación Rockefeller, e Obella axiña constituiría/rexistraría en Portugal (Porto) unha empresa co nome de Zeltia, en agosto de 1937, para a exportación do caruncho, na que traballaba Ramiro Isla Couto[1822]. Conseguira, entre outras, unha concesión para sementar plantas

[1820] Para entrar nalgún dos apéndices do "institucionismo" tiña que haber contactos previos ou algún aval de peso na rede. Por proximidade, presumimos que puideran ser amigos de Juan López Suárez, principal valedor dos galegos para entrar en calquera organismo "institucionista".
[1821] Tamén galeguista. Fora Presidente da Fronte Popular de Pontevedra; estivo no cárcere nos primeiros momentos da sublevación.
[1822] Segundo Xaime Isla Couto, un socio de Obella aportara a Franco unha importante suma de diñeiro o que lle valeu para librarse de persecución política. A militancia galeguista de Obella era manifestamente coñecida (en grav. a Xaime Isla Couto, Vigo, xaneiro de 2.001). Ramiro era tamén galeguista, estivera no cárcere pola súa actividade política ao principiar a guerra; aproveitando a amizade con Obella marchou a Portugal a traballar na actividade citada, xa comezada a guerra. Logo exiliaríase en varios países de América. Fora un dos deseñadores dos logotipos da primeira empresa: unhas espigas de trigo enriba do nome Zeltia, constando

medicinais na zona do Porriño, lugar onde os Fernández tiñan instaladas a maior parte das súas empresas.

Á parte da proximidade física da industria cárnica dos Fernández coa de Obella, a maiores de ter unha certa sintonía no terreo ideolóxico, non sen moitas contradiccións, debeu haber outros elementos para que os citados coincidiran na consecución dun proxecto empresarial, sen que se poidan precisar demasiado. Posiblemente Obella, con boas iniciativas no terreo da investigación con orientación industrial nun momento precario, economica e políticamente falando, logo de ter algunhas experiencias negativas, sen máis, vendeulle a idea ós Fernandez, ó tempo de introducir no trato a inclusión na nómina do persoal vencellado á súa persoa e á súa anterior empresa, tamén chamada Zeltia.

O caso é que: Calvet, na orde científico-técnico, José Fernández na comercial mercantil, coa axuda de Fidel Isla Couto –que anteriormente tamén traballara nos Laboratorios Miguel Servet dende o comezo da guerra-, e Obella no empresarial específico aportando ideas, serían as persoas claves no nacemento da iniciativa empresarial Zeltia.

A constitución da nova empresa Zeltia –sociedade mercantil anónima- terá lugar no Porriño o 3 de agosto de 1939. Á parte dos citados, agás Antonio directamente, no documento notarial de constitución aparecen tamén José Ruíz Gómez e Antonio Tato López en representación dos irmáns Fernández López: Antonio, Manuel e Concepción. O capital social sería de dous millóns de pesetas, e o domicilio social en Vigo[1823].

7.2 Zeltia: acubillo de represaliados[1824]

Un dos principais obxectivos da empresa nos primeiros momentos foi o acopio de xente que fora capaz de levar adiante os obxectivos que se trazaran

---

debaixo Portugal. Logo seu irmán Xaime tamén faría deseños para a empresa. O rexistro deste primeiro nome sería renovado en Portugal cada dez anos ata hoxe.

[1823] Os irmáns Fernández: Concepción, Antonio, José e Manuel, terían 200 accións cada un; Obella tamén 200, José Ruíz 25, Fernando Calvet 25 e Fidel Isla Couto 10 (en documento notarial de constitución facilitado por Antonio Montero).

a nivel científico con aplicación industrial. Estando no exilio exterior a maioría de investigadores ligados á docencia, trataron de "recuperar" a aqueles que quedaron en España e que naquel momento estaban apartados da súa actividade profesional e inhabilitados, e, nalgún caso, que aínda estaban cumprindo condenas. Pensamos que os consellos de Calvet e as súas relacións co mundo científico, neste sentido, serían fundamentais para que os irmáns Fernández, tamén "sensibles" co despilfarro científico e a inxustiza, abordaran nalgunha ocasión ó xeneral "gañador", segundo comentaban polos mentideiros porriñeses. José, que tiña acceso ós ministros e ó propio Franco, en certa oportunidade abordaría a este espetándolle que se o xefe do Estado necesitaba carne, el precisaba homes, e os homes que el necesitaba estaban no cárcere, entón, que se se dispoñía a liberalos podería contar con el. Dise que Franco vería nos Fernández ó prototipo de empresario galego honrado, con imaxe a imitar, a pesar de seren "sospeitosos". Con esta base de imaxinario popular, Franco deixaríalles facer.

Os nomes:

- Andrés León Maroto. Profesor do Instituto Escola de Madrid. Químico. Ampliou estudios de Química na "Ramsey Memorial Found", en Inglaterra, xunto ó Premio Nobel Robinson. Discípulo de Madinaveitia, especialista na investigación química dos productos naturais. Traballou no Instituto Rockefeller de Madrid. Foille encargado por Castillejo montar unha nova residencia na nova Cidade Universitaria de Madrid, a Fundación del Amo, sufragada coa doazón dun español residente en California. Tan só abriría uns meses por mor da guerra. Membro destacado do exilio interior, traballaría en Zeltia varios anos dende o comezo do funcionamento da empresa, despois de ser inhabilitado para a docencia. Realizou investigacións sobre as sulfamidas para preparados químicos cicatrizantes en pomadas, en colaboración con Cordón.
- Miguel Catalán Sañudo (Zaragoza, 1894-1957). Especialista en Física Atómica. Ampliou estudios en Francia, Alemaña, Dinamarca e Holanda, xunto cos

[1824] Tan só coñecemos outra empresa de similares características en España, trátase de IBYS, en Madrid, na que tamén traballarían un fato de científicos represaliados, algúns compartindo traballo en Zeltia como o caso de Catalán.

arquitectos que dirixiran a construcción do Instituto de Física e Química de Madrid, doado a España polo "International Education Board" fundado por Rockefeller. Discípulo de Blas Cabrera, era Catedrático de Estructura Atómica-molecular e Espectrografía da Facultade de Ciencias de Madrid. Antes fora profesor do Instituto Escola de Madrid; estivera estudiando espectrografía un ano en Alemaña, en 1924. Era xenro de Ramón Menéndez Pidal. Logo da guerra estivo traballando en Zeltia, despois de ser apartado da docencia. Comezaría o contacto cos irmáns Fernández asesorando ós matadoiros de Mérida. Logo traballaría para a empresa Zeltia, case sempre dende Madrid, agás nos veráns: saponificación do aceite de peixe, determinación do caroteno e vitamina A no sangue e valoración da sulfamida ..., serían algúns dos traballos que levara a cabo, á parte de deseñar maquinaria e cápsulas de xelatina para meter medicamentos. Neste tempo tamén impartía docencia no Colexio Estudio de Madrid, centro privado experimental que trataba de seguir cos métodos renovadores "institucionistas". Sería rehabilitado para a docencia na súa cátedra en 1946.

- Álvaro Gil Varela (Lugo, 1905-Madrid, 1980). Axudante de Montes da Deputación Provincial de Pontevedra. Ampliou estudios en Francia e Italia: técnica dos pastizais. Estivera aloxado en Madrid na Residencia e Estudiantes. Logo, en 1934, iría a Alemaña: Xenética Animal. Traballou e colaborou con Cruz Gallástegui. Durante a guerra sufriu cárcere polo seu vencello co galeguismo e a República; nese tempo ostentaría cargos políticos de relevancia dentro do Partido Galeguista chegando a formar parte do seu Secretariado Político, e a Presidente do Comité de Defensa da República en Pontevedra. En 1936 sería encarcerado, desposuído dos seus títulos entraría en contacto coa empresa Zeltia na que ocuparía cargos directivos, logo da guerra, e despois de pasar unha boa estancia no cárcere de San Simón durante a contenda.

- Faustino Cordón Bonet (Madrid,1909-1999). Farmacéutico. Estivo un tempo aloxado na Residencia de Estudiantes de Madrid. Ten abundante producción científica -inmunidade, enzimoterapia, coagulación sanguínea...-, e ensaios, fundamentalmente sobre evolucionismo. Militante comunista. Durante a guerra asumiu responsabilidades na fabricación de armamento e explosivos. Ó remate

estivo no cárcere e en campos de concentración. Traballou en Zeltia (1941) e en IBYS (1945). Na empresa porriñesa conseguiría a extracción de carotenos da cenoria e faría outros traballos de química extractiva do fígado de peixe, cristalización do ácido ascórbico a partir do zume de laranxa e as follas de lirio, e a obtención da vitamina D por irradiación do ergosterol. Considérase discípulo de Calvet, logo da súa estancia en Zeltia, que aproveitaría para facer a súa tese de doutoramento en base ó traballo que alí estaba a desenvolver: a identificación dun enzima inactivador da insulina. Máis adiante fundou en Madrid o Instituto de Biología Aplicada.

- Isidro Parga Pondal. Ás notas que del xa demos, engadiremos algunhas referencias sobre a importancia que tiveron os seus traballos e as súas actividades. Publicaría o Mapa Xelóxico de Galicia e logo os seus mapas provinciais; durante o seu retiro en Laxe organizou reunións científicas con xeólogos estranxeiros de sona. Mantivo un vencello estreito con universidades europeas colaborando en programas. Superaría a centea de publicacións. Tamén levaría a cabo un labor empresarial importante a través de Zeltia, en todo o tocante ás explotacións industriais do subsolo e os seus derivados. Sería o descubridor da caliza do Val do Mao (Sarria), subministradora das plantas e producción de cemento que a empresa tiña.

Tamén formarían parte da nómina de Zeltia, outros que, aínda sen ter tanta sona como os anteriores, tamén sufriran represión: José Pérez Ramírez, de Valencia, era químico e traballara de profesor no Instituto Escola de Madrid; Pastor Díaz Taladriz, tamén químico; Palacián, médico; Joaquín Novoa, fillo dun vello republicano de Vigo, a súa irmá que fora profesora do Instituto Escola de Madrid, estaba exiliada nos EE.UU.; os irmáns Blanco, un deles biólogo; Nicanor Ocampo de Redondela, veterinario, militante socialista. E Valentín Sobrini e Arcadio Arienza en postos de responsabilidade.

7.3 Liñas de investigación abertas nas empresas do grupo

Sería moi basta a lista de sectores e subsectores nos que a empresa Zeltia tivo unha intervención científico-industrial directa. O equipo investigador levaría a cabo nos laboratorios do Porriño complexas tarefas científicas se se

teñen en conta as condicións do momento nos seus inicios. A escasez de medios faría que os "sabios zélticos" sacasen de onde non había, aproveitando todos os recursos a man: obtención de substancias activas a partir das plantas medicinais para a extracción de productos farmacéuticos para a medicina veterinaria e humana; por medio do aproveitamento de subproductos a partir dos miúdos dos animais procedentes do matadoiro obterían: extractos hepáticos, aminoácidos, sales, insulinas..., máis adiante vacinas, pesticidas, insecticidas e funxicidas a base da obtención de principios activos a partir de: plantas medicinais, opoterápicos, e productos sintéticos. Cadansúa especialidade dentro das divisións nas que estaba dividida a empresa: médica, agroquímica, pesticida e veterinaria.

Un dos primeiros éxitos da empresa sería a obtención do insecticida DDT (Dicloro-Difenil-Tricloroetano), nos laboratorios da casa da man de Calvet (1942). Logo de salvar atrancos comerciais a empresa galega lanzaría o producto ó mercado español. A comercialización deste insecticida precisaría de caolín para diluilo. Para a busca de xacementos minerais e no asesoramento xeolóxico doutro sector: os cementos e derivados, xogaría un papel fundamental outro exdocente represaliado, Isidro Parga Pondal, o mellor coñecedor do subsolo galego, do que xa falamos.

O DDT sería comercializado como Insecticida ZZ o que aínda hoxe mantén unhas altas cotas de mercado. Entre os fármacos máis importantes que produciron están: a efedrina, a dixitalina, os extractos hepáticos, a foliculina, as insulinas, o purpuripán, con presentación de varias formas; e as vitaminas de todo tipo comercializadas baixo o nome de Zeltivit.

De seguida os resultados económicos multiplicáronse ano a ano, e axiña comezarían a cooperar coas multinacionais farmacéuticas máis importantes.

Dentro das empresas do grupo estaban, entre outras: Frilugo (1941), instalacións frigoríficas antecedente de FRIGSA (1951); COTASA, compañía de tratamentos de fumigación aéreos; venda de sementes ("Semillas Selectas"), na que traballou o galeguista Pousa Antelo finalizando os anos 50; Corcheras Extremeñas, GAMASA (prefabricados de formigón), Cementos Noroeste (1958) que logo incluiría Cementos Cosmos; concesións mineiras en Ciudad Real;

Titania, de exportación de wolframio da zona de Bergantiños; mina de litio en Vilatuxe, cuarcitas..., por citar algunhas das máis emblemáticas, ademais dos dous buques insignia: Antibióticos S.A.(1945) -en coparticipación con Abelló, IBYS, e outras-, e PESCANOVA (1960). E así ata a Pharma-Mar actual, herdeira da inicial Zeltia, da que abondosamente se fala e se escribe nos xornais no día de hoxe, tanto polos seus éxitos financeiros coma polas liñas de investigación abertas.

7.4 Investigación/Desenvolvemento en Zeltia

O primeiro convenio de colaboración que coñecemos entre universidade e industria é o que levara a cabo o doutor Negrín co Consorcio Almadrabeiro, para a obtención da vitamina A a partir do fígado do atún, nos anos 30 do pasado século[1825].

En Zeltia, aínda que non estaba formalmente constituído, xa funcionaba de facto un organismo de semellantes características, dende a súa segunda andaina, en 1939, pois a categoría dos exdocentes investigadores que tiña, e o "convenio" ó que chegaran coa empresa, conformaban as dúas partes precisas para acada-los obxectivos dun proxecto I+D, xuntas nun todo.

Mais tamén, en 1953, introducirían unha iniciativa novedosa neste terreo naquel tempo, ligando a empresa á institución universitaria santiaguesa. Crearían un Consello Asesor Científico que estaba formado por 9 dinámicos catedráticos da USC, das Facultades de Farmacia, Medicina e Ciencias: Villanueva, Charro, Ribas Marqués, González Carreró, Ramón Domínguez, Bayo, Serranillos e Pérez Villamil, dirixidos por Luís Iglesias. Bastantes deles con afinidades/simpatías co réxime derrubado que, como moitos traballadores de Zeltia, pasaran por diferentes procesos depurativos/represivos. Entre as súas iniciativas, comezaron a publicar unha revista científica co nome da empresa e un grupo de investigación co nome Suevia, aínda que este non cristalizara, sen que saibamos as razóns.

[1825] Os coñecementos bioquímicos de Negrín levárono a descubrir que nos atúns había unha concentración 10 veces superior á que había nos bacallaos. Chegando a un acordo cos industriais para a súa explotación (RODRÍGUEZ QUIROGA, 1994, 168).

Tamén imprimirían moitas follas divulgativas e pequenas publicacións con destino ós agricultores, case sempre en galego, de moderno deseño: calendarios, almanaques agrícolas... coa colaboración de Francisco Fernández del Riego nos textos, e Xoán Ledo e Xaime Isla nos deseños das tapas e nas ilustracións, moitas delas de contido arqueolóxico, como o seu logotipo: o trisquel, e outros motivos vexetais. Tamén, dende o ano 1941 editaban traballos científicos de autoría dos investigadores que traballaban na casa.

7.5 Outras actividades filantrópicas co "espirito" Zeltia

Á parte de exerce-lo mecenazgo con pintores novos, subvenciona-las editoriais como Galaxia, directa ou indirectamente, de Zeltia saíron cartos para a resistencia antifascista e outros proxectos políticos na clandestinidade.

A carón de onde nacera, na parroquia de Santa María de Ortoa, Antonio Fernández López decidiu crear unha escola axeitada ó medio rural, cun estilo de ensino diferente apartada do ensino memorístico imperante con fortes doses de pragmatismo e espírito renovador (POUSA ANTELO, 1988, 22 e 23), corría o ano 1946. Dirixida por Avelino Pousa Antelo, mestre galeguista, logo dun período de formación específico na Misión Biolóxica a carón de Cruz Gallástegui (NARCISO DE GABRIEL, 1989, 81); na Escola Agrícola da Granxa Barreiros tratarían de que os nenos coñecesen a realidade concreta espertando a curiosidade dos nenos polas cousas máis próximas, cun carácter aberto, e co obxectivo de mellora-la vida das xentes do medio rural, basado en centros de interese de disciplinas como: Agricultura e Gandeiría, Ciencias Naturais, Folklore, Alimentación... sustentados na praxe coa utilización de hortos experimentais. Complementarían o cadro docente os mellores técnicos galegos da rede de investigación agraria, de xeito esporádico, como: Rof Codina, Urquijo, Escauriaza...

O primeiro curso impartiuse no ano 1948 con notable éxito. Algúns dos alumnos que saíron desta experiencia logo traballarían na empresa Zeltia, como o caso do Capataz Agrícola Xusto Rodríguez López. Os bos resultados fixeron que o proxecto tivera un elo máis na cadea do ensino: os Cursiños de Formación Agropecuaria para Mestres do medio rural. Deste xeito poríanse a

andar, en colaboración coa Inspección Provincial de Lugo. Funcionarían ata os anos 70. Entre os colaboradores estaba o mestre Valentín Arias López, que fora formado na propia escola.

Derivada das experiencias anteriores, en 1969, xurdiría outra iniciativa relacionada co ensino e co agro, dentro do espírito da casa: a Cooperativa Escolar Rural de Lugo, por medio dela intentábase formar ós nenos no cooperativismo.

Por último, tamén no terreo pedagóxico, non queremos deixar pasar outra importante obra de Antonio Fernández: o Colexio Fingoi de Lugo. Comezaría arredor do ano 1950, moi en sintonía co ideario avanzado que Antonio tiña, levou a cabo a posta en marcha dun colexio con aires renovadores que aínda hoxe funciona baixo a dirección dunha filla súa. Neste colexio traballou Ricardo Carballo Calero, profesor represaliado apartado da docencia, e o poeta Bernardino Graña.

En síntese, uns empresarios modernos, con vista a longo prazo, diversificadores, con inquedanzas culturais e con sensibilidade social, que contribuíron ó desenvolvemento de Galicia... que cunda o exemplo.

BIBLIOGRAFÍA

BARONA VILAR, Josep Lluís (1990): "Juan Negrin..."; *Dynamis*, Valencia, xullo de 1990.

CARRO OTERO, Xosé (1998): *Materiais para unha historia da medicina galega*, Santiago, Ed. Xunta de Galicia.

CORES TRASMONTE, Baldomero (1989): *Ciencia e galeguidade na IIª República*, Santiago, Ed. Xunta de Galicia.

ESCRIGAS, C. (2001): "Zeltia, una pequeña fábrica nacida en Porriño en 1939 que ahora cotiza en Bolsa", *El Correo Gallego*, (17 de xuño de 2001).

GABRIEL, Narciso de (1989): *Agricultura e escola (contra a rutina e o éxodo rural)*, Santiago, Ed. USC.

GIRAL, Francisco (1994): *Ciencia española en el exilio (1939-1989)* , Barcelona, Ed. Anthropos.

GÓMEZ, Luís (2001): "Zeltia, la farmacia del mar", *El País*, (25 de febreiro de 2001).

GÓMEZ-SANTOS, Marino (1991): *Francisco Grande Covián*, Oviedo, Ed. Caja de Ahorros de Asturias.

GRANDÍO SEOANE (2001): *Vixiancia e represión na Galicia da guerra civil: O informe Brandariz (A Coruña, 1937)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

LÓPEZ VÁZQUEZ, Ramón (1994): *A filosofía krausista en Galicia*, Santiago, Ed. Xunta de Galicia.

LUCA DE TENA, Gustavo (2001): "Faustino Cordón..."; *A Nosa Terra*, (13 de xaneiro de 2000).

MÁIZ ELEIZEGUI, Luis (1964): *Historia de la Enseñanza de la Farmacia en Santiago*, Santiago, Ed. Facultade de Farmacia.

MEMORIA correspondiente a los cursos 1922-3 y 1923-4, (e posteriores ata 1935) Ed. Junta para la Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas, Madrid, 1925-1935.

PARGA PONDAL, Isidro (1958): *El conocimiento geológico de Galicia*, Buenos Aires, Ed. Citania.

PÉREZ BUSTAMANTE e GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ (1995): *La Universidad de Santiago (el pasado y el presente)* [Ed. Univ. de Santiago (Publ. do "Instituto de Estudios Regionales")] Sada-A Coruña, Ed. facsimilar de Ediciós do Castro.

PORTO UCHA, Ángel S. (1986): *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

POUSA ANTELO, Avelino (1988): *A Escola Agrícola da Granxa Barreiros (Sarria-Lugo)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

RODRÍGUEZ QUIROGA, Alfredo: "Juan Negrín López (1892-1956). Su obra científica y Universitaria", *Asclepio*, Vol. XLVI-1-1994, páxs. 157-176.

SAMARTÍN CORNES, Mari Carmen (1982): *Museo de Historia Natural "Luís Iglesias"*, Santiago, Ed. USC.

SÁNCHEZ RON, José Manuel (1999): *Cincel, martillo y piedra*, Madrid, Ed. Taurus.

SOUTO BLANCO, Mª Jesús (1996): "A Universidade de Santiago 1857-1936", *Revista Galega do Ensino* nº 11, (maio 1996), páxs.123-184.

VARELA, Isaura (1989): *La Universidad de Santiago 1900-1936*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

VV.AA. (2000): "Grandes empresas, Grandes historias", *La Voz de Galicia*. Entrega en varias datas de 2000.

VV.AA. (1996): *Juan Martín Sauras, andorrano ejemplar, conmemoración de un centenario*; Zaragoza.

VV.AA (1993): *Diccionario histórico das ciencias e das técnicas de Galicia. Autores, 1868-1936*. Publ. do Seminario de Estudos Galegos, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

VÁZQUEZ-QUEVEDO, Francisco (1994): *La Cirugía en España*, Barcelona, Ed. Iatros/Beecham.

VIEITES TORREIRO, Dolores (2.000): *Manuel Maroño Calvo, MAROÑO (o boô)*', traballo inédito. Premio Fundación Luís Tilve 2.000.

FONTES PRIMARIAS

Libros 3º (1919-1941) e 4º (1942-1954) "Registro de títulos Administrativos de Catedráticos y empleados de la Universidad de Santiago de Compostela". Vicerrectorado de Profesores USC.
"Registro de actas de las sesiones de la Facultad de Medicina". 1917-1929 e 1930-1943. AHUS (A-966 e A-967).
Fondo López Suárez (AHUS).
Arquivo da JAE (Residencia de Estudiantes, Madrid)
Arquivo da Emigración do Consello da Cultura de Galicia.

ENTREVISTAS

Profesor Ramón Domínguez (Santiago, febreiro de 2.001).
Xaime Isla Couto (Vigo, xaneiro de 2.001).
Antonio Montero (Santiago, febreiro de 2.001).

EXILIO E REPRESIÓN NO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Alfonso Mato
Instituto Galego de Información

"No seu sentido máis rigoroso a
modernidade só se produce no noso país
durante os dez anos que precederon á
guerra".
-J. García Hortelano-

O texto desta comunicación está baseado, ó igual que o meu libro sobre o Seminario de Estudos Galegos (SEG)[1826], nos restos dos fondos documentais da institución que quedaron depositados na sede do Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento" do CSIC, en Santiago de Compostela, dende a súa inauguración en setembro de 1946. A excepción non é máis ca un pequeno feixe de documentos relacionados co Seminario, na súa maioría copias, que se gardan no Instituto Galego de Información, a cativa bibliografía existente sobre o SEG –a mellor, con moito, da autoría dalgúns dos que foron membros da institución-, a irregular sobre a guerra civil en Galicia e algunha prensa da época que se volveu editar nos últimos vinte anos (*Nós*, *A Nosa Terra*, *Galicia*, *Logos*, etc.).

Como xa dixen na introducción do libro sobre o Seminario, os fondos documentais que se conservan no Instituto Sarmiento, ademais de representar só unha pequena parte dos que pertenceron ó SEG, non son moi ricos en información. Podería falar, por poñer algúns exemplos que afectan directamente ó tema desta comunicación, da falta do Libro Rexistro de socios protectores, do incompleto Libro Rexistro de socios activos ou da cativa información que subministra a documentación conservada sobre as distintas

[1826] Mato, Alfonso (2001): *O Seminario de Estudos Galegos*, iSada – A Coruña, Ediciós do Castro.

actividades da institución nos seus últimos anos de existencia e sobre a súa incautación polas autoridades franquistas. Así as cousas, non pode extrañar que o texto desta comunicación presente importantes carencias, que só poderán ser resoltas por posteriores investigacións.

1. O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

O SEG foi unha institución científico-cultural ligada á Universidade compostelá, que durante os seus trece anos de vida baseouse, sobre todo, no labor de profesores e alumnos universitarios, dos mellores intelectuais do galeguismo e dos distintos cenáculos da erudición local. Como mostran as súas publicacións, centrou a maior parte das súas actividades nas seccións de Historia, Prehistoria, Arqueoloxía e Historia da Arte e Etnografía e Folclore. De feito, o SEG foi a única institución que levou a cabo dun xeito continuado en Galicia investigacións nas disciplinas citadas, colaborando, ademais, coas institucións científico-culturais máis renovadoras da España do momento. Dalgunha maneira, o Seminario encheu o baleiro investigador naquelas materias que non podía cubrir a Universidade (a parte das citadas, tamén nas relativas á sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas, aínda que con escasa producción), e intentou, dende o Instituto de Estudios Regionales (Consultorio de Plagas do Campo e Laboratorios de Xeoquímica e Bromatoloxía), enfocar algunhas disciplinas da rama de Ciencias cara ás necesidades da sociedade galega.

Un dos labores mais salientables do Seminario foron as xeiras de estudios monográficos e interdisciplinares realizados en equipo sobre comarcas e parroquias galegas –semella que os primeiros en Europa-, que supuxeron un gran adianto fronte ó excursionismo cultural dos eruditos, que respondía, en boa parte dos casos, máis a unha cuestión de curiosidade, gusto ou afección cá unha sólida formación científica. Tamén hai que destacar os estudios realizados no campo do Folclore, con eloxios de especialistas alemáns e portugueses na disciplina, e da Prehistoria, que foi a materia que máis avances (en teorías, hipóteses e interpretacións que deran sentido ás aporcados empíricas) acadou

na historiografía española da época, gracias ás influencias estranxeiras e ó labor da Junta para Ampliación de Estudios.

Sen entrar a valorar a contribución en materias que descoñezo, como as das seccións de Ciencias, Filoloxía, Historia da Literatura e Arte e Letras, si podo dicir que en Historia e Historia da Arte o Seminario non foi moito máis alá, nin en metodoloxía, nin en temática, das prácticas desenvolvidas polos mellores eruditos profesionais galegos de finais do século XIX e principios do XX: catalogación, descrición e documentación do patrimonio artístico, catalogación e publicación de fontes, e elaboración de estudios monográficos centrados, sobre todo, nas idades media ou moderna, ou en disciplinas como a Heráldica, a Numismática ou a Epigrafía. Ben é certo que na Facultade de Filosofía e Letras compostelá, onde se formaron moitos dos socios do SEG e exerceron incluso como profesores, as investigacións historiográficas semella que eran parecidas, alomenos se xulgamos polos artigos que se publicaron no Boletín da Universidade.

Citar tamén, por último, aquelas actividades, renovadoras na Galicia da época, que o Seminario non puido desenvolver ou continuar por falta de tempo, como a publicación dos manuais de divulgación da cultura galega, a posta en marcha do Patronato da Escola Rural Galega, os cursillos interdisciplinares de Extensión Escolar ou o Instituto de Estudios Regionales[1827].

Pódese dicir que o Seminario de Estudos Galegos foi unha institución cinguida á árbore xenealóxica que iniciou en 1876 a Institución Libre de Enseñanza e que inspirou as mellores empresas culturais da España do primeiro tercio do século XX, como a Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (1907), o Institut d'Estudis Catalans (1907) ou a Residencia de Estudiantes (1910). Non creo equivocarme se afirmo que, de xeito parello ás institucións citadas, o Seminario axudou á formación dunha elite cultural que, de non ser pola creba de xullo de 1936, semella que estaba destinada a xogar un papel importante na Galicia.

2. A INCAUTACIÓN DO SEMINARIO.

Pouco é o que sabemos sobre o proceso de incautación do Seminario polas autoridades franquistas. A única información sobre o tema son os informes e a correspondencia do secretario xeral do SEG, o crego Xesús Carro, documentación que empregou en parte Isaac Díaz Pardo na súa obra Galicia hoy y el resto del mundo e que está recollida nun dos apéndices do meu libro sobre a institución[1828].

Segundo Carro, o proceso de acoso contra o Seminario iniciouse no outono de 1936, con dúas denuncias dun catedrático da Facultade de Farmacia que non chegaron a prosperar, nas que solicitaba que se desalosaxe ó SEG da súa sede de Fonseca. O 9 de abril de 1940, o rector da Universidade de Santiago, Carlos Ruiz del Castillo, nunha xuntanza con algúns directivos e membros do Seminario, comunícalles que este atópase fóra da lei por incumprimento do seu Regulamento e proponlles, como única solución para salvar a institución e as súas instalacións en Fonseca, que esta se incorpore á Universidade, pois a solicitude de volver a poñer en marcha o Seminario seríalles denegada. Os representantes do SEG aceptan confiados a proposta do rector, aínda que á saída da xuntanza un escéptico Otero Pedrayo sentenciase: "poden botarlle un responso". Non lle faltaba razón: o 19 de xuño de 1940, o bibliotecario da Universidade comunícalle a Carro unha resolución do director xeral de Ensino Medio e Superior do 25 de maio, pola cal a Biblioteca e os demais fondos do Seminario deben pasar a formar parte da Biblioteca Universitaria. Nos meses seguintes, Carro intenta salvar a institución, mais o 18 de xuño de 1941, o Rector comunícalle que, disolto o Seminario, tódolos seus bens deben pasar a Universidade, tal e como dispón o artigo 27 do seu Regulamento. A entrega das chaves tivo lugar no outono. O 31 de decembro trasladáronse os libros ó local da Biblioteca América, en cestas e nun carricoche tirado por un cabalo. A finais de 1942 ou principios de 1943, co gallo da celebración dun Congreso da Falanxe feminina no Salón Artesonado de Fonseca, os fondos das coleccións etnográfica e arqueolóxica do SEG que alí

[1827] Ibidem, páxs. 99-116.
[1828] Ibidem, páxs. 293-335 e Díaz Pardo, Isaac (1997): *Galicia hoy y el resto del mundo*, Sada – A Coruña, Ediciós do Castro

estaban instalados, foron arrinconados nun cuarto trasteiro do edificio. Parte destes fondos, así como da Biblioteca, serían incorporados máis tarde ó Instituto Padre Sarmiento, versión franquista e descafeinada do Seminario creada en 1943 e no que participarían con máis ou menos entusiasmo algúns destacados socios da vella institución.

No debate que tivo lugar nunha das últimas sesión que celebrou o Seminario, a Xuntanza extraordinaria do 30 de maio de 1936 na que se elixiu a Otero Pedrayo como Presidente, logo de ter renunciado Luís Iglesias ó cargo a causa do seu nomeamento como Rector da Universidade compostelá, Sebastián González García-Paz, que era membro do Consello Director do SEG, ademais de profesor na Facultade de Letras e concelleiro galeguista no Axuntamento compostelán, dixo que, desgraciadamente, había persoas que coidaban que o SEG era un centro separatista[1829]. O certo é que, aínda que o Seminario non era unha asociación política, distinguiuse dende os inicios por levar adiante unha práctica científico-cultural moi ligada ó galeguismo, un galeguismo como o das Irmandades da Fala, no que convivían personaxes de ideoloxía conservadora como Salvador Cabeza de León, xunto a republicanos de centroesquerda como Antón Villar Ponte. Pero é que, ademais, o Seminario elaborou o primeiro Anteproyeito de Estatuto da Galiza, en 1931, e un bo número dos seus socios activos e protectores militaban no Partido Galeguista –algúns deles, como Castelao e Sebastián González García-Paz, exercían cargos na dirección do PG e do SEG-, que dende a súa cuarta asemblea (abril de 1935) virara a súa política cara o centroesquerda e logo rematara por integrarse na coalición partidaria da Fronte Popular, que tiña, entre os seus puntos programáticos, o apoio á Autonomía de Galicia[1830]. Non era, pois, de extrañar

[1829] Vid. Borrador da Acta da sesión do SEG do 30-V-1936. 6 folios manuscritos. Fondos documentais do SEG no Instituto Padre Sarmiento.

[1830] A partir das páxinas do semanario *A Nosa Terra*, dos anos 1931 a 1936, e da bibliografía existente sobre a guerra civil en Galicia, teño contabilizados sobre un centenar de socios activos e protectores do Seminario que militaban no Partido Galeguista, algo máis de media ducia nas Dereitas Galeguistas, sobre unha ducia en Unión Nacional Republicana, Partido Radical Socialista e, sobre todo, Izquierda Republicana, e algún que outro no PSOE e na UXT. Só atopei a dous socios protectores que militaban en partidos de dereitas enemigos da República, Felipe Gil Casares e José Sabucedo Morales, deputados, respectivamente, da CEDA e de Renovación Española polas provincias da Coruña (1936) e Ourense (1936).

que dende os sectores da dereita inimigos da República se identificase ó Seminario como centro galeguista ou separatista –naquel tempo palabras sinónimas para as dereitas-, e así aparece na ficha dun socio protector do SEG, Basilio Fernández Barbazán, elaborada durante os anos da guerra pola Delegación de Orden Pública: "... fue colaborador de un seminario galleguista, así como marxista. Peligroso"[1831]. Outro mostra da identificación do Seminario co galeguismo/separatismo é a que conta Xesús Carro en dúas cartas a Xosé Ramón e Fernández Oxea, nas que lle comenta algúns feitos protagonizados polo que fora catedrático de Historia na Universidade de Santiago, o tradicionalista e afervoado antigaleguista Carmelo Viñas Mei, que a partir da sublevación de xullo de 1936 pasaría a formar parte do grupo de catedráticos máis fieis ó réxime franquista[1832]. Conta Carro como Viñas Mei suspendeu nunha oposición a Alfonso Vázquez Martínez, alegando que no político fora do Seminario; ou como, en varias conferencias que dictou en Madrid, se pronunciou contra o SEG e os seus membros, cualificándoos de perigosísimos.

Cando ó remate da guerra civil as autoridades do novo réxime, prohibiron e incautaron o Seminario foi porque o identificaron co galeguismo, coa autonomía e coa República. De aí que permitiran a integración dalgúns dos socios do SEG nas novas institucións científicas e culturais, mais non a posta en marcha da vella institución, nin tan sequera baixo o ridículo nome, proposto polo sacerdote Xesús Carro, de "Seminario del Noroeste de España"[1833].

[1831] Vid. Fernández Santander, Carlos (2000): *Alzamiento y guerra civil en Galicia (1936-1939)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, T. I, páx. 551.

[1832] As cartas de Carro a Xosé Ramón e Fernández Oxea, de (29-11-1941) e (17-12-1942), en Mato, Alfonso (2001): *O Seminario de estudos gaegos...,* op. cit., páxs. 330 e 332, respectivamente. Sobre algunhas das andanzas de Carmelo Viñas Mei na Universidade compostelán, vid.: Capelán, Antón (1994): *Contra a Casa da Troia*, Santiago, Ed. Laiovento; e Mato, Alfonso: "Limiar", en Pérez Bustamante, C. e González García-Paz, S. (1995): *La Universidad de Santiago (el pasado y el presente)*, Sada–A Coruña, Ediciós do Castro. Algúns datos sobre á carreira deViñas Mei como catedrático no franquismo, en Pasamar Alzuria, Gonzalo (1991): *Historiografía e ideología en la postguerra española: la ruptura de la tradición liberal*. Universidad de Zaragoza

[1833] Vid. [Memoria solicitando permiso ás institucións públicas para que o Seminario de Estudos Galegos poda reanudar as súas actividades]. Santiago de Compostela, (14 de xullo de 1941). 5 folios mecanuscritos. En Mato, Alfonso (2001): *O seminario de studos galegos...,* op. cit., páxs. 294-302,. 326-335

3. A REPRESIÓN SOBRE OS SOCIOS E COLABORADORES DO SEG

Dun total de 215 socios activos e 527 protectores que listei da documentación que consultei sobre o Seminario, teño contabilizados ata o momento 85 que sufriron diversas formas de represión a partir da sublevación militar de xullo de 1936: 17 asasinados, 31 exiliados e 37 expedientados e/ou sancionados. A maior parte destes 85 socios e colaboradores eran protectores –os que pagaban unha cota anual-, e só menos da metade tiñan realizado algunha actividade no SEG. Os máis significativos en xullo de 1936, ben pola súa actividade e/ou ben polos cargos que exercían na institución, eran moi poucos, pero moi sobranceiros: Ánxel Casal (impresor da maioría das publicacións do Seminario), Juan López Durá (director da sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas), Alfonso Rodríguez Castelao (director da sección de Arte e Literatura), Sebastián González García-Paz (secretario de Actas), Ramón Martínez López (conselleiro permanente), Lois Tobío Fernández (conselleiro permanente), Fermín Bouza Brey (conselleiro permanente), Antón Fraguas (bibliotecario), Manuel Gómez Román (director da sección de Ciencias Aplicadas), Ramón Otero Pedrayo (Presidente) e Isidro Parga Pondal (director do Laboratorio de Xeoquímica). Destes, o primeiro foi asasinado, os cinco seguintes exiliáronse e os cinco últimos sufriron distintas sancións.

A pesar de ser certas as acusacións de galeguismo/separatismo que os sublevados en xullo de 1936 lanzaron contra o Seminario, non creo que se poda afirmar que os 85 citados foran represaliados só por ser socios da institución, máis aínda se temos en conta, como xa dixen, que só unha minoría deles tiña relevancia no SEG. Ademais, se analizamos as actividades desenvolvidas polos represaliados pouco antes do inicio da guerra civil –a información que puiden atopar está recollida no listado que pecha esta comunicación-, vemos que máis da metade militaban nas forzas políticas que subscribiran o pacto da Fronte Popular (27 no Partido Galeguista e 7 en Izquierda Republicana, por citar as cifras máis significativas), e boa parte deles exercían cargos directivos nos seus partidos e/ou eran ou foran concelleiros ou deputados. Diante desta información, non semella aventurado supoñer que gran parte dos 85 sufriron

represalias máis ben pola súa maior ou menor significación como políticos, que pola súa condición de socios do Seminario.

Quixera rematar esta comunicación dando conta da proposta de organizar o Seminario no exilio, que lle fixo Sebastián González García-Paz a Castelao en 1939. Así llo di Castelao nunha carta a Rodolfo Prada (Nova York, 2-XI-1939): "... neste senso escribeume Sebastián González dende Puerto Rico instigándome para que en América se organice o Seminario de Estudos Galegos xa que en Galiza está morto e intervido"[1834]. Sabemos que a proposta –que nunca se levou a cabo-, foi asumida polos galeguistas de Bos Aires e que Castelao sempre a tivo en mente, ata o punto de facer imprentar a súa derradeira obra sobre *As cruces de pedra na Galicia*, co selo do Seminario[1835]. Pola súa parte, Sebastián González, profesor e decano da Facultade de Humanidades de Porto Rico a quen Castelao consideraba como o home idóneo para organizar o Seminario no exilio[1836], rematou fundando na Universidade da illa, quizáis por nostalxia e/ou homenaxe, o Centro de Ampliación de Estudios e o Seminario de Estudios de Porto Rico, institucións con nomes semellantes ás que funcionaron en España e Galicia durante esa década anterior á guerra civil na que, segundo o aserto de J. García Hortelano que encabeza este texto, produciuse por primeira e ¿única? Vez no noso país a modernidade.

3.1 Socios e colaboradores do seg asasinados, exiliados e represaliados[1837].

Na relación que se expón a continuación, os nomes dos socios e colaboradores do SEG represaliados acompáñanse dos seguintes datos: lugar, data de nacemento e morte, actividade profesional, cargos públicos e militancia política. Por último, sinálase a súa relación co Seminario como socio fundador, activo, colaborador e/ou protector, e/ou como membro da Administración ou da Xunta Directiva. Os datos refírense, sobre todo, ós meses anteriores á sublevación militar de 1936.

[1834] Castelao, Alfonso (2000): *Correspondencia*, Vigo, Ed. Galaxia, páx. 320
[1835] Vid. carta ós irmáns de Bos Aires (Nova York, 11-XII-1939) e carta ós galeguistas do interior (Bos Aires, 31-XII-1945), en ibidem, páxs. 322-328 e 553-557, respectivamente.
[1836] Así o dice na citada carta ós irmáns de Bos Aires, ibidem, páxs. 322-328

Esta relación foi elaborada a partir dunha inicial da autoría de Isaac Díaz Pardo (folleto da exposición "O Seminario de Estudos Galegos", Galería Sargadelos de Santiago de Compostela, marzo/abril, 1998), e dos datos tirados das seguintes publicacións: *Gran Enciclopedia Gallega*; Isaura Varela, *La Universidad de Santiago de Compostela durante la guerra civil (1936-1939),* (Valencia, s.a.); Luis Lamela, *Inmolados gallegos* (Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1993); Luis Lamela, *Estampas de injusticia* (Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1998); Mª Jesús Souto Blanco, *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)* (Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1998); Mª Jesús Souto Blanco, *Los apoyos al régimen franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)* (Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1999); Alfonso Santos Alfonso, *La sublevación militar de 1936 en Lugo* (Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1999); Carlos Fernández Santander, *Alzamiento y guerra civil en Galicia (1936-1939)* (Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 2000. 2 vol.); Xulio Pardo de Neyra, *Lugo: cultura e República* (Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 2001).

3.1.1 Asasinados

- Álvarez Limeses, Xerardo (Pontevedra, 1871-1940). Escritor. Activo e Protector.
- Bóveda Iglesias, Alexandre (Ourense, 1903; Pontevedra, 1936). Secretario de Organización do Partido Galeguista. Activo e Protector.
- Casal Gosenge, Ánxel (A Coruña, 1895; Cacheiras, Teo, 1936). Director da Editorial Nós, alcalde de Santiago de Compostela e vicepresidente da Deputación da Coruña. Principal impresor das publicacións do SEG. Colaborador.
- Casas Rey, Víctor (A Coruña, 1900; Pontevedra, 1936). Xornalista, director de *A Nosa Terra* e dirixente do Partido Galeguista. Protector.

[1837] Neste último apartado tamén tería sitio gran parte dos exiliados e asasinados, que foron detidos, expedientados, sancionados e sufriron a incautación dos seus bens.

- Díaz Baliño, Camilo (Ferrol, 1889; Saa, Palas de Rei, 1936). Pintor, muralista e escenógrafo. Delineante do Concello de Santiago de Compostela. Activo.
- Díaz y Díaz Villamil, José María. Deputado de Izquierda Republicana pola provincia de Lugo, presidente provincial da citada forza política e gobernador en funcións da provincia lucense nos inicios da sublevación militar contra a República. Protector.
- Forneiro Barandela, Isaac. Empregado de Banca. Activo e Protector.
- Fraga Orosa, Ángel. Mestre, concelleiro do Axuntamento de Viveiro e membro da dirección da UGT da citada vila. Protector.
- Fuentes Canal, Manuel. Natural de Verín. Empregado do Banco Hispanoamericano en Ourense e colaborador da Revista *Nós*. Activo.
- López Otero, Avelino. Xornalista, fundador da Organización Republicana Lucense e membro da loxia masónica "Lucus nº 5" e do Comité de propaganda pro-Estatuto de Galicia de Lugo. Protector.
- López Teijeiro, Modesto (Ourense, 1910; Lampaza, Riós, 1937). Colaborador da Revista *Nós*. Activo e Protector.
- Noguerol Buján, Arturo (Ourense, 1880; estrada A Coruña-Ferrol, 1936). Fundador da Revista *Nós*, escritor, avogado e funcionario do Concello de Serantes. Protector.
- Pérez Prieto, Claudio. Farmacéutico e membro da dirección do Partido Galeguista en Ribadeo. Protector.
- Santiago, Jacinto (¿?; Vilariñofrío, Montederramo, 1936). Profesor da Escola Normal de Ourense, director do xornal *La República* e membro do Partido Radical-Socialista. Protector.
- Suárez Picallo, Juan Antonio (¿?; Sada, 1936). Membro do Partido Galeguista. Presidente do Ateneo de Cultura Política e Social de Sada. Protector.
- Toba Fernández, Xosé. Mestre, fundador da Asociación Vanguardia Pedagóxica e do Boletín do mesmo nome (A Coruña, 1934-1936). ¿Tratarase do tamén concelleiro galeguista no Axuntamento de Santiago de Compostela?. Activo e Protector.

- Zbarsky Geller, Abraham (Rusia, ¿?; Pontevedra, 1936). Dentista. Membro do PSOE. Protector.

3.1.2. Mortos no exilio

- Alonso Ríos, Antón (Campo Rapado, Silleda, 1887; Bos Aires, 1980). Deputado dos Agrarios de esquerda pola provincia de Pontevedra. Protector.
- Álvarez Gallego, Xerardo (Pontevedra, 1899; Miami, 1986). Avogado, xornalista, escritor e secretario de propaganda do Partido Galeguista en 1935. Protector.
- Couceiro Corral, Pedro (A Coruña, ¿?). Químico. Profesor auxiliar de Química Orgánica na Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago. Protector.
- Delgado Gurriarán, Florencio (Vilamartín de Valdeorras, 1903; México, 1987). Escritor e membro do Partido Galeguista. Protector.
- Fernández Cancio, Constantino (Ribadeo, ¿?). Propietario dun cine en Ribadeo. Protector.
- Fernández-Osorio Tafall, Bibiano (Pontevedra, 1903; México, 1991). Secretario da Misión Biolóxica, catedrático de Bioloxía do Instituto López de Vega de Madrid, deputado a Cortes por Izquierda Republicana e subsecretario de Gobernación. Colaborador e Protector.
- González del Valle, Juan (A Coruña, ¿?; campo de concentración alemán de Mauthausen, 1941). Escritor e catedrático de Literatura de Instituto. Protector.
- López Durá, Juan (A Habana, 1910; México, 1973). Profesor auxiliar de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela e concelleiro galeguista no Axuntamento compostelán. Activo, protector e director da Sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas.
- Madariaga Rojo, Salvador de (A Coruña, 1886; Locarno, Suiza, 1978). Escritor, político e diplomático, fora deputado da ORGA pola Coruña en 1931 e ministro de Instrucción Pública e Xustiza en 1934. Protector.

- Maquieira Fernández, Xaquín. Farmacéutico en Pontevedra. Activo e Protector.
- Mosquera Brea, Manuel. Avogado e ex-alcalde de O Pino (A Coruña). Protector.
- Núñez Búa, Xosé (Ourense, 1903; La Plata, 1981). Mestre, avogado, xornalista e membro do Partido Galeguista. Vicepresidente da Deputación de Pontevedra en 1936. Activo e Protector.
- Otero Espasandín, José (Santa Olaia de Castro, Cercedo, 1900; Washington, 1987). Escritor e mestre. Protector.
- Pla Fernández, Xoán Xosé (Viveiro, 1906; ¿?). Membro do Partido Galeguista. Protector.
- Portela Valladares, Manuel (Pontevedra, 1869; Vandol, Francia, 1952). Político e propietario do xornal vigués "El Pueblo Gallego". Foi presidente do Consello de Ministros en decembro de 1935 e deputado da coalición de Centro pola provincia de Pontevedra en 1936. Activo e Protector.
- Rodríguez Castelao, Alfonso (Rianxo, 1886; Bos Aires, 1950). Escritor, artista e deputado do Partido Galeguista pola provincia de Pontevedra. Activo, protector e director da Sección de Arte e Literatura.
- Rodríguez Elías, Avelino (Afife, Portugal, 1872; Paraguai, 1958). Escritor e xornalista. Activo e Protector.
- Velo Mosquera, Xosé (Celanova, 1916; Sao Paulo, Brasil, 1972). Escritor e secretario xeral das Mocedades Galeguistas. Protector.
- Villaverde Rey, Elpidio (Vilagarcía de Arousa, 1887; Bos Aires, 1962). Alcalde de Vilagarcía e deputado de Izquierda Republicana pola provincia de Pontevedra. Protector.
- Villaverde Rey, Luis. Escritor. Protector.

3.1.3. Exiliados que regresaron

- Bal y Gay, Xesús (Lugo, 1905;). Musicólogo. Activo e Protector.

- Casas Blanco, Álvaro de las (Ourense, 1901; Barcelona, 1950). Escritor, profesor e director do Instituto de Noia. Fundador da agrupación estudiantil galeguista dos "Ultreyas". Activo e Protector.
- Dieste, Rafael (Rianxo, 1899; Santiago de Compostela, 1981). Escritor. Activo.
- Gómez Paratcha, Laureano (Vilagarcía de Arousa, ¿?). Médico e membro de Izquierda Republicana. Protector.
- González García-Paz, Sebastián (Pontevedra, 1908-1967). Profesor da Facultade de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela e concelleiro do Partido Galeguista no Axuntamento compostelán. Activo, protector e secretario de Actas.
- Isla Couto, Ramiro. Escritor. Protector.
- López Pol, Raimundo (Santiago de Compostela, 1877-1957). Comerciante e alcalde pola ORGA de Santiago de Compostela nos inicios da II República. Como tal, convocou a primeira Asemblea pro-Estatuto de Galicia de concellos galegos. En xuño de 1935 era concelleiro en Santiago por Unión Nacional Republicana. En 1936 militaba no centrismo republicano. Protector.
- Martínez López, Ramón (Boiro, 1907; Santiago de Compostela, 1989). Profesor do Instituto Español de Lisboa e membro do Partido Galeguista. Fundador, activo, protector e conselleiro permanente.
- Seoane López, Luis (Bos Aires, 1910; A Coruña, 1979). Avogado, debuxante e pintor. Membro do Partido Galeguista. Protector.
- Tobío Fernández, Lois (Viveiro, 1906). Diplomático e membro do Partido Galeguista. Fundador, activo, protector e conselleiro permanente.
- Varela Vázquez, Jesús (Lorenzo Varela) (A Habana, 1917; Madrid, 1978). Escritor. Membro do Partido Comunista. Protector.

3.1.4. Detidos, expedientados e/ou sancionados

- Bouza Brey, Fermín (Ponteareas, 1901; Santiago de Compostela, 1973). Escritor, erudito e xuíz na Estrada. Fundador, Activo, protector e secretario xeral.
- Bouza Brey, Luis. Activo e Protector.
- Brañas Cancelo, Juan. Profesor auxiliar de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela. Concelleiro galeguista no Axuntamento compostelán. Protector.
- Calvet y Prats, Fernando. Catedrática de Química na Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela. Protector.
- Carballo Calero, Ricardo (Ferrol, 1910; Santiago de Compostela, 1990). Funcionario do Concello de Ferrol e membro do Partido Galeguista. Activo, protector e conselleiro permanente.
- Castro del Río, Plácido Ramón (Cee, 1902; Cambados, 1967). Escritor, xornalista e membro do Partido Galeguista. Protector.
- Charro Arias, Aniceto (Vigo, 1903). Catedrático de Técnica Física e Análise Químico na Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela. Colaborador e Protector.
- Fernández Barbazán, Basilio. Perito agrícola en Noia. Protector.
- Fernández del Riego, Francisco (Vilanova de Lourenzá, 1913). Profesor da Universidade de Santiago de Compostela e membro do Partido Galeguista. Activo e Protector.
- Ferro Couselo, Xesús (Louro-Cordeiro, Valga, 1906; Ourense, 1975). Profesor no Instituto de Tui. Membro do Partido Galeguista. Activo e Protector.
- Fraguas Fraguas, Antón (Loureiro, Cotobade, 1905; Santiago de Compostela, 1999). Profesor no Instituto da Estrada. Activo, protector e bibliotecario.
- García López, José. Empregado de comercio e concelleiro da Unión Republicana en Lugo. Protector.
- García Vidal, Xosé (Carballedo, Cotabade, 1885; Pontevedra, 1969). Asesor xurídico da Deputación de Pontevedra e membro da Dereita Galeguista. Activo.

- Gil Varela, Álvaro (Lugo, 1905; Madrid, 1980). Enxeñeiro Técnico de Montes e membro do Partido Galeguista. Protector.
- Gómez Román, Manuel (Vigo, 1875-1963). Arquitecto e secretario xeral do Partido Galeguista en 1935. Activo e director da Sección de Ciencias Aplicadas.
- González Pastoriza, Roberto (Moaña, 1898; ¿?). Avogado e membro de Izquierda Republicana. Protector.
- López Abente, Gonzalo (Muxía, 1878-1963). Escritor, empregado do Banco Pastor na Coruña e avogado. Activo.
- López Pardo, Ricardo. Médico e membro da directiva do PSOE en Lugo. Protector.
- López Pol, Raimundo. Vid. *supra*.
- Maside, Carlos (Requeixo, Pontecesures, 1897; Santiago de Compostela, 1958). Pintor e profesor de Debuxo no Instituto de Noia. Protector.
- Otero Pedrayo, Ramón (Ourense, 1888; Trasalba, Amoeiro, 1976). Escritor, catedrático no Instituto de Ourense e membro do Partido Galeguista. Activo, protector, director da Sección de Xeografía e Presidente.
- Parga Pondal, Isidro (Laxe, 1900; A Coruña, 1986). Profesor auxiliar de Química Analítica da Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela. Activo, protector e director do Laboratorio de Xeoquímica.
- Paz Andrade, Valentín (Lérez, Pontevedra, 1899; Vigo, 1987). Avogado. Protector.
- Peña Rey, Manuel. Médico no Hospital da Deputación de Ourense e membro do Partido Galeguista. Protector.
- Ramón e Fernández-Ojea, Xosé (Ourense, 1896; Madrid, 1988). Mestre e Presidente do Partido Galeguista en Lugo. Activo e Protector.
- Remuñán García, Manuel (Santiago de Compostela, 1894-1946). Escritor e profesor de Literatura española na Universidade compostelá. Protector.

- Rey Barral, Francisco. Socio do Casino Republicano da Coruña. Protector.
- Saco López, Cesáreo (Navallos, O Saviñao, 1905). Mestre e membro do Partido Galeguista. Protector.
- San Luis Romero, Jesús (Carballo, 1872; Santiago de Compostela, 1966). Escritor. Presidente do Centro Republicano de Santiago. Concelleiro no Axuntamento compostelán desde 1931, non aceptou o cargo de alcalde tralas eleccións de febreiro de 1936. Protector.
- Santiso Girón, Laureano. Relacionado coa Cámara da Propiedade compostelá. Corresponsal en Santiago da Asociación de escritores e xornalistas galegos, constituída en Compostela en marzo de 1936. Protector.
- Sanz García, Gregorio (Aillón, Segovia, 1900). Mestre e membro da dirección da UGT en Ribadeo. Protector.
- Sesto López, Xosé (Pontevedra, 1909). Escritor e membro da Dereita Galeguista. Protector.
- Soto Menor, Lois. Inspector de ensino primario en Lugo e membro de Unión Republicana e do Comité de propaganda pro-Estatuto de Galicia de Lugo. Protector.
- Taboada Chivite, Xesús (Verín, 1907-1976). Erudito e técnico de Telégrafos en Ourense. Protector.
- Torres Martínez, Manuel (Marín, 1901). Humorista gráfico, caricaturista e pintor. Protector.
- Villar García, Xosé Carlos. Natural de Noia. Fora alumno da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, secretario da Asociación profesional de alumnos da citada Facultade e administrativo do SEG. Profesor de Instituto e propagandista socialista. Activo e Protector.
- Zamora, Federico (A Coruña, 1892; ¿?). Ocupou diversos cargos na Irmandade da Fala da Coruña e foi membro da ORGA e de Izquierda Republicana. Empregado de Calzados Senra na Coruña. Protector.

O INSTITUTO HISPANO-MEXICANO "RUIZ DE ALARCÓN": UNHA EXPERIENCIA DOCENTE NO EXILIO

Luis Martul Tobío
Universidade de Santiago de Compostela

Pouco, case nada se sabe ou se pode recoller sobre o instituto hispano-mexicano 'Ruiz de Alarcón'. Sen dúbida, a condición tempraneira da súa fundación, a corta duración da súa actividade, o non ser considerada unha experiencia exitosa como as doutros institutos semellantes, o tempo decorrido, a falta de testemuños precisos dos seus integrantes, moitos deles xa desaparecidos; mais tamén posteriores fundacións de novos centros con longa actividade, como o Colexio Madrid ou o anterior Luis Vives, foron deixando no esquecemento a experiencia do Ruiz de Alarcón. Algúns dos seus profesores dedicáronse a outras actividades, unha vez que interrompeu o seu labor, e outros enroláronse noutras institucións docentes. Combínanse, neste efecto, pois, un conxunto de causas obxectivas e subxectivas, posto que nese descoñecemento actual tivo que intervir un silencio, ata certo punto, querido, para non tratar con amplitude as circunstancias que arrodearon a súa desaparición. Silencio que inevitablemente foi cuberto de xeito parcial con inexactitudes, boatos ou simples elucubracións repetidas sen maior consistencia. Todas estas razóns sumadas á moi exigua documentación fai moi difícil a posibilidade dunha segura e axustada reconstrucción da experiencia do Ruiz de Alarcón.

Con todo, cabe facer algunhas precisións á máis espallada opinión de que a desaparición do centro debeuse a erros na xestión por parte da dirección, o que levou á JARE a enviar un supervisor para tratar de soluciona-la situación do centro. Efectivamente a partir de certo intre comeza a haber dificultades, orixinadas ou acentuadas, pola inauguración polo menos doutro instituto que significou a perda moi importante de alumnos, unha vez que se tiñan feito

inversións e contratacións en relación ó volume inicial deles e, en consecuencia, á perda parcial, quizáis total, das subvencións das becas da JARE. Esta perda non foi posible subsanala e o instituto tivo que pechar por falta de alumnos. A esto habería que engadir un factor subxectivo, practicamente nunca mencionado, anque si insinuado moi ocasionalmente, que foi a conducta de certo sector de profesores que antes de que se declarase a situación apuntada, comezaran a demandar recoñecementos en virtude de pretensións moi discutibles. Mais eso ficou no silencio porque –ademais da confusión que se adoita xerar neste tipo de conflictos- había que evitar aquilo que puidese actuar en contra da boa imaxe dos exiliados. Actitude ben comprensible.

O Instituto foi o segundo inaugurado por refuxiados en México, o primeiro fora o Luis Vives, en agosto de 1939, e antes de remata-lo ano o Ruiz de Alarcón abría as súas portas. Foi elixido polos membros do claustro, no que había varios galegos, como o seu director, o profesor Pedro Martul, catedrático antes da guerra nos institutos de Monforte e Ourense, cidade na que contaba con numerosos e moi achegados amigos, como Ramón Otero Pedrayo ou Florentino Cuevillas. A súa elección como director foi motivada por terse mostrado como a persoa clave na constitución do instituto, pola súa capacidade organizativa e resolutiva dos problemas que se presentaron nesa fundación. Por efecto de que non se contaba coa axuda de ningunha institución ou organismo oficial, xa que a JARE viu a colaborar con posterioridade, tívose que encontra-la financiación a partir de apoios e axudas de sectores privados e personalidades da sociedade mexicana. Lémbrese que entre os valedores do Ruiz de Alarcón encontrábanse o presidente Lázaro Cárdenas ou o director de Petróleos Mexicanos, intelectuais como Silva Herzog, Agustín Leñero ou Antonio Castro Leal. Feito que viña a recoñece-lo magnífico conxunto de profesores que constituíron o seu claustro, algúns tan prestixiados como Enrique Rioja, Cándido Bolívar, Luis de la Loma, José Giral ou Luís Tobío.

Por todo esto a miña pretensión é principalmente, a partir da documentación consultada, a de fornecer con datos precisos, aínda que infelizmente de xeito exhaustivo, a maneira como estivo organizado e como se

concibiu a docencia no Ruiz de Alarcón. Polo menos este sector da súa existencia pode deixar de ser obxecto de silencios ou afirmacións de balde.

O programa contiña as materias principais de Ciencias e Letras. Dentro do conxunto de disciplinas correspondentes ó eido das Letras a que tivo unha maior relevancia foi a da Historia. A razón desta circunstancia pode encontrarse no peso que os estudios históricos e a perspectiva historicista tiña naquela altura, quer dicir, no tempo en que eses profesores se formaron, posto que como vamos ver máis adiante, o estudio da Literatura tamén ten unha perspectiva semellante, sen esquecer que algúns dos profesores, como o director, estiveran traballando no Centro de Estudios Históricos no momento en que alí se encontraban Menéndez Pidal e Américo Castro entre outros. Circunstancia á que tería que engadirse o feito de que o estudio da Historia estaba privilexiada na licenciatura, como, por exemplo, acontecía na Universidade de Santiago.

En realidade, esta preponderancia da historia remite a unha postura teórica máis fonda que implica unha certa concepción da realidade en xeral e das sociedades en particular, que se podería definir pola idea de sistematicidade. Pensaban que tódalas expresións da vida humana estaban artelladas de tal xeito que constituían unha totalidade. Todo feito, todo suceso, non podía interpretarse como entidades independentes ou illadas, había que vencellas nun grande todo. Ese artellamento estendese ó longo do tempo, argumento que encontra a razón evolucionista como outro piar do seu pensamento, pois permite explica-los distintos niveis de dependencia e as conseguintes diferencias que se dan. A realidade –humana- foise formando no devalar do tempo como unha grande totalidade.

Así argumentado, a Historia vén sela disciplina que recolle ou trata o estudio desa totalidade chamada sociedade; nela, segundo a prescrición que van a expor na súa docencia, todos "os procesos, fenómenos y manifestaciones del saber se hallan recogidos en el código por excelencia de la humanidad, que es la Historia". Esta encóntrase como condición previa ó estudio de todo saber, xa que cómpre acudir ás fontes dos catálogos históricos para poder situar

correctamente e ter un coñecemento axeitado de tódalas manifestacións científicas.

En consecuencia, o ensino da Historia, segundo os postulados destes profesores, estaba marcado pola idea de que era preciso para un coñecemento correcto seguir unha rigorosa sistematización dos fenómenos internos dos países "y de las causas ideales que provocaron el hecho histórico". Por esta razón cumpría coñecer os distintos espacios filosófico, literario, artístico e económico, que constitúen o seu entramado interno -esas entidades en dependencia- para poder abordar o estudio apropiado da historia. Podería afirmarse que este enfoque resulta, se non estrictamente anovador, polo menos estaba a altura dos tempos, cousa valiosa se o comparamos co que se estaba a facer na península, mesmo décadas posteriores.

Loxicamente, de acordo con esta visión totalizadora ou comprensiva da historia, resulta esperable, e para moitos familiar, a decisión de que ese estudio debía completarse con lecturas de fasquía literaria, mais que estaban vencelladas ó histórico. Reparemos que o xeito como eles o definen é sintomático do que se ven expondo, eles din: "lecturas históricas, de aspecto literario". A historia constituía a seiva de toda disciplina naquela visión artellada. A producción literaria eran documentos que permitían coñece-la subxectividade dos pobos. As lecturas víanse como a maneira de que o estudiante tivese unha visión global, unha idea completa de como o feito histórico chegou a modela-la conciencia dos pobos. E deste xeito, propoñen un conxunto de lecturas programáticas como *El Cid*, para poder comprende-la natureza de España, segundo a teorización pidaliana, mais tamén a pegada do venerable historiador encóntrase nas demais lecturas, entre as que se achan o *Turpin*, para coñece-lo xenio de Francia e a *Araucana*, para o de América.

Moi consonte co espírito intelectual da época á que os docentes do Ruiz de Alarcón respondían, está a idea de desenvolver unha actividade práctica ou un ensino máis obxectualizado que actuaba paralelamente ou completando o recoñecido como estudio teórico. Detéctase neles unha actitude de rexeitamento do que posiblemente viviron como estudiantes, o ensino feito simple memorización. No caso presente, no ensino da historia, o que é utilizado

como vertente práctica é o estudio dos mapas históricos. Polas súas palabras percíbese a importancia que lle dan a estes auxiliares. A súa convicción é que a representación gráfica axudaba moito no proceso de aprendizaxe, as imaxes gravaban o saber de tal xeito que permitían unha comprensión doutro tipo porque os mapas daban un asento concreto, visible, ós acontecementos sociopolíticos que deran orixe ós países e mesmo como apuntan a "las manifestaciones sociales precursoras de los límites geográficos."

Con todo, hai algo máis neste uso dos mapas que é a idea de estudio conxunto ou complementario entre distintas disciplinas, de historia e xeografía agora que, de feito, se expande a outras materias. Con suficiente detalle as indicacións sobre a práctica docente argumentan que a Xeografía deberá contar coas aportacións provenientes da economía e das ciencias sociais cohabitat fin de saber como o efecto de factores socioeconómicos, combinándose coas características xeográficas dunha bisbarra, resultaron en configuracións concretas do habitat, da maneira na que un perfil xeográfico foi afectado e á súa vez provocou configuracións enxebres nos outros eidos. En consecuencia esto levará a estudiar polo miúdo a vida interna das zonas, as relacións entre países e mesmo comproba-las causas da desaparición de certas comunidades, ou ben, noutros casos, a súa consolidación e posterior evolución ata converterse en nacións. Vese así que a afirmación "Se hará que el alumno relacione los fenómenos históricos y económicos con los geográficos" ten un valor de declaración programática que explicita sen dúbidas as orientacións didácticas do instituto.

Por todos estes datos vaise vendo que os profesores quixeron salientar que os enfoques de estudio das disciplinas recollían as máis anovadoras formulacións e que esto respondía no fondo a convicción de que estaban a propugnar unha "concepción racional" do ensino. Sen afastarnos deste eido da xeografía, expuxeron como a maneira racional de entender e practica-la disciplina implicaba coñece-los procesos de formación, as estructuras internas do solo resultantes dese proceso. Era a mesma actitude que aplicaran á comprensión da historia, as causas internas, as evolucións necesarias, etc. No caso da xeografía –e que recollía outra vez as concepcións novidosas- cómpre

estudiar, entón, a formación xeolóxica para poder comprende-la estructura da terra. Os fenómenos xeneradores son prioritarios ás descricións dos accidentes da superficie xeográfica. As serras, os lagos e ríos, a costa non son obxecto dunha memorización ou dunha enumeración, senón que racionalmente explicanse a partir das causas que os formaron.

Noutro grande eido das materias de letras, ou da Literatura e Lingua española, encóntranse as mesmas pautas xa descritas. En concreto, o ensino da Literatura concíbese de acordo co modelo da "historia" da literatura e por tanto proponse o esquema de períodos, ou "ciclos históricos", que se van sucedendo. A esto baste engadir que tamén se cre necesario establecer conexións constantes coa lingua, a arte, a xeografía e os feitos históricos. Ámbalas liñas de orientación do ensino parten da idea de que é necesario ter un coñecemento global de tódolos factores que entran a formar parte dun período.

A súa vez, no estudio da lingua aprécianse dúas estratexias no seu enfoque. Á primeira correspóndelle leva-lo ensino polo carreiro da gramática histórica, o que supón volver a acha-las directrices de evolución interna que se viron nos casos anteriores. O nivel de estudio non se pensa como superficial ou simple introducción senón que, a xulgar polas precisións que fan, quéreselle dar suficiente presencia, xa que era a maneira en que o alumno podería racionalmente comprender como se foi constituíndo a lingua española. Por eso ensinouse a súa evolución dende o Latín ó romance, continuando polas distintas formas que adquire este, explicando as causas, das que non poden falta-las históricas, xeográficas e literarias, todo o cal desemboca na comprensión de porqué "la región castellana impusiera el castellano como idioma." Máis unha vez encóntrase aquí como a formación académica que recibiran naquela altura estaba marcada pola pegada pidaliana e, en xeral, da escola historicista. Parece fóra de lugar esperar dos profesores galegos que promovesen unha perspectiva non tan drástica de aproximación á formación do español, alomenos nos termos en que se expoñen. É obvio que a súa explicación pasa polo contexto social no que se movían, a súa militancia, maioritariamente, en partidos de ámbito estatal, o feito de que a conciencia

dunha dignidade disciplinaria do galego non estaba tan desenvolta, e así mesmo os traballos sobre a nosa lingua non eran tan numerosos como na actualidade. Aínda que non deixa de ser unha proba de como a formación académica no período anterior á guerra civil foi tan esíxente e estricta na adscrición ós valores ideolóxicos do discurso nacional español.

A segunda liña de ensino da lingua foi sinxelamente o estudio da gramática, na que xunto ó coñecemento dos paradigmas gramaticais inclúense outras parcelas como as dedicadas ó estudio da fonética ou a exercicios morfolóxicos. Parte que se completa coa lectura dun conxunto de escritores casteláns de tódolos séculos para afirma-lo dominio lingüístico do alumno; tamén son empregados aquí os coñecementos de gramática histórica, ca fin de afondar no dominio literario deses textos. A práctica interdisciplinaria ten aquí outro exemplo.

Nembargantes, esta vertente do ensino que leva a adquisición dun saber e de como está estructurado, de posuí-las claves e gardar un conxunto de datos, acompáñase dunha actividade que, a partir das destrezas disciplinares adquiridas, procurou desenvolver no alumno as súas capacidades para a creatividade literaria. Queríase fomentar, pois, tendo en conta os estudios da lingua, a capacidade inventiva do estudiante para que escribisen contos ou pequenas historias imaxinadas, poemas ou todo o que pódese anobelar na súa mente. E, por último, tamén se lle adestrou na exposición oral de temas, que el escollía, como dimensión final da súa formación lingüística.

Na última parte desta comunicación querería dar unha pequena información sobre o outro aspecto do instituto como foi a súa organización. As seccións con que contaba eran: un infantario, unha sección de ensino primario, outro de secundario e, á fin, unha sección especializada de estudios mercantís. A certa altura quíxose inaugurar outra de estudios políticos, mais suscitou a oposición da universidade, principalmente, e tal proxecto non se puido realizar. Cómpre subliñar que aínda que case tódolos profesores eran exiliados, houbo algún de orixe mexicana. Dos primeiros todos eran licenciados ou doutores nas materias baixo a súa responsabilidade, e moitos deles tiveran xa experiencia docente en institutos ou universidades en España e Galiza.

As disciplinas que compuñan o ensino secundario eran Lingua e Literatura españolas, Idiomas, Xeografía e Historia, Física e Química, Matemáticas, Debuxo e Modelado, Música e Canto, Artes manuais, Civismo e Educación física. As aulas impartíanse en dobre xornada e os sábados non era día lectivo. O número de alumnos por aula non podía ser superior a trinta. Cada un deles tiña a obriga de facer catro exposicións orais tódolos meses en cada materia.

A sección de estudios mercantís constaba de tres niveis e os alumnos podían matricularse en cursos plenos ou abreviados, estes estaban destinados a profesionais ou empregados, as aulas eran nocturnas e tiñan que cursar un mínimo de catro materias coa posibilidade de ser escollidas por eles mesmos. O primeiro nivel era o de mecanógrafo cunha duración de dous anos e con materias fundamentais como taquigrafía e mecanografía, inglés e lingua española, ó que se engadían outras cun nivel de esixencia menor: aritmética, álxebra, dereito, contabilidade, economía. O segundo nivel era a carreira de contador cunha duración de tres anos. Estaba organizado a partir dos plans oficiais do bacharelato comercial ós que se lle engadiron outras materias. As principais neste caso eran matemáticas (incluíndo cálculo mercantil e financeiro), contabilidade comercial, industrial e bancaria e clases prácticas de documentación mercantil e organización de oficinas e empresas. As materias complementarias eran: dereito mercantil, lexislación fiscal e bancaria, economía política, xeografía económica, inglés, etc. O curso especial para técnicos de seguros estaba dirixido a un sector restrinxido composto de profesionais ós que se lles ofrecía a posibilidade dunha especialización. A existencia deste curso é revelador dunha circunstancia concreta da sociedade mexicana naquela altura, pois sabíase do grande desenvolvemento e penetración dos seguros en tódolos sectores da economía pública e privada por efecto da extensión da economía de mercado, e os profesores do instituto souberon ver este feito e as amplas posibilidades que se estaban abrindo ó calor da evolución do capitalismo en México, o que nas dúas presidencias da década dos corenta se ía ver comprobado. Este tipo de ensino, máis especializado, estaba conectado, entón, co ámbito profesional e laboral, e viña a ser unha diversificación da docencia

como maneira de asegura-lo status do instituto na sociedade mexicana. Infelizmente a historia levou outro camiño, mais o proxecto de ensino que o Instituto Ruiz de Alarcón promoveu pode ficar como exemplo dunha experiencia docente á altura dos tempos.

COMUNICACIÓNS

EL COLEGIO MADRID: DOS GALLEGOS Y SU INTEGRACIÓN ENTRE LOS EXILIADOS DE MÉXICO, CONCEPCIÓN ÁLVAREZ Y CELESTINO LÓPEZ

María Luisa Pazos Pazos
Universidade de Santiago de Compostela

Antes de exponer esta comunicación quiero pedir su consideración para incluir en ella referencias que atañen a mí circulo familiar y social en México, apelo por una parte a su comprensión y por la otra a su espíritu de crítica que permitirá depurar y avanzar en una hipótesis que se planteó al investigar las vidas de dos exiliados estradenses en México. Paralelamente a esta comunicación, nació como parte de mis investigaciones en la Universidade de Santiago de Compostela un proyecto, sobre la Emigración al continente americano en Tabeirós e Terra de Montes[1838]. Con ello pretendo involucrarlos en las razones que me llevaron a elaborar la siguiente hipótesis:

Los emigrantes estradenses específicamente los que fueron a México en la primera mitad del siglo XX, educados en las escuelas de instrucción creadas, construidas y financiadas por sus abuelos y padres emigrantes en diferentes países americanos, fueron diferentes a los que emigraron en la segunda mitad, especialmente a los llegados en los años sesenta y setenta. Los primeros se caracterizaron por ser individuos con una preparación elemental, equivalente a la Primaria actual pero con una formación especial que los caracterizaba como libres pensadores y que se adaptaron con entusiasmo a la sociedad mexicana, la mayoría de ellos sino es que todos simpatizaron y acogieron con agrado y orgullo al exilio gallego, durante y después de la guerra civil española.

[1838] Dentro del proyecto de investigación "Galicia imaxes de ida e volta. La emigración Americana en la Comarca de Tabeirós e Terra de Montes dirigido por Pilar Cagiao.

A estas conclusiones voy llegando poco a poco, comparando fuentes documentales y entrevistas orales. Además de la valiosa ayuda de las enriquecedoras investigaciones sobre los emigrantes de brillantes compañeros de la Universidade de Santiago como Pilar Cagiao, Nuñez Seixas, Raul Soutelo, Xoan Carlos Garrido Couceiro, don Olimpio Arca, sabio local y verdadera memoria viva de los habitantes de A Estrada - y otros muchos que directa o indirectamente me precedieron en los estudios migratorios. Me ayudaron a conocer que a fines del siglo XIX, y sobre todo en las primeras décadas del siglo XX, nacieron en multiples aldeas gallegas, asociaciones formadas por emigrantes gallegos en América, teniendo como principal objetivo la construcción de escuelas para los hijos, parientes y paisanos que habían dejado en su tierra.

En los últimos años las sociedades de instrucción y las escuelas de americanos han sido amplimente estudiadas por autores como Vicente Peña Saavedra, Antón Costa Rico y Xosé M. Núñez Seixas[1839]. Éstas solian tener enlaces con algún tipo de organización local encargada de realizar los proyectos escolares como en el caso que nos atañe directamente en A Estrada, con el del Sindicato Agrario de Pardemarin, integrado por las parroquias de Curantes, Olives, Rubin, Lamas y Pardemarin.[1840]

La importancia del Síndicato y su arraigo en la comarca dieron a la enseñanza en las escuelas rurales un interesante nivel de politización; que se ponia de manifiesto en el Certamen Escolar de los Pereiriños, los principales promotores de la fiesta eran sus miembros, ligados desde su fundación a los emigrantes de Cuba, Argentina, Estados Unidos y México y, aunque

---

[1839] Peña Saavedra, Vicente (1991*): Escuelas de Americanos y sociedades de instrucción. La impronta educativa de la acción transoceánica en Galicia,* A Coruña, Xunta de Galicia, 2 Vols. Costa Rico, Antón (1990): "As sociedades dos <Americanos> e a educación en Galicia", *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*, nº 5, pp. 89-140. Núñez Seixas, X.M. (1998): *Emigrantes, caciques e indianos*. Vigo, Xerais, p. 220.

[1840] Dada unha Sociedade de Instrucción, unha vez que se dotaba de regulamento, estatutos e cargos, enlazaba con veciños que permanecían en Galicia invitandoos a formalizar la delegación (parroquial do concello ou comarcal),da Sociedade de Instrucción, tamén co seu regulamento e os seus responsables, vindo pois a se-la encargada de operativizar, canalizar e materializa-las propostas dos emigrantes, cara o lugar concreto de actuación en Galicia, así como de recolle-las inquedanzas dos veciños para ser trasladadas a *Sociedade ..."* Costa Rico, Antón: "As sociedades do "americanos"...." , art. cit*.,* p. 193.

mayoritariamente participaban los dos primeros países, la contribución de los otros dos es siempre señalada por la comisión local[1841].

Los niños educados en el sistema de "Libre Enseñanza", que por razones económicas fundamentalmente tenían que emigrar, lo hacían sin embargo en condiciones distintas a las de sus padres, no solo por poseer una mayor y mejor instrucción sino también por emigrar al Nuevo Continente con una clara conciencia de grupo, un afianzado nacionalismo y una ideología de izquierda y republicana, que en su interior había sido implantada por las enseñanzas de maestros concienciados de su identidad gallega, tratando de despertar en jóvenes campesinos, que vivían en precarias condiciones y mal comunicados con el exterior, el interés por el conocimiento y la cultura y la libertad que esta permite a quienes la adquieren.

De esta forma la emigración gallega en México fue y es de índole muy diversa, vista desde arriba y generalizando los españoles residentes en México se dividen tradicionalmente en procedentes de la emigración económica y los de la política "exiliados o refugiados". Aunque formalmente vistos desde un parámetro económico y social esto es completamente cierto, a escala individual y particular esta generalización me parece en principio injusta. Ya que contribuye a separar grupos humanos que en muchas ocasiones y en la distancia encontraron entre ellos puntos de contacto.

En la ciudad de México y en mi infancia crecí en la Mueblería Coyoacán que era una especie de sucursal del centro gallego en el Sur de México, detrás del Negocio, en las bodegas se reunían diariamente hombres "gallegos, mayoritariamente, pero también mexicanos y asturianos, catalanes etc., españoles en general" diariamente a tomarse una cubita[1842], sólo que los ahí reunidos eran o bien recién llegados de Galicia, antiguos residentes en México, y exiliados, a estos últimos los denominaban "los refugiados".

[1841] Sobre las relaciones entre el agrarismo y los emigrantes en La Estrada ver Núñez Seixas, X.M.: *Emigrantes, caciques...,* op. cit*.,* pp. 215-220. Cabo Villaverde, Miguel (1998): *O Agrarismo*¸Vigo¸ Nosa Terra. Durán, J. A (1977): *Agrarismo y movilización campesina en el país gallego (1875-1912),* Madrid, Akal.

[1842] Cuba libre de tequila y Coca Cola

Dicha convivencia se plasmó no sólo en compartir tradiciones culturales como; agasajarse en compañía para comer el caldo gallego que se preparaba los Domingos, o celebrar de vez en cuando "a matanza do porco" reuniones que terminaban en pandereitadas y buenas rondas de jotas y muñeiras. Si no también en colaboraciones más directas con los proyectos de los exiliados como es el caso de la revista *Vieiros*, a la que sino colaboraban intelectualmente si lo hacían económicamente. Tal es el caso de Francisco Pazos Besteiro y José Pazos, que figuran, entre otros, en las contraportadas de la mencionada revista[1843]. Esta ayuda fue correspondida a su vez por los republicanos años después en confianza y apoyo de los refugiados como Melquíades Martínez y otros, que cuando fueron requeridos por el abogado Manuel Iglesias Corral para comparecer con su testimonio sobre la honradez y bien hacer de Francisco Pazos, en un juicio en España se prestó a testimoniar por escrito su aprecio y confianza, y posteriormente ayudaron a su viuda a legalizar su estancia en México.

El fallecimiento de algunos, pero sobre todo el enorme crecimiento de la ciudad de México a partir de los años setenta fue separando esta comunicación entre Estradenses y reduciendo los contactos entre gallegos a las festividades organizadas por el Centro Gallego de México. Cuando amablemente fui requerida por la comisión que organizó este Congreso para hablar de los exiliados se cruzaron en mi mente cientos de caras y "El Colegio Madrid". Pude concretar, una, la de Concepción Pazo Alvarez, que a principio de los años ochenta, ya jubilada, me requería en ocasiones para verificar ante alguno de sus familiares en Santiago de Compostela las excelencias del Colegio en el que había trabajado.

La guerra civil y la larguísima dictadura, hicieron caer en Galicia un enorme velo de silencio no sólo institucionalmente, sino también en el ámbito personal entre las familias que fueron afectadas, viendo morir, perseguir y

[1843] De la asistencia a reuniones oficiales y convites republicanos que anualmente celebraban los personajes del exilio, hay memoria familiar constante y referencias a las presentaciones en Bellas Artes. Hicieron también que sus hijos guardaran admiración y respeto por artistas e intelectuales republicanos, leyendo en familia a Miguel Hernandez , Leon Felipe y desde luego conociendo a Castelao.

encarcelar a algunos de los suyos, y obligando por temor primero y necesidad después, a emigrar hijos, padres, esposos, y hermanos que en una situación normal no hubieran elegido este destino. Algunas familias, especialmente comprometidas, tenían a sus hijos en el extranjero. Sin embargo se guardaba silencio sobre él ¿por qué? Y no se explicaba a la mayoría de sus miembros la verdadera razón de este exilio.

Tal es el caso de doña Emilia Álvarez Silva maestra, originaria de Malpica (Toledo) y esposa de don Pelayo Pazo Álvarez [1844], que procrearon 10 hijos, de los cuales ocho se dedicaron a la enseñanza. Doña Emilia, como maestra de instrucción primaria, y ferviente seguidora de la Escuela de Libre Enseñanza, educó a sus hijos en este sistema de libre pensamiento y formación integral. Su hijo Eduardo Pazo Álvarez, reconocido maestro y matemático, descubierto y estudiado por don Olimpio Arca.[1845] Fue perseguido en 1936, por sustentar "peligrosas ideas" en la escuela de San Andrés de Somoza (A Estrada) escondido primero y exiliado después, furtivamente emigró a Cuba en donde permaneció hasta 1959. A partir de esta fecha y a instancias de su hermana Conchita se desplazó a México donde ejerció como profesor universitario hasta 1972, año en el que volvió a España, su trayectoria como exiliado y su labor docente en México son trabajos de investigación pendientes de realizar.

María Concepción Pazo Álvarez, se encontraba instalada en el sur de la ciudad de México desde 1946, ejerciendo como maestra de primaria en el Colegio Madrid. Años después de su hermano, esta profesora estradense se vio obligada a dejar su trabajo como "agregada de inspección" en Santiago de Compostela para reunirse con su esposo Celestino López López[1846], republicano y masón". Casados en 1935, se vieron obligados a separarse un año después, para evitar las represalias del régimen Franquista. Celestino, al mismo tiempo

---

[1844]Hijo de Serafín Pazo, médico estradense querido y recordado en su pueblo.

[1845]Arca Caldas, Olimpio (1993): *Maestros Estradenses que fixeron escola.* Pontevedra, Ed. Concello de A Estrada, pp. 65-69.

[1846]Natural de Portomarin en Lugo, nació en 1907, y vivía en Vigo. Martínez José Luis (1999): *Queridos gallegos ,*Montevideo, Ed. Doble clic."Galego do grupo republicano ,"Tivo que fuxir cara a México, ali formou parte de a Alianza Nacional Galega, fundada en 1943 por varios exiliados como él. *Diccionario Bio-bibliográfico do exilio Galego.* Arquivo da Emigración-Concello da Cultura Galego, Santiago de Compostela, 2001.

que su cuñado fueron escondidos durante mas de un año por amigos y familiares. Separados entre sí, temían por su vida y ponían en peligro la seguridad del resto de la familia. Ambos huyeron de diferentes formas por Portugal Eduardo y embarcado furtivamente en A Coruña Celestino, ya que su condición de "escondidos" les obligó a llegar al Continente americano por vías poco ortodoxas.

Diez años esperó Celestino López a Concepción en la ciudad de México, renuente esta de dejar a su madre doña Emilia, en 1946, se decidió a acompañar a su esposo en el exilio. Poco tiempo después fue admitida como maestra de primaria, en el Colegio Madrid, ambos se integraron al mundillo "intelectual y social del exilio mexicano". Sabemos de Celestino López, formó parte del grupo Alianza Nacional Galega y que contactó en Cuba con el doctor Francisco Comesaña [1847], para impartir conferencias en los círculos de masones mexicanos y organizar los fondos para ayudar y "rescatar" a los presos republicanos de las cárceles franquistas, finalmente Comesaña decidió radicar en México, a él se unió su esposa "Chonchiña "[1848]. La amistad entre estas dos familias de exiliados continuo, compartiendo paisanaje, e ideología a través de esta emigración forzada se estableció una cadena de apoyo y simpatía que salió a relucir en este Congreso. María Luisa Vieites hizo referencia también en el Congreso a la vecindad que mantuvo en su infancia con Concepción Álvarez Pazo, en un edificio en el sur de la ciudad de México habitado completamente por republicanos.

La principal ocupación de Celestino López fue la de distribuidor de películas mexicanas, - en la época dorada del cine mexicano- y escritor aficionado, publicó un libro de viajes. Valorada en su segunda edición valorada y corregida por un antropólogo mexicano de sus experiencias y observaciones

[1847] La experiencia vital del doctor Comesaña y su esposa doña Asunción Concheiro, está magníficamente relatada por Manuel Rivas en la novela *O lápis do carpinteiro.*

[1848] Doña Asunción Concheiro, que escucho esta comunicación en el "Congreso del exilio", se acercó emocionada al reconocer a la maestra Conchita, al reconocer en las fotografías a la maestra Conchita, amiga personal y profesora de su hija en el Colegio Madrid. En Enero del 2002 nos facilitó más información en una entrevista realizada en su casa de Tui, explicándonos su relación con los profesores Estradenses.

por el Amazonas[1849]. Su participación como masón y republicano y sus contactos, relaciones e ideología política, son deudas pendientes de investigación, por los gallegos de hoy que debemos reconstruir, lo antes posible para unir la dispersa historia de la generación "perdida" para España pero "ganada" para México.

Doña Concepción ejerció como maestra de "grupo" en el Colegio Madrid, en completa libertad, y con los principios enseñados por su madre y compartidos por los maestros de su generación, se dedicó por entero a la enseñanza de 1948 a 1972.

El Colegio Madrid permitió a muchos exiliados realizar sus expectativas como docentes, esto fue un importante apoyo para ellos y un empuje clave para la sociedad mexicana. La Libre Enseñanza que había revolucionado los programas educativos en la España Republicana, creo importantes colegios que prosperaron en el ambiente educativo mexicano, destacaron como tales el Colegio Madrid, el Luis Vives, y el Hispano Mexicano, que buscaron además de trasmitir la ideología liberal mexicana y republicana su propio sistema de valores. Mantener la cohesión de grupo en principio con vistas y en la esperanza de un pronto retorno y para amortiguar los problemas de su adaptación en el caso de permanecer en América. Subsidiado en sus primeros años por el gobierno español en el exilio mantuvo la didáctica y directrices españolas pero bajo los principios establecidos por la Secretaria de Educación Pública. A partir de 1947 a decir de María Alba Pastora , autora del "Los recuerdos de Nuestra Niñez[1850] el colegio Madrid se consolidó como una institución hecha para quedarse.

Celestino López y su esposa no tuvieron hijos, a la muerte de éste acaecida en la ciudad de México en 1963, doña Concepción contaba en México con un familiar cercano su hermano Eduardo Pazo, ambos decidieron regresar a Galicia en 1971. Aquí la recuerdan sobrinos y parientes, como una entusiasta y alegre persona que no paraba de contar las excelencias del Colegio Madrid, y como se trabajaba, estudiaba y creaba en el exilio. Se reintegró como maestra

[1849] López, Celestino (1957): *La vida en el Amazonas*. 2º Edición, México, Ediciones Tejada.
[1850] Alba Pastora, María (1996): *Los recuerdos de Nuestra Niñez,* México.

nacional al magisterio en 1973, en Forcarei y posteriormente en O Grove , hasta 1977 en que se jubiló.

La historia de estos estradenses, de los exiliados amigos de mi padre, los gallegos y gallegas que lucharon por la república en España, y que se unieron por necesidad vital, con su trabajo y experiencia en México, ha recibido un gran impulso con la celebración de este Congreso. Esta modesta comunicación, ha cumplido con uno de sus principales objetivos al ser escuchada por los republicanos y sus familias en Santiago de Compostela. Permitiendo exponer la necesidad de conocerlos en profundidad, y resolver con el estudio y el reconocimiento la gran deuda de gratitud que los gallegos de hoy tenemos con los exiliados y sus familias.

NA MEMORIA DO PROFESOR RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ

Xosé A. Liñares Giraut

1. A VIDA NOS ANOS DO EXILIO

O tempo do exilio comeza para o profesor Ramón Martínez López (Boiro, 4/4/1907 – Pontevedra, 13/9/1989) xa no verán de 1936, cando principia a guerra civil española. A través de Salvaterra do Miño, pasa a Portugal, país irmán no que xa residía dende 1932, cando gañara un concurso-oposición á praza de profesor no Instituto Español de Lisboa. E conclúe esa experiencia vital do exilio no ano 1971, cando volve definitivamente de Texas (Estados Unidos) e pasa a vivir nun piso da rúa Xeneral Pardiñas, nº 7, en Compostela. Son, pois, 35 anos dunha ausencia obrigada do país, pola súa defensa do réxime republicano para España, nado na primavera de 1931, e a súa militancia galeguista, dende moi novo.

Imos seguilo nesta andaina delongada, que podemos iniciar no seu primeiro refuxio de Caldas de Reis, durante os primeiros días da guerra aberta o 18 de xullo de 1936. Daquela, pasaba coa súa dona e compañeira –Isabel Castromán, unha moza de Carril-Vilagarcía– as vacacións do verán en Galicia, e sorprendeunos aquí a sublevación militar franquista. Coa axuda do avogado, xornalista e dirixente galeguista, Valentín Paz Andrade, logra o paso a Portugal. «Naquela noite pecha Martínez López esgazou as mans nunha silveira adentrándose en terra portuguesa...». Contamos polo miúdo este episodio no noso libro (Villaverde, E. e Liñares, G. (1992) esteo fundamental para a redacción do presente traballo.

En Lisboa, Don Ramón é nomeado agregado cultural da Embaixada Española, e non pasará moito tempo ata que o goberno salazarista o declare persoa «non grata» e se vexa na obriga de embarcar cara a Francia. Ata marzo do 1937 permanecerá en París, onde tamén exerceu o mesmo labor cultural na

embaixada do –aínda- goberno republicano español. Alí axuda ós refuxiados e vai dictar cursos á Universidade de Alxer (cátedra Marcel Bataillon). No ano 1938 atópase en España, loitando nas fileiras republicanas, onde acadará o cargo de tenente de carabineiros (Academia de Orihuela). En Valencia e Barcelona manterá contactos con Castelao, Suárez Picallo, Otero Espasandín, Luís Tobío e Rafael Dieste. A súa fonda miopía non lle permitirá botar moito tempo no exército republicano, coas armas na man. No 1939 está en Perpignan e no campo de refuxiados de Arreles Sür Mer(Francia), onde recupera o contacto coa súa familia. Segue a traballar a prol dos refuxiados, movéndose entre Perpignan e París, outra vez. Nese mesmo ano viaxa a Arxentina (Buenos Aires e Pergamino). Será no 1940 cando chegue e se instale nos Estados Unidos, onde traballará como catedrático de Filoloxía Española na Universidade de Austin Texas, deica a primavera de 1971.

Aspectos salientables nesas décadas de 1940 a 1970 son: vai como profesor visitante á Universidade de Winsconsin, onde tamén se integra no Seminario de Estudios Medievais (1941); no Estado de Colorado pasa unhas vacacións co historiador Américo Castro (1942); a súa dona, Isabel, reencóntrase con el nos Estados Unidos e inicia a redacción dun diario cos sentimentos do exilio (1948); nace a súa única filla –Isabel Martínez Castromán, hoxe profesora de inglés en Galicia- e faise cidadán estadounidense (1950), fai unha viaxe a Portugal , nun intento de achegarse a Galicia (1951); no Nadal de 1955, un grupo de amigos galeguistas tribútanlle unha homenaxe no Hotel Compostela; no 1963, gracias a unha bolsa Guggenhein, pode estar traballando en Madrid, onde asiste a tertulias cos intelectuais; xa no 1966 a súa dona e a súa filla volven definitivamente a Galicia, e mercarán a vivenda de Santiago (1968). Como xa indicamos, é no ano 1971 cando deixa de ser definitivamente un exiliado en Norteamérica, xubilándose oficialmente como catedrático no Instituto de Secundaria de Villajoyosa (Alacante).

As pescudas biográficas do profesor Elixio Villaverde, froito de moitas horas de conversa con Don Ramón e de investigación hemerográfica, permítennos afondar neses anos, deixando constancia doutros acontecementos salientables neste período de expatriación de Ramón Martínez López.

Foi o embaixador en Portugal, o intelectual Claudio Sánchez Albornoz, quen nomeou a Martínez López agregado cultural da Embaixada en Lisboa (agosto, 1936). Alí coñece á tamén escritora e diplomática chilena Gabriela Mistral, quen o axudará a pasar a súa valixa a un barco sueco, cando se dirixa a Francia (setembro, 1936). Tralo desembarco en Marsella, porase en contacto en París co daquela embaixador da República Española, Luís Araquistain, entregándolle unha carta de presentación de Sánchez Albornoz. Dende a capital francesa organiza escolas e consegue axudas para os nenos vascos fillos de combatentes, que chegan dende a guerra de España. Pero non é a única actividade nestes eidos: traballará no S.E.R.E. (Servicio de Emigración de Republicanos Españoles), organizado por Juan Negrín e Osorio-Tafall. Nese ano 1939, no plano máis cultural, citemos que contacta co Cercle Celtique, integrado por moitos bretóns, amigos das relacións con Galicia.

Será Xosé Núñez Búa (de Vilagarcía, pero xa en Buenos Aires) quen lle atope traballo como técnico asesor da Biblioteca Municipal de Pergamino, e iso xustifica a partida de Ramón Martínez cara a Arxentina, por pura supervivencia e fuxindo dunha Francia xa metida no trebón da Segunda Guerra Mundial, a piques de padecer a ocupación nazi. Funcionou aí a solidariedade e a irmandade galeguista. Na viaxe a bordo do Massilia (primeiro barco que levou emigrantes a Buenos Aires na posguerra) tivo como compañeiro ó recoñecido filólogo Corominas, a quen Martínez López chama «o Menéndez Pidal dos nosos días». No porto bonaerense agardábao Luís Seoane e o emprego na biblioteca de Pergamino, non lonxe da capital federal, permitiralle repoñer folgos durante tres meses («dos quebrantos físicos e morais que pasara», deixara dito o profesor boirense). En Buenos Aires, traballa na Universidade, xunto ó eminente filólogo español Amado Alonso, pronuncia conferencias, entra en contacto coa colectividade de emigrantes e desterrados galegos e é homenaxeado cunha cea, na que Martínez López, nun discurso da sobremesa, alude á dramática situación dos refuxiados en Francia, que tan ben coñecía.

Na partida cara ós Estados Unidos, convidado pola Universidade de Austin—Texas, produciuse un episodio que lle temos oído narrar a Don Ramón máis dunha vez, con aquela expresión tenra, nas que mesturaba un sorriso

infantil cos ollos húmidos. Cruzáronse no océano o seu barco co que levaba a Castelao de Nueva York a Buenos Aires, «mandámonos saúdos telegráficos, e xa non o volvín ver». Efectivamente, non o volvería ver, pero a mesma defensa dos ideais galeguistas, foi a que levou a Martínez López no 1984 a ser o máximo impulsor e primeiro presidente da Fundación Castelao, para gardar a memoria e espallar a obra e ideario do rianxeiro máis universal, guieiro do nacionalismo galego no século XX. No porto de Nueva Orleáns agardábao o historiador Américo Castro.

Xa instalado en Texas, o catedrático Ramón Martínez impartirá clases de Lingua e Literatura Española e Portuguesa. Será profesor visitante en Winsconsin, Nuevo México, Puerto Rico –onde se reencontra co galeguista tamén exiliado Sebastián González e co músico catalán Pau Casals-, Denver– Colorado e no Mideelbury College, en Vermont. Por suposto, dende Austin, Don Ramón manterá unha abundante correspondencia con moitos lugares europeos e americanos, relacionada tanto co seu campo universitario como co movemento galeguista, asentado primordialmente en Arxentina, Uruguai, México, Cuba e Venezuela.

Sobre a súa vida cotiá, cumpre reproducir un parágrafo do noso libro, no que E. Villaverde, escribe:

> Esta foi especialmente dura nos primeiros anos, mentres perfeccionaba o idioma sobre todo pola soedade e o desarraigo nun país estraño, con vantaxes económicas e profesionais pero sen a presencia da súa muller, na que pensa a cotío, ás veces con certa desesperación e coa separación da nai, pai, irmán e a dor dos amigos mortos ou encadeados pola dictadura. Ademais desto, no primeiro exilio francés e arxentino pasa penalidades, frío e fame pero conta co apoio moral dos compañeiros galegos; aquí, en Austin, a súa soedade, sobre todo nos primeiros anos, agrándase ante a imposibilidade da reunificación familiar, pois á súa dona néganlle unha e outra vez a saída do territorio español as autoridades franquistas.

No capítulo "A vida" do libro *Ramón Martínez López. Pola universalidade de Galicia* destácanse, así mesmo, outros aconteceres deste tempo do profesor

en Texas: a súa implicación na Universidade, anacos dun diario iniciado no 1948, as arduas xestións para poder volver legalmente a Galicia e toda a actividade académica, á que nos referiremos máis adiante.

O retorno definitivo a Galicia produciuse cando Don Ramón sumaba 64 anos e xa se xubilara da docencia nos Estados Unidos. O Ministerio de Educación español recoñécelle de novo a condición de catedrático de Instituto, adscribíndoo ó centro de Villajoyosa, onde xa non foi precisa a súa incorporación ás tarefas de profesor.

Para poñerlle cabo a este apartado, transcribimos un fragmento dunhas declaracións de Martínez López ó xornal coruñés *El Ideal Gallego*. Son do ano 1976 e forman parte dunha entrevista publicada co gallo do seu ingreso na Real Academia Galega. Versa sobre o significado do exilio:

> A ausencia física ten dous tipos de compensacións que a transforman: a perspectiva, ese ver a Terra dun desde un punto que por contraste é xa privilexiado e a carga emocional do recordo constante, que chega a facer tanxible o que non se ve. Diso saben moito os teorizantes da nosa saudade. De min sei dicir que trinta anos dedicado ó ensino nunha Universidade norteamericana en nada atenuaron as miñas vivencias naturais de galego. Nun vello madrigal castelán hai un par de versos que sempre me impresionaron e que quizais expliquen o que digo: *Si no vio lo que soñó, soñó lo que ver quisiera.*

2. A OBRA NOS ANOS DO EXILIO

Imos cinguir a seguinte relación de obras ó tempo no que Ramón Martínez López estivo expatriado. Coidamos que se enxergamos esta listaxe, podemos decatarnos da importancia e polifacecia do traballo desenvolvido no ámbito do ensino, tanto na investigación como na docencia. As disciplinas da Filoloxía, o Dereito e a Historia áchanse ben presentes no conxunto das súas publicacións.

LIBROS

— *Concerning the Ownership of the Beds of Creeks in The Civil Law (Sobre a*

propiedade das enseadas na Lei Civil), Austin, Texas, 1954.

—*Concerning The sea shore and The alluvion in The Civil Law (Relativo á costa e á enxurrada na Lei Civil),* Austin, Texas, 1958.

—*Stylistics, Literary Criticism and Linguistics (Estilística, Crítica Literaria e Lingüística),* New York, Institute of. Spanic Studies, Columbia University, 1961.

—*General Estoria. Versión Gallega del siglo XIV. MS. O.I.L. del Escorial*. Edición, introducción lingüística, notas y vocabulario, Universidad de Oviedo, 1963.

—*Prosas y poesías olvidadas de Antonio Machado*, París, Centre de Recherches de L´Institute d´Etudes Hispaniques, 1964.

—*Unamuno*, Unamuno Centennial Studies, University of. Texas, 1966.

—*A Portrait of Valle Inclán*, Austin, Valle Inclán Centennial Studies, 1969.

COLABORACIÓNS EN REVISTAS E XORNAIS

—"Alfonso Álvarez de Villasandino, poeta en galego do Cancioeiro de Baena", en *Galicia*, Buenos Aires, xullo do 1940.

—"Continental Solidarity" ("Solidariedade Continental"), en *Southwest Review,* verán do 1944.

— No *Columbia Dictionary of modern european literature (Diccionario Columbia de literatura moderna europea),* New York, Columbia University Press, 1947 publicou as voces Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Alfonso López Vieira, Joaquim Teixeira de Pascoaes, Eduardo pondal, Cesário Verde, Manuel da Silva Gaio, Antonio Correia de Oliveira e Augusto Gil (H. Smith Editor).

—Bibliografía Hispánica", en *Inter-American Review of. Bibliography (Revista Interamericana de Bibliografía*), VII, 2, abril-xuño, 1957.

—Contemporary Spanish Literature" ("Literatura Española Contemporánea"), en *The Catholic Enciclopedia (A Enciclopedia Católica)*, sección novena, suplemento II, 1958.

—"La Universidad y el Derecho Hispánico", en *Arts and Sciences (Artes e Ciencias)*, The University of Texas, maio, 1958.

—"Adiciones y rectificaciones al *Diccionario Crítico-Etimológico* de Corominas", en *Boletín de Filología,* Instituto de Filología de la Universidad de Chile, XUI, 1959.

—"Tense dito de cotío", en *Cincuentenario de Nós (1920-1970)*, A Coruña, 1970.

—En Austin (Texas), tamén elaborou *Recuerdos de España* no ano 1960. Son un conxunto de tres discos, escritos e narrados por Ramón Martínez López, que conteñen nove narracións. Publicados por Language Arts.

A relación anterior, máis aproximativa ca exhaustiva, abonda para comprendermos canta fondura e interese hai no seu labor de investigador e creativo. E apuntamos outro dato relativo ás linguas: Don Ramón publicou en galego, en castelán, en portugués, en inglés e mesmo ollamos algúns títulos en francés e en latín, se transcribísemos aquí a listaxe completa das súas publicacións, entre 1925 e 1989, e non só na súa xeira de exiliado. Que ben cadra isto coas súas ideas de universidade e universalidade.

E Martínez López foi tamén director de varias Teses de Doutoramento nos Estados Unidos:

— Edmund Ludwig King, *Gustavo Adolfo Bécquer: from painter to poet (Gustavo Adolfo Bécquer: de pintor a poeta),* 1949.

— Orline Clinkscales*, Bécquer in Mexico, Central América and the Caribean Countries (Bécquer en México, Centroamérica e os Países Caribeños)*, 1957.

O profesor galeguista ofrécenos algúns títulos máis, nos eidos da traducción e das recensións de libros. Ofrecemos as referencias puntuais no noso libro *Ramón Martínez López. Pola universalidade de Galicia.* E outra faciana de Don Ramón amósasenos no cultivo do xénero epistolar. Poderían citarse moitos nomes de intelectuais europeos e americanos que mantiveron correspondencia con el: Américo Castro, Teixeira de Pascoaes, Jorge Luís Borges, Luís Seoane, Castelao, Ramón Piñeiro...

3. OUTROS DATOS BIO—BIBLIOGRÁFICOS

Debemos engadir outros datos verbo do noso personaxe, que completen a figura enteira de Ramón Martínez López; na infancia e mocidade en Galicia –antes do exilio iniciado no 1936–, e na vellez, entre 1971 e 1989.

3.1. Antes do tempo do exilio (1907 – 1936)

O meniño nado no barrio de Cimadevila de Boiro (A Coruña) o 4 de abril de 1907 –fillo do mariño Ramón Martínez Otero e de Concepción López Guerra-, despois de aprobar o ingreso no bacharelato no Instituto de Lugo, estudia no Colexio dos Escolapios de Monforte, ata 1919. Rematou os estudios de Secundaria por libre, matriculándose logo na Universidade de Santiago.

Anos senlleiros na vida do escritor boirense foron amais,entre outros, 1923 (co-fundador do Seminario de Estudos Galegos); 1925 (primeiros artigos no xornal *El Compostelano, A Nosa Terra* e na revista *Nós*); 1928-29 (licenciaturas en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago. Profesor en Vigo); 1930 (profesor de bacharelato en Ibiza. Catedrático de Lingua e Literatura Españolas no Ensino Medio, no Instituto de Lugo); 1931 (candidato da ORGA nas Cortes Constituíntes da República –xuño-. Na creación do Partido Galeguista –decembro-); 1932 (pula a organización xuvenil *Ultreia* e as Mocidades Galeguistas); 1933 (pasa a traballar no Instituto Español de Lisboa. Casa con Isabel Castromán, quen falecerá uns anos despois del, xa na década de 1990); 1934 (colabora na prensa lisboeta, viaxe de estudios a Francia, imparte clases na Facultade de Letras de Lisboa); 1935 (recibe a Castelao –desterrado en Badaxoz– no Hotel Tívoli de Lisboa); 1936 (agregado cultural da Embaixada Española en Portugal, primeiro chanzo nos seus anos de transterrado). Vivira con toda a paixón a rica xeira política e cultural da *Época Nós*. No 1932 publicou en Lugo *Portugal a través de la obra dramática de Tirso de Molina.* E rexistramos diversas colaboracións súas –arredor dun cento- en *A Nosa Terra, Boletín da Real Academia Galega, El Compostelano* –serie «Lambizos», en lingua galega–, *Nós, O Diario de Lisboa* e *El Pueblo Gallego.*

3. 2. Despois do tempo do exilio (1971 – 1989)

Nos anos 1970-1980, xa en Galicia, non perdera Don Ramón os folgos de novo e participa ou fai inzar diversas iniciativas: ingresa na Real Academia Galega –1976–,resulta elixido secretario do Instituto padre Sarmiento –1977–, posta en marcha do anovado Seminario de Estudios Galegos –1978, con todo o alento dun amigo de vello, o artista e empresario Isaac Díaz Pardo-, recuperación do Partido Galeguista –tamén no 78; será o seu presidente, buscando a continuidade co

meritorio labor do histórico PG-, xestación, nacemento e primeiros pasos da Fundación Castelao –1984; fundador e primeiro presidente–...e é recoñecido con diversos galardóns: Pedrón de Ouro –1981–, Medalla Castelao –concedida pola Xunta de Galicia, 1984–, Medalla á Lealdade Galeguista –dos emigrantes galegos en México, coa importante presencia de Roxelio Rodríguez de Bretaña–, Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo (onde publica *A literatura galega no exilio* (1987), que recolle a versión en lingua galega do seu traballo co mesmo título, publicado inicialmente en 1978, no volume VI de *El exilio español* –Madrid, Ed. Taurus–). A Casa da Cultura da súa vila natal de Boiro leva o nome de Ramón Martínez López, dende a súa inauguración no ano 1988. Alí montou a exposición gráfica e documental intitulada *Ramón Martínez López e o seu tempo* o profesor Elixio Villaverde, para mellor dar a coñecer a súa vida e obra, contextualizada na Galicia e no mundo da época que lle tocou vivir. Tamén o 17 de maio do 90, pouco despois da morte do profesor, a asociación Xoves Culturais do Barbanza, o Concello de Boiro e a Fundación Castelao descubríramos unha placa na súa casa natal, co texto «Nesta casa naceu D. Ramón Martínez López. Boirense ilustre, galego exemplar e grande cidadán do mundo».

Foi Martínez López un verdadeiro bibliófilo e bibliómano, como tivemos ocasión de comprobar nas nosas conversas con el, nos derradeiros anos da súa vida. Sempre quixo que as mensaxes galeguistas e humanistas chegasen ás xeracións novas, das que de cote se viu rodeado na súa dilatada vida de profesor. Temos traballado xuntos no seo da Fundación Castelao, dende a súa creación. Esta tarefa e mais o seu trato de amizade xuvenil co escritor negreirés Xulián M. Magariños (1904-1934. Co-fundador do histórico SEG, no outono de 1923), posibilitaron a miña relación directa con el, dende finais dos anos setenta ata o seu falecemento. En moitos actos culturais. E rodeados de libros, na grande biblioteca que enchía salóns e corredores do seu domicilio familiar, en Compostela.

Ramón Martínez López faleceu en Pontevedra –onde estivo coa súa familia nos derradeiros meses da súa vida– o 13/9/1989. Agora, tódolos setembros, a Fundación Castelao celebra un acto litúrxico en lembranza de Don Ramón e dos membros das Fundacións Castelao e Alexandre Bóveda, xa falecidos. Na Igrexa

de Sobradelo (Arousa) e no cemiterio de Carril, onde repousan os restos do benemérito profesor exiliado e galeguista («Galicia, célula de universalidade», gustáballe dicir), Ramón Martínez López (1907-1989).

Conservamos copia de dúas longas cartas en lingua inglesa dedicadas á figura de Don Ramón. A primeira ten o remite do Department of Spanish and Portugues. The University of Texas at Austin. Está datada 0 16/11/1992. Escríbella Lee Fontanella, ex-alumno, á profesora Kathleen March –responsable da edición do S.E.G. de *Homenaxe a Ramón Martínez López* (1990)-. Contén bastantes alusións á vida, actividade universitaria e relación profesional súa con Don Ramón. Nela lemos:

> Don Ramón was much loved in Texas (...). He was exceptional (...) his long stint in Texas was, truly, for Galicia; he never forgot that greatest love. (Don Ramón foi moi benquerido en Texas (...). Era excepcional (...) o seu longo traballo en Texas foi, en realidade, dedicado a Galicia; el nunca esqueceu ese seu máis grande amor).

O segundo documento é o *Memorial resolution committee for Ramón Martinez–López, Professor Emeritus* (Memorial da resolución do comité para R.M.L., Profesor Emérito), do mesmo Departamento da Universidade de Austin – Texas. Certifícao H. Paul Kelley, secretario da Facultade. E titúlase *In Memoriam*. Foi redactado por un comité especial, integrado polos profesores Douglas M. Rogers, Miguel González–Gert e Carter Wheslock. Fai un repaso biográfico sobre o homenaxeado, que contén datos ben polo miúdo, e remata dicindo que se considera á familia de Martínez López como unha parte da institución universitaria texana. E subliña que a súa innate courtesy fortified his intelectual honesty (a súa cortesía innata afortalou a súa honestidade intelectual).

Neste *Memorial* dise que en 1936 o alzamento do xeneral Francisco Franco marcou o comezo da Guerra Civil Española, que veu desestabiliza-lo país e conduciu finalmente ó exilio a un grande número de artistas e intelectuais españois (In 1936 the uprising of general F. F. marked the beginning of Spain´s

Civil War, which was to de-stabilize the country and ultimately lead to the exile of a vast number uf Spanish artista and intelectual).

Un deses intelectuais exiliados foi o profesor Ramón Martagón López, galego de nación, fondamente universal e galeguista.

FONTES BIBLIOGRÁFICAS E HEMEROGRÁFICAS

ALTED VIGIL, Alicia e AZNAR SOLER, Manuel (Eds.) (1998): *Literatura y cultura del exilio español de 1939 en Francia,* Salamanca, AEMIC-GEXEL.

CASTRO PÉREZ, Xavier (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana*, Ourense, Deputación Provincial, 2 vols.

CONGRESO CASTELAO (1989): *Actas*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, 2 vols.

FANDIÑO VEIGA, Xosé Ramón (1984[-1986]): «Martínez López, Ramón», en *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago/Gijón, Silverio Cañada Editor, T. 20.

FERNÁNDEZ CERVIÑO, Mª Xosé e DÍAZ PARDO, Isaac (1984 [1986]):«Seminario de Estudos Galegos», en *Gran Enciclopedia Gallega,* Santiago-Gijón, Silverio Cañada Editor, T. 28.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (16/11/2000): «Con Ramón Martínez López en Boiro», A Coruña, *La Voz de Galicia*.

FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000): *Alzamiento y guerra civil en Galicia (1936–1939)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 2 vols.

FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (1992): *El franquismo en Galicia*, A Coruña, *La Voz de Galicia*.

FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (1987): *Franquismo y transición política en Galicia*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

«GALICIA EMIGRANTE» (1954-1981) (1991):. Escolma de textos da audición radial de Luís Seoane, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

GARCÍA DOMÍNGUEZ, Raimundo (*Borobó)* (20/9/2001): «O exemplo de Ramón Martínez López»,Vigo, *A Nosa Terra*, nº 1.000.

GURRIARÁN, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés republicano e galeguista*, Sada-A Coruña*,* Ediciós. Do castro.

LIÑARES GIRAUT, X. Amancio (1984): "As relacións Galicia–Portugal a debate", Santiago, en *Encrucillada*, nº 40.

LIÑARES GIRAUT, X. Amancio (1991): *Conversas con Avelino Pousa Antelo. Memorias dun galego inconformista*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

LIÑARES GIRAUT, X. Amancio (Ed.) (1997): *O centenario de Castelao na lembranza, 1986*, Santiago de Compostela, Fundación Castelao.

LIÑARES GIRAUT, X. Amancio (3/10/1999): «Achega ó intelectual galeguista Ramón Martínez López, dez anos despois», en *O Correo Galego*.

LIÑARES GIRAUT, X. Amancio e ROIG RECHOU, Blanca Ana (1988): *Xulián Magariños Negreira, un home da «Época Nós» (1904-1934)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988): *Galicia na II República e baixo o franquismo*, Vigo, Xerais.

POUSA ANTELO, Avelino e CASTRO PÉREZ, Xavier (1974-1986) «Partido Galeguista», en *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago–Gijón, Silverio Cañada Editor, 1974[–1986], T. 24.

RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel (1992): *Sempre en Galicia* (Edc. Crítica de VV.AA., Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia – Universidade de Santiago de Compostela.

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS (1934): *Dez cursos de traballo, 1923–1934, Santiago.*

VILLAVERDE GARCÍA, Elixio (1995): *Heroes e mártires. A Segunda República e a Guerra Civil no Barbanza*, Santiago, Edc. dos Concellos de Pobra do Caramiñal e Boiro.

VILLAVERDE GARCÍA, Elixio e LIÑARES GIRAUT, X. Amancio (1992): *Ramón Martínez López. Pola universalidade de Galicia*, Noia, Sementeira Edicións (Monografías Didácticas – Ensino Secundario).

VV.AA. (1978): *El exilio español de 1939*, Madrid, Taurus Ediciones, 6 vols.

VV.AA. (1990): *Homenaxe a Ramón Martínez López*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

VV.AA. (1986): *O 36 en Galicia*, Vigo, *A Nosa Terra*.

VV.AA. (1987): *Os anos despois (1936–1953)*, Vigo, *A Nosa Terra*.

VV.AA. (1978): *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

EXILIO, NEGACIÓN O REPUDIO. DOS CASOS DE SOCIEDADES AGRARIAS Y DE INSTRUCCIÓN EN TERRA CHÁ

Daniel M. Vázquez Vila
Universidade de Santiago de Compostela

El exilio no sólo se observa en el incremento de los movimientos migratorios sino que también tuvo repercusiones en otras facetas como son el ámbito cultural y la enseñanza. Por poner un ejemplo, nos centraremos en cómo el repudio hacia ciertos ideales llevó al olvido de la labor realizada por algunos de los emigrantes a América, que conscientes de la importancia de la educación y de las grandes carencias existentes en las zonas rurales de las que procedían, se habían agrupado en sociedades.

De este modo, los emigrantes fundaron en otros países Sociedades de Instrucción destinadas a crear y sufragar los gastos de las escuelas creadas en sus lugares de origen; escuelas que servían para difundir las nuevas ideologías progresistas junto con los nuevos valores culturales aprendidos al otro lado del mar, al tiempo que sacaban de la más burda ignorancia y atraso a los familiares y paisanos que aún permanecían en sus parroquias de origen. Con un fin semejante, aparecen también las Sociedades Agrarias y de Instrucción que también se encuentran repartidas por toda Galicia.

Precisamente, este es el contexto en el que se enmarca esta comunicación que relaciona exilio, emigración y educación a partir del caso concreto de dos escuelas, que se encuentran localizadas en las parroquias de Belesar y de Vilapedre pertenecientes al termino municipal de Vilalba en la provincia de Lugo.

En la parroquia de Belesar encontramos una escuela fundada por la Sociedad de Instrucción y Beneficencia de Hijos de San Martín de Belesar, que se constituyó como sociedad el 15 de Agosto de 1928, estableciendo

legalmente su domicilio social en la Calle 19 N.º 224, Vedado, La Habana, República de Cuba.

Una vez constituida legalmente la Sociedad se iniciaron los trámites para la adquisición de los terrenos necesarios para la construcción de un plantel escolar en la parroquia de San Martín de Belesar en el término municipal de Vilalba, provincia de Lugo. Para ello, tanto el presidente de la "Sociedad Hijos de San Martín de Belesar" Ángel Balsa Castro, como el secretario de la misma Sociedad, Salvador Villarino Maseda, otorgaron a Juan Antonio Carballeda la capacidad para firmar las escrituras de compra, tal y como se refleja en un poder especial sellado en La Habana el 12 de Septiembre de 1928 ante el Vicecónsul de España en Cuba Pedro López García.

Así, iniciados los trámites para la adquisición del terreno denominado "Cruz de Avieira" en el que se construyó la casa-escuela, se inició la construcción del edificio, autorizado el 3 de Octubre de 1931 según la fecha que aparece en el fichero consultado en la Sección de Centros de la Delegación de Educación de la Provincia de Lugo.

Dicho edificio fue construido bajo la supervisión de Juan Antonio Carballeda, el cual había recibido los planos[1851] que habían sido enviados desde Cuba con las indicaciones pertinentes para la construcción del plantel escolar. Incluso, parece ser que también supervisó la construcción de la casa-escuela de la parroquia vecina de Tardad, mandada construir por la Sociedad de Instrucción Hijos de Tardad y Distriz en dicha parroquia perteneciente al término municipal de Vilalba en la provincia de Lugo.

Hasta aquí coincide con el proceso de cualquiera de los planteles escolares creados en Galicia por las Sociedades de Instrucción; sin embargo, el estallido de la Guerra Civil Española hizo que se produjese un hecho anecdótico pero significativo, en el que se aprecia cómo el repudio hacia ciertos ideales llevó a la negación de la labor educativa realizada por muchos emigrantes anónimos y al exilio de otras personas vinculadas a este tipo de Sociedades.

[1851] Parece ser que las medidas venían calculadas con calibradores; pero al no haber calibradores tomaron como referencia para la construcción del edificio la distancia de 20 metros.

Lo sucedido una vez terminada la Guerra Civil Española, fue que las letras que formaban la inscripción colocada en la gloria del plantel escolar de la parroquia de Belesar fueron picadas, por considerar que el arquitecto de dicho edificio era comunista y la inscripción que contenía la gloria, peligrosa. Con este acto condenaron a un pueblo al olvido y negaron la labor de muchos emigrantes, hasta tal punto que los mayores no recuerdan qué decía la inscripción de la gloria, ya que las cosas y las obras que no están escritas se hallan recubiertas de tinieblas y entregadas al sepulcro sin memoria, mientras que aquellas que fueron escritas se hallan como vivificadas.

Fotografía realizada en Enero de 2001 en la parroquia de San Martín de Belesar a la fachada principal perteneciente a la Escuela creada por la "Sociedad de Instrucción y Beneficencia Hijos de San Martín de Belesar"; en la que se puede apreciar cómo en la gloria que culmina el edificio no se encuentra ningún tipo de inscripción.

Algo similar ocurrió también con la escuela creada por la Sociedad Agraria y de Instrucción Unión de Villapedre constituida el día 8 de Septiembre de 1917 en la parroquia de San Mamede de Vilapedre, término municipal de Vilalba de la provincia de Lugo, bajo la presidencia de Rosendo González Díaz y gracias a los donativos recaudados entre los vecinos de la parroquia y los emigrantes a la isla de Cuba.

La Sociedad Agraria y de Instrucción Unión de Villapedre tenía como finalidad crear una escuela, que debía servir para luchar contra la ignorancia y alcanzar el progreso mediante la formación cultural de sus miembros y la

mitificación de la educación, sin olvidar el carácter asistencial y recreativo[1852] que solían tener estas agrupaciones.

Así, esta Sociedad Agraria y de Instrucción se convierte en uno de los focos dinamizadores de la comunidad de vecinos de la parroquia de Vilapedre, como se desprende de lo escrito en el primer libro de actas de dicha Sociedad. Dicho libro abarca las actas comprendidas desde la creación de la Sociedad el 8 de Septiembre de 1917 hasta el 1 de Abril de 1933, ya que con la llegada de la Segunda República Española tanto el libro de actas como el libro de cuentas que deberían permanecer depositados en la escuela tuvieron que ser cambiados. Sin embargo, en Diciembre de 1934 la escuela fue clausurada y los libros que se encontraban en la escuela fueron confiscados por las autoridades pertinentes a excepción de los libros anteriores al año 1933, que fueron escondidos en la casa de uno de los vecinos de la parroquia de Vilapedre, hecho que permitió que se conservasen.

Las palabras del Secretario de esta Sociedad Agraria y de Instrucción, José Rodríguez, dan muestra de que:

> Poco a poco se había ido adelantando a fuerza de luchar contra la ignorancia y personalismo que caracteriza a nuestros vecinos o parte de los que componen esta Sociedad. [...] Y dirigiéndose a los padres de familia que tienen actualmente hijos en edad escolar les invito a que manden a estos con regularidad a la escuela que es la mejor herencia que podrán dejarles puesto que tarde o temprano la mayoría de ellos por distintas causas tendrán que emigrar y que al llegar a tierras extranjeras les recibirán según su cultura y conocimientos y según éstos sean, así serán los trabajos y oficios que puedan desempeñar. [...] Sus mejores ideas son que en el seno de esta sociedad reine siempre la armonía, que ésta sea como una madre de todos, que reciba a cada uno sin mirarle sus credos políticos ni religiosos, sus ideas avanzadas o tradicionalistas, que tengan cabida en ella todos los hombres de buena

[1852] Según el acta del 28 de Enero de 1927 se acuerda reunir los fondos necesarios para celebrar unas lúcidas honras fúnebres por el eterno descanso de los socios fallecidos y que contribuyeron a la fundación de la sociedad y casa escuela. Además, se acuerda celebrar un homenaje de despedida consistente en una comida o banquete para los que se embarcaban con destino a Cuba.

> voluntad y que al entrar en ella dejen todas sus pasiones y prejuicios en otras esferas de su acción y así servirán a la causa más noble, más honrosa que el hombre puede aspirar el luchar por la cultura, el progreso, la unión y el bienestar de su pueblo.[1853]

Pero, como se desprende de lo recogido en el libro de actas de dicha Sociedad, la educación no era la única preocupación de este tipo de instituciones nacidas del pueblo y preocupadas por el desarrollo de su pueblo, ya que era gracias a las numerosas aportaciones y colaboraciones de los vecinos de las parroquias a lo que debían su existencia.

Así, la Sociedad Agraria y de Instrucción Unión de Villapedre defendía que aparte de la educación y la formación de las personas había que mejorar las comunicaciones y romper con el aislacionismo que no les permitía desarrollarse; como se desprende de la siguiente acta:

> Sigue en el uso de la palabra el Sr. Rodríguez que habla extensamente de la importancia que encierran las vías de comunicación y pone ejemplos que ha visto en otros países con relación a esta materia y pone de manifiesto el estado de atraso y de pobreza en que se hallan varios sitios de Galicia debido al aislamiento de las poblaciones con respecto a algunas aldeas. Las cuales serían transformadas rápidamente si a ellas llegasen las vías de comunicación de que carecen; también se extraña de que haya individuos que imiten a sus antepasados que creían un sacrilegio ver cruzadas sus fincas por alguna vía férrea o carretera.
>
> Cuando hoy todos los hombres tienden a buscar el adelanto, la civilización, el bienestar por todos los medios a su alcance y precisamente es el más práctico éste de la comunicación mecánica o de otro orden que por las dichas vías puede hacerse." [1854]

[1853] Según el acta del 6 de Enero de 1927.
[1854] Según el acta del 21 de Marzo de 1926.

Sin embargo, pese a sus buenas intenciones, el edificio de esta Sociedad, como ya se ha dicho, fue clausurado y confiscados sus libros[1855], que se encontraban en dicho edificio por las autoridades del termino municipal de Vilalba en Diciembre de 1934, por considerarse que tenía un carácter sindical y servían de propaganda comunista.

> Pese a que se trataba de una Sociedad de campesinos con fines agrarios e instructivos ajena como es natural a todo movimiento político y sectario, una de tantas casas fundadas por los emigrados y vecinos en nuestra región a costa de grandes sacrificios y con nobles intenciones que el estado debe tener en cuenta por muchos conceptos.[1856]

Fotografía realizada en Enero de 2001 en la parroquia de Vilapedre a la fachada principal perteneciente a la Escuela creada por la "Sociedad Agraria y de Instrucción Unión de Villapedre"; y que fue confiscada en Diciembre de 1934 y en la que se puede apreciar cómo tampoco se encuentra ningún tipo de inscripción en el edificio.

Por tanto, a modo de recapitulación y en relación con la temática que se está tratando en este congreso, podemos concluir con que el ambiente previo a la Guerra y el transcurso de la propia Guerra Civil Española que afectó a tantas personas y supuso el exilio de tantas otras, no sólo se refleja en los

[1855] En concreto nos referimos al reglamento y a los libros de actas y de cuentas.

[1856] Fragmento perteneciente a una solicitud presentada el 30 de Marzo de 1935 por el Presidente y el Secretario de la Sociedad Agraria y de Instrucción Unión de Villapedre ante el Gobernador Civil de la Provincia de Lugo; con el fin de que se levantase la clausura promulgada en Diciembre de 1934 sobre el edificio donde tenían su domicilio social y se les devolviesen los libros confiscados por las autoridades del municipio de Vilalba. Esta referencia sobre la clausura fue encontrada en los Expedientes del Registro de Asociaciones del Gobierno Civil de Lugo, depositados en el Archivo Histórico Provincial de Lugo.

movimientos migratorios existentes sino que también afectó a cuestiones como la enseñanza y la cultura.

Ya que muchas personas fueron repudiadas y sus obras negadas o tergiversadas, como he intentado plantear a lo largo de esta comunicación, para lo que he recurrido al estudio de dos casos concretos de ámbito microterritorial, con el fin de plantear la idea de que una de las grandes pérdidas que originó la Guerra Civil Española fue un estancamiento en el ámbito cultural que obligó a exiliarse no sólo a los intelectuales, como se podría desprender del grito "mueran los intelectuales", sino que también afectó a muchas personas que pretendían luchar contra la ignorancia y buscaban salir del atraso y la pobreza en la que se encontraban sumidos mediante la agrupación en Sociedades de Instrucción y Sociedades Agrarias que tenían como finalidad el poder reunir a los vecinos para resolver sus problemas económicos, sociales y culturales.

A MEMORIA DO EXILIO

OS EPISTOLARIOS DO EXILIO: UN MAPA DE CICATRICES

Xosé Luís Axeitos Agrelo

> Nos han dejado solos a los solos. Recuerdo que un día Bergamín me dijo: "nos convertiremos en unos astros solitarios que se envían signos"

Penso que a cita de Bergamín non está dictada polo frío artificio da retórica senón pola necesidade de facer máis eficaces e verdadeiras as palabras. O exilio, calquera que sexa a postura adoptada polo transterrado, estimula esta necesidade de precisión cando ten necesidade de testemuñar a relación imposible entre o artista e o seu mundo en torno, anceio de todo artista verdadeiro.

Os signos aludidos por Bergamín non son outra cousa que as cartas e libros que intercambian os exiliados desde o primeiro momento de abandonar terra española. Non poden intercambiar outra cousa que as súas reflexións que a súa creación, a auténtica equipaxe dos transterrados.

As cartas, xa que logo, é unha maneira de examinar polo miúdo o fardel do exilio, de ir contando e fixando este cacho da nosa historia antes de que outros –que os hai- se poñan a inventala. E unha forma de invento, tecido de modernidade, é conceptualizar e teorizar o exilio, pluralizando e confundindo este mundo poblado de silencios e complicidades. Seoane, un dos nosos exiliados máis representativos, tiña unha concepción da historia que ben podería empregarse para xustificar este congreso, tal é a súa actualidade:

"Todos conocemos muy bien las reglas políticas y la bondad de los fines pero hay que empezar a cuidarse de los medios. Con procedimientos injustos e inmorales no se pueden alcanzar nunca buenos fines. Quizá esto sea medioevalismo, pequeño burguesismo o lo que quieran, pero por mi parte

nunca me dio por defender a los poderosos de cualquier género ni a los policías de ideales. Pienso que no hay que olvidar, ya que si la justicia debe tener venda en los ojos, también debe tener memoria y nunca se hizo justicia sin que se hiciese antes historia, no otra cosa significa la exposición de hechos de cualquier proceso."[1857]

Afortunadamente, todos aqueles exiliados, expulsados da historia cando tiñan vocación de participación e de protagonismo na mesma, mantiveron viva unha predisposición ó testemuño que constitúe unha das súas características esenciais. Por esta razón, con frecuencia o exiliado recurre á autobiografía como defensa eficaz da súa condición.[1858] O exilio abre, en efecto unha reflexión sobre a cultura, que non ocurre coas culturas propias, que son consumidas con indiferencia mecánica.E aportan ademais estes testemuños unha carga apasionada que as caracteriza moi especialmente co selo do exilio. Tan consciente era Luís Seoane deste feito que o chega a expresar con esta contundencia:

> Aquí se publican noticias pero muy desapasionadas y las noticias, creo yo, deben ser redactadas con apasionamiento, pesimistas, optimistas, buenas, malas, etc, que den lugar a la adhesión o el rechazo. Tan desapasionadas parecen pertenecer al pasado, se les excluye del presente y deshumanizan."[1859]

Palabras estas que se complementan coas desta outra carta para perfilar unha poética do intelectual concebido por Luís Seoane:

> Eu pensei sempre que o intelectual ten que estar co seu pobo e tomar posición sempre, comprometerse cos problemas da época, por isto vin a parar, como tantos de toda a península, a Buenos Aires, cando podía ter quedado de abogado, facendo cicaís cartos, na Coruña, e aínda que se faga esteticismo (unha forma de fuxida e de extremado desterro, decimos nós)

[1857] Carta de Seoane a Simón Scheinberg (Buenos Aires, 18 de xullo de 1958)
[1858] Decía Otero Espasandín a Dieste nunha carta datada o 25 de xaneiro de 1948: "Pienso en un libro de poemas entre broma y veras, sin dejarme agarrotar por la estética ni dejarme llevar al tun tun. Otro libro que pudiera ser de interés, a pesar de lo mucho que se ha abusado del tema, sería uno de reflexiones políticas. Más que "el gran tablero", "mi tablero" o tabla de este general naufragio."
[1859] Carta de L. Seoane a Luís M. Baudizzone datada na Coruña o 26 de febreiro de 1973.

> que non hai porque non facelo si é natural no escritor, fondamente sentido, e non imitación de franceses de segunda man."[1860]

O exiliado sinte unha profunda necesidade de testemuñar a súa vida e a este necesidade está asociada unha obsesión compartida polos trasterrados: a memoria e o seu oposto dialéctico, o esquecimento. Cando se intenta reproducir o testemuño do exilio, a memoria recupera outras épocas e outros aspectos da experiencia. É fácil comprender a necesidade de lembrarse se temos en conta que a existencia do desterrado depende das lembranzas pasadas: memoria dos obxectos, persoas, paisaxes olores, rúas pensamentos e palabras. Con sobrada razón decía Lorenzo Varela:

> "Será difícil encontrar reunidos tanto escepticismo y tanto fervor a la vez como los que, de algún modo, se manifestaban en cada uno de aquellos jóvenes, todavía mozos hoy, pero marcados por el hierro de la derrota, enfermos de lejanía, dolidos de ausencia, tristes por los más alegres recuerdos. Y, sobre todo, viviendo de memorias a tan temprana edad. No de memorias en parte recogidas en obra, como las generaciones anteriores, sino de memorias desnudas"[1861]

E non faltan neste azaroso proceso da lembranza as maletas testemuñais, sen metáfora:

> "Por cierto, ayer Alicia decidió sacar una maleta de un remoto rincón, de un "closet" y empezó a sacar papeles y fotografías de los tiempos de Buenos Aires. Lo que salió a luz no es para describirlo; y a manera de muestra os mandamos un botón. Alicia insiste en una condición que yo respaldo, y es que si la conserváis entre vuestros tesoros, nos la devolváis".

Tamén Alicia se refire así á maleta dos recordos:

[1860] Carta de Seoane a Alonso Montero (Buenos Aires 8 de amrzo de 1961)
[1861] Lorenzo Varela, "Presentación de Luís Seoane" en *Ensayos, conferencias y otros escritos*, Biblioteca del Exilio, ediciós do Castro, 2001, p. 171.

> "Esa foto y otras muy parecidas, la he guardado en mi famosa maleta de los tesoros desde 1944 o 1945 y ayer, día muy lluvioso, me puse a arreglarla y salieron infinidad de evocaciones de los tiempos ya idos; Ote, sin más historias, me robó esa foto para vosotros. Aunque pretendo con todas mis fuerzas no ser sentimental en estos tiempos, por ser muy anticuado, me resulta muy difícil dar al traste con todo. La dichosa maleta es un poema: toda la historia de la humanidad side by side con la nuestra desde hace muchos años."[1862]

En realidade as dificultades e temores do exilio empezaron xa antes do remate da guerra. E non todos os temores eran de orde material, senón que se amosaban outros máis penosos e difíciles de superar. E así nolo expresa Carmen Muñoz nunha carta de 1939 a seu cuñado Enrique Dieste:

> "Se habla mucho en las esferas internacionales de armisticios, paces, mediaciones y treguas. No se sabe lo que desear. Es un dolor que continúe la guerra, pero hay que terminarla bien terminada.
>
> Y el final también causa espanto. Ante lo único que me siento cobarde es ante el momento de la terminación de la guerra. ¡La angustia de enterarse de todo lo que ha pasado, de los que viven y de los que han muerto!"
>
> Tiñan estas palabras dramático anticipo na sospeita da morte de dous amigos rianxeiros:
>
> "Hace pocos días nos sucedió esto con una intensidad extraordinaria. Fue cuando nos dijeron que habían caído Manolo y José.[1863] (Quizá no deba decir caído. Cae la mies al ser segada o al ímpetu de un vendaval, no al ser mancillada por rastro de ladrones o descuidadas pezuñas). Llevaban escondidos mucho tiempo cerca de Vigo. Creyeron poder escapar y hasta llegaron a la bodega de un barco, con seis compañeros más. Fueron delatados. No se atrevieron los perseguidores a entrar por ellos ni ellos quisieron salir. Les echaron agua fría en la bodega, después caliente hasta que sonaron unos disparos. Por los cadáveres se vio que uno del grupo

[1862] Carta datada o 23 de setembro de 1975 en Bethesda.

> había matado a los demás y se había suicidado después. También nos confirmaron la muerte de Sixto.[1864]

Estes temores iniciais, precedidos das angustias dunha guerra, empezan a configurar un mapa de feridas profundas que irán debuxando uns espacios máis ou menos definidos, máis ou menos reais, pero difíciles de borrar da memoria colectiva do noso país. O círculo das frustracións e das feridas sen cicatrizar cérrase nesta carta de Otero Espasandín –xa estamos en 1973- dirixida ós Dieste, Seoane, Colmeiro, etc; di así:

> "Sí, Rafael, hay que encontrarse pronto, sea donde sea, y cuántos más mejor: hay que resucitar cada uno en la presencia de los demás a fin de morir, cuando sea, una muerte en plenitud, redonda, sin remordimientos, y no una muerte trunca, mutilada, fallida. Es una desgracia irreparable que hayan desaparecido ya varios amigos, entre ellos nuestro Baltar, nuestro Maside, nuestro Eduardo... sin la gran despedida, sin la adhesión inacabable de todos nosotros. Hay que planear bien el acontecimiento, pero con una sencillez total, como un acontecimiento que sólo adviertan los pájaros, los regatos, las campanas vecinas, el rumor de los pinos, el romper de las olas sobre una playa sin nombre y sólo visitada por gaviotas acosadas por alguna galerna..."

Nunca se chegou a producir este encontro tan desexado. Non queda vivo a data de hoxe ningún dos mentados na carta de Otero Espasandín.

Pero entre o temor inicial e a ferida sen cicatrizar do final, quedan mil peripecias, quedan mil accidentes que dalgún xeito van trazar as liñas do noso mapa.

> ALLEZ, ALLEZ
>
> "Los caminos están guardados por guardia móvil y soldados negros, senegaleses... Unos y otros repiten incesantemente "Allez, allez"[1865]

[1863] Manuel Rodríguez Castelao e Xosé Losada Castelao morreron asasinados no bou EVA no porto de Vigo en 1936 xunto con outras seis persoas. Eran curmáns de Castelao.
[1864] Sixto Aguirre, "paseado" en agosto de 1936 o mesmo día que Camilo Díaz Baliño.
[1865] V Botella Pastor, *Así cayeron los dados,* 1959, p. 19.

Este primeiro bloque de correspondencia, inmediato ó remate da guerra, podemos consideralo de urxencia, son as típicas cartas "de noticia", salvo algunha rara excepción, marcadas pola desolación e pola incertidumbre do futuro. Todo agravado polo trato inhumano dunha acollida tan brutal coma inesperada. O protagonismo recaerá nos organismos que se crean para a liberación dos refuxiados, retidos nos areais de Argeles, Saint Cyprien, Barcarès, etc., e naquelas persoas que aínda conservan un certo estatus diplomático debido ós cargos que ostentaban ata este momento. Son, en consonancia co momento dramático que lles toca vivir, cartas escritas en papeis moi diversos, a lápiz na maioría dos casos, e con marcado acento de súplica case sempre.

> "Yo salí con los pasos regulares y firmes de un ejército sin municiones, pero que conservaba aún su coherencia. Carmen salió con el gran tumulto de las familias campesinas que a última hora llenaban con sus inmensas caravanas (con sus carritos ilusorios en que se llevaban lo que podían del ajuar doméstico) los caminos de Cataluña. Ella fue herida en el feroz bombardeo de Figueras. A su lado murió Fe, la mujer del pintor Gaya, su compañera de peregrinación. La niña de Fe, ensangrentada con sangre de la madre, fue salvada en brazos de Carmen, aun cuando uno de esos brazos era el que estaba desgarrado. Al pasar la frontera francesa Carmen fue a un hospital. Yo a un campo de concentración. En torno, alambres de picas y ametralladoras de senegaleses. Dentro, arena, agua insalubre, un pan para quince días y el capote y hoyos como único refugio contra las tempestades..."[1866]

Pola súa parte Ramón Gaya, refuxiado na casa do seu amigo Cristopher Hall despois da saída de Sain Cyprien, escribe esta carta chea de dúbidas e inquietudes a Carmen Muñoz de Dieste:

[1866] Carta de Rafael Dieste ó seu irmán Antonio (Mar del Sur, 6 de xaneiro de 1947).

"Querida Carmen. Acabo de recibir un telegrama firmado por Ángela y por ti. No tengo la dirección de Corpus Barga, que es, según creo, donde se encuentra Alicia. Mándame esa dirección si te es posible. No sé apenas nada de nada. Estoy como puedes imaginarte. No vivo. No puedo decirte ni hablar de las cosas. Quiero, eso sí, saberlo todo. Escríbeme. Estoy en casa de mi antiguo amigo inglés –de quien tanto os he hablado a veces- Christobal Hal. Esta comodidad me hace un daño terrible; puedo sentirme todo lo desgraciado y desesperado que guste; en el campo de concentración sufría por lo menos tantas cosas materiales y físicas que taponaban un poco y por algunos momentos durante el día los otros sufrimientos, las sospechas, los temores.

No puedo escribir y estas líneas no sé siquiera si son comprensibles.

En cuanto a ti ¿qué puedo decirte? Ya puedes suponer lo que para mí representa que salvases a la niña."[1867]

As saídas non todas foron, como a de Dieste, con pasos regulares e firmes dun exército; a fuxida, máis que saída, de Manuel López Mosquera foi azarosa e case cinematográfica:

"No ignoras que los facciosos me procesaron en Santiago por rebelión y en Lugo por espiomaje y traición, salí como pude después de unas 16 declaraciones prestadas ante 5 jueces militares, zafios, ignorantes y brutos, con un sobreseimiento en Lugo pero sancionado con 30.000 pesetas de multa e incautación de todos mis bienes. La multa la pagó mi señora para sacarme de la cárcel de Lugo. Se me llegó a fijar residencia en Galicia dándome a escoger Lugo o Ferrol y presentarme cada ocho días en la Delegación de Orden Público. En esta situación me encontraba en Ferrol hasta que nuevamente me envuelven en otra causa por traición y teniendo soplo por un hermano de Severino Valdés, que es cabo de seguridad, de que estaban dadas las órdenes de detención, pude huir con salvoconducto falso a Navarra a refugiarme en el partido de Constantino que está en la vertiente de los Pirineos; allí, pasando mil fatigas pude por fin el 14 de agosto a las dos de la mañana del 15 pasar la frontera escarpando las

[1867] Carta de Ramón Gaya a Carmen Muñoz (Chateau de Cardesse, 28-II-1939)

> montañas a 2000 metros de altura perseguido por perros alemanes amaestrados. No tenía opción, por delante el abismo, los puestos de la guardia a las espaldas y perros amaestrados, las alambradas y la noche en terreno desconocido en donde las montañas se sucedían y excedían; por otro lado atrás me quedaba un pequeño consuelo, el fusilamiento; opté pues por el primero y esa noche a mis 54 años bordeando los precipicios, lloviendo a cántaros, por terrenos resbaladizos, escapé del infierno de Franco no sin ser herido en las alambradas y con las manos ensangrentadas de sujetar el cayado. Solo, sin más que la ropa que tenía puesta me encontré a las dos de la mañana en las montañas de los Bajos Pirineos de Francia, el agua me entraba hasta el cuero, pero sudaba y mi emoción no sabría explicártela al verme en terreno de Francia, cuando aún a mis espaldas sentía los tiros secos y los ladridos de los perros alarmados ante el movimiento que mi paso al ser escalada imprimió en la empalizada. Pero era la vida, la libertad y la alegría es más emocional que el peligro pasado."[1868]

Outra característica deste bloque inicial epistolar é o carácter interno do mesmo; rara vez estas cartas escapan do círculo do exilio dado que o envío a España, por exemplo, non só estaba cheo de azares senón de perigos para o receptor.

Serán, en efecto, moitas as cartas que fagan mención ó descoñecemento da situación dos familiares que quedaron en España por non poñer en perigo a súa vida. Aínda moitos anos despois de rematada a guerra, a desconfianza cara o sixilo dos correos franquistas era evidente, como teremos ocasión de comprobar. Probablemente sexa esta a razón da tandanza da comunicación epistolar entre o exilio e o interior.

Pode servir de pauta desta etapa a carta que Carmen Muñoz escribe á familia uruguaia do seu marido Rafael Dieste, desde o hospital da Pitié en Paris onde estaba internada para recuperarse dunha operación nun brazo:

[1868] Carta de Manuel López Mosquera a Luís Seoane (22-IX-1938)

> "Todo está muy confuso. Las posibilidades de ayuda son muy escasas en relación del número de necesitados y hay un lentitud desesperante. Nosotros vamos a ser de los primeros en salir.
>
> Barbudo, Gil Albert, Plaja, Varela, Souto y muchos otros esperan poder irse a México, que los admitirá, pero no los paga el viaje, según creo. Están en esas gestiones. De Mariano y Granel no sé nada. Espasandín está en Inglaterra. Recientemente se ha colocado su mujer de profesora de español. Gana poco, pero de momento marchan. Gaya está en el sur de Francia viviendo con un pintor norteamericano amigo suyo. Hace pocos días le llevaron la niña.De su mujer no hemos vuelto a tener noticias, probablemente murió en España. De los míos no sé nada. Nunca escribí por no perjudicarles.
>
> Ayer no pude menos de llorar toda la tarde la caída de Madrid. ¡Eran tan grotescos los detalles de los periódicos!"[1869]

Se os escritores e intelectuais saíron axiña do inferno de area que eran os campos de refuxiados por mor da influencia da asociación de escritores franceses, unha gran parte tivo que sufrir varios meses a penuria e a humillación por non falar das mortes que se sucederon ós poucos días. O pintor Rodríguez Luna, o profesor de latín Bernardo Clariana, o rianxeiro Xermán Rañó, etc., pasaron momentos de auténtica angustia antes de poder emprender viaxe rumbo a distintos países. Non podemos menos que destacar a intervención de diversos organismos internacionais, diplomáticos e institucións que salvaron moitas vidas coa súa axuda e colaboración. Entre os galegos, destacaríamos a Jacinta Landa, viúva de Viqueira que sempre confortou e axudou de xeito valioso:

> "Querida Carmen: No he querido contestar a su carta hasta poder decirle que había visto a su marido. Ayer y hoy he estado con él en el campo. Está bien de salud y también los demás amigos. Espero que muy pronto puedan salir, ya que las gestiones se van acelerando lo más posible. Pero ¡qué despacio para lo que una quisiese! Me parte el alma ver al pobre

[1869] París, 30 de marzo de 1939.

> Gaya que está tan ansioso por saber de su mujer. ¿Cómo va su brazo? ¡Cómo se complican todas las cosas en este absurdo que vivimos! Envío ese papelito que me dio Barbudo para su mujer. La abraza con todo cariño
>
> Jacinta

Resulta moi significativo do estilo epistolar deste momento preciso, as innumerables interrogacións e admiracións que conteñen as cartas. Son a proba máis plástica do asombro e da incredulidade que lles toca vivir.

AS VIAXES DA ESPERANZA

Despois dos fatídicos campos de concentración, chegan as viaxes da esperanza con nome de barco que rematan –sempre provisionalmente- en América principalmente: México, Arxentina, Chile, Cuba, Republica Dominicana, Santo Domingo, Panamá...Son momentos difíciles pero amparados pola circunstancia do regreso seguro a España. Tal fe non falta en ningún exiliado. Así, desde México, se expresaba A. Sánchez Barbudo:

> "La guerra está un poco fea ahora, pero espero que los rusos, a pesar de todo, resistan y que en la primavera que viene le puedan dar a Hitler un palo gordo. ¡Ojalá! ¡De eso dependen tantas cosas! Entre otras, espero, que nos podamos reunir en España."[1870]

E desde Santiago de Chile, o musicólogo e crítico Vicente Salas Viu, non dubida en dar como feito natural o regreso inmediato:

> "Te supongo contento, como estamos todos, con los últimos hechos de la guerra. La entrada de EE.UU. y el fracaso seguro de los japoneses, sobre el más que seguro de los alemanes en la URSS, acorta los plazos de nuestro regreso a España en medida considerable. Partir esta vez, al contrario que en la famosa y cursi frase, será revivir un mucho ¡está uno tan deshecho, tan jodido!"[1871]

[1870] México, 29 de julio de 1942. Carta inédita.
[1871] Santiago de Chile, 15-XII-1941.

Estas palabras últimas, esperanzadas na viaxe de volta, endexamais terán comprimento. E vanse suceder as viaxes pero serán proa a ningures, serán viaxes existenciais. Expresaba este absurdo Rafael Dieste nunha carta a María Zambrano na que mesturaba, coma se dun ensaio filosófico se tratase, tempo e espacio fuxitivos e quebradizos:

> "Haré lo posible –que no es mucho- para procurarle base en estas tierras [ó músico Casal Chapí]. .. Estoy pensando ¿Y si viniese a Buenos Aires? Claro que también estoy pensando: ¿Y si yo me fuese de Buenos Aires? De todas suertes, un modo de irse sin irse es que vengan otros. Por aquí cunde –no digo florece- estos días la nostalgia. No es que sea permanente, pero por temporadas nos dan ataques."[1872]

As situacións "existenciais" –non atopamos mellor palabra pala calificalas- que se expresan epistolarmente e se espallan polos horizontes do exilio tal como, nunha carta circunstancial de fin de ano, expresa Gil Albert a Dieste e Serrano Plaja:

> "Sí, he pensado en vosotros a menudo y en mis días bonaerenses que no estoy muy seguro que hayan existido, de tal manera la realidad se me escapa hoy como nunca, con estas distancias, estas situaciones inestables y este vivir acongojado en espera ¿de qué? Sí, otra vez en México, hundido en una especie de pozo luminoso ¿Hice bien, hice mal? Tampoco lo sé. Hallé aquí un clima paradisíaco por lo aparentemente benigno y perdurable, la misma indiferencia hacia todo, los amigos entre desdeñosos e irritados y de pronto uno en una soledad desconcertante y entristecedora."[1873]

En non poucas ocasións coincide a chegada ós países de acollida coa morte, que parece estar esperando. Tal é o caso dramático que nos conta Manuel López Mosquera:

[1872] De Rafael Dieste a María Zambrano (Buenos Aires, 13 de xuño de 1945).
[1873] Carta de Gil Albert (México 14 de diciembre 1944)

> "El pasado 29 recibí tu primera carta desde los campos de concentración de Francia, que por cierto me llenó de alegría pues me parece estar en el fin del mundo. Pensaba contestarla inmediatamente pero como después de una alegría viene una pena, esta no podía faltar, ya que el 31 murió casi de repente uno de los refugiados de esta, el Licenciado Núñez de Prado, primo del general Núñez de Prado mandado fusilar por Franco. Tenía mi edad, pertenecía a una de las más rancias familias nobles de España y en excelente posición. Rompió con los prjuicios de su posición y ni el egoísmo de sus familiares hicieron mella en su ideal de lealtad al Gobierno Republicano, su esposa y sus hijos entre ellos, uno jefe del falangismo, no tuvieron su valentía y el pobre hombre aquí solo, sin familia y enfermo del corazón a pesar de saber que este clima de altura le era perjudicial no tuvo nunca una frase de protesta ni de queja, murió como mueren los hombres, sin lamentaciones vanas ni desmayos de ninguna clase. En sus dos horas de agonía sólo me dijo: "me muero Mosquera, esto se acabó" y a los médicos les dijo: "yo ya nada necesito, mi muerte no tiene remedio, procuren que no sufra": en fin, Luís, me afectó grandemente porque al fin y a la postre mi fin será igual ¿para qué luchar? Aquí murió sin un centavo y sin familia, sólo rodeado de unos verdaderos patriotas y eso es todo, pero el entierro ha sido de lo mejor y tendrá su panteón como si fuera millonario"[1874]

As mortes de seres queridos, pais e nais, familiares e amigos cubren de luto en moitas ocasóns ó exilio:

> "Naturalmente que ahora lo que ocupa el corazón de todos nosotros, es la enfermedad de mamá, con la tristeza de no poder acudir inmediatamente a remediar su soledad en momentos que Dios quiera no sean los últimos...[1875]

As mortes do exilio, en lóbregas pensións coma *Caramiñas* (José Pérez Gómez) con intentos previos de suicidio, están sempre rodeadas dun especial

[1874] De Manuel López Mosquera a L. Seoane (Durango (México), 3-XI-1939)
[1875] Carta de Carmen Muñoz a Enrique Dieste, 9 de junio de 1940.

desacougo causado polo desarraigo, polos desexos incumplidos, pola desolación. Eran coñecedores desta situación Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo cando publican as necrolóxicas de María Miramontes e de Suárez Picallo[1876]con inequívocos sentimentos:

> "Con unha diferencia de mes ou mes e medio finaron no Sanatorio do Centro Gallego de Buenos Aires dúas persoalidades ilustres de Galicia, María Miramontes e Ramón Suárez Picallo...Quen lle diría por aqueles anos 1932 ou 1933 a ise mozo abogado aínda non iniciado entón na súa profesión, amigo parellamente de Picallo, de Casal e de María, con quenes ás vegadas tíñase xuntado na hora do té no café Español de aquela cidade e que colaboraba con Casal no que podía, coma outros universitarios,, hoxe, algúns,escritores ou profesionales de sona, que tiña de sere a tanta lonxanía de tempo i espacio nunha cidade lonxana de Santiago, ista de Buenos Aires, moradía de María Miramontes e de Suárez Picallo, probe cronista das súas mortes no desterro, lonxe de todo canto tiñan amado intensamente e de aquelas ilusións de fai trinta anos."

En non poucas ocasións os exiliados quedaron atrapados materialmente en países de refuxio e non de acollida; así lle sucedeu a Mariano Gómez, cando aparece na República Dominicana:

> "Fue más tarde que pude conseguir con Federica Montseny el subsidio del SERE y los recursos suficientes para llegar a Santo Domingo, cuando se declara la guerra en Europa ¡Pobres españoles refugiados en Francia! Mi situación en este país es casi desesperada. No hay trabajo para mí, como sea necesito marchar de aquí desesperadamente..."[1877]

AS VIAXES CARA A NINGURES

[1876] Isaac Díaz Pardo, "Picallo quería que o enterrasen no Fiunchedo" e Maximino Brocos (Luís Seoane), "María Mirameontes e Ramón Suárez Picallo" en *A Nosa Terra* , Buenos Aires, marzal 1965, p. 5

[1877] Mariano Gómez a Rafael Dieste (Ciudad Trujillo 31 de agosto 1939)

E estas viaxes, en efecto, vanse producir. Pero serán viaxes de desesperanza... Porque o ano 1946 será un ano nefasto para o exilio, especialmente entre os trasterrados en Arxentina: por unha banda non se produce unha condena rotunda do franquismo na asamblea da ONU celebrada a principios de 1946 :

> "Hemos estado esta temporada muy atentos a la política internacional. Leer los periódicos requiere ahora un arte extraordinario: el bullicio, los rumores difamantes, vienen en grandes titulares, columnas y columnas llenas de quejas y explicaciones hipócritas; los desmentidos vienen en dos o tres líneas de cuerpo pequeño, con titulares que no hacen al caso. En nosotros no influyen las agencias, sabemos bien por donde va el tejido. No me había atrevido a leer nada sobre la guerra de España en todos estos años. Y justamente en esta temporada estoy leyendo varios libros. ¡La guerra de España! Ese crimen cometido por igual por las naciones del eje y las llamadas demócratas. Y ahí está Inglaterra, empeñadísima en sostener a Franco contra viento y marea, y a Estados Unidos haciéndole el juego. ¿Cómo se va a creer en la buena fe de estas gentes cuando claman por el pobrecito Irán?
>
> Me gustaría que no dejáseis de ver "La muchacha 217"; es un buen film ruso que están poniendo aquí y por consiguiente ahí también. Sufriréis viéndolo, pero comprenderéis un poco la razón de nuestra simpatía por Rusia. Hace años que están con el embrollo de la civilización oriental y la occidental. Pero tendremos que llegar a la conclusión de que en España somos orientales. Los personajes pueden ser de mi pueblo; casi los conozco por sus nombres; y puedo sentirme profundamente hermana de ellos porque son gentes con Dios, cristianas. ¡Sí, ya lo creo! Ahí hay un pueblo; es lo que importa. Tengo más confianza en lo que ese pueblo con sus supuestas rudezas pueda inspirar que en la civilización occidental, y menos cuando se hace un uso tan canijo de la cruz de los puntos cardinales ladeándola hacia la City y Wall Street. Hay que tener en cuenta la fecha en que está hecha la cinta. Sin embargo debe ser una versión muy exacta, no de Alemania, naturalmente, pero sí de la Alemania nazi. Sin la colaboración colectiva no hubiera sido posible tanto asesinato, tanta

> pedantería. Aterra pensar que la gente de España pueda estar cambiando también."[1878]

Esta tibieza internacional provoca o coñecido enfrontamento entrePrieto e Negrín, cada vez máis aillados internacionalmente. E a esto teremos que engadir na Arxentina o ascenso ó poder, en febreiro de 1946, por vía electoral, do xeneral golpista Juan Domingo Perón.

Como consecuencia desta situación política, desaparecen da escena bonaerense algúns significados exiliados, temerosos de represalias (caso de Lorenzo Varela) ou cansos dunha atmósfera política demagóxica e servidora do fascismo europeo (casos de Otero Espasandín e Rafael Dieste; ós que teríamos que engadir o caso de Francisco Ayala e algúns outros). Deste exilio dentro do exilio quedan testemuños epistolares certamente dolorosos:

> "Querido Varela: Antes de nada te transmito un abrazo fuerte que me encargó te enviase Espasandín. El domingo pasado embarcó para EE.UU. para hacerse cargo de la cátedra que le concedieron. No te puedo describir la alegría de Espasandín, Alicia y Cuqui y la tristeza de los que quedamos. Estuvimos en el barco –un barco de carga noruego con retratos de los armadores, una estufa de leña imitada con lámparas eléctricas y fores artificiales- Dieste y Carmen, Colmeiro y Emilia, Baltar y Mireya, Maruja y yo y dos norteamericanos amigos de Alicia que desentonaban entre nosotros. La misma gente que le esperó fue a despedirle; ellos no aceptaron el banquete de trámite con que se despide a los que se van de este país. Lo tremendo de todas estas marchas es que no sabemos cuando volveremos a vernos ni si volveremos a vernos jamás. Los que emigran tienen un país de referencia: Galicia, España o el que sea, a donde esperan volver algún día para encontrarse con los suyos, sus amigos. Nosotros no tenemos ni esto. Prieto, la política y todos se encargaron de que ese país no exista para nosotros.
>
> Con tu marcha y la de Espasandín puedes imaginarte mi ánimo. Sólo quedan Cuadrado, Dieste, Colmeiro y Baltar como únicos amigos en esta

[1878] Carta de Carmen Muñoz a Enrique Dieste (Buenos Aires, 18-IV-1946

> capital, solos en la capital de todos los Shorton del mundo, ¡Porca madonna! Como diría Miguel Angel."[1879]

Estas ausencias, aínda que sexan "de regreso", sempre deixarán un pouso de amargura nas ringleiras dos que se quedan, tal como ocurrirá no ano 1961 co regreso dos Dieste a España:

> "...Carmen e Rafael Dieste van camiño de esa para quedarse en Galicia durante algún tempo, no barco "Aragón" da Mala Real Inglesa, que chegará a Vigo o 21 deste mes. Non sabedes canto nos doe esta ausencia de Dieste a os tres ou catro que aquí ficamos. Para nós foi sempre, con Castelao, a máis outa figura galega en América, unha das máis dignas e recatadas, e cuio xuicio estimamos como dos máis fondos. Para todos nós é unha door ista ausencia de Dieste, no noso caso particular de Maruja e meu, separámonos, pol-o seu regreso, duns amigos entrañábeles cando máis falla fan os amigos, cando nos sentimos máis soios."[1880]

O peronismo sempre será xa unha ameaza para as liberdades dos nosos exiliados en Bos Aires. Deste xeito, como ameaza e coacción, nolo presenta Luís Seoane moitos anos despois:

> "En cuanto a Perón no hay día que no venga alguno de ahí a visitarle, pedirle consulta, direcciones o lo que sea, Paladino o Rucci o como se llame.A los españoles en general les parece broma. Paladino o Rucci son tan populares aquí como Di Stefano o Urtáin, el boxeador vasco, o Lola Flores o Marisol. No se les ve más que fotografiados al pie de escaleras de aviones que los traen o llevan.Perón hubiese sido olvidado de haber vivido en otra época, ahora le ayudan los nuevos medios de comunicación, el avión, el teléfono, la radio, etc. En cuanto a Sábato es un hombre políticamente a la deriva, defender la política peronista es como defender la ruleta rusa en política, pues el peronismo no tiene ni doctrina ni programa alguno y Perón es un hombre que pudo hacer todo lo que la gente cree

[1879] Carta inédita de Luís Seoane a Lorenzo Varela (Buenos Aires, agosto de 1947).
[1880] Carta de Seoane, inédita, a Paz Andrade (Buenos Aires, 10 de agosto de 1961)

> que hizo si no fuese un sinvergüenza, alguien para quien la política, el gobierno, etc., era objeto de propio medro."[1881]

Non menos duro é o xuízo que pouco despois (11 de outubro de 1971) expresa ó mesmo interocutor:

> "También comentaremos las visitas al santón de Puerta de Hierro ahora con el cadáver que por lo visto le corresponde para su uso político. Ahora él es como Juana la Loca con el de Felipe el Hermoso, o como el rey de Portugal con su Inés de castro. Entra dentro de la mejor tradición real peninsular, y, ahí, los sindicalistas y los que no lo son, muy contentos."

Cando no ano 1973 se cumplen os agoiros co triunfo do peronismo, que se presentaba ás eleccións co nome de FREJULI (Frente Justicialista de Liberación), os xuízos de Seoane seguen a ser igualmente de profunda decepción:

> "Tardé en contestarte pues mi ánimo como el vuestro seguramente quedó por los suelos luego del triunfo del FREJULI –denominación espantosa- y ahora comienzo a reaccionar. Toda una vida entregada, bien o mal, pero honestamente a unos ideales y ahora resulta que quienes mantienen iguales principios no dudan en entregarse al sátrapa que arruinó el país y los persiguió. Quizás con los primeros cristianos ocurrieron deserciones parecidas y los que se quedaron solos se hicieron ermitaños, inventaron esta posición nadista, contemplativa, que es lo que nos viene a quedar. Creo que ahora me gustaría más que pintar hacer caricatura como válvula de escape. Incluso la gente que uno más estima intelectualmente y que sabemos personalmente honrada, ha votado al "Frejuli", qué nombre este...!

Seoane, como sabemos, empeza a viaxar por Europa en 1949, coincidindo con Rafael Dieste en Londres, e achégase a España e Galicia a partires de 1960. Desde esta data as súas viaxes serán frecuentes e a

[1881] Carta inédita de Seoane a Diego Díaz Dorado (A Coruña, 31 de agosto de 1971)

correspondencia cos amigos arxentinos abonda nas mesmas eivas de nostalxia e falta de liberdade que nos anos posteriores á guerra civil expoñía con respecto a Galicia. Xa no ano 1952 empeza a notarse certo desarraigo existencial, notoria tanto nas cartas coma na súa obra literaria:

> "Buenos Aires es una ciudad de seres desarraigados y nosotros somos unos desterrados más que no podemos olvidar ni esconder nuestro destierro, lo recuerda nuestro acento, nuestras preocupaciones, y los demás se encargan también, a veces por maldad, de recordárnosla. Cada hombre está en esos países [París, Europa en xeral]de alguna manera afincado a la tierra, pueden tener una vida sórdida, ser sórdidos ellos mismos, pero su vida es una vida humana con un sentido oculto en cada uno que le orienta hacia la colectividad. La obra de sus manos está destinada al hombre para hacerle gozar o para herirle pero es una obra humana. Todo aquí es demasiado nuevo, recién estrenado para que tenga ese calor, el calor del uso, de la costumbre que tiene una ciudad europea adaptada por los siglos al hombre y que París tiene como tantas otras..."[1882]

Se este desarraigo parece ter a Europa como referente no ano 1952, algo máis tarde a nostalxia e a lembranza serán para Bos Aires:

> " En realidad Maiztegui y nosotros somos muy nostálgicos, unos saudosos, que no estaremos nunca del todo en ningún lugar de la tierra, quedándonos en los sitios provisionalmente por años, esperando marchar algún día a ese sitio paradisíaco que no sabemos definir y que no encontramos en parte alguna. Es posible que la sangre gallega tenga culpa de todo esto. Galicia, quizá es lo que más se acerca a nuestra esperanza si no fuese que este país, con su belleza, anula la voluntad haciéndonos perder en ensoñaciones"[1883]

[1882] Carta inédita de Luís Seoane a Esther e Lipa Burd (Buenos Aires 14 de dembro de 1952).
[1883] Carta inédita de Luís Seoane a Luís M. Baudizzone (O Castro, 4 de agosto de 1967).

O círculo existencial parece pecharse, como tantas outras veces, nesta outra carta enviada desde Galicia a Buenos Aires:

> "Me gustaría unir los amigos de Buenos Aires con los de Galicia y este país a Buenos Aires. Estamos permanentemente enfermos de nostalgia, "sen acougo" como se dice en gallego, sin sosiego se diría en castellano."[1884]

Pero as queixas pola ausencia de Buenos Aires evidencian o carácter existencial das eivas do desterro. Así se lle expresa ó seu amigo Guillermo Whitelow desde Galicia:

> "A pesar de toda la belleza que nos rodea, de irme bien en cuanto a trabajo, estamos con nostalgia de Buenos Aires, por mi parte de los amigos, del departamento de la calle Montevideo, de mis libros, de la visita mañanera a Galatea y al café Moderno. Y nostalgia de los cines..."[1885]

Por veces parece responder Luís Seoane ó admirado verso do seu amigo Guillermo Whitelow: "Feliz quien vuelve y disimula todo su llanto", interpretado como divisa do desterrado. E nesta situación de consciencia exiliada poden saír xuízos ata contradictorios: por unha parte o laio polo silencio que envolve ós artistas desterrados e por outro certa resignación ó sentirse sulagado na historia do país:

> "...llegamos hace tres o cuatro días para encontrarnos con un tío nuestro que reside en México, tiene 82 años y está en ese país desde cuando usted puede imaginarse.. No hemos visto nada de lo que nos rodea, no hemos estado con nadie que no fuese de nuestra familia y revivimos en nuestras conversaciones la Galicia de hace un cuarto de siglo. Aunque personajes anónimos, pertenecemos, parece, a la historia. Una historia vaga, confusa, de polémicas lejanas, escaramuzas callejeras, guerras y destierros. Resultamos un poco fantasmales y pueriles para los sobrinos más jóvenes. Ellos tienen ahora, como teníamos nosotros hace muchos años, fe ciega en lo que hacen. Nosotros tenemos igual fe pero un

[1884] Carta inédita de Seoane a Baudizzone (A Coruña 22 de xullo de 1973)

> tanto gastada por los desengaños y el tiempo. Somos tres generaciones los que nos reunimos a charlar, separados por un lapso aproximado de un cuarto de siglo de tiempo entre las tres, y no acertamos a tener una visión común de esta vida actual. Nos une sin embargo una misma libertad en el juicio y una misma actitud negativa y anárquica que parece distinguirnos de siempre para cualquier disciplina. Una actitud que quizás llevamos trnsmitiéndose en la sangre desde épocas muy remotas. Que pervive por una especie de memoria ancestarl de la libertad perdida, no sabemos cuando o muy lentamente a través de generaciones."[1886]

Viaxes cara a ningures son, en definitiva, estes case regresos, estas tentativas que non acaban de callar, cheas de luz e de sombras. Moitas das cartas desta época son unha especie de versión epistolar de *La gallina ciega* de Max Aub por canto o soñado xa non coincide co presente, coa actualidade. A década dos sesenta vai ser especial neste senso e ata proxecta en Seoane un certo optimismo de cara ó futuro do país:

> "Fui el cuarto venido de afuera, que expuso este año en Madrid: Souto, Bardasano (que llegaron de Méjico) y Vela Zanetti, creo que de Nueva York, y para comienzos de año expone Climent, también de Méjico, todos aquí, y después Fernández Granell, que no sé si vendrá o no de Nueva York donde reside. Gaya y Ángeles Ortiz expusieron hace más tiempo... No te puedo decir casi nada de Madrid, como no sea que la ciudad está, cuando no llueve –y preferimos la lluvia de Galicia- muy bella y que la gente ses cordial y simpática, pero de regresar a vivir volveríamos a Galicia, a La Coruña, o a una villa marinera como Sada. Lo estamos pensando en serio. Galicia continúa siendo una maravilla, con muchos defectos, nos entendemos, es natural, mejor con sus gentes que con nadie de la península. Tengo ganas de pintar allí y recoger sus temas. En España están ocurriendo muchas cosas. Existe un movimiento de apertura al diálogo

[1885] A Guillermo Whitelow (O Castro, 15 de agosto de 1967).
[1886] De Luís Seoane a Luís Falcini, carta inédita desde Madrid (19 de xuño de 1963)

> interesante, perseguido últimamente, y la universidad es un vivero de dialoguistas de todos los matices..."[1887]

Pero nin siquera estas impresións poden afastar outra realidade que se presenta dramática no mesmo Madrid que está a visitar Seoane:

> "Está lloviendo en Madrid desde hace días. El servicio metereológico de Nueva York anuncia lluvias para esta parte de Europa durante 30 días consecutivos. Y allí en USA lo gobiernan todo, creo que hasta esto de las lluvias. Estos días pasados te habrás enterado por los diarios, falleció repentinamente en una pensión de Madrid, Xabier Bóveda. Llevaba aquí diez o doce días. Aún no había ido a Galicia. Se encontraba muy desorientado. Madrid no era, natualmente, la ciudad que había conocido hace cuarenta años. Sin embargo había realizado, entre grupos de amigos suyos, alguna lectura de sus obras inéditas de teatro. A nosotros nos produjo una impresión tremenda. Su entierro fue tristísimo. Fuimos a él alrededor de treinta personas. Todos gallegos menos un pintor salteño, Usandivaras, que reside aquí..."[1888]

Pero Luís Seoane, que se atopou coa morte de Bóveda nunha pensión (¡sempre as pensións de morte do exilio!) axiña albisca o ambiente rancio de certas tertulias madrileñas:

> "Al café Gijón fui dos o tres veces, y en realidad es tanto un café de artistas y escritores como de funcionarios de la administración. Se encuentran también bastantes hispanoamericanos que piensan encontrar en él las antiguas tertulias anteriores a la guerra y un mundo de preocupaciones literarias y artísticas. Por mi parte me encontré, aparte de magistrados y notarios, una pulga que me abrasó todo un día, y hubo de caerme, al sentarme, de una silla desvencijada..."[1889]

[1887] De Luís Seoane a Amparo Alvajar (Madrid, 14 de decembro de 1963)
[1888] A Lorenzo Varela (Madrid 6 de novembro de 1963)
[1889] A José Otero Abeledo, "Laxeiro" (Madrid 11 de decembro de 1963)

OS PRIMEIROS CONTACTOS CO INTERIOR

Polas causas antes apuntadas, a escasa confianza na inviolabilidade da correspondencia e por non por en perigo a relativa calma dalgunhas familias baixo sospeita, "De los míos no sé nada. Nunca escribí por no perjudicarles", lembremos as palabras de Carmen Muñoz; non comeza a regularizarse a relación epistolar ata o remate da segunda guerra mundial, despois de 1945.

A paradoxa, unha vez máis vaise dar á inversa varios anos máis tarde cando arredor de 1975 empeza en España a normalizarse a situación política paralelamente á involución que sofre Arxentina co regreso do peronismo: "Recibí una de tus dos cartas, dos de tres, y de algún otro amigo que me escribió, ninguna y así pasa con algunas que yo he escrito, tampoco las han recibido. Ahora las cartas no llegan nunca a destino. El llegar a destino ocurría antes, cada vez hace más tiempo. Nadie, además, institución persona, se siente obligada a explicar nada, quizás por eso que tú dices, "porque todo está destartalado", di Seoane a un amigo bonaerense.

As primeiras cartas do exilio cos amigos son, en efecto, tardías e en xeral comenzan xustamente cando despertan os trasterrados do sono do inmediato regreso. E esto non ocorre ata despois de 1945. Ademais dos testemuños apuntados, temos unha referencia na carta que Seoane escribe a Fernández del Riego en 1946. Revela, entre outras cousas, que fora este que iniciou a correspondencia en realidade:

> "Quisiera que esta correspondencia que comenzaste a entablar con esa carta "peregrina" que yo contesto hoy, se continuase entre nosotros, pues si bien hemos perdido el contacto personal hace muchos más años que lo que uno desearía hubiesen pasado, hemos tenido noticias vuestras bastante a menudo a través de cartas escritas a amigos nuestros de aquí o de algún que otro viajero.
>
> De nuestra vida os suponemos enterados por Prada. Hemos trabajado mucho, con suerte o sin ella pero tratando en todo momento de hacer honor con nuestra conducta y labor a Galicia. Cuadrado hemos fundado

> dos editoriales dedicadas a publicar en parte libros gallegos, idea que tuvimos que abandonar por la falta de eco en la emigración"[1890]

E moi axiña se establecen certos contactos políticos se xuzgamos as claves desta outra carta a Fernández del Riego:

> "En cuanto a la constitución de la sociedad comercial con Núñez de que te hablé en otra carta yo renuncio a toda participación, luego de pensarlo suficientemente. Algunos consideran esta nueva empresa así como una deslealtad a Alfonso. Y aunque yo no estoy obligado a este ni a nadie , personalmente en este terreno, como ocurre aquí, sino a la empresa como debe ser, no quiero aparecer en este turbio juego comercial, perfectamente "americano" que plantean estos. Continuaré como siempre ¿entiendes? Sin retraerme pero viendo como todas las oportunidades de exportación se pierden por discusiones infantiles y bizantinas."[1891]

De seguida os contactos cos amigos galegos miudean na correspondencia de Seoane ata acadar unha total regularidade, especialmente con Plácido R. Castro (1946) Maside (1947, Iglesia Alvariño (1947), Piñeiro (1952), García Sabell (1952), ademais, claro está, con del Riego, iniciador destes contactos. Ben é verdade que os desencontros tamén serán frecuentes, especialmente motivados polo espíritu loitador de Seoane:

> "No conozco el juicio que mereció mi libro al núcleo de intelectuales amigos de Santiago. Le envié el libro a todos aquellos de quienes conseguí la dirección, que no fueron muchos, en Santiago y en Vigo a varios pero en general no me acusaron recibo y lo comprendo... lo único que lamento es el no conocer la opinión sincera de ellos aunque en algunos casos el realismo que intento y los temas sean del género que muchos tratan de escamotear por ese neo-saudosismo de que hablas en tu carta y que pueden aplicar cómodamente a cualquier problema para no asustarse, o perjudicarse, con su solución racional. Allá ellos, en el fondo constituye un

[1890] Carta de Seoane a Fernández del Riego (Buenos Aires, 1946)
[1891] Carta de Seoane a F. Del Riego (Buenos Aires, 26-V-1947. Lembremos que Castelao está neste momento concreto en París e explica a crise do Goberno Giral.

> tipo, aparentemente digno, de conformismo. Los hechos van día a día demostrando el poco valor de estas convicciones y las soluciones va encontrándolas cada colectividad al margen de ellos."[1892]

CONFLICTOS PERMANENTES NOS ESPACIOS DE SOCIABILIDADE

De todos é coñecido que foi Arxentina un dos portos de destino máis desexado polos desterrados galegos. As causas desta atracción estaban non somente na prosperidade económica do país, senón as distintas sociedades galegas nas que se foron acobillando os centos de miles de emigrantes que maioritariamente tomaran partido pola legalidade republicana. Ben é verdade que a fragmentación societaria, centos de pequenas agrupacións, favorecía as loitas partidistas polo control das grandes mutualidades de Beneficencia coma o centro Galego. Desde logo a convivencia exilio/colectividade foi unha constante fronte de conflictos e liortas que non sempre tiveron trascendencia pública e que compre coñecer pola influencia que proxectaron na política e na cultura galegas.

Para comprender algunhas destas situacións que imos expoñer convén valorar unha serie de circunstancias que configuran o contexto socio-cultural da galeguidade:

1º A fragmentación societaria da emigración que alcada o número de trescentas sociedades somente na Arxentina, según estimacións de Ramón Rey Baltar.

2º As inevitables confrontacións ideolóxicas, aguzadas polo conflicto bélico de 1936.

3º O diferente nivel e formación cultural entre exilio e colectividade que determina ángulos de interés moi alonxados para uns e outros.

4º A concepción do galeguismo como unha acción cultural como proxección ética e moral á marxe dos partidos políticos vai producir un duro enfrontamento teórico cos partidarios da acción política. Esta última causa, con partidarios en Galicia e na emigración, vai ser obxecto de constante debate e

[1892] Carta a Maside (Buenos Aires, 19 de marzo de 1953).

revisión. Sen comprender estas dúas concepcións non poderemos comprender moitas das cartas que se cruzan uns e outros.

Luís Seoane sempre foi consciente da complexidade sociolóxica destas sociedades e así o ten manifestado epistolarmente en diferentes ocasións:

> "El Centro Gallego es más complicado de lo que tú te imaginas y abundan en él los caciques de todos los colores. Estos días salió el decreto del poder ejecutivo autorizando la elevación de un monumento a Castelao y designando la comisión correspondiente. Es algo risible: José Blanco Amor, Molinari, Valentín Fernández, Regueira, Prada, Puente, veintitantos componen la comisión del monumento."[1893]

Pero, ademais, esta relación difícil entre o exilio e a colectividade, ten sempre unha referencia especial a Galicia e ás relacións políticas e culturais que se están a fraguar. Por este motivo, tamén é maior a complexidade dos problemas que se plantexan. Ata nun asunto que parece ter pouco trascendencia, como a publicación dunha serie de libros por parte de edicións *Galicia* do Centro Galego será motivo de doble referencia:

> "Te enviaré en una carta próxima la lista completa de obras aprobadas, en alguna de las cuales tendrás que intervenir tú o personas designadas por ti con arreglo a mi propuesta. También te enviaré un escrito que tuve que presentar a la Comisión de Cultura para defender algunos de los libros saboteados por algunos de nuestros amigos cuya miopía de todo orden se hace cada vez más evidente y ante quienes, un poco por descuido de amigos de ahí, me siento cada día con menos autoridad. Te ruego que no comentes esto de manera alguna con nadie pues no quiero ser motivo de complicaciones y si los demás de esa olvidan mi breve historia personal e intelectual, no importa.Creo que en tanto tiempo he dado muestras de poder trabajar y de conseguir hacer algo útil en la mayor soledad. Pero

[1893] Carta inédita a Isaac Díaz Pardo (Buenos Aires 16 de agosto de 1965)

> quisiera, eso sí, que recordasen cuáles son las causas que me trajeron a este país obrando en consecuencia."[1894]

Temos no epistolario de Seoane, en diferentes escritos, editoriais e conferencias doutros exiliados testemuñas dabondo para ilustrar o debate. Xa se teñen comentado algunhas cartas, obxecto de polémica na prensa, pero coido que hoxe temos datos para ver a confrontación desde outros ángulos complementarios.

En primeiro lugar, fruto do debate ideolóxico, temos algúns episodios que se poden considerar como duras afrentas ó mundo do exilio. Tal é o caso da visita ó Centro Galego no ano 1946 da ambaixada franquista enviada á toma de posesión do xeneral Perón. As palabras de Lorenzo Varela, encargado de pronunciar unha conferencia no devandito Centro nunha Semana Galega na que participan tamén Dieste e Otero Espasandín reflicten o estado de ánimo dos exiliados:

> "Y eso que creo yo saber es que bien está, para comenzar la iniciativa del Centro Gallego de organizar esta Semana. Y creo que no es el azar cómo dichos organizadores buscaron, para honrarlos con el ofrecimiento de esta tribuna, a unos escritores y artistas gallegos y españoles que arrancados por la fuerza de las armas extranjeras al solar nativo siguen en la Argentina, apoyándose en la generosidad de los hijos de esta tierra y en la cordialidad de los antiguos emigrantes, la obra que por Galicia y por España, inicaron hace ya largos años en la península.
>
> En algún instante pensé yo renunciar a tan honrosa distinción, no sólo por esa ignorancia declarada al comenzar, sino porque este año estaban las aguas tan agitadas en torno al Centro Gallego de Buenos Aires, y con tanta razón, que a primera vista parecía no ser posible la travesía hasta este lugar a nadie que viajase honestamente en el desmantelado barco del destierro de que formo parte. Esas aguas, otros años serenas o menos

[1894] Carta de Seoane a Fernández del Riego (Buenos Aires, 11 de enero de 1954)

> serenas, fueron este año agitadas por un marino de oscuro apellido y más oscura historia, y un crucero..."[1895]

Tamén algunha prensa da colectividade comenta con dureza este acontecemento:

> "Con motivo da chegada do "Galicia", o barco feixista que arribou a estas praias para vergonza nosa, a Comisión Direitiva do Centro Galego cometeu o agravio meirande que se pode inferir aos socios que a elexiron.
>
> [...] invitaron e recibiron no local sagro da sociedade, puro hastra agora, ao asesiño dos nosos irmáns do Ferrol. Para disculpar esta vileza, dícese que o Centro Galego é unha institución apolítica e que os agasallados eran da nosa propia sangue."[1896]

Dous anos máis tarde, no ano 1948, será o propio Castelao o autor dunha pública denuncia contra dos dirixentes desta mesma sociedade, presidida xa por D. Xosé Villamarín, como responsables da visita do embaixador franquista ás instalacións do Centro Galego. Se *Opinión Gallega,* órgano do Centro Orensano e de Pontevedra, se fai eco destas declaracións de Castelao, o voceiro da Federación de Sociedades Galegas *A Nosa terra* (nº 466, decembro de 1948) proclama en grandes titulares: *Día de Loito para a Galeguidade. O Centro galego de Bos Aires foi luxado e a colectividade galega foi ferida*.

A estes conflictos temos que engadir a permanente guerra das bandeiras que evocamos a través dunha lembranza da sección *Revoldaina* de *A Nosa Terra* de xuño de 1969:

> "A cousa comenzou cunha bandeiriña franquista pendurada dun pequeño mástil que viña presidindo –e inspirando- as xuntanzas da Comisión de Cultura do Centro Galego dende a invasión franquista de outubro do 66, capitaneada polo avantaxado rematador D. Ramón Mourente y otros...

[1895] Lorenzo Varela, *Ensayos, conferencias y otros escritos*, edición de X.L. Axeitos, Biblioteca del Exilio, ediciós do Castro, 2001, pp.182-183.

O choio da bandeira española sempre trouxo lerios no Centro Galego e nalgúns casos, polo paveros, os seus protagonistas (neste caso o hespañolito Mourente) pasaron á historia...[1897]

Isto trainos a lembranza ó vello Xosé Villamarín cando reinaba no Centro Galego. Naquele entón, e co gallo do Día de Galiza, no aito central das xornadas, ía falar Castelao, baixo a promesa formal do vello Villamarín de que non se poría no fronte do Centro a bandeira "mata-nenos" como lle soía chamar con xenreira o noso guieiro.

Mais deuse a circunstancia de que, por aqueles días, enfermouse o vello Villamarín, ocasión que aproveitou astutamente o embaixador para lle remesar un fermoso ramallo de frores "como testemuña de amizade persoal e pola grandeza e groria de hespaña en terras de América e inda máis, o que trastornou ó probe vello quen , sen pensalo dúas veces, pillou o teléfono e ordeou:

-Fala o Presidente Villamarín.

-Diga vosté, señor Presidente.

-Xa mesmo, sen perder un minuto, que poñan a bandeira...

-¿Qué bandeira, Don Xosé, a de Franco? Porque xa están postas a galega e a arxentina...-preguntou con sorna o empregado,

-Boeno, sí esa... –respostou un tanto confundido o vello Villamarín.

Porse a bandeira franquista i enterárese Castelao, foi todo un...E aí te quero ver, escopeta...

-Oia, Don Xosé, -berroulle carraxento Castelao por teléfono- ou da agora mesmo orde de tirar ese maldito trapo do fronte do Centro, ou non hai aito...

E arriouse a bandeira hespañola na casa Grande dos Galegos..."

As causas da conflictividade no mundo da emigración son esencialmente ideolóxicas anque tamén debemos ter en conta, entre outras razóns, a atomización e fragmentación societaria (máis de trescentas sociedades galegas en Bos Aires). Como proba do enfrontamento ideolóxico abonda observar o desenvolvemento progresista e loitador da *Federación de Sociedades Galegas* e

[1896] "O apoliticismo do Centro Galego" en *A Nosa Terra*, Buenos Aires, xuño, 1946.

notar, pola contra, os zigzagueos políticos do Centro Galego, sempre ambiguo e dubitativo. A maior abondamento, dúas maneiras moi diferentes de entender a galeguidade conflúen no mundo societario, tal como de maneira clarividente nos relata un prestixioso emigrante-exiliado, Ramón Rey Baltar:

> "É necesario, ausolutamente necesario que nos poñamos todos dacordo para realizar unha tarefa eficaz, que non se perda en ampulosas declamacións de amor á terra, e de loitar por restablecer as súas liberdades. Hoxe é cousa manida, que corre a modo de "slogan" polos ánimos da maor parte dos dirixentes das nosas entidades que hai que eisaltar os vaores culturaes do noso povo, porque esa é a única maneira que temos nas nosas mans para combatir o réxime oprobioso que asoballa i embrutece ao noso povo. É decir que ás pedradas dos falanxistas debemos contestar con xogos froraes.
>
> Pídolle perdón aos propagandistas "a outrance" da cultura, que eu non son inimigo da nosa cultura, nin de ningunha cras de cultura; eu digo simplemente que para facer obra cultural é condición indispensable que eisista clima para que ela se desenrole, i en Galiza, desgraciadamente, a cultura camiña baixo a bota militar, os bonetes dos cregos, que son os máis cerriles do mundo."[1898]

O periódico *A Nosa Terra*, activo defensor do Consello de Galicia como institución que sirva de canle á acción política do nacionalismo galego, insistirá unha e outra vez na revisión e crítica do culturalismo:

> "É mester enxuiciar a ese "galeguismo" que se esvae e perde no tópico da cultura. Nunca compartimos a eufórica posición de certos teorizadores da nosa cultura. Falamos da cultura que atañe ao ser do home, non a encasillada en mediocres enxendros literarios.
>
> Si como di Max Scheler a cultura se define en esenciar ¿qué podemos esenciar dun povo que non protagoniza o seu propio viver. Sí a cultura é

[1897] Sobre estes acontecementos, existe un libro xustificativo obra de Ramón Mourente, *Mi paso por el Centro Gallego de Buenos Aires,* Edifasa, Buenos Aires, 1971.

> patrimonio escrusivo dos povos ceibes. Sempre nos costou crer cun povo asoballado poidera elaborar a súa propia cultura diferenciada..."[1899]

Tampouco podemos esquencer o diferente nivel cultural, como fonte de conflictos, entre a colectividade e o exilio. Dendes logo o conflicto é bastante máis complexo de cómo adoita presentarse: por unha banda, amósase o eixo político co rexeitamento, por parte de Piñeiro, das ideas comunistas e marxistas que atribúe a Seoane e por outra o reproche que lle fai ós exiliados da súa escasa contribución á galeguización da emigración galega. No fondo encubre unha amonestación ó apoio que o grupo de Seoane presta ó Consello de Galicia e a fidelidade a Castelao.

Como queira que sexa as queixas por parte dos exiliados con respecto á emigración manifféstanse xa nas primeiras cartas que envían ós amigos; por exemplo, na primeira carta que Seoane escribe a Fernández del Riego no ano 1946, xa se amosan estas queixas de xeito morno:

> "De nuestra vida os suponemos enterados por Prada. Hemos trabajado mucho, con suerte y sin ella; de cualquier manera, haciendo de todo pero tratando en todo momento de hacer honor con nuestra conducta y labor a Galicia. Cuadrado y yo hemos fundado dos editoriales dedicadas a publicar en parte libros gallegos, idea que tuvimos que abandonar por la falta de eco en la emigración"

Algunhas destas polémicas teñen referencias, moi concretas nas cartas do exilio bonaerense. Tal é o caso da carta a Ramón Piñeiro, na que se pon de manifesto, por unha parte, a labor intelectual e editorial do exilio frente á colectividade e, por outro, a queixa de cara ó galeguismo piñeirista, máis receptivo cara á emigración que cara ó exilio:

[1898] Ramón Rey Baltar, "As sociedades galegas de Bos Aires. O deber da hora" en *A Nosa Terra* (Buenos Aires, xullo 1963, p. 4)
[1899] "Autocrítica e autodeterminación" en *A Nosa Terra*, xullo, 1963.

> "Eiquí estamos isolados traballando, como podemos, facendo máis do que podemos en medio d-este enorme engano. Pol-a nosa parte temos a orgullo afirmar que soios fixemos tanto por Galicia en doce anos como toda a colectividade xunta n-ese mesmo tempo, aínda que ahí pensedes outras cousas xa que non tedes máis informazón que as nosas corresponsalías en Bos Aires e aos viaxeiros, os que poidan ir a esa por inocuos que xa é importante, que vos visitan cada Día de Sant-Iago"

O complemento necesario para comprender estas palabras de Seoane está nun editorial de *Opinión Gallega* (Buenos Aires, febreiro, 1953):

> "Para este intento de penetración [do Réxime franquista nas institucións da colectividade] se valen de varios medios, pero principalmente de los directivos de las instituciones que en estos últimos años y meses visitaron Galicia, a quienes adularon allí, y homenajearon conintenciones interesadas."

O párrafo desta carta remata dun xeito que denota unha clara conciencia da barreira ética con que Seoane concibe o exilio, ademais de acusar ó galeguismo piñeirista de mornura política, por non decir de apoliticismo: "Mais todo está ben. Non nos abandoamos á propia loita e xa chegará o día das aclaracións sen perdón."

Algunhas cartas a Piñeiro denotan claramente o clima de tensión no que se desenvolve a comunicación entre os grupos, maís alá da relación persoal:

> "Simpremente prégoche que non me supoñas filiacións políticas ás que son alleo. É hora de que vos decatedes de que estades en plena confusión- obervemos o plural- con respecto a nós e que a política cultural que facedes brilantemente e coa nosa ademiración, inicieina eu en Buenos Aires sin máis programa que o da cultura galega arredor de 1940, coma ti deberías sabere, aínda que non por min que nunca falei disto. Son boa proba os libros das editoriais que fundei e a aición cultural do Centro Galego, onde moitos anos traballei soio. Se tés amigos progresistas, eu tamén os teño. E dos outros, dos contrarios, en tanta cantiodade coma dos primeiros, e aquí respétanme tanto uns como os outros i eu estímoos como persoas e pol-a súa obra, aínda

> que non comparta as sías ideias. Penso que ista é a posición humán dun galeguista. Dígoche isto para que non insistas en trocar a miña posición con supostos e desconfianzas que non veñen ao noso caso. A min non me arredan as posicións ideolóxicas, o que me arredan son as conductas; dunha persoa o que máis estimo e a súa conducta humán."[1900]

Volve Seoane a referirse ós mesmos interlocutores que visitan Galicia "cada Día de Sant-Iago" nunha carta -a número 30- dirixida a Fernández del Riego:

> "Estos días un núcleo de señores que anduvieron por esa ofrecieron un banquete a Cesáreo González, muchos nos negamos a firmar la invitación y a asistir a él. Está llegándose a un grado de confusión que va a hacernos mucho daño en el porvenir y que se va a producir un retroceso en nuestro trabajo en esta."

Esta opinión epistolar de Seoane volve a ter refrendo nas páxinas de *Opinión Gallega* (febreiro 1953) que fala de "los oscuros antecedentes por los que ha logrado destacarse en sus andanzas ese personaje de sombrías tragedias."

Noutras ocasións Luís Seoane expresa nidiamente que os silencios epistolares de Ramón Piñeiro teñen a súa orixe no distinto concepto da arte e da literatura, máis exclusivamente formalista no estudioso da saudade:

> "De Santiago me extraña el silencio permanente con respecto a mi de casi todos, y de Piñeiro concretamente... Quizás estén con respecto a problemas literarios y artísticos en una actitud puramente formalista que, en mi caso, aun teniendo una parte considerable de mi obra sobre todo de pintor preocupado precisamente de los problemas técnicos más audaces y de nuestro tiempo, no puedo compartir sintiéndola como exclusiva. Me imagino esta razón como la única posible, pues no encuentro otra que pueda justificar el silencio obstinado en que se mantienen con respecto a mi, entablando sin embargo una extensísima correspondencia con unos señores de Buenos Aires

[1900] A Ramón Piñeiro (Buenos Aires 18 de xullo de 1959.

> cuyo prestigio está desapareciendo con la misma rapidez con que desaparecen las fallas después del largo esfuerzo que exige su elaboración".

Un mes antes xa se dirixira a Anxel Fole manifestando Seoane certas reticencias con respecto ó "escapismo" que representaban determinadas publicacións:

> "Luego, el año pasado, leí tu libro de narraciones en el concurso del Centro Gallego, un magnífico libro con un espléndido prólogo, sin arqueología, sin cortesías, sin el LAUS DEO aburrido, sin la estúpida fuga existencialista que está dominando a algunas gentes nuestras de ahí."[1901]

Ademais Seoane ten clara a distinción entre emigración e exilio:

> "Lo tremendo de todas estas marchas es que no sabemos cuando volveremos a vernos ni si volveremos a vernos jamás. Los que emigran tienen un país de referencia: Galicia, España o el que sea, a donde esperan volver algún día para encontrarse con los suyos, sus amigos. Nosotros no tenemos ni esto..."

Non somente expresa a ausencia dunha terra senón que Seoane establece unha liña divisoria entre o exilio e a emigración; a esperanzada nostalxia do emigrante que se sinte dono dun espacio xeográfico e a situación de a-terrado, no senso etimolóxico, do exiliado.

Seoane dirixirá as publicacións do Centro Galego e será membro adscrito da Comisión de Cultura do mesmo durante case 19 anos. Como tal colaborador, en épocas de graves dificultades e privacións económicas, empezou o seu labor no ano 1938 sendo presidente o Sr. Neira Vidal, chegou a soportar intromisións e atrancos de moi distinta natureza: desde ter que sustituir ilustracións artísticas de admirados e recoñecidos artistas por fotografías pintorescas da Galicia rural ata sentirse desautorizado na elección dos colaboradores e invitados nas tribunas da institución. Por veces estas presións proceden doutro espectro ideolóxico, como

cando D. Ramón Otero Pedrayo, invitado polo Centro, sufre unha descalificación política desde as filas da prensa procomunista, acusando ó Patriarca de colaboracionista e reaccionario, e que provoca a dimisión de Seoane, con data 12 de decembro de 1955.

Pero a actitude de Seoane con respecto ó mundo da emigración está tamén cheo de contradiccións e de sentimentos encontrados como teremos ocasión de comprobar: Por un lado no ano 1965 escríbelle a Fernández del Riego unha carta (20 de agosto de 1965, en Buenos Aires) que di así:

> "Tengo la sensación de haber perdido gran parte de mi vida en empresas que ahora parecen inútiles. América no cuenta para Galicia sino como fuente de pintoresquismo a través de unos emigrantes que, sin embargo, por su vida, merecen elogio. Pero todo esto es para analizarlo charlando, en mi caso, o para un estudio serio de carácter sociológico para quien se sienta capaz de hacerlo. Buenos Aires crece constantemente, es la segunda ciudad de América y una de las cuatro o cinco primeras del mundo en muchos aspectos y la colectividad gallega cada vez más, se disuelve en ella perdiendo personalidad, aunque de alguna manera la incorpore al cosmopolitismo porteño y nadie acierta a hacer un balance del significado durante dos siglos del aporte emigratorio gallego, con las influencias que pudo haber ejercido. A Galicia parece no importarle. Ahí se tiene una visión muy deformada de América y de los emigrantes, habiendo establecido desde viejo en cuanto a estos, una escala de valores a través de sus fortunas personales no contando en general otra clase de méritos y sin embargo por este continente se expamdió de alguna manera, tanto como las virtudes en el trabajo del gallego, su talento creador."[1902]

Esta matizada reflexión sobre o mundo societario de Bos Aires alterna con outras moitas opinións epistolares nas que se distancia das intrigas e pobrezas do asociacionismo a pesar de ter aceptado no 1965 volver a dirixir a revista do Centro:

[1901] Carta de Seoane a Anxel Fole (Buenos Aires, 27 de febreiro de 1953)
[1902] A Fernández del Riego (Buenos Aires 20 de agosto de 1965)

> "Desde este mes me hago cargo nuevamente de la dirección de *Galicia* del Centro Gallego. Acepté por la insistencia del ofrecimiento, pero estoy ya arrepentido pues realmente no tengo ni tiempo de ocuparme de ella ni ganas de ver, con ese motivo, algunas gentes que hace años había perdido de vista para alivio mío."[1903]

Tal responsabilidade será ben corta xa que remata cando accede á presidencia do Centro, coa complicidade de Villamarín, o xa noso coñecido Mourente:

> "A Villamarín no lo vi. Ya negué el saludo a unos cuantos del Centro Gallego y continuaré negándoselo a otros. No quiero volver a saber nada de la colectividad y tampoco, naturalmente, en cuanto a esta, de Villamarín, culpable como los otros, pero con menos franqueza en la entrega. Estabas absolutamente equivocado. Jugó con todos favoreciendo a Mourente"[1904]

Sucédense as protestas de Seoane ó longo do ano 1968, cargando o acento moi especialmente contra da celebración dos xogos frorais no Centro Galego, sendo mantedor dos mesmos Méndez Ferrín, nome apuntado polo propio Celso Emilio Ferreiro, como poderemos comprobar:

> En París treinta noches de teatro. Lo que me impresionó más fue el Nacional Popular de Jean Vilar con nuestra paisana María Casares. No es patriotería (si de algo peco es de lo contrario), es que han sabido conquistar un inmenso público popular, fervoroso, cálido, que hace recordar en las representaciones el sentido sagrado que tuvo el teatro durante siglos[2077].

Y en una carta posterior al mismo destinatario, fechada en Buenos Aires el 23 de diciembre de 1957, agrega sobre la actriz:

[2076] Casona, Alejandro (1952): "El viejo cuento de la Cenicienta. María Casares, gran triunfadora en el destierro", *España Republicana*, nº 1064 (15 de octubre de 1952), págs. 5-6.
[2077] Rodríguez Richart, José (2001): "Cartas inéditas de Alejandro Casona a Julio y a Conchita Reyes", *Murgetana*, nº 104, p. 141.

> Ayer tuve noticias de que María Casares (ovacionada clamorosamente a su paso por Buenos Aires) ha hecho en París (Radio) con François Périer, *Doña Inés*; éxito sensacional, y posibilidades de intentarlo en teatro[2078].

Otro hito en la consolidación del mito de María Casares entre el exilio republicano español como moderno cuento de hadas se produjo en 1957 con la gira mundial del Théâtre National Populaire (TNP), dirigido por Jean Vilar[2079]. Cuando María Casares actúe en Buenos Aires, nuestro exilio republicano va a rendirle un cálido homenaje que una crónica de *España Republicana* acierta a reflejar con precisión. La revista, de la que entonces era "director responsable" el Dr. Carlos P. Carranza, introduce dicha crónica con la siguiente nota:

> Una de las más egregias figuras artísticas del exilio republicano acaba de pasar por Buenos Aires. Lo fugaz de su permanencia no ha impedido lo deslumbrante de su triunfo. Argentina, como antes Francia, y cualquiera de los otros países donde actuó, se ha sentido subyugada por el arte excepcional de esta galleguita encantadora y menuda, hada sutil de la escena, que es María Casares. Española del exilio y del llanto -como nos definió a todos los desterrados León Felipe-, se ha transformado, por la magia de su temperamento artístico, en princesa de los tablados de Francia y del mundo. María Casares es española; María Casares es gallega; María Casares es republicana; María Casares es genio escénico universal. Su padre, el ilustre Don Santiago, era el presidente del Consejo de Ministros de la República en aquella hora adversa en que el fascismo internacional -aliado con la traición monárquica y militar interna y con la morisma asalariada-, gestó la sublevación falangista de 1936. María Casares, con nuestra derrota, se incorporó a la caravana de desterrados y en Francia luchó, vivió para el arte y triunfó para su

[2078] El propio Rodríguez Richart nos recuerda que "al Teatro Nacional Popular de Jean Vilar con María Casares de protagonista y al profundo sentido de los conceptos de "pueblo" y "teatro popular" dedicará Casona un año más tarde un entusiasta y admirable artículo al visitar esa famosa compañía Buenos Aires en octubre del año 1957: "Pueblo y teatro". Y añade: "La misma María Casares encarnó el papel de Doña Inés de Portugal en la obra *Corona de amor y muerte* de Casona en la radio francesa". El artículo "Pueblo y teatro", fechado en Buenos Aires, octubre 1957, puede leerse en *Alejandro Casona, escritor de periódicos*, de Evaristo Arce (Luarca, ALSA, 1983, págs. 289-294).

> gloria y para la de la España eterna. A su paso por Buenos Aires, nuestro homenaje no podía faltarle. Se lo hemos rendido, sencilla y elocuentemente. Compartió con ella los honores el gran actor galo Jean Vilar, director del Teatro Nacional Popular[2080].

A las intervenciones de Antonio Hurtado Polo, presidente del Centro Republicano Español -lugar en el que, en la noche del día 10 de octubre de 1957, se realizó una "cena íntima" a la que asistieron 52 personas en representación del 98% de la colectividad española-, y a la de Francisco Ugarte Pagés, presidente de la Federación de Sociedades Democráticas de la Argentina, sucedió la de la propia María Casares, que el anónimo cronista resume con estas palabras*:*

> Al levantarse María Casares, los comensales, de pie, le tributaron una prolongada ovación. Repuesta de la emoción que le produjo, expresó que antes de marchar de esta gran ciudad, la circunstancia de que su adiós se produjera en esta casa republicana era, por su simbolismo, recuerdo imborrable, porque estaba en su propia patria. Aludió a esta tremenda hora de un mundo desgajado y escindido por pasiones y luchas en el que el concepto de patria ha evolucionado tanto. Muy joven -señaló- fui arrancada de mi país y me crié en Francia, que me adoptó y me ha dado un nuevo ser. Salvo la lengua, no podría decir que estoy en tierra extraña, aunque sienta a veces, como todos, la necesidad humana de encontrar la raíz profunda, telúrica, del país en que se nació; país, al que con pena, no puedo llamarlo patria. Francia ha sido mi nueva patria, como lo es para todos los que huyen de los países cerrados -sean los que fueren- a la libertad y a la justicia, a la dignidad humana y a la independencia nacional. Francia acoge a los peregrinos de la libertad.
>
> Agregó que las necesidades y urgencias de la vida nos hacen que todos nos veamos mal y nos reunamos poco. Pero aunque sea en forma fugaz, he observado en esta excursión que la España de la República, la nuestra, tiene

---

[2079] María Casares alude con simpatía a "los "trabajos forzados" que me ataron durante seis años a Jean Vilar, ese otro recluso del TNP" [R: 374]. Sobre el director del TNP puede consultarse el libro de Jean-Claude Bardot, *Jean Vilar* (París, Armand Colin Éditeur, 1991).

[2080] "Agasajan los demócratas españoles a la gran artista en el exilio María Casares", *España Republicana*, nº 1172 (15 de octubre de 1957), p. 1.

vitalidad en vosotros y creo que con gentes así nunca morirá. Veo a España, desperdigada en el mundo, pero eterna en su libertad.

Grandes aplausos coronaron las improvisadas palabras de la gran actriz[2081].

Un hito simbólico en la escena de nuestro exilio republicano lo constituye, sin duda, el encuentro mítico -"en los albores de 1963"[2082]- entre Margarita Xirgu y María Casares. Se trata de la puesta en escena en el bonaerense Teatro Municipal San Martín de *Yerma*, de Federico García Lorca, dirigida por la Xirgu y protagonizada por María Casares, a la sazón actriz del TNP francés que dirigía Jean Vilar. Sin embargo, por los testimonios que poseemos, no parece que la experiencia resultase especialmente interesante[2083] y, de hecho, María Casares apenas la menciona en sus memorias. Sin embargo la actriz gallega, heredera natural en el imaginario mítico de nuestro exilio teatral republicano de la actriz catalana[2084], ya había invitado anteriormente a la Xirgu a intervenir en París, y precisamente con motivo de los actos conmemorativos del XX aniversario del asesinato de García Lorca. En efecto, en una carta escrita en 1956 le exponía el proyecto en estos términos:

[2081] Ibidem.

[2082] Rodrigo, Antonina (1988): *Margarita Xirgu*, prólogo de Ricard Salvat, Madrid, Aguilar, p. 402. La propia Antonina Rodrigo es autora de *Mujeres para la historia: la España silenciada del siglo XX,* Madrid, La Compañía Literaria, 1996.

[2083] "Hablamos también de su encuentro con Margarita Xirgu, que la había dirigido en Buenos Aires, en una *Yerma*. La experiencia había sido sólo discreta, pues Margarita era ya una mujer cansada y enferma y entre las dos mediaban no sólo los años sino experiencias profesionales distintas, la pertenencia a realidades culturales muy diferenciadas" según José Monleón en "La ausencia de María Casares", (*Primer Acto*, nº 267 (enero-febrero de 1997), p. 104).

[2084] María Casares recuerda haber asistido al estreno de *Yerma* "cuando yo tenía unos doce años (...) Así que cuando me invitaron a trabajar en la Argentina por primera vez y me preguntaron con quién quería hacerlo, respondí inmediatamente que con Margarita Xirgu. Elegimos *Yerma*, que ella conocía muy bien. Y la verdad es que, al principio, sin llegar a desilusionarme, tuve la impresión de que era una mujer hecha para actuar y no para dirigir". Pero lo más interesante, a mi modo de ver, es lo que María Casares afirma poco después: "Creo que yo conocí a Margarita en el momento en que se separaba del teatro, porque así tenía que ser. Pese a ello, aceptó dirigir *Yerma* porque lo vimos como una especie de transmisión de algo, el paso de una persona a otra, con toda su carga simbólica". Estas afirmaciones pueden leerse en una entrevista a Alberti y María Casares que José Monleón les realizó en vísperas del estreno madrileño de *El adefesio*, titulada "París: con Rafael y María", reproducida en *Tiempo y teatro de Rafael Alberti* (Madrid, Primer Acto-Fundación Rafael Alberti, 1990, págs. 413-445).

> Habíamos pensado organizar un acto conmemorativo, pero a mí me parece que después de todo lo que aquí se ha hecho, tendría interés verdadero organizar un doble homenaje al poeta y a la actriz que nos lo reveló, y representar algunas veces una obra de Lorca en español, dirigida e interpretada por Margarita Xirgu. ¿Qué opina usted?[2085].

Aquel proyecto parisino, cuya frustración imposibilitó su encuentro en 1956, constituyó un precedente de esta *Yerma* bonaerense de 1963, empezada a ensayar el 16 de abril[2086]. Unas funciones que, a través de una carta escrita por la Xirgu a su ahijada, fechada en Montevideo el 17 de julio de 1963, sabemos que obtuvieron un rotundo éxito: "En el Teatro San Martín siguen dando a teatro lleno *Yerma*"[2087].

Por último, no podían ni debían faltar como materiales documentales en esta reconstrucción del mito María Casares los testimonios de *Galicia Emigrante* y de Luis Seoane, su director. Entre los diversos textos que la revista le dedicó, mencionemos, por ejemplo, la entrevista realizada a la actriz por Luis Seoane y Víctor Luis Molinari que, sin embargo, firma únicamente este último. En ella, y a instancias de Seoane -quien le recuerda el intento de suicidio de su tía Cándida a inicios de la guerra y la valiente intervención del doctor Manuel Fernández López, cuñado del pintor-, María Casares evoca su infancia gallega, entre A Coruña y Montrove:

> ¿Se acuerda de Montrove, María...?
>
> Sí, me acuerdo, y me acuerdo también de la pobre tía Cándida, de las angustias de aquellas primeras horas, del camino de boj. Sobre todo del camino de boj, que siempre que recuerdo Montrove vuelve a a mi memoria con persistencia[2088].

[2085] Aznar Soler, Manuel (2001): "Teatro y retorno a través de un epistolario inédito de Margarita Xirgu", en Manuel Aznar Soler (ed.) (2001): *Las literaturas del exilio republicano de 1939*, tomo VI-I de las Actas del Congreso plural "Sesenta años después", Sant Cugat del Vallès, Associació d´Idees-GEXEL, colección Serpa Pinto-3, p. 299.
[2086] Ibidem, p. 299.
[2087] Ibidem, p. 300.
[2088] Molinari, Víctor Luis (1957): "Con María Casares, gallega y actriz universal" –entrevista-, *Galicia Emigrante*, nº31 (octubre-noviembre de 1957), p. 12. María Casares afirmaba en 1991

Todas las preguntas de los entrevistadores, lógicamente, se orientan hacia la reconstrucción de su identidad gallega, de una infancia (paisaje, luz, mar) poblada de "duendes demasiado fieles que nunca podré dominar del todo"[2089]. Una identidad gallega, una entonación y un acento de los que María Casares declara en 1957 sentirse completamente orgullosa:

> Yo no sé si mi fonética será gallega. Pero sé que me siento gallega, sin orgullo pueril. Simplemente gallega. Allí está la raíz del verdadero milagro[2090].

La actriz confiesa que Rosalía de Castro y Curros Enríquez, "el gran Curros; el de la esperanza", constituyen sus "preferencias" poéticas en lengua gallega. Y en ella escribe un saludo cariñoso a los lectores cuyo autógrafo reproduce la revista con indisimulado júbilo: "Un saúdo agarimoso a unha Galiza que atopo a milleiros de légoas do Miño"[2091]. En el transcurso de la entrevista Seoane la invita a un encuentro con A.G.U.E.A.[2092] y la actriz acepta complacida para confesar a continuación su saudade intermitente, un deseo de volver que, con el recuerdo siempre vivo del padre en su memoria, por sentido de la responsabilidad, por imperativo ético de su voluntad de "representación", debe sin embargo reprimir:

> Me agrada estar entre mi gente. Me gusta oír hablar gallego. En París no me es posible por el exceso de trabajo, que me aísla prácticamente, sin olvidar las giras al exterior. Hemos trabajado en Inglaterra, Dinamarca,

---

que La Vergne era "mi Montrove francés, donde la hierba huele siempre a lluvia" (C. Fernández Santander (2000): *Casares Quiroga,,,*, op. cit., p. 312).

[2089] Molinari, Victor Luis (1957): "Con Maria Casares....", art. cit., p. 13.

[2090] Ibidem, p. 14.

[2091] "Autógrafo de María Casares, en el que expresa un saludo a la colectividad gallega de Buenos Aires, escrito en nuestro idioma", se afirma al pie. Ibidem, p. 12.

[2092] Se celebró el 8 de octubre de 1957 en el restaurante del "Lar Gallego del Centro Lucense". Sentada entre Rafael Dieste y Eduardo Blanco Amor, la actriz "expresó conceptos atinados sobre problemas de teatro y literatura en general, refiriéndose una y otra vez a su arte". Al final de la comida intervinieron el doctor Antonio Baltar, presidente de la A.G.U.E.A. y los escritores Eduardo Blanco Amor, Xavier Bóveda y Rafael Dieste. Finalmente, María Casares les agradeció sus palabras "y expresó la esperanza de que algún día próximo pudiese incorporarse al trabajo

> Noruega, Finlandia, Rusia, Holanda, Suiza e Italia. Pero a veces, inesperadamente, me asalta a la vuelta de un camino o en cualquier esquina humana la saudade, la tan mentada saudade gallega. Entonces quisiera volver. Inmediatamente. Pero comprendo que no es posible. Que nos debemos a un mandato y que debemos cumplirlo. En esos momentos la sombra de mi padre siempre me ayuda y me ubica en el tiempo y en la esperanza. Esperemos[2093].

Por su parte, Luis Seoane dedicó varios textos, entre los años 1954 y 1974, a la actriz. Pero nos interesa ante todo la lucidez con la que Seoane, más allá del mito escénico, corrobora la cualidad y calidad del mito que María Casares "representa":

> María Casares es para nosotros algo más que la genial intérprete de la escena, continuadora, por si así la quieren los críticos franceses, de Sarah Bernhardt: es bandera de ese pueblo exilado, de dignidad, de amor a la libertad, de justicia, como lo son Pablo Picasso y Pablo Casals, y lo fueron Castelao y Companys[2094].

Obviamente, Seoane conocía bien la historia familiar y, por ello, estaba perfectamente capacitado para explicar las razones íntimas que impulsaban a María Casares a asumir su "representación": "Poca gente no siendo gallega sabe que el drama está en la propia sangre de María Casares, que le viene de herencia, teniendo que ver con su propia vida"[2095]. Y por ello Seoane se congratulaba muy particularmente del éxito en Buenos Aires de María Casares, intérprete, con el Théâtre National Populaire de Jean Vilar, de la Leonide de *El triunfo del amor*, de Marivaux, y de la protagonista de la *María Tudor* de Víctor Hugo, un éxito sin duda apoteósico:

---

común del engrandecimiento de Galicia", según el anónimo cronista de "Homenaje de A.G.U.E.A. a María Casares", *Galicia Emigrante*, nº 31, (octubre-noviembre de 1957), p. 18.

[2093] Molinari, Victor Luis (1957): "Con María Casares...", art. cit. p. 15

[2094] "María Casares", *Galicia Emigrante*, nº 29 (junio-julio de 1957), p. 20; reproducido en Lino Braxe e Xavier Seoane (1996): *Luís Seoane e o Teatro*. Sada, Ediciós do Castro, p. 57.

> Se dijo en Buenos Aires que jamás se oyó en el Teatro Cervantes aplaudir de tal manera a ninguna actriz después de los aplausos a su fundadora, María Guerrero.
>
> No sabemos qué pasó entonces, pero con María Casares un público enardecido gritaba su nombre para que saliese al escenario una y otra vez, hasta dieciséis veces y diecisiete veces (sic), aplaudiendo constantemente. Y ella agradecía con su bella sonrisa permanente, ofreciendo a Jean Vilar y a sus compañeros un triunfo que le pertenecía a ella en gran parte[2096].

Un éxito apoteósico de "alguien que lleva a Galicia en el alma", aunque Seoane se apresure a matizar, en complicidad política con la actriz, que se trata de "una Galicia libre, cercana a nuestros deseos y a nuestro amor, lejos de la remota Galicia real, actualmente tiranizada y escarnecida". Un éxito apoteósico de la actriz María Casares en la representación del drama de Víctor Hugo que Seoane interpreta, cómo no, en clave mítica:

> María Casares triunfa en el exilio y con otras grandes figuras de Galicia y de otros países de la península es ejemplo de dignidad civil y de amor a la libertad. Su triunfo en Buenos Aires, aun representando en idioma francés, fue también un triunfo para Galicia y para los ideales del destierro, defendidos con igual perseverancia y digna terquedad con que defendió los suyos en el exilio el famoso de Jersey y de Bélgica, el gran poeta de Francia. A María Casares le debemos este triunfo del destierro[2097].

5. EPÍLOGO

María Casares viaja en tren la noche del 19 de julio de 1976 desde París a Madrid. Tras cuarenta años de ausencia y muerto ya el dictador[2098], la actriz

---

[2095] L (uis) S (eoane): "María Casares. La gran actriz gallega representa a Macbeth en el castillo de Avignon", *Galicia Emigrante*, nº 5 (octubre de 1956), p. 9; reproducido en L. Braxe e X. Seoane (1996): *Luis Seoane e o Teatro...*, op. cit., p. 51.

[2096] L (uis) S(eoane): "María Casares", *Galicia Emigrante*, 31 (octubre-noviembre de 1957), p. 16; reproducido en L. Braxe e X. Seoane (1996): *Luis Seoane e o Teatro...*, op. cit., p. 62.

[2097] Ibidem.

[2098] En 1991 afirmó que el general Franco "hizo de España una cárcel y un cuartel" (C. Fernández Santander (2000): *Casares Quiroga,,,*, op. cit., p. 312 y evocó su reacción al conocer la noticia de su muerte con estas palabras: "Cuando murió Franco, yo estaba en el campo, en La Vergne. Me enteré oyendo un boletín informativo de la radio. Me entraron ganas de llorar y

es muy consciente de lo que "representa" política y teatralmente su nombre y apellido y, por ello, ha aceptado interpretar el papel de Gorgo en el estreno madrileño de *El adefesio* de Alberti, otro símbolo representativo de nuestro exilio republicano[2099]. Así, cuando Luz Rodríguez la entreviste durante aquellos días españoles para las páginas de la revista *Vindicación Feminista* y le pregunte por la realidad de su mito, la actriz contestará:

> Un mito... nunca lo he creído. Pero en España lo comprendo, porque el mito no soy yo, es *todo lo que represento* y lo que llevo alrededor mío, por la familia, por lo que ha pasado en España[2100].

Y es que María Casares no era sólo una actriz que representaba teatro sino una actriz que, por todo lo que representaba cultural y políticamente, constituyó, sin duda, un mito en el imaginario colectivo de nuestro exilio republicano español de 1939.

---

lloré. No lo hice por Franco, evidentemente, sino porque recordaba todo lo vivido por mi familia, el exilio, la persecución, el encarcelamiento de mi hermana Esther... Fueron unas lágrimas liberadoras" (C. Fernández Santander (2000): *Casares Quiroga...*, op. cit., p. 309).

[2099] He estudiado su recepción en "Exilio republicano y escena democrática española: el estreno de El adefesio en Madrid (1976)", *Revista Canadiense de Estudios Hispánicos*, XXIV, nº 1 (otoño de 1999), págs. 221-235.

[2100] Rodríguez, Luz (1976): "María Casares: la española francesa", *Vindicación feminista*, nº 3 (1 de septiembre de 1976), p. 42 (el subrayado es mío).

MAUTHAUSEN: REGRESO O CAMPO DA MORTE (1989)

Manuel Torrente
Xornalista da TVG e Licenciado en Historia

1. ENRIQUE E XAQUÍN HEROES ANÓNIMOS E ESQUECIDOS

Enrique Doval e Xaquín Balvoa non foron ni máis ni menos que moitos outros homes que viron como nas súas vidas se cruzaba, primerio unha sanguenta guerra civil, e, despois, unha guerra mundial. Eles foron os protagonistas desta reportaxe, pero a través deles e das súas particulares peripecias, intententamos albiscar algo mais sobre os miles de españois que se viron atrapados por un mundo en conflicto. Foi unha emigración forzada, unha emigración na que non se buscaba, coma nas outras, unha forma mellor de gañarse a vida. Eles unicamente querían sobrevivir, conserva-la vida, nuns momentos nos que este ben tan preciado non cotizaba precisamente a alza.

Viaxar con eles ata Mauthausen foi unha experiencia absolutamente irrepetible. Estar con eles alí no campo de concentración onde viron morrer a tantos compañeiros, alí onde o sufrimento era algo tan común que xa non tiña importancia, foi algo que non esquecerei nunca. Lembro que os dous non paraban de falar en todo o tempo. Querían que nós, os xornalistas, os que lle podiamos dar difusión a aquel mundo de terror, sóubesemos con detalle todo o que pasou. Querían que non quedara detalle sen contar e rebuscaban, unha e otra vez, na memoria anécdotas e sucedidos que lles viñan á cabeza ó atoparse de novo con aqueles muros que lles foron tan familiares. Eu esperaba que se emocionaran moito mais, pero apenas houbo bágoas. A emoción era estar alí de novo, e sobre todo, poder contalo e, aínda mais, que alguén os escoitara para poder chegar á maior cantidade de xente posible e que nunca mais se puidera repetir aquel drama monstruoso.

Os barracóns, a enfermería, as aramadas de espiños, a cámara de gas, os fornos crematorios, a canteira.... Calquer lugar daba pé a unha historia, a unha lembranza.

O feito de que o campo de concentración de Mauthausen se conserve tal e como era débese en boa parte á forza que fixeron os ex-presos, particularmente os activos republicanos españois, para evitar que o goberno austriaco derrubara aquel monumento á ignominia. Hoxe é un lugar ó que acude moita xente para visitalo. O que ó visita, sen dúbida queda vacunado ante calquer tentación totalitaria como foi a do iluminado Adolf Hitler e os que o acompañaron.

Non foron moitos os galegos que foron a parar a ese lugar xa que a maioría dos republicanos, despois da derrota, buscaron a maneira de fuxir de Francia e ir, por exemplo, a América onde tiñan algún tipo de vínculo. O grupo maioritario de entre os españois que acabaron en Mauthausen era, sen dúbida o dos cataláns. As razóns eran que moitos deles quedaron ata o derradeiro minuto na súa terra e despois foron internados nos degradantes campos de concentración franceses da costa Azul. Os protagonistas da reportaxe, Enrique e Xaquín, seguiron tamén esta ruta. No caso de Xaquín porque estaba emigrado en Cataluña, por certo falaba correctamente o catalán, e seguiu a sorte do resto dos cataláns. O caso de Enrique é un pouco diferente xa que estaba convalecente dunha ferida que o deixou coxo para o resto da vida, e non puido fuxir a tempo.

Enrique contounos que pasou todo o tempo preso en Mathausen e no campo, moi cercano, de Gussen. Salvouse porque conseguiu agachar un reloxo nun anaco de pan e con el sobornou a un cabo de vara para que o destinaran ás brigadas que se encargaban da construcción e mantemento dos barracóns. Un destino mais ou menos doado que, polo menos o tiñaa alonxado dos terribles traballos da canteira onde as baixas eran diarias.

Xaquín sí tivo que baixar á canteira e relataba que un día subindo pola , moi propiamente, chamada "escaleira da morte", estivo a piques de caer desfalecido o que automáticamente lle suporía a execución alí mesmo. Unha man solidaria dun compañeiro de penurias axudoulle a erguerse e cargando

cunha pesada pedra ás costas conseguíu chegar ós barracóns. Mais tarde o seu oficio de barbeiro permitiulle acceder a un destino un pouco mellor e conseguiu que o destinasen a atende-los gardas das S.S. que vixiaban o campo. Algún tempo despois foi trasladado a un comando situado nalgún lugar preto da fronteira con Italia. Alí o réxime disciplinario era moito mais feble xa que os gardas non lles prestaban moita atención mentres fixeran o seu traballo de coidar unha granxa na que producían alimentos para o exército alemán.

2. A REPORTAXE, COMO SE FIXO

Os campos de concentración nazis eran unha vella teima persoal e durante bastante tempo fun recabando toda a información que me viña ás mans. Cando tiña xa unha boa documentación presentei o proxecto ós que naquel momento eran os responsables do departamento de informativos da Televisión de Galicia que, a pesar do elevado custo que podería supor a producción, deron o seu visto bó. O primeiro paso foi localizar a Enrique Doval que participara anteriormente nun programa de entrevistas da TVG. O productor conseguiu o teléfono e chameino para comentarlle a posibilidade de facer este traballo. A súa resposta foi inmediata e afirmativa. O segundo paso levounos ata Madrid para entrevistar a Santiago Alvarez. Recibiunos no seu despacho da sede do Partido Comunista, por certo pegado ó de Dolores Ibárruri que había uns días que ingresara no hospital onde, mais tarde faleceu. Santiago Alvarez era unha fonte moi importante pola súa condición de ex comisario políítico durante a Guerra Civil e tamén como galego xa que nos podía facilitar información que non aparecía nos libros que consultaramos ata ese momento. Deunos as direccións de varios galegos que coñecía e que pasaran por Mauthausen. Moitos estaban en Francia onde refixeran a súa vida e facíasenos complicado contar con eles asi que eliximos ó ourensán Xaquín Balboa. Cando falamos con el non se creía moito o que lle prantexabamos, pero en canto llo explicamos ben a resposta tamen foi inmediata e positiva.

O grupo de producción viaxou a Austria en dúas tandas. Na primeira iamos o productor, Xabier Trepat, que fixo importantes aportacións á reportaxe, e eu mesmo Tiñamos como primeira laboura a localización de lugares para

face-las grabacións e organiza-lo noso tempo para aproiveitar ó máximo á viaxe. En Viena reunímonos co cámara chileno Alex Adonis e un axudante, de nacionalidade belga, do que, lamentablemente, non lembro o nome. Alex comentoume que aquilo lembráballe o que sucedera no seu país había ven pouco tempo. O tema interesoulle dunha maneira moi intensa e iso traslúcese no seu excelente traballo.

Neses primeiros días fixemos boa parte dos recursos ó tempo que planeabamos a tarea que nos esperaba para cando chegaran Enrique e Xaquín. Os ex-presos chegaron dous días mais tarde, viaxaron acompañados por José Francisco Rodil que naquel momento era o director do programa de reportaxes de actualidade "Enfoques".

Tódalas entrevistas realizáronse no interior do campo. Moitas veces non facía falta preguntar nada. Os nosos invitados estaban ansiosos por contar todo o que alí viviran. Resultou particularmente emocionante a visita ó pouco que queda do que fora o xigantesco campo de concentración de Gussen onde Enrique describía, na súa peculiar maneira de narrar, como os que atendian os fornos crematorios aproveitaban o lume para asar algunha que outra pataca coa que completa-la magra alimentación que lles daban os S.S. Tamén lembro dun xeito moi especial o momento en que Xaquín conta dende un dos barracóns como a través daquelas fiestras, daquelas mesmas fiestras, viu en varias ocasións como os gardas conducian a grupos de persoas, incluídas familias enteiras, camiño da cámara de gas.

Unha das últimas grabacións fixémola na esplanada dos monumentos, un lugar que estivera ocupado polas vivendas dos gardas S.S. e que agora acolle mais dunha ducia de monumentos lembrando ás persoas das diferentes nacionalidades que perderon a vida alí. Un deses monumentos lembra precisamente ós republicanos españois que tanto tiveron que ver na resistencia no interior do campo, na súa liberación, e tamén na posterior denuncia das atrocidades que alí se cometeron e que tanto trataban de ocultar algúns.

Ó regreso comenzou o traballo mais farragoso do minutado de tóda-las cintas. O guión que tiña escrito non servía practicamente para nada así que houbo que reescribilo. O que mais me costou foi eliminar palabras. Había

moitas cousas que explicar e con palabras podiase facer pero ó visualiza-las imaxes, esas palabras perdían sentido. A edición da reportaxe foi cousa de Xosé Pernas, desde o meu punto de vista un dos mellores montadores da TVG, que se ofreceu desinteresadamente a facelo. Interesáballe a reportaxe pero, cousas da burocracia, non estaba no turno e, por tanto, non cobrou nada por este traballo.

Por certo, e como unha anécdota mais, contareilles que tóda-las cintas que se grabaron con recursos do campo e as entrevistas, foron entregadas ó servicio de documentación. Algúns anos despois preguntei por elas e dixéronme que estaban perdidas. Ninguén sabe onde están.

3. SIMPLEMENTE UNHA REPORTAXE.

Mauthausen: Regreso o campo da morte, é unha reportaxe para televisión. Naceu coma tal e coma tal morrerá xa que a sua vixencia e tan efímera coma o tempo de emisión que ocupa nunha grella de programación. Gustaríame que fose algo máis pero os modernos medios de comunicación son así. Son escasamente 25 minutos de reportaxe no medio dunha morea de minutos adicados ás cousas máis heteroxeneas. Son 25 minutos nos que uns homes relatan o drama da súa vida, algo que, por desgracia, é moi común, algo que xa non chama a atención, algo que vemos cada día á hora do xantar nos informativos sen inmutarnos. Pero....

Gustaríame suliñar que resulta curioso que un dos acontecementos mais importantes da historia contemporánea, como é a Segunda Guerra Mundial, apenas teña reflexo nos traballos de investigación das universidades galegas . Probablemente se considere que este periodo ten máis que ver coas "Hazañas bélicas" de Boixcar que coa Historia como disciplina científica. O entretemento, a divulgación e a máis erudita e sesuda investigación histórica, non só son perfectamente compatibles senón que deben camiñar conxuntamente. Cada unha no seu sitio, por suposto.

De todas maneiras estas consideracións probalemente estén fora de lugar xa que *Mauthausen, regreso o campo da morte* non deixa de ser

simplemente unha reportaxe de Televisión. 25 minutos de emisión e .... a outra cousa.

COMUNICACIÓNS

O EXILIO EN MARUJA SEOANE, MARUJA SEOANE NO EXILIO

Rosa Espiñeira Pan
Paula Fernández Bañuelos
Fundación Luis Seoane

Estamos neste Congreso para renderlle unha homenaxe a Maruja Seoane, é o único que nos move. Gustaríanos estar como oíntes e que ela fose a que coa súa presencia e voz fose desenfiando as súas vivencias e anhelos, que eran os de Luis Seoane.

Queremos xogar co vocablo destino. É un termo evocador e á vez exacto na medida en que alude a un destino ó que chegar e ó sentido dunha vida.

Levamos un tempo xunto a Maruja Seoane compartindo traballo, conversacións, inquietudes e pareceres, e non deixamos de admirar a fortaleza dunha muller miúda que defendeu e perseguiu un claro obxectivo dende o ano 1979: o traslado da obra de Luis Seoane e as súas pertenzas a Galicia de maneira definitiva e procurando evitar a súa dispersión; obra que, despois de moitos avatares, estará ó alcance dos nosos sentidos na nova Fundación Luís Seoane de A Coruña.

¿ Mais, quen é Maruja Seoane e que forte vento a move?.

1. GALICIA

Unha vella fotografía mostra a tres mozas paseando desenfadadas por unha rúa de A Coruña dos anos 30; camiñan cara ó futuro. Maruja nacera en 1912 nesa cidade, alí fixo os seus estudios e dende sempre namorouse do seu curmán Luis Seoane, como ela di: "estabamos predestinados". Daquela, el estudiaba Dereito en Santiago de Compostela e ela quería estudiar a carreira de

Farmacia, " que é o que facían todas as rapazas", mais os seus pais non o consentían, sobre todo a súa nai, " pois pensaban que estando alí o seu noivo ía perder o tempo ou podía pasar algo". A ela non lle interesaba facer outra cousa, máis o seu pai suxire que faga a carreira comercial en A Coruña, xa que tiñan un almacén de venda de viños por xunto e así Maruja traballaría no negocio familiar.

Cando Luis Seoane se licencia, el e a súa familia van vivir a A Coruña e comeza a traballar como avogado. O compromiso sociopolítico e cultural de Luis Seoane estudiante e avogado é notorio. Maruja inscríbese tamén no Partido Galeguista, o seu carné ten data do 13 de xullo de 1935, e será o único partido no que militen.

Da situación que provocou o estalido da Guerra Civil no verán de 1936 conta que o 18 de xullo en A Coruña, ela e Luis foron ver ó teatro Rosalía de Castro unha obra de Casona, á saída notaron moita ebulición na rúa, moito movemento de xente, xente que se paraba a falar, moito barullo. Preguntábanse que pasaría. Levouna a casa. Intranquilos escoitaron na radio que estalara o alzamento en Marrocos. Ó día seguinte a prensa xa falaba de "Movimiento Nacional" dirixido polos militares. Luis quería saír e saber o que pasaba, pero a súa nai plantouse diante da porta e non o deixou saír. Neses días o Goberno Civil foi bombardeado e detidas as autoridades civís, aquelo xa era alarmante, empezaron a ter medo. Á muller do gobernador civil logo tamén a pasearon e cortáronlle os peitos e puxéronlle unha bandeiriña republicana enriba de cada un.

Luis Seoane adoitaba ir ó Café Galicia despois do xantar. Logrou ir ata alí un día e encontrouse con que non había ninguén dos habituais. Achegouse a el un rapaz coñecido que lle avisou de que a situación era grave, que perseguían ós republicanos, que tiña que esconderse. O irmán maior de Maruja agachouno na casa de veraneo que tiña alugada en Montrove, preto de A Coruña, onde Maruja ía velo polas tardes coa súa irmá pequena. Unha noite el sinte ruído, voces, escoita uns tiros. Era un paseado que mataron e deixaron alí tirado. Despois diso, impresionado, foi cando decide marchar. No 36 producíanse provocacións en todas partes e Seoane, coa súa traxectoria, tiña antecedentes

para que o matasen. O irmán de Maruja coñecía a un policía que facilitou que Luis Seoane puidese utilizar o seu pasaporte arxentino para saír do país, conseguiu colocar os pases para ser asinados polo gobernador civil, desta maneira, os primeiros días de outubro puideron viaxar a Portugal Luis e o seu irmán Rafael, xa que os barcos alemáns que facían a viaxe a América suprimiran a parada no porto de A Coruña por causa da guerra. Dende Lisboa parten, a finais de ano, no barco alemán "Cap Norte" cara a Buenos Aires. Maruja agardaba noticias para poder marchar, quería marchar con Luis. Non souberon nada deles ata que chegaron alá despois de 30 días.

Escoitaban as noticias da radio francesa, que ó principio eran poucas ou as daban confusas.

Maruja empezou a arranxar os seus papeis para a partida cos pais e a irmá de Luis. A súa nai quería que casase pola igrexa. Despois de ameazar ir sen voda se a dispensa de Roma tardaba en chegar, casou por poderes a principios de 1937. Pero en Buenos Aires non valía este casamento.

Tiveron que formalizar os pasaportes no consulado de Portugal e coincidiu que a muller do cónsul tamén se ía nesas datas e acordaron que farían a viaxe ata Tui xuntos. A situación complicouse cando uns días antes de marchar para o exilio detiveron ó pai de Luis Seoane. Maruja e Estela, a filla, percorreron o que puideron para que os deixaran partir, "a ela a reclamaba o noivo para casar e tiña que irse", argumentaba. Foron en tren ata Lisboa e gozaron da axuda desinteresada dun portugués que os foi despedir cando embarcaron no barco alemán "Monte Rosa", que despois de case 30 días de travesía, pois paraban en portos a descargar e cargar, de días sen enterarse das novas, de aburrirse de comer peixe con patacas, de pasear pola borda, chegaron ó porto de Buenos Aires o 30 de marzo de 1937. "Nese barco viaxaban poucos españois, pois era unha das primeiras viaxes, non era fácil saír da parte nacional, outros saían por Francia."

Maruja, ese mesmo día, tivo que permanecer no barco en espera de realizar a voda. A través do pai dunha amiga, Moni Hermelo, que era contraalmirante, puido saír do porto e ir a casa deles, dos Frontini, con Luis, e ás 3 da tarde volveron ó barco onde o xuíz por fin realizou o casamento. Recorda Maruja que

nesa época as mulleres que eran reclamadas coma ela para casar, tiñan que agardar no Hotel de Emigrantes no porto, e se o home non se presentaba podían ter un futuro incerto.

Tiña 24 anos e deixaba a súa familia, quedando preso o seu irmán Manolo do que non puido despedirse porque non llo permitiron. Estaba condenado a morte. O 11 de xullo de 1937 en A Coruña, "foi fusilado polos sublevados fascistas e por defender a liberdade". Só puido despedirse da súa irmá a través dunha estremecedora carta que Maruja conserva: " Marujita: estás muy lejos de mi en este último día de mi vida, qué feliz eres tú y Luis ¡Ojalá os dure esa felicidad muchos años!. Ya sé que al marcharte has venido a decirme adiós cosa que no pudiste hacer y que yo sentí mucho,..." Pensaban que nun ano como moito estarían de volta. O seu pai morrera ós poucos días de inaugurarse a República, estaba feliz e contento. Á súa nai non volve a vela, xa que morre en 1962. Con pesar tamén deixaba Galicia," contemplando a paisaxe que naquel momento da viaxe ata Tui apreciaba dun xeito especial". Malia todo, sorría de alegría por casar e encontrarse con Luis.

2. BUENOS AIRES

Acolléronos en casa uns amigos. Buscaron pronto un pequeno departamento onde se repartiron os pais de Luis Seoane, a súa irmá Estela, o seu irmán Rafael, e o novo matrimonio que durmía nun xergón no chan. Así viviron ata que as ofertas que lle facían a Luis, no xornal *Crítica* de Natalio Botana primeiro, a colaboración na Editorial Losada en 1938, no 39 a proposta de Rodolfo Prada de dirixir a revista *Galicia* do Centro Gallego de Buenos Aires, ... fixeron posible alugar un piso para eles e así poder ter o espacio necesario para vivir, traballar e pintar Luis. O apoio e axuda dos republicanos ós recentemente chegados nunca faltaba.

Durante ese tempo foron chegando outros exiliados galegos, algúns coñecidos seus: Antonio Baltar, Manuel Colmeiro, José Suárez, José Núñez Búa, Rafael Dieste e a súa dona Carmen Muñoz, Otero Espasandín, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado,... e españois como María Teresa León e Rafael Alberti,... "Vivían o presente, o día a día, pendentes das noticias de España e de Europa,

da axuda francesa que non chegou como se esperaba. As noticias de España e de Europa non eran boas. Non sabían que ía pasar cos republicanos españois. Cando entran os fascistas en Valencia e Madrid os republicanos empezan a saír por Francia sobre todo, e dende alí reemigran moitos cara América". Foi a caso próximo do matrimonio Dieste. Rafael e Carmen escaparon separados pola fronteira francesa en 1939. Rafael Dieste estivo no campo de concentración de Saint-Cyprien xunto ó mar, estaba cercado ata o mesmo mar para que non escapasen. Facía moito frío. Carmen, na fuxida, foi ferida nun brazo con metralla e estivo hospitalizada en París. Durante días non souberon un do outro. Despois de moitas dificultades conseguiron chegar a Montevideo dende o porto de Róterdam e de alí pasaron a Buenos Aires.

Finalizada a guerra as esperanzas perdéronse. Vivían provisionalmente, non compraban mobles, casas, nada. Ante os feitos da 2ª Guerra Mundial, vivían pendentes do seu final coa esperanza de que gañasen os aliados e que co seu apoio voltase a República. Non foi así. A situación a finais dos anos 40 non tiña trazas de cambiar e empezaron a instalarse.

Na época que lle tocou vivir, Maruja Seoane sentiuse realizada como persoa e como muller. No relato da súa vida e da súa actividade xunto a Luis Seoane manifesta a dedicación a el, sempre pendente do que Luis facía. Ela era a encargada de comprarlle o material: elixía as pinturas novas, os pinceis que tamén limpaba, as teas, cando chegaban pinturas boas de Alemania o tendeiro avisábaa e fiáballes ata que Luis vendía un cadro e pagábanlle todo. A el non lle gustaba encargarse destas cousas. Os primeiros anos tamén preparaba os lenzos, porque resultaba máis barato mercar unha tea de liño e preparala na casa, montala no bastidor, que compraban a medida, e darlle unha man de pintura branca especial. A el gustáballe pintar con bos materiais, sobre liño e non sobre algodón, quería que os seus cadros durasen. Ese traballo levaba moito tempo, facíao na terraza que pecharon de 12x3 m., onde Seoane tiña o seu taller. Tamén preparaba ela as madeiras para gravar. Comprábanas en bruto, eran máis baratas, pero logo había que pulilas, esto era moi laborioso, pois ás veces utilizaba madeiras moi duras, como a de quebracho colorado. Primeiro as pulía con papel de lixa máis groso, despois máis fino, ata que

conseguía unha superficie totalmente pulida. Despois había que limpalas unha vez usadas. Non lle gustaba a el que o viran traballando. Ela sentábase a facer as súas cousas nesa estancia, pero cada un estaba ó seu. Algunha vez Maruja servíalle de modelo para estudiar ou copiar a postura das mans, dos brazos. Cando chegaban os pedidos dos libros do estranxeiro ás librerías, normalmente era ela quen os recollía.

Como nos contou, restándolle importancia, dedicou boa parte do seu tempo a mecanografar os traballos que foron necesarios, del e dela. Entre outras cousas fixo a traducción do portugués ó castelán do libro "Catalina de Houlihan. Folk-Drama por W.B. Yeats", con debuxos de Luis Seoane e traducción de María Elvira Fernández, publicado en Buenos Aires en Ediciones Botella al Mar en 1947. Dende o nº 3 da revista *Galicia Emigrante* de agosto de 1954 ata o nº 35 de xuño e xullo de 1958, aparece sistematicamente unha páxina titulada "A Ramallada Frorida" feita por Maruja sen asinar. Luis propúxolle facela. Recollía refráns populares, crenzas, cantos populares, receitas de cociña - " receitas que sacaba do libro "Picadillo" e outras da miña nai ou da miña familia"-, contos, pequenas historias, consultando os libros galegos da súa biblioteca. Unha vez redactado todo, pedíalle o parecer a Luis para deixalo listo. No nº 13 da mesma revista *Galicia Emigrante*, de agosto-setembro de 1955, aparece unha reseña sobre " Un mural de Seoane" asinada por M. Fernández López. Sabemos que bordou un mantel baseándose nun bosquexo de Seoane; que teceu un cadro sobre unha idea de Seoane, asinado por ela cunha M no ano 46; que realizou outro cadro dunha figura de muller con retallos de teas de cores cosidos, de 1968, que adornaba o oco que deixaba a mesa empotrada e pintada que fixera Luis en 1962 para a súa casa. En fin, cousas, cousas importantes.

A obra plástica do seu marido sempre a valorou dun xeito especial. O seu gusto inclinábase máis por a obra naturalista da primeira época. Destaca sobre todo e admira a habilidade de Luis Seoane para aplicar a cor, a súa viveza, os seus contrastes. El sempre lle pedía o seu parecer, se ela calaba, el sabía que había algo que non lle gustaba, non lle convencía ou non entendía; o comentaban e el dicía que o fixera así porque así o quería, sen explicarlle máis,

só quería o seu parecer e, ás veces, facía cambios sobre os detalles comentados por ela.

Votaban de menos o país, ós parentes, á xente amiga. Despois todo o demais o tiñan alá, fixeron moi bos amigos. "Tiñamos todo o que queriamos. Luis podía facer o que quería facer e traballaba moi cómodo". Gustáballes recibir ós amigos na casa, case sempre a cear. Luis invitaba a xente, seis, oito, sen pensar se Maruja tiña o suficiente para ofrecerlles, pero sempre se amañaban e ela atendíaos gustosa. Quedaban de tertulia ata moi tarde. "Eu participaba cando eramos matrimonios, senón servía un café de cando en vez e ía durmir. Se había señoras eu quedaba tamén, se había só señores marchaban antes". Fora da casa ela non adoitaba acompañalo ás tertulias do Café Tortoni. El tivo ese costume mentres viviron cos seus pais. "Unha vez que fomos a vivir sos Luis saía menos, gustáballe despois do xantar estar na casa, facer calquera cousa, ler, preparar unha madeira, e facíamos máis reunións na casa pola noite". Os asiduos eran Lorenzo Varela, Rafael Dieste e Carmen, Arturo Cuadrado, Otero Espasandín, Antonio Baltar e a súa dona, etc.

Adoitaban saír polas tardes ó cine. En Buenos Aires podían ver películas francesas, italianas, checoslovacas, rusas, alemanas, americanas. Ela foi afeccionándose ó cine con el. "Cando fomos a Nueva York as películas que botaban xa as víramos todas en Buenos Aires". Ou visitaban as librerías, ou asistían a exposicións..., "todo o facían xuntos menos pintar". "As exposicións algunhas interesábanme, outras non, funme acostumando á pintura. O que máis me atraía era a pintura naturalista naquel momento, logo un vai cambiando, como a pintura, e vai coñecendo, e acostúmaste". Con respecto ás súas afeccións di: "Con Luis non podía ter afeccións, porque me daba moito traballo, non me daba tempo, non podía facer cousas para min". Se algo lle gustaba a Maruxa era cantar. Ó principio, se non fora porque a situación económica e as súas ocupacións non o permitían, tivera asistido a clases de canto. Sempre que había algún acto de homenaxe a Lúes a xente pedía: ¡que cante, que cante Maruxa!. " A min dábame unha vergonza tremenda, pero Lúes cos ollos dicíame que sí, que cantase, con miralo sabía se debía facelo. Cantaba sempre cancións galegas que aprendían moitos arxentinos e sobre todo

arxentinos fillos de xudeus. Coñeciamos a moitos xudeus e tiñamos unha boa sintonía con eles. Despois da 2ª Guerra Mundial chegaron moitos xudeus alemáns, asentábanse na periferia da cidade, en barrios de estranxeiros. Moitos deles eran fillos de xudeus asentados antes, xa eran arxentinos, e moveron os negocios e a cultura bonaerense. A "Sociedad Hebraica Argentina" facía moitos e importantes actos culturais, onde adoitabamos acudir".

Maruja sempre estivo de acordo coas ideas de Luis Seoane. Xamais polemizaron. O compromiso del era o dela.

> Luis e máis eu non nos separamos nunca dende que nos casamos en 1937, en 42 anos, ata a súa morte en 1979, a non ser tres días nos que el tivo que ir a San Juan a pintar un mural, preocupado porque eu quedaba soa en Buenos Aires en medio dunha situación inestable de revoltas.

Hai varias descricións publicadas sobre Maruja que non necesitan máis comentarios: di Xesús Alonso Montero nas páxinas 62 e 63 do seu ensaio "As palabras no exilio":

> ...sempre acompañado por Maruxa, figura esencial nos traballos e nos días de Luis. Maruxa foi sempre, ademais do amor –o único amor- a comprensión intelixente, a prudencia e a íntima compenetración, contrapunto necesario para aquel home tan entregado a mil tarefas, tan comprometido sempre, tan xeneroso con uns e con outros, tan alporizado ás veces e tan violento cando sospeitaba deslealdade.

Ou as palabras de Rafael Squirru no seu libro " Luis Seoane. (Estudio crítico-biográfico)", páxinas 5 e 6:

> Conozco a Luis Seoane desde hace más de veinte años, que es como decir a Seoane y a Maruja, ya que el suyo es uno de esos raros casos en que hombre y mujer alcanzan a formar un todo, la famosa integración de la pareja, de la que es tanto lo que se oye hablar cuanto difícil es encontrarla.

Describir, pues, a Seoane en su aspecto físico y en su vida hogareña es hablar de él y de su mujer, ya que no recuerdo nunca el haberlos visto separados.

Primera observación, que tal vez ayude de modo sutil e indirecto para darnos alguna pista del porqué de esa primacía cuasi totémica de la figura femenina en el arte de Seoane.

Si él, aunque de tez muy blanca, pertenece a la estirpe gallega de ojos pardos, Maruja es rubia y de ojos azules; si él tiene la mirada como nublada por la bruma del puerto donde le tocó nacer, el de Buenos Aires, la de Maruja es diáfana como las brisas gallegas que la acunaron.

Si Seoane es grave y pausado en sus movimientos, como un león cachaciento, Maruja es precisa y decidida en el desplazamiento de su persona, un temperamento que se nutre de las realidades macizas del mundo, al que domina por derecho de la claridad y agudeza de su capacidad de observación.

Si Seoane es quien marca el hilo conductor de su discurso torrentoso de ideas y convicciones, Maruja es quien pone los puntos y las comas, aunque para ello no precise hablar: bastan sus silencios para completar un pensamiento.

Hablar, pues, de Seoane es hablar de un hombre que lleva implícito en todo lo que hace y piensa, en todo lo que siente y expresa, la condición de un principio cósmico, el de lo masculino, integrado al otro principio cósmico, el de lo femenino, ese círculo en que encajan con armonía el Yang y el Ying del que nos hablan los chinos.

E como conclúe Ricardo Carballo Calero na páxina 277 das súas "Lembranzas de Luis Seoane" na Revista *Grial* nº 65:

...Seoane, para quen tanto supuxo a súa unión conxugal con Maruxa, tiña un grande respeito pola parella humana, pola parella estable, e via-a como unha unidade de destino privado á que tributaba unha cordialedade amistosa e optimista na que se espellaba a sua própria estabilidade e felicidade conxugal.

As cartas, a súa correspondencia máis persoal e íntima decidiron queimala de mutuo acordo, un día en Buenos Aires, crían que non tiña que interesarlle a ninguén.

Maruja non mantivo correspondencia persoal con antigas amizades que deixara aquí, pois en realidade pouco ou nada soubo delas. Conta o caso de Petra Fajardo, unha boa amiga cando estudiaban Comercio, e o caso é que desapareceu, seguramente tivo que escapar nos primeiros momentos do conflicto do 36, xa que era comunista. Outra amiga de orixe francesa, pensa que debeu marchar a Francia, porque preguntou por ela pasado o tempo e ninguén lle soubo dar razón.

3. BUENOS AIRES – GALICIA

Viaxan a Europa en 1949, coñecen París: a cidade, os museos, as exposicións. Alí asisten ó "Congreso da Paz" pola súa conta. En Londres Seoane expón a súa obra. De volta para Arxentina o barco atraca no porto de Vigo unhas horas, as suficientes para ver a vellos amigos como Maside, Fernández del Riego, Paz Andrade... Os seus pasos en todo momento foron vixiados pola policía. No 60 pasan un mes en Europa e paran en Barcelona, en Xixón visitan á irmá de Luis, en Lugo van ver a Carballo Calero, e en A Coruña ven á familia, pero cun pouco de medo. É a partir do ano 63 que comezan a pasar temporadas en Galicia, en casa de Isaac Díaz Pardo, aínda é difícil pensar en volver. Finalmente, no ano 1970, deciden comprar un piso en A Coruña, para estar alá un ano e aquí seis meses. Deste xeito, o final do franquismo coincidiulles aquí, seguindo as noticias da morte de Franco a través dos medios de comunicación. O esperado momento do final da Dictadura non alterou os seus proxectos, pois os reclamaban os seus compromisos en Buenos Aires, que tentaban compaxinar con novos proxectos en Galicia. "Os dous queriamos volver e niso estabamos cando a morte sorprendeu a Luis ".

Comprometéronse sempre coa realidade que viviron, alí onde estaban. Recorda momentos conflictivos na época dos militares: represión, censura, desaparecidos. Eles procuraban non manifestarse abertamente, eran cautos, pois tiñan o recordo do que pasara en España. "Cando había problemas

tiñamos que ter moito coidado: sacabamos libros, documentos, cartas, carnés neses momentos, porque eran habituais os rexistros nas casas, e levabamos todo a casa dun curmán que vivía cerca de Buenos Aires". Amaron tanto Arxentina como Galicia, Buenos Aires como A Coruña.

4. 1979

Cando xa estaban a preparar a volta definitiva dun exilio, máis longo do que pensaban, e aínda que esa volta se converta nun novo exilio interior, idea que lles pasaría pola cabeza nos momentos máis duros, eles queren estar aquí, mais o 5 de abril de 1979 morre o seu compañeiro de sempre como Maruja escribe no prólogo de "Escritura gravada xilografías de Luis Seoane": "…que aínda estando cada un no ventre materno estabamos predestinados o un para o outro".

Maruja cunha grande forza interior le o texto, dedicado a Lorenzo Varela, que Luis Seoane andaba a preparar cando a morte veu, o seu corazón con seguridade sufría lembrando ó seu amigo e compañeiro de tantos anos, na homenaxe do Ateneo de A Coruña; e así mesmo vai ás homenaxes que lle fan ó seu home e ata ten forzas para colaborar no remate do libro "Homaxes" de Lorenzo Varela que Luis Seoane estaba a facer nese tempo.

En xullo dese mesmo ano viaxa por primeira vez a Buenos Aires e conta nunha carta ".....como el asiento de mi lado venía vacío, para mí era el sitio del ausente que debiera acompañarme y no pudo ser".

Unha vez en Buenos Aires arropada polo agarimo da súa familia e por moitos amigos, que aínda conserva hoxe, e a pesar de que "la soledad primero fue terrible, todos recuerdos, todo vivencias, todo soledad y soledad y mas soledad" decide o que ten que facer con todo o realizado por Luis Seoane, as veces tranquila e outras nerviosa pois non sabe moi ben por onde escomezar.

A casa está chea de recordos, de óleos, debuxos, de mil detalles que lle fan lembrar todos os anos vividos á carón do home da súa vida, e resulta moi difícil pensar que ten que desfacerse de cousas das que non se quere desfacer, por eso, agora se ten a sorte de ter tantas cousas de Luis Seoane xa que Maruja soupo gardar o que de interesante podía servir para os que gustan da obra e

do pensamento do seu compañeiro, gardou canto papeliño puidera servir para coñecer mellor a Seoane, os pequenos blocs onde anotaba sensacións, pensamentos, ideas, debuxos do mais variado, catálogos de man, críticas.....todo o mundo de Seoane tratou de conservalo para que algún día estivera todo unido e non disperso, ó mesmo tempo que a ela servíalle de compañía nuns momentos tan tristes e de tanta soedade.

Coa casa chea de libros decide facer diferentes doazóns, moitos deles quedaron en bibliotecas de Buenos Aires como na Biblioteca de "El Hogar Gallego para Ancianos", na dalgún museo e sempre, por suposto, doados de maneira xenerosa e totalmente desinteresada. Os libros máis importantes da Biblioteca de Arte de Luis Seoane decide traelos para Galicia á Real Academia Galega xa que lembra unha conversa de Luis con García Sabell onde falan do lugar máis conveniente para estes libros conseguidos a través de toda unha vida e que falan por si mesmos do inmenso compromiso de Luis Seoane coa Arte. Estos libros viñeron para o sitio correspondente a través do mar e despois de facer un grande traballo para que viñeran nas mellores condicións. Vese tamén o compromiso de Maruja con Galicia e co feito de facer a vontade do seu home, cando ela sabía o que quería por escoitalo, e cando eran cousas que Luis Seoane aínda nin sequera decidira ela matinaba o que máis lle gustaría e facíalo, ás veces Maruja di: "Si Luis me está a ver dende algún lugar creo que estaría de acordo coas decisións que tomo e coas cousas que fago, eu trato de facer o que a Luis lle gustaría"

No mes de novembro de 1979 sae *Seoane, Varela y Cuadrado* ordenado por Maruja en Ediciones Hombre al Agua.

Ó estar preparando o seu regreso definitivo segue a desfacerse de cousas e ademais das doazóns tamén pensa que pode vender algunhas cousas como unhas xerras deseñadas por Luis ou coleccións de revistas de arte e co diñeiro que poda obter quería facerlle unha boa monografía con reproduccións a cor e para axudar al Hogar Gallego de Ancianos do que Luis Seoane era fundador. Seguindo coa carta de xullo de 1979 (Año desgraciado) como ela mesma escribe: "...Pienso que a él no le ofendería que yo vendiese esas cosas para ofrecer su importe a esos proyectos...Quiero seguir ofreciendo toda mi

vida a honrar su memoria de la mejor manera posible, pues toda mi vida a su lado la he dedicado a ayudarle con mi modesto trabajo para que el pudiera trabajar en lo que le gustaba con mas comodidad y creo haberlo conseguido. Es la persona que más he querido en la vida y quiero seguir haciéndolo hasta que mis fuerzas no alcancen para más".

Traballa en 1980 en la tapa de la versión galega de *El irlandés astrólogo* obra de teatro de Luis Seoane e que edita Ediciós do Castro. Xa dende un primeiro momento a partir da morte deste home o concello de A Coruña pensara en facer o Museo Luis Seoane pero o tempo pasa e non acaba de facerse e Maruxa nota que son uns anos escuros e sinte o baleiro deixado pola persoa coa que compartiu todo, o bo e o menos bo, e padece a falta do seu compañeiro de sempre e sabe que ten que darlle tempo ó tempo para acostumarse á soidade acompañada e paseniño segue a traballar para que a obra do seu home teña o seu merecido recoñecemento, xa que a partir desta primeira viaxe en soidade mais sempre coa presencia do seu compañeiro fará moitas viaxes de Galicia a Buenos Aires e de Buenos Aires a Galicia, e coa xenerosidade que lle caracteriza dona cadros a todo os Museo de Bellas Artes de Arxentina e vai repartindo obra para que a cidade que lles deu unha boa acollida alá polos anos trinta poda ter obra dun artista que cando estaba en Buenos Aires considerábase galego e cando en Galicia, arxentino, mais sempre loitando e traballando por Galicia e polo que consideraba xusto e coherente fora galego ou arxentino o de calquera parte do mundo, nestas viaxes tamén trae moita obra para Galicia xa que era o seu fogar primeiro e último e o elixido polos dous para establecerse definitivamente, tanto nun lado do atlántico como doutro sempre era moi ben recibida e despedida con tristeza pola familia e polos bos amigos. Lembra Felipe Criado no especial da Nosa Terra dedicado a Luis Seoane:

> Naquelas tertulias Maruja, compañeira de tantos anos, loitas e ilusións, ía e viña sorrinte. Ficaban atrás os días do exilio. Nengunha recriminación. Nos seus ollos e alma, podían menos os momentos difíceis pasados, que a satisfacción de telos vencido. Na outra beira do mar, Arxentina. Na de acó,

> Galiza. Non vos separaba o Atlántico; separábanvos as ideas. Paradoxa ben cruenta a de ensoñar o mellor para unha terra e terse que ver fuxitivo dela

Mais será a partir do 86 cando recupera de novo as forzas para seguir e comeza a pensar nun lugar definitivo onde poidan estar todos os traballos de Luis Seoane. No 88 instálase definitivamente en A Coruña viaxando só de cando en vez a Buenos Aires e no 89 chégalle o recoñecemento instititucional e de paso do pobo cunha exposición antolóxica en A Coruña e que terá itinerancias por Galicia e rematará en Madrid, esto dalle novos pulos. Traballa moito, ordena escritos, críticas..... Vese a posibilidade de doar ó Museo de Belas Artes de A Coruña gran parte da obra de Luis Seoane pero culmina coa doazón dunha moi boa selección de óleos, gravados e libros. O resto da obra está ben gardada na espera da súa exhibición nun futuro Museo.

Cantas veces ten pensado e aínda pensa "Que inxustiza que Luis se fose tan pronto, coa cantidade de proxectos que tiña para Galicia, de mover, de cambiar moitas cousas, para traballar por Galicia, agora dende Galicia, como o fixera sempre dende fora. Tiña moitas ganas de traballar en proxectos dunha maneira desinteresada coma sempre só ou con persoas afíns ás súas ideas con honestidade, coherencia, solidariedade, liberdade".

Seguen os recoñecementos a toda unha vida de traballo e compromiso por parte das institucións e o 17 de maio de 1994, Dia das Letras Galegas, dedicase a Luis Seoane. Maruja segue a traballar polo seu home e empeza a considerar a idea dunha Fundación Luis Seoane tendo como referente a Fundación Joan Miró e como escribe nunha carta deste ano 2001: "..creo que la Fundación Luis Seoane puede llegar a ser, estoy segura, para A Coruña, como es la Fundación Joan Miró para Barcelona, me parece que no tiene nada que envidiar en cuanto cantidad y a calidad de obras de Luis Seoane".

Maruja é unha persoa perseverante no que cre ten que ser o seu camiño, que fará todo o posible para que os traballos e o pensamento do seu home estean nun lugar para aproveitamento de Galicia e o mundo como xa dicía en 1979:.."y quiero seguir haciéndolo hasta que mis fuerzas no alcancen para más"

En 1990 García Bayón escribía: "Maruja llena las horas de la vida buscando la eternidad de su esposo. No tiene prisas. Sabe que ese Museo Seoane llegará. Ningún legatario más riguroso y amante. Custodia la obra, le da brillo, la incrementa. Y sonríe confiada, serena, dulce…"

Maruxa Seoane deu todo dunha maneira totalmente xenerosa sen esperar nada a cambio pero ¿conseguiu o que ela quería? ¿notouse nalgún momento abandonada nesta grande empresa?

No retorno dese exilio alongado no tempo comeza unha vida en acompañada soidade xa que sempre notará a presencia do seu compañeiro, se pode pensar nun novo exilio xa que o retorno é duro aínda que suavizado polos moitos amigos que ten nesta cidade da que saíra nun día do mes de marzo do 37.

A pesar das dificultades Maruja é unha persoa paciente que segue a traballar e en 1996 culmina coa creación da Fundación Luis Seoane en A Coruña, é unha fundación cultural privada e polo de agora subvencionada polo Concello, é ela a que fai unha achega moi importante da obra de Luis Seoane ó pobo de A Coruña, que se estende a Galicia e a todo o mundo, Maruja tamén conseguiu que a Real Academia Galega, á que hai que estarlles moi agradecidos, ceda en depósito a Biblioteca de Arte de Luis Seoane, doada por Maruja en 1980, á Fundación Luis Seoane cando estea no seu edificio definitivo.

Ela segue escribindo os seus propios textos cando acude a algún acto onde teña que falar, escribe prólogos de libros, catálogos sobre o de Luis Seoane..

O verán pasado realizou co seu puño e letra todos os engadidos que Luis Seoane fixera a man no seu ensaio "Anotaciones sobre la creación artística ", ela foi pasando todo o traballo, que foi moito, coa súa letra e despois pasouno a máquina e publicarase nun futuro próximo.

Maruxa Seoane agarda con calma e con certa inquietude, aínda que sabe que o día chegará e o espera para ver todo reunido e exposto nunha colección permanente, sendo un foro aberto e que estea ó alcance de todas as persoas interesadas pola arte e por uns ideais que levaron a Luis Seoane e a ela mesma a unha vida en consonancia con eses principios e eses ideais, mentres agarda

a ver todo esto, que o verá sen ningunha dúbida, segue a ser o motor e a memoria viva de toda unha época e duns acontecementos que non hai que esquecer para que non volvan a repetirse.

Poderíamos construír un destino no aire para preguntarnos como sería a vida de Maruja e Luis Seoane de non acontecer a Guerra Civil.....

Nin Maruja nin Luis Seoane tiveron tempo para pensar a súa vida ou como sería noutras circunstancias. Tiñan pensado casar en setembro de 1936, a súa vida sería tranquila, comprometida, el traballando como avogado, ás veces pintando, ás veces debuxando, a súa obra sería outra....Ela considera que tivo unha vida boa, sentíuse libre sempre. Di: "Nunca sentín que tivera que renunciar a algo, se non o sinto así é que non boto de menos nada. Nunca me propuxeron nada ó que tivera que renunciar".

Eles trazaron o seu destino na auga, cun pe en cada terra e, porque non, no aire, posto que soñaron Galicia.

BIBLIOGRAFÍA

- (1989): *Luis Seoane Mostra antolóxica,* Consellería de Cultura e Deportes / Concello da Coruña, 1989
- (2000): *Luis Seoane,* Museo de Arte Moderno de Buenos Aires (MAMbA) 2000
- ALONSO MONTERO, X. (1994): "As palabras no exilio", *Biografía intelectual de Luis Seoane*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- ALTED VIGIL, A.(1997): "El exilio republicano español de 1939 desde la perspectiva de las mujeres", *Arenal. Revista de historia de las mujeres.* Granada, vol.4, nº2, julio-diciembre de 1997, pp. 223-238
- CARBALLO CALERO; R. (1979): "Lembranzas de Luis Seoane", *Grial,* nº65, xulio, agosto, setembro, pp. 274-280
- CID CABIDO, X. (1994): *Seoane 1910-1979. Unha fotobiografía*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- CRIADO, F. (1985): "En lembranza e homenaxe dun mestre e amigo", *Luis Seoane compromiso e paixón criadora*, Vigo, A Nosa Terra, p.15.
- DIESTE, R. (1990): *"Encontros e vieiros" once charlas sobre plástica, teatro e literatura, e*dición e limiar de Arturo Casas, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.
- FERNÁNDEZ FREIXANES, V. (1982): *Unha ducia de galegos*, Vigo, Editorial Galaxia, pp.63-78.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. (1994): *Luis Seoane desde a memoria*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.
- FERNÁNDEZ LÓPEZ, M. (1955): "Un mural de Seoane", *Galicia Emigrante,*año II, agosto-setiembre 1955, nº13, p. 9
- FERNÁNDEZ LÓPEZ, MARÍA ELVIRA/WOROSZYLO, MARIA ELENA (Ord.) (1979):*Seoane Varela Cuadrado y un poema de Rafael Alberti,* Buenos Aires, Ediciones Hombre al Agua.
- FERNÁNDEZ LÓPEZ, MªElvira (2000): "Breves lembranzas" *Escritura gravada xilografías de Luis Seoane,* A Coruña, Fundación Luis Seoane, pp.4-6
- GALLO, J. (1989): "Maruxa Seoane, musa y memoria del artista" *La Voz de Galicia, (3*0 de abril de 1989).

- GARCÍA BAYÓN, C.: "Damas, memorias y vigencias: Maruja Fernández de Seoane, serena, dulce, dorada, habla de Luis y del museo que culminará el magisterio de su obra" *La Voz de Galicia,* 1 de abril de 1990.
- GARCÍA SABELL, D.(1983): "Carta ao pintor Luis Seoane", Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.
-(1948): HÉROES de Galicia y de España, Buenos Aires, impresiones El Mundo
- OTERO ESPASANDíN, J. (1984): *Cuentos que me contó Dieste*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.
- REI NÚÑEZ, L. (1987): *A travesía dun século (Biografía de Rafael Dieste)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.
- RODRIGO, Antonina (1979): *Mujeres de España (Las silenciadas)*, Barcelona, Plaza &Janes.
- SCHWARZSTEIN, Dora (2001): *Entre Franco y Perón, memoria e identidad del exilio republicano español en Argentina* , Barcelona, Crítica.
- SEOANE, Luis (1980): *O irlandés astrólogo,*Sada-A Coruña, ediciós do Castro.
- VARELA, Lorenzo (1942): *Torres de amor*, Buenos Aires, Editorial Nova.
- VARELA, Lorenzo (1946): "A Luis Seoane. A su pintura" *Exposición de pinturas al óleo, gouaches y acuarelas de Luis Seoane*, Montevideo, Amigos del Arte.
- VARELA, Lorenzo (1952): "Luis Seoane", *Luis Seoane*, Buenos Aires, Galería Viau.
- VARELA, Lorenzo, "Homaxes" en edición Cuco-Rei de Luis Seoane, Ediciós do Castro, Sada-A Coruña, 1979
- VARELA Lorenzo (1954): *Lonxe*, Buenos Aires, Ediciones Botella al Mar.
-Galicia Emigrante, tomos I, II, III, (1-37 números), Buenos Aires, xuño 1954-maio 1959
-SQUIRRU, R. (1976): *Seoane (Estudio crítico-bibliográfico)*, Buenos Aires, Ediciones Dead Weigth , pp. 5-15
-YEATS, W.R. (1947): "Catalina de Houlihan" Folk-Drama./Dibujos de Luis Seoane. Traducción de María Elvira Fernández López, Buenos Aires, Ediciones Botella al Mar.

ANACOS D'A VIDA D'UNHA MULLER GALEGA: SILENCIO E HISTORIA. (AS MEMORIAS DE M.ª DE LOS ANGELES TOBÍO)

Kathleen March
Universidad de Maine (EE.UU.)

O xénero dos textos persoais abrangue diversas modalidades, semellantes en parte, aínda que non totalmente. A autobiografía é a historia case completa dunha vida, contada máis ou menos cronoloxicamente. A memoria, en troques, adoita ser máis parcial, selectiva, no seu contido. A testemuña normalmente enfoca aínda máis unha idea ou situación histórico-política e conleva a intención de dar conta no senso dunha obriga ou urxencia. Pode ter un propósito relixioso, mais en zonas como Latinoamérica a testemuña é maiormente un texto que revela – e denuncia – feitos politicos, inxustos.

Aínda que os exemplos da narración personal son antigos, a crítica literaria recente máis dunha vez subliña a sua popularidade actual. Claro está, cómpre analisar por que o autobiográfico atrae aos autores e ao público. Shoshana Felman, no libro *Testimony. Crises of Witnessing in Literature, Psychoanalysis, and History*, observa que:

> As a relation to events, testimony seems to be composed of bits and pieces of a memory that has been overwhelmed by occurrences that have not settled into understanding or remembrance, acts that cannot be constructed as knowledge nor assimilated into full cognition, events in excess of our frame of reference, (5)

Neste senso, a testemuña ten un carácter imediato que se cadra o xénero da memoria non ten. Ao mesmo tempo, Leigh Gilmore, no seu libro *The Limits of Autobiography. Trauma and Testimony*, reitera o feito de estarmos en

medio dun boom deste xénero, coa experiencia traumática como central para eses proxectos narrativos.

O documento obxecto da nosa atención hoxe ten importancia por múltiplas razóns. Son tantas, e tan complexas, que só poderán anotar-se brevemente aquí, mais servan para vindeiros leitores e achegamentos críticos. Salientemos que, xunto coa popularidade actual do xénero, hai en certos sectores unha perda da memoria histórica que *Anacos* quer contraarrestar. Tampouco queremos esquecer a sua natureza híbrida en canto texto.

As memorias de María de los Angeles Tobío Fernández foron escritas arredor do ano 80 – data que figura só de paso no texto. Non se indica o lugar no que se escribiron, mais puido ser Madrid, cidade na que voltara a residir temporalmente por razóns familiares. O manuscrito está composto de 199 carillas non numeradas de blok, con o título indicado, e abranguen os primeiros anos da nenez da autora, en Viveiro, até uns anos non moi precisos, a xulgar, a década dos 40. Un resumo do contido incluiría: os primeiros anos en Viveiro, os estudos en Santiago, a universidade santiaguesa, o matrimonio, a Guerra Civil, coa fuxida a Franza, o exilio en México, o regreso a España/Galiza.

Non me vou deter nos motivos da redacción do manuscrito. De todos os xeitos, escritas pouco despois dos 70 anos de idade, son estas memorias un acto consecuente dunha autora que pola sua profisión de bibliotecaria estaba afeita a organizar e catalogar material documental e que portanto era consciente de que podia ter un valor histórico a sua propria vida, polas suas circunstancias vivenciais. Pensemos que nestes A*nacos* o tempo axuda a facer e reafirmar a escolma dos datos a contar, as anécdotas, as impresións e os nomes de resonancia que houbo entre amigos e coñecidos. Como recén-casada, soia en Ourense, a sua vida social incluía a compañía das donas de Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino Cuevillas, por exemplo. No exilio de México, os coñecidos incluirían a Lázaro Cárdenas, Indalecio Prieto e Pedro Garfias, entre outros.

Agás os detalles particulares do manuscrito que constitúen o marco histórico, cómpre velo nun contexto máis amplo. Desta complexidade,

repetimos, podemos e debemos tirar máis dun ponto de valor, sobor de todo no aspecto do xénero literario:

1. En primeiro lugar, é un texto redactado íntegramente en galego, o que fai que entre de cheo no corpus da literature deste país. A decisión da autora de empregar a lingua galega fai-se aínda máis significativa cando se pensa que ela foi educada en castelán e que na vida normal ou diaria o castelán fora a sua lingua principal. Tamén os anos percorridos nestas páxinas corresponden a unha xeira de pre-normativización e, claro está, de non normalización. Do galego que atopamos nestas páxinas podería-se dicer moito, polo que mostra dos coñecementos da lingua oral, espontánea e dialectal dunha persoa nada e criada na Galiza da preguerra. É un galego que pola sua ortografía (representante dunha fonética non moi mediatizada por posteriores regulacións) e malia certas incursions do castelán, sería preciso gardalo nunha futura publicación do manuscrito. Neste senso, *Anacos* ten o valor dun documento lingüístico producido como obra única dunha persoa castelanfalante aínda que grande leitora da literature galega.
2. En segundo lugar, *Anacos* é unha testemuña persoal da Guerra civil e o resultante exilio. Como tal, é un valioso texto histórico que contén os nomes de moitas persoas e lugares, datas e feitos, dun momento que é preciso non esquecer. É, se se quer, unha mostra da intrahistoria na sua definición acostumada, dun país roto pola guerra mais non desaparecido. Por iso, e cecáis máis para certos leitores que para outros, o manuscrito ten un leve ton elexíaco, é un esforzo por inscribir, no valeiro do paso do tempo e na ameaza dunha memoria que puidese enfraquecer ou desaparecer, a destilación dunhas verdades fundamentais ainda para o momento actual.
3. En terceiro lugar o texto de María Tobío Fernández ven ser un dos poucos feitos por unha muller, e cecáis sexa a única testemuña feminina en galego que se saiba de momento. Como tal presenta un

> feixe de características que lle conferen a devandita complexidade: pertence ao xénero testimonial, mostra unha perspectiva feminina, é obra en galego, todas as cais colaboran para crear unha amplitude pola que o manuscrito acada un nivel maior que o simples número de páxinas ou o contido concreto poidan indicar.

Por exemplo, Long (*Telling Women's Lives*) reitera o contraste público/privado nas narrativas escritas por mulleres. No caso dunhas memorias, podería-se esperar unha meirande intimidade e atención ao privado. Sen embargo, cando o personal ten o contexto dunha guerra, non é posíbel nen xusto separalo do politico. Cada acto de supervivencia e defensa da familia é tamén un acto contra unhas forzas enemigas, identificabeis e rexeitadas pola sua ideoloxía. A morte dun fillo pode ser causada, se non por unhas bombas, pola ameaza delas ou polas carencias que ocasionan, e por iso o que se vive é un estado de terror que non se esquece xamais e do que ninguén sae sen ser transformado, como con calquer momento de verdade.

Carolyn Barros subliña a transformación como metáfora central da autobiografía:

> The what happened is "I have changed". The elements of that change, in the very simplest of terms, are the *who* of the change; the *type* or kind of change; and the *dynamis* – the *motive force* or cause to which the change is attributed … [p]ersona, figura, and dynamis, as functional perspective, are not just text-bound elements but, rather, are ways to analyze autobiography in terms of text and context and to account for both the reader *and* the writer's role in the interpretation of the life narrative. (10 – 11)

Nun texto como *Anacos* o dinamis – quer dicer, o motivo do cambio ou transformación - é moi evidente. Defeito, ocorre non só nun, senón en catro momentos: a saída do primeiro lugar de residencia, a Guerra, o campo de concentración, o exilio. É interesante que cada etapa estexa acompañada dun novo lugar de residencia, polo que a liña narrativa adquire un extraordinario

aspecto de movemento cara un destino non fixo ou polo menos non elexido. É a falta de vontade na escolla dos lugares o que outorga un aspecto de valor e lucidez ás decisións que son narradas no que tamén podería semellar-se ao que sinala Heilbrun no seu estudo xa clásico, *Writing a Woman's Life*, como un ton "plano" e "tipicamente feminino".

No terreo máis teórico, cómpre pensarmos no xénero da memoria, na que ten relevancia non só o contado senón tamén o silenciado e a proximidade ou distancia coa que se rememora. Dende esta perspectiva, a memoria ou a autobiografía, a testemuña, representan decisións persoais máis o u menos conscientes, de incluir ou suprimir información. O historiador pode non saber certos datos, mais a persoa que conta a sua vida ten-nos todos á sua disposición. *Anacos* empeza coa nenez e a sua felicidade xuvenil do verao, os bailes, o colexio. Explica a razón da entrada na universidade da autora, quen de feito foi unha das primeiras mulleres universitarias na Galiza – cecais catro habería no seu curso, segundo fontes familiares. Só iste feito merecería un estudo máis polo miudo, dende o ponto de vista da historia da muller. Pode chocar a inclusion dos anos mozos, mais claramente a licenciada non pensaba rematar a universidade e atopar-se pouco despois sen traballo, sen patria, sen alguns dos seus fillos, sen nada. Niste senso, o "choque" torna-se contraste para os anos seguintes.

Xunto co aspecto inteletual ou académico do texto, a continuada dedicación á profesión,a autora mostra o outro ponto de referencia fundamental da sua vida, que é o matrimonio. Tamén podería-se interpretar iso como algo completamente tradicional, feminino –seica en contradicción cos estudos universitarios- se non fose polos acontecementos da Guerra Civil e do exilio. Quer dicer, a fidelidade ao matrimonio, a outra persoa, adquire, por así dicilo, outros matices cando os feitos que acompañan esa relación incluen o estaren agachados nun sotarrego madrileño cando a bomba de Sepu, o teren deixado a unha filla pequena en Galiza e veren morrer a outro fillo pequeno en Valencia, ou o fuxiren a Franza a pe, con outro fillo nas costas, cruzando o Pirineo, ou estaren separados, cadanseu nun campo de concentración. Cuase

sería o alivio ou paradiso o chegaren eles a México, de non pasaren aló outras dificuldades.

Cecáis por esta mesma razón – o sentimento de alivio – o exilio é unha escolma de nomes, de descripcións minuciosas da vida cotiá, con algúns nomes de outros exiliados, algunha leve mais discreta denuncia da deslealtade entre eles e comentarios sobre os mexicanos en xeral. A vida do fogar volta a aparecer, aínda que durante os diversos e obrigados traslados pola Guerra, sempre houbo un esforzo por "ter unha casa", quer dicer, ter un lugar de seu, como núcleo familiar, símbolo da supervivencia.

Sen este recoñecemento da verdade, como fidelidade a un coñecemento/acontecemento, non se podería ver o máis valioso de *Anacos*. E iso é porque a escolma feita pola autora pode dar a impresión de non sempre recoñecer a gravedade da situación. Por exemplo: No Madrid do 36, seguirá indo ao traballo na Biblioteca Nacional, despois de ver como unha señora que vai ao outro lado da rua co fillo nun carriño, cáelle unha bomba, destrozando ao neno e á nai (páxina 40 do manuscrito). Ou como tenta sacar ao fillo pequeno do escuro sotarrego a que tome o sol e outros veciños avísanna que non é aconsellábel sair á rúa por mor dos bombardeos. Nunha das saídas, lembra, que había unhas señoras a falar nunha tenda, sobree como ían opor-se aos ataques dos falanxistas (páxinas 46-47 do manuscrito). Como en outras partes do texto das suas memorias, M. Tobío Fernández non dubida en subliñar o valor desas mulleres. E de igual xeito, non dubida en denunciar a muller insolidaria, tal como unha seudo-bibliotecaria de Orihuela ou unha monxa nun hospital francés que non se preocupa pola morte dalgún "roxo" (páxina 119). A primeira, citada con nome, a outra, anónima, fican como fitos menospreciábeis na traxectoria vital que levou ao exilio e ao duro retorno posterior.

En outras palabras, que os datos que inclui a autora como esposa van sempre unidos aos dela como muller profisional, universitaria – a da moi boa memoria, dicíanlle – e oposta ás ideas falanxistas, que inclusive se podían encontrar no seo da sua familia extensa. Por iso, ainda que haxa referencias á familia que fica na Galiza (e que durante uns anos inclui á sua filla que tivo que permanecer en Santiago polas circunstancias imprevisibeis do estourido da

guerra) e referencias ás cousas que se perderon, aos grandes medos que se pasaron, o eu destas memorias non dubida, insistimos, non se mostra insegura e non se laia xamáis da sua situación. No ano 80, non se detecta nengún remorso polo pasado, até o terror que debeu sentir ante os moitos momentos de perigo ve-se mitigado (agás o medo no paso do Pirineo polo vieiros xiados). Mais ben atopamos unha serenidade pasmosa diante da vida que tivo que ser, unha vez tomada a primeira decision de casar e formar un fogar cun home.

Deste xeito sería limitar o texto de *Anacos* se se analisara só en termos do xénero feminino ou do xénero testimonial, autobiográfico. *Anacos* sí pode lembrar-nos a estratexia das autoras femininas, porcerto utilizada tamén pola ilustre devanceira de María de los Angeles Tobío, Rosalía de Castro. Rosalía, lembrará-se, gostaba de disminuir o valor do que escribía, e falara das frangullas que apañaban as mulleres ao pe do banquete organizado polos homes. Nos escritos das mulleres xa lemos con coidado tanto o dito como o non dito, tanto o estilo como o estilo non empregado. Non se trata de mitificar a escrita feminina, senón de recoñecer tamén en *Anacos* as diferentes influencias á hora de deixar constancia da sua experiencia vital. A continuada atención á vida do fogar, por exemplo, non representa unha vision tradicional, de muller sometida a unha orde autoritaria, senón cómpre velo no contexto dunha guerra na que era imposíbel unha vida normal e o alimentar-se significaba o poder alimentar a un neno de meses. Por iso as referencias á sua saúde personal figuran sempre en relación á capacidade de manter ao fillo, aos fillos que levaba en brazos durante os incidentes da Guerra e da fuxida. Por iso o deber de protexelos e alimentalos era o máis importante aínda en pleno bombardeo. Mais non sería por falta de conciencia da situación, senón porque era u seu deber principal, moral. O mesmo podería dicer-se dos esforzos por adicar-se ao seu labor na biblioteca, de acudir ao traballo: as bibliotecas significaban o interese e importancia de ler, de informar-se, para un pobo en Guerra. Tamén o emprego daría o sustento económico que a familia trashumante precisaba neses intres.

Nas suas memorias, María de los Angeles Tobío surprende ás veces cos detalles que decide incluir. Dende anécdotas de conversas aparentemente

intrascendentes a enderezos de pensións ou descripcións xeográficas e referencias a datos culinarios, dende o pesadelo da fuxida ao exilio, o leitor ten a idea dunha narradora fiel aos acontecementos lembrados, sen afán de embelecer nen falsificar a realidade. Algúns deses acontecementos resultan moi escuetamente descritos; outros que algunha vez foron contados oralmente nen son mencionados no texto ou figuran como reducidos ou reemprazados por outros máis cotiáns. Lido dende certa perspectiva, o manuscritos dos *Anacos* non ten ningún desexo de 'impresionar' senón de simplesmente facer constar, de deixar a herdanza do que máis se merece lembrar.

Migallas ou anacos, como corpo fragmentado e parcial, as memorias de María de los Angeles Tobío aparentemente non pretendían ser publicadas nen louvadas, e sobre todo non se fixeron para seren xulgadas como documento histórico. Non tiñan o propósito de seren novela, malia teren algunhas partes valor case de ficción polo contido ou polo estilo. As marcadas valoracións anti-feixistas xunto con algúns datos sobre os mexicanos e os demais refuxiados (os bos e os menos bos) fan lembrar a literatura de resistencia (Barbara Harlow), malia as datas xa algo lonxanas da guerra e o exilio e os moitos aspectos deste último que resultan por algunha razón silenciados. As estratexias narrativas parecen dubidar ou alternar entre as tres que Long chama "telling it slant", "telling it straight" e "telling it messy". Nembargantes, e malia tamén o cuase desconcertante e continuado deslizar do eu entre os seus moitos papeis – filla, nai, irmá, profisional, etc. – a testemuña que oferece no seu manuscrito inédito é a dunha traxectoria firme, recta, comprometida. Un eu que non deixa de ser en todo momento muller galega republicana. Como segue a se-lo hoxendía.

BIBLIOGRAFÍA

Barros, Carolyn A. (1998): *Autobiography. Narrative of Transformation*, Ann Arbor: U Michigan P.

Eakin, Paul John (1992): *Touching the World. Reference in Autobiography*, Princeton, NJ: Princeton UP.

Felman, Shoshana e Dori Laub (1992): *Testimony. Crises of Witnessing in Literature, Psychoanalysis, and History,* NY e Londres: Routledge.

Gilmore, Leigh (2001): *The Limits of Autobiography.Trauma and Testimony,* Ithaca e Londres: Cornell UP.

Heilbrun, Carolyn G. (1988): *Writing a Woman's Life,* NY: W.W. Norton & Co.

Long, Judy (1999): *Telling Women's Lives, Subject/Narrator/Reader/Text*. NY: New York UP.

Miller, Nancy K. (1991: *Getting Personal. Feminist Occasions and Other Autobiographical Acts*, NY e Londres: Routledge.

Stanton, Domna C.(ed.)(1987): *The Female Autograph*, Chicago: U Chicago P.

Sturrock, John (1993): *The Language of Autobiography. Studies in the first person singular*, Cambridge: Cambridge UP.

ALFREDO GARCÍA CARAMÉS: LISTER E A SÚA PERIPECIA DENDE CABANELAS

Valentín García

O que a partires de aquí se transcribe, non pretende ser outra cousa que unha recollida de datos e opinións dun home que 86 anos despois do seu nacemento conta e opina sobre algunhas das cousas que aconteceron na súa vida. Unha vida que o levou dende a aldea a coñecer moita xente, boa parte do mundo, e a vivir dúas grandes guerras. Delas, foi protagonista activo nunha, e os seus resultados outorgáronlle a condición de exiliado político durante máis de trinta anos.

Alfredo, está hoxe aquí coa ilusión de lembrar tempos e xentes, pero os seus ilusionados ollos de 85 anos e dúas guerras, traballan enerxicamente día a día por melloras para os veciños de Cabanelas, e o seu espelido maxín, non deixa nunca de comentar as noticias da prensa diaria á primeira hora da mañá, nun importantísimo café de Forcarei.

Deste xeito, dividimos a peripecia de Alfredo en catro partes: orixe: porque antes de tódalas cousas o home é de onde nace, guerra: porque a gravaron eses ollos, exilio: porque todo exiliado gravou o horror, chorou ausencias e soñou coa volta e retorno: porque finalmente, o home é de onde nace.

Foi necesario facer divisións á hora de abordar este traballo, a causa de que a obra dunha vida hai que acoutala para explicala en tempo limitado, pero a Alfredo, igual que Éneas ou Anquises é só un e a súa integridade ideolóxica motivou sempre con el un comportamento social que aínda hoxe practica. Así, e dende a visión de quen foi exiliado da súa terra, transcribimos as opinións e maneiras de pensar de quen está a pé de obra dende o ano 15 do xa pasado século, de quen foi pois un pequeno membro activo de moitas cousas grandes que pasaron; en definitiva, de quen é un "soldado da historia".

1. ORIXE

Alfredo García Caramés, fillo de Xosé, arrieiro, e de Filomena, de condición labrega, naceu o día 20 de decembro de 1915 en Cabanelas, un lugar aínda hoxe fermoso da parroquia de Liripio, en Terra de Montes, no sur do extenso Concello da Estrada, lindando coa terra de canteiros de Forcarei.

Lugar costaneiro e soleado, Alfredo foi neno ledo na infancia. Asistiu á escola da parroquia ata os quince anos, unha escola que el hoxe cualifica de boa para o que había entón, con mestres novos, que incluso trataron de que ampliase estudios en terras de Zamora.

O primeiro traballo, de aprendiz de canteiro, moi acorde cos costumes laborais da zona foi dando barro precisamente para a construcción da nova escola de Cabanelas. Unha vez iniciado no traballo da mampostería, marcha buscar traballo a carón dun seu irmán á Arxelia aínda colonizada polos franceses. No camiño, os ollos gravaron Benidorm, pola fermosura, lugar de embarque, nun Mediterráneo aínda sen turistas.

O neno de Cabanelas comeza así a descuberta do mundo, grava a beleza dun país árabe, igual que hoxe, privado de moitas cousas e baixo dominación francesa. No ano 34, e levado pola ansia de formación decide deixar Arxelia para volver á terra, e así, outra vez de paso por Cabanelas durante un ano pola enfermidade da nai, decide marchar para Madrid, animado ademais por un seu compañeiro Darío Tato. En Madrid había traballo e prosperidade laboral para os galegos afeitos a traballar arreo, ó tempo que tería ocasión de estudiar en escolas nocturnas pensadas para traballadores.

E así, Alfredo e Darío parten en 1936 para o convulso Madrid da República, con parada na pensión dunha tía de Darío na Travesía de Vallermoso nº 8, tal e como Alfredo recorda axiña.

A busca de emprego leva ós mozos a afiliarse á CNT, pois a súa oficina de colocación era a maneira máis efectiva de atopar un traballo apropiado na capital daquel tempo. Así, ó transcorrer dos meses e tendo que achegarse con frecuencia polo local do sindicato, á espera do traballo que máis tarde apareceu, comeza a formación de Alfredo na facultade da loita obreira, e a loita reivindicativa de melloras laborais e con elo sociais. As conferencias, charlas e

contactos alí recollidos, danlle a coñecer ó rapaz de vinte anos, os principios do anarco sindicalismo da CNT, arroupado dunha boa dose de socialismo obreiro e comunismo.

Simpatizante dos anarquistas, por considerar o seu proxecto de sociedade ideal nos vinte anos, hoxe veo utópico pero san, Alfredo renunciou a afiliarse ás Xuventudes Anarquistas por consideralas demasiado radicais. Aínda así, recorda con firmeza o peso específico que o anarquismo tiña (había máis anarquistas que comunistas di el) nun Madrid que como Alfredo (que nunca estivo afiliado a ningún partido político) era sobre todo republicano, e moito máis aínda co festexado logro do triunfo nas urnas de febreiro do 1936. Aínda así, en palabras de Alfredo, o Madrid da época era alegre e tranquilo, non socialmente problemático, érao moito máis Barcelona, onde abondaba movemento obreiro anarquista. No entanto, recorda a capital española con moitas folgas convocadas por sindicatos cheos do mesmo poder que lle faltaba ós sucesivos gobernos da convulsa república. Tanto é así, apunta Alfredo que cando empezou a guerra, á que por veces o noso protagonista designa co nome de "revolución" (xa veremos porqué) o goberno desconfiaba de darlle armas ó pobo.

Falando daquelas eleccións do 36, aparece unha boa impresión de Azaña, porque ó Alfredo dos 20 anos, sempre lle pareceu máis honesto, máis sincero e home de estado, mentres que Calvo Sotelo era bo político pero de dereitas, secundario. Do falanxismo nin falar, case non existía, non se sabía nin ben o que era, só se coñecía ó seu líder Primo de Rivera. Pola esquerda, non lle din nada os nomes de Indalecio Prieto, Largo Caballero... só nomes que lle recordan ó PSOE. A Pasionaria era coñecida por "muller moi incendiaria" que animaba moito á tropa, e daba conferencias moi fortes, pero os comunistas do Madrid da preguerra tampouco eran tantísimos como a xente pensaba, non había porque terlles medo ningún xa que nin sequera eran moitos.

2. GUERRA

O Alfredo dos vinte anos, de sindicato e discursos, de traballo e aprendiz, pero tamén de festa e verbena chegou ó 18 de xullo do 36 sen

advertencia previa de ameaza da subversión militar. A primeira noticia cre que foi Azaña pola radio, a chamada popular a defender a República. Botado á rúa polo fervor popular e dos compañeiros do sindicato, o 18 ou o 19, non recorda ben, ponse á fronte dun asalto a unha armería na Calle Mayor onde se apoderou dunha pistola, non para matar a ninguén senón para actos de forza e defensa. O seguinte paso foi requisar un coche. En todas estas accións a experiencia de andar polo mundo dende Galicia ata Arxelia axudou á hora de dirixir esta acción. Polo xeito de como se ían desenvolvendo as cousas, o Alfredo dos vinte anos non podía pensar que aquelo era unha guerra, pensaba que era unha revolución, nas súas palabras, o detonante dunha "revolución obreira que gañariamos nós" pola cantidade de xente que vía, non pensaba na Guerra Civil nin traza, só unha revolución que afirmase máis a República e o pao definitivo á dereita. Ninguén pensaba que aquelo dese nunha guerra civil. Ademais, todo mundo sabía que as principais cidades de España se mantiñan fieis á República.

Logo veu a participación no Cuartel da Montaña, onde os ocupantes rendéronse deseguida ó ver unha aglomeración tan grande de persoas. Co coche requisado, labor de vixilancia, con bandeiras e berros de "¡Viva la República!" por Guadarrama e nos arredores de Madrid, nunhas accións sen ningún tipo de coordinación nin dirixentes durante aproximadamente 15 días. Non había base de traballo nin lugar de reunión, quedaban os grupos de compañeiros para accións puntuais, non había nin asalto nin pillaxe, os víveres cada un na súa casa.

Sabido de que nun barracón de Cuatro Caminos estábase formando ó Batallón das Milicias Gallegas, acode dos primeiros alistarse, e a partires de aquí o mozo xa sabía que aquelo era serio, ía camiño dunha guerra pero totalmente convencido de ter que participar na loita contra o fascismo e os militares. Se non estivese convencido, sería moi fácil despistarse andando por Madrid sen ir á guerra, algúns fixérono.

Chegado ó pavillón atopa moitos coñecidos galegos, e comeza a instrucción con moito entusiasmo nos voluntarios, que tampouco eran ó principio tan numerosos. Recorda que dende os comezos estaba ó mando o

Comandante Iglesias que o primeiro que fixo foi seleccionar ós que tiñan feito o servicio militar para facelos cabos e sarxentos. A instrucción durou 2 meses e logo a entrega de armas curtas, fusís e algunha metralladora, alí comeza a amizade co compañeiro José García, de Vilaboa que máis tarde morrería sendo sarxento no Paso do Ebro e Francisco Espiña, militar profesional veciño de Forcarei que chegou a ser comandante, e desapareceu tamén no Paso do Ebro.

Unha vez instruídos, á fronte de guerra nun ambiente moi optimista, con pouca información do estado da contenda, aínda que con acceso á lectura de xornais e partes de radio. E chega a primeira saída, que non se sabía para onde ían, souberon ó chegares que era Talavera de la Reina, aproximadamente 2000 homes sen campamento e durmindo á intemperie, 1 camisa e 1 chaqueta curta, case sen mudas nin mantas, durmindo no chan co Comandante Iglesias á fronte.

Ata o presente momento, Alfredo sen comunicación ningunha coa casa atópase co primeiro enfrontamento no lugar de Vargas – Toledo onde non estaba aínda ben definida a fronte. Non había rancho, só aprovisionamento de víveres, no que ó noso soldado lle tocou un bote de melocotón que tardou moito en poder comer por ter comezado o combate. Enfrontamento de fusilería, do que houbo que retirar por non ter ben organizado o ataque, non había ala dereita nin esquerda. Alfredo, entusiasmado coa loita non come en todo o día e deixa os pexegos para máis tarde, e retírase no grupo dos 3 últimos. Co medo ós francotiradores chegan noticias de que hai que coller para o Toledo do cerco ó Alcázar e empeza a aparecer a besta negra da guerra, o factor que –sempre seguindo ó noso protagonista- foi decisorio e que lle deu o triunfo a Franco indiscutiblemente, a aviación. Veremos como este vai ser un elemento que inflúa decisivamente non só na consecución de fins estratéxicos senón moito máis anímicos. "Na terra defendiámonos, cada un de nós valía por tres deles, porque nós eramos voluntarios convencidos, pero a aviación, matábanos dende o aire e non había con que darlle".

Xa en Toledo e con moi pouca organización militar nin frontes ben establecidos, os ataques ó Alcázar era un canón do 10 tirándolle de vez en cando, e a eles xa unha avioneta lles tiraba de vez en cando víveres e armas,

polo que a heroicidade de Moscardó e a súa xente, non lle pareceu tanta. Aparecen os avións Saboy.

Volve a marcha de Toledo despois de 15 días cando aínda era republicano (agás o Alcázar) e reagrupamento en Madrid. Alí as Milicias Gallegas, fúndense o V Regimiento para compoñer a 1ª Brigada Mixta e con elo a aparición de Lister ó mando e Santiago Álvarez como Comisario. Alfredo recorda a primeira vez que veu a aquel home do que chegará a ser lugartenente, tiña aspecto de xefe e moito don de mando. Enerxías que viñan moi ben a unha tropa na que homes como Alfredo empezaban a ter dúbidas de que todo aquelo puidese ir ben, xa chegaran as tropas mouras e Portugal estaba axudando a Franco, facéndolle unha retagarda inmellorable e devolvendo ós escapados, Alemaña e Italia afanáranse cos fascistas, Alfredo tiña claro que había que loitar pola República, pero vía que se estaban quedando sós.

Para combater a desgana, os discursos da Pasionaria, Santiago Álvarez, Castelao, Hemingway, Rafael Alberti... e saída da 1ª Brigada Mixta á fronte de Madrid, na Cidade Universitaria preparando trincheiras como brigada de choque, cun exército de aproximadamente 4000 persoas máis organizado, xa o mando estaba máis definido pero sen base e sen cuartel. Daquela máis información dos chamados franquistas (eles autodenominábanse nacionalistas – véxase o cambio de acepción da palabra no tempo).

A aviación seguía facendo estragos, coa República estaban só os avións rusos (denominados "moscas" pola tropa), moi bos pero con moi pouca autonomía. Ós franquistas chegaron os Junkers e os Maitzer Smitch alemáns, os Saboya italianos. Na defensa de Madrid, en Jetafe, Pinto, Valdemoro.

Constituído o Estado Maior con militares profesionais en Madrid con Miaja á fronte, o Goberno republicano non tiña confianza nos militares profesionais, porque moitos estaban agardando saltar ó outro bando. Alfredo aínda recorda a campaña de Queipo de Llano en Sevilla a favor da República, Alfredo nunca o creu, igual que nunca se fiou dos mandos do exército republicano, moitos estaban alí porque non podían estar no outro lado. Tampouco a Fronte Popular lle parece ó noso protagonista que estivese unido

para dar a altura das circunstancias.

Bueno, cogió y marchó para el frente estuvimos sin escribirnos ni nada, porque no, no... no se podía, allí en el frente... Bueno, cuando ya estaba yo de 7 meses ..., claro de 7 meses ya tenía bastante barriga . Entonces una me dijo: "Mira, por qué no vas al hospital... Y fui, con tal buena suerte, que me encontré con un guardia civil..., o sea con un guarda de asalto, bueno "guardia de asalto" lo llamaban en Irún aquí no sé, pero, no era..., era de la policía, si. Cuando ,él me ve, y me dice: "Carmen" y digo yo: "Ay! Miguel mira que bien que te vi, tú no sabes lo triste que es no, no tener a nadie, ni nada". Va y me dice, mira, esto es lo más bonito, me dice: "Mira, sube arriba al primer piso y te pones en el primer piso, sigues así..., hay como 4 salas... vas a ver tres monjas, la más alta, dile ®Sor Benita ¯, haz ver que la conoces, miéntele todo cuanto te voy a decir yo", aquello era lo que me decía ,él, - y eso que era policía, je, je, y me dijo para que le mintiera. "Vas y le llamas, le dices: ®Sor Benita ¯. Entonces ella claro, te va a preguntar de qué la conoces o quién eres, entonces dile: ®Yo a usted no la conozco, pero a su padre, a su madre, a sus hermanos ¯", (que no conocía a nadie). Era de Irún, pero ella era del Bidasoa yo era mismo del centro, y entonces dice: " Uy, ya veo que conoces...", - "Y a su padre le llamábamos de apodo ®Gutila ¯", - "Ah, si ahora si que veo que conoces bien", y no le conocía de nada, je, je. - "Íbamos a robarle las manzanas", iba mucha gente, pero yo no iba a ir hasta allá a robarle manzanas, je, je. Y entonces va y dice: "Quieres que te ayude en algo, no?. Bueno, pues entonces descuida, ven pasado mañana, subes arriba a estas horas es cuando

estoy yo", dice, "y entonces ya hablamos". Y efectivamente, hablamos y me dejó en la inclusa, me dijo: " Quieres quedarte ya?, porque si no tienes donde estar, no tienes porque estar molestando a gente de..., refugiada de Irún". Y yo no la conocía de nada, je, je, je. A veces... verdad.

Bueno y estuve y tuve allí el hijo, y a los 4 meses había una sala que no tenía a nadie. Era de tuberculosas, nadie quería, claro, y me dijo ella: "Mira, es tuberculosa, otro sitio no hay, pero tú mira una cosa, puedes, no cojas asco, porque el asco es lo peor que hay, tú vas y la arreglas o haces la cama, vas después al cuarto de baño, como allí hay bastantes botellas de alcohol, te das bastante alcohol, haces así [Hace un gesto frotándose los brazos], te lavas aunque sea la cara y así todo aquello, que no te pasa nada". Pues estuve cuatro meses allí. Luego seguí en otro sitio en el hospital, estuve casi cuatro años, con el niño. Yo dormía en el hospital y ,él estaba en la inclusa, pero iba a verlo, si, claro. Yo para alimentarlo tuve que dar de mamar a otro niño, daba a dos, al mío y a otro, también. Entre tanto ya había acabado la guerra...

4. EL PATRIARCAL NACIONALCATOLICISMO.

Cuando estaba en el hospital una vez me dijo, claro la monja me hacía preguntas sobre el padre del crío, y entonces yo le dije que estaba en el servicio, digo pero ahora está preso. Estaba con los que metieron presos cuando se terminó la guerra, si. Estaba en Madrid en el hospital... Entonces dije yo:" si pudiera venir para aquí, así podría ir a verlo a la cárcel y así no...". -"Bueno, no te preocupes, que yo tengo allí un amigo y lo va a mandar venir para aquí verás, y vas a poder ir a verlo". Bueno, así fue.

Cuando terminó la guerra dijeron que se fuera a la carretera a ver que venían todos los hombres de la guerra, que habían terminado, por si alguno no supiera donde vivía para conocerlo. Yo fui por si viniera el padre de mi hijo, dije: "Ah, pues yo también voy", y venía ese que era valenciano: "A totes les roses que les maten, a totes les roses que les maten", pero así dando saltitos, y era pequeño como yo, un poco más, pero muy poquita cosa, "A totes les roses que les maten", y estaba yo: "Mira que Gurila, te habían de matar a ti, por decir eso", je, y después, luego lo vi. La monja me dijo ven al pasillo, que viene ese

señor, lo veo así, y digo: "Ay, quién es, menos mal que no le grité, ay madre si supiera, que yo le había llamado ®gurila ¯". Y vino, me dio un beso, y le dijo la monja: "Esta es la chica que te hablé de ella", me dio un beso y me dijo: "Qué es lo que necesitas?", - "Ya le dije a Sor Benita..., aunque está en la cárcel", porque ,él era comunista, eh, era comunista. Y yo dije que aunque estuviera en la cárcel que lo pudiera ver. Y el dijo: "Mira, lo vas a ver de muy buen eso... Mira en vez de ir en un pasillo y estar ahí sentado por rejas, le vas a poder ver en el patio, que lo voy a mandar yo". Claro ,él tenía poder, ese señor. Había ido a la guerra, porque mandan los médicos, la gente más gorda, a las monjas, a todos los pusieron juntos, y ahí en la cárcel fue donde se conocieron unos con otros, sabes?, si. Meter a las monjas con hombres en las cárceles, pero es así. Bueno también Franco hizo de las suyas... Y entonces cogió y efectivamente lo trajeron a Valencia e iba yo dos veces en semana, iba dos veces en semana a la cárcel y estábamos así sentaos en el patio. Un soldado a mi lado después ,él y después otro soldado, y yo con las manos así [hace el gesto de poner las manos sobre el regazo], por miedo a que le diera algún papel escrito o alguna cosa, si. Y yo estaba así, era la única que estaba así, y bueno, así fue. Pero, por lo menos, lo pude ver.

Yo un día escribí al alcalde de Marín, nadie me dijo nada, pero yo era muy decidida, je, je. Un día dije yo, bah: "Tener que estar aquí siempre sin una familia", daba pena. Cuando escribí a Marín, le escribí al alcalde, ¨ porque a dónde escribía?, si ya no sabía dónde vivía mi padre. Y entonces le dije al alcalde: "Mire, nosotros hemos estado en Marín, mi padre es Ricardo C., carabinero de mar y me gustaría saber si estaba ahí o se habían marchado o cómo... o algo. Que me encontraba sola en Valencia", le conté, todo: "Estoy aquí en Valencia sola con un niño y a ver si podía irme para casa", claro lo que quería yo. Entonces cogió y efectivamente, me escribió mi padre, le dio la carta. Pero tengo una hermana, que no me quería nada se celaba mucho de mi siempre, la que me llevó a las monjas. Yo creo que pensaba a ver si me encerraban, je, je. Ella iba a asistir a casa del alcalde y le dijo: "Mira, ¨ tú tienes una hermana que se llama Carmen?", y dice: "Si", y dice: "Bueno, y cómo no está con vosotros? que tú estas aquí". Y dice: "No, es que ella se

marchó con mi hermana e iba para un refugio y en el refugio murió, cayó una bomba allí y murió". - "Pues toma, la muerta-viva,". Leyó la carta y dice: " Y cómo tienes tú esta carta?". - "Claro, ella dice que no sabe dónde vivíais, y me escribió a mi, donde mejor preguntar:¨ Ahí, hay un hombre llamado Ricardo C.?". Y entonces va ella y (nunca me quiso eh), ahh, bue... eso de tener un hijo de soltera - le sentó!, le sentó muy mal a ella, je, je. - Y a ella qué le importaba, si a la que le pasó fue a mi!. Y así fue...

[¨ Cómo fue la despedida de... de su hombre?]. Ah eso. Bueno, por eso me vine, verás. Una mañana yo ya cumpliera el tiempo y yo le dije a ,él, digo..., no. Mira ,él me venía diciendo siempre,: "Mira, Carmen eres joven dale el hijo a mi madre y cásate tú, no le des un padrastro. Yo voy a estar aquí toda la vida", él me decía que tenía cadena perpetua, pero él sabía que lo iban a matar..., sabían todos. Y entonces él me decía: "Yo tengo cadena perpetua", y yo: "No importa, que yo te espero, aunque seas viejito, viejito, viejito, yo te esperar, siempre, no importa. Porque vendrá a lo mejor otro gobierno, cuando se acaben estas guerras o todo. ¨ Quién sabe?, a lo mejor sales...". Y dice [baja mucho el tono de voz]: "No, yo no salgo más", me dijo él, bueno. En esto, (,él ya sabía... que lo mataban...), y bueno... Al decirme digo: "Bueno, ya no vengo más, porque ya ha cumplido el tiempo [del embarazo], no sea que me quede yo en la calle, así que ya no puedo venir más". [Dice quedamente] Se puso como loco: "- A mi que me juzguen!, si me merezco la muerte, que me maten, pero que - me deben de juzgar!", y no sé qué, no sé cuántos..., que vinieron a buscarlo y se lo llevaron... y a los tres días lo mataron... Tres días después de que naciera mi hijo.

Después vine para aquí porque me llamó mi padre, y vine con el niño, que se llamaba Ricardo, como mi padre.

Bueno, pues con la misma, llegó la carta de mi padre, le escribí a María diciéndole: "Me marchó, llegó la carta de papá, y me dijo que me fuera, me perdona, así que voy allá". Era muy recto, pero al mismo tiempo, el que tuviera un hijo de soltera, yo recuerdo que siempre decía ,él, así a chicas que antes que yo tenían críos, tenían novios y claro las dejaban en estado, y mi padre

estaba: "Tengo cuatro hijas, pero si alguna de ellas apareciera con un niño, con la barriga, vale más que se tire al mar". - Y le tenías miedo!.

Cuando llegué a Irún, digo a Marín, no les dije qué día llegaba, más que salía. Esperé unos días y después salí. Y llegué a casa, mi padre allí en el portal, bajando la escalera... yo estaba así esperando, a ver si sentía así algún ruido, o si bajaba mi padre, o como era... Entonces llegó la lechera y le llamó. Cuando bajó así la escalera de enfrente, dejó el cacharro y se fue para arriba. De la impresión, debía haberle dicho algo. Porque ,él padecía así algo de asma, y le sentó aquello muy mal, estuvo muy malo, eh, si. Y bueno, en aquello llega mi hermana, venía de asistir en una casa, llega ella, y dice: "Ah,¨ qué es esto?". Así, ni un beso a mi hijo, ni nada, " qué es esto?". Digo: "Pues que hemos llegado, dónde está papá", yo ya sabía eso, pero sentimos a mi padre, sentí yo a mi padre que hacía: " Ahhh, ahhhh, ahhhh" [hace como si se ahogara]. Y la otra: "Ah, vaya llegaste", parece que se estaba riendo de mi. Y le dije: "Sube arriba que no sé que le pasa a papá, sube arriba". Subió arriba, y mi padre estaba así... Y salta ella: "Sube, porque parece que estáis haciendo un teatro". Y yo empecé a llorar cuando sentí así a mi padre. Dice: "Estáis haciendo un teatro". Mi padre mira que teatro, bah. Es muy estúpida. Aún vive ella y yo, quedamos las dos solas.

Y entonces le dije yo a mi padre: "Mira si no quieres", pero me agarró así, y me puso la cabeza sobre el pecho.- Ay, mi hermana Pura, aquello le sentó...!. Pensar que... Bueno, pues después me hizo la vida imposible, Pura, y yo no quería decirle nada a mi padre, porque no quería darle más disgustos. Estuve allí un tiempo, porque después me vine para Vigo, porque iba a asistir a una casa allí, en Marín; a aquella casa iba todo el día de la mañana a la noche y después me iba a dormir a casa. Entonces una vez vino una cuñada de esa familia, y empezaron a hablar y dijo, que estaba buscando una chica para llevársela a Vigo. Dice: " Te irías a Vigo?". Y yo claro, por salir de mi hermana yo le dije: "Ay, yo me iría encantada", dice: "Pues mira, mi hermana y mi cuñado te llevan". Fui a casa y le pregunté a mi padre, digo: "Papa, te importa que me marche a Vigo, para trabajar?", le conté, y dice: "Haz lo que tú quieras", me dijo. Digo: "Bueno, como sé que el niño queda contigo no me

importa, qué si fuera con Pura, no lo dejaba, no me iba". "No, marcha tranquilamente, que el niño es mío", me decía ,él. "El niño es mío y no tiene que ver nada con Pura". Y estuvimos así una temporada. Pero siempre iba metiéndole chismes a mi padre, siempre, siempre, siempre, hasta que se murió, y le llevé para aquí y aquí quedamos. Porque el hijo de mi hermana, no iba con mi padre de la mano a ningún sitio, si. No es porque fuera mi hijo, pero era muy hablador, muy eso... Subía cualquier por la escalera, mi padre o mi hermana, y se ponía: " Quién sube?", y se ponía así [Hace un gesto como de tapar el paso de la escalera], y decía: "Si no me das un beso no pasas". Y eso a mi padre... Buh, mi padre, estaba con ,él que para qué. Mi padre estaba loquito, loquito por ,él, pero murió de esa... Y así.

En Vigo estuve tres años en una casa, y después ya siempre, ya de aquella. [¨ Pero luego, no estuvo en Inglaterra también?]. Ah sí después, cuando mi hijo tenía 21 años me fui a Inglaterra en el año 60.

5. LA EMIGRACIÓN O EL EXILIO.

[¨ Cómo decidió irse?]. Pues mira, porque mi hermana Pura, como trabajaba en la escuela naval, se enteró de que marchaba un señor diplomático para allá, iban dos años y se fue con ellos, y al marcharse ella me dejó a mi el puesto. En 4 años ni "thank you", ni "thank you", la señora me decía: "Ay qué diferente es usted de Pura", porque mi hermana dice que tenía miedo de salir. Mi hermana, era porque le gustaba cenar, y a mi no me importaba, yo lo que quería era..., andaba buscando trabajo si podía.

En Inglaterra mi hermana estuvo con esos señores cuatro años y yo estuve cuatro meses. Estuve 15 años en Inglaterra. Fui con esos señores, ella era una alemana aburrida, quería las costumbres de su pueblo, de España, porque allí en Inglaterra, yo decía: "Yo vine a trabajar como en Inglaterra, en España como en España, pero en Inglaterra como en Inglaterra". Me dijo: "Usted en dos meses sabe más que su hermana Pura". - "Porque Pura es Pura y Carmen es Carmen". A mi no me calla nadie, yo no le tengo miedo a Inglaterra, como ella le tenía. Digo: "Mire, mi hermana Pura le tenía miedo a Inglaterra, que dice que sus días libres que no salía que quedaba en casa, pero a mi...

Inglaterra me tiene miedo a mi que es diferente". El marido se reía. Sólo estuve cuatro meses, porque no quise quedarme más. Yo lo que quería era irme para un hospital, para poder trabajar y tener mis días libres. Ella me decía: "Tiene que hacer lo que yo le mande para eso está usted en Inglaterra y en mi casa". Y dije yo: "Mientras no sepa andar por Inglaterra estar, en su casa, que a lo mejor ni aún sabiendo moverme por Inglaterra, porque yo no soy Pura...". Tanto aburrimiento que me daba con mi hermana Pura siempre, y un día bueno pues, le dije yo: "Mire yo de hoy en 8 días le doy el ®lotis¯ y no tengo donde ir, pero yo había de buscar. Ya buscaría un trabajo". Tenía mi sobrina, podía ir a dormir a casa de ella, pero yo a ella no le decía nada. Y entonces va y me dice: " Usted sabe que dentro de 8 días se puede ir para España?", digo: "No, usted no puede echarme a mi, ni los ingleses mismo. Porque me echarían siempre que yo le hubiera robado a usted así (hace un gesto queriendo indicar mucho), pero yo vengo a trabajar, no a robar, así que usted no me echa fuera". Y entonces yo le dije que tenía que tener mi día libre entero, porque yo quería ver a una familia, le mentí, era a la policía, a quién quería ver. Y fui, llegué a la policía, yo no hablaba inglés ni nada. Cuando vas a entrar a la policía ya sale uno, y dice: "Help you". y digo: "Spanish". Y dice: "¨Spanish?". "Spanish", supe decirlo, que en cuatro meses ya aprendes eso. Y "thank you", eso también, je, je. Y yo: "I spanish no speak, no...", yo quería decir: "I no speak english", pero no sabía... Me mandó a hablar con uno que hablaba español, me mandó sentarme y me dice: "Tú querer hablar conmigo", porque él era polaco, pero hablaba español, y le dije yo que si, y con la misma me dijo qué, era lo que me pasaba. Y yo le dije: "Yo estoy en una casa que eran tres chicas". Era mi hermana, la cocinera, y una doncella, la... niñera. Al marchar Pura, marcharon las dos, al marchar mi hermana, ninguna quedó en la casa. "Entonces yo vine para la casa, así que me toca hacer a mi el trabajo de las tres". Porque yo había hablado con una chica que hablaba muy bien el inglés, pero claro, ella no podía a esa hora, pero ella me dijo: "Tú...", me puso al tanto, sobre todo eso de que antes había tres chicas y que ahora estaba trabajando yo sola. Bueno, yo me valí la mar de bien y entonces le dije yo, claro que la señora no quería mucho que yo cogiera mi día libre ella quería que estuviera allí, para que

estuviera con el niño. E hizo así: "Oh, no", yo miraba para ,él... Y entonces me dijo: "Tú al llegar a casa, y decir de hoy en ocho días yo marchar de aquí", porque ,él hablaba así, ya le di las gracias. Dice: "Cualquier cosa que tuvieras, tú venir aquí".

Llego a casa, preparo la cena, pongo la cena. Tenía que estar a las 9 o antes en casa para darles la cena, antes porque querían la cena a las 9, porque tenía que estar allí y echarles el vino a los dos solos "- una categoría de mucho demonio!", y entonces cogí y le dije, digo: "Señora", me puse al lado del marido, "señora de hoy en ocho días yo me voy de su casa, se lo advierto para que busque una chica". Porque yo tengo que darle ocho días y ella a mí, si algo..., ella no me quería a mí, me tenía que dar ocho días. Y dice: "De hoy en ocho días tú estar en España", y le dije: "De eso ni hablar", y me dice: " no?", digo: "No". Digo: "Con todo el poder que tiene usted", porque claro el marido era un ministro [quiere decir diplomático]. Digo: "Con todo el poder que tiene usted, usted no me echa fuera para España". Entonces por la mañana, eso era de noche, por la mañana va el marido, cuando vino para desayunar, me dijo ,él: "Carmen yo sé que mi señora es un poquito dominante, pero mire una cosa se lo voy a agradecer a usted muchísimo si usted viene conmigo a España, porque nosotros vamos a ir ahora en agosto a España, entonces queremos que venga usted. Yo le advierto que la llevo para España y la vuelvo a traer para Inglaterra, y yo le ayudo a buscar un sitio donde usted quiera". Estaba en Lashbridge, en el centro de Inglaterra y entonces me dijo: "Yo la llevo y yo la traigo". Digo: "Usted si, me lleva y me trae, usted es muy diferente a su señora", ella era alemana, "pero ella no y si usted cualquier cosa, ella es capaz de dejarme a mi en la frontera, digo así que no, lo siento pero no voy". Marchó y no dijo nada y cuando vino me dio dos cartas, dos recomendaciones, una en español y otra en inglés. Entonces dije yo claro, bueno ¨ y si en inglés no es igual?. Sin decirle nada a ellos al otro día por la mañana me fui corriendo al Cónsul, no estaba muy lejos, me fui al Cónsul y al primero que vi le dije si me hacía el favor de leerme, yo le di la carta inglesa, yo había leído la española. Y entonces va y me dice: "Y esto ¨ de qué es?". - "Es que yo, el Ministro Serrat quiere que vaya con ,él a Madrid". Él era de Madrid, era ministro de la marina.

De aquella estaba Fraga de jefazo, qué era?, era ministro de España, pero este no era para España, [ah, era embajador?]. Si eso es, que después se marchó de embajador para Sudamérica.

Bueno, fui y efectivamente, ella quedó... Fuimos a Madrid y antes estuvimos en Burgos, en Salamanca, en Irún, en Fuenterrabía por la playa, ellos pagaban una habitación todo el año, para que aquella habitación estuviera sin alquilar cuando fueran ellos, y después fueron a casa de otros amigos, y después fuimos a Burgos a casa de otros amigos y después ya fuimos para Madrid. Estuvimos casi dos meses, y después nos vinimos. Fuimos a Francia, nos llevó ,él. Ella quedó buscando chicas, porque en Inglaterra no encontraba ninguna, nadie le quería ir para esa casa. Cambió de chicas..., la única que aguantó fue mi hermana, y yo los cuatro meses, mira tú. Y entonces cogió y efectivamente, me vine con ,él, nos llevó al niño y a mi a un sitio muy bonito, como te voy a decir, como si fuera La Guía [un monte de Vigo], un monte como La Guía, pero más grande, y precioso, y nos enseñaba todo, bueno muy bonito. Y en el hotel ,él dormía en su cama, claro, y nosotros, el niño y yo cada uno en otra cama en una habitación a parte. Y vine con ,él encantada para Inglaterra, y a los 8 días llegó ella, que eran los 8 días que tenía que esperar yo. Yo hacía ya, con tal hoy 8 días, ¨ no?. Y ,él fue a la mujer del Cónsul de España, para que viniera conmigo... Porque ,él me dijo, el hospital tanto, el hospital tanto, la clínica tanto de pago, para trabajar, escuela de no se qué, escuela... Me dio una lista para que la otra como hablaba inglés... ella me preguntó qué quería yo, y digo: "un hospital". Entonces dice: "Bueno, entonces el hospital más cercano, para que vayas es en Paddington, y entré en Paddington a trabajar, si. Ahí sólo estuve 8 meses, porque como a mi hijo le operaron por el golpe que llevó, le operaron de la pierna, pues quería que viniera yo. Y tanto le decía mi hermana Pura, que me viniera, que me viniera, y me vine, pero después como se puso bien a los dos meses volví para allá, como podía entrar ya, si, volví aquí.

Estuve tres días durmiendo con las monjas, porque no dejara casa puesta, porque allí hay unas monjas son como Trinitarias, también les llamaban así Trinitarias, pero allí tenían..., era como un asilo de ancianos, pero cualquiera

persona que se encontraba sola, que no tenía a donde ir podía ir a dormir allí, y había muchas chicas también, que andaban buscando trabajo. Entonces yo le dije: "Mire, yo perdí la dirección...", le expliqué a una monja, y me dijo: "Ah, muy bien ya se quién eres".Era una agencia que era portuguesa de aquí de Valença, y entonces dijo ella: "Si, si", digo: "Es que me dio ella una carta pero no sé dónde la eché,". Y entonces vino la monja conmigo, fuimos a la agencia y cuando me vio la de la agencia dice: "Ay, la señora preguntó por usted, pero claro ya pasaron días". Porque son muy rectas si dices aquel día, aquel día y aquella hora, tiene que ser. [¨ Qué señora era esa?]. Yo fuera a una agencia, antes de irme para España, para dejar algo. Pero resulta que aquella me dijo que había una señora..., que había una casa que quería alguien así un poco mayor, no así jovencita. Y entonces ella le habló de mi, pero no me conocía la señora. Y entonces yo fui un día más tarde, a la casa. - Qué no le pareció nada bien, me puso muy mala cara!. Pero como le dije yo a la monja, que hablaba español: "Es que llegué a la estación, no vi que me esperaba nadie, yo contaba, como había dicho que...", no era criado, pero eran de estos que llevan la ropa a las lavanderías y traen la ropa planchada y todo y se ganan un sueldo, claro. Y entonces quedó de irme a esperar a eso, pero no fue, entonces gracias..., que no había nadie en la estación nada más que yo, eh; en las estaciones sola no puedes estar, que allí de aquella mataban a mucha gente, los ingleses, - bueno!. Y estaba yo sentada en un banco: - Vaya voy a tener que estar aquí!. Y estaba sentada, cuando veo que vienen dos chicas corriendo, con una cosa aquí en el brazo: "Está sola?, ¨ eres española?. - "Si" y le conté,. Pues venga, que la llevamos nosotras donde las monjas, y puede dormir allí. Y..., así fue, estuve con las monjas tres días. Después ya fue cuando me llamaron, para que fuera y fui para la casa esa. Y estuve tres años.

Al hacer los tres años me dijo ella: "Carmen ¨ piensas estar mucho tiempo?" (en inglés, porque yo ya hablaba con ella), esto... me dijo que cuánto tiempo pensaba estar en Inglaterra. Y yo le he dicho: "Yo quiero estar hasta los 65 años, porque así cogía la jubilación". O sea hasta los 60 años, y así... estaba aburrida ya. Y entonces va y me dice ella: "Es que mira, si estás en mi casa no cobras nada", porque ella no pagaba por mi la seguridad social allí, no pagaba

nada. Entonces que me tenía que ir para otra casa, ella claro, me preguntó donde quería ir, y yo dije: "Pues para un hospital, y ella misma me llevó a un hospital también, que me gustó el sitio, también era... Uno fue en Paddington, y el otro en St. Mary Hospital, que dicen ellos. "Hospital" [lo dice con pronunciación inglesa]. Y entonces cogió y efectivamente quedé ya allí, me llevó ella misma. Es lo que tienen, no te dejan en la calle, si. Y claro, pues dijo que era para que yo pudiera cobrar algo, y después me contaron como que pagué 9 años, no. Cuánto tiempo estuve?: 15. Como había estado 3 allí en la casa esa, y los 4 meses, con casi dos meses en la escuela, de mi sobrina. Después era todo el resto, o sea que tenía 8 años. Eran 8 años pagando, y así fue, pero obligaron a la señora a que pagara desde no sé que tiempo, si. Para poder cobrar yo algo, porque si no cobraba yo muy poquito, si. Y entonces en ese tiempo del hospital... Es lo que tienen allí son mejores que aquí, muchas señoras. La misma monja, la superiora del hospital, cogió y me dijo ella: "Mira, como has pagado...". Iba a pagar poco tiempo, como no me llegaba los 12 años que había que pagar, con tres más ya estaba y me dijo: "Mira, pagas un poquito ahora ®Tax in contas and super a nation (anexión)¯". Son tres, cómo te voy a decir, como si fueran sindicatos. Dice: "Pagas ahí", que se pagaba muy poquito, 40 ptas., "entonces pagas eso ahí y así cogerás dos pensiones". Lo que pasa que aquí, como somos viejas te quita el banco cuanto puede. Se queja muchísimo la gente mayor, nos quitan mucho, porque mira, yo tenía que cobrar ya..., porque a mi me mandan cada vez que me suben los ingleses me mandan una carta, todos los años suben, como hacía Felipe, y ahora este también, pero vamos, quería decirte..., me ponían aquello, y la pequeña también me subían, desde que me cambió de banco, para el Banco X, nunca más...

La historia de Carmen continúa con un relato sobre las dificultades del retorno, desde la relación con el banco, a la relación con el hijo, ambas acaban siendo catastróficas, sin embargo, el relato acaba, desde mi punto de vista de una manera inquietante, en el contexto del relato de cómo ha ido perdiendo o le han robado sus anillos dice: "Yo tenía 8 y ahora tengo este, de casualidad. No es porque me pusiera de casada, que no pone nada de casada, me lo

regalaron y me lo pusieron ahí, dice: ®toma, que estás mas fea sin un...¯". Y ahí acabó la grabación.

BIBLIOGRAFÍA

Ruíz, Beatriz (1999): "Anthropologie: science et philosophie", en Guille-Escuret, Georges (coord.): *L'Anthropologie, Science Malgré Elle? Vocation scientifique responsabilit, historique*, en *Diógenes. Revue Internationale des Sciences Humaines*, nº 188, Vol. 47, Paris, PUF-Conseil International de la Philosophie et des Sciences Humaines (UNESCO), pp. 97-112.

EXILIOS DE IDA E VOLTA[*]

Eduardo Rey Tristán
Universidade de Santiago de Compostela

Neste relatorio presentamos unha historia de vida: a da familia Barrio, natural da comarca de Vilalba, que a comezos dos cincuenta e por motivacións en certa medida políticas, emigrou ó Uruguai. Anos despois, e por razóns semellantes -aínda que esta vez de xeito moito máis explícito- parte da familia viuse obrigada a marchar tamén do Uruguai.

Con esta historia de vida téntase, por unha banda, aportar un caso particular ó debate en torno ó carácter dos emigrantes a principios dos anos cincuenta: ¿son todos eles emigrantes económicos, no senso en que habitualmente se coñecen? ¿ou as motivacións políticas persoais, a disconformidade co réxime imperante por cuestións non só económicas, senón tamén políticas, fan que nalgúns casos poidamos falar dunha certa forma de exilio? Por outra banda, a traxectoria da familia no Uruguai, e particularmente de tres dos cinco fillos que anos despois, e debido á súa participación política activa, víronse obrigados a exilarse daquel país, fainos reflexionar sobre as formas de inserción socio-política dos fillos dos emigrantes/exiliados dos anos corenta e cincuenta, así como sobre o carácter do seu retorno a fins dos setenta e comezos dos oitenta. O caso destes tres irmáns, ¿foi excepcional, ou un estudio máis profundo amosaría que non son poucos os casos a considerar no Cono Sur de América Latina? ¿Que relación se pode establecer entre esta politización dos fillos de emigrantes - exiliados, e a traxectoria vital dos seus pais?

Para este traballo contouse fundamentalmente co testemuño de dous dos fillos: Nemesio e Marisa. Ademais, e para cuestións puntuais, falouse con

[*] Este traballo fíxose no marco do Proxecto de Investigación PXIDT00PXI21001 da Xunta de Galicia.

Xesús Barrio, irmán de Francisco Barrio -o proxentior do grupo que estudiamos[2102]. Consultáronse tamén algúns documentos familiares para obter datos concretos, así como algún texto do propio Francisco Barrio falando da súa viaxe.

> Nemesio é o fillo máis vello, que emigrou co seu pai en primeiro lugar, en 1952, un ano antes da viaxe de Angustias -a nai- coas irmás: Marisa, Maruja, Manuel e Pilar. Ademais, Nemesio foi o primeiro en militar políticamente no Uruguai, concretamente no Partido Comunista Uruguaio (PCU); en ser detido pola súa actividade política, e en exilarse ante o risco de vida ou cárcere evidente que sufría. Marisa é a segunda filla, e por idade tiña maiores recordos que os irmáns pequenos dos anos inmediatos á saída de Galicia. Ademais, polo seu traballo xunto do seu pai ó chegar ó Uruguai, e por ter quedado con el e a nai tralo exilio dos irmáns, garda un mellor recordo e coñecemento da historia familiar. Marisa non militou politicamente, e polo seu carácter e o choque que para ela supuxo marchar ó Uruguai con trece anos, foi quen se mantivo -nunha procura de afirmación identitaria, quizais- máis vencellada a Galicia, á súa familia, e ás súas lembranzas.

1. FRANCISCO BARRIO

Francisco Barrio Felpeto naceu o 12 de decembro de 1912 en San Cosme de Nete (Vilalba, Lugo). Dende pequeno acompañou a seu pai ás "segas" a Castela, e non foi á escola ata os trece anos. Estudiou ata os quince, sendo, polo que se conta, un rapaz avantaxado. Da man do seu mestre descubriu a literatura: Victor Hugo, Dumas, Verne... E dende adolescente foi un lector constante. Deixou a escola ós 15 anos, para traballar igual de zoqueiro que de albanel ou de canteiro. Coñeceu, logo, en Vilalba a un xastre retornado de Cuba, e aprendeu con el o oficio da costura. Buscando prosperar e non quedar traballando a terra, fixo un curso de corte por correspondencia cunha academia de Barcelona. Xa como xastre, a comezos dos anos trinta, traballou primeiro en Vilalba e logo mudouse a Mugardos, posiblemente contra os anos 1933-1934.

[2102] As entrevistas tiveron lugar en Montevideo en decembro do 2000 (Marisa), e Narón en agosto do 2001 (Marisa e Nemesio). A conversa con Xesús Barrio foi puntual, para corroborar

Aló foron tamén un curmán e o seu irmán pequeno Valeriano, quen traballaban con el.

A guerra civil sorprendeuno en Mugardos. 1938 foi o ano en que o conflicto deixaríase sentir de xeito máis impactante para Francisco e a súa familia. Non fixera o servicio militar por raquitismo, pero a comezos de 1938 foi mobilizado, con outros mozos de casos similares, para traballos auxiliares. Destinárono ó Cuartel de Enxeñeiros da Coruña, e tras unha breve instrucción, déronlle destinos segundo oficio. A el enviárono ó taller de costura, onde segundo relataba anos despois, traballaba arranxando uniformes vellos para os novos reclutas e para os veteranos que voltaban da fronte. Case ó mesmo tempo, Valeriano foi movilizado recén cumpridos os dezaoito anos, e nese mesmo ano de 1938, morreu na fronte en Castellón. Un dos seus irmáns menores, Nemesio, de tempada en Castela ó estalar a guerra, foi trasladado a Barcelona por ser menor de idade, e aló perdeu o contacto coa familia por varios anos, desaparición que fixera pensar o peor á familia durante todo ese tempo. Na guerra e ese mesmo ano, perdeu tamén a dous curmáns, Ramón e Rafael, pouco menores ca el, e cos que mantiña estreita amizade[2103]. Da guerra coñeceu ademais, e de primeira man, a represión franquista nos primeiros meses da guerra na comarca de Ferrol, lembrando anos despois con Marisa os acontecementos máis soados polo seu dramatismo.

En decembro de 1938 licenciárono e voltou a Nete para casar, como acordara dende tempo atrás coa súa moza. En xaneiro de 1939 casou con María Josefa Angustias Otero, de Noche, aldea veciña a Nete. Do matrimonio nacerían Nemesio (decembro de 1939), Marisa (xaneiro de 1941), Maruja (agosto de 1942), Manuel (outubro de 1944) e Pilar (decembro de 1950).

Francisco Barrio non militou politicamente de forma activa en ningún momento. Dende novo tivera inquedanzas que xa o levaran, por exemplo, a colaborar con outros mozos de Pino (Cospeito) nunha publicación mensual

---

datos concretos, en setembro do 2001.

[2103] Estas novas de Francisco Barrio, así como algunha outra que se sinalarán máis adiante, coñecémolas a través dun relato sobre a súa vida e da súa dona que moitos anos despois escribiu para os seus netos e que el mesmo titulou "No es literatura, es una historia real", Montevideo, 1997.

crítica, de defensa da mocidade e que, segundo Marisa, trataba temas de relevancia para a comarca: arrendamentos, montes veciñais... Xa nos corenta, sendo un home republicano e de esquerda, aínda que sen máis definición política, mantívose nun círculo de amizades politicamente disconformes. Xunto co muiñeiro de Nete, un amigo e familiar, Leandro, un sacerdote, e algúns outros, reuníanse no muiño -eléctrico nese momento- para escoitar Radio Pirenaica, así como para falar da situación do país e do réxime. Ningún deles parece ter militado activamente, senón que como os define Nemesio, eran "xente con ansia de ser libre pensadora". Non se sabe doutro tipo de participación política ou relacionada con movementos de resistencia. Toda a súa actividade pasaba polas súas conversas clandestinas de crítica ó réxime e de disconformidade, o que por outra banda, e dada a situación de represión deses anos, xa era bastante atrevido. A súa opinión do franquismo, quedou reflectida anos despois na historia escrita por el xa citada:

> Con tantas desgracias en nuestras familias [escribía referíndose ó ano 1938] se puede comprender bien el desgraciado momento que nos tocó vivir, y no sólo a nosotros, sino a todos los españoles, especialmente a los que lucharon en defensa de la República, contra el repudiable Franquismo, integrado en su mayoría, por mercenarios extranjeros[2104].

Estos foron ademais anos de "sementeira", segundo a súa filla Marisa: aínda hoxe é un home recordado e respectado polos que o coñeceron e viven. Dende que saíu da escola, ensinou a moitas persoas da aldea a ler e escribir: primeiro nas súas casas, e logo que casou e se trasladou a vivir a Noche -onde no 1943 construíu a súa casa- e ata a súa marcha ó Uruguai oito anos despois, nun local cedido por outro veciño.

Un momento importante da vida de Francisco Barrio parece ter sido o referendo para aprobar a Lei de Sucesión á Xefatura do Estado do 6 de xullo de 1947[2105]. A súa disconformidade co réxime era coñecida por algúns veciños, se

[2104]Ibidem.

[2105] Con este referéndum, Franco asegurou a seu poder ata a súa morte. A Lei definía a España como Reino (art. 1) e daba a xefatura do Estado a Franco (art. 2), quen tería potestade de

ben non tivera problemas por iso. O día anterior ó referendo, o alcalde pedáneo de Noche visitouno: "veño en calidade de veciño e amigo. Ten moito coidado mañá, que vai haber guardas civis controlando todo. Tes fillos e tes familia, ten coidado co que fas". Este referendo, a case que obrigatoriedade do voto, o que significaba en canto a continuidade, falla de liberdades, etc... foi, segundo a súa filla Marisa, o momento definitivo na súa vontade de marchar: "E quedarame grabado para sempre cando chegou e deu un golpe na mesa e dixo: «me cago en Dios, agora sí, agora voume aínda que sexa ó fin do mundo, pero agora voume»".

Por outra banda, a situación económica da familia non era en absoluto doada, polo que non podemos achacar á cuestión política todo o peso da decisión de emigrar. Marisa lembra os quilómetros que moitas noites na bibicleta facía o seu pai para conseguir un pouco de gran vendido de xeito clandestino por veciños doutras aldeas, ou as longas xornadas de traballo. Xesús Barrio, irmán de Francisco e que aínda hoxe reside en Nete, non recoñece atopar nas súas lembranzas máis razóns cás económicas para a marcha do irmán maior. Nin sequera lembra escoitalo falar mal de Franco nalgunha ocasión, se ben nas súas verbas aínda se aprecia un temor nunca disipado tras moitos anos de vida baixo o franquismo, coma recoñeceron os seus sobriños sobre isto tras conversas con el. Achaca Xesús a decisión dos seu irmán ás duras condicións económicas que sufría con cinco fillos, pois, como xastre, se ben ía traballando, non lle daba para moito naqueles anos de fame. Conta aínda como catorce quilos de trigo lle custaban un peso e pouco, e por un traxe que lle levaba tres días, non gañaba máis de dezaoito pesos.

Francisco Barrio marchou do país en decembro de 1952. Durante alomenos dous anos preparou a viaxe. O primeiro destino que buscou foi Bos Aires: aló residía unha irmá da súa dona, con quen se puxo en contacto para que os reclamase. A cuñada recomendoulle tentar de aguantar en España, pois marchar con fillos pequenos non era doado, sobre todo polo cambio para estes.

---

nomear o seu sucesor. Con esta Lei Franco cortaba as aspiracións de Don Juan de acadar un cambio de réxime co apoio das chancelerías europeas occidentais, Preston, P. (1995): *Franco*, Barcelona, Grijalbo.

Ó non encontrar receptividade, pensou en Brasil: en Santos xa estaba un familiar e amigo, Leandro, con quen compartira noites de radio no muíño e co que tiña unha forte amizade[2106]. Ademais, para ir a Brasil non necesitaba ser reclamado. Finalmente, no ano 1951 outro irmán solteiro da súa muller marchou a Bos Aires, dende onde cruzou a Montevideo. Unha vez alí reclamounos. Segundo os fillos, Uruguai fora preferido a Brasil polo idioma, pola presencia do familiar, e pola súa tradición democrática e republicana. Francisco xa a coñecía por algún libro que lera sobre José Batlle y Ordóñez[2107].

En decembro de 1952 embarcou en Vigo cara a Montevideo co fillo maior, Nemesio. A muller e o resto dos fillos marcharían un ano despois, cando venderon a casa e todalas súas propiedades. El estaba xa acomodado para recibilos, e tiña xuntado cartos para pagar a débeda (cun veciño) coa que el puidera viaxar, e as pasaxes do resto da familia.

2. URUGUAI

Francisco Barrio tampouco militou politicamente nos ámbitos do exilio á súa chegada ó Uruguai. A súa principal preocupación era económica: comezar unha nova vida, pagar a débeda e levar a familia adiante. Tanto él como Nemesio traballaron dende a súa chegada. El cosía para unha xastrería, e o rapaz, que xa coñecía o oficio por traballar co seu pai, axudaba noutra. Ó rematar a xornada de oito horas aínda cosían cinco ou seis máis pola súa conta. Con todo, e segundo Marisa, o seu pai "non fora a facer a América, senón a buscar o que España non lle deu".

[2106] Da viaxe de Leandro non temos moitos máis datos. Se ben marchou a fins dos corenta para Brasil, retornou axiña, pois a súa moza quedara na aldea e máis adiante non quixo ir encontrarse con el. Non tivera complicación algunha para voltar, polo que as súa oposición difusa ó réxime non lle debeu de supoñer ningún problema. Con Francisco e Nemesio encontráronse no porto do Río de Janeiro, onde foi visitalos ó barco, segundo lembra Nemesio.

[2107] José Batlle y Ordónez foi presidente do Uruguai de 1904 a 1907, e novamente de 1912 a 1916. Foi o gran transformador do país cunha política reformista, de certo carácter socialdemócrata: cunha amplitude de liberdades descoñecida noutros países da época, mesmo en Europa, con voto feminino, fomento do sindicalismo, lei de 8 horas no traballo... A el débese o modelo de país que mantivo un Uruguai desenvolvido ata mediada a década dos cincuenta, en que ese modelo entrou nunha crise da que aínda hoxe parece non ter saído. O coñecemento do batllismo chegáralle a Francisco Barrio por unha muller de Oleiros que voltara de aló e prestáralle un libro sobre a presidencia de Batlle.

A relación cos republicanos da Casa de España sería máis serodia e, en todo caso, non moi estreita. Xa entrados os sesenta, acudía a ler a prensa do Goberno republicano no exilio que lles chegaba dende México, segundo Nemesio. Pero máis que nada para ter outra información diferente da que lle chegaba pola "Carta de España" que distribuía a Embaixada. E non chegou a ter unha participación activa nos círculos de exilados.

Francisco rompera de forma importante co seu pasado. Xa non tería unha vida de amizades e relacións como a de Nete e Noche. Alí cosía como autónomo para unha xastrería, e a clientela particular era moi reducida. Deixou atrás Galicia, España, e todo o pasado, procurando preferentemente coñecer o país que o acolleu, así como a súa política. Xa en 1953 acudíu a actos contra a firma polo Uruguai do Tratado Interamericano de Defensa con Estados Unidos. Era home de esquerda, pero non definido neses anos. Frecuentaba actos tanto do Partido Socialista (PSU) coma do Partido Comunista (PCU), ou xa en 1961, fora escoitar a Ernesto Guevara ó Paraninfo da Universidade da República. No sindical, estaba afiliado ó "Sindicato de la Aguja", se ben non tiña participación militante. Dende 1962 ó seu voto foi para o PCU, integrado primeiro no Frente Izquierda de Liberación (FIDEL), e logo no Frente Amplio.

Pero sobre todo, dende a súa chegada, admirou ó Uruguai: a súa liberdade política; a súa situación económica, que lle permitía por exemplo non só comer carne, senón ademais facelo a prezos nunca soñados en Galicia, como lembra escoitarlle Nemesio; a posibilidade de desenvolvemento personal entón non accesible na súa terra; e a educación laica e gratuíta, incluso para inmigrantes recén chegados. Os seus fillos estudiaron dende que se reuniu o núcleo familiar, acabaron o bacharelato todos, e dúas incluso fixéronse mestras.

Poucas explicacións lles deu ós seus fillos sobre o por qué do seu traslado. Nemesio comprendeuno cos anos cando recordaba as anécdotas da opinión do pai respecto do país. A Marisa, para quen quizais foi máis difícil o cambio e preguntaba o porqué, explicoullo nunha ocasión: un veciño a quen lle fixera un traxe, díxolle que un deses días chegaría o presidente da República a comer un asado á súa casa. Isto aproveitouno ante as reclamacións de Marisiña para dicirlle:

> A tal hora vén o Presidente da República a comer un asado á casa deste señor. Quero que estés aí, na porta; e vas ver cando chegue, que non ven con escolta: ou ven conducindo el, ou vén ó máximo co chofer. Porque aquí teñen unha democracia. Aquí o Presidente pode camiñar polas rúas libremente, sen medo, porque é un home votado polo pobo. Sen embargo, Franco anda escoltado por douscentos mouros porque desconfía dos españois.

Na politización de tres dos seus cinco fillos parece non ter influido. Toda a súa importancia radica posiblemente na educación que lles deu: preocupándose polos seus estudos, fomentando a lectura dende ben novos, con liberdade para falar do que quixesen, ou incluso, como recorda Marisa, permitíndolles dende pequenos estar presentes nas conversas que en Noche mantiña con outros republicanos, e confiando na súa posterior discreción.

A militancia máis temperá foi a de Nemesio, lóxica pola idade e por ter sido o primeiro en chegar e adaptarse. En 1958 entrou na Unión de Xuventudes Comunistas (UJC), e en 1961 no PCU. A súa maior influencia para isto fora o círculo de amizades e o seu lugar de traballo: era funcionario de ensino medio dende os 16 anos aproximadamente. Militou no PCU e no sindicato do ensino (AEDES) ata a súa detención en febreiro de 1976 e o seu exilio poucos días despois.

Maruja entrou no PCU xa mediada a década dos sesenta, con cerca de 25 anos. A súa militancia non ten relación coa do irmán maior, o mesmo que sucederá coa pequena, Pilar. Traballou na editorial do partido, Ediciones Pueblos Unidos, ata que foi clausurada polos militares tralo golpe de estado de 1973. Exiliouse despois que Nemesio, se ben nunca foi detida. A súa militancia era posiblemente máis laxa, e o seu exilio debeuse principalmente á actividade do seu home no PCU tamén.

Pilar, a máis pequena, entrou no PCU a fins dos sesenta, sendo estudante. Igual cá súa irmá, o seu exilio debeuse á necesidade de saír do país do seu home, máis que á persecución e perigo inminente para ela.

Dos tres, Nemesio foi único que retornou a Galicia. As súas irmás fóronse a México e Italia respectivamente, e tralo retorno da democracia ó Uruguai en 1985 voltaron ó país.

3. CONCLUSIÓNS

Francisco Barrio non foi, como parece evidente, un exiliado no senso que normalmente se aplica ó termo. Non tiña risco de represalias que lle supuxesen persecución, morte, perda dos bens ou do emprego; non tiña, por tanto, unha urxencia por marchar sen pensar e escoller as formas e momentos para facelo; logo, no seu destino, non tivo tampouco un compromiso político activo co seu país de orixe, senón que máis ben afastouse -alomenos nos primeiros anos- de todo o que aquel lle supuña, dedicándose case que con exclusividade á súa inserción económica.

Como plantexou o Dr. Núñez Seixas neste mesmo foro, a restauración o 29 de marzo de 1946 da vixencia da Lei de Regulamento da Emigración de 1924 fai difícil en moitos casos diferenciar quen marchou nos seguintes anos por razóns exclusivamente económicas, ou en quen se mesturaron tamén as políticas. O caso de Francisco Barrio parece mostrar que ámbalas dúas non son excluíntes, como xa sinalara Núñez Seixas, senón que poden mesmo ser complementarias.

Francisco Barrio foi un emigrante legal e tradicional en certos aspectos. A dura situación económica e as posibilidades de futuro que lle podía ofrecer o réximen -en tódolos ámbitos, e tanto para él como para os seus fillos- eran razóns dabondo para marchar. E fíxoo polas canles habituais: reclamado por un familiar, cos papeis en regra, e sen problemas que lle impedisen voltar se fose o caso.

Doutra banda, participaba dun "descontente difuso" (Núñez Seixas) coa situación do país. Isto non se traducía nunha militancia activa na oposición ó franquismo, senón en formas máis difíciles de constatar como as relatadas. Nalgúns momentos, participou incluso dunha oposición consciente e activa -e tamén arriscada- dentro das súas posibilidades, como era o caso das xuntanzas no muíño para escoitar Radio Pirenaica.

Polo tanto, os argumentos da emigración económica mestúranse e compleméntanse coa disconformidade de orixe política. Cabería preguntarse nestes casos ata qué punto falamos de emigración no senso habitual do termo; ou se non estaríamos ante unha forma diferente de exilio, no que as cuestións ideolóxicas persoais conxúganse coas puramente económicas. Diferenciaríase do exilio habitualmente coñecido nos anos da guerra e na inmediata posguerra, pola non urxencia da marcha, a non persecución activa por parte da represión franquista, e a maior capacidade de elección -en tempos e formas, considerando recursos e información- de quen decide marchar.

Por outra banda, ó principio preguntabámonos pola relación entre a politización dos fillos dunha xeración de exiliados, e a traxectoria vital dos seus pais, así como a excepcionalidade ou non do posterior exilio dos primeiros. Para respostar a esta última cuestión é evidente que se necesitaría un estudo amplo, do que aquí non é o obxectivo. En todo caso, apuntaremos que Nemesio Barrio lembra compartir militancia no PCU con moitos descendentes de españois, e en moitos casos fillos de exiliados republicanos (inclusive algún destes). Deses fillos, coñeceu varios que efectivamente tiveron que tomar o camiño do exilio canda el. Outros posiblemente sufriron o cárcere no Uruguai. Pola miña banda, e de modo informal, podo sinalar o coñecemento persoal de varios casos de militantes de esquerda radical fillos de exiliados ou xente que marchou de España nos corenta, e que aló acabou no cárcere, exilio ou incluso cóntanse hoxe entre os desaparecidos das dictaduras do Cono Sur. Este último caso en concreto é o da antiga militante do MLN- Tupamaros Elsa Garreiro, natural de Gondomar e que marchou con tres anos cara ó Uruguai (se ben dela descoñecemos a historia dos seus pais).

Non é doado establecer un vínculo entre esta politización da segunda xeración e a dos pais. En casos coma o de Álvaro Rodríguez, madrileño exiliado trala guerra, e que compartíu militancia no PCU coas súas fillas segundo relata Nemesio Barrio, parece evidente. Pero na mesma familia Barrio non o é tanto. Marisa interpretao como natural na medida da educación recibida, especialmente en valores; ou da proximidade e case familiariedade da lectura e a conversa política na súa casa, que nunca lles estiveron vedadas. De tódolos

xeitos, non é unha relación lineal causa-efecto. Como ben di Nemesio, foi a vida que o levou a iso, o igual que sucedeu posiblemente coas súas irmás. Os tres, a entrada no PCU débenlla máis que nada ó ámbito de socialización no Uruguai. A dúbida quedaría logo en saber en qué medida influíu a súa educación para entrar a relacionarse con eses ámbitos. Ese pouso que deixou unha educación definida, como a que parece foi dada por Francisco Barrio, non debe polo tanto refugarse.

Por último, plantexar o caso do retorno de Nemesio Barrio a fins dos anos setenta. ¿Foi este o comportamento habitual dos fillos de exilados? Factores coma os motivos ou formas da súa saída do país inflúen. Isto vese en Maruja e Pilar, nas que o que pesou realmente para o seu exilio foi a situación dos maridos. ¿Terá algún significado de xénero que xusto elas, casadas con uruguaios acaben voltando trala recuperación democrática, e el, casado cunha uruguaia, non o faga? ¿Que presencia de casos de retorno similar ó de Nemesio se poden atopar a fins fos setenta ou principios dos oitenta dende o Cono Sur?

Nesta comunicación tratouse de plantexar preguntas máis que de buscar respostas. As preguntas que unha historia de vida pode ofrecer dende a súa individualidade. E cunha certa percepción de que non ten por que ser tan excepcional, que confirma tamén o coñecemento casual doutras historias parecidas. Para todos estes interrogantes, farían falla traballos concienzudos. Algunha desas cuestións, como o carácter dos emigrantes / exiliados de fins dos corenta e principios dos cincuenta, xa son abordados nestes días. Para o resto, agardamos que o que aquí se narrou poida servir de axuda.

UN EXILIO DIFERENTE: PIEDAD DOMÍNGUEZ DÍAZ E OUTRAS HISTORIAS

Emilia García López
Herminia Pernas Oroza
Universidade de Santiago de Compostela

> O nacer, vivir e morrer nunha mesma terra é a sorte máis grande que se pode desexar a unha criatura; pero a condición de que na terra nativa haxa liberdade e xustiza pois sen estes dous bens tamén hai desterro na propia terra[2108].
> Castelao

1. INTRODUCCIÓN

O Estado español foi, no decurso da súa historia, un bo fornecedor de exiliados. A partir da expulsión dos xudeus no século XV e da dos mouriscos no XVII, cóntanse exilios tan importantes como o dos afrancesados despois da Guerra de Independencia contra o Francés, o dos liberais baixo Fernando VII, os exilios alternativos de liberais e carlistas durante as guerras civís e o dos isabelinos á caída da raíña Isabel II. No século XX hai que salientar o exilio de anarquistas e dalgúns socialistas a América Latina, onde contribuíron á formación dos movementos obreiros de Cuba, Puerto Rico, México e Arxentina; e tamén, o que tivo lugar por mor da dictadura primorriverista. Tampouco non se pode esquecer o éxodo de moitos mozos en idade de quintas, que escollían este camiño para non ir "servir ó rei". Pero ningún exilio, á parte do de xudeus e mouriscos, tivo o volume e abrangueu tanta diversidade de ideoloxías e clases sociais como o exilio co que rematou a Guerra Civil de 1936-1939[2109]. Perante a imposibilidade de vivir no propio país sen que a vida ou a liberdade corresen perigo, impúxose a diáspora como "solución" forzada e forzosa. Unha vez que o

[2108] Citado por A. Suárez do Pazo en *Lugo*, nº 45, (febreiro de 1947).
[2109] VV. AA. (1986): *España Nuestro Siglo. Texto, imágenes y sonido. Gobierno de Franco, 1939-1975*, Barcelona, Plaza & Janés, pp. 206-207.

Goberno lexítimo lanzou o "sálvese quen poida", os organismos oficiais déronse á fuga, sen preocupárense de ningún dos servicios que deles dependían. Neste éxodo masivo (xa antes moitos se tiñan exiliado) cadaquén fuxía como podía: en vehículos, por mar e a pé[2110]. A sorte que correron foi moi distinta ou moi semellante, segundo se mire; e é precisamente nestas fuxidas onde se orixinaron as "nosas" Historias que, doutra maneira, non tiveran existido.

Trátase de tres relatos cinguidos por un mesmo destino: o de escapar do país. E tamén por unha procedencia común por parte dos seus protagonistas: son naturais da Mariña Luguesa, concretamente do concello de Cervo[2111]. O primeiro deles —e tamén o principal— fai referencia ás vicisitudes nas que se veu envolta unha muller, Piedad Domínguez Díaz, por ter casado co home a quen ela quería: o miliciano Agapito García Atadell. As "outras historias" recollen sucesivamente o que lle aconteceu a un carabineiro ó servicio da República, Pedro Pozuelos Fernández, que pasou a Francia para voltar logo como guerrilleiro e acabar preso no penal de Santoña, de onde saíu ceibo en 1963 en virtude do indulto concedido trala morte do Papa Xoán XXIII. E, finalmente, os protagonistas da segunda historia fuxiron por mar ata Francia, de onde non puideron voltar o barco, o armador nin tampouco a tripulación que levara os "escapados".

1.1. Fontes Empregadas

O fío conductor destes relatos foinos proporcionado pola Historia Oral, encargada, nun primeiro momento, de transmitirnos a espiña dorsal destas páxinas. Así, quen foron testemuñas —directas ou indirectas— dos feitos que se narran contestaron ás nosas preguntas dende a súa óptica particular. A fonte oral, precisamente por selo, atópase sometida ás debilidades, ó esquecemento e ás reinterpretacións da memoria humana. E, polo tanto, non sempre pode ser tomada nunha consideración moi estricta. Para arranxar este "defecto"

[2110] F. Montseny (1977): *El Éxodo (Pasión y muerte de españoles en el exilio*), Barcelona, Galba, p. 18.

[2111] Atópase situado este concello no norte de Galicia e tamén da provincia de Lugo, limitando polo norte co Mar Cantábrico, polo leste cos concellos de Foz e O Valadouro, polo sur con este último e polo oeste co concello de Xove. Ten unha superficie de 81,1 Km2 e comprende as

acudimos ó complemento prestado polas fontes arquivísticas (basicamente, Libros de Actas Municipais), hemerográficas e bibliográficas; aínda que é necesario salientar que a historia escrita tamén se enfronta a problemas de selección, inexactitude, distorsión e subxectividade. É de todos coñecido o feito de que a historia narrada polo franquismo e a escrita pola prensa republicana mesmo semellaban as dúas faces da lúa. Nembargantes, sesenta anos despois de rematada a Guerra Civil é tempo máis que suficiente para que a historiografía española e galega remate coa sucesión de branqueos e demonizacións que caracterizaba á nosa historia de posguerra.

Na procura pois, dunha "soa historia" contrastamos as distintas fontes empregadas e así mesmo, os documentos escritos coa tradición oral popular. Velaquí está o resultado.

2. CONTEXTO HISTÓRICO LOCAL

Unha vez producido o alzamento militar do 18 de xullo de 1936 e tralas loitas dos primeiros días, o territorio galego axiña caeu en mans do exército sublevado. Deseguida, desencadeouse unha durísima represión contra dos que simpatizaban coa Fronte Popular[2112]. A nosa zona de estudio, o concello de Cervo, non se caracterizou por ser un albo de primeira fila da represión franquista, aínda que tampouco faltaron execucións (tres), procesamentos (un) e sobre todo, expedientados.

Os tres executados, todos eles en 1936, foron o alcalde, Benito Colín Veiga (xastre)[2113], o secretario do concello, José María Correa Miranda (comerciante) e mais o alférez de carabineiros, Antonio Trujillo Rodero. Os ingresos no cárcere soamente foron significativos durante o primeiro ano da contenda, tratándose fundamentalmente de mariñeiros (naturais de San Cibrao) e de carabineiros (na capital do concello, Cervo, había un posto deste corpo),

---

parroquias de Burela, Castelo, Cervo, Lieiro, Rúa, Sargadelos e Vilaestrofe.

[2112] Algunhas das obras nas que fican recollidos testimonios persoais ou colectivos son: G. Sanz García (1986): *Uno de tantos (Cinco años a la sombra)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro; San José, D. (1988): *De cárcel en cárcel*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro; Máiz , B. (1988): *Galicia na II República e baixo o franquismo*, Vigo, Xerais; Fernández Santander, C. (1996): *La Guerra Civil en Galicia*, La Voz de Galicia.

[2113] Prendérono a el e máis a un fillo pero éste librouse de ser "paseado". Testemuño oral de

que constituíran o grupo opositor ó Alzamento[2114]. A detención do alcalde, adscrito ó grupo de Unión Republicana (UR), produciuse xunto coa do propietario Justo Cao Carbajales (tamén dirixente local da UR) e outras once persoas (concelleiros), sendo todos xulgados na mesma causa por rebelión militar, polo que resulta máis que probable a súa vinculación coa UR. Os concelleiros expedientados foron[2115]:

Táboa nº 1

NOME	PROFESIÓN
ARNAÚ JUL, GUILLERMO E.	MESTRE
DOMÍNGUEZ LÓPEZ, MANUEL	LABREGO
DÍAZ FERNÁNDEZ, MARÍA	
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, ÁNGEL	LABREGO
FRAGA BALMAYOR, JESÚS	CARPINTEIRO
GARCÍA ARAMBURO, FIDEL	XORNALEIRO
GARCÍA GONZÁLEZ, ANICETO	
GARCÍA LANDÁBAL, ANICETO	LABREGO
INSUA LÓPEZ, NICASIO	OBREIRO
LÓPEZ RECAREY, ANTONIO	MARIÑEIRO
MON MON, RAMÓN	LABREGO

O resultado final deste expediente de responsabilidades contra toda a Corporación anterior foi o sobreseimento da causa no tocante ós concelleiros; pero si se formularon pliegos de cargo contra dos ex-alcaldes Jesús Fraga Balmayor (concelleiro antes de estalar o alzamento) e Benito Colín Veiga, ós que se lles engadiu o secretario-interventor, José Murados Fernández[2116].

C.G.M. Lieiro, 25-VI-2001.

[2114] Cáseque todos estes mariñeiros eran rapaces (Manuel Ponte, Ramón Martínez, José Otero, Claudio Pernas, etc. etc.). Testemuño oral de M.V.G. (mariño mercante xubilado). Lieiro, 25-VI-2001. Todos os carabineiros foron transladados á Coruña despois de seren xulgados por traizón. É significativo tamén o elevado número de desertores, 33, todos eles mariñeiros e naturais do porto de San Cibrao: vid. Souto Blanco, Mª.J. (1988): *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940*), Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, pp. 115 e 363. Nembargantes, non se constatou nin un so mariñeiro preso no veciño porto de Burela: "Os de San Cibrao sempre foron máis políticos que os de Burela". Testemuño oral de R.P.G. (mariñeiro burelés xubilado), 25-VI-2001.

[2115] A lista de nomes foi extraída de Souto Blanco, Mª.J. (1998): *La represión franquista*…, op. cit, p. 363. As súas profesións coñecémolas a través do testemuño oral de M.V.G. Lieiro, 25-VI-2001.

[2116] Benito Colín e José Murados foron condeados a pagaren por concepto de "responsabilidad" 1.709,42 ptas. correspondéndolle a Jesús Fraga, polo mesmo motivo, a cantidade de 37,50 ptas. Pero a fortuna asañouse co ex-alcalde, xa que, a seguir e como consecuencia dunha "carta-orden de la Superioridad", decretouse o embargo de bens contra da súa persoa pola cantidade de 200.000 ptas. Isto significou o embargo de todos os panos, teas e demais

Curiosamente, ningún destes individuos era natural da parroquia de Burela senón que procedían, na súa meirande parte, das de Cervo e Lieiro. Isto confirma a non "politización" da primeira das devanditas parroquias, na que as víctimas cáseque únicas da represión foron dous mestres nacionais e a muller dun tendeiro. A un deles, Jesús Fraga (fillo dun dos concelleiros expedientados), privóuselle do título de tal, tendo que gañar a vida dende entonces como mestre particular; e iso malia servir durante a guerra nas oficinas do bando nacional.[2117] O outro, Camilo Fernández, quen desempeñaba ademais os cargos de secretario e inspector local do Pósito burelés, viuse suspendido das súas funcións por orde do alcalde, transmitida ó presidente do Pósito.[2118] Non obstante, continuará no seu posto de inspector local ata o mes de novembro, data na que a directiva do Pósito acorda o seu cese a fin de cumprimenta-la orde que fora emitida pola alcaldía tres meses antes.[2119] Este mestre, perseguido por "roxo", tivo que abandonar Burela para establecerse en Lugo, onde permaneceu ata que puido voltar e exercer de novo o maxisterio.[2120]

O derradeiro incidente tivo como protagonista a dona do tendeiro José Abad, quen ó pegar un selo nunha carta a un cliente, deu un manotazo enriba

---

productos propios do seu oficio (era xastre) que posuía na súa casa de San Cibrao. Finalmente, foi executado o 10 de decembro de 1936. Sesións ordinarias dos días 4, 11 e 31 de outubro e 18 de decembro de 1936 en *Libro de Actas Municipales: marzo de 1936 a agosto de 1937*. Arquivo Municipal de Cervo (AMC).

[2117] "Foi o xefe local da Falanxe (Jesús Taladrid Coll) o que lle sacou o título unha vez que rematou a guerra (…). Ensinaba nun baixo alquilado moi perto da miña casa e tiña sona de moi bo mestre. Ata se vía obrigado a rexeitar alumnos por falta de espacio". Testemuño oral de H.I.G. Burela, 15-VI-2001.

[2118] O presidente da devandita entidade expón en asemblea a orde recibida dende a alcaldía, perante a que o secretario pon o seu cargo a disposición da Xunta de Goberno, que acepta a súa demisión con profundo sentimento "al vernos privados de la eficacia y fiel colaboración que el señor Fernández prestó a esta entidad desde el año 1923 hasta la fecha". Acta do día 25 de agosto de 1936. *Libro de Actas de la Cofradía de Burela*..

[2119] Así o escribe o novo secretario; pero despois figura na marxe o seguinte: "Acta no válida por engaño del secretario y la que vale es ésta: Se acuerda que como el inspector local de este Pósito marchó de la localidad deja de serlo desde la fecha de esta acta". Ibidem.

[2120] A súa dona era a filla dun grande propietario burelés. No fondo da cuestión latexaban envexas e ciumes por parte do xefe da Falanxe, o tamén propietario e industrial José Taladrid. Cóntase que falanxistas de Cervo e Burela desprazaronse ata a capital provincial na súa procura e, atopándoo nunha cafetería, invitáronno a saír. El negouse, a non ser que fora acompañado da parella da Guardia Civil, ó que os falanxistas accederon gustosos. Sen embargo, os gardas custodiárono, e non foi posible a súa entrega ós primeiros. En Lugo permutou con outro mestre que tamén estaba nas súas mesmas circunstancias. Testemuño oral de H.I.G. Burela, 15-VI-

del (o selo representaba o rostro de Franco). Unha testemuña denunciou o feito e de contado foi detida, acusada de comunista e levada para o cárcere de Viveiro, onde pasou unha noite a pesar de atoparse en avanzado estado de xestación. Saíu libre gracias á intercesión das monxas do asilo, das que era unha grande coñecida[2121].

Unha proba do excesivo celo dos elementos falanxistas locais ou, dito doutra maneira, da súa cobiza presentouse con motivo da visita realizada a este concello polo Gobernador Civil en agosto de 1937. O xefe local de Falanxe queixouse de que os curas non o axudaban no seu labor e, como consecuencia, o párroco de Cervo (José Lagarón Bermúdez) foi obxecto dunha sanción, imposta ó negarse a formar parte da comisión local "Pro homenaje Hermanos Pedrosa Posada"[2122] e tamén porque contaba co precedente de ter sido substituído, a petición propia, nas xuntas do "Plato Único" e do "Subsidio al combatiente". Este sacerdote remitiu unha carta ó Gobernador na que refería ser víctima dunha campaña "insidiosa y tenaz" por parte de certos elementos ós que acusaba de:

> Introducir furtivamente en Juntas, Comisiones y Cargos a personas que por su medro personal, han vendido toda su Patria, Religión y honor (…) continuando con distintos colores, pero con el mismo fondo (…) Y estos mismos señores son los que con el mismo alcalde dicen que hay que "pasear" a los que los Tribunales absuelven, para ocupar, como ocupan sus cargos remunerados, desvalijando los comercios de los demás dejando los de ellos intactos, etc.

2001.

[2121] Testemuño oral de R.P.G. Burela 25-VI-2001.

[2122] Os irmáns Santiago, Ramón, Carlos e Germán Pedrosa Posada eran naturais de Lugo e figuran entre os primeiros afiliados ó núcleo lugués de Falanxe (1933). Ó producirse o Alzamento, alístanse voluntarios nas primeiras unidades e combaten, excepto Germán, na fronte de Teruel. É na mesma onde Santiago, que posue o grado de tenente de Infantería, cae ferido gravemente o 16 de decembro de 1937 morrendo días máis tarde. A primeiros de xaneiro de 1938 morre seu irmán Carlos, alférez provisional de Infantería; e uns días máis tarde, Ramón, quen tiña o mesmo grado que o anterior e recibiu a Medalla Militar Individual. Santiago e Ramón foron enterrados o 3 de xuño de 1938 en Lugo nunha gran manifestación, en Fernández, C. : "La Guerra Civil en Galicia", *La Voz de Galicia*, pp. 50 e 356.

Finalmente, a multa foille perdoada e realizáronse averiguacións para comprobar as acusacións que fixera[2123].

3. A "LONGA NOITE DE PEDRA" DE PIEDAD DOMÍNGUEZ DÍAZ (1905- 2001): A VIÚVA DE ATADELL.

3.1. Algúns apontamentos sobre Agapito García Atadell

Os acontecementos que o destino lle tiña reservado a Piedad non poderían entenderse sen facer unha mención a quen influíu poderosamente neles: Atadell. Era este home un mariñán natural do concello de Viveiro, onde naceu no ano 1903. Cóntase que na escola onde aprendeu as primeiras letras inxeniábase para quedar coas "cadelas" dos seus compañeiros máis incautos; e na súa primeira xuventude sentía verdadeira obsesión polas historias dos seus paisanos emigrados a América sen recursos e retornados ó cabo dos anos, posuidores dun importante capital. Traballaba nunha imprenta, ó tempo que pertencía á Banda Municipal de Música. Mais ó proclamarse a II República trasladouse a Madrid acompañado por Piedad. Alí entrou de tipógrafo nos obradoiros de *El Sol* e *La Voz*, e tamén se afiliou ó Partido Socialista (PSOE).

Gozaba dunha grande capacidade dialéctica e pouco tardou en ser designado para postos de confianza dentro do Partido, trabando unha estreita amizade con Indalecio Prieto.[2124] O primeiro éxito que lle deparou o seu posto foi a organización da folga do *A.B.C.* en 1934. A folga fracasou, pero as condicións de axitador demostradas por Atadell acreditárono como un extraordinario xefe revolucionario.[2125] Ó estalar o movemento revolucionario en

---

[2123] Souto Blanco, Mª. J. (1999): *Los apoyos al régimen franquista en la provincia de Lugo (1936-1940). La corrupción y la lucha por el poder*, Sada-A Coruña, Edicios do Castro, pp. 59-60.

[2124] Ese posto importante obtívoo na Secretaría, e aínda que el mesmo declara no seu proceso que se trataba dun "cargo auxiliar", o feito de que ese cargo estivese retribuido con 850 ptas. mensuais dá idea da escala de soldos en vigor dentro do Partido Socialista. Colección Quiénes son ellos, García Atadell. (1975): *Hombre símbolo,* Bilbao, Editora Nacional, pp. 15-16. Outros historiadores mencionan o cargo de secretario auxiliar: vid. Fernández, C. (1983): *Paracuellos del Jarama: ¿Carrillo culpable?*, Barcelona, Argos-Vergara, pp. 163-170, e Cabanellas, G. (1975): *La guerra de los mil días*, Buenos Aires, Heliasta, p. 799.

[2125] García Atadell (1975): *Hombre símbolo....*, op. cit., p. 16. En representación do Partido Socialista parece que viaxaba de cando en vez a Viveiro, onde organizou varias folgas de mariñeiros. Estivo detido no cárcere Modelo de Madrid xunto con Largo Caballero, Saborit, Zugazgoitia e Wenceslao Carrillo (pai de Santiago Carrillo), entre outros, por mor dos sucesos

Madrid, e tralo acordo do Goberno da República de armar ó pobo, o Director Xeral de Seguranza solicitou de todos os partidos políticos de esquerdas unha listaxe daquelas persoas incuestionablemente "afectas" para seren nomeadas axentes de policía. Naturalmente, entre os propostos polo PSOE figuraba Atadell, acoplado baixo as ordes do comisario de policía, Antonio Lino.

Sobre a composición e o funcionamento da súa brigada deu o propio Atadell moi interesantes precisións. Dependía, ós efectos legais, da "Primera Brigada de Investigación Criminal" mandada por Antonio Lino, pero era autónoma na súa actuación diaria. Había pois, dúas seccións desta Brigada: unha establecida na rúa Pi i Margall baixo o mando de Méndez (rival de Atadell na escalada xerárquica de postos) e outra, instalada no Palacete dos condes del Rincón, situado na rúa Martínez de la Rosa, nº 1, da que Atadell era xefe absoluto[2126].

"Paseos", "sacas" e "checas"[2127] era a tríada á que aparece vencellada á vaga de terror que invadiu Madrid durante o verán e o outono de 1936. Neste contexto, cómpre situar a brigadilla mandada por García Atadell. Normalmente, para as Brigadas de Investigación resultaban sospeitosos de traizón cantos tiveran militado nas filas da CEDA, Falange Española, Unión Militar Española (UME) ou tivesen experimentado sentimentos monárquicos e crenzas relixiosas[2128]. O seguinte paso consistía na práctica de rexistros seguida da detención; e era nas checas onde se torturaba e de onde se tiraban os detidos para fusíla-los, abandonalos mortos, enterralos en gabias ou botalos a pozos.

Ningunha Brigada tivo sona de humanitaria. Pero, malia todas obedeceren a uns mesmos fins, había unha grande diferencia entre unhas e

---

de outubro de 1934. Testemuño oral de R.P.D. Burela, 24-VI-2001.

[2126] A efectos internos tiña a súa brigadilla un segundo xefe, Ángel Pedrero García, dous xefes de grupo, Luis Ortuño e Antonio Albiach e ata 48 milicianos entre os que figuraba o galego Pedro Penabad. Colección Quiénes son ellos, García Atadell (1975): *Hombre símbolo…*, op. cit., p. 33.

[2127] "Checa" era o nome con que se coñecían os cárceres improvisados e organizados en numerosos edificios incautados, onde operaban as diversas Brigadas. A súa proliferación foi enorme, e en Madrid, Barcelona e Valencia funcionaron, en distintas etapas, varias ducias. Vid. Solé i Sabate, J.Mª. e Villarroya, J.: "Las checas", en Viñuales Solé, J. (ed.) (1997): *La Guerra Civil Española, vol 9: la batalla de Madrid*, Barcelona, Folio, 1997, pp. 101-106, así como S. Juliá, (coord.) (1999): *Víctimas de la guerra civil*, Madrid, Temas de Hoy, pp. 132 e 256-57.

[2128] Pastor Petit, D.: "La Quinta Columna", en Viñuales Solé (ed.) (1997): *La Guerra Civil Española....*, op. cit., pp. 89-100.

outras que o propio Atadell se encargaba de resaltar: a oficialidade. Algunhas Brigadas, como "Los Linces de la República" ou "Brigada del Amanecer" non tiñan carácter oficial e obraban con plena impunidade, sen render contas a ninguén do que facían, aínda que tanto o Goberno como o Director Xeral de Seguridade non descoñecían o funcionamento de tales partidas, de actuación ilegal. A "Brigada García Atadell" (que así se denominaba) era oficial:

> Era la mía una Brigada oficial controlada por la Dirección, a través del señor Lino, mi Jefe inmediato. El hecho de publicar en la Prensa detenciones era una garantía, pues las Brigadas no oficiales no lo hacían, ignorando los familiares de los detenidos donde se encontraban cosa que no ocurría en el caso de mi Brigada (…) La Brigada de Méndez y la mía, eran hijuelas de la Primera de Investigación Criminal, que mandaba Lino, de cuya Brigada y previa la firma de dicho Comisario General se cobraban las dietas de viaje, etc. y del cual se recibían las notas de los servicios que al ser realizados tenían que ser llevados a Víctor Hugo, 9, pasando de allí a la Dirección a las órdenes del Director y Jefe Superior respectivamente[2129].

Outra proba do seu carácter oficial demostrouse cando se "inaugurou" o Palacete no que se ubicaba, asistindo á inauguración as Autoridades. Tamén incidía Atadell en que na súa Brigada non se cometían tropelías a mancheas, como acontecía noutras análogas. A súa actuación era "seria" e "ben organizada". Así, por exemplo, na prensa figuraba sempre unha relación dos rexistros, detencións e incautacións levados a cabo pola "Brigada Atadell", e a seguir o listado de falecidos: "Han fallecido el ex-ministro de la Gobernación en el Gobierno Berenguer, General Marzo, y el ex-Conde de los Moriles señor Vitórica"[2130]. Sinalaba así mesmo que "Los Linces de la República" atopaban nos seus rexistros grandes cantidades en prata, xoias, etc.

¿Dicía isto Atadell para xustificar a actuación da súa Brigada, ou estaba quizais doído porque os devanditos autores carecían da oportuna patente e facíanlle competencia ilícita? Mais ben semella ser isto último a xulgar polo que

[2129] García Atadell (1975): *Hombre símbolo....*, op. cit., p. 21.
[2130] *El Heraldo de Madrid*, (8-IX-1936).

declaraba a prensa de esquerdas[2131]. E incluso el mesmo ten afirmado que nalgúns rexistros realizados en casas de persoas de certo relevo social non atopara a penas nada de valor, tal foi o acontecido na casa de Montiel (o propietario do xornal Ahora). Como complemento ás súas actividades rexistradoras non lle foi alleo o negocio da expedición de pasaportes, destinado sobre todo a numerosos traficantes de diferentes países e que el estaba en condicións de proporcionar, debido ó seu posto "oficial" e "legal"[2132].

Fose ou non un "melro branco" dentro das Brigadas, parece que salvou dunha morte segura a algunhas persoas, entre as que figuran un asesor xurídico de varias embaixadas[2133], a Rosario Queipo de Llano[2134] e mais á duquesa de Lerma, que estivo a piques de ser fusilada polos anarquistas da FAI, como o fora o seu home e varios dos seus familiares[2135]. No pólo oposto, Atadell confesa só unhas cantas víctimas; fala de oitocentas detencións, pero asegura que a meirande parte salvaron a vida[2136]. Perante tales exemplos, non resulta estraño que os historiadores se referisen a el alcumándoo de "falso revolucionario" e de "prototipo de carniceros que aparecen en todas las revoluciones"[2137].

No mes de outubro ten lugar a destitución de Lino como xefe da "Primera Brigada" e o nomeamento no seu lugar de Méndez, o perigoso rival. Atadell comprende que perdeu definitivamente a partida, e para confirmarllo o xornal Mundo Obrero publica un solto atacándoo, autorizado pola censura. Non conta xa co apoio do Goberno e empeza a preparar a súa fuga, para o que

---

[2131] "Es de destacar la fama que ha adquirido la Brigada Atadell por sus magníficos hallazgos de tesoros escondidos por el Clero y gente de derechas": *El Heraldo de Madrid*, (20-VIII-1936).
[2132] García Atadell (1975): *Hombre símbolo....*, op. cit., p. 26.
[2133] Atadell trocou a orde de detención pola asistencia a súa casa en calidade de invitado a un té na compaña dos diplomáticos de Inglaterra, Francia, Romanía e Países Baixos. Ibidem, pp. 39-43.
[2134] "Si doña Rosario Queipo de Llano hubiese caído en manos de cualquier Milicia o Grupo no controlados la hubiesen fusilado. Lo mismo a otras personas a quienes salvé (…) Muchos de los detenidos al caer en mi Brigada respiraban satisfechos": Ibidem, pp. 22-23.
[2135] Quérese ver nestes actos a vaidade de Atadell, que demostraba así o seu poder perante uns presos de alta categoría social, ibidem, p. 47.
[2136] Refírese só ós afusilamentos dun tal Cumellas, un tal Duque, unha señorita francesa, Carmen Bahlier, os irmáns Miralles e catro obreiros de *A.B.C.*: Valcárcel, José Pérez de la Rosa, José Gutiérrez e Lorenzo Pardo, en ibidem, pp. 37-38.
[2137] A primeira denominación corresponde a Solé, J.Mª. e Villarroya, J.: "Las checas", art. cit e a segunda, a H. Thomas (1976): *La Guerra Civil española*, vol 1, Barcelona, Grijalbo, p. 305.

realiza unha viaxe a Santa Pola (Alacante), onde se adica polas noites a dar misteriosos paseos en canoa[2138]. De contado, despois de anunciar á súa brigada outro servicio importante de contraespionaxe en Santa Pola, emprende a viaxe escoltado por unha parte desta. Despídea en Alacante, onde o 12 de novembro suben a bordo do barco arxentino "Primero de Mayo" con destino a Marsella varios pasaxeiros: eran Atadell, Penabad e Pedrero[2139], acompañados das súas respectivas donas[2140]. Sen embargo, non se sentía Atadell seguro en Francia e, sempre co seu acompañamento, zarpou o 19 de novembro para Cuba, a bordo do "Mexique".[2141] Despois de facer escala en dous portos españois (A Coruña e Santa Cruz de la Palma), e cando parecía que a escapatoria de Atadell e os seus secuaces era definitiva, minutos antes da saída do barco foi detido por un axente da policía franquista xunto con Pedro Penabad[2142].

Ámbolos dous presos foron transladados ó cárcere de Sevilla onde permaneceron dende o 24 de novembro de 1936, data da súa detención, ata o 15 de xullo do ano seguinte, en que tivo lugar a súa execución.

3.2. A carón de Atadell

Piedad Domínguez Díaz naceu en Xove no ano 1905. Era filla do industrial e armador de cabotaxe Eduardo Domínguez Bermúdez e de Bernarda Díaz Sánchez. En 1910 a familia transládase a Burela (Cervo), onde Piedad permanece ata 1913, en que ingresa como alumna no colexio de "Cristo Rey"

[2138] A excusa era buscar radios clandestinas en aras de descubrir uns gravísimos complots de espionaxe, tal e como declarou a *El Heraldo de Madrid*. A verdadeira razón radicaba en que, nese momento, atopábase ancorado alí un barco de cabotaxe propiedade da súa familia política: testemuño oral de R.P.D. Burela, 24-VI-2001.

[2139] Pedro Penabad era un dos 48 milicianos que tiña a súa brigada e Ángel Pedrero era o segundo xefe da mesma, despois de Atadell. Vid. nota nº 19.

[2140] Tanto a fonte oral como algúns historiadores teñen aludido a que levaba consigo unha "cuantiosa fortuna", consistente na súa meirande parte en xoias. Por iso, e para procurarse diñeiro en metálico, vendeu en Marsella uns brillantes que lle reportaron a suma de 84.000 francos, equitativamente distribuidos cos seus camaradas (García Atadell (1975): *Hombre símbolo....*, op. cit, pp. 56-57). Os propios republicanos denunciaron a súa fuga anunciando un castigo exemplar no caso de que voltara a España, Solé i Sabate, J. Mª e Villarroya, J. (1997): "Las checas", art. cit.

[2141] Unha das peculiaridades da pasaxe era que ninguén viaxaba co seu nome; e non ía ser García Atadell unha excepción: fíxose pasar por cubano. Un xornal de Santa Cruz de la Palma, segundo a narración directa dun pasaxeiro, titulaba a vida de Atadell a bordo da seguinte maneira: "una verdadera orgía a bordo" (García Atadell (1975): *Hombre símbolo.....*, op. cit. pp. 57-58).

en Viveiro, tomando os hábitos posteriormente. Coñeceu a Atadell en 1924, co gallo dunha festa celebrada na parroquia cervense de Vilaestrofe. A partir de aquí, os únicos datos verídicos son que García Atadell logrou namorala ata o punto de facela abandona-lo convento e "amancebarse" con el. Coa dote de Piedad, que el mesmo se encargou de que lle fora restituída, abandonaron Galicia, instalándose en Madrid.

Durante a súa estadía na capital do Estado, a vida desta muller foi anónima ou, cando menos, as fontes nada din dela. O seu protagonismo xurdiría posteriormente, chegado o momento do exilio. Piedad foi, polo tanto, unha máis das mulleres españolas, e galegas en particular, que tivo que exiliarse, e a súa motivación respostaba a circunstancias derivadas da súa situación sentimental. Nada novidoso, pois o mesmo acontecera coa meirande parte do colectivo feminino.[2143] Esta era a situación na que se atopaban as mulleres casadas que xeralmente, sentían a obriga de seguir ós seus maridos, comprometidos moi significativamente en prol da República. Sen embargo, Piedad Domínguez non tivo tempo de ser "muller de exiliado" senón que cáseque dende o primeiro momento tivo que afrontar o exilio en solitario. Embarcou canda o seu compañeiro no buque "Primero de Mayo", sendo este o único dato que se coñece verbo da súa persoa. Non obstante, unha vez no "Mexique" e rumbo a Cuba, xa sabemos algo máis debido á narración dun pasaxeiro:

> Cada uno de los detenidos en Santa Cruz de la Palma llevaba su correspondiente dama. No sé y por ello no puedo asegurarlo, si se trataba de verdaderas esposas o eran sus amantes (…) Las mujeres iban elegantemente vestidas. Su educación no era vulgar. Hablaban con soltura y demostraban saber desenvolver cualquier clase de conversación. Durante la travesía muy pocas veces las vimos en cubierta. Permanecían en sus camarotes[2144].

[2142] Ibidem, pp. 59-61.

[2143] Poucas foron as mulleres que saíron do país por conviccióǹs e responsabilidades políticas propias, o cal non exclúe que constituísen un importante grupo en termos cualitativos: vid. Domínguez Prats, P. (1992): *Mujeres españolas exiliadas en México (1939-1950*), Madrid, Universidad Complutense, p. 86.

[2144] García Atadell (1975): *Hombre símbolo....*, op. cit., pp. 58-59.

Unha vez detido Atadell, a sorte de Piedad decidiuna a saída do barco da illa canaria, non dando tempo a deter ó resto do seu acompañamento. Cando o buque chegou ó seu destino, Cuba, axiña entrou en contacto co cónsul inglés para que lle arranxara os papeis co obxectivo de retornar a Francia, viaxe que realizou dende os EE.UU. (Nova York) e da que ignoramos a causa[2145].

O certo é que na viaxe, estadía e volta do continente americano investiu Piedad non máis de sete meses, pois en xullo de 1937 xa estaba instalada en Francia, concretamente en Hendaia, nunha Residencia das Irmás da Caridade, onde recibía a correspondencia que Atadell lle enviaba dende a cadea sevillana. A través das devanditas cartas podemos comprobar que está con ela a muller de Pedro Penabad, da que éste lle dí que debe tratala como unha irmá ata que poida resolver a súa vida e máis a da súa nena recentemente nada, da que ámbolos dous han selos padriños. Pero o feito máis importante destas cartas é que revelan a (¿suposta?) conversión de Atadell:

> En estos últimos meses he meditado y leído mucho la vida de los Santos. Soy católico. Confesé y comulgué y vivo contento (…) Ha días te di poder para contraer ahí mi matrimonio canónico (…) quise darte una alegría y cumplir así mi promesa. Ya sabes, pues, mis intenciones. Si algo ocurriese te dejo en la más amplia libertad para que adoptes el estado que más convenga a tus inclinaciones y sentimientos. Quiero que se cumplan las siguientes promesas que yo hice: Dar una misa al Santisimo Ecce Homo de Vivero. Otra, a San Tirso de Portocelo. Otra, a San Andrés de Teijido. Otra, a la Santísima Virgen de Lourdes en Vivero. Otra, en la Iglesia de Santiago de Bravos. Todas ellas en intención mía y de Pedro[2146].

Non por iso abandona Atadell o seu espírito práctico, informándoa do patrimonio que lle queda: de quen ten a súa "hijuela" así como o producto dun desmonte de piñeiros, quen lle adebeda cartos e qué cantidade e, por último,

[2145] Testemuño oral de R.P.D. Burela, 24-VI-2001.
[2146] Cartas datadas o 4 e o 7 de xullo de 1937, en García Atadell (1975): *Hombre símbolo...*, op. cit., pp. 81-83.

os piñeiros que ten e o que valen. Sabemos igualmente da gravidade dunha doenza (¿?) que sofre Piedad, e da necesidade que ten de ser operada. Este feito, xunto coa súa posterior convalecencia, convértense nos protagonistas das cartas que seguen ata o momento da morte de Atadell.

Por último, horas antes da súa execución (foi aforcado xunto con Penabad) escribe a súa derradeira carta, dirixida ó seu grande amigo Indalecio Prieto, que transcribimos integramente polo asombroso do seu contido:

> Mi amigo Prieto: Ya no soy socialista. Muero siendo católico. ¿Qué quiere que yo le diga?. Si fuese socialista y así lo afirmase a la hora de morir, estoy seguro que usted y mis antiguos camaradas lamentarían mi muerte y hasta tomarían represalias de ella. Hoy, que nada me une a ustedes, considero inútil decirle que muero creyendo en Dios. Usted, Prieto, antiguo amigo y antes camarada, piense que aún es tiempo de rectificar su conducta. Tiene corazón y ese el primer privilegio que Dios les da a los hombres para que se consagren a El. Rezaré por usted y pediré al Altísimo su conversión. A. García Atadell. (Rubricado)[2147].

Morto Atadell, nada se di sobre Piedad, da que sen embargo, sabemos que o estado civil que escolleu foi o de casada, e logo viúva do mesmo. Unha vez restablecida abandonou Hendaia para dirixirse a París, onde traballou como criada ó servicio da familia Mounier. Estivo tamén en Combroude, Pau e Lourdes para, xa ó final, retornar a Hendaia. Durante o seu exilio mantivo contacto con moitos homes da República, entre os que se conta o notario Maseda Bouso. Non puido voltar a España ata finais de maio de 1956, despois de varios tentos frustrados (sempre lle denegaban o permiso). Pasou entón a residir en Mondoñedo, onde era párroco un sobriño seu, e máis tarde en Burela ata a súa morte ocorrida o 25 de marzo de 2001. Sen embargo, os primeiros tempos da súa chegada non foron nada fáciles. A súa familia tivo que prestar declaración perante as Autoridades, e mesmo foi denostada por algúns curas da

[2147] Villacampa, C. G. (1937): *Los últimos momentos de García Atadell*, Sevilla, Imprenta de San Antonio, pp. 21-22. As derradeiras verbas de Atadell ó pé do patíbulo foron: "¡Viva Cristo Rey!, ¡Viva España!". ¿converteuse realmente, ou xogou a súa derradeira baza?.

zona. Non era para menos, xa que se trataba da muller do satanizado e mitificado García Atadell[2148].

4. OUTRAS DÚAS HISTORIAS

4.1. De carabineiro a guerrilleiro e logo republicano: Pedro Pozuelos Fernández (1913-?).

O asentamento de Pedro Pozuelos en Cervo, e concretamente na parroquia de Burela, produciuse dun xeito casual. Era aínda un neno cando súa nai, unha asturiana de Castropol, casou en segundas nupcias cun carabineiro andorrano, viúvo e con dúas nenas tamén pequenas, que constituirían a súa única familia. Todos eles chegaron a Burela por mor do que sería o destino definitivo do pai. Co tempo, o rapaz quixo seguir a mesma carreira có seu proxenitor, iniciando a súa formación no Escorial e tendo logo como primeiro destino Irún. Alí sorprendeuno o estalido da Guerra Civil e é de supoñer a súa incorporación ó Exército da República, exiliándose na fuxida masiva a Francia que tivo lugar dende Cataluña.

Voltou a mediados dos anos corenta. Mais ó cruzar a fronteira foi feito prisioneiro, pasando ó penal de Burgos e logo ó de Santoña. Neste derradeiro permaneceu ata o ano 1963 gracias ó indulto concedido á morte do Papa Xoán XXIII[2149].

Segundo se desprende dos datos que puidemos obter, a súa traxectoria parece encaixar con aquelas unidades de guerrilleiros ("maquis") que pasaron a fronteira francesa baténdose coas tropas franquistas que acabaron por dezmalos. A idea destes homes era a de "reconquistar" España, e para ese fin foi creado o Exército Republicano de Liberación. As denominadas "invasións" comezarían no derradeiro tercio do ano 1944, sendo os dous episodios máis espectaculares os dos vales do Roncal e Arán. A carón deles tivo lugar unha

[2148] "Tardaron moito tempo en deixala en paz, tanto a ela como á familia. Testemuño oral de R.P.D. Burela, 24-VI-2001.

[2149] Testemuño oral da súa irmá A.M.C. Burela 5-VI-2001. Conta esta muller que el pasara a fronteira co seu "batallón" pero houbera unha "escaramuza" e colléronos a todos prisioneiros. Ó sair do cárcere estableceuse en Navarra, onde morreu (descoñécese o ano) sen voltar endexamais a Burela, aínda que mantiña un estreito contacto epistolar coas súas irmás e sobriños.

constante filtración de elementos armados que tentaban conectar cos combatentes do interior e facer efectiva unha organización única que coordinase a loita guerrilleira a nivel estatal. Este tento fracasou, e a sorte que tiveron os detidos foi, en xeral, unha mesma: xuízo, cárcere e/ou execución[2150].

A Pedro Pozuelos deparoulle o destino anos de reclusión. Primeiro, como xa dixemos, en Burgos[2151], e logo en Santoña, onde recibía periódicas visitas de mariñeiros bureleses, que daquela "andaban" ó bocarte polas zonas cántabra e vasca.[2152] Non voltou a Burela, pero si a Galicia, e o máis preto que estivo da citada localidade foi en Ribadeo. A causa de que non se achegara obedecía, cáseque con toda seguridade, á militancia falanxista dun dos seus cuñados.

4.2. Os "fuxidos" de San Cibrao

Esta parroquia foi, como xa dixemos, a máis politizada de todo o concello de Cervo. Nela sopexaban os "fuxidos", entre os que eran especialmente coñecidos "Miranda" e Antonio Paleo Saavedra.[2153] Os feitos que se narran a continuación tiveron lugar no ano 1946 e, seguindo a H. Heine, quizais estean relacionados coas desercións constantes de guerrilleiros trala publicación da nota tripartita do mes de abril na que os ministros de Asuntos Exteriores dos EE.UU., Inglaterra e Francia declaraban que o establecemento dun goberno democrático en España era tarefa exclusiva dos mesmos españois, na que non pensaban intervir as potencias occidentais.

A idea de efectuar unha evacuación por mar foi gañando adeptos entre moitos guerrilleiros das zonas de Ferrol, Pontedeume e Viveiro. Unha vez pasado o outono, varios destes guerrilleiros iniciaron as xestións

---

[2150] Kaiser, C. J. (1976): *La guerrilla antifranquista. Historia del maquis*, Madrid, Ediciones 99, S.A., pp. 63-70 e 86.

[2151] Este cárcere tiña sona de "terrible". A maioría dos homes que ficaban nel estaban condeados a morte, e producíronse moitas baixas por fame e frío: vid. Moreno, F. (1999): "La represión en la posguerra" en Juliá, S. (1999) (coord.): *Víctimas....*, op. cit. pp. 277-406.

[2152] "Neste cárcere seica estaba moi ben, moito mellor que en Burgos (…) eu daquela era moi neno pero oía contar esta historia ós armadores que foron velo: "O Curro", "O Pasarín" e outros". Testemuño oral de R.P.G. Burela, 25-VI-2001.

[2153] Testemuño oral de M.V.G. Lieiro, 25-VI-2001. Ámbolos dous formaban parte do núcleo de Viveiro correspondente á III Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia, que veu a luz a finais do ano 1945: vid. Heine, H. (1980): *A Guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, Xerais, p. 131.

correspondentes, levando un papel protagonista na acción o mariñeiro Antonio Paleo. El foi quen se encargou de agrupar á xente e de contratar o barco.[2154] Tocoulle en sorte ó "Santa Teresa", propiedade do armador de San Cibrao, Laureano Pérez Rubiños, quen levaba consigo como única tripulación ó maquinista Victoriano Mosquera. A travesía foi problemática, xa que por culpa do mal tempo tiveron que entrar de arribada no porto de Xixón. Preguntado o armador pola causa da viaxe, contestou que ía reparar a embarcación a Zumaia, con vistas á vindeira costeira do bonito.[2155] Pero as súas vicisitudes aínda non remataran. Ó chegaren a Baiona, non souberon entrar na ría e embarrancaron, sendo descubertos pola policía francesa. Isto imposibilitou que tanto o patrón como o seu barco regresasen desapercibidamente a España, quedándolles como única alternativa a de ficar en terra francesa xunto cos pasaxeiros que levaran.[2156]

Non foi este o único barco de San Cibrao que fixo unha viaxe deste tipo. O "Don Tomás", propiedade de Benigno Sánchez Vázquez, levou tamén a dous escapados: os irmáns Mario e José Martínez, ámbolos dous médicos e naturais de Lugo. A tripulación estaba composta, como no caso anterior, do propio armador e do fogoneiro (Eliseo Montenegro). O Alzamento "collera" a estes irmáns veraneando en San Cibrao, e perante o temor de que os prenderan (de feito, falanxistas de Lugo desprazáranse ata a costa na súa procura) contrataron un barco para que os levara ata Avilés. Con eles ía tamén o irmán do propietario da súa casa de veraneo, Manuel Cao, con sona entre os veciños de socialista. Unha vez en Avilés os dous irmáns continuaron viaxe ata Francia, mentres a embarcación era requisada polas forzas republicanas, o seu armador encarcerado polas tropas franquistas (morrería no cárcere) e dos dous tripulantes perdíase toda noticia. Sen embargo, cando Asturias foi tomada polo exército sublevado Manuel Cao voltou a San Cibrao, onde estivo oculto na súa

[2154] Fálase de 22 persoas, entre as que se atopaba o delegado dos guerrilleiros da zona noroeste, Manuel Piñeiro, "O Manolo do Menor", ibidem, pp. 155-56.

[2155] Durante o tempo que permaneceron en Xixón, ningún dos "pasaxeiros" saíu a cuberta, véndose só ó armador e ó maquinista. Testemuño oral de M.V.G. Lieiro, 25-VI-2001.

[2156] Así o describe Heine na súa obra xa citada, versión que atopa corroboración na historia oral: "ó pouco de chegar a Francia, tanto o patrón como o maquinista reclamaron as súas mulleres e non voltaron a España ata comezos dos anos setenta". Testemuño oral de M.V.G.

casa ata o final da guerra, momento en que uns amigos o levaron para Quiroga. Estableceuse alí como mecánico. Nembargantes, en 1943 o alcalde de Cervo e á vez xefe local de Falanxe, Jesús Taladrid, fai unha visita ó seu íntimo amigo, o alcalde de Quiroga. No decurso da mesma unha avaría no seu coche provoca o encontro entre ámbolos dous. Nada pasou. Pero un mes máis tarde Manuel embarcábase para Arxentina con toda a súa familia[2157]

5. CONCLUSIÓNS

Quizais pouca conclusión poida facerse destas tres pequenas historias moi diferentes entre sí pero, como dicíamos ó comezo do traballo, cinguidas polo feito común de estar protagonizadas por exiliados. Trátase, sen embargo, de exiliados que semellan non pertencer ó estereotipo básico que figura nos libros e do que tamén temos oído falar ós nosos maiores; e é precisamente aquí onde reside a súa orixinalidade. No caso de García Atadell, non pode dicirse que se exiliara debido á falta de liberdade e xustiza; nin tan siquiera pensou na España convulsa que deixaba detrás de si a xulgar pola súa frase:

> Cuando dejaba España para ir al Extranjero, pensaba que "mi política" quedaba en el último puerto español[2158].

Para el, os acontecementos que se sucederon constituíron unha excelente oportunidade que soubo aproveitar no seu beneficio particular; e cando sentiu que chegaba o perigo soubo tamén quitarse do medio e pechar a súa "política" cun balanzo altamente satisfactorio. Pero, ¡mala sorte!, foi descuberto. Sen embargo, pechada unha vía, axiña, como bo home de negocios, abriu outra, por si valía: ningún vencello lle unía xa ós seus antigos camaradas e abxurou de todos eles (lembremos a carta a Indalecio Prieto): ¿materialismo marxista?, ¿materialismo capitalista? Tal vez só materialismo.

Lieiro, 25-VI-2001.

[2157] Marchou reclamado por un irmán e viviu en Bos Aires ata o ano 1963 en que voltou definitivamente a España estableceéndose en Vigo. Testemuño oral de M.V.G. Lieiro, 25-VI-2001.

[2158] García Atadell (1975): *Hombre símbolo....*, op. cit., pp. 26 e 56.

A conducta deste home reverteu en Piedad, quen tivo que soportar un dobre "inferno" sendo denostada tanto polo bando nacional como polo republicano. A fonte oral cargoulle para sempre o "sambenito" de ser a muller de quen roubara á República a mans cheas (foi un rumor moi estendido de que Atadell escapara con boa parte do ouro da República e de que incluso fora asasinado polos seus camaradas).

O caso do carabineiro Pedro Pozuelos entra xa dentro da "normalidade": un carabineiro republicano que se exilia a Francia, voltando logo como guerrilleiro.

Finalmente, o suceso dos "fuxidos" de San Cibrao foi moi comentado en todo o concello, posto que nel se mesturaron exiliados políticos con outros que non o eran: os armadores e tripulación dos barcos, e que tampouco puideron voltar non só a terra senón ó propio país. Cabe pensar entón que se non actuaron movidos por ideas políticas é posible que se trate doutro caso de materialismo, se ben a pequena escala: os "escapados" contrataron o servicio dos barcos polo que había diñeiro de por medio. A resposta atopámola indirectamente na fonte oral, que nunca se asañou cos armadores dicindo, pola contra, que actuaron así movidos por sentimentos humanitarios. Si a esto engadimos o feito de que tamén se intentou negociar con embarcacións do porto de Burela pero sen chegar a ningún acordo, temos pois que concluír que os devanditos armadores e mariñeiros de San Cibrao eran cando menos, simpatizantes coas ideas dos que levaban a bordo. Lembremos a frase dun mariñeiro burelés xubilado: "Os de San Cibrao sempre foron máis políticos" que os de Burela (e así o demostrarían nos seus respectivos Pósitos de pescadores ó chegar o réxime franquista).

ENTRE A ILUSIÓN E A DESESPERANZA: SALVADOR ETCHEVERRÍA BRAÑAS (1937-1957)

Emilio Grandío Seoane
Universidade de Santiago de Compostela

Voltar ó pasado resulta en moitas ocasións doloroso. Mais o traballo do historiador reside precisamente niso: retomar as sensacións, as percepcións da xente nunha época concreta do xeito máis achegado posible á realidade. As victorias e as derrotas son os momentos puntuais mais sintomáticos da actividade humana, mais tamén hai que falar non só destes, senón tamén do percorrido individual, da subxectividade a medio e longo prazo.

No caso concreto que nos ocupa a mesma duración do exilio non foi un feito puntual de seu, xa que abarcou moitos anos e varias xeracións. Todas estas persoas, as que se foron e as quedaron na terra, permaneceron nunha situación de estancamento da súa sociabilidade interna, mesmo con persoas moi importantes da súa familia. Esta realidade que, para nós resulta anómala, o é precisamente polo análise que realizamos e con algunhas xeracións de distancia, mais esta 'anormalidade', ó ser verificada de xeito absolutamente cotián, convertíase nunha situación normal. Xa non falamos dos anos da guerra, da represión xeneralizada da sociedade civil, do fraccionamento das familias ou mesmo do agachamento das expresións que non coincidiran co 'discurso oficial'. Neste caso estamos a falar do alonxamento físico, real, tanxible, coa verificación da existencia do achegado unicamente por carta –nos casos nos que se podía facer- ou mediante informacións verbais levadas coa máxima das reservas.

En virtude destes parámetros podemos considerar que un dos medios máis axeitados para explicar o exilio é o da biografía. Porque o fenómeno do exilio, independentemente de todo o que teñamos ó seu redor -organizacións clandestinas, redes de apoio, comprobación e existencia de novas pautas de

sociabilidade, etc.- é un acontecemento moi vencellado á individualidade, mesmo dende a decisión persoal de fuxir sen saber case nada do seu destino nin do seu futuro, e sobre todo en virtude dese desgarramento interno e constante que vai minando o ánimo e a moral da persoa.

Esa situación de desamparo viuse motivada non tanto polo carácter e as condicións do exilio en sí, duras xa de seu, mais sobre todo pola duración do réxime franquista. Como dí o título desta aportación, pásase da *ilusión* de retornar, da procura do apoio internacional ante unha situación considerada a todas luces inxusta e baseada de xeito único na forza militar, á *desesperanza*, á perda paulatina -máis constante- de solucións, agravadas polo paso do tempo e por unha realidade internacional negativa para os intereses dos exiliados españois. Tanto unha como outra son expresións persoais de ánimo nun longo camiño a percorrer.

O material documental que presentamos é dun excepcional valor debido a súa novidade. Son os documentos inéditos dun alto cargo da política española da II República e do seu exilio, polo tanto son testemuñas de primeira man a cargo de coñecedores a fondo da problemática. E evidente que nestes páxinas resulta imposible volca-lo percorrido de case trinta anos de actividade política, mais unicamente pretendemos amosalo como mostra da súa existencia, como a de tantos galegos mobilizados forzosamente nestes anos polo seu compromiso político. As escasas liñas que seguen son pinceladas, toques de cor que perfilan unha experiencia vital vencellada ó republicanismo.

1. NA DÉCADA DOS TRINTA

Mais ¿quen é Salvador Etcheverría Brañas? Nado no Ferrol en 1894, e tras primeiros estudios realizados en institucións relixiosas, acada o grao de licenciado en Dereito na Universidade de Santiago en 1917. Casa nese mesmo ano con Carmen Vázquez de Hermida, de familia con ascendencia nobiliar. Trala herdanza dos seus pais, dedícase a administrar importantes extensións de terras polas cercanías da Coruña[2159].

[2159] Gómez Rivas, I.; 'Os apuntes inéditos redactados por Salvador Etcheverría Brañas para a continuación das súas memorias políticas', *Anuario Brigantino* 1995, nº 18, p. 176.

Tras algúns escárceos políticos cos primeiros anos do réxime de Primo de Rivera, vencéllase ó proxecto 'casarista' da ORGA dende 1930, mais distánciase xa nos primeiros anos da República ó integrarse no Partido Radical Socialista, de grande influencia nestes anos na cidade da Coruña–o segundo partido local tralos 'casaristas'-. Chegará a ter importantes responsabilidades no partido: Presidente do Comité Provincial, trala súa constitución como agrupación o 23 de xaneiro de 1933[2160], e mesmo membro do seu Comité Nacional. Tralos feitos de outubro de 1934 e a suspensión das actividades de todas aquelas entidades de esquerda decidiuse ó troco de nome da organización política, integrándose o Partido Radical Socialista e o Partido Radical Demócrata baixo o novo *apelido* político de 'Unión Republicana'[2161]. Salvador Etcheverría segue a Martinez Barrio e integra o comité dirixente da agrupación.

Como vemos Salvador Etcheverría levou unha importante carreira política nos anos republicanos, mesmo chegando a ocupar postos de representación oficial, como o nomeamento como Gobernador Civil de León no tempo de Casares Quiroga como Ministro de Gobernación. Aínda das súas posicións inequivocamente progresistas no plano político, sobre todo no referente á defensa do réxime republicano, ben poderíamos definilo como un republicano 'conservador', dos moitos que había na cidade da Coruña naqueles anos trinta. Na súa persoa conxugábanse a postura de defensa activa das liberdades políticas que traía o sistema democrático co mantemento dos seus intereses económicos, ameazados en boa medida pola actitude combativa de boa parte dos colectivos sindicais. A Coruña dos anos trinta era a cidade republicana de Galicia, pegada que tiña unha fonda tradición arraigada xa en anos. O seu líder político Casares Quiroga acadara importantes posicións nas estructuras de poder do Estado en virtude precisamente dese 'republicanismo'. Mesmo as primeiras organizacións de republicanismo de dereitas de Galicia, de orixe

[2160] Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, Mazo 2655.
[2161] Según notificación enviada a todas as agrupacións provinciais deses partidos o 30 de decembro de 1934; ARG, FGC, Mazo 2655.

autónoma e non de implantación de estructuras de poder local dende Madrid -Maura ou Alcalá Zamora-, xorden na cidade herculina[2162].

Nesta realidade política ten lugar o ascenso político de Etcheverría. Mais no verán de 1936 comezaría o seu *calvario*, como o de moitos outros comprometidos coa República. No mes de xullo atópase na Coruña e é detido polos sublevados e logo enviado á cadea. Nas súas impresións posteriores os días transcorridos na cadea significaron sen dúbida ningunha a súa máis dura experiencia vital. Sempre constatou despois unha sensación de terrible impotencia, de absoluto desamparo ante as actitudes violentas dos militares sublevados e dos seus corpos civís paralelos. Se cadra, non voltou a ser a mesma persoa. Na ficha que tiña aberta trala súa fuxida en novembro de 1937 no Servicio de Investigación y Vigilancia da Delegación de Orden Público da Coruña indicábase, ademais da súa idade, profesión, estado civil e domicilio no número 45 da Rúa de Rubine, que o motivo do seu seguimento era a asistencia e participación nos mitines radical-socialistas, informando de xeito *desfavorable* cara súa persoa[2163].

Etcheverría logrou fuxir da cadea coa colaboración de certas sociedades de carácter secreto o primeiro día do ano 1937. As relacións entre estas redes relacionais clandestinas –e non unicamente as procedentes da Masonería- funcionou de xeito máis que suficiente na Coruña dos anos da guerra. Mesmo neste caso semella que foron persoas vencelladas ás organizacións relixiosas non católicas as que facilitaron a fuxida. Nas súas memorias reflicte o momento deste xeito:

> Muchas y terribles emociones he vivido hasta el día 31 de Diciembre de 1936, en que pude libertarme de la peregrinación por las prisiones de la

[2162] A creación da 'Coalición Regional de Derechas Democráticas' liderada por Cornide e Sandez foi a única organización de ámbito galego que recoñecía explícitamente o réxime republicano como seu. A súa existencia foi efímera, arredor dun ano, e a súa influencia, reducida ó ámbito urbán herculino. A súa estructura dirixente rematou sendo absorbida pola rede católica da 'Unión Regional de Derechas', logo renomeada como CEDA; en Grandío Seoane, E (1998).; *Los orígenes de la derecha gallega. La CEDA en Galicia (1931-1936),* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, p. 78-83.

[2163] 'Indice Alfabético-onomástico de investigados-informados por Delegación de Orden Público', Arquivo do Reino de Galicia, mazos 4671-4687/1.

> Falange; hasta esa fecha quedé atrapado en las tenebrosas redes de los implacables enemigos. Mi atribulada familia tuvo el valor estóico de soportar enérgicamente los sinsabores a que los sometió mi conducta republicana, y trabajar sin descanso en favor de mi liberación. Fueron tan inteligentes y sagaces, que hicieron una victoria sobre la muerte. En la madrugada del día 1º de Enero del año 1937, salía de La Coruña, camino de Lisboa, en busca del navío que me había de conducir a la tierra de promisión.
>
> Cuantas palabras estampase aquí para expresar mi profundo agradecimiento dedicado a los que trabajaron por mi libertad, serían pozas y nunca darían noción exacta de mi mondo sentir. La débeda de gratitude queda en pie para toda mi vida.
>
> Protegida, previsoriamente, la retirada, por mi sobrino Trillo-Figueroa, alcancé la frontera portuguesa en la alba mañana del día que siguió; allí dejé a este magnífico celta, que vive en mi memoria en recuerdo perdurable.
>
> Si, siempre es partir, morir un poco en la mañana de aquel 1º de Enero de 1937 sentí, porque negarlo, una angustia infinita [2164]

A sensación de medo do grupo de fuxidos que partían con él de Lisboa cara Cuba era tan grande, a impotencia sufrida na súa alma nos días da cadea, e o temor a ser vixiados era tan real que ata cinco días despois de iniciada a viaxe non se sentiron seguros, e procuraron mesmo liberarse desa sensación dun xeito simbólico:

> En la noche del quinto día de navegación, nos reunimos, como de costumbre, los tres fugados del infierno fascista que vamos a bordo. La nave va encendida; mientras se ríe, se baila y se bebe, nosotros tenemos algo más importante que hacer: la escena con ribetes de misa negra, fue preparada meticulosamente en el silencio de aquella noche oscura; íbamos a dar sepultura en el mar, a las repugnantes reliquias que simbolizaban la podrida y terrífica Falange. Mis dos camaradas de infortunio, habían salido con dos banderas monárquicas prendidas en la solapa, como forzado tributo a la traición, que para algunos sirvió de improvisado salvavidas. Una botella, que llevaba en su vientre una leyenda sublime y los recuerdos sombríos, fue sepultada en el

[2164] Etcheverría, S. (1989): *Eclipse en España*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, p. 24.

> océano misterioso, que devoró calladamente la blasfemia de los tres argonautas de la libertad[2165]

Nos anos que durou a guerra civil en España, Salvador Etcheverría recorre varios estados americanos. A súa chegada a Cuba caracterizouse pola improvisación, sendo retido durante varias horas, mais tamén funcionou a solidariedade do exilio sendo recoñecido dende o primeiro momento e visitado de xeito inmediato no Campo de Refuxiados, para acadar así o visado diplomático.

Tras unha visita á Embaixada española en México foille recoñecido o apoio da alta dirección republicana e foi enviado de volta a Cuba para que observara a situación política na illa respecto ó conflicto armado. O 3 de agosto de 1937 é chamado ó Consulado de España en Veracruz, un dos postos importantes do exilio mexicano, tanto polo control de boa parte do territorio do Estado, como pola importancia do seu porto. O seu traballo consistiu en recompoñe-lo exilio, en agrupar no xeito do posible á militancia republicana, bastante dispersa polo carácter clandestino e secreto da súa emigración e polo xeito individualizado de fuxir do territorio español. Chegou a identificar a 160 persoas, cifra considerable en relación ó volume do exilio naquel país nestes anos, repartidos entre os territorios de Yucatán, Tabasco, Chiapas, Veracruz, Oaxaca e Campeche. Ademais, e isto terá continuidade noutros territorios e tempos, designou Vice Cónsules Honorarios de carácter republicano, substituíndo ós fieis á tradición monárquica de antes da proclamación da II República, e que ninguén ata agora se preocupara deles. Nestes días tamén realizou unha significativa misión: o envío de armas cara ó exército republicano. O 26 de decembro de 1937, o vapor 'Ibay', a primeira expedición de armas dende México, zarpaba rumbo á España republicana.

Mais hai que ter en conta tamén que algo muda a partir do verán de 1937: de xeito implícito recoñécese a derrota do exército republicano. O exilio agarda unha *miragre*, unha viraxe da política internacional de 'non-intervención' que facilite a derrota dos 'nacionais', ou que cando menos a vaia retardando

[2165] Idem; p. 29.

ata entrar no conflicto a grande escala que se prevé coa Alemania nazi[2166]. Neste contexto o exilio mobiliza todos os seus efectivos diplomáticos nunha actividade frenética, da que é parte tamén o mesmo Etcheverría: en agosto de 1938 é trasladado de xeito inesperado cara a legación republicana de Santo Domingo e Haití; xa no remate definitivo do conflicto, en abril do ano 1939 marcha cara Puerto Rico e a finais de maio entrevístase co Embaixador de España en Nova York, o ex ministro Fernando de los Ríos, de quen recibe unha negativa impresión –mesmo chega a dicir que o atopou "abrumado por un derrotismo imperdonable"-[2167].

Volta a México e neste momento de derrota reflexiona sobre o futuro do exilio, nada confortador, mais crudamente sincero e axustado á realidade:

> Todavía son muy pocos los emigrados que buscan refugio en el hospitalario pais mexicano; se anuncian remisiones caudalosas de excombatientes y la llegada de muchos que pertenecieron a la plana mayor de la dirección republicana. En breve plazo se abrirán las compuertas de la generosidad para dar cabida al torrente emigratorio español que pueda librarse de la catástrofe de Europa. Creo que soy el primer exilado a quién le es posible montar un negocio. Los que van llegando, reciben mezquinos subsidios de las incapacitadas entidades que creó el Gobierno para atender a los menesterosos refugiados.
>
> Voy observando, con tristeza, como esos organismos distribuyen torpemente, con arbitrariedad y sin elegancia, los activos patrimoniales de la República entre seleccionados ciudadanos que tienen, al parecer, influencia decisiva con los administradores. Los más amigos logran obtener numerario suficiente para establecer comercios e industrias; me dicen que se están repartiendo sumas importantes entre los más allegados a la dirección de las

[2166] Aínda nos primeiros días de 1939 Etcheverría considera que pode mesmo haber un cambio favorable á República na política internacional:

"Por mi parte, sigo en la modestia y humildad franciscana, esperando estóicamente el desenlace que ya no tardará. Quiero reservarme para ver el nuevo tránsito y esperar fríamente en la hora que va a venir"; Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 1 de xaneiro de 1939.

[2167] O percorrido de Salvador Etcheverría extráese do seu libro de memorias xa citado: Etcheverría, S.; *Eclipse en España*…, op. cit. p. 32-33, 34,36, 46, 54, 54-55, 73, 90, 151, 157 e 163.

> sociedades de auxilio. Para otros, se estudia la explotación de propiedades agrícolas en régimen de colectividad; se abren comedores y refugios para los menesterosos; se crean escuelas para atender la educación de los hijos de los exiliados. Para muchos de los que van llegando hay dinero bastante, repartido de una forma u otra; pero esto se hace con un criterio tan falto de equidad, que el tono de injusticia va a provocar una grave descomposición en la familia de los desterrados[2168]

2. ¿UNIDADE OU DIVISIÓN?

O ex gobernador civil de León manifféstase sempre moi crítico coa estratexia política levada a cabo polo exilio. A súa pauta de comportamento ante o problema é constante: xuntar forzas en vez de fragmentalas. Xa no final da súa vida, Etcheverría vai facer reconto da súa actividade nos primeiros anos corenta, momento no que a loita aberta en Europa, o enfrontamento bélico entre fascismo e democracia, amosaba novas vías de solución para os republicanos. Na data emblemática do 14 de abril de 1940 difundíase un manifesto da que pretendía ser a nova alternativa protagonista do "republicanismo demócrata e liberal". Non se incluía a representantes do PSOE, PCE ou das centrais sindicais UGT e CNT. Aínda así a unidade de acción no foi doada. Tardouse outro ano, ata o 14 de abril de 1941, para dar forma e constitución á 'Acción Republicana Española', que presentaba delegacións en Colombia, Chile, Puerto Rico, Cuba, República Dominicana, Costa Rica, Honduras, Bolivia, Nicaragua, México e Ecuador. O seu propósito, non lembrar para nada á coalición 'Frente Popular', presentar un proxecto de republicanismo moderado decidido a xuntarse fronte os aliados contra o fascismo e comunismo, xa que aínda estaba vixente o Pacto Molotov-Von Ribbentrop. Cando Alemania invade a Unión Soviética a situación diplomática internacional dá unha viraxe contraria ás pretensións da ARE[2169].

[2168] Idem; p. 166.

[2169] "Prácticamente ya en 1942 había perdido velocidad el grupo de A.R.E., que animaron los republicanos ortodoxos, como empezó el desgaste rápido de las últimas baterías del Partido Comunista, que tuvo que replegarse por algún tiempo hasta las trincheras de seguridad de su propia organización"; Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, Anos 1956-1957, p.11.

Mais Etcheverría, que participa nese proxecto aínda que sen salientar a súa figura, ten outra idea para o futuro do exilio, nun plano que agrupara ás dúas tendencias maioritarias representadas polo republicanismo moderado e o PCE:

> Fracasado el movimiento centrífugo que patrocinaban los dos contrapuestos ponentes, pensamos algunos republicanos que, tal vez, fuese más práctico realizar el inverso, buscando el entendimiento de las fuerzas dispersas agrupando a los republicanos en primer lugar por sus regiones de origen. Vascos, Catalanes y Gallegos hicimos un esfuerzo en ese sentido que logró en algunos casos éxitos fugaces[2170]

Polo que se refire ó caso galego, Etcheverría é un dos principais animadores desta converxencia. Mesmo considera esta falta de unidade como a victoria máis determinante de Franco:

> Bien podemos decir que esta violentísima pugna provocó en el destierro la verdadera guerra civil, haciendo ganar a Franco la única batalla en la que no tuvo necesidad de disparar un solo tiro, para cotizar más tarde su pírrica victoria ante las puercas democracias que llegaron a pensar que los liberales españoles estábamos incapacitados para regirnos por nosotros mismos[2171]

En outubro de 1942 publícase o Manifesto da 'Alianza Nazonal Galega', asinado en primeiro lugar polo seu Presidente, Salvador Etcheverría. Nun primeiro momento é apoiada por numerosas sociedades galegas do exilio e mesmo por moitos que residían na mesma Galicia "cuando nos fue posible hacer llegar hasta ellos nuestro propósito". Asinaron membros do Grupo Republicano Galego, PSOE, PCE, Irmandades, UGT, Mocedades, etc, no que constituía a tentativa máis sólida ata aquela data de reconstitución da unidade de acción da 'Frente Popular' en Galicia. Durante o ano 1944 realizáronse

[2170] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, Anos 1956-1957, p. 9.
[2171] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, Anos 1956-1957, p. 11.

distintas xuntanzas, a maior parte delas para abordar cuestións de trámite[2172], mais o proxecto fracasou de xeito definitivo no ano 1945. Para Etcheverría a culpabilidade deste naufraxio estaba clara:

> Se malogró… por la interferencia de otros núcleos que pretendieron imponer extremismos inaceptables para la mayoría de los que propugnamos la idea original. La impolítica de algunos grupos de Irmandades Galeguistas, a quienes apoyaba la comisión gallega del Partido Comunista provocó la desintegración de este movimiento esperanzador[2173]

Mais o exilio precisaba propostas de natureza unitaria. Tralo desplome definitivo da ARE, os seus promotores abriron as portas a sectores do PSOE e Esquerra Catalana coa creación no 25 de novembro de 1943 da 'Junta Española de Liberación', integrada polos partidos xa mencionados xunto a Izquierda Republicana e Unión Republicana. Dicir tamén que se hai outro elemento constante na orientación política de Etcheverría nos anos do exilio é a consideración negativa de boa parte dos dirixentes do PSOE, nomeadamente de Indalecio Prieto. As súas memorias atópanse cheas de referencias negativas respecto ás actitudes tomadas polo líder socialista[2174].

Sen dúbida ningunha a entrada dos sectores comunistas na dirección do exilio era unha cuestión nada de balde. Supoñía de feito a irrupción dun elemento discordante dentro da nova realidade mundial bipolar que se anunciaba. Etcheverría continuaba nestes anos defendendo unha posición de

---

[2172] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 29 de xaneiro e 11 de marzo de 1944.

[2173] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, Anos 1956-1957, p. 9-10. Xa dende os primeiros días de xullo de 1943 a Federación de México do Partido Galeguista afástase deste organismo, ó considerar que non respostaba ás súas aspiracións nacionalistas; Heine, H. (1983); *La oposición política al franquismo*, Barcelona, Crítica, p. 115.

[2174] Xa no ano 1943 Etcheverría escribía o seguinte:

"Infortunadamente tropezamos siempre… con la terca e incomprensible oposición del núcleo que cultivó una de las ramas desgajadas del Partido Socialista, acaudillado por Indalecio Prieto. La concepción errónea que mantiene violentamente este líder político, a quién siguen algunos dirigentes de otros fracciones republicanas, tratando de eliminar de la vida pública a sectores de opinión absolutamente respetables, provoca constantemente una situación polémica destructora que imposibilita la deseada acordancia o la unidad de acción de todos los republicanos; Gómez Rivas, I.; 'Os apuntes inéditos redactados por Salvador Etcheverría Brañas…', op. cit.

unidade total, sen fisuras, aínda dos traballos que eso podía supoñer, mais na vista posta unicamente no derrube do franquismo:

> Se sigue levantando la bandera anticomunista (pendón de imbéciles) ¿De donde sale la propaganda que dice que España camina hacia el comunismo?: de los fascistas o de los imponderables que los manejan… Nuestra guerra que es la misma que Vds. Hacen, tiene idénticos motivos y no otros[2175]

Nos primeiros días de xaneiro de 1945 dábanse inicio en México as primeiras sesións das Cortes do exilio, aproveitando a ola da victoria dos aliados[2176]. As súas impresións seguen a resultar negativas. A primeira xuntanza é calificada de "alcaldada a la que habrá que poner coto si no se quiere disgregar a la opinión republicana", e ós seus compoñentes, "muñidores aldeanos"[2177]. As súas alusións a Prieto seguen a ser virulentas, nesta vez polo traballo de bloqueo parlamentario ("Observé mala fé y peor intención en el grupo Prieto, que sigue su labor siniestra de dividir a la emigración"[2178]), máis a súa impresión negativa non queda únicamente no bando socialista:

> La sesión fue de una mediocridad sin precedentes en la Historia del Parlamento español. El lugar en que se verificó, deplorable y fuera de tono: la

[2175] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 14 decembro de 1944, p. 8.

[2176] "La decisión de convocar las Cortes produjo gran expectación, no sólo en los medios españoles sino en los internacionales.

La primera sesión del Congreso de los diputados españoles en el exilio quedó abierta el 10 de enero de 1945, a las cuatro y veinticinco minutos de la tarde. Asistieron a ella 72 diputados en función oficial de sus cargos de elección popular y se adhirieron 49 radicados en otros países; Del Valle, J.Mª (1976): *Las instituciones de la República española en el exilio*, Ruedo Ibérico, p. 86.

[2177] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 9 de xaneiro de 1945.

[2178] "Cuando los diputados se disponían a concurrir a la segunda sesión de Cortes leyeron en los periódicos que la minoría socialista, inspirada sin duda por el criterio de Prieto, hostil a la actuación de las Cortes, había adoptado un acuerdo según el cual no existía 'quorum' para tomar decisiones en ellas y procedía transformar el Parlamento español en una Junta de diputados y actuar en consecuencia… La Comisión socialista le pidió que entonces declarara la suspensión de las sesiones de Cortes por falta de 'quorum'… Las minorías parlamentarias cedieron para evitar posibles daños mayores y los socialistas obtuvieron lo que pedían. Se suspendieron las sesiones de Cortes, aunque no se cerró el ciclo parlamentario"; Del Valle, J.Mª; *Las instituciones de la República española en el exilio...*; op. cit., p. 88-89.

> cantina del Club France. El ambiente, raquítico y pordiosero. Los actuantes tuvieron ocasión de demostrar, una vez más, su poca valía[2179]

Nesta 'teórica' unidade de acción do republicanismo no exilio vai rematar o conflicto europeo sen solucións concluíntes para o conflicto español. O tempo de agardar unha sinal positiva extinguise. Tras coñece-los acordos tomados en Crimea, a JEL presentou ás Nacións Unidas o 13 de febreiro de 1945 un documento cun plano de acción inmediata que comprendía 4 fases: rexeitamento do réxime franquista na Conferencia de San Francisco, ruptura de relacións diplomáticas, formación dun Goberno Provisional que tivera a confianza das Cortes, e recoñecemento deste Goberno polas Nacións Unidas. A primeira fase realizouse trala proposta realizada a través da Delegación mexicana e a segunda iniciouse co envío ós gobernos de EE.UU., Gran Bretaña e a URSS o 5 de agosto de 1945 dunha nota na que se lle indicaba que non deran apoio ó goberno español que non restablecera a lexitimidade constitucional[2180].

Poucos días despois, o 17 dese mesmo mes, foi elixido como Presidente da República Diego Martínez Barrio, en sesión realizada en México. Esta sesión de Cortes xa non ten nada que ver coa de xaneiro:

> A las cuatro en punto del día de hoy se escribe una emocionante página de nuestra Hª Republicana… Bien diferente de aquel ensayo grotesco del 10 de Enero de cuya ineficiente preparación recogimos los frutos ácidos… Se llegó a una unidad de acción que nos acerca a la ruta deseada[2181]. A constatación destes bos presaxios atopábase tamén na xuntanza de organizacións republicanas galegas do día seguinte:
>
> Al cabo de cuatro años vienen a darnos la razón y a hacer válido el criterio y la táctica de nuestra Alianza Nazonal Galega. Se trató de aceptar los puntos básicos que hagan posible el entendimiento. Como de costumbre el

[2179] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 10 de xaneiro de 1945, p. 8-9.
[2180] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, Anos 1956-1957, p, 14-15.
[2181] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 17 de agosto de 1945.

> problema quedó en suspenso por la actitud de la CNT representada por Prego, quién una vez más demostró su cretinismo y su afán por estorsionar[2182]

O día 26 constituíuse unha maioría parlamentaria que aceptou a dimisión do Goberno de Negrín e pasou a Presidencia do Consello a Giral. Mais outra vez xurdiu a división dos republicanos coa oposición manifesta do PCE, que impedía a formación deste primeiro goberno[2183]. De feito, Etcheverría recoñece de xeito permanente a capacidade de Franco en presentar o vencellamento do exilio republicano cos comunistas[2184].

Xa en 1947, como representante da República Española en Guatemala, recibe as novas da crise do Goberno Giral en París. De feito a impresión que recibiu nestas datas finais de xaneiro por boa parte dos representantes institucionais americanos que falaron con Etcheverría –e non unicamente da América Central senón tamén de Chile ou Venezuela- era outra vez moi negativa: estaba a chegar outra fase de inestabilidade, mais a que xa se presumía como a derradeira –"estamos a punto de liquidación"-[2185]. O 11 de febreiro recibe as novas da constitución do novo Goberno dirixido por Llopis. A súa impresión, nada positiva: "No hay necesidad de hacer comentarios; la lista lo dice todo"[2186].

A sensación de ineficacia e de atoparse nun momento trascendente e definitivo no destino do exilio republicano continúa todo o ano 1947 no que se atopa como representante da República no país centroamericano, concretamente como encargado de negocios[2187]. A primeiros de agosto dimite

---

[2182] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 18 de agosto de 1945.

[2183] "El bloque que se aglutinó en torno del Partido Comunista forcejeaba con energía inagotable para rectificar la formación del primer gobierno, tratando de obtener puestos ministeriales por el convencimiento que siempre manifestaron de que la posible reconstrucción solo era posible tomando en ella parte todos los grupos políticos que habían hecho la guerra"; Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, Anos 1956-1957, p. 18.

[2184] "Con ello no salió ganando más que un solo hombre: Franco, que aprovechó inteligentemente la desgraciada coyuntura para presentarnos ante el mundo político como ungidos del carro de los soviéticos"; Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, Anos 1956-1957, p. 21.

[2185] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 23, 28 e 30 de xaneiro de 1947.

[2186] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 11 de febreiro de 1947.

[2187] Cando en xaneiro de 1945 o representante da República en Guatemala, Andrés Rodríguez Barbeito, comunicou que este Estado descoñecía o réxime de Franco, o feito foi saudado polos

tamén o gabinete Llopis. A capacidade de conciliación entre grupos é escasa, e mesmo admítense situacións de emerxencia, aínda que puideran ser consideradas por algúns case contra natura:

> Será esta una crisis peligrosa y dificil de salvar; estamos en el punto crucial de nuestra vida política. Si no hay un acto heróico de los republicanos, podemos llegar a la última fase de la existencia de la República. El gobierno que se planea, tratando de formar un equipo de republicanos y monárquicos, puede ser una resolución salvadora, si a todos los guía el interés por la Patria[2188]

E é que esta orientación que podía ser observada nun primeiro momento como contradictoria víuse nítida a partir da entrevista mantida entre Prieto e Gil Robles a finais de outubro dese mesmo ano de 1947. O propósito era indubidable, máis alá da actuación e proxección de futuro desta alianza católico-socialista: provocar certa inquietude no réxime franquista[2189].

Poucos días despois do nomeamento a finais de agosto do novo gabinete dirixido por Alvaro de Albornoz[2190], Etcheverría recibe un cable no que Nicolau D'Olwer converteunotifícalle o seu retiro da función institucional que realizaba en Guatemala[2191]. As súas críticas constantes á dirección do exilio, e mesmo do seu rumbo, roto en faccións e grupos, convertíu a súa voz personalizada nun

---

dirixentes da JEL como o inicio do aillamento internacional do réxime franquista; Del Valle, J.Mª; *Las instituciones de la República española en el exilio.....,* op. cit., p. 90-91.

[2188] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 7 de agosto de 1947.

[2189] "Indudablemente, Franco acusó el golpe pues envío una enérgica nota al Gobierno Inglés protestando por lo que llama una conspiración en su contra, en el seno de un gobierno que tiene por amigo"; Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 26 de outubro de 1947.

[2190] Tras a demisión de Llopis o 6 de agosto de 1947, Martínez Barrio xuntou ós representantes de todos os partidos republicanos –excepto ós de Prieto- para dous días despóis. Se lle preguntou a Giral, Pi i Sunyer e Aguirre a súa capacidade para formar gabinete, que rexeitaron, xa que nacionalistas vascos e cataláns se negaron a formar un Goberno sen presencia dos socialistas. Foi finalmente Alvaro de Albornoz o que asumíu a responsabilidade cun gabinete de republicanos e apoiado por cataláns e vascos.

[2191] Mesmo Etchevarría considera que D'Olwer lle traicioara neses intres, e chega a calificalo de "incompetente e de pobreza espiritual"; Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 18 de decembro de 1947.

elemento discordante, incómodo e mesmo nun voceiro desas mesmas faccións que criticaba[2192].

Unha das primeiras accións tomadas polo Goberno Republicano trala notificación do seu relevo no cargo foi a de rebaixar notablemente o seu salario, sempre recibido de xeito precario e atrasado. A apelación ó Subsecretario de Estado provocou que a resolución definitiva sobre o feito fora tomada directamente polo Presidente do Goberno Albornoz, ó seu regreso a París a principios de decembro. O día 5 deste mes Etcheverría comezou a trasladar o seu arquivo cara a casa do seu amigo Fernández Granell[2193].

A súa situación económica nunca foi excesivamente boa, todo o contrario dos excelentes números financeiros que mantiña antes de marchar cara o exilio. Mesmo tivo que pedir cen dólares para a súa viaxe de retorno, iniciado cara México o 16 de decembro. Nese ano de 1948 asume a representación da República en México. Mais o que non muda é a desesperanza, cada vez máis consolidada:

> Nuestra situación política y económica en el gobierno de la República llegó al colapso. La misma ineptitud de las etapas anteriores se vió en el trascurso de 1949 y nada hace pronosticar mejores días. Por el contrario, había necesidad de cortar violentamente la actuación de los fracasados de siempre lo que habrá de producir una crísis sumamente grave, tanto en el orden interior, como en el area internacional. Tal vez, después, puedan tomar el timón, de un barco a la deriva, marineros más expertos y con más energía[2194]

Atópase en México ata 1955, cando é reclamado por Gordón Ordax, Presidente do Consello de Ministros, e trasládase á París para ocupar a non doada carteira de Información, Propaganda e Arquivos da República, e tamén a Secretaría do Consello de Ministros. Na capital parisina convértese

[2192] 'No tenemos remedio. Así se hundirá la República en el cieno sin que podamos mantener la ilusión de encontrar el camino de la ventura. Salgo asqueado de todo… Una decepción más a las muchas sufridas anteriormente"; Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 4 e 6 de outono de 1947.
[2193] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 3, 10 e 25 de novembro, e 4 e 5 de decembro de 1947.
[2194] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 1 de xaneiro de 1950.

practicamente no 'alter ego' de Gordón Ordax, realizando certas misións, mesmo de carácter confidencial e secreto. Como a que leva adiante en xullo de 1957 dentro de territorio andorrano, mesmo dentro dos límites administrativos do franquismo. O seu carácter secreto impide que Etcheverría nos comente mais detalles do mesmo, pero si relata como foron as súas emocións:

> Dia 21 Julio: Visito al Notario de Andorra la Vieja, quién ya tiene preparado el documento que encargue por medio del Sr. Vicens. Estoy, como es bien sabido, dentro de la propia administración franquista. El despacho contiguo al del Notario es el cuartelillo de la Guardia Civil, en donde se visan los pasaportes para entrar en la frontera española situada a siete kms. por carretera. El notario está confundido al ver que no llevo pasaporte. Me limito a exhibirle la carta de Sejour francesa; mi serena decisión evita un engorroso diálogo y acepta la documentación que le presento. Bien se comprende que viajo de riguroso incógnito. Obtenido el mandato, quedo en Andorra hasta el día 26…
>
> Día 26 Julio. Retorno a París en el expres de las 7 y cuarto… En Andorra pude conseguir muy interesante información para los asuntos políticos[2195]

3. AS CAUSAS DA DERROTA

Non é moi frecuente que nos exiliados se atope un exercicio de autocrítica tan dura respecto a súa actividade política durante os anos da II República como a que veremos de Salvador Etcheverría. Nestes escritos, independentemente do paso do tempo, o biografiado anota alusións moi críticas coa estructura de partidos que funcionou entre 1931 e 1936. E evidente que a súa propia actitude vital, independente e espontánea, condicione esta percepción, mais resulta un exercicio de análise co que non se atopaban moi distantes algúns círculos do exilio.

Xa en 1942 refírese á situación de derrota na que se atopan. Boa parte da culpabilidade da mesma búscase na incapacidade das organizacións políticas, sen esquecer a súa. A súa crítica nestes anos é demoledora, inmisericorde, moi influenciada pola situación de liderazgo que é asumida

rapidamente polo bando 'nacional' nos primeiros momentos da guerra civil, ademais do fenómeno de personalización política nestes anos da II Guerra Mundial (Hitler, Stalin, Roosevelt, etc):

> Nuestro partido republicano agotado y exhausto, compuesto principalmente de pequeños burgueses de las capitales hechos al sedentarismo crónico de vara y mostrador, gente de balcón no de barriada tiene un estado mayor incongruente y pacífico de viejos doctrinarios y mozos positivistas, románticos, jacobinos y declamadores, hombres de buena fé, algunos de valía y ninguno de valer; este partido nuestro es de índole estrecha, acanalladamente electorero, más negativo que afirmativo, más de demolición que de reconstrucción, al que le faltó siempre un jefe de autoridad abrupta, una de esas cabezas firmes y superiores, de ojos que alumbran, boca que mande, necesitar[2196] ahora uno de osos hombres predestinados, que son en las crise históricas como la que vivimos el punto de confluencia de millóns de almas y vontades, acumuladores eléctricos de la vitalidade de una raza como la mostra, para que con cerebro omnímodo, que lo comprenda todo, que lo adiviñe todo, simultaneando las ideas universais con las patriotas puída levar nuestro pobo a costas como quén leva una asistenta en brazos.

A crítica ó xeito en que daquela se administrara a derrota, a disolución en pouco tempo da unidade de acción que fora acadada a duras penas durante a guerra civil, atópase presente:

> Por no habelo encontrado en la hora amarga, nos encontramos agora ante la morte y la ruína, ante escombros, entre montesío de vergonza, pos de lees, caniza de rentes, limo de …, esqueletos de bancos, emigrados hambrientos, cardos que digieren, latrocinio, inmundicia, despules de tir un 'salvese-el-que-pueda' lanzado en la mesma fronteira, por cardos que no terían más que ventres, egoísmos y vaidades…[2197]

[2195] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 21 e 26 de xullo de 1957.
[2196] Os suliñados son do orixinal.
[2197] Este texto e o anterior proceden das Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 10 de setembro de 1942.

Xa en París no ano 1956, no final da súa vida, fai observacións máis moderadas, mais que seguen a ter un denominador común: a incapacidade dos representantes políticos no momento en que tiveron o poder nas súas mans, e non foron quén de exercelo:

> Yo estoy firmemente convencido de que una gran parte de nuestras tristezas las forjamos nosotros mismos: fueron, la candorosa ingenuidad, la inexperiencia política de los hombres que tomaron las riendas del Poder en el año 1931, el exquisito sentimiento de generosidad de la doctrina republicana que frenó bruscamente el empleo de los procedimientos revolucionarios violentos, y la algarada de los atomizados Partidos Políticos que se consideraban fuertes y aptos para llevar cada uno la dirección del Estado[2198]

Para Etcheverría a derrota foi máis froito da mesma República que das accións militares dos sublevados. A imaxe de unidade durante a guerra estivo sempre máis do lado 'nacional' que do republicano, e iso otorgóulle un valor fundamental, que se convertería en determinante no transcurso da guerra. Xa dende o primeiro momento da súa marcha forzada de Galicia Etcheverría pronostica un destino nada doado para a emigración política. Para el antes do remate do conflicto, a guerra civil representaba unha expresión incomprensible e ilóxica de certos grupos de intereses que se consideraron ameazados constantemente durante o período republicano. O seu ton, duro e combativo, non deixaba dúbidas da culpabilidade última do conflicto civil:

> Los optimistas creyeron que una catástrofe de este volumen no la podrían resistir los humanos, sino breves meses. Se olvidaron de que, precisamente, eran los hombres lo que planteaban el problema y este estaba basado en la más corrompida ambición… Ahí está la gran lección que no aprenderán nunca los que siguen deseando que el mundo tiene que girar alrededor de su ombligo, para defender lo que no les pertenece, pero que poseen brutalmente, rompen el dique de la paciencia y producen la tremenda hemorragia que suponían no les iba a alcanzar. ¡Insensatos! ¡Cuánto darían hoy

[2198] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, Anos 1956-1957, p. 4.

> por poder retroceder! Pero ya es tarde; están consumiéndose en la llama infernal que encendieron y, ni les queda el recurso de poder volver a empezar[2199]

Xa rematado o conflicto, de cheo nas novas que acontecen respecto á II Guerra Mundial, reitérase a súa visión negativa da sociedade de entreguerras. Nun escrito realizado en 1942 Etcheverría alude como culpables das guerras á alta Diplomacia, os Jefes de los Estados Mayores Militares, negociantes de armamentos e algunos intelectuales; o obxetivo de todos eles: a tranquilidad material. Só se salva desta queima a masa popular trabajadora. O remedio para solventar esta situación segue a ser a chamada ás elites, poucos e escollidos representantes populares[2200].

A idea de que a guerra civil española foi o primeiro paso do conflicto internacional que sacudía os anos corenta é un concepto tan firmemente arraigado que neste momento tódolos exiliados preséntano como un contínuum. E esto é así por unha evidente semellanza no enfrontamento socio-político das sociedades europeas e española, mais tamén por unha necesidade conceptual e instrumental de vencella-lo futuro do Estado español ó das potencias aliadas, de meter a todos no mesmo barco. A análise pesimista de Etcheverría amosa unha luz de esperanza nos derradeiros meses da II Guerra Mundial. Quería ver cumprido o seu pronóstico, xa feito antes do remate da guerra civil:

> Cuando en 1936 se abrió en España la primera trinchera de esta guerra apocalíptica, la inmensa mayoría de los humanos creían que 'aquello' era una válvula de escape perforada por los 'traviesos' españoles. Yo afirmé siempre, que el drama que se iniciaba en el escenario de España, se representaría seguidamente en todo el mundo y que la danza trágica duraría diez años. Me parece que no voy equivocado… ¡desgraciadamente![2201]

[2199] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 1 de xaneiro de 1939.
[2200] 'Media docena de hombres, limpios de corazón y con un poco de sentido común, serían suficientes para centrar este mundo corroído por la ambición"; Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 1941, ps. 3-5.
[2201] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 14 de decembro de 1944.

4. A FALANGE E A 'VIEJA COLONIA'

A designación de cargos representativos a Etcheverría semella ter un rasgo común: o de solventar situacións complicadas, de non sintonía política cós grupos de emigrados da colonia. Resulta unha constante o seu enfrontamento cos sectores da emigración española, tanto en México como en Guatemala. Etcheverría colócase fronte estes grupos de emigrados, vencellados co exilio, aínda que na súa maior parte non procedentes do mesmo, senón radicados neses territorios americanos de xeito previo á guerra civil, e que obstaculizan de xeito sistemático as actividades dos representantes republicanos.

Por outra banda, xa dende a chegada de Etcheverría a Cuba nos primeiros días de 1937, é incapaz de sacudirse esa teima de sentirse perseguido e vixiado, que lle procedía dos meses pasados na cadea. Durante os meses en que aínda existía unha situación de conflicto bélico directo no territorio español é indubidable que se creou no Estado controlado polos 'nacionais' unha tupida rede de información e vixilancia que tiña notables semellanzas cos sistemas e pautas de investigación utilizados na Alemania Nazi[2202]. Esta rede da España 'nacional' tivo as súas prolongacións nas vellas estructuras de amizade da emigración en América Latina, e dende aí creábanse redes de información 'nacional':

> El enlace perfecto que existe entre el espionaje alemán, el italiano y el japonés, acuciados si fuera menester por los tentáculos de Falange que tiene en este importante puerto su nido de agentes secretos, resulta eficazmente ayudado por el monstruoso Comité de No Intervención que parieron los que se llamaban amigos de la República Española. En verdad sea dicho, mi preocupación por llevar a buen término el trabajo que se me había confiado, no estaba precisamente –siendo muchas- en las dificultades que tendría que vencer para librarme de las miradas penetrantes de la Gestapo o de la Falange.

[2202] Para o sistema de vixiancia e información 'nacional' nos anos da guerra ver Cervera, J. (1998): *Madrid en guerra. La ciudad clandestina, 1936-1939*, Madrid, Alianza, e para o caso

> Mi esfuerzo se condensaba, de un modo especial, en poder esquivar la vigilancia de los sabuesos del Comité de la No Intervención, que tenían verticales instrucciones para impedir la salida de armamentos para España Republicana...
>
> No resultaba fácil meter en las bodegas de nuestros barcos ocho o diez mil toneladas de armamentos, sin que la faena pasase desapercibida para unos u otros, que tanto interés ponían en estorbarla.
>
> ...La vieja colonia española, fascista en el 98%, laboraba incesantemente y con decisión, para frenar, dificultar o entorpecer, la misión a que nos habíamos obligado por un sentimiento de lealtad a los ideales que nos movían[2203]

Durante a súa etapa en Guatemala en 1947, Etcheverría mantivo especial interese en desartellar esas redes, aínda vencelladas ó servicio de intelixencia militar da Falange. Xa en xullo dese ano dáselle a coñecer dende París a existencia dunha *antena en el exterior*. A rede era tan forte que esta mesmo chegaba a ter coñecemento do que se trataba nas xuntanzas da mesma Casa da República. Notificada a situación ós seus superiores o Ministro indicoulle a Etcheverría que podía ser neutralizada a acción da Falange. Nestes meses, nos que xa lle fora notificado o seu relevo no cargo, a súa impresión sobre a capacidade dos seus superiores é bastante negativa[2204].

Pero o máis temido, difícil de localizar e de comprobar, ademais de vencellarse directamente cos grupos económicos do Estado correspondente eran as implicacións da 'Vieja colonia', maioritariamente de ideoloxía conservadora e mesmo de natureza monárquica. En novembro de 1947 foi decretada a expulsión do país do Axente Diplomático de Franco, Francisco

---

galego, Grandío Seoane, E. (2001): *Vixiancia e represión na Galicia da guerra civil*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

[2203] Etcheverría, S.; *Eclipse en España*, Ediciós do Castro, 1989, p. 53-54.

[2204] 'No tengo fé en las resultancias definitivas. Toda la calidad humana que voy reuniendo es de una pobreza moral aterradora"; Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 13 de novembro de 1947.

López Escobar, exsecretario da legación en España que retía os bens da Embaixada[2205].

Inmediatamente trala súa chegada iníciansе os primeiros conflictos con esta colonia, "que se llama republicana", e que Etcheverría aduce ó "eterno mal de España: la envidia". Xa nos primeiros días de febreiro teñen lugar os primeiros contactos na Casa da República para tentar arranxar as diferencias, xurdidas, segundo o autor, de tentar "ponerlos en camino de obediencia y disciplina"[2206].

Mais ó cabo dos meses os resultados non foron os agardados. Por unha banda temos á 'Vieja Colonia', torpedeando calquera actividade do representante republicano Etcheverría, e o encargado de negocios da República en Guatemala tentando ignorar estes grupos sempre e cando non foran polo seu rego. Ante a non invitación destes sectores a unha recepción na Embaixada, as vellas redes protestaron de xeito importante. Mais Etcheverría non se plegaba, ó contrario:

> Esto es un asco; estoy pisando el fango. Afortunadamente no me mancho. Quieren pedir mi destitución[2207]

Esta actitude combativa e escasamente diplomática tivo moito que ver co pouco tempo que Etcheverría radicou na delegación guatemalteca. O mes de agosto de 1947 foi dunha continua negociación e tentativas a desesperada de arranxar unha relación que, máis que enfrontada, xa non existía. O primeiro día deste mes Etcheverría asistiu a unha xuntanza da 'Vieja Colonia' co obxectivo de expoñer os seus propósitos e rectificar "supuestos errores". O seu remate pensou que perdera o tempo procurando a concordia: votaron pedir a súa destitución por 18 votos contra 12. Dirixíronse logo xa de xeito directo á Albornoz, a piques de ser elixido Presidente do gabinete, e outros

[2205] Etcheverría o considera unha victoria súa, despois de traballar durante un ano nese tema; Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 12 e 13 de novembro de 1947.
[2206] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 3 e 6 de febreiro de 1947.
[2207] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 15 de xullo de 1947.

dirixentes republicanos en México para acadar ese fin. Ó final dese mes o mesmo Etcheverría recoñecía que perdera esa "guerra":

> Este fue un mes de dolor y pesar, como en los días finales del pasado hube de vivir la amargura de la incertidumbre, provocada por la ordinariez de una pandilla de cretinos y … elementos de una parte de esta colonia roida por las ambiciones, carentes de toda sensibilidad. La feroz acometida quedó un poco desvaída con la drástica separación a que los obligué; me figuro que la reacción que han de reproducir, aún ha de traer consecuencias turbulentas[2208]

Efectivamente días despois anúncianlle o seu relevo, que aínda habería de demorarse uns meses de xeito definitivo. Sen dúbida, nas liñas do seu diario en Guatemala, Etcheverría considera que a 'Vieja Colonia' foi o seu principal atranco, que nin facían cousa algunha nin deixaban traballar. Así escribía no seu diario no intre da súa marcha:

> Voy con el ánimo decidido a no regresar a Guatemala, en donde hallé la más absoluta incomprensión y las más burda bazofia humana que conociera en mi vida entre españoles. La colonia de mi país que aquí habita merece el más olímpico desprecio y, esto, que hube de demostrarles abiertamente, fue la mejor sanción que les pude imponer. Estoy convencido que no me lo perdonarán jamás[2209]

No verán de 1957, uns días despois de levar adiante a misión de carácter confidencial en Andorra, tiña intencións de retornar a México, visto o panorama republicano. Mais a finais de agosto cae enfermo dunha grave crise diabética, combinada cunha artrite que lle impide moverse. Poucos días despois, cando se pensaba no seu restablecemento, Salvador Etcheverría Brañas morrerá en París o 23 de setembro de 1957, debido a unha complicación cardíaca. Vaise con el tamén unha parte do concepto da República, daquel *ideal* como el mesmo

[2208] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 31 de agosto de 1947.
[2209] Memorias inéditas Salvador Etcheverría Brañas, 17 de decembro de 1947.

chamaba, que esmorecía nunha situación de abandono no contexto da creación da nova Europa.

Mª. ELVIRA FERNÁNDEZ LÓPEZ – MARUXA SEOANE. UNHA LUZ NA SOMBRA

Beatriz Graña Pérez

Chovía. Era unha tarde do trece de Xaneiro, naquela sala, de fiestras para fóra, a marusía do Orzán, de fiestras para dentro, a agarimosa voz de Maruxa que rescataba da súa memoria, todo o seu periplo vital. O devalar da súa vida estivo, está e estará fortemente impregnado pola persoa que sempre tivo ó seu carón, o seu home, Luís Seoane, unha figura fundamental na cultura e na historia contemporánea de Galicia.

Ó igual que aquel trece de xaneiro, chuviscaba na conversa do vinte de marzal, tamén a principios de xuño, do mesmo xeito, a mediados do mes. En tódalas conversas a poalla era a única que permanecía idéntica. As parolas de Maruxa, lonxe de seguir estáticas, comezan ó encetar do ano unha evolución pausada, máis chea de froitos que medraban paseniño, debido ó carácter recatado e acugulado de moderación de Maruxa.

María Elvira Fernández López –Maruxa- naceu en 1912, na Coruña. Coñece practicamente dende sempre a Luís Seoane, pois eran curmáns. Dende moi nova, sente un afecto especial cara el:

> Dende os nosos quince anos que comezamos a demostrar o noso amor publicamente, non deixamos de querernos e de contarnos todas as cousas cotiás.

A infancia de Maruxa transcorre felizmente na cidade da Torre de Hércules, na rúa de San Andrés, entre a algarabía de seis irmáns. Eran tres rapaces e tres rapazas. Ela era a cuarta. Cando aínda era unha cativa comezou na escola de dúas irmáns, que colleran o colexio para ensinar ás rapazas

pequenas, alí, preto da súa casa. Aquí, Maruxa aprendería as súas primeiras letras.

Durante a adolescencia Maruxa vive na Coruña. Luís, en Santiago. Víanse con frecuencia, ben nas reunións familiares de Arca, ben cando Luís ía á Coruña visitar a súa tía Andrea, que vivía na praza de San Andrés e de Santa Catalina, moi preto da casa de Maruxa. É no devalar destes anos, cando Maruxa estudia o Bacharelato, coa idea de continuar os seus estudios. A ela leváballe a idea estudiar Farmacia, como a moitas das primeiras universitarias. Mais iso supoñía, ir a Santiago, e, por imposición materna, non foi. Teresa, a súa nai, argumentaba que era moi nova e que Santiago atopábase moi lonxe, mais, o que verdadeiramente lle inquietada era que Santiago albergaba a Luís. A Teresa, nun principio, incomodáballe a relación que había entrámbolos dous, quizais, polas ideas comprometidas e ocupamentos de Seoane que, nestes intres realizaba unha vida universitaria, artística e cultural moi dinámica.

Deste xeito, Maruxa finaliza o Bacharelato e inicia o primeiro curso da Escola de Comercio Superior, para preparar posteriormente, unhas oposicións. Nestes anos transcorre sen decatarse a súa xuventude, realizando algunha laboura na casa e axudando ó seu pai na oficina, pois era o representante de viños de Valdeorras en Galicia. Entre outras tarefas escribía a máquina, experiencia que dará froitos moito maiores con posterioridade.

En 1934, dous anos despois de ter rematada a carreira de Dereito, Luís instálase na cidade onde se atopa Maruxa. Ela vive coa súa nai Teresa e coas súas irmás, Carmen e Matilde (que é a única dos seus seis irmáns que aínda vive. Está instalada coa súa familia en Madrid). O seu pai morrera en 1931. Neste momento Maruxa e máis el teñen unha relación estable. Maruxa confesa que comeza a ter certas inquedanzas que anteriormente non lle xurdiran. É neste momento cando Maruxa colle o carné do Partido Galeguista, preocupación, sen dúbida, interiorizada por medio de Luís.

Seoane comeza a traballar para o Centro de Detallistas de Víveres na Rúa Paio Gómez. Maruxa recordaba moi ferventemente unha anécdota que aconteceu nestes momentos.O primeiro dos asuntos que levou Seoane como avogado despois de licenciarse, non resultou doado. Foi a defensa dun

individuo fronte a uns falanxistas. Cando o xuízo rematou, contaba Maruxa, que os falanxistas estábano agardando á saída do xulgado para aldraxalo e dalgún xeito, agredilo, mais el gardou a compostura, a pesares do que sentía. Maruxa explicaba como, neses momentos os falanxistas xa empezaban a ter forza, no seo dunha atmosfera un tanto turbulenta.

Todo transcorría con aparente normalidade ata que, o 18 de Xullo, irrompe o Golpe de Estado. Maruxa e Seoane saían do Teatro Rosalía de Castro, despois de ter gozado dunha obra de Alejandro Casona, cando salta a alarma do Alzamento. Nun primeiro momento, a atmosfera era confusa, Seoane quería defender ó Goberno Civil, máis de contado decátanse que A Coruña non era un lugar tranquilo. A esta inquedanza, engádeselle, o anuncio de que buscan a Seoane polas súas ideas galeguistas e republicanas. Maruxa explica:

> Luís era un home confiado e sempre ía cara o café Galicia, onde hoxe está a Fundación Banco Pastor, aí, na esquina do Cantón Grande. Aí, tiraron aquela casa e puxeron estoutra. Pois, alí era o café Galicia. Era onde se reunían todos os intelectuais. Un día, un domingo, un sábado... bueno xa non me lembro, chega Luís e séntase no café Galicia, na parte de fóra , nunha das mesas, pide un café e cando estaba nesto, pasou un amigo del, e díxolle:
> - ¿ Ti que fas aquí, Luís?
> - ¿ Como que que fago? Estou esperando que veña alguén para tomar un café...
> E díxolle:
> - Márchate de seguida que te andan buscando. Márchate de seguida.
> - ¿Entonces que pasa?
> - Pasa esto y esto... ¡Márchate de seguida!
> E marchou. Marchou para a do meu irmán.
> Eu estaba aterrada. Qué non sabíamos qué facer, nin como íamos a saír de aquí, nin sabíamos cómo marchar, había que esconderse nalgún sitio.

A situación comeza a ser desquiciante, ante as execucións, os paseos ós defensores da República e ós autonomistas. Decide agocharse na casa do irmán

de Maruxa, Emilio, que nestes días estaba veraneando en Montrove. Na súa estancia na casa de Emilio recibirá soamente a visita de Maruxa e dalgún familiar.

O irmán de Maruxa consegue que un amigo seu, policía secreto, lle leve firmados os visados polo Gobernador Civil. A mediados de Setembro, despois de viaxar en tren ata Lisboa, Luís e o seu irmán Rafael, embarcan, con gran amargura e desconcerto no " Cap Norte". Partían lonxe de Galicia, a Bos Aires, a unha terra que xa lles era coñecida. Maruxa conta quén tomara a decisión:

> Os dous. Todos. Os pais de Luís e todos queríamos marchar de aquí. Saiamos un domingo e encontrabamos a un home morto polo camiño, sen saber por qué, ou por unha corredoira. Se lle preguntabas a alguén, ninguén sabía dicir por qué aparecera morto.

O barco chega afortunadamente a porto arxentino, os seus tripulantes despois dunha viaxe tan longa, devecían por desembarcar, todos comezan a baixar e cando lle toca a quenda a Seoane, xorde un novo problema. Impídeselle a Luís que descenda do transatlántico. Luís tiña uns grandes amigos arxentinos, Frontini e a súa muller (de orixe galega) Moni Ermelo. Eles estiveran en Galicia con anterioridade, onde coñeceran a Luís. Maruxa cóntanos o desembarco de Seoane do seguinte xeito:

> Cando chegaron alí foron eles (os Frontini) os que sacaron a Luís do barco porque Luís como era arxentino (e non fixera o servicio militar) non o deixaban desembarcar porque viña de España, pero Moni Ermelo, o pai dela, era contraalmirante. Ela faloulle ó seu pai, pois Luís estaba aillado no porto, para ver se o podían sacar, entón, por mediación do pai, inmediatamente puxérono en liberdade e puido entrar en Bos Aires.

A odisea de Seoane para chegar a Arxentina, non foi maior que a de Maruxa para reunirse con el. Como se da cantiga medieval de Mendinho se tratase, Maruxa, dende que Luís deixa Galicia, non ten outra inquedanza que a

de encontrarse co seu "amigo". Nestes amargos momentos seguían en contacto.

> Soamente escribíndonos. As cartas tiñan que vir con moito coidado porque había censura e non tiñamos que falar nada das cousas que pasaban aquí. Nin el me preguntaba, nin eu lle dicía. Senón viñan todas censuradas con roxo e non se podía ler... Daquela había teléfono pero era moi caro. Falamos si, sobre todo cando decidimos marchar, os pais e a irmá.

Maruxa decide marchar cos pais e coa irmá pequena de Luís, Estela, no barco alemán que zarparía o día sete de Marzal, tamén dende Lisboa. Teresa, a nai de Maruxa, autorízaa coa soa condición de que case. Ten que casar por poderes. Tras distintos inconvenientes por parte do párroco, un día antes de partir cara Lisboa, casa, coa presencia do seu irmán Emilio. Mais o día cinco deteñen a Luís, o pai de Seoane. Como Xosé Díaz explica:

> Maruxa non o pensa máis e vai falar persoalmente cun xeneral encargado deses asuntos no Goberno Civil. Despois de chorarlle amargamente, o militar acaba compadecéndose da moza que afirma querer ir á Arxentina só para casar co seu prometido, e ao día seguinte Luís Seoane Brocos é posto en liberdade.

Despois doutras situacións inesperadas, os catro atópanse abordo do "Monte Rosa". O barco zarpa, e aquilo que para moitas outras persoas significou a desesperación e a angustia de abandonar a terra, a familia, a vida dun, para Maruxa foi como a salvación, pois aquela mágoa interior que a carcomía, ía minguando a medida que o transatlántico avanzaba cara a outra beira do Atlántico, onde se atopaba Luís. Maruxa confesa que cando o barco deixaba o porto de Lisboa o que sentía era unha fonda felicidade:

> Ía moi contenta, moi emocionada porque me ía atopar con Luís... non me importaba nada... Soamente quería chegar a Bos Aires.

E chegaría. Maruxa e Luís xa estaban xuntos e a salvo das poutas da aguia imperial, mais en Galicia e en España a guerra continuaba, e, con ela as inxustizas non tiñan fin. Manolo, o irmán de Maruxa, será fusilado en Xullo deste mesmo ano 37.

> Eu sentíame mal. Ademais, un día viñeron á casa e levaron ó meu irmán, ó segundo. O que eu quería ben. A Manolo. E dixéronlle:
> - Acompáñenos que tenemos que hacerle unas preguntas.
> E foi desaparecendo... e o meu irmán maior que estaba no negocio que fora do meu pai e pensamos que foran alí, e fun a preguntarlle e díxome Emilio:
> - Aquí no vino nadie. Ni la policía... vinieron unos señores a preguntar por Manolo. Yo les dije que estaba en casa de mi madre en este momento.
> Mais el non sabía para que era iso. E desapareceu. foi cando o levaron preso. Eu estaba coa miña nai, pensabamos que era para facer unhas preguntas, que ía voltar pola noite, non voltou aquel día, nin voltou ó seguinte, nin voltou máis...E xa non o vimos máis. Cando vin de Bos Aires fun ata a cárcere a pedir permiso de favor ó xefe que estaba entón, que me deixaran ver ó meu irmán e que me ía a Bos Aires e que me gustaría velo por última vez. Dixéronme que estaba incomunicado, que non se podía ver... e non me deixaron.

Desta atmosfera de incerteza e angustia segue explicándonos Maruxa:

> Tiñamos medo. Marchamos pero non sabíamos como íamos voltar. Nós pensabamos que as xentes que marchaban, ían ter as axudas do mundo para poder retomar a República. E non foi así. A axuda veulle a Franco.

O exilio, que marcou e tronzou as vidas de tantas persoas, provocou un cambio de senso no periplo vital de Maruxa e Seoane. O exilio establece un antes e un despois. Cumpría iniciar unha "nova vida".

O primeiro fogar de Maruxa e Luís é compartido cos sogros de Maruxa, sitúase no barrio sur. Como nos explicaría Maruxa, Rodolfo Prada, que era un representante da casa de pastillas do Doutor Andreu, encargábase da casa de Bos Aires e proponlle a Luís dirixir a revista *Galicia.* Nesta época, é cando deciden mudarse, xa pola súa conta ó Barrio do Almagro.

Estes primeiros anos bonaerenses foron francamente difíciles para a nova parella. Seoane, traballa sen pausa: animador cultural, editor, cunha case inabarcable, tarefa editorial, pintor, gravador, escritor, ilustrador, debuxante... Paralelamente a tanta actividade por parte de Luís, Maruxa tamén traballa, ó seu carón, a reo. Este esforzo de adaptación tivo que ser tremendo. Como Carmen Blanco sinala nas Jornadas de la emigración gallega a Puerto Rico:

> ... en este complejo fenómeno de trasvase poblacional de las féminas reforzaron en muchos casos su función tradicional como sostén material de la familia, en esta situación especial de resistencia en la que es preciso utilizar al máximo todas las fuerzas disponibles.

Seguindo estas ideas vertidas sobre o duro proceso de adaptación, Maruxa semella dicir moito máis, do que aparentemente nos contaba na primeira conversa, logo nas seguintes, as súas palabras vanse complementando, mais... En efecto, a Maruxa, gustáballe a arte, pois sempre estivo rodeada "dela", mais confesa que ela non tivo nunca condición para pintar. Nembargantes, ela coñecía de memoria e distinguía tódalas clases de pinturas artísticas(que era como en Bos Aires se lles chamaba ás cores dos artistas) e co seu xeito e carácter, era a quen lle fiaban e confiaban as pinturas ata que recadaban os cartos (despois de vender os cadros, e podían pagalas). Ela sabía perfectamente cal era a "pintura artística" que Luís lle encargara mercar:

> A min dábame todas as pinturas que el quería, pintura verde de calcio, amarillo limón, azul cobalto, negro márfil... eu sabíalle tódalas cores.

> Ó principio non gañabamos nada. Vender un cadro era moi difícil. Cando vendíamos un cadro tiñamos que pagar tódalas débedas que tiñamos adquiridas. Por exemplo, as pinturas para os artistas, as pinturas que lle chamaban así en Bos Aires.
>
> - Mire aquí las tengo guardadas para usted. Estas llegaron de Alemanía, estas otras...
>
> A min fiábamas. Fiábamas ata que podíamos vender o cadro, vendía o cadro e o primeiro que ía facer era levarlle os cartos das pinturas. Si, si, era así. Eu era, esas cousas facíallas eu, porque a el non lle gustaba ir de compras, nin traballos que o distraerán do que estaba facendo.

Así, a Maruxa gustáballe a arte, pois sempre estivo rodeada "dela", mais recoñece que aínda que tivo un estupendo mentor na casa, non tiña condicións para gravar. Nembargantes, na primeira conversa deunos unha lección maxistral de cómo preparar madeira para gravar:

> Nun principio a madeira gravada era arxentina, moi dura para traballar, por iso cumpría cortala de "cabeza", tronco ó ancho, porque se se cortaba doutro xeito facía estelas. A madeira tiña que ser cortada así... a madeira era moi boa e dura para traballar. Noutras ocasións, con papel de liga rugoso, dáballe ata a última esquiniña.

En conversacións seguintes Maruxa daba máis pistas sobre esta tarefa de pulir as madeiras:

> Si, si, si, a pulir a madeira ensinoume el (Luís), porque el non o facía. El dicía que se lle cansaban as mans e que logo non podía pintar. Non sei se era un pretexto ou se era que non lle gustaba ese traballo, pero facíao eu. Pulir as madeiras. Máis adiante, xa traballou en madeiras sen pulir, máis finas, que lle daban unha pasadiña na imprenta, pulíallas un pouco e logo xa as traballaba el.

Así mesmo, a Maruxa gustáballe a arte, pois sempre estivo rodeada "dela" mais declara que non tiña talento como escritora, como poeta ou novelista. Nembargantes, era unha estupenda mecanógrafa.

> O meu modo de compartir outras tarefas era pasarlle os traballos a máquina. Copiábao, el corrixíao, porque claro, sempre tiña algún erro... e volvía a pasalo. Así escribíalle tódalas cousas. De moi boa mecanógrafa, nada, agora de escribir rápido si. Porque había moitos fallos que tiña que ir corrixindo e non son as máquinas de agora que corrixen inmediatamente ¿non?.

Deste xeito, a Maruxa gustáballe a arte, pois sempre estivo rodeada "dela", mais afirma que a ela encantáballe cantar e mesmo ensinou cancións galegas a moitos amigos que coñeceran na cosmopolita cidade arxentina. Nembargantes:

> Non puiden dedicarme (a cantar) por falta de presuposto, que soamente nos chegaba para saír adiante. Ademais, non tiña tempo. Gustábame cantar, e cando nalgunha reunión de amigos, dicíanme: Maruja, ¡canta!, Luís tamén me animaba, logo poñíame a cantar.

Paralelamente, a Maruxa gustáballe a arte, pois sempre estaba rodeada "dela" e manifesta o seu descoñecemento puramente teórico do universo da pintura. Nembargantes, revela que nalgún momento posou para que el a pintase, aínda admitindo que Luís nunca precisou de modelos.

> ¿ Para que el me pintase? Pois algunha vez díxome, séntate desta forma e pon as mans así, porque a el interesáballe sacar naquel momento as mans, naquel cadro. Entón eu poñíame como el me dicía, aproximadamente. Sempre era para sacar algún detalle, como sacar a chaqueta no brazo ou cousas así. Tomaba apuntes e logo pintaba, recollíao nun caderno e logo debuxaba na tela. El sempre me tiña

> diante, estabamos sempre xuntos, fixemos a vida xuntos. El sabíame de memoria.

En conversas posteriores e acorde coa consecución de novas ideas para pintar, Maruxa cóntanos con moito recato, como nalgún momento ela lle propoñía temas e solucións a Luís que el consideraba, e logo aceptaba ou non. Deste xeito, Maruxa revela anécdotas como a seguinte. A do paseo dun domingo, cando Maruxa e Luís saíran con Rafael Dieste e Carmen Muñoz:

> Recordo que saiamos un domingo, e fomos a por un sitio que lle chaman o "Tigre", que está pegadiño a Bos Aires, por alí pasa un río, un lugar moi bonito. As casas xeralmente son de alemáns, cada un ten a súa casa independente. Son illas. En cada illa vive unha familia. Entón, nós, íamos paseando nun bote que alugamos entre as illas. E nunha desas, vexo un fermoso limoeiro, fantástico. Tiña uns limóns, así, unhas ramas fermosas. Quedeime mirando para aquelas ramas, e ó dono que andaba por alí traballando a terra díxenlle:
> - Buenas tardes, señor, mire, me gusta mucho este árbore que usted tiene, tiene una finca preciosa, ¿ usted no me daría esta rama de limones, qué es tan hermosa... es que mi marido es pintor, para que pueda pintar un cuadro?
> E dixo:
> Inmediatamente.Foi dentro a buscalas tesouras e sacou unha rama grande, así, e tiña que vir no tren con ela, así, para que non me caisen os limóns... e fixo un cadro precioso coa rama de limóns.

Maruxa, de xeito paralelo a todas estas tarefas, como tantas outras mulleres, tamén se adicaba ó traballo da casa. Gustáballe a cociña, especialmente a repostería:

> E tiñamos moita xente, moitas veces, a cear na casa, e non tiña empregada. Tiña que ir á compra pola mañá. Ó mellor de víspera deixaba as cousas a medio preparar, e pola noite xa estaba a cea feita. A Luís gustáballe moito ter amigos na casa. Cando tiña máis tempo era

> pola noite, e ó mellor quedaban ata as dúas ou tres da mañá, xa me ía para cama. Eu non tiña en principio quen me axudara. Tiña que ir á compra, cociñar. Facía todo eu. Recordo que a min gustábame.

A sinxeleza de Maruxa e o seu recato impediron que revelase nas primeiras conversacións a súa importante aportación e colaboración nunha revista , que en *Palabras no exilio,* Xesús Alonso Montero, describe do seguinte xeito:

> 37 números de *Galicia Emigrante*, revista que en só cinco anos de vida(de xuño 1954 a maio de 1959 constitúe un capítulo esencial na construcción do discurso progresista na cultura galega de Posguerra [...] e Seoane que crea e dirixe a revista *Galicia Emigrante*.

Así, a Maruxa, gustáballe a arte, pois sempre estivo rodeada "dela", mais recoñece que nunca tivo condicións de escritora. Nembargantes, despois de ter moitas verbas intercambiadas, prodúcese unha evolución total no contido das súas palabras, nun primeiro momento esta luz na sombra, afirma:

> Non, nunca tiven condicións para escribir. Non me saiu nunca**.**

A continuación afirma:

> Gustábame escribir, pero como tiña tantas cousas que facer... Nunca tiña tiña un momento tranquilo. Pero si, escribín algunha cousa, mais cousas para min que teño gardadas.

Seguidamente, noutra conversa engade:

> En *Galicia Emigrante,* eu poñía dúas ou tres recetas, a parte contaba diversas cousas, por facer un pequeno espacio na revista. Si, nesa páxina, onde estaban as receitas, tamén había humorismos. Si, algunha cousiña así. A páxina esta facíaa eu.

E xa despois de moito conversar, Maruxa recoñece a súa colaboración na revista *Galicia Emigrante.* Primeiramente, comenta como realizaba a sección de gastronomía:

> Pois moitas (receitas) saqueinas do libro, deste libro galego, tan famoso... fíxose este libro de cociña cando eu era pequena, con recetas moi boas e antigas. Sacaba de onde podía as receitas, pois non as ía inventar para cada número da revista. As que eu sabía xa as poñía, pero as que non sabía tiña que buscalas.

Maruxa explica tamén como conversas mantidas con outras persoas, aportaban ideas para realizar esta parte da revista. Así, nunha das receitas do número 29 da revista *Galicia Emigrante,* Maruxa escribe: " Raia ó estilo Suárez Picallo". Ela afirma, que sen dúbida algunha, esta receita foi o resultado dalgunha conversa gastronómica, que mantivera co político de Sada.

Seguidamente, Maruxa retoma a palabra e confesa:

> Tamén tiña outra parte... como se chamaba... unha parte que levaba eu *en Galicia Emigrante*... a Ramallada Florida [...] e outra... Moreas de Humor.

Maruxa confesa que gozaba moito facendo a Ramallada Florida que era unha sección da revista *Galicia Emigrante* dedicada á cultura popular, cantigas, refráns, trabalinguas... A realizadora desta sección comenta que posuían na casa unha completa biblioteca galega, de onde sacaba a información para esta parte.

Así, a sección gastronómica, a Ramallada Florida e Moreas de Humor pertencían á man de Maruxa, mentres que a sección das Efemérides, entre outras, era realizada por Luís e en casos eventuais ela tamén colaboraba. Seoane, ademais desta sección realizou moitas outras, utilizando diferentes pseudónimos e asinando moi poucas veces. Maruxa explica:

> Os artigos del e meus non estaban firmados. Non quería que asináramos as persoas que facíamos a revista. A veces, Luís firmaba Conrado Alén ou con outro pseudónimo.

Mais a colaboración de Maruxa non se limitaba a estas seccións, pois era a mecanógrafa de toda a revista, e era a que recortaba as galeras para que Luís fora armando a páxina.

Finalmente, Maruxa expresa todo o seu traballo e afán, pois nun principio parecía non darlle nin a máis mínima importancia. Tras a evolución das súas verbas apreciábanse eses cambios nas tarefas da Maruxa que se atopaba en Galicia, e que realizaba os traballos tradicionais da casa, e axudaba na oficina do seu pai, a Maruxa de Bos Aires, con necesidades que a obrigan a colaborar en moitas das facetas do polifacético Luís. Así, as ideas de Carmen Blanco que tomabamos con anterioridade, mediante as palabras de Maruxa, quedan ratificadas.

Consecuentemente, a actividade da parella é moi fructífera, e deste xeito, continúa o seu camiño. En abril, de 1949, prodúcese un cambio nesta dinámica coa súa viaxe de oito meses por Europa. A primeira estadía é en París para asistir ó Congreso Internacional da Paz. Seguidamente, viaxarán a Londres, pois Luís, participará nun Congreso no Instituto de Arte Contemporáneo. Xa de volta a Bos Aires, como Xesús Alonso Montero indica:

> O barco fará en Vigo unha " parada técnica" de tres horas, que aproveitan Luís e Maruxa, para reencontrárense con algúns dos vellos amigos(Carlos Maside, Fernández del Riego, Emilio Álvarez Blázquez...). Xantan na taberna do Elijio, controlados (¿discretamente?) pola policía de Franco.

A vida de Maruxa e Luís despois da súa viaxe segue sendo do máis activa. Era Luís quen marcaba o ritmo a seguir, pois Maruxa comentaba que se erguían moi cedo, mais antes de comezar calquera actividade lían, tranquilamente, o xornal ó que estaban subscritos: *A Nación*, e soamente

despois iniciaban as súas incansables tarefas. Esta actividade topaba outro momento de sosego, ás fins de semana, na pequena casa de Ranelagh. Alí, era onde escoitaban os domingos á hora de xantar, a emisión radial Galicia Emigrante. Maruxa manifesta que apreciaba a emisión, mais ás veces era máis do seu agrado que outras.

Cómpre destacar, como nestes momentos a parella vive integrada nunha sociedade totalmente cosmopolita que os enriquece enormemente. Maruxa comenta que fixeron amigos con raíces noutras partes do mundo, mais coma eles as súas ramas daban froitos en Bos Aires. Maruxa fai especial fincapé nas boas relacións e lazos que unían a parella á comunidade xudía que se atopaba en Arxentina. Os membros desta comunidade tamén eran fillos ou netos de exiliados que se asentaron nas provincias de Santa Fe, de Entreríos que eran provincias limítrofes á capital, onde estudiaran. Este pobo de idiosincrasia itinerante é susceptible ós problemas e inquietudes de novos exiliados, quizais por ter vivido a mesma experiencia. Maruxa, afirma:

> Había moita xente de orixe xudía. Eran os mellores, se se facía algo: exposicións, conferencias, teatro, eran os primeiros en formar parte de todo isto, en axudar para que se fixeran. Eran dunha grande cultura. Eran fillos de xudeos que se exiliaran en Arxentina. Eles xa eran arxentinos, pero fillos de xudeos. Apoiaban moito, moito ós que chegabamos aquí, do lado franquista. Recibíronnos cos brazos abertos, e a todos nos buscaban traballo para integrarnos.

Na capital bonaerense, ademais de ter contacto con persoas doutras latitudes, tamén compartiron moitos momentos con outros exiliados galegos. Maruxa recorda gustosamente a relación que mantiñan con Carmen Muñoz e Rafael Dieste, con Valenzuela e Mariví e con tantos outros.

Continuamente, Luís e Maruxa participaban en distintas reunións, tertulias, ou noutros actos sociais. Ela explica que gozaba destes eventos, mais o seu xeito de participación era escoitar, pois non lle gustaba intervir. Sentábase, escoitaba e interesábase moito, pero non expresaba os seus

pareceres. Contrariamente, Luís participaba abertamente, expresando sempre aquilo que pensaba. Tamén ,explica Maruxa, como Carmen Muñoz participaba activamente nas conversas, por exemplo, que se mantiñan no Tortoni. Carmen, comenta Maruxa, entendíase moi ben con todos os homes da tertulia, era unha muller moi culta e moi disposta, pois falaba de todo.

Nesta convivencia de galegos en Bos Aires e desta relación de galegos con persoas doutras latitudes do mundo creáronse e medraron novas ideas. Algunhas destas ideas pódense acabar materializando, pois escoitemos o que Maruxa manifesta dun mosaico figurativo creado por Seoane que decorou durante moito tempo a gran entrada do local onde se reunía a sociedade Hebraica(probablemente este mural veña para Galicia, pois agora este local non pertence a esta asociación):

> ...Estas personaxes do mosaico de Ruth, tamén son personaxes galegas... si, si. A xente acostumouse ás figuras de Seoane. A todos lles gustan as figuras de Seoane, mais non sabían que no fondo eran galegas.

Consecuentemente, Galicia, estaba moi presente no interior de Maruxa e Luís. De feito, Maruxa comenta que " Galicia para el, érao todo", mais, Bos Aires chegou a configurar para eles dalgún xeito, unha segunda Galicia aberta ó mundo. Como recolleu Lorenzo Varela, na súa dedicatoria do poemario *Lonxe:* "A Maruxa e Luís, fiestras: se se olla para fóra, o mundo, se para dentro Galicia."

No ano 1.960 Luís volve a Europa acompañado por Maruxa, como explica Xesús Alonso Montero en *As palabras no exilio,* "figura esencial nos traballos e nos días de Luís (...) comprensión intelixente, a prudencia e a íntima compenetración". Preguntándolle sobre estas verbas, Maruxa ratifica que: " El non facía nada sen min. Nin eu facía nada sen el. Eu acompañeino en todas as súas viaxes". Desta volta viaxan por Italia, Francia, Suiza e Alemaña e na opinión de Maruxa, pensativa, recorda como cada cidade e cada país a impresionaran por si mesmos. Antes de regresar a Bos Aires, veñen

propiamente, por primeira vez a España. A primeira cidade que visitan é Barcelona. A continuación, Maruxa explica como pasan por Xixón, para visitar a Estela, e, posteriormente a seguinte visita será en Lugo a Ricardo Calero. Logo, foron tamén onda a familia, á Coruña, mais moi pouco tempo, polo medo aínda reinante.

A súa próxima viaxe a España será no ano 1963, ano sumamente importante para Galicia. Intentan quedarse a vivir en Galicia, aproveitando o momento da Mostra na Dirección General de Bellas Artes de Madrid. Unha vez rematada, gozarán dunha estancia cos Díaz Pardo, Isaac e Mimina, posto que se lles negará a Maruxa e a Seoane o permiso de residencia ata 1967. Maruxa sempre acompañaba a Luís, nas súas viaxes, nos seus actos sociais. Ela sempre con moita complicidade, con poucas palabras e con infinidade de sorrisos.

Esta tempada cos Díaz Pardo vai dar moitos froitos. Luís e Isaac poñen a clarear ideas e proxectos que xa tiveran a súa xénese en Arxentina. O comezo desta fusión de enerxía chamada Pardo-Seoane creará resultados moi valiosos para a cultura galega. Nun primeiro momento o Laboratorio de Formas de Galicia e posteriormente: Edicións do Castro, O museo Maside e a Fábrica de Cerámica de Sargadelos.

Como Maruxa lembra en *Luís Seoane 1910-1979. Unha fotobiografía*, en 1967:

> Estivemos unha segunda vez, dous meses, na casa de Isaac e finalmente decidimos comprar este piso (na Coruña) no ano setenta para ter certa independencia e quedarnos máis tempo. Viñamos estando alá un ano e aquí seis meses, tocounos a morte de Franco aquí.

Nun principio facíamos referencia á inmensa importancia que a figura de Luís tiña na persoa de Maruxa, mais sen dúbida, a propia Maruxa tivo tamén moita importancia para Luís, deixando tamén as súas pegadas, despois de tantos anos de convivencia. Un amigo de ambos, Frontini, que xa coñecemos,coméntalle, bromeando a Luís Seoane diante de Maruxa " e gracias

que te cambiou... pois, el era un home serio, bueno non tan serio, mais ó falar discutía moito". A este aspecto do carácter de Luís e á súa evolución tamén fai referencia no libro de Carmen Blanco, *Carballo Calero. Política e Cultura* , Carballo Calero:

> Ó ir mudando, foise sereando, incluso o aspecto polémico que caracterizara a súa xuventude cedera, porque esa tendencia á polémica era o resultado da súa sinceridade, da súa xenerosidade, do seu idealismo, e despois estas cualidades estaban temperadas pola comprensión.

Nesta evolución do carácter de Seoane do cal nos informa Carballo Calero e Frontini, seguro que a figura de Maruxa, tivo moito que ver.

Será a noite do cinco de abril de 1979 cando Maruxa advirta na voz de Luís, como tamén o fixera Díaz Pardo ó teléfono, os inicios do que sería a súa despedida final, a morte. Luís estaba ultimando *Homaxes,* un volume dedicado ó seu grande amigo Lorenzo Varela. O libro será publicado por Maruxa e por Xosé Díaz en Cuco- Rei, nese mesmo ano.

Despois do acontecido o reino da soidade conquista pola forza a Maruxa. Séntese desorientada, e trata de arranxar todo, como a Luís lle gustaría que o fixese...

> Logo volvín a Bos Aires, eu soa, tiven que facer todo soa, traer os cadros, desarmalos, volvelos a armar aquí. Había que desenrolalos. Eran moitos. E tocoume a min, soa, despois. Mais non empecei ata que pasaron sete anos porque non podía facer nada, dende que Luís morreu. Foi moi difícil. Xa que non sabía se a Luís lle parecería ben o que estaba facendo. Eu, cría que si, porque sabía como Luís pensaba, como facía; e pensaba cando facía algunha cousa, se a Luís lle gustaría. Penso que si, que estaría conforme.

Maruxa segue vivindo neste "templo" que ámbolos dous construíran, sen a penas cambiar nada.

De acordo con esta actitude de Maruxa, Xesús Alonso Montero, explica en *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Seoane*, que en 1980:

> Dª. Maruxa Fernández doa á Real Academia Galega 1500 libros de arte (deles, 150 sobre Picasso) interpretando o parecer de Luís Seoane, quen, nesta ocasión, recibe, na persoa da súa viúva, a Medalla de Académico de Honor.

O dezasete de Maio, Maruxa nun acto público en Oleiros, expresa a grandeza e talento da persoa ten humana que fora Luís, o seu home. A continuación quedaba inaugurado aquel monumento que lle solicitaran que fixera para a cidade da Coruña, aquela, que deixara abocada en escaiola. Para rematar este acto, Maruxa, le un poema de Luís titulado " Volta do emigrante".

Maruxa dedicouse completamente a Luís e a súa casa, cunha constancia absoluta, provocando esa atmosfera tranquila e relaxada tan precisa para conseguir a constancia artística que caracterizou o quefacer de Luís Seoane durante toda a vida: " eu coa miña tranquilidade dáballe enerxía". Os dous formaron un taller, a dúo, onde realizaron, compartiron e uniron forzas que deron froitos moi valiosos; Maruxa era colaboradora, ó noso parecer, nalgunhas das polifacéticas angueiras de Luís, era por así dicilo, a infraestructura, o sostén material: ía mercar pinturas, pulía á perfección as madeiras, era a mecanógrafa, sostiña a responsabilidade da casa e entre outras tarefas. Luís, traballador tamén incansable, fervenza de ideas e proxectos, realizaba esas outras partes da infraestructura que Maruxa non cubría, ademais de materializar toda esa forza creativa que levaba dentro. Xuntos formaron taller.

Como remate, quereríamos agradecer a Maruxa a amabilidade polas agradables conversas que mantivemos. As súas palabras cheas de historia, de emoción e de inquedanzas, recordounos moitos momentos vividos. Mais, Maruxa, contounos máis cousas a través dos seus ollos claros, pero son cousas, que nos atrevemos a interpretar, mais non a traducir:

> Coa miña tranquilidade dáballe enerxía

Neumeemoi.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO MONTERO, Xesús (1994): *As palabras no exilio. Bibliografía intelectual de Luís Seoane*, Vigo, Xerais

BLANCO, Carmen (1991): *Carballo Calero. Política e cultura*, Sada, Ediciós do Castro

BRAXE, Lino e SEOANE, Xavier (1989): *Galicia emigrante. Escolma de textos da audición radial de Luís Seoane (1954-1971)*, Sada, Ediciós do Castro

CID CABIDO, Xosé (ed.) (1993): *Luís Seoane, 1910-1979. Unha fotobiografía*, Vigo, Xerais

DÍAZ, Xosé (1994): *Luís Seoane, a forxa da modernidade*, A Coruña, Vía Láctea Editorial

FERNÁNDEZ LÓPEZ, Mª Elvira (1994): *A figura de Luís Seoane no Concello de Oleiros*, Oleiros, Concello de Oleiros

FERNÁNDEZ LÓPEZ, Mª Elvira (2000): "Breves Lembranzas", *Escritura Gravada. Xilografías de Luís Seoane*, A Coruña, Fundación Luís Seoane, outubro-decembro 2000.

GONZÁLEZ HERNÁNDEZ, Helena (1994): *Luís Seoane. Vida e obra*, Vigo, Galaxia

JORNADAS de la Emigración Gallega a Puerto Rico. Actas del Congreso celebrado en San Juan, 30, 31 de Enero y 1 de Febrero de 1996, Sada, Ediciós do Castro, 1997.

POZO GARZA, Luz (1994): *Galicia Ferida. A visión de Luís Seoane*, Sada: Ediciós do

Castro

TEXTOS inéditos. Luís Seoane, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1991

VARELA, Lorenzo (1979): *Poesía*, Sada, Ediciós do Castro

JOSÉ FONDEVILA "O COMUNISTA DE BERMÉS": UN SINDICALISTA DEZAO NO EXILIO

Manuel Iglesias Rodríguez

A través da figura de José Fondevila, que aínda hoxe permanece na memoria popular co apelativo de o comunista de Bermés, quixeramos plasmar as vivencias dun grupo de homes e mulleres que procedentes da emigración americana e formados nela nas ideas de democracia, socialismo e dereitos dos cidadáns, conformaron unha elite social na Comarca do Deza da II República. Esta vangarda transformou a sociedade civil e contribuíu a espertar alí, por primeira vez na súa historia, as ansias de liberdade e igualdade. Son estes homes e mulleres os que caeron víctimas da represión franquista que sobrevén logo do 18 de xullo, sendo Fondevila dos poucos que se "salvaron", pero sufrindo esa outra forma de represión que é o exilio.

1. UNHA ADVERTENCIA SOBRE AS FONTES

O relato da traxectoria vital de José Fondevila que presentamos a continuación ten como fontes fundamentais varias conversas que mantivemos co seu sobriño Raul Fondevila Crespo, que o coñeceu e compartiu con el algunha das peripecias que narramos. Ademais, tivemos acceso a cartas e documentos de Fondevila que se conservan na que foi casa familiar e que amablemente nos cederon os seus parentes.

Sabemos dos problemas que comporta o traballo con fontes orais e somos conscientes das limitacións deste tipo de fontes como sinalan Wouters e Pantaleón, que tamén recoñecen "son útiles para estas zonas de sombra, aínda que sexa por razóns en esencia negativas (non hai outras fontes)"[2210]. Procuramos completalas coa documentación persoal de Fondevila (sobre todo

cartas) e ademais contrastalas na medida do posible con outras fontes escritas, nomeadamente o Arquivo do Concello de Lalín, a prensa da época e varias Causas dos Tribunais Militares de Pontevedra, tomando neste caso as debidas precaución como xa ten sinalado Dionisio Pereira ó advertirnos do perigo de recrea-lo pasado cun discurso baseado en fontes sumariais da Dictadura, onde figuran atestados elaborados mediante tortura dos detidos[2211].

Por outra banda, botamos man tamén dos datos dunha investigación máis ampla sobre a época da II República na Comarca do Deza, en curso de realización.

2. A PRIMEIRA EMIGRACIÓN

"Militante da UGT, zurdo, gran tirador e mecánico extraordinario; facía enxertos; leváballe flores ós enfermos; gran debuxante". Así nos describiron por primeira vez ó comunista de Bermés.

O periplo vital de José Fondevila iniciase o 22 de xuño de 1884, na parroquia de Bermés, no Concello de Lalín. Era fillo de Vicente Fondevila e Cesarina García. Nace nunha familia labrega e como moitos mozos galegos de principios de século, ós 17 anos inicia o camiño da emigración.

Parece que o seu primeiro destino é Bos Aires, aínda que existe certa confusión nos inicios do que será un longo periplo migratorio (parece que en decembro de 1915 está en París[2212]). Sabemos tamén da súa estadía en Brasil, onde traballa como recolledor de caucho. Temos confirmada a súa presencia en Bos Aires entre 1919 e 1920, e tamén a súa actividade sindical na Arxentina deses anos[2213]. A finais de 1920 marcha a Nova York, logo de pasar por Chile e Perú[2214].

En xuño de 1921 está en México, traballando como mecánico no Departamento de Mariña da Free Port Oil Corporatión, en Tampico. Compañía

---

[2210] WOUTERS, M. e PANTALEÓN, X (1995): "O discreto encanto das fontes orais", en *Historia a debate.*

[2211] Nota 7 de GARCÍA DURAN (2000): *Pola liberdade. A loita antifranquista de Luís Costa*, Vigo, A Nosa Terra, p. 30.

[2212] AF, Carta de Julián Sánchez a José Fondevila. París, 5-12-1915.

[2213] AF, Carta de José Viguera a José Fondevila. Bos Aires, 23-2-1920.

[2214] AF, Carta de Antonio Iglesias a José Fondevila. Bos Aires, 10-1-1921.

coa que mantén un longo conflicto laboral por despedimento improcedente, logo dun accidente de traballo. Pola documentación que conservaba deste preito, sabemos das súas relacións co sindicalismo mexicano: era membro da Unión de los Trabajadores Marinos del Puerto de Tampico, e participa nas actividades da anarcosindicalista Confederación General del Trabajo de México. Fondevila gaña o xuízo dous anos despois[2215].

En 1928 volvémolo atopar en Nova York, onde permanece ata 1931, logrando establecerse cun taller de reparacións mecánicas en Madison Street. Alí entra en contacto coa emigración española integrándose na Alianza Republicana de Nova York.

Ó ter coñecemento da proclamación da República en España, decide regresar a Galicia a finais de abril de 1931[2216].

Cando a mediados de maio de 1931, Fondevila chega a Galicia e instalase en Bermés , é un experto mecánico de 47 anos, cunha certa formación e experiencia política, coñecedor das ideas socialistas e anarquistas, sendo ademais un curtido loitador sindical.

3. OS ANOS DA REPÚBLICA

A situación socioeconómica da Comarca sufrira unha grande transformación motivada fundamentalmente pola obras de construcción do ferrocarril Zamora-A Coruña. Como relata Dionisio Pereira, a liña ferroviaria fora aprobada no "Plan de Ferrocarriles" de 1926, a iniciativa do Ministro de Facenda da Dictadura, José Calvo Sotelo. Estaba divida en catro tramos, o terceiro (Ourense-Santiago) atravesa os Concellos de Lalín e Silleda. As obras, que contaban cun orzamento de 353 millóns e ocuparon a máis de 15.000 obreiros nas épocas de maior actividade, comezaron en 1929.

As dificultades para rematar o proxecto principiaron coa República: o novo titular de Facenda, o socialista Indalecio Prieto, sostiña que era unha "obra de prestixio" do vello réxime, de pouca rendibilidade. Isto, unido á crise

[2215] AF, Documentos varios sobre Conflicro laboral coa Free Port Oil Corpotratión. Tampico, 1921-1924

[2216] AF, Pasaporte de José Fondevila. Consulado General de España en Nova York, 30-4-1931.

económica, que propiciou unha política de contención do gasto público e equilibrio orzamentario, fixeron que o ferrocarril non fose prioritario para os sucesivos gobernos republicanos. Así, entre 1932 e 1935, as dificultades orzamentarias paralizaron os traballos e os contratistas aproveitaron o atraso nos pagamentos para endurece-las xa de por si cativas condicións laborais, orixinando acesas protestas entre o persoal. Como consecuencia, os traballos aínda estaban pola metade cando estoupa a Guerra civil, sendo o tramo 3º o máis atrasado.

> "Foi a mesquindade dos gobernos a culpable da endémica conflictividade socio-laboral que ten como protagonistas ós traballadores da vía e os habitantes das localidades próximas ó tendido. Uns e outros defenderon o interese xeral do camiño de ferro, como alicerce do desenvolvemento económico de amplas zonas do territorio galego e única alternativa de moitos fronte a pantasma do paro."[2217]

A construcción do ferrocarril trouxo á Comarca traballadores de variada procedencia: labregos, cuadrillas portuguesas, os canteiros de Pontevedra, os capataces e os mineiros andaluces, afeitos ás tarefas subterráneas, traballadores doutras zonas. E cos traballadores aparece o movemento obreiro[2218]. Ó longo do trazado da vía xorden sociedades obreiras, a maioría de carácter parroquial, que exercerán nos anos da República un protagonismo social e político notable, e en constante progresión, constituíndo un dos axentes máis dinámicos e o principal movemento de masas na Comarca.

Ó seu retorno, Fondevila ponse en contacto con este incipiente movemento, que xa tiña na súa dirección a outros retornados americanos. O papel dos "americanos" na organización dos sindicatos xa ten sido destacado por Núñez Seixas ó afirmar que "contribuíron á introducción de formas de sindicalismo obreiro organizado nalgunhas rexións concretas de Galicia, mentres noutras, probablemente a maioría, foron cruciais no proceso de

[2217] PEREIRA, D. (1998): *Sindicalistas e rebeldes. Anacos de historia do movemento obreiro na Galiza*, Vigo, A Nosa Terra.
[2218] Un caso semellante é o da bisbarra de Monterrei, vid. ibidem, p.p. 205-212.

fortalecemento e consolidación das organizacións obreiras xa existentes"[2219]. Tamén Dionisio Pereira sinala o influxo dos retornados nos sindicatos das vilas[2220].

O primeiro sindicato que se organiza na Comarca, e o que terá maior incidencia, a Sociedad de Obreros de PonteNova Donsión, ten como líder a Manuel Neira Rodríguez, un retornado cubano, e outros dos seus dirixentes, como José Donsión ou José Blanco, son tamén "americanos". O mesmo ocorre co sindicato mais representativo de Silleda: a Unión Obrera de Ponte, que ten como secretario a Arturo Pérez Lázara, que procedía da Arxentina.

O papel de Fondevila vai ser decisivo no desenvolvemento da Sociedade de Donsión, na que se integra ó pouco da súa chegada. Esta constituírase en marzo de 1931, e a primeira directiva elixida o 21 de abril, presídea Manuel Neira. Os outros cargos, José Crespo o vicepresidente, Luís Frade, vicesecretario, Ramiro Granja, tesoureiro e José Montouto, vicetesoureiro, terán tamén un destacado papel nas loitas sindicais e políticas ó longo do período republicano e serán asasinados despois do 18 de xullo. O sindicato contaba neses momentos con 180 afiliados[2221] e ós poucos meses ingresa na UGT[2222].

En decembro de 1931 morre o presidente e fundador Manuel Neira[2223], e Fondevila faise cargo da presidencia[2224]. Non temos mais noticias do funcionamento interno da Sociedade ata 1936, en que a parece coa denominación de Fraternidad e con Ramiro Granja como presidente.

Pero ademais deste, xorden, como xa comentamos, outros sindicatos en todas as parroquias polas que atravesa a liña ferrea: Sociedad Obrera de Villanueva, constituída en agosto 1931, Los Carrilanos de Pontenoufe (A Xesta), La Democracia de Sante (A Xesta), Sociedad de Obreros de La Gesta, La Equidad de Botos, La Unión de Botos, Sociedad Obrera de Bendoiro e Sociedad Obrera de la Edificación de Prado, no Concello de Lalín. En Silleda, ademais da xa mencionada Unión Obrera de Ponte constituída en agosto de 1931, temos a

[2219] NUÑEZ SEIXAS, X.M. (1998): *Emigrantes, caciques e indianos,* Vigo. Xerais, p. 340.
[2220] PEREIRA, D (1994): *A CNT en Galicia. 1922-1936*, Compostela, Laiovento, p. 198.
[2221] EPG, 23-4-1931.
[2222] Datos do Boletín de la UGT, agosto 1931, que debo a Manuel González Probados.
[2223] EPG, 14-1-1932.

Sociedad de Obreros de Oficios varios de la edificación de Silleda que se funda en setembro do mesmo ano, e a Sociedad de Trabajadores de Bandeira y sus contornos. Para completar a lista das organizacións obreiras, temos que facer mención ó Sindicato de Obreros de las Minas de Estaño de Silleda, que se organiza en 1935, coa reapertura das minas de Fontao en Vila de Cruces; e finalmente o Centro Obrero Casa del Pueblo de Lalín, que logrará construír o seu local cara 1935[2225].

Xa a finais de 1931, estas sociedades, xunto con algunhas agrarias que avivecen coa chegada da República, agrupanse na Federación de Sociedades obreras y de Agricultores del Partido de Lalín[2226]. O propio Fondevila será un dos seus dirixentes.

Fagamos agora un repaso polos conflictos sociais destes primeiros anos da República: Como sinala Dionisio Pereira, "os primeiros conflictos eran fundamentalmente defensivos, centrábanse no recoñecemento sindical, na defensa dos postos de traballo e na esixencia de aplicación da normativa laboral. A consolidación dos sindicatos viña despois de amosar a súa forza diante da oposición empresarial"[2227].

Ó mes de proclamarse a República, a mediados de maio de 1931, iniciase unha folga xeral no tramo do ferrocarril da Comarca, para demandar o cumprimento da xornada de 8 horas (declarada oficialmente polo goberno, pero que non se cumpría) e un aumento de salario (o xornal era de 4 a 4,30 pesetas). Máis de mil obreiros secundan o paro. Os piquetes percorren as obras para impedir a volta ó traballo. Celebrase un mitin en Prado no que os dirixentes obreiros ameazan co uso da forza se non se atenden as súas demandas. O conflicto intensifícase ata o punto que o mesmo Gobernador civil Varela Radio ten que desprazarse a Lalín o 19 de maio, para mediar nas negociacións. Alí reúnese cos representantes da empresa e delegados obreiros, sen ningún resultado. As negociacións continúan, e finalmente, trala última

[2224] AF, Carta de Antonio Fernández a José Fondevila. Lalín, 2-6-1933.
[2225] O listado de sociedades está extraido do AHPP, Libro Rexistro de Asociación do Goberno Civil de Pontevedra, Boletíns da UGT e ACL.
[2226] AHPP, Libro de Asociacións. Secretaría Xeral do Goberno Civil de Pontevedra.
[2227] PEREIRA, D. (1994): *A CNT...*, op. cit, p. 190.

rolda que se celebra no mesmo despacho do Gobernador, o 25 de maio, chégase a un principio de acordo: A empresa accede ás oito horas de traballo e a un aumento de 0,50 céntimos no xornal[2228].

Aínda así, as Sociedades obreiras, encabezadas pola de Donsión fan pública a súa protesta porque a Compañía Gamboa e Domingo, concesionaria das obras, non cumpre os acordos, xa que aínda se reduce a xornada a oito horas, non hai aumento de salario. Solicitan a intervención das autoridades, do Ministro de Traballo e do representante galego no goberno provisional da República, Casares Quiroga[2229].

Como as peticións non son atendidas, o 7 de xuño estala outra protesta con 400 obreiros que marchan en manifestación pacífica cara a Silleda, encabezados polo presidente da Sociedade de Donsión, Manuel Neira. Alí entrevístanse co Alcalde para darlle conta das súas reivindicacións e logo disólvense pacificamente[2230].

A mediados de xuño xurde un novo conflicto, ó negarse os contratistas a desembolsar máis diñeiro mentres o Goberno non conceda os créditos para a obra[2231]. O día 18, ante os rumores de paralización das obras, as protestas e manifestacións estendense por toda Galicia[2232]. O día 26 celebrase en Ourense unha asemblea popular, que remata co asalto ó Goberno Civil dende o que se pide ó Goberno a declaración terminante de continuidade das obras consignando o orzamento necesario; ameazase coa folga xeral en Galicia, a abstención na loita electoral, dimisión de cargos públicos, etc. Á asemblea acuden nutridas comisións das sociedades obreiras e Centros Republicanos de Silleda e Lalín, esta última encabezada polo mesmo alcalde Manuel Ferreiro[2233]. A protesta ten tamén eco en Compostela, onde se declara o paro o 27 pola

[2228] EPG, 16-5-1931 e 27-5-1931.
[2229] G-BA, 12-7-1931.
[2230] EPG, 11-6-1931.
[2231] EPG, 3-6-1931 e ACL, Libro de Actas da Permanente, 19-7-1931.
[2232] EPG, 19-6-1931.
[2233] EPG, 27-6-1931, p. 1 e 7.

mañá. Non obstante ese mesmo día, cun telegrama de Casares Quiroga prometendo unha solución favorable, dáse por finalizada a protesta[2234].

A actividade sindical é complicada nestes primeiros momentos da República, a patronal tentou abortar no seu albor o fenómeno sindicalista. Aproveitando a ignorancia e o individualismo da abundante man de obra barata, fixeron uso dos seus estreitos vencellos coa rede caciquil para atrancar o desenvolvemento do movemento societario. Moitas veces usando á propia Garda civil para tentar facerlle a vida imposible ás nacentes sociedades obreiras, como cando deteñen e encarceran a un dirixente obreiro na Abeleda polo simple feito de expender os recibos da Sociedade[2235], ou a detención pola Garda civil de 8 persoas en Botos en xullo de 1931, entre elas o concelleiro José Rodríguez, como consecuencia das protestas polos incumprimentos da empresa, decisión que será protestada formalmente pola Corporación Municipal[2236]. O mesmo Fondevila asina unha denuncia ó Comandante da Garda civil, polo atropelo de varios números destinados nas obras que intentan obrigar a volver ó traballo ós obreiros de Ponte Taboada con ameazas do uso das armas, logo de terse declarado legalmente a folga[2237].

A persecución diríxese contra os líderes sindicais, e como consecuencia das folgas que se organizan en xuño, Fondevila é denunciado pola Garda civil por tenencia de armas[2238]. Pero o movemento obreiro conta tamén con algún apoio na corporación de Lalín co alcalde Manuel Ferreiro á fronte, que agradeceu na súa toma de posesión o apoio das sociedades obreiras aos republicanos nas eleccións municipais de maio[2239]. Así, o Concello négase a cooperar nas dilixencias que lle instrúe a Fondevila o Xulgado Municipal[2240].

Xa mencionamos o seu papel como dirixente da Federación de Sociedades obreras y agricultores del Partido de Lalín. Pero a súa actividade

[2234] GONZÁLEZ PROBADOS, M. (1982): *Movemento obreiro e socialismo. Coruña (1931-1933)*, Sada, Ed. do Castro, p. 44
[2235] G-BA, 11-10-1931
[2236] ACL, Libro de Actas Sesións. Pleno e Xunta Municipal, 26-7-1931.
[2237] AF, Copia de denuncia de J. Fondevila a Comandante da Garda Civil, s. d.
[2238] ACL, Libro Rexistro de Entrada de Documentos, 18-7-1931.
[2239] ACL, Libro de Actas Sesións. Pleno e Xunta Municipal, 20-6-1931.

sindical é constante nestes anos: O 9 de decembro organiza a protesta das sociedades obreiras de Donsión e Botos contra a compañía de ferrocarril, ó negarse o contratista a cumpri-las bases de traballo fixadas polo Comité Paritario InterProvincial de Construcción de Ferrocarriles, creado polo Ministerio de Traballo de Largo Caballero, que entraran en vigor a mediados de setembro. Na mobilización participa a Sociedade de Bendoiro, que percorre as obras levando á folga a todos os obreiros[2241]. Como remate da xornada, celébrase un mitin na Praza de Lalín no que interveñen Fondevila e Celso Carrón[2242]. Iniciase unha folga de 800 obreiros á que porá fin a intervención dunha comisión do Comité Paritario[2243].

Xa en marzo de 1932 e ante o insistente rumor dunha nova paralización das obras, declarase a folga. En Lalín celebrase unha asemblea aberta a tódolos cidadáns o día 21, na que se acorda iniciar un paro xeral. Formase un amplo comité de folga con representantes das sociedades obreiras e asociacións profesionais, no que participan comerciantes, industriais, avogados, médicos, etc. O que manifesta o carácter interclasista desta protesta, xa que afecta non só ó movemento obreiro senón tamén ás mesmas autoridades republicanas locais ou á cativa burguesía vilega, interesada na construcción do ferrocarril como unha fonte de progreso económico. O Comité de folga elixe unha Comisión executiva (presidida polo avogado Laureano García, na que non hai nengún representante obreiro) e trasladase a Ourense, Santiago e Pontevedra para coordinar as protestas cos comités Pro-Ferrocarril desas cidades. O paro en Lalín é total, concéntranse forzas da Garda Civil e prodúcense algúns incidentes (tiroteo ó autobús de liña Pontevedra-Lalín que non secundara o paro e cortes na liña telegráfica). O día 24 celebrase unha asemblea xeral multitudinaria á que asisten 5.000 persoas. O 26 dimite a corporación de Lalín, e ó día seguinte a de Silleda, onde se celebran manifestacións. Pídese a solidariedade doutros concellos, a dimisión do gobernador, envíanse telegramas

[2240] O Concello négase a facilitar datos alegando que na petición do Xulgado inclúese o seu álias "comunista", que vemos reflectido aqui por primeira vez. ACL, Libro Rexistro de Saída de Documentos, 28-7-1931
[2241] EPG, 11-12-1931, p. 10
[2242] ACL, Libro Rexistro de Saída de Documentos, 9-12-1931

ós deputados galegos en Madrid retirándolles a confianza. Varios representantes do Comité de folga son detidos en Pontevedra, o que provoca novas protestas[2244].

Logo de oito días de folga xeral, a solución chega, aínda que de xeito parcial, ó introducílo goberno algúns cambios no proxecto de financiamento das obras, que permiten a súa continuación.

Fondevila non ten un papel destacado nestas protestas, en sintonía coa actitude ambivalente que manteñen os socialistas ante un conflicto no que se protestaba pola política dun Ministerio que tiña á fronte a un socialista[2245], e pola súa correspondencia constatamos que a consideraba unha protesta reaccionaria contra o goberno republicano-socialista[2246].

Pero o éxito da folga é un espellismo xa que a principios de abril as obras paralízanse outra vez, ó negarse os propietarios dos terreos a permiti-la súa continuación ante o temor de que non se paguen as expropiacións[2247]. Esto fai que a empresa despida a tódolos obreiros, que pasan por momentos dramáticos, como denuncia a Sociedad Obrera de Ponte ao Goberno civil, pedindo se prohiba a exportación e acaparamento de artigos de primeira necesidade para que os obreiros en paro non "se vean arrastrados a cometer actos de violencia para poder subsistir"[2248]

En canto a participación de Fondevila na política local, encádrase, como xa comentamos no PSOE. Xa mencionamos a afiliación da Sociedade obreira de Donsión á UGT, e sabemos da formación dunha agrupación do PSOE en Bermés presidida por Fondevila, aínda que ignoramos a data da súa constitución[2249]. Ademais, en xullo de 1936 a Federación Socialista Provincial aproba o ingreso directo de José Fondevila[2250]. Temos tamén constancia da súa participación nas eleccións xerais de novembro de 1933, para as que foi proclamado candidato

---

[2243] LL, nº 18, 26-12-1931, p. 12
[2244] EPG, 25-3-1932, p. 8 e 27-3-1932, p. 2 e 12.
[2245] LL, nº 29, 12-3-1932, p. 1 e nº 31, 2-4-1932, p.1
[2246] AF, Carta de J. Fondevila a Manuel Ramos, s. d.
[2247] EPG, 12-4-31, p. 11
[2248] EPG, 6-5-1932, p. 8
[2249] AF, Folla solta dos Estatutos da Agrupación do PSOE de Bermés, s. d.
[2250] AHPP, Libro de Actas da Federación Socialista Provincial.

polo PSOE, aínda que só ós efectos de nomear apoderados para o control do proceso electoral[2251].

Por desgracia non contamos con moitos datos sobre a actividade política dos partidos obreiros na Comarca. Polo que respecta ó PSOE, a participación da Agrupación Socialista de Lalín no II Congreso Provincial de Agrupacións Socialistas de Pontevedra en maio de 1936[2252] e a existencia dunha organización das Juventudes Socialistas en Lalín en xaneiro do mesmo ano[2253]. En canto ó Partido Comunista, está constatada a existencia dunha célula con 20 militantes en 1933[2254]. Eso explicaría a inclusión dun agrarista lalinense, José Villar Pájaro, na candidatura comunista ás eleccións de novembro[2255] e a celebración en Lalín de mitins comunistas nesa campaña[2256]. En xullo de 1936 hai na Comarca 8 células con 95 militantes[2257].

Por outra banda, en febreiro de 1933, o Centro Republicano de Bremés, a súa parroquia de residencia, elixe a Fondevila secretario, logo de destituír ó anterior (na información de prensa cualifícano como incansable loitador republicano)[2258].

Logo do abandono do goberno polo PSOE en xuño e da derrota da esquerda nas eleccións de novembro de 1933, ó longo do ano seguinte prodúcese unha radicalización dos socialistas, cara a unidade obreira, a loita antifascista e as solucións políticas propiamente socialistas. Esta mudanza de posturas é tamén patente na UGT que inicia unha política de unidade de acción con tódalas forzas obreiras e propicia a formación das Alianzas Obreiras[2259]. Esta nova postura faise patente no mitin do 1º de maio de 1934 de Silleda,

---

[2251] EPG, 14-11-1933, p. 3
[2252] GONZÁLEZ PROBADOS, M. (1992): *O socialismo na II República (1931-1936)*, Sada, Ed. do Castro, p. 220
[2253] Ibidem, p. 272. Dáse conta dunha serie de de cartas das JJSS que aparecen no xornal socialista Claridad, na que estas se identifican coa liña largocaballerista, entre elas á da agrupación de Lalín
[2254] SANTIDRIÁN ARIAS, V.M. (2002: *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, Sada, Ed. do Castro.
[2255] EPG, 14-11-1933
[2256] EPG, 12-11-1933, p. 11
[2257] SANTIDRIÁN ARIAS, V.M. (2002: *Historia do PCE....*, op. cit.
[2258] EPG, 21-2-1933, p. 13
[2259] GONZALEZ PROBADOS, M. (1992): *O socialismo na II República....*, op. cit

organizado pola Sociedad Obrera de Ponte, de filiación ugetista[2260]. No manifesto que difunde o sindicato para convoca-lo acto insístese na necesidade de unión de tódalas organizacións obreiras e campesiñas, sen distinción de ideoloxías, para acadar o poder e na loita contra o fascismo. Estas son as súas reivindicacións:

> Liberación de nuestros presos. Libertad para la prensa revolucionaria. Amplio derecho de organización, manifestación y huelga. Supresión de todas las leyes represivas y de excepción.
>
> Por la inmediata continuación de las obras de nuestro ferrocarril. Por un subsidio de tres pesetas diarias para los parados. Por la excepción temporal de todo tributo o renta a los campesinos pobres. Contra la carestía de los artículos de primera necesidad

O Manifesto remata cun "¡Viva el Frente Unico de los trabajadores!"[2261].

A Revolución de Asturias, en outubro de 1934, significou un duro golpe para o movemento obreiro na Comarca. Aínda que a folga xeral non ten moita repercusión (en Silleda pechan algúns comercios e quedan sen comunicacións telegráficas polo corte de varios postes da liña[2262]), a onda de represión que se desencadea coa clausura de locais e detención de militantes, é aproveitada polos patróns para endurece-las condicións de traballo e tomar represalias contra os obreiros máis reivindicativos[2263]. Xa o 13 de outubro, o Goberno Civil imponlle unha multa a Fondevila por "falta conta el orden público" por ter infrinxido o "estado de alarma"[2264]. Máis tarde son detidos varios líderes sindicais: Fondevila, José Crespo, José González Blanco e Luís Varela Sobrado, acusados de coaccionar ós obreiros[2265]. A algúns, como o mesmo Fondevila intérnanos na fragata Minerva, fondeada no porto de Marín, onde permanece

[2260] G-BA, 17-6-1934
[2261] O manifesto está reproducido integramente en G-BA, 10-6-1934.
[2262] G-BA, 18-11-1934
[2263] Como acontece no conflicto que se desencadea en Botos cando o patron se nega a dmitir a varios obreiros da Sociedade, alegando a ineptirude destes para o traballo, o que desencadea a protesta da Sociedade. Vid. ACL, Libro Rexistro de Saída de Documentos, 12-11-1934
[2264] ACL, Libro Rexistro de Entrada de Documentos, 13-10-1934, Libro Rexistro de Saída de Documentos, 13-10-1934,

confinado máis dun mes. Tamén dirixentes políticos como o ex-alcalde de Silleda Emilio Alonso Paz xunto co ex-concelleiro Daniel Sánchez Mayo pasan pola cadea coa acusación de ser socialistas[2266].

En 1935 a loita sindical faise en condicións cada vez máis difíciles pola represión dos gobernos da dereita, que clausuran varias sociedades e mesmo prohiben os actos do primeiro de maio dese ano, como sucede co mitin previsto en Silleda[2267]. Fondevila volve pasar pola Prisión de Lalín o 31 de xullo[2268], acusado esta vez de ameazas de morte[2269]

Ante a actitude dos gobernos radical-cedistas, a necesidade da unidade de todas as forzas de esquerdas faise sentir na Comarca e xa en xuño de 1935, fórmase en Lalín un Bloque antifascista, no que participan os partidos republicanos e as organizacións obreiras[2270]. Os puntos sobre os que se basea o bloque son a amnistía, a solución do paro, as liberdades civís, a reposición dos concellos de elección popular, a autodeterminación das nacionalidades e a rebaixa de impostos.

A sintonía entre as organizacións de esquerdas locais non queda unicamente na firma deste pacto, xa que meses despois constitúese en Lalín a Casa da República, na que se integran Izquierda Republicana, Unión Republicana, o Partido Galeguista e afiliados do PSOE e do Partido Comunista. A Casa da República dótase dun regulamento que permite a presidencia rotatoria de tódolos partidos e comeza unha intensa campaña de propaganda[2271].

A colaboración faise patente no mitin de Casares Quiroga en Lalín o 8 de decembro, onde hai unha importante presencia das Sociedades cos seus símbolos e as organizacións do Partido Comunista de Lalín e Silleda envían a súa adhesión[2272].

[2265] EP, 23-10-1934, p. 2 e 10-11-1934, p. 2
[2266] G-BA, 18-11-1934
[2267] Aínda así, as Sociedades obreiras puideron celebrar o tradicional baile, que non foi prohibido. Vid. G-BA, 23-6-1935
[2268] ACL, Libro Socorrros Prisión Partido
[2269] EPG, 6-8-1935, p. 17
[2270] ANT, nº 371, 22-6-1935, p. 2
[2271] EPG, 8-9-1935, p. 9, 17-11-1935, p. 13 e 27-11-1935, p. 13
[2272] EP, 9-12-1935, p. 1

Así, dáse unha importante presencia de dirixentes obreiros nos actos da Fronte Popular na campaña das eleccións de febreiro do 36, para as que Fondevila volve ser proclamado candidato[2273] e terá unha destacada participación no desenvolvemento das eleccións.

O triunfo da Fronte Popular fai que as mobilizacións obreiras acaden novas cotas. Entre os meses de abril a xullo de 1936 prodúcense na Comarca varios conflictos de entidade: folga dos mineiros de Fontao, nova folga do Ferrocarril do 8 ao 22 de xuño[2274], folga xeral en Lalín pola detención do alcalde Xesús Golmar a principios de xullo. Nestes conflictos intervén Fondevila, a quen a directiva do Sindicato mineiro de Fontao solicita a súa mediación co deputado comunista por Pontevedra Adriano Romero Cachinero para acelerar a solución da folga. Na carta a Romero, que se conserva no Arquivo da Guerra Civil de Salamanca, Fondevila aproveita para solicitar do deputado que recomende unha inspección "imparcial" ás Minas e as obras do ferrocarril que constate as duras condicións de traballo dos obreiros e se tomen medidas para solucionalas[2275]

O 18 de xullo estala a rebelión militar en África, as noticias chegan a Lalín e os partidos da Fronte Popular comezan a organizarse. Manuel Ferreiro, o que fora alcalde e agora secretario interino do Concello, convoca ós presidentes das Sociedades obreiras para informalos e pedirlles que se manteñan alerta. Vai a Pontevedra o día 19 e entrevístase co Gobernador. Este indícalle que debe declara-la folga xeral e enviar reforzos á capital para defende-la República. O 20 xullo organízase baixo a supervisión de Fondevila, José Crespo (agora presidente da Sociedade de Bendoiro) e o propio Ferreiro, unha expedición armada a Pontevedra na que participan uns douscentos obreiros. Ó chegar a capital encóntranse con que o exercito xa saíu á rúa e os hidroavións de Marín sobrevoan a cidade. Teñen que regresar, e moitos fano de xeito desorganizado, algúns mesmo fan a viaxe de volta a pe polo monte Candán (como o caso do propio Fondevila). Ós que regresan nas camionetas agárdanos grupos de falanxistas e gardas civís en Silleda onde se producen varios enfrontamentos.

[2273] EPG, 11-2-1936, p. 10
[2274] EPG, 24-6-1936, p. 12
[2275] AHNGC, PS MADRID, Carp. 311, Leg. 2929/1

Comeza a represión que nesta zona vai axustarse ó pe da letra o que se recomendaba na base quinta da "Instrucción reservada núm. 1" do xeneral Mola para o levantamento:

> Se tendrá en cuenta que la acción ha de ser en extremo violenta para reducir lo antes posible al enemigo, que es fuerte y bien organizado. Desde luego serán encarcelados todos los directivos de los partidos políticos, sociedades o sindicatos no afectos al Movimiento, aplicándoles castigos ejemplares a dichos individuos para estrangular los movimientos de rebeldía o huelgas."[2276]

Na Comarca do Deza van ser detidos os cargos políticos, alcaldes e concelleiros, e os dirixentes das sociedades obreiras durante os meses de agosto e setembro. Moitos serán paseados, outros xulgados e condenados a morte en procesos sumarísimos e os máis a penas de prisión. Por non falar da depuración que se inicia sobre os funcionarios públicos, xuíces, fiscais, empregados municipais, carteiros e sobre todo mestres.

Evidentemente a represión comeza polos dirixentes máis importantes e así, xa o 25 de xullo, un grupo de falanxistas diríxese a Bermés coa intención de deter a Fondevila. Rodean a casa e ordenan que saia. Fondevila consegue escapar ó cerco, aínda que resulta ferido por un disparo. Ocúltase, e cando os fascistas dan por rematada a busca, diríxese a casa dun médico de Donsión, onde a punta de pistola obrígao a curalo. Permanece agochado durante algúns meses en casas de obreiros de Donsión e Cristimil, ata que a situación se fai insostible. Decide marchar a Portugal, e ó pasar a fronteira recoñéceo un antigo obreiro do ferrocarril ó que tiña axudado como dirixente sindical, que se pon á súa disposición para sacalo do país. Gracias a este inesperado apoio consegue sortear á policía portuguesa que entregaba a tótódolosdolos refuxiados galegos ás autoridades franquistas, como lle sucedeu ó alcalde de Silleda Emilio Alonso Paz.

[2276] Citado en REIG TAPIA, A.: *Ideología e historia. Sobre la represión franquista y la Guerra Civil*, Madrid, Akal, p. 146

Mentres tanto, as autoridades do Movemento implícano en varios sumarios e será buscado e declarado en rebeldía. Vexamos como o describe o informe da Garda civil que aparece nunha das causas polas que é procesado:

> JOSE FONDEVILA GARCIA- Nació en Bermés, provincia de Pontevedra, el 22 de junio de 1884; hijo de Vicente y Cesarina, oficio mecánico, estado soltero, estatura regular, delgado, pálido, ojos azules, pelo castaño, boca grande, cara alargada, anda mucho y de prisa, voz afeminada y ceremonioso en los andares.
>
> Anarquista y comunista de acción - Fué expulsado de América por agitador revolucionario, ha sido detenido tres veces por fuerza de este Puesto por tenencia ilícita de armas; detenido también por agresión a un paisano causándole lesiones de las que falleció; ejercía influencia en las masas obreras y en las Sociedades para la creación de conflictos sociales; tuvo intervención en los sucesos en los que actuaba como cabecilla; sostuvo tiroteo con Guardia Civil y fascistas que le perseguian el 25 de julio de 1936, resultando herido. Se desconoce su paradero.[2277]

En novembro de 1936 embarca en Porto nun barco inglés que se dirixe a Francia. Unha vez en solo francés, atravesa a fronteira para entrar en España e poñerse ás ordes do exercito republicano para combater o franquismo.

As testemuñas sitúano como encargado do Parque de automobilismo das Brigadas Internacionais e logo como Comisario de guerra do Exercito republicano e falan da súa participación na batalla de Brunete e na toma de Teruel, onde salva a vida dalgúns prisioneiros do exercito nacional orixinarios da Comarca.

En 1939 pasa co exercito republicano a Francia, onde é internado nun campo de concentración.

Perdémoslle a pista ata 1942, cando confiado nunha presunta amnistía para aqueles que non estaban inmersos en delictos de sangue, tenta volver a Galicia. Pasa a fronteira por Irún o 20 de xaneiro. Pero aínda así, antes de presentarse ás autoridades, consultas con antigos coñecidos, entre eles o

falanxista Antonio Tapias de Pontevedra, que lle aconsellan non presentarse ante o destino que sufriron outros que o fixeran (a prisión). Permanece agochado en Lalín varios meses, en casas de vellos coñecidos, cambiando de domicilio frecuentemente por temor ás delacións, e a finais de maio marcha outra vez cara Portugal, dende onde fai algunha visita a Lalín, ata que finalmente decide colle-lo camiño do exilio. Consegue un pasaporte mexicano no Consulado de Lisboa en outubro de 1942, logo de varios meses escondido na capital lusa e alegando a presentación dun invento: un "lanza bombas"

> que fué sometido a la consideración de la Legación Americana, la cual encontrándolo de interés bélico remitiolo para su estudio y aplicación al Departamento de Guerra de los Estados Unidos de América.[2278]

Consegue finalmente embarcar con destino a México.

4. O EXILIO

Pouco sabemos do seu exilio en México, ao parecer non mantiña relación cos outros exiliados republicanos nin coa colonia galega[2279]. Si temos novas del a través das cartas que volve enviar á súa familia a partir de 1949, informándoos que está en México D.F., vivindo nunha Casa de Hospedes.

Tamén por medio dunha carta sabemos dunha viaxe aos Estados Unidos, dende onde escribe en 1961, na que relata que foi pensionado para presentar un invento (ó parecer o "lanza bombas") que fora perfeccionando gracias ós seus coñecementos de mecánica.

En 1962 a Sociedade de Beneficencia Española de México acólleo como indixente e despois dun tempo mándao pola súa conta ó Hospital Psiquiátrico

[2277] ARMN, Causa 559/37. Informe da Garda Civil.
[2278] AF, Carta de J. M. Alvarez del Castillo a Consul de México. Lisboa, 26-9-1942
[2279] Segundo informacións proporcionadas por Elixio Rodríguez, que a petición nosa fixo unha pescuda entre os paisanos galegos residentes en México, no Centro Republicano e no Centro Galego, sen que ninguén lle puidera dar razón de José Fondevila.

Nuestra Señora de Guadalupe en Cholula, a 130 Km. de México D.F.[2280]. Tamén lle escribe á familia anunciándolles o seu traslado a Cholula.

O 22 de marzo de 1963 ingresa no Sanatorio. O diagnóstico é demencia senil. Sae do Hospital e volve á Beneficencia. O 9 de setembro de 1969 mándano por segunda vez a Cholula, onde morre o día 19 de decembro de 1973.

[2280] Debo estas informacións á xenerosidade de Elixio Rodríguez, quen localizou nos arquivos do Hospital Nuestra Señora de Guadalupe o expediente de José Fondevila, do que proceden os datos da súa estadía e da súa defunción.

FONTES

Arquivos:

AF: Arquivo privado da familia Fondevila.

ACL: Arquivo do Concello de Lalín.

AHNGC: Arquivo Histórico Nacional. Sección Guerra Civil. Salamanca.

AHPP: Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

ARMN: Arquivo da Rexión Militar do Noroeste. Ferrol.

Prensa:

ANT: *A Nosa Terra*.

FV: *Faro de Vigo*. Vigo.

G-BA: *Galicia: Publicación semanal editada por la Federación de Sociedades Gallegas*. Buenos Aires.

EP: *El País*. Pontevedra.

EPG: *El Pueblo Gallego*. Vigo.

LL: *La Lucha: Organo de la Agrupación Socialista y de la Federación Agraria de la Provincia*. Ourense.

BIBLIOGRAFÍA:

GARCÍA DURÁN, J.(2000): *Pola liberdade. A loita antifranquista de Luís Costa*, Notas de Dionisio Pereira, Vigo, A Nosa Terra.

GONZÁLEZ PROBADOS, M. (1982): *Movemento obreiro e socialismo. Coruña (1931-1933)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

GONZÁLEZ PROBADOS, M. (1992): *O socialismo na II República (1931-1936),* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1998): *Emigrantes, caciques e indianos*, Vigo, Xerais.

PEREIRA, D. (coord.) (1992): *Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra,* Vigo, A Nosa Terra.

PEREIRA, D. (1994): *A CNT na Galicia. 1922-1936*, Compostela, Laiovento.

PEREIRA, D. (1998): *Sindicalistas e rebeldes. Anacos de historia do movemento obreiro na Galiza*, Vigo, A Nosa Terra.

REIG TAPIA, A.: *Ideología e historia. Sobre la represión franquista y la guerra civil*, Madrid, Akal.

SILVA FERREIRO, M. (1939): *Galicia y el Movimiento Nacional*, Santiago, Seminario.

WOUTERS, M. e PANTALEÓN, X. (1995): "O discreto encanto das fontes orais" en *Historia a debate*.

REPRESIÓN E EXILIO: A HISTORIA DALGÚNS REPUBLICANOS MONFORTINOS

María González García
Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

A morea de paixóns desatadas pola Guerra Civil tivo unha das súas manifestacións máis acusadas no exilio de milleiros de galegos cara á terras alleas. Uns fuxían dunha agresión física segura; outros, do ambiente insán que ía sobrevir trala consolidación do novo Réxime. Todos fixérono coa dor de quen se ve obrigado a abandona-la súa Patria por unha discriminación ideolóxica. Sen embargo, non era a primeira vez que os galegos tiñan que enfrontarse a este tráxico destino. Como sinala Alberto Vilanova na súa obra sobre a emigración a Arxentina, "desde los tiempos de Prisciliano, vienen los hijos de Galicia pagando esa dolorosa contribución al martirologio por la libertad de pensamiento"[2281].

O longo da súa historia, Galicia foi unha boa provedora de exiliados, aínda que ningún exilio abarcou tanta diversidade de ideoloxías e clases sociais como o que puxo fin á contenda bélica de 1936-1939[2282]. Ante o temor ás represalias impúxose a diáspora, especialmente entre os representantes das institucións oficiais[2283]. Moitos deles, gracias a saír do solar galego, lograron escapar das mans da morte; outros optaron por manterse no seu terruño acubillados polos montes. Pero non todos lograron fuxir, padecendo encarceramentos ou, no peor dos casos, pagando coa vida polas súas diferencias políticas .

[2281] Vilanova, A. (1960): *Los gallegos en la Argentina*, Buenos Aires, Edicións. Galicia, p.32.
[2282] VV.AA. (1986): *España Nuestro Siglo. Texto, imágenes y sonido. Gobierno de Franco, 1939-1975*, Ed. Plaza&Janés, p. 206-207.
[2283] Montseny, F. (1977): *El Éxodo (Pasión y muerte de españoles en el exilio*), Barcelona, Edicións Galba, p. 18.

2. A MARXINACIÓN, O CÁRCERE E A MORTE

Nos anos trinta Monforte era un nó ferroviario destacado dentro da rexión galega, que regulaba as comunicacións ferroviarias de Galicia co resto da Península. Contaba entre a súa poboación cun importante número de afiliados ós partidos de esquerda, especialmente ó Socialista, que se repartían en diversas sociedades obreiras[2284] vencelladas principalmente a esta Agrupación. Estas características determinaron que o municipio monfortino fora un dos puntos de maior conflictividade social durante toda a etapa republicana, pero foi nas xornadas de outubro de 1934 e nos momentos do Alzamento cando máis se puxo de manifesto.

Co triunfo do Golpe Militar e ante a resistencia amosada polas forzas obreiras, as dereitas pedían vinganza. A comarca monfortina revélase como unha das zonas da provincia máis castigadas polas represalias[2285], practicándose detencións masivas de carácter gugobernativobernativo na súa área de influencia. Esta opresión á que se veu sometida boa parte da cidadanía desembocou ás veces en procesos militares e, malia que moitos dos imputados obtiveron o sobresemento da causa[2286], producíronse abundantes detencións e mesmo algúns fusilamentos[2287].

As represalias, nas súas distintas modalidades, recaían nos que adquiriran un maior compromiso coa República. Atendendo ó ámbito profesional, os máis damnificados foron os ferroviarios. Monforte en 1936 contaba cuns 700 traballadores dependentes do ferrocarril, e un ano despois esta cifra diminuíra a 500, en parte, polas numerosas detencións que se practicaron e porque o medo á represión levou a algúns a fuxir. A esto hai que

---

[2284] A Federación de Sociedades Obreiras da UXT contaba con seccións de: camareiros e os seus similares, obreiros da madeira e de contratas de carga e descarga do Ferrocarril do Norte, albaneis e peóns.

[2285] A existencia dun carcere na capital deste partido xudicial contribuíu tamén a que houbera un maior número de prisioneiros.

[2286] Souton Blanco, M. J. (1998): *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, pp. 235-236.

[2287] Os executados do municipio monfortino no período 1936-1939 foron oito: Consuelo Alonso González, Juan Manuel Domínguez López, Antonio Iglesias Franco, Ricardo López Somoza, Martín Grados Heladio, Víctor Rodríguez Martínez, Raimundo Moure Pérez, José Rodríguez Franjo. A todos matáronos no ano 1936, salvo a muller que foi no 1938.

engadi-los numerosos despidos que se produciron. Entre as causas alegadas para "separalos do servicio" estaba a súa falta de apoio ó goberno franquista, como o feito de non acudir á mobilización decretada polo Ministerio de Defensa. A outros imputábanlles que algún dos seus familiares pasáranse ó bando dos roxos ou que non se presentaran ó traballo nos primeiros días do Levantamento[2288]. A depuración afectou tamén a moitos traballadores do Concello. A Xestora Municipal nomeada o 30 de xullo, seguindo ordes da Comandancia da Zona, toma como primeira medida a substitución de gran parte do persoal da alcaldía: oficial maior, oficial primeiro, auxiliar do secretario, policías etc. As acusacións vertidas sobre eles eran moi graves. Así, ó oficial maior, Argemiro Díaz Amor, culpábano de ser un dos principais directivos dos elementos marxistas e correr ó seu cargo o reparto de armas e municións dos mesmos; ós policías, de non prestar servicio nos primeiros días do Alzamento; e ó resto dos empregados – de limpeza, portería ou das obras municipais – cesáronos sen alegar ningunha xustificación[2289].

Peor sorte tiveron os que, polas súas diferencias ideolóxicas, padeceron cadea. Este grupo foi moi numeroso e entre eles figuraban: os membros das Xuntas Directivas dos Sindicatos Ferroviarios e da Agrupación Socialista[2290]; os da asociación clandestina Juventudes Libertarias da Parroquia de Rivasaltas, ós seus simpatizantes acusáronos de colocar unha bandeira comunista no campanario da igrexa uns meses antes da insurrección; os extremistas que asaltaron a sociedade recreativa do Casino, o 10 de xullo de 1936, e atacaron a varios falanxistas; e os que participaran na requisa de armas e na organización dos gardas nos primeiros días do Alzamento (cargo ó que se engadía normalmente o ser Garda Roxo con anterioridade ó mesmo). O alcalde, Juan Tizón Herreros, xunto co edil socialista, Miguel Chapel Salgueiro, foron considerados os dirixentes desta operación. A delegación da responsabilidade nestes representantes políticos impediu que a varios membros da garda

[2288] A.M.M., legaxo 60.
[2289] A.M.M., Actas do 30 de xullo de 1936.
[2290] Entre os detidos estaban: Manuel Torrón Rivas, Evaristo Martínez del Sar, Eduardo Vázquez Vales, Francisco López Fernández, Julio Arnáez Terán, Camilo Mondelo González, Vicente

municipal - José Pallares Rodríguez, Santiago Rodríguez Álvarez, Evaristo Rodríguez López, Emilio Iglesias Álvarez e Plácido Pérez Castro – estimaranos culpables por intervir en dita requisa. Malia absolvelos de todo delito, "ya que lo hicieran por orden expresa y terminante del Alcalde al que debían obediencia"[2291], esto non evitou a súa detención e o cese no cargo (algúns serían repostos a posteriori)[2292].

En canto ós que mataron, o maior número de baixas produciuse nos homes que participaran na marcha sobre a capital para oporse ós sublevados, entre as que podemos mencionar a dos concelleiros socialistas Ramón Somoza Álvarez e Urbano Núñez Castro. Igual sino tivo o avogado Víctor Martínez Rodríguez - presidente de Esquerda Republicana na localidade e edil coa Fronte Popular - ó consideralo responsable, entre outros actos, de inutilizar o día do Alzamento os aparatos da Central Telefónica de Monforte. Detido en agosto do 36 é trasladado á Coruña, en virtude de "orden superior", para prestar servicios no Rexemento de Artillería número 16 da cidade herculina; nembargantes, trala denuncia presentada polo secretario local de Falanxe e o Alcalde de Monforte ó Gobernador Civil[2293] frustrouse a orde e foi levado, en outubro de 1936, ó cárcere de Lugo. Finalmente executárono o 22 de maio de 1937. Ademais dos representantes políticos, a represión afectou ós responsables da morte de persoas afectas ó réxime. Este foi o caso de José Rodríguez Silvosa, considerado autor do asasinato do falanxista, José Veiga Expósito. Tamén padeceron estas dramáticas consecuencias os que organizaran ós obreiros no momento do Alzamento[2294]. Aínda que os principais protagonistas conseguiron fuxir e sortear así unha morte segura, non tivo a mesma ventura o oficial do concello, Argimiro Díaz Amor, acusado de ser un dos principais directivos dos elementos marxistas e de correr o seu cargo o reparto de armas e municións. O

Fernández Chamochín, Joaquín Díaz Varela, Gemán Carpintero Luque, Eusebio Cuesta Fernández e Urbano Fernández Baltulle.

[2291] A.M.M, legaxo 59, *Informe do comandante do puesto da Gardia Civil*, data 17/1/37, no expediente incoado para depurar a actuación dos funcionarios municipais.

[2292] Souto Blanco, M. J.: *LA represión franquista...,* op. cit., p. 170-171.

[2293] AHPL, sección Gobierno Civil-Corporaciones, legaxo 185, data 18 de agosto de 1936.

[2294] O 18 de xullo creouse un Comité encargado de organizar os obreiros co fin de sofocar a revolta. Presidido por Tizón, secundábano neste labor: Miguel Chapel Salgueiro, Urbano Núñez Castro, Alfonso Espinosa Feijoo, Ceide e Manuel Abeledo.

23 de xullo de 1936 apreixárono na cárcere de Monforte e poucos días despois foi paseado polos falanxistas. Finalmente compre sinalar que o municipio monfortino foi o único onde se executou oficialmente a unha muller, Consuelo Alonso González (a Comunista), baixo a acusación de incitar á rebelión.

A pesar das graves imputacións vertidas sobre os representantes de esquerdas, algunhas das execucións producíronse baixo acusacións falsas. Neste concello gran parte dos ingresos políticos ordenábanos os falanxistas, dando lugar a detencións arbitrarias e a numerosas mortes vencelladas á represión extraxudicial[2295]. Como exemplo do que dicimos esta o que lle aconteceu ó alcalde socialista[2296], Rosendo Vila Fernández, asasinado polos disparos dun grupo de falanxistas cando se atopaba na galería da súa casa.

3. DA LOITA POLÍTICA Ó EXILIO

3.1 A figura dun líder socialista: Juan Tizón Herreros

Naceu na Coruña na última década do século XIX. De profesión ferroviario, compaxinou dende moi novo este oficio coa súa vocación de escritor, publicando en 1925 unha novela breve titulada *Espiando al diablo*[2297]. No ano 1929 situou a súa residencia na cidade monfortina para tomar posesión do cargo de Secretario do Comité Executivo da Zona 3ª do Sindicato Nacional Ferroviario[2298]. Significado dirixente marxista, gran propagandista da súa idea, tentou constituír no municipio monfortino a Agrupación Socialista, presidindo a primeira xuntanza para a súa formación, o 25 de xuño de 1930, e inscribíndose como socio número un[2299]. A súa forte implicación política converteuno ó longo da II República no líder do Partido Socialista, tanto a nivel local como provincial, chegando a acadar a Presidencia do Comité Provincial desta Agrupación.

Movido polas súas aspiracións políticas, presentouse como candidato nos comicios municipais do 12 de abril de 1931. A sociedade monfortina optou

[2295] Neste partido xudicial parece que foron 45 persoas as finadas por esta causa. Ver no A.M.M. o informe da Alcaldía con data 17 de marzo de 1937.
[2296] Estivera a fronte da alcaldía dende o 7 febreiro de 1935 ó 18 de xullo do mesmo ano.
[2297] Tizón Herreros, J. (1925): *Espiando al diablo,* A Coruña, Ed. Noroeste.
[2298] A.M.M., legaxo 47.

neste sufraxio pola continuidade do réxime e dos vinte edís que lle correspondía elixir a este Concello catorce eran conservadores, tres republicanos e tres socialistas[2300], entre eles Tizón. Pero, os momentos de incerteza polos que atravesaba o país e a presión popular impediron a toma de posesión da corporación electa e converteron ó líder socialista en protagonista. Na mañá do 14 de abril e segundo ía cobrando forza o rumor sobre o triunfo da República, a xente buscaba a confirmación desta nova na sede do SNF, afecto a UXT. Alí atopábase reunido Tizón con outros republicanos e socialistas. El mesmo, acompañado por varios membros do seu partido, á fronte dunha numerosa multitude diríxese ó Consistorio. Sen esperar ó prazo previsto para o relevo da Corporación e a falta de recibir a confirmación do Goberno Central de Madrid, os edís republicanos electos presentáronse nos Salóns do Concello para posesionarse dos seus cargos. Nesta xuntanza é elixido Juan Tizón Herreros alcalde, moitos cidadáns depositaban nel as esperanzas do cambio político[2301]. As protestas e queixas polas irregularidades cometidas durante o proceso electoral serviron para xustificar moralmente esta actitude tan antidemocrática adoptada polos dirixentes de esquerdas. As anomalías denunciadas, tanto no municipio monfortino como en moitos outros da provincia lucense, levaron a que en tódalas localidades nas que se presentaron reclamacións, se sustituira ás Corporacións por Comisións Xestoras, das que formarían parte os concelleiros republicanos triunfantes nos comicios. Esto significaba a anulación de facto dos resultados das urnas e daba oficialmente a alcaldía a Tizón. Sen embargo, tras ser estudiadas as causas alegadas polos demandantes[2302] e ante a falta de documentación que avalara a denuncia o novo Gobernador Civil –José Calviño Domínguez- decidiu, o 27 de abril, que non podía aceptar dita reclamación e que se procedera á constitución do Concello cos candidatos electos o 12 de abril[2303]. Esta disposición non se acatou, de xeito que en

[2299] Nesta xuntanza foi nomeado corresponsal informativo do xornal *El Socialista.*
[2300] A.M.M., Actas do 15 de marzo de 1931.
[2301]González Probados, M. (1992): *O socialismo na II República (1931-1936)*, Sada- A Coruña, Ediciós do Castro, p.. 64-65.
[2302] Juan Álvarez Rodríguez e outros veciños de Monforte, o día 15 de abril, solicitan ó Gobernador Civil a anulación dos candidatos proclamados nas eleccións municipais.
[2303] A.M.M., legaxo 47.

Monforte ata a repetición das eleccións municipais, o 31 de maio, segue gobernando Tizón.

A nova convocatoria dá un balance moi semellante ó anterior e, aínda que volven xurdir reclamacións, a representación política recae outra vez nas mans dos candidatos monárquicos. Con todo, o líder socialista logra manter o cargo de concelleiro aínda que perde o control da alcaldía. Esto acaecía a falta de cinco días para as votacións a Cortes Constituíntes. Neste sufraxio, Tizón aspiraba a obter escano de deputado polo Partido Socialista. Os resultados no municipio monfortino dábanlle un rotundo triunfo nos colexios da capital, nembargantes, na maior parte das seccións dos outros tres distritos as forzas de dereitas foron as gañadoras. Unhas diferencias tan apreciables facían pensar que se manipularan as votacións. A pesar de que os resultados concedíanlle a Tizón a acta de parlamentario, foi un dos primeiros en denunciar, ante a Xunta Provincial do Censo e ante o Ministerio da Gobernación, a fraude electoral:

> Hechos monstruosos suplantación de voluntad colectiva pactada Gobernador Civil con caciques José Benito Pardo y Portela Valladares consumada por el primero[2304].

As presións exercidas dende moitos sectores das esquerdas[2305] deron os seus froitos e voltouse ás urnas o 23 de agosto. Nesta convocatoria concorren conxuntamente republicanos e socialistas. O acordo conseguido para presentar unha candidatura única obrigaba a recompor a lista republicana, na que se incluiría a dous socialistas, Ricardo López Pardo e Juan Tizón[2306]. Os representantes do PSOE sabían de antemán, tras apoia-la anulación das actas electorais no Congreso, que os caciques non permitirían a saída de ningún deputado desta formación. Así ocorreu e Tizón non logrou o escano de parlamentario.

[2304] González Probados, M. (1992): *O socialismo.....,* op. cit. AHNG, leg. 30ª nº 17 telegrama a Ministro o 2 de xullo.

[2305] A Corporación Municipal da capital lucense e os candidatos republicanos e socialistas da Deputación Provincial presentaron a dimisión. Pola súa parte, a cidadanía organizaba pequenas manifestacións nas que amosaban o seu rechazo ó caciquismo.

[2306] González Probados, M. (1992): *O socialismo....,* op. cit., p. 78.

O triunfo das dereitas nos comicios do 33 e a desconformidade coa súa política levaron ó noso protagonista a ser o promotor da preparación dun levantamento, co obxectivo de que as esquerdas retomaran ó poder. Nos días previos á rebelión dos mineiros asturianos, o tenente da Garda Civil - Manuel Álvarez Sarandés- xunto con outros membros do corpo[2307], sospeitando da preparación dun plan insurreccional, levan a cabo varios rexistros en diversas casas da cidade. Descobren, o día 25 de setembro, no lugar de Mourelos – parroquia de Reigada pertencente ó concello monfortino – nunha bodega propiedade do edil Ramón Somoza Álvarez, un arsenal de municións, ademais de numerosa propaganda subversiva[2308]. Por estes feitos foron detidos o propietario da adega xunto co concelleiro e dirixente socialista local, Juan Tizón Herreros. Acusados de tenencia de explosivos, xulgáronos o 19 de outubro ante o Tribunal de Urxencia. A sentencia para estes edís foi implacable. Condenáronos a seis años e un día de prisión maior e á inhabilitación absoluta mentres durara a sanción, correndo ademais a cargo deles os custos do xuízo[2309]. Esto significaba a perda para Tizón do seu posto de concelleiro[2310].

Co triunfo da Fronte Popular e a promulgación do decreto de amnistía para ós presos políticos rematou a súa estadía na cadea. O día 23 de febreiro os cidadáns monfortinos saíron recibir, con gran ledicia e tranquilidade, ós prisioneiros procedentes do cárcere de Lugo. O número de detidos postos en liberdade ascendía a doce e entre eles atopábase o exconcelleiro socialista. Quizais foran novamente as presións da cidadanía as que motivaron que o mesmo día que se recibía como heroes ós amnistiados, dende o Concello a Corporación anunciara a súa renuncia, que non se materializou ata o 15 de marzo de 1936. Nesa data noméase unha nova Comisión Xestora da que

[2307] Participaron igualmente nesta operación o suboficial Manuel Castro Lebón e os gardas civís Ramón González Gómez e Emilio Rodríguez Martínez.
[2308] O xornal local, *El Combate*, do 30 de septiembre de 1934, abre a súa portada con este suceso, do que dá amplia información, recollendo ademais unha fotografía na que se pode ver o material incautado e ós axentes da Benemérita que dirixieron a operación. Ver tamén *El Progreso* e *La Voz de la Verdad* do 26 de setembro.
[2309] *El Progreso*, 20 de octubre de 1934, p. 2.
[2310] González García, M.: *Los sucesos de octubre de 1934 en Monforte de Lemos a través de la Prensa,* (no prelo).

formarían parte moitos dos candidatos republicanos do 14 de abril, entre os que se atopaba Tizón que recupera novamente a alcaldía.

Ó declararse o Alzamento constitúese un comité, encabezado polo líder socialista, encargado de intervir no reparto de armas e de confiscar camións co fin de enviar unha columna a Lugo para oporse ó exército. Desguarnecido Monforte, a pesar de que quedara un pequeno grupo de tropas co alcalde á fronte, a Garda Civil o día 20 toma o concello e algúns lugares estratéxicos da localidade. Tizón, ó igual que moitos outros representantes de organismos oficiais, optou por fuxir, exiliándose en Portugal. Reclamado por Orden Xeneral do Servicio Nacional de Seguridade do 17 de agosto de 1938 nunca regresou á súa Patria. Durante a súa estadía no país veciño viviu na cidade de Porto cunha familia portuguesa, Alves Carbalho[2311]. Alí dedicouse á que sempre fora unha das súas vocacións, escribir. Como a maioría dos exiliados tivo que permanecer lonxe dos seus, deixando á esposa -de profesión cigarreira- e ás fillas na Coruña. Con todo, mantiña con elas unha correspondencia fluída e nas cartas que lles enviaba firmaba co nome da súa dona, Herminia e co apelido Ferreiro[2312]. O casamento da maior das súas fillas permitiu o reencontro en Portugal, durante a viaxe de noivos. A morte chegoulle en 1945[2313] en terra estraña e, malia que a familia tentou que os seus restos descansaran en Galicia, as circunstancias políticas do momento impedírono[2314].

3.2 De fogoneiro a representante sindical e político: Miguel Chapel Salgueiro

Naceu en 1903 en Monforte de Lemos e era o maior dos fillos de Miguel Chapel Hermagín, masón de orixe francés[2315], e de Trinidad Salgueiro López. De profesión fogoneiro, tiña situada a súa residencia na cidade monfortina no número dous da rúa Rosalía de Castro. Dende a súa afiliación ó Partido

[2311] Do estrato social desta familia pode darnos idea o feito de que a súa cabeza, Luis, exercía como Síndico na bolsa de Oporto.
[2312] O emprego na súa signatura de Ferreiro pode deberse a galeguización do seu segundo apelido "Herreros" ou ben a que tiña un tío ferreiro.
[2313] *La Voz de Galicia,* 28 de xaneiro do 2001.
[2314] Entrevista telefónica a Isabel Tizón, 8 de setembro do 2001.
[2315] Miguel Chapel Hermagín viñera a Monforte para traballar como man de obra especializada no ferrocarril (maquinista). Nesta cidade monfortina entrou a formar parte da Logia Pilades,

Socialista, co número tres, mantívose durante todo o período republicano como membro da directiva[2316]. Desempeñou tamén a Presidencia da Xuventude de dita Agrupación e a do Comité Executivo da Zona 3ª do Sindicato Nacional Ferroviario (SNF).

Difusor da doutrina de esquerdas, colaborou moi intensamente con Tizón en tódolos movementos de apoio ó réxime republicano. Deste xeito, nos días previos á rebelión dos mineiros asturianos apoiou ó líder socialista no intento de artellar un plan insurreccional. Por este acto, pasou a disposición xudicial en setembro de 1934, acusado de encubrir - xunto cos demais directivos da Agrupación Socialista - o arsenal de municións e explosivos descuberto na Parroquia de Reigada. O seu paso pola cadea foi moi breve, pero a liberdade ía ser ven pasaxeira.

Ó día 4 ó coñecerse a entrada de tres ministros da CEDA no gabinete de Lerroux, na comarca monfortina declárase unha folga xeral promovida polo SNF. Chapel, como presidente desta organización, foi un dos encargados de alentar ós obreiros para que apoiaran o movemento, que rematou nunha insurrección armada. Prodúcense numerosos actos de sabotaxe e as forzas da orde teñen dificultades para conseguir deter ós sediciosos, que conseguiran reunir a un nutrido grupo de persoas, a meirande parte ferroviarios. Este intento por parte da esquerda de acadar o poder trouxo parello un ronsel de consecuencias negativas que afectaron non só a Chapel, que foi novamente apresado, senón ó mundo sindical monfortino[2317]. A acción política do SNF viuse moi minguada ó ser clausurado e detidos os membros da directiva.

A súa participación na política do concello non se materializa ata a entrada da Fronte Popular. En marzo de 1936, ó producirse por orden gobernativa a destitución da Xestora Municipal –republicana radical -, pasou a ocupar o posto de concelleiro. Quizais fora a súa amizade con Tizón e o feito de

integrada maioritariamente por ferroviarios. O se nome na Logía era o de Diógenes e oucpaba o posto de maestro de banquetes.

[2316] Desempeñou os cargos de tesoureiro, contador e, xa nos derradeiros meses da República, pasou a ser o presidente da Agrupación.

[2317] Ademais do SNF foron clausurados: o Centro Obreiro de Monforte, a Sociedad Agraria de Sta. María del Monte, o Sindicato General de Trabajadores de Monforte, a Agrupación Socialista e a Juventud Socialista.

que este presidira a nova Xestora o que o animou a participar no goberno da alcaldía, desempeñando o cargo de tenente alcalde.

No momento do Alzamento formou parte do Comité que interveu na organización e no reparto de armas ós traballadores. Considerado polas dereitas como un dos principais protagonistas na loita contra os sublevados, a súa persecución comezou nada máis triunfar o Golpe Militar. O terror ás represalias fixo que abandonara o municipio e a familia, deixando a dona, Antonia Carballo, en Lugo. A pesar das dificultades que entrañaba saír do país, conseguiu exiliarse na patria paterna. En Francia participou na IIª Guerra Mundial na resistencia, perdendo un brazo. A pesar desta desgracia a vida no país veciño foille bastante fructífera, xa que montou unha empresa vinculada ó calzado que lle aportou pingües beneficios. Non nos consta que voltara á súa terra.

4. AS VALORACIÓNS FINAIS

No municipio monfortino a raíz do Alzamento púxose en marcha unha campaña represiva que provocou a descomposición dos centros de poder político e das forzas dominantes nese momento: alcalde , concelleiros, líderes de organizacións obreiras e de partidos republicanos. Todos eles son detidos, xulgados, confinados, desterrados e o persoal do Concello depurado. A represión foi máis intensa e arbitraria en 1936, sendo nese ano no que se concentrou a meirande parte das detencións masivas, execucións e condenas, sen garantías procesais de ningún tipo. A resultas disto, prodúcese unha profunda alteración das forzas sociais dirixentes, dada a anulación pública ou a eliminación física dos líderes políticos e sindicais, e a perda dun importante continxente poboacional que tivo que buscar espacios de liberdade lonxe da súa terra. A actividade represora foi, polo tanto, a principal estratexia dos sublevados para facerse co poder e a responsable do exilio de moitos monfortinos.

UN GALEGO NA CORTE DO PRESIDENTE TRUJILLO

Afonso Pena Barreiro
Universidade de Santiago de Compostela

...eu non son un emigrante, porque non
saín vontariamente de Galiza, mundo
adiante, á cata de tesouros e de
grandezas.
Sempre en Galiza, Castelao.

José Almoina. ¿Quen é? Trátase, con toda probabilidade, dunha figura descoñecida para a meirande parte dos galegos pese ó seu importante papel desenvolvido á outra beira do Atlántico. Neste estudio propoñémonos aportar luz a algúns dos aspectos máis destacados da vida deste exiliado lugués na República Dominicana de Rafael Leónidas Trujillo Molina[2318], coñecido dictador caribeño de recente actualidade por mor da novela de Mario Vargas Llosa sobre a súa figura[2319].

Pese a todo hai que subliña-lo feito de que existen claro escuros sen resolver aínda no decorrer existencial deste personaxe, nembargantes, os datos que sobre el temos, tirados das máis variadas fontes, permítennos bosquexar unha máis que interesante existencia. Comprobaremos como fuxido da Guerra Civil Española chegará a Santo Domingo, onde prosperará deica acadar a posición de Secretario Particular de Trujillo. Alí desenvolverá as máis diversas funcións ata que decida irse a México, posiblemente presionado pola responsabilidade. Dende a distancia escribirá dous libros que marcan

[2318] (1891-1961). Xeneral e político dominicano nado en San Cristóbal, República Dominicana. En 1930 obrigou a dimitir ó presidente Horacio Vásquez e fíxose elixir para o mesmo cargo. Durante trinta e un anos exercería coma señor "feudal" na República Dominicana, país que era considerado por el coma unha grande propiedade privada da que valerse para o lucro persoal. O seu goberno, autoritario, contou co apoio dos Estados Unidos ata practicamente a fin do seu "reinado", xa que en 1960 –logo de atentar contra a vida de Rómulo Betancourt- recibiu a condena da OEA. Finalmente o 30 de maio de 1961 sería asasinado por xente achegada a el e que recibiron armas dos estadounidenses.
[2319] VARGAS LLOSA, M. (2000): *La Fiesta del Chivo*, Madrid, Alfaguara.

claramente o seu pensamento, por un lado, baixo o pseudónimo de Gregorio R. Bustamante, *Una Satrapía en el Caribe*[2320], obra de crítica feroz á dictadura do de San Cristóbal; por outra banda, *Yo fui secretario de Trujillo*[2321], escrito laudatorio do tirano antillano. ¿Como se compatibilizan estas dúas caras? Iso é algo que tamén procuraremos desenguedellar ó longo do presente traballo.

Indubidablemente estamos perante unha figura, na nosa opinión, da relevancia doutro dos destacados exiliados que viviron en Santo Domingo, e igualmente asasinado por orde de Rafael Leónidas, Jesús de Galíndez[2322], e incluso nalgún aspecto de maior transcendencia ca este pola súa participación activa no réxime trujillista, o que lle permite ter un coñecemento pormenorizado das interioridades da máquina represiva que estaba a funcionar en "Quisqueya". Con este escrito procuramos, principalmente, sacar do descoñecemento a un galego xurdido da Guerra Civil e que morrería embarcado noutra guerra, neste caso de independencia persoal, alén do mar.

1. EXILIADOS DA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA NA REPÚBLICA DOMINICANA.

Denantes de introducirnos na análise da figura de José Almoina é axeitado facer unha contextualización histórica sobre a situación existente na República Dominicana á súa chegada, asemade hai que enmarcalo dentro do

[2320] Editada por primeira vez en 1949 en México por Ediciones del Caribe.
[2321] Editora y Distribuidora del Plata, Bos Aires, 1950.
[2322] Jesús de Galíndez e Suárez era de procedencia basca, nado en 1915 en Amurrio (Álava). Estudiou leis en Madrid. Viuse abocado ó exilio logo da Guerra Civil Española. En Santo Domingo comezou gañándose a vida coma taquígrafo. Logo acabou impartindo clases nos cursos de Dereito Diplomático e Consular organizados pola Secretaría de Relacións Exteriores. En 1946 establecerase en Nova Iorque para ser delegado do goberno autónomo basco nos Estados Unidos, as súas actividades centráronse en torno á emigración basca republicana e nos intentos por derrubar a Trujillo. Nesa época publicara un manual de historia da civilización iberoamericana e daba clases sobre a mesma materia en Columbia University, mentres preparaba a súa tese para o doutorado titulada: *La era de Trujillo*. O goberno dominicano enterouse pronto do traballo que estaba a desenvolver Galíndez e o tono crítico que empregaba sobre o que na República Domincana acontecía. Trujillo sempre se caracterizou polo seu afán de dar boa imaxe cara ó estranxeiro, e non podía permitir que semellante escrito vise a luz. Unha noite o escritor basco desapareceu cando ía camiño da súa casa, foi o 12 de Marzo de 1956. Pasaron meses sen que se soubese del e as sospeitas de todo o mundo recaeron sobre Trujillo. Non se coñece con exactitude o que pasou con Galíndez, máis sobre o que non hai dúbidas é de que este foi raptado e levado a Santo Domingo onde foi asasinado. LLORENS, Vicente, (1975): *Memorias de una emigración. Santo Domingo, 1939-1945*., Barcelona, Editorial Ariel.

fluxo de exiliados españois cara a esta media illa caribeña, xa que o seu non foi un caso único.

Como podemos comprobar tanto nos escritos de Vicente Llorens coma no de Javier Malagón Barceló[2323], ámbolos dous exiliados en Santo Domingo, existiu unha corrente de republicanos e inimigos do totalitarismo implantado no Estado Español dirixido á República Dominicana de certa importancia. Segundo Vicente Llorens ningún país da América Latina acolleu a tantos desterrados españois -logo da contenda civil- en proporción co número de habitantes coma a nación antillana, xa que, en palabras deste autor, naqueles intres a poboación dominicana era de menos de dous millóns e alí chegaron uns 4000 ou 5000 fuxidos[2324] (cifra na que coincide con Javier Malagón).

¿Por qué se dirixiron estes exiliados, caracterizados pola loita a prol da democracia, cara a un país que soportaba unha das tiranías máis férreas do momento? Esta é unha pregunta que aparece nun primeiro momento e que se explica en base a diversos factores. O dictador dominicano, de clara inclinación ó fascismo ata que se ve involucrado na Segunda Guerra Mundial da man dos Estados Unidos[2325], durante a Loita Civil Española comportábase coma inimigo do exército republicano, xa que prohibiu ós seus compatriotas ser partidarios deste bando[2326], nembargantes parece ser que entrou en contacto con Fernando de los Ríos, embaixador da República Española en Washington, o cal foi a dar unhas conferencias a Ciudad Trujillo con motivo do IV Centenario da Fundación da Universidade de Santo Tomás. Segundo o profesor Malagón alí mantivo unha charla persoal co dictador antillano e comentoulle a posibilidade de atraer cara ó país ós derrotados na contenda española. Logo desta visita semella que Trujillo trocou de criterio, aínda que os factores que influíron no seu mudar de parecer -coma veremos- foron outros moito máis profundos, e

[2323] LLORENS, Vicente, (1975): *Memorias de una emigración...,* op. cit., e MALAGÓN BARCELÓ, Javier (1998): "El exilio en Santo Domingo", en *Presencia Hispánica*, nº 2.
[2324] LLORENS, Vicente (1975): *Memorias de una emigración.....* op.cit., p.39.
[2325] Como se pode comprobar no libro de VEGA, Bernardo,(1985): *Nazismo, Fascismo y Falangismo en la República Dominicana*, Santo Domingo, Fundación Cultural Dominicana. Trujillo tivo contactos de certo interese con recoñecidos nazis que vivían na illa, mais con todo, debido á proximidade dos Estados Unidos deixará de "tontear" cos nazis e apoirá ós aliados, o cal non quere dicir que esta fose a súa preferencia.
[2326] MALAGÓN BARCELÓ, Javier (1998): "El exilio en Santo Domingo...", art.cit. p. 133.

ordenoulles ós seus representantes diplomáticos en Francia dar as facilidades pertinentes ós republicanos hispanos que desexasen viaxar á illa[2327]. A idea do goberno caribeño era a de coloca-los exiliados en grupos de 100 en diferentes colonias e que os negociadores por parte española foran o ex-embaixador en Washington, Fernando de los Ríos, e o seu irmán José de los Ríos. A migración foi promovida polo Servicio de Emigración de Republicanos Españoles (SERE) en relación con Virgilio Trujillo (irmán do dictador)[2328] que naqueles momentos era Ministro Dominicano en París.

Cabe preguntarse o porqué desta apertura trujillista a todo un conxunto de españois, que en moitos casos caracterizábanse pola súa loita revolucionaria. Parece que na mente de Rafael Leónidas Trujillo circulaba unha idea clara e de índole xenófoba. A illa de Santo Domingo está compartida por Haití ademais da República Dominicana, este país de tradición francesa e especialmente africana mantivo sempre unha relación tirante co seu veciño, e viceversa, incluso entre 1822 e 1844 Haití invadiu a parte hispana da illa e dominouna durante 22 anos. Ó longo do século XIX e comezos do XX os haitianos estiveran penetrando pacificamente na nación dominicana, asentándose en terras agrícolas abandonadas polos "quisqueyanos"; tamén miles deles traballaban como obreiros da industria azucreira e nas casas dos adiñeirados de Santo Domingo[2329]. Farto desta situación Trujillo ordenou en outubro 1937 a eliminación dos habitantes do país veciño que ocuparan territorio fronteirizo dominicano. A cifra exacta de mortos non se coñece, pero o número vai dende uns poucos miles ata os vinte mil mortos. Este xenocidio

[2327] Estes refuxiados estarían exonerados de impostos de migración segundo VEGA, Bernardo,(1984): *La migración española de 1939 y los inicios del marxismo-leninismo en la República Domincana*, Santo Domingo, Fundación Cultural Dominicana.

[2328] Deste irmán de Trujillo di José Almoina na súa obra *Una satrapía en el Caribe*.: "...Era Virgilio Ministro de Santo Domingo en París, cuando por derrumbe de los frentes republicanos españoles, se acogieron a Francia medio millón de estos. Buscaban los iberos con afán, salir hacia las playas americanas. Para proveer a éstas y otras necesidades, se formaron los comités SERE y JARE. Con el primero de éstos se entendió Virgilio que recibió alhajas y oro en cantidad muy apreciable y cien dólares por refugiado que la República Dominicana aceptase. Virgilio hizo el negocio sin contar con su hermano, más como era muy cuantioso – pasaron a Santo Domingo más de cinco mil españoles- Chapita paró las orejas y exigió cuentas..." (Santo Domingo, Editora Cole, 1999, p. 14.)

[2329] MOYA PONS, Frank (1999): *Breve Historia Contemporánea de la República Dominicana*, México, FCE.

ocasionou un gran escándalo en toda América, comprometendo a situación de Trujillo ante a opinión mundial, algo que non podía permitir unha persoa tan preocupada pola súa imaxe fóra das fronteiras da súa "propiedade". Así pois, cando existiu a posibilidade de recibir unha emigración de exiliados europeos, primeiro de xudeus que fuxían da persecución Nazi e posteriormente de españois republicanos, contemplouna coma unha excelente ocasión de lava-la súa imaxe logo da matanza de haitianos. Asemade por medio destes refuxiados podería repoboa-las zonas fronteirizas e branquear eses territorios de clara predominancia do negro haitiano[2330].

Os refuxiados ocuparon os máis diversos postos. En principio, como xa dixemos, a idea era establecer colonias agrícolas entregándollelas gratuitamente ós inmigrantes xunto coa comida e equipamento preciso para poñer en funcionamento as devanditas colonias ata que fosen autosuficientes. Tamén existía a idea de que as organizacións republicanas, como JARE (Junta de Auxilio a los Republicanos Españoles) investiran diñeiro na República Dominicana en empresas que deran traballo ós emigrados, como se fixera en México. Nembargantes, os organismos republicanos encargados destas xestións ó comproba-la situación dominicana recomendaron a evacuación inmediata xa que a vida nas colonias fíxose insostible. Esta última cuestión é algo que denuncia José Almoina, xa que di:

> Tenemos a la vista el folleto con el título *Orientaciones para los inmigrantes españoles en la República Dominicana* se publicó en la editora montalvo el 1940, por la citada cooperativa pro inmigración española, y que prometía no sólo tierras, viviendas y riegos, etc., sino industrias derivadas, ganadería, pesca y cabotaje, conservas de carnes y embutidos, tenerías; en fin, el oro y el moro. Nada de esto se cumplió. Baste decir como resultados de esta inmigración que en 1940 habían llegado unos cinco mil refugiados españoles huyendo ya de Francia y dispuestos a acogerse a cualquier cosa; pues bien, hoy no habrá en toda la república Dominicana ni cien. Los demás pasaron, para huir despavoridos. Quienes

[2330] Esta idea perduraría na cabeza de Trujillo ata a fin dos seus días, xa que mesmo en 1956 firmará un acordo de emigración labrega con Franco.

> habían luchado en su Patria por libertades políticas y económicas, no podían adaptarse ni aceptar aquella espantosa realidad, que los situaba frente a algo peor que el régimen de Franco...[2331]

O réxime Trujillista tamén tratou de asimilar ós intelectuais que lle chegaban de alén do mar, en xeral ós profesionais que tiñan coñecementos previos ou experiencias en algo de interese para o goberno dominicano eran colocados en cargos oficiais. Así constátase a presencia de españois en diferentes ministerios: Agricultura, Industria, Facenda, Guerra, Interior... Igualmente estes refuxiados xogaron un papel destacado no ensino, especialmente no ámbito universitario. A mediados de setembro de 1939 dinos Llorens[2332] que o rector da Universidade de Santo Domingo, Julio Ortega Frier, xa prometera a varios emigrados un posto na nova Facultade de Filosofía, a cal viña a completar o abano de estudios ofertados pola Universidade capitaleña, dado que esta ata entón só posuía cursos "profesionais" (medicina, avogacía..). Entre os catedráticos españois que primeiro se incorporaron destacan xente coma Llorens, Sainz, Herrero, Sabrás, Moreno, Regalado e Malagón; con posterioridade tamén se engadirían Bernaldo de Quirós, Gil, Vera, Almoina, Román Durán, Rived, Alaminos...

Convén resalta-lo feito de que os republicanos hispanos non só se quedaron no ensino, senón que tamén destacaron en aspectos culturais como na pintura, onde atopamos a Vela Zanetti; ou na música a Enrique Casal "Chapi".

Politicamente preferiron manterse á marxe no solo dominicano, mais hai que resalta-lo feito de que os comunistas españois chegados á illa foron un pulo de considerable entidade para o marxismo-leninismo insular[2333]. Na colonia republicana ibérica xurdiron tódolos partidos políticos que existiran na Península e xeralmente cada un publicou unha revista. O PSOE e os republicanos crearon *Democracia*, xornal de maior tirada e duración (1942-1945), no que en certo

[2331] ALMOINA, José (1999): *Una satrapía en el Caribe.....*, op.cit., p. 245.
[2332] LLORENS, Vicente (1975): *Memorias de una emigración.....* op. cit., p.48.

senso participou tamén a CNT. Houbo outros de inspiración comunista como *Rumbo* e *Por la República* e de tendencia anarquista.

Para rematar resulta salientable o feito de que esta emigración fose de estadía efémera, como xa comprobamos nas palabras de Almoina a situación fíxose insostible para a meirande parte dos refuxiados. En 1943 xa só quedaba no país unha terceira parte dos que chegaran a fins de 1939. As razóns para esta desbandada xeral son producto da conxunción de toda unha serie de circunstancias adversas para a estabilidade, a vida nun ámbito tan reducido e de nivel económico baixo, coma era a República Dominicana, dificultaba atopar colocación para todos, e boa parte dos afortunados que conseguiron traballo a penas gañaban para manterse –máis da metade tiña que sobrevivir gracias ó subsidio do JARE, que se lle enviaba ós máis necesitados: residentes en colonias agrícolas, viúvas, anciáns, inválidos de guerra, doentes incapacitados para o traballo...[2334]. Ós factores económicos uníase o feito da persecución de Trujillo, este unha vez rematada a Guerra Mundial e vendo que o réxime de Franco mantíñase coa conivencia dos aliados, non sentiu as mans atadas para perseguir a aqueles que ideoloxicamente simpatizaban co comunismo e expulsalos do país, deste modo tamén procuraba a simpatía do Xeneralísimo español. Ó final unicamente quedaron na illa medio cento de refuxiados, e en case tódolos casos os que permaneceron fixérono por teren casado con dominicanas[2335].

2. JOSÉ ALMOINA E TRUJILLO

O noso protagonista naceu en Lugo o 21 de xuño de 1903. Na súa terra foi funcionario de correos e estudiou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Ó comezar a Guerra Civil española Almoina atopábase

[2333] Aspecto que se pode observar perfectamente na obra de VEGA, Bernardo, (1984): *La migración española de 1939 y los inicios del Marxismo-Leninismo en la República Dominicana*, Santo Domingo, Fundación Cultural Dominicana.
[2334] LLORENS, Vicente (1975): *Memorias de una emigración....,* op. cit., p. 39.
[2335] MALAGÓN BARCELÓ, Javier (1998): "El exilio en Santo Domingo...", art. cit., p. 134.

en Asturias; evacuada a rexión polas forzas republicanas pasou a desempregar un posto no consulado español de Burdeos[2336].

Para comentar coma se produciu o salto dende Francia á República Dominicana será mellor que deixemos que se explique o mesmo ex-funcionario de correos galego:

> ...Recuerdo que cuando yo fuí a París en 1939 para preparar mi viaje a algún lugar del mundo...recorrí en dramática peregrinación las diferentes sedes diplomáticas y consulares de los países que por aquellos días parecían mostrarse propicios o no desdeñosos a acogernos. ¡Cuántas decepciones! Donde no ya cupo en la cuota, eran necesarios requisitos difíciles y complicados...al final, venían los aplazamientos y las dilaciones...Cuando fuí a la legación dominicana, todo se abrió ante mí y ante los demás que allí coincidían conmigo. En diez minutos escasos se llenaron las breves e indispensables formalidades de visado gratuito y pocos días después viajábamos hacia América, amparados por la República Dominicana...Al mes de llegar al país hizo Trujillo un espléndido donativo a los intelectuales españoles, que pudieron así celebrar...las fiestas navideñas. Por marzo de 1940 la mayoría de los exiliados españoles estaba trabajando en cátedras, en laboratorios o en centros oficiales...[2337].

Esta visión idílica da República Dominicana, contrasta coas opinións vertidas en diferentes escritos –como xa vimos- por outros ex-refuxiados republicanos chegados á illa. Hai que subliñar que este breve fragmento aquí recollido forma parte dunha obra propagandística e laudatoria do goberno de Trujillo, práctica máis que habitual durante a dictadura do Sancristobalense. Incluso o propio Almoina non o pasou tan ben nos seus inicios segundo nos comenta Vicente Llorens, este sinala que a situación do galego en Santo Domingo nos primeiros meses era precaria. Non tiña traballo e debía alimentar

[2336] Como nos di Llorens Vicente (1975): *Memorias de una emigración.....* op. cit., p.101.
[2337] ALMOINA MATEOS, José (1950): *Yo fuí secretario de Trujillo*, Bos Aires, Editora y Distribuidora del Plata, p. 274 e 275.

a muller e tres fillos. Será por intervención de Llorens cando consiga unha colocación dando clases de xeografía nos cursos de estudios diplomáticos[2338].

Dende febreiro de 1940 permanecerá no seu cargo como mestre da *Escuela Diplomática y Consular* que funcionaba na Secretaría de Estado de Relacións Exteriores, ata que en outubro de 1942 sexa requirido polo lic. Arturo Despradel, chanceler de asuntos exteriores por aquel entón, á súa presencia. No seu despacho, o funcionario dominicano, comunicaralle que o Ilustre Xefe quere velo. O presidente recibiuno, en verbas de Almoina, "con todo afecto" e propúxolle facerse cargo de dirixi-los estudios do seu fillo maior, Rafael L. Trujillo Martínez "Ramfis".

A partir deste momento dispárase a carreira do lucense na república Dominicana. Incluso conseguiu que o seu discípulo se interesase polas letras, algo que antes non mostrara. Almoina foise gañando a confianza dos familiares de Trujillo, primeiro do fillo e logo da muller do tirano, María Martínez Alba de Trujillo. Esta señora[2339], que en opinión de Joaquín Balaguer foi a única que amou o dictador[2340], acabou por asistir ás clases impartidas polo galego ó seu primoxénito. Froito desta relación alumna-mestre[2341], rematará aparecendo en 1948 un libro asinado pola primeira dama dominicana, devandita obra titulábase *Meditaciones Morales* –conxunto de reflexións e frases piadosas-. Tamén "escribiría" a obra de teatro *Falsa Amistad*, e poñemos "escribiría" entre aspas dada a máis que dubidosa autoría destas por parte de María Martínez;

[2338] Me acordé inmediatamente de Almoina y se lo recomendé con interés (a Julio Ortega Frier, rector da Universidade de Santo Domingo), sabiendo cuál era su situación y seguro por otra parte de que sus conocimientos bastaban y sobraban para el caso. El correo podía haber funcionado en España mejor o peor, pero yo sabía que en las oposiciones al cuerpo de aspirantes tenían que saberse de memoria hasta los ríos de Siberia y sus afluentes, que sin duda son de gran importancia para el correo español..., LLORENS, Vicente (1975): *Memorias de una emigración...* op. cit., p.102.

[2339] Terceira e derradeira esposa do megalómano antillano, ó comezo da súa vida como primeira dama viviu para si ,e a súa corte estaba constituída pola xente que lle fora fiel cando mantivera relacións ilícitas con Trujillo, xa que María Martínez fora amante do dictador entrementres estaba casado con Bienvenida Ricardo pero ó quedar embarazada a "querida" optou –o tirano- por deixa-la muller. CRASSWELLER, Robert D. (1968): *La trágica aventura del poder personal*, Barcelona, Bruguera, p. 66.

[2340] BALAGUER, Joaquín (2000): *Memorias de un cortesano en la Era de Trujillo*, Santo Domingo, Editora Corripio.

[2341] María Martínez, coñecendo que o autor preferido de Almoina era Erasmo, agasalláralle ó preceptor do seu fillo a edición "*princeps*" de Basilea de 1541, adquirida "...Dios sabe cómo y a qué precio...". LLORENS, Vicente (1975): *Memorias de una emigración.....* op. cit., p. 104.

habitualmente considerouse que estes escritos foran elaborados polo mesmísimo Almoina[2342]. Incluso este, na súa obra *Una Satrapía en el Caribe* –asinada co alcume Bustamante-, di falando de *Falsa Amistad*:

> Debutó (María Martínez) dando al teatro una, digamos comedia con el título de Falsa Amistad, en la que aludía...a la esposa de Paíno Pichardo, que se refocilaba con su marido el Sátrapa...Dicen que la escribió el miserable gallego Almoina entonces secretario de Trujillo[2343]

Aínda que o asunto da autoría non parece de todo claro, no que hai unanimidade é no escaso valor literario de ámbolos dous escritos, pese ó cal a muller do tirano foi considerada *Primera Dama de las Letras Antillanas*[2344].

Almoina pouco a pouco avanzou no entramado da familia Trujillo ata chegar mesmo ó dictador, de quen acadou ser auténtico privado en asuntos domésticos e públicos. Diferentes empregos, honores e distincións fóronlle outorgados ó lucense dende aquel intre. En 1944 fíxose cargo na Universidade de Santo Domingo –como catedrático de número, e non "especial" coma o resto dos refuxiados republicanos- de dous cursos, un de Historia Antiga e outro de Lingua e Literatura Portuguesa (asignatura, esta última, de interese para Trujillo dende que a súa filla Flor de Oro casara cun rico brasileiro); ambos impartidos na Facultade de Filosofía e Letras –todo isto mantendo a súa ocupación na Escola Diplomática-. Sinala Llorens[2345] que mesmo lle encargaron a reforma do ensino universitario, publicaron varias obras súas[2346] -ademais das asinadas por María Martínez Alba de Trujillo- e concedéronlle as cruces de Duarte, Colón e Trujillo.

[2342] Di Galíndez que cando apareceu *Falsa Amistad* facíase o chiste de que o F e o A do inicio de cada palabra que conforma o título en realidade quería dicir "Fue Almoina". GALÍNDEZ, Jesús de, op. cit., 112.
[2343] ALMOINA, José (1999): *Una satrapía en el Caribe*, Santo Domingo, Editora Cole, p. 18, 19.
[2344] CRASSWELLER, Robert D. (1968): *La trágica aventura...*, op. cit., p. 223.
[2345] LLORENS, Vicente (1975): *Memorias de una emigración...,* op. cit., p.103.
[2346] Coma *La Biblioteca Erasmista de Diego Méndez*, Universidad de Santo Domingo, Ciudad Trujillo, 1945. Obra que comeza cunha adicatoria que di: "*A mi joven y culto discípulo Rafael L. Trujillo Martínez, en recuerdo de nuestras conversaciones sobre Erasmo*".

As relacións con Rafael Leónidas –o Sátrapa- estreitáronse a partir de abril de 1944; dende entón o presidente comezou a deterse na biblioteca, onde recibía as clases "Ramfis", a falar con Almoina. Tanta foi a confianza que se foi forxando que o dictador mesmo o levou con el ó hipódromo –os cabalos sempre foron afección destacada para o tirano-, onde comezou a coñecer ás persoas que rodeaban ó Xefe. Alí, no hipódromo, xurdiu a idea aceptada polo Benfeitor de que se naturalizase dominicano. O decreto de naturalización privilexiada asinouno o Presidente o 24 de Maio de 1944[2347]. Logo deste nomeamento o traballo do galego multiplicouse xa que ampliou as súas clases á *Escuela Nacional de Bellas Artes*, onde explicou un curso de *Teoría e Historia del Arte*; igualmente acrecentou as súas colaboracións en diferentes xornais coma *La Nación*.

Tras todo este cúmulo de concesións, certo día o refuxiado lucense recibiu unha chamada do Xefe na que lle comunicaba a resolución de que se encargase da Secretaría Particular, o mesmo Almoina confesa que sentiu temor ante este nomeamento pero pese a todo aceptou... ¿quen se podía negar ante unha orde de Trujillo? O día 14 de xaneiro de 1945 foi rubricado o seu nomeamento[2348] e entrou en funcións o primeiro de febreiro. A tarefa era abafante pois o Presidente caracterizouse ó longo da súa vida polo traballo constante e pola mesma esixencia ós seus colaboradores. Almoina confesa que á beira desta personaxe non se coñecía o descanso "porque este hombre es física e intelectualmente de acero y su ritmo de trabajo no consiente pausas ni admite dilaciones". Xunto con este factor contribuía a complica-la tarefa a desempregar o feito de que o cargo de Secretario Particular –pese a ter existido con anterioridade- era de nova creación polo seu desuso dende había tempo, por iso a Secretaría Particular non tiña empregados propios e debía valerse dos mesmos que traballaban na Secretaría da Presidencia. O labor que Almoina

[2347] A naturalización de Almoina mesmo mereceu un titular no xornal *La Nación*, do 27 de maio de 1944, Nº 1944, no que se di: "Concédese carta de naturalización privilegiada a J. Almoina Mateos. Por medio de decreto expedido el día 24 del corriente por el honorable Presidente Trujillo.

[2348] Dise que no acto de sinatura do nomeamento Trujillo dixo: "Vengo en nombrar al doctor José Almoina Mateos..."; ante o cal atreveuse a rectificar o refuxiado galego dicindo que el non

levaba a cabo era o seguinte: o primeiro ler os recortes de prensa chegada de toda América e de parte de Europa para configura-lo resumo das novas que puideran ser de interese para o Presidente, devandita misión debía estar rematada ás nove da mañá. Logo procedíase á lectura da abundantísima correspondencia dirixida ó Xefe do Estado e a prepara-la síntese do contido de cada carta e comunicación. A maiores disto tíñanse que facer diferentes informes sobre asuntos de índole particular ou de orde xeral, xa que Trujillo quixo que o galego se ocupase dos asuntos relacionados con Educación, Universidade e algúns de Relacións Exteriores. Engadamos que o Presidente encomendáballe borradores e notas para os seus proxectos e os seus discursos[2349] e teremos unha imaxe da atarefada vida ó servicio do tirano.

Pola súa proximidade ó Xefe, Almoina tivo acceso a todo tipo de actividades represivas. Dun exemplo que podemos citar neste senso da conta Galíndez[2350]. A policía en certa ocasión conseguiu identificar a varios estudiantes coma autores duns manifestos clandestinos contrarios ó réxime, entre eles estaba Periclito Franco; parece ser que cando o foron buscar á súa casa este conseguiu escapar e pedir asilo na Legación de Colombia. Ante esta fuga ordenouse a detención do pai –así funcionaba a maquinaria represora- Lic. Pericles A. Franco, Presidente da Corte de Apelación de San Pedro de Macorís. Ó final o goberno dominicano viuse obrigado a concede-lo salvoconducto a Periclito e outros compañeiros para que saísen do país, pese a todo condenouse ó pai a tres meses de cadea -por un delito que se alegou que cometera no pasado- e tamén se lle destituíu do cargo. Mentres esto acontecía a esposa do Lic. Pericles Franco foi chamada polo Secretario Particular do Presidente, José Almoina, e obrigada a asinar un cable dirixido ó seu fillo en Colombia advertíndolle de que non atacara a Trujillo pois o seu pai sufriría as consecuencias.

---

era doutor. "No importa, yo te nombro", respostou tallante o dirixente dominicano. LLORENS, Vicente (1975): *Memorias de una emigración.....* op. cit., p. 103.

[2349] ALMOINA MATEOS, José (1950): *Yo fui secretario de Trujillo*, Bos Aires, Editora y Distribuidora del Plata, p. 37.

[2350] Tese de doutoramento de Jesús de GALÍNDEZ, p. 107.

Sobre este ascenso meteórico do lugués na corte Trujillista sinala Vicente Llorens que "produjo aún más asombro entre los emigrados españoles que entre los dominicanos, hechos ya a toda suerte de sorpresas", e atribúeo a que "...sin duda había en Almoina dotes susorias poco corrientes, capacidades inéditas de buen cortesano, mano izquierda muy hábil de buen cacique galaico, para poder manejárselas entre una experimentada camarilla de intrigantes y aduladores...[2351]. Este bo facer do galego valeulle a inimizade crecente do conxunto de satélites aduladores que orbitaban en torno ó astro rei en busca de toda clase de favores, moitos non aturaban a concesión de privilexios outorgados polo seu señor a un estranxeiro en detrimento dos "nacionais" –pese a que Almoina estivese naturalizado coma dominicano-. Coñecendo a loita denodada que se producía naqueles anos de dictadura por acada-los postos máis relevantes, xunto coa continua rotación que o dictador facía dos seus colaboradores, é moi probable que a presión a soportar polo secretario particular fose enervante. Se atendemos ás palabras de Llorens semella que a súa muller tamén debeu influír na decisión de irse lonxe do tirano. O 23 de decembro de 1946 nun decreto do Goberno noméase a Telesforo R. Calderón coma secretario particular en substitución do lugués[2352]-mais non sabemos se foi substituído antes ou despois de expresar a súa intención de irse-. Argumentando motivos de saúde Almoina optou por saír do país algún tempo, voltaría outra vez pero novamente marcharía, nesta ocasión de modo definitivo. Parece ser que se separou do Xefe amigablemente, mesmo é posible que Trujillo pensase que lle podía ser útil no estranxeiro como axente persoal en México –lugar onde se establecería o seu ex-secretario persoal-. Alí comprou unha farmacia coa máis que presumible axuda pecuniaria do seu ¿antigo? superior.

Co galego en terras aztecas decorreron os anos ata que un feito veu incidir de maneira importante na vida deste, a aparición en Xullo de 1949[2353] en

[2351] LLORENS, Vicente (1975): *Memorias de una emigración...,* op. cit., p.104.
[2352] GALÍNDEZ, Jesús de, op. cit. p. 118.
[2353] En xuño producírase un intento de invasión da República Dominicana, por parte de antitrujillistas, empregando tres avións, dos cales só un logrou aterrar en Luperón. Alí os invasores quedaron illados e non puideron contactar coa resistencia clandestina da cidade de

Guatemala –aínda que impresa en México- de *Una Satrapía en el Caribe*, obra asinada por un tal Gregorio R. Bustamante. Este escrito foi, no seu momento, o ataque máis directo e sen trabas contra a dictadura dominicana. Sempre se lle atribuíu este escrito a Almoina, o mesmo Galíndez faino aínda en vida do ex-funcionario trujillista[2354], acción pola que é criticado por Vicente Llorens xa que puña en perigo a este[2355], e tamén o corroborou o editor da obra, Bartolomé Costa Amic[2356]. Pero igualmente existen dúbidas sobre a autoría como sinala Vicente Llorens na súa obra sobre o exilio español en Santo Domingo, con estas teremos que vivir posto que os únicos que as podían desvelar xa están mortos[2357]. Fose ou non o escritor deste alegato antitrujillista a el endosóuselle a paternidade co conseguinte perigo para a súa vida; o que parece claro, polos múltiples datos e descricións que se dan, é que quen o fixera era un perfecto coñecedor do réxime dictatorial existente na República Dominicana.

Uns meses despois, sobre quince, vería a luz *Yo fui secretario de Trujillo*, de José Almoina –nesta ocasión sen ningún xénero de dúbidas-. Obra que se encadra dentro de todo ese conxunto de mamotretos laudatorios da figura do *Benefactor y Padre de la Patria Nueva* (entre outros títulos que conforman unha interminable lista). Libro que simplemente se dedica a falar dos aspectos "democráticos" que se respiran na República Dominicana por mor da benéfica influencia do "lexítimo" Presidente Trujillo, e non aporta nada consubstancial para calquera outra persoa que non sexa o tirano –personaxe pagado de si

---

Puerto Plata, coma fora previamente acordado, finalmente foron capturados e asasinados polas tropas do país. MARTÍNEZ ALMÁNZAR. Juan Francisco (1996): *Manual de Historia Crítica Dominicana*, Santo Domingo, CAIS, p. 496.

[2354] "Entre los libros contra Trujillo el que precisa más datos es una *Satrapía en el Caribe*; firmado con el seudónimo de Gregorio R. Bustamante. Yo he visto dos cartas escritas en México y dirigidas a Nueva York para gestionar su traducción inglesa, en que se afirmaba que su verdadero autor es José Almoina...". GALÍNDEZ, Jesús de, op. cit., p. 303.

[2355] "...se ha atribuído al propio Almoina...así lo dijo...con sobrada ligereza Galíndez en la Era de Trujillo, cuando aún vivían este personaje (Trujillo) y su exsecretario..." LLORENS, Vicente (1975): *Memorias de una emigración...,* op. cit., p. 166

[2356] Llorens sinala que unha persoa próxima a Trujillo, comentoulle que cando apareceu a obra *Una Satrapía en el Caribe* o dictador estaba seguro de que o autor fora Almoina pois no libro noméase unha personaxe de entón cun nome que só coñecían el e o seu ex-secretario. LLORENS, Vicente (1975): *Memorias de una emigración...,* op. cit., p. 170.

[2357] Pese a todo no ano 1999 publicou a Editora Cole, en Santo Domingo, *Una Satrapía en el Caribe* baixo o nome de José Almoina, na nosa consideración quizais fose mellor manter como autor a Gregorio R. Bustamante posto que as dúbidas sobre a autoría non foron de todo desveladas.

mesmo que adoraba que o glorificasen ata alturas inverosímiles. Este panexírico, que roza o absurdo, con toda probabilidade fora unha imposición do líder dominicano a José Almoina, como medio de contrarrestar a publicidade negativa de *Una Satrapía en el Caribe*. Está comprobado que Rafael Leónidas non soportaba os ataques dende o exterior e intentaba combatelos con tódolos medios, incluso mediante o asasinato, un dos sistemas máis empregados era a realización –por parte de colaboradores do réxime dentro ou fóra do país- de escritos gabando a política desenvolvida en "Quisqueya". Para a elaboración deste traballo o lugués contou co material preciso subministrado pola legación dominicana en México, claro síntoma do interese en que se realizase devandita obra.

No ano 1955 publicouse un artigo de Galíndez sobre a situación da República Dominicana en *Cuadernos Americanos*, xunto con isto os axentes de Trujillo sabían que o basco estaba preparando a súa tese sobre a mesma cuestión. En 1956 tería lugar a misteriosa desaparición deste refuxiado republicano, ás dez da noite do 12 de marzo de 1956 entrou na estación do metro da rúa 57 e esvaeceu para sempre engulido pola maquinaria represora trujillista. Pouco despois deste feito saíu ó mercado a tese do basco, *La Era de Trujillo*, na cal non sae ben parado o goberno dominicano nin o seu líder. Neste momento con toda probabilidade o Xefe recorreu ó seu ex-secretario para que volvese a escribir a prol del, como xa fixera con anterioridade. Mais Almoina debeuse percatar do inadecuado de publicar algo rebatendo a obra de Galíndez[2358] xa que a súa desaparición tiña sensibilizado a medio mundo, claro que tampouco era moi intelixente negarse a un requirimento directo do tirano antillano... pero rexeitou, o que motivou a xenreira deste.

Con data de 8 de Agosto de 1957 aparece un informe do Ministerio de Asuntos Exteriores español, asinado en Madrid, dirixido ó embaixador de España en Ciudad Trujillo no que se indica que José Almoina non entrara en

[2358] Non sabemos como eran os sentimentos de Almoina respecto a Galíndez, probablemente neutros, mais sabemos que o galego non era santo da devoción do basco, como comprobamos cando di falando do libro *Una Satrapía en el Caribe*: "si bien no doy completa fe al autor de este libro por diversas circunstancias personales...". GALÍNDEZ, Jesús de, op. cit., p. 303.

territorio ibérico (ver documento anexo)[2359]. Vemos que os "cans" do dictador de San Cristóbal venteaban a presa por todo o mundo, o cal tamén nos indica que non tiñan seguro onde se atopaba o galego. Nunha postal deste dirixida a Llorens a finais de 1957 dicía: "Ya no vivimos en la casa anterior que nos fue forzoso abandonar por las amenazas contra mi vida...¡cuánto cuesta defender la independencia y neutralidad para no enlodarse!"[2360].

[2381]Na entrevista a Luísa Viqueira Landa do 25 de xullo de 1995 na súa casa de México D.F. esta fixo a seguinte valoración persoal e política de Luís Soto: "... o que di Elixio (refírese a Elixio Rodríguez no libro *Matádeo Mañá*) tamen é correcto, porque o mérito de Soto era que falaba con todo o mundo. O principal para el, que era unha lección para todos, era Galicia, Galicia por encima de todo... O grupo do Partido Galeguista eran moi unidos [...] reunianse e falaban pero non facían ruído, entonces o que os abriu e os fixo participar noutras cousas foi Soto... eles querían facer pero hai que ter un carácter especial como o de Soto... Galicia por encima de todo, porque Soto, non había cartos e os sacaba da bolsa... eso non o fai todo o mundo. Se participaban todos era porque Soto movía".

A autorizada pluma de Arturo Barea deixou testemuño de que, dende finais de xaneiro de 1939, a fronteira española era "un dique roto a través del cual una ola de refugiados y soldados en derrota inundaba Francia" e continúa: "Mujeres, chiquillos, hombres y bestias marcharon a lo largo de los caminos, a través de campos helados, sobre la nieve mortal de las montañas. Sobre las cabezas de los huidos los aviones sin piedad, un ejército borracho de sangre empujando detrás...". [...]: "Pobres gentes con petates míseros, gentes más afortunadas en coches abriéndose camino en las carreteras congestionadas, y a las puertas de Francia una cola sinfín de fugitivos agotados, esperando que les dejaran entrar..."[2382].

As autoridades francesas quedaron totalmente desbordadas ante a chegada masiva ás súas fronteiras de douscentos mil xefes, oficiais, suboficiais e soldados en retirada e doutros trescentos mil civís; homes e mulleres, vellos e nenos aterecidos de frío, famentos e moitos xa enfermos. Era a primeira grande vaga de refuxiados políticos da Europa do século XX. O Goberno francés improvisou uns eufemisticamente chamados "campos de refuxiados" sen aloxamentos, sen alimentos e sen asistencia sanitaria; e as enfermidades e a mortaldade foron a máis.

Barea fala con ironía e profunda dor da "seguridade" proporcionada por uns campos de concentración que aquela Francia preparara para homes libres que viñan de soster o primeiro grande combate europeo contra o Fascismo e escribe sobre "alambradas de espino, centinelas senegaleses, abusos, robo, miseria y las primeras oleadas de refugiados admitidos, encerrados entre el alambre en rebaños como borregos, peor aún, sin techo sobre sus cabezas, sin abrigo contra los vientos helados de un febrero cruel"[2383].

Temos moitas testemuñas do paso de galegos por esas praias aramadas pero hoxe botaremos man unicamente dun par de referencias de Max Aub sobre os nosos paisanos nos campos. En Enero sin Nombre. Los relatos completos del Laberinto Mágico de Alba editorial, cóntanos o escritor:

[2382]Barea, Arturo (1986): *La Llama*, terceira parte de *La Forja de un Rebelde*, Barcelona, Plaza y Janés, p. 415.
[2383]Ibidem, p. 415.

> Debe haber en el campo unos seis mil internados, la mayoría ignora por qué está aquí. (En esto hay igualdad absoluta entre internados y guardianes.)
> Doy a continuación las fichas de unos cuantos, escogidos al azar. Para mayor exactitud vayan fecha y lugar: 22 de junio de 1940, campo del Vernete, departamento del Ariége, Francia. [...]
> Santiago Vázquez, gallego, mecánico. Catalanizado, que es un baño especial. Grande, gordo, serio, callado. No cuenta nada de sí. Joven. Hace rancho aparte, sin rancho.

No mesmo libro fala doutro paisano que se enfronta a un gardián sádico, un torturador dos internados. E cóntanos isto do galego Franco:

> Le pesa el apellido, porque nunca faltan graciosos para echárselo en cara [...] Debió rumiarlo mucho tiempo, pero la última vez que Gravela le hizo el chiste -al pasar lista- le contestó:-¿No cree que es peor ser francés que franco?
> Le costó quince dias de calabozo y una tos de la que no se repone, pero está satisfecho:-¿Estuvo bien, no?

A solidariedade internacional, aínda que non coa intensidade desexada en todos os casos, fíxose eco da desgracia da España Republicana e organizou a nivel de gobernos ou de asociacións cidadáns, a axuda ós refuxiados. Entre os gobernos, México foi o país máis comprometido de América -e do mundo- cos republicanos españois tanto durante o conflicto bélico, -en axuda diplomática, en voluntarios[2384] e en armamento-, como na evacuación e posterior acollida ós refuxiados. O xeneral Lázaro Cárdenas remitía o 2 de febreiro de 1939 ó coronel Adalberto Tejada, embaixador de México en España, unha carta na que se reflicte con claridade o seguimento que estaba a facer o

[2384]Dende a Guadalajara mexicana o coronel de Bastavales, Ramón Esturao Calvo estaba a traballar, antes do seu recente pasamento, na contribución dos mexicanos voluntarios que viñeron loitar ó lado do Exército Popular da República durante a Guerra Civil.

presidente mexicano das operacións políticas e militares na fase final da guerra; na mesma misiva sentenciaba: "se está trabajando en reunir alimentos y abrigos, pero estimando que se dificulta ahora su envío desde México, se ha acordado que el Comité de Auxilios Pro-España esté remitiendo a usted en efectivo las cantidades que vaya reuniendo para que se les proporcione algún auxilio ya sea en alimentos o como usted lo estime conveniente, a mujeres, ancianos y niños que más lo necesiten.

La campaña que ha tenido que sostener el gobierno republicano ha sido muy intensa y ha servido para demostrar a los países del mundo de lo que es capaz el pueblo español, que ha llegado hasta el heroísmo en la defensa de su noble causa"[2385].

O goberno chileno de Aguirre Cerdá, previo pagamento do transporte por conta da República e mercé á teimosía de Pablo Neruda e doutras persoas, recibiu ó "Winnipeg" con 3.000 refuxiados a bordo. No Santo Domingo de Trujillo acolléronse exiliados -entre eles un bo número de intelectuais e artistas galegos-[2386] a cambio do pagamento das pasaxes e dos correspondentes investimentos, sen esquecer a "mordida" de cincuenta dólares que cobraba en Francia o embaixador, xenro do dictador e coñecido "play-boy" internacional, Porfirio Rubirosa.

En canto ás organizacións non gobernamentais destaca o mexicano Comité de ayuda a los Niños del Pueblo Español promovido pola primeira dama de México en conexión coa iniciativa do Comité Iberoamericano con sede en Barcelona. E xa despois da guerra creáronse nos EE.UU. o Comité Panamericano de las Organizaciones de Ayuda a España, con sede en New York e a Liga de Escritores Americanos. Na cidade de Genova exercía as súas funcións a Sociedad Internacional de Auxilio a Refugiados Políticos e en Francia traballaba a delegación dos Cuáqueros Americanos, que xunto cos ingleses, desenvolveron un importante labor de auxilio. A excelente e comprometida

[2385] *México y la República Española, Antología de Documentos, 1931-1977,* México, D.F., Centro Republicano Español de México, 1978, p.p. 54, 55.

[2386] Quizais o músico e pintor surrealista Fernández Granell sexa o máis paradigmático. Con el estiveron o escultor Francisco Vázquez "Compostela", o pintor e galerista Ángel Botello ou un

mestra Jacinta Landa Vaz, esposa de Johan Vicente Viqueira que morreu, centenaria, no exilio mexicano atendida pola súa filla Luísa, traballou en Valencia e despois en Barcelona no Consejo da Infancia Evacuada que dependía do Ministerio de Instrucción Pública. Dedicábase a buscar casas de refuxio:

> Ata que acabou a guerra estivo ocupándose dos nenos... nenos que perderan ós seus pais ou que ós pais estaban no frente. Ela ocupábase de busca-las casas, de organiza-los nenos, de busca-los mestres e de que aquelo funcionara. Cando acabou a guerra, traballou cos cuáqueros, no trinta e nove, en Francia; ía ós campos de concentración, leváballes comida, axudáballes, sacaba á xente que podía... así atopou ó meu irmán que estaba nun campo. Tamén levaba medicinas, roupa, recollía cartas e datos de todos os que estaban alí... axudou a moita xente [...] Ela era unha persona moi modesta, moi austera, valía moito; era moi boa maestra, todos os que foran alumnos dela tiñan un recordo magnífico, seguían falando con ela despois de saír da escola... algúns chegaron a México, como turistas e buscárona aquí[2387].

Tamén en Francia tiña a súa sede a Unitarian Service Committees, organización americana que custeou moitos traslados de refuxiados dende Portugal ata diferentes países de América. E hai moitas máis; pero por razóns obvias imos centrarnos neste artigo nas dúas organizacións saídas da propia dialéctica republicana, e que, pola súa confrontación tanto influíron -negativamente en xeral- na posterior dinámica do exilio.

2.2.- A creación do SERE polo Goberno Negrín

O Servicio de Evacuación de los Republicanos Españoles (SERE) foi fundado en París co visto e prace do Ministerio do Interior francés en marzo de 1939 [2388]. Negrín, que desde decembro de 1939 tiña, sotto voce, a promesa de

---

controvertido lugués chamado Almoina, que chegou a ser un estreito colaborador do dictador Trujillo.

[2387]Entrevista a Luísa Viqueira Landa na súa casa de México D.F. o 25 de Xullo de 1995.

[2388]A data de marzo é recollida dunha entrevista realizada ó Dr. Xosé Puche, responsable con Xoaquín Lozano, - funcionario do Ministerio da Fachenda da filial mexicana do SERE, que foi o

Cárdenas de recibir 60.000 refuxiados, nomeou como Director Xeral do mesmo ó pontevedrés Bibiano Fernández Osorio-Tafall[2389], quen xogara un leal, intelixente e valoroso papel no decurso da guerra, con especial perigo para a súa vida nos avatares que viviu a Escuadra en Cartagena no remate da contenda. Os recursos do SERE estaban custodiados por un Consello de Administración no que tiñan representación partidos e sindicatos, baixo a coordinación de Pablo de Azcárate, ex-embaixador da República en Londres.

As organizacións políticas e sindicais -IR, PSOE, PCE, PNV, ER, CNT e UGT- dispuñan dunha cota de hipotéticos refuxiados,[2390] que tiñan que presentar en listados con datos relativos á ocupación, número de membros da familia -cando se daba este caso- servicio militar, filiación política e país de destino preferente. Foi criterio de prioridade para a evacuación o perigo que podían correr as vidas de coñecidos dirixentes políticos e sindicais ou mandos militares, en caso de deportación[2391]. O SERE con 250.000.000 de francos vellos

---

Comité Técnico de Ayuda a los Refugiados Españoles (CTARE) - con Carlos Velo como funcionario executivo-. A entrevista en Patricia W. Fagen: *Transterrados y ciudadanos,* México, FCE., 1975, p. 38. Amaro del Rosal: "El tesoro del *Vita*", *Historia 16*, nº 95, marzo 1984, defende tamén a data de marzo. A de abril aparece en *El exilio español en México ,* México D.F., Ed. Salvat- FCE., 1982, p. 40.

[2389]Xa está en Galicia o arquivo -e biblioteca- de Osorio-Tafall, do que fixemos unha primeira cala e sobre o que informamos por escrito ou telefonicamente dende México á Universidade de Santiago, Arquivo Histórico-Provincial e Museo de Pontevedra, sendo adquirido ó cabo por este último, despois de terlle contado con detalle a situación do mesmo a Xosé Carlos Valle, no seu despacho da cidade do Lérez. E de salientar aquí, a colaboración prestada durante longas xeiras de traballo, nas tardes e noites do verán de 1992, e algunhas do verán de 1993, pola viúva e fillo mexicanos de Osorio-Tafall, Mª de la Luz Nápoles y González Hermosillo e Ramón Osorio Nápoles, os que, fieis ó desexo do ilustre finado de que esta variada e rica documentación retornara a Galicia, converteron o seu apartamento nun mar de caixas e documentos e "chambearon" durante meses na "defeña˝rúa Varsovia para organizar e mellorar a clasificación e as embalaxes dun material que ateigaba tres cuartos alugados ó efecto no ático do mesmo edificio.

[2390]Cota da que está ausente o PG e os republicanos independentes; por esta razón, os militantes galeguistas e moitos galegos sen filiación política ou sindical terán que agardar ó segundo buque, o "Ipanema", no que teñen pactado co SERE unha importante cota os dirixentes das "Confederadas". Castelao e Soto tiveran moito que ver na confección desta longuísima lista -non respectada por certo- na que figuraba como nº 1 o xa citado militante galeguista Elixio Rodríguez Domínguez.

[2391]Esta selección xunto á relevancia política, militar ou intelectual levou ó nacemento dunha historiografía do "exilio dourado", esquecéndose con frecuencia os ensaístas practicantes desta tendencia dos milleiros de exiliados anónimos que nunca foron evacuados dos campos de refuxiados e que tiveron que elixir entre a repatriación ou os campos de traballo, castigo ou exterminio; entre unha nova guerra como carne de canón lexionaria ou a resistencia guerrilleira e o maquis. Os que puideron chegar a América constituíron unha inxección moi importante nas sociedades receptoras por seren a maioría traballadores cualificados dun amplo abano socio-profesional. Ó respecto é de salientar o comentario de Cagiao Vila, p. 348: "Indiscutiblemente,

e valores bancarios, trala realización dun censo nos campos de refuxiados e o establecemento das prioridades xa aludidas pouco fixo -ou pouco puido facer- fronte á masa inxente dos posibles evacuables[2392]. Seguindo a Amaro del Rosal,[2393] representante da UGT no SERE, os continxentes evacuados por este organismo dende Francia e norte de África foron os seguintes:

Data	Nome do Barco	Destino	Nº de Emigrantes
10-V-1939	***Siboney***	México	30
17-V	***México***	México	8
19-V	***Iseri***	México	7
24-V	***Orizaba***	México	16
25-V	***Sinaia***	México	1.620
1-VI	***Flandre***	México	312
1-VI	***Siboney***	México	23
13-VI	***Ipanema***	México	1.000
13-VI	***Orinoco***	México	41
28-VI	***México***	México	9
4-VII	***Lergan***	México	18
5-VII	***Monterrey***	México	6
7-VII	***Ipanema***	México	998
12-VIII	***Siboney***	México	19

este exilio de personajes notables es el que mejor conocemos, pero es necesario desmitificar el concepto de entender por exiliados única y exclusivamente a quienes ocupaban cargos públicos o destacaban en el mundo intelectual. Otros muchos, en general republicanos, nacionalistas y partidarios de grupos y organizaciones de izquierda también se fueron, aunque sus biografías hayan quedado en el anonimato".

[2392]Fronte a esta versión está a denuncia prietista que acusa ó SERE de ser a prolongación do goberno Negrín no exilio e de control comunista da organización. Ademais Prieto denuncia varias irregularidades sobre a administración dos fondos: 1ª Que o PC francés administrou 2.500.000.000 de francos para compra de material bélico sen control de funcionarios españois. 2ª Que o PC francés se embolsou na mediación, cantidades considerables do diñeiro proporcionado por Negrín, diñeiro destinado á propaganda, ó xornal comunista *Ce Soir*, ou á compra de doce barcos da "France Navigation", administrada polos comunistas franceses. 3ª Que o Winnipeg, un dos barcos da "France Navigation", comprado con diñeiro español, foi fretado polo SERE a un alto prezo para trasladar exiliados a Chile e 4ª Que parte do tesouro español sacado do noso territorio trala evacuación de Catalunya estivo custodiado por comunistas franceses; *vid.* Indalecio Prieto (1989): *Cómo y por qué salí del Ministerio de Defensa Nacional*, Barcelona, Fundación Indalecio Prieto/Editorial Planeta, p. 20-21.

[2393]Recollido por Fernando Termis Soto (1992): "Constitución y crisis de las organizaciones republicanas de auxilio a los refugiados españoles. 1939-1942", *Espacio, Tiempo y Forma,* Serie V, Hª Contemporánea, t.V, pp. 419, 420.

13-VII	***Méxique***	México	2.091
19-VII	***México***	México	1
19-VII	***Iberia***	México	42
4-VIII	***Winnipeg***	Chile	2.025
7-IX	***Flandes***	Rep. Dominicana	300
19-XII	***Lasalle***	Rep. Dominicana	710
10-I- 1940	***Cuba***	Rep. Dominicana	300
23-II	***Lassalle***	Rep. Dominicana	710
22-IV	***Lasalle***	Rep. Dominicana	1.500
16-VI	***Cuba***	Rep. Dominicana	540
TOTAL			**13.716**

Ademais destes 13.716 refuxiados houbo moitos casos individuais que puideron custear un boleto nas liñas de navegación regulares investindo nese embarque os últimos recursos ou coa axuda dos parentes, veciños e amigos residentes nas repúblicas americanas. A emigración galega foi, unha vez máis, o salvavidas tendido sobre o Atlántico dende as cataratas do Niágara ata a Patagonia arxentina.

Algúns volveron sobre os seus pasos, atopándose coa morte, con anos de cautiverio nas cadeas franquistas ou coa apropiación dos seus bens polos vencedores alzados. Os que tiveron mellor sorte enfrontáronse a unha vida pobre nun país que xa non recoñecían como propio: foron as víctimas do exilio interior, que fixeron a longa travesía existencial dos duros anos corenta e cincuenta interiorizando e rumiando no silencio máis abafante a miseria económica, cultural e moral deses tempos de ignominia persecución e receo. A condena que se lles impuxo foi a de transitar perennemente cun sambenito de sospeitosos pendurado nas súas vidas e aferrollado nas súas conciencias.

Os que ficaron nos campos, foron utilizados polo goberno francés como man de obra nos batallóns de traballo a partir de maio de 1939. O SERE, pola súa banda, xunto a expertos franceses e estranxeiros, posibilitou en xuño e xullo de 1939 proxectos de colonización agrícola e máis a incorporación dos

refuxiados ó aparato industrial-militar posto en pé ante a inminencia da nova guerra.

Entre as ocupacións militares -carne de canón de primeira orde- houbo alistados na Légion étrangère que anos máis tarde perderían novamente en Indochina xunto ós colonialistas franceses a extraordinaria batalla de Dien Bien Phu. O colectivo de pilotos-aviadores foi visitado nos campos por representantes do goberno chinés de Chang-Kai-Chek cun obxectivo claro: recrutar voluntarios ou contratados para a guerra que o Kuomitang e os comunistas de Mao estaban a librar neses anos contra o expansionismo nipón[2394].

De resultas destas novas saídas en abril de 1940 o SERE contabilizaba nas súas estatísticas 70.000 individuos nos batallóns de traballo -unha boa parte abrindo camiños no norte de África-[2395] outros 40.000 empregados en fábricas e talleres metalúrxicos, 15.000 enrolados na "Légion Étrangère", e 6.000 vellos, mulleres e nenos que permanecían aínda nos campos de refuxiados[2396].

Os representantes do goberno cardenista que viñan preparando desde moito antes da decisiva batalla do Ebro a posible recepción de continxentes de refuxiados,[2397] seleccionaban e depuraban os listados elaborados polo SERE en función dos seus intereses e necesidades e de criterios nos que pesou máis o poder omnímodo do respectivo presidente mexicano e o seus homes de

[2394]Fun informado deste curioso recrutamento en febreiro de 1991, durante un xantar compartido coa plana maior do Centro Republicano Español de México, entre os que se atopaban algúns pilotos ex-combatentes. Novamente saíu o tema no verán de 1993 nun coñecido café de Guadalajara, no mexicano Estado de Jalisco, onde se reúnen con frecuencia o enxeñeiro Rómulo Negrín, o coronel Esturao, a Sra. Santaló e algúns ex-pilotos da Guerra Civil, entre eles Gayoso, un brillante piloto de combate ponteareán naturalizado en México. O tema reaparece nas memorias de Elixio Rodríguez Domínguez, publicadas por Edicións Xerais baixo o título *Matádeo Mañá*.

[2395]Campos de castigo e de traballos forzados foron Le Vernet en Francia, Djelfa ou Berrouaghia na ex-colonia alxeriana, Büchenwald ou Orianemburg en Alemaña; *vid.* J.M. Naharro-Calderón (coord.) (1991): *El exilio de las Españas de 1939 en las Américas: ¿A dónde fue la canción?*, Barcelona, Ed. Anthropos, p. 11.

[2396].- Fernando Termis Soto (1991): "Constitución y crisis de las.....", art. cit. p. 421.

[2397]O seguimento desta cuestión pódese ver no libro, xa citado, *México y la República Española, Antología de documentos 1931-1977*, editado no ano 1978 polo incombustible Centro Republicano Español de México, do que foi presidente e aínda é un destacado líder moral o mestre de Redondela, Xesús Bernárdez, un dos promotores da publicación desta importante fonte historiográfica.

confianza que algunhas voces interiores en contra e os boicots internacionais dalgúns gobernos. É o caso do estadounidense, que presionou ós executivos latinoamericanos da súa órbita contra da acollida ós refuxiados, abortou na práctica a presencia dos republicanos no seu propio chan e no pequeno país xeopoliticamente estratéxico do Canal de Panamá e intentou, sen éxito, coutar a presencia de elementos comunistas e anarquistas de orixe ibérica na outra beira do Río Grande[2398].

Sobre a neutralidade dos funcionarios mexicanos á hora de aceptar o embarque dos refuxiados incluídos nos listados ten habido moita controversia. Tanto na bibliografía ad hoc como nas hemerotecas, os xuízos son variables e moi condicionados sempre polas posicións políticas que irreconciliablemente enfrontaron e aínda enfrontan -despois de 62 anos- ós republicanos desterrados[2399].

A testemuña dalgúns exiliados galegos sobreviventes que pasaron polo interrogatorio dos funcionarios mexicanos nos peiraos franceses apuntan na dirección dunha certa manipulación pro-comunista e negrinista nos embarques. Claro que as nosas testemuñas son maioritariamente de xentes que viaxaron no Ipanema, como o médico compostelán Xosé María Lema Pintos[2400] e outros

[2398]O Departamento de Estado e o FBI compraron con demasiada frecuencia a mulleres e homes do exilio español -galegos incluídos-, que por necesidade de supervivencia nuns casos, por anticomunismo e/ou antianarquismo noutros ou pola conxunción dos dous, foron informantes e delatores dos seus compañeiros de desterro. Xunto ás achegas da fontes orais, pode rastrexarse este tema -CIA incluída-, na esclarecedora novela histórica de Manuel Vázquez Montalbán (1992): *Galíndez*, Barcelona, Ed. Seix Barral, decimo segunda edición.

[2399]Para mostra dúas opinións encontradas: "Son injustas por tanto las críticas que se hacen en periódicos y revistas. Carecen de fundamento. Nadie alteró las órdenes emanadas de las Secretarías de Gobernación y Relaciones Exteriores de nuestro país, cumplidas por nosostros con rigurosa exactitud. Nadie seleccionó a su antojo a los inmigrantes. Nadie, inspirado por ideas políticas, dió preferencia a personas o a grupos de refugiados" en Mauricio Fresco (1950): *La emigración republicana española, Una Victoria de México*, México D.F., Editores Asociados, p. 11. Ou esta: "Muy criticada fue la operación del SERE, que algunos insistieron en que sólo nominalmente era representativo de todos los partidos y sindicatos de la República, y que en realidad era un instrumento de los elementos comunistas predominantes en el gobierno de Negrín. Los transterrados también expresan sus dudas acerca de la imparcialidad de los oficiales mexicanos que estuvieron a cargo de la operación, Narciso Bassols y Federico y Susana Gamboa, en aquella época considerados comunistas o filocomunistas:" en W. Fajen, Patricia (1975): *Transterrados y Ciudadanos*, México, F.C.E., p. 38.

[2400]Un mozo, fillo dun catedrático da Universidade que acababa de rematar a carreira de medicina e que se achaba na UIMP en Santander, na compaña de Borobó, o 18 de xullo de 1936. Tra-lo seu paso polos campos franceses, dos que lembra sobre todo o fedor insufrible dos excrementos mal enterrados, viaxou a México no Ipanema compartindo a ración con outros

compañeiros seus. O Ipanema, como xa sinalamos con anterioridade, foi o buque co maior continxente de galegos a bordo por obra e gracia das confederadas, e non tivemos a oportunidade de entrevistar a paisanos evacuados rumbo a México no Sinaia, no Mexique ou noutros buques[2401].

O SERE mantívose activo ata mediados de 1941 data en que a falla de recursos fixo que se procedese á súa disolución, na que tivo algo que ver a perda do control do tesouro do Vita polo goberno Negrín[2402].

2.3.- A organización inspirada por Indalecio Prieto: A JARE

A creación da Junta de Ayuda a los Refugiados Españoles coñecida como a JARE está intimamente ligada ó rexeitamento da lexitimidade do goberno Negrín por Indalecio Prieto algún tempo despois da recepción do iate Vita no porto mexicano de Veracruz. Enviado a Tampico e estibado alí, o prezado cargamento trasladouse a México D.F. por ferrocarril o 31 de marzo de 1939, entre fortes medidas de seguridade. Días máis tarde, o 7 de abril, Indalecio Prieto remitía este telegrama a Negrín: "Congratúlome poner incólume disposición dichas personas (Puche y Lozano) cuanto acaso éstas no

---

colegas galegos nun caldeiro colectivo que ten gravado igualmente na memoria. Entrevisteino en dúas ocasións, unha a el só e outra na compaña do seu amigo e paisano Cardama, no seu fermoso departamento de Polanco, no D.F. Foi un exitoso pediatra en México e politicamente pasou dunha inicial simpatía polo PC a un maior achegamento o PSOE a partir dos anos setenta. Librepensador independente, personaxe entrañable, de gran atractivo persoal e de verbo fluído e claro, sen andrómenas, a súa testemuña, contrastada con outros republicanos e republicanas galegos/as, pareceume sempre sinceira e moi fiable.

[2401]Despois de dez estadías naquel país a posibilidade doutros informantes e moi remota no inmediato futuro dada a extinción biolóxica de máis do 95% dos exiliados galegos nas cidades e vilas dos Estados Unidos Mexicanos.

[2402]O Vita -que con anterioridade era o iate Giralda de Alfonso XIII- foi enviado a México cun cargamento de 110 vultos, con obxectos de arte, ouro en barras e amoedado, prata en barras, xoias e depósitos de diferentes Montes de Piedad. Previamente Negrín tiña negociado co presidente Cárdenas o seu envío para centralizar en México, e non en Francia , as novas expedicións de auxilio ós republicanos así como as inversións necesarias para a inserción laboral dos refuxiados en México. O barco navegou baixo a dirección do capitán vasco Ordorica e do galego Enrique Puente que xunto a un equipo de homes da súa confianza foi o responsable da custodia do tesouro do *Vita* no transporte. Puente fora ex-xefe en Madrid da unidade de milicias socialistas La Motorizada, convertida en Compañía de Carabineiros adscrita ó Ministerio da Facenda de Méndez Aspe. Á chegada do barco e ante a ausencia dos representantes enviados por Negrín, Puche e Lozano, o cargamento rematou en mans de Indalecio Prieto, embaixador plenipotenciario da República que se atopaba en México convidado polo presidente Cárdenas despois de asistir en Chile á toma de posesión do presidente Aguirre Cerdá. Para unha síntese do tema *vid.* Amaro del Rosal (1984): "El tesoro del Vita", *Historia 16*, nº 95. Outra versión

habrían podido salvar aún habiendo llegado con oportunidad debida". Cando Puche -ex rector da Universidade de Valencia e responsable dos subsidios da CTARE, con Carlos Velo a carón seu- tivo acceso ó chalé onde se gardaba o cargamento atopou as caixas abertas e unha gran desorde polo que non quixo facerse cargo do mesmo naquelas condicións[2403]. Foi a súa unha actitude ética de grande transcendencia política xa que situaba a Prieto en condicións de ser o árbitro do exilio unha vez rematada a guerra oficialmente o primeiro de abril.

Nunha nova misiva asinada en México o 7 de xuño de 1939, Prieto contesta a outra de Negrín nestes termos: "En respuesta a la carta de usted que me trajo el señor Méndez Aspe al venir de Nueva York, debo decirle que nuestra amistad, ya muy quebrantada a partir de abril de 1938, la considero rota por completo desde abril de 1939. Consiguientemente no debe verificarse la entrevista conmigo que proyecta usted a su llegada a esta capital..."[2404]. Na carta de Prieto late unha desafección que expresa a propia división interna das forzas republicanas en plena contenda, división que se amplificaría no remate da guerra coa chamada traizón de Casado e que se fragmentou aínda máis unha vez perdido o derradeiro territorio hispano e iniciado o exilio.

Mentres Negrín e Prieto intercambian tensas cartas chega a México o primeiro buque do exilio, o Sinaia, con 1.681 refuxiados a bordo, (algúns mais dos que embarcaron en Francia) froito dos acordos do SERE e o Comité Mexicano de Ayuda a los Refugiados. O barco foi recibido por unha multitude enfervorizada no porto jarocho, con representación do goberno mexicano, sindicatos e a presencia do propio Negrín. Prieto non asistiu pero fixo a viaxe de retorno no mesmo barco con Negrín igualmente a bordo. Non se dirixiron a palabra e esta actitude reflicte de xeito diáfano a irreconciliable división do exilio español, amplificada dende a perda da guerra polo "affaire" do Vita.

Prieto reúne en Paris á Deputación Permanente das Cortes o 26 e 27 de xullo de 1939 erixíndose este organismo en único representante da República e administrador de todos os bens desta no estranxeiro; días máis tarde nacía a

---

e/ou interpretación -antagónica- en Indalecio Prieto (1989): *Cartas a un escultor*, Barcelona, Fundación Indalecio Prieto- Editorial Planeta, p. 29-42 e 113-122.

[2403]Amaro del Rosal (1984): "El tesoro del Vita"...., art. cit.

[2404]Indalecio Prieto: *Epistolario Prieto-Negrín,* p. 11.

JARE baixo a presidencia do ex-gobernador do Banco de España, Nicolau d'Olwer, con Esplá como secretario xeral e conselleiros das diferentes organizacións como Indalecio Prieto (PSOE) e outros de IR, UR, ER, CNT e UGT.

Martínez Barrio sinalara teimudamente a facultade da Deputación Permanente -que representaba ó Parlamento cando este non se encontraba en período de sesións- de destituír o goberno despois das reiteradas mocións de confianza e perante a imposibilidade de modificar a súa composición[2405].

Pero a lexitimidade do goberno estaba amparada ó abeiro da propia Constitución de 1931 que no seu artigo 64 esixía un mínimo de cincuenta votos para presentar unha moción de censura, sendo condición sine qua non o referendo desta censura pola maioría das Cortes. Ademais, o grupo parlamentario socialista que aglutinaba Prieto organizárase á marxe dos estatutos do PSOE, da súa Comisión Executiva, da minoría socialista na Deputación e ignorando ademais a certos deputados como Negrín, Álvarez del Vayo, Lamoneda, etc. Asemade, once dos dezasete deputados censurantes estaban sancionados e moralmente deslexitimados pola súa ausencia na derradeira xuntanza das Cortes en territorio español, celebrada no castelo de Figueres-Girona, a noite das calendas de febreiro de 1939.

Segundo a testemuña dun fato de exiliados sobreviventes, galegos e non galegos,[2406] o exilio republicano quedou escindido entre estas dúas organizacións e os seus líderes, Negrín e Prieto, afectando e trasladando esta división ás fráxiles institucións da posguerra pero tamén ós partidos políticos e centrais sindicais.

[2405]O escritor ponteareán exiliado en México Manuel D. Benavides no seu libro *La Escuadra la mandan los cabos*, (México 1944) dedícalle a Martínez Barrio unha referencia bastante despectiva.

[2406]Entre os primeiros habería que citar ós doutores Xosé María Lema Pintos, Francisco Comesaña Rendo ou Antonio Fernández Carnicero, ó arquitecto Xosé Caridad Mateo, ó impresor Roxelio Rodríguez de Bretaña , ó coronel Ramón Esturao Calvo ou ó antropólogo Santiago Genovés Tarazaga, entre os segundos foron moi esclarecedoras as entrevistas feitas ó químico eminente da UNAM, ex-profesor da Universidade de Santiago, D. Francisco Giral, á viúva de Luís Soto, Menchu García Jaurrieta ou ós directivos e homes fortes do Centro Republicano Español de México D.F., prietistas, entre os que goza de grande estima Xesús Bernárdez.

Segundo Amaro del Rosal[2407], á luz do balance presentado pola JARE ós dous meses do seu nacemento, o 30 de setembro de 1939, esta empregaría o 53% dos seus primeiros desembolsos -3.412.750 francos- en pagar os favores prestados á recente creada Comisión Permanente das Cortes mentres só destinaría ós refuxiados dos campos de concentración do Midi francés e África do Norte un 9% dos seus recursos, -300.00 francos-, gastados en froita.

Prieto, que trala dimisión de Amador Fernández quedara á fronte como único administrador do tesouro do Vita achábase nunha situación ética e politicamente comprometida da que non obstante foi plenamente consciente o político socialista[2408].

De regreso a México, un comité avalado pola Comisión Permanente das Cortes, e controlado por Prieto, converteríase no administrador do tesouro do Vita. Quedaba desautorizada de feito a autoridade de Méndez Aspe, ministro de facenda do goberno Negrín, quen tentaba recuperar os aínda importantes recursos da República en diferentes lugares para destinalos á evacuación dos refuxiados dos campos e os investimentos productivos precisos, en México e Santo Domingo. A división foi aproveitada por países depositarios dos bens da República, e mesmo os nazis, cando ocuparon Francia no verán de 1940, acabarían engulindo boa parte dun tesouro que o iate Vita debería seguir transportando rumbo a México en virtude do acordo Negrín-Cárdenas, polo que o segundo aceptaba un primeiro continxente de 40.000 refuxiados sempre que estes non constituísen unha carga económica para o país, e o goberno Negrín levase a cabo en México os investimentos suficientes para integrar ós científicos, intelectuais, traballadores cualificados e campesiños da forzada emigración republicana.

[2407]Amaro del Rosal, autor de varios libros sobre a UGT, o ouro do Banco de España e o *Vita*, foi secretario auxiliar da Comisión Executiva da UGT durante a República, presidente da Federación Nacional de Banca e do Sindicato de Madrid e Director Xeral da Caixa de Reparacións, de onde saíu a meirande parte do tesouro do Vita.

[2408]"El haber procedido así me valió y me vale multitud de infamias... Un amigo mío residente en París, en cuya casa vivía yo el año 39, me preguntó al conocer mi decisión:"¿Se da usted cuenta del daño que se va a causar usted mismo?""Sí -contesté- me doy cuenta de que quedaré cubierto de mierda." Y así ha ocurrido. Pero te juro que si las circunstancias volvieran a colocarme en igual caso... volvería a aceptarla". Indalecio Prieto (1989): *Cartas a un escultor*...., op. cit., p. 32.

O goberno mexicano ante o perigo da invasión nazi de Francia asinou o 23 de agosto de 1940 na cidade de Vichy o Convenio Franco-Mexicano polo que Francia se comprometía a alongar o asilo ós republicanos españois ata o momento en que puidesen ser embarcados, compromiso que atinxía a máis de 150.000 individuos, o que provocou receos entre os alemáns temerosos de que moitos republicanos rematasen reforzando as filas aliadas, como efectivamente aconteceu en moitos casos, tanto en unidades regulares como no cada vez máis poderoso maquis[2409]. O goberno cardenista, pola súa parte, comprometeuse a dar asilo político a todos os refuxiados republicanos que se achaban aínda nos campos de concentración de Francia e das súas colonias e protectorados "con la simple formalidad de que expresen libremente su solicitud de acogerse al beneficio que les ofrece un país amigo en nombre de la más alta comprensión humana". O diplomático mexicano Isidro Fabela xogou un importante papel na sinatura deste convenio malia as zancadillas ou reticencias dos xefes de Estado e de Goberno franceses mariscal Patain e Pierre Laval, respectivamente e do presidente dos EE.UU. Franklin D. Roosevelt"[2410].

A división entre SERE e JARE afondou máis as diferencias económicas e sociais entre os exiliados. Algúns republicanos que por razón dos seus cargos políticos ou administrativos deberían render contas ás autoridades no desterro, aproveitaron a guerra fratricida entre os dirixentes perdedores para lavar as mans... en detrimento dos milleiros de refuxiados anónimos que agardaban unha axuda económica, unha pasaxe e a acollida dun país libre para comezar unha nova vida, o que a miúdo significou unha utopía inalcanzable.

Desde México, Prieto desenvolveu xestións diplomáticas diante do goberno de Franco tentando trocar o tesouro do Vita polo retorno libre e sen represalias dos refuxiados republicanos no estranxeiro, excepción feita dos altos cargos políticos, militares e administrativos, "esto para allanar la aceptación de la propuesta"[2411]. A iniciativa, obviamente, non tivo éxito e as expedicións

[2409]Marrus, R. M. e O. Paxton, Robert (1981): *Vichy et les juifs*, París, Calman Levy, p. 27.
[2410]Miguel A. Marín (1993): "El convenio franco-mexicanno de 23 de agosto de 1940 sobre los republicanos españoles refugiados en Francia", *Historia y Vida*, nº 304.
[2411]Toribio Echevarría (1992): "Recordando la Guerra. Diario de viaje de un refugiado español" en Acuña, José Ángel (ed.): *La Cultura en el Exilio Vasco-Nº 7*, Donostia, p. 150. T.E.,

financiadas pola JARE atrasáronse ata o 30 de outubro de 1941, organizando unha nova en abril de 1942 e a derradeira en outubro do mesmo ano; tres expedicións tardías que representaban unha mínima parte dos refuxiados xa que o 90% dos evacuados -unha minoría- saíran dos campos da man do SERE e dos seus convenios e acordos co goberno mexicano, Hispanas Confederadas, etc.

A JARE, mediante un decreto do goberno mexicano de 21 de xaneiro de 1941 converteuse en Financiera Hispano-Mexicana S.A. para inserirse nas leis mexicanas e co obxecto de achegar os investimentos necesarios para a instalación socioprofesional dos asilados. Como en decembro de 1942 non entregara a totalidade destes bens á Financiera, o goberno mexicano non permitiu que os recursos en cuestión continuasen sen restricción "a la disposición de un organismo político emanado de un poder extranjero"[2412] e mediante decreto de 1 de decembro de 1942 foi intervida a JARE. O Goberno de Ávila Camacho -continuador do de Cárdenas- creaba unha comisión formada por tres membros -dous da administración mexicana e un da propia JARE.- que se encargarían da "custodia y administración de todos los bienes que se encuentran bajo la posesión o disposición de la Junta de Auxilio a los Republicanos Españoles"[2413].

O canto do cisne da JARE materializaríase nun novo decreto intervencionista do goberno, no mesmo Sexenio Avilacamachista, o 2 de agosto de 1945 polo que os valores traídos a México "o adquiridos en el país por la JARE", foron entregados en fideicomiso á Nacional Financiera S.A., incluíndose na citada disposición fiduciaria as accións da Finaciera Hispano-Mexicana S.A.

Malia todo, o goteo a pingueira de exiliados continuaría institucionalmente a través da Federación de Organizaciones de Auxilio a los Republicanos Españoles (FOARE) e doutras organizacións de axuda xa

convencido prietista, desempeñou o cargo de funcionario- administrador xeral da delegación da JARE en París ata a súa disolución polo goberno francés a fins de maio ou principios de xuño de 1940.

[2412]Cómpre salientar que entre 1939 e 1945 o Goberno mexicano non mantén relacións coa República Española; e só concluída a II Guerra Mundial, o Secretario -Ministro- de Relacións Exteriores daquela, Sr. Tello, facilitou a reconstrucción do Goberno da República no exilio axeitando ó efecto a Sala de Cabildos do edificio do Departamento Central do D.F.

mencionadas no encabezamento deste epígrafe, amais naturalmente das propias redes da vella emigración económica nalgúns casos e da solidariedade de institucións e particulares. As chegadas a México e demais estados americanos continuarían unha vez rematada a II Guerra Mundial nun proceso decrecente ata iniciarse a década dos cincuenta na que a arribada quedou practicamente paralizada.

2.4.- Unha chamada de auxilio ós galegos de América

Anticipándose ás principais organizacións do exilio, os galegos dos campos de refuxiados foron os primeiros en buscar saída colectiva ás súas necesidades de supervivencia. Dábanlle continuidade deste xeito ó xermolo organizativo democrático e plural que nacera coa Frente Popular e co labor unitario a prol do Estatuto, coas Milicias Galegas inspiradas por Castelao e capitaneadas, entre Líster e outros, polo prestixioso militar profesional López Iglesias, casado cunha galega[2414]. Reemprendían os refuxiados a irmandade nacida entre os mariñeiros da Escuadra e proseguida en plena guerra nos cafés de Valencia[2415], na edición das revistas *Nova Galiza* e *Nueva Galicia*, e nas xuntanzas barcelonesas do "Chez-Nous". Lugar emblemático este, onde Castelao, antes de embarcar para os Estados Unidos en xullo de 1938, presidía unha tertulia que xuntaba arredor da súa figura carismática e incuestionada, a intelectuais, dirixentes políticos e militares, incluído o xeneral Líster, que nas súas estadías barcelonesas aparecía polo coñecido café, veciño á sede que o PG tiña na praza de Catalunya. Reuníanse alí un fato de galegos de todas as tendencias políticas e clases sociais -pois ían igualmente traballadores e mariñeiros- arredor dun Castelao, convertido no éxodo e no decurso da loita

[2413] *Diario Oficial de la Federación*, t. CVIII, n. 25, do 1-XII-1942.

[2414] López Iglesias, casado cunha galega de Monforte, é, non só o oficial profesional con máis protagonismo na organización das Milicias Galegas, senón tamén un dos homes clave de Líster ó longo do periplo bélico, xunto con Gómez Gayoso, Esturao e outros. No pasado agosto de 1993 puiden ler na mexicana Guadalajara de Nueva Galicia unhas cuartillas inéditas asinadas por López Iglesias, que obran en poder do seu ex-compañeiro o coronel Ramón Esturao Calvo, nas que aparece unha versión da guerra e doutras cuestións político-militares un tanto diferente da que coñecemos a través das publicacións de Santiago Álvarez.

[2415] Cidade na que Castelao asinou e datou os limiares do *Galicia Mártir* e *Atila en Galicia*.

antifascista, de xeito progresivo no líder político e moral e no catalizador das aspiracións do seu pobo.

E daquel xermolo barcelonés e como continuidade da solidaria e amigable relación suprapartidaria dos galegos combatentes, saíu a comisión de oito compatriotas con auctoritas[2416] entre a paisanaxe dos campos a quen representaban e/ou coñecidos no alén mar; e en febreiro de 1939 lanzaron ó mundo esta proclama estremecedora, sen precedentes na nosa historia:

> Señor: Millares de gallegos exiliados hacemos un llamamiento a vuestra generosidad. Arrojados de la patria común nos acogemos al profundo sentido humano de que dieron siempre ejemplo nuestros hermanos de raza. Niños y mujeres, ancianos y enfermos, mutilados y militares, intelectuales y gentes de sentir fraternalmente liberal, sufren hambre y frío en tierra extranjera. Nuestro estado angustioso reclama la ayuda de cuantos gallegos pueblan el mundo y tienen un concepto verdadero de la solidaridad humana...

Continúa o SOS pedindo o derrube dos valados inmigratorios que se levantaban por toda América e a disposición dos recursos necesarios para chegar ata ela; e despois do relato dos feitos, un chamamento final:

> ¡Gallegos de América!: Escuchad nuestro llamamiento. Liberadnos de un estado de dolor cuya intensidad rebasa toda medida. Redimidnos de la injuria que significa el aceptar forzosamente la limosna de vivir como penados. Organizad vuestro auxilio... Acudid... a nuestra comisión... Pero acercaos con urgencia a los gobiernos de esos países para que abran sus fronteras...[2417].

2.5.- Dos campos de refuxiados á nova loita contra o nazismo, 1939-1945

[2416]Vid. Villaverde García e Liñares Giraut (1992): *Ramón Martínez López, pola Universalidade de Galicia*, Noia, Ed. Sementeira, p. 26 onde se dá conta dos nomes que compoñen a comisión -entre eles Líster e Martínez López- e dun fragmento significativo da chamada de auxilio.

Os evacuados cara América foron unha minoría. O Informe La Valiére, un dos máis documentados, fala de 450.000 refuxiados[2418] e na primavera de 1939 a Legación de México e o Ministerio do Interior galo censaron nas praias aramadas do Midi -eufemisticamente chamadas campos de refuxiados[2419]- e nos enclaves coloniais franceses norteafricanos, un total de 527.843 almas[2420], homes na plenitude da vida a meirande parte, pero tamén vellos, mulleres e nenos. Algunhas testemuñas non deixan dúbidas sobre esta traxedia: "Nada se había preparado para albergar a las decenas de miles de personas que se trasportaban hacia allá en camiones. Ni un sólo campamento de barracones. Ni una tienda. Ni una letrina. Ni una llave de agua potable. Ni un puesto médico para los primeros auxilios de urgencia"[2421], "[...] extenuados por el hambre, agotados por los bestiales trabajos, desquiciados los nervios por las zozobras constantes de las persecuciones, los refugiados, en aquel infierno francés, eran cadáveres ambulantes"[2422]. E, naturalmente, as condicións empeorarían a partir do primeiro de setembro de 1939 trala irrupción das Panzerdivisionen xermanas en territorio polaco e a colaboración subseguinte do goberno de Vichy coa Geheime Staatspolizei (Gestapo) e a policía franquista: dirixentes políticos tan emblemáticos como Companys ou Zugazagoitia encadeados en Francia primeiro e deportados e fusilados máis tarde e arredor de 15.000 republicanos recluídos

[2417]Documento -fotocopia- no meu arquivo; orixinal nos papeis de Ramón Martínez López e outros en poder de exiliados galegos en México, polo que deducimos que o chamamento en cuestión tivo bastante difusión e boa acollida.
[2418]Citado por Solé i Sabaté, Josep María (1992): "Viure a l'exili" en *Historia y Fuente Oral* nº 7.
[2419]Argelès-sur-Mer, Saint-Cyprien, Barcarés, Gurs, Le Vernet, Bram, Agde, Setfonds, Rivesaltés, Villiers les Pots ou Mazères son os nomes dos campos de refuxiados máis coñecidos no sur de Francia. A estes hai que engadir os de Realizane, Camp Morand, Bon Afra, Colomb-Bechar en Alxeria e os de El Guettat e Gafsa en Túnez, sen citar neste relatorio os campos de castigo que merecen mención aparte.
[2420]Manuel Tuñón de Lara (1976): "Los españoles en la II Guerra Mundial" en *El exilio español de 1939*, Madrid, Ed. Taurus, t. II, p. 14.
[2421]Georges Soria (1973): *Guerra y revolución en España, 1936-1939* ,Bacelona, Ed. Grijalvo, vol. V p.100.
[2422]Reseña do xornalista Galipienzo en: *El Exilio Español en México,* México D.F., Ed. Salvat - FCE, 1982, p. 34. Os exiliados políticos que pasaron polos campos lembran as ducias de mortes diarias de persoas que poderían salvarse cun mínimo de condicións hixiénico-sanitarias na acollida francesa.

nos campos de concentración nazis, dos que 9.000 foron executados en Mauthausen[2423] e no seu komando de exterminio, o campo de Gusen[2424].

Un respectable número de galegos xa arriscaran a súa vida ata catro veces: pasando primeiro ó territorio republicano por mar, monte a través[2425] ou polo perigoso Portugal salazarista[2426], vestindo o uniforme de soldados franquistas ou o disfrace de falanxistas ou requetés[2427], ata que se presentaba a oportunidade de dalo salto ó bando leal; participando despois nas frontes de guerra, nas Milicias Galegas, 5º Rexemento, 1ª Brigada Mixta, 11ª División, 5º Corpo de Exército, no moi leal Corpo de Carabineiros, na Subsecretaría de Armamento...[2428]; sobrevivindo máis tarde á peregrinación da derrota cabo da Xunqueira e os Pirineos xeados[2429] e nas duras condicións dos campos de

[2423]Unha relación de 105 galegos antifascistas asasinados neste campo de exterminio nazi en Santiago Álvarez (1989): *Las Milicias Populares Gallegas*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 153-157. Un sobrevivente do mesmo despois de seis anos de reclusión é Xoaquín Balboa García, veciño do Val de Monterrei, de 86 anos de idade, que aparece entrevistado en *La Región* de Ourense o (26-IX-199), p. 26.

[2424]*El exilio español en México* p. 36.

[2425]E paradigmático -porque houbo máis- o caso dun galego protexido no desterro mexicano por Luís Soto. O personaxe en cuestión, alcumado "O Chato", fillo dunha galega emigrada a Cuba onde a necesidade a levou a exercer a prostitución, pasou dende a súa aldea na provincia de Ourense, monte a través, ata a fronte astur. Unha vez máis, informado por un veciño tamén fuxido de que un falanxista *paseara* ó seu irmán, pediu permiso ós mandos para vingar aquela morte. Atravesou novamente as filas republicanas e franquistas ata a súa aldea en Ourense onde en plena noite sacou ó falanxista da cama, na presencia da muller e fillos e obrigouno a acompañalo a punta de pistola por unha corredoira próxima ó lugar, onde lle dou morte. Unha vez máis, por montes e vales pasou do bando franquista ó republicano ata Asturies onde se reintegrou novamente ó seu posto, como soldado republicano.

[2426]Luís Soto Fernández (1983): *Castelao, a UPG. e outras memorias*, Vigo, Edicións Xerais, p 9-29. Neste primeiro capítulo dáse conta da axuda ós *escapados* nas terras arraianas do Limia e no país veciño por parte do Socorro Roxo e de antifascistas galegos e portugueses; Luís Soto, o doutor Antonio Fernández Carnicero e a súa dona, o deputado Alfonso Pazos Cid ou o poeta galeguista Florencio Delgado Gurriarán, todos eles ourensáns e exiliados en México despois da guerra, salvaron a vida deste xeito. No capítulo XII, 194-197, cítanse os casos de Leandro Carro, Ramón Lafuente, Ignacio Herrero, ou Marcelino Nieto salvados do mesmo xeito. A solidariedade do Sr. Barros, da aldea fronteiriza de Tourém e a do emigrante en México con negocios en Portugal Sr. Pastor salvoulles a vida a algúns dos mencionados.

[2427]O caso máis paradigmático neste senso é o do animador galeguista ourensán Roxelio Rodríguez de Bretaña a quen se refiren sempre os superviventes do exilio galego en México como *O Requeté.*

[2428]Líster, Marcial Fernández como Director Xeral de Carabineiros ó mando de 80.000 homes ó remate da guerra, o carismático ex-rector da Universidade de Granada Dr. Alejandro Otero na Subsecretaría de Armamento e Osorio-Tafall como Comisario Xeral do Exército, son algúns dos galegos con altas responsabilidades que deron acubillo e exemplo heroico a milleiros de paisanos fogueados e disciplinados a carón deles.

[2429]Ten o ritmo e a plasticidade dunha secuencia cinematográfica o relato da testemuña que ofrece ó respecto o piloto aviador ourensán Elixio Rodríguez Domínguez nas súas memorias publicadas por Xerais. O animador de *Vieiros* dá conta nelas das penalidades que sufriu, coa

concentración nas praias mediterráneas da veciña occitania[2430]; enrolados por último na resistencia francesa ou no exército soviético contra do nazismo[2431].

Así, nas batallas da IIª Guerra Mundial, hai constancia documental ou testemuñas orais da participación galega; desde o desembarco de Narvik en Noruega, na primavera de 1940, onde morreron oitocentos republicanos sacrificados na vangarda dunha batalla inútil, ata o nordeste galo do Meuse onde os resistentes máis firmes ante o imparable avance dos exércitos motorizados do IIIº Reich foron igualmente combatentes republicanos dos Rexementos de Marcha. Outros 50.000 fixeron fronte o espectacular avance do exército nazi en Abbeville e uns 8.000 republicanos, a maioría abandonados polos seus mandos, protexeron o embarque de ingleses e franceses na rateira de Dunkerke co custo dunhas 6.000 baixas[2432]. Dous Rexementos de Estranxeiros recrutados nos campos norteafricanos defenderon a retirada de Soissons a primeiros de xuño e outros Rexementos de Marcha, procedentes de Perpignan e Barcarés, mal equipados, foron literalmente esmagados polos Stukas e polos carros de combate xermanos[2433].

---

axuda de contrabandistas da zona, escalando os nevados Pirineos; foron varios días de espesa neve e vagarosa andaina, dende a aldea prepirenaica de Oix ós cumes fronteirizos do Estado galo, mentres escuadras ou avións solitarios Fiat italianos metrallaban intermitentemente matando xente das longuísimas ringleiras do éxodo ata a mesma raia montesía.

[2430]Contan -algúns contaban- bastantes refuxiados galegos e non galegos que pasaron polos campos como, mentres non construíron eles mesmos os primeiros barracóns, tiñan que enterrarse na area ata a cabeza para soportar os xélidos ventos da tramontana.

[2431]Manuel Tuñón de Lara (1976): "Los españoles en la II Guerra....", art. cit. p. 35, calcula en 3.500 o número de españois exiliados na URSS sen contar os máis de 5.000 nenos e 300 mestres -caso de Luísa Viqueira Landa- 200 aviadores facendo cursiños ó remate da Guerra Civil, uns 100 mariños nos diferentes portos rusos, membros da dirección do PCE e bastantes xefes e oficiais do exército. Cando a URSS entrou na guerra no 1941 a meirande parte dos españois quixeron alistarse como voluntarios, sendo o criterio dos soviéticos o de aceptaren o voluntariado de xeito selectivo; á fin, incorporáronse bastantes españois como guerrilleiros e un bo número acadaron rango de oficiais, e incluso o de xenerais , caso de Enrique Líster Forxán. Como colofón máis de 70 foron condecorados polo seu heroísmo, moitos a título póstumo.

[2432]En Dunkerque e baixo a batuta de Rommel quedaron atrapados uns 400.000 soldados aliados. Antonio Vilanova (1969): *Los Olvidados*, París, afirma que de máis de 8.000 españois que chegaran a aquelas praias, só 2.000 conseguiron embarcar, sendo novamente desembarcados en Cherburgo onde moitos caeron prisioneiros dos alemáns, que os someteron a un réxime de traballos forzados na construcción do chamado "Muro do Atlántico".

[2433]Os Batallóns de Marcha eran unidades militares de españois baixo mando francés. Aministrativamente dependían da Lexión, cun contrato polo tempo do período bélico. Foron recrutados en Perpignan e instruídos militarmente en Barcarés. A Féderation Espagnole de Déportés et Internés politiques estima nuns 30.000 o número de alistados nestas unidades.

Ademais dos Batallóns ou Rexementos de Marcha existían as Compagnies de Travailleurs Étrangers (CTE), man de obra refuxiada que nalgúns intres tamén tomou parte nos combates[2434]; os cativos, sobre todo das CTE, en número duns 12.000 foron trasladados a Alemaña e internados en Stalags como prisioneiros de guerra[2435].

Na zona ocupada, Angulema e París especialmente, operaban destacamentos españois armados da MOI (Main d´Oeuvre Immigrée) colaborando estreitamente cós FTP (Franc-Tireurs Partisans). En maio de 1944, os combatentes españois integrados no XIV Corpo de Guerrilleiros Españois-FTM-MOI reorganízanse autonomamente baixo a denominación de AGE (Agrupación de Guerrilleiros Españois) cunha maior operatividade e intensificación nos combates contra do inimigo nazi; unha operatividade que desde a consolidación da cabeza de ponte en Normandia e península de Cotentin, pasaba pola planificación e coordinación de todas as accións militares. Deste xeito a partir de xullo de 1944 a AGN vinculouse de xeito orgánico e continuado ás FFI (Forzas Francesas do Interior) baixo a dirección do Alto Mando Aliado; o continxente guerrilleiro hispano acadou nese intre o número de 9.319 homes, con 8.596 combatentes efectivos.

[2434]As CTE foron creadas polo goberno francés o 12-IV-1939. O decreto no seu artigo 3º dicía:" Los extranjeros sin nacionalidad y los demás extranjeros beneficiarios del derecho de asilo, de sexo masculino y comprendidos entre veinte y cuarenta y ocho años, quedan sujetos en las mismas condiciones fijadas por las leyes de reclutamiento, a ofrecer en tiempo de paz a las autoridades militares francesas y por una duración igual a la del servicio impuesto a los franceses, aquellas prestaciones cuyo carácter y modo de ejecución serán determinados por decreto". Abríase o camiño da militarización que desembocaría en maio na creación das primeiras CTE recrutadas nos campos tras unha campaña de propaganda. As CTE levaron adiante dende labores agrícolas ata traballos de fortificación nas fronteiras xermana e italiana; en outubro de 1939, a un mes da invasión polaca polo exército alemán, 50.000 refuxiados españois traballaban na industria de guerra gala segundo declaracións do ministro do interior deste país. As condicións de traballo empeoraron para os refuxiados trala ocupación xermana o practicaren estes levas temporais para as súas fortificacións e para a industria bélica. A meirande parte dos refuxiados que habitaban nos campos da chamada zona libre, controlada polo goberno de Vichy foron mobilizados novamente por un decreto do 11 de outubro de 1940; algúns pasaron a depender de patróns no campo ou na cidade e chegaron a percibir primas de producción que aliviaron un tanto a súa situación. Moitos deron o salto ó maquis ou guerrilla dende os seus novos postos de subempregados, situación que foi a máis a partires de outubro de 1940.

[2435]Ante a negativa do Goberno de Vichy a recoñecelos como prisioneiros franceses e o seu rexeitamento a traballar voluntariamente para os alemáns, moitos foron parar ós campos da morte nazis, Mauthausen e outros.

Por fin tras moitos avatares e oito anos de guerra nas frontes contra do fascismo internacional ou no cada vez máis poderoso maquis[2436], os republicanos españois -con galegos superviventes no grupo- liberaron en colaboración con outras forzas da resistencia e en ocasións sos, as cidades de Pamiers, no Ariège, a de Rodez, capital do departamento de Aveyron, Saint-Girons, Montauban, Lourdes, Tarbes, capital do departamento dos Altos Pirineos, Montpellier ou Bordeaux e ó remate uns catro mil españois sumáronse á guerrilla urbana mantida en París mentres outros mil compatriotas entraban na capital de Francia como vangarda das tropas liberadoras á fronte da Columna Leclerc ocupando o histórico Hotel de Ville[2437].

[2436]Segundo Tuñón de Lara, Vilanova ou Alberto Fernández, a resistencia española partiu dos campos de refuxiados e das zonas do sur do país como Aude que contaban con vellos asentamentos de inmigrantes hispanos e con numerosa poboación refuxiada e, por ende, con apoio loxístico ben organizado. A finais de 1942 a participación española na resistencia armada estendíase ós departamentos do Aude, Ariége, Haute-Garonne, Gard, Pyrénées Orientales, Tarn e Garonne, Puy-de-Dôme, Cantal, Corrèze e Haute-Loire coordinados e organizados no XIV Corpo de Guerrilleiros Españois, fundado en abril dese mesmo ano. Outros grupos como os de Limoges están en relación con "l´Armée Sècrete" e actúan por libre agrupacións guerrilleiras independentes no Cantal, París, Yonne, Bretaña continental, Normandía, etc. En xaneiro de 1944 os guerrilleiros españois estaban despregados en orde de combate nun territorio que superaba 1/3 do chan francés dende a costa atlántica dos Baixos Pirineos, Bordeaux e La Rochelle polo oeste ata os departamentos da Alta Saboia ou o Jura e centos de quilómetros ó norte dos Alpes, polo leste. Encadraban a máis de 6.300 homes armados ou na reserva, sen contar os chamados "puntos de apoio e información", servicios de documentación e propaganda, estafetas postais, etc. que roldaban os 2.000 efectivos. Levaron a cabo un importantísimo papel de fustrigación atentando contra altos dirixentes nazis e patrullas alemanas, voando centrais e tendidos eléctricos, provocando descarrilamentos de trens e voaduras de vías férreas, locomotoras, túneles, pontes, estradas, ataques a fábricas, a campos de concentración con liberación de prisioneiros e un longo etc. Ademais das accións de sabotaxe e por sentido da disciplina ó Alto Mando Aliado aceptaron nalgúns casos o suicidio que significaban os enfrontamentos atrincheirados en campo aberto contra das tropas regulares dun inimigo sempre superior en número e armamento. Nas vésperas do desembarco de Normandía as accións armadas e sabotaxes ás comunicacións na retagarda alemana facilitaron enormemente a acción dos exércitos aliados e a partir desas datas os grupos guerrilleiros pasaron á ofensiva intervindo en centos de accións marcadas en moitos casos por unha táctica militar e un heroísmo só comparable na guerra moderna coa propia mobilización do pobo vietnamita dirixida contra do imperialismo nipón, francés ou estadounidense polo grande estratega político-militar Vo Nguyen Giap.

[2437]Manuel Tuñón de Lara (1976): "Los españoles en la II Guerra...", art. cit. , 13-87. Tamén botamos man da sintética relación de Francisco Giral e Pedro Santidrián (1977): *La República en el Exilio,* Madrid, Ediciones 99, p. 82. A infantería da IIª División Blindada de Leclerc era o Rexemento de Marcha do Chad, con maioría de españois no seu Batallón IIIº e sobre todo na lendaria IXª Compañía, onde non só eran españois os soldados senón tamén os suboficiais e unha boa parte da oficialidade, incluído o violinista e pintor surrealista Fernández Granell; outros nomes son Montoya, Elías, Moreno, Bernal, Campos e Bamba. Xunto ás de Rommel e Patton foi unha das Grandes Unidades da IIª Guerra Mundial, con 16.000 homes, 4.200 vehículos, 240 carros de combate , 204 camións blindados e 650 canóns.

O propio xeneral Leclerc, ó mando da IIª División Blindada cos republicanos nas súas filas liberou ós prisioneiros españois que se achaban cativos no campo de concentración alemán de Dachau; ó día seguinte pronunciou estas verbas de recoñecemento ó heroísmo dos combatentes republicanos: "Je vois le drapeau espagnol. Je demande aux Francais de ne pas s´offusquer et de laisser passer ce drapeau en premier au défilé"[2438].

Nas miñas entrevistas gravadas e en conversas informais con exiliados republicanos en México aparecen con frecuencia nomes de galegas e galegos en cantidade e calidade suficientes para desmitificar o tópico falaz dunha Galicia masivamente franquista naqueles anos da guerra e posguerra. Como colofón e botón de mostra do heroísmo dos galegos na súa loita pola liberdade sirva esta cita que refire os durísimos combates mantidos por guerrilleiros hispano-franceses contra a Wehrmacht en Foix-Ariège o 22 de xullo de 1944:

> ...pero la lucha se endurecía cada vez más, y en la madrugada del 22 los alemanes conseguían infiltrarse por el ala derecha francoespañola: Foix seguía estando en peligro. Hubo un momento en que el camino de Foix estuvo abierto. Precipitadamente se movilizó a los hombres de los alrededores y se obtuvo un refuerzo de 60 FTPF...
>
> Los alemanes avanzaban, sin embargo; y en plena noche se encontraron sorprendidos por el tiro de una ametralladora instalada por la noche en medio de la carretera; y allí un español, un gallego, Máximo Hinguilde Maseira, de treinta y ocho años, que murió pegado a su ametralladora. Pero ya los atacantes se habían replegado a unas cotas cercanas y dio tiempo a que entrase en fuego un batallón más de resistentes. En la noche del 22 se rindieron 1.500 alemanes; tuvieron 150 muertos y heridos; los restantes se dispersaron[2439].

2.6.- Sobrevivindo en México

[2438]E. Lagarde (1991):"Le camp de réfugiés de Braum, une visión de l´éxode espagnol de 1939", Paris, Editions du Centre Nationale de la Recherche Scientifique: *Exil politique et migration économique. Espagnols et Francais aux XIX-XX siècles*obtivomobilizo, p. 156.
[2439]Manuel Tuñón de Lara (1976)*:* "Los españoles en la II Guerra...", *art*. cit., p. 66.

Do numeroso grupo de galegos que chegaron a México ó final da guerra temos información arquivística, bibliográfica e hemerográfica; sabemos deles polas súas propias publicacións, polas testemuñas orais dos sobreviventes e das súas viúvas e fillos; tamén por outros exiliados ou parentes de exiliados galegos e non galegos. Hai personaxes relevantes como Carlos Velo ou os irmáns Ánxel e Demetrio Bilbatúa bastante coñecidos porque triunfaron no mundo do cine. O mesmo acontece con Alejandro Otero, ex-rector da Universidade de Granada e médico eminente ó que un presidente de México chegou a obsequiar un Cadillac -que refugou cortesmente- por atender á súa dona nun parto difícil.

A familia Viqueira partiu a finais de xullo de 1939 nunha expedición que iría desde Francia a New York. "De Nueva York a México fixemos a viaxe en autobús, en todo o tempo que nos levou cruzar os EE.UU. non nos deixaron baixar ata S. Luis Missouri onde durmimos unha noite. Chegamos a México o 6 de agosto"[2440].

Moitos, mesmo de alto nivel social e intelectual acabaron sendo representantes farmacéuticos ou viaxantes de comercio como lle aconteceu a López Durá, ex-profesor da Universidade de Santiago e representante do Consello de Galiza en México que traballou un tempo nunha institución académica pero andou tamén co maletín. É o caso de Carlos Tomé Alonso, de Vilalba, fillo dun notario, contable e delineante antes da guerra, militante e secretario do grupo galeguista de Barcelona, administrador de Nova Galiza -casado con Dora Méndez Caedo, unha muller de berce popular, enfermeira,- que pasou polo campo de refuxiados de Saint Cyprien antes de chegar a México[2441].

[2440]Entrevista a Luísa Viqueira Landa na que tamén nos informou (tratando de quitarlle importancia pola súa modestia e estoicismo) das duras condicións económicas nas que tiveron que reiniciar a súa vida nos anos corenta e primeiros cincuenta. O seu fillo, o políglota Dr. Manuel R. Viqueira, arquitecto e profesor universitario, tenme contado igualmente as privacións da súa infancia e adolescencia mexicana. Hoxe os Viqueira, (Xacinto, Carmen, Luísa e os seus fillos e netos) enxeñeiros, historiadores, antropólogos, arquitectos, escritores, etc. son unha familia prestixiosa e de alto nivel social-cultural, académico e intelectual tanto na sociedade mexicana como no conxunto do exilio republicano español en México.

[2441]Os datos fóronme facilitados polas súas fillas en México e están tomados dunha fotocopia da ficha ou documento elaborado polo SERE no seu enderezo provisorio da Rue Meslay nº 7 de Paris. Tomé era membro tamén do Socorro Rojo Internacional e do Centre Autonomista de Dependents del Comerc i de la Industria da UGT en Barcelona.

No arquivo do CTARE no que traballou a historiadora mexicana María Magdalena Ordóñez[2442] aparecen expedientes como o do militante do Partido Galeguista Ramón Cabanillas Álvarez, natural de Cambados, de profesión xornalista, de 29 anos, solteiro, quen despois de atravesar a fronteira francesa por Le Perthus o 9 de febreiro de 1939 e de pasar polo campo de Saint Cyprien e polo refuxio universitario de Toulouse embarcou en Bordeaux rumbo a México no Ipanema o 11 de xuño de 1939. No seu expediente consta a actuación durante a Guerra (Comisario de Compañía y Director del Diario del Ejército del Este) e outros datos como o da súa especialidade de cronista internacional, as detencións sufridas durante a Dictadura de Primo de Rivera, das que pon como testemuña a Castelao, etc.

Despois de declarar que vivía na Calle Bolívar, 74 (Centro Histórico), que non tiña traballo e que non recibía axuda económica de ningún tipo, o CTARE asignoulle a simbólica cantidade mensual de 2,50 pesos mexicanos desde o 26 de agosto de 1939. O 7 de novembro dese mesmo ano dirixíase ó CTARE solicitando un préstamo de 12.000 pesos "para instalación de bar". Esa demanda non debeu de ter resposta porque o 3 de xaneiro de 1940 asinaba unha nova solicitude, moito máis modesta e aquilatada, compartida con Arturo Vila Moure, de 33 anos, conductor mecánico, ex-alcalde de Coristanco, que chegara no Mexique, con Delmiro López, de 37 anos, albanel e chofer que tamén chegara no Mexique, -e que se atopaba na finca de Santa Clara en Chihuahua-, e con Eladio Freire, de 37 anos, solteiro e tamén albanel que chegara no Ipanema o 7 de xullo. Na nova misiva "Todos ellos piden 2.000 pesos para un camión".

Con data 19 de xaneiro de 1940, sen ter recibido ningunha das axudas solicitadas, a Dirección General de Albergues ordenaba a súa instalación no albergue da Calle Serapio Rendón nº 125, e o 25 de xaneiro o señor Xosé Puche en nome do Consello do CTARE remitía unha misiva a Ramón Cabanillas

[2442]Cando consultei esta documentación no mexicano Instituto Nacional de Antropología e Historia (INAH) a mediados dos anos 90, Magdalena -coa que compartín mesa nun Congreso en Puebla- estaba preparando a súa tesiña de licenciatura titulaba *Guia de Documentos del Comité Técnico de Ayuda a los Republicanos Españoles*, traballo que segundo me informou telefonicamente na miña última viaxe **-**verán do 2001**-** foi publicado posteriormente.

e demais asinantes na que lle comunicaba que "Por el Consejo de este Comité se ha procedido a estudiar con verdadero interés, la petición de un préstamo de 2.000 pesos con destino a la adquisición de un camión, y a pesar de su buen deseo, se ha visto en la ineludible necesidad de desestimarla..."[2443].

Algún tempo despois Ramón Cabanillas remitíalle a Carlos Velo -no CTARE- a seguinte carta: "Amigo Velo: Del subsidio que tú sabes me han concedido de 2,50 pesos me lo han rebajado hace unos días a 1,50; no me quisieron explicar. Pretendí verte cuatro veces y tus ocupaciones no lo han posibilitado. Como sabes, el subsidio me lo concedieron en unión de Arias, Ferro, Varela y Lema. Me lo han rebajado a mi solo. Ademas, de mi profesión ninguno vive en refugio. Te agradecería me solucionases esto. Un saludo. Cabanillas".

Non coñecemos a resposta de Velo a esta demanda de Ramón Cabanillas pero si sabemos que en xuño de 1940 este último iniciaba os trámites da súa naturalización como mexicano, o camiño máis curto para a súa inserción económica e social no novo país de adopción; unha decisión seguramente traumática e difícil para este home novo que tiña a Galicia como única patria, un xornalista fillo do "poeta da raza", voz lírica do movemento agrarista, do nacionalismo das Irmandades da Fala e grande bardo do seu "Cambados probe, fidalgo e soñador" que algúns anos máis tarde inmortalizaría o pasamento de Castelao nun dos poemas máis sentidos e fermosos da literatura galega de todos os tempos.

Outro paisano con problemas na Guerra e na posguerra francesa e mexicana foi D. Xosé Caridad Mateo, cunha extensa obra civil en México, entre a que se encontra a cúpula do Centro Galego da Calle Colima, no D.F. Pepe Caridad, galeguista, marxista, e masón, un home bo, fillo do xeneral Caridad Pita, era arquitecto da Cámara Oficial da Propiedade Urbana da Coruña desde

[2443]O papel de Xosé Puche, ex-rector da Universidade de Valencia e o de Carlos Velo, colaborador seu no CTARE está recollido no meu artigo "A República en Guerra: O Goberno Cardenista, Castelao, Soto e as comunidades galegas dos EE. UU. e Cuba " en *A Trabe de Ouro*, nº 22, pxs. 273-274.

1932,[2444] época na que declaraba non posuír bens de fortuna. No seu expediente consta que o seu pai "General de Infantería con destino en La Coruña, fué fusilado por los facciosos en 1936 por su lealtad a la República, falleciendo la madre a consecuencia impresión hecho anterior". Máis adiante segue contando que tras ser detido dúas veces con dous meses de cárcere puido evadirse "en una lancha pesquera, llegando a Brest, Francia desde donde se trasladó a Barcelona". Capitán asimilado polo seu título profesional, pasou polos campos de concentración de Argelés, Gurs e Barcarés antes de embarcar no Sinaia. A unha pregunta sobre o trato recibido desde os campos franceses ata chegar a México resposta: "el mismo que en general se dio a todos los refugiados españoles, bastante deficiente...". Na parte final do expediente de Caridad Mateo unha "Nota para el SERE" deixa constancia de que os seus irmáns Xosé (capitán de aviación) e Roxelio (tenente de aviación): "No han cobrado, ni en los campos de concentración de Francia, ni al embarcar en el SINAIA el subsidio de quinientos francos, habiéndoseles dicho que lo efectuarían al llegar a México".

Na inscrición sepulcral do arquitecto galeguista, baixo o seu nome, e por expreso desexo do finado, só figuran dúas verbas: Exiliado Político. O epitafio de Pepe Caridad reflicte nitidamente a autoconciencia da incerta travesía existencial dos refuxiados republicanos galegos e, polo seu universalismo, sintetiza a traxedia común de millóns de seres humanos, homes e mulleres, vellos e nenos, a partir desta primeira grande vaga de máis de 500.000 refuxiados políticos republicanos.

Sobre o tratamento recibido polas autoridades francesas é moi significativo o testemuño do coronel de Bastavales Ramón Esturao Calvo que estudiaba dereito en Santiago; salvou a vida fuxindo para Cuba en setembro de 1936 e alí traballou na Legación Española -Departamento de Propaganda- ata maio de 1937 e posterioremente, de regreso a España, enrolouse na 11ª División e no 5º Corpo de Exército (do que foi Xefe do Estado Maior) ás ordes

[2444]Para unha visión máis global da obra deste arquitecto racionalista véxase a contribución neste mesmo Congreso de Iago Seara, ex Director Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia e arquitecto igualmente.

do canteiro de Calo e xeneral Enrique Líster co que participou nas Batallas de Teruel e do Ebro, entre outras. Esturao, que acadou o grao de comandante por méritos de Guerra, foi detido polos xendarmes xunto a todo o Estado Maior do Vº Corpo de Exército nada máis pasar a fronteira francesa polo Col de Baiols o día 10 de febreiro de 1939. No seu expediente do CTARE consta que en dita xendarmería "nos despojaron de todos los documentos, tanto personales como militares, no pudiendo reclamarlos por haberse decretado nuestra expulsión de Francia".

Domiciliado nos primeiros compases do exilio na rúa de Niza, na chamada Zona Rosa defeña, vivía coa súa esposa e fillos na Guadalajara mexicana, unha urbe que ten, como Cuernavaca, un clima e unhas buganvillas que son expresión de calidade de vida e de eterna primavera. Na horta da súa casa, unha especie de xardín das delicias, danse unha grande variedade daquelas froitas tropicais e subtropicais que tanto asombraran a Hernán Cortés e a Bernal Diaz del Castillo, que non tiñan palabras para nomealas... e nun lugar escolleito do xardín, medra, como a morriña e a mestizaxe telúrica, un castiñeiro galego das vizosas terras rosalianas de Bastavales.

De todos os expedientes consultados no CTARE quizais o máis dramático é o do mariñeiro noiés Xovita San Martín que compartía tertulia con Castelao e outros galegos en plena Guerra cada vez que desembarcaba petróleo de Odessa[2445]. Xovita fora patrón de pesca en Bilbo, A Coruña, Xixón e Cádiz desde 1922 ata o comezo da sublevación, estaba en posesión dun certificado de Contramestre do Ministerio de Defensa Nacional e tiña 40 anos cando chegou a México como refuxiado político en 1939. Como boa parte dos mariñeiros -e dos emigrantes- galegos, Xovita era unha célula de universalidade, un cidadán do mundo que declaraba coñecer "casi toda España,

[2445]Conta Elixio Rodríguez que nunha desas viaxes polo Mediterráneo o petroleiro no que navegaba Xovita dende o Mar Negro fora bombardeado repetidamente pola aviación italiana. O barco, que levara áncoras da cidade soviética de Odessa, malia ós danos sufridos polos bombardeos e o ametrallamento conseguiu atracar no porto barcelonés e Xovita -membro da tripulación- foi recibido con alborozo polos galegos reunidos arredor de Castelao no "Chez Nous", uns paisanos que seguiran as peripecias do barco e do seu prezado cargamento de homes e combustible por radio e quizais pola prensa da época. Despois do balbordo inicial e das felicitacións e saúdos de rigor, Castelao tomou a palabra e preguntoulle ó noiés: ¿Jovita, e

Inglaterra, Francia, Holanda, Cuba, EE.UU., Rusia, Islandia, Escocia, etc.". Entre os prexuízos materiais sufridos pola Guerra declaraba "la pérdida de su pequeña propiedad" e entre as persoas que podían certificar os datos aportados situaba a Severino Iglesias e a Roxelio Veloso, alcalde republicano de Noia e capitán do vapor Santa Rosa respectivamente[2446].

Xovita pasou polo inhóspito campo de concentración de Saint Cyprien, saíu de Francia sen un can no peto e declaraba ter recibido un mal trato ata o intre do inquérito polos funcionarios do CTARE.

Quedou a vivir na -daquela pequena- cidade de Perote, no Estado de Veracruz e o 5 de xaneiro de 1940 remitía unha carta "solicitando 5.000 pesos para elaboración de embutidos". Con el asinaban a misiva Xosé Creo Outeiro, mariñeiro e serranchín, afincado en Santa Clara, Chihuahua, Xaime García Casteleiro, técnico auxiliar de fábrica de armas, que chegou coa muller e o fillo no Mexique, con domicilio en Perote e Xosé Platas Fernández, casado, panadeiro, residente tamén en Perote. O 30 de marzo do mesmo ano o Consello do CTARE contestáballe con frialdade burocrática un "no procede acceder a la petición de auxilio formulada por los interesados".

O 29 de maio de 1940 dirixíase a D. José Puche por carta e expoñíalle que había preto de catro anos que non ingresaban na súa casa "el valor de una peseta, pudiendo darse cuenta del estado en que se encuentran tanto mi mujer como mis hijas". Argumentaba a continuación o interese que tiña no desenvolmevemento da industria pesqueira mexicana (pola que tanto traballou Osorio-Tafall levando incluso a Paz Andrade) para, co seu propio esforzo "haber podido atender a aquellos seres que tuvieron la desgracia de quedarse en España, además de sumidos en la miseria, sometidos a la tiranía de una dictadura...". Xovita pedía que se lle concedera un préstamo auxilio de 300

qué che pareceu o comunismo?. Ó que lle espetou o mariñeiro todo cheo de razón: "Pero Castelao, parece mentira en ti, ... ¡o comunismo queda moito máis ó norte!".

[2446]Para máis información sobre estes personaxes e o seu contexto, sublevación, represión, evacuación, etc. véxase o libro de X. Agrafoxo sobre a Guerra Civil en Lousame e Noia e o meu de 1995: *Heroes e Mártires: A IIª República e a Guerra Civil no Barbanza*, Santiago, Tórculo Edicións, un libro que debe o seu título a aquel "Limiar" do *Atila en Galicia* de xullo de 1937, en Valencia, no que Castelao deixou escrito "Moitas veces os mártires crean mundos que os herois nin tansiquera son capaces de concebir. E na miña Terra complirase a vontade dos mártires".

pesos para enviarlle á sua familia por mediación dun veciño alegando que os seus "carecen tanto de alimentación como de ropa".

Ó día seguinte, 30 de maio, e tras a carta-petición para a súa familia, Xovita dirixíase novamente ó CTARE (esta vez á Secretaría Xeral) con estas palabras: "Muy Sr. Mio: El que suscribe, Jovita San Martín San Martín, exiliado político, albergado en el refugio Lucerna, 65 tiene el honor de dirigirse a Vd. en demanda de que le sea concedida ropa con que adecentarse, pues la que posee se encuentra inservible..."

Moitos anos despois daquelas penalidades, Xovita acabaría abríndose camiño, ensinando artes de pesca apoiado desde a Universidade de Veracruz, seguindo o ronsel de moitos mariñeiros galegos emigrados desde mediados do XIX ou reemigrados desde Cuba a México, uns lobos de mar que pescaban o mero, o guachinango, o serrucho, e outras especies, que plantaban coqueiros nos areais do Caribe mexicano e comercializaban a copra en barcos de cabotaxe e que tamén foron fareiros e carpinteiros de ribeira nos fermosísimos territorios de Yucatán, no Golfo e no Pacífico.

Antonio Paz Sieira, de Santa Uxía de Ribeira, casado cunha irmá da grande diva do cine mexicano María Félix é outro mariñeiro, membro do Padroado Rosalía de Castro que ten xuntado e enviado diñeiro a este organismo desde México e que pasou anos teimando facerlle unha estatua á cantora do Sar na cidade de Estepona, no Pacífico, onde o mariñeiro de Ribeira chegou a ser dono dunha empacadora de conservas de peixe. Visiteino un día na súa casa da Colonia Lindavista; a fábrica "tronara" nunha das crises mexicanas, estaba xa vello e andaba no médico pero mantiña intactas a humildade, a xenerosidade, a transparencia, o idioma e o amor a Galicia. Elixio Rodríguez atopárase con el un ano antes da miña visita e Paz Sieira, que vivira moitos anos na Baixa California afastado da maioría dos refuxiados galegos empezou a preguntarlle polos amigos comúns ¿E que é de Soto, e de Pellit, e de Marcial, e de Sende, e de Yáñez, e do "Chato", e de Ferrer, e de Valín, e de...? A cada nome pronunciado polo ribeirense o Elixio contestáballe: "-morreu... -morreu... -morreu..." e cando xa levaba dez ou doce, Antonio Paz Sieira, visiblemente cabreado e desgustado espetoulle, acenando coas mans e

alzando a súa voz rexa de mariñeiro vezado en todas as travesías: "¡É que non aguantan nada, carallo, non aguantan nada!".

CLAUSURA

EL EXILIO QUE NO CESA

Nicolás Sánchez-Albornoz
New York University, Emeritus

El pudor no llega al punto de hacerme disimular la envidia que siento al ver a tantos congresistas ocupar sus cabezas y sus corazones en el exilio, sin haberlo sufrido. Del destierro, convengamos que más vale ser observador que parte. La dedicación de los jóvenes es un mérito que les reconozco con gusto. Para mí, el exilio nunca ha sido objeto de estudio, sino un capítulo ingrato de mi vida, con alguna que otra leve compensación como es la de haber conocido en él a personajes eminentes del grupo que estas jornadas estudian. De no haber sido por nuestra condición común, nunca hubiera tenido ocasión quizá de relacionarme con ellos. Conocí a estas personalidades que aprecio en los dos países en los que transcurrió mi paréntesis de veintiocho interminables años, esto es en la Argentina y en los Estados Unidos, no en Francia o en México donde recalaron tantos otros refugiados.

La presencia de una colonia gallega antigua y bien nutrida en la Argentina hizo que los refugiados de la misma procedencia buscaran cobijo para sus desdichas entre sus conciudadanos. Los paisanos y parientes del Plata se esforzaron por vencer la resistencia que un gobierno conservador oponía a la entrada de cualquier desterrado español. Su tesón consiguió que la República albergara por último a bastantes de sus coterráneos. En sus comunicaciones Cagiao y Zubillaga han mostrado como lo mismo ocurrió en Uruguay. En el norte, los Estados Unidos levantaron objeciones parecidas a las argentinas y, a falta de parientes o amistades, las admisiones resultaron contadas. Los pocos refugiados que entraron allí no lo hicieron directamente, sino después de pasar

una temporada en otro país del continente y de conseguir un contrato de trabajo que, por lo general, los habilitaba a enseñar.

A fines de 1948, o sea bastantes años después de terminada la guerra civil, yo mismo desembarqué en Buenos Aires tras fugarme del destacamento penal de Cuelgamuros, situado en la sierra de Madrid. A las pocas semanas de poner pie en la Argentina visité al para mí mítico Alfonso Castelao en su modesto departamento de la calle Belgrano, para informarle de lo que con gusto había dejado atrás en España. La entrevista no alcanzó a tener segundas. Su delicado estado de salud empeoró y no pasó demasiado tiempo antes de que falleciera. La placa erigida en el Panteón de Gallegos Ilustres me ha recordado en los días del Congreso sobre el exilio la fecha exacta en que ocurrió. De Castelao para abajo, conocí luego a buena parte de los refugiados gallegos más destacados, desde Leandro Pita Romero que me honró con su amistad, hasta nuestro huésped en Sada, por no citar más nombres. Lustros más tarde coincidí en los Estados Unidos con Ramón Martínez López en Texas y, por más tiempo, con Emilio González López y Eugenio Granell en Nueva York. González López tuvo por cierto la feliz iniciativa de provocar mi reencuentro con Ramón Piñeiro, compañero de cárcel en Alcalá de Henares. Piñeiro solía enseñar en los cursos de verano organizados en Middlebury por don Emilio. En Norteamérica, volví a encontrarme más tarde con un exiliado de la camada a la que pertenezco, el cenetista gallego más conocido por su nombre de guerra y de pluma, Juan García Durán. Su vida novelesca, con fuga de la cárcel incluida, fue recordada a propósito de su paso por Montevideo por Zubillaga. A los pocos nombres que acabo de citar, podría agregar algunos más, pero me pregunto ¿con qué propósito?. Nada puedo agregar que no se sepa del riguroso elenco de gallegos exiliados que este congreso ha recopilado. Un testimonio de relaciones en definitiva fugaces poco contribuye a rescatar su memoria.

Si no valgo para hablar de gallegos, si puedo hacerlo de otras cosas. Una posibilidad consiste en reflexionar en voz alta a partir del exilio gallego sobre algunos aspectos del destierro republicano en general. Estas reflexiones arrancan de la siguiente pregunta: ¿que entendemos por refugiado o por exiliado? ¿Corresponde asociar la figura del exiliado con solamente quien buscó

asilo nada más concluir la guerra civil o comprende también a todo aquel que se vio obligado a huir en cualquier momento de la larga represión franquista? De un modo convencional, exiliado es ante todo el combatiente o el político que cruzó los Pirineos, solo o en familia, en el invierno de 1939, así como a los que alcanzaron el norte de África desde los puertos del Levante en los mismos días. Un estereotipo semejante, común entre los propios exiliados, no nace de un antojo, sino que se justifica por las proporciones excepcionales que revistió el caso. Nada menos que cerca del dos por ciento de la población española de 1939, o sea alrededor de medio millón de personas, cruzó en esa circunstancia el Pirineo catalán. Para la gran mayoría de los que padecieron exilio bajo el franquismo, la expatriación comenzó efectivamente bajo aquel signo trágico. Ahora bien, por significativa que haya sido la ocasión, no recubre el éxodo entero. El grupo de refugiados de 1939 constituye la espina central, pero ella une a un sucesión de vértebras.

Entre los que cruzaron a Francia o al Norte de África hubo pocos gallegos. Algunos políticos o funcionarios naturales de Galicia fueron sorprendidos por la sublevación en su lugar de trabajo, en Madrid o en otro lugar de España, y, al acabar la guerra, se replegaron a Francia con la administración. A ellos hay que añadir los combatientes gallegos del frente del Norte que fueron replegandose de Asturias a Santander y el País Vasco, así como los jóvenes que, reclutados por los facciosos, se pasaron al ejército leal y acabaron al norte del Pirineo. Súmese lo que se sume, poco cambia. El grueso de la población gallega cayó en manos insurrectas en pocos días. ¿Qué ocurrió con los atrapados dentro de la red tendida por la sublevación? Han pasado más de sesenta años antes de que la película La lengua de las mariposas diera cuenta en la pantalla del drama que vivió el mundo rural gallego en los primeros instantes de la sublevación. Los republicanos que lograron hacerse a la mar o atravesar la frontera fueron un puñado o poco más. De la huida al Portugal salazarista, sabemos algo por los informes diplomáticos, ahora publicados, que mi padre mandó al gobierno de la República desde la embajada en Lisboa. En todo caso, los habitantes del Noroeste de España que habían solido convertir antes la adversidad en distancia, no pudieron hacer lo mismo

en 1936 ante la rebelión militar. En el exilio, su presencia no pudo ser sino escasa, por muchas vueltas que le demos.

El listado de exiliados que el Archivo de la emigración gallega acaba de repartirnos en un útil CD-ROM reúne un total de 2141 nombres de exiliados gallegos. Este número sale mal parado cuando se le compara con los 954 catalanes que Dolores Plá ha identificado tan sólo en la ciudad de México, y, más aún, frente a los 57.000 catalanes o 29.000 aragoneses que entraron en Francia, según otros cómputos. Las cifras de catalanes y aragoneses se quedan seguramente cortas, pues hemos de pensar que el funcionario republicano autor de aquellas estimaciones mal llegó a saber de todos los rincones de Francia que albergaron refugiados. Por simple lógica, quienes defendieron por tres años con las armas en la mano a la República, es decir los catalanes, aragoneses, andaluces, murcianos, madrileños y manchegos, tuvieron que ser más que los gallegos o los castellanos que no tuvieron la misma oportunidad.

Para Galicia, el exilio no puede pues empezar de modo alguno en 1939. Dentro de su reconocida modestia, éste arranca antes y se prolonga después de terminada la guerra civil todo el tiempo que duró la persecución interior, o sea hasta el final del régimen franquista. En las intervenciones en este congreso, hemos oído precisamente tratar de algunas expatriaciones producidas en la posguerra. Partiendo del ejemplo gallego, los extremos del exilio han de extenderse necesariamente hacia atrás y hacia adelante, desde 1936 hasta 1977, año éste en el que la democracia fue recuperada y en el que la oposición a un régimen de fuerza perdió razón de ser. No cuadra representar al exilio por un punto, sino como un proceso. El curso del mismo engloba unos episodios personales largos y otros cortos. Unos exiliados salieron durante la guerra civil, otros al terminar ella, otros se asilaron en el ápice de la resistencia antifranquista al concluir la Segunda Guerra Mundial y otros, en fin, incluso más tarde.

El refugiado fue por lo general una persona joven, por lo que sus filas clarearon tarde. Los cuadros políticos e intelectuales del exilio vieron llegar el derrumbe del fascismo con pocas excepciones y estuvieron listos para volver a España si se cumplía la esperada y lógica consecuencia de la derrota

nazifascista: la caída del régimen. Ahora bien, al no cumplirse los deseos y prolongarse el régimen por decenios, la parca tuvo la ocasión de segar vidas. A estas pérdidas naturales, se sumó la cruel desaparición en los campos de concentración alemanes, en los frentes aliados o en la resistencia. En definitiva, los refugiados que vivieron los cuarenta años de exilio de cabo a rabo no alcanzaron a ser tantos. La gran mayoría quedó tendida en el camino sin haber oteado el fin de la expatriación.

El destierro, compendio de adiciones, tuvo sus restas por edad y guerra y también por cese en su condición. Como consecuencia de una doble presión, a fines del año de 1939 quedaban en Francia menos de la mitad de los españoles asilados en la primavera del mismo año. La administración francesa ansiosa por reducir la presencia extranjera en su país alentó el retorno a España de cuantos refugiados desearan hacerlo. Coincidiendo con la insistencia de las autoridades galas, la inminencia de la guerra europea llevó a los refugiados menos comprometidos con la causa republicana a preferir que las calamidades conocidas que se avecinaban, les encontraran en casa. Pasada esta primera criba, el exilio se estabilizó salvo las deportaciones a Alemania o las muertes en los frentes aliados. Acabada la Segunda Guerra Mundial, comenzó un goteo hacia España por razones personales entre las que prevalece la avanzada edad. Mientras tanto, los perseguidos de la resistencia interior, que la creencia en una inminente caída del régimen reactivó, se sumaron con suerte a las filas del exilio.

A esta resta debería añadirse finalmente otra posibilidad no demasiado frecuente, como es la deserción del grupo por integración en la sociedad receptora. No me refiero a la adquisición de una nacionalidad o un pasaporte de conveniencia que bastantes asilados debieron tomar por negarles el gobierno triunfante la nacionalidad y los papeles. La aceptación de otra nacionalidad e incluso la plena inmersión en la vida del país en nada afectó al fuero interno, que se mantuvo español y republicano. La renuncia a la que me refiero es en cambio drástica. En la medida en que ocurrió, se dio más bien entre los muy jóvenes. Lo habitual fue lo contrario, que los hijos de los exiliados nacidos en el extranjero reivindicaran con obstinación su condición. Si hubo

renuncias, éstas fueron compensadas con creces por la incorporación de algunos extranjeros, centroeuropeos en particular, que lucharon en las filas republicanas y acompañaron a los españoles en su destierro de México o Chile. Es más, hay que añadir al contingente exiliado los antiguos residentes en el extranjero, como es el caso del crítico literario Guillermo de Torre, en el orden intelectual, o de los comerciantes pertenecientes a una emigración ya establecida en los países de acogida. A estos emigrantes devotos de la causa republicana, Zubillaga ha hecho mención en su comunicación.

Incorporaciones y deserciones, ¿qué aportan al concepto de exilio? Para empezar, la visión de una España interior frente a otra exterior pierde con ello aristas. Ambas dejan de aparecer como bloques incomunicados y se convierten en polos de una sociedad unida por sus ideas y los sentimientos. Las enlaza el espíritu, pero les separa imperiosamente la distancia. En el desterrado, el territorio adquiere ciertamente un valor primordial. De la condición de exiliado se sale o se entra sin que se altere el pensamiento o los sentimientos, pero cambia el terreno de juego. Con plena razón, el expatriado vive el distanciamiento como una exclusión y, si vuelve a España, interpreta el regreso como una recuperación del espacio que le pertenece. El drama que late en la ausencia se expresa de manera palmaria en la pluma del filósofo Gaos quien inventó una presencia virtual con el término de trasterrado. El participio, paliativo o rechazo de la exclusión, admite una separación física, pero no el desprendimiento. La tras-tierra no es un des-tierro. Buena parte de los refugiados en México se tildaron a sí mismos de trasterrados; en Francia, en cambio, no.

Un nuevo ejemplo del valor que tiene el componente espacial para el exilio me lo ha brindado una visita reciente al Centro Cultural Reina Sofía. En el museo madrileño se ha expuesto una retrospectiva admirable del desaparecido Alberto Sánchez, uno de los escultores y pintores más singulares de un siglo pródigo en innovaciones artísticas. Durante su largo exilio en Moscú, Alberto talló o pintó personajes o paisajes en un grado de abstracción creciente, pero al distanciarse de las formas nunca eliminó referencias al campo toledano. Ni los paisajes que le entraban por los ojos, ni los graves acontecimientos que le tocó

vivir en la capital soviética borraron en Alberto el terruño de su mente, de su pincel o de su cincel. Su estilo se depuró, pero la fidelidad al espacio propio no desfalleció. Comparar su trayectoria con la seguida por un pintor y amigo personal que permaneció en España, permitirá captar el valor que la distancia añade a la fidelidad. El compañero al que me refiero fue Benjamín Palencia. El punto de partida estético, la fidelidad temática y el trato personal emparientan a Alberto y a Palencia. Primero silenciado en la España franquista y luego ensalzado, Palencia se mantuvo fiel también a los paisajes que le habían visto nacer. Sin embargo, después de la guerra, su evolución estética fue distinta. Al revés que Alberto, Palencia fue desprendiendose de la abstracción que caracterizó sus primeras obras y transformó en paisajes de vibrantes colores cuanto nunca perdió de vista. Palencia se dejó ganar por una sensualidad que la lejanía transformó para Alberto en ascetismo.

Insisto en la noción de exclusión territorial inherente a las palabras exilio, asilo, refugio o destierro debido a una confusión cada vez más frecuente, oída incluso en un congreso como éste, dedicado precisamente al tema del exilio. El enredo nace de adjetivar sin necesidad distinguiendo un exilio exterior y otro interior. Exilio sólo hay, a mi entender, el que transcurre fuera del país. La expresión exilio interior persigue cándidamente equiparar las ideas y los sentimientos de las personas de dentro y de fuera de España bajo el régimen franquista, una ecuación que estoy dispuesto a admitir. Mi doble distanciamiento, primero en la España de posguerra y después en los años largos de destierro, me predispone a aceptarla. Esa afinidad por existir facilitó el vaivén hacia afuera y hacia adentro que hemos apuntado. A mi modo de ver, nada se gana sin embargo con mutilar al exilio de su significado espacial, de su especificidad con respecto a otros tipos de ausencias. Me parece más lógico hacer un esfuerzo por devanarse los sesos y buscar un rótulo propio para el llamado exilio interior, para dotarle de un nombre que no sea equívoco y que no necesite de préstamos. Podrían pensarse, por ejemplo, nombres como retraimiento o enajenación, cuando no disidencia, persecución o resistencia, pero de momento no me quedo con ninguno de ellos. No me satisfacen y hay que tomarse más tiempo para pensar más en ello. Cualquiera de esas palabras

marca de todos modos un claro distanciamiento del mundo de ideas y sentimientos facciosos, que es lo que exilio interior quiere destacar.

Desde el principio, el exilio se ha presentado como un proceso largo. ¿En qué afecta esa medida al supuesto exilio interior?. ¿Duró este último tanto como su homónimo exterior? El destierro concluyó en 1977, cuando se recuperaron las libertades en España. ¿Acabó el exilio interno en aquel mismo acto o aprovechó los espacios que el propio franquismo abrió para bajar la guardia antes? Lo que pido, en suma, es mayor claridad, que se recapacite y que se adopte no sólo un rótulo sino que se eleve a una categoría nueva el llamado, con demasiada facilidad, exilio interior. Elaborar semejante contenido requiere dar varios pasos. El primero sería determinar claramente qué se entiende por exilio interior, si un simple estado de ánimo o algo más. Haciendo nombres, Miguel Hernández, ¿fue un exiliado interior o un represaliado? Es de temer que la historia oficial del franquismo haya obliterado el conocimiento del mundo de la represión y resistencia, impidiendo hasta ahora que se le de un lugar propio. Puesto que el concepto de exilio estaba claro y gozaba de un crédito favorable, lo expeditivo ha sido colgarle, sin indagar más, el adminículo de interior. La historia del franquismo admitía en sus comienzos que España había solamente una, olvidandose del resto. La historia posterior ha aceptado que hubo dos. Esto supone todavía una reducción. En realidad hubo tres. Abandono en fin este debate un tanto antipático pues parece querer restar méritos al duro empeño de sobrevivir íntegro bajo Franco y paso a considerar otro punto del destierro.

Exilios a la medida personal, por el destino geográfico, por la extracción política, social, profesional y regional... hay muchos, tal vez tantos como individuos, pero en general hubo un solo exilio, de una duración larga de cuatro decenios. Exilios como el español hubo asimismo varios en Europa en la misma época: diásporas antifascistas alemana, italiana, portuguesa, checa... y tantas más. Ningún exilio es igual al otro. Ninguno empieza sin embargo de la manera rotunda que revistió para el grueso de los españoles. Los exilios alemán o italiano no fueron precedidos por la amenaza de un ejército que se acercaba por la espalda. Guerra civil no estalló allí. El grueso de la huida tampoco se

planteó de una vez, sino que ocurrió a cuenta gotas, en la medida en que aumentaba la persecución y se presentaban oportunidades para abandonar el país. La dimensión última de los exilios respectivos resultó por ende menor. El alemán o italiano tampoco se miden por centenares de miles fugitivos. De Alemania o Italia, no escapó el 2 por ciento de la población, sino montos inferiores. Una realimentación sostenida tampoco hubo, pues la guerra mundial aisló herméticamente a ambos países y los disidentes fueron enviados a campos de concentración con los resultados conocidos de todos. Alemanes e italianos sufrieron una represión intensísima, pero en cambio la derrota militar acortó la persecución y el destierro. Los sobrevivientes del Eje pudieron así reincorporarse en 1945 a la vida de su país. Tres lustros de exilio alemán o italiano sólo representan una fracción de los cuatro decenios del exilio español. Exilio más extenso que el español es el portugués. Éste empezó y concluyó antes que el de su vecino occidental. Su dimensión fue en cambio menor en proporción y carece del núcleo central que la estampida de 1939 otorga al español. Las capas de la expatriación política lusitana se superponen faltando mortero entre ellas.

El exilio español se distingue de los demás contemporáneos por tres elementos: su dimensión superior, la existencia de un núcleo articulador y su duración mayor. Su prolongación ha sido explicada de diversas maneras: la traición de las democracias occidentales, la guerra fría, las divisiones internas del bando republicano y la impotencia de las instituciones y organizaciones del exilio. En el orden interior, se ha mencionado también la eficacia de la represión policial. Cada argumento encierra una dosis de verdad, pero quisiera mencionar para cerrar estas lineas otro aspecto. El régimen instaurado después de la guerra civil nunca se desprendió del ingrediente totalitario que existió en su origen. El régimen democrático -e incluso alguno autoritario- busca restañar heridas, ganar consenso e integrar al adversario. El totalitario necesita en cambio vivir de la exclusión. El régimen llevó hasta el final de exclusiones, de la vida (fusilamientos), del país (exilio) o de la sociedad (discriminación...). A lo sumo, el régimen ofreció a los exiliados que se sometieran, pero no un reconocimiento o un entendimiento.

Esa incapacidad de reabsorción me temo que haya sido heredada por el régimen democrático posterior por los condicionamientos que presidieron su instauración. El principio de la transición no fue desde luego excluyente, al contrario, pero le ha faltado, y esa puede ser su herencia, iniciativa para reabsorber a tiempo a los exiliados y a los resistentes del interior. Gestos ha habido, pero no los suficientes como para borrar de ellos el sentimiento de seguir perteneciendo a un grupo aparte. Ese ánimo importa en cuanto ha sido trasladado a la generación de sus hijos y nietos, sobre todo los nacidos y residentes en el extranjero, solidarios con sus mayores y que no encuentran razón para renunciar a la condición refugiados libremente elegida.

Que se haya celebrado en fin un congreso sobre el exilio gallego es motivo de satisfacción y de elogio por su envergadura y calidad y razón para que sus organizadores sean felicitados, pero no deja de ser significativo que su convocatoria haya tenido que esperar a que haya pasado el año 2000.

O EXILIO GALEGO

Isaac Díaz Pardo

Esta é a primeira vez que se fai un estudio sobre o exilio galego. Congresos sobre o exilio republicano español en xeral, téñense celebrado varios, e neles apareceron tamén algúns dos nosos exiliados.

Ademais de ser este que estamos celebrando un congreso limitado a exiliados galegos, ten unha característica que pretende diferencialo dos que se levan feito deica agora: non limitarse só ó exilio literario e artístico senón que se trata de estudiar a tódolos exiliados sen limitación algunha, dende políticos, economistas, xurídicos, científicos, militares... e todos os que tiveron que desterrarse só polo imperativo das súas ideas antifascistas.

Así, no estudio que están facendo os que traballan no congreso, levan reunido as fichas de varios centos de exiliados, que aínda terán que se depurar, pois pode haber emigrantes mesturados. Aínda que tamén hai quen, atopándose no estranxeiro ó estala-guerra civil, decidiu pórse ó servicio da República primeiro, e logo, seguir a sorte do exilio, tal é o caso de Ramón Rey Baltar, de Madariaga, de Emilio Pita, de Eduardo Blanco-Amor e de moitos máis.

O que si é certo, é que no exilio galego, igual que no exilio en xeral de España, atópase o mellor que tivemos. Só por citar algúns nomes, hai que recordar que no exilio estaban: Castelao, Lois Tobío, Bibiano F. Osorio-Tafall, Sebastián González García-Paz, Emilio González López, Ramón Martínez López, Basilio Alvarez, Augusto Barcia, Manuel Colmeiro, Luis Seoane, Eugenio F. Granell, Maruja Mallo, "Compostela", Uxío Souto, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Eduardo Blanco-Amor, Manuel Portela Valladares, Casares Quiroga, María Casares, César Alvajar, Xosé Núñez Búa, Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo, Leoncio Virgós, Alejandro Otero, Manuel Martínez Risco, Pita Romero, Antonio Baltar, Fernández Colmeiro, Francisco Comesaña, Arturo Cuadrado, José M. Mosqueira Manso, Ramón Rey Baltar, Ramón Esturau, Luis Villaverde, Ramón

Valenzuela, Gerardo Alvarez Gallego, Florencio Delgado Gurriarán, Alfredo Somoza, Marcial Fernández, Domínguez Benavides, José Rubia Barcia ...

Para rematar, hai que relembra-lo máis dramático dos exiliados galegos: José Almoina Mateos, asesinado polos sicarios de Trujillo, e Juan González del Valle, gaseado nos campos de exterminio dos nazis.

AS VOCES DO EXILIO

Elixio Rodríguez

Xa navegando cara o desterro, os nazonalistas tivemos a primeira xuntanza e acordamos seguir avencellados e non acougar no propósito de seguir loitando polo noso ideal como sucedeu, a pesar das dificultades inherentes ás vicisitudes propias da subsistenza. Logo de chegar a México traballamos enviando panfletos, circulares e a revista *Saudade* que lograbamos introducir á Terra gracias á moi eficaz axuda do señor Barros, boticario de Tourem, na fronteira de Portugal.

Co tempo, no ano 1952, fundamos o Padroado da Cultura Galega, que axiña había ser emulado, co mesmo nome, en Buenos Aires e en Montevideo. O noso Padroado exerceu unha intensa actividade política e cultural. Debemos lembrar a revista *Vieiros* moi gabada (até pol-os que non simpatizaban co seu contido) debido ó seu fermoso feitío.

Tamén debo lembrar a "Hora de Galiza" que cada domingo se transmitía por radio en ondas longa e curta, ésta moi escoitada, a xulgar por reportes que nos chegaban de remotos lugares.

ANACOS DE BOROBÓ: O EXEMPLO DE JOSÉ GAOS

Raimundo García Domínguez "Borobó"
Escritor

Cábeme a honra e a responsabilidade de poñer broche de chumbo, xa que non de ouro ó Congreso Internacional O exilio galego que hoxe finaliza aquí en O Castro, de Sada, e máis Betanzos. A miña disertación tratará de "Os transterrados que non volveron", e a titúloa así porque prefiro chamarlles deste xeito ós exiliados españois, e especialmente os galegos que trocaron a súa terra natal polas terras americanas; nas que os precederon millóns de conterráneos que en México, Arxentina, Venezuela, etc. atoparán novos eidos onde traballar e vivir libremente.

1. O FILÓSOFO TRANSTERRADO

Acepto de tal maneira o certeiro termo que se lle ocorreu a un ilustre filósofo valenciano de orixe galega, José Gaos, quen exiliado en México, trala "Guerra Pluscuancivil", preferiu denominarse alí transterrado, pois non lle cabía na súa sabia e calva testa considerarse estranxeiro naquela nación, na que con tanto agarimo o recibiran. Xa que o exilio, no seu concepto, soamente cabía sufrilo en terras alleas, coma o que experimentaron os emigrados políticos do século XIX en Francia, ou en Inglaterra; e o profesor Gaos, na universidade mexicana na que ensinaba a súa ciencia filosófica, sentíase como na súa propia casa, transterrado física e intelectualmente a ela.

Transterrado José Gaos, dende a Facultade de Filosofía e Letras da Universidade Central, sita en Madrid, que era a de maior categoría que endexamais houbo en España; a de Menéndez Pidal, Gómez Moreno, Sánchez Albornoz... Na que tanto brilaba a sección de Filosofía, que no lustro da II República Española foi, se cadra, a de máis rico pensamento de Europa; posto

que a beira de Ortega Gasset, os seus compañeiros e preclaros discípulos, García Morente, Xavier Zubiri, José Gaos, poñían cátedra maxistral a unha pléiade de excelentes alumnos, entre os que xa lucía Julián Marías, e tomaba apuntes, na penumbra, Ramón Piñeiro

2. NA UNIVERSIDADE INTERNACIONAL

Tamén eu tiven o lecer circunstancial de escoitar algunha lección do profesor Gaos. Das últimas que deu seguramente, antes de reinicialas xa transterrado en México. Foi na Universidade Internacional de Verán, sita no Palacio da Magdalena en Santander. Durante o que sería o derradeiro curso daquela incomparable e efémera Universidade, creada polo inxel ministro socialista Fernando de los Ríos. Unha institución que sería plataforma de lanzamento de futuros e ilustres transterrados que axiña tiveron que exiliarse. Encetando polo seu Rector, Don Blas Cabrera, o máximo físico español, presidente entón de Academia de Ciencias; exiliouse xunto cos seus fillos, un deles tamén logo físico famoso, o outro, médico e pelirroxo, era auxiliar na cátedra de Fixioloxía do Dr. Negrín, e cando este despois presidiu o Goberno da República en guerra, sería o seu xefe de Gabinete.Máis que iniciou a marcha ó estranxeiro, ó pouco tempo de empezar a de Dios es Cristo, foi o executivo secretario da Universidade, que era o célebre poeta/profesor do 27, Pedro Salinas; quen, có pretexto de que tiña contratado un ciclo de conferencias en Norteamérica, foise para alá no mes de agosto do 36,deixando na Magdalena a súa dona, e os seus fillos, Solita e Jaime Salinas, que logo serían dos transterrados que acabarían volvendo

3. O SECRETARIO DA INTERNACIONAL

Aínda que o vicesecretario da Universidade Internacional era Rubio Sacristán,(un catedrático de Historia do Dereito, quen nunca se exiliaría), para substituir a Salinas na secretaría, o Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes, designou a José Gaos. O aínda mozo catedrático de Filosofía da Central era na de Santander, un dos profesores residentes nela todo o curso de verán, e que desfilaban pola Magdalena coa súa sabia ciencia ás costas. Outro deses

profesores era, por exemplo, o logo famoso historiador e crítico de Arte, Camón Aznar.

Todos quedaran atrapados en Santander, incluído o Dr.Pickard, o celebérrimo sabio suízo que subira a estratosfera. Os profesores residentes tiveron que improvisar ciclos de conferencias nas que repetiron outros que dirán noutros lados. Así, Pedro Salinas, antes de alongarse, deu unha conferencia a propósito da Xeración do 98, da que nunca me esquecín.E o seu sucesor, José Gaos,introduciunos na filosofía orteguiana e fíxonos tamén un test psicolóxico, que entón constituía unha novidade. Figuraba nel coma última pregunta a de ¿cal é o personaxe máis antipático para ti?. E o noventa e nove por cento dos seus circunstanciais alumnos responderon: O profesor José Gaos. Verdadeiramente viña a selo, pola súa suficiencia filosófica, non exenta de petulancia, que se harmonizaba a perfección coa calvicie total da súa testa e a mirada irónica e desdeñosa que traslucía baixo as grosas gafas de carei. Pero a enerxía de Gaos era parangonable ó seu talento, e en canto tomou as rendas da Internacional, decidiu sacala do seu encerro bélico. Viaxou nun ventureiro avión a Madrid, xunto có bolseiro da central, Juanito Barnes, para que este lle axudara a tratar co seu pai, Don Francisco, ministro de instrucción Pública, o traslado da Universidade de Verán, en corporación, de Santander a Madrid.

4. VOLUNTARIOS DA FETE

Conseguiuno, e volveu á Magdalena para organiza-lo histórico traslado, primeiro a Francia, polo Norte en chamas. Que no caso de Irún non foi ningunha metáfora, senón unha ardente realidade, dado que os expedicionarios da Internacional, vimos o espantoso incendio da cidade fronteiriza, dende un navío- o Aisne- da Armada Francesa, onde embarcáramos na tempestuosa, aquel día, na Cuncha de San Sebastián.

Dende San Juan de Luz a Port Bou, atravesámo-lo sur de Francia, aqueles exiliados momentáneos que quedamos, despois de que a metade dos expedicionarios desertaran, entrando na chamada zona nacional.

Logo por Cataluña e Valencia chegamos a Madrid a primeiros de setembro, cando empezaba xa o asedio da capital da República. O goberno

desta recoñeceu a xestión de Gaos nomeándoo Rector da Universidade Central, ó mesmo tempo que a Pablo Picasso, director do Museo do Prado.

Inmediatamente algúns dos recentemente chegados de Santander alistámonos no Batallón "Felix Barzana", que organizaba a FETE, ou sexa a Federación de Traballadores da Enseñanza, o sindicato da UGT.

O propio e flamante Rector da Central, alistouse con nós, e chegou a facer instrucción de Infantería na inmensa praza dos Novos Ministerios que terminaban de edificar. Foi a derradeira vez que vin a José Gaos,xa que o esclarecido filósofo non pisou as trincheiras do Fronte de Madrid. Pois encargáralle ó Goberno unha delicada misión en Paris: coido que a de dirixir, ou coordinar, o Pavillón de España na Exposición Universal, onde se mostrou, por primeira vegada, o Guernica de Picasso.

Trala desfeita, pasou José Gaos toda a súa vida, coma el diría, transterrado en México.E aínda que neste congreso internacional soamente se trate de O exilio galego, eu empezo metendo entre "Os transterrados que non volveron" ó filósofo valenciano que así os bautizou, pola sinxela razón de que pertencía a un clan galego: a dos Gaos, que xa dera un dos máis inspirados compositores nosos, e do que formaba parte o notario establecido en Valencia; pai dunha sarta de fillos ilustres: o filósofo transterrado, dous poetas, Alejandro e Vicente, e unha actriz de moito carácter, Lola Gaos.

De aí que o agregue tamén coma exemplo ó medio centenar de semblanzas de persoas que eu coñecín e que levo escritas en A Nosa Terra,.Todas elas naturais de Galicia, agás Manuel García Pelayo, galego consorte, a quen asemesmo terei que incluír entre "Os tranquilizados que non volveron".

5. NA RESIDENCIA DE ESTUDIANTES

Naqueles días a miña relación cós homes ilustres, que a non tardar serían luminarias no exilio, foi moi cercana. Non é moi doado para min distinguir ou separar ós personaxes españois que axiña estarían transterrados dos que sendo específica, nativamente galegos, compartirían a mesma sorte. Confúndese nas miñas lembranzas daqueles días, nos que ó chegar a Madrid,

procedente da Universidade Internacional de Santander, fun aloxado, xunto cós demais becarios dela, que non tíñamos domicilio na "cidade "cidade dos máis turbios presentidos", na célebre Residencia de Estudantes do Pinar.

Xa non residía alí, desditadamente, García Lorca, nin Dalí ou Buñuel. Pero permanecía José Moreno Villa, a figura máis limpa e nobre da vangarda artística española. Simpatizou comigo, quizáis porque lle louvei os artigos que baixo a epígrafe de Pobretería y loucura, escribía en El Sol. E leume a min só, no seu belido e aséptico cuarto da Residencia, as primicias dos seus versos de guerra. Cando volvín da fronte a recolle-los meus bártulos, xa non atopei alí a Moreno Villa. Fora evacuado polo Quinto Regimiento, que con outros comandantes stalinistas comandaba Lister. Puxeran a salvo da metralla franquista ós intelectuais máis destacados que quedaban en Madrid. E xunto có inmortal D. Antonio Machado, fóronse da Residencia para sempre os vellos varóns institucionais que nela coñecín e admirei: o esclarecido pedagogo xineriano de gravata branca, D.Angel Llorca; o inefable director xeral de Belas Artes, cós gobernos de Azaña, D.Ricardo de Orueta. E claro está, Moreno Villa, quen xa, transterrado en México, escribiría a súa Vida en claro, onde evoca con sutilísima nostalxia os luminosos días daquela impar Residencia.

Tamén lembra José Moreno os seus turbios e sinistros días que Borobó así mesmo recordou en múltiples "anacos". Coma aqueles nos que retrataba "neses bélicos días, a un oficial rexo e moreno, de talento excepcional. Viña, naqueles dramáticos atardeceres, da Fronte de Guadalajara, no que actuaba de enlace do mando daquel sector co Estado Maior Central. Cando chegaba, tanto os vellos institucionais que alí moraban, e outros profesores alí acollidos esos días, tal como Dámaso Alonso, así coma os recentemente chegados de Santander, rodeabamos o mozo intelectual, trocado en bravo militar, desexantes de noticias frescas e esperanzadoras.

Ese oficial roxo e rexo era Manuel García Pelayo, o destacado politólogo que sería no reinado de Juan Carlos I, o primeiro presidente do Tribunal Constitucional. Logo de vivir un tardío e intermitente exilio, pois García Pelayo foi un dos miles de combatentes do Exercito Popular que, ó acaba-la guerra, quedaron concentrados no horrible campo de Albatera. E tras cumpri-la súa

condena viviu aínda días inesquecibles na morada luguesa dos Pimentel, e na fermosa finca que esta familia posúe en Sada. Xa que casara coa súa noiva do tempo residencial, Mercedes Pimentel, a exquisita e malograda traductora dos grandes poetas alemáns en Ronsel, irmá do noso grande Luis do Barco sin luces.

Polo tanto, cabe incluír a García Pelayo, coma conspicuo galego consorte, no exilio galego que el comezou en Bós Aires cando por fin puido saír de España; para substituír o seu compañeiro Prados Arrate que fora catedrático de Economía e Facenda da Universidade Compostelana, na delegación de Altos Hornos na Arxentina. Pero de alí axiña se foi Pelayo a Venezuela, onde sentou cátedra e escribiu o seu tratado de Dereito Constitucional. E volvería alí para morrer, despois que sacrificara o seu inmenso prestixio intelectual asinando a sentencia do caso Rumasa que aprobou a expropiación que se lle ocorrera ó ministro Boyer.

6. O DESTINO DE XOSÉ Mª DOMINGUEZ

Alí na Residencia do Pinar, moraba tamén Che Mary. Era o nome familiar que lle daban ó distinto estudiante vigués, Xosé Mª Domínguez García, os seus condiscípulos da Facultade de Dereito, en Santiago, nos últimos cursos da Monarquía e primeiros da República. Distinguíase pola súa finura intelectual, posición económica e mentalidade revolucionaria. Fillo único dunha adiñeirada viúva podía permitirse un estilo de vida paralelo á dos catedráticos mozos recentemente incorporados á Universidade. Foi un dos podentes alumnos que alternaban con eles na gran tertulia do Café Español, xunto cós extraordinarios talentos que transcorrían por Santiago.

Así coñeceu Che Mary a García Lorca, Jiménez de Asúa, Castelao, Otero Pedrayo, etc, e foi discípulo predilecto de Recasens Siches e de García Labella. Era un dos brillantes membros daquela pléiade da FUE que seguirían figurando ata o final do século, e inda agora no XXI, no cumio das letras, das artes, da política: Carballo Calero, García Sabell, Luis Seoane, Del Riego, Alvaro Cunqueiro...

Os nomes de case todos aparecen nas adicatorias das dezanove cantigas da primeira edición de Mar ó Norte.

O cisne mindoniense dedicoulle a penúltima do seu primeiro libro a Xosé Mª Domínguez; aquela que empeza:

> Adolescencia de aramios
> quiso ter
> Mollou os ollos na risa
> pra ben ver

Inda recordo a Che Mary, falando con Mario Granell, o precoz debuxante, xa daquela trostkista, na estación de Cornes. Mentres esperaba o tren que o levaría ó desterro... de Vigo, pola súa participación nas algaradas universitarias.

Non volvín a ver a José Mª. Domínguez ata que poucos anos despois tiven a delicia de atopalo na célebre Residencia do Pinar, onde convivía con García Pelayo, de quen era colega na Facultade de Dereito da Universidade Central, ó ser tamén profesor auxiliar de Fernando de los Ríos, ou de Recaséns Siches. E mentres se desprendían da súa correaxe e demais prendas militares o oficial roxo e rexo, lembrábamos ós Domínguez e ós García as nosas vivencias galegas: Che Mary evocaba ó "adolescente de aramios (que) foi ruar", e pola poderosa mente de García Pelayo cruzaba a imaxe querida e lonxana de Mercedes Pimentel.

Foi Xosé Mª Domínguez durante as semanas da Residencia, e os primeiros meses do fronte que pasamos xuntos, no Batallón Felix Barzana e na Artillería da I Brigada Internacional, coma un irmán maior que velase política e militarmente por min. Os nosos apelidos eran idénticos, aínda que en orde inversa, e dadas as circunstancias semellantes das nosas vidas naquel período bélico, parecía doado que unha persoa de tanto talento e suspicacia, coma Montero Díaz, chegara a confundirnos.

Máis, o destino separounos . O destino, gañado en limpa oposición por José Mª Domínguez, de presidente dun Tribunal Permanente do Corpo do

Exército. A institución xurídico-castrense creada para poñer coto á xustiza pola man, na zona roxa.

Ata entón o pacífico profesor de Dereito compartira con nós a vida regalada dun posto avanzado no sector de Villaverde; e logo na espeluznante trincheira do barrio Usera, onde nunha fría madrugada,atopamos a un inmensamente triste Carballo Calero có fusil nas mans ante unha troneira. Entón deunos a vida que nos engancharan na Internacional, onde combatemos ata que nos asentemos na Comandancia de Artillería do Escorial. Nun breve e plácido período que acabou coa batalla de Brunet, onde debutei de comisario.

Neses meses ocupáramos un chalé de Abantos, alcumado burlonamente Estímulo; esto é: o nome do órgano informativo da nosa unidade militar, no que Xosé Mª escribiu artigos e asinei xa con diversos alcumes os meus primeiros escritos, como Claudio Rodríguez Fer descubriu ó investigar A prehistoria de Borobó.

7. A APARICIÓN DO COMANDANTE SEIJO

Fixo sesenta e catro anos, a mediados de xaneiro, de cando estabamos Xosé Mª Domínguez e máis eu de vivac, coa batería hispano-italiana da XI Brigada Internacional que uns día antes, tirando a cero, parara as tropas franquistas ante as tapias do Pardo. De pronto sacounos da nosa modorra a cegada, nun coche, de dous comandantes que viñan a inspecciona-la batería. Un deles era Joaquín Seijo.

A sorpresa miña foi, loxicamente, de moito calibre. Cando menos de 7 e ½ que era a das pezas da nosa batería. Non vía a Seijo dende que el se fora a Madrid, a participar nun cursillo de selección de encargados de bacharelato, e eu a Santander, coma xa dixen. Terminara Joaquín Seijo a carreira de letras, no curso anterior ó 35/36, no que eu acabei. Xa era licenciado en Dereito dende uns anos antes, e estudiaba ó mesmo tempo a de Ciencias.

Naquela Facultade da que D. Ciriaco era decano, e D. Abelardo catedrático eterno de Latín, pero de tan escasos recursos maxistrais, coincidiamos asistindo ás mesmas cátedras, e empecei a gozar da amizade do estudiante ferrolán, que neses días tiña ben gañada fama de selo máis instruído

da Universidade Galega. Por eso, se cadra, posto que non tiña moita vocación política, fora elixido secretario xeral das Xuventudes Socialistas Unificadas de Santiago, substituíndo a Comesaña, ó que converterá Manuel Rivas en virtual protagonista de O lapis do carpinteiro.

De aí tamén que fose moi sonada, e incluso con repercusión na prensa madrileña, a oposición á auxiliar de Historia Antiga e Media, na que se enfrontou Seijo a Gonzalo Torrente Ballester; o aspirante falanxista apoiado polos tres únicos catedráticos da Facultade, Bustamante, Moralejo e viñas, que xa comulgaban coas súas ideas. Joaquín Seijo, viña a selo aspirante in pectore da Fronte Popular. A praza levouna Torrente, e os estudiantes que aínda éramos da FUE maxináramos que se cometera unha inxustiza con Joaquín.

A quen, a de Dios es Cristo sorprendeulle, en Madrid,e saíu inmediatamente para a Serra do Guadarrama, coa célebre columna do tenente coronel Mangada, na que se incorporaron os membros da FETE-licenciados en Ciencias Exactas moitos deles- que constituirían a oficialidade da súa artillería, baixo o mando do comandante Salinas, antigo sublevado en Jaca, co heroico Fermín Galán. Coma Seijo acumulaba unha sabedoría, sen par na Minerva galega, tiña suficientes coñecementos matemáticos para dirixir o tiro dos canóns e dos obuses, e de aí que o ascenderan axiña a comandante.

Así que non me sorprendeu moito que lucira as súas estrelas, cando apareceu no vivac de Valdemorillo. Viña, co outro comandante, a reorganiza-la artillería daquela zona da Serra do Guadarrama, establecendo unha comandancia no Escorial;na que quedou de segundo xefe Seijo, e onde fomos destinados os artilleiros da segunda promoción da FETE que ata entón serviramos na batería Internacional. Entre eles Xosé Mª Domínguez e máis eu.

8. O TERRIBLE DESTINO DE JUANITO DEL VALLE

Se ben xa non estaba con nós Juan González del Valle, que interrompera a súa breve e arriscada experiencia na artillería da Internacional, para ocupa-la súa praza de catedrático de Lingua e Literatura Española no Instituto Maragall, de Barcelona. A onde o trasladaron dende o Instituto Nebrija, de Chamartín de la Rosa, tan pretiño da fronte. A onde saíra, co director do Instituto, e

catedrático de Veterinaria, Federico Bonet Marco, o administrativo Cavanas, e uns alumnos, un deles, Celso García de la Riega, neto do historiador homónimo, e curmán dos Álvarez Blázquez. Saíran formando parte da nosa batería, mandada polo propio Bonet, que logo sería tamén uns días o noso primeiro xefe no Escorial.

De Juanito del Valle, natural da Coruña, trata Rodríguez Yordi no seu volume La Peña y la Peña, de semblanzas herculinas, resaltando a súa inmensa cultura literaria, pero tamén a súa ironía mordaz. Disfrutamos da graciosa e sapientísima conversa de Juanito namentres vivaqueábamos e incluso no fragor do combate. Alentaba a Celso e a outros discípulos que foran seus, mentres disparaban a cero, envoltos no chaqueteo na líña de Majadahonda. Acabamos de enterarnos da morte de Unamuno, e Del Valle, arrebuxado na capiña que requisara no palacete dos Oriol, no Plantío, falábanos tranquilamente da vida e obra de don Miguel, entre o estampido dos canonazos.

A súa quinta non fora chamada e puido González del Valle, despois de cumprir ventureiramente uns meses cos seus deberes republicanos, marchar coa conciencia tranquila, a ocupa-la súa cátedra. Colaborou entón en Hora de España. A suprema revista da zona roxa, na que Rafael Dieste tivo tan singular papel. Lin logo nela unha estupenda crítica de Del Valle, adrede de Montesinos, que de ser o maior especialista en Lope de Vega, pasara a selo de Pérez Galdos. Non foi alí onde aprendín que Montesinos chamaba á contenda española, a "Guerra Pluscuanvil", o mesmo que Lucano á de Pompeyo e César.
Non souben máis de Juanito del Valle ata que moitos anos máis tarde entereime que o seu terrible destino non lle permitiu morrer transterrado en México, ou na Arxentina, senón feito nos fornos crematorios do nazismo. Non sei se no de Dachau, ou no de Buchenvald. Que eu saiba foi o meu intelixentísimo e efémero compañeiro de armas o único intelectual galego que pereceu nos campos hitlerianos de concentración. Ninguén se acorda xa del; pero vai sendo hora e prégolle a Isaac que bote unha man –para que se investigue e publique a obra dispersa de González del Valle. E de que na súa cidade natal un Instituto leve o seu nome do ilustre coruñés que sentou cátedra

no Nebrija e no Maragall, para morrer logo aldraxado e esquecido no inferno teutón.

9. O CASORIO DOS AMIGOS

Dito esto, recupero o sorriso para lembra-lo episodio bélico máis amable que vivín en compaña dos meus amigos que axiña estarían transterrados. Sucedeu que Xosé Mª Domínguez saíu de permiso do Escorial para casarse en Lorca (murciano) con Agustina Martínez Castroverde, unha belida hóspede da Residencia de Señoritas. Pois os residentes do Pinar soían namorarse das Señoritas, que dirixía María de Maeztu, mercé ós bos oficios casamenteiros de Xan de Forcadas, ou sexa o Dr. López Suárez. Tal ocorrera co namoramento de García Pelayo por Mercedes Pimentel.

Días despois saía Joaquín Seijo, acompañado por min, para asistir ámbolos dous á voda civil de Che Mary. Mais, o chegar a Valencia entregáronlle unha carta a Seijo, da súa noiva Concha Castroviejo, anunciándolle que chegaba a Burdeos, onde o esperaba. Joaquín telegrafoulle de seguido que viñera á estación do ferrocarril, e ó verme a min primeiramente preguntoume Concha: ¿Onde está Joaquín?. Alí o tes – indiqueille – esperándote co corazón arelante.

E como decidiron casarse ó pouco xa non puidemos asistir ó casamento de Xosé Mª Domínguez con Agustina. No de Concha e Joaquín, moi civilmente cerimonioso, actuei de testemuña, e logo acompañeinos no súa viaxe de noivos, a Alacante e a Murcia; onde atopamos nun hotel a outra parella amiga, pasando a súa lúa de mel, moi entretida lendo sendas novelas, as máis famosas de Tomas Mann.

Acabarei este insólito epitalamio bélico, para sinalar que aqueles matrimonios non foron moi felices no transterro. Agustina separouse moi axiña de Xosé Mª Domínguez, quen foi tragado polas fauces do esquecemento. A esto contribuíu, sen dúbida, a que o seu exilio non sería transterro americano, coma o da maioría dos seus vellos amigos de Santiago. Perdeu a relación con todos eles, na súa longa estadía en Roma, como alto funcionario da FAO; a

axencia de agricultura e alimentación da ONU que dirixiu Tafall; a nosa figura política, tal vez de maior importancia no exilio.

10. PROTAGONISTAS DA GALICIA QUE NUNCA FOI

Perdeuse para Galicia, con Che Mary, un dos homes de máis alto nivel intelectual daquela xeración dos Álvaros. Parece inconcibible que non deixara escrita algunha obra na que repousara o seu saber no Dereito Natural e no Político. E dun xeito semellante cabe considerar a Joaquín Seijo, coma outro dos mellores exemplos dos galegos que puideron ser protagonistas da nosa historia que nunca foi; e que a causa da Pluscuancivil desapareceron no exilio de México onde Joaquín malviviu) ou de Venezuela (onde morreu), case no anonimato. Sen que coubera acordarse del, ou deles, ó conmemorar os máis ilustres e conspicuos dos transterrados, que non soamentes foron todos pontevedreses.

Coma aquel ferrolán de extraordinario e frustrado talento, ou a súa dona santiaguesa, Concha Castroviejo; quen retornou do seu exilio para converterse, á miña beira en La Noche, nunha xornalista excepcional; e logo, na prensa madrileña, na mellor crítica literaria española. E tamén na novelista de Los que se fueron. Algúns para sempre, coma o seu home, o meu malogrado condiscípulo na paz, e conmilitón na guerra.

11. A RELACIÓN DE EXILIADOS

Ó propoñerme a organizadora do Congreso de O exilio galego que disertara nel agradecín a honra pero advertinlle que nunca estiven exiliado e polo tanto non podía falar a mantenta dunha dramática situación que descoñecía.¿Pero, se coñecería a máis dunha persoa que padeceu o exilio?, retrucoume a sagaz organizadora.

-Dende logo- respondinlle-. Por desgracia contei con bastantes amigos e compañeiros que tiveron que exiliarse; algún dos cales xamais volvín a ver.

E repasei no arquivo da memoria quen foron e quen retornou e quen se volveu a ir para morrer aló. Penso que non me esquecín de ningún, e os máis inesquecibles xa os fun poñendo coma exemplos na sarta de semblanzas que

vou escribindo en A Nosa Terra. Exceden xa do medio cento e parece que van reunirse axiña, as aparecidas ata o día, nun groso volume.

Botando unha ollada ás publicadas, observo que predominan os exemplos de amigos transterrados nos anos posteriores á Pluscuancivil, pero que durante ela e sempre e máis despois sentíronse contrarios ó réxime de Franco. Así nos casos de García Pelayo, Astorga Anta, Xosé Sesto, que máis ou menos tardiamente marcharon para as Américas: ¿Eran emigrados, ou exiliados?.

Anxelo Novo supón que cando a determinación de emigrar posúe un compoñente intelectual o traslado a outro país ten características de exilio voluntario, aínda que sexa por motivos económicos ou sociais. Os tres citados exemplos corresponden a amigos que retornaron máis dunha vez a España, pero o pasamento dos tres ocorreu en Venezuela, e esa triste circunstancia marca nas biografías, con tinta negra, a súa derradeira situación de transterrados. A "ñapa" – como diría Juan Astorga, en quechua – acabóuselle no exilio voluntario e reparador.

Preferín segui-lo fío do novelo da miña vida, na etapa bélica que foi a máis comprometida, para explicar quenes eran aqueles compañeiros da mocidade que tanto brilaron na Minerva galega, a nosa alma mater, dicíase, e que tiñan un enorme talento e saber esfumouse no exilio. Neste Congreso tratouse abundantemente a propósito de Castelao, Luis Seoane, Otero Espasandín, Antón Zapata, Salvador Etchevarría, Carlos Velo, Rubio Barcia, Eladio Dieste, José Suárez, Eduardo Blanco Amor, Bal y Gay, Martínez Risco, e outros exiliados de renome. Ben está, pero a miña lembranza condénsase na lembranza duns mozos que moito prometían e moito admirei, coidando que serían dos talentos máis destacados de Galicia que nunca foi, como denantes dicía.

E o sentimento desa frustración impúxose na miña memoria incluso a relación dos meus veciños cesureños forzados a exiliarse para salva-la crisma. Entre eles, o caso tal vez máis curioso de exiliado, o de Manolito Otero, O millonario artista, coma o titulou Johan Carballeira, cónsul da Arxentina na Coruña, e que nembargantes tivo que transterrarse á súa outra terra, para non

ser enterrado daquela nesta, polas súas avanzadas ideas políticas e estéticas. Era o fillo único de Otero Acevedo, o transmigrador de El fantasma de Valle-Inclán que eu narrei. Fálase de Manolito Otero moito, en El filo de la traición, unhas memorias escritas por Juan Jeremías, alcalde de Pontecesures durante a República, e que levaba colgada coma un escapulario camiño do exilio, despois de ser secretario eventual do municipio de Belchite.

Jeremías e máis o cónsul transterrado puideron atoparse en Bos Aires, co outro alcalde que fora do meu pobo e que tamén tivo que exiliarse, malia ser no tempo da Dictadura de Primo de Rivera; aínda que logo fíxose socialista. Chamábase Antonio Vázquez Rey e ensinoume as primeiras e segundas letras. Pois a escola de Don Antonio, o mestre, foi á única que fun en toda a miña vida.

Aqueles tres cesureños morreron en Bos Aires, transterrados.